RECOMPILACIÓN NORMATIVA 2009

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



RESEN funcionamentoFundacións Igualade Outras normas PROMOCIÓN DO EMPREGO-
oment nto do autoemprego e economía social Integración laboral de persoas
on dis ixtos de formación e emprego FORMACIÓN E COLOCACIÓN Formación
ara o Formación para o emprego dirixida prioritariamente para desempre-
adosO go de Relacións Laborais Cooperativas e economía social Seguridade e
aúde ncia Familia e menores Inclusión Social XUVENTUDE Voluntariado e par-
cipac SELLERÍA Estrutura orgánica e funcionamento Fundacións Igualade Outras
orma ación e da estabilidade laboral Fomento do autoemprego e economía so-
alIn Programas de cooperación Programas mixtos de formación e emprego FOR-
IAC irixida prioritariamente para ocupados Formación para o emprego dirixida
rio RELACIÓNS LABORAIS Consello Galego de Relacións Laborais Cooperativas e
co BENESTAR SOCIAL Centros Dependencia Familia e menores Inclusión Social XU-
EN e programas PRESENTACIÓN CONSELLERÍA Estrutura orgánica e funcionamen-
oF DO EMPREGO Fomento da contratación e da estabilidade laboral Fomento do
l de persoas con discapacidade Programas de cooperación Programas mixtos de
Formación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupados Formación
ara desempregados Outras normas RELACIÓNS LABORAIS Consello Galego de Rela-
óns Labo eguridade e saúde laboral Traballo BENESTAR SOCIAL Centros Dependencia Familia
menores Inclusión fiado e participación Xuventude e programas PRESENTACIÓN CONSELLERÍA Estru-
ura orgánica e funcionamento alade Outras normas PROMOCIÓN DO EMPREGO Fomento da contratación e da es-
abilidade laboral Fomento do autoempreg e economía social Integración laboral de persoas con discapacidade Programas de

XUNTA DE GALICIA

RECOMPILACIÓN NORMATIVA 2009

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGO-Fomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamento-Fundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR

XUNTA DE GALICIA

1ª Edición 2010

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración e recompilación

Vicesecretaría Xeral, Sección de Publicacións e Estatística

Maquetación

Antonio Lameiro Ces

Dep. legal

C 172/2003

ISSN

En tramitación

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións Igualade**Outras normas**PROMOCIÓN DO EMPREGO**Fomento da contratación e da estabilidade laboral**Fomento do autoemprego e economía social**Integración laboral de persoas con discapacidade**Programas de cooperación**Programas mixtos de formación e emprego**FORMACIÓN E COLOCACIÓN**Formación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupados**Formación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregados**Outras normas** RELACIÓNS LABORAIS**Consello Galego de Relacións Laborais**Cooperativas e economía social**Seguridade e saúde laboral**Traballo**BENESTAR SOCIAL**Centros**Dependencia**Familia e menores**Inclusión Social**XUVENTUDE**Voluntariado e participación**Xuventude e programas

Presentación

Un ano máis, a Consellería de Traballo e Benestar recompila nesta publicación as principais disposicións xurídicas de impacto no eido laboral e do benestar elaboradas polo departamento.

Dado o seu volume, a edición deste ano realizouse en formato electrónico para optimizar custos e facilitar a súa manexabilidade e navegabilidade. Contén un menú de arranque que permite realizar procuras así como vínculos aos documentos orixinais do Diario Oficial de Galicia.

A normativa vén clasificada por grandes grupos e subgrupos temáticos e ademais por orde cronolóxica.

Esperamos que esta publicación, ideada como ferramenta de traballo para os profesionais do eido laboral e social, sirva aos fins para os que foi deseñada e constitúa por tanto un elemento máis de servizo público á cidadanía.

Cristina Ortiz Dorda

Secretaria Xeral

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

Indice

PRESENTACIÓN

3

CÁPITULO I.- CONSELLERÍA

Estrutura orgánica e funcionamento

1. **Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.**
   (DOG nº 75, do 20.04.2009). ... *19*
2. **Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.**
   (DOG nº 77, do 22.04.2009). ... *20*
3. **Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.**
   (DOG nº 84, do 1.05.2009). ... *22*
4. **Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.**
   (DOG nº 123, do 25.06.2009). ... *25*
5. **Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.**
   (DOG nº 222, do 12.11.2009). ... *42*
6. **Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia.**
   (DOG nº 31, do 13.02.2009). ... *49*
7. **Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.**
   (DOG nº 87, do 6.05.2009 e corrección de erros no DOG nº 89, do 8.05.2009). ... *54*
8. **Orde do 18 de maio de 2009 pola que se determina a composición das comisións de valoración de determinadas ordes de subvencións na área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.**
   (DOG nº 100, do 25.05.2009). ... *55*
9. **Orde conxunta do 7 de agosto de 2009, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se crea o comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia.**
   (DOG nº 168, do 27.08.2009). ... *55*
10. **Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.**
    (DOG nº 172, do 2.09.2009). ... *56*

Fundacións

11. Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Encontro.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). 59

12. Orde do 18 de maio de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se clasifica de interese social a Fundación Misael Prieto.
(DOG nº 118, do 18.06.2009). 61

13. Orde do 29 de xullo de 2009 pola que se clasifica de interese social a Fundación Michel Salgado.
(DOG nº 153, do 6.08.2009). 61

14. Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Ourensana Hosteser e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 157, do 12.08.2009). 62

15. Orde do 24 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Misael Prieto e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 63

16. Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis) e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 192, do 30.09.2009). 63

17. Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Michel Salgado e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 231, do 25.11.2009). 64

18. Resolución do 30 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). 65

Igualdade

19. Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.
(DOG nº 35, do 19.02.2009). 66

20. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.
(DOG nº 6, do 9.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 16, do 23.01.2009 e resolución no DOG nº 244, do 16.12.2009). 80

21. Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión dunha bolsa de formación en planificación e prospectiva en materia de igualdade no ámbito da ciencia.
(DOG nº 54, do 18.03.2009). 86

22. Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). 90

23. Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se modifica a Orde do 9 de outubro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia.
(DOG nº 66, do 6.04.2009 e resolución no DOG nº 77, do 22.04.2009). 96

24. Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 158, do 13.08.2009 e orde de ampliación no DOG nº 223, do 13.11.2009). *97*

25. Resolución do 8 de xaneiro de 2009, [SGI] pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.
(DOG nº 17, do 26.01.2009). *104*

26. Resolución do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 27, do 9.02.2009). *105*

27. Resolución do 22 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 14 de outubro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 201, do 16 de outubro) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de plans de programación do tempo na cidade.
(DOG nº 30, do 12.02.2009). *113*

28. Resolución do 2 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases e o procedemento para a concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta, ao abeiro do previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). *113*

29. Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 57, do 24.03.2009 e modificación no no DOG nº 226, do 18.11.2009). *117*

30. Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *122*

Outras normas

31. Orde do 15 de decembro de 2008 pola que se crea un ficheiro que contén datos de carácter persoal na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 14, do 21.01.2009). *131*

32. Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 16, do 23.01.2009). *132*

33. Orde do 26 de xaneiro de 2009 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 1 de marzo de 2009 polo Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro.
(DOG nº 23, do 3.02.2009). *132*

34. Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo.
(DOG nº 48, do 10.03.2009). *133*

35. Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais á Asociación Medioambiental Río Orza.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). *134*

36. Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 58, do 25.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 69, do 13.04.2009). *135*

37. Orde do 6 de abril de 2009 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal existente na Consellería de Traballo.
(DOG nº 77, do 22.04.2009). *156*

38. Orde do 22 de maio de 2009 pola que se regula o exercicio do dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento Europeo, convocadas para o día 7 de xuño de 2009 polo Real decreto 482/2009, do 3 de abril.
(DOG nº 104, do 29.05.2009). *157*

39. Orde do 25 de maio de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais e unha impresora á Asociación de Jubilados de Taboada.
(DOG nº 118, do 18.06.2009). *158*

40. Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que terá lugar os días 23 e 24 de novembro de 2009.
(DOG nº 229, do 23.11.2009). *159*

41. Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
(DOG nº 245, do 17.12.2009). *160*

42. Orde do 4 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións desta consellería.
(DOG nº 251, do 28.12.2009). *162*

43. Resolución do 27 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo e terceiro cuadrimestre de 2008.
(DOG nº 36, do 20.02.2009). *162*

44. Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.
(DOG nº 42, do 2.03.2009). *163*

45. Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.
(DOG nº 127, do 1.07.2009 e corrección de erros no DOG nº 131, do 7.07.2009). *163*

46. Resolución do 29 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola suprimida Consellería de Traballo no primeiro cuadrimestre de 2009.
(DOG nº 148, do 30.07.2009). *163*

CAPÍTULO II.- PROMOCIÓN DO EMPREGO

Fomento da contratación e da estabilidade laboral

47. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009). *165*

48. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009). *172*

49. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009, resolucións de publicación de requisitos no DOG nº 77, do 22.04.2009 e no DOG nº 79, do 24.04.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009). 182

50. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009). 193

51. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida dos parados de longa duración, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009). 210

52. Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 43, do 3.03.2009). 217

53. Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 53, do 17.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 62, do 31.03.2009 e no DOG nº 64, do 2.04.2009). 225

54. Resolución do 28 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se publica a decisión da Comisión Europea de considerar o programa de incentivos a plans empresariais de incremento de estabilidade laboral compatible co Tratado da CE, en aplicación da excepción do seu artigo 87, punto 3, letra c.
(DOG nº 26, do 6.02.2009). 241

Fomento do autoemprego e economía social

55. Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.
(DOG nº 6, do 9.01.2009). 242

56. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 28, do 10.02.2009). 245

57. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009). 251

58. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). 260

59. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009, DOG nº 189, do 25.09.2009, DOG nº 216, do 4.11.2009, DOG nº 219, do 9.11.2009, DOG nº 222, do 12.11.2009, DOG nº 244, do 16.12.2009 e DOG nº 253, do 30.12.2009). 272

60. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009). *287*

61. Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 41, do 27.02.2009 e orde de ampliación no DOG nº 252, do 29.12.2009). *297*

62. Orde do 16 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio ás iniciativas emprendedoras promovidas por persoas traballadoras que esgotasen as súas prestacións por desemprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 208, do 23.10.2009). *307*

Integración laboral de persoas con discapacidade

63. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 12, do 19.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 216, do 4.11.2009 e DOG nº 219, do 9.11.2009). *316*

64. Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 36, do 20.02.2009 e orde de ampliación no DOG nº 153, do 6.08.2009). *331*

65. Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 129, do 3.07.2009). *339*

Programas de cooperación

66. Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 7, do 12.01.2009, corrección de erros no DOG nº 12, do 19.01.2009, resolución de establecemento de criterios no DOG nº 120, do 22.06.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 124, do 26.06.2009, DOG nº 162, do 19.08.2009, DOG nº 216, do 4.11.2009 e DOG nº 218, do 6.11.2009). *351*

67. Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). *368*

Programas mixtos de formación e emprego

68. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009, resolución de establecemento de criterios no DOG nº 120, do 22.06.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 218, do 6.11.2009 e DOG nº 226, do 18.11.2009) *375*

CAPÍTULO III.- FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Formación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupados

69. Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.
(DOG nº 34, do 18.02.2009, orde de ampliación no DOG nº 73, do 17.04.2009 e orde de substitución dos fondos no DOG nº 125, do 29.06.2009). *395*

70. Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 192, do 30.09.2009 e corrección de erros no DOG nº 200, do 13.10.2009). *405*

71. Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 211, do 28.10.2009 e corrección de erros no DOG nº 213, do 30.10.2009). *421*

72. Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 225, do 17.11.2009). *437*

Formación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregados

73. Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009, corrección de erros no DOG nº 43, do 3.03.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 73, do 17.04.2009, DOG nº 140, do 20.07.2009 e DOG nº 175, do 7.09.2009). *448*

74. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.
(DOG nº 12, do 19.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 176, do 8.09.2009 e no DOG nº 194, do 2.10.2009). *449*

75. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.
(DOG nº 13, do 20.01.2009 e orde de modificación no DOG nº 208, do 23.10.2009). *457*

76. Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións en réxime de concesión directa dirixidas aos traballadores e ás traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.
(DOG nº 175, do 7.09.2009). *466*

77. Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010.
(DOG nº 253, do 30.12.2009). *471*

Outras normas

78. Orde do 3 de abril de 2009 pola que se constitúen os pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo e se adscriben os concellos de Monfero e Calvos de Randín aos pactos territoriais de Ferrol e A Limia-Verín respectivamente.
(DOG nº 71, do 15.04.2009). *492*

79. Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 244, do 16.12.2009). *493*

CAPÍTULO IV.- RELACIÓNS LABORAIS

Consello Galego de Relacións Laborais

80. Resolución do 31 de xullo de 2009 pola que se convoca a vixésima edición do curso superior de relacións laborais.
(DOG nº 160, do 17.08.2009). *499*

Cooperativas e economía social

81. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.
(DOG nº 6, do 9.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 201, do 14.10.2009). *501*

82. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.
(DOG nº 10, do 15.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 200, do 13.10.2009). *505*

83. Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 62, do 31.03.2009). *509*

84. Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo para o ano 2009.
(DOG nº 172, do 2.09.2009). *522*

85. Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se dispón a publicación do acordo do Consello Galego de Cooperativas sobre premios á cooperación.
(DOG nº 1, do 2.01.2009). *526*

86. Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se fan públicas as bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 1, do 2.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 133, do 9.07.2009). *527*

87. Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se convoca o concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais.
(DOG nº 3, do 6.01.2009). *532*

Seguridade e saúde laboral

88. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009.
(DOG nº 6, do 9.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 143, do 23.07.2009). 534

89. Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). 539

90. Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
(DOG nº 58, do 25.03.2009). 540

91. Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a Pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 153, do 6.08.2009 e orde de ampliación do prazo no DOG nº 223, do 13.11.2009). 544

92. Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se actualiza a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).
(DOG nº 228, do 20.11.2009). 550

93. Resolución do 9 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 551

94. Resolución do 20 de febreiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no último cuadrimestre de 2008.
(DOG nº 43, do 3.03.2009). 553

95. Resolución do 21 de setembro de 2009 sobre delegación de sinatura de determinados actos administrativos da súa competencia.
(DOG nº 194, do 2.10.2009). 553

96. Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA).
(DOG nº 208, do 23.10.2009). 554

Traballo

97. Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 138, do 16.07.2009). 556

98. Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). 557

99. Orde do 2 de outubro de 2009 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *562*

100. Orde do 13 de outubro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2009.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *566*

101. Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se regulan e convocan para 2009 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.
(DOG nº 233, do 27.11.2009 e corrección de erros no DOG nº 240, do 10.12.2009). *573*

102. Resolución do 17 de decembro de 2008 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2008
(Diario Oficial de Galicia número 238, do 11 de decembro de 2007). (DOG nº 13, do 20.01.2009). *576*

103. Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 22, do 2.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 78, do 23.04.2009). *576*

104. Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro.
(DOG nº 130, do 6.07.2009). *577*

105. Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 227, do 19.11.2009 e corrección de erros no DOG nº 246, do 18.12.2009). *577*

106. Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan, para o exercicio 2009, as axudas recollidas na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.
(DOG nº 252, do 29.12.2009). *584*

CAPÍTULO V.- BENESTAR SOCIAL

Centros

107. Decreto 16/2009, do 21 de xaneiro, polo que se crea o Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo).
(DOG nº 22, do 2.02.2009 e orde de autorización do inicio de actividades no DOG nº 51, do 13.03.2009). . *587*

108. Decreto 22/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea o Centro Sociocomunitario de Burela e o Centro Sociocomunitario Torrente Ballester da Coruña, ambos encadrados na tipoloxía de centro social.
(DOG nº 31, do 13.02.2009). *588*

109. Decreto 23/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crean os centros de día de alzhéimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra, integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.
(DOG nº 31, do 13.02.2009). *589*

110. Orde do 10 de de setembro de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña.
(DOG nº 191, do 29.09.2009 e corrección de erros no DOG nº 201, do 14.10.2009). *589*

111. Orde do 5 de novembro de 2009 pola que se convocan cinco cursos para persoal directivo de centros xerontolóxicos e de discapacidade.
(DOG nº 224, do 16.11.2009). *593*

Dependencia

112. Decreto 412/2009, do 12 de novembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas anciás e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e a favor de persoas con discapacidade beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.
(DOG nº 232, do 26.11.2009). *595*

113. Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
(DOG nº 22, do 2.02.2009). *596*

114. Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 142, do 22.07.2009). *603*

Familia e menores

115. Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.
(DOG nº 17, do 26.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 33, do 17.02.2009). *611*

116. Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 30, do 12.02.2009). *617*

117. Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 40, do 26.02.2009 e orde que a modifica no DOG nº 218, do 6.11.2009). *620*

118. Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). *624*

119. Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 47, do 9.03.2009, correccións de erros no DOG nº 59, do 26.03.2009 e no DOG nº 63, do 1.04.2009 e resolucións de publicidade no DOG nº 110, do 8.06.2009). *628*

120. Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se convocan os cursos que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia.
(DOG nº 51, do 13.03.2009). *636*

121. Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.
(DOG nº 51, do 13.03.2009). *638*

122. Orde do 3 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, na escola infantil 0-3 de Vite, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e do persoal do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo para o curso 2009/2010.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). *644*

123. Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual dos gastos derivados de actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *648*

124. Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2009.
(DOG nº 65, do 3.04.2009). *650*

125. Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 124, do 26.06.2009). *653*

126. Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 181, do 15.09.2009). *659*

127. Orde do 7 de setembro de 2009 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas entidades locais de Galicia.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). *665*

128. Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 202, do 15.10.2009). *669*

129. Resolución do 19 de febreiro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia.
(DOG nº 55, do 20.03.2009). *674*

130. Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 23 de xullo de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, modificada pola Orde do 5 de decembro de 2008.
(DOG nº 160, do 17.08.2009). *674*

131. Resolución do 28 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de febreiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 17 de novembro de 2008.
(DOG nº 164, do 21.08.2009). *675*

Inclusión Social

132. Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 18, do 27.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 219, do 9.11.2009). *675*

133. Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 44, do 4.03.2009, ordes que a modifican no DOG nº 126, do 30.06.2009, DOG nº 140, do 20.07.2009, DOG nº 152, do 5.08.2009 e DOG nº 228, do 20.11.2009 e resolución de concesión no DOG nº 248, do 22.12.2009). *681*

134. Orde do 1 de abril de 2009 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009.
(DOG nº 76, do 21.04.2009 e orde que a modifica no DOG nº 153, do 6.08.2009). *700*

135. Resolución do 16 de febreiro de 2009 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *712*

CAPÍTULO VI.- XUVENTUDE

Voluntariado e participación

136. Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 22, do 2.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 34, do 18.02.2009). *715*

137. Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 53, do 17.03.2009). *720*

Xuventude e programas

138. Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia para o ano 2009.
(DOG nº 23, do 3.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 40, do 26.02.2009). *726*

139. Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos e mozas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 29, do 11.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 42, do 2.03.2009). *728*

140. Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 33, do 17.02.2009 e orde que a modifica no DOG nº 130, do 6.07.2009). *731*

141. Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para programas de actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 34, do 18.02.2009). *738*

142. Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009.
(DOG nº 36, do 20.02.2009). *742*

143. Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 47, do 9.03.2009). *745*

144. Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.
(DOG nº 47, do 9.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 49, do 11.03.2009). *748*

145. Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se convoca un curso de formación básica en información, orientación e asesoramento á xuventude coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *751*

146. Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se convoca o programa Gzcrea 2009.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *753*

147. Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 119, do 19.06.2009). *759*

148. Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 124, do 26.06.2009 e corrección de erros no DOG nº 148, do 30.07.2009). *763*

149. Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 125, do 29.06.2009 e orde de ampliación do prazo DOG nº 211, do 28.10.2009). *766*

150. Orde do 1 de xullo de 2009 polo que se convoca un curso de formación sobre especialista en información xuvenil coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.
(DOG nº 146, do 28.07.2009). *771*

151. Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso de formación en hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.
(DOG nº 230, do 24.11.2009). *773*

152. Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a Nordesía, Escola de Lecer.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). *775*

153. Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a escola de tempo libre Lecer.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). *775*

ÍNDICE CRONOLÓXICO

..... *777*

Instrucións de navegación

..... *797*

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mix-

CAPÍTULO I.- CONSELLERÍA

Estrutura orgánica e funcionamento

1 Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(DOG nº 75, do 20.04.2-009).

Elixido e investido polo Parlamento de Galicia dos poderes propios do presidente da Xunta de Galicia, segundo o Estatuto de autonomía, conforme o disposto nos artigos 15 e 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, en virtude das atribucións que me confire o artigo 26, número 1º, do mesmo texto legal, e para establecer a nova estrutura orgánica do Goberno de Galicia, con adecuación ás competencias que ten asumidas e son propias da Comunidade Autónoma, e tendo en conta os criterios de eficacia, austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A Xunta de Galicia estará integrada polos departamentos que a seguir se relacionan:

- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Consellería de Facenda.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Consellería de Economía e Industria.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Cultura e Turismo.
- Consellería de Traballo e Benestar.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

Artigo 2º

A orde de prelación das consellerías é a que se establece no artigo anterior.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O Consello da Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para adecuar a estrutura dos distintos organismos obxecto de regulación deste decreto, dentro da política de austeridade, racionalización e redución do gasto público.

Segunda.-A Consellería de Facenda realizará as modificacións e habilitacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste decreto, sen que en ningún caso poidan orixinar incremento de gasto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezanove de abril de dous mil nove.

2 Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

(DOG nº 77, do 22.04.2009).

O compromiso cos principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Administración da Xunta de Galicia supuxeron unha redución do 25% nas consellerías que anteriormente compoñían o Goberno, como reflicte o Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, e en lóxica consecuencia, este compromiso coa austeridade, eficacia e eficiencia debe ter o seu correspondente reflexo nas estruturas orgánicas correspondentes ás consellerías creadas en virtude do antedito decreto. Así, prodúcese agora unha nova redución que chega ao 17% nas secretarías xerais, direccións xerais e órganos de igual categoría con respecto á situación anterior, e salvagardando, en todo caso, a necesaria eficacia e eficiencia no funcionamento da Administración antes sinalada.

Na súa virtude e segundo o disposto no artigo 4.15º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de abril de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

a) A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Xustiza.
3. Dirección Xeral de Administración Local.
4. Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
5. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
6. Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
7. Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

b) Quedan adscritas organicamente a esta consellería as delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. As delegacións territoriais terán nivel orgánico de dirección xeral.

c) Así mesmo, quedan adscritas a esta consellería as delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

d) Igualmente, quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Escola Galega de Administración Pública.
2. O organismo autónomo Academia Galega de Seguridade Pública.
3. O ente público Axencia Galega de Emerxencias.

Artigo 2º

a) A Consellería de Facenda estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral e do Patrimonio.
2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Dirección Xeral de Orzamentos.
4. Dirección Xeral de Tributos.
5. Dirección Xeral de Política Financeira.
6. Dirección Xeral de Planificación e Fondos.
7. Dirección Xeral da Función Pública.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
2. O organismo autónomo Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
3. O ente público Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.
4. O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, consultivo, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.

Artigo 3º

a) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
3. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
4. Dirección Xeral de Infraestruturas.
5. Dirección Xeral de Mobilidade.
6. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
2. O organismo autónomo Augas de Galicia.
3. O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
4. O ente público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.
5. O Xurado de Expropiación Forzosa, con nivel orgánico de dirección xeral.

Artigo 4º

a) A Consellería de Economía e Industria estrutúrase nos seguintes

órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

3. Dirección Xeral de Comercio.

4. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

5. Dirección Xeral de Promoción do Sector Audiovisual e Contidos Dixitais.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Consumo.

2. O ente público Instituto Galego de Promoción Económica.

3. O ente público Instituto Enerxético de Galicia.

Artigo 5º

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Secretaría Xeral de Universidades.

3. Secretaría Xeral de Política Lingüística.

4. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

5. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

b) Queda adscrito a esta consellería o ente público Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

Artigo 6º

a) A Consellería de Sanidade estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

b) O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo, estará adscrito organicamente a esta consellería e estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

2. Dirección de Asistencia Sanitaria.

3. Dirección de Recursos Económicos.

4. Dirección de Recursos Humanos.

Artigo 7º

a) A Consellería de Cultura e Turismo estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Secretaría Xeral para o Turismo.

3. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

4. Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

b) Queda adscrito a esta consellería o organismo autónomo Axencia Galega das Industrias Culturais.

Artigo 8º

a) A Consellería de Traballo e Benestar estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

3. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

4. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

5. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6. Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal.

7. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

2. O Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, consultivo, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio.

Artigo 9º

a) A Consellería do Medio Rural estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.

3. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

4. Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

5. Dirección Xeral de Montes.

6. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.

2. O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3. O ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

Artigo 10º

a) A Consellería do Mar estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.

2. Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

3. Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

4. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O ente público Portos de Galicia.

2. O ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

Disposicións adicionais

Primeira.-Establecerase mediante decreto a estrutura orgánica das delegacións territoriais, o seu ámbito territorial e as súas competencias.

Segunda.-As secretarías xerais das respectivas consellerías previstas neste decreto asumen as funcións e competencias atribuídas ás secretarías xerais técnicas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro. As demais secretarías xerais exercerán, de ser o caso, as funcións e competencias que lles sexan atribuídas en cada caso polos respectivos decretos que regulen as estruturas orgánicas dos departamentos aos cales organicamente figuren adscritas segundo o establecido neste decreto.

Terceira.-As referencias aos correspondentes conselleiros, conselleiras e consellerías, contidas na normativa reguladora dos diferentes organismos autónomos e entes públicos, deberán entenderse referidas respectivamente a aqueles aos cales están adscritos en virtude do disposto neste decreto.

Disposicións transitorias

Primeira.-Mediante as disposicións oportunas dos conselleiros e conselleiras respectivos determinarase a adscrición dos órganos dependentes das secretarías xerais e direccións xerais suprimidas, como consecuencia da estrutura orgánica que se fixa nos artigos precedentes, aos centros directivos correspondentes mentres non se regule por decreto a nova estrutura orgánica no nivel de dirección xeral.

Segunda.-Os órganos dependentes dos centros directivos que non fosen obxecto de supresión manterán a súa estrutura e funcións ata que se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto.

Disposición derrogatoria

Queda derrogado o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. Así mesmo, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e, en particular, aquela normativa que regule estruturas orgánicas co nivel de dirección xeral non recollidas neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Consellería de Facenda para ditar as disposicións necesarias para a xestión dos créditos afectados pola nova estrutura administrativa, sen que en ningún caso se poida orixinar incremento de gasto.

Segunda.-A Consellería de Facenda realizará as modificacións orzamentarias necesarias para lle dar cumprimento ao disposto neste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e un de abril de dous mil nove.

3 Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

(DOG nº 84, do 1.05.2009).

I

O artigo 103.1º da Constitución española establece que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía para Galicia, establece nos seus artigos 39 e 41 que corresponde á comunidade autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado, exercendo as súas funcións administrativas mediante órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia.

II

Seguindo ese mandato, constitucional e estatutario, de acordo cos criterios de eficacia, austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa, e coa finalidade de establecer a nova estrutura orgánica do Goberno de Galicia, aprobouse o Decreto 79/2009, do 19 de abril, que determina que a Xunta de Galicia queda integrada por dez departamentos.

O compromiso con eses criterios que deben inspirar a actuación da Administración pública ten o seu correspondente reflexo nas estruturas orgánicas dos departamentos da Xunta de Galicia fixadas mediante o Decreto 83/2009, do 21 de abril, cunha redución que chega ao 17% nas secretarías xerais, direccións xerais e órganos de igual categoría con respecto á situación anterior, salvagardando, en todo caso, a necesaria eficacia e eficiencia no funcionamento da Administración.

III

Ben que ata o de agora a organización da Administración periférica da Comunidade Autónoma de Galicia tiña o seu apoio na figura dos delegados provinciais das distintas consellerías, mediante o decreto polo que se fixan as novas estruturas orgánicas desaparecen as 52 delegacións provinciais e territoriais existentes ata agora, que son substituídas, de acordo cos principios antes sinalados, pola nova figura das delegacións territoriais.

As delegacións territoriais quedan adscritas organicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con nivel orgánico de dirección xeral, e a súa estrutura orgánica, o seu ámbito territorial e as súas competencias deben ser establecidos mediante decreto (artigo 1 e disposición adicional primeira do Decreto 83/2009, do 21 de abril).

Así, con este obxectivo básico de impulsar a modernización e ra-

cionalización da xestión da Xunta de Galicia, procede reformular a estrutura da Administración periférica, acometendo un proceso de remodelación arredor da figura das novas delegacións territoriais, concibidas como órganos de dirección e coordinación da actuación da Administración autonómica dentro dos seus respectivos ámbitos.

Configúranse, asemade, como órganos decisorios e representativos do presidente da Xunta e do Goberno autonómico e coordinadores da Administración periférica da Xunta de Galicia.

Respecto aos demais órganos administrativos dependentes da delegación territorial, o decreto crea os órganos básicos das delegacións e pospón a un ulterior desenvolvemento a fixación da estrutura pormenorizada de cada un deles, no cal deberán ser tidas en conta, de ser o caso, as peculiaridades e necesidades administrativas de cada unha das áreas funcionais e territoriais.

IV

En canto ao seu ámbito territorial, estará delimitado pola respectiva provincia, salvo as delegacións de Pontevedra e Vigo. Á Delegación Territorial de Pontevedra correspóndenlle todos os concellos da provincia, coa excepción dos que se relacionan a seguir: Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Vigo, Cangas e Moaña.

Estes catorce concellos integrarán o ámbito territorial da Delegación Territorial de Vigo, en consonancia coa área xeográfica que, cando menos nun principio, se prevé que integre a futura Área Metropolitana de Vigo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 83/2009, do 21 de abril, en uso das atribucións conferidas polos artigos 39 e 41 do Estatuto de autonomía de Galicia e polo artigo 4.15º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de abril de dous mil nove,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Creación.

1. Créanse as delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas cales se integran todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica sitos no seu respectivo ámbito territorial, na forma establecida neste decreto.

2. O seu ámbito territorial está delimitado pola respectiva provincia, salvo as delegacións de Pontevedra e Vigo. Á Delegación Territorial de Pontevedra correspóndenlle todos os concellos da provincia, coa excepción dos que se relacionan a seguir, que integrarán a Delegación Territorial de Vigo: Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Vigo, Cangas e Moaña.

Artigo 2º.-Delegado territorial.

1. Á fronte de cada delegación territorial estará un delegado ou delegada, con rango de director xeral, que exercerá a representación da Xunta de Galicia e asumirá a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma no seu correspondente ámbito territorial. Tal coordinación tamén abrangue a dos organismos autónomos e demais entes do sector público que integran a Administración institucional autonómica e a xestión dos servizos compartidos.

2. O nomeamento de delegados ou delegadas territoriais efectuarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, en virtude do establecido nos artigos 4.13 º e 37.1º b) da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro competente en materia de administracións públicas.

Artigo 3º.-Órganos.

1. A delegación territorial estrutúrase nos seguintes órganos:

   a) Secretaría territorial.

   b) Departamentos territoriais.

   c) Comisión territorial de coordinación.

2. Son órganos superiores da delegación territorial o delegado ou delegada e a secretaría territorial.

Artigo 4º.-Dependencia dos órganos xerais.

1. Os delegados ou delegadas territoriais dependerán organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co apoio e coordinación da secretaría xeral da consellería, sen prexuízo das directrices, instrucións ou criterios que emanen na orde funcional dos diversos órganos superiores das consellerías que correspondan por razón das distintas competencias materiais.

2. Os secretarios ou secretarias territoriais dependerán orgánica e funcionalmente dos delegados ou delegadas territoriais.

Artigo 5º.-Dependencia dos departamentos territoriais.

Sen prexuízo da súa integración na delegación territorial para os efectos de coordinación, os departamentos territoriais dependerán orgánica e funcionalmente das consellerías que correspondan por razón da materia.

Artigo 6º.-Sede.

As delegacións territoriais terán as súas sedes nas localidades establecidas no artigo 1º deste decreto, sen prexuízo da distinta localización que poidan ter algunhas das súas dependencias.

Capítulo II

Do delegado ou delegada territorial

Artigo 7º.-Competencias.

1. Aos delegados ou delegadas territoriais correspóndelles, no respectivo ámbito territorial:

a) Exercer a representación oficial da Xunta de Galicia.

b) Exercer as competencias que lles sexan atribuídas ou desconcentradas en virtude dunha norma xurídica ou que lles sexan delegadas polos conselleiros, directores e secretarios xerais no ámbito das súas competencias.

c) Coordinar os órganos en que se estrutura a delegación territorial, impulsar a actividade administrativa e velar polo eficaz emprego dos medios dispoñibles no territorio da súa competencia.

d) Facilitar a coordinación da acción da Administración autonómica, cando proceda, coa do resto das administracións públicas que actúen no ámbito provincial.

e) Ditar cantas instrucións e ordes de servizo consideren convenientes para o mellor funcionamento da delegación.

f) Dispor canto concirne ao réxime interior da delegación en todas as súas dependencias.

g) Desempeñar a xefatura de persoal da delegación sen prexuízo das funcións que neste ámbito lles correspondan a outros órganos administrativos.

h) Resolver os recursos de alzada que correspondan contra os actos que adopte o secretario territorial.

i) Asegurar o cumprimento das disposicións legais e regulamentarias na actuación dos órganos da Administración autonómica.

Artigo 8º.-Recursos.

Contra os actos dos delegados ou delegadas territoriais que non poñan fin á vía administrativa poderase recorrer en alzada ante os conselleiros competentes por razón da materia salvo que por disposición legal a regulamentaria se dispoña outra cousa.

Artigo 9º.-Substitución.

O delegado ou delegada territorial será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, polo secretario territorial e, no seu defecto, polo xefe territorial designado polo conselleiro competente en materia de administracións públicas.

Capítulo III

Dos restantes órganos da delegación territorial

Artigo 10º.-A secretaría territorial.

A secretaría territorial, co nivel orgánico de subdirección xeral, é o órgano de apoio e asesoramento ao delegado ou delegada no exercicio das súas competencias xerais. Correspóndenlle tamén cantas outras competencias expresamente lle sexan atribuídas ou delegadas.

Artigo 11º.-Os departamentos territoriais.

1. Os departamentos territoriais son os órganos de exercicio das competencias administrativas de cada unha das consellerías, co alcance que se lles atribúa na estrutura orgánica da consellería e demais normativa aplicable ou que se lles delegue, e estarán integrados por aqueles servizos ou áreas que sexan necesarios para unha maior eficacia da xestión administrativa.

2. Á fronte dos departamentos territoriais estarán os xefes territoriais.

3. Agás que unha norma dispoña o contrario, os actos dos xefes territoriais non poñen fin á vía administrativa e serán recorribles en alzada ante os conselleiros de que dependan.

4. O xefe territorial será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe o conselleiro de que dependan.

Artigo 12º.-A comisión territorial de coordinación.

1. A comisión territorial de coordinación é o órgano de apoio ao delegado ou delegada territorial para o impulso e coordinación do funcionamento do conxunto dos departamentos da delegación territorial.

2. Estará presidida polo delegado ou delegada territorial e formarán parte dela os xefes ou xefas territoriais e o secretario ou secretaria territorial, quen actuará como secretario/a da comisión.

3. Cando o delegado ou delegada o considere conveniente, poderán asistir ás súas reunións funcionarios ou outras persoas especialistas nos temas que se traten.

Artigo 13º.-Gabinete xurídico e intervención territorial.

1. En cada delegación territorial existirá un gabinete xurídico territorial, encadrado organicamente na delegación territorial, que dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, de acordo coas súas normas reguladoras.

2. Igualmente, existirá unha intervención territorial, encadrada organicamente na delegación territorial e funcionalmente dependente da Intervención Xeral. Correspóndenlle as competencias que lle asignen as normas reguladoras deste centro directivo.

Disposicións adicionais

Primeira.-Quedan suprimidas as delegacións provinciais e territoriais actualmente existentes das distintas consellerías.

Segunda.-A Consellería de Facenda realizará as modificacións e habilitacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste decreto, sen que en ningún caso poidan orixinar incremento de gasto.

Terceira.-Os gastos de funcionamento das delegacións territoriais serán financiados con cargo aos orzamentos das consellerías respectivas, atendendo á área funcional que corresponda.

Cuarta.-Non obstante o disposto no artigo 13º.1 deste decreto, seguirá existindo un Gabinete Xurídico Territorial, con sede en Santiago de Compostela, que se regulará de conformidade co disposto na normativa reguladora da Asesoría Xurídica Xeral.

Quinta.-Sen prexuízo do establecido no artigo 1º, polo que respecta a todas as actuacións en materia de tributos cedidos polo Estado, tributos propios, prezos establecidos pola Comunidade Autónoma de Galicia e demais ingresos de dereito público, mantense a competencia territorial dos órganos que a viñan exercendo no momento da entrada en vigor deste decreto, así como a dependencia orgánica e funcional das oficinas liquidadoras de distrito hipotecario.

Así mesmo, sen prexuízo do establecido no artigo 3º, a estrutura das delegacións territoriais de Pontevedra e Vigo quedará supeditada ao que se determine nas novas estruturas orgánicas das consellerías.

Pola súa banda, a Delegación Territorial da Coruña, para a mellor eficacia da xestión das actividades encomendadas, contará cunha unidade administrativa especial adscrita na cidade de Ferrol.

Disposicións transitorias

Primeira.-As funcións e competencias atribuídas na actualidade ás extinguidas delegacións provinciais e territoriais das distintas consellerías, e que non estean recollidas no disposto no artigo 7º deste decreto, entenderanse atribuídas aos xefes territoriais competentes por razón da materia mentres non se aprobe a normativa que desenvolva a estrutura orgánica da consellería.

Segunda.-As actuais secretarías provinciais das delegacións provinciais e territoriais correspondentes á anterior estrutura organizativa transfórmanse nas xefaturas territoriais reguladas neste decreto.

Ademais das funcións e competencias previstas neste decreto asumirán as funcións ata agora atribuídas ás secretarías provinciais.

O exercicio das súas funcións e competencias realizarase nos termos establecidos no artigo 5 deste decreto.

Terceira.-Os órganos das actuais delegacións provinciais e territoriais adscribiranse, por razón da súa competencia, aos correspondentes departamentos territoriais ata a regulación que se efectúe en desenvolvemento da estrutura orgánica de cada consellería.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e, concretamente, o Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, de Administración periférica e competencias dos órganos territoriais, e o Decreto 115/1987, do 14 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das delegacións provinciais da Consellería de Agricultura.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento e execución.

Autorízase o titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar cantos actos resulten necesarios para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

4 Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 123, do 25.06.2009).

A través do Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia que estará integrada por dez departamentos.

A entrada en vigor deste decreto supón a plasmación práctica do compromiso adquirido polo novo Goberno da Xunta de Galicia de austeridade, eficacia e racionalización da xestión pública.

Posteriormente, a través do Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixouse a estrutura orgánica básica dos departamentos da Xunta de Galicia, segundo o cal a Consellería de Traballo e Benestar está integrada polos seguintes centros superiores: o/a conselleiro/a, a Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e adscríbeselle o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Cabe destacar tamén o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, non só pola súa significación en termos de compromiso de austeridade, eficacia e eficiencia senón tamén de reformulación da estrutura da Administración autonómica periférica da Xunta de Galicia. Seguindo o modelo organizativo plasmado no decreto indicado, os departamentos territoriais previstos neste decreto, de ámbito provincial, dependen orgánica e funcionalmente da consellería, sen prexuízo das funcións de coordinación do exercicio das súas competencias, que asume cada delegación no seu correspondente ámbito territorial, de acordo co disposto no Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Consonte o anterior, a estrutura da Consellería de Traballo e Benestar pretende ser reflexo destes principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Administración Pública. Así, na Secretaría Xeral á vez que se suprimen dúas subdireccións xerais e un servizo da anterior estrutura, créase unha nova unidade, a Subdirección Xeral de Tecnoloxía da Información, co fin de facer fronte ao incremento das necesidades no ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información.

Na área de traballo, as direccións xerais de Relacións Laborais, Promoción do Emprego e Formación e Colocación manteñen un ámbito competencial practicamente coincidente co vixente na actualidade, aclarando nalgúns casos as funcións e denominacións das distintas unidades.

Na área de benestar, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar asume as funcións de coordinación xeral do conxunto das políticas da consellería en materia de benestar e a coordinación do seu exercicio coa Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e a Dirección

Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A estrutura da nova Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal pretende facer fronte ás novas necesidades derivadas da aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coa creación dunha nova Subdirección Xeral de Dependencia e do Servizo de Atención á Dependencia.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado mantén a súa estrutura actual excepto algúns cambios na redistribución de funcións entre as diferentes unidades.

Polo que se refire á Administración periférica, a Consellería de Traballo e Benestar organízase en catro departamentos territoriais na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.4º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co informe previo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de xuño de dous mil nove,

DISPOÑO:

Título I

Ámbito competencial e organización xeral da consellería

Artigo 1º.-Ámbito competencial.

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Administración autonómica ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laborais e do benestar, que engloban, as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación, así como as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, na forma establecida neste decreto.

Artigo 2º.-Estrutura da consellería.

1. Para o exercicio das súas funcións, a Consellería de Traballo e Benestar estrutúrase nos seguintes órganos:

I. O/a conselleiro/a.

II. Secretaría Xeral.

III. Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

IV. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

V. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

VI. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

VII. Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal.

VIII. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

IX. Departamentos territoriais.

Artigo 3º.-Organismos autónomos, entes públicos e órganos colexiados.

1. Quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos:

a) O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro.

b) O Consello Galego de Relacións Laborais, ente institucional de dereito público, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio.

2. Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería os órganos colexiados en que así o determine a súa normativa reguladora.

Título II

Servizos centrais

Artigo 4º.-O/a conselleiro/a.

O/a conselleiro/a é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, desempeña e exerce as atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Capítulo I

Da Secretaría Xeral

Artigo 5º.-Atribucións.

A Secretaría Xeral, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, exercerá as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da consellería.

Artigo 6º.-Estrutura.

1. Para o exercicio das súas competencias, a Secretaría Xeral contará cos seguintes órganos:

- Vicesecretaría Xeral.
- Subdirección Xeral de Persoal.
- Subdirección Xeral de Contratación e Control.

- Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico.
- Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información.

2. Adscríbense organicamente á Secretaría Xeral, con nivel de subdirección xeral:

a) A Intervención Delegada da consellería, que dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

b) A Asesoría Xurídica de Traballo e a Asesoría Xurídica de Benestar, que se rexerán polo disposto no Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Dependerán funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e contarán co número de efectivos que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

Estas asesorías xurídicas desempeñarán as funcións do artigo 13.2º do mencionado Decreto 343/2003, no seu correspondente ámbito funcional.

Artigo 7º.-Vicesecretaría Xeral.

1. Con nivel orgánico de subdirección xeral, exercerá as funcións de asistencia á persoa titular da Secretaría Xeral en cantos asuntos lle encomende, así como a súa suplencia en caso de enfermidade, ausencia ou vacante.

2. É a unidade encargada da coordinación dos servizos de carácter xeral; da organización do rexistro xeral e do arquivo; de velar polo sistema de xestión dos procedementos administrativos, o mantemento de instalacións e vehículos adscritos ao departamento; da coordinación das publicacións e estatísticas, así como integrar a dimensión de xénero no ámbito das competencias atribuídas á Consellería de Traballo e Benestar.

Correspóndelle a coordinación en materia de contratación administrativa e o impulso da elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería; a elaboración do da Secretaría Xeral e a coordinación, o seguimento e control da súa execución e a planificación e o seguimento dos investimentos da consellería.

Así mesmo, correspóndelle a xestión e tramitación de todos aqueles expedientes de contratación e xestión do gasto que lle asigne o/a secretario/a xeral para unha óptima racionalización dos recursos de que a Secretaría dispón.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

a) Servizo de Xestión do Gasto e Control Orzamentario.

Correspóndelle a este servizo o desenvolvemento das seguintes funcións:

- A coordinación e o impulso da elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería, elaboración do da Secretaría Xeral, a coordinación, o seguimento e control da súa execución así como a proposta e xestión das súas modificacións.
- A elaboración das instrucións necesarias para que os centros de gasto efectúen unha correcta xestión orzamentaria, así como a análise da súa execución, de acordo coa normativa vixente.
- A planificación e habilitación orzamentaria para gastos de mantemento das distintas unidades administrativas e oficinas de emprego, tanto de servizos centrais como periféricos, baixo a modalidade de pagamentos para xustificar.
- O impulso na tramitación económico-administrativa de expedientes de gasto e propostas de pagamento.

b) Servizo de Investimentos e Xestión Contractual.

Correspóndelle a este servizo:

- A coordinación e elaboración de instrucións e fixación de criterios en materia de contratación.
- A tramitación dos expedientes de contratación non atribuídos expresamente a outros órganos da consellería, así como calquera outra xestión vinculada a estes expedientes.
- O impulso e desenvolvemento de ferramentas de xestión na área de contratación para o seu uso xeral e compartido por todos os órganos da consellería.
- O apoio á Vicesecretaría Xeral na planificación, no impulso e control das necesidades en materia de contratación dos distintos centros dependentes da consellería e departamentos territoriais.
- O seguimento, impulso e control dos investimentos dos servizos xerais da consellería.

c) Servizo de Igualdade Laboral.

Este servizo é o órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito das competencias atribuídas á Consellería de Traballo e Benestar e estará coordinado e vinculado funcionalmente co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Desenvolverá as funcións recollidas no artigo 8 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Artigo 8º.-Subdirección Xeral de Persoal.

1. Esta unidade administrativa exercerá as funcións de xestión de persoal, a coordinación dos asuntos de réxime interno, a coordinación das xefaturas dos departamentos territoriais en materia de persoal, o plan de formación da consellería e outras de contido administrativo que lle atribúa o/a secretario/a xeral.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades administrativas co nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Persoal na área de traballo.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A ordenación e o control da xestión de todo o persoal da consellería na área de traballo, sen prexuízo da competencia doutros órganos e unidades e, en especial, a xestión e administración ordinaria do persoal funcionario e laboral adscrito ás súas dependencias centrais.
- A formulación das propostas relativas ás relacións de postos de traballo de todo o persoal funcionario e laboral da consellería na área de traballo.
- O mantemento e actualización da base de datos de persoal funcionario e laboral e a organización, custodia e o arquivo dos seus expedientes.

- A xestión e a tramitación da nómina de persoal adscrito aos servizos centrais da consellería na área de traballo.
- O cumprimento das obrigas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de seguridade social e dereitos pasivos na área de traballo.
- A execución de sentenzas en materia de persoal funcionario e laboral na área de traballo.
- O estudo, seguimento e control da execución do estado de gastos en materia orzamentaria do capítulo I da consellería na área de traballo e a elaboración das propostas de modificación de crédito.

b) Servizo de Persoal na área de benestar.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A ordenación e o control da xestión de todo o persoal da consellería na área de benestar, sen prexuízo da competencia doutros órganos e unidades e, en especial, a xestión e administración ordinaria do persoal funcionario e laboral adscrito ás súas dependencias centrais.
- A formulación das propostas relativas ás relacións de postos de traballo de todo o persoal funcionario e laboral da consellería na área de benestar.
- O mantemento e actualización da base de datos de persoal funcionario e laboral e a organización, custodia e o arquivo dos seus expedientes.
- A xestión e a tramitación da nómina de persoal adscrito aos servizos centrais da consellería na área de benestar.
- O cumprimento das obrigas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de Seguridade Social e dereitos pasivos na área de benestar.
- A execución de sentenzas en materia de persoal funcionario e laboral na área de benestar.
- O estudo, seguimento e control da execución do estado de gastos en materia orzamentaria do capítulo I da consellería na área de benestar e a elaboración das propostas de modificación de crédito.

Artigo 9º.-Subdirección Xeral de Contratación e Control.

1. Correspóndelle a esta unidade a elaboración do plan de necesidades e a fixación de directrices en materia de obras e equipamentos vinculados aos programas de gasto de benestar, así como a planificación e o desenvolvemento da súa execución; a xestión e tramitación de todos aqueles expedientes de contratación e xestión económica que lle asigne a Secretaría Xeral para unha óptima racionalización de recursos e a coordinación e o seguimento da execución dos investimentos, vinculados aos programas de gasto de benestar, cos departamentos territoriais e outros centros dependentes da consellería.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

a) Servizo de Xestión Económica e Administración.

Corresponde a este servizo as seguintes funcións:

- A habilitación de pagamentos dos servizos centrais e a coordinación das habilitacións periféricas, así como a adquisición, xestión e o control dos medios materiais para o funcionamento ordinario da consellería.
- A realización de traballos de coordinación na elaboración do anteproxecto de orzamentos dos programas de benestar, así como as modificacións orzamentarias.
- O control da seguranza na utilización do programa de xestión contable da Xunta de Galicia xunto co mantemento e asesoramento aos usuarios da consellería no seu funcionamento.
- A xestión de taxas e de prezos públicos da consellería e a coordinación con todos os centros dependentes.

b) Servizo de Contratación e Obras.

Correspóndelle a este servizo:

- A tramitación dos expedientes de contratación administrativa vinculados a programas de gasto de benestar, cando se trate de obras, servizos relacionados coas obras, subministracións ou calquera outra figura contractual, que non estean expresamente atribuídos a outros órganos.
- A xestión ante os organismos públicos correspondentes das autorizacións sectoriais preceptivas e das licenzas necesarias para a execución dos expedientes de obras que sexan da súa competencia.
- A coordinación dos contratos administrativos que, vinculados aos programas de benestar, se tramiten nos departamentos territoriais en materia de obras e de subministracións.
- O apoio á subdirección na planificación de investimentos en materia de obras e subministracións.

c) Servizo de Proxectos e Obras.

Esta unidade administrativa desenvolverá as seguintes funcións:

- O desenvolvemento das funcións das oficinas de supervisión dos proxectos a que fai referencia a normativa vixente respecto das obras que realice a consellería; o seguimento das obras que realice a consellería e das correspondentes aos convenios de investimento coas entidades locais.
- A supervisión, dirección e control dos proxectos de obras en que participe a consellería e da súa execución material, de acordo co establecido na normativa técnica vixente e, en especial, a relativa á aplicación de criterios de sustentabilidade e adecuación ao medio.
- A participación, o asesoramento e a elaboración de dictames en materia de accesibilidade.

Artigo 10º.-Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico.

1. Terá ao seu cargo a elaboración de informes e o estudo das propostas de disposicións que elaboren os distintos centros directivos da consellería; a preparación dos expedientes que, logo do paso pola Comisión de Secretarios Xerais, se eleven ao Consello da Xunta de Galicia e o traslado de acordos desta; o estudo dos recursos e

reclamacións administrativas; a coordinación das demandas e os recursos contencioso-administrativos; levar a cabo as funcións que lle corresponda ao departamento en relación ás fundacións declaradas de interese galego; a tramitación de expedientes sobre cuestións demaniais ou patrimoniais competencia da consellería, así como aqueloutros asuntos que, por razón da súa competencia, lle sexan encomendados polo/a secretario/a xeral.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades:

a) Servizo Técnico-Xurídico.

Este servizo desenvolverá as seguintes funcións:

-A tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral emanados dos distintos órganos e centros directivos da Consellería de Traballo e Benestar, así como o estudo das compilacións e da refundición das normas emanadas desta.

-A coordinación, mediante a elaboración de instrucións, protocolos de actuación ou calquera outro instrumento que se considere axeitado, coas unidades da consellería que desenvolvan funcións xurídico-administrativas.

-Estudo das propostas de convenios e outros instrumentos bilaterais que elaboren os distintos centros directivos da consellería.

-A coordinación da publicación de toda clase de disposicións e actos administrativos ditados polos órganos da consellería e entidades adscritas que deban ser publicados no Diario Oficial de Galicia.

-A realización de cantas actuacións sexan necesarias respecto das fundacións de interese galego sobre as que a consellería exerza o protectorado, levando para ese efecto os libros de rexistro correspondentes.

-A tramitación dos requirimentos e peticións formulados á consellería polos órganos xudiciais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo, os/as cidadáns e outros órganos e institucións.

-A xestión dos asuntos de carácter patrimonial, en canto sexa competencia deste departamento.

b) Servizo de Recursos e Reclamacións.

Correspóndelle a esta unidade:

-O estudo, a tramitación e proposta de resolución das reclamacións e dos recursos formulados contra os actos e resolucións ditados polos distintos órganos da consellería cando non lle estean atribuídos a outros órganos.

-O estudo, a tramitación e proposta de resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial e coordinación do expedientes disciplinarios e sancionadores cuxa resolución corresponda ás persoas titulares das direccións xerais, ao/á conselleiro/a ou ao Consello da Xunta de Galicia nas materias competencia da consellería.

-E elaboración dos correspondentes informes e a coordinación da documentación necesaria en relación ás demandas e recursos interpostos na vía xudicial.

Artigo 11º.-Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información.

1. Correspóndelle a esta unidade, sen prexuízo das competencias que en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) ten atribuídas a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (SXMIT) e en coordinación funcional con ela, a elaboración dos plans de necesidades da consellería vinculados a tecnoloxías de información, o seu impulso e coordinación, a coordinación e execución dos investimentos en materia informática e a coordinación de todas as unidades informáticas dependentes doutros centros directivos da consellería.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

a) Servizo Xeral de Informática.

Este servizo desenvolverá as seguintes funcións:

- Funcións de estratexia, soporte á dirección, asesoramento TIC ao resto das unidades da consellería, participación nos instrumentos dos que se dote a Xunta de Galicia para o goberno das TIC.
- Adquisición, xestión, soporte, mantemento e aseguramento da operatividade e dispoñibilidade das infraestruturas TIC da consellería.
- Xestión de proxectos e do ciclo de vida completo dos sistemas de información dependentes da consellería, desde a detección da necesidade ata a implantación, o mantemento, soporte e explotación dos sistemas.
- Aseguramento da calidade e seguridade sobre os sistemas de información da consellería, en especial no relativo ao cumprimento da normativa sobre tratamento de datos de carácter persoal.

b) Servizo de Administración Informática do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Corresponderalle a administración dos sistemas de información do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG):

- Adquisición, xestión, soporte, mantemento da operatividade e dispoñibilidade de toda a infraestrutura TIC do SPEG.
- Estatísticas, informes de xestión e cadros de mandos á dirección das competencias do SPEG.
- Soporte ás persoas usuarias dos aplicativos do SPEG.
- Propostas e, de ser o caso, desenvolvemento e xestión dos proxectos TIC do SPEG.
- Asesoramento e formación nas tecnoloxías do SPEG.
- Participación activa dentro das actividades do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE).
- Desenvolvemento, xestión, adquisición e soporte do medios físicos e lóxicos para os usuarios do SPEG.
- Xestión e aseguramento da calidade e dos elementos TIC do SPEG.
- Seguridade dos sistemas de información do SPEG.

Capítulo II

Da Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Artigo 12º.-Competencias.

1. Á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Exercer a coordinación xeral do conxunto das políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de benestar e a coordinación do seu exercicio coa Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

b) A xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia; e as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

c) A protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo, a protección e apoio aos menores en conflito social e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na lexislación específica.

d) O deseño, coordinación, avaliación e, se é o caso, a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios.

e) A xestión e coordinación do funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais.

f) As medidas de planificación, ordenación, coordinación, catalogación, seguimento e avaliación dos servizos sociais de actuación comunitaria.

g) A planificación, coordinación, seguimento e control da execución dos programas de inclusión social, a formulación das propostas, no seu ámbito competencial, para a elaboración do Plan Galego de Equipamentos e Servizos Sociais.

h) A realización de funcións de estudo das necesidades e problemáticas sociais e a coordinación, o control e a xestión das prestacións sociais e económicas.

i) As funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de autorizacións, control e inspección dos centros, servizos e programas sociais e a súa coordinación cos demais centros directivos e cos departamentos territoriais e o réxime sancionador en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sen prexuízo das funcións encomendadas ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

j) A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

2. Para o desenvolvemento das anteditas funcións, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar conta coas seguintes unidades administrativas:

-Subdirección Xeral de Familia e Menores.

-Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

-Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.

-Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

Artigo 13º.-Subdirección Xeral de Familia e Menores.

1. Corresponderanlle a esta subdirección as funcións de xestión, coordinación, asistencia técnica, seguimento, avaliación e control dos programas, servizos e centros relativos á conciliación da vida laboral e persoal e á protección da familia, ben de titularidade pública ou dependentes da iniciativa privada.

Así mesmo, corresponderanlle as funcións de xestión, coordinación e control dos programas, servizos e centros dedicados aos menores en situación de risco ou desamparo, ben de titularidade pública ou dependentes da iniciativa privada, así como todas as funcións derivadas da aplicación e desenvolvemento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coa seguinte unidade administrativa con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Familia e Programas Especiais.

A este servizo corresponderanlle as funcións relativas ao estudo, implantación, seguimento e avaliación dos programas destinados á familia, en especial os contidos no Plan Integral de Apoio á Familia; a elaboración de propostas para o desenvolvemento normativo da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como a coordinación e o seguimento das competencias en mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

b) Servizo de Defensa do Menor.

A este servizo corresponderalle a implantación, seguimento e avaliación dos programas contidos no Plan Integral de Apoio á Familia, dirixidos á defensa dos dereitos da infancia e á prevención ante situacións de risco ou de desprotección social que poidan afectar os menores; a coordinación dos equipos provinciais do menor dos departamentos territoriais da consellería e as propostas de desenvolvemento normativo nas materias da súa competencia, así como cantas outras lle correspondan no seu exercicio.

c) Servizo de Atención a Menores en Situación de Conflito Social.

A este servizo corresponderanlle a execución das medidas xudiciais e a implantación, o seguimento e a avaliación dos programas dirixidos a menores en conflito social, en aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.

Artigo 14º.-Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

1. Correspóndelle a esta subdirección a realización dos programas de inclusión social en relación coas problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando proxectos de traballo social personalizado ou de grupos; as funcións de planificación, coordinación,

seguimento, avaliación e control da xestión das prestacións sociais e económicas nas súas áreas de actuación; a xestión, programación, asesoramento técnico e seguimento dos programas, centros e servizos sociais de actuación comunitaria sen prexuízo da que lle corresponda á unidade administrativa responsable da autorización e inspección da consellería, e a coordinación do funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais e a xestión e coordinación do funcionamento das mesas autonómica e provinciais de control e avaliación da renda de integración social de Galicia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo.

a) Servizo de Inclusión Social.

Correspóndelle a este servizo:

A coordinación, execución e seguimento dos plans e programas de actuación da subdirección xeral, concretados no plan de inclusión social de Galicia; de equipamentos e servizos sociais e dos programas xurdidos da participación en iniciativas comunitarias dirixidas a paliar estas problemáticas; así como a execución dos proxectos que, se é o caso, deriven.

b) Servizo de Cooperación coas Corporacións Locais.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A xestión, coordinación, seguimento, avaliación e control dos servizos sociais do nivel de actuación comunitaria.
- A coordinación das actividades formativas relativas ao desenvolvemento e á execución dos programas do nivel de actuación comunitaria e o asesoramento, a coordinación e o control dos servizos sociais dependentes das entidades locais.
- A implantación e o seguimento do Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) e do Manual para os Profesionais de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais (Matiass).
- A preparación, xestión, seguimento e control das axudas destinadas a programas de prestación de servizos sociais polas corporacións locais, nas materias anteriormente citadas.

c) Servizo de Prestacións.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A xestión das prestacións previstas na Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.
- A xestión das prestacións económicas derivadas do Real decreto lei 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, no relativo ás prestacións non contributivas e outros réximes vixentes de carácter transitorio.
- A preparación, xestión, seguimento e control das axudas destinadas a programas de prestación de servizos sociais no seu ámbito competencial, así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.

Artigo 15º.-Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.

1. Esta unidade administrativa exercerá as seguintes funcións:

a) A tramitación dos expedientes relativos ao Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, a coordinación da tramitación do réxime de autorizacións, control e inspección dos centros de servizos sociais competencia da Consellería de Traballo e Benestar, o réxime de acreditación de entidades, centros e programas e o réxime sancionador en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sen prexuízo das funcións encomendadas ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

b) Elaborar as liñas estratéxicas e o plan de inspección anual das entidades, programas e centros de servizos sociais competencia da Consellería de Traballo e Benestar e a colaboración e coordinación cos órganos e as entidades competentes en materia de servizos sociais dos diferentes ámbitos territoriais.

c) Colaborar cos centros directivos na elaboración da proposta do catálogo dos servizos, elaborar os informes necesarios que precisen os demais órganos e propor, se é o caso, a elaboración e revisión de normas relativas ás materias relacionadas coas súas funcións.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades administrativas co nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A tramitación da autorización, creación, modificación substancial e concesión do permiso de inicio e cesamento de actividades dos centros de servizos sociais e programas de igualdade e os destinados á familia e menores.
- A inspección, asesoramento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos funcionais e materiais dos centros de servizos sociais e programas nos anteditos sectores.
- Velar polos dereitos dos usuarios dos servizos sociais e calquera outra función que lle atribúa a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo á inspección e ao réxime sancionador nos anteditos sectores.

b) Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A tramitación da autorización, creación, modificación substancial e concesión do permiso de inicio e cesamento de actividades dos centros de servizos sociais e programas dirixidos a persoas maiores e con discapacidade e dependentes.
- A inspección, asesoramento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos funcionais e materiais dos centros de servizos sociais e programas nos anteditos sectores.
- Velar polos dereitos dos usuarios dos servizos sociais e calquera outra función que lle atribúa a normativa de aplicación, no relativo á inspección e ao réxime sancionador nos anteditos sectores.

c) Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión So-

cial.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A autorización, creación, modificación substancial e concesión do permiso de inicio e cesamento de actividades dos centros de servizos sociais e programas de servizos comunitarios e inclusión social.
- A inspección, asesoramento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos funcionais e materiais dos centros de servizos sociais e programas nos anteditos sectores.
- Velar polos dereitos dos usuarios dos servizos sociais e calquera outra función que lle atribúa a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo á inspección e ao réxime sancionador nos anteditos sectores.

Artigo 16º.-Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

A este servizo, con dependencia directa do/a secretario/a xeral de Familia e Benestar, corresponderalle a xestión e control do pagamento das axudas e subvencións, así como a xestión económica e da contratación administrativa para os programas e actividades xestionadas polo centro directivo sen prexuízo do control e da coordinación pola Secretaría Xeral.

Capítulo III

Da Dirección Xeral de Relacións Laborais

Artigo 17º.-Competencias.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguranza e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

Así mesmo, correspóndelle á persoa titular da dirección xeral, no ámbito das competencias da dirección xeral, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, estrutúrase nas seguintes unidades:

-Subdirección Xeral de Traballo.

-Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

-Servizo de Seguridade e Saúde laboral.

Artigo 18º.-Subdirección Xeral de Traballo.

1. Á Subdirección Xeral de Traballo correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, así como a modulación das relacións cos axentes sociais.

b) A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu programa de gasto, así como á súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades:

a) Servizo de Relacións Laborais.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A tramitación dos expedientes de regulación de emprego e daqueloutros sobre relacións individuais ou colectivas atribuídas á Administración laboral.
- A xestión e tramitación das axudas competencia da subdirección.
- O depósito, rexistro e publicación de convenios colectivos, adhesión e instrución dos procedementos de extensión de convenios colectivos.
- Depósito de estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais e a expedición de certificación de documentación en depósito.
- Execución e coordinación das funcións que lle corresponden á autoridade laboral en materia de eleccións sindicais.
- A recepción, o seguimento e a coordinación das declaracións de folgas e peches patronais, así como a xestión e instrución dos procedementos e o desenvolvemento das funcións de mediación, arbitraxe e conciliación.
- A tramitación das autorizacións administrativas e o rexistro das empresas de traballo temporal.
- A preparación de ditames, normativa, estatísticas e demais informes na área de traballo e relacións laborais.
- A tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais da competencia da dirección xeral, así como o mantemento do Rexistro de Sancións.
- Desenvolvemento de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial.
- Todos aqueles asuntos ou materias que pola súa natureza análoga lle sexan encomendados.

Artigo 19º.-Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

1. Á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materia de cooperativas.

Correspóndelle, ademais, a elaboración do estudo do anteproxecto de orzamento anual correspondente ao seu programa de gasto,

a súa xestión, seguimento e avaliación, así como a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

Desenvolverá as funcións de apoio e impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, órgano consultivo e asesor en materia de cooperativas, creado pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coa seguinte unidade:

a) Servizo de Cooperativas e Economía Social.

Correspóndelle a este servizo o desenvolvemento das seguintes funcións:

- A cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao Rexistro Central de Cooperativas e os depósitos relativos ás asociacións de cooperativas.
- A tramitación de expedientes sancionadores por infracción da normativa cooperativa, así como de procedementos de adopción de medidas de intervención temporal e de descualificación de cooperativas.
- A cualificación e a inscrición no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais e de Centros Especiais de Emprego, así como a expedición de certificacións.
- Información e asesoramento en materia de cooperativas e de empresas de economía social, elaboración de estatísticas e estudos, así como o impulso das relacións intercooperativas.
- A coordinación dos rexistros provinciais de cooperativas.
- Planificación, xestión e control das axudas a cooperativas, sociedades laborais e ás súas asociacións.
- Execución dos programas de promoción e divulgación do cooperativismo e doutras formas de economía social, así como os de fomento do emprego nas empresas e nas entidades de economía social.
- O desenvolvemento e a xestión daqueloutras funcións atribuídas á autoridade laboral na normativa de cooperativas e sociedades laborais.
- Todos aqueles asuntos ou materias que pola súa natureza análoga lle sexan encomendados.

Artigo 20º.-Servizo de Seguridade e Saúde Laboral.

Baixo a dependencia directa do/a director/a xeral, corresponderalle a este servizo:

- A promoción, coordinación e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a consellería competente no referente a traballos en minas, canteiras e túneles que exixan a aplicación da técnica mineira.
- A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu programa de gasto, así como á súa xestión, execución, seguimento e avaliación.
- A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións a entidades formativas para impartir cursos de prevención de riscos laborais, de acordo coa normativa vixente en cada momento.
- A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións dos servizos de prevención alleos e auditorías de prevención.
- A tramitación, xestión e seguimento dos programas de axudas a entidades para a mellora das condicións de seguranza e saúde laboral.
- Todos aqueles asuntos ou materias que pola súa natureza análoga lle sexan encomendados.

Capítulo IV

Da Dirección Xeral de Promoción do Emprego

Artigo 21º.-Competencias.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego e das que lle atribúan as normas de desenvolvemento en Galicia do Estatuto do traballo autónomo, así como no eido da colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro. Así mesmo, levará a cabo a programación, o seguimento, o control e, se é o caso, a xestión das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Respecto dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, corresponderalle coordinar a súa xestión, supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades. Correspóndelle tamén a elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego estrutúrase nas seguintes unidades:

-Subdirección Xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo.

-Subdirección Xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación.

-Servizo de Coordinación dos Plans de Verificación.

Artigo 22º.-Subdirección Xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo.

1. Levará a cabo as funcións de programación, coordinación, execución, elaboración de estatísticas, seguimento, control e avaliación dos programas de fomento do emprego correspondentes aos incentivos á contratación por conta allea, o apoio ao traballo autónomo, ás iniciativas empresariais xeradoras de emprego e aos programas dirixidos á integración laboral das persoas con discapacidade, así como as accións correspondentes ao seu ámbito competencial recollidas nos plans de emprego.

Exercerá as competencias da Dirección Xeral de Promoción do Emprego sobre os rexistros administrativos das iniciativas locais de emprego (ILE), as iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), as asociacións profesionais de traballadores/as autónomos/as e o rexistro das empresas de inserción laboral (EIL).

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades:

a) Servizo de Apoio á Contratación por Conta Allea.

A este servizo correspóndelle a xestión dos programas de fomento da contratación por conta allea e de todas as actuacións da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para a mellora do emprego estable. No seu ámbito competencial exercerá os labores de información, asesoramento, difusión, coordinación, execución, elaboración de estatísticas, seguimento, control e avaliación, así como a execución e xustificación das partidas orzamentarias correspondentes.

Será o responsable do rexistro administrativo das iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

b) Servizo de Apoio aos Emprendedores e á Integración Laboral das Persoas con Discapacidade.

A este servizo correspóndelle a xestión dos programas e accións de apoio aos emprendedores e á iniciativa empresarial, así como dos programas de fomento da integración laboral das persoas con discapacidade e daqueloutros que se lle asignen dentro da súa área funcional. No seu ámbito competencial exercerá os labores de información, asesoramento, difusión, coordinación, execución, elaboración de estatísticas, seguimento, control e avaliación, así como a execución e xustificación das partidas orzamentarias correspondentes.

Será o responsable do rexistro administrativo das iniciativas locais de emprego.

c) Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral.

A este servizo correspóndenlle as funcións propias da xestión do rexistro de asociacións profesionais de traballadores/as autónomos/as da Comunidade Autónoma de Galicia e aqueloutras que as normas de desenvolvemento en Galicia da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, atribúa á Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Levará a cabo as funcións inherentes á xestión administrativa do Rexistro de Empresas de Inserción Laboral creado polo Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e a xestión dos programas de apoio ás empresas de inserción laboral, así como os labores de información, asesoramento, difusión, coordinación, execución, elaboración de estatísticas, seguimento, control, avaliación e xustificación contable das partidas orzamentarias correspondentes.

Artigo 23º.-Subdirección Xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación.

1. Levará a cabo as funcións de programación, coordinación, execución, seguimento, propostas e avaliación, control e, se é o caso, a xestión dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, dos de promoción do emprego no ámbito local e daqueloutros programas de cooperación competencia da dirección xeral. Exercerá, así mesmo, esas funcións en relación coas accións correspondentes ao seu ámbito competencial recollidas nos plans de emprego.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades:

a) Servizo de Xestión de Escolas Obradoiro.

A este servizo corresponderalle a xestión técnica dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, a elaboración de estatísticas relativas a eles e a execución, control e avaliación, seguimento contable e xustificación das partidas orzamentarias correspondentes.

b) Servizo de Programas de Cooperación.

A este servizo corresponderalle a xestión técnica dos programas de promoción do emprego no ámbito local e daqueloutras accións e programas de cooperación competencia da subdirección xeral; así como a elaboración de estatísticas relativas a eles e a execución, seguimento contable e xustificación das partidas orzamentarias correspondentes.

Artigo 24º.-Servizo de Coordinación dos Plans de Verificación.

Baixo a dependencia directa do/a director/a xeral levará a cabo as funcións de planificación, coordinación e verificación do cumprimento da normativa comunitaria, estatal e autonómica, con posterioridade á súa execución, dos programas de axudas e subvencións en materia de promoción do emprego xestionados na dirección xeral. Elaborará anualmente os plans de verificación e control posteriores ao pagamento das axudas concedidas pola dirección xeral. Todo isto sen prexuízo das competencias de seguimento e control que, no procedemento de tramitación, concesión e pagamento dos incentivos, lle corresponden tanto á Subdirección Xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores como á Subdirección Xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación.

Corresponderalle tamén o seguimento e a coordinación dos temas que se van tratar no Grupo Interconferencias Sectoriais de Preparación do Consello de Ministros da Unión Europea de Política Social, Sanidade e Consumidores, do cal forma parte a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, así como, o estudo e compilación da normativa comunitaria existente en materia de emprego e a busca daqueles proxectos existentes en materia de cooperación territorial europea nos cales a consellería puidese participar.

Capítulo V

Da Dirección Xeral de Formación e Colocación

Artigo 25º.-Competencias.

1. Corresponderalle a esta dirección xeral o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de formación para o emprego, cualificacións profesionais e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo. Así mesmo, exercerá as funcións de execución relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios/as e traballadores/as e, se é o caso, a potestade sancio-

nadora nas materias relativas ao emprego e desemprego.

Tamén desenvolverá as competencias que lle correspondan a esta consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou da acreditación parcial acumulable correspondente. Así mesmo, desenvolverá e aplicará as competencias da consellería para a execución do procedemento establecido para a avaliación e acreditación das competencias da poboación activa de Galicia.

Correspóndelle a elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Formación e Colocación estrutúrase nas seguintes unidades:

-Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

-Subdirección Xeral de Colocación.

-Subdirección Xeral das Cualificacións.

-Centro de Novas Tecnoloxías.

Artigo 26º.-Subdirección Xeral de Formación para o emprego.

1. Levará a cabo as funcións de planificación, programación, seguimento e avaliación das accións de formación para o emprego, o mantemento do censo de centros colaboradores e a xestión administrativa dos programas de formación dirixida ás persoas traballadoras desempregadas e ocupadas, así como o seguimento da inserción laboral resultante delas.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións, contará coas seguintes unidades:

a) Servizo de Planificación de Formación para o Emprego.

A este servizo corresponderalle:

- A xestión técnica da planificación, programación, avaliación e seguimento das accións de formación para o emprego, así como da inserción laboral resultante delas.
- A xestión dos censos de centros colaboradores de formación para o emprego, así como a tramitación dos procedementos da súa homologación.
- A programación das accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas e ocupadas, coordinando as súas actuacións de seguimento e avaliación e a coordinación da programación das accións formativas dos centros propios dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
- A xestión da tramitación dos procedementos de contratación para a dotación dos centros propios dependentes da consellería.
- A coordinación e soporte técnico ás distintas aplicacións informáticas de xestión da formación para o emprego.
- A organización, inspección e xestión da rede de centros integrados de titularidade da Consellería de Traballo e Benestar.

b) Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego.

Corresponderalle a este servizo:

- A xestión administrativa dos programas de formación para o emprego, a execución orzamentaria, o seguimento contable e a xustificación, así como a elaboración das diferentes estatísticas de formación para o emprego.
- Xestionar os procedementos de xustificación e liquidación das accións formativas e os pagamentos que se van xustificar dos centros propios dependentes da consellería.
- A xestión dos procedementos de xustificación do Fondo Social Europeo e dos proxectos europeos de formación e a coordinación das accións de auditoría en materia de formación.

Artigo 27º.-Subdirección Xeral de Colocación.

1. Asumirá as funcións de intermediación no mercado de traballo e, en concreto, as relativas á inserción e rexistro das persoas demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede Eures (European Employment Services).

Así mesmo, corresponderalle a xestión dos programas de orientación laboral e os de apoio e asistencia na busca de emprego.

2. A Subdirección Xeral de Colocación estrutúrase nas seguintes unidades con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Xestión e Coordinación.

A este servizo correspóndelle a coordinación e o soporte técnico da actividade das oficinas de emprego, a coordinación da Rede Eures-Galicia e o seguimento na actividade desenvolvida polas entidades colaboradoras, así como vixiar o cumprimento da lexislación vixente, impartir as instrucións precisas para a mellora da calidade dos servizos de intermediación e procurar unha atención axeitada ás persoas usuarias dos servizos públicos de emprego coordinando e organizando para tal efecto o Centro de Atención Telefónico.

b) Servizo de Orientación Laboral.

A este servizo corresponderalle a xestión dos programas de axuda á busca de emprego, de mellora de emprego ou de reciclaxe profesional, así como os relativos ao asesoramento e oá rientación profesional e laboral, análise e información do mercado de traballo, a súa evolución e a adecuación entre a oferta formativa e a demanda laboral.

Artigo 28º.-Subdirección Xeral das Cualificacións.

1. Desenvolverá as funcións necesarias para garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións en Galicia, así como dos procesos de estudo das cualificacións, tanto para a súa determinación como para o seu seguimento, establecendo os sistemas de interrelación e cooperación cos organismos, departamentos e axentes sociais implicados no mundo produtivo e formativo; coordinación dos distintos departamentos competentes en materia de formación profesional, co fin de promover a integración efectiva dos subsistemas de formación profesional e entre estes e o mundo sociolaboral que lle serve de marco de referencia.

Así mesmo, asumirá as funcións recollidas no Decreto 93/1999, do 8 de abril, polo que se crea o Instituto Galego das Cualificacións, será este órgano encargado da xestión única do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais na Comu-

nidade Autónoma de Galicia.

Dándolle cumprimento ao Plan Galego de Formación Profesional, elaborará cantos estudos, informes e plans de actividades lle sexan requiridos polo Consello Galego de Formación Profesional.

2. A Subdirección Xeral das Cualificacións estrutúrase nas seguintes unidades con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Observatorio Ocupacional.

A este servizo corresponderanlle as funcións de análise permanente da situación laboral dos distintos colectivos de traballadores/as na nosa comunidade autónoma e das necesidades da súa cualificación, de xeito que sirvan de marco de referencia para poder orientar as políticas activas de emprego, así como dispor de ferramentas analíticas que sirvan para a elaboración e articulación das ofertas formativas dos subsistemas de formación profesional e para a súa actualización permanente. E, en particular, que sirvan para adaptar a programación de formación para persoas desempregadas ás necesidades formativas detectadas no mercado de traballo galego.

Proporcionará información sobre a evolución no mercado laboral galego das estructuras ocupacionais, as ocupacións, profesións e perfís profesionais asociados ás cualificacións profesionais coa finalidade de adaptalas ás necesidades do mercado laboral de Galicia.

Así mesmo, corresponderalle realizar a análise do mercado de traballo galego co fin de proporcionar información que sirva de referencia estatística aos/ás profesionais do emprego e aos/ás profesionais da formación e da orientación laboral.

b) Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

A este servizo corresponderalle a participación na confección do Catálogo Nacional das Cualificacións, así como na súa actualización permanente, elaborará propostas para o catálogo de cualificacións profesionais de acordo cos resultados dos estudos realizados no tecido empresarial galego e participará na determinación de criterios para definir os requisitos e as características que deben reunir as cualificacións profesionais para seren incorporadas ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Regulará os métodos básicos que deben observarse na avaliación da competencia e o procedemento para a concesión de acreditacións e determinará correspondencias e validacións dentro dos principios, bases e directrices fixados polo Instituto Nacional de Cualificacións.

Encargarase da expedición e rexistro dos certificados de profesionalidade.

Realizará as tarefas necesarias para o establecemento dun marco de referencia da programación xeral de todos os subsistemas de formación e apoiará a tarefa normativa e de regulamentación realizada polos órganos competentes da comunidade autónoma.

Artigo 29º.-Centro de Novas Tecnoloxías.

Baixo a dependencia do/a director/a xeral, en coordinación funcional coa Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e co nivel orgánico de servizo, o Centro de Novas Tecnoloxías ten como obxectivo a detección de tendencias tecnolóxicas e a formación en novas tecnoloxías de traballadores/as, activos e desempregados/as, mediante a adaptación continua da programación ás necesidades existentes no mercado laboral.

Correspóndelle ao centro fomentar o desenvolvemento e a dinamización dos servizos e tecnoloxías que constitúen os piares fundamentais da sociedade da información, a realización de xornadas de sensibilización, seminarios tecnolóxicos e cursos técnicos de especialización destinados aos/ás profesionais do sector das TIC, así como aos/ás profesionais doutros sectores que precisen dun achegamento ás TIC para mellorar o seu desempeño profesional.

Capítulo VI

Da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal

Artigo 30º.-Competencias.

1. Á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración de propostas para a formulación da política da Consellería de Traballo e Benestar en materia de atención ás persoas maiores, ás persoas discapacitadas e ás declaradas dependentes e a súa atención en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

b) Formular as propostas no seu ámbito competencial para a elaboración do catálogo de servizos e medidas de planificación.

c) A creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica no sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia.

d) A coordinación do funcionamento do Consello Galego das Persoas Maiores e do Consello Galego de Persoas con Discapacidade.

e) A autorización e xestión do procedemento de inclusión de entidades no programa de cheque asistencial; así como calquera outra función relativa ás materias da súa competencia ou que lle sexa atribuída pola normativa vixente no eido dos servizos sociais e no sistema da dependencia, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

f) A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

g) O establecemento das liñas de colaboración para a formación e especialización dos profesionais da área de atención a persoas maiores e persoas en situación de dependencia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal contará coas seguintes unidades administrativas:

- Subdirección Xeral de Dependencia.

- Subdirección Xeral de Coordinación de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidades.
- Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal.
- Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

Artigo 31º.-Subdirección Xeral de Dependencia.

1. Correspóndenlle a esta subdirección xeral as seguintes funcións:

a) A coordinación e o apoio aos departamentos territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en coordinación co sistema de servizos sociais establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e asegurar a elaboración dos correspondentes programas individuais de atención.

b) As propostas de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia no marco de cooperación interadministrativa no Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e a avaliación e aplicación dos criterios adoptados no dito consello.

c) A coordinación cos demais órganos do departamento para as medidas e prestacións derivadas do recoñecemento da situación de dependencia e dos programas de prevención e promoción da autonomía persoal e de atención e coidado, así como na proposta de elaboración do catálogo dos servizos.

d) Colaborar coa unidade administrativa responsable de autorización e inspección no procedemento de acreditación das entidades, dos equipamentos e programas de atención á dependencia que garantan a calidade da dita atención.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coa seguinte unidade con nivel órganico de servizo:

a) Servizo de Atención á Dependencia.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

-O apoio aos departamentos territoriais nos procedementos de acceso ao recoñecemento de grao e nivel de dependencia en aplicación; a coordinación da xestión das medidas e prestacións derivadas do recoñecemento da situación de dependencia e dos programas de prevención e promoción da autonomía persoal e de atención e coidado e o estudo da proposta de elaboración do catálogo dos servizos.

-O seguimento e a avaliación de prestacións e servizos de atención á dependencia, garantindo a calidade da dita atención.

-Elaborar a información precisa para a aplicación dos criterios de financiamento determinados na Lei 39/2006, do 14 de decembro, así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.

Artigo 32º.-Subdirección Xeral de Coordinación de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidades.

1. Correspóndenlle a esta subdirección xeral as seguintes funcións:

a) A coordinación e supervisión dos equipamentos e servizos dependentes da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal; a elaboración da proposta do catálogo de servizos e medidas de planificación; a programación, coordinación e control dos programas, servizos e equipamentos do nivel de actuación especializada ás persoas maiores e discapacitadas, sen prexuízo das que lle correspondan á Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

b) A coordinación da atención sociosanitaria no que atinxe ao ámbito das competencias da dirección xeral.

c) Colaborar no control dos requisitos de acreditación das entidades, dos equipamentos e programas de atención ás persoas maiores e discapacitadas, que garantan a calidade da dita atención.

d) O regulamento e execución do sistema de acceso e admisión nos centros e servizos para as persoas maiores e con discapacidade.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Equipamentos e Servizos para Maiores.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A planificación, a xestión e o control dos centros e servizos dirixidos ao sector das persoas maiores.
- A elaboración, seguimento e control dos convenios e concertos con entidades prestadoras de servizos sociais que atinxen ao antedito colectivo.
- O estudo das necesidades organizativas, orzamentarias e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para persoas maiores.
- A elaboración de informes e estatísticas, a proposta de actuacións e normativa no ámbito das materias que atinxen ao servizo, así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.
- A coordinación con outras áreas de actuación dependentes doutros órganos nas materias encomendadas por razón da súa competencia, con atencion especial a área sociosanitaria.
- Tramitación e seguimento da admisión nos centros e servizos para as persoas maiores, así como os traslados entre centros e/ou servizos.

b) Servizo de Equipamentos e Servizos para Persoas con Discapacidade.

- A planificación, a xestión e o control dos centros e servizos dirixidos ao sector das persoas con discapacidade.

-A elaboración, o seguimento e o control dos convenios e concertos con entidades prestadoras de servizos sociais que atinxen ao antedito colectivo.

-O estudo das necesidades organizativas, orzamentarias e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para persoas con discapacidades.

-A elaboración de informes e estatísticas, a proposta de actuacións e normativa no ámbito das materias que atinxen ao servizo, así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.

-A coordinación con outras áreas de actuación dependentes doutros

órganos nas materias encomendadas por razón da súa competencia, con atención especial a área sociosanitaria.

-Tramitación e seguimento da admisión nos centros e servizos para as persoas con discapacidade, así como os traslados entre centros e/ou servizos.

Artigo 33º.-Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal.

1. Correspóndenlle a esta subdirección as seguintes funcións:

a) A elaboración de programas, proxectos e servizos orientados á integración social das persoas maiores e con discapacidades, así como á promoción da accesibilidade e á prevención das situacións de dependencia.

b) O deseño e posta en marcha de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, promoción do envellecemento activo e o fomento das relacións interxeracionais, así como o apoio aos programas de inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da consellería.

c) A coordinación da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios, así como coas entidades locais e entidades de iniciativa social para o desenvolvemento destes programas, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da consellería.

d) A coordinación dos órganos de participación e o asesoramento previstos na lexislación vixente, no seu ámbito competencial, e a elaboración e xestión de concertos, convenios, convocatorias de subvencións ou axudas e outras prestacións económicas.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Promoción da Accesibilidade.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A preparación, coordinación e control dos convenios e a convocatoria de subvencións de investimento en obras e equipamento coas entidades prestadoras de servizos sociais.
- O impulso do cumprimento da normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras, así como a proposta de actuacións e de normativa na materia competencia do servizo.
- A promoción da divulgación, información e o estudo da accesibilidade e supresión de barreiras.
- O apoio técnico e administrativo á Comisión Técnica de Accesibilidade e ao Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. así como cantas outras lle sexan encomendadas por razón da súa competencia.

b) Servizo de Programas de Promoción da Autonomía Persoal.

- A elaboración de programas, proxectos e servizos orientados á integración social das persoas maiores e con discapacidades e á prevención das situacións de dependencia.
- O deseño e posta en marcha de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, promoción do envellecemento activo e o fomento das relacións interxeracionais, así como o apoio aos programas de inserción sociolaboral das persoas con discapacidade.
- A coordinación da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios, así como coas entidades locais e entidades de iniciativa social para o desenvolvemento destes programas.
- A preparación, coordinación e control dos convenios e convocatoria de subvencións para programas de promoción da autonomía persoal e de prevención da situación de dependencia coas entidades prestadoras de servizos sociais.
- A preparación e o seguimento da colaboración para a formación e especialización dos profesionais da área de atención a persoas maiores e persoas en situación de discapacidade.

Artigo 34º.-Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

A este servizo, con dependencia directa do/a director/a xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, corresponderalle a xestión e o control do pagamento das axudas e subvencións, así como a xestión económica e de contratación administrativa para os programas e actividades xestionadas pola dirección xeral sen prexuízo do control e coordinación que lle corresponda á Secretaría Xeral.

Capítulo VII

Da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Artigo 35º.-Competencias.

1. Á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social. Coordinar e supervisar o funcionamento dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade sen prexuízo da que lle corresponda a outros órganos do departamento. Así mesmo, corresponderalle o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude e dos programas de turismo para a mocidade.

b) A xestión e funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude.

c) O seguimento na xestión da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, a súa promoción e desenvolvemento en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas; a coordinación das funcións informativas e de documentación do conxunto dos servizos da rede e a coordinación dos servizos prestados nas casas de xuventude propias.

d) A xestión en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Be-

nestar das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento do Plan Galego de Fomento e Promoción da Acción Voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria e todas aquelas segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado contará coas seguintes unidades administrativas:

- Subdirección Xeral de Programas.
- Subdirección Xeral de Promoción de Actividades.
- Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación.
- Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

Artigo 36º.-Subdirección Xeral de Programas.

1. Correspóndenlle a esta subdirección as seguintes funcións:

a) Promoción, difusión e seguimento de programas, actividades e a elaboración de convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados en actividades dirixidas á xuventude.

b) Promoción e seguimento do asociacionismo xuvenil.

c) O fomento e a promoción de intercambios e mobilidade de mozos/as con outras comunidades autónomas e países estranxeiros.

d) A promoción e difusión dos distintos carnés dirixidos á xuventude.

e) O desenvolvemento das funcións propias da Escola Galega de Lecer.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Programas.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- O desenvolvemento, coordinación, xestión e seguimento dos programas e servizos a prol da xuventude que lle correspondan á subdirección xeral.
- A participación na xestión e programación das actividades que se realizan en campamentos, albergues e centros de xuventude.
- A promoción e difusión de intercambios xuvenís con outras comunidades autónomas e países estranxeiros.
- Elaboración e tramitación dos convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, respecto da organización de actividades dirixidas á xuventude.

b) Servizo de Participación Xuvenil.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- A tramitación e o seguimento das axudas e subvencións relacionadas coas materias propias da subdirección xeral.
- A promoción e xestión dos carnés nacionais e internacionais para a xuventude.
- A coordinación e xestión do Rexistro de Instalacións Xuvenís.
- As funcións de fomento e seguimento de todas as actividades relacionadas co asociacionismo xuvenil e a coordinación e xestión do Censo de Asociacións Xuvenís.
- A programación e ordenación de ensinanzas a través da Escola Galega de Lecer, así como a promoción das diferentes actividades formativas relacionadas cos programas e actividades xestionados pola subdirección xeral.
- A coordinación dos servizos prestados nos albergues e residencias da nosa comunidade autónoma integrados na Rede Española de Albergues Xuvenís.

Artigo 37º.-Subdirección Xeral de Promoción de Actividades.

1. Correspóndenlle a esta subdirección as seguintes funcións:

a) Promocionar, organizar e coordinar actividades destinadas á xuventude, ben directamente ou en colaboración con asociacións xuvenís ou outras administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados.

b) Coordinar e fomentar actividades que se realicen no ámbito das residencias xuvenís.

c) Promocionar e fomentar os programas de turismo para a mocidade.

d) Coordinar, promocionar e informar dos programas e proxectos da Unión Europea dirixidos á xuventude.

e) Promover a formación da mocidade galega na realización de proxectos europeos e a cooperación de entidades xuvenís asociativas galegas con outros de carácter europeo.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, contará coa seguinte unidade administrativa con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Promoción de Actividades e Mobilidade Xuvenil.

Correspóndelle a este servizo:

- Desenvolver, coordinar e xestionar as actividades dirixidas á xuventude que lle corresponden á subdirección xeral.
- Coordinar a xestión dos proxectos europeos que estean en funcionamento e dos que a dirección xeral forme parte e asesorar e capacitar a mocidade galega na realización de proxectos europeos de ámbito competencial da dirección xeral.
- Promover a cooperación de entidades xuvenís asociativas galegas con outras de carácter europeo.
- Participar e representar a Galicia na Axencia Nacional do programa Xuventude en Acción e promocionar entre a mocidade galega o devandito programa, así como xestionar, avaliar e facer seguimento dos proxectos galegos presentados ao seu abeiro.

Artigo 38º.-Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación.

1. Correspóndenlle a esta subdirección as seguintes funcións:

a) Promover a participación e o voluntariado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia directamente e en colaboración coas entidades de acción voluntaria e fomentar a cooperación cos departamentos competentes en materia de voluntariado doutras comunidades autónomas e do Estado.

b) Elaborar e realizar o seguimento da execución do Plan Galego do Voluntariado.

c) Planificar os programas formativos en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

d) Fomentar o traballo en rede coas entidades de acción voluntaria a través da web.

e) Desenvolver campañas de sensibilización e difusión do voluntariado entre a poboación galega en xeral e, en particular, entre os/as escolares.

f) Realizar os labores de coordinación do Consello Galego do Voluntariado, exercendo as funcións de secretariado deste.

g) Planificar o desenvolvemento normativo e as liñas de colaboración para proxectos de voluntariado.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións contará coa seguinte unidade administrativa con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Voluntariado.

Correspóndelle a este servizo o exercicio das seguintes funcións:

- Xestionar o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.
- Tramitar e realizar o seguimento dos expedientes de subscrición de convenios, concertos ou calquera outro medio de colaboración con entidades públicas ou privadas e a convocatoria de axudas e subvencións a entidades e concellos.
- Redactar propostas normativas, informes, estudos e estatísticas.
- Executar e facer o seguimento dos programas de formación.
- Xestionar os proxectos europeos de política social en relación coas áreas de voluntariado en Galicia.
- Prestar servizos de información, documentación e asesoramento ás organizacións de voluntariado.
- Executar e xestionar programas específicos en materia de voluntariado.

Artigo 39º.-Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

A este servizo, con dependencia directa do/a director/a xeral de Xuventude e Voluntariado, corresponderalle a xestión e o control do pagamento das axudas e subvencións, así como a xestión económica e de contratación administrativa para os programas e actividades xestionados pola dirección xeral sen prexuízo do control e coordinación que lle corresponda á secretaría xeral.

Título III

Servizos Periféricos

Dos Departamentos Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar

Artigo 40º.-Organización.

1. Para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Traballo e Benestar organízase nos departamentos territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, que desenvolverán as súas funcións no ámbito territorial da provincia correspondente, sen prexuízo das funcións de coordinación do exercicio das competencias que asume cada delegación no seu correspondente ámbito territorial de acordo co disposto no artigo 2 do Decreto 245/2009, do 30 de abril.

2. O Departamento Territorial de Vigo contará cunha oficina coordinadora en Pontevedra que, baixo as directrices do xefe territorial de Vigo, prestará funcións de apoio técnico e administrativo ás unidades administrativas existentes no ámbito da Delegación Territorial de Pontevedra.

Artigo 41º.-Funcións.

1. A fronte de cada departamento territorial existirá un/unha xefe/a territorial do/da que dependerán todos os servizos, unidades ou centros da consellería que radiquen no ámbito territorial da súa competencia. As persoas titulares das xefaturas territoriais dependerán funcionalmente do/da conselleiro/a, sen prexuízo das directrices que, na orde funcional, poidan emanar do/a secretario/a xeral e dos/as directores/as xerais da consellería.

2. Os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, baixo a autoridade e supervisión da persoa titular da xefatura territorial, estarán integrados polas seguintes unidades administrativas, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Coordinación Administrativa.

Este servizo desenvolverá as seguintes funcións:

- A coordinación administrativa do funcionamento dos servizos dependentes do departamento territorial.
- A habilitación e xestión do persoal que preste servizos no departamento territorial e nos centros dependentes.
- As cuestións de réxime interior, información e atención ao cidadán, rexistro xeral, publicacións, tramitación administrativa, arquivo e inventario.
- A execución de actuacións de inspección da organización e o funcionamento dos servizos administrativos do departamento.
- Prestarlle asesoramento e asistencia técnica e administrativa ao/á xefe/a territorial e substituílo/la en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- Calquera outro asunto que non sexa de competencia específica dos demais servizos do departamento.

b) Servizo de Xestión Económica.

- O control contable, a xestión e xustificación dos créditos que se lle asignen ou desconcentren.
- A elaboración do estudo do anteproxecto de orzamento anual correspondente aos programas de gasto do departamento e dos

centros dela dependentes.

- A coordinación e supervisión da xestión económica dos servizos do departamento e dos centros dependentes del.
- A administración, control contable, xestión e xustificación dos créditos desconcentrados e asignados ao departamento.
- A habilitación dos medios materiais.
- A tramitación dos expedientes de contratación.

c) Servizo de Promoción do Emprego.

Desenvolverá as funcións propias da Dirección Xeral de Promoción do Emprego no respectivo ámbito territorial.

d) Servizo de Formación e Colocación.

Desenvolverá as funcións propias da Dirección Xeral de Formación e Colocación no respectivo ámbito territorial.

e) Servizo de Relacións Laborais.

Desenvolverá as funcións propias da Dirección Xeral de Relacións Laborais no respectivo ámbito territorial e a coordinación cos xefes dos centros provinciais do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) nos supostos de investigación de accidentes laborais e naqueloutros asuntos que se determinen.

f) Servizo de Familia e Menores.

Desenvolverá as funcións propias da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, nas áreas sociais de familia e menores no respectivo ámbito territorial.

g) Servizo de Xuventude e Voluntariado.

Desenvolverá as funcións propias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no respectivo ámbito territorial.

h) Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal.

Desenvolverá as funcións propias da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, nas áreas sociais de persoas maiores e discapacitadas no respectivo ámbito territorial.

i) Servizo de Prestacións e Inclusión.

Desenvolverá as funcións propias da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, nas áreas sociais de servizos comunitarios e inclusión social no seu respectivo ámbito territorial.

Disposicións adicionais

Primeira.-No non previsto neste decreto, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade dos titulares das direccións xerais da Consellería de Traballo e Benestar, as competencias atribuídas por este decreto aos correspondentes órganos serán exercidas, temporalmente e mentres persistan aquelas circunstancias, polas persoas titulares das direccións xerais da consellería, seguindo a orde de prelación que se establece no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Segunda.-As funcións e competencias atribuídas por outras normas ás extintas delegacións provinciais da Consellería de Traballo e da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar non previstas neste decreto, enténdense atribuídas ás persoas titulares das xefaturas territoriais desta consellería.

Disposicións transitorias

Primeira.-Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto, se modifique a denominación ou o contido funcional das subdirección xerais ou servizos existentes, autorízase a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, por proposta da Secretaría Xeral da consellería, para adscribir o persoal funcionario que ocupaba o posto existente ao posto equivalente que figura neste decreto.

No caso de supresión ou amortización das subdirección xerais ou xefaturas de servizo, será de aplicación o establecido na normativa vixente en materia de función pública.

Segunda.-As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de servizo correspondentes ás subdirección xerais ou servizos suprimidos ou amortizados como consecuencia deste decreto, continuarán subsistentes e retribuiranse con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aprobe a nova relación de postos de traballo adaptada á estrutura orgánica establecida neste decreto. As unidades e os postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos adscribiranse provisionalmente, por orde da persoa titular da consellería por proposta da secretaría xeral, aos órganos establecidos neste decreto en función das atribucións que teñen asignadas.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogados o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, modificado polos decretos 20/2007, do 22 de febreiro, e 14/2008, do 7 de febreiro; o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, modificado polo Decreto 47/2007, do 15 de marzo, no que respecta ás areas competenciais asumidas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido neste decreto ou o contradigan.

Malia o anterior, manterán a súa vixencia as disposicións recollidas no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, relativas á estrutura orgánica do Consello Galego de Relacións Laborais, en tanto non sexa aprobada a nova estrutura orgánica do citado ente institucional.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar para ditar as disposicións necesarias para a execución e o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, once de xuño de dous mil nove.

5 Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 222, do 12.11.2009).

Entre os principios xerais do seu título preliminar, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, en concordancia co sinalado na Constitución española de 1978 no seu artigo 9.2º, establece que «corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

A Constitución española, no seu artigo 22.1º recoñece o dereito de asociación, e no seu número tres dispón que as asociacións constituídas ao seu abeiro se deberán inscribir nun rexistro, só para os efectos de publicidade.

A Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, levou a cabo unha ampliación de competencias para a Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo entre outras a execución da lexislación do Estado en materia de asociacións.

Coa aprobación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, culmina unha histórica reivindicación dun colectivo que ten unha presenza evidente na nosa economía.

O Estatuto do traballo autónomo é unha lei innovadora no noso Estado que establece un marco xeral de regulación dos profesionais e traballadores autónomos en que define xuridicamente o sector, establece un réxime profesional de dereitos e deberes, e igualmente un réxime de incentivos para a dignificación, apoio e consolidación do traballo autónomo.

Ademais de configurar un novo marco das relacións xurídicas, recolle no seu título III os dereitos colectivos de todas as traballadoras/es autónomas/os, e nos artigos 20, 21 e 22 establece o dereito de asociación profesional das traballadoras/es autónomas/os, o que significa o recoñecemento do movemento asociativo como instrumento de participación da sociedade e de participación nos asuntos públicos, e na súa disposición adicional sexta establece que as comunidades autónomas crearán, no seu ámbito territorial, o rexistro especial segundo o disposto no artigo 20.3º do Estatuto do traballo autónomo.

Resulta patente o importante papel que as asociacións desempeñan nos diversos ámbitos da actividade social contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada.

A creación do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadoras/es Autónomas/os supón un recoñecemento e un mellor coñecemento do asociacionismo galego, o que fará posible unha mellor defensa dos intereses profesionais dun colectivo fundamental nos tres sectores produtivos galegos e que abarca en Galicia un 23% da poboación ocupada.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén realizando un importante esforzo normativo nos distintos ámbitos sectoriais que afectan as traballadoras/es autónomas/os, froito dos cales é esta norma pola que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este decreto consta de 27 artigos distribuídos en seis capítulos, unha disposición adicional e dúas derradeiras, e nel, establécense o seu ámbito de aplicación, as funcións e o procedemento de inscrición, o réxime xurídico da inscrición, a organización e o funcionamento do rexistro.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e, a través do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas de emprego e á promoción do emprego autónomo.

Por todo o exposto, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Capítulo I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Este decreto ten por obxecto a creación do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia e a regulación do procedemento de inscrición das asociacións, as súas federacións, as súas confederacións e unións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. Para os efectos da inscrición e depósito dos estatutos no rexistro, enténdese por asociación profesional de traballadores autónomos, conforme o establecido no artigo 20.2º da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, aquela que teña por finalidade a defensa e tutela colectiva dos intereses profesionais das traballadoras/es autónomas/os e funcións complementarias, que poderá desenvolver todas aquelas actividades lícitas dirixidas a esta finalidade. En ningún caso poderá ter ánimo de lucro.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. Este decreto será de aplicación a aquelas asociacións profesionais de traballadores autónomos que agrupen as persoas físicas que estean comprendidas no artigo 1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que teñan por finalidade a defensa dos intereses profesionais das súas persoas asociadas e funcións complementarias, e desenvolvan principalmente as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Enténdese que as asociacións profesionais de traballadores autónomos desenvolven a súa actividade principalmente na Comunidade Autónoma de Galicia cando máis do 50% das súas persoas asociadas estean domiciliadas nela.

3. Será potestativa a inscrición das federacións, confederacións ou unións de asociacións profesionais de traballadores autónomos comprendidas no mesmo ámbito territorial.

Capítulo II

Da natureza do rexistro

Artigo 3º.-Natureza do rexistro.

1. O Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro administrativo de carácter público.

2. As asociacións a que se refire o artigo 2º deste decreto deberanse inscribir só para os efectos de publicidade, de acordo co que establece o artigo 22.3º da Constitución española.

3. A inscrición rexistral fai pública a constitución e demais actos inscritibles das asociacións e é garantía tanto para os terceiros que con elas se relacionan como para os seus propios membros.

Artigo 4º.-Publicidade rexistral.

1. A publicidade rexistral farase efectiva por certificación do contido dos asentos ou por simple nota informativa ou copia dos asentos e dos documentos depositados no rexistro.

2. Do depósito dos estatutos e das súas modificacións darase publicidade no taboleiro de anuncios do rexistro ou, de ser o caso, por medios informáticos ou telemáticos e no Diario Oficial de Galicia ou no BOP segundo corresponda, indicando a denominación, o ámbito territorial, a súa especialidade subxectiva e obxectivos, ámbito funcional ou actividade económica e os asinantes das actas de constitución e modificación.

3. A publicidade do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal que consten na documentación de cada asociación, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5º.-Certificacións.

1. A certificación será o medio de acreditar fidedignamente o contido dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. En ningún caso o citado rexistro poderá expedir certificacións sobre os datos de inscrición de asociacións inscritas noutros rexistros de asociacións.

2. A certificación será emitida pola oficina central ou provincial do Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido no artigo 6º, onde figure inscrita a asociación, federación, confederación ou unión de asociacións profesionais de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As certificacións poderanse solicitar mediante calquera medio que permita a constancia da solicitude realizada, sen prexuízo da necesaria xustificación do pagamento da taxa correspondente de conformidade co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Capítulo III

Adscrición, estrutura, organización e funcionamento do rexistro

Artigo 6º.-Adscrición e estrutura.

1. O Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia adscríbese á dirección xeral competente en materia de promoción do emprego.

2. O Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia será único para todo o territorio da comunidade autónoma e estrutúrase nunha oficina central do rexistro dependente da dirección xeral competente en materia de promoción do emprego e nas oficinas provinciais do rexistro dependentes dos departamentos territoriais da consellería a que se adscriba a citada dirección xeral.

3. A oficina central do rexistro será competente para a inscrición de:

a) Asociacións de carácter intersectorial.

b) Asociacións de ámbito sectorial e pluriprovincial.

c) Federacións, confederacións e unións de asociacións profesionais de traballadores autónomos de Galicia.

4. As oficinas provinciais do rexistro serán competentes para a inscrición de:

a) Asociacións de ámbito sectorial que desenvolvan a súa actividade principal nunha soa provincia.

b) Federacións, confederacións e unións de asociacións profesionais de traballadores autónomos de Galicia sectoriais de ámbito provincial.

Artigo 7º.-Organización do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. A oficina central do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia contará con tres seccións:

- Sección 1ª: asociacións de carácter intersectorial.
- Sección 2ª: asociacións de ámbito sectorial e pluriprovincial.
- Sección 3ª: federacións, confederacións e unións de asociacións.

2. As oficinas provinciais do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia contará con dúas seccións:

   - Sección 1ª: asociacións sectoriais de ámbito provincial.
   - Sección 2ª: federacións, confederacións e unións de asociacións sectoriais de ámbito provincial.

Artigo 8º.-Follas rexistrais.

1. Nas oficinas centrais ou provinciais do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia practicaranse as inscricións correspondentes ás asociacións da súa competencia en follas rexistrais que se comporán dos espazos necesarios para a práctica dos asentos preceptivos e que se poderán elaborar por procedementos informáticos.

2. --Cada asociación, federación, confederación ou unión terá asignado un número correlativo e independente único, na oficina central ou provincial e sección que lle corresponda segundo o establecido no artigo 27º deste decreto.

3. A oficina central do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia levará un ficheiro de denominacións de asociacións para ofrecer publicidade informativa que evite duplicidade ou semellanza de nomes.

Para os citados efectos, as oficinas provinciais do rexistro comunicarán á oficina central os asentos de inscrición do seu respectivo ámbito competencial.

Artigo 9º.-Tipos de asentos.

No Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia practicaranse os seguintes tipos de asentos:

- Asentos de inscrición.
- Asentos complementarios.
- Asentos de rectificación.
- Notas marxinais.

Artigo 10º.-Asentos de inscrición.

1. O asento de inscrición da constitución dunha asociación deberá facer constar a data en que se practica e o número asignado, denominación da entidade, data da acta fundacional ou de constitución, os fins e actividades sociais, ámbito territorial en que desenvolverán principalmente as súas actividades, socias/os fundadores ou, de ser o caso, membros da comisión xestora ou xunta directiva provisional, así como a data da resolución de inscrición e clasificación funcional.

2. O asento de inscrición de modificación estatutaria fará constar a data da asemblea xeral que adoptou o acordo de modificación e a de resolución da súa aprobación. Detallará, así mesmo, o artigo ou artigos modificados.

3. A inscrición da disolución de asociacións deberá conter a data da asemblea xeral en que se adoptou o acordo e a data da resolución administrativa, así como o destino dado ao remanente patrimonial, se o houber.

Artigo 11º.-Asentos complementarios.

1. No asento de nomeamento e renovación de membros de órganos de goberno constará a data do acordo do órgano competente para a elección, os cargos e os nomes das persoas que resultaron elixidas.

2. Os asentos de traslado por cambio de domicilio social da asociación farán mención á data do acordo de modificación da sede e da nova domiciliación, e comportarán sen solución de continuidade, se o cambio supón traslado de provincia, a alta na oficina rexistral provincial que corresponda.

3. O asento de apertura ou peche de locais ou delegacións sinalará a data de acordo e, de ser o caso, a domiciliación correspondente.

4. Os asentos de traslado dunha sección do rexistro a outra, como consecuencia de modificacións estatutarias, deixarán constancia da data do acordo adoptado polo órgano competente e implicarán a alta na sección do rexistro que corresponda conservando a antigüidade que tivesen, para todos os efectos.

Artigo 12º.-Asentos de rectificación.

Os erros materiais, de feito ou aritméticos, que se detecten no contido dos asentos practicados, serán rectificados, de oficio ou por instancia dos interesados, pola persoa encargada da oficina rexistral. Os erros que deriven dos actos inscritos deberanse rectificar unha vez que se aprobe a correspondente resolución administrativa.

Artigo 13º.-Notas marxinais.

O dilixenciado dos libros que deberán levar as asociacións farase constar, mediante nota marxinal, detallando a data de presentación e a persoa que o solicita. Igualmente, sinalarase a data en que se practica.

Capítulo IV

Funcións do rexistro

Artigo 14º.-Funcións do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia terá as funcións de:

   a) Inscribir as asociacións profesionais de traballadores autónomos e as federacións, confederacións e unións de asociacións profesionais de traballadores de ámbito autonómico que reúnan os requisitos establecidos, así como as súas modificacións estatutarias, variacións dos órganos de goberno e a súa cancelación, e practicar o resto das inscricións ou anotacións que procedan respecto dos actos e documentos que se citan no artigo 16º deste decreto.

b) Custodiar e conservar a documentación de cada asociación, que forma o seu protocolo e que constitúe o soporte dos asentos que se practican.

c) Visar os estatutos ou as súas copias, a solicitude das persoas interesadas, mediante dilixencia na súa última folla, na cal conste o número e a data de inscrición, a sección do rexistro e a unidade rexistral que a practica. Ademais, estamparase o selo do rexistro en todas as súas follas.

d) Expedir certificacións, notas informativas ou copias de asentos ou documentos que, sobre o contido do rexistro, lle sexan solicitadas.

e) Remitir ao rexistro especial da oficina pública establecida para o efecto no Ministerio de Traballo e Inmigración as solicitudes que se presenten relativas a asociacións que desenvolvan principalmente as súas funcións nun ámbito superior ao da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Comunicar ao rexistro especial da oficina pública establecida para o efecto no Ministerio de Traballo e Inmigración os asentos de inscrición e disolución das asociacións de ámbito autonómico inscritas en Galicia.

g) Facilitar a información que lle sexa requirida sobre requisitos para a constitución de asociacións, documentación necesaria para a súa inscrición e calquera cuestión relacionada co funcionamento do rexistro.

Artigo 15º.-Dereito de inscrición.

O dereito á inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia só se poderá denegar cando non se reúnan os requisitos establecidos no artigo 30.3º da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e no artigo 20 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Artigo 16º.-Actos inscritibles.

Serán obxecto de inscrición, de acordo co procedemento que se establece neste decreto, os seguintes actos:

a) A constitución da asociación.

b) As modificacións estatutarias.

c) A identidade de titulares da xunta directiva ou órgano de representación.

d) A apertura, cambio e peche de delegacións e establecementos.

e) As asociacións que constitúen ou integran federacións, confederacións ou unións de asociacións.

f) A incorporación e separación de asociacións a unha federación, confederación ou unión de asociacións.

g) A suspensión, disolución ou baixa da asociación e as súas causas.

Capítulo V

Procedemento de inscrición

Artigo 17º.-Solicitude de inscrición da constitución da asociación.

1. A inscrición da constitución da asociación no rexistro formalizarase mediante solicitude dirixida á dirección xeral competente en materia de promoción do emprego ou aos departamentos territoriais da consellería competente en materia de emprego, que se poderá presentar por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A solicitude de inscrición deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Identificación do solicitante ou solicitantes, as súas sinaturas e cargo que desempeñan na asociación ou condición en que actúan e o seu número de identificación fiscal.
- Identificación exacta da asociación, a súa denominación, domicilio, o nome de dominio ou enderezo da internet que, de ser o caso, utilicen, de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico e o número de identificación fiscal.
- Descrición da documentación que se xunta á petición que se formula.
- Xustificante do aboamento das taxas correspondentes.

Artigo 18º.-Acta fundacional.

Xunto coa solicitude de inscrición deberase xuntar, por duplicado exemplar, a acta fundacional, cuxo contido será o seguinte:

a) Nome e apelidos das persoas promotoras da asociación (como mínimo tres persoas físicas), a nacionalidade, o domicilio e o número de identificación fiscal. Se algunha persoa promotora é estranxeira deberá acreditar que conta coa autorización de estancia ou residencia en España.

b) A vontade das persoas promotoras de constituír unha asociación, os pactos que, de ser o caso, tivesen establecidos e a denominación exacta daquela.

c) Os estatutos aprobados, que serán asinados en todas as follas coas sinaturas orixinais de todas as persoas promotoras e que deberán conter os seguintes extremos, sen prexuízo de que tamén poidan conter calquera outra disposición e condición lícita que as persoas promotoras consideren convenientes, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da asociación:

- A denominación, domicilio, así como o ámbito territorial en que deba realizar principalmente as súas actividades.
- A duración, cando a asociación non se constitúa por tempo indefinido.
- Os fins e actividades da asociación descritos de forma precisa.
- Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación das persoas asociadas e, de ser o caso, as clases destas.
- Os dereitos e obrigas das persoas asociadas e, de ser o caso, de cada unha das súas distintas modalidades.
- Os criterios que garantan o funcionamento democrático da aso-

ciación.

- Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu cesamento, a forma de deliberar, adoptar e executar os seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificalos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou de propoñer asuntos na orde do día.
- O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de peche do exercicio asociativo.
- O patrimonio inicial e os recursos económicos de que se poderá facer uso.
- Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade.

d) O lugar e data de outorgamento da acta coas sinaturas orixinais das persoas promotoras, así como a vontade de constituír a asociación.

e) A designación dos integrantes dos órganos provisionais de goberno que representan a asociación.

Artigo 19º.-Inscrición da modificación dos estatutos.

1. O prazo para presentar a solicitude de inscrición da modificación dos estatutos será dun mes desde que adoptase o acordo de modificación a asemblea xeral convocada especificamente con tal obxecto.

2. A solicitude de inscrición dirixirase á oficina central ou provincial do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia e deberá conter os datos que se indican no artigo 17º así como o seu número de inscrición no Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Xunto coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

a) Acta da reunión da asemblea xeral da asociación ou certificado desta expedido pola persoa ou cargos coa facultade para certificala de acordo cos seus estatutos, que recolla o acordo adoptado polo que se modifican os estatutos, a relación do artigo ou artigos modificados, o quórum de asistencia, o resultado da votación e a data da súa aprobación.

b) Nas modificacións de estatutos que non consistan exclusivamente no cambio de domicilio social sen alteración do ámbito territorial será preciso presentar o texto íntegro dos novos estatutos en duplicado exemplar que conteña os artigos modificados, asinados polos representantes da asociación, en que se faga constar, mediante a oportuna dilixencia expedida ao final do documento, que quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral ou, de ser o caso, de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos, e deberá constar, en ambos os casos, a data en que se adoptou a modificación.

4. A inscrición das modificacións estatutarias suxeitarase aos mesmos requisitos que a inscrición dos estatutos.

Artigo 20º.-Inscrición da identidade dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación.

1. O prazo de presentación da solicitude de inscrición da identidade dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación será dun mes desde a elección ou modificación dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación, e deberase dirixir a solicitude á oficina central ou provincial do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A solicitude deberá conter os datos que se indican no artigo 17º deste decreto así como o seu número de inscrición na oficina central ou provincial do Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A solicitude de inscrición ou modificación dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación deberá ir acompañada da acta da reunión ou acordo adoptado, segundo se determinase a súa forma de elección nos seus estatutos, ou certificado da acta ou do acordo expedido polas persoas ou cargos con facultade para certificalos de acordo cos seus estatutos, polo que se elixisen ou modificasen os titulares da xunta directiva ou órgano de representación, en que deberán constar, ademais da data en que se adoptaron:

a) Os nomes e apelidos, domicilio e demais datos de identificación.

b) A data de nomeamento e, de ser o caso, da ratificación e aceptación polos titulares.

c) A data da revogación e do cesamento, de ser o caso, dos titulares saíntes.

d) As sinaturas dos titulares e, de ser o caso, dos titulares saíntes.

Artigo 21º.-Inscrición da apertura e peche de delegacións e establecementos.

1. No termo dun mes desde que se adoptase o acordo de apertura ou peche de delegacións ou establecementos dunha asociación dirixirase a solicitude de inscrición á oficina do rexistro onde se atope inscrita a entidade.

2. O contido da solicitude e a documentación que se deberá achegar será a seguinte:

a) A solicitude deberá conter os datos que se indican no artigo 17º.2, así como o seu número de inscrición.

b) Xunto coa solicitude deberase achegar a acta da reunión ou certificado desta expedido pola persoa ou cargo coa facultade para certificala de acordo cos seus estatutos, que recolla o acordo sobre a apertura ou o peche de delegacións ou establecementos da asociación, en que deberá constar, ademais da data en que se adoptase:

b.1) A rúa, número, municipio, localidade, provincia e o código postal do domicilio social da nova delegación ou establecemento, no caso de que se inscriba a súa apertura.

b.2) A rúa, número, municipio, localidade, provincia e o código postal do domicilio social da delegación ou establecemento que se pecha, no caso de que se inscriba o seu peche.

3. No suposto de que se acorde a apertura dunha ou varias delega-

cións ou establecementos e, pola súa vez, o peche dunha ou varias delegacións ou establecementos, deberán constar os datos a que se refire o punto anterior respecto de cada unha delas.

Artigo 22º.-Inscrición da suspensión, disolución ou baixa da asociación e as súas causas.

1. As asociacións só poderán ser suspendidas nas súas actividades por resolución motivada da autoridade xudicial competente.

2. As asociacións disolveranse polas causas previstas nos estatutos e, no seu defecto, pola vontade das súas persoas asociadas expresada na asemblea xeral convocada para o efecto, así como polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil e por sentenza xudicial firme.

3. As asociacións causarán baixa no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia por terse producido a disolución e a liquidación da asociación, por modificación do seu ámbito territorial ou do seu réxime xurídico ou rexistral ou por outro motivo legalmente establecido.

4. No prazo dun mes desde que se producise a causa que determine a suspensión, a disolución ou a baixa da asociación, deberase dirixir a solicitude de inscrición daquela á oficina do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. A solicitude de inscrición, xa sexa da suspensión ou da disolución, xa da baixa da asociación, deberá conter os datos que se indican no artigo 17º, así como o seu número de inscrición na oficina central ou provincial do Rexistro de Asociacións de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Para a inscrición da suspensión da asociación deberase achegar, xunto coa solicitude, unha copia da resolución xudicial firme pola que se establece a suspensión das súas actividades, salvo que conste no rexistro por ter sido notificada de oficio.

7. Para a inscrición da disolución deberase presentar xunto coa solicitude:

a) Cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representación, asinado por estes, ou as razóns da ausencia de sinatura.

b) Balance da asociación na data da disolución.

c) Datos identificativos de todas as persoas encargadas da liquidación, de ser o caso, coas súas respectivas sinaturas, e o documento acreditativo da súa identidade.

d) Destino que se lle vai dar ao patrimonio de acordo co establecido nos seus estatutos.

e) Se a disolución tivo lugar polas causas previstas nos estatutos, referencia aos artigos en que se recollan as ditas causas e documento acreditativo da data en que se produciron aquelas.

f) Se a disolución é consecuencia da vontade das persoas asociadas expresada en asemblea xeral convocada para o efecto, a acta da reunión da asemblea xeral ou certificado daquela expedido polas persoas ou cargos con facultade para certificala, no que conste a data en que se adoptou e o quórum de asistencia e o resultado da votación.

g) Se a disolución ten lugar por sentenza xudicial firme, copia da sentenza xudicial firme pola que se dita a disolución da asociación, salvo que conste no rexistro por ter sido notificada de oficio.

8. Para a inscrición da baixa da asociación, deberase presentar xunto coa solicitude:

a) Se a baixa se produciu como consecuencia da disolución e liquidación da asociación, documento acreditativo de ter concorrido as circunstancias que deron lugar á disolución da asociación e do escrito asinado por todas as persoas liquidadoras en que se faga constar que se lle deu ao patrimonio resultante o destino previsto nos seus estatutos, sen que existan acredores, e solicitude da cancelación dos asentos rexistrais.

b) Se a baixa se produciu por modificación do ámbito territorial, do réxime xurídico ou rexistral da asociación, ou por algún outro motivo legalmente establecido, documento acreditativo das causas que motivaron a baixa e data na que se produciron aquelas.

Artigo 23º.-Inscrición de federacións, confederacións e unións de asociacións.

1. Para que se poida inscribir unha federación, confederación ou unión de asociacións será requisito indispensable que as asociacións promotoras estean inscritas na oficina correspondente do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O establecido respecto aos actos inscritibles regulados nos artigos 17º, 18º, 19º, 20º, 21º e 22º deste decreto será de aplicación aos actos inscritibles de federacións, confederacións ou unións de asociacións profesionais de traballadores autónomos.

3. Unicamente, respecto á documentación que se debe presentar xunto coa solicitude de inscrición de constitución, será necesario xuntar os seguintes documentos:

a) Na acta fundacional deberán constar, ademais da denominación, os números de inscrición e domicilio de cada unha das asociacións.

b) Por cada unha das asociacións que se integren na federación, confederación ou unión de asociacións, unha certificación expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar, do acordo adoptado para a súa integración e a designación da persoa ou persoas que representen a entidade asociativa no acto constitutivo desta.

c) Os estatutos deberán ir asinados por todos os representantes de todas as asociacións.

Capítulo VI

Réxime xurídico da inscrición

Artigo 24º.-Instrución.

1. O órgano instrutor do procedemento será o servizo que teña asignada a xestión do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da consellería competente en materia de promoción do emprego e os correspondentes servizos de Promoción do

Emprego dos departamentos territoriais da citada consellería.

2. Recibida a solicitude de inscrición, o órgano instrutor examinará e verificará se cumpre os requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

3. Cando se advirtan defectos formais na solicitude ou na documentación que a acompaña, ou cando a denominación coincida cunha marca rexistrada notoria, salvo que o solicite o seu titular ou co seu consentimento, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Cando a entidade solicitante non se atope incluída no ámbito de aplicación da Lei orgánica 1/2002 ou non teña natureza de asociación profesional de traballadores autónomos, a Administración, logo de audiencia desta, denegará a inscrición no rexistro e indicaralle á persoa solicitante cal é o rexistro ou órgano administrativo competente para inscribila. A denegación será sempre motivada.

Artigo 25º.-Realización da inscrición.

1. No caso de que a solicitude cumpra os requisitos exixidos, ditarase resolución que acorde a inscrición, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. A competencia para ditar as resolucións de inscrición no rexistro correspóndelle ao director xeral competente en materia de promoción do emprego respecto das asociacións de carácter intersectorial, asociacións de ámbito sectorial e pluriprovincial, e das federacións, confederacións e unións de asociacións de profesionais de traballadores autónomos de Galicia ou aos xefes dos departamentos territoriais da consellería con competencias en materia de promoción do emprego.

3. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas.

4. O prazo para resolver e notificar será de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen se ditar a resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de inscrición.

Artigo 26º.-Réxime dos recursos.

1. As resolucións ditadas que deneguen a inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia non porán fin á vía administrativa.

2. Contra as citadas resolucións poderase interpoñer recurso de alzada perante o/a conselleiro/a competente en materia de promoción do emprego, ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolver, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esgotada a vía administrativa, poderase interpor recurso na vía contencioso-administrativa conforme a súa lei reguladora, sen prexuízo do que dispón o artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, cando se aprecien indicios de ilicitude penal.

Artigo 27º.-Asignación de número de inscrición.

Aprobada mediante resolución a inscrición de constitución dunha asociación, federación, confederación ou unión de asociación de profesionais de traballadores autonomos, asignaráselle a cada unha destas un número de xeito correlativo e independente para cada unha das seccións en que se estrutura o rexistro.

Disposición adicional

Única.-Adaptación de estatutos das asociacións profesionais de traballadores autónomos.

1. As asociacións profesionais de traballadores autónomos constituídas en aplicación da lexislación anterior e que gocen de personalidade xurídica no momento da entrada en vigor da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, entenderanse validadas sempre que cumpran os requisitos da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e os da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

2. As asociacións inscritas no momento da entrada en vigor do Estatuto do traballo autónomo no rexistro público que en cada caso resultase obrigatorio na dita data, en virtude da validación a que se refire o punto anterior, non terán que inscribirse en ningunha outra oficina distinta ao Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos creados por este decreto, sen prexuízo, de ser o caso, da obriga de adaptar os seus estatutos ás disposicións da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro/a competente en materia de traballo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e dous de outubro de dous mil nove.

6 Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia.

(DOG nº 31, do 13.02.2009).

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, no seu artigo 11.4º, establece que os centros integrados de formación profesional son aqueles que imparten todas as ofertas formativas a que se refire o artigo 10.1º da mesma lei.

Pola súa banda, o Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional, determina no seu artigo 12 a existencia dun consello social, que define no seu artigo 14 como o órgano de participación da sociedade nos centros integrados de formación profesional.

Nesta liña, o Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 16 a composición dos consellos sociais dos centros integrados en Galicia. A súa disposición adicional segunda habilita as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Traballo para desenvolver o citado decreto nos seus respectivos ámbitos de competencia.

Ao abeiro das disposicións citadas, cómpre establecer o marco normativo que permita facer efectiva a participación dos sectores sociais nos centros integrados para dar unha mellor resposta ás demandas sociais e dos sectores produtivos.

En virtude do exposto, e en uso das competencias que lles están conferidas, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, e o conselleiro de Traballo,

DISPOÑEN:

Capítulo I

Definición, funcións e competencias

Artigo 1º.-Definición.

O consello social dos centros integrados de formación profesional é o órgano de participación que impulsa a colaboración entre a sociedade galega e estes centros mediante a determinación das necesidades do seu contorno, coa finalidade de contribuír eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público da formación profesional e á obtención dos recursos precisos para procurar a súa suficiencia económica e financeira.

Artigo 2º.-Funcións.

Correspóndenlle a este órgano as funcións que lle encomenda o Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, as seguintes:

1. De relación entre os centros integrados e a sociedade.

   a) Promover o coñecemento mutuo entre os centros integrados de formación profesional e a sociedade, favorecendo e organizando eventos que difundan este labor e transmitíndolle as aspiracións á comunidade galega.

   b) Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento da formación profesional e da investigación, contribuíndo á captación de recursos.

   c) Establecer as directrices para elaborar o proxecto funcional do centro, así como a súa aprobación.

   d) Aprobar os plans anuais e as memorias do centro.

   e) Emitir informe das candidaturas con carácter previo ao nomeamento do director ou da directora do centro.

   f) Impulsar as actuacións que permitan un maior achegamento do estudantado ás demandas do mercado laboral e, nomeadamente, a celebración de acordos entre o centro integrado de formación profesional e outras entidades públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e das persoas tituladas, e a facilitar o seu acceso ao mundo profesional.

   g) Estimular a actividade no campo de I+D+i, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de investigación e desenvolvemento compartidos entre o centro integrado de formación profesional, as empresas e o tecido social, así como a promoción das políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos.

2. De carácter económico, financeiro e patrimonial.

   a) Aprobar os orzamentos e o balance anual, neste último caso con carácter previo á súa remisión aos órganos de fiscalización da comunidade autónoma.

   b) Informar sobre as necesidades do cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e outro persoal, especificando a totalidade dos seus custos, as súas modificacións e os gastos que supoñen.

3. De supervisión das actividades do centro integrado de formación profesional e do consello social.

   a) Aprobar a proposta da programación do centro integrado de formación profesional e realizar o seu seguimento.

   b) Realizar o seguimento das actividades do centro, para asegurar a calidade e o rendemento dos servizos.

   c) Facer suxestións e propostas ao Consello Galego de Formación Profesional orientadas a promover a excelencia do ensino, a investigación, a xestión e os servizos.

   d) Proporlles o cesamento dalgún dos seus membros á autoridade, á entidade ou á institución que o designase, logo da declaración da súa situación de incompatibilidade, ou de incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.

Artigo 3º.-Exercicio das competencias.

1. Os consellos sociais dos centros integrados de formación profe-

sional, no exercicio das súas competencias, gozan de plena independencia. No seu seo poderanse constituír comisións, de carácter estable ou transitorio, para a realización de estudo, análises ou propostas ao pleno.

2. Os membros do consello social dos centros integrados de formación profesional han desenvolver as súas competencias velando polos intereses xerais do centro integrado de formación profesional.

Capítulo II

Composición

Artigo 4º.-Membros dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional.

1. Os consellos sociais dos centros integrados de formación profesional de Galicia estarán integrados polos seguintes membros, de conformidade co disposto no Decreto 266/2007, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia:

a) O/a presidente/a será a persoa que exerza a dirección do centro integrado de formación profesional, designado/a de conformidade co que se establece no Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Tres representantes da Administración, dúas destas persoas por designación da dirección xeral correspondente á consellería que teña a titularidade do centro, e a terceira designada pola consellería implicada na autorización e da que non dependa o devandito centro.

c) O/a xefe/a de estudos do centro integrado de formación profesional.

d) Tres profesores/as do claustro do centro, segundo o proceso que se establece no artigo 9 desta orde, ou tres profesores/as da xunta de expertos docentes, segundo o procedemento que se establece no artigo 10.

e) Dous membros designados polas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Dous membros designados polas organizacións empresariais máis representativas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) O/a secretario/a do centro, ou persoa que ocupe as súas funcións, que exercerá a secretaría do consello, con voz e sen voto.

2. O nomeamento do/a presidente/a do consello social dos centros integrados de formación profesional será simultáneo ao de director/a.

3. A designación ou elección dos demais membros do consello social dos centros integrados de formación profesional comunicaráselle á consellería competente, que procederá ao seu nomeamento, e lle comunicará á outra consellería competente dentro do mes seguinte á respectiva elección ou designación.

Artigo 5º.-A presidencia dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional.

1. O/a presidente/a do consello social dos centros integrados de formación profesional exerce a representación legal deste.

2. O seu mandato é de catro anos, renovable, segundo a normativa vixente.

3. En caso de ausencia ou doenza, o/a presidente/a designará unha persoa suplente de entre as representantes do profesorado do centro no consello social dos centros integrados de formación profesional. En caso de vacancia da dirección do centro a presidencia do consello social será desempeñada polo xefe ou a xefa de estudos.

4. Son funcións do/a presidente/a:

a) Garantir o cumprimento das funcións e as competencias do consello social dos centros integrados de formación profesional.

b) Convocar as reunións, establecer a orde do día e presidir as sesións do consello social dos centros integrados de formación profesional.

c) Abrir e levantar as sesións, dirixir a deliberación, conceder e denegar a palabra, determinar, se é o caso, os tempos de intervención e decidir co seu voto de calidade no caso de empate.

d) Coordinar as actividades dos membros e dos órganos do consello.

e) Convidar os plenos, con voz pero sen voto, as persoas que considere oportuno en razón dos temas que se traten.

f) Ordenar a execución dos acordos do consello social dos centros integrados de formación profesional.

g) Calquera outra que lle atribúa o pleno para o bo funcionamento do consello social dos centros integrados de formación profesional.

Artigo 6º.-A secretaría do consello social dos centros integrados de formación profesional.

1. O/a secretario/a do consello social dos centros integrados de formación profesional será a persoa que exerza o cargo de secretario/a do centro, e actuará con voz pero sen voto.

2. Son funcións do/a secretario/a:

a) Redactar actas das sesións do pleno e das comisións.

b) Custodiar o libro de actas do consello social dos centros integrados de formación profesional, así como expedir os documentos e as certificacións que resulten das actas e dos acordos do pleno do consello social dos centros integrados de formación profesional.

c) Facilitar a documentación que os/as vogais lle soliciten en cumprimento do especificado neste regulamento.

d) Someter anualmente á aprobación do pleno unha memoria de actividades do consello social, que recolla observacións sobre o seu funcionamento e suxestións que se poidan adoptar para o mellorar.

e) Calquera outra función que lle atribúa o pleno.

Artigo 7º.-Dereitos e obrigas dos membros dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional.

1. Dereitos:

a) Presentar mocións ou suxestións para a deliberación e a adopción de acordos ou recomendacións polo pleno, ou para o seu estudo nunha comisión.

b) Recibir a convocatoria, que conteña a orde do día de cada sesión, así como a documentación oportuna para a toma de decisións.

c) Asistir con voz ás sesións dos órganos de que formen parte, exercer o seu dereito de voto e formular votos particulares.

d) Informarse de canto estea relacionado co consello social e que interese para o seu bo funcionamento.

e) Conseguir, a través do/a presidente/a do consello social, a información, os datos e os documentos que se consideren necesarios para o exercicio das súas funcións.

2. Deberes:

a) Asistir ás sesións do pleno e ás das comisións de que formen parte.

b) Executar cantos cometidos se lles encomenden por razóns dos seus cargos.

c) Pór en coñecemento do consello social calquera información que poida afectar ás actuacións ou ás competencias deste.

d) Gardar segredo sobre as deliberacións internas, así como sobre as materias e as actuacións que expresamente se declaren reservadas.

e) Cumprir a normativa de incompatibilidades.

Capítulo III

Procedemento de nomeamento dos seus membros electivos

Artigo 8º.-Períodos de elección.

1. O procedemento de elección dos membros dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional realizarase durante o primeiro trimestre do curso académico que corresponda.

2. Os consellos sociais dos centros integrados de formación profesional renovaranse por metades cada dous anos de xeito alternativo. Cada unha das metades configúrase do seguinte xeito:

a) Primeira metade: dous representantes da Administración, un profesor ou unha profesora do claustro, un representante designado polas organizacións sindicais e un representante designado polas organizacións empresariais.

b) Segunda metade: un representante da Administración, dous profesores ou profesoras do claustro, un representante designado polas organizacións sindicais e un representante designado polas organizacións empresariais.

3. Os integrantes dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional continuarán desempeñando o seu cargo en funcións ata o nomeamento e a toma de posesión dos novos membros que os sucedan.

Artigo 9º.-Elección de representantes do claustro de profesorado nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1. Os membros representantes do profesorado no consello social do centro integrado de formación profesional serán elixidos polo claustro, no seo deste. O voto será directo e secreto, e non se poderá delegar.

2. Serán electores todos os membros do claustro.

3. Serán elixibles todos os membros do claustro do centro integrado que presenten a súa candidatura.

4. O/a director/a convocará un claustro, de carácter extraordinario, no que figurará como único punto da orde do día o acto de elección e proclamación dos representantes electos do profesorado.

5. Na sesión do claustro extraordinario constituirase a mesa electoral para o efecto. A devandita mesa estará integrada polo director ou a directora do centro, que exercerá a presidencia, o membro do profesorado de maior idade e o membro de menor idade; este último actuará como secretario ou secretaria da mesa.

6. Para a válida constitución do claustro requirirase a presenza de máis da metade dos seus compoñentes. En caso de non alcanzar este quórum procederase a unha segunda convocatoria, vinte e catro horas despois da sinalada para a primeira, na que o claustro quedará validamente constituído cos membros asistentes.

7. Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta, como máximo, dous nomes. Serán elixidos os profesores e as profesoras con maior número de votos.

8. O desempeño dun cargo directivo no centro será incompatible coa condición de representante electo do profesorado no consello social dos centros integrados de formación profesional do centro.

Artigo 10º.-Elección de representantes da xunta de expertos docentes nos centros dependente da Consellería de Traballo.

1. As persoas representantes do profesorado no consello social dos centros integrados de formación profesional serán elixidas pola xunta de expertos docentes, no seo deste. O voto será directo e secreto, e non se poderá delegar.

2. Serán electores todos os membros da xunta de expertos docentes.

3. Serán elixibles:

a) O profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparta docencia no CIFP dependente da Consellería de Traballo.

b) O profesorado que teña destino definitivo no centro.

c) O profesorado que imparta accións formativas no centro cunha duración mínima de 50 horas no último ano.

4. O/a director/a ha convocar unha xunta de expertos docentes, de

carácter extraordinario, en que como único punto da orde do día figurará o acto de elección e proclamación de representantes electos do profesorado.

5. Na sesión de xunta de expertos docentes extraordinaria constituirase unha mesa electoral para o efecto. A devandita mesa estará integrada polo director ou a directora do centro, que exercerá a presidencia, o membro do profesorado de maior idade e o membro de menor idade; este último actuará como secretario ou secretaria da mesa.

6. Para a válida constitución da xunta de expertos docentes será necesaria a presenza de máis da metade dos seus compoñentes. En caso de non alcanzar este quórum, farase unha nova convocatoria vinte e catro horas despois da sinalada para a primeira, en que a xunta de profesores quedará validamente constituída cos membros asistentes.

7. Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta, como máximo, dous nomes. Serán elixidos os profesores e as profesoras con maior número de votos.

Artigo 11º.-Cesamento e substitución.

1. Os membros do consello social dos centros integrados de formación profesional cesarán:

a) Por cesamento no cargo que orixinara o seu nomeamento.

b) Por expiración do período de mandato.

c) Por renuncia, incapacidade declarada por resolución xudicial firme, morte ou declaración de falecemento. A renuncia deberá presentárselle por escrito á autoridade, á entidade ou á institución que o designara e, logo de aceptada, comunicáraselle á persoa que exerza a presidencia do consello social dos centros integrados de formación profesional, quen lla comunicará á consellería competente, con data desde a que producirá efectos.

d) Por condena xudicial firme que ocasione a inhabilitación ou a suspensión de emprego ou cargo público.

e) Por decisión motivada da autoridade, entidade ou institución que o designase.

f) Por incumprimento grave ou reiterado nas súas obrigas.

g) Por perda da súa condición de profesor ou profesora do centro.

2. A autoridade, a entidade ou a institución correspondente deberá cubrir as vacantes que se produzan antes da finalización do mandato, no prazo máximo de tres meses. Se non se comunicase o acordo de designación dentro do anterior prazo á consellería competente, o posto permanecerá vacante ata o remate do correspondente mandato.

3. En todo caso, o membro substituto entenderase nomeado polo período que reste do mandato.

4. No caso de que non se comunique nos prazos establecidos para o efecto a designación dalgún dos representantes relacionados no artigo 4 como membros do consello social dos centros integrados de formación profesional, constituirase o consello social cos membros que estean nomeados.

5. O pleno poderá proporlle o cesamento dalgún membro á autoridade ou ao órgano que os designara ou elixira nos casos de incompatibilidade, por ausencia reiterada e inxustificada, e por incumprimento das obrigas inherentes ao seu cargo.

Capítulo IV

Organización e funcionamento

Artigo 12º.-Estrutura.

1. O órgano colexiado de dirección dos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional é o pleno.

2. Son órganos unipersoais do consello social dos centros integrados de formación profesional:

a) A presidencia.

b) A secretaría.

Artigo 13º.-O pleno.

1. O pleno do consello social dos centros integrados de formación profesional é o seu máximo órgano de goberno e está integrado por todos os seus membros. Exerce con carácter indelegable a competencia decisoria nas materias que teña recoñecidas o consello social, entanto que non entren en contradición cos deberes ou coas funcións doutros órganos colexiados, ou coas funcións propias das administracións competentes.

2. O pleno será informado do estado de execución do orzamento, e dos contratos e os convenios en que o centro integrado sexa parte.

3. Reunirase con carácter ordinario polo menos tres veces por ano. As reunións convocaraas a súa presidencia mediante comunicación escrita ou telemática que dirixirá a todos os vogais, cunha antelación á celebración da sesión de polo menos sete días hábiles e con indicación da orde do día. Cando algún dos seus membros queira incluír algún punto na orde do día deberao facer ante o presidente ou a presidenta cunha antelación mínima de 72 horas respecto da data preceptiva para a súa celebración.

En caso de urxencia ou gravidade, o prazo de convocatoria será de corenta e oito horas.

A presidencia tamén convocará un pleno cando se lle presente solicitude por escrito e asinada por dous terzos dos seus membros, en que se farán constar os motivos da sesión extraordinaria que se solicita e os asuntos que se desexen incluír na orde do día. Neste caso, a presidencia deberá convocar o pleno nun prazo máximo de sete días hábiles desde a recepción da solicitude.

Artigo 14º.-As comisións.

1. O consello social dos centros integrados de formación profesional poderá constituír as comisións consultivas que estime convenientes, ben con carácter estable ou ben con carácter transitorio, para tratar asuntos determinados.

2. A función das comisións consistirá en estudar, deliberar e proporlle

ao pleno a adopción de decisións sobre materias que se lle atribuíran.

3. Todas as comisións estarán presididas polo presidente ou a presidenta do consello social dos centros integrados de formación profesional, ou persoa en quen delegue de entre os membros do consello.

Artigo 15º.-Adopción de acordos.

1. Para a válida constitución dos órganos do consello social dos centros integrados de formación profesional, así como para a deliberación e a adopción de decisións no seu seo, precisarase a presenza de máis da metade dos seus compoñentes con dereito a voto. En calquera caso deberán estar presentes as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as que as substitúan por delegación.

2. Os acordos e as decisións adoptaranse por maioría simple de votos. En caso de empate decidirá o voto da presidencia.

As votacións poderán efectuarse:

a) A man alzada.

b) Nominais.

c) Secretas, cando así o solicite un membro do consello. En todo caso, serán secretas cando afecten a persoas concretas que manteñan relación co centro.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do pleno e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. A presidencia do consello social dos centros integrados de formación profesional, por iniciativa propia ou por instancia dalgún membro do consello, pode invitar para asistir ás sesións dos órganos colexiados, con voz pero sen voto, persoas expertas e membros do ámbito do centro integrado de formación profesional, de acordo coa natureza dos asuntos que se vaian tratar.

Artigo 16º.-Eficacia dos acordos.

1. Os acordos adoptados polo consello social dos centros integrados de formación profesional posúen executividade inmediata, sen prexuízo dos recursos que se poidan interpor. O secretario ou a secretaria, co visto e prace da presidencia, remitirá inmediatamente unha certificación dos acordos á consellería competente, así como a cantos órganos, servizos e dependencias da Xunta de Galicia garden relación competencial cos asuntos aprobados.

2. Estes acordos notificaránselles ás partes interesadas na forma que proceda, e daráselles a publicidade oportuna a aqueles que o consello social considere de especial transcendencia para a sociedade.

Artigo 17º.-Acta das sesións.

1. De cada sesión redactarase unha acta, que conterá, como mínimo:

a) As circunstancias de lugar e tempo en que se celebre.

b) A identificación das persoas asistentes.

c) A orde do día da reunión e os aspectos principais da deliberación.

d) O xeito e o resultado da votación.

e) O contido dos acordos.

2. Os membros do consello social dos centros integrados de formación profesional presentes na votación poderán facer constar na acta o seu voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen, así como calquera outra circunstancia que estimen pertinente.

3. A elaboración da acta corresponderalle á secretaría do consello social dos centros integrados de formación profesional. No caso da súa ausencia, a elaboración corresponderalle, con carácter excepcional, ao membro do consello que designe a presidencia.

Artigo 18º.-Reintegro de gastos.

O presidente ou a presidenta e os vogais terán dereito a percibir as axudas de gastos de locomoción e de custo de viaxe que puideran corresponderlles por asistiren ás reunións do consello social dos centros integrados de formación profesional, nas contías establecidas na normativa vixente.

Disposicións transitorias

Primeira.

1. No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste regulamento, as autoridades, as entidades e as institucións sinaladas no artigo 4 designarán as súas persoas representantes nos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional. No mes seguinte, comunicaránselle os devanditos nomeamentos ao Consello Galego de Formación Profesional.

2. En tanto quen non se constitúan as xuntas de expertos docentes dos centros dependentes da Consellería de Traballo, os tres representantes que deben ser elixidos por ela designaranse por e entre as persoas a que se fai referencia no punto 3 do artigo 10 desta orde, por medio de asemblea convocada para tal fin por parte da dirección do centro.

Segunda.-A primeira renovación do mandato da primeira metade das persoas integrantes do consello social dos centros integrados de formación profesional realizarase no primeiro trimestre do curso 2010-2011.

A primeira renovación do mandato da segunda metade das persoas integrantes do consello social dos centros integrados de formación profesional realizarase no primeiro trimestre do curso 2012-2013.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango, en todo o que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Para o que non estea regulado nesta norma, será de aplicación a normativa de centros integrados de formación profesional e subsidiariamente o establecido para os órganos colexiados no capítulo segundo do título segundo da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Habilítanse as persoas titulares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e da Consellería de Traballo para procederen ao desenvolvemento desta orde nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2009.

7 Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 87, do 6.05.2009 e corrección de erros no DOG nº 89, do 8.05.2009).

Mediante o Decreto 79/2009, do 19 de abril, establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e intégrase nela a Consellería de Traballo e Benestar.

Mediante o Decreto 83/2009, do 21 de abril, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Os cambios na estrutura da Xunta de Galicia obrigan a adoptar as medidas inmediatas que aseguren o correcto funcionamento dos servizos e dos asuntos encomendados á Consellería de Traballo e Benestar mentres non se aprobe o decreto que estableza a nova estrutura orgánica desta consellería.

A actividade administrativa da Consellería de Traballo e Benestar leva consigo unha concentración de funcións ao redor da súa titular que aconsella neste momento, dado o volume, acudir á delegación de competencias na Secretaría Xeral, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria que redunda en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exixe.

Así mesmo, producidos os cesamentos das persoas titulares da Dirección Xeral de Formación e Colocación e da Dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, cómpre adoptar as medidas inmediatas para que, sen prexuízo dos posteriores nomeamentos dos/as novos/as titulares, se asegure o correcto funcionamento dos servizos e asuntos encomendados aos devanditos centros directivos.

Por todo iso, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e tendo en conta o establecido na disposición transitoria primeira do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, así como no artigo 13 e 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. A Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar asumirá, mentres non se aprobe o decreto polo que se estableza a nova estrutura desta consellería, as competencias correspondentes á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, á Secretaría Xeral, Secretaría Xeral do Benestar e Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, suprimidas polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, adscribíndose a ésta as subdireccións xerais e todos os servizos, unidades e o persoal delas dependentes.

   As estruturas e funcións correspondentes á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade manteranse, mentres non se estableza a nova estrutura de consellería, na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. De conformidade co disposto no número anterior, atribúese á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar o exercicio das competencias atribuídas á Secretaría Xeral recollidas na Orde do 7 de setembro de 2006, sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Traballo e atribúese aos directores xerais de Promoción do Emprego, Relacións Laborais e Formación e Colocación así como ao presidente do Consello Galego de Relacións Laborais o exercicio das competencias establecidas na citada orde.

   Así mesmo, atribúese á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar o exercicio das competencias recollidas na Orde do 16 de novembro de 2007, sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, referidas á Secretaría Xeral e á Secretaría Xeral do Benestar.

Artigo 2º

Encoméndase á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, ata que se produzan os nomeamentos das persoas titulares da Dirección Xeral de Formación e Colocación e do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o desenvolvemento das accións e o exercicio das competencias atribuídas ao director xeral de Formación e Colocación e as encomendadas ao director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral polo Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2009.

Corrección de erros.-Orde do 4 de

maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

Advertido erro na devandita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 87, do 6 de maio, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.355, liña décima, artigo 1, punto primeiro, engadir: «Asumirá, así mesmo, a estrutura e funcións da Subdirección Xeral de Familia».

8 Orde do 18 de maio de 2009 pola que se determina a composición das comisións de valoración de determinadas ordes de subvencións na área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 100, do 25.05.2009).

Mediante o Decreto 79/2009, do 19 de abril, establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixouse a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. A entrada en vigor dos citados decretos vai supor, de acordo cos principios de eficacia, austeridade e economía, unha redución da estrutura administrativa ata agora existente.

Do mesmo xeito, mediante o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, créanse as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e suprímense as delegacións provinciais actualmente existentes, o que supón unha nova estruturación dos órganos administrativos da administración periférica da Xunta de Galicia.

Existen na actualidade diferentes ordes de subvencións convocadas na área de traballo correspondentes ao exercicio de 2009 que, non acadando a fase de resolución, se atopan en fase de tramitación nas distintas provincias e nos servizos centrais, e a composición das comisións de valoración non se adaptan aos requirimentos da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Resulta urxente, polo tanto, acometer as modificacións que sexan necesarias na composición das comisións de valoración reguladas nas diferentes ordes de convocatoria co fin de que conforme os principios de eficacia e celeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa poida procederse á resolución das diferentes convocatorias.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A composición das comisións de valoración establecidas nas ordes de axudas para o ano 2009 convocadas pola anterior Consellería de Traballo e cando se vexan afectadas pola nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, estarán integradas polos seguintes membros:

En servizos centrais: o/a subdirector/a xeral competente por razón da materia que exercerá de presidente e como vogais dous funcionarios da citada subdirección xeral.

Nos departamentos territoriais: o/a xefe/a do servizo competente por razón da materia e dous funcionarios do citado servizo.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o órgano competente para resolver.

Artigo 2º

Todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinaladas no artigo anterior, en trámite nos distintos centros directivos e unidades da Consellería de Traballo e Benestar, que non acadasen a fase de resolución e notificación aos beneficiarios, remitiranse ás correspondentes comisións de valoracións para que estas, coa nova composición establecida no artigo anterior, procedan ao seu estudo, informe e avaliación co obxecto da súa posterior resolución, polo órgano competente para resolver.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2009.

9 Orde conxunta do 7 de agosto de 2009, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se crea o comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia.

(DOG nº 168, do 27.08.2009).

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece, no seu artigo 136, como principios xerais de actuación en materia de atención sociosanitaria, a cooperación e a coordinación entre a Consellería de Sanidade e o Sistema Galego de Servizos Sociais.

Así mesmo, sinala que a atención sociosanitaria deberá atender as diferentes necesidades das persoas baixo criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade na acción das diferentes administracións públicas.

Pola súa banda, o artigo 53 establece que a continuidade da aten-

ción sociosanitaria será garantida polos servizos sanitarios e sociais mediante unha coordinación efectiva entre as administracións públicas correspondentes, así como entre os departamentos competentes en materia de sanidade e en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Coa finalidade de avanzar nos traballos que vai desenvolver a Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia, órgano creado pola Lei de saúde para garantir a coordinación institucional, é necesario pór en funcionamento un comité técnico de planificación que defina os obxectivos de actuación e os mecanismos de coordinación necesarios.

Como consecuencia do anteriormente exposto, a Consellería de Sanidade e a de Traballo e Benestar

DISPOÑEN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a creación dun comité de planificación de atención sociosanitaria, vinculado á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia.

Artigo 2º.-Composición do comité.

O comité estará formado polos seguintes membros: tres representantes da Consellería de Sanidade ou, se é o caso, do Servizo Galego de Saúde; tres representantes da Consellería de Traballo e Benestar e dous ou máis expertos de recoñecido prestixio.

Artigo 3º.-Actividades do comité.

O comité deberá realizar as actividades seguintes:

a) Elaboración dun plan de actuacións sociosanitarias, no que se sitúen os usuarios, as prestacións sociosanitarias, os niveis de atención e coordinación entre a iniciativa social, pública e privada, e os diferentes niveis e servizos hospitalarios, de atención primaria e outras institucións, ademais da corresponsabilidade no financiamento da atención sociosanitaria.

b) Unificar os criterios de actuación, mediante a utilización dunha linguaxe e dunha metodoloxía común, definindo os criterios para a orientación ao acceso á atención sociosanitaria de forma bidireccional, elaborando os circuítos, os procedementos de actuación e os procesos entre as distintas institucións e servizos implicados e unificando os métodos e procedementos de avaliación da dependencia, establecendo cando se fai necesaria ou imprescindible a asistencia sanitaria.

c) Elaboración dun mapa de todos os recursos, públicos e privados, existentes en Galicia, definindo as distintas categorías e as carteiras de servizos destes.

d) Definición dos criterios para a optimización dos recursos e os distintos tipos de atención (domiciliaria, centros de día, residencias asistidas, hospitalización, etc.).

e) Redacción dos protocolos e os procedementos de actuación nos que se defina o tipo de atención que deba prestarse, acoutando claramente cando é necesaria a asistencia sanitaria.

f) Evitar a duplicidade innecesaria, se é o caso, de recursos do ámbito social e sanitario.

Artigo 4º.-Presentación dos traballos.

O comité que se crea presentará os traballos, aos que se refire o artigo anterior, á Comisión Interdepartamental de Coordinación Sociosanitaria de Galicia, establecida no artigo 137.1º da Lei 8/2008, de saúde de Galicia.

Artigo 5º.-Supresión do comité.

O comité poderá suprimirse pola realización das tarefas establecidas no artigo 3º desta orde e/ou por acordo das consellerías competentes en materia de benestar social e sanidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O establecido nesta orde non suporá incremento do gasto.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2009.

10 Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 172, do 2.09.2009).

A actividade administrativa da Consellería de Traballo e Benestar comporta unha concentración de funcións ao redor do seu titular que aconsella recorrer á delegación de competencias nos distintos órganos superiores do departamento, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria que redunda en beneficio tanto da Administración coma dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exixe.

Unha vez publicado o Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, cómpre a través desta disposición establecer a relación de atribucións delegadas.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os ar-

tigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia; o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura da Consellería de Traballo e Benestar; o artigo 72.4º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Delegación de competencias no/a secretario/a xeral.

Deléganse no/a secretario/a xeral as competencias que se relacionan a seguir:

a) As facultades que lle corresponden á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar como titular do departamento en materia de persoal, agás as reservadas legalmente á competencia exclusiva daquela ou que se deleguen expresamente noutros órganos.

b) A designación das comisións de servizo con dereito a indemnización, previstas no artigo 4 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, dos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e de todo o persoal destinado nos servizos centrais, así como a autorización para asistir a actividades de formación e perfeccionamento.

c) A autorización dos permisos e licenzas dos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e de todo o persoal destinado nos servizos centrais.

d) As funcións que como órgano de contratación lle son atribuídas á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar pola lexislación vixente, agás as que se deleguen expresamente noutros órganos.

e) A autorización e disposición dos gastos xerais dos servizos da consellería, así como o seu compromiso e liquidación, ata o límite dos créditos autorizados e non reservados á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, solicitando da Consellería de Facenda a ordenación dos pagamentos, agás os que se deleguen expresamente noutros órganos.

f) A tramitación e resolución daqueles expedientes de desconcentración dos créditos necesarios para o efectivo exercicio das funcións atribuídas aos departamentos territoriais.

g) Dispoñer canto concirne ao réxime interno da consellería cando non sexa competencia exclusiva da persoa titular da consellería ou doutro centro directivo.

h) A resolución dos recursos administrativos que lle correspondan á persoa titular do departamento, así como a facultade de suspender a execución dos actos impugnados, a resolución das reclamacións administrativas previas á vía xudicial e das reclamacións de responsabilidade patrimonial, nos casos en que non estean expresamente delegados noutros órganos e cando a delegación non estea prohibida expresamente.

i) A admisión a trámite e resolución das solicitudes de revisión de oficio, a declaración de lesividade dos actos anulables e a revogación de actos de gravame ou desfavorables, segundo o previsto no capítulo I do título VIII da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

j) As funcións que derivan do exercicio do protectorado das fundacións de interese galego adscritas a esta consellería.

k) O exercicio das facultades que a normativa de patrimonio lle atribúe á persoa titular da consellería.

l) A resolución dos recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas.

m) Resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias das que traen causa, ditadas por delegación do/a conselleiro/a, agás os que se deleguen expresamente noutros órganos.

n) A imposición ou proposta de sancións que lle correspondan á persoa titular da consellería en virtude da cualificación da infracción cometida ou da contía da sanción proposta.

ñ) O despacho e resolución daqueles expedientes e asuntos de índole administrativa que lle estean atribuídos á persoa titular da consellería.

Artigo 2º.-Delegación de competencias noutros órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

1. Deléganse no/a secretario/a xeral de Familia e Benestar e nos/as directores/as xerais da Consellería de Traballo e Benestar as competencias que se relacionan a seguir:

a) As funcións que como órgano de contratación lle son atribuídas á persoa titular da consellería pola lexislación vixente nos expedientes tramitados con cargo aos capítulos II e VI do orzamento de gastos, no ámbito do seu centro directivo, que teñan o carácter de contrato menor de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, así como autorizar, dispoñer, recoñecer obrigas e propoñer os pagamentos que corresponden aos citados expedientes.

b) A resolución dos recursos administrativos nas áreas das súas atribucións e que lle correspondan á persoa titular do departamento cando a delegación non estea prohibida expresamente.

c) A resolución dos recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas.

d) Resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

2. Delégase, especificamente no director xeral de Relacións Laborais e en materia laboral, o coñecemento e resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos xefes dos departamentos territoriais no seu respectivo ámbito territorial.

Artigo 3º.-Delegación de competencias nos/as xefes/as territoriais dos

departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Deléganse nos xefes territoriais dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no seu respectivo ámbito territorial e sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores:

a) A designación das comisións de servizo con dereito a indemnización, previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de todo o persoal destinado nos departamentos territoriais e os seus centros dependentes, así como a autorización para asistir a cursos e actividades de formación e perfeccionamento do dito persoal.

b) Autorizar os permisos e licenzas do persoal que presta servizos no departamento territorial, sempre que non teñan incidencia no capítulo I dos orzamentos de gastos.

c) Autorizar e dispoñer os gastos con cargo ao capítulo II dos orzamentos de gastos, ata o límite dos créditos que para tal fin sexan distribuídos polo/a secretario/a xeral da consellería por delegación do conselleiro e que non estean reservados á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, así como recoñecer as obrigas de gasto e propoñer os pagamentos correspondentes aos créditos distribuídos.

Respecto dos referidos créditos, as funcións que como órgano de contratación lle son atribuídas á persoa titular da consellería pola lexislación vixente.

d) A competencia para efectuar as contratacións de persoal laboral de duración determinada que se realicen ao abeiro do disposto na lexislación vixente, as cales serán tramitadas e subscritas por eles, logo das autorizacións correspondentes.

e) Actuar como órgano de contratación nos contratos administrativos especiais.

f) Respecto dos créditos desconcentrados, actuar como órgano de contratación así como autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos ditos créditos, excepto os casos reservados á competencia do Consello da Xunta de Galicia, así como a aprobación dos actos de disposición de créditos e o recoñecemento das obrigas, solicitando da Consellería de Facenda a ordenación dos correspondentes pagamentos.

g) Resolver os recursos de reposición ditados contra as resolucións de concesión de subvencións ditadas por delegación do/a conselleiro/a así como, de ser o caso, os procedementos de reintegro delas.

h) A xestión das obrigas adquiridas mediante a sinatura de contratos de xestión de servizos públicos de carácter asistencial e as xeradas pola reserva e ocupación de prazas en centros asistenciais, ocupacionais e residenciais, no ámbito do maior e de persoas con discapacidade.

i) A autorización administrativa para a realización de traballos especiais e a disposición de actuacións inspectoras en relación coa investigación de accidentes de traballo ou outras que así se determinen ou lle sexan delegadas.

j) A resolución das reclamacións e queixas pola actuación de todo o persoal ao servizo do departamento territorial e os seus centros dependentes.

k) A realización de todos os trámites previos e o asinamento dos contratos individuais para o ingreso de menores de características especiais en centros, así como toda a xestión ulterior das obrigas xurdidas do seu asinamento.

Artigo 5º.-Réxime xurídico da delegación de competencias.

1. As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano que as conferiu.

2. En calquera momento, o/a conselleiro/a poderá avocar o exercicio das competencias que son delegadas por esta orde.

En todo caso, quedan excluídos das delegacións contidas nesta orde os supostos previstos no artigo 13.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 44.2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da secretaría xeral, as competencias que asuma por delegación contidas nesta orde serán exercidas, mentres persistan aquelas circunstancias, polo vicesecretario xeral.

Respecto dos titulares dos outros órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar, as competencias delegadas contidas nesta orde serán exercidas, temporalmente e mentres persistan aquelas circunstancias, polos/a secretarios/as xerais e directores/as xerais da consellería, seguindo a orde de prelación que se establece no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Nos mesmos supostos, as competencias delegadas nos/as xefes/as territoriais serán desempeñadas polo/a xefe/a do Servizo de Coordinación Administrativa.

Disposición adicional

Primeira.-Axudas e subvencións públicas.

Será de aplicación o réxime da delegación previsto nas correspondentes ordes de aprobación de bases e convocatoria de axudas e subvencións nas áreas de traballo e benestar.

As delegacións de competencias establecidas nestas ordes a favor da secretaria xeral do Benestar, o director xeral de Xuventude e Solidariedade e os delegados provinciais das extintas Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Traballo entenderanse asumidas pola secretaria xeral de Familia e Benestar, a directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, o director xeral de Xuventude e Voluntariado e os/as xefes/as territoriais dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, respectivamente, agás os supostos de avocación da competencia.

Así mesmo, as delegacións de competencias establecidas a favor dos directores xerais da extinta Consellería de Traballo entenderanse asumidas polas mesmas direccións xerais agora dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta disposición, e concretamente:

a) Orde do 7 de setembro de 2006 sobre delegación de competencias

nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Traballo.

b) Orde do 16 de novembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

c) Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2009.

Fundacións

11 Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Encontro.

(DOG nº 40, do 26.02.2009).

Visto o expediente de recoñecemento de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Encontro,

Supostos de feito.

Primeiro.-A fundación solicitou a clasificación e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por medio do escrito presentado por María de los Reyes Fernández-Arroyo Ferrer, en calidade de presidenta do padroado da fundación.

Segundo.-A fundación constituíuse en escritura pública outorgada o 12 de maio de 2006 en Vigo, ante o notario José Antonio Somoza Sánchez, co número de protocolo mil cento noventa, pola entidade Graña Saúde S.L., representada por María de los Reyes Fernández-Arroyo Ferrer e por María Teresa Villar Barreiro. Esta escritura modificouse por outras dúas do 30 de maio de 2007 con número de protocolo mil trescentos corenta, e do 29 de setembro de 2008, esta última outorgada ante o notario José María Rueda Pérez con número de protocolo mil setecentos oitenta e un, na cal consta a redacción definitiva dos estatutos.

Terceiro.-A comisión integrada por todos os secretarios xerais na súa reunión celebrada o día 28 de xuño de 2008 elevou ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social da Fundación Encontro.

Cuarto.-Á vista da proposta da Comisión de Secretarios Xerais, por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 10 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 239, do 10 de decembro), clasificouse como de interese social a Fundación Encontro.

Tendo en conta o disposto no artigo 32.2º c) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado de fundacións de interese galego, e dado o seu obxecto, adscribiuse á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polos decretos 332/2005, do 18 de agosto, e 454/2005, do 1 de setembro, e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, que establece a estrutura orgánica do antedito departamento.

Quinto.-Segundo consta no artigo 6 dos estatutos da fundación, o seu obxecto é a atención ás persoas con minusvalideces físicas, psíquicas e sensoriais, a colectivos de difícil reinserción social, laboral e afectivo, aos nenos, infancia e xuventude, ás persoas maiores, ás persoas con adiccións, ás persoas con enfermidades mentais e trastornos

da conduta, ao colectivo recluso, ao colectivo de inmigrantes, á muller e ás persoas con enfermidades terminais ou invalidantes.

Sexto.-Na escritura pública pola que se constitúe a fundación, nos estatutos e na demais documentación que figura no expediente, constan, entre outros os seguintes puntos: acreditación da personalidade do fundador, dotación inicial da fundación, estatutos en que consta a denominación (Fundación Encontro), a composición do órgano de goberno e o réxime de adopción de acordos.

O padroado da fundación, segundo establece o artigo 12 dos seus estatutos, estará integrado por tres membros.

O primeiro padroado designado na escritura de constitución, segundo dispón o artigo 12 dos estatutos, estará integrado por:

Presidenta: María de los Reyes Fernández Arroyo Ferrer.

Secretaria: María Teresa Villar Barreiro.

Vogal: Paula López Potti.

Sétimo.-A Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez revisados os seus estatutos, solicitou informe da Asesoría Xurídica, conforme o disposto no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, que aquela emitiu favorablemente con data do 13 de xaneiro de 2009.

Oitavo.-Así mesmo, con data do 29 de xaneiro de 2009, a Secretaría Xeral emite informe ao abeiro dos artigos 48.1º b) e 52.3º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de acordo coa lei. O artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, é competencia deste departamento a declaración de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións da Fundación Encontro, dado o seu obxecto coincidente coas competencias desenvolvidas por aquela, asumindo as funcións que como protectorado corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ao abeiro do disposto no artigo 35.1º da Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, deberase destinar á realización dos fins fundacionais polo menos o setenta por cento das rendas e dos ingresos obtidos pola fundación, por calquera título ou causa, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Cuarto.-A Lei 12/2006 establece no seu artigo 38 a obriga de aprobar as contas anuais da fundación dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, e de presentalas ao protectorado no prazo dos vinte días hábiles desde a súa aprobación polo padroado. Por outra banda, o artigo 39 establece o deber de elaborar e remitir ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio un plan de actuación en que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa.

Este conxunto de obrigas débense entender asumidas pola fundación, aínda que non se recollan expresamente nos seus estatutos.

Quinto.-Á vista do exposto, pódense entender substancialmente cumpridos os requisitos legais e regulamentarios para a declaración de interese galego e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así, en virtude do artigo 34 da Constitución española de 1978, o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como a demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecer a declaración de interese galego á Fundación Encontro.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Terceiro.-Aprobar os seus estatutos e a composición do seu órgano de goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación citada, en especial á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a dar contas anualmente ao protectorado e a xustificar a través dunha memoria anual o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentar o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o cal se formula, debendo solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago Compostela, 11 de febreiro de 2009.

12 Orde do 18 de maio de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se clasifica de interese social a Fundación Misael Prieto.

(DOG nº 118, do 18.06.2009).

Visto o expediente de clasificación da Fundación Misael Prieto, con domicilio en Meirás-Valdoviño (A Coruña).

Supostos de feito:

1. Roberto López Freire, na súa condición de presidente do padroado da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Meirás, concello de Valdoviño, o vinte e tres de decembro de dous mil oito, ante o notario Bruno Otero Afonso, co número de protocolo dous mil seiscentos cincuenta, por José González Caneiro en representación da Cooperativa de Meirás de Consumidores e Usuarios, Sociedade Cooperativa, e por Vicente Dopico Vilar que actúa no seu propio nome e dereito, e ademais en representación da sociedade mercantil San Mateo, Estación Servicio S.L. Unipersoal.

3. Segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto a realización, de forma directa ou concertada, de programas de integración social, asistencia social e inclusión de minusválidos físicos ou psíquicos, sensoriais ou mentais, destacando prioritariamente a formación e o emprego e a accesibilidade e superación de barreiras de calquera clase.

4. O padroado da fundación estará integrado por Roberto López Freire como presidente; Andrés Rodríguez Lamas como vicepresidente; Susana Couce Aneiros como secretaria, María José López Aneiros como tesoureira, e por Rafael Freire Castrillón, Vicente Dopico Vilar, María Victoria Díaz Teijeiro e Manuel Horjales Aneiros como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social da Fundación Misael Prieto, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese social e a súa adscrición á Consellería de Traballo e Benestar.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día once de maio de dous mil nove.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar de interese social a Fundación Misael Prieto e adscribila á Consellería de Traballo e Benestar, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2009.

13 Orde do 29 de xullo de 2009 pola que se clasifica de interese social a Fundación Michel Salgado.

(DOG nº 153, do 6.08.2009).

Visto o expediente de clasificación da Fundación Michel Salgado, con domicilio en Vigo.

Supostos de feito:

1. Antonio Calvo Martínez, actuando en representación da Fundación Michel Salgado, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o dezasete de marzo de dous mil oito, ante o notario José Luis Lorenzo Arean, co número de protocolo catrocentos noventa e nove, por Miguel Ángel Salgado Fernández e María-Luz Sanz Durán, que actúan no seu propio nome e dereito. Esta escritura foi emendada por outra do dezaseis de xuño de dous mil nove, outorgada ante o mesmo notario, co numero oitocentos corenta e oito do seu protocolo.

3. Segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto fins sociais con especial atención á infancia e os colectivos máis desfavorecidos. O propósito fundamental é fomentar a igualdade de oportunidades á infancia: nenos, nenas e adolescentes en Galicia, abarcando varios ámbitos tales como:

Desenvolver actividades culturais e deportivas que fomenten a igualdade de nenos en xeral e sobre todo volcándonos nos pertencentes a colectivos desfavorecidos por problemas económicos, sociais, físicos ou psíquicos.

Fomentar a igualdade entre nenos e nenas promovendo a non

discriminación por razón de sexo, raza, idade, cultura ou relixión e o respecto á diversidade a través de programas, proxectos e accións de cooperación nacional para o desenvolvemento.

Cooperación entre entidades sociais para unir esforzos no logro de obxectivos.

4. O padroado inicial da fundación está formado por Miguel Ángel Salgado Fernández como presidente, María Luz Sanz Durán como vicepresidenta, e Diego Jiménez Salgado como secretario.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social a Fundación Michel Salgado, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede á súa clasificación como de interese social e á súa adscrición á Consellería de Traballo e Benestar.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día vinte e un de xullo de dous mil nove.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar de interese social a Fundación Michel Salgado, adscribíndoa á Consellería de Traballo e Benestar, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2009.

14 Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Ourensana Hosteser e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 157, do 12.08.2009).

Con data do 17 de xuño de 2009 foi publicada no Diario Oficial de Galicia a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 18 de maio de 2009, pola que se clasifica como de interese laboral a Fundación Ourensana Hosteser, adscribíndoa á Consellería de Traballo e Benestar, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

A fundación, segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, ten por obxecto:

Sensibilizar, promover, difundir e executar toda clase de actividades relacionadas coa formación, así como a súa relación coa contorna ambiental en que se desenvolve.

Investigar sobre as pautas de comportamento dos empresarios para a mellora da cualificación profesional.

Elevar o nivel de profesionalización do sector de hostalaría e outros servizos a través da investigación, innovación, divulgación e implantación de novos sistemas metodolóxicos para a preparación dos profesionais do sector.

Estudar, establecer e definir todas aquelas innovacións encamiñadas a mellorar a calidade dos procedementos en calquera materia dentro dos sectores da hostalaría e outros servizos.

Promoción, fomento e difusión da lingua e cultura galegas e defensa do medio natural de Galicia.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confiere o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e á vista do establecido no artigo 47 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e o artigo 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a Fundación Ourensana Hosteser, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que para tal efecto sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da Fundación Ourensana Hosteser, no rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, para os efectos constitutivos que sinala o artigo 5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-A dita fundación queda sometida ao disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada ante o protectorado

a lle render contas anualmente e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentarlle o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o cal se formula, e debendo solicitar as preceptivas autorizacións cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009.

15 Orde do 24 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Misael Prieto e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 182, do 16.09.2009).

Con data do 18 de xuño de 2009, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 18 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se clasifica de interese social a Fundación Misael Prieto, e adscribiuse á Consellería de Traballo e Benestar, departamento ao cal corresponde o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación, segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, ten por obxecto a realización de forma directa ou concertada, de programas de integración social, asistencia social e inclusión de minusválidos físicos ou psíquicos, sensoriais ou mentais, destacando prioritariamente a formación e o emprego, e a accesibilidade e superación de barreiras de calquera clase.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 47 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, logo do informe favorable emitido con data do 10 de xullo de 2009 pola Asesoría Xurídica e do informe emitido con data do 16 de xullo de 2009 pola Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro dos artigos 48.1º b) e 52.3º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a Fundación Misael Prieto, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da Fundación Misael Prieto no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-A fundación cumprirá co disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación, en especial coa obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e coa ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Así mesmo, estará obrigada a presentar ao protectorado as contas anuais e xustificar a través da memoria anual o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar un plan de actuación con anterioridade ao inicio de cada exercicio económico en que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte xunto cunha previsión das partidas de ingresos e gastos e unha memoria explicativa deste, e a realizar as preceptivas comunicacións ao protectorado nos supostos legalmente establecidos.

Cuarto.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses, contados en ambos os dous casos a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 109, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2009.

16 Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis) e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 192, do 30.09.2009).

Con data do 18 de marzo de 2009 foi publicada no Diario Oficial de Galicia a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 17 de febreiro de 2009, pola que se clasifica como de interese laboral a Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis), e se adscribe á Consellería de Traballo e Benestar, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

A fundación, segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, ten por obxecto:

a) Promover, apoiar, fomentar e realizar accións de mellora da empregabilidade, tales como acompañamento, asesoramento, orientación, formación e motivación para a inserción laboral de persoas desocupadas e pertencentes a empresas ou sectores en reestruturación, así como estudantes.

b) Promover, apoiar, fomentar e realizar estudos, informes e asistencias técnicas en relación co emprego e asuntos sociais e ás súas políticas, que vaian desenvolver ou desenvolvidas polas diferentes administracións competentes.

c) Promover, apoiar, fomentar e realizar estudos, informes, acción e asistencias técnicas a prol da igualdade de oportunidades e contra todo tipo de desigualdade no mercado do traballo por razón de sexo, idade, raza ou nacionalidade.

d) Promover, apoiar, fomentar e realizar accións de formación continua de traballadores, garantindo a non-discriminación e o acceso á información de traballadores con maior dificultade de acceso á formación, de conformidade coas porcentaxes establecidas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais por proposta da Comisión Estatal de Formación Continua, o acceso á formación dos traballadores pertencentes aos colectivos prioritarios do Fondo Social Europeo, no marco do establecido nos programas operativos de Iniciativa Empresarial e Formación Continua. Os ditos colectivos son: traballadores de pequenas e medianas empresas (especialmente as de menos de 50 traballadores) e colectivos desfavorecidos (mulleres, discapacitados, maiores de 45 anos e traballadores non cualificados.

e) Promover, apoiar, fomentar e realizar accións de formación ocupacional para desocupados que redunden no aumento da empregabilidade.

f) Desenvolver cursos, seminarios, congresos, publicacións, revistas, etc.

g) Realización de tarefas de titorización e asesoramento para a inserción laboral de desocupados e estudantes.

h) Desenvolver actividade de formación profesional, de inserción laboral e apoio á creación de emprego directo ou indirecto en favor de minusválidos, coa finalidade da súa integración no mercado de traballo.

i) Desenvolver actividades de integración laboral que abranguen o colectivo de persoas retornadas e inmigrantes.

j) Realización de tarefas relacionadas coa intermediación no mercado laboral.

k) Impulsar e estender entre os empresarios, traballadores e persoas en situación de desemprego unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

l) Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores e persoas en situación de desemprego mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal.

m) Promocionar aos traballadores e ás persoas en situación de desemprego os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades das empresas.

n) Contribuír á mellora da produtividade, competitividade das empresas e á estabilidade e calidade do emprego.

o) Deseñar e por en marcha plans de formación.

p) Realización de estudos de carácter socioeconómico-laboral.

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis), ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que para tal efecto sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis), no rexistro de fundacións de interese galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, para os efectos constitutivos que sinala o artigo 5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-A dita fundación queda sometida ao disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada ante o protectorado a lle render contas anualmente e xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentarlle o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula, e debendo solicitar as preceptivas autorizacións cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2009.

17 Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Michel Salgado e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 231, do 25.11.2009).

Con data do 6 de agosto de 2009, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 29 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se clasifica de interese social a Fundación Michel Salgado, adscribíndose á Consellería de Traballo e Benestar, departamento a que corresponde o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación, segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, ten por obxecto fins sociais con especial dedicación á infancia e aos colectivos máis desfavorecidos. O seu propósito fundamental é fomentar a igualdade de oportunidades á infancia, nenos, nenas e adolescentes en Galicia, abarcando varios ámbitos tales como:

Desenvolver actividades culturais e deportivas que fomenten a igualdade de nenos en xeral e, sobre todo, axudar especialmente aos pertencentes a colectivos desfavorecidos por problemas económicos, sociais, físicos ou psíquicos.

Fomentar a igualdade entre nenos e nenas promovendo a non discriminación por razón de sexo, raza, idade, cultura ou relixión e o respecto á diversidade a través de programas, proxectos e accións de cooperación nacional para o desenvolvemento.

Cooperación entre entidades sociais para unir esforzos no logro de obxectivos.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 47 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, logo do informe favorable emitido con data do 2 de setembro de 2009 pola

Asesoría Xurídica e do informe emitido con data do 7 de setembro de 2009 pola Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do artigo 52.3º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a Fundación Michel Salgado, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da Fundación Michel Salgado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-A fundación cumprirá co disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación, en especial coa obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e coa ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Así mesmo, estará obrigada a presentar ao protectorado as contas anuais e xustificar a través da memoria anual o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar un plan de actuación con anterioridade ao inicio de cada exercicio económico, en que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte xunto cunha previsión das partidas de ingresos e gastos e unha memoria explicativa deste, e a realizar as preceptivas comunicacións ao protectorado nos supostos legalmente establecidos.

Cuarto.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses, contados en ambos os dous casos a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 109, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago Compostela, 10 de novembro de 2009.

18 Resolución do 30 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home.

(DOG nº 237, do 3.12.2009).

Examinado o expediente de recoñecemento e declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, dítase esta resolución baseada nos feitos e fundamentos de dereito que se expoñen a continuación:

Feitos.

Primeiro.-Ramón Gómez Crespo, como fundador e presidente do padroado da fundación, con data do 13 de agosto de 2009, formulou solicitude de clasificación, declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Segundo.-A Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o 8 de outubro de 2009, ante o notario Nelson Rodicio Rodicio, co número de protocolo dous mil setecentos dezasete, por Ramón Gómez Crespo, que intervén no seu propio nome. Esta escritura foi obxecto de rectificación, mediante dilixencia do mesmo notario, do 5 de novembro de 2009, co número de protocolo tres mil trinta e cinco.

Terceiro.-A Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home ten por obxecto, segundo establece o artigo 6 dos estatutos, a atención integral aos colectivos marxinados ou en estado de necesidade e aqueles en situación de exclusión social; así como a prevención, formación, educación, rehabilitación e reinserción, apoio e intermediación no ámbito penitenciario, xurídico e xudicial ás persoas con problemas de adicción, ás súas familias e aos colectivos de risco (e dentro destes especialmente o traballo con mulleres, inmigrantes e discapacitados físicos e psíquicos. Protección á infancia, especialmente acollida e integración sociofamiliar de menores desprovistos de atención familiar, así como a promoción, en xeral, do positivo desenvolvemento dos menores desprotexidos.

Cuarto.-Na constitución da fundación constan os extremos relativos á personalidade dos fundadores; a súa capacidade para constituíla e a súa vontade de facelo como de interese galego conforme os preceptos da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Quinto.-Nos estatutos da fundación consta os extremos relativos á súa denominación e natureza (artigo 1); o seu enderezo en Santiago de Compostela (A Coruña), praza de Europa, 1, 6º B (artigo 4); o seu obxecto e fins (artigo 6); as regras para a aplicación das rendas ao obxecto fundacional e para a determinación dos beneficiarios (artigos 9 e 10); e a designación do padroado como órgano de goberno, representación e administración dela, con indicación do seu réxime de funcionamento (artigos 11 a 28).

Sexto.-O padroado inicial da fundación está formado por Ramón Gómez Crespo como presidente; Ofelia de la Concepción Debén Rodríguez como vicepresidenta; Amalia María Calvo Ríos como secretaria e Manuel Rodríguez Iglesias como vogal.

Sétimo.-A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elevoulle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, proposta de clasificación como de interese social da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 47 da citada lei e o artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o protectorado será exercido polo

departamento da Xunta que teña atribuídas as competencias correspondentes aos fins fundacionais, procedendo á súa clasificación como de interese social.

Oitavo.-Á vista da citada proposta da comisión de secretarios xerais, por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 17 de novembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 24 de novembro) clasificouse como de interese social a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home e adscribiuse á Consellería de Traballo e Benestar para efectos do exercicio do protectorado sobre ela.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral consonte a lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-De acordo co disposto no artigo 7.2º do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, en relación co Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, correspóndelle a esta Consellería de Traballo e Benestar a declaración de interese galego mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, así como o exercicio das funcións de protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro.-Á vista do disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e nos decretos 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e o Decreto 15/2009, da mesma data, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese galego, deben entenderse substancialmente cumpridos os requisitos establecidos pola declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home, polo que, por todo isto:

RESOLVO:

Primeiro.-Recoñecer e declarar de interese galego a Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar.

Terceira.-Que a dita fundación, expresamente sometida á Lei 12/2006, do 1 de decembro, e aos decretos 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundación de interese galego e ao Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e demais normativa de aplicación, onde se establecen especialmente as obrigas de dar publicidade suficiente dos seus obxectivos e actividades, da ausencia de ánimo de lucro na prestacións dos seus servizos e de solicitar as preceptivas autorizacións, quede suxeita ao protectorado da Xunta de Galicia, que será exercido por esta consellería.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2009.

Igualdade

19 Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

(DOG nº 35, do 19.02.2009).

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, ao traballo remunerado, constitúe sen dúbida un dos procesos de máis calado social das últimas décadas. Os avances acadados neste ámbito son significativos en todas as sociedades industriais avanzadas pero, non obstante, aínda persisten moitos obstáculos que impiden unha plena inserción das mulleres no mercado de traballo pois, a pesar do desenvolvemento alcanzado na nosa sociedade e na nosa economía, é notoria aínda a distinta posición entre mulleres e homes no ámbito laboral. Posición que non é posible desligar dunha concepción tradicional da sociedade, baseada na separación secular entre as esferas produtiva e reprodutiva que adscribiu os varóns á primeira e, con naturalidade indiscutible, delegou a responsabilidade da segunda exclusivamente sobre as mulleres.

Esta incorporación das mulleres ao traballo remunerado, consolidada ao longo do século pasado, constitúe a modificación estrutural máis significativa da sociedade occidental e, no seu imparable percorrido, pasouse da ocupación das mulleres en traballos remunerados con características de continuidade dos traballos domésticos á lexítima aspiración actual da ocupación en todo tipo de sectores laborais sen diferenciación por razón de sexo.

A consecución desta lóxica expectativa non veu acompañada da percepción social dunha situación inxustamente desigual, senón que o proceso de incorporación das mulleres ao mercado laboral constitúe unha escalada dura e continua de logros alcanzados polos que as mulleres pagan día a día un alto prezo. Desenvolver as novas actividades da esfera produtiva non exime a maioría das mulleres de ocuparse á vez das actividades tradicionalmente asignadas ao xénero feminino.

Esta situación consentida e auspiciada polas sociedades modernas que contraditoriamente exixen ao mesmo tempo a contribución das capacidades das mulleres á economía de mercado e a súa permanencia indiscutible no ámbito dos coidados e no doméstico, ten como consecuencia non só as sobrecargadas xornadas de traballo das mulleres, senón a precariedade coa que enfrontan a súa inserción, permanencia e promoción no mundo laboral.

Atopámonos pois, nunha situación de transición que require do impulso e continuidade de actuacións para acadar a igualdade no ámbito laboral, que exixe o establecemento de medidas e accións que prevexan de xeito crítico a desigual situación de mulleres e homes na esfera produtiva e reprodutiva para formular novas vías de solución, que ten a obriga de articular os medios que permitan acadar as expectativas de lograr unha sociedade que, desde a lóxica da igualdade, remate coa persistente e, moitas veces non visible, discriminación no

ámbito laboral.

Esta situación de transición non é nova pois xa a Carta Fundacional de Nacións Unidas, que entrou en vigor en 1945, recolle o compromiso de reafirmar a fe nos dereitos fundamentais, na dignidade e o valor da persoa, na igualdade de dereitos de homes e mulleres, non obstante, pasados máis de sesenta anos a Comisión de Nacións Unidas sobre a Condición da Muller segue a denunciar a inxustiza da discriminación por razón de sexo como unha das maiores situacións de desigualdade existentes na comunidade internacional. Tamén hai que lembrar a Declaración da Organización Internacional do Traballo sobre os Dereitos e Principios Fundamentais no Traballo, aprobada pola Conferencia Internacional do Traballo na súa 88ª Asemblea, o 18 de xuño 1998, que considera a eliminación das discriminacións no emprego e na ocupación un dos catro eixes de actuación desta entidade.

Aínda tendo en conta as importantes diferenzas na situación das mulleres nos distintos países, a Estratexia Internacional de Desenvolvemento puxa pola integración das mulleres no desenvolvemento global atendendo aos esforzos das mulleres de todos os puntos do planeta na reclamación de iguais dereitos, da erradicación da violencia, da mellora da calidade de vida, do dereito ao acceso aos espazos públicos e económicos.

Desde as máis altas instancias internacionais elaboráronse e consensuáronse propostas de actuación para garantir eses iguais dereitos, oportunidades e responsabilidades para homes e mulleres que fagan destas aspiracións unha realidade que posibilite o desenvolvemento das capacidades de todas as persoas en beneficio do conxunto da sociedade.

Na Cuarta Conferencia Internacional sobre a Muller, celebrada en Beijing en 1995, especifícanse importantes obxectivos relacionados directamente coa inclusión plena e igualitaria das mulleres na actividade laboral e empresarial establecendo medidas concretas que deben adoptar as organizacións empresariais tanto locais como rexionais ou internacionais. Entre elas destaca a necesidade de promover e apoiar a formación e capacitación das mulleres, establecer mecanismos para a contratación laboral non discriminatoria, posibilitar o acceso das mulleres aos postos de responsabilidade, impulsar a igualdade salarial ou establecer medidas que fomenten a conciliación da vida familiar, persoal e profesional de homes e mulleres.

Do mesmo xeito, a Unión Europea elaborou programas para a igualdade de oportunidades co fin de contrarrestar os obstáculos para acadar unha igualdade de oportunidades práctica e real, derivados da concepción tradicional da división de papeis e funcións entre mulleres e homes. Unha mostra é a Estratexia Europea de Emprego que desde o principio considerou a igualdade de oportunidades para homes e mulleres no acceso, permanencia e promoción no emprego como un dos seus catro piares fundamentais de actuación. E máis recentemente debe terse en conta o Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero aprobado polo Consello de Primavera do 24 de marzo de 2006. A pesar deste compromiso, aínda nos estados membros o índice de desemprego segue a ser sistematicamente máis elevado entre as mulleres, están afectadas en maior medida por situacións de desemprego de longa duración e sofren desigualdades de remuneración con respecto aos homes realizando traballos de igual valor.

Unha integración plena das mulleres na nova economía exixe seguir insistindo na importancia de erradicar a segregación tanto horizontal como vertical para corrixir a escasa representación de mulleres nunha parte substancial dos sectores laborais e nos postos decisorios das empresas. Unido a isto é preciso evitar o aumento das desigualdades e a aparición de novas formas de marxinación derivadas da escasa atención que se presta aos colectivos que parten de situacións de especial vulnerabilidade ou marcadas pola desvantaxe social.

En Galicia, o escenario preséntase similar, caracterizado pola incorporación das mulleres ao mundo laboral, proceso crecente que se incrementa rapidamente nas últimas décadas pero que continúa distante da óptima inserción en igualdade de oportunidades cos homes.

Hoxe a participación das mulleres no traballo remunerado xa non é un feito puntual senón unha realidade irreversible debido a varios factores de especial significación. Por unha banda, a cualificación e a formación académica que presentan as mulleres evolucionou notablemente, superando con frecuencia ás dos homes das mesmas idades. É preciso ter en conta ademais que a realidade económica e social actual require que homes e mulleres acheguen o seu salario para sustentar as economías familiares ou dos núcleos de convivencia. A isto engádese a firme decisión das mulleres de participar en todos os ámbitos públicos incluído o laboral. Aínda así, as condicións en que acceden a este mercado son marcadamente desiguais.

Na nosa comunidade puxéronse en marcha unha serie importante de políticas públicas destinadas a favorecer a incorporación igualitaria das mulleres ao mercado laboral, mais, a pesar do avance que supuxo a aplicación de diversas actuacións, o panorama actual evidencia que é preciso continuar incidindo neste ámbito.

O labor realizado en estreita colaboración cos axentes sindicais e empresariais reflicte a mellora dos indicadores económicos pero aínda abundan datos que dan proba dos obstáculos que impiden ou dificultan unha incorporación das mulleres no mercado laboral en condicións semellantes ás dos homes. A maior parte das persoas desempregadas en Galicia son mulleres tanto se se trata de persoas que xa traballaron como das que están en busca do seu primeiro emprego. Así mesmo, a precariedade laboral é máis significativa entre as mulleres, pois a contratación temporal ou a xornada a tempo parcial afectan principalmente os diferentes colectivos de traballadoras.

O punto de arranque para modificar esta situación desigual e consolidar a plena inserción laboral das mulleres en igualdade de oportunidades, implica a adopción de medidas que fomenten a formación, que posibiliten a conciliación da vida familiar, persoal e profesional, que asuman a paridade, a acción positiva e a discriminación positiva como estratexias de indiscutible eficacia, que velen pola incorporación ao ámbito laboral das mulleres que se atopen en situación de vulnerabilidade ou en condicións marcadas pola desvantaxe social, que incorporen o principio de igualdade nas actuacións públicas. Neste sentido ten especial relevancia a implicación do ámbito empresarial para incorporar a igualdade en todos os aspectos da súa actuación: selección, contratación, formación, equiparación salarial, promoción profesional, conciliación, condicións de traballo, saúde laboral e protección da dignidade no traballo.

É xa unánime o recoñecemento de que o progreso das sociedades só se verá garantido se as mulleres desempeñan un papel de primeira orde na vida económica desenvolvendo as súas capacidades infrautilizadas. A idea tradicional segundo a que igualdade e eficiencia económica son principios de actuación incompatibles e excluíntes, quedou xa obsoleta, entendéndose que a incorporación das mulleres ao ámbito do emprego en clave de igualdade non só reportará beneficios sociais senón tamén importantes beneficios desde unha perspectiva económica. Constitúen unha fonte básica para a economía, aínda que ata tempos recentes non se tivo en conta nin cualitativa

nin cuantitativamente.

Atendendo aos obxectivos de eficacia e eficiencia, tanto a Administración como as empresas de Galicia deben adoptar medidas correctoras que permitan erradicar o inxusto peso da discriminación laboral que as mulleres soportaron durante séculos. Sen dúbida reportará beneficios sociais pero tamén beneficios económicos pois non se pode por máis tempo desprezar o potencial e as posibles contribucións das mulleres ao ámbito laboral.

É tarefa dos poderes públicos crear as condicións para integrar o principio de igualdade na política de emprego e promover a igualdade nas empresas co obxecto de que mulleres e homes poidan acceder sen discriminación por razón de sexo á inserción, permanencia e promoción ao mercado laboral, coa vista posta no establecemento de políticas públicas que persuadan os distintos actores sociais, homes, mulleres, institucións políticas, administracións, empresariado, da necesidade de promover un desenvolvemento social e económico máis humano e máis xusto socialmente que faga da nosa sociedade un lugar máis habitable.

A Constitución española no seu artigo 9.2º establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14, a Constitución española recoñece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén no seu capítulo III, dos principios reitores da política social e económica, establece o dereito á axeitada utilización do ocio, o acceso á cultura, o desfrute dun ambiente adecuado apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia cuxos títulos II e IV recollan a promoción da igualdade nas empresas e a integración da igualdade na política de emprego.

Con posterioridade á aprobación da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, aprobouse a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que dedica o seu título IV á regulación do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades (artigos 42 a 50).

Este decreto dítase, pois, en desenvolvemento do establecido nos títulos II e IV da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e en execución da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e ten a súa base no establecido no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia que sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promoveren as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social; no artigo 27.24º que atribúe á comunidade autónoma a competencia exclusiva na promoción do desenvolvemento comunitario, no artigo 30.I.1 que atribúe a competencia exclusiva para o fomento e planificación da actividade económica e no artigo 29.1º que lle outorga a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral.

Este decreto pretende facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral prevendo medidas destinadas a eliminar e corrixir toda forma de discriminación por razón de sexo e para promover a igualdade nas empresas de Galicia.

O decreto artéllase en nove capítulos que abranguen 54 artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo primeiro establécese o obxecto e o contido do decreto; o capítulo segundo establece as medidas de apoio económico para a elaboración dos plans de igualdade nas empresas, as formas de solicitude, a súa tramitación, xustificación e acreditación; o capítulo terceiro establece as medidas de apoio económico para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade nas empresas; o cuarto, sobre o apoio técnico para a implantación de plans de igualdade ou adopción de medidas de promoción da igualdade, determina as características do dito apoio técnico e a forma para a súa solicitude. O capítulo quinto, sobre a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, determina os parámetros do dito distintivo, así como a súa valoración, os dereitos e facultades derivados da súa obtención e, se é o caso, a retirada e suspensión do dereito de utilización deste.

A integración da igualdade na política de emprego regulada no capítulo sexto aborda as boas prácticas en materia e igualdade no emprego, os obxectivos cuantitativos que hai que alcanzar, a colaboración con entidades e a elaboración do Plan de Emprego Feminino. No capítulo sétimo establécense as medidas para a igualdade e non discriminación na formación profesional para o emprego, a introdución de accións positivas e de contidos formativos en materia de igualdade na formación profesional para o emprego, determina a obriga da formación en materia de igualdade, os colectivos prioritarios na formación, as medidas de conciliación na formación e as axudas económicas para a introdución destas obrigas; o capítulo oitavo sobre a colaboración especial cos axentes sociais establece axudas á formación en materia de igualdade dirixidas aos axentes sociais. O capítulo noveno establece medidas de fomento do emprendemento feminino.

Nas súas disposicións establécese o compromiso de elaboración dunha relación de profesións con subrrepresentación feminina en Galicia e a obriga de utilizar unha linguaxe non sexista na formación profesional para o emprego e as formas de aplicación de subvencións.

Por último, na disposición derrogatoria hai unha cláusula derrogatoria xeral e nas disposicións derradeiras inclúense as habilitacións necesarias para o desenvolvemento deste decreto e o prazo da súa entrada en vigor.

En virtude das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, reguladora da Xunta e da súa presidencia, por proposta do conselleiro de Traballo, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, oído o ditame do Consello Consultivo de Galicia e, logo da deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día vinte e un de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Capítulo primeiro

Obxecto e contido

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto deste decreto é o desenvolvemento regulamentario das medidas de igualdade nas empresas de Galicia previstas no título II da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como o desenvolvemento regulamentario das medidas para a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, recollidas no título IV da mesma lei.

2. A regulación contida neste decreto relativa ás medidas de apoio económico para a promoción da igualdade completarase coa que se estableza anualmente nas ordes de convocatorias de axudas e subvencións.

Artigo 2º.-Contido da promoción da igualdade nas empresas.

As medidas de promoción da igualdade nas empresas reguladas neste decreto son as seguintes:

a) As medidas de apoio económico para a implantación de plans de igualdade, recollidas no capítulo segundo.

b) As medidas de apoio económico para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade, recollidas no capítulo terceiro.

c) As medidas de apoio técnico e asesoramento xurídico para a implantación de plans de igualdade ou para a implantación de medidas concretas de promoción da igualdade, recollidas no capítulo cuarto.

d) A Marca Galega de Excelencia en Igualdade, regulada no capítulo quinto.

Artigo 3º.-Contido da integración da igualdade na política de emprego.

As medidas para a integración da igualdade e non discriminación por razón de sexo na política de emprego reguladas neste decreto son as seguintes:

a) A busca das mellores prácticas no deseño das políticas de igualdade e non discriminación no emprego e a elaboración dun plan galego de emprego feminino de carácter integral, regulado no capítulo sexto.

b) As medidas para a igualdade e non discriminación na formación profesional para o emprego, recollidas no capítulo sétimo.

c) As medidas de apoio ás organizacións sindicais e empresariais para a formación en materia de igualdade, recollidas no capítulo oitavo.

d) O fomento do emprendemento feminino, recollido no capítulo noveno.

Capítulo segundo

Das medidas de apoio económico para a implantación de plans de igualdade

Artigo 4º.-Axudas ás empresas para a implantación de plans de igualdade.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo convocará anualmente axudas para as empresas, especialmente dirixidas ás pequenas e medianas empresas con limitados recursos económicos, que tendo domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia teñan, pola súa vez, persoal contratado en Galicia, cando a empresa elabore ou implante, nos termos exixidos para os plans legalmente obrigatorios nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, un plan de igualdade:

a) De xeito voluntario.

b) Como consecuencia dun acordo coa representación legal de traballadores e traballadoras.

c) En cumprimento dunha obriga establecida nun convenio de ámbito superior á empresa.

2. As empresas que, de conformidade co punto 1 do artigo 11 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, estean obrigadas a realizar plans de igualdade nos termos establecidos nos artigos 9 e 10 de devandita lei, acometerán os custos do plan cos seus propios orzamentos, sen prexuízo do asesoramento técnico e da formación adecuada que lle corresponda prestar ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, e sen prexuízo das competencias que teñan outros organismos da Xunta de Galicia.

Artigo 5º.-Conceptos subvencionables.

As convocatorias anuais de axudas para a elaboración e implantación dos plans de igualdade, nos supostos recollidos no artigo anterior cubrirán os seguintes conceptos de gasto e nas seguintes contías:

a) Ata o 100% dos custos íntegros da diagnose previa da realidade desde a perspectiva de xénero.

Nas convocatorias anuais determinarase o custo máximo subvencionable en función do número de traballadores e traballadoras, respectando un mínimo para as empresas de menos de 50 persoas empregadas.

A diagnose da realidade incluirá, en todos os casos, unha valoración de postos de traballo, categorías profesionais, xornada laboral e un estudo da estrutura salarial e extrasalarial e será realizada por persoal con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade.

b) Unha contía por hora que será fixada nas ordes de convocatoria das destinadas polo persoal directivo e/ou os mandos intermedios da empresa, para a asistencia a cursos de formación en igualdade financiados pola Administración autonómica co contido e duración que esta determine.

O número máximo de horas subvencionables será de 10 por cada 100 persoas empregadas ou a parte proporcional que corresponda segundo o persoal da empresa.

c) Unha contía que será fixada nas ordes de convocatoria pola contratación durante a vixencia do plan de igualdade dun traballador ou dunha traballadora con experiencia e/ou coñecementos en materia

de igualdade, co obxecto de asesorar na súa elaboración e aplicación ou ata o 10% do importe derivado da contratación dunha empresa ou entidade externa especializada en materia de igualdade para a elaboración e seguimento da implantación do plan de igualdade. A contía máxima subvencionable será determinada nas correspondentes ordes de convocatoria.

Estas cantidades incrementaranse nun 50% no caso de contratación dun traballador ou traballadora e nun 20% no caso de contratación dunha empresa ou entidade externa, para aquelas empresas de menos de 50 traballadoras e traballadores.

O incremento será do 100% no caso de contratación de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situación marcada pola desvantaxe social a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Neste caso, só poderá subvencionarse unha contratación por empresa. Esta axuda poderá completarse cunha subvención en contía a tanto alzado equivalente a unha mensualidade ordinaria de salario mínimo interprofesional cando o contrato de traballo fose indefinido ou de duración igual á vixencia do plan de igualdade e a tempo completo. Neste último caso, se a xornada é a tempo parcial a contía da subvención será proporcional á xornada pactada.

Estas axudas incrementaranse no 100% no caso de contratación dun traballador ou traballadora ou no 50% do importe derivado da contratación dunha empresa ou entidade externa cando o plan de igualdade comprenda a totalidade da empresa, incluíndo, se é o caso, os centros de traballo radicados fóra de Galicia.

d) Ata o 100% dos custos derivados da reorganización da empresa pola aplicación do plan de igualdade.

O gasto máximo subvencionable será establecido nas convocatorias de axudas atendendo ao número de persoas empregadas, respectando un mínimo para as empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras.

e) Ata o 100% dos custos da adaptación das instalacións ou outros medios materiais da empresa, cando, tratándose de sectores de actividade onde sexa tradicional a infrarrepresentación laboral feminina, a empresa non supere o 10% de traballadoras en persoal e se comprometa a superar esta porcentaxe. O importe máximo subvencionable será establecido nas ordes de convocatoria.

O custo máximo que se subvencionará dependerá do número de persoas empregadas, respectando un mínimo para as empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras.

Artigo 6º.-Mantemento das medidas de apoio económico para a aplicación de plans de igualdade.

As axudas e subvencións para os conceptos sinalados nas letras b) a e) do artigo 5 deste decreto poderán solicitarse para o mantemento do plan de igualdade que estea en vigor no momento da solicitude de axuda económica da empresa.

Artigo 7º.-Renovación das medidas de apoio económico para a aplicación de plans de igualdade.

1. Se a duración da vixencia do plan de igualdade superase un ano, poderanse solicitar cada ano e con referencia a ese ano natural, as axudas económicas establecidas nas letras b) a d) do artigo 5 deste decreto, atendendo á convocatoria anual en vigor no momento da solicitude.

O número máximo de convocatorias en que se poderá solicitar a renovación das axudas será de oito, aínda que o prazo de aplicación do plan de igualdade superase os oito anos.

2. Non se poderá solicitar a renovación da axuda económica establecida na letra e) do artigo 5 deste decreto salvo se, de xeito excepcional e por motivos xustificados, se acreditase a necesidade de realizar novas adaptacións nas instalacións ou outros medios materiais da empresa.

3. Para a mellor resolución das solicitudes de renovación acordarase:

a) Solicitar un informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, acerca da aplicación do plan.

b) Unha audiencia da representación legal das traballadoras e traballadores, acerca da aplicación do plan.

Á vista dos informes sinalados no parágrafo anterior e do informe da unidade administrativa de igualdade do Departamento da Administración Autonómica competente en materia de traballo, poderá concederse a renovación aínda apreciándose desviacións na aplicación do plan de igualdade se dos informes emitidos se acredita que as desviacións non impiden alcanzar dentro dos prazos establecidos, todos os obxectivos de igualdade previstos.

Artigo 8º.-Xustificacións periódicas da aplicación do plan de igualdade.

1. As empresas que reciban unha axuda pública para a aplicación do plan de igualdade estarán obrigadas a entregar ao órgano concedente, dentro do mes de xaneiro seguinte á finalización do ano natural en que se solicitou a axuda económica, un informe que poña de manifesto a evolución, durante ese período, da súa aplicación.

De solicitarse a renovación das axudas económicas para a implantación do plan de igualdade, deberá presentarse o dito informe xunto coa solicitude e demais documentación sinalada na orde de convocatoria.

2. Se o informe non se presenta no prazo sinalado, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo requirira as empresas para a súa presentación concedendo unha prórroga dun mes.

3. A falta de presentación do citado informe ou o incumprimento dos fins para os que foron concedidas as axudas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas concedidas. Procederá tamén o inicio do expediente de reintegro total ou parcial das axudas establecidas nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9.-Xustificación final da aplicación do plan de igualdade.

1. Concluído o prazo de vixencia do plan de igualdade, a empresa deberá xustificar a consecución dos obxectivos establecidos.

Para a comprobación desa xustificación, o departamento da Ad-

ministración autonómica competente en materia de traballo acordará:

a) Solicitar un informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, acerca da aplicación do plan.

b) Realizar unha visita á empresa por parte do persoal técnico do órgano concedente das axudas.

c) Unha audiencia da representación legal das traballadoras e traballadores, acerca da aplicación do plan.

2. De non resultar completa a xustificación dos obxectivos de igualdade establecidos, acordarase o inicio do expediente de reintegro das axudas recibidas en todo ou en parte, en atención ao incumprimento total ou parcial dos obxectivos de igualdade establecidos no propio plan de igualdade.

Artigo 10º.-Facultades administrativas de control.

O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo exercerá de xeito permanente, directamente ou a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, un labor de vixilancia e inspección sobre as empresas con axudas públicas para verificar a correcta aplicación do plan de igualdade conforme ás súas propias previsións temporais.

A incorrecta aplicación do plan de igualdade dará lugar ao inicio do expediente de reintegro das axudas recibidas en todo ou en parte, en atención ao incumprimento total ou parcial na aplicación do plan de igualdade.

Se existe un órgano de seguimento do plan de igualdade creado polos axentes sociais, o órgano concedente das axudas dirixirase a el de xeito periódico para os efectos de vixilancia da aplicación do plan e, en todo caso, oirao antes de acordar o reintegro das axudas.

Artigo 11º.-Acreditación da implantación do plan de igualdade.

1. A acreditación da implantación do plan de igualdade nas empresas, realizarase mediante certificación expedida pola persoa titular da secretaria xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, logo da solicitude da empresa interesada.

   Previamente á expedición da certificación, acordarase a realización dos trámites de comprobación establecidos para a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

3. No prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, a persoa titular da secretaría xeral expedirá a certificación ou ditará resolución denegándoa.

   Contra a decisión da persoa titular da secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular do citado departamento.

4. O contido da certificación acreditará que o plan de igualdade implantado responde aos termos exixidos, nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Capítulo terceiro

Das medidas de apoio económico para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade

Artigo 12º.-Axudas ás empresas para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo convocará anualmente axudas para as empresas que, tendo domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, teñan, pola súa vez, persoal contratado en Galicia, para a implantación voluntaria de medidas concretas de promoción da igualdade, incluíndo accións de responsabilidade social. Estas medidas e accións deberán ser acordadas coa representación legal de traballadores e traballadoras, ou negociada en convenio colectivo de ámbito superior á empresa.

2. Para acceder ás axudas, será necesario acreditar que se realizou con anterioridade á implantación unha diagnose desde a perspectiva de xénero dun parámetro concreto de igualdade e que a medida concreta de igualdade permitirá mellorar a situación do parámetro.

Artigo 13º.-Conceptos subvencionables.

1. As convocatorias anuais de axudas para a elaboración e implantación de medidas concretas de promoción da igualdade, nos supostos recollidos no artigo anterior cubrirán os seguintes conceptos de gasto e nas seguintes contías:

   a) Ata o 50% dos custos íntegros da diagnose previa da realidade desde a perspectiva de xénero.

   b) Ata o 50% dos custos íntegros organizativos derivados da aplicación da medida concreta de igualdade.

   c) Ata o 100% do custo íntegro da adaptación das instalacións ou outros medios materiais da empresa cando, tratándose de sectores de actividade onde sexa tradicional a infrarepresentación laboral feminina, as empresas non superen o 10% de traballadoras en persoal e se comprometan, como medida concreta de promoción da igualdade, a incrementar a porcentaxe sen perda de emprego.

2. O custo máximo que se subvencionará establecerase nas ordes anuais de convocatorias de axudas do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo e dependerá do número de persoas empregadas, respectando un mínimo para as empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras.

Artigo 14º.-Vixencia e renovación das medidas de apoio económico para a adopción de medidas concretas de fomento da igualdade.

As axudas e subvencións polos conceptos sinalados no artigo anterior poderán solicitarse para a adopción de medidas concretas de igualdade que estean en vigor no momento da solicitude de axuda económica da empresa.

Se a aplicación da medida concreta de fomento da igualdade supera un ano, poderase solicitar unha soa renovación. Para concederse a renovación a empresa terá que presentar xunto coa solicitude un informe sobre que a evolución da aplicación da medida concreta de fomento da igualdade

Con anterioridade á concesión da renovación, o persoal técnico do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo emitirá un informe sobre os resultados da aplicación da medida de fomento da igualdade.

Artigo 15º.-Xustificación e vixilancia da aplicación da medida concreta de fomento da igualdade.

1. Concluído o prazo de vixencia da medida concreta de fomento da igualdade, a empresa deberá xustificar a consecución dos obxectivos establecidos.

2. Para a comprobación, o órgano concedente acordará:

a) Requirir informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre a aplicación da medida concreta de promoción da igualdade.

b) Realizar unha visita á empresa por parte do persoal técnico do órgano concedente das axudas.

c) Oír a representación legal dos traballadores e as traballadoras na empresa.

De non resultar completa a xustificación dos obxectivos de igualdade establecidos coa medida concreta de igualdade, acordarase o inicio do expediente de reintegro das axudas recibidas en todo ou en parte, en atención ao incumprimento total ou parcial dos obxectivos de igualdade buscados coa medida concreta de fomento da igualdade.

3. En canto ás facultades administrativas de control, exerceranse de conformidade co establecido no artigo 10 deste decreto.

Capítulo cuarto

Das medidas de apoio técnico e do asesoramento xurídico necesario para a implantación de plans de igualdade ou para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade

Artigo 16º.-Apoio e asesoramento necesario para a adopción de plans de igualdade e para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade.

A secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, a través da unidade administrativa de igualdade, prestará o apoio técnico e asesoramento xurídico necesario para:

a) A adopción dun plan de igualdade.

b) A adopción de medidas concretas de promoción da igualdade, cando se trate dunha medida das previstas no artigo 12 susceptibles de percibir unha axuda ou subvención pública ou que xa a recibiu se o asesoramento ou apoio se refire á súa aplicación.

Artigo 17º.-Solicitude e prestación do apoio técnico e asesoramento xurídico.

A petición será realizada polas empresas interesadas mediante unha solicitude escrita dirixida á secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

Artigo 18º.-Características xerais do apoio técnico e asesoramento xurídico.

O apoio técnico e asesoramento xurídico para a implantación de plans de igualdade ou para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade prestarase ás empresas solicitantes nos seguintes termos:

a) Apoio e asesoramento integral, no sentido de comprender calquera implicación en calquera campo de coñecemento derivada de elaboración ou aplicación dun plan de igualdade ou de medidas concretas de fomento da igualdade.

b) Apoio e asesoramento permanente, no sentido de comprender tanto a fase de elaboración como a fase de aplicación, e ata apoios e asesoramentos posteriores á vixencia da medida, se derivasen da súa implantación.

c) Apoio e asesoramento gratuíto, no sentido de non xerar ningún custo ás empresas que o soliciten.

d) Apoio e asesoramento urxente, no sentido de que se realizará no prazo máis breve posible atendendo á magnitude da solicitude e ao número destas pendentes e, en todo caso, no prazo dun mes desde a solicitude.

e) Apoio e asesoramento motivado, no sentido de ofrecer resposta razoada, axustándose ao sentido dos apoios ou asesoramentos precedentes, salvo se houbese xustos motivos para separarse do criterio.

Artigo 19º.-Denegación do apoio técnico e do asesoramento xurídico.

1. A secretaría xeral do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, por proposta da unidade administrativa de igualdade, poderá denegar o apoio ou asesoramento solicitado cando sexa improcedente, por non referirse a aspectos de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes ou por supor solicitude dun asesoramento laboral, ou sexa inútil, por supor reiteración doutro idéntico da mesma empresa solicitante, sen prexuízo da solicitude de aclaración dun anterior emitido por instancia da empresa solicitante.

2. De denegarse o apoio ou asesoramento, a empresa solicitante poderá interpor recurso de alzada ante a persoa titular do departamento da Administración autonómica con competencia en materia de traballo.

Artigo 20º.-Compilación dos apoios técnicos e asesoramentos xurídicos prestados.

1. A unidade administrativa de igualdade do departamento da Administración autonómica con competencia en materia de traballo encargarase de compilar dun modo ordenado os apoios técnicos e asesoramentos xurídicos prestados coa finalidade de facilitar o

seu uso administrativo e o acceso á súa consulta, garantindo a súa confidencialidade.

2. Á compilación terán acceso todas as persoas con interese lexítimo e, en todo caso, as empresas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Publicarase un breve resumo de todos os apoios e asesoramentos na páxina web do departamento da Administración autonómica con competencia en materia de traballo.

Capítulo quinto

A Marca Galega de Excelencia en Igualdade

Artigo 21º.-A Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia recoñece aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas sustentadas no impulso do principio de igualdade.

2. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade concederase de conformidade co establecido nos artigos 16 a 20, e concordantes, da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e co establecido neste decreto.

Artigo 22º.-Concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. Corresponde á persoa titular do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, ditar a resolución de concesión e, se é o caso, a renovación da Marca de Excelencia en Igualdade, logo de expediente tramitado pola secretaría xeral do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, a través da unidade administrativa de igualdade e logo da solicitude dos informes previstos nos puntos 4 e 5 do artigo 16 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. A citada resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poderá interporse potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente.

Artigo 23º.-Valoración dos parámetros de igualdade na empresa.

1. A concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade dependerá da implantación na empresa dos seguintes parámetros de igualdade:

1º. A existencia dunha representación adecuada de mulleres na totalidade dos grupos e categorías profesionais, incluíndo o persoal de alta dirección, correspondendo a situación ideal, que no baremo equivalería a 10 puntos, ao seguinte: a existencia dun 40% de mulleres na totalidade do persoal da empresa e, simultaneamente, un 40% de mulleres en cada grupo profesional respecto ao total de traballadores e traballadoras que o integran, existindo un equilibrio entre os sexos en cada categoría profesional integrada en cada grupo profesional.

Para o cómputo do cadro de persoal e a súa desagregación por sexo, considerarase como un posto de traballo o que se cubra cun contrato indefinido e xornada a tempo completo, e atribuirase ao sexo que o estea ocupando no momento da solicitude. Se se trata de xornada a tempo parcial, computarase proporcionalmente á xornada completa.

En todo caso, se se trata de contratos temporais, atribuirase ao sexo que o ocupou maiormente no ano anterior á solicitude da marca.

Para valores inferiores aos 10 puntos atenderase á valoración que derive da desviación existente respecto da situación ideal cualificada con 10 puntos, sendo necesario, en todo caso, que se alcancen 5 puntos.

A puntuación así obtida corrixirase nun 50% á alza, sen superar nunca os 10 puntos, cando na empresa se adoptaron medidas de acción positiva no acceso ao emprego e na promoción interna en empregos ou niveis onde as mulleres estean infrarrepresentadas, evitando os criterios de promoción ou os criterios en caso de igualdade de méritos que resulten discriminatorios para as mulleres.

Tamén se corrixirá noutro 50% á alza, sen superar nunca os 10 puntos, cando, constatándose a maior temporalidade dos contratos de traballo das traballadoras, ou unha concentración de mulleres no traballo a tempo parcial dentro da empresa, esta adopte medidas de mellora da calidade do emprego, como a conversión de contratos temporais en indefinidos ou a facilidade do acceso a un posto de traballo a tempo completo ou con maior xornada.

Os 10 puntos incrementaranse ata 15 puntos se a empresa recibise a nota pública favorable a que se alude no punto 2 do artigo 15 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e ata 12 puntos cando, unha vez recibida a recomendación privada a que se alude nesa norma legal, a empresa se comprometese ao seu cumprimento.

2º. As garantías efectivas da igualdade de retribución, correspondendo a situación ideal, o 10, á existencia dunha participación das traballadoras na masa global retributiva aboada pola empresa no último ano anterior á presentación da solicitude, incluíndo nesa masa global retributiva tanto percepcións salariais como percepcións extrasalariais, e ata a retribución de horas extra, proporcional á porcentaxe de traballadoras no persoal no devandito período.

Para valores inferiores aos 10 puntos atenderase á desviación existente respecto da situación ideal cualificada con 10 puntos, sendo necesario, en todo caso, que se alcancen 5 puntos.

3º. As garantías e melloras dos dereitos de conciliación de traballadores e traballadoras, correspondendo a situación ideal, o 10, á existencia de condicións de traballo equivalentes ás establecidas para o persoal laboral que estea ao servizo da Administración pública galega.

Para valores inferiores aos 10 puntos atenderase á valoración que derive da desviación existente respecto da situación ideal cualificada con 10 puntos, sendo necesario, en todo caso, que se alcancen 5 puntos.

Incrementarase en 4 puntos, sen superar nunca os 10 puntos, cando a empresa habilite lugares adecuados de repouso para as

traballadoras embarazadas ou salas de lactación ou gardarías na empresa e incrementarase en 2 puntos, sen superar nunca os 10 puntos, cando a empresa conceda apoios económicos para o uso de gardarías dun xeito substitutivo ou complementario ás gardarías na empresa.

4º. A implantación de medidas de prevención e de sanción adecuada do acoso sexual e do acoso moral por razón de xénero, tomando como situación ideal, sen prexuízo das necesarias adaptacións á empresa, o regulado nos artigos 47 a 54 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, nese caso concederanse 10 puntos.

Para valores inferiores aos 10 puntos atenderase á valoración que derive da desviación existente respecto da situación ideal cualificada con 10 puntos, sendo necesario, en todo caso, que se alcancen 5 puntos.

5º. A publicidade non sexista dos produtos e servizos da empresa, correspondendo o 10 á valoración da publicidade como transmisora dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes na sociedade, utilizando linguaxe e imaxes non sexistas, e reflectindo adecuadamente a presenza das mulleres nos distintos ámbitos.

Este parámetro de igualdade só se valorará como atributivo de 10 puntos ou, para o caso de non cumprir as anteriores exixencias, de 0 puntos.

6º. O establecemento de medidas específicas que garantan a prevención dos riscos laborais das mulleres, e máis concretamente, as medidas específicas que sexan conducentes a satisfacer as seguintes finalidades:

a) A revisión dos sistemas de recollida de datos en todas as materias relacionadas coa saúde laboral dentro da empresa coa finalidade de desagregar os datos en función do sexo ou en función de circunstancias relacionadas co sexo. Valoraranse as medidas conducentes a esta finalidade en 2,5 puntos, sendo necesario alcanzar esa referida cualificación.

b) O estudo multidisciplinar dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que, polas análises feitas dentro do ámbito da empresa, se manifestan, de xeito exclusivo ou significativamente predominante, sobre un só dos sexos, coas finalidades de detectar e de previr as súas causas. Valoraranse as medidas conducentes a esta finalidade en 2,5 puntos, sendo necesario alcanzar esa referida cualificación.

De non aparecer, segundo as análises feitas na empresa, danos exclusivos ou predominantes sobre a saúde dun só dos sexos, poderase atribuír a puntuación máxima cando a empresa se comprometa a realizar tal estudo multidisciplinar en canto se constataron esa clase de danos.

c) O establecemento de programas de formación específica en materia de saúde laboral e prevención de riscos desde unha perspectiva de xénero no ámbito da propia empresa. Valoraranse as medidas conducentes a esta finalidade ata 2,5 puntos.

d) A progresiva adaptación dos equipos de protección individual, do mobiliario e equipos de traballo, das características do posto de traballo e das súas circunstancias de execución ás condicionantes anatómicas e fisioloxicas das mulleres, coa finalidade de evitar situacións de desprotección da súa saúde. Valoraranse as medidas conducentes a esta finalidade ata 2,5 puntos.

e) Calquera outra medida cuxa finalidade sexa mellorar a prevención de riscos laborais co obxectivo de detectar e previr posibles situacións en que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo do persoal traballador. Valoraranse as medidas conducentes a esta finalidade ata 2,5 puntos.

Este parámetro de igualdade valorarase cun máximo de 10 puntos atendendo á suma global das diversas puntuacións derivadas das anteriores letras, sendo necesario, en todo caso, que se alcancen 5 puntos.

7º. A calidade e a transparencia da información que se facilitou á representación unitaria das traballadoras e traballadores, nos termos do artigo 64.3º do texto refundido do Estatuto dos traballadores, correspondendo o 10 á valoración da transparencia informativa que deberá ser ratificada pola citada representación.

Este parámetro de igualdade só se valorará como atributivo de 10 puntos ou, para o caso de non cumprir as anteriores exixencias, de 0 puntos, sendo necesario, en todo caso, que se obteña a cualificación de 10 puntos.

2. A puntuación global mínima para a cualificación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade será de 50 puntos atendendo á suma global das diversas puntuacións derivadas dos numerais do punto anterior.

Artigo 24º.-Axudas derivadas da obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permite á empresa beneficiarse, no ano seguinte á súa obtención dos dereitos e facultades establecidos no artigo 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. Para obter a subvención das cotizacións sociais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais a cargo da empresa, cando esta adoptase medidas de prevención e de sanción do acoso e do acoso sexual recollidas no punto 2º do artigo 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, será necesario obter unha puntuación, de acordo co número 4º do artigo anterior deste decreto de, cando menos, 5 puntos, nese caso a contía da subvención será do 1% das ditas cotizacións.

Se se trata dunha empresa de menos de 150 traballadoras ou traballadores, a subvención será do 2%.

De tratarse dunha empresa de menos de 100 traballadores e traballadoras, a subvención será do 3%.

Para empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras, a subvención será do 4%.

De tratarse dunha empresa de menos de 25 traballadores e traballadoras, a subvención será do 5% das cotizacións sociais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

3. A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá tamén ás empresas obter, conforme o que se estableza nas correspondentes ordes de convocatorias, as seguintes axudas económicas:

a) As axudas establecidas na letra b) do artigo 5 deste decreto e, no

suposto de contratación con carácter indefinido como axente de igualdade dun traballador ou dunha traballadora con especialización en igualdade, as da letra c).

b) Calquera das reguladas no artigo 13 deste decreto para a mellora da situación de parámetros concretos de igualdade na empresa.

4. Nas convocatorias de axudas e subvencións establecerase, como criterio dirimente para a súa concesión en caso de igualdade, o feito de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou ter implantado un plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Artigo 25º.-Prohibición de obtención.

Non poderá concederse a Marca Galega de Excelencia en Igualdade a unha empresa que fose sancionada por resolución administrativa firme ou condenada por sentenza xudicial firme, nos dous anos anteriores á solicitude, por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista.

Artigo 26º.-Renovación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. No mes anterior á finalización do ano de vixencia da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, a empresa deberá presentar un balance sobre a mellora ou mantemento dos parámetros de igualdade valorados na súa concesión. Así mesmo, achegarase un informe da representación unitaria das traballadoras e traballadores relativa ao cumprimento dos obxectivos e das exixencias do plan de igualdade, da promoción dos principios de igualdade e non discriminación.

   A non presentación do balance, a súa defectuosa presentación ou o empeoramento dos parámetros de igualdade valorados na súa concesión suporán a retirada das vantaxes obtidas.

   Así mesmo, no suposto de variación sobrevida dos parámetros de igualdade, poderanse solicitar de novo os informes a que fai referencia o punto 4º do artigo 16 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. Se, á vista dese balance, se mellorase ou se mantivesen os parámetros de igualdade valorados na súa concesión, renovarase a cualificación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

3. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo poderá realizar antes da renovación da marca todos os trámites de comprobación previa que considere necesarios incluído, se é o caso, a realización dunha auditoría.

Artigo 27º.-Retirada e suspensión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

A Marca Galega de Excelencia en Igualdade será retirada en canto a empresa sexa sancionada en resolución administrativa ou sexa condenada en sentenza xudicial por discriminación no emprego ou por publicidade sexista.

Mentres non sexan firmes a resolución administrativa ou a sentenza xudicial, suspenderase necesariamente o procedemento de concesión e, de ser o caso, poderase acordar a suspensión dos dereitos e das facultades inherentes á Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Se como consecuencia da atribución da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, a empresa se beneficiou de axudas económicas, poderase acordar o reintegro en todo ou en parte das axudas económicas.

Artigo 28º.-Preferencia na adxudicación dos contratos da comunidade autónoma.

1. A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade dá dereito a unha preferencia na adxudicación dos contratos da comunidade autónoma.

   Os órganos de contratación advertirán nos pregos de cláusulas administrativas particulares desa preferencia na adxudicación dos contratos das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional estean en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, sempre e cando as proposicións presentadas igualen nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación e respectando, en todo caso, a prelación establecida no punto primeiro da disposición adicional oitava do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

2. Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, se o contrato resultase de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

   Co fin de acreditar o mantemento dos parámetros de igualdade, a empresa deberá presentar durante todos e cada un dos anos fixados na adxudicación do contrato o balance a que fai referencia o artigo 26.

3. A non presentación do balance ou a non renovación, perda ou suspensión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade suporá o inicio do procedemento de resolución do contrato sempre que a obtención da marca fose determinante para a súa adxudicación.

   Esta circunstancia farase constar tanto nos pregos de cláusulas administrativas particulares como no contrato de adxudicación.

Artigo 29º.-Facultades administrativas de control.

O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo coa colaboración da Inspección de Traballo e Seguridade Social, exercerá de xeito permanente un labor de vixilancia e inspección sobre as empresas que teñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade para comprobar a correcta aplicación da igualdade e, se non se cumprise, poderase propor a retirada da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Capítulo sexto

Integración da igualdade na política de emprego

Artigo 30º.-Principios reitores das políticas de igualdade no emprego.

A Xunta de Galicia promoverá no deseño das políticas de igualdade no emprego:

a) A busca das mellores prácticas no marco da igualdade e non discriminación por mor de xénero.

b) A implicación activa das organizacións sindicais e empresariais, das organizacións públicas e privadas de defensa dos dereitos da muller, da sociedade civil e das autoridades e corporacións locais.

Artigo 31º.-Obxectivos cualitativos e cuantitativos da política de emprego.

1. A Xunta de Galicia fixará os seus obxectivos cuantitativos e cualitativos no marco da igualdade e non discriminación por mor de xénero, dentro do Plan Galego de Emprego Feminino a que se refire o artigo 37 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. Entre os obxectivos cualitativos da política de emprego figurarán necesariamente a redución da fenda salarial entre mulleres e homes, a promoción daquelas aos grupos e categorías máis cualificados e de máis responsabilidade e mando, a inserción laboral de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados, o inicio de políticas de corresponsabilidade e conciliación, a temporalidade ou indefinición do contrato, a posibilidade de que o traballo a tempo parcial sexa voluntario, a toma en consideración dos riscos laborais das mulleres e a existencia de políticas concretas de igualdade e non discriminación.

O departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo fará o seguimento específico dos aspectos cualitativos dos postos de traballo en que se empreguen as mulleres.

3. Cada un destes parámetros de calidade afrontarase mediante un sistema de xestión por obxectivos, no ámbito do Plan Galego de Emprego Feminino.

Artigo 32º.-O Plan Galego de Emprego Feminino.

1. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, aprobará un Plan Galego de Emprego Feminino.

2. O Plan Galego de Emprego Feminino terá carácter integral e deberá ser negociado coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Do mesmo xeito, e coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo coordinará cos concellos de Galicia e a través do Plan Galego de Emprego Feminino medidas de orientación e formación.

3. O plan terá unha duración bianual prorrogable e coordinarase co Plan Nacional de Emprego do Reino de España.

4. Na procura da inserción laboral efectiva e de calidade das mulleres, o plan incluirá, logo dunha diagnose da situación, os obxectivos estratéxicos e as boas prácticas necesarias para a súa consecución, así como os sistemas de avaliación pertinentes.

5. Prestarase especial atención na elaboración e execución do Plan Galego de Emprego Feminino á situación e á participación das mulleres no ámbito rural e no sector marítimo-pesqueiro.

Estableceranse cantas medidas de acción positiva sexan necesarias para a promoción do autoemprego, incluída a formación, o seguimento, o asesoramento e a dotación, en xeral, de medios materiais e inmateriais. En particular, apoiaranse as iniciativas de autoemprego no caso das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral, en situación de desvantaxe social, responsables de familias monoparentais ou pertencentes ao mundo rural ou ao sector marítimo-pesqueiro.

6. O plan acompañarase dos estudos xerais e sectoriais necesarios para o coñecemento da realidade dinámica do mercado laboral galego e de accións de innovación e investigación que detecten as necesidades específicas dos distintos colectivos de mulleres traballadoras e mulleres desempregadas.

7. O plan dotarase do financiamento público necesario para o cumprimento dos seus obxectivos, no que se incluirán as subvencións oportunas para as accións de innovación e investigación previstas no parágrafo anterior, sempre conforme as dispoñibilidades orzamentarias anuais.

Artigo 33º.-Fomento da cualificación, empregabilidade e promoción no emprego.

A Xunta de Galicia promoverá:

a) O acceso das mulleres traballadoras ás modalidades contratuais formativas e programas públicos de emprego-formación, para os efectos de que se formen no desenvolvemento de postos de traballo cualificados.

b) O mantemento do emprego e das expectativas de promoción profesional das persoas que se acollan aos dereitos vinculadas ao permiso parental, como a excedencia por coidado de fillas e fillos ou familiares ou as reducións de xornada por garda legal mediante medidas de acción positiva e compensadoras

c) O respecto ao principio de non discriminación e igualdade material entre mulleres e homes na actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia e as axencias privadas de colocación, mediante a adopción, se é o caso, de medidas compensadoras e de acción positiva a prol do sexo menos representado na poboación activa de Galicia. Especialmente, promoverase que un e outras desenvolvan medidas concretas nos ámbitos en que exista subrrepresentación feminina e con mulleres pertencentes a colectivos con dificultades de inserción laboral.

Capítulo sétimo

Igualdade e non discriminación na formación profesional para o emprego

Artigo 34º.-As accións positivas na formación profesional para o emprego.

Nas actuacións que corresponda realizar á Administración autonómica galega na aplicación do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, primarase o establecemento e posta en práctica de actuacións que favorezan a igualdade material entre mulleres e homes e eliminen as discriminacións directas e indirectas. En particular, promoveranse cantas medidas de acción positiva e de dis-

criminación positiva sexan necesarias para facilitarlle ao sexo menos representado o acceso ao mercado de traballo e compensar a súa situación de desvantaxe no mundo laboral.

Artigo 35º.-Fins e principios da formación profesional para o emprego.

1. Asúmense como fins da formación profesional para o emprego, a mellora da empregabilidade do sexo menos representado na poboación laboral activa en Galicia, a promoción das súas competencias profesionais e a superación progresiva da segmentación do mercado de traballo entre mulleres e homes.

2. Atendendo a estes fins nas convocatorias públicas de accións formativas de formación profesional para o emprego, teranse en conta entre os criterios para a concesión de subvencións, os aspectos e medidas que teñan implantadas as empresas solicitantes relacionados coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Artigo 36º.-Contidos das actividades de formación en igualdade.

En todas as actividades e accións de formación profesional para o emprego, impartidas polos centros colaboradores da Xunta de Galicia, incluirase como contido obrigatorio un módulo referido aos principios de igualdade e non discriminación en que se prestará especial atención á vixencia destes principios no eido laboral e que incluirá contidos sobre corresponsabilidade familiar e doméstica cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

Así mesmo, procurarase que as empresas inclúan na súa formación de demanda formación desa natureza.

Artigo 37º.-Acordos preferenciais con entidades.

O departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo fomentará o establecemento de acordos coas entidades públicas ou privadas que pretendan desenvolver accións de formación para o emprego e obtivesen a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou implantasen un plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Artigo 38º.-Colectivos prioritarios na formación profesional para o emprego.

1. Na formación profesional para o emprego considerarase colectivo prioritario para participar nas iniciativas de formación as mulleres, atendéndose particularmente as necesidades das mulleres do sector agrícola e marítimo-pesqueiro e as dos colectivos de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social referenciados na disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2. Para tal fin, e en cumprimento do artigo 32 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, poderán convocarse accións formativas destinadas en exclusiva ou maioritariamente a mulleres.

3. Así mesmo, haberá que respectar nas convocatorias das accións formativas unha porcentaxe de mulleres equivalente ás mulleres demandantes de emprego no sector a que se refira a correspondente actuación.

Artigo 39º.-Axudas aos centros privados para impartir accións formativas en materia de igualdade.

1. Co fin de favorecer a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, segundo as correspondentes ordes anuais de convocatoria, subvencionará a contratación de persoas expertas docentes que impartan módulos formativos en materia de igualdade na formación para o emprego.

   As subvencións cubrirán o 100% dos custos sociais derivados da contratación dos traballadores ou traballadoras con especialización en igualdade co obxecto de impartir a formación en materia de igualdade e corresponsabilidade familiar e doméstica.

2. Terán preferencia para a concesión das ditas axudas aquelas entidades que obtivesen a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou implantasen un plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Artigo 40º.-Teleformación e formación a distancia.

Nos casos en que se opte pola formación profesional para o emprego a distancia e/ou pola teleformación procurarase, sen prexuízo da posible aplicación de reservas ou cotas por razón de sexo, priorizar o acceso das persoas en función do criterio da necesidade de conciliación das accións formativas coa vida persoal e familiar e, moi en particular, ás mulleres responsables de familias monoparentais.

Artigo 41º.-Formación de demanda.

1. As empresas velarán porque accedan á formación de demanda unha porcentaxe do sexo menos representado na empresa equivalente ao que representan nela.

2. Nas convocatorias de axudas que, de ser o caso, dite o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo para a formación de demanda, no suposto de que varias entidades obteñan a mesma puntuación en función dos criterios obxectivos do baremo, terá preferencia aquelas entidades que teñan ou manteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou teñan implantado un Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

Artigo 42º.-Programación da oferta formativa.

1. Considerarase obxectivo prioritario da planificación plurianual para a formación profesional de oferta e mentres non se equipare a taxa de ocupación de ambos os dous sexos, o deseño de accións formativas dirixidas a que as mulleres obteñan cualificacións que melloren a súa situación diante do mercado de traballo, moi en particular nos ámbitos en que estean subrepresentadas.

2. Conforme o que se estableza nas correspondentes convocatorias, a Xunta de Galicia, en colaboración coas corporacións locais e outras entidades públicas e privadas, deseñará programas específicos dirixidos a colectivos concretos de mulleres desempregadas e

subvencionará as empresas que no seu desenvolvemento inclúan compromisos de contratación das ditas desempregadas.

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia procurará acordos coas empresas para que as ditas desempregadas poidan desenvolver prácticas profesionais, mesmo con compensacións económicas a prol das empresas e das mulleres desempregadas e de bolsas para estas.

Artigo 43º.-Axudas ás empresas para o fomento da contratación e das prácticas profesionais.

Co fin de favorecer a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, segundo as correspondentes ordes anuais de subvencións, convocará axudas para as empresas que tendo domicilio social en Galicia ou con axencia sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia teñan, pola súa vez, persoal contratado en Galicia, se concorre algún dos casos seguintes:

a) Cando a empresa asuma o compromiso de contratación de mulleres desempregadas pertencentes a colectivos concretos que previamente adquiran formación deseñada especificamente para a súa inserción e especialmente en sectores de subrrepresentación feminina.

b) Cando a empresa asuma o compromiso de realización de prácticas profesionais non laborais para mulleres desempregadas pertencentes a colectivos concretos que previamente adquiran formación deseñada especificamente para a súa inserción e especialmente en sectores de subrrepresentación feminina.

Artigo 44º.-Conceptos subvencionables.

1. A convocatoria anual de axudas ás empresas para o fomento da contratación e das prácticas profesionais cubrirá, como mínimo, os seguintes conceptos de gasto:

   a) Unha porcentaxe dos custos, que será fixada na correspondente orde de convocatoria de axudas, derivados da contratación de mulleres desempregadas pertencentes a colectivos concretos que previamente adquiran formación deseñada especificamente para a súa inserción e, especialmente, en sectores de subrrepresentación feminina.

   b) Unha compensación económica por alumno e hora de prácticas para compensar a súa realización na contía que se estableza nas correspondentes ordes anuais de convocatoria.

2. As axudas referenciadas na alínea a) deste artigo poderanse incrementar nun 100% no caso de que se contraten mulleres incluídas nalgún dos colectivos referenciados na disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Artigo 45º.-Formación de persoas traballadoras ocupadas.

Nos plans de formación sectoriais e intersectoriais de formación para o emprego dirixidos a persoas prioritariamente ocupadas, a Xunta de Galicia velará pola mellora da empregabilidade e a promoción profesional das mulleres, así como pola superación progresiva da segmentación do mercado de traballo entre homes e mulleres.

Artigo 46º.-Axudas ás empresas para a posta en marcha de medidas de conciliación.

1. O departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo apoiará economicamente as empresas que, individual ou mancomunadamente, poñan en marcha servizos de gardaría con comedor, salas de lactación ou instalacións análogas para a atención dos e das menores dependentes a través de convocatoria anual, en que se dará prioridade ás empresas que obteñan e manteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

2. Poranse en marcha as medidas necesarias para garantir o acceso á formación profesional para o emprego das persoas en relación coas súas necesidades de conciliación de vida persoal, familiar e laboral, mediante sistemas de adaptación horaria, formación a distancia e utilización das tecnoloxías da información.

3. En todos os casos prestarase especial atención ás mulleres responsables de familias monoparentais.

Artigo 47º.-Conceptos subvencionables.

A convocatoria anual de axudas cubrirá, como mínimo, os seguintes conceptos de gasto:

a) Ata o 50% dos custos de adecuación de locais para axustalos ao fin de acoller unha gardaría con comedor, unha sala de lactación ou análogos recursos para a atención de menores dependentes, determinándose na convocatoria o importe máximo subvencionable.

b) A cantidade que se determine nas correspondentes ordes de convocatoria de subvencións por cada persoa que sexa contratada na gardaría con servizo de comedor.

Artigo 48º.-Subvención para a contratación de traballadoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situación marcada pola desvantaxe social nos servizos de gardaría con comedor.

1. Para a contratación de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situación marcada pola desvantaxe social a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as subvencións establecidas na letra b) do artigo anterior, incrementaranse ata o 100%.

2. Nestes casos, a axuda poderá complementarse cunha subvención en contía a tanto alzado equivalente a unha mensualidade ordinaria de salario mínimo interprofesional cando o contrato de traballo fose indefinido, modulada en proporción á xornada pactada.

Capítulo oitavo

Colaboración especial cos axentes sociais no eido da integración da igualdade na política de emprego

Artigo 49º.-Axudas para impartir accións formativas en materia de igualdade.

Co fin de favorecer a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, segundo as correspondentes ordes anuais de convocatoria, subvencionará a contratación de persoas expertas docentes que impartan módulos formativos en materia de igualdade na formación para o emprego en organizacións sindicais e empresariais de Galicia.

As subvencións cubrirán o 100% dos custos sociais derivados da contratación dos traballadores ou traballadoras con especialización en igualdade co obxecto de impartir a formación en materia de igualdade e corresponsabilidade familiar e doméstica.

Capítulo noveno

Fomento do emprendemento feminino

Artigo 50º.-Promoción da creación de empresa por parte de mulleres.

O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, sen prexuízo das competencias que teña atribuídas o departamento da Administración autonómica en materia de igualdade, procederá anualmente a convocar axudas económicas para financiar as novas iniciativas empresariais promovidas por mulleres.

Adoptaranse medidas de discriminación positiva cando se trate de mulleres pertencentes aos colectivos sinalados como con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social na disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Artigo 51º.-Apoio á regularización de actividades feminizadas.

Co fin de promover a regularización de actividades realizadas por mulleres sen remuneración nin recoñecemento profesional, o departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, apoiará a través de subvencións ás mulleres que decidan constituírse como profesionais autónomas e realicen as seguintes actividades:

1. Actividades artesanais.
2. Actividades realizadas en explotacións agrícolas e gandeiras familiares.
3. Actividades relacionadas co sector marítimo-pesqueiro.

Artigo 52º.-Apoio á formación para o emprendemento.

1. O departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo poderá financiar cursos de formación para o emprendemento especificamente dirixidos a mulleres que desexen crear unha empresa ou mellorar unha xa creada da que sexan titulares ou cotitulares.
2. A formación incluirá asesoramento empresarial e titoría na creación e mellora de empresa durante o primeiro ano de creación ou proceso de mellora desta.

Artigo 53º.-Fomento da participación en rede.

O departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo fomentará mediante a convocatoria anual de axudas a participación das emprendedoras e empresarias en redes de emprendemento.

Artigo 54º.-Promoción da profesionalización das mulleres empresarias e emprendedoras.

Co obxecto de favorecer a participación das mulleres empresarias e emprendedoras en procesos formativos relacionados co sector da súa actividade empresarial e de impulsar a mellora da súa situación laboral, o departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo procederá a:

a) Establecer dereito preferente das mulleres que acrediten ter creada unha empresa nos diversos ámbitos profesionais para participar en cursos de formación organizados ou subvencionados polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, relacionados cos sectores laborais de que trate a súa empresa.

b) Establecer accións formativas específicas dirixidas a empresarias dos diversos sectores profesionais.

Disposicións adicionais

Primeira.-No prazo de seis meses tras a entrada en vigor deste decreto, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo elaborará unha relación das profesións con subrrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que deberá actualizarse anualmente.

Segunda.-Nos materiais formativos que atendan os contidos previstos no artigo 35 e, máis en xeral, en todos os materiais que se elaboren no ámbito da formación profesional para o emprego, coidarase con énfase a linguaxe, para eliminar as expresións ou os contidos sexistas. A mesma liña de actuación desenvolverase en cantos documentos se elaboren e utilicen no eido da formación e o emprego.

Terceira.-Nas ordes de convocatoria de axudas e subvencións priorizaranse os recursos orzamentarios dispoñibles, consonte os diferentes tipos de empresas, tamaño, sectores, así como polos diferentes tipos de medidas obxecto da subvención.

Disposición derrogatoria

Única.-Quedan derrogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de traballo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas os titulares doutros departamentos e organismos da Xunta de Galicia e, en concreto, o departamento da Administración autonómica con competencias en materia de igualdade, nas materias atribuídas aos seus departamentos

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publi-

cación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e un de xaneiro de dous mil nove.

20 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.

(DOG nº 6, do 9.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 16, do 23.01.2009 e resolución no DOG nº 244, do 16.12.2009).

A Constitución española, no seu artigo 9.2º, establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14, a Constitución española recoñece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. O seu título VI recolle a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación, entendidas como aquelas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras.

O Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, recolle entre as clases de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica: os bancos municipais de tempo, os plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou a implantación de calquera outra medida de conciliación.

O mesmo decreto inclúe un mandato ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de traballo para que poña en funcionamento unha serie de axudas e subvencións de apoio ao establecemento de medidas municipais de conciliación.

A Consellería de Traballo considera de máximo interese o fomento das actuacións destinadas á promoción da conciliación da vida persoal e laboral e entende que, para isto, é fundamental prestar apoio ás accións que neste sentido emprendan as entidades locais dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos aos cidadáns e cidadás, coñecedores das necesidades da súa poboación.

A Unidade Administrativa de Igualdade, adscrita á Secretaría Xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia é o órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito do citado departamento.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na lei anterior e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008.

Na súa virtude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto desta orde é aprobar as bases que rexerán a concesión de subvencións e proceder á súa convocatoria pública, para as diferentes medidas que leven a cabo as entidades locais galegas que se especifican no artigo 2º, coa finalidade da posta en marcha e desenvolvemento de:

a) Bancos do tempo, coa finalidade de facilitarlle ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

b) Plans de programación do tempo na cidade que, elaborados polos concellos, pretenden unha coordinación dos horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

c) Plans de conciliación local ou conxunto coordinado de medidas adoptadas por un concello coa finalidade de facilitar a conciliación e a corresponsabilidade.

d) Implantación de calquera outra medida, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos

persoais, laborais e familiares.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria os concellos, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local constituídos exclusivamente polos concellos implicados.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertenzan a unha mesma zona sen constituír mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas polo concello de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. Os concellos solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Orzamento.

O financiamento destes programas efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, do seguinte xeito:

a) Os gastos recollidos no artigo 13.1º, epígrafes a) e c) desta orde, subvencionaranse a través dos créditos consignados na aplicación 16.01.321A.460.1, código de proxecto 2009/01068 polo importe global de 452.399 euros.

b) Os gastos recollidos no artigo 13.1º, epígrafe b) desta orde, subvencionaranse a través dos créditos consignados na aplicación 16.01.321A.760.0, código de proxecto 2009/01068, polo importe global de 87.500 euros.

Todo isto sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións ou de novas dispoñibilidades orzamentarias ou de remanentes procedentes doutras convocatorias.

As actividades subvencionables serán as realizadas desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación, para o estudo e diagnóstico da situación de partida, a sensibilización, a análise, a elaboración, xestión e/ou desenvolvemento de actuacións relativas ás medidas sinaladas no artigo 1º.1.

Artigo 4º.-Solicitudes, prazo e forma de presentación.

1. As solicitudes de subvención presentaranse, segundo o modelo que se publica como anexo I, e dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo. Pódense presentar no rexistro da consellería, nas súas delegacións provinciais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo.

2. A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

4. A solicitude poderá formalizala:

a) O/A alcalde/sa presidente/a ou persoa en quen delegue.

b) O/A presidente/a da mancomunidade, consorcio ou persoa en quen delegue.

c) O/A representante que se estableza no acordo de asociación, logo de delegación de cada un dos concellos.

En calquera dos casos, a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo Pleno, pola Comisión de Goberno da entidade peticionaria ou por decreto da Alcaldía.

Artigo 5º.-Documentación.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria detallada das actuacións previstas para o desenvolvemento de cada unha das medidas, sinaladas no artigo 1º.1, que sexan obxecto de solicitude. Esta memoria poderá facer referencia aos seguintes aspectos:

- Principais liñas de actuación e accións que se van a acometer.
- Necesidade ou conveniencia da execución das ditas medidas.
- Cronograma.
- Obxectivos perseguidos e propostas concretas.
- Número estimado de persoas destinatarias das distintas actuacións.
- Implicación das asociacións e/ou consellos de mulleres municipais ou comarcais no desenvolvemento das medidas.
- Valoración económica na cal se detallará o importe solicitado e o cofinanciamento da entidade.

- Indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.

- Compromiso de utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto das axudas reguladas nesta orde.

- Outras circunstancias consideradas imprescindibles para a valoración da solicitude.

b) Certificación do/a secretario/a que recolla o acordo do órgano competente de solicitude da subvención e de nomeamento dun/unha representante se procede.

c) Certificación do órgano competente sobre a existencia de crédito para facer fronte á porcentaxe de financiamento que asume a entidade local sobre o total do proxecto presentado (anexo II).

d) Para os concellos que se asocien para os efectos desta orde, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as, dos acordos do Pleno ou da Comisión de Goberno en que delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

e) Xustificación de ter presentada a solicitude de validación das medidas que se van subvencionar ou acordo do órgano competente de solicitar a dita validación dentro do ano 2009.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (anexo III).

g) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo IV).

h) Ficha de transferencia bancaria debidamente asinada pola persoa representante da entidade local e a entidade bancaria (anexo V).

i) Compromiso de utilización da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda, se procede.

Artigo 6º.-Tramitación dos expedientes.

1. A Unidade Administrativa de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde.

En caso contrario, conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o/a interesado/a será requirido/a para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistido/a na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración para estes efectos, que estará presidida pola persoa titular da Unidade Administrativa de Igualdade, e da cal formarán parte ademais dous funcionarios ou funcionarias da devandita unidade, actuando unha destas persoas como secretario ou secretaria.

A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das subvencións información ou documentación adicional, que aínda non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Avaliadas as solicitudes, seguindo os criterios establecidos no artigo seguinte, a Comisión de Valoración informará o órgano instrutor que elevará, unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, formularase unha proposta de resolución provisional que se lle notificará ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días presente as alegacións que crea pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos/as interesados/as, tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos relativos a cada unha das medidas:

a) Interese do proxecto ou da actividade que se propón: ata 25 puntos.

b) Poboación que poida verse beneficiada polas accións que se van desenvolver: máximo 10 puntos.

c) Actuacións que teñan sido consensuadas coas asociacións e/ou consellos de mulleres municipais ou comarcais: ata 10 puntos.

d) Propostas concretas formuladas para o curto e medio prazo: ata 15 puntos.

e) Participación da entidade no financiamento das actuacións: ata 10 puntos.

f) Indicadores de avaliación: de actividade, resultados, impacto..., pertinencia dos obxectivos formulados e utilización de mecanismos de avaliación axeitados: ata 15 puntos.

g) Carácter innovador das actuacións pola metodoloxía, destinatarias/os ou avaliación: ata 8 puntos.

h) Emprego do idioma galego: ata 7 puntos.

Artigo 8º.-Contía da subvención.

1. A concesión das subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados no artigo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

2. Para os gastos correntes a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos orixinados pola adquisición de activos mobiliarios a subvención non poderá superar os 2.000 euros.

Artigo 9º.-Resolución.

1. Correspóndelle á persoa que desempeñe á titularidade da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, por delegación da persoa que desempeñe a titularidade da consellería, e despois da fiscalización pola intervención correspondente, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución da subvención ditarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo, de acordo ao disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados, ao abeiro do disposto nesta orde, esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Forma de pagamento.

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificados correctamente os gastos realizados, segundo o artigo 14º desta orde e o previsto no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A subvención farase efectiva nun único pagamento ao achegar os xustificantes de ter realizada a actividade ou actividades polo seu importe total. Non obstante, poderanse facer pagamentos parciais, nos supostos e nas condicións establecidas no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ata un máximo do 80% da contía total concedida, na medida en que se vaia xustificando. O restante 20% aboarase cando remate totalmente a actividade ou actividades subvencionadas.

4. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 12º.-Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actuacións presentadas na solicitude e se realicen e xustifiquen antes do 30 de novembro de 2009:

a) Gastos subvencionables para todas as medidas:

Ata o 50% do custo derivado da contratación dunha entidade externa especializada en igualdade para o asesoramento na implantación ou na aplicación das distintas medidas que se van subvencionar, así como dos gastos orixinados como consecuencia da cooperación e coordinación con outras entidades e asociacións para levar a cabo actividades de apoio, sensibilización, seguimento, desenvolvemento, xestión e avaliación destas medidas.

b) Gastos subvencionables específicos para os bancos de tempo:

Ata o 75% do custo da adquisición dos activos mobiliarios (mobles, equipamento informático....) necesarios para actuacións relativas a esta medida.

c) Gastos subvencionables específicos para os plans de programación do tempo na cidade:

- Ata o 75% dos orixinados pola compensación da persoa responsable do plan de programación do tempo na cidade.
- Ata o 75% dos gastos da posta en funcionamento e convocatorias da mesa de concertación do plan.
- Ata o 50% das axudas directas aos suxeitos privados que asuman compromisos sobre horarios da cidade cuxa execución lles xerase gastos debidamente xustificados.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación indicado no parágrafo 1 deste artigo.

Artigo 13.-Xustificación.

1. Antes da data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento, a entidade beneficiaria deberalle enviar á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo a seguinte documentación:

a) Certificación de gastos realizados e efectivamente pagados, onde deberá constar a relación de facturas xunto cunha fotocopia compulsada destas. As facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

No caso de que a axuda se concedese para a contratación dunha entidade externa especializada en igualdade na certificación, deberase facer mención do cumprimento do establecido no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Memoria de execución da actividade que deberá recoller como mínimo: descrición das actuacións desenvolvidas, valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade, divulgación que se realizou.

c) Declaración do conxunto doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que teñan aprobadas, concedidas, ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, de calquera Administración ou ente, público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de or-

ganismos internacionais.

2. Transcorrido o prazo establecido sen ter presentadas as correspondentes xustificacións, entenderase que a entidade renuncia á axuda, daquela pode ser utilizado o crédito en beneficio doutras entidades que solicitasen subvención, ao abeiro desta orde.

3. A Secretaría Xeral da Consellería de Traballo poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere convenientes dos medios de xustificación a que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á subvención.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades locais beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente ao seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou sexa de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen que as actividades foron subvencionadas pola Consellería de Traballo.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Seguimento e avaliación.

A Consellería de Traballo, a través da Secretaría Xeral, establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e a avaliación das actividades subvencionables e, para tal fin, as entidades beneficiarias da subvención comprométense a facilitar a tarefa de seguimento.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde.

Artigo 16º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 17º.-Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora xerados, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, ou do proxecto.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nesta orde.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou cando do incumprimento derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

f) Nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que se vai desenvolver, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

2. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 18º.-Modificación da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-Publicidade.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que as entidades solicitantes destas axudas, xunto coa presentación da documentación necesaria, na continuación do anexo I, incluirán unha declaración pola que autorizan expresamente o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará supeditada á existencia de crédito orzamentario nas aplicacións 16.01.321A.460.1 e 16.01.321A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na persoa titular da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación da persoa titular da consellería; autorizar e dispoñer os gastos así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-As entidades beneficiarias atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opón á dita lei, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "20-09"

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.

Advertidos erros no texto da orde publicada no Diario Oficial de Galicia nº 6, do 9 de xaneiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Primeira.-No artigo 3º epígrafe a), páxina 534, onde di: «a) Os gastos recollidos no artigo 13.1º, ...», debe dicir: «a) Os gastos recollidos no artigo 12º.1, ...».

Segunda.-No artigo 3º epígrafe b), páxina 535, onde di: «b) Os gastos recollidos no artigo 13.1º, ...», debe dicir: «b) Os gastos recollidos no artigo 12º.1, ...».

Terceira.-No artigo 8º, punto 2, páxina 536, onde di: «Para os gastos correntes a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos orixinados pola adquisición de activos mobiliarios a subvención non poderá superar os 2.000 euros», debe dicir: «Para os gastos correntes incluídos no artigo 12º.1 epígrafes a) e c), a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos

orixinados pola adquisición de activos mobiliarios incluídos no artigo 12º.1 epígrafe b), a subvención non poderá superar os 2.000 euros».

Cuarta.-No artigo 11º, punto 2, páxina 537, onde di: «2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificados correctamente os gastos realizados, segundo o artigo 14º .....», debe dicir: «2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificados correctamente os gastos realizados, segundo o artigo 13º .....».

Resolución do 13 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 6, do 9 de xaneiro de 2009) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.

En cumprimento do disposto no artigo 19 da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercizo 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación (DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2009),

RESOLVO:

Que se publiquen as subvencións concedidas que se indican no anexo, cun importe total de 382.187,30 euros, con cargo á aplicación 48.01.321A.460.1 e de 87.442,41 euros, con cargo á aplicación 48.01.321A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Ver anexos pdf "20-09"

21 Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión dunha bolsa de formación en planificación e prospectiva en materia de igualdade no ámbito da ciencia.

(DOG nº 54, do 18.03.2009).

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da administración autonómica a que lle corresponde o exercicio, como propias, das competencias e funcións en materia de igualdade de xénero, tal e como se recolle no artigo 1 do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A Secretaría Xeral da Igualdade, tal e como establece no artigo 5 do dito decreto, é o órgano a que lle corresponden, entre outras, as funcións relativas ás políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, de loita contra a discriminación por razón de sexo, e de promoción da igualdade entre mulleres e homes. Polo tanto, unha das súas finalidades é integrar o principio de igualdade de xénero en todas as fases de aplicación, control e avaliación dos proxectos e programas que se desenvolvan con apoio da Administración pública galega.

Deste xeito, considérase necesario que as/os tituladas/os superiores universitarias/os, poidan adquirir unha formación práctica en contacto directo cos organismos, institucións e centros directivos da Administración pública galega que están a traballar no eido da integración da perspectiva de xénero, de xeito que poidan adquirir un enfoque diferente e diverso ao que, probablemente, poderían acadar no sector privado.

Contribúese así a completar a formación de profesionais co obxectivo de que poidan aplicar os coñecementos adquiridos durante este período de formación en canto á planificación e prospectiva en materia de igualdade, na súa vida profesional e deste xeito promover a integración da igualdade de xénero nos ámbitos en que desenvolvan o seu traballo.

Así, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende apoiar e complementar a formación das/os tituladas/os superiores universitarias/os, e dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, promover as accións formativas obxecto desta convocatoria.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, réxime e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, dunha bolsa de formación destinada a tituladas/os superiores universitarias/os, e proceder á súa convocatoria.

2. A finalidade desta bolsa é contribuír á formación da/o bolseira/o en planificación e prospectiva en materia de igualdade de oportunidades no ámbito da ciencia, a través de accións e actividades de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 2º.-Requisitos das/os solicitantes.

1. Poderán solicitar a concesión destas bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

   a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dalgún estado membro da Unión Europea.

   b) Ser natural de Galicia ou ter veciñanza administrativa en Galicia.

   c) Titulación: poderán optar a esta bolsa as/os tituladas/os superiores universitarias/os que obtivesen a licenciatura con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2003. Os títulos universitarios obtidos no estranxeiro ou en centros españois non públicos deberán estar debidamente homologados de acordo coa lexislación vixente do Estado español.

2. Non ter concedida anteriormente unha bolsa de formación de iguais características convocada pola Secretaría Xeral da Igualdade.

3. Non poderán obter condición de beneficiaria/o a persoa en que concorra algunha das causas expresadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Financiamento.

1. Para a concesión desta bolsa destínase un importe total máximo de 11.250 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 05.30.313.B.481.2.

2. A asignación do gasto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Artigo 4º.-Duración e dotación económica.

1. A duración da bolsa comezará o día que se produza a incorporación da persoa beneficiaria, que será determinado pola Secretaría Xeral da Igualdade, e rematará o 31 de decembro de 2009. O importe total da bolsa non excederá os 11.250 euros.

2. A dotación económica da bolsa será de 1.125 euros mensuais, que están suxeitos ás retencións que procedan e serán aboados por meses vencidos, ou a cantidade proporcional ao número de días de desfrute, os meses de inicio e finalización da bolsa.

As persoas que obteñan a bolsa terán dereito a un seguro de asistencia sanitaria e de accidentes.

Artigo 5º.-Natureza xurídica da relación.

A condición de beneficiaria/o desta bolsa non xerará ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal coa Xunta de Galicia, e tampouco suporá a súa alta en ningún réxime da Seguridade Social. Os dereitos e obrigas cínguense exclusivamente aos estipulados nesta orde.

Artigo 6º.-Incompatibilidades.

A percepción desta bolsa será incompatible con calquera outra axuda, subvención, ingreso ou recurso para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais concedidas para o mesmo período. Tamén será incompatible con outras bolsas, con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria das persoas interesadas e coa percepción da prestación por desemprego.

Artigo 7º.-Solicitudes, documentación e prazo de presentación.

1. As solicitudes, debidamente asinadas pola/o solicitante e segundo o modelo oficial que figura como anexo I dirixiranse á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e presentaranse na oficina de rexistro e información no complexo administrativo de San Caetano (edificio administrativo San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela); ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Deberá xuntárselle á solicitude a seguinte documentación:

   a) Fotocopia do DNI (por ambas as caras) da persoa solicitante.

   b) Certificación académica completa orixinal ou fotocopia compulsada.

   c) Certificación de inscrición no padrón de habitantes do municipio da súa residencia.

   d) Curriculum vitae (asinado en cada folla), xunto cos documentos orixinais ou copias cotexadas que acrediten os méritos alegados.

   e) Méritos: fotocopia dos méritos alegados, só contarán aqueles méritos dos que se achegue proba documental.

   f) Declaración de non incorrer nas causas de exclusión para ser beneficiarias/os de axudas ou subvencións que sinala o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como doutras axudas solicitadas ou concedidas (anexo II).

   A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria. Así mesmo, comporta a autorización da persoa solicitante ao órgano xestor concedente para comprobar de oficio o cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, de acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O prazo para a presentación de solicitudes e da documentación sinalada no punto anterior será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. No caso de dúbida ou necesidade de máis información relativa á solicitude ou á súa tramitación, poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade a través dos teléfonos 981 95 76 83/981 54 73 97, do número de fax 981 95 76 90 ou do enderezo de correo electrónico igualdade@xunta.es.

Artigo 8º.-Instrución do procedemento.

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións crea necesarias para a determinación, o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se xuntase a documentación exixida, requiriráse a/o solicitante para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días, emende as faltas ou remita a documentación requirida. De non facelo así, terase por desistida/o da súa solicitude e procederase conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderán requirirse as/os solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 9º.-Procedemento de avaliación e baremo.

1. Para a avaliación das solicitudes admitidas constituirase unha comisión de valoración que estará integrada por:

Presidenta: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en quen delegue.

Vogais: a subdirectora xeral de Tratamento da Violencia de Xénero, a xefa do Servizo de Análise e Coordinación das Políticas de Igualdade, e o xefe da sección de Tramitación da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Secretaría Xeral da Igualdade.

Se, por calquera causa, algunha/algún das/os compoñentes da Comisión de Valoración non puidese asistir cando se reúna para o exame das solicitudes, será substituída/o pola/o funcionaria/o designada/o para o efecto pola súa presidenta.

2. As persoas que compoñen a Comisión de Valoración poderán ser asesoradas por persoas expertas, que poderán asistir con voz pero sen voto.

3. A Comisión de Valoración examinará as solicitudes admitidas, e valorará os méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

a) Doutoramento:

- Pola realización total dos cursos de doutoramento ou tese de licenciatura: 0,5 puntos.

b) Coñecemento da lingua galega: deberá acreditarse mediante certificado do curso do grao correspondente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou ben con títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

- Cursos organizados e impartidos polas escolas oficiais: 1 punto por cada curso.

- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,5 punto.

- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 1 punto.

c) Coñecemento de idiomas estranxeiros: no caso de alegar coñecementos de idiomas estranxeiros, será necesario acreditalo mediante títulos ou diplomas expedidos pola Escola Oficial de Idiomas, institución ou centro homologado oficialmente.

- Curso organizados e impartidos polas escolas oficiais de idiomas: 1 punto por curso.

- Cursos organizados e impartidos polas universidades ou outros organismos oficiais: 0,5 puntos se son 75 ou menos horas, 0,75 puntos para os cursos de máis de 75 horas.

d) Formación complementaria en materias relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes e/ou de xénero: 0,01 puntos por cada hora expresamente acreditada cun máximo de 5 puntos.

4. A Comisión de Valoración realizará, se procede, unha entrevista persoal ás/aos candidatas/os que superen unha puntuación mínima que será determinada pola comisión. Estas persoas deberán presentar un proxecto de traballo sobre a muller e a ciencia na sociedade. A entrevista versará sobre os méritos curriculares e sobre o dito proxecto de traballo, tendo unha duración máxima de vinte minutos. A comisión poderá estar asesorada polo persoal técnico ou profesional que considere necesario e que poderá asistir ás sesións con voz pero sen voto. A entrevista será valorada de 0 a 4 puntos.

5. No caso de empate, terá preferencia a solicitude con maior puntuación na alínea a) do baremo, e en segundo lugar con maior puntuación na alínea d). De persistir o empate resolverase atendendo á data de presentación da solicitude.

Artigo 10º.-Proposta provisional de adxudicataria/o.

1. O órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, que será publicada na páxina web www.xunta.es/vicepresidencia e notificada á persoa beneficiaria, que disporá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que se produzse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Incluirase unha listaxe de reserva, integrada polas/os solicitantes valorados cun mínimo de 3 puntos na fase de entrevista segundo a orde de puntuación consecutiva, que se terá en conta no suposto de renuncia da persoa adxudicataria.

2. A proposta de resolución non crea ningún dereito a favor da/o beneficiaria/o proposta/o fronte á Administración mentres non se lle notificase a resolución de concesión.

Artigo 11º.-Resolución e recursos.

1. A/o secretaria/o xeral da Igualdade, por delegación do vicepresi-

dente da Igualdade e do Benestar, ditará resolución de concesión ou denegación da bolsa.

2. A resolución ditarase no prazo máximo de catro meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

3. As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12º.-Réxime das actividades de formación.

A persoa beneficiaria da bolsa realizará as accións de formación nas dependencias da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, en Santiago de Compostela, baixo a indicación das/os titoras/es que lle asigne a secretaria xeral da Igualdade.

Co fin da facilitar a súa formación, a/o bolseira/o contará co asesoramento, orientación e dirección dun/dunha titor/a, que definirá con anterioridade as accións que deban realizar e a formación que deberán recibir.

Artigo 13º.-Obrigas da persoa beneficiaria da bolsa.

1. A persoa beneficiaria desta bolsa está sometida ás obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sen prexuízo do cal quedará suxeita ás seguintes obrigas:

a) Presentar, ao inicio da bolsa, declaración de non percibir outras subvencións, bolsas, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria das/dos interesadas/os.

b) Presentar, tamén ao inicio da bolsa, certificación médica que acredite non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións que vaia desenvolver.

c) Comunicar a súa renuncia, no caso de que se produza con posterioridade ao inicio da colaboración, á Secretaría Xeral da Igualdade, con cinco días de antelación á data de cesamento.

d) Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade a obtención doutras bolsas ou axudas así como de calquera outra alteración dos requisitos impostos ás persoas beneficiarias para o outorgamento destas bolsas.

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 16º desta orde.

f) Seguir as indicacións técnicas das persoas que as/os coordinen.

2. Así mesmo, as/os bolseiras/os deberán presentar á Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes desde que finalice o período de formación, unha memoria resumo das actividades realizadas no desenvolvemento do seu traballo.

Artigo 14º.-Pagamento da bolsa.

1. O pagamento da bolsa de formación realizarase por períodos mensuais vencidos e logo de que o/a titor/a expida certificación de aproveitamento respecto do programa inicialmente proxectado e os obxectivos previstos.

2. Para o último pagamento será necesario presentar unha memoria co visto e prace das/os titoras/es, das actividades realizadas.

3. No caso de producirse a incorporación ou o cesamento nun día distinto ao primeiro ou ao último de cada mes, a/o bolseira/o percibirá o importe que proporcionalmente corresponda ao número de días que goce da bolsa.

Artigo 15º.-Infraccións e sancións.

Á persoa beneficiaria da axuda regulada nesta orde seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Reintegro.

1. Non se poderá exixir o pagamento da bolsa e procederá o seu reintegro total ou parcial e a exixencia dos xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase consonte o disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As cantidades que teña que reintegrar a/o beneficiaria/o terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para a súa cobranza o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 17º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa, e en todo caso, o incumprimento das obrigas recollidas no artigo 14º por parte da/o beneficiaria/o, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 18º.-Publicidade.

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o nome da persoa beneficiaria da bolsa concedida, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario

dos datos do/a beneficiario/a e da súa publicación na citada páxina web.

2. Así mesmo, en cumprimento co disposto nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas beneficiarias autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público, tanto no Diario Oficial de Galicia coma nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas.

Artigo 19º.-Normativa aplicable.

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na/o secretaria/o xeral da Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou revogación das bolsas reguladas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a/o secretaria/o xeral da Igualdade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "21"

22 Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 63, do 1.04.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, tal e como establece no seu artigo 1, vén reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade.

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, establécese a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. No seu artigo 5 punto 1.a) establécese que lle corresponde á Secretaría Xeral da Igualdade a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre mulleres e homes, loita contra a violencia de xénero e calidade da vida persoal e familiar.

Para acadar o éxito na loita pola igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero, ten que producirse a coordinación entre todos os niveis da administración: local, autonómica, estatal e europea, de xeito que se teña coñecemento das actuacións realizadas e dos resultados acadados por cada un deses niveis para que non se produzan contradicións.

As actuacións da administración local, como instancia máis próxima ás necesidades, intereses e inquedanzas da cidadanía, adquiren unha especial relevancia e de aí o apoio que a administración autonómica quere prestar á promoción de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer esas necesidades e intereses.

Por tanto, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera de máximo interese o fomento das actividades destinadas á promoción da igualdade entre mulleres e homes e entende que, para isto, é fundamental prestar apoio ás accións que neste sentido emprendan as entidades locais dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos aos cidadáns e cidadás, coñecedores das necesidades da súa poboación.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, existindo crédito adecuado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude e no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. O obxecto desta orde é aprobar as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para as diferentes actuacións que desenvolvan, desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 13º, as entidades locais galegas que se especifican no artigo 2º, e proceder á súa convocatoria.

2. Esta disposición ten por finalidade:

   a) Mellorar a percepción social sobre a igualdade entre mulleres e homes.

   b) Mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación.

   c) Fomentar a formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil.

3. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria os concellos, as agrupacións de concellos ou as mancomunidades da comunidade autónoma validamente constituídas, que cumpran os requisitos que nela se establecen.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertenzan a unha mesma zona sen constituíren mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados no punto 1 poderá:

   a) Presentar solicitude de subvención se o fixo unha entidade local en que estea integrado ou da cal dependa.

   b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva das que sinala o punto 2.

   c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas pola entidade de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. As entidades solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Accións subvencionables.

1. Poderán ser obxecto de subvención os programas ou actividades seguintes:

   a) Elaboración ou publicación do plan para a igualdade entre mulleres e homes, que deberá conter unha área de actuación específica relativa a medidas de prevención e eliminación da violencia de xénero.

   b) Avaliación dos resultados do último plan para a igualdade entre mulleres e homes.

   c) Actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación, tanto no ámbito educativo, en colaboración cos centros educativos do municipio ou das ANPAS, como no ámbito da familia ou na sociedade.

2. Cada entidade local só poderá presentar solicitude de subvención para unha única actuación das recollidas no punto 1 deste artigo e, en caso de non contar cun plan para a igualdade entre mulleres e homes, a súa solicitude será necesariamente para levar a cabo o dito plan. Igualmente, de ter rematado a vixencia dun plan previo, só serán subvencionables, salvo que se presente documentación acreditativa de ter realizado xa estas actuacións, a súa avaliación ou, de tela xa feita e xustificada documentalmente, a elaboración do seguinte.

3. En todo caso, as actividades obxecto das subvencións recollidas nesta orde deberán terse realizado con anterioridade ao 15 de novembro de 2009.

Artigo 4º.-Orzamento.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará as subvencións obxecto desta convocatoria por un importe total máximo de 125.000 euros con cargo á partida orzamentaria 05.30.313B.460.0 recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 5º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

1. As solicitudes de subvención presentaranse segundo o modelo que se publica como anexo I e dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, podéndose presentar na Oficina de Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, nas súas delegacións provinciais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as cales se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador do rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

   Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do

cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. A solicitude poderá formalizala:

a) O/a alcalde/sa presidente/a ou persoa en quen delegue.

b) O/a presidente/a da mancomunidade ou persoa en quen delegue.

c) O/a representante que se estableza no acordo de cooperación, logo de delegación de cada un dos concellos, para o suposto previsto no artigo 2º.2.

En calquera dos casos, o/a solicitante deberá ser autorizado/a e designado/a polo pleno, comisión de goberno da entidade peticionaria ou decreto da alcaldía.

4. As solicitudes presentaranse segundo o modelo oficial recollido no anexo I desta orde, acompañadas da seguinte documentación, que será imprescindible para a valoración da solicitude:

a) Declaración das actuacións levadas a cabo pola entidade nos últimos 3 anos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

b) Xustificación da necesidade que se pretende cubrir e da conveniencia da realización das actuacións propostas, apoiada en datos relativos á realidade do concello ou entidade local solicitante.

c) Memoria pormenorizada de actuacións. Esta memoria fará referencia necesariamente aos seguintes aspectos:

- Denominación de cada acción.
- Obxectivo perseguido por cada acción.
- Descrición da acción: contidos, metodoloxía, medios materias e persoais precisos, duración e persoas responsables da súa execución.
- Cronograma.
- Número estimado de persoas destinatarias da acción.
- Lugar e data de realización.
- Valoración económica da acción, establecendo o orzamento desagregado para cada unha das actuacións que a compoñen, indicando, ademais, o importe solicitado e, de ser o caso, o cofinanciamento da entidade.
- Sistema de avaliación, mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.
- Compromiso de utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto da subvención regulada nesta orde.

d) Certificación do/a secretario/a que recolla o acordo do órgano competente de solicitude da subvención e de nomeamento dun/unha representante, se procede.

e) Certificación do órgano competente sobre a existencia de crédito para facer fronte á porcentaxe de financiamento que asume a entidade local sobre o total do proxecto presentado, de ser o caso.

f) Certificación do/a secretario/a acreditativa de que a entidade conta, entre as áreas de goberno, cunha concellería ou área de igualdade, de ser o caso.

g) Para os concellos que se acollan á fórmula de solicitude regulada no artigo 2º.2 desta orde, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as, dos acordos do pleno ou comisión de goberno delegando a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

h) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (anexo II).

i) No caso de solicitarse a subvención para a publicación ou avaliación dun plan de igualdade deberase achegar o dito plan; de solicitarse para a elaboración e publicación do II ou posteriores plans, deberase achegar o plan anterior e a súa avaliación.

j) As actividades de coeducación deberán ser impartidas por profesionais que acrediten especialización na área de igualdade entre mulleres e homes mediante xustificación documental da súa formación e experiencia profesional.

Artigo 6º.-Tramitación dos expedientes.

1. A Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano responsable da súa tramitación, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde.

En caso contrario, conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o/a interesado/a será requirido/a para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer, se considerará desistido/a na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración para estes efectos, a cal estará presidida pola subdirectora xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en que delegue, e da cal formarán parte, ademais, a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, a xefa do servizo de Análise e Coordinación das Políticas de Igualdade, un/unha funcionario/a da subdirección xeral de Promoción da Igualdade, que actuará como secretario/a, e un/unha funcionario/a da subdirección xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.

2. A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das subvencións información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 7º, a comisión de valoración elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, formularase unha proposta de resolución provisoria que se lle notificará ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días presente as alegacións que coide

pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos/as interesados/as, tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos:

   a) Calidade do proxecto ou da actividade que se propón, valorada en función da súa clareza e viabilidade, así como da metodoloxía empregada e sistema de avaliación proposto: ata 20 puntos.

   b) Compromiso da entidade coa igualdade entre homes e mulleres: ata 20 puntos.

   b.1) Acreditación de ter constituída unha concellería ou área específica para a promoción da igualdade: 10 puntos.

   b.2) Realización de actividades de promoción da igualdade nos últimos tres anos: ata 10 puntos.

   c) Participación pecuniaria da entidade no financiamento das actuacións: ata 20 puntos.

   d) Municipio con poboación inferior a 5.000 habitantes: 10 puntos.

2. Terán carácter prioritario as solicitudes de subvención para a elaboración e publicación do I plan de igualdade de oportunidades, o cal deberá conter unha área de actuación específica relativa a medidas de prevención e eliminación da violencia de xénero, tal e como se recolle no artigo 3º.1 a) desta orde.

Artigo 8º.-Contía da subvención.

1. A contía da subvención determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 7º, por proposta da comisión de valoración, non podendo exceder de 6.000 euros por cada entidade beneficiaria.

2. A suma total das contías das subvencións concedidas non poderá superar o crédito asignado nesta convocatoria.

Artigo 9º.-Resolución.

1. Correspóndelle ao/a secretario/a xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, por proposta da comisión de valoración e despois da fiscalización pola intervención delegada, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución da subvención ditarase no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Forma de pagamento.

1. O pagamento da subvención efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificados correctamente os gastos realizados segundo o artigo 13º desta orde.

   A subvención farase efectiva nun único pagamento ao achegar os xustificantes de ter realizado a actividade ou actividades polo seu importe total. Non obstante, poderanse facer pagamentos parciais ata un máximo do 80% da contía total concedida, na medida en que se vaia xustificando. O restante 20% aboarase cando remate totalmente a actividade ou actividades subvencionadas.

2. Se a teor dos documentos xustificativos achegados, a actuación obxecto da subvención tiver un custo total menor ao do inicialmente previsto na solicitude presentada pola entidade beneficiaria, o cálculo da cantidade a aboar, dentro do límite da subvención concedida, farase descontando do total dos xustificantes de gasto achegados e que se consideren adecuados, a parte proporcional correspondente, segundo a porcentaxe de cofinanciamento imputable á entidade solicitante, calculada con base no importe que figuraba na súa solicitude como parte da actuación cofinanciada por ela.

3. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 12º.-Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación presentada na solicitude e se realicen antes do 15 de novembro de 2009, como é o caso, entre outros, dos seguintes:

   a) Gastos de persoal, sempre que non pertenza ao cadro de persoal da entidade solicitante. Tampouco serán xustificables gastos de persoal incluído no cadro de persoal dos centros ou puntos de información ás mulleres de calquera das entidades locais de Galicia.

   b) Gastos de elaboración e difusión de materiais, tendo en conta que só serán subvencionables cando nos ditos materiais aparezan recollidas adecuadamente as identificacións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Secretaría Xeral da Igualdade. Para estes efectos deberá achegarse, antes de proceder á súa difusión, unha mostra para a súa conformidade pola Secretaría Xeral da Igualdade.

   c) Outros gastos directamente derivados da realización das actividades, que estean perfectamente xustificados e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación indicado no artigo 13º desta orde.

Artigo 13º.-Xustificación.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento é o 15 de novembro de 2009. Para isto a entidade beneficiaria deberá enviar á Secretaría Xeral da Igualdade a seguinte documentación:

   a) Certificación de gastos realizados (anexo III), onde deberá constar a relación de facturas. Achegarase fotocopia compulsada destas, tendo que ser efectuada a compulsa por persoal funcionario habilitado. As facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

   b) Memoria de execución da actividade que deberá contemplar, como mínimo: descrición das actuacións desenvolvidas, valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e do seu impacto, publicidade e divulgación que se realizou e, se for o caso, número de persoas participantes desagregadas por sexo.

   c) Mostra da totalidade do material elaborado con cargo á subvención e imputable a esta: publicacións, carteis, dípticos, material de papelaría ou outro material que publicite as accións, no cal deberá figurar o logotipo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Secretaría Xeral da Igualdade. Non serán obxecto de subvención aqueles materiais que non recollan axeitadamente a anterior identificación.

   d) Declaración do conxunto doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que teñan aprobadas, concedidas, ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, por calquera administración ou ente, público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

   En caso de que a subvención se conceda para a elaboración e/ou publicación do plan de igualdade da entidade, deberase achegar unha certificación do/a secretario/a na que se especifique a data do pleno ou da comisión de goberno en que se aprobou o citado plan, así como, no suposto de publicación, un exemplar orixinal da edición realizada.

2. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado as correspondentes xustificacións, requirirase á entidade para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo anteriormente sinalado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, podendo ser utilizado o crédito en beneficio doutras entidades que solicitasen subvención ao abeiro desta orde.

3. Os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderán solicitar as aclaracións ou informes que consideren convenientes dos medios de xustificación a que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria non os remita dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á subvención.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades locais beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

   Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Publicitar a subvención concedida durante a realización de toda actividade subvencionada, así como nos anuncios e programas previos, de ser o caso, á súa realización. Así mesmo, deberá facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Secretaría Xeral da Igualdade. Deberá remitirse á Secretaría Xeral da Igualdade proba documental do cumprimento desta obriga.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Seguimento e avaliación.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e avaliación das actividades subvencionables e, para tal fin, as entidades beneficiarias da subvención comprométense a facilitar a tarefa de seguimento.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao seu dispor para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde.

Artigo 16º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 17º.-Reintegro das subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora producidos segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a tería impedido.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nesta orde.

d) Incumprimento da obriga de adoptar medidas de difusión.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou cando do incumprimento derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

Nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que se vai desenvolver, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 18º.-Modificación da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-Publicidade.

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude implica de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Finalmente, as entidades beneficiarias, coa presentación das solicitudes, autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida, así como ás sancións impostas, todo isto sen perxuízo da posibilidade de exerceren os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para este fin, que é de 125.000 euros.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na/o secretaria/o xeral da Igualdade ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións convocadas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos, así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-As entidades beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a/o secretaria/o xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "22-09.PDF"

23 Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se modifica a Orde do 9 de outubro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia.

(DOG nº 66, do 6.04.2009 e resolución no DOG nº 77, do 22.04.2009).

A Orde do 9 de outubro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia (DOG nº 202, do 17 de outubro), establece no seu artigo 4º que o importe que se vai destinar para a concesión das bolsas que, ao abeiro dela, poderán ser concedidas, será de 40.500 euros e que se imputará á aplicación orzamentaria 05.30.313D.481.0 de acordo coa seguinte distribución:

- Ano 2008: 5.008 euros.
- Ano 2009: 35.492 euros.

No artigo 5º da orde recóllese que a duración das bolsas será de 12 meses, contados desde o seu inicio.

O atraso que se produciu na tramitación da orde fixo imposible ditar resolución na data prevista e, polo tanto, a data de inicio de desfrute das bolsas viuse demorada. En consecuencia, co fin de cumprir co disposto na Orde do 9 de outubro de 2008, cómpre modificar as anualidades en que se vai desenvolver o programa de formación e, polo tanto, reaxustar a asignación do gasto.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Modifícase o artigo 4º da Orde do 9 de outubro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia, que queda redactado como segue:

Artigo 4º.-Orzamento.

Para a concesión destas bolsas destínase un importe máximo de 40.500 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.30.313D.481.0 de acordo coa seguinte distribución:

- Ano 2009: 32.062,5 euros.
- Ano 2010: 8.437,5 euros.

A asignación do gasto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago Compostela, 31 de marzo de 2009.

Resolución do 14 de abril de 2009 pola que se fai pública a concesión de tres bolsas para a formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia, convocadas pola Orde do 9 de outubro de 2008, modificada pola Orde do 31 de marzo de 2009.

A orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do 9 de outubro de 2008, modificada pola Orde do 31 de marzo de 2009, aproba as bases que rexerán a convocatoria de tres bolsas para a formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia.

Na súa virtude, e tendo en conta a proposta da comisión de valoración prevista no artigo 7.3º das bases da convocatoria, esta secretaría

RESOLVE:

Primeiro.-Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia da relación de beneficiarios das bolsas. Esta relación achégase como anexo.

Segundo.-No caso de producirse algunha renuncia, de acordo co establecido no artigo 7.6º da orde de convocatoria, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá proceder á súa substitución pola persoa seguinte por orde de puntuación que figure na listaxe definitiva de persoas admitidas-seleccionadas, publicado na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no enderezo http://vicepresidencia.xunta.es.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2009.

ANEXO

Relación de beneficiarios

Eduardo Muñiz Rodríguez.

Javier Ramos Vieiro.

Luis Miguel Alonso Estévez.

24 Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

(DOG nº 158, do 13.08.2009 e orde de ampliación no DOG nº 223, do 13.11.2009).

A Constitución española no seu artigo 9.2º establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14 a Constitución española recoñece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e, en desenvolvemento do título II da citada lei, publicouse o Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego no cal se pretende, en desenvolvemento das competencias asumidas pola Xunta de Galicia conforme o Estatuto e á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ir un paso máis aló.

Así, a consecución da inserción laboral en clave de igualdade laboral convértese nunha das claves para facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que este é un dos ámbitos onde, ata o de agora, foi máis visible a desigualdade.

Por outra banda, o Decreto 335/2009, do 11 de xuño (DOG nº 123, do 25 de xuño de 2009), establece a estrutura orgánica da nova Consellería de Traballo e Benestar.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Capítulo I

Obxecto, ámbito de aplicación e financiamento

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas dirixidas ao fomento da implantación de plans de igualdade, para a eliminación da infrarrepresentación feminina e para a garantía e mellora do dereito á conciliación da vida familiar e laboral en pequenas e medianas empresas (pemes).

Para os efectos desta orde, considérase peme a empresa que empregue menos de 250 traballadores e traballadoras e que non supere os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.

Non se inclúen, neste ámbito de aplicación, as entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.-Actuacións e gastos subvencionables.

As actuacións subvencionables desagréganse nas seguintes liñas de actuación:

Liña I: axudas para a implantación de plans de igualdade nos termos e nos ámbitos definidos na Lei 2/2007, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, tanto de xeito voluntario como en cumprimento da obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa. Polo tanto, non será de aplicación ás empresas coa obriga legal de implantar plans de igualdade, segundo o establecido no artigo 45.2º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

Liña II: axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

Liña III: axudas para os investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, gardaría, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas para garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 3º.-Beneficiarias.

Serán beneficiarias das axudas desta orde as pequenas e medianas empresas que teñan domicilio social en Galicia ou empresas con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia sempre que, pola súa vez, teñan contratado un mínimo dun 10% do seu persoal en Galicia e, cando menos, unha persoa.

Artigo 4º.-Financiamento.

A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás aplicacións que de seguido se relacionan:

Liña I, aplicación 16.04.324A.474.1, código de proxecto 2009/01037, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por importe total de setecentos cincuenta e seis mil con cincuenta e catro euros (756.054 €).

Liña II, aplicación 16.04.324A.771.0, código de proxecto 2009/01066, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por importe total de oitocentos dous mil cincocentos euros (802.500).

Liña III, aplicación 16.04.324A.771.1, código de proxecto 2009/01086, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por importe de douscentos vinte e dous mil cincocentos euros (222.500).

Capítulo II

Axudas para a implantación de plans de igualdade (liña I)

Artigo 5º.-Beneficiarias.

Serán beneficiarias das axudas da liña I desta orde as empresas que, ademais dos requisitos do artigo 3º, se encontren nalgún dos supostos seguintes:

a) Empresas que implanten dun xeito voluntario un plan de igualdade nos termos exixidos nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os plans legalmente obrigatorios.

Para estes efectos, enténdese voluntaria a implantación do plan, aínda que sexa obrigatoria para a empresa, cando a empresa o asinase ou acordase coa representación legal dos traballadores e traballadoras.

b) Empresas que implanten, en cumprimento da obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa, un plan de igualdade nos termos exixidos nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os plans legalmente obrigatorios.

Artigo 6º.-Actividades subvencionables.

Para os efectos desta orde, e polo que respecta á liña I, terán a consideración de gastos subvencionables os que de seguido se relacionan:

a) Realización de estudos, análises ou diagnoses da realidade da empresa desde a perspectiva de xénero para a elaboración dun plan de igualdade e que incluirán necesariamente os seguintes aspectos: avaliación dos postos de traballo, categorías profesionais, xornada laboral e un estudo da estrutura salarial e extrasalarial.

b) Asistencia a cursos de formación en materia de igualdade, convocados ou impartidos por entidades públicas ou privadas con experiencia e prestixio nesta materia, do persoal directivo e/ou mandos intermedios da empresa, así como daquel persoal que forme parte dos órganos de igualdade que se creen para o desenvolvemento do plan.

c) A contratación, durante a vixencia do plan de igualdade, de persoal con experiencia e/ou coñecementos en materia de igualdade, co obxecto de asesorar na implantación e aplicación do plan de igualdade.

d) Os gastos derivados da contratación de empresa ou entidade externa especializada en materia de igualdade para o asesoramento na implantación e aplicación do plan de igualdade.

As axudas para os conceptos sinalados nas alíneas b), c), e d) deste artigo poderán solicitarse para o mantemento do plan de igualdade, sempre que se cumpran os requisitos exixidos nesta orde e en función da concorrencia competitiva co resto das solicitudes presentadas. O número máximo de convocatorias nas cales se poderán solicitar estas axudas será de oito, aínda que o prazo de aplicación do plan de igualdade superase os oito anos.

Artigo 7º.-Contía das axudas.

Liña I, alínea a):

A contía da axuda acadará ata o 100% do gasto necesario para a realización da actividade, entendendo por tal o importe que acredite a empresa solicitante da axuda mediante certificación, se é esta a que realiza o estudo con persoal propio, ou ben o importe facturado pola consultora privada que realice o asesoramento. Das contías acreditadas excluirase o IVE e o IRPF.

A contía máxima da axuda será de 5.000 euros por entidade beneficiaria, ou de 6.000 euros por entidade beneficiaria no caso de que as empresas teñan menos de 50 traballadores/as.

Liña I, alínea b):

A contía destas axudas acadará ata o 100% dos gastos necesarios para a realización da actividade, cun máximo de 600 euros por persoa para cursos de ata 50 horas e cun máximo de 1.200 euros por persoa para cursos de 50 horas ou máis.

Liña I, alínea c):

A axuda será de 300 euros/mes por persoa contratada e unicamente mentres persista este asesoramento.

Cando a empresa teña menos de 50 traballadores/as a contía será de 450 euros/mes por persoa contratada.

Para as empresas con domicilio social en Galicia que conten con varios centros de traballo e nas cales o plan de igualdade comprenda a totalidade dos centros da empresa incluíndo, de ser o caso, os centros de traballo radicados fóra da comunidade autónoma, os importes serán de 600 euros/mes se teñen máis de 50 traballadores/as, e de 900 euros/mes se teñen menos de 50 traballadores/as.

Se as persoas contratadas son mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situación marcada pola desvantaxe social ás cales se refire a disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, incrementarase a axuda prevista nos parágrafos anteriores nun 100%. Neste caso só poderá subvencionarse unha contratación por empresa.

Os importes así calculados non poderán superar os salarios netos mensuais das persoas contratadas.

Liña I, alínea d):

A contía da axuda acadará ata o 10% do importe efectivamente satisfeito pola contratación, sen IVE, dunha empresa ou entidade a que se refire este suposto, cun máximo de 3.000 euros.

Cando a empresa beneficiaria desta axuda teña menos de 50 traballadores/as, a cantidade anterior incrementarase nun 20% cun máximo de 3.600 euros.

Para as empresas con domicilio social en Galicia que conten con varios centros de traballo e nas que o plan de igualdade comprenda a totalidade dos centros da empresa incluíndo, de ser o caso, os centros de traballo radicados fóra da comunidade autónoma, estas contías incrementaranse no 50% cun máximo de 4.500 euros se teñen máis de 50 traballadores/as ou 5.400 euros se teñen menos de 50 traballadores/as.

Capítulo III

Axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes (liña II)

Artigo 8º.-Beneficiarias.

Serán beneficiarias das axudas da liña II desta orde as empresas que, ademais dos requisitos do artigo 3º, no momento da solicitude conten cun máximo do 20% de mulleres no seu cadro de persoal e sempre que concorran os requisitos seguintes:

Que se trate dun sector de actividade no cal sexa habitual a infrarrepresentación laboral feminina. Para estes efectos, a disposición adicional primeira do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, dispón que o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo elaborará unha relación das profesións con infrarrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Mentras non se desenvolva esta relación, terase en conta a que establece a Orde do 16 de setembro de 1998 para o fomento do emprego estable das mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino (BOE do 29 de setembro de 1998).

Que a empresa se comprometa a incrementar a porcentaxe de representación feminina, ben por incluílo no seu plan de igualdade ou ben por propia iniciativa.

Artigo 9º.-Actividades subvencionables.

Para os efectos desta orde, e polo que respecta á liña II, terán a consideración de gastos subvencionables os gastos efectivamente satisfeitos, sen IVE, para a adaptación das instalacións ou o investimento noutros medios materiais da empresa para adecuala ás novas necesidades resultantes da contratación de mulleres.

Non se poderá volver solicitar a axuda económica establecida neste suposto salvo se, de xeito excepcional e por motivos xustificados, se acreditase a necesidade de realizar novas adaptacións nas instalacións ou outros medios materiais da empresa.

Artigo 10º.-Contía das axudas.

A contía das axudas previstas na liña II acadará ata o 100% dos gastos efectivamente satisfeitos, sen incluír o IVE, necesarios para a realización das actuacións consideradas como subvencionables, cun máximo de 20.000 euros por entidade beneficiaria no suposto de que o compromiso de contratación supoña un incremento de entre un 5% e un 10% da representación feminina da empresa, cun mínimo dunha traballadora se se trata de empresas de menos de 50 traballadores/as, ou cun mínimo de catro traballadoras no caso de empresas de máis de 50 traballadores/as.

O importe máximo acadará os 22.000 euros por entidade beneficiaria no suposto de que o compromiso de contratación supoña un incremento de máis do 10% da representación feminina da empresa, cun mínimo de dúas traballadoras se se trata de empresas de menos de 50 traballadores/as, ou cun mínimo de seis traballadoras no caso de empresas de máis de 50 traballadores/as.

Capítulo IV

Axudas para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral (liña III)

Artigo 11º.-Beneficiarias.

Serán beneficiarias das axudas da liña III desta orde as empresas que reúnan os requisitos exixidos no artigo 3º e que, de xeito individual ou mancomunado, poñan en marcha medidas de conciliación.

Artigo 12º.-Actividades subvencionables.

Para os efectos desta orde, e polo que respecta á liña III, terán a consideración de gastos subvencionables os gastos efectivamente satisfeitos, sen incluír o IVE, derivados dos investimentos realizados pola/s empresa/s de xeito individual ou mancomunadamente, para habilitar servizos de comedor, gardaría, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación ou instalacións análogas co fin de garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Non se poderá volver solicitar esta axuda económica salvo se, de xeito excepcional e por motivos xustificados, se acreditase a necesidade de realizar novas adaptacións nas instalacións.

Artigo 13º.-Contía das axudas.

A contía das axudas previstas na liña III acadará ata o 100% dos gastos necesarios para a realización das actuacións consideradas como subvencionables, excluído o IVE, cun máximo de 20.000 euros por entidade beneficiaria.

Nas empresas de menos de 50 traballadores/as a contía máxima será de 30.000 euros por entidade beneficiaria.

Capítulo V

Competencia e procedemento

Artigo 14º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta orde, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 15º.-Solicitudes e documentación.

1. Solicitudes.

As solicitudes de axudas e subvencións recollidas nas distintas liñas desta orde deberán formalizarse por separado para cada unha destas liñas, debendo dirixirse ao órgano competente para resolver (Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Traballo e Benestar, edificio administrativo San Lázaro, s/n; planta 0, 15781 Santiago de Compostela), directamente ou a través de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos art. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que as entidades solicitantes destas axudas, xunto coa presentación da documentación necesaria, na continuación do anexo I, incluirán unha declaración pola que autorizan expresamente o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

2. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde, e deberán ir acompañadas da documentación xenérica e específica que de seguido se relaciona:

2.1. Documentación xenérica.

- Impreso de solicitude, anexo I desta orde.
- Modelo de declaración xurada do anexo I desta orde.
- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Poder suficiente que acredite a representación legal da persoa ou persoas que actúen no nome da empresa así como a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da dita persoa ou persoas.
- Documentación acreditativa (escritura de constitución, estatutos ou análogos) do domicilio social da empresa.
- Relación dos centros de traballo aos cales afecta a medida solicitada.
- Orzamento detallado dos gastos para os cales se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.
- Declaración da empresa, referida ao momento da solicitude, de ter contratados traballadores/as na Comunidade Autónoma de Galicia coas porcentaxes e condicións requiridas nesta orde e indicando o número total de traballadores/as da empresa e cantos deles teñen o centro de traballo en Galicia.
- Copia compulsada do documento TC2 da empresa solicitante, referido ao mes inmediatamente anterior á presentación da solicitude e documento xustificativo do seu pagamento. No caso de non poder achegar o TC2 do dito mes, achegarán o relativo ao último mes que teñan pagado.
- Relación do número total de homes e mulleres que traballan na empresa, por grupos ou categorías profesionais, incluíndo o persoal de alta dirección.
- Balance e conta de resultados da entidade solicitante do último exercicio pechado anterior á data da solicitude.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria segundo o anexo III desta orde.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais.

2.2. Documentación específica.

Liña I:

- Certificado do máximo órgano de representación da empresa en que conste a vontade de adoptar un plan de igualdade acordado coa representación legal das persoas traballadoras ou, de ser o caso, onde se faga referencia ao convenio colectivo no cal se establece para a empresa a obrigatoriedade de establecelo. No dito certificado especificarán a duración da execución do plan.
- Proxecto do plan de igualdade en que consten as liñas xerais deste e o resto das actividades previstas para a súa posta en funcionamento, con expresión dos medios persoais e materiais e de se inclúe ou non todos os centros de traballo da empresa.
- Para as actividades da alínea a) do artigo 6º, se o estudo o realiza a empresa solicitante da axuda, con persoal propio, certificación na cal se acrediten os recursos materiais e humanos empregados, así como a cualificación destes para a realización dos estudos e análises a que se refire este punto. Por outra banda, se o estudo o realiza unha consultora privada, ademais do requirido no caso anterior, relación dos traballos semellantes realizados nos tres últimos anos.
- Para as actividades da alínea b) do artigo 6º, programación dos cursos aos cales se vaia asistir ou, de telos xa realizados, diplomas ou certificacións destes, con indicación do seu contido e duración. Ademais, relación das persoas que asistir ou vaian asistisen a cada curso, sinalando o número de horas que cada

persoa dedicou ou vaia dedicar a estes. Tamén se presentará documentación acreditativa (escrituras, estatutos, certificacións...) onde conste a condición de persoal directivo e/ou mando intermedio dos asistentes aos cursos ou de ser persoal que forme parte dos órganos de igualdade que se creen para o desenvolvemento do plan.

- No suposto c) do artigo 6º, copia compulsada do contrato de traballo da persoa ou persoas contratadas así como o currículo da dita persoa que acredite a súa experiencia e/ou coñecemento en materia de igualdade.

Neste suposto, se a persoa contratada é unha muller con especiais dificultades de inserción laboral ou en situación marcada pola desvantaxe social a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, terán que presentar:

- Certificación expedida polo organismo público competente que acredite a concreta condición da muller incluída nalgún dos supostos da dita disposición adicional.

- Copia compulsada do contrato de traballo da dita muller contratada.

- No suposto d) do artigo 6º, memoria descritiva e acreditativa da empresa ou entidade externa contratada, indicando os recursos materiais e humanos de que dispón, así como a cualificación destes, para a realización do asesoramento a que se refire este suposto. Ademais, relación dos traballos semellantes realizados pola dita empresa nos tres anos anteriores.

Liña II:

-Memoria das actuacións materiais que se van realizar xustificando a súa oportunidade en virtude das novas necesidades derivadas da contratación de persoal feminino.

-Compromiso do máximo órgano de representación da empresa no cal conste a vontade de contratar a traballadoras no número ou porcentaxes requiridos con indicación do prazo máximo de execución dese compromiso.

Liña III:

- Memoria explicativa e descritiva das actuacións materiais que se vaian realizar.

As entidades que soliciten máis dunha liña das previstas nesta orde, unicamente deberán presentar un exemplar da documentación xenérica coa primeira das solicitudes presentadas, facendo constar tal circunstancia nas posteriores. En todo caso, todas as solicitudes deberán presentarse xunto coa documentación específica para a liña de axuda respectiva.

Artigo 16º.-Prazo.

1. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

2. Esta orde cobre as accións que se realizaran entre o remate do prazo de solicitude da Orde do 8 de setembro de 2008, o 16 de outubro de 2008, ata o remate do prazo de solicitude sinalado no número 1 deste artigo.

3. No caso de que se realicen accións obxecto de subvención pero con posterioridade ao remate do prazo de solicitude, sinalado nesta orde, as empresas poderán solicitar as axudas con cargo á orde do ano seguinte.

4. As accións polas que se solicitaron as axudas previstas nesta orde e que se realizaron antes da data de remate do prazo de solicitude prevista pero que non se puideron xustificar no prazo establecido, poderán ser obxecto de nova solicitude de axuda con cargo á orde do ano seguinte. Neste caso, tratarase de accións que supoñan unha continuidade e que poidan ser solicitadas durante varios exercicios.

Os prazos previstos nesta orde por meses, computaranse de data a data, comezando a contar desde o día seguinte ao da publicación ou ao do remate do prazo de presentación de solicitudes e entendendo como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación ou de remate do prazo de presentación. Se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes e, se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 17º.-Instrución.

1. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Avaliación das solicitudes.

Unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que informará o órgano instrutor. Este órgano elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, quen por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, será quen resolvera poñendo fin á vía administrativa.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Traballo, quen presidirá, o/a xefe/a do Servizo de Relacións Laborais e un/unha xefe/a de sección do Servizo de Relacións Laborais, que actuarán como vogais, e un/unha funcionario/a designado/a pola presidencia, que actuará como secretario/a. Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela a presidenta, ou persoa en que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a

comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 19º.-Criterios de avaliación.

A valoración das solicitudes presentadas, dentro de cada liña, efectuarase de acordo cos criterios e a ponderación que de seguido se relacionan:

1º Polo número de novas contratacións que se produzan ou que se comprometan como consecuencia destas accións, ata 30 puntos. A puntuación máxima outorgarase para as contratacións indefinidas.

2º Pola existencia de representación de mulleres na totalidade dos grupos e categorías profesionais, incluíndo o persoal de alta dirección, correspondendo o máximo de 20 puntos á existencia dun 50% de mulleres na totalidade do persoal da empresa; o resto calcularase na proporción correspondente.

3º Polo número de mulleres beneficiarias destas accións, entendendo por tales o número de mulleres ás cales lles afecten, ben porque xa formen parte do cadro de persoal ou polas contratacións comprometidas, ata 10 puntos.

4º Pola incorporación nos plans de igualdade de medidas de apoio á inserción, permanencia e promoción laboral das mulleres en xeral e das que sofren violencia de xénero en particular, ou pola contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, en cumprimento do establecido no artigo 36.2º da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ata 10 puntos.

5º Pola utilización da lingua galega, ata 10 puntos.

6º Pola aplicación destas medidas en materia de igualdade en empresas de menos de 50 traballadores/as, 10 puntos.

7º Polo número de centros de traballos que se beneficiarán das accións destas subvencións, ata 10 puntos, que se corresponderá coa totalidade dos centros da empresa, calculándose o resto na proporción que supoña con respecto ao total de centros da empresa.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación, co límite máximo do crédito orzamentario existente para cada liña de subvencións.

Artigo 20º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o antedito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1º e no artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 21º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as entidades interesadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase de xeito nominativo e pagamento único, pola súa totalidade, a favor das beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá axustarse ao previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo esta normativa, e entre outros aspectos, considérase que en ningún caso serán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, na data límite do 30 de outubro, da documentación que corresponda, relacionada nos puntos seguintes:

a) Documentación xenérica:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión.
- No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

b) Documentación específica:

Liña I:

- Para as actividades da alínea a) do artigo 6º, certificación da empresa solicitante da axuda xunto cos xustificantes bancarios ou xustificantes dos asentos contables polo importe dos gastos

realizados, se esta realiza o estudo con persoal propio, ou ben factura polo importe do asesoramento realizado pola consultora privada e xustificante do seu pagamento.

- Para as actividades da alínea b) do artigo 6º, certificación acreditativa da asistencia e superación dos cursos obxecto de subvención así como facturas xustificativas do gasto realizado.

- No suposto c) do artigo 6º, copia cotexada do contrato de traballo e alta na Seguridade Social e nóminas dos meses para os cales se lle concedeu a subvención, así como xustificantes de pagamento destas.

- No suposto d) do artigo 6º, factura do asesoramento e xustificante do seu pagamento.

Liña II:

- Facturas dos investimentos e xustificantes do seu pagamento.

Liña III:

- Facturas dos investimentos e xustificantes do seu pagamento.

Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Capítulo VI

Obrigas, compatibilidade, seguimento e control

Artigo 22º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

1. A entidade solicitante non poderá atoparse incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

2. As axudas recollidas nesta orde son compatibles coas concedidas por outros entes públicos ou privados, tendo en conta que, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axudas previstos nesta orde.

Artigo 23º.-Obrigas das beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Acreditar con anterioridade á proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se está ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

b) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos/as beneficiarios/as e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autonóma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 24º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación segundo o establecido no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25º.-Revogación e reintegro.

No caso de que a beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas nesta orde, a Consellería de Traballo e Benestar procederá ao reintegro total ou parcial da subvención concedida, e solicitará a devolución das cantidades percibidas e os correspondentes xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32, 33, 37 e 38 da citada Lei 9/2007 e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 26º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento das liñas de actuación.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes

que resulten de aplicación. Para estes efectos as beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

As empresas que reciban unha axuda pública para a aplicación do plan de igualdade estarán obrigadas a elaborar, dentro do mes de xaneiro seguinte á finalización do ano natural en que se solicitou a axuda económica, un informe no cal, pola súa vez, se inclúa un informe da representación dos/as traballadores/as, poñendo de manifesto a evolución da súa aplicación durante ese período.

De solicitarse a renovación das axudas económicas para a implantación do plan de igualdade, deberá presentarse o dito informe coa solicitude e demais documentación sinalada na orde de convocatoria.

Se o informe non se presenta no prazo sinalado, poderáselle conceder unha prórroga non superior a un mes. A falta de presentación do citado informe ou o incumprimento dos fins para os que foron concedidas as axudas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro total ou parcial das axudas establecidas nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquelas que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa estea en poder da administración actuante.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación da conselleira.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009.

Ver anexos pdf "24-09.PDF"

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

O 13 de agosto publicouse no DOG nº 158 a citada Orde do 4 de agosto de 2009.

O artigo 21 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención, dispoñendo como data límite para a presentación o 30 de outubro de 2009.

Non obstante, por causas sobrevidas o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que co fin da garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a súa xustificación .

De acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliación do prazo de xustificación.

Amplíase ata o día 30 de novembro de 2009 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 21 da Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

25 Resolución do 8 de xaneiro de 2009, [SGI] pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.

(DOG nº 17, do 26.01.2009).

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de

xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración, recollidos no artigo 4.1º c) da Lei de contratos do sector público, subscritos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2008 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2008.

Ver anexo pdf "25-09.PDF"

26 Resolución do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 27, do 9.02.2009).

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle a este órgano as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas a través do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de facilitar a formación profesional das mulleres, así como incentivar a súa participación na vida política, económica, cultural, educativa e social.

O ámbito do emprego é un dos que reflicten máis nidiamente a discriminación por razóns de xénero e é, por tanto, un dos que máis accións positivas precisa das administracións públicas. A capacitación e a formación para o emprego é unha das facetas fundamentais desta intervención que lles permite ás mulleres acceder ao mercado de traballo en mellores condicións competitivas e superar a fenda en formación que aínda existe na nosa sociedade entre mulleres e homes.

A través desta convocatoria ponse en marcha unha acción dirixida a facilitar o acceso en igualdade de condicións das mulleres ao emprego, obxectivo prioritario nas políticas públicas, tal e como recolle a programación comunitaria. As medidas dedicadas á mellora da empregabilidade das mulleres, a combater a segregación horizontal e vertical e a discriminación salarial, e as dedicadas a favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar son piares desta nova programación. Este organismo vén actuando, de xeito ininterrompido a través de distintos programas na consecución destes obxectivos sendo un deles a formación para mulleres.

O Servizo Galego de Igualdade, dentro dos métodos de xestión previstos nas especificacións das medidas, define nesta convocatoria a realización desta actuación a través dos concellos que, de xeito verificable, traballan a prol da igualdade de oportunidades para as mulleres, subvencionando o custo das accións formativas que se realicen dentro dos programas de formación definidos de acordo co disposto nesta resolución, así como de accións complementarias de corresponsabilidade no coidado das persoas dependentes das alumnas que faciliten a súa incorporación ao proceso formativo.

Trátase de levar a cabo formación dirixida a facilitar o acceso das mulleres ao mercado do traballo asalariado, a profesionalizar e cualificar traballos tradicionalmente realizados de forma gratuíta por mulleres e que están a saír ao mercado de traballo nomeadamente recursos de conciliación e a creación do sistema galego de benestar, ao tempo que se contribúe ao fomento da cultura emprendedora dando formación a aquelas que teñen pensado desenvolver unha iniciativa empresarial propia; en consecuencia, debe conter accións encamiñadas á integración plena á actividade laboral, á diversificación profesional, á cualificación complementaria e en novos ámbitos do mercado de traballo.

Tamén queremos incorporar a necesidade de proporcionar formación en dous contornos moi importantes de actuación do Goberno galego como son o acompañamento a vítimas de violencia de xénero e as ferramentas de reequilibrio no uso do tempo entre mulleres e homes.

O procedemento para a concesión de subvencións a través desta resolución seguirá o réxime xeral de concorrencia competitiva, tento en conta, en todo caso, os principios básicos de publicidade, transparencia e obxectividade; adaptarase en todo o procedemento ao establecido na normativa autonómica e na estatal e comunitaria de aplicación, con especial atención aos regulamentos comunitarios que regulan a xestión de fondos estruturais. Co fin de facilitarlles ás entidades adxudicatarias a execución das accións formativas, esta resolución prevé o pagamento en concepto de anticipo do 35% circunstancia suxeita á autorización do Consello da Xunta.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Finalidade.

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública, para o ano 2009, das axudas e subvencións para a realización de programas de formación a prol das mulleres mediante a execución das seguintes actuacións:

a) Apoio a programas destinados a facilitar a inserción laboral das mulleres impulsando a súa cualificación profesional, naquelas profesións que sexan demandadas polo mercado de traballo ou en que se atopen subrepresentadas.

b) Apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente aqueles que apostan por un desenvolvemento sustentable.

c) Apoio a proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores.

d) Apoio a programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

2. A concesión destas subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios que se establecen no artigo 12º e resolverase dentro das dispoñibilidades orzamentarias definidas no artigo 2º.

Artigo 2º.-Financiamento.

As accións incluídas nesta resolución están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. O importe global destinado a elas ascende a 500.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.313B.460.1. A citada contía poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que isto supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

A tramitación de solicitudes, concesión e xustificación destas axudas axustarase ao disposto no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que establecen las disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2009; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 4/2006, do 30 se xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Beneficiarias das axudas.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento das accións formativas reguladas nesta convocatoria as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Quedarán excluídas aquelas que, con anterioridade recibisen algunha outra axuda deste organismo e non xustificasen o seu investimento.

2. As entidades locais solicitantes deberán contar cun Plan de igualdade.

3. As entidades que obteñan a concesión de axudas poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria tendo en conta as seguintes limitacións, obrigas e requisitos e tendo en conta o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) A subcontratación en ningún caso suporá un aumento do custo da acción formativa.

b) A necesidade de subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria da subvención.

c) A coordinación da acción formativa está excluída de calquera subcontratación.

d) A subcontratación abranguerá a totalidade da acción formativa (agás a coordinación) ou unicamente a docencia.

e) A entidade terá en conta que cada subcontratación terá que realizarse con subcontratistas diferentes.

f) A subcontratación exixe autorización previa das/os delegadas/os provinciais deste organismo, que se solicitará no formulario que aparece como anexo IV. O contrato celebrarase por escrito.

g) As entidades beneficiarias das subvencións son as responsables de que nas accións subvencionadas se respecten os límites establecidos na normativa aplicable en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas a relación de persoal docente, os documentos acreditativos do pagamento das correspondentes retribucións, e os acreditativos do pagamento das bolsas e axudas segundo o establecido no punto 4 do artigo 17º.

h) As/os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións formativas subcontratadas.

i) A solicitude de calquera modificación respecto da execución da acción formativa subcontratada só poderá presentala a entidade beneficiaria da subvención.

4. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller establecerá os controis correspondentes para garantir, con carácter previo á autorización, que as subcontratacións solicitadas polas distintas entidades se realizan con diferentes empresas; en caso contrario non se autorizará a súa celebración agás que se fundamente a súa necesidade nunha circunstancia excepcional indispensable para levar a cabo a acción formativa.

Artigo 5º.-Destinatarias das accións formativas.

Mulleres con residencia en Galicia, maiores de idade ou emancipadas. Terán preferencia as mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida laboral e familiar.

Exclusivamente para participar nos cursos do directorio de Servizo Galego de Igualdade cos códigos SGI049 e SGI050 poderán incorporarse homes ao alumnado, que cumpran os requisitos do punto anterior, como fórmula para achegar aos homes ás problemáticas que atende esa formación en concreto: violencia de xénero e reequilibrio no uso do tempo.

Artigo 6º.-Tipo de axudas.

1. Os programas formativos levaranse a cabo por cursos, que serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifiquen de acordo co establecido nesta resolución e demais normativa de aplicación.

2. Os custos de cada curso determinaranse por módulos económicos. Cada curso constará de dous módulos (A e B). Os gastos que se incluirán en cada módulo determínanse no artigo 17º.

3. As subvencións terán unha contía máxima para cada curso que será o importe resultante de multiplicar o número de horas polo número de alumnas e polo importe do correspondente módulo previamente fixado e publicitado no directorio de cursos do Servizo Galego de Igualdade a través da súa páxina web oficial, fixándose así mesmo o importe máximo subvencionable correspondente a cada módulo, sen que, en ningún caso, as accións formativas previstas no artigo 20º.1 b) poidan superar o importe máximo que vaia ser subvencionado que figure no catálogo de cursos do Servizo Galego de Igualdade; a esta contía engadiráselle, de ser o caso, o custo dos servizos indicados no punto 4 do artigo 17º; a suma de ambas as dúas contías é o custo da acción formativa.

4. O importe da subvención financiará o 100% dos custos da acción formativa.

5. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza e para a mesma acción.

6. Todas as accións formativas realizadas, ao abeiro desta resolución, estarán rematadas o 1 de novembro de 2009.

Artigo 7º.-Obrigas das entidades beneficiarias da subvención.

1 Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na normativa aplicable pola percepción de axudas públicas e tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas das entidades beneficiarias de subvencións para impartir os cursos de formación para o emprego regulados nesta resolución, as seguintes:

a) Non alterar o destino da subvención.

b) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

d) Presentar a documentación de xestión das accións formativas correcta e completa e nos prazos establecidos.

e) Aboar mensualmente ás alumnas os gastos previstos no punto 4 do artigo 17º e ao persoal docente a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise o anticipo previsto nesta resolución.

f) Contratar un seguro de accidentes para as alumnas que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas, de ser o caso. A súa duración abranguerá estritamente o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas non laborais en empresas que figuren na programación, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado.

Terá carácter obrigatorio en todas as accións formativas impartidas ao abeiro desta resolución e dará cobertura expresa, como mínimo, ás seguintes continxencias: en caso de morte 30.000 euros; en caso de invalidez permanente 42.000 euros; e asistencia médico-farmacéutica durante un ano a partir do sinistro.

g) Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

h) Introducir o currículo das alumnas que rematen o curso, coa súa conformidade, na base de datos do Servizo Galego de Colocación na forma que estableza a consellería competente.

i) Elaborar os diplomas segundo o disposto no punto 4 do artigo 25º desta resolución.

j) Elaborar un informe da situación laboral das alumnas formadas aos seis meses de rematar o curso, co fin de coñecer a porcentaxe de colocación ou promoción profesional.

k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

l) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 8º.-Publicidade das accións.

1. No lugar onde se realicen as accións formativas deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que aparezan os anagramas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

2. Toda a documentación elaborada especificamente para a impartición dos cursos deberá incluír os logotipos das entidades e organismos mencionados no punto anterior.

Artigo 9º.-Competencia e procedemento.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta resolución correspóndelles ás delegadas e aos delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, por delegación da directora xeral do organismo.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes desenvolverase segundo o establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación.

Capítulo II

Convocatoria pública

Artigo 10º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes para impartir as accións formativas presentaranse, no modelo normalizado que se publica como anexo I xunto co informe motivado sobre necesidades de formación na especialidade, acompañadas da seguinte documentación:

   a) Memoria detallada da acción (anexo III-S-3) na cal se indicarán os criterios que se van utilizar para a selección das alumnas (un modelo por cada curso solicitado).

   b) Unha ficha por cada un dos cursos solicitados no modelo normalizado (anexo II-S-2) a que se xuntará o programa formativo definido por módulos e o orzamento do curso da fomación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 17º.

   c) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

   d) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade en que se exprese o acordo coas actuacións de control e supervisión do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

   e) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente, de ser o caso.

   f) Solicitudes de autorización para subcontratacións (anexo IV), de ser o caso, xunto co informe motivado sobre as súas necesidades.

   g) Xustificación do grao de inserción laboral acadado polas alumnas formadas en cursos incluídos na programación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller no exercicio 2008.

   h) As entidades que soliciten formación directamente vinculada cunha contratación laboral ou promoción profesional, por un período de, polo menos seis meses para un mínimo do 15% das alumnas, presentarán o correspondente compromiso, que estará asinado pola entidade que vaia realizar a contratación ou promoción das alumnas formadas.

2. As solicitudes dirixiranse á delegación provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller competente, segundo a provincia en que se vaian desenvolver as accións formativas solicitadas, tendo en conta que cada entidade só pode presentar unha solicitude e que cada solicitude ten unha limitación de dous cursos para o mesmo territorio municipal. Presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 11º.-Prazo.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

2. Se as solicitudes non estivesen debidamente cubertas ou a documentación presentada tivese erros ou fose insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as/aos solicitantes para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Comisión de valoración. Criterios de avaliación.

1. Cada delegación provincial designará unha comisión de valoración para o estudo e a avaliación das solicitudes recibidas e debidamente cubertas, que estará composta por tres membros, o/a presidente/ a e dous/dúas vogais, actuando un/unha deles/as como secretario/ a, designados/as pola/o delegada/o provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se, por calquera causa, no momento en que as comisións de valoración teñan que examinar as solicitudes, algunha das persoas integrante destas non puidese asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a/o delegada/o provincial.

2. A comisión de valoración estudará e avaliará as solicitudes debidamente cubertas atendendo aos seguintes criterios, e coa seguinte valoración:

   a) Existencia de compromiso de contratación laboral ou promoción profesional: ata 3 puntos.

   b) Accións formativas que promovan unha cualificación das mulleres naquelas profesión en que se atopan subrepresentadas en sectores económicos con oferta de emprego, ou en novos viveiros de emprego: ata 3 puntos.

   c) Accións formativas que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares: ata 2 puntos.

d) Accións formativas dirixidas preferentemente a mulleres en situación de violencia de xénero, en risco de exclusión social ou con especiais dificultades de acceso ao emprego: ata 2 puntos.

e) Entidades que non solicitaron anteriormente estas axudas ou que non lle foron concedidas: ata 4 puntos.

f) Entidades que recibiron axudas no exercicio anterior con óptimo rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos de emprego e a súa xustificación: ata 2 puntos.

g) Menor taxa de ocupación feminina no ámbito municipal para o que se solicitan os cursos: ata 2 puntos.

h) Inexistencia de accións formativas no ámbito territorial para o que se presenta a solicitude que sexan de parecidas características: 1 punto.

i) Accións formativas desenvolvidas integramente en galego: 3 puntos.

j) Accións formativas que inclúan unha fase de prácticas profesionais non laborais axeitada aos coñecementos impartidos: 1 punto.

3. Unha vez estudados e avaliados individualmente os expedientes correctamente cubertos, e sen prexuízo do establecido no articulado desta resolución, as comisións de valoración elaborarán a proposta de adxudicación tendo en conta que se deberá recoller, sempre que sexa posible, unha concesión por entidade, segundo a preferencia indicada polas entidades nas súas solicitudes.

Artigo 13º.-Resolución.

1. As resolucións dos expedientes de axudas, logo da fiscalización das propostas das comisións de valoración polas intervencións correspondentes, correspóndenlles, por delegación da directora xeral, ás delegadas e os delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas, observarase o disposto no artigo 44 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A publicidade das subvencións realizarase segundo dispón a normativa vixente. Na páxina web oficial do organismo, e nos cinco días seguintes á notificación da concesión e unha vez recibida a aceptación, publicarase a relación de beneficiarias con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 14º.-Aceptación da subvención.

Notificada a resolución de concesión, as adxudicatarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executar o proxecto formativo subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. De non recibirse a aceptación no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a recepción da notificación da resolución, entenderase tacitamente aceptada. O escrito de aceptación dirixirase ao órgano competente para resolver e sen prexuízo da obriga de presentación por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, comunicarase por fax ao órgano competente durante o período de aceptación.

Artigo 15º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, de ser o caso, á súa revogación.

Artigo 16º.-Reintegro.

1. Cando o acto de concesión incorrese nalgún dos supostos mencionados nos puntos 1º e 2º do artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente procederá á revisión de oficio ou, se é o caso, a declaración de lesividade, de conformidade cos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación leva consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra algunha das causas de reintegro previstas nesta resolución e na normativa vixente.

2. Procederá a apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e termos previstos nesta resolución, na normativa europea de aplicación e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Gastos subvencionables.

1. No módulo A inclúense os gastos de persoal e o B abrangue o resto dos custos aboables do curso. A cada un destes módulos fixaráselle un importe máximo, sendo a suma deles igual ao custo máximo subvencionable.

2. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo A os seguintes gastos de persoal desagregados que se xustifiquen debidamente:

a) Soldos ou honorarios de persoal docente, ou o prezo do servizo externo docente, e os correspondentes gastos de seguros sociais.

b) Gastos da actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta das encargadas da impartición do curso. Os gastos de coordinación non poderán superar o 15% do total do módulo A.

3. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo B os seguintes gastos correntes que se xustifiquen debidamente:

a) Gastos de seguros de accidentes das alumnas e, de ser o caso, gastos de seguros de responsabilidade civil.

b) Gastos de medios e materiais didácticos e dos materiais de tra-

ballo funxibles utilizados durante as actividades de formación, quedando excluídos os gastos de amortización de equipos e ferramentas.

c) Gastos xerais que teñan a súa orixe na actividade do curso: enerxía eléctrica, combustibles, mantemento das instalacións e dos equipamentos formativos; alugueiros e seguros, tanto de instalacións como de maquinaria; teléfonos e comunicacións; gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que así sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, podendo tamén incluír o importe das entradas para alumnas e persoal docente pero non a manutención durante as visitas; e publicidade expresamente autorizada e realizada de conformidade coas normas establecidas nesta resolución, para a execución dos cursos aprobados e programados.

4. Para favorecer o acceso á formación ás mulleres con especiais dificultades, ademais dos gastos imputables a cada módulo, establécense como gastos subvencionables:.

a) Os gastos de servizos de gardaría, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, que se presten durante o horario do curso, sempre que así o soliciten como mínimo catro alumnas.

b) Os gastos de servizos de canguros, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, no horario do curso sempre que haxa menos de catro solicitantes.

c) Os gastos de asistencia domiciliaria no horario do curso, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo.

d) Bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada mediante certificado expedido polo organismo competente.

e) Axudas de transporte para aquelas alumnas que residan polo menos a 3 quilómetros do lugar de impartición da acción formativa, circunstancia que acreditará o órgano municipal correspondente.

As axudas para os puntos d) e e) son incompatibles.

Para o aboamento destes servizos as/os delegadas/os provinciais ditarán unha resolución de concesión complementaria para cubrir os gastos subvencionables por estes conceptos unha vez coñecidas as circunstancias concretas das alumnas de cada curso e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 18º.-Solicitude de anticipo.

1. Para o pagamento das subvención observarase o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo do establecido nas normas comunitarias aplicables, poderanse solicitar anticipos dunha porcentaxe máxima do 35% da subvención concedida sempre que se solicite nos cinco días seguintes ao transcurso da primeira cuarta parte do curso e se remita ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a documentación acreditativa do inicio do curso e das modificacións producidas ata a data.

Artigo 19º.-Pagamentos parciais e liquidación.

1. Todas as accións formativas realizadas ao abeiro desta resolución estarán rematadas o 1 de novembro de 2009 e a súa xustificación presentarase, necesariamente, como data límite o 15 de novembro de 2009.

2. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a entidade beneficiaria xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida, e sempre que se achegue a correspondente xustificación parcial coa documentación sinalada no punto seguinte.

3. Unha vez rematada a acción formativa, deberán presentar a seguinte documentación:

-Certificación orixinal do órgano competente da entidade local, que acredite que os gastos realizados foron aplicados para o fin para o que se concedeu a subvención.

-Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

-Orixinais e copias das facturas, ou documentos equivalentes, correspondentes aos gastos efectuados que xustifiquen a execución do 100% do custo da acción formativa. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. As entidades presentarán os orixinais para seren selados pola unidade tramitadora correspondente, unha vez completa esta dilixencia e sempre que o soliciten expresamente, seranlles devoltos á maior brevidade.

4. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final ou, de ser o caso, dos pagamentos parciais, de acordo co artigo 10º.3 desta resolución polo órgano xestor incorporarase ao expediente a acreditación de que as entidades adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

5. O pagamento da liquidación final estará condicionado pola presentación dos diplomas correctamente cubertos para o seu rexistro.

6. Nos supostos de proxectos formativos con compromiso de contratación ou promoción profesional, non se realizará o pagamento da liquidación final mentres non se remitan as copias dos contratos de traballo rexistrados polo organismo público competente.

7. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

Artigo 20º.-Modalidades das accións formativas.

1. Os cursos serán de carácter presencial e os programas formativos que se poden impartir ao abeiro desta resolución comprenden as seguintes modalidades:

a) Accións formativas incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres.

b) Accións formativas caracterizadas como proxectos experimentais ou innovadores e accións formativas que sexan cualificadas de especial interese polo órgano competente a proposta da comisión

de valoración con base no informe de necesidades de formación achegado pola entidade solicitante.

2. Todas as solicitudes se presentarán acompañadas dun informe motivado sobre as necesidades de formación na especialidade solicitada.

3. No caso das accións formativas previstas no artigo 20º.1.b) as entidades deberán xuntar á solicitude a seguinte documentación:

- Programa formativo definido por módulos.
- Orzamento do custo da formación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 17º.

4. A duración total dos cursos é o resultado de engadir ás horas establecidas para a formación específica as establecidas para os módulos de igualdade de oportunidades e de orientación profesional.

Artigo 21º.-Módulo de igualdade de oportunidades.

Todas as accións formativas incluirán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades que terá unha duración de 10 horas e que será impartido e custeado desde o Servizo Galego de Igualdade, a Secretaría xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galicia ou dende o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 22º.-Módulo de orientación profesional.

As accións formativas do directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación sociolaboral nas que así se sinale e aquelas ás que se refire o punto b do artigo 20 incluirán un módulo de orientación e información profesional que terá unha duración de 5 horas e conterá información sobre as posibilidades de emprego abertas para a formación recibida e orientación sobre as técnicas de busca de emprego, posibilidades de autoemprego e fórmulas de economía social.

Artigo 23º.-Selección de alumnas.

1. Con carácter xeral, o número de alumnas participantes en cada curso estará comprendido entre 15 e 20, sen que, en ningún caso, poidan terse en conta máis de 15 alumnas para o cómputo da subvención, non podendo iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10.

2. Para a selección das alumnas a entidade que vai impartir o curso realizará unha convocatoria pública mediante anuncio, publicado polo menos a través dun dos xornais de maior tirada da provincia e obrigatoriamente en domingo, que requirirá a supervisión previa do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste anuncio especificarase como mínimo: a entidade ofertante, o financiamento da acción por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Fondo Social Europeo, as prazas existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido das alumnas (especificando a preferencia das mulleres ás que se refire o artigo 5º), e o enderezo, teléfono, localidade e data de realización das probas de selección. Este anuncio será tamén remitido a todos os Centros de Información ás Mulleres e Puntos de Información ás mulleres e outros espazos de información ás mulleres que existan no territorio da acción formativa.

3. O custo dos anuncios que non se adapten aos anteditos requisitos e a calquera outro que puideran ser establecidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller non será aboado con cargo ás axudas previstas nesta resolución.Así mesmo, tampouco será aboado o custo dos anuncios naqueles casos nos que non se inicie a acción formativa.

4. O día da realización das probas de selección, a entidade requirirá ás alumnas interesadas que presenten, na maior brevidade, os seguintes documentos:

- Copia do DNI.
- Copia do libro de familia ou informe dos servizos sociais do concello para os efectos de xustificar o coidado de familiares directos e para xustificar a solicitude de servizo de gardaría ou axuda para canguros ou asistencia domiciliaria, así como para xustificar as responsabilidades familiares non compartidas.
- Informe dos servizos sociais do concello para xustificar o risco de exclusión social.
- Informe dos servizos sociais ou sanitarios ou do PCOP ou sentenza ou orde de protección, informe do ministerio fiscal ou da inspección de traballo e Seguridade Social para xustificar a situación de violencia de xénero.

5. A entidade concluirá a selección levantando a correspondente acta, que se deberá remitir ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller con sete días de antelación ao comezo do curso xunto coa documentación acreditativa da situación laboral das seleccionadas.

Artigo 24º.-Inicio da acción formativa.

1. As alumnas deberanse incorporar ao curso na data do seu inicio. De non incorporarse ou producirse baixas dentro da primeira cuarta parte do curso, poderanse substituír por alumnas procedentes da convocatoria pública.

2. Os cursos en que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnas, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50% do número programado, poderán ser suspendidos polo órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste caso a entidade terá dereito a unha indemnización calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 12º e aprobada, de ser o caso, pola/o delegada/o provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3. En caso de non iniciarse o curso, a entidade non terá dereito a indemnización.

Artigo 25º.-Dereitos e deberes das alumnas.

1. As alumnas que resulten seleccionadas para un curso non poderán asistir a outro simultaneamente, nin causar baixa nun para acceder a outro incluído dentro da programación de formación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. No momento da incorporación, teñen que cubrir correctamente a ficha individual e presentar, de ser o caso, a documentación acreditativa de ter dereito á percepción de bolsas ou axudas de transporte.

3. Teñen a obriga de asistir e seguir os cursos con aproveitamento e facilitar a documentación que lles solicite a entidade impartidora. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas no mesmo mes.

4. As que rematen os cursos con aproveitamento e asistiran, polo menos, ao 75% das horas lectivas terán dereito a un diploma oficial, que se expedirá exclusivamente no modelo que estableza o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en que constarán os seguintes datos:

- No anverso: denominación da entidade impartidora; nome, apelidos e DNI da alumna; denominación do curso; número de horas; localidade e datas de realización.

- No reverso: programa que indique os módulos impartidos e a súa duración.

5. Computaranse como alumnas que remataron o curso aquelas que precisen abandonalo antes da súa finalización por ter atopado un emprego, acreditando tal extremo e sempre que asistiran ao 75% das horas e a/o docente consideren que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso. O número de alumnas que rematen o curso non pode superar o previsto no punto 1 do artigo 23º.

Artigo 26º.-Documentación para a xestión dos cursos.

1. As entidades adxudicatarias das axudas están obrigadas a presentar na delegación provincial correspondente a documentación que se relaciona nos prazos que se indican:

a) O modelo do anuncio de convocatoria pública para a súa conformidade, antes da publicación en prensa ou no taboleiro da empresa, segundo corresponda.

b) Dentro dos 7 días anteriores ao comezo dos cursos:

b.1. O programa docente completo, estruturado por módulos, indicando o tempo en horas de cada un deles así como os seus contidos teórico-prácticos.

b.2. As datas de inicio e remate dos cursos e, de ser o caso, a planificación temporal das actividades relacionadas co curso.

b.3. O enderezo completo do lugar de impartición.

b.4. A relación de docentes que van impartir o curso xunto cos currículos e documentación acreditativa de que posúen a formación e experiencia suficientes de acordo coas exixencias específicas establecidas para cada acción formativa.

b.5. O resultado da selección de alumnas xunto coa documentación relacionada no artigo 23º.5 desta resolución.

b.6. Copia da páxina do xornal que conteña o anuncio da convocatoria.

Unha copia da documentación relacionada na letra b) estará exposta no taboleiro do centro onde se imparta. Calquera modificación posterior destas circunstancias estará supeditada á previa autorización do órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

c) O día de inicio do curso: certificación xustificativa do seu comezo.

d) Dentro dos dez días seguintes ao inicio do curso:

d.1. A ficha de inicio do curso.

d.2. Documentación do órgano municipal competente para a percepción das axudas de transporte.

d.3. Certificación de discapacidade, expedida polo organismo competente, para a percepción de bolsas.

d.4. Orzamento do custo previsto dos servizos de gardaría, canguros e asistencia domiciliaria, xunto coa documentación acreditativa da necesidade destes servizos.

d.5. As fichas das alumnas.

e) Con carácter mensual:

e.1. A folla de control de asistencia.

e.2. As nóminas das alumnas perceptoras de bolsas ou axudas de transporte.

Artigo 27º.-Seguimento das accións formativas.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller realizará o seguimento e control das accións formativas. Cando se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias requiriráselle á entidade adxudicataria a súa emenda; de non realizarse no prazo concedido procederase á revogación e, de ser o caso, ao reintegro da subvención percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Disposicións adicionais

Primeira.-Poderán ditarse resolucións de concesión complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias expresas de subvencións inicialmente concedidas, fondos de subvencións inicialmente concedidas que por causas xustificadas non puidesen realizarse ou de remanentes de módulos, ou por incremento dos orzamentos previstos no artigo 2º nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia. As comisións de valoración realizarán propostas motivadas de adxudicación complementarias que atenderán proxectos inicialmente desestimados, ou destinaranse a incrementar a axuda doutros subvencionados parcialmente, de acordo cos criterios de avaliación fixados na resolución. Nos supostos previstos no punto 4 do artigo 17º, as propostas motivadas de adxudicación complementarias destinadas a incrementar a axuda doutros subvencionados parcialmente se realizarán segundo a orde de presentación de solicitudes tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, e no caso de que o número de solicitudes presentadas prevexa gastos superiores ao crédito dispoñible, procederase a facer un reparto de xeito proporcional ás solicitudes presentadas.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no apartado 4 do artigo 13º desta resolución, e incluirá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que, coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-O prazo para a presentación da xustificación poderá ser

prorrogado pola directora xeral ou polas/os delegadas/os provinciais cando se trate de subvencións concedidas con carácter complementario e comunicaráselles ás/aos beneficiarias/os na notificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Ás/aos beneficiarias/os das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións e requisitos exixidos nesta resolución.

Sexta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller manterá na súa páxina web durante a vixencia do procedemento os programas formativos referidos na letra a) do artigo 20º. Así mesmo, remitirá a todas as entidades adxudicatarias o manual práctico de formación co fin de facilitarlles o cumprimento das súas obrigas e a xestión das accións formativas; incluiranse os formularios normalizados para a correcta execución dos cursos. O seu contido é de obrigado cumprimento para as entidades beneficiarias da subvención.

Sétima.-Apróbase a delegación de atribucións da directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller nas delegadas e nos delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, no ámbito das súas competencias, para resolver os expedientes das subvencións reguladas nesta resolución.

Oitava.-Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2009.

Ver anwexos pdf "26-09.PDF"

27 Resolución do 22 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 14 de outubro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 201, do 16 de outubro) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de plans de programación do tempo na cidade.

(DOG nº 30, do 12.02.2009).

Por medio da Orde do 14 de outubro de 2008, a Consellería de Traballo convocou subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de plans de programación do tempo da cidade.

Unha vez rematada a tramitación de todas as solicitudes que se presentaron e, en cumprimento do artigo 21 da citada orde, debe dárselles publicidade ás subvencións concedidas.

En consecuencia,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia das subvencións concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 16.01.321A.460.1, ao abeiro da Orde do 14 de outubro de 2008.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2009.

Ver anexo pdf "27-09.PDF"

28 Resolución do 2 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases e o procedemento para a concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta, ao abeiro do previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 52, do 16.03.2009).

En virtude do artigo 148.1º.20 da Constitución española e o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, a comunidade autónoma asume a competencia, exclusiva en materia de asistencia social. No exercicio da dita competencia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, relacionando de entre as áreas de actuación a destinada á muller. No seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade. Así, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, determina que son prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais (periódicas ou de pagamento único) as que teñen como finalidade, entre outras, paliar situacións transitorias de necesidade, incluíndo expresamente as dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero.

O Decreto 211/2006, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e a través do Decreto 232/2006, do 11 de agosto, modificado polos decretos 332/2006, do 18 de agosto, e 454/2006, do 1 de setembro, establécese a estrutura dos seus departamentos.

De conformidade cos referidos decretos, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume o exercicio das competencias en materia de políticas autonómicas, de igualdade de xénero e as de benestar.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo que depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, establece no seu artigo 3 como funcións deste organismo promover medidas para a consecución da igualdade efectiva das mulleres, coordinar e avaliar plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actividades que realicen as administracións locais e todas as entidades que polos seus fins contribúan para á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

No seu preámbulo, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, refire as accións que os poderes públicos deben levar a cabo para protexer e asistir as mulleres que sofren violencia de xénero, menciona a asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral, os dispositivos de alarma e os programas de reeducación, como instrumentos básicos de protección, mais a propia lei indica que todas estas medidas son insuficientes se as vítimas carecen de recursos para iniciar unha nova vida en liberdade e afastada dos seus agresores, polo que se establecen diferentes fórmulas de axuda económica que promovan a súa non dependencia do agresor.

O artigo 43 da lei indica que a Xunta de Galicia concederá indemnizacións a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas beneficiarias de indemnizacións por danos e perdas causados pola violencia de xénero, fixadas polos tribunais e que non son satisfeitas por insolvencia económica do obrigado ao pagamento cando as persoas beneficiarias están nunha situación de precariedade económica.

En consecuencia, a través desta disposición, establécense as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas, para a convocatoria do ano 2009, que se tramitarán baixo o réxime de concorrencia non competitiva.

O financiamento destas axudas farase con cargo á partida orzamentaria. 05.80.313D.480.0 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, e ascende a 100.000 euros.

A resolución destas axudas axustarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade e obxectividade, agás o réxime xeral de concorrencia competitiva.

Por todo o disposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e réxime.

1. Esta resolución ten por obxecto regular as bases e o procedemento para a concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta, para dar cumprimento ao previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2. A finalidade destas axudas é evitar situacións de precariedade económica das vítimas de violencia de xénero, garantindo que as mulleres e/ou as e os menores ou persoas dependentes, residentes en Galicia, que sufran ou se vexan afectadas por este tipo de violencia poidan percibir as indemnizacións, fixadas mediante sentenza xudicial ditada polos xulgados e tribunais con sede en territorio galego, que lles correspondan polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da dita violencia, no caso de que non se produza o pagamento das citadas indemnizacións por parte do obrigado a satisfacelas derivado da súa insolvencia.

Artigo 2º.-Persoas beneficiarias das indemnizacións.

Poderán ser beneficiarias destas indemnizacións:

a) As mulleres que sufran violencia de xénero.

b) As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.

c) As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.

d) As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Artigo 3º.-Requisitos para obter as indemnizacións.

Ademais dos requisitos xerais exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter unha indemnización das previstas nesta convocatoria é necesario que as persoas beneficiarias reúnan simultaneamente e acrediten suficientemente, de acordo co disposto neste precepto, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude. Este

requisito acreditarase co certificado de empadroamento.

b) Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito acreditarase co testemuño da resolución xudicial que recoñeza o dereito a unha indemnización por danos e perdas froito dunha situación de violencia de xénero.

c) Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento. Este requisito acreditarase co testemuño da resolución xudicial que recoñeza a insolvencia do debedor.

d) Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

Entenderase que se produce tal situación cando a unidade de convivencia a que pertenza a persoa beneficiaria non teña percibido, durante o período transcorrido do ano natural en que se formule a solicitude, uns ingresos económicos superiores ao importe do IPREM correspondente a ese período.

A fixación da contía dos ingresos económicos de cada unidade de convivencia levarase a cabo mediante a suma dos rendementos do traballo, do capital, de actividades económicas e de ganancias e perdas patrimoniais obtidos por cada un dos seus membros, determinados estes rendementos consonte o disposto na normativa reguladora do imposto da renda das persoas físicas.

Para a acreditación dos ingresos económicos, considerarase suficiente a declaración das rendas da unidade de convivencia que realice a persoa solicitante, consonte o modelo que establece esta resolución (anexo II).

e) No caso das persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, das persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e das persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero, acreditar suficientemente a dependencia da muller vítima da violencia de xénero. Este requisito acreditarase con certificado de empadroamento e/ou copia do libro de familia e/ou sentenza xudicial de custodia ou con calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

f) No caso das persoas dependentes, ter recoñecido polo órgano competente, de acordo coa Lei 39/2006 e a súa normativa de desenvolvemento, polo menos, o grado I de dependencia. Non obstante, entenderase equivalente ao recoñecemento do grao I de dependencia ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%. Este requisito acreditarase co certificado expedido polas unidades correspondentes das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ou documento equivalente.

g) Compromiso de devolución, total ou parcial, da indemnización, durante o prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este o realice de xeito voluntario ou forzoso. Este requisito cumprirase entregando, debidamente asinada, unha declaración consonte o modelo que establece esta resolución (anexo III).

Artigo 4º.-Contía e aboamento da indemnización.

1. A contía da indemnización que se vai aboar será, sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo, a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a este.

2. Non obstante, a contía máxima da indemnización establécese en 6.000 por cada persoa beneficiaria.

3. A indemnización aboarase mediante un pagamento único en favor de cada persoa beneficiaria.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude dirixirase á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e presentarase segundo o modelo previsto no anexo I desta resolución, asinado pola solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Copia do DNI da solicitante. No caso de solicitantes estranxeiras, deberán presentar copia compulsada da tarxeta de identidade de estranxeira (NIE), ou da tarxeta de residencia.

b) Certificación expedida pola entidade bancaria da conta bancaria da cal a solicitante é titular única ou compartida con persoa distinta do agresor, con expresión de códigos de entidade bancaria e sucursal, número da conta e díxito de control.

c) Orixinais ou copias compulsadas dos documentos a que se fai referencia no artigo 3 desta resolución.

d) Declaración responsable de non ter percibido a indemnización correspondente ou declaración responsable que indique a contía da indemnización percibida.

e) Declaración de axudas públicas solicitadas ou concedidas.

Artigo 6º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes e tramitación.

1. As solicitudes presentarase no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará o 31 de outubro de 2009.

3. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano competente requirirá a persoa solicitante para que no prazo de dez (10) días achegue os documentos preceptivos ou emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixer no prazo indicado, se terá por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para obter a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos

da unidade de convivencia e, en xeral, para completar o expediente administrativo dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ben sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios telemáticos ou a través de solicitude por oficio ordinario. Así mesmo, comprende a cesión de datos a outras administracións públicas para os únicos efectos de control da xestión da axuda.

7. As persoas solicitantes destas indemnizacións deberán pór en coñecemento do Servizo Galego de Igualdade, no prazo de dez días desde a súa produción:

a) Calquera variación da composición e situación económica da unidade de convivencia a que pertenzan.

b) Calquera outra circunstancia que poida ter incidencia na concesión ou contía da indemnización, nomeadamente, o cumprimento voluntario ou forzoso, total ou parcial, da obriga de pagamento por parte do condenado xudicialmente, como consecuencia do seu cambio de fortuna.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

1. A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de valoración constituída pola presidenta, que será a secretaria do organismo, e, polo menos, por catro vogais elixidos entre o persoal do organismo e da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade, un deles actuará como secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora do organismo.

2. Revisada a documentación e completada, se é o caso, remitirase á comisión de avaliación que lle realizará as propostas de resolución á directora xeral do organismo, de acordo co establecido nesta disposición. A comisión reunirase polo menos unha vez ao mes, agás circunstancias xustificadas, e presentará unha proposta de resolución das solicitudes completas ata ese momento, sempre que nese período se completasen todos os trámites administrativos da solicitude.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes, unha vez fiscalizada a proposta da comisión de valoración pola intervención delegada, correspóndelle á directora do Servizo Galego de Igualdade.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses que se computarán a partir da presentación da solicitude, transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, que en todo caso deberá producirse antes de rematar o exercicio orzamentario, a solicitude entenderase desestimada.

3. A contía e condicións da axuda serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

4. As resolucións ditadas esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Pagamento das axudas.

1. Segundo o disposto no artigo 30.7º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a contía da axuda concedida aboaráselles ás persoas solicitantes nun pagamento único polo importe que lles corresponda segundo as contías determinadas no artigo 4 desta resolución, unha vez notificada a resolución de concesión. A tramitación do pagamento axustarase ao establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

2. O pagamento da axuda regulada nesta disposición farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fixesen constar na solicitude, debe permanecer activa para estes efectos en canto non se teña constancia do remate do expediente. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

Artigo 10º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

1. As persoas beneficiarias destas indemnizacións quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación que acorde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. Así mesmo, quedan obrigadas a:

a) Pór en coñecemento do Servizo Galego de Igualdade, durante os catro anos seguintes ao momento da concesión, no prazo de dez días desde a súa produción, o cumprimento voluntario ou forzoso, total ou parcial, da obriga de pagamento por parte do condenado xudicialmente, como consecuencia do seu cambio de fortuna.

b) Devolver, total ou parcial, a indemnización, durante o prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este o realice de xeito voluntario ou forzoso.

c) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, e someterse ás actuacións de comprobación que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller determine para verificar o cumprimento das condicións exixidas para a concesión da indemnización, por calquera medio válido en dereito. Neste sentido, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá recorrer a consultas a outras administracións e ficheiros de carácter público, solicitando, de ser o caso, o consentimento do afectado e respectando en todo caso o disposto na L.O. 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Nos casos en que destas actuacións deriven datos ou feitos omitidos ou contraditorios cos achegados pola persoa solicitante, poranse no seu coñecemento para que, no prazo de dez días, poida

presentar as alegacións ou xustificacións que considere oportunas.

Artigo 11º.-Compatibilidade, alteración e reintegro.

1. As axudas reguladas nesta disposición non serán compatibles coa percepción de calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, de ser o caso, á revogación.

3. Segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obtiver a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falsearen ou ocultaren feitos ou datos que motivasen a súa concesión.

4. Procederá, tamén, o reintegro das cantidades percibidas cando:

a) A persoa beneficiaria non poña en coñecemento do Servizo Galego de Igualdade, durante o prazo de catro anos desde o momento da concesión, o cumprimento voluntario ou forzoso, total ou parcial, da obriga de pagamento por parte do condenado xudicialmente, como consecuencia do seu cambio de fortuna.

b) A persoa beneficiaria non devolva, total ou parcial, a indemnización, durante o prazo de catro anos desde o momento da concesión, no caso de que, por cambio de fortuna do obrigado ao pagamento, este o realice de xeito voluntario ou forzoso.

5. Para a tramitación do expediente declarativo de reintegro observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de aplicación non ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-As persoas beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais; o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-As concesións destas indemnizacións non serán obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 18.3º d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.6º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións necesarias para o desenvolvemento axeitado e o cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "28-09.PDF"

29 Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 57, do 24.03.2009 e modificación no no DOG nº 226, do 18.11.2009).

En virtude do artigo 148.1º 20 da Constitución española e o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, a comunidade autónoma asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social. No exercicio da dita competencia o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, relacionando de entre as áreas de actuación a destinada á muller. No seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade.

O Decreto 211/2006, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e a través do Decreto 232/2006, do 11 de agosto, modificado polos decretos 332/2006, do 18 de agosto, e 454/2006, do 1 de setembro, establece a estrutura dos seus departamentos. De conformidade cos referidos decretos a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume o exercicio das competencias en materia de políticas autonómicas, de igualdade e xénero e as de benestar.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo que depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, establece no seu artigo 3 como funcións deste organismo promover medidas para a consecución da igualdade efectiva das mulleres, coordinar e avaliar plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actividades que realicen as administracións locais e todas as entidades que polos seus fins contribúan para a consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

O preámbulo da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero refire as accións que os poderes públicos han levar a cabo para protexer e asistir as mulleres que sofren violencia de xénero, menciona a asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral, os dispositivos de alarma e os programas de reeducación, como instrumentos básicos de protección, mais a propia lei indica que todas estas medidas son insuficientes se as vítimas carecen de recursos para iniciar unha nova vida en liberdade e afastada dos seus agresores, polo que se establecen procedementos abreviados para o acceso a distintas axudas e establécese unha prestación económica de apoio ás vítimas seguindo o camiño aberto polo salario da liberdade.

Porén, o artigo 39 da citada lei indica que a Xunta de Galicia establecerá, a través do departamento competente, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero, a prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación de violencia e para iso estableceranse as bases reguladoras a través dunha convocatoria de axudas dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

En consecuencia, a través desta disposición establécense as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas, para a convocatoria do ano 2009, que se tramitarán baixo o réxime de concorrencia non competitiva, e que van dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e que se atopan nunha situación de dependencia económica do agresor que as obriga á convivencia e lles impide afrontar o seu futuro con independencia dos seus agresores.

O financiamento destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.313D.480.0 dos orzamentos deste organismo autónomo, de acordo coa Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e que ascenden a 628.500 euros para o exercicio 2009 e para o financiamento das subvencións plurianuais correspondentes ás prestacións que pola súa duración xeren dereitos económicos das beneficiarias durante o exercicio seguinte, circunstancia suxeita á autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, resérvase un crédito de 798.700 euros, aténdose ao disposto no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A resolución destas axudas axustarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade e obxectividade, agás o réxime xeral de concorrencia competitiva.

Por todo o disposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade e réxime.

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de axudas económicas, individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, baixo o réxime de concorrencia non competitiva.

2. A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Artigo 2º.-Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas mulleres que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia e acreditando unha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, se atopen nunhas condicións económicas que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor e que dispoñan dalgún dos documentos acreditativos desta situación de violencia adoptado ou emitido no período de doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude sempre que nese momento se producise o cesamento da convivencia.

Artigo 3º.-Natureza e contía das axudas.

1. A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. O cómputo do período comeza o mes da solicitude agás no suposto no que a solicitante estivese percibindo ingresos doutras axudas incompatibles con esta e, atendendo ao disposto no artigo 11º, renuncie a elas, detraerase do cómputo total o número de mensualidades coincidentes no período de percepción.

2. A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM) para o ano 2009 e calcularase de acordo coas seguintes especificacións:

   a) Axuda de seiscentos (600) euros ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, no suposto de que a beneficiaria perciba rendas de contía igual ou inferior ao IPREM ou no caso de que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

   b) Axuda de catrocentos (400) euros ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, cando perciba rendas superiores ao IPREM e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM.

   c) Douscentos (200) euros ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, cando perciba entre o dobre e o triplo do IPREM.

3. As contías establecidas no parágrafo anterior incrementaranse en cincuenta (50) euros ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.

4. As beneficiarias quedan incorporadas ao programa de busca activa e mellora do emprego que se desenvolve desde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller en colaboración con outras administracións e entidades. A incorporación e permanencia no programa é obrigatoria durante o período de percepción da axuda polo que de rexeitarse esta incorporación a beneficiaria pode incorrer nun suposto de incumprimento de obrigas establecido nesta resolución polo que será de aplicación o disposto no artigo 12º desta resolución.

Artigo 4º.-Requisitos das solicitantes.

1. Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria:

   a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.

   b) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito acreditarase co certificado de empadroamento ou ben cun informe dos servizos sociais do concello que acredite a residencia en Galicia de xeito temporal por motivos de seguridade. As mulleres estranxeiras deberán acreditar a posesión do permiso de residencia.

   c) Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia con algún dos documentos seguintes:

c.1) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

c.2) Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c.3) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

c.4) Informe dos servizos de acollida.

c.5) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

d) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.

e) Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

2. Atendendo ao disposto no artigo 2º e para os casos en que se acredite a situación de violencia por medio dunha disposición xudicial e nela non se refira que a situación de risco ocorre nunha relación de convivencia con dependencia, cómpre achegar, xunto co documento xudicial, un informe dos servizos públicos de atención directa ou, no seu defecto, declaración responsable da solicitante onde se reflicta esta circunstancia e a data en que tivo lugar o cesamento da convivencia.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

A solicitude da axuda dirixirase á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e presentarase segundo o modelo previsto no anexo I desta resolución, asinada pola solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada do DNI da solicitante. No caso de solicitantes estranxeiras deberán achegar copia compulsada da tarxeta de identidade de estranxeira ou da tarxeta de residencia.

b) Declaración responsable de ingresos da unidade de convivencia da solicitante (anexo II) que comprende rendas do traballo, axudas ou subvencións públicas e similares; declarará os ingresos percibidos no mes en que se produce o cesamento da convivencia co agresor se coincide co mes en que presenta a solicitude, de non ser coincidente declarará os ingresos do período desde que ten lugar a ruptura da convivencia ata o mes en que solicita a axuda. Para os ingresos ou rendas de percepción superior ao mes aplicarase o rateo para o seu cómputo mensual. Para os efectos do cómputo da axuda non se teñen en conta as rendas individuais do agresor.

c) Certificación expedida pola entidade bancaria da conta bancaria da que a solicitante é titular única ou compartida con persoa distinta do agresor, con expresión de códigos de entidade bancaria e sucursal, número da conta e díxito de control.

d) Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero mediante algún dos documentos establecidos no punto c) do artigo 4º.

e) De ser o caso, acreditación de discapacidade co certificado expedido polas unidades correspondentes das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar.

f) De ser o caso, acreditación de fillas/os a cargo a través do libro de familia e o informe de servizos sociais ou sentenza xudicial de custodia.

g) Declaración de axudas públicas solicitadas ou concedidas (anexo III).

Artigo 6º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes e tramitación.

1. As solicitudes presentarase no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e rematará o 30 de novembro de 2009.

3. As solicitudes asignáraselles un número identificativo segundo a orde de entrada no rexistro do Servizo Galego de Igualdade.

4. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano competente requirirá a solicitante para que no prazo de dez (10) días, achegue os documentos preceptivos ou emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixese no prazo indicado, se terá por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, todo iso sen prexuízo da remisión de nova solicitude segundo prazo indicado na convocatoria.

Artigo 7º.-Instrución.

1. O órgano instrutor, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións, unha vez completado e comprobado a concorrencia dos requisitos exixidos proporá a directora do Servizo Galego de Igualdade a concesión da subvención.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes, unha vez fiscalizada a proposta do órgano instrutor pola intervención delegada, correspóndelle á directora do Servizo Galego de Igualdade. O procedemento de concesión segue o réxime de concorrencia non competitiva polo que se recoñecerán axudas ate o esgotamento do crédito orzamento segundo o disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo máximo para resolver será de 6 meses que se computarán a partir do seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que ditase resolución expresa, entenderase desestimada.

3. A duración, contía e condicións das axudas serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

4. A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá modificar, suspender ou revogar as concesións, previo procedemento nos casos en que varíen as condicións que motivaron a concesión ou por incumprimento total ou parcial dos

requisitos e condicións establecidos para ela.

5. As resolucións de concesión, denegación, modificación, suspensión e/ou revogación ditadas notificaránselles ás interesadas e terán que ser motivadas.

6. As resolucións ditadas esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Pagamento das axudas.

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas. O primeiro pagamento consistirá nun aboamento polo importe total dos atrasos que lle corresponderan segundo as mensualidades que figuren na resolución de concesión.

2. Durante o período de pagamento, o órgano xestor constatará, a través do Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP), a vixencia das medidas xudiciais de protección, e incorporará ao expediente, de ser o caso, os informes dos servizos de atención ás mulleres da Administración local ou autonómica, segundo corresponda, co obxecto de acreditar que se mantén a finalidade que motivou a concesión da axuda.

3. O pagamento das axudas reguladas nesta disposición farase unicamente na conta que as solicitantes fixesen constar na solicitude, debendo permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente, non facéndose responsable a Administración da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

4. No prazo máximo dun mes, desde a finalización do período máximo de percepción da axuda, a solicitante presentará unha declaración na cal indique a utilidade da axuda recibida que determine que os fondos percibidos foron utilizados para os fins propostos.

Artigo 10º.-Obrigas das beneficiarias. Seguimento e control.

1. As beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación que acorde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Así mesmo, quedan obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. As beneficiarias quedan obrigadas a manter a residencia na comunidade autónoma durante a percepción da axuda e a comunicar, con carácter previo, calquera cambio de enderezo que se produza durante o mesmo período.

3. As beneficiarias quedan obrigadas a participar nos programas de busca activa e mellora de emprego desenvolvidos polo organismo en colaboración con outras administracións e entidades.

4. O seguimento das axudas concedidas será realizado polo persoal especializado que determine a directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, e incidirá especialmente nos aspectos que se relacionan a continuación, ademais daqueloutros que o órgano designado considere salientables:

a) Avaliación e control da súa aplicación, que comprenderá, polo menos, os documentos referidos no artigo 9º.2 desta disposición e un informe anual sobre a situación das beneficiarias. En todo caso, velarase polo cumprimento dos requisitos polos que se concedeu a axuda durante todo o período de percepción.

b) Apoio e orientación ás beneficiarias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

Artigo 11º.-Compatibilidade, alteración e modificación.

1. As axudas reguladas nesta disposición non serán compatibles coa percepción de calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, se é o caso, á revogación.

3. Cando as solicitantes teñan solicitado ou perciban a renda activa de inserción por vítima de violencia farán constar expresamente esta circunstancia na declaración de axudas xunto coa solicitude, e no casos en que a soliciten con posterioridade deberán comunicalo de xeito inmediato, xa que no caso de teren dereito a esta axuda, e por seren incompatibles, o órgano xestor daralles opción para que no prazo de 5 días manifesten a súa opción indicándolles que as mensualidades coincidentes no período de percepción de ambas as dúas axudas minoran no mesmo número de meses a axuda regulada nesta disposición.

4. Para os efectos da concorrencia de axudas públicas, as solicitantes deberán ter en conta que as normas reguladoras de axudas como a renda de integración social de Galicia, as pensións non contributivas e aqueloutros subsidios percibidos por carencia de recursos teñen límites de percepción de ingresos distintos aos establecidos nesta resolución para esta axuda polo que no momento de recibir a notificación de concesión desta axuda deberán comunicalo aos organismos responsables da xestión das axudas que estivesen a percibir.

5. Procederá a modificación da concesión nos supostos en que durante a percepción se produza un incremento de ingresos que supere o límite de referencia do artigo 3 tido en conta para o cálculo inicial da axuda, neste casos, a comisión de avaliación proporá a modificación da concesión por minoración co obxecto de regularizar o importe da concesión. Nos casos en que o incremento determine que se supera o límite establecido no artigo 3.2º c) procederá resolver a suspensión da axuda.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

1. Sen prexuízo do disposto nesta resolución, o órgano xestor comunicaralle á interesada a apertura de procedemento de revogación no momento en que teña constancia, pola actuación dos servizos de control ou de atención ás vítimas, da variación das circunstancias da concesión ou por incumprimento das obrigas establecidas e, en todo caso, cando a beneficiaria reanude a convivencia co agresor ou cando solicite deixar sen efecto as medidas de protección que tiver vixentes. A apertura deste procedemento pode establecer a suspensión provisional dos pagamentos ate que se dite resolución definitiva, ou ben, ate que se deixe sen efecto por comprobación do mantemento das circunstancias iniciais e se reinicien os pagamentos pendentes.

2. Procederá a revogación da axuda concedida, ou a apertura de expediente declarativo de reintegro, total ou parcial e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento para esta convocatoria. Os créditos para estas axudas son ampliables e poderán incrementarse, de acordo co disposto na Lei anual de orzamentos e na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, co fin de atender a todas as mulleres que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Segunda.-As solicitudes recibidas no prazo establecido na Resolución do 16 de xaneiro de 2008, publicada o 22 de xaneiro de 2008, que ao remate do exercicio anterior non se sometesen ao estudo da comisión de valoración por non estaren completos os trámites previos resolveranse ao abeiro desta resolución fixándose a data de inicio de cómputo de mensualidades para os efectos económicos no día 1 de xaneiro de 2009 para todos os expedientes que resultasen positivos.

Terceira.-As beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, o Decreto lexislativo 1/1999. do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-As concesións destas axudas non serán obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.6º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "29-09.PDF"

Resolución do 12 de novembro de 2009 pola que se modifica a do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

A Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria (DOG nº 57, do 24 de marzo) establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 628.500 € destinado ao financiamento das axudas económicas individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Os créditos para estas axudas son ampliables e poderán incrementarse de acordo co disposto na lei anual de orzamentos e na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, co fin de atender todas as mulleres que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2009 destinados ao financiamento das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Resolución do 13 de marzo de 2009, na contía adicional de 535.050 € para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas axudas ao maior número de mulleres posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos obxectivos fixados.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe correspondente ao exercicio 2009, aplicación 05.80.313D.480.0 en 535.050 € quedando a cantidade total en 1.163.550 € que se vai destinar ao financiamento das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero que se van conceder ao abeiro da Resolución do 13 de marzo de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida resolución para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2009.

30 Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 60, do 27.03.2009).

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle a este órgano as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas a través do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade definindo os mecanismos para fomentar o protagonismo das mulleres como parte activa do desenvolvemento da nosa sociedade.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de facilitar a formación profesional das mulleres, colaborar coas entidades que polos seus fins contribúan á consecución dos obxectivos establecidos, así como incentivar a súa participación na vida política, económica, cultural, educativa e social e desenvolver actuacións dirixidas a facilitar a súa formación para o emprego.

O ámbito do emprego é un dos que reflicten máis nitidamente a discriminación por razóns de xénero e é, polo tanto, un dos que máis accións positivas precisa das administracións públicas. A capacitación e a formación para o emprego é unha das facetas fundamentais desta intervención que lles permite ás mulleres acceder ao mercado de traballo en mellores condicións competitivas e superar a fenda en formación que aínda existe na nosa sociedade entre mulleres e homes.

A través desta convocatoria ponse en marcha unha acción dirixida a facilitar o acceso en igualdade de condicións das mulleres ao emprego, obxectivo prioritario nas políticas públicas, tal e como recolle a programación comunitaria. As medidas dedicadas á mellora da empregabilidade das mulleres, a combater a segregación horizontal e vertical e a discriminación salarial, e as dedicadas a favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar son piares desta nova programación. Este organismo vén actuando, de xeito ininterrompido, a través de distintos programas na consecución destes obxectivos, sendo un deles a formación para mulleres.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, dentro dos métodos de xestión previstos nas especificacións das medidas, define nesta convocatoria a realización desta actuación a través das entidades de iniciativa social que de xeito verificable traballan a prol da igualdade de oportunidades para as mulleres, subvencionando o custo das accións formativas que se realicen dentro dos programas de formación definidos de acordo co disposto nesta resolución, así como de accións complementarias de corresponsabilidade no coidado das persoas dependentes das alumnas que faciliten a súa incorporación ao proceso formativo.

Trátase de levar a cabo formación dirixida a facilitar o acceso das mulleres ao mercado de traballo asalariado, a profesionalizar e cualificar traballos tradicionalmente realizados de forma gratuíta por mulleres e que están a saír ao mercado de traballo, nomeadamente recursos de conciliación e a creación do sistema galego de benestar, ao tempo que se contribúe ao fomento da cultura emprendedora dando formación a aquelas que teñen pensado desenvolver unha iniciativa empresarial propia; en consecuencia, debe conter accións encamiñadas á integración plena á actividade laboral, á diversificación profesional, á cualificación complementaria e en novos ámbitos do mercado de traballo.

Tamén queremos incorporar a necesidade de proporcionar formación en dous contornos moi importantes de actuación do Goberno galego como son o acompañamento a vítimas de violencia de xénero e as ferramentas de reequilibrio no uso do tempo entre mulleres e homes.

O procedemento para a concesión de subvencións a través desta resolución seguirá o réxime xeral de concorrencia competitiva, tendo en conta, en todo caso, os principios básicos de publicidade, transparencia e obxectividade; adaptarase en todo o procedemento ao establecido na normativa autonómica e na estatal e comunitaria de aplicación, con especial atención aos regulamentos comunitarios que regulan a xestión de fondos estruturais. Co fin de facilitarlles ás entidades adxudicatarias a execución das accións formativas, esta resolución prevé o pagamento en concepto de anticipo do 50%, circunstancia suxeita á autorización do Consello da Xunta.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Finalidade.

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública, para o ano 2009, das axudas e subvencións para a realización de programas de formación a prol das mulleres mediante a execución das seguintes actuacións:

a) Apoio a programas destinados a facilitar a inserción laboral das mulleres, impulsando a súa cualificación profesional naquelas

profesións que sexan demandadas polo mercado de traballo ou en que se atopen subrepresentadas.

b) Apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente aqueles que apostan por un desenvolvemento sustentable.

c) Apoio a proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores.

d) Apoio a programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

2. A concesión destas subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que se establecen no artigo 12º e resolverase dentro das dispoñibilidades orzamentarias definidas no artigo 2º.

Artigo 2º.-Financiamento.

As accións incluídas nesta resolución están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. O importe global destinado a elas ascende a 537.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.313B.481.1. A citada contía poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que isto supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

A tramitación de solicitudes, concesión e xustificación destas axudas axustarase ao disposto no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que establecen las disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2009; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 4/2006, do 30 se xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Beneficiarias das axudas.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento das accións formativas reguladas nesta convocatoria as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen accións baseadas no principio de igualdade de oportunidades das mulleres. As citadas entidades deberán estar inscritas, o último día de presentación de solicitudes, na área da muller do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Quedarán excluídas aquelas que con anterioridade recibisen algunha outra axuda deste organismo e non xustificasen o seu investimento.

2. As entidades que obteñan a concesión de axudas poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria tendo en conta as seguintes limitacións, obrigas e requisitos e tendo en conta o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) A subcontratación en ningún caso suporá un aumento do custo da acción formativa.

b) A necesidade de subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria da subvención.

c) A coordinación da acción formativa está excluída de calquera subcontratación.

d) A subcontratación abranguerá a totalidade da acción formativa (agás a coordinación) ou unicamente a docencia.

e) A entidade terá en conta que cada subcontratación terá que realizarse con subcontratistas diferentes.

f) A subcontratación exixe autorización previa das/os delegadas/os provinciais deste organismo, que se solicitará no formulario que aparece como anexo IV. O contrato celebrarase por escrito.

g) As entidades beneficiarias das subvencións son as responsables de que nas accións subvencionadas se respecten os límites establecidos na normativa aplicable en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas a relación de persoal docente, os documentos acreditativos do pagamento das correspondentes retribucións, e os acreditativos do pagamento das bolsas e axudas segundo o establecido no punto 4 do artigo 18º.

h) As/os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións formativas subcontratadas.

i) A solicitude de calquera modificación respecto da execución da acción formativa subcontratada só poderá presentala a entidade beneficiaria da subvención.

3. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller establecerá os controis correspondentes para garantir, con carácter previo á autorización, que as subcontratacións solicitadas polas distintas entidades se realizan con diferentes empresas; en caso contrario non se autorizará a súa celebración agás que se fundamente a súa necesidade nunha circunstancia excepcional indispensable para levar a cabo a acción formativa.

Artigo 5º.-Destinatarias das accións formativas.

Mulleres con residencia en Galicia, maiores de idade ou emancipadas. Terán preferencia as mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida laboral e familiar.

Exclusivamente para participar nos cursos do directorio de Servizo

Galego de Igualdade cos códigos SGI049 e SGI050 poderán incorporarse homes ao alumnado, que cumpran os requisitos do punto anterior, como fórmula para achegar os homes ás problemáticas que atende esa formación en concreto: violencia de xénero e reequilibrio no uso do tempo.

Artigo 6º.-Tipo de axudas.

1. Os programas formativos levaranse a cabo por cursos, que serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifiquen de acordo co establecido nesta resolución e demais normativa de aplicación.

2. Os custos de cada curso determinaranse por módulos económicos. Cada curso constará de dous módulos (A e B). Os gastos que se incluirán en cada módulo determínanse no artigo 18º.

3. As subvencións terán unha contía máxima para cada curso que será o importe resultante de multiplicar o número de horas polo número de alumnas e polo importe do correspondente módulo previamente fixado e publicitado no directorio de cursos do Servizo Galego de Igualdade a través da súa páxina web oficial, fixándose, así mesmo, o importe máximo subvencionable correspondente a cada módulo, sen que en ningún caso as accións formativas previstas no artigo 21.1º b) poidan superar o importe máximo para subvencionar que figure no catálogo de cursos do Servizo Galego de Igualdade; a esta contía engadiráselle, de ser o caso, o custo dos servizos indicados no punto 4 do artigo 18º; a suma de ambas as dúas contías é o custo da acción formativa.

4. O importe da subvención financiará o 100% dos custos da acción formativa.

5. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza e para a mesma acción.

6. Todas as accións formativas realizadas ao abeiro desta resolución estarán rematadas o 1 de novembro de 2009.

Artigo 7º.-Obrigas das entidades beneficiarias da subvención.

1. Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na normativa aplicable pola percepción de axudas públicas e tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas das entidades beneficiarias de subvencións para impartir os cursos de formación para o emprego regulados nesta resolución, as seguintes:

   a) Non alterar o destino da subvención.

   b) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

   c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público nacional ou internacional.

   d) Presentar a documentación de xestión das accións formativas correcta e completa e nos prazos establecidos.

   e) Aboar mensualmente ás alumnas os gastos previstos no punto 4 do artigo 18º e ao persoal docente a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise o anticipo previsto nesta resolución.

   f) Contratar un seguro de accidentes para as alumnas que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas, de ser o caso. A súa duración abranguerá estritamente o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas non laborais en empresas que figuren na programación, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado.

      Terá carácter obrigatorio en todas as accións formativas impartidas ao abeiro desta resolución e dará cobertura expresa, como mínimo, ás seguintes continxencias: en caso de morte 30.000 euros; en caso de invalidez permanente 42.000 euros; e asistencia médico-farmacéutica durante un ano a partir do sinistro.

   g) Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

   h) Introducir o currículo das alumnas que rematen o curso, coa súa conformidade, na base de datos do Servizo Galego de Colocación na forma que estableza a consellería competente

   i) Elaborar os diplomas segundo o disposto no punto 4 do artigo 26º desta resolución.

   j) Elaborar un informe da situación laboral das alumnas formadas aos seis meses de rematar o curso, co fin de coñecer a porcentaxe de colocación ou promoción profesional.

   k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

   l) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 8º.-Publicidade das accións.

1. No lugar onde se realicen as accións formativas deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que aparezan os anagramas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e

dependente da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galicia, e o Fondo Social Europeo.

2. Toda a documentación elaborada especificamente para a impartición dos cursos deberá incluír os logotipos das entidades e organismos mencionados no punto anterior.

Artigo 9º.-Competencia e procedemento.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta resolución correspóndelles ás delegadas e aos delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, por delegación da directora xeral do organismo.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes desenvolverase segundo o establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Capítulo II

Convocatoria pública

Artigo 10º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes para impartir as accións formativas presentaranse, no modelo normalizado que se publica como anexo I xunto co informe motivado sobre necesidades de formación na especialidade, acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI da persoa física que asina a solicitude e certificación orixinal que acredite poder suficiente para actuar en nome da entidade.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

c) Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de todas as axudas, solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou organismos delas dependentes, entes ou sociedades, ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta na que conste: código de banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente.

e) Orzamento do exercicio corrente e balance de situación da entidade.

f) Cando se trate dunha federación ou confederación, presentarase certificación orixinal da/o secretaria/o, co visto e prace da/o presidenta/e, ou órganos similares, acreditativa das asociacións ou federacións integradas, especificando o nome, CIF, número asignado no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais na área específica da muller e número de socias de cada unha delas.

g) Memoria detallada da acción (anexo III-S-3)) na cal se indicarán os criterios que se van utilizar para a selección das alumnas (un modelo por cada curso solicitado).

h) Unha ficha por cada un dos cursos solicitados no modelo normalizado (anexo II- S-2) á que se xuntará o programa formativo definido por módulos e o orzamento do curso de formación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 18º.

i) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade en que se exprese o acordo coas actuacións de control e supervisión do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

j) Solicitudes de autorización para subcontratacións (anexo IV), de ser o caso, xunto co informe motivado sobre as súas necesidades.

k) Xustificación do grao de inserción laboral acadado polas alumnas formadas en cursos incluídos na programación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller no exercicio 2008.

l) As entidades que soliciten formación directamente vinculada cunha contratación laboral ou promoción profesional, por un período de polo menos seis meses para un mínimo do 15% das alumnas, presentarán o correspondente compromiso, que estará asinado pola entidade que vaia realizar a contratación ou promoción das alumnas formadas.

2. Sen prexuízo do disposto na normativa vixente, as entidades solicitantes non achegarán os documentos sinalados nas letras a), b) e d) deste artigo, agás que se producise algunha variación ao respecto dos datos que constan en poder do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3. As solicitudes dirixiranse á delegación provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller competente, segundo a provincia en que se vaian desenvolver as accións formativas solicitadas, tendo en conta que cada entidade só pode presentar unha solicitude e que cada solicitude ten unha limitación de dous cursos. Presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4. A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 11º.-Prazo.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será de un mes, contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

2. Se as solicitudes non estivesen debidamente cubertas ou a documentación presentada tivese erros ou fose insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as/aos solicitantes para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Comisión de valoración. Criterios de avaliación.

1. Cada delegación provincial designará unha comisión de valoración, para o estudo e a avaliación das solicitudes recibidas e debidamente cubertas, que estará composta por tres membros, o/a presidente/ a e dous/dúas vogais, actuando un/unha deles/as como secretario/ a, designados/as pola/o delegada/o provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se, por calquera causa, no momento en que as comisións de valoración teñan que examinar as solicitudes algunha das persoas integrante delas non puidese asistir, será substituído/a pola persoa que, para o efecto, designe a/o delegada/o provincial.

2. A comisión de valoración estudará e avaliará as solicitudes debidamente cubertas atendendo aos seguintes criterios, e coa seguinte valoración:

   a) Existencia de compromiso de contratación laboral ou promoción profesional: ate 3 puntos.

   b) Accións formativas que promovan unha cualificación das mulleres naquelas profesión en que se atopan subrepresentadas en sectores económicos con oferta de emprego, ou en novos viveiros de emprego: ate 3 puntos.

   c) Accións formativas que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares: ate 2 puntos.

   d) Accións formativas dirixidas preferentemente a mulleres en situación de violencia de xénero, en risco de exclusión social ou con especiais dificultades de acceso ao emprego: ate 2 puntos.

   e) Entidades que non solicitaron anteriormente estas axudas ou que non lles foron concedidas: ate 4 puntos.

   f) Entidades que recibiron axudas no exercicio anterior con óptimo rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos de emprego e a súa xustificación: ate 2 puntos.

   g) Menor taxa de ocupación feminina no ámbito municipal para o que se solicitan os cursos: ate 2 puntos.

   h) Inexistencia de accións formativas no ámbito territorial para o que se presenta a solicitude que sexan de parecidas características: 1 punto.

   i) Accións formativas desenvolvidas integramente en galego: 3 puntos.

   j) Accións formativas que inclúan unha fase de prácticas profesionais non laborais axeitada aos coñecementos impartidos: 1 punto.

3. Unha vez estudados e avaliados individualmente os expedientes correctamente cubertos, e sen prexuízo do establecido no articulado desta resolución, as comisións de valoración elaborarán a proposta de adxudicación tendo en conta que se deberá recoller, sempre que sexa posible, unha concesión por entidade, segundo a preferencia indicada polas entidades nas súas solicitudes.

Artigo 13º.-Resolución.

1. As resolucións dos expedientes de axudas, logo da fiscalización das propostas das comisións de valoración polas intervencións correspondentes, correspóndenlles, por delegación da directora xeral, ás delegadas e os delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A publicidade das subvencións realizarase segundo dispón a normativa vixente. Na páxina web oficial do organismo, e nos cinco días seguintes á notificación da concesión e unha vez recibida a aceptación, publicarase a relación de beneficiarias con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 14º.-Incompatibilidade e concorrencia.

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do programa obxecto de axuda.

As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para un mesmo programa, segundo o establecido na letra c) do artigo 10º. Na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a exixida coa solicitude

Artigo 15º.-Aceptación da subvención.

Notificada a resolución de concesión, as adxudicatarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executar o proxecto formativo subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. De non recibirse a aceptación no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a recepción da notificación da resolución, entenderase tacitamente aceptada. O escrito de aceptación dirixirase ao órgano competente para resolver e sen prexuízo da obriga de presentación por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, comunicarase por fax ao órgano competente durante o período de aceptación.

Artigo 16º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión

da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, e, de ser o caso, á súa revogación.

Artigo 17º.-Reintegro.

1. Cando o acto de concesión incorrese nalgún dos supostos mencionados nos números 1º e 2º do artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente procederá á revisión de oficio ou, se é o caso, a declaración de lesividade, de conformidade cos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación leva consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra algunha das causas de reintegro previstas nesta resolución e na normativa vixente.

2. Procederá a apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e termos previstos nesta resolución, na normativa europea de aplicación e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Gastos subvencionables.

1. No módulo A inclúense os gastos de persoal e o B abrangue o resto dos custos aboables do curso. A cada un destes módulos fixaráselle un importe máximo, sendo a suma deles igual ao custo máximo subvencionable.

2. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo A, os seguintes gastos de persoal desagregados que se xustifiquen debidamente:

a) Soldos ou honorarios de persoal docente, ou o prezo do servizo externo docente, e os correspondentes gastos de seguros sociais.

b) Gastos da actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta das encargadas da impartición do curso. Os gastos de coordinación non poderán superar o 15% do total do módulo A.

3. Poderanse considerar como custos aboables ou subvencionables correspondentes ao módulo B os seguintes gastos correntes que se xustifiquen debidamente:

a) Gastos de seguros de accidentes das alumnas e, de ser o caso, gastos de seguros de responsabilidade civil.

b) Gastos de medios e materiais didácticos e dos materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación, quedando excluídos os gastos de amortización de equipamentos e ferramentas.

c) Gastos xerais que teñan a súa orixe na actividade do curso: enerxía eléctrica, combustibles, mantemento das instalacións e dos equipamentos formativos; alugueres e seguros, tanto de instalacións como de maquinaria; teléfonos e comunicacións; gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que así sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, podendo tamén incluír o importe das entradas para alumnas e persoal docente pero non a manutención durante as visitas; e publicidade expresamente autorizada e realizada de conformidade coas normas establecidas nesta resolución, para a execución dos cursos aprobados e programados.

4. Para favorecer o acceso á formación ás mulleres con especiais dificultades, ademais dos gastos imputables a cada módulo, establécense como gastos subvencionables:

a) Os gastos de servizos de gardaría, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, que se presten durante o horario do curso, sempre que así o soliciten como mínimo catro alumnas.

b) Os gastos de servizos de canguros, para nenas e nenos de entre 0 e 12 anos, no horario do curso sempre que haxa menos de catro solicitantes.

c) Os gastos de asistencia domiciliaria no horario do curso, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo.

d) Bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada mediante certificado expedido polo organismo competente.

e) Axudas de transporte para aquelas alumnas que residan polo menos a 3 quilómetros do lugar de impartición da acción formativa, circunstancia que acreditará o órgano municipal correspondente.

As axudas para os puntos d) e e) son incompatibles.

Para o aboamento destes servizos as/os delegadas/os provinciais ditarán unha resolución de concesión complementaria para cubrir os gastos subvencionables por estes conceptos unha vez coñecidas as circunstancias concretas das alumnas de cada curso e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 19º.-Solicitude de anticipo.

Para o pagamento das subvención observarase o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo do establecido nas normas comunitarias aplicables, poderanse solicitar anticipos dunha porcentaxe máxima do 50% da subvención concedida sempre que se solicite nos cinco días seguintes ao transcurso da primeira cuarta parte do curso e se remita ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a documentación acreditativa do inicio do curso e das modificacións producidas ata a data.

Artigo 20º.-Pagamentos parciais e liquidación.

1. Todas as accións formativas realizadas ao abeiro desta resolución estarán rematadas o 1 de novembro de 2009 e a súa xustificación presentarase, necesariamente, como data límite o 15 de novembro de 2009.

2. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a entidade beneficiaria xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida, e sempre que se achegue a correspondente xustificación parcial coa documentación sinalada no punto seguinte.

3. Unha vez rematada a acción formativa, deberán presentar a seguin-

te documentación:

- Certificación orixinal asinada pola/o representante legal da entidade que acredite que os gastos realizados foron aplicados para o fin para o que se concedeu a subvención.
- Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.
- Orixinais e copias das facturas, ou documentos equivalentes, correspondentes aos gastos efectuados que xustifiquen a execución do 100% do custo da acción formativa. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. As entidades presentarán os orixinais para seren selados pola unidade tramitadora correspondente, unha vez completa esta dilixencia e sempre que o soliciten expresamente, seranlles devoltos coa maior brevidade.

4. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final ou, de ser o caso, dos pagamentos parciais, de acordo co artigo 10º.4 desta resolución polo órgano xestor incorporarase ao expediente a acreditación de que as entidades adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da comunidade autónoma.

5. O pagamento da liquidación final estará condicionado pola presentación dos diplomas correctamente cubertos para o seu rexistro.

6. Nos supostos de proxectos formativos con compromiso de contratación ou promoción profesional, non se realizará o pagamento da liquidación final mentres non se remitan as copias dos contratos de traballo rexistrados polo organismo público competente.

7. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 21º.-Modalidades das accións formativas.

1. Os cursos serán de carácter presencial e os programas formativos que se poden impartir ao abeiro desta resolución comprenden as seguintes modalidades:

a) Accións formativas incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres.

b) Accións formativas caracterizadas como proxectos experimentais ou innovadores e accións formativas que sexan cualificadas de especial interese polo órgano competente por proposta da comisión de valoración con base no informe de necesidades de formación achegado pola entidade solicitante.

2. Todas as solicitudes se presentarán acompañadas dun informe motivado sobre as necesidades de formación na especialidade solicitada.

3. No caso das accións formativas previstas no artigo 21º.1.b) as entidades deberán xuntar á solicitude a seguinte documentación:

- Programa formativo definido por módulos.
- Orzamento do custo da formación desagregado por módulos de acordo co disposto no artigo 18º.

4. A duración total dos cursos é o resultado de engadir ás horas establecidas para a formación específica as establecidas para os módulos de igualdade de oportunidades e de orientación profesional.

Artigo 22º.-Módulo de igualdade de oportunidades.

Todas as accións formativas incluirán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades que terá unha duración de 10 horas e que será impartido e custeado desde o Servizo Galego de Igualdade, a Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galicia ou desde o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 23º.-Módulo de orientación profesional.

As accións formativas do directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral nas que así se sinale e aquelas ás que se refire o punto b) do artigo 21º incluirán un módulo de orientación e información profesional que terá unha duración de 5 horas e conterá información sobre as posibilidades de emprego abertas para a formación recibida e orientación sobre as técnicas de busca de emprego, posibilidades de autoemprego e fórmulas de economía social.

Artigo 24º.-Selección de alumnas.

1. Con carácter xeral, o número de alumnas participantes en cada curso estará comprendido entre 15 e 20, sen que en ningún caso poidan terse en conta máis de 15 alumnas para o cómputo da subvención, non podendo iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10.

2. Para a selección das alumnas a entidade que vai impartir o curso realizará unha convocatoria pública mediante anuncio, publicado polo menos a través dun dos xornais de maior tiraxe da provincia e obrigatoriamente en domingo, que requirirá a supervisión previa do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste anuncio especificarase como mínimo: a entidade ofertante, o financiamento da acción por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Fondo Social Europeo, as prazas existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido das alumnas (especificando a preferencia das mulleres ás que se refire o artigo 5º), e o enderezo, teléfono, localidade e data de realización das probas de selección. Este anuncio será tamén remitido a todos os centros de información ás mulleres e puntos de información ás mulleres e outros espazos de información ás mulleres que existan no territorio da acción formativa.

3. O custo dos anuncios que non se adapten aos anteditos requisitos e a calquera outro que puidesen ser establecidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller non será aboado con cargo ás axudas previstas nesta resolución. Así mesmo, tampouco será aboado o custo dos anuncios naqueles casos en que non se inicie a acción formativa.

4. O día da realización das probas de selección, a entidade requirirá ás alumnas interesadas que presenten, na maior brevidade, os seguintes documentos:

- Copia do DNI.

- Copia do libro de familia ou informe dos servizos sociais do concello para os efectos de xustificar o coidado de familiares directos e para xustificar a solicitude de servizo de gardaría ou axuda para canguros ou asistencia domiciliaria, así como para xustificar as responsabilidades familiares non compartidas.

- Informe dos servizos sociais do concello para xustificar o risco de exclusión social.

- Informe dos servizos sociais ou sanitarios ou do PCOP ou sentenza ou orde de protección, informe do ministerio fiscal ou da inspección de traballo e seguridade social para xustificar a situación de violencia de xénero.

5. A entidade concluirá a selección levantando a correspondente acta, que se deberá remitir ao órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller con sete días de antelación ao comezo do curso xunto coa documentación acreditativa da situación laboral das seleccionadas.

Artigo 25º.-Inicio da acción formativa.

1. As alumnas deberanse incorporar ao curso na data do seu inicio. De non incorporarse ou producirse baixas dentro da primeira cuarta parte do curso, poderanse substituír por alumnas procedentes da convocatoria pública.

2. Os cursos en que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnas, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50% do número programado, poderán ser suspendidos polo órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Neste caso, a entidade terá dereito a unha indemnización calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 12º e aprobada, de ser o caso, pola/o delegada/o provincial do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

3. En caso de non iniciarse o curso a entidade non terá dereito a indemnización.

Artigo 26º.-Dereitos e deberes das alumnas.

1. As alumnas que resulten seleccionadas para un curso non poderán asistir a outro simultaneamente, nin causar baixa nun para acceder a outro incluído dentro da programación de formación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. No momento da incorporación teñen que cubrir correctamente a ficha individual e presentar, de ser o caso, a documentación acreditativa de ter dereito á percepción de bolsas ou axudas de transporte.

3. Teñen a obriga de asistir e seguir os cursos con aproveitamento e facilitar a documentación que lles solicite a entidade impartidora. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas no mesmo mes.

4. As que rematen os cursos con aproveitamento e polo menos asistirán ao 75% das horas lectivas terán dereito a un diploma oficial, que se expedirá exclusivamente no modelo que estableza o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en que constarán os seguintes datos:

- No anverso: denominación da entidade impartidora; nome, apelidos e DNI da alumna; denominación do curso; número de horas; localidade e datas de realización.

- No reverso: programa que indique os módulos impartidos e a súa duración.

5. Computaranse como alumnas que remataron o curso aquelas que precisen abandonalo antes da súa finalización por ter atopado un emprego, acreditando tal extremo e sempre que asistisen ao 75% das horas e a/o docente consideren que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso. O número de alumnas que rematen o curso non pode superar o previsto no punto 1 do artigo 24º.

Artigo 27º.-Documentación para a xestión dos cursos.

1. As entidades adxudicatarias das axudas están obrigadas a presentar na delegación provincial correspondente a documentación que se relaciona nos prazos que se indican:

a) O modelo do anuncio de convocatoria pública para a súa conformidade, antes da publicación en prensa ou no taboleiro da empresa, segundo corresponda.

b) Dentro dos 7 días anteriores ao comezo dos cursos:

b.1) O programa docente completo, estruturado por módulos, indicando o tempo en horas de cada un deles así como os seus contidos teórico-prácticos.

b.2) As datas de inicio e remate dos cursos e, de ser o caso, a planificación temporal das actividades relacionadas co curso.

b.3) O enderezo completo do lugar de impartición.

b.4) A relación de docentes que van impartir o curso xunto cos currículos e documentación acreditativa de que posúen a formación e experiencia suficientes de acordo coas exixencias específicas establecidas para cada acción formativa.

b.5) O resultado da selección de alumnas xunto coa documentación relacionada no artigo 23º.5 desta resolución.

b.6) Copia da páxina do xornal que conteña o anuncio da convocatoria.

Unha copia da documentación relacionada na letra b) estará exposta no taboleiro do centro onde se imparta. Calquera modificación posterior destas circunstancias estará supeditada á previa autorización do órgano competente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

c) O día de inicio do curso: certificación xustificativa do seu comezo.

d) Dentro dos dez días seguintes ao inicio do curso:

d.1) A ficha de inicio do curso.

d.2) Documentación do órgano municipal competente para a percepción das axudas de transporte.

d.3) Certificación de discapacidade, expedida polo organismo competente, para a percepción de bolsas.

d.4) Orzamento do custo previsto dos servizos de gardaría, canguros e asistencia domiciliaria, xunto coa documentación acreditativa da necesidade destes servizos.

d.5) As fichas das alumnas.

e) Con carácter mensual:

e.1) A folla de control de asistencia.

e.2) As nóminas das alumnas perceptoras de bolsas ou axudas de transporte.

Artigo 28º.-Seguimento das accións formativas.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller realizará o seguimento e control das accións formativas. Cando se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias requiriráselle á entidade adxudicataria a súa emenda; de non realizarse no prazo concedido procederase á revogación e, de ser o caso, ao reintegro da subvención percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Disposicións adicionais

Primeira.-Poderán ditarse resolucións de concesión complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias expresas de subvencións inicialmente concedidas, fondos de subvencións inicialmente concedidas que por causas xustificadas non puidesen realizarse ou de remanentes de módulos, ou por incremento dos orzamentos previstos no artigo 2º nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia. Nestes casos a comisión de valoración realizará propostas motivadas de adxudicación complementarias a favor do solicitante ou solicitantes seguintes na orde de puntuación establecida. Nos supostos previstos no punto 4 do artigo 17º, as propostas motivadas de adxudicación complementarias destinadas a incrementar a axuda doutros subvencionados parcialmente realizaranse segundo a orde de presentación de solicitudes tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, e no caso de que o número de solicitudes presentadas prevexa gastos superiores ao crédito dispoñible, procederase a facer unha repartición de xeito proporcional ás solicitudes presentadas.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no número 4 do artigo 13º desta resolución, e incluirá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-O prazo para a presentación da xustificación poderá ser prorrogado pola directora xeral ou polas/os delegadas/os provinciais cando se trate de subvencións concedidas con carácter complementario e comunicáraselles ás/aos beneficiarias/os na notificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Ás/aos beneficiarias/os das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller levará a cabo as funcións de control, así como de seguimento e avaliación dos programas das accións formativas.

Sexta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións e requisitos exixidos nesta resolución.

Sétima.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller manterá na súa páxina web durante a vixencia do procedemento os programas formativos referidos na letra a) do artigo 21º. Así mesmo, remitirá a todas as entidades adxudicatarias o manual práctico de formación co fin de facilitarlles o cumprimento das súas obrigas e a xestión das accións formativas; incluiranse os formularios normalizados para a correcta execución dos cursos. O seu contido é de obrigado cumprimento para as entidades beneficiarias da subvención.

Oitava.-Apróbase a delegación de atribucións da directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller nas delegadas e nos delegados provinciais do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, no ámbito das súas competencias, para resolver os expedientes das subvencións reguladas nesta resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A persoa titular da dirección xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf “30-09”

Outras normas

31 Orde do 15 de decembro de 2008 pola que se crea un ficheiro que contén datos de carácter persoal na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

(DOG nº 14, do 21.01.2009).

Mediante resolución conxunta da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Secretaría Xeral do Benestar do 12 de agosto de 2008, pola que se crea a Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar e se regulan as súas normas de organización e funcionamento, púxose en marcha o proceso de muda na organización dos centros sociais, que pasan a formar parte da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar. Nesa mesma resolución, e ao abeiro da Orde do 18 de agosto de 2000, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, dispóñense as normas de organización e funcionamento dos centros integrados na Rede Galega de Centros Sociocomunitarios.

O punto quinto das citadas normas establece o réxime de participación das persoas usuarias nos centros sociocomunitarios de benestar, dispoñéndose dous órganos de participación, a asemblea xeral e o consello de persoas usuarias. Para a elección dos membros destes órganos establécese un procedemento electoral baseado na votación libre, directa e secreta, polo que se fai necesario, seguindo as mesmas normas, a elaboración do censo de usuarios-socios da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar, para que poidan concorrer aos procesos electorais destes.

A elaboración do Censo da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar supón unha recollida de datos de carácter persoal, polo que, para darlle axeitadas garantías xurídicas no ámbito do dereito á intimidade persoal e á protección de datos, considerouse necesaria a creación dun ficheiro de datos de carácter persoal.

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Creación de ficheiros.

Mediante esta orde, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar crea o ficheiro con datos de carácter persoal do Censo da Rede de Centros Sociocomunitarios, que se cita no anexo, nos termos e condicións establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 2º.-Dereitos dos afectados polos ficheiros.

As persoas afectadas polos ficheiros poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento de datos cando proceda, diante do órgano responsable do ficheiro.

Artigo 3º.-Utilización do ficheiros para fins de investigación ou estatísticos.

Nos casos en que se necesite utilizar datos de carácter persoal para algunha investigación ou tratamento estatístico relacionados con estes ficheiros, estes faranse con datos disociados. De non ser posible a disociación, solicitaráselles o consentimento expreso aos cidadáns para poder utilizar os datos con ese fin.

Artigo 4º.-Garantías de utilización dos ficheiros.

O titular do órgano administrativo responsable do ficheiro que se crea mediante esta orde adoptará as medidas necesarias para asegurar que os datos de carácter persoal que se atopen neles se utilicen para a finalidade para a que foron recollidos e para facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos no artigo 18 da Constitución española, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2008.

ANEXO

Ficheiro: Censo da Rede de Centros Sociocomunitarios.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para el: xestión do censo de persoas socias-usuarias da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar para poder organizar os seus procesos electorais, así como a promoción de actividades de desenvolvemento social e cultural.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: socios-usuarios da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizados.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

Nome e apelidos.

Número de DNI/NIF.

Enderezo.

Teléfonos.

Datos de características persoais:

Data nacemento.

Datos de circunstancias sociais:

Centro a que pertence.

Data de alta.

Data de baixa.

Número de socio.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, de ser o caso, transferencias que se prevexan a terceiros países: non se prevén.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar.

g) Servizo ou unidade diante do cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Menores. Complexo administrativo de San Caetano s/n, Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguranza adoptadas: básico.

32 Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

(DOG nº 16, do 23.01.2009).

En virtude do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Así mesmo, a través do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polo 454/2005, do 1 de setembro, e polo 212/2007, do 8 de novembro, fixouse a estrutura orgánica dos seus departamentos. No seu artigo 1, establece a estrutura básica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que asume o exercicio das competencias de igualdade e xénero e as políticas autonómicas de benestar incluíndo as de xuventude, solidariedade, voluntariado, benestar social, exclusión social, servizos comunitarios, entre outras, como así o establece o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, da súa estrutura orgánica, e, polo tanto, sobre as materias que constitúen o contido das publicacións relacionadas nesta orde.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandado, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta Vicepresidencia,

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse con IVE incluído.

Disposicións derradeiras

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2008

ANEXO

Trazos de xénero da violencia escolar no ámbito galego: 12,00 €.

Outono fotográfico 2008: 18,00 €.

Coeducación afectivo-emocional e sexual: 23,00 €

Xuventude galega. Informe de resultados: 15,00 €.

Xuventude galega. Informe de resultados (CD-Rom): 5,00 €.

33 Orde do 26 de xaneiro de 2009 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 1 de marzo de 2009 polo Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro.

(DOG nº 23, do 3.02.2009).

Convocadas eleccións ao Parlamento de Galicia polo Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro, da Presidencia da Xunta de Galicia, e ao abeiro do artigo 37.3º d) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, cómpre regular as diversas situacións que se poidan presentar para o exercicio do dereito ao voto daqueles traballadores e traballadoras que non gocen do seu descanso semanal o día da votación, así como das persoas que interveñen dentro do proceso electoral, posto que as eleccións terán lugar en domingo, todo isto de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Para este fin, e logo do acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Estas normas seranlles de aplicación ás persoas traballadoras por conta allea que teñan a condición de electoras e non gocen do devandito día de descanso semanal previsto no artigo 37.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e a aquelas en que concorra a condición de membros de mesas electorais, interventores ou apoderados nas eleccións do 1 de marzo de 2009.

Artigo 2º

Para que as persoas traballadoras por conta allea poidan participar nas eleccións ao Parlamento de Galicia, que se levarán a cabo o día 1 de marzo de 2009, no suposto de que non gocen en tal data de descanso semanal, terán un permiso retribuído correspondente, consonte as seguintes prescricións:

a) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que non coincida co de apertura de mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de tres horas.

d) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en seis ou máis horas co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de catro horas.

Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

Correspóndelle ao/á empresario/a a distribución, consonte a organización do traballo, do período en que os traballadores e traballadoras disporán de permiso para acudiren a votar.

Artigo 3º

No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres, de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Artigo 4º

As persoas traballadoras por conta allea nomeadas presidente ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras disporán, durante o día da votación, dun permiso retribuído de xornada completa, se non gozasen en tal data de descanso semanal, e terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior, segundo os artigos 28.1º e 78.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Se algún dos traballadores e traballadoras aos cales se refire o parágrafo anterior tivese que traballar na quenda de noite na data inmediatamente anterior ao día da votación, a empresa cambiaralle a quenda para que poida descansar esa noite.

Artigo 5º

As persoas traballadoras por conta allea que acrediten a súa condición de apoderadas, de acordo co previsto no artigo 76.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral, teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non gozan en tal data do descanso semanal.

Artigo 6º

Os/as empresarios/as poderán solicitar dos traballadores e traballadoras que exerzan os dereitos regulados nesta orde a certificación de voto ou, de ser o caso, a acreditación da mesa electoral.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2009.

34 Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo.

(DOG nº 48, do 10.03.2009).

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei disponse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Así mesmo os artigos 52 ao 54 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Mediante esta orde créanse os ficheiros de datos de carácter persoal que se especifican no anexo.

Artigo 2º.-Contido.

A información exixida no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación dos ficheiros está contida no anexo desta orde.

Artigo 3º.-Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros da Consellería de Traballo creados por esta orde só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-Cesión de datos.

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-Órgano responsable dos ficheiros.

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta orde detállase no anexo, así como a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.

O nivel dos ficheiros creados por esta orde atópase clasificado atendendo ao disposto nos artigos 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2009.

Ver anexo pdf "34-09.PDF"

35 Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais á Asociación Medioambiental Río Orza.

(DOG nº 52, do 16.03.2009).

A Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, permite a cesión de bens mobles da comunidade autónoma sempre que se dediquen a fins de utilidade pública ou interese social, exixindo o Decreto 50/1989, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 3/1985, que a orde de cesión exprese a finalidade concreta á cal a entidade beneficiaria debe destinar os bens, así como as súas condicións.

A Asociación Medioambiental Río Orza, inscrita co número 12008/011810-1(SC) no Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, carece de fins lucrativos segundo se desprende da súa propia natureza e do establecido no artigo 1º dos seus estatutos. Esta entidade solicitou á Consellería de Traballo a cesión de equipamentos informáticos que xa estean en desuso, destinados ao traballo diario dos socios e colaboradores da asociación para a elaboración de proxectos e programas.

Para tal fin, a Consellería de Traballo tramitou o expediente de cesión, de conformidade co disposto no artigo 35 bis da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 96 bis do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo.

Polo exposto e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade a favor da Asociación Medioambiental Río Orza dos seguintes bens:

Ver anexo pdf "35-09.PDF"

Artigo 2º

As cesións sinaladas no artigo anterior quedan sometidas ás seguintes cláusulas:

a) Os bens cedidos, tal como establecen os artigos 35 bis da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autómona de Galicia, e 96 bis do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinaranse a fins de utilidade pública ou interese social da Asociación Medioambiental Río Orza. Concretamente destinaranse ao traballo diario dos socios e colaboradores da asociación para a elaboración de proxectos e programas.

b) Coa cesión outórgaselle á Asociación Medioambiental Río Orza a propiedade dos bens mobles cedidos.

c) Se os bens cedidos non se aplicasen aos fins sinalados, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebranto ou se incumprisen as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioracións que experimentasen.

d) Serán por conta da entidade cesionaria todos os gastos de conservación e mantemento dos bens mobles cedidos.

Artigo 3º

As devanditas cesións formalizaranse mediante acta subscrita polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en quen delegue, e debe constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Traballo para ditar e realizar as resolucións e trámites necesarios para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2009.

36 Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

(DOG nº 58, do 25.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 69, do 13.04.2009).

A Constitución española establece, no seu artigo 18.4º, que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Neste sentido, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE nº 298, do 14 de decembro), de protección de datos de carácter persoal, regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. Neste marco, a finalidade desta regulación é garantir e protexer os dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade, tanto persoal como familiar.

Con observancia do anterior, e tendo en conta que a xestión dos múltiples procedementos administrativos tramitados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar implica unha recollida e tratamento constante de datos de carácter persoal, considérase necesaria, para os efectos de dotar das axeitadas garantías xurídicas ao ámbito do dereito á intimidade persoal e á protección de datos, a creación de varios ficheiros de datos de carácter persoal, así como a modificación e supresión doutros existentes.

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente.

En consecuencia, en virtude do exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Creación e modificación de ficheiros.

Mediante esta orde, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar crea e modifica os ficheiros con datos de carácter persoal que se especifican nos anexos I e II, nos termos e condicións establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 2º.-Dereitos das persoas afectadas polos ficheiros.

As persoas afectadas polos ficheiros poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento de datos cando proceda, ante do órgano responsable de cada ficheiro.

Artigo 3º.-Utilización do ficheiros para fins de investigación ou estatísticos.

Nos casos en que se necesite utilizar datos de carácter persoal para algunha investigación ou tratamento estatístico relacionados con estes ficheiros, estes faranse con datos disociados. De non ser posible a disociación, solicitarase o consentimento expreso aos cidadáns para poder utilizar os datos con ese fin.

Artigo 4º.-Garantías de utilización dos ficheiros.

Os titulares dos órganos administrativos responsables dos ficheiros que se crean mediante esta orde adoptarán as medidas necesarias para asegurar que os datos de carácter persoal automatizados que se atopen neles se utilicen para a finalidade para a que foron recollidos e para facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos no artigo 18 da Constitución española, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5º.-Supresión de ficheiros.

En atención á reestruturación e reorganización dos ficheiros de carácter persoal da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, quedan suprimidos os seguintes ficheiros de datos de carácter persoal nos termos e condicións fixados na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:

1. Expedición de títulos de ensino en escolas de tempo libre, con número de inscrición 2011720017, creado pola Orde do 22 de abril de 2008, publicada no DOG nº 88, do 8 de maio, sendo integrada a súa información no ficheiro Escolas de tempo libre, con número de inscrición 2082100457.

2. Expe con número de inscrición 1943280694, creado pola Orde do 28 de xullo de 1994, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo, sendo integrados os tratamentos de datos contidos no ficheiro que se suprime noutros ficheiros da Secretaría Xeral da Igualdade.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

ANEXO I

Creación de ficheiros

Secretaría Xeral

1. Ficheiro: rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais especializados.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: entidades de iniciativa social que levan a cabo programas e prestan servizos sociais, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Correo electrónico.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

Secretaría Xeral do Benestar

*** Dirección Xeral de Acción Social.**

1. Ficheiro: Dependencia.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: determinar o grao e nivel de dependencia e xestionar as prestacións correspondentes.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas que se atopen en situación de dependencia, o propio interesado ou o representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- DNI/NIF.
- Enderezo.
- Nº da Seguridade Social/mutualidade.
- Teléfono.
- Correo electrónico.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de detalles de emprego.

Datos académicos e profesionais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social. Unidade de Coordinación da Dependencia.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social, no enderezo Unidade de Coordinación da Dependencia, praza de Europa, 2º-10A, Área Central, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

2. Ficheiro: Ingreso en centros de maiores.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do ingreso en centros.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: maiores que soliciten o ingreso en centros, o representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

3. Ficheiro: Programas sociais de turismo e termalismo.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos programas de turismo e termalismo social para persoas maiores.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas maiores de 65 anos ou de 60 pensionistas, representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo postal e electrónico.
- Número da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias, entidades ás que sexa necesario para a prestación do servizo ofertado.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de

Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

4. Ficheiro: Programa de termalismo.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: rexistrar as solicitudes do programa de termalismo social e o traslado da documentación presentada ao Imserso.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: pensionistas do sistema da Seguridade Social por invalidez ou xubilación, o cónxuxe deste ou os maiores de 60 anos residentes no estranxeiro que cumpran os requisitos exixidos, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Número de fax.
- Número de carné de familia numerosa.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos.

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: Imserso, outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

5. Ficheiro: Autonomía persoal e accesibilidade.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión de subvencións destinadas a facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas maiores e persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia, representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social/mutualidade.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

6. Ficheiro: Acollemento familiar.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos procedementos de acollida familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: maiores de 65 anos ou persoas con discapacidade, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Tarxeta sanitaria.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias, concellos da comunidade autónoma.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

7. Ficheiro: Prestacións a entidades.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das prestacións a entidades especializadas.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: entidades de iniciativa social, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Correo electrónico.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

8. Ficheiro: Rede Galega de Centros de Día.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión da Rede Galega de Centros de Día de atención social.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: os centros de día de atención social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

9. Ficheiro: Colaboración en materia de maiores e discapacidade.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: formalización, xestión e mantemento da colaboración en materia de maiores e discapacidade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: centros residenciais de atención a persoas maiores, de titularidade privada e de iniciativa social, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de detalles de emprego.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

10. Ficheiro: Acompáñote.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do programa Acompáñote.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: aquelas persoas maiores, menores ou con discapacidade que se atopen nunha situación que require a utilización de dispositivos de localización e control, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de detalles de emprego.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: entidades adxudicatarias do concurso de instalación de sistemas localizadores, outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

11. Ficheiro: Respiro familiar.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do programa de apoio social Respiro familiar para familias con persoas maiores dependentes.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: familias con persoas maiores dependentes, solicitante, coidador habitual, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de detalles de emprego.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: centros aos que se manifeste a intención de acudir ou nos que se realice a inscrición como usuario, outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

12. Ficheiro: Programas para maiores.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos programas destinados a maiores.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: maiores que soliciten a participación nos programas, representante legal, outras persoas físicas, asociacións e concellos.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Imaxe/voz.
- Enderezo.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: centros e entidades colaboradoras necesario para a efectiva prestación do servizo, outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

13. Ficheiro: Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do censo de persoas con discapacidade de Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas afectadas por unha minusvalidez, representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas, entidades privadas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Discapacidade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

14. Ficheiro: Ingreso en centros.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do ingreso en centros para persoas con discapacidade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas con discapacidade intelectual, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias, centros de atención a persoas con discapacidade, nos que por calquera réxime a Administración autonómica ten formalizada reserva de praza para o cumprimento da finalidade descrita.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Discapacidade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

15. Ficheiro: Bolseiros.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das becas para prácticas no Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: estudantes universitarios ou con formación profesional de grado superior ou que xa terminou os seus estudos, entre 18 e 28 anos, que soliciten becas para prácticas no Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Número da Seguridade Social.
- Tarxeta sanitaria.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias, Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña para o cumprimento das finalidades descritas.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781

Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

16. Ficheiro: Apoio á mobilidade.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas discapacitadas e/ou dependentes, representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: entidades colaboradoras para o cumprimento da finalidade descrita, outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Discapacidade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

17. Ficheiro: Adopcións.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestionar as solicitudes e os procesos de adopción.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: solicitantes dun menor en adopción, o interesado ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- DNI/NIF.
- Enderezo.
- Nº da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Menores. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

18. Ficheiro: Educadores/as en prácticas.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das convocatorias de bolsas para educadores en prácticas en centros de atención a menores.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: estudantes de materias relacionadas coas actividades desenvolvidas nos centros de menores que estean cursando estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior ou que teñan rematados estes estudos, o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- DNI/NIF.
- Enderezo.
- Nº da Seguridade Social/mutualidade.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos académicos e profesionais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Detalles de emprego.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Menores. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

19. Ficheiro: Cooperación coas CCLL.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos procedementos de cooperación coas CCLL en materia de asuntos sociais.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- DNI/NIF.
- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

20. Ficheiro: Emerxencia social.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: determinación daquelas persoas que polas súas características teñen dereito á obtención dunha axuda de emerxencia social (AES).

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas afectadas por unha situación de emerxencia social, o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- DNI/NIF.
- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de circunstancias sociais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

21. Ficheiro: FAS.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das axudas do Fondo de Acción Social en Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: solicitantes das axudas periódicas de ancianidade e enfermidade do Fondo de Asistencia Social, o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- DNI/NIF.
- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de circunstancias sociais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

22. Ficheiro: Prestacións da Lismi.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das prestacións da Lismi en Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: beneficiarios das prestacións do Real decreto 383/1984 (Lismi), o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- DNI/NIF.
- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Nº da Seguridade Social.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de circunstancias sociais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

1. Ficheiro: Axudas Xuventude.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión de axudas a persoas xurídicas para a promoción e realización de actividades e servizos destinados á xuventude.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: entidades locais que queiran realizar ou realicen actividades dirixidas á xuventude, asociacións xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude sen fins de lucro, escolas de tempo libre sen ánimo de lucro, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Fax.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de detalles de emprego.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

2. Ficheiro: Rede Galega de Información Xuvenil.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: recoñecemento oficial e desenvolvemento dos servizos de información e asesoramento xuvenil Rede Galega de Información Xuvenil.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: concellos, asociacións e persoas físicas ou xurídicas, de iniciativa privada ou pública, sen ánimo de lucro, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Subdirección Xeral de Programas-Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil da Rede Galega. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

3. Ficheiro: Programa Comunícate.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do programa.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: usuarios do programa, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xu-

ventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

4. Ficheiro: Programas de actividades.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos programas de actividades de lecer e tempo libre dirixidas á xuventude na Comunidade Autónoma galega.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: entidades que soliciten autorización para levar a cabo unha actividade ao aire libre, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Fax.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos académicos e profesionais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

5. Ficheiro: Rexistro de instalacións xuvenís.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do Rexistro de instalacións xuvenís e o recoñecemento oficial delas.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: aquelas entidades que soliciten o recoñecemento como instalacións xuvenís, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

6. Ficheiro: Residencias xuvenís.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión de prazas en residencias xuvenís e dos programas que nelas se desenvolven.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: mozos e mozas estudantes non maiores de 30 anos que soliciten prazas nas residencias xuvenís, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Correo electrónico.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Outros datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

7. Ficheiro: Liga de debate.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión da competición Liga de debate.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas e entidades interesadas en participar na Liga de debate, representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Teléfono.
- Fax.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.

Datos de características persoais.

Datos académicos e profesionais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

8. Ficheiro: Solidariedade e participación.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión de actividades encamiñadas a fomentar a solidariedade e participación.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: o propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas, entidade privada, persoas de contacto, solicitantes, beneficiarios, administracións públicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- NIF/DNI.
- Enderezo.
- Imaxe/voz.
- Teléfono.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: non se prevén.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

Secretaría Xeral da Igualdade

1. Ficheiro: Títulos de familia numerosa.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes de títulos de familia numerosa en Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: per-

soas integrantes das unidades familiares que soliciten o título de familia numerosa. A propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos académicos e profesionais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: ademais das legalmente establecidas, prevense cesións á Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Vivenda e Solo, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ás universidades do sistema universitario de Galicia e á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

2. Ficheiro: Carné familiar.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes de carné familiar.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: familias numerosas galegas que soliciten o carné familiar. A propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel ou procedemento telemático.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Número de título de familia numerosa.
- Data de caducidade do título de familia numerosa.

Datos de características persoais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: ademais das legalmente establecidas, prevense cesións de datos a Caixanova, GADISA, á Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Vivenda e Solo, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ás universidades do sistema universitario de Galicia e á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

3. Ficheiro: Mediación familiar.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das accións de mediación familiar. Rexistro, designación e subvencións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: das persoas mediadoras familiares que figuren no rexistro, solicitantes das subvencións para procesos de mediación familiar, solicitantes dos servizos de mediación familiar e dos seus cónxuxes. A propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Número da Seguridade Social.
- Enderezo postal.
- Imaxe/voz.

- Sinatura/impresión dactilar.
- Teléfono.
- Fax.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

Datos de información comercial.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: prevense as cesións legalmente establecidas e poderá haber cesións de datos por cuestión de formación aos diferentes colexios profesionais nos que estean integradas as persoas mediadoras da base, á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

4. Ficheiro: Programa de prestación económica por fillos/as menores de tres anos.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes para a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas e cónxuxes con fillas e fillos menores de tres anos que soliciten a prestación económica de pagamento único por fillo a cargo, fillos menores de tres anos, a propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel ou procedemento telemático.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo.
- Imaxe/voz.
- Teléfono.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de circunstancias sociais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: ademais das legalmente establecidas, prevense cesións á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

5. Ficheiro: Estadías en residencias de tempo libre.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos programas destinados á tramitación e xestión de estadías e actividades nas residencias de tempo libre.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas solicitantes de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia e das persoas acompañantes, a propia persoa interesada ou o seu representante legal, asociacións e concellos, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel ou procedemento telemático.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: ademais das legalmente establecidas, prevense cesións á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

6. Ficheiro: Reserva de praza en escolas infantís e cheque infantil.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes de reserva de praza e das axudas de atención á primeira infancia do programa de cheque infantil.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas solicitantes de reserva de praza e de axudas de atención á primeira infancia do programa de cheque infantil. A propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Imaxe/voz.
- Enderezo postal.
- Número da seguridade social.
- Teléfono.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: prevense as cesións legalmente establecidas.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es.

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

7. Ficheiro: Reintegro de gastos por formación do persoal das escolas infantís e das Galescolas.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes de reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia e das Galescolas.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: solicitantes do reintegro individual de gastos por asistir a actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia e das Galescolas. A propia persoa interesada ou o seu representante legal.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Fax.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos de detalles de emprego.

Datos académicos e profesionais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias

que se prevexan a países terceiros: non se prevén.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral da Familia. Edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

8. Ficheiro: Formación permanente do persoal de escolas infantís.

zb) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: profesionais que presten os seus servizos nas escolas infantís 0-3 radicadas en Galicia, o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios en papel normalizado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- Nome e apelidos.
- DNI/NIF.
- Enderezo.
- Teléfono.

Datos académicos e profesionais.

Datos de detalles de emprego.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: non se prevén cesións agás as previstas por lei.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Subdirección Xeral de Familia. Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

9. Ficheiro: Axudas de Igualdade.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das convocatorias de axudas en materia de igualdade e tratamento da violencia de xénero.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: entidades locais galegas, asociacións e federacións de mulleres de Galicia, concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da comunidade autónoma, o interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.

Datos de detalles de emprego.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas cando unha lei o prevexa.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

10. Ficheiro: Eu tamén navegar.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das convocatorias e candidaturas do premio Eu tamén navegar: para unha Galicia sen violencia de xénero.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: solicitantes e destinatarios do premio Eu tamén navegar, o propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo postal.
- Sinatura/impresión dactilar.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: non serán cedidos, agás para a difusión pública da candidatura premiada.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel básico.

11. Ficheiro: Bolseiros e bolseiras da Igualdade.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestionar a concesión de bolsas de formación en materia de igualdade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: mozas e mozos, redeiras de Galicia, o propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas participantes nas convocatorias de bolsas de formación.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económicos, financeiros e de seguros.

Datos académicos e profesionais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos especialmente protexidos:

- Saúde.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias.

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

12. Ficheiro: Axudas á conciliación da vida familiar e laboral.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das solicitudes de axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para as persoas traballadoras que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas solicitantes das axudas para a conciliación da vida familiar e laboral que se acollan á redución da súa xornada laboral, cónxuxes e fillos/as.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: formularios de solicitude normalizados en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: os datos de carácter persoal están contidos nun ficheiro de carácter mixto, e son os seguintes:

Datos de carácter identificativo:

- NIF/NIE.
- Nome e apelidos.
- Enderezo postal.
- Teléfono.
- Imaxe/voz.
- Sinatura/impresión dactilar.
- Correo electrónico.

Datos de características persoais:

- Datos de familia.
- Datos de estado civil.
- Data de nacemento, adopción ou acollemento (do/a fillo/a).

Datos económicos, financeiros e de seguros:

- Datos bancarios.
- Subsidios, beneficios.

Datos académicos e profesionais:

- Formación, titulacións.

Detalles de emprego:

- Profesión.
- Posto de traballo.
- Datos non económicos de nómina.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: non se prevén

f) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico: igualdade@xunta.es

h) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

ANEXO II

Modificación de ficheiros

Secretaría Xeral

1. Ficheiro: Persoal.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión de persoal.

b) Sistema de tratamento: mixto.

c) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: alto.

Secretaría Xeral do Benestar

* Dirección Xeral de Acción Social.

1. Ficheiro: Censo da Rede de Centros Sociocomunitarios.

a) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Maiores. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. Ficheiro: Xestión de menores infractores.

a) Sistema de tratamento: mixto.

3. Ficheiro: Programa de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu contorno.

a) Sistema de tratamento: mixto.

4. Ficheiro: Programa de acollemento familiar.

a) Sistema de tratamento: mixto.

5. Ficheiro: Actuacións dirixidas ao menor.

a) Sistema de tratamento: mixto.

6. Ficheiro: Pensións non contributivas.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: determinación daquelas persoas que polas súas características teñen dereito á obtención dunha pensión non contributiva e aos seus complementos.

b) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

c) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Servizo de Prestacións. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Sistema de tratamento: mixto.

7. Ficheiro: RISGA.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: determinación daquelas persoas que polas súas características teñen dereito á obtención da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

b) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social.

c) Servizo ou unidade ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Acción Social. Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Complexo administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Sistema de tratamento: mixto.

* Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

1. Ficheiro: Cursos de idiomas.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión das axudas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea.

b) Sistema de tratamento: mixto.

c) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: órganos da Unión Europea, interesados lexítimos.

2. Ficheiro: Alertas a móbiles e correos electrónicos.

a) Nome do ficheiro: Comunicacións.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: envío de información de interese xuvenil.

c) Sistema de tratamento: mixto.

3. Ficheiro: Cursos de información xuvenil.

a) Nome do ficheiro: Cursos para informadores xuvenís.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: organización, difusión e realización de cursos.

c) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

d) Sistema de tratamento: mixto.

4. Ficheiro: Campamentos de Verán.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión da promoción e organización de actividades de animación sociocultural destinadas á xuventude.

b) Sistema de tratamento: mixto.

5. Ficheiro: Censo de entidades xuvenís.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do censo de entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude.

b) Sistema de tratamento: mixto.

6. Ficheiro: Escolas de Tempo Libre.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: recoñecemento de escolas de tempo libre, expedición e homologación de títulos.

b) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

c) Sistema de tratamento: mixto.

d) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: outros organismos da Administración do Estado, outros órganos da comunidade autónoma.

7. Ficheiro: Formación continua de monitores de tempo libre.

a) Nome do ficheiro: Cursos e programas de formación.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do plan de formación continua de monitores/as e directores/a de tempo libre.

c) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel alto.

d) Sistema de tratamento: mixto.

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias que se prevexan a países terceiros: clubs deportivos e federacións, outros organismos da Administración do Estado, outros órganos da comunidade autónoma, interesados lexítimos.

8. Ficheiro: Carné xove.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: expedición do carné xove e a xestión de accións relacionadas con el para facilitar o acceso a bens e servizos.

b) Sistema de tratamento: mixto.

9. Ficheiro: GZCREA.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: a convocatoria, xestión e difusión do contido e resultado do programa, así como das obras e artistas premiados.

b) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

c) Sistema de tratamento: mixto.

10. Ficheiro: Naturalmente Galicia.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión do programa Naturalmente Galicia.

b) Sistema de tratamento: mixto.

11. Ficheiro: Rexistro de entidades de acción voluntaria.

a) Nome do ficheiro: Entidades de acción voluntaria de Galicia.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: inscrición de entidades no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

c) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

d) Sistema de tratamento: mixto.

12. Ficheiro: Conversascon.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: organización, realización e promoción de conferencias.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas participantes no ciclo de conferencias Conversascon, interesados ou os seus representantes legais. Conferenciantes e persoas vinculadas a eles.

c) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

- Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico e teléfono/teléfono móbil do participante.
- Datos de características persoais.

13. Ficheiro: Programa de formación.

a) Nome do ficheiro: Formación.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión dos programas de formación.

c) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

- Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo, código postal, provincia, teléfono, correo electrónico.
- Datos de características persoais.
- Datos de circunstancias sociais.

- Datos académicos e profesionais.
- Detalles de emprego.

14. Ficheiro: Teléfono solidario/teléfono en defensa do monte galego 900 800 400.

a) Nome do ficheiro: Teléfono solidario.

b) Finalidade do ficheiro e usos previstos: facilitar información en materia de voluntariado.

c) Nivel de medidas de seguridade adoptadas: nivel medio.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel:

- Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI, enderezo, concello, provincia, teléfono/teléfono móbil, correo electrónico.
- Datos de características persoais.
- Datos de circunstancias sociais.
- Datos académicos e profesionais.
- Datos de detalles de emprego.

ANEXO III

Supresión de ficheiros

Secretaría Xeral do Benestar

*** Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.**

1. Ficheiro: Expedición de títulos de ensino en escolas de tempo libre.

a) Motivo da supresión: os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán tratados no ficheiro denominado Escolas de tempo libre.

b) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: a información tratada non será destruída porque se incluirá no ficheiro Escolas de tempo libre.

Secretaría Xeral da Igualdade

*** Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.**

1. Ficheiro: EXPE.

a) Motivo da supresión: os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán tratados noutros ficheiros da Secretaría Xeral da Igualdade.

b) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: a información tratada non será destruída porque se incluirá noutros ficheiros da Secretaría Xeral da Igualdade.

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Vicepresidencia da Igualdade e do Benerstar.

Advertidos erros na devandita Orde do 11 de marzo de 2009, publicada no DOG nº 58, do 25 de marzo de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina, 6.037, no Anexo I. Creación de ficheiros. Secretaría Xeral. Na letra b), onde di: «...entidades de iniciativa social...», debe dicir: «...entidades...».

Na páxina 6.053, no Anexo I. Creación de ficheiros. Secretaría Xeral da Igualdade. No punto 8. Ficheiro: Formación permanente de escolas infantís, debe engadirse a letra a): «a) Finalidade do ficheiro e usos previstos para este: convocatoria e xestión da impartición dos cursos do plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís».

Na páxina 6.053, no punto 8, onde di: «zb) Persoas en colectivos...», debe dicir: «b) Persoas ou colectivos...».

37 Orde do 6 de abril de 2009 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal existente na Consellería de Traballo.

(DOG nº 77, do 22.04.2009).

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei disponse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Así mesmo, os artigos 52 ao 54 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6 º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Mediante esta orde créase o ficheiro de datos de carácter persoal que se especifica no anexo.

Artigo 2º.-Contido.

A información exixida no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación dos ficheiros está contida no anexo desta orde.

Artigo 3º.-Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal, incluídos no ficheiro da Consellería de Traballo creado por esta orde só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-Cesión de datos.

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-Órgano responsable dos ficheiros.

A responsabilidade sobre o ficheiro creado por esta orde detállase no anexo, así como a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan no ficheiro.

Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.

O nivel do ficheiro creado por esta orde está clasificado atendendo o disposto nos artigos 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) do ficheiro creado baixo esta orde.

O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2009.

ANEXO

Ficheiro de nova creación responsabilidade da Consellería de Traballo

Nome e descrición do ficheiro	Asociacións profesionais
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestionar o rexistro de asociacións profesionais en materia laboral
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Relacións Laborais
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas físicas integrantes de xuntas directivas de asociacións profesionais
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela. A Coruña. (lopd.traballo@xunta.es)
Nivel do ficheiro	Baixo
Procedencia e procedemento de recollida de datos	Procedencia: os propios interesados ou os seus representantes Procedemento: formularios electrónicos e papel
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil Outros datos: detalles de emprego
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas

38 Orde do 22 de maio de 2009 pola que se regula o exercicio do dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento Europeo, convocadas para o día 7 de xuño de 2009 polo Real decreto 482/2009, do 3 de abril.

(DOG nº 104, do 29.05.2009).

Convocadas eleccións ao Parlamento Europeo polo Real decreto 482/2009, do 3 de abril, da Presidencia do Goberno do Estado, e ao abeiro do artigo 37.3º d) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos

traballadores, cómpre regular as diversas situacións que se poidan presentar para o exercicio do dereito ao voto daqueles traballadores e traballadoras que non gocen do seu descanso semanal o día da votación, así como das persoas que interveñen dentro do proceso electoral, posto que as eleccións terán lugar en domingo, todo isto de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Para este fin, e logo do acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Estas normas seranlles de aplicación ás persoas traballadoras por conta allea que teñan a condición de electoras e non gocen do devandito día de descanso semanal previsto no artigo 37.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en aquelas en que concorra a condición de membros de mesas electorais, interventores ou apoderados nas eleccións do 7 de xuño de 2009.

Artigo 2º

Para que as persoas traballadoras por conta allea poidan participar nas eleccións ao Parlamento Europeo, que se levarán a cabo o día 7 de xuño de 2009, no suposto de que non gocen en tal data de descanso semanal, terán o permiso retribuído correspondente, consonte as seguintes prescricións:

a) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que non coincida co de apertura de mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de tres horas.

d) As persoas traballadoras por conta allea, cun horario de traballo que coincida en seis ou máis horas co período de apertura das mesas electorais, gozarán dun permiso retribuído de catro horas.

Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

Correspóndelle ao empresario/a a distribución, consonte a organización do traballo, do período en que os traballadores e traballadoras disporán de permiso para acudiren a votar.

Artigo 3º

No suposto de persoas traballadoras por conta allea que teñan previsto que na data da votación non se atopen na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres, de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Artigo 4º

As persoas traballadoras por conta allea nomeadas presidente ou vogal das mesas electorais e as que acrediten a súa condición de interventoras disporán, durante o día da votación, dun permiso retribuído de xornada completa, se non gozasen en tal data de descanso semanal, e terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior, segundo os artigos 28.1º e 78.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Se algún dos traballadores e traballadoras a que se refire o parágrafo anterior tivese que traballar na quenda de noite na data inmediatamente anterior ao día da votación, a empresa cambiaralle a quenda para que poida descansar esa noite.

Artigo 5º

As persoas traballadoras por conta allea que acrediten a súa condición de apoderadas, de acordo co previsto no artigo 76.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral, teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non gozan en tal data do descanso semanal.

Artigo 6º

Os/as empresarios/as poderán solicitar dos traballadores e traballadoras que exerzan os dereitos regulados nesta orde a certificación de voto ou, de ser o caso, a acreditación da mesa electoral.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 maio de 2009.

39 Orde do 25 de maio de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais e unha impresora á Asociación de Jubilados de Taboada.

(DOG nº 118, do 18.06.2009).

A Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, permite a cesión de bens mobles da comunidade autónoma sempre que se dediquen a fins de utilidade pública ou interese social, eixindo o Decreto 50/1989, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 3/1985, que a orde de cesión exprese a finalidade concreta a que a entidade beneficiaria debe destinar os bens, así como as súas condicións.

A Asociación de Jubilados de Taboada, inscrita co número 1997/001995/1ª LU no rexistro provincial de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, carece de fins lucrativos segundo se desprende dos seus estatutos. Esta entidade solicitou á Consellería de Traballo a cesión de equipamentos informáticos que xa estean en desuso, para dedicar á instalación dunha aula de informática. Para tal fin, a consellería tramitou o expediente de cesión, de conformidade co disposto no artigo 35 bis da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 96 bis do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo.

Polo exposto e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade a favor da Asociación de Jubilados de Taboada dos seguintes bens:

Ver anexo pdf "39-09.PDF"

Artigo 2º

As cesións sinaladas no artigo anterior quedan sometidas ás seguintes cláusulas:

a) Os bens cedidos, tal como establecen os artigos 35 bis, da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autómona de Galicia, e 96 bis do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinaranse a fins de utilidade pública ou interese social da Asociación de Jubilados de Taboada. Concretamente dedicarase á instalación dunha aula de informática.

b) Coa cesión outórgaselle á Asociación de Jubilados de Taboada a propiedade dos bens mobles cedidos.

c) Se os bens cedidos non se aplicaren aos fins sinalados, se se descoidaren ou utilizaren con grave quebranto ou se incumpriren as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioracións que experimentaren.

d) Serán de conta da entidade cesionaria todos os gastos de conservación e mantemento dos bens mobles cedidos.

Artigo 3º

As devanditas cesións formalizaranse mediante acta subscrita polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar para ditar e realizar as resolucións e trámites necesarios para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

40 Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que terá lugar os días 23 e 24 de novembro de 2009.

(DOG nº 229, do 23.11.2009).

O artigo 28.2º da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os cales se atopan a asistencia social e educación.

O servizo público da asistencia social e educación non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta aos conselleiros ou conselleiras competentes por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que terá lugar o día 23 de novembro de 2009 desde as 22.00 horas ata as 22.00 horas do 24 de novembro de 2009 e que afectará o persoal que presta os seus servizos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, outorgada audiencia ao comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A convocatoria de folga realizada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, deberá entenderse condicionada ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

A folga abrangue toda a xornada laboral e afecta todas as quendas e todos os centros de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Por tanto, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura do servizo esencial

de asistencia social e educación, para os efectos de evitar que se produzan graves prexuízos.

Con eses mínimos trátase de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa prestación de servizos de asistencia social e educación que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas propias características do servizo dispensado, xa que un aprazamento na súa prestación pode supoñer graves prexuízos; é por iso que se manteñen uns servizos mínimos que se consideran necesarios para garantir un funcionamento mínimo tanto dos servizos de asistencia social como de educación.

Tendo en conta que se trata dunha folga que dura 24 horas, co obxecto de evitar posibles prexuízos, para a determinación e mantemento durante a folga dos servizos mínimos establécese como base para a súa determinación a garantía dun funcionamento mínimo dos centros, dadas as características dos usuarios/as dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nas escolas infantís, nos centros de atención ás persoas maiores e nas oficinas. Os centros teñen que permanecer abertos e debe garantirse, en todo caso, que quen acuda a eles teña cuberta a parte esencial do servizo, garantindo unha presenza. Ademais hai un tramo educativo no horarios das escolas infantís e unha atención sociosanitaria nos centros de atención ás persoas maiores e isto supón que, tanto uns como outros, permanezan abertos cando menos co persoal imprescindible para garantir a parte mínima do labor cotián que se desenvolve nos ditos centros.

Artigo 2º

A determinación dos/as profesionais necesarios deberá estar adecuadamente motivada. A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos dos centros e debe exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento dos/as destinatarios/as. Deberá quedar constancia nel dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas. Os/as profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios dos centros, con antelación suficiente ao comezo da folga.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

Artigo 3º

A designación nominal, que deberá recaer nos/as profesionais de xeito rotatorio, será determinada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e notificada aos profesionais designados de xeito nominal. O persoal designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

Artigo 4º

Os paros e as alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo e expostos nos taboleiros de anuncios do centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 5º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009.

ANEXO

Área de benestar.

- Servizo centrais: 3 persoas, 1 por cadanseu servizo (xerontoloxía, xantar na casa, inclusión).
- Centros residenciais: o persoal para a prestación do servizo equiparado a un domingo ou festividade.
- Centros de día: 1 traballador/a por cada 10 usuarios/as, cubrindo o acompañamento de transporte.

Oficina I+B: 1 traballador/a por oficina.

Escolas infantís.

- Servizos centrais: 1 técnico, 1 auxiliar administrativo.
- Escolas infantís: 1 persoa de atención directa por cada unidade aberta.

CENVI: 1 persoa por quenda.

Servizos técnicos e de administración xeral:

- Rexistro: 1 traballador/a.
- Departamento xurídico: 1 técnico.
- Departamento de persoal: 1 técnico e 2 auxiliares.
- Departamento de contratación: 1 técnico.

Centros quérote: 1 traballador/a por oficina.

41 Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

(DOG nº 245, do 17.12.2009).

O artigo 28.2º da Constitución española recoñece, como dereito

fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os cales se atopan a asistencia social e educación.

O servizo público da asistencia social e educación non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros ou conselleiras competentes por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que terá lugar o día 16 de decembro de 2009 desde as 22.00 horas ata as 22.00 horas do 17 de decembro de 2009, que afectará o persoal que presta os seus servizos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, outorgada audiencia ao comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A convocatoria de folga realizada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, deberá entenderse condicionada ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

A folga abrangue toda a xornada laboral e afecta todas as quendas e todos os centros de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Por tanto, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a adecuada cobertura do servizo esencial de asistencia social e educación, para os efectos de evitar que se produzan graves prexuízos.

Con eses mínimos trátase de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa prestación de servizos de asistencia social e educación que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas propias características do servizo dispensado, xa que un aprazamento na súa prestación pode supoñer graves prexuízos; é por iso que se manteñen uns servizos mínimos que se consideran necesarios para garantir un funcionamento mínimo tanto dos servizos de asistencia social como de educación.

Tendo en conta a súa duración, co obxecto de evitar posibles prexuízos, para a determinación e mantemento durante a folga dos servizos mínimos establécese como base para a súa determinación a garantía dun funcionamento mínimo dos centros, dadas as características dos usuarios/as dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nas escolas infantís, nos centros de atención ás persoas maiores e nas oficinas. Os centros teñen que permanecer abertos e debe garantirse, en todo caso, que quen acuda a eles teña cuberta a parte esencial do servizo, garantindo unha presenza. Ademais hai un tramo educativo no horarios das escolas infantís e unha atención sociosanitaria nos centros de atención ás persoas maiores e isto supón que, tanto uns como outros, permanezan abertos cando menos co persoal imprescindible para garantir a parte mínima do labor cotián que se desenvolve nos ditos centros.

Artigo 2º

A determinación dos/as profesionais necesarios deberá estar adecuadamente motivada.

A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos dos centros e debe exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento dos/as destinatarios/as.

Deberá quedar constancia nel dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas. A listaxe de profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios dos centros, con antelación suficiente ao comezo da folga.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

Artigo 3º

A designación nominal, que deberá recaer nos/as profesionais de xeito rotatorio, será determinada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e notificada aos profesionais designados de xeito nominal. O persoal designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

Artigo 4º

Os paros e as alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo e expostos nos taboleiros de anuncios do centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 5º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

ANEXO

Área de benestar.

- Servizos centrais: 3 persoas, 1 por cada servizo (xerontoloxía, Xantar na casa, inclusión).

- Centros residenciais: o persoal para a prestación do servizo equiparado a un domingo ou festividade.
- Centros de día: 1 traballador/a por cada 10 usuarios/as, cubrindo o acompañamento de transporte.

Oficina I+B: 1 traballador/a por oficina.

Escolas infantís.

- Servizos centrais: 1 técnico, 1 auxiliar administrativo.
- Escolas infantís: 1 persoa de atención directa por cada unidade aberta.

CEMVI: 1 persoa por quenda.

Servizos técnicos e de administración xeral:

- Rexistro: 1 traballador/a.
- Departamento xurídico: 1 técnico.
- Departamento de persoal: 1 técnico e 2 auxiliares.
- Departamento de contratación: 1 técnico.

Centros Quérote: 1 traballador/a por oficina.

42 Orde do 4 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións desta consellería.

(DOG nº 251, do 28.12.2009).

En virtude do Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Así mesmo, a través do Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixouse a estrutura orgánica básica dos seus departamentos. Polo Decreto 335/2009, do 19 de xullo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar que asume, o exercicio das competencias das políticas autonómicas no ámbito laboral e do benestar e inclúe, entre outras, as de relacións laborais, promoción do emprego, formación e colocación, xuventude, voluntariado, benestar social, dependencia, exclusión social e servizos comunitarios; materias que constitúen o contido das publicacións relacionadas nesta orde.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandado e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse con IVE incluído.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2009.

ANEXO

Premios GZcrea de Poesía 2008: 8 euros.

Outono fotográfico 2009: 18 euros.

43 Resolución do 27 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo e terceiro cuadrimestre de 2008.

(DOG nº 36, do 20.02.2009).

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración previstos no artigo 4.1ºc) da Lei de contratos do sector público, subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación de convenios previstos no artigo 4.1ºc) da Lei de contratos do sector público, subscritos pola Consellería de Traballo nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008, así como a seis convenios do segundo cuadrimestre de 2008 que quedaran pendentes de publicación, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009.

Ver anexo pdf "43-09.PDF"

44 Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.

(DOG nº 42, do 2.03.2009).

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración recollidos no artigo 4.1º.c) da Lei de contratos do sector público, subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2008 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "44-09.PDF"

45 Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.

(DOG nº 127, do 1.07.2009 e corrección de erros no DOG nº 131, do 7.07.2009).

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esta obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral no primeiro cuadrimestre de 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Ver anexo pdf "45-09.PDF"

Corrección de erros.-Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.

Advertido erro na devandita resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, número 127, do mércores, día 1 de xullo de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

- Na páxina 11.463, onde di: «Consellería de Traballo e Benestar»; debe dicir: «Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral».

46 Resolución do 29 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola suprimida Consellería de Traballo no primeiro cuadrimestre de 2009.

(DOG nº 148, do 30.07.2009).

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xullo), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación de convenios previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola suprimida Consellería de Traballo nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2009.

Ver anexo pdf "46-09.PDF"

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

CAPÍTULO II.- PROMOCIÓN DO EMPREGO

Fomento da contratación e da estabilidade laboral

47 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 9, do 14.01.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A Consellería de Traballo, a través do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, asumiu o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, uns dos obxectivos prioritarios é a urxente necesidade de facer efectiva a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e de acadar así unha verdadeira integración da muller no mercado laboral.

As condicións laborais das mulleres galegas é unha preocupación que se reflicte claramente no Acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, que dedica o seu capítulo cuarto ás políticas en favor da igualdade, establecéndose medidas de fomento do emprego para acadar o obxectivo dunha participación igualitaria de homes e mulleres no mercado de traballo.

Esta orde responde ao obxectivo de integrar o principio de igualdade na política de emprego da Xunta de Galicia establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Así, nesta orde recóllese o establecemento de medidas de cara ao exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Esta prioridade responde á convicción de que para lograr unha sociedade harmónica e máis xusta é necesario que todos os seus membros, e especialmente as mulleres, poidan ter as mesmas oportunidades de acceder e permanecer nun posto de traballo que lles permita o normal desenvolvemento da súa vida profesional e laboral.

Neste contexto, a Consellería de Traballo consciente de que a igualdade de oportunidades pasa pola plena incorporación ao mundo laboral, seguindo as recomendacións do Consello Europeo, establece un conxunto de medidas destinadas a mellorar o acceso e a permanencia das mulleres no emprego, xa sexa considerándoas como colectivo preferente, ou a través de programas específicos para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Nesta estratexia de compromiso co emprego feminino enmárcanse as medidas activas deseñadas pola Consellería de Traballo dirixidas a promover a corresponsabilidade do home e da muller nas tarefas que levan consigo a paternidade e o coidado de familiares.

A Lei 30/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, na súa disposición adicional sexaxésimo quinta, estableceu as bonificacións ás traballadoras autónomas e socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado cando se produza a súa reincorporación efectiva ao traballo despois da maternidade, e a

Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, recolle no seu artigo 4.2º as bonificacións ás traballadoras por conta allea cando se produza a súa reincorporación efectiva ao traballo tras un período de maternidade. Co obxecto de non subvencionar as situacións xa previstas pola normativa estatal, nesta orde exclúense das axudas as situacións que dean lugar ás bonificacións previstas nas devanditas normas estatais.

Tamén se conceden axudas pola substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares, nos termos e nos casos previstos no artigo 46.3º do Estatuto dos traballadores.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas realízase pola comprobación de concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado e suficiente para o dito fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que para o exercicio 2009 se recollen na disposición adicional sexta da orde.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, esta cofinanciación farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito, réxime das axudas e principios de xestión

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de promover a igualdade de oportunidades no acceso e na permanencia no emprego de homes e mulleres e promover a corresponsabilidade do home e da muller nas tarefas que levan consigo a paternidade e outras situacións pertencentes ao ámbito da familia, esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2009 os incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, a través das seguintes axudas:

   a) Axudas ás empresas que reincorporen a traballadores tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador do permiso de maternidade.

   b) Axudas ás empresas que substitúan a persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo aos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos os autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten ou reincorporen a traballadores e traballadoras para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde e non incorran nas circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   As sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións

públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Artigo 3º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos nesta orde as relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as persoas traballadoras contratadas para prestar servizos noutras empresas a través de contratos de posta á disposición. Non obstante o anterior, non quedan afectadas por esta exclusión as relacións laborais de carácter especial do persoal de alta dirección que poderán acollerse aos beneficios previstos nesta orde.

Artigo 4º.-Axudas ás empresas que reincorporen a persoas traballadoras tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador do permiso de maternidade.

1. Poderán ser obxecto de subvención as reincorporacións ao posto de traballo na empresa dos traballadores que desfrutasen dos períodos de descanso por causa de cesión ao traballador do permiso de maternidade, adopción ou acollemento preadoptivo ou permanente de menores de 6 anos, en virtude do establecido no artigo 45.1º e no artigo 48.4º do Estatuto dos traballadores, así como as reincorporacións ao exercicio da actividade profesional dos traballadores autónomos, socios traballadores ou de traballo das sociedades cooperativas, nos mesmos casos e supostos.

   Para os efectos das axudas a que se refire este artigo, entenderase que a reincorporación ao posto de traballo se produce cando finaliza definitivamente o período de descanso por causa da cesión ao traballador do permiso de maternidade, tanto no caso de que se desfrute a xornada completa ou a tempo parcial, nos termos regulados na disposición adicional primeira do Real decreto 1251/2001, do 16 de novembro, que desenvolve o artigo 48.4º do Estatuto dos traballadores.

2. Serán subvencionables as reincorporacións a que se refire o número 1 deste artigo, cando ademais concorran as seguintes circunstancias:

   a) Que o período de descanso desfrutado polo traballador que se reincorpora tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador do permiso de maternidade fose igual ou superior á metade do período máximo legal.

   b) Que durante o dito período se formalizase un contrato de interinidade para a substitución do traballador polo que se solicita a axuda pola súa reincorporación. Este contrato terá unha duración equivalente, como mínimo, ao 80% do período de descanso desfrutado polo traballador substituído.

   c) Que o traballador se reincorpore ao seu posto de traballo en virtude dunha relación laboral de carácter indefinido ou, no caso dos autónomos, para o desempeño dunha actividade profesional, habitual, persoal e directa.

3. A axuda, pagadoira dunha soa vez, consistirá nunha subvención en contía equivalente ao importe das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, correspondentes á base mínima para o ano 2009 do grupo de cotización ao que pertenza o traballador que se reincorpora ou, se é o caso, ao importe do 100% das cotas correspondentes á base mínima de cotización do correspondente réxime da Seguridade Social para traballadores autónomos. En ambos os dous casos a contía da subvención calcularase sobre 12 mensualidades.

Artigo 5º.-Axudas ás empresas que substitúan a persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares.

1. Poderán subvencionarse os contratos de interinidade que se realicen con persoas traballadoras desempregadas no momento da contratación, para substituír a persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares -nos supostos e nos termos previstos no artigo 46.3º do Estatuto dos traballadores-por un período non inferior a catro meses nin superior a tres anos, e sempre que en virtude de disposición legal ou convenio colectivo se trate dunha excedencia con reserva de posto de traballo, ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares nos supostos e termos previstos no artigo 37.5º do Estatuto dos traballadores.

2. Para os efectos desta axuda, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Os contratos de interinidade deberán cumprir os requisitos e formalidades establecidos no artigo 15.1º c) do Estatuto dos traballadores e normas regulamentarias de aplicación, así como formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

4. Os contratos de interinidade incentivaranse cunha axuda de 2.400 euros, que se reducirá proporcionalmente cando a súa duración sexa por un período inferior a un ano, e/ou cando o contrato de interinidade se asine a tempo parcial.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 6º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles aos delegados/as provinciais da Consellería de Traballo, cando a contratación ou a reincorporación se produza para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

Artigo 7º.-Solicitudes, prazos e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións

provinciais da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas reguladas nesta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se produza a reincorporación ao posto de traballo tras un proceso de paternidade ou se inicie a relación laboral en virtude dun contrato de interinidade. Para o cómputo deste prazo entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da reincorporación ou contratación. Se o último día de prazo fose inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009 aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a sinatura do contrato obxecto de subvención.

3. O 31 de marzo de 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas pola reincorporación á empresa tras un proceso de paternidade que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nesta orde, se realizasen entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde.

4. O 31 de marzo de 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións de interinidade para a substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución de xornada por motivos familiares, que cumprindo os requisitos e condicións establecidas nesta orde se realizasen entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde.

5. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es

6. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar, neste caso, coas solicitudes as devanditas certificacións.

7. Mediante a presentación da solicitude de subvención, o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos numeros 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario con que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, así como na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

9. Para a presentación de solicitudes de axudas os beneficiarios poderán contar coa información e o asesoramento da rede de axentes de emprego coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 8º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF; e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo anexo III). Ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (no modelo de solicitude).

3. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade bancaria acreditativa de que o solicitante é titular da conta (segundo o modelo anexo IV).

4. Deberán achegar documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

5. Nas axudas para os traballadores que se reincorporan á empresa tras un proceso de paternidade:

- Copia simple do DNI do traballador que se reincorpora.
- Documentos acreditativos da baixa por paternidade, adopción ou acollemento, así como da súa reincorporación á empresa logo do período de descanso correspondente.
- Boletín de cotización do último mes anterior dispoñible á data en que se produza a baixa e o correspondente ao mes da reincorporación.
- Contrato de interinidade celebrado para substituír o traballador que se reincorpora, e documentación acreditativa das datas de alta e baixa na Seguridade Social do traballador substituto.

6. Nas axudas para a substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de

traballo por motivos familiares:

- Contrato de interinidade e alta na Seguridade Social.
- Documento acreditativo da baixa e da situación de excedencia ou, se é o caso, da redución da xornada.

Artigo 9º.-Procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Promoción do Emprego das delegacións provinciais da Consellería de Traballo.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán do interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, considerarase desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 10º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos de promoción de emprego, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, de concesión ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses que se computarán desde a data da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ademais, poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, segundo o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaraselle á persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública dos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo públicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 11º.-Xustificación e pagamento.

1. De non se achegar con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se sinale na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

   a) Cando se trate de empresas de nova creación, alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

   b) No caso de axudas para os traballadores que se reincorporan á empresa tras un proceso de paternidade, o boletín de cotización á Seguridade Social do mes correspondente á incorporación.

   c) Declaración complementaria da establecida no número 2 do artigo 8º desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos. Ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e teña pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Capítulo III

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 12º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social, agás nos supostos da disposición adicional sexaxésimo quinta da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006 e o artigo 4.2º da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

2. Os beneficios establecidos nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

a) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

d) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Os traballadores que se reincorporen á empresa tras un proceso de paternidade deberán permanecer nela, como mínimo, durante un ano, contado desde a data da reincorporación. Se antes de transcorrer o dito prazo se produce, por calquera causa, a extinción da relación laboral do traballador reincorporado, a empresa deberá proceder a reintegrar a subvención concedida nos termos sinalados no artigo 15º desta orde.

A empresa beneficiaria, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte ao da reincorporación, deberá presentar a documentación acreditativa da situación de alta na empresa do traballador obxecto de subvención.

f) Nas axudas para a substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares, a empresa beneficiaria ten, ademais, as seguintes obrigas:

- No suposto de cesamento da persoa traballadora interina, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora desempregada terá que realizarse durante o período da substitución, dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria á delegación provincial da Consellería de Traballo, dentro dos vinte días seguintes ao da cobertura do posto.

- Comunicar a data de incorporación ao seu posto de traballo da persoa substituída dentro do mes seguinte a aquel en que esta se produza, ou, se é o caso, da súa reincorporación á xornada ordinaria.

g) Aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 15º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 16º.-Seguimento e control.

A Consellería de Traballo poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 17º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se prevé no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás

cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguemento do programa.

Para realizar as ditas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados e delegadas provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas previstas nesta orde; para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias das que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2009 01 053, cun crédito de 1.181.034 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia , aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídas no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Sétima.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Oitava.-Os incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación laboral e familiar está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na orde do 25 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2008 os incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, cofinanciada polo Fondo Social Europeo (DOG nº 61, do 31 de marzo de 2008) e na Orde do 29 de marzo de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2007 os incentivos a contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar (DOG nº 108, do 6 de xuño de 2007).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "47-09.PDF"

48 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A través do Decreto 36/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, un dos obxectivos prioritarios é a urxente necesidade de facer efectiva a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e acadar así unha plena integración da muller no mercado laboral.

As condicións laborais das mulleres galegas son unha preocupación que se reflicte constantemente no acordo polo emprego asinado o 5 de febreiro de 2007 entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, no cal se inclúe un amplo abano de medidas para un novo marco de relacións laborais en Galicia na busca dun mercado de traballo galego máis produtivo, máis estable e seguro e, o que é fundamental, menos discriminatorio para as mulleres galegas. En concreto, no acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia dedícase o capítulo 4 aos obxectivos e medidas en materia de políticas en favor da igualdade, establecéndose medidas de fomento do emprego das mulleres de cara a conseguir unha participación en pé de igualdade da muller no mercado laboral.

No marco das políticas activas de emprego, desenvolvidas pola Consellería de Traballo, os incentivos á contratación por conta allea configúranse como un instrumento para facilitar o acceso e a permanencia no emprego dos colectivos de traballadores con maiores dificultades e, pola súa vez, como unha ferramenta para fomentar a estabilidade laboral das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas.

Na programación dos incentivos para o ano 2009, o colectivo feminino segue a ser un dos especialmente atendidos no conxunto dos incentivos á contratación indefinida, co obxectivo de aplicar en favor das mulleres galegas medidas activas de política laboral que favorezan a súa inserción no mercado de traballo, a súa representación equilibrada en todas as profesións e sectores de actividade, unha maior participación na taxa de actividade e de ocupación, e que, ao mesmo tempo, contribúan a reducir o diferencial da taxa de desemprego entre os homes e as mulleres.

Como novidade, nesta orde increméntanse as contías das axudas para os desempregados procedentes de empresas de sectores de actividade inmersas en procesos de reestruturación dos seus cadros de persoal, como consecuencia do menor crecemento económico. Así mesmo, este programa intensifica os esforzos dedicados á non-discriminación das empresas máis pequenas, que son as que están a sufrir con máis intensidade a crise e as que teñen menos capacidade de afrontala. Ata o de agora, a intensidade dos incentivos non tiña en conta o tamaño da empresa; as contías dos incentivos para o ano 2009 teñen en conta esta situación e gradúan a súa intensidade en función do tamaño da empresa, priorizando especialmente as microempresas de menos de 10 traballadores.

Esta orde responde ao obxectivo de integrar o principio de igualdade na política de emprego da Xunta de Galicia establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Así, nesta orde recóllese o establecemento de medidas de discriminación positiva en favor do sexo menos representado no mercado laboral.

Nesta orde recóllense como beneficiarios específicos determinados colectivos da disposición adicional sexta de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, tales como mulleres na busca do primeiro emprego ou mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares. O resto de colectivos establecidos na antedita disposición adicional incentívase a través da orde específica que regula os programas de incentivos aos colectivos en risco de exclusión social.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do programa de fomento da contratación por conta allea das mulleres desempregadas. Regúlanse os incentivos á contratación indefinida tanto inicial como a transformación de determinados contratos temporais en indefinidos, dirixidos a impulsar a estabilidade laboral nas empresas galegas, o crecemento global do emprego, así como a inserción laboral do colectivo feminino.

Xunto con estas medidas, e dada a necesaria complementariedade entre as actuacións da Administración autonómica e as de ámbito estatal cara ao logro da inserción da muller no mundo laboral, as axudas para o fomento do emprego da muller establecidas pola Xunta de Galicia son compatibles cos programas estatais de fomento do emprego aplicable a todo o Estado.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no que resulte de

aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado e suficiente para o dito fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sétima.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, de 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de facilitar a inserción laboral das mulleres traballadoras que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder ou permanecer no mercado de traballo, esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2009 dos incentivos á súa contratación indefinida.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten por conta allea traballadoras pertencentes aos colectivos relacionados no artigo 3º para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas e non incorran nas circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   As sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle correspondan á agrupación.

2. Nin as administracións públicas, as sociedades públicas ou as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde.

Artigo 3º.-Colectivos.

Para os efectos dos incentivos regulados nesta orde, defínense como colectivo beneficiario as mulleres maiores de 31 anos nas cales concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou de unidades familiares nas cales ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente no momento da solicitude.

b) Mulleres desempregadas que se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións en que estean subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro), para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

c) Mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos.

d) Mulleres desempregadas que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto.

e) Mulleres desempregadas demandantes de primeiro emprego.

f) Mulleres desempregadas demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratadas nela.

g) Mulleres desempregadas emigrantes retornadas.

h) Mulleres desempregadas procedentes de empresas en crise ou

que procedan de empresa pertencentes a sectores en reestruturación, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) definida no anexo VI.

i) Mulleres desempregadas que non estean incluídas en ningún dos colectivos anteriores.

Artigo 4º.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Esta orde ten por obxecto fomentar a contratación indefinida por conta allea das desempregadas traballadoras a través das seguintes axudas:

a) Axudas ás contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo e a tempo parcial, que se realicen con traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación.

b) Axudas ás transformacións en indefinidos de contratos para a formación, en prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de xubilación e de interinidade, calquera que sexa a data da súa celebración, sempre que na data de celebración da contratación temporal de que trae causa, a muller fose maior de 31 anos de idade.

Cando se trate de contratos de interinidade, a súa transformación en indefinido só será subvencionable cando se manteña o posto do traballador substituído ou substituída, o que terá que acreditarse debidamente.

No caso de transformación de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo, agás as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal.

2. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización e que consta no TC2, o interino non se computa.

3. Para os efectos desta orde, terán a consideración de mulleres desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As ditas contratacións e transformacións, para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Artigo 5º.-Requisitos das empresas.

As empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa deberá ser igual ou superior ao 75% no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta, ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral. Só se subvencionarán aquelas contratacións que superen a dita media

d) Para os efectos desta orde terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Artigo 6º.-Axudas.

1. As contratacións indefinidas iniciais, a xornada completa ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, incentivaranse cunha axuda pagadoira por unha soa vez de 7.500 euros cando a muller contratada pertenza a algún dos seguintes colectivos:

a) Mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou mulleres desempregadas de unidades familiares en que ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

b) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións en que estean subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro), para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

c) Mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos.

d) Mulleres desempregadas que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto.

e) Mulleres desempregadas demandantes de primeiro emprego.

f) Mulleres demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratadas nela.

g) Mulleres desempregadas que sexan emigrantes retornadas.

h) Mulleres desempregadas procedentes de empresas en crise ou que procedan de empresa pertencentes a sectores en reestructuración, segundo os CNAE definidos no anexo VI.

2. As contratacións indefinidas iniciais realizadas con mulleres desempregadas maiores de 31 anos que non estean incluídas en ningún dos colectivos anteriores incentivaranse cunha axuda de 2.000 euros.

3. As transformacións en indefinidos dos contratos temporais incentivaranse cunha contía de 3.000 euros.

4. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións as realicen microempresas.

5. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, a contía dos incentivos establecidos nos puntos anteriores serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.

6. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais da traballadora contratada, calculada sobre dúas anualidades

Artigo 7º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate unha soa familiar maior de 31 anos e menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior da traballadora con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese, en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de seis meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

e) Mulleres desempregadas maiores de 31 anos, paradas de longa duración. Para os efectos deste programa, entenderase por traballadoras desempregadas de longa duración: aquelas que, na súa data da alta no correspondente réxime de Seguridade Social, estivesen sen traballo e tivesen acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregadas na oficina de emprego de 180 días se fosen de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 8º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde corresponderalle/s por delegación do conselleiro de Traballo:

1. Aos delegados e ás delegadas provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego cando as contratacións se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias ou no suposto de que a solicitude se realice pola contratación de 30 ou máis traballadoras.

Artigo 9º.-Solicitudes, prazos e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se é o caso, a Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas desta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido. Para o cómputo deste prazo entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación. Se o último día de prazo fose inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

3. O 31 de marzo de 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións indefinidas iniciais de mulleres desempregadas pertencentes aos colectivos establecidos no artigo 3º e polas transformacións en indefinidos de contratos temporais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nesta orde, se realizasen entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde.

4. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

Para a formalización das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e deberá presentar coas solicitudes as devanditas certificacións.

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención, o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

8. Para a presentación das solicitudes de axudas os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 10º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados (anexos I e II) que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal das traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III-A ou III-B).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores á data de inicio da relación laboral da traballadora contratada ou da transformación, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo IV).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 5º.

4. Copia simple do DNI da traballadora.

5. No caso de contratacións iniciais: copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social .

6. No caso de transformacións: o contrato temporal de que trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

7. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza aos correspondentes colectivos.

8. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

9. Sectores de actividade en reestruturación (anexo VI).

10. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VII).

11. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, se o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

12. Nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación da traballadora obxecto de solicitude de subvención ou, se é o caso, declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais totais do dito mes.

Artigo 11º.-Procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e, en servizos centrais, o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e impro-

rrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 12º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Declaración complementaria da establecida no artigo 10º.8 desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

   b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Capítulo III

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 15º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Para o caso de que se solicitasen os incentivos previstos nesta orde pola transformación dun contrato temporal subvencionado, e a conversión se produza con anterioridade á duración mínima inicial do contrato temporal, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado, reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

3. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

1. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

4. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. Manter no seu cadro de persoal fixo por un período mínimo de tres anos as traballadoras subvencionadas.

   Cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer a nova traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

6. Manter, en cómputo anual, o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, durante polo menos tres anos.

7. Manter a composición da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos tres anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

8. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán achegar durante os tres anos seguintes ao das realizacións das contratacións subvencionadas, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do dito período de 12 meses. Esta declaración deberá presentarse cada ano natural nos tres meses posteriores ao mes en que se realizou a contratación subvencionada.

9. Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

   a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 16º.5 desta orde, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo.

   b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 16º.6 desta orde, o cálculo da contía que se reintegre farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Neste suposto, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente de que se trate, por cada traballadora minorada.

   c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto de emprego, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que se vaia reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade establecida no artigo 5º a) desta orde, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

3. En todos os demais supostos de incumprimento de obrigas procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

4. As obrigas de reintegro establecidas nos parágrafos anteriores, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 19º.-Réxime de axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión da Unión Europea, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

En virtude do dito regulamento quedan excluídas deste as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada a axuda ilegal e incompatible no mercado común.

Así mesmo, e para os efectos do cumprimento deste regulamento todos os colectivos relacionados no artigo 3º desta orde, deberán cumprir o requisito establecido no artigo 2º.18 a) do devandito regulamento, é dicir, ter tido un emprego fixo remunerado nos seis meses anteriores á data da contratación.

As axudas polas transformacións en indefinidos de contratos temporais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000, do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e ao funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles que de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopan en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social das traballadoras, será realizada directamente polo órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra a), terá a consideración de titular de familia monoparental e con cargas familiares, a muller solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillas ou fillos menores de 21 anos ou persoas maiores incapacitadas e que non obteñan ingresos de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra g), terán a consideración de mulleres retornadas aquelas emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Para os efectos do sinalado no artigo 6º h) desta orde terán a consideración de mulleres desempregadas procedentes de empresas en crise aquelas traballadoras cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ben a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores ou ben cando a extinción do contrato de traballo sexa polas causas obxectivas recollidas no artigo 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01 025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.470.8, código de proxecto 2009 01 077, cun crédito de 15.000.000 euros 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros; 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2009 01 053, cun crédito de 1.181.034 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para a financiamento desta orde; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Oitava.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Novena.-Os incentivos á contratación dirixidos a incentivar a contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 25 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (DOG nº 104, do 31 de maio de 2007) e na Orde do 11 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e procédese á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 73, do 16 de abril de 2008).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "48-09.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea, fomento das iniciativas emprendedoras e do autoemprego establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 690 polo importe de 27.778,10 euros.

48.04.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 692 polo importe de 14.389,30 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2007 00 697 polo importe de 10.705,29 euros.

48.04.322C.470.2, código de proxecto 2007 00 672 polo importe de 16.411,68 euros.

48.04.322C.472.0, código de proxecto 2008 00 550 polo importe de 216.501,63 euros.

48.04.322C.472.2, código de proxecto 2008 00 560 polo importe de 1.157.662,70 euros.

48.04.322C.472.5, código de proxecto 2008 00 568 polo importe de 44.647,82 euros.

Estas contías constitúen o importe global destas aplicacións para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 11, do 16 de xaneiro).

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 11, do 16 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 690 polo importe de 27.778,10 euros.

48.04.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 692 polo importe de 14.389,30 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2007 00 697 polo importe de 10.705,29 euros.

48.04.322C.470.2, código de proxecto 2007 00 672 polo importe de 16.411,68 euros.

48.04.322C.472.0, código de proxecto 2008 00 550 polo importe de 216.501,63 euros.

48.04.322C.472.2, código de proxecto 2008 00 560 polo importe de 1.157.662,70 euros.

48.04.322C.472.5, código de proxecto 2008 00 568 polo importe de 44.647,82 euros.

Estas contías constitúen o importe global destas aplicacións para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

Artigo 3º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº10, do 15 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2007 00 693 polo importe de 41.119,36 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2007 00 694 polo importe de 34.126,55 euros.

48.04.322C.472.1, código de proxecto 2008 00 551 polo importe de 286.350,34 euros.

48.04.322C.472.3, código de proxecto 2008 00 554 polo importe de 467.795,60 euros.

Esta contía constitúe o importe global desta aplicación para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

48.04.322C.472.4, código de proxecto 2008 00 566 polo importe de 125.309,55 euros.

Esta contía constitúe o importe global desta aplicación para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), e da Orde do 30 de decembro 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

Artigo 4º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.472.3, código de proxecto 2008 00 554 polo importe de 467.795,60 euros.

Esta contía constitúe o importe global desta aplicación para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

48.04.322C.472.4, código de proxecto 2008 00 566 polo importe

de 125.309,55 euros.

Esta contía constitúe o importe global desta aplicación para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), e da Orde do 30 de decembro 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

Artigo 5º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 do decembro 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.472.4, código de proxecto 2008 00 566 polo importe de 125.309,55 euros.

Esta contía constitúe o importe global desta aplicación para o financiamento desta orde e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro).

Artigo 6º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), como consecuencia dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, correspondentes ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.0, código de proxecto 2007 00 691 polo importe de 62.896,13 euros.

Artigo 7º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2009.

49 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009, resolucións de publicación de requisitos no DOG nº 77, do 22.04.2009 e no DOG nº 79, do 24.04.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A través do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Correspóndelle, pois, á Consellería de Traballo a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego no marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, e no Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia.

En concreto, no Acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia inclúese un amplo abano de medidas para un novo marco de relacións laborais en Galicia na busca dun mercado de traballo galego máis produtivo, máis estable e seguro. Previstas nel as medidas para lograr os obxectivos de estabilidade, póñense en marcha programas de promoción e xestión de plans de estabilidade que establezan taxas sectoriais que hai que alcanzar e analicen a situación dos distintos sectores de actividade, medidas a que da resposta esta orde.

Na programación dos incentivos á contratación para o ano 2009 tense en conta o novo marco determinado pola recente crise económica. Paliar os efectos desta crise e proseguir na mellora da calidade do emprego e das relacións laborais figura entre as prioridades da Consellería de Traballo. Así, o Plan Contigo, posto en marcha por esta, recolle programas específicos dirixidos a paliar os efectos desta crise no mercado laboral.

Con respecto aos incentivos á contratación por conta allea ata agora a súa intensidade non tiña en conta o tamaño da empresa, as contías dos incentivos para o ano 2009 teñen en conta esta situación e gradúan a súa intensidade en función do tamaño da empresa, priorizando especialmente as microempresas de menos de 10 traballadores, xa que as empresas máis pequenas son as que están a sufrir con máis intensidade a crise e as que teñen menos capacidade de afrontala.

A Consellería de Traballo, consciente da importancia de que as taxas de estabilidade dos diferentes sectores de actividade se determinen mediante un acordo sectorial consensuado e pactado no ámbito territorial de Galicia, regula, do mesmo xeito que o viña facendo ata agora, para o ano 2009, nunha orde independente, o procedemento e os requisitos para alcanzar os acordos sobre a taxa de estabilidade nos diferentes sectores de actividade.

As bases que rexen o programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito adecuado e suficiente para o dito fin no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional oitava.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime de axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de fomentar a creación e consolidación do emprego fixo e de calidade a través dun programa específico de estímulo e apoio ao cambio estrutural cara a un maior nivel de estabilidade, dos cadros de persoal das empresas instaladas en Galicia, esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 dos incentivos á contratación indefinida inicial ou por transformación de contratos temporais en indefinidos, xa sexan a tempo completo xa a tempo parcial, incluídos os traballos fixos-descontinuos, que se realicen como consecuencia de plans empresariais de estabilidade laboral, segundo a definición establecida no artigo 5º desta orde.

2. Para os efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que no momento da súa contratación estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

4. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde e non incorran nas circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Artigo 3º.-Ámbito de aplicación.

1. Os plans empresariais de estabilidade, para que poidan acollerse a este programa, deberán axustarse ao seguinte:

a) As empresas pertencentes a sectores de actividade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade alcanzados segundo o recollido na orde pola que se establece o procedemento e os requisitos para alcanzar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, deberán cumprir o establecido no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade do sector a que pertenza a empresa solicitante dos incentivos, de acordo co establecido na dita orde ou na resolución do director xeral de Promoción do Emprego, se non houber acordo.

b) As empresas pertencentes a sectores de actividade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade, deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 5.2º desta orde.

2. En ambos os dous casos, os plans deberán estar elaborados e presentados no prazo sinalado no artigo 8º, sendo subvencionables ao abeiro desta orde as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro de 2009, e sempre que se trate de:

1. Das contratacións indefinidas iniciais realizadas con persoas traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. De conversións en indefinidos de contratos temporais ou de duración determinada celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta orde, calquera que sexa a modalidade contractual obxecto de transformación. A limitación temporal anterior non será de aplicación nos seguintes supostos:

- Cando se trate da transformación en indefinidos de contratos formativos, de revezamento, ou de substitución por anticipación da idade de xubilación.
- Cando se trate de contratos de interinidade. Neste caso, a súa transformación en indefinidos só será subvencionable cando se manteña o posto da persoa traballadora substituída, o que terá que acreditarse no expediente.

No caso de transformación de contratos temporais cunha xornada a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo, agás as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar o día seguinte ao de remate da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.

A conversión en contratos indefinidos dos contratos temporais ou de duración determinada non será subvencionable cando teña a súa orixe no cumprimento de obrigas legais.

3. As ditas contratacións iniciais e transformacións de contratos temporais en indefinidos, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina do Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

5. Para os efectos desta orde terán a consideración de microempresas aquelas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, ambos inclusive sexa inferior a 10 traballadores.

No caso de empresas que se acolleran aos inentivos de plans empresariais do ano 2008 terán a consideración de microempresas aquelas nas que o número total de traballadores acadados coa resolución do plan sexa inferior a 10 traballadores.

Artigo 4º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadoras ou traballadores para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estas últimas persoas. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea os/as fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun/dunha traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadores ou traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior da traballadora ou do traballador con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadoras e traballadores que finalizasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formaliza-

ción do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Capítulo II

Definición, requisitos e contido dos plans empresariais de estabilidade laboral

Artigo 5º.-Definición.

Para os efectos desta orde, terán a consideración de plans empresariais de estabilidade laboral:

1 Os plans empresariais de incremento da estabilidade laboral vinculados a un acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade son aqueles que tendo a súa orixe nun acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade, se elaboren a nivel de empresa e prevexan a realización dun número de contratacións indefinidas iniciais ou por transformación de contratos temporais en indefinidos que permitan alcanzar, cando menos, as taxas de estabilidade previstas no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade de aplicación.

Serán subvencionables os plans de estabilidade laboral que cumpran os seguintes resultados:

a) Alcanzar a taxa de estabilidade mínima establecida no acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade. Ademais, coa execución do plan deberase alcanzar unha taxa de estabilidade superior á do período de referencia.

b) Incrementar o número de empregos fixos, de modo que superen a media aritmética do cadro de persoal fixo da empresa en Galicia no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, ambos inclusive. Unicamente serán subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, no cómputo do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas que se producisen por propia vontade da persoa traballadora, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer un incremento neto do emprego total respecto da media alcanzada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008, de modo que superen a media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa en Galicia no período de referencia.

d) En ningún caso as contratacións indefinidas realizadas poderán implicar unha diminución da totalidade das persoas traballadoras, no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia na media do período comprendido entre o 1 de outubro 2007 e o 30 de setembro de 2008.

2. Os plans empresariais de incremento de estabilidade laboral non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade son aqueles que elaboren as empresas que pertenzan a sectores de actividade en que non exista acordo sectorial sobre a taxa de estabilidade e acaden os seguintes resultados:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa en Galicia, deberá ser igual ou superior ao 75%.

b) Un incremento, como mínimo, de 5 puntos da taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa en Galicia respecto da media alcanzada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008.

Cando a empresa teña no período de referencia unha taxa de estabilidade igual ou superior ao 80%, non será exixible o incremento de 5 puntos establecido no parágrafo anterior. Non obstante, a empresa deberá alcanzar coa execución do plan unha taxa de estabilidade superior á do período de referencia.

c) Incrementar o emprego fixo, de modo que superen a media aritmética do cadro de persoal fixo da empresa en Galicia no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 setembro de 2008. Unicamente serán subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, no cómputo do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas que se producisen por propia vontade da persoa traballadora, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

d) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer un incremento neto do emprego total respecto da media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 a o 30 de setembro de 2008 de modo que superen a media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa en Galicia no período de referencia.

e) En ningún caso as contratacións indefinidas realizadas poderán implicar unha diminución da totalidade das persoas traballadoras no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia na media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008.

3. Para os efectos do establecido nos puntos anteriores entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Para o seu cálculo, en cómputo anual, terase en conta a media aritmética do cadro de persoal fixo e temporal nos períodos de referencia establecidos nos puntos anteriores.

4. Nos plans empresariais de incremento da estabilidade laboral, para os efectos previstos nesta orde, deberán constar expresamente, entre outros, aos seguintes extremos:

a) O calendario de execución do plan empresarial con especificación das contratacións que se realizarán no período de execución do plan comprendido entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro de 2009, e que poderán ser obxecto de subvención ao abeiro desta orde.

b) A identificación dos centros de traballo que a empresa posúa en Galicia, con indicación do número de persoas traballadoras fixas e temporais empregadas no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008.

c) A indicación da media aritmética da totalidade do cadro de persoal da empresa no conxunto dos centros de traballo en Galicia no dito período, así como a referida ao cadro de persoal fixo e temporal no mesmo período de referencia.

d) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa en Galicia alcanzada na media do período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008.

e) A estrutura prevista do cadro de persoal da empresa en Galicia no último mes de execución do plan, con indicación do número de persoas traballadoras fixas e temporais e con expresión da taxa de estabilidade alcanzada e do incremento que represente respecto da taxa inicial.

3. Estes plans deberán constar por escrito no modelo normalizado que figura como anexo desta orde, e asinado polo representante da empresa. Da presentación do dito plan deberán ser informados os representantes legais do cadro de persoal da empresa.

Artigo 6º.-Incentivos.

1. Os incentivos ás contratacións indefinidas, iniciais ou por transformación de contratos temporais ou de duración determinada, incluídos os fixos descontinuos, determinaranse en atención á taxa de estabilidade que a empresa alcance como consecuencia das contratacións realizadas no período de referencia e segundo se trate, de contratación inicial ou de conversión de contratos temporais en indefinidos.

2. Plans empresariais de estabilidade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade. Subvencionaranse de acordo coa seguinte escala:

a) Contratacións indefinidas realizadas para alcanzar a taxa de estabilidade mínima que estableza o acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade e ata a dita taxa incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial:

a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.000 euros, e incrementaranse a 3.750 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros, e incrementaranse a 3.250 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b) Contratacións indefinidas coas cales se alcance unha taxa de estabilidade superior á taxa de estabilidade mínima incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial.

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 4.500 euros, e incrementaranse a 5.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, e incrementaranse a 4.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

c) Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións as realicen microempresas.

3. Plans empresariais de estabilidade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade:

Os incentivos ás contratacións indefinidas, determinaranse en atención ás taxas de estabilidade que a empresa alcance como consecuencia das contratacións realizadas no período de referencia e segundo se trate, de contratación inicial ou de conversión de contratos temporais en indefinidos, de acordo coa seguinte escala:

a) Taxa de estabilidade alcanzada do 75% e ata o 90%:

a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.000 euros, e incrementaranse a 3.750 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros, e incrementaranse a 3.250 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b) Taxa de estabilidade alcanzada de máis do 90%:

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 4.500 euros, e incrementaranse a 5.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3º desta orde incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, e incrementaranse a 4.500 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

c) Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións as realicen microempresas.

4. Cando se trate de contratacións a tempo parcial a contía da subvención será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

5. Os incentivos establecidos neste artigo non poderán superar o 60% do custo salarial total do contrato que se subvenciona calculado sobre dúas anualidades.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 7º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1) Ás delegadas e delegados provinciais da Consellería de Traballo cando todas as contratacións con orixe no plan empresarial de estabilidade laboral se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia, agás nos supostos previstos no punto seguinte.

2) Ao director xeral de Promoción do Emprego, nos seguintes supostos:

a) Cando as contratacións derivadas do dito plan se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cando os ditos plans prevexan que a solicitude se realice pola contratación indefinida de 30 ou máis traballadoras e traballadores no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 8º.-Solicitudes, prazo e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se for o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 30 de xuño de 2009.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións coa solicitude.

4. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario co que se implantan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade das subvencións e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

6. As solicitudes e os anexos desta orde están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es/

   Para a formalización das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

7. Para a presentación das solicitudes de axudas, os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 9º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e CIF da empresa.

2. As previsións de contratacións iniciais e transformacións de contratos temporais en indefinidos coas cales, no seu conxunto, se alcancen os requisitos previstos no artigo 5º desta orde, no modelo normalizado (anexo III).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no período de referencia, no modelo normalizado (anexo IV ou anexo V).

   Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 5º desta orde.

4. Relación nominal das persoas traballadoras contratadas polas cales se solicita subvención ata, cando menos, o 30 de xuño de 2009 (anexo VI), e a seguinte documentación:

   a) Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.

   b) No caso de contratacións iniciais, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

   c) No caso de transformacións, o contrato temporal de que deriva e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo VII).

6. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VIII).

7. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Artigo 10º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. Os órganos instrutores dos expedientes serán nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e na Dirección Xeral de Promoción do Emprego o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 11º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas correspondentes intervencións, as resolucións serán ditadas polo órgano correspondente e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, de concesións ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a Autoridade de Xestión do Programa Operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 12º-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, orixinal ou copia compulsada, entre a cal deberá figurar a seguinte:

a) Relación nominal da totalidade das persoas traballadoras contratadas como consecuencia da execución do plan de estabilidade, e agás que se presentase xunto coa solicitude, a seguinte documentación referente a cada un delas:

- Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.
- No caso de contratacións iniciais, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.
- No caso de transformacións, o contrato temporal de que deriva e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período do cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

c) Declaración da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia no último mes de execución do plan, con indicación do número de traballadores fixos e temporais no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia, con expresión da taxa de estabilidade alcanzada e o incremento que representa respecto do período de referencia.

d) Declaración complementaria da establecida no artigo 9º desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo VII).

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude a opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

4. As empresas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de

concesión, ou, se é o caso, ata o 15 de decembro de 2009.

Capítulo IV

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 13º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As empresas que soliciten incentivos á contratación indefinida con orixe en plans empresariais de estabilidade laboral, durante o período de execución deste, non poderán solicitar outras axudas ou subvencións á contratación indefinida polas mesmas persoas traballadoras convocada pola Consellería de Traballo.

2. As subvencións previstas nesta orde para as contratacións con orixe en plans empresariais de estabilidade laboral serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os beneficios establecidos á contratación indefinida nesta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sen que, en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

Artigo 14º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

5) Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde durante un período mínimo de 3 anos.

No suposto de extinción da relación laboral da traballadora ou do traballador polo cal se concedese a subvención, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora, que deberá reunir os requisitos da persoa traballadora substituída, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda de fomento da contratación indefinida.

Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

6) Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos tres anos, que se contarán desde o último mes en que se realicen contratacións.

7) Non modificar a composición da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia, no seu cómputo anual, de xeito que non se produza unha diminución da taxa de estabilidade alcanzada polo menos nos 3 anos, desde o último mes en que se realicen contratacións.

8) Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar durante os tres anos posteriores ao de realización da última contratación, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados a partir do mes seguinte ao de realización da contratación, así como o TC2 correspondente ao último mes do devandito período de 12 meses.

9) Para cada ano no que se manteña esta obriga, o prazo para a presentación da devandita documentación, será de tres meses contados a partir do último mes en que se realizase a última contratación.

Artigo 15º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 16º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 14.5º desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade alcanzada se reduza, e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento de emprego neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida.

Para o cálculo da contía que haxa que reintegrar terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade alcanzada que figura na resolución de concesión das axudas, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos reintegrarase o 10% de subvención concedida, e así sucesivamente.

Entenderase que se está ante un incumprimento total e, por tanto, procederá o reintegro total da axuda concedida, no caso de que a taxa de estabilidade alcanzada resulte inferior á taxa de estabilidade mínima establecida nos artigos 5.1º a) e 5.2º a) desta orde e, así mesmo, polo incumprimento das restantes obrigas establecidas no seu artigo 14º.

3. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores, enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 17º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 18º.-Réxime das axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas, iniciais e por transformacións en indefinidos dos contratos temporais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, e ata a autorización por parte da Comisión Europea das axudas notificadas, o pagamento queda sometido ao réxime de axudas de minimis nos termos establecidos no Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de mínimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse axudas para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

f) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común xa se encontre en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nas delegadas e delegados provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que deriven, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o caso de que se soliciten os incentivos previstos nesta orde pola transformación en indefinido dun contrato en prácticas, e a conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses, compensarase a parte da subvención concedida corres-

pondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Quinta.-A concesión das subvencións previstas na orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-Cando se trate de empresas que se acolleron aos incentivos convocados no ano 2008, para determinar o incremento da taxa de estabilidade e do emprego a que se refiren o artigo 5º e demais artigos concordantes desta orde, non se terán en conta as medias do período comprendido entre os meses de outubro de 2007 a setembro de 2008, senón que a referencia para determinar os incrementos exixidos serán os resultados acadados coa execución do plan no dito ano.

Sétima.-No caso das empresas que presentasen o seu último plan de incremento da estabilidade laboral no ano 2006 e no ano 2007 ao abeiro das súas respectivas ordes de convocatoria para determinar o incremento da taxa de estabilidade e do emprego, as medias serán as do período comprendido entre os meses de outubro de 2007 e setembro de 2008. Non obstante, as ditas medias non poderán ser inferiores aos resultados alcanzados coa execución do plan do ano 2006 e 2007.

Oitava.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01 025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.470.8, código de proxecto 2009 01 077, cun crédito de 15.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros, 16.02.322C.472.3, código de proxecto 2009 01 041, cun crédito de 3.781.656 euros, 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2009 01 053, cun crédito de 1.181.034 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Novena.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Décima.-Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 24 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (DOG nº 104, do 31 de maio de 2007) e na Orde do 19 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (DOG nº 100, do 26 de maio de 2008).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "49-09.PDF"

Resolución do 1 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade acadados ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade.

A Orde do 16 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) pola que se establece o procedemento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, establece no artigo 2 os sectores produtivos que poderán ser obxecto de acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade, para os efectos de determinar as taxas de estabilidade inicial e mínima destes sectores para poder acceder aos incentivos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), dispoñendo no artigo 6º que os citados acordos serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Consonte o anterior, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego

ACORDA:

Primeiro.-Publicar a taxa de estabilidade inicial do sector e a taxa de estabilidade mínima que deberán acadar as empresas do sector coas contratacións que se realicen no período outubro de 2008 a setembro 2009, establecidas nos acordos recollidos nas actas: acta 1/09, do 4 de febreiro de 2009, para o sector da agricultura; acta 1/09, do 4 de febreiro de 2009, para o sector de industria téxtil e da confección; acta 1/09, do 6 de febreiro de 2009, para o sector de hostalería; acta 1/09, do 20 de febreiro de 2009, para o sector de comercio; acta 1/09, do 5 de marzo de 2009, para o sector da construción, acta 1/09, do 27 de marzo de 2009, para o sector de pompas fúnebres de Galicia, e acta 1/09, do 30 de marzo de 2009, para o sector agroalimentario, que constan en poder do Consello Galego de Relacións Laborais e que son as seguintes:

CNAE	Actividade	T.E. inicial		T.E.mínima	
01	Agricultura	72,5%		74%	
02	Silvicultura, explotación forestal	62%		66%	
13 14	Industria téxtil e da confección	Ata 50 traballadores	Máis de 50 traballadores	Ata 50 traballadores	Máis de 50 traballadores
		57%	72,5%	57,5%	73,5%
55 56	Hostalería	70%		71,5%	
47	Sector de comercio	73,75%		74,75%	
41 42 43	Construcción	67%		67,1%	
96.03	Pompas fúnebres	87,5%		88,50%	
10 11	Sector agroalimentario	68%		70%	

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Resolución do 14 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade acadados ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade.

A Orde do 16 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) pola que se establece o procedemento e os requisitos para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, establece no artigo 2 os sectores produtivos que poderán ser obxecto de acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade, para os efectos de determinar as taxas de estabilidade inicial e mínima destes sectores para poder acceder aos incentivos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), que dispón no artigo 6 que os citados acordos serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Consonte o anterior, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego

ACORDA:

Primeiro.-Publicar a taxa de estabilidade inicial do sector e a taxa de estabilidade mínima que deberán acadar as empresas do sector coas contratacións que se realicen no período de outubro 2008 a setembro 2009, establecidas nos acordos recollidos nas actas: acta 1/09, de marzo de 2009, para o sector de transportes de mercadorías por estrada de Lugo, acta 1/09, do 12 de marzo de 2009, para o sector do comercio de alimentación de Lugo, acta 1/09, do 10 de marzo de 2009, para o sector do comercio do metal de Lugo, acta 1/09, do 10 de marzo de 2009, para o sector do siderometal de Lugo, que constan en poder do Consello Galego de Relacións Laborais e son as seguintes:

Actividade, T.E Inicial, T.E. Mínima.

Transportes de mercadoría por estrada de Lugo, 30%, 35%.

Comercio de alimentacion de Lugo, 35%, 40%.

Comercio do metal de Lugo, 35%, 40%.

Siderometal de Lugo, 35%, 40%.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2009.

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Ver páxina 180

50 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, cuxo exercicio corresponde hoxe en día á Consellería de Traballo, ao abeiro do disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro.

O Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, subscrito o 5 de febreiro de 2007 entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia dedica o capítulo quinto aos obxectivos e medidas en materia de políticas en favor da mocidade, establecéndose medidas concretas en apoio deste colectivo, ás cales responde esta orde.

A persistencia dunha taxa de desemprego nos mozos e mozas máis alta que a desexable á hora de analizar a situación laboral da mocidade, require o deseño de instrumentos e mecanismos específicos no marco das políticas sociais e de emprego, co fin de poñer á disposición dos mozos e das mozas un amplo abano de actuacións dirixidas a mellorar as súas posibilidades reais de inserción no mercado de traballo, facendo unha especial énfase no deseño e execución dunha serie de medidas.

Os incentivos á contratación por conta allea configúranse como un instrumento para facilitar o acceso e permanencia daqueles grupos de traballadores con maiores dificultades e, pola súa vez, como una ferramenta para fomentar a estabilidade das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas, coa finalidade de favorecer a creación de máis e mellores empregos e de avanzar no obxectivo de conseguir un mercado de traballo equilibrado cun nivel óptimo de emprego. Así, para reforzar a exixencia de estabilidade laboral, vincúlanse os incentivos á contratación á existencia dunha taxa de estabilidade nos cadros de persoal das empresas beneficiarias.

Como novidade, e coa aplicación do Plan Contigo nos programas desta orde, intensifícanse os esforzos dedicados á non-discriminación das empresas máis pequenas, que son as que están a sufrir con máis intensidade a crise e as que teñen menos capacidade de afrontala. Ata agora, a intensidade dos incentivos non tiña en conta o tamaño da empresa; as contías dos incentivos para o ano 2009 teñen en conta esta situación e gradúan a súa intensidade en función do tamaño da empresa, priorizando especialmente as microempresas de menos de 10 traballadores.

Nesta actuación de facilitar a inserción laboral dos mozos e mozas, o obstáculo que con máis frecuencia topan estes é o requisito da experiencia laboral para poderen acceder a un posto de traballo, pero a experiencia só se obtén traballando, por este motivo unha das liñas de actuación das políticas activas é a de incentivar a contratación en prácticas de mozos e mozas titulados/as.

Porén, o esforzo máis importante que realiza a consellería é o de fomentar o emprego estable. Así, e co obxectivo de potenciar o seu carácter de instrumento ponte cara ao emprego estable, o programa compleméntase coa configuración de incentivos pola transformación dos contratos en prácticas en indefinidos, fomentando e promovendo a incorporación á empresa como persoal fixo sen ruptura de continuidade.

Nesta liña de actuación, así mesmo, póñense en marcha dous programas dirixidos a acadar maiores niveis de estabilidade no emprego das persoas traballadoras por conta allea. O programa de incentivos á contratación indefinida, en que se incentiva o período de proba co fin de acabar coa realización daqueles contratos temporais que poderían ser utilizados como períodos de proba; e a incentivación dos contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación, co obxectivo de incrementar a participación dos mozos e mozas nas empresas, garantindo que non se destrúan postos de traballo unha vez que os traballadores e traballadoras que os ocupaban finalizan a súa vida activa.

Para facilitar a innovación científica e técnica dos sistemas organizativos e produtivos das empresas galegas, como elemento esencial para mellorar a súa produtividade e competitividade, introdúcese un programa de axudas á contratación en prácticas de mozos e mozas titulados/as que se incorporen a empresas de menos de 30 traballadores/as para ocuparen novos postos vinculados a estas actividades.

As bases reguladoras dos programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto dos programas non resulta necesario realizar a comparación de prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realizase pola comprobación de concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito adecuado e suficiente para o dito fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, o financiamento

das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sexta.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007; este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, informado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capígulo I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 dos programas destinados a facilitar a todos os mozos e mozas demandantes de emprego a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo cunha perspectiva de estabilidade:

   I. Programa de fomento da contratación en prácticas de mozos e mozas con titulacións de difícil empregabilidade (anexo A).

   II. Programa de fomento da contratación de mozos e mozas para substitución de traballadores e traballadoras que finalizan a súa vida laboral (anexo B).

   III. Programa de creación de novos empregos para mozos e mozas titulados/as nas empresas de menos de 30 persoas traballadoras (anexo C).

   IV. Programa de fomento da contratación indefinida inicial de mozos e mozas desempregados/as (anexo D).

   V. Programa de incentivos á transformación en indefinidos de determinados contratos temporais celebrados con mozos e mozas (anexo E).

2. As bases específicas de cada un dos programas regúlanse nos correspondentes anexos A, B, C, D, E desta orde e forman parte integrante dela.

3. Para os efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de mozos e mozas desempregados/as as persoas cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, que no momento da súa contratación inicial estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

5. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos para o fomento da contratación establecidos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadores e traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde para cada un dos programas e tipos de axuda e non incorran nas circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios das axudas establecidas nesta orde nin as administracións públicas, nin as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Capítulo II

Normas comúns: competencia e procedemento

Artigo 3º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1. Aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego nos seguintes supostos:

   a) Solicitudes presentadas ao abeiro de calquera dos programas sinalados no artigo 1º desta orde cando as contratacións se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Solicitudes presentadas ao abeiro de calquera dos programas sinalados no artigo 1º desta orde para a contratación de 30 ou máis traballadores/as.

Artigo 4º.-Solicitudes, prazo e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, de ser o caso, no rexistro da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas previstas nesta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

3. Para o cómputo dos prazos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación. Se o último día do prazo for inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesa data non tivesen transcorrido dous meses desde a celebración do contrato polo que se solicita subvención.

5. O 31 de marzo de 2009 finaliza o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións que, cumprindo os requisitos e as condicións establecidas nesta orde, se realicen desde o 16 de setembro de 2008 e ata a data da publicación desta orde.

6. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

Para cubrir as solicitudes poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web na sección de axudas e subvencións.

7. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar coas solicitudes as devanditas certificacións.

8. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

9. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario con que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

10. Para a presentación das solicitudes de axudas, os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 5º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. Os órganos instrutores dos expedientes serán, nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, os servizos de Promoción do Emprego e, nos servizos centrais, o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se presentar a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán ao interesado para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 6º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, de concesión ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditaren as resolucións expresas, entenderanse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Capítulo III

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 8º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os incentivos establecidos para cada colectivo ou modalidade de contratación nos distintos programas de fomento da contratación recollidos nesta orde son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación puider dar lugar á súa inclusión en máis dun dos supostos para os cales está prevista subvención, correspóndelle a opción ao solicitante.

2. As subvencións previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, coas bonificacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos á contratación en prácticas (anexos A e C) e á contratación temporal de desempregados/as co fin de substituír traballadores e traballadoras que finalizan a súa vida laboral (anexo B) compleméntanse e serán compatibles cos incentivos á súa transformación en indefinidos nos termos que se establecen no programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos (anexo E).

4. Os beneficios establecidos á contratación, nos anexos A, B, C, D, E desta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

5. Os incentivos regulados nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sen que, en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outros, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L45, do 15 de febreiro de 2007).

d) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e fornecer canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Manter os postos de traballo obxecto de subvención durante o período e nos termos establecidos para os distintos programas recollidos nos diferentes anexos desta orde.

f) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o rein-

tegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base novena número 1 dos respectivos anexos desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedita base, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base novena letra b) número 2 do anexo B, na base novena número 2 do anexo D ou na base novena número 2 do anexo E, o cálculo da contía a reintegrar farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente de que se trate por cada traballador minorado.

c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade mínima exixida para poder acceder aos incentivos establecidos nesta orde, e que para cada programa está determinada na base cuarta do seu correspondente anexo, se reduza, e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía a reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade, de modo que, por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

3. En todos os demais incumprimentos de obrigas non recollidos no número 2 deste artigo procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

4. As obrigas de reintegro establecidas nos parágrafos anteriores, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 11º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 12º.-Réxime de axudas.

Todas as axudas reguladas nesta orde, a excepción das reguladas no anexo E, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

En virtude de dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarado a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Así mesmo, e para os efectos do cumprimento deste regulamento, todos os colectivos relacionados no artigo 1º punto 3 desta orde deberán cumprir o requisito establecido no artigo 2.18 a) do devandito regulamento, é dicir, non ter tido un emprego fixo remunerado nos seis meses anteriores á data da contratación.

Os incentivos establecidos no anexo E desta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se encontre en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos/as delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedemen-

tos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01 025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.470.8, código de proxecto 2009 01 077, cun crédito de 15.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros; 16.02.322C.472.3, código de proxecto 2009 01 041, cun crédito de 3.781.656 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Sétima.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Oitava.-Os incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade están cofinanciados polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 29 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº 108, do 6 de xuño de 2007), e na Orde do 26 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 63, do 2 de abril de 2008).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

ANEXO A

Programa de fomento da contratación en prácticas de mozos e mozas con titulacións de difícil empregabilidade

Primeira.-Finalidade.

Proporcionar experiencia laboral a aqueles mozos e mozas desempregados/as, cuxas titulacións profesionais presentan especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.

Segunda.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Poderán ser obxecto de subvención os contratos en prácticas que cumpran as exixencias e formalidades establecidas no artigo 11 do Estatuto dos traballadores e nas normas regulamentarias de desenvolvemento, que se realicen con mozos e mozas cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregados/as inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación, e que non tivesen anteriormente relación laboral coa empresa a través dun contrato da mesma modalidade.

2. Os contratos en prácticas deberanse concertar a xornada completa e por unha duración inicial non inferior a doce meses, e non poderán supoñer a sucesión de traballadores/as en prácticas para ocuparen o mesmo posto de traballo.

3. Para que os contratos en prácticas poidan ser obxecto de subvención deberán celebrarse con mozos e mozas desempregados/as que estean en posesión dalgún dos títulos de difícil empregabilidade definidos na lista do anexo V-A.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Terceira.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, de acordo coa definición do artigo 2º desta orde, que contraten mozos e mozas traballadores/as cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregados/as e inscritos/as no Servizo Público de Emprego para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases reguladoras deste anexo.

Cuarta.-Requisitos das empresas.

Para poderen acceder aos beneficios establecidos neste anexo, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

1. A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención, deberá ser igual ou superior ao 75%.

As empresas de nova creación ou aquelas que non tivesen traballadores no mes anterior ao da contratación, poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa sempre e cando teñan unha taxa de estabilidade do 75%, excluído o novo contrato temporal, no mes da contratación e cumpran o resto dos requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Como consecuencia da contratación que se fomenta ten que incrementarse o cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral.

3. Para os efectos deste anexo terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Quinta.-Axudas pola contratación en prácticas.

1. Os contratos en prácticas que se realicen cumprindo os requisitos deste programa incentivaranse nunha contía de 1.000 euros, incrementándose a 4.000 euros cando se realicen con mulleres tituladas.

2. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

3. En ningún caso a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos no programa deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou empresaria, dos/das que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando o empegador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea as fillas /os menores de 30 anos, tanto si conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 31 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Traballadores e traballadoras que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo dos 6 meses previos á formalización do contrato en prácticas polo cal se solicita a subvención, no caso de que sexa na mesma empresa.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal dos traballadores e traballadoras polos/as cales se solicita subvención, con indicación dos supostos e tipo de incentivo que se solicita (anexo III-A).

3. Certificado acreditativo da data de terminación dos estudos e copia simple do DNI de cada traballador ou traballadora contratado/a.

4. Contrato de traballo e a alta na Seguridade Social de cada traballador ou traballadora contratado/a.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

6. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XXIII).

7. Documentación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

8. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral do traballador ou traballadora contratado/a, así

como da taxa de estabilidade no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo IV-A).

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse presentado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período do cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de traballadores/as con contrato indefinido, o dos traballadores/as con contrato de interinidade e dos e das demais traballadores/as con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

   b) Declaración complementaria da establecida na base sétima deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

2. Malia o sinalado no punto anterior, á documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude a opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte a Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal os traballadores e traballadoras contratados/as ao abeiro deste programa, polo período mínimo de duración do contrato obxecto de subvención.

   No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a cal se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador ou unha nova traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos do/a traballador/a substituído/a e as características do contrato, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa. Non obstante, o contrato do novo ou nova traballador/a deberá ter unha duración mínima de 12 meses; no caso contrario, a empresa deberá proceder a reintegrar a parte proporcional correspondente da subvención concedida, nos termos sinalados no artigo 10º desta orde.

2. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante o tempo de duración do contrato temporal subvencionado.

   Para os efectos do cumprimento desta obriga non se terá en conta para o seu cálculo o contrato obxecto da subvención.

3. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar, nos tres meses seguintes ao remate do ano de duración do contrato subvencionado, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao mes en que se efectuaron as ditas contratacións.

ANEXO B

Programa de fomento da contratación de mozos e mozas para substitución de traballadores e traballadoras que finalizan a súa vida laboral

Primeira.-Finalidade.

Este programa ten por obxecto favorecer a substitución nos cadros de persoal das empresas dos traballadores e traballadoras próximos/as á xubilación por mozos e mozas, cos obxectivos de, por unha banda, promover a permanencia dos mozos e mozas nas empresas e, por outra, evitar a eliminación de empregos ou a súa transformación en empregos precarios a través da incentivación dos seguintes contratos:

a) Contrato de revezamento.

b) Contrato de substitución por anticipación da idade de xubilación.

Segunda.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

a) Contratos de revezamento.

1. Os contratos de revezamento deberán cumprir as exixencias e formalidades establecidas no Estatuto dos traballadores e nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

2. Estes contratos deberán realizarse con persoas traballadoras cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, que non tivesen relación laboral coa empresa mediante un contrato de duración determinada.

3. Para que os ditos contratos poidan ser obxecto de subvención deberán concertarse a xornada completa ou a tempo parcial e por unha duración mínima inicial non inferior a 12 meses.

4. Os contratos deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

b) Contratos de substitución por anticipación da idade de xubilación.

1. Os contratos de substitución por anticipación da idade de xubilación deberán cumprir as exixencias e formalidades establecidas nas súas diferentes normas reguladoras.

2. Estes contratos deberán realizarse con persoas cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, para substituír persoas traballadoras que anticipen a súa idade de xubilación e estivesen vinculadas á empresa en virtude dunha relación laboral de carácter indefinido.

3. Para que os ditos contratos poidan ser obxecto de subvención deberán concertarse a xornada completa e por unha duración inicial non inferior a doce meses.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Terceira.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, de acordo coa definición do artigo 2º desta orde, que contraten persoas traballadoras cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases reguladoras deste anexo.

Cuarta.-Requisitos das empresas.

Para poderen acceder aos beneficios establecidos neste anexo, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa, tanto nos contratos de revezamento como de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter temporal, deberá ser igual ou superior ao 75% no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención.

A mesma taxa de estabilidade se exixirá para os contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter indefinido no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) As contratacións de revezamento de carácter temporal deberán supoñer incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral.

c) As contratacións de revezamento de carácter indefinido, ademais do requisito exixido na letra b), deberán supoñer incremento do cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que superen a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, son unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, no cómputo de persoal fixo, non se terán en conta as baixas que se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente, total, absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

d) Para os efectos deste anexo terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Quinta.-Axudas.

1. Os contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación de duración non inferior a 12 meses, poderán obter unha axuda pagadoira dunha soa vez, de ata un máximo de 1.500 euros, que se pode incrementar ata 2.500 euros cando a contratación se realice con mulleres.

2. Os contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter indefinido, poderán obter unha axuda pagadoira dunha soa vez que consistirá nunha subvención por unha contía de ata un máximo de 7.500 euros, que se pode incrementar ata 12.000 euros cando a contratación se realice con mulleres.

3. Estas contías veránse incrementadas nun 50% para o caso de empresas de menos de dez traballadores/as.

4. No caso dos contratos de revezamento cunha xornada a tempo parcial, a contía dos incentivos será proporcional ao tempo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

5. En ningún caso a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos no programa deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou da empresaria, dos/as que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando o empregador sexa un/unha traballador/a autónomo/a que contrate como traballador por conta allea as/os fillas/os menores de 30 anos, tanto si conviven ou non con el, ou cando se trate dun/dunha traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 31 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadores e traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación, presten servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación anterior do traballador con empresas a que o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadores e traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 6 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención.

e) No caso de contratacións indefinidas de revezamento e de sustitución por anticipación da idade de xubilación, as contratacións realizadas con mozos/as desempregados/as, parados/as de longa duración. Para os efectos deste programa, entenderase por mozos/as desempregados/as de longa duración aqueles que, na súa data da alta no correspondente réxime de Seguridade Social, estivesen sen traballo e tivesen acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos de idade, e de 360 días, se fosen maiores de 25.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Cando se solicite axuda pola contratación de máis dun traballador ou traballadora, relación nominal dos/as traballadores/as polos que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo VIII-B).

3. Copia simple do DNI dos traballadores e traballadoras contratados/as.

4. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social de cada traballador ou traballadora contratado/a.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

6. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XXIII).

7. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

8. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, así como da taxa de estabilidade no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención cando o contrato sexa temporal, e da taxa de estabilidade no mes da contratación no suposto de contrato indefinido (anexo IX-B).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base 4ª deste anexo.

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse presentado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se presentasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de traballadores e traballadoras con contrato indefinido, o dos/as traballadores e traballadoras con contrato de interinidade e dos/as demais traballadores e traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Declaración complementaria da establecida na base sétima deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude á opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte a Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

a) Nos contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter temporal:

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal as persoas traballadoras contratadas ao abeiro deste programa, polo período mínimo de duración do contrato obxecto da subvención.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a que se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador ou unha nova traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos do/a traballador/a substi-

tuído/a e as características do contrato, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa. Non obstante, o contrato do novo ou nova traballador/a deberá ter unha duración mínima de 12 meses; no caso contrario, a empresa deberá proceder a reintegrar a parte proporcional correspondente da subvención concedida, nos termos sinalados no artigo 10º desta orde.

2. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante o tempo de duración do contrato temporal subvencionado.

Para os efectos do cumprimento desta obriga non se terá en conta para o seu cálculo o contrato obxecto de subvención.

3. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante o ano posterior ao de realización das contratacións unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do devandito período de 12 meses.

b) Nos contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter indefinido:

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal as persoas traballadoras contratadas ao abeiro deste programa, polo período mínimo de tres anos.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a cal se concedese a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data da realización da contratación indefinida.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos 3 anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das contratacións unha declaración da media das persoas traballadoras fixas e temporais no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do dito período de 12 meses.

ANEXO C

Programa de creación de novos empregos para mozos e mozas titulados/as nas empresas de menos de 30 persoas traballadoras

Primeira.-Finalidade.

Facilitar a incorporación en prácticas de mozos/as titulados/as a novos postos de traballo creados en pequenas empresas galegas co obxecto de mellorar os sistemas organizativos e produtivos delas e/ou a innovación.

Segunda.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Contratos en prácticas que deberán cumprir as exixencias e formalidades establecidas no artigo 11 do Estatuto dos traballadores e nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

2. Estes contratos deberán realizarse con persoas traballadoras cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que non tivesen relación laboral coa empresa a través dun contrato da mesma modalidade.

3. Para que os ditos contratos poidan ser obxecto de subvención deberán concertarse a xornada completa, por unha duración inicial non inferior a doce meses, e non poderán supoñer a sucesión de traballadores e traballadoras en prácticas para ocupar o mesmo posto de traballo.

4. Para os efectos deste programa consideraranse pequenas empresas aquelas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención, no ámbito territorial de Galicia sexa inferior a 30 traballadores.

5. Para os efectos deste anexo terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

6. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Terceira.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, de acordo coa definición do artigo 2º desta orde, que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases deste anexo, e sempre que o cadro de persoal sexa inferior a 30 persoas traballadoras.

Cuarta.-Requisitos das empresas.

Para poderen acceder aos beneficios establecidos neste anexo, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

1. Os postos ocupados polos traballadores e traballadoras con titulación susceptible de realizar contratos en prácticas deberán ser de nova creación e estar vinculados á titulación de tipo profesional que posúa o mozo ou moza desempregado/a que se contrate.

Para efectos deste anexo serán postos de nova creación aqueles que supoñan un incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral.

Nos postos de traballo creados e polos cales se solicite subvención, deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa o traballador e a categoría profesional pola cal se contrata.

2. A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención deberá ser igual ou superior ao 75%.

As empresas de nova creación ou aquelas que non tivesen traballadores no mes anterior ao da contratación, poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa sempre e cando teñan unha taxa de estabilidade do 75%, excluído o novo contrato temporal, no mes da contratación e cumpran o resto dos requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Quinta.-Axudas pola contratación en prácticas.

1. Os contratos en prácticas que se realicen con mozos e mozas titulados/as, segundo o establecido no artigo 11 do Estatuto dos traballadores, e que reúnan os requisitos e condicións sinalados nas bases anteriores, incentivaranse nunha contía de 1.250 euros, incrementándose a 3.000 euros cando se realicen con mulleres tituladas.

2. Estas contías veranse incrementadas nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

3. En ningún caso a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos no programa deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores e traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario ou empresaria ou dos/das que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando o empegador sexa un/unha traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea as/os fillas/os menores de 30 anos, tanto si conviven ou non con el, ou cando se trate dun/dunha traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 31 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Traballadores e traballadoras que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo dos 6 meses previos á formalización do contrato en prácticas polo cal se solicita a subvención, sempre que se formalicen coa mesma empresa.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal dos traballadores e traballadoras polos cales se solicita subvención, con indicación dos supostos e tipo de incentivo que se solicita (anexo XII-C).

3. Certificado acreditativo da data de terminación dos estudos e copia simple do DNI de cada traballador ou traballadora contratado/a.

4. Contrato de traballo e a alta na Seguridade Social de cada traballador ou traballadora contratado/a.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

6. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XXIII).

7. Documentación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

8. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, así como da taxa de estabilidade no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo XIII-C).

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse presentado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período do cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Declaración complementaria da establecida na base sétima deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude á opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal os traballadores e traballadoras contratados/as ao abeiro deste programa, polo período mínimo de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a que se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador ou unha nova traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos do/a traballador/a substituído/a e as características do contrato, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa. Non obstante, o contrato do novo ou nova traballador/a deberá ter unha duración mínima de 12 meses, no caso contrario, a empresa deberá proceder a reintegrar a parte proporcional correspondente da subvención concedida, nos termos sinalados no artigo 10º desta orde.

2. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante o tempo de duración do contrato temporal subvencionado.

Para os efectos do cumprimento desta obriga non se terá en conta para o seu cálculo o contrato obxecto da subvención.

3. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante o ano posterior ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do dito período de 12 meses.

ANEXO D

Programa de fomento da contratación indefinida inicial de mozos e mozas desempregados/as

Primeira.-Finalidade.

Este programa ten por finalidade fomentar a incorporación dun modo estable no mercado de traballo dos mozos e mozas cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, a través de dúas medidas conxuntas: a subvención do período de proba e a subvención da contratación indefinida inicial.

Segunda.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais que se realicen con mozos e mozas desempregados/as cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, que estean inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación.

2. Será subvencionable o período de proba concertado por escrito con suxeción aos límites de duración que, se é o caso, establezan os convenios colectivos ou, na súa falta, o artigo 14 do Estatuto dos traballadores.

3. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellle a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Terceira.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, de acordo coa definición do artigo 2º desta orde, que contraten mozos e mozas traballadores/as cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregados/as e inscritos/as no Servizo Público de Emprego para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases reguladoras deste anexo.

Cuarta.-Requisitos das empresas.

Para poder acceder aos beneficios establecidos neste anexo, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

1. A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención, deberá ser igual ou superior ao 75%.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o cadro global de persoal da empresa no ámbito

territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral.

3. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral; son unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producisen por propia vontade do traballador ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

4. Para os efectos deste anexo terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Quinta.-Incentivos á contratación indefinida inicial.

1. Os contratos indefinidos, celebrados a xornada completa ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, realizados con traballadores e traballadoras desempregados/as, cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, poderán obter unha axuda de ata un máximo de 5.000 euros, incrementándose ata 7.500 euros, cando se realicen con mulleres.

Nas contratacións a tempo parcial a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

2. O período de proba que se acorde no contrato indefinido poderá ser obxecto dunha subvención equivalente ao custo salarial total de dous meses, sen que en ningún caso esta axuda poida ser superior aos 3.000 euros.

3. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

4. En ningún caso a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores e traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou empresaria ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando o empegador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea as fillas/os menores de 30 anos, tanto si conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 31 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadores e traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou traballadora con empresas que o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadores que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 6 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención.

e) As contratacións realizadas con mozos/as desempregados/as, parados/as de longa duración. Para os efectos deste programa, entenderase por mozos/as desempregados/as parados/as de longa duración aqueles que, na súa data da alta no correspondente réxime de Seguridade Social, estivesen sen traballo e tivesen acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos de idade, e de 360 días, se fosen maiores de 25.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración da empresa en que se faga constar o número e provincia de localización dos centros de traballo da empresa en Galicia, así como do número de contratacións indefinidas polas que se solicita subvención ao abeiro deste programa (no modelo de solicitude).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral do traballador ou traballadora contratado/a, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo XVII-D).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base cuarta deste anexo.

4. Relación nominal dos traballadores e traballadoras contratados/as polo/as que se solicita subvención, con indicación do colectivo e tipo de axuda que se solicita (anexo XVI-D).

5. Copia simple do DNI dos traballadores e traballadoras contratados/as.

6. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social. Nó-

mina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, de ser o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais do dito mes.

7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

8. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XXIII).

9. Documentación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse presentado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de traballadores e traballadoras con contrato indefinido, o dos/as traballadores e traballadoras con contrato de interinidade e dos/as demais traballadores e traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

   b) Declaración complementaria da establecida na base sétima do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo XXII).

2. Malia o sinalado nos números anteriores, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1. Manter no seu cadro de persoal fixo os traballadores e traballadoras contratados/as ao abeiro deste programa durante un período mínimo de 3 anos.

   No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a que se concedese a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización da contratación indefinida.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos tres anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do devandito período de 12 meses.

ANEXO E

Programa de incentivos á transformación en indefinidos de determinados contratos temporais celebrados con mozos e mozas

Primeira.-Finalidade.

Este programa ten por finalidade promover o acceso a un emprego estable dun colectivo, como a mocidade, que presenta en Galicia unha alta taxa de temporalidade, incentivando as empresas que transformen os seus contratos temporais en indefinidos.

Segunda.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Poderán ser obxecto dos incentivos previstos neste anexo as transformacións en indefinidos, incluídos os que se acorden pola modalidade de fixo-descontinuo, de contratos para a formación, en prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de xubilación e de interinidade, calquera que sexa a data da súa celebración. Cando se trate de contratos de interinidade, en todo caso, a súa transformación en indefinidos só poderá ser obxecto de subvención cando se manteña o posto do/a traballador/a substituído/a, o que terá que acreditarse.

   No caso de transformación de contratos temporais a tempo com-

pleto, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo, agás as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos deste anexo, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.

2. As transformacións, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Terceira.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, de acordo coa definición do artigo 2º desta orde, que transformen en indefinidos os contratos temporais celebrados con mozos e mozas que, no momento da contratación temporal obxecto de transformación, tivesen unha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases reguladoras deste anexo.

Cuarta.-Requisitos das empresas.

Para poderen acceder aos beneficios establecidos neste anexo, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

1. A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención deberá ser igual ou superior ao 75%.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producisen por propia vontade do/a traballador/a ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

3. Para os efectos deste anexo terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Quinta.-Incentivos á transformación.

Os incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos que cumpran os requisitos e condicións establecidos neste anexo son os seguintes:

1. As transformacións en indefinidos de contratos formativos incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, e incrementarase a 6.000 euros cando as ditas transformacións se realicen con mulleres.

2. As transformacións en indefinidos dos contratos de interinidade incentivaranse cunha axuda de 3.750 euros, e incrementarase a 6.000 euros cando as ditas transformacións se realicen con mulleres.

3. As transformacións en indefinidos dos contratos de revezamento e substitución por anticipación da idade de xubilación incentivaranse cunha axuda de 4.750 euros, incrementarase a 7.500 euros cando as ditas transformacións se realicen con mulleres.

4. Para o caso de que se solicitasen os incentivos previstos neste anexo pola transformación dun contrato temporal subvencionado, e a conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de doce meses, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

5. Cando se trate de transformacións a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos neste anexo serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

6. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

7. En ningún caso a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores e traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou empresaria ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será de aplicación esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea as fillas /os menores de 30 anos, tanto si conviven ou non con el, ou cando se

trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 31 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración da empresa en que se faga constar o número e provincia de localización dos centros de traballo da empresa en Galicia, así como do número de contratacións indefinidas polas que se solicita subvención ao abeiro desta orde (no modelo de solicitude).

3. Declaración do cadro de persoal fixo de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral do/a traballador ou traballadora contratado/a, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo XXI-E).

   Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base 4ª deste anexo.

4. Relación nominal das persoas traballadoras contratadas polas cales se solicita subvención (anexo XX-E).

5. Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.

6. O contrato temporal de que deriva e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XXII).

8. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XXIII).

9. Documentación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse presentado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de traballadores e traballadoras con contrato indefinido, o dos/as traballadores e traballadoras con contrato de interinidade e dos/as demais traballadores e traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

   b) Declaración complementaria da establecida na base sétima do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo XXII).

2. Malia o sinalado nos números anteriores, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras contratadas ao abeiro deste programa durante un período mínimo de 3 anos.

   No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a cal se concedese a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización da transformación do contrato temporal en indefinido.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos tres anos desde o mes no que se realice a transformación do contrato temporal en indefinido.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoas traballadoras fixas e temporais no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12

meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao último mes do dito período de 12 meses.

Ver anexos pdf "50.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Ver páxina 184

51 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida dos parados de longa duración, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 11, do 16.01.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A través do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, un dos obxectivos prioritarios das políticas de emprego é a urxente necesidade de facilitar o acceso e a permanencia no emprego de grupos de traballadores con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, ademais de fomentar a estabilidade laboral das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas.

No acordo polo emprego asinado o 5 de febreiro entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, inclúese un amplo abano de medidas para un novo marco de relacións laborais en Galicia na busca dun mercado de traballo galego máis produtivo, máis estable e seguro. En concreto, no acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, dedícase o capítulo sexto aos obxectivos e medidas en materia de políticas en favor da inserción no mercado laboral dos parados de longa duración.

O carácter dinámico con que se conciben as políticas activas de emprego permite levar a cabo unha reorientación e unha intensificación, se cabe, das medidas naqueles aspectos que o requiren en cada momento. Froito desta flexibilidade, os programas de incentivos á contratación presentan novidades para o ano 2009 que se concretan no desenvolvemento de novas actuacións. Deste xeito, o programa de incentivos á contratación para parados de longa duración plásmase nunha orde propia en que os mecanismos de apoio se adaptan ao novo marco determinado pola recente crise económica, e que xunto con outras actuacións constitúen o Plan Contigo, posto en marcha pola Consellería de Traballo. Este plan recolle programas específicos para paliar os efectos da crise económica nos diferentes colectivos.

Os parados de longa duración son o colectivo que está a sufrir, en maior medida, o incremento das dificultades de reincorporarse ao mercado de traballo. Esta afirmación baséase na comparación das baixas por colocación nos nove primeiros meses do ano 2008 co igual período de 2007. Así, compróbase que nos demandantes de emprego estas baixas diminuíron nun 3,9% mentres que nos que levan inscritos entre dous e vinte e catro meses a redución foi do 18,9% e, con máis de 24 meses, o 26,4%.

Por isto, no conxunto de programas de incentivos a contratación por conta allea, créase un incentivo específico para este colectivo, eliminándose daqueles colectivos en que se incluía a condición de parado de longa duración. As empresas máis pequenas son as que están a sufrir con máis intensidade a crise e as que teñen menos capacidade de afrontala. Ata o de agora, a intensidade dos incentivos non tiña en conta o tamaño da empresa; as contías dos incentivos para o año 2009 teñen en conta esta situación e gradúan a súa intensidade en función do tamaño da empresa, priorizando especialmente as microempresas de menos de dez traballadores.

Xunto con estas medidas, e dada a necesaria complementariedade entre as actuacións da Administración autonómica e as de ámbito estatal de cara ao logro da inserción dos colectivos desfavorecidos no mundo laboral, as axudas para o fomento do emprego dos parados de longa duración establecidos pola Xunta de Galicia son compatibles cos programas estatais de fomento do emprego aplicables a todo o Estado.

As bases reguladoras do programa establecido nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para o presente exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e, no que resulte de aplicación na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado e suficiente para o dito fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sexta.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, informado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar a inserción laboral dos parados e paradas de longa duración que presentan desvantaxes e dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2009 dos incentivos á contratación indefinida.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en canto non se opoña ao establecido nesta lei, No Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 16 de outubro de 2008 e no que resulte de aplicación na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten por conta allea persoas traballadoras desempregadas de longa duración, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas e non incorran nas circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   As sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle correspondan á agrupación.

2. Para os efectos desta orde terán a consideración de microempresas as empresas en que a media aritmética do cadro global de persoal da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

3. Non poderán ser beneficiarios das axudas establecidas nesta orde nin as administracións públicas, nin as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Artigo 3º.-Colectivos.

Para os efectos deste programa, entenderase por traballadores e traballadoras desempregadas de longa duración aqueles/as que, na súa data da alta no correspondente réxime de Seguridade Social, estivesen sen traballo e tivesen acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días, se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos.

Artigo 4º.-Requisitos das empresas beneficiarias.

Para poder acceder aos incentivos establecidos nesta orde, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa deberá ser igual ou superior ao 75% no mes da contratación obxecto de

solicitude de subvención.

Para os efectos desta orde, entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida inicial que se fomenta, ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral. Unicamente son subvencionables as contratacións que superen a dita media.

No cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores a aquel en que se formalice o contrato indefinido polo que se solicite subvención.

d) Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que á persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

e) As ditas contratacións, para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, así como observar os requisitos e as prescricións establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 5º.-Axudas.

1. As contratacións indefinidas iniciais, realizadas con traballadores desempregados de longa duración, incentivaranse cunha axuda, pagadoira dunha soa vez, que consistirá nunha subvención dunha contía equivalente ao importe do 60% do custo salarial anual, calculada sobre dúas anualidades, ata un máximo de 6.000 euros, incrementándose este límite ata 8.000 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

Os límites anteriores elevaranse ata 7.000 euros, no caso dos homes, e ata 9.000 euros, no caso das mulleres, cando as contratacións se realicen con parados ou paradas de longa duración de 45 ou máis anos.

2. No caso de que a contratación a realice unha microempresa, os incentivos anteriores terán os seguintes límites:

Ata un máximo de 8.000 euros no caso de que a contratación se realice con homes , incrementándose a unha contía de 12.000 euros cando as contratacións se realicen con mulleres.

Os incentivos anteriores acadarán unha contía de ata 10.000 euros no caso de que as contratacións se realicen con homes e ata 14.000 euros no caso de que se realicen con mulleres, todos eles de 45 ou máis anos de idade.

3. Cando se trate de contratacións indefinidas a tempo parcial, incluídos os fixos descontinuos, a contía dos incentivos establecidos nos puntos anteriores será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.

Artigo 6º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea os fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido. Esta exclusión será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior da traballadora con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese, en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Personas traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de seis meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 7º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1. Aos delegados e ás delegadas provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego cando as contratacións se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en

varias provincias ou no suposto de que a solicitude se realice pola contratación de 30 ou máis traballadoras.

Artigo 8º.-Solicitudes, prazos e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se é o caso, no rexistro da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas desta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral. Para o cómputo deste prazo entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación. Se o último día do prazo fose inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesa data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato polo que se solicita subvención.

3. O 31 de marzo do 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións que, cumprindo os requisitos e as condicións establecidas nesta orde, se realicen dende o 16 de setembro de 2008 e ata a data da publicación desta orde.

4. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

Para cubrir as solicitudes poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e deberá presentar coas solicitudes as devanditas certificacións.

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención, o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención, o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

8. Para a presentación das solicitudes de axuda, os beneficiarios poderán contar coa información e o asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 9º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados (anexos I e II) que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal das traballadoras e traballadores polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores á data de inicio da relación laboral do traballador ou traballadoa contratada, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo IV).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 4º.

4. Copia simple do DNI da traballadora.

5. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

6. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

7. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VI).

8. Deberán achegar documentos acreditativos de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social, e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma; se o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

9. Nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación da persoa traballadora obxecto de solicitude de subvención ou, se é o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos

salariais totais do dito mes.

Artigo 10º.-Procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes será, nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, os servizos de Promoción do Emprego e, na Dirección Xeral de Promoción de Emprego, o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo da resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 11º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, ditará as resolucións o órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e seranlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo públicará, conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 12º.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Declaración complementaria da establecida no artigo 9º.8 desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

   b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Capítulo III

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 14º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

3. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero,

sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

1. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L45, do 15-2-2007).

4. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. Manter no seu cadro de persoal fixo as/os traballadoras/es contratadas/os ao abeiro desta orde, por un período mínimo de tres anos.

   Cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgún traballador ou traballadora polo que se concedeu a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, por un traballador ou traballadora desempregados/as de longa duración, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

6. Manter en cómputo anual o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización da contratación.

7. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia, no seu cómputo anual, cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, durante polo menos tres anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

8. Co fin de garantir o cumprimento destas obrigas, as empresas beneficiarias deberán presentar, en cada un dos tres anos seguintes ao da realización das contratacións subvencionadas, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia no período de 12 meses contados desde o mes de realización das contratacións.

9. Esta declaración presentarase ante o órgano que resolveu a solicitude, en cada un dos tres anos no período de tres meses seguintes ao mes en que se realizou a contratación subvencionada.

10. Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

   a) Por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no artigo 15.5º, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

      Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando o/a traballador/a substituto/a sexa dun colectivo diferente ao substituído e lle correspondese unha subvención inicial inferior.

   b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 15º.6 desta orde, o cálculo da contía que se debe reintegrar farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente de que se trate, por cada traballador/a minorado.

   c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que haxa que reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade establecida no artigo 4º a) desta orde, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

3. En todos os demais supostos de incumprimento das obrigas, procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

4. As obrigas de reintegro establecidas nos parágrafos anteriores, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 17º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 18º.-Réxime de axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 y 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

En virtude de dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopan en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, será realizada directamente polo órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros;16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01 025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.470.8, código de proxecto 2009 01 077, cun crédito de 15.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros, 16.02.322C.472.3, código de proxecto 2009 01 041, cun crédito de 3.781.656 euros, 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2009 01.053, cun crédito de 1.181.034 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Sétima.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "51-09.PDF"

52 Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 43, do 3.03.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A través do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea un dos obxectivos prioritarios é que a sociedade galega acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, para o que é preciso adoptar políticas activas de emprego que favorezan o emprego dos colectivos máis desfavorecidos desde a perspectiva laboral.

Necesidade de poñer en marcha políticas en favor da poboación en exclusión social, é unha preocupación que se reflicte constantemente. O Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia dedica o capítulo oitavo aos demandantes de emprego pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, así establécense medidas de fomento do emprego e do emprego indefinido para este colectivo. Expresamente se considera que este é o único colectivo no que se pode considerar a incentivación á súa contratación temporal.

O fenómeno da exclusión nas sociedades desenvolvidas é unha realidade complexa e cambiante que na actualidade afecta novos colectivos da poboación. A estratexia de loita contra a exclusión social parte dun enfoque pluridimensional do que participan un amplo abano de políticas: as de emprego, que se consideran prioritarias, as de protección social, as de educación e formación, entre outras.

Desde o ámbito do emprego, a Xunta de Galicia desenvolve unha serie de accións ou medidas para facilitar a reincorporación á sociedade das persoas que se atopan en situación de risco de exclusión e apoiar a súa aplicación práctica na necesidade de coordinación e actuación conxunta dos distintos departamentos da propia Administración autonómica e doutras administracións públicas, así como na colaboración activa e participativa dos axentes sociais e das entidades e organizacións non gobernamentais.

Nesta orde regúlanse os incentivos dirixidos a fomentar contratación temporal e indefinida daqueles grupos ou categorías de traballadores que presentan dificultades ou desvantaxes particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo, co obxecto de mellorar a súa situación de emprego e corrixir os desequilibrios do mercado laboral, afastando a potencialidade de que xurdan novas situacións de risco ou desvantaxe social. Como novidade, este programa intensifica os esforzos dedicados á non discriminación das empresas máis pequenas que son as que están a sufrir con máis intensidade a crise e as que teñen menos capacidade de afrontala. Ata agora, a intensidade dos incentivos non tiña en conta o tamaño da empresa, as contías dos incentivos para o ano 2009 teñen en conta esta situación e gradúan a súa intensidade en función do tamaño da empresa, priorizando especialmente as microempresas de menos de 10 traballadores.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, xa que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2009 dos incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, coa finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar a inserción laboral dos traballadores e das traballadoras que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 16/2008, do 23 de decembro,de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos os autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten por conta allea traballadoras ou traballadores pertencentes aos colectivos relacionados no artigo 3º para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas e non incorran nas circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As sociedades civís e as comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación.

2. Nin as administracións públicas, nin as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde.

Artigo 3º.-Colectivos.

Para os efectos deste programa, entenderase por colectivos en risco de exclusión social os seguintes:

a) Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, e os membros da súa unidade familiar que se atopen en situación de desemprego.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

e) As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, implique especiais dificultades de integración laboral.

f) Mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral. Os transexuais ou en proceso de reasignación sexual.

g) Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os/as que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

h) Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

i) Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade autónoma, cuxas características condicionen a súa integración social.

j) Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

k) Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Artigo 4º.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Esta orde fomentará a contratación por conta allea das traballadoras e traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, a través de:

a) Axudas ás contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo e a tempo parcial, que se realicen con persoas traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, pertencentes a algún dos colectivos relacionados no artigo 3º desta orde.

b) Axudas ás transformacións en indefinidos dos contratos temporais de duración determinada celebrados con traballadoras e traballadores pertencentes a algún dos colectivos relacionados no artigo 3º desta orde, calquera que sexa a data de inicio do contrato temporal do que trae causa.

No caso de transformación de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a

tempo completo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar o día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal.

c) Axudas ás contratacións temporais, a tempo completo ou a tempo parcial, que se realicen con persoas traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, e pertenzan a algún dos colectivos relacionados no artigo 3º desta orde, sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de seis meses.

2. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

3. Terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. Para que poidan ser obxecto de subvención as contratacións e transformacións deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, así como observar os requisitos e prescricións establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 5º.-Requisitos das empresas.

Para poder acceder aos beneficios establecidos nesta orde, deberán cumprirse as seguintes condicións e requisitos:

1. No suposto da contratación indefinida, inicial ou transformación:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa deberá ser igual ou superior ao 75% no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Para os efectos desta orde, entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida, inicial ou transformación, que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral. Unicamente son subvencionables as contratacións que superen a dita media.

No cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores a aquel en que se formalice o contrato indefinido polo que se solicita subvención.

2. No suposto de contratación temporal:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención, deberá ser igual ou superior ao 75%.

As empresas de nova creación ou aquelas que non tivesen traballadores no mes anterior ao da contratación, poderán acollerse aos incentivos previstos nesta orde sempre e cando teñan unha taxa de estabilidade do 75%, excluído o novo contrato temporal, no mes da contratación e cumpran o resto dos requisitos establecidos nesta orde.

b) A contratación deberá supoñer un incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores a aquel en que se formalice o contrato temporal polo que se solicita subvención.

c) Para os efectos desta orde terán a consideración de microempresas as empresas de menos de 10 traballadores en que a media aritmética do seu cadro de persoal nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia, sexa inferior a 10 traballadores.

Artigo 6º.-Axudas.

1. As contratacións indefinidas subvencionables, sexan iniciais ou por transformación de contratos temporais, incentivaranse cunha axuda de ata un máximo de 12.000 euros.

2. Os contratos temporais subvencionables, incentivaranse de acordo coa seguinte escala:

Duración do contrato	Axudas
6 meses	2.520 euros
7 meses	2.940 euros
8 meses	3.360 euros
9 meses	3.780 euros
10 meses	4.200 euros
11 meses	4.620 euros
12 meses	5.040 euros

3. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.

4. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

5. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Artigo 7º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

Os contratos realizados co/a cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea os fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) No suposto de contratacións indefinidas iniciais, ademais do referido nas letras anteriores, serán tamén causas de exclusión as seguintes:

1. Contratacións realizadas con traballadores ou traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Traballadores e traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de seis meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 8º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalle:

1. Aos delegados e ás delegadas provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego cando as contratacións se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias ou no suposto de que a solicitude se realice pola contratación de 30 ou máis persoas traballadoras.

Artigo 9º.-Solicitudes, prazo e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se é o caso, no rexistro da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas desta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido. Para o cómputo deste prazo entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación ou transformación. Se o último día do prazo fose inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesa data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato polo que se solicita subvención.

3. O 30 de abril de 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións indefinidas, iniciais ou transformacións, e polas contratacións temporais que cumprindo os requisitos e condicións establecidas nesta orde, se realicen entre o 16 de setembro de 2008 e ata a data da publicación desta orde.

4. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

Para cubrir as solicitudes poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo neste caso achegar coas solicitudes as devanditas certificacións.

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (Diario Oficial de Galicia nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal

exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9,15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario co que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

8. Para a presentación das solicitudes de axudas os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 10º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados (anexos I e II) que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III-A, III-B ou III-C).

3. No caso de contratacións indefinidas, declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores á data de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada ou da transformación, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo IV).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 5º.

4. No caso de contratacións temporais, declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, así como da taxa de estabilidade no mes anterior ao da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo V).

5. Copia simple do DNI do traballador ou traballadora.

6. No caso de contratacións iniciais, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

7. No caso de transformacións, o contrato temporal do que trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

8. Nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, se é o caso, declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais totais do dito mes.

9. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza aos correspondentes colectivos.

10. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo VI).

11. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VII).

12. Documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Artigo 11º.-Instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será: nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e na Dirección Xeral de Promoción de emprego, o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, considerarase desistido da súa petición, logo da resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 12º.-Procedemento de concesión, resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo e seranlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á persoa beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de feberiro de 2007).

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Declaración complementaria da establecida no artigo 10.10º desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo VI).

   b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, a opción do interesado.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Capítulo III

Incompatibilidades e concorrencia

Artigo 15º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos á contratación temporal previstos nesta orde complementanse e serán compatibles cos incentivos á súa transformación en indefinidos.

   No suposto de que a conversión se produza con anterioridade á duración inicial do contrato obxecto de subvención, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

3. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

1. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo

Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro).

4. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. Cando se trate de contratacións indefinidas, manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras contratadas ao abeiro desta orde, por un período mínimo de tres anos. No suposto de contratacións temporais ou de duración determinada, as empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal as persoas traballadoras contratadas polo período mínimo de duración do contrato obxecto de subvención.

Cando no período de tres anos desde a data da incorporación á empresa no caso de contratacións indefinidas ou da duración do contrato no caso das contratacións temporais se produza o cesamento dalgún traballador ou traballadora polo que se concedeu a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

6. Cando se trate de contratacións indefinidas, manter en cómputo anual o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, durante polo menos tres anos, que se contarán desde a data de realización da contratación.

7. Cando se trate de contratacións indefinidas, manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia, no seu cómputo anual, cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, durante polo menos tres anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

8. Co fin de garantir o cumprimento destas obrigas, as empresas beneficiarias deberán achegar, durante os tres anos seguintes ao da realización das contratacións subvencionadas, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia no período de 12 meses contados desde o mes de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao mesmo mes en que se efectuaron as ditas contratacións. Esta declaración deberá presentarse en cada un dos tres anos seguintes dentro do período dos tres meses posteriores ao mes en que se realizou a contratación subvencionada.

9. Cando se trate de contratacións temporais, manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante o tempo de duración do contrato temporal subvencionado. Para os efectos do cumprimento desta obriga non se terá en conta para o seu cálculo o contrato obxecto da subvención.

10. Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 16.5º desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 16.6º desta orde, o cálculo da contía que se vai reintegrar farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do 30% da base mínima do grupo de cotización menor tido en conta na aprobación do expediente, calculada sobre tres anualidades, ata un máximo de 12.000 euros, por cada traballador fixo que reduza a empresa.

c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que se vai reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade establecida no artigo 5º.1 a) desta orde, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, reintegrarase o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

3. En todos os demais supostos de incumprimento de obrigas, procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

4. As obrigas de reintegro establecidas nos parágrafos anteriores entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 19º.-Réxime de axudas.

1. As axudas ás contratacións indefinidas iniciais e as contratación

temporais dunha duración de 12 meses que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión da Unión Europea, de 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

En virtude do dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

2. As axudas polas contratacións temporais cunha duración inferior a 12 meses, e as transformacións de contratos temporais en indefinidos, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002.

e) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopan en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias das que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra j), terán a consideración de retornados/as aqueles emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros; 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01 073, cun crédito de 50.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e constitúen o importe global para o financiamento desta orde; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Oitava.-Os incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 30 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación

por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (Diario Oficial de Galicia nº 108, do 6 de xuño de 2007), e na Orde do 27 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 62, do 1 de abril de 2008).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "52-09.PDF"

53 Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 53, do 17.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 62, do 31.03.2009 e no DOG nº 64, do 2.04.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, do emprego e a formación e, a través do Decreto 211/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e mais o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Impulsado polo novo Goberno o proceso de diálogo social de Galicia, e como resultado del, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia conveñen en subscribir o 5 de febreiro de 2007 o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre alcanzar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa, e as medidas e recursos que se implementarán para a consecución destes obxectivos, iniciándose unha nova etapa no marco das relacións laborais.

Así, no marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, e no citado acordo, entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais e empresariais, e co obxectivo de que a sociedade galega alcance uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar un conxunto de políticas activas de emprego para o fomento da contratación e da estabilidade no emprego.

Estas políticas teñen como finalidade facilitar a creación de emprego estable e de calidade, poñendo especial atención en facilitar a inserción laboral de persoas desempregadas con maiores dificultades de integración no mercado de traballo e a permanencia nas empresas con contrato estable daquelas que teñen na actualidade un contrato temporal.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dos programas de fomento da contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos que presentan dificultades de inserción laboral, regulando para o ano 2009 os incentivos establecidos para os ditos colectivos, excluíndo deles as mulleres, que polas súas propias características á hora de acceder a un posto de traballo e para este ano se regulan en orde separada.

Nesta orde inclúese un programa específico para apoiar e incidir naquelas empresas sen persoas asalariadas que, con potencialidade para a creación de emprego, non adoptan tal decisión polo risco ou carga que pode supoñer a contratación da súa primeira persoa traballadora, o que ten unha especial relevancia nesta comunidade autónoma polo significativo número de microempresas en que se detecta tal situación.

O desenvolvemento tecnolóxico xoga un papel estratéxico para a sociedade galega e para o seu tecido empresarial, sendo necesario crear os incentivos necesarios que fomenten a difusión e transparencia de tecnoloxías, dunha parte, e os proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación propios, por outra. Así, establécese unha liña específica de apoio á contratación indefinida inicial vinculada a proxectos I+D, co fin de favorecer a innovación nas empresas galegas.

Non obstante, para conservar a identidade e especificidade de cada un deles recóllense en anexos independentes as características propias de cada un.

As bases reguladoras dos programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para este exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións

públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sétima.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito e principios de xestión

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras dos incentivos para fomentar novos postos de traballo facilitando a inserción dos colectivos de persoas desempregadas con dificultades de acceso ao mercado laboral, así como a permanencia nas empresas con contrato estable a aqueles que teñen na actualidade un contrato temporal, e proceder á súa convocatoria para o 2009 a través dos seguintes programas:

   I. Programa de fomento da contratación indefinida inicial de colectivos de desempregados con dificultades de inserción laboral (anexo A).

   II. Programa de fomento da permanencia nas empresas con contrato estable a aqueles que teñen na actualidade un contrato temporal (anexo B).

   Axudas á transformación en indefinidos de contratos para a formación, prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de xubilación e de interinidade.

   III. Programa de axudas a empresarias e empresarios sen persoas asalariadas pola contratación da súa primeira persoa traballadora fixa (anexo C).

   IV. Programa de fomento da contratación indefinida inicial vinculada a proxectos I+D (anexo D).

2. As bases específicas de cada un dos programas regúlanse nos correspondentes anexos A, B, C e D desta orde e forman parte integrante dela.

3. Para efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación á Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

5. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadores e traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde para cada un dos programas e tipos de axudas e que non incorran nas circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Capítulo II

Normas comúns: competencia e procedemento

Artigo 3º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1. Ás delegadas e delegados provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego:

Solicitudes presentadas ao abeiro do programa de fomento da contratación indefinida inicial de colectivos de desempregados con dificultades de inserción laboral ou do programa de fomento da permanencia nas empresas con contrato estable a aqueles que teñen na actualidade un contrato temporal e programa de fomento da contratación indefinida vinculada a I+D (anexos A, B e D) que recollan a contratación indefinida de 30 ou máis traballadores no ámbito territorial de Galicia nunha ou varias solicitudes de axudas presentadas durante o período de vixencia desta orde, ou cando as contratacións se realicen para prestaren servizos en centros de traballo radicados en varias provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-Solicitudes, prazo e autorizacións.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se é o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas previstas nos diferentes programas desta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie á relación laboral. Para o cómputo deste prazo entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación ou transformación. Se o último día do prazo fose inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009 aínda que nesta data non tiveren transcorrido dous meses desde a data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social da persoa traballadora contratada pola que se solicita subvención.

3. O 15 de maio de 2009 remata o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións indefinidas iniciais e polas transformacións que, cumprindo os requisitos e condicións establecidos nesta orde, se realicen entre o 16 de setembro de 2008 e a data da publicación desta orde.

4. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es/.

Porén, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e entón deberá achegar as devanditas certificacións coas solicitudes.

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario con que se imputan á entidade beneficiaria a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

8. Para a presentación das solicitudes de axudas, os beneficiarios poderán contar coa información e co asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 5º.-Instrución, tramitación e procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e en servizos centrais, o Servizo de Programación e Xestión.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 6º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán dita-

das polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegatorias deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase á persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a Autoridade de Xestión do Programa Operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 7º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os incentivos establecidos para cada un dos diferentes programas previstos nesta orde son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación puidese dar lugar á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que está prevista subvención, correspóndelle a opción ao solicitante.

2. As subvencións previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os beneficios establecidos á contratación indefinida nos anexos A, B, C e D desta orde non poderán anualmente, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea, e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

a) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou doutros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

e) Manter os postos de traballo obxecto da subvención durante o período e nos termos establecidos para os distintos programas recollidos nos diferentes anexos desta orde.

f) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 10º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

de subvencións de Galicia.

2. As obrigas de reintegro establecidas no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 11º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos/as delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro Servizo Público de Emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o caso de que se soliciten os incentivos previstos nesta orde pola transformación en indefinido dun contrato en prácticas, e a conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Quinta.-Para os efectos do sinalado na base terceira dos anexos A e C, terá a consideración de titular de familia monoparental e con cargas familiares, a persoa solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillas ou fillos menores de 21 anos ou persoas maiores incapacitadas e que non obteñan ingresos de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

Para os efectos do sinalado na base sexta do anexo A terán a consideración de traballadores desempregados procedentes de empresas en crise aquelas traballadoras e traballadores cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Para os efectos do sinalado na base terceira do anexo A e na base cuarta do anexo C, terán a consideración de retornados/as aqueles/as emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, publicarase mediante a resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01 017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01 019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01 025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.470.8, código de proxecto 2009 01 077, cun crédito de 15.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros; 16.02.322C.472.3, código de proxecto 2009 01 041, cun crédito de 3.781.656 euros, 16.02.322C.472.4 código de proxecto 2009 01 053, cun crédito de 1.181.034 euros; 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01 073, cun crédito de 50.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Oitava.-Os programas para o fomento de estabilidade no emprego están cofinanciados polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 31 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº 108, do 6 de xuño), e na Orde do 25 de abril de 2008 pola que se establecen as

bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 80, do 25 de abril).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

ANEXO A

Programa de fomento da contratación indefinida inicial de colectivos de desempregados con dificultades de inserción laboral

Primeira.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto fomentar a creación de postos de traballo de calidade e favorecer a inclusión social mediante o apoio á inserción laboral das categorías de traballadores que presentan desvantaxes e dificultades particulares para accederen e permaneceren no mercado de traballo.

Segunda.-Réxime das axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos neste anexo, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008 polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

Así mesmo, e para os efectos do cumprimento deste regulamento, todos os colectivos relacionados na base terceira deste anexo deberán cumprir o requisito establecido no artigo 2.18º a) do dito regulamento, é dicir, non ter tido un emprego fixo remunerado nos 6 meses anteriores á data da contratación.

En virtude do dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarado a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Terceira.-Colectivos desfavorecidos.

Para os efectos deste anexo, terán a consideración de colectivos beneficiarios que presentan desvantaxes para o acceso e permanencia no mercado de traballo, os homes desempregados maiores de 31 anos nos cales concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Homes titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou desempregados de unidades familiares en que ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

b) Homes demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratados nela.

c) Homes emigrantes retornados.

d) Homes desempregados procedentes de empresas en crise ou que procedan de empresas pertencentes a sectores en reestruturación, segundo os CNAE definidos no anexo XVI.

Cuarta.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Poderán ser obxecto de subvención as contratacións indefinidas iniciais, sempre que se realicen con traballadores desempregados que estean inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, pertencentes a algún dos colectivos desfavorecidos relacionados na base 3ª deste anexo.

2. As ditas contratacións iniciais, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos neste anexo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellle a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

5. Para os efectos desta orde terán a consideración de microempresas empresas en que a media aritmética do cadro de persoal global da empresa nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia sexa inferior a 10 traballadores.

Quinta.-Requisitos.

Para poder acceder aos beneficios á contratación indefinida establecidos neste anexo, deberán cumprirse as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes da contratación pola cal se solicita subvención deberá ser igual ou superior ao 75%.

Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita

media.

Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en contas as baixas dos traballadores e das traballadoras que se producisen por propia vontade da traballadora ou traballador ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral.

Sexta.-Incentivos á contratación indefinida inicial.

1. As contratacións indefinidas iniciais, incluídos os fixos-descontinuos, realizadas con traballadores desempregados pertencentes a algún dos colectivos relacionados na base 3ª, incentivaranse cunha axuda de ata 5.500 euros.

2. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos neste anexo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

3. Estas contías veranse incrementadas nun 50% para o caso de empresas de menos de 10 traballadores.

4. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do traballador contratado, calculada sobre dúas anualidades.

Sétima.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un/unha traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar de idade comprendida entre os 31 e os 44 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadores que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadores que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 6 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención.

e) Contratos realizados con desempregados maiores de 31 anos, parados de longa duración.

Para os efectos deste programa, entenderase por traballadores desempregados de longa duración aqueles que, na súa data da alta no correspondente réxime de Seguridade Social, estivesen sen traballo e tivesen acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados na oficina de emprego de 180 días se fosen de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días, se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos.

Oitava.-Prazo.

As axudas previstas neste programa solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

Novena.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración da empresa, no modelo da solicitude, en que se faga constar o número e provincia de localización dos centros de traballo da empresa en Galicia, así como do número de contratacións indefinidas polas cales se solicita subvención ao abeiro desta orde.

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral do traballador contratado, así como da taxa de estabilidade alcanzada no mes da contratación (anexo III-A).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base 5ª deste anexo.

4. Relación nominal dos traballadores contratados polos cales se solicita subvención, con indicación do colectivo e tipo de axuda que se solicita (anexo IV-A).

5. Copia simple do DNI dos traballadores contratados.

6. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social e nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, se é o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais do dito mes.

7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

8. Sectores en reestruturación (anexo XVI).

9. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XVII).

10. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de non teren pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Décima.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse achegado con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo, ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o de persoas traballadoras con contrato de interinidade e dos/das demais traballadores e traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

   b) Declaración complementaria da establecida na base novena do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo XV).

2. Non obstante o sinalado nos números anteriores, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeira.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1. Manter no seu cadro de persoal fixo o traballador contratado ao abeiro deste programa durante un período mínimo de 3 anos.

   No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo que se concedese a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo pertencer o novo traballador a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

   Esta obriga manterase durante 3 anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización da contratación indefinida.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75% no seu cómputo anual, durante polo menos 3 anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos 3 meses seguintes e durante os 3 anos posteriores ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados a partir do mes seguinte ao de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao mes en que se efectuaron as ditas contratacións.

Décimo segunda.-Revogación e reintegro.

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

   a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base décimo primeira punto 1, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedita base, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

   b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base décimo primeira punto 2, o cálculo da contía que hai que reintegrar farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente do que se trate.

   c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade mínima exixida para poder acceder aos incentivos establecidos neste anexo e que está establecida na base décimo primeira punto 3 se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía a reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, reintegrarase o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

2. En todos os supostos de incumprimento de obrigas non recollidos no punto 1 desta base procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

ANEXO B

Programa de fomento da permanencia nas empresas con contrato estable a aqueles que teñen na actualidade un contrato temporal

Primeira.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto fomentar a estabilidade nas empresas por medio da transformación en indefinidos de contratos para a formación, prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de xubilación e de interinidade, celebrados con homes maiores de 31 anos no momento da contratación temporal.

Segunda.-Réxime das axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos neste anexo, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

En virtude do dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Terceira.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Poderán ser obxecto dos incentivos previstos neste anexo, as transformacións en indefinidos de contratos para a formación, en prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de xubilación e de interinidade, calquera que sexa a data da súa realización, que se formalicen con homes maiores de 31 anos na data do contrato temporal obxecto de conversión.

   Cando se trate de contratos de interinidade, en todo caso, a súa transformación en indefinidos só poderá ser obxecto de subvención cando se manteña o posto da persoa traballadora substituída, o que terá que acreditarse.

2. Na transformación de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo. Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

3. Para os efectos deste anexo, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.

4. As ditas transformacións, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos neste anexo serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

6. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Cuarta.-Requisitos.

Para poder acceder aos beneficios á contratación indefinida establecidos neste anexo, deberán cumprirse as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes da contratación pola cal se solicita subvención deberá ser igual ou superior ao 75%.

   Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

   Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e das traballadoras que se produciseп por propia vontade do traballador ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

Quinta.-Incentivos á transformación.

1. As transformacións en indefinidos dos contratos que reúnan os requisitos e condicións establecidos na base terceira e cuarta deste anexo, incentivaranse cunha axuda de ata 2.000 euros.

2. Estas contías veranse incrementadas nun 50% para o caso de empresas de menos de 10 traballadores.

3. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do traballador contratado, calculada sobre dúas anualidades.

Sexta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou de quen desempeñe

cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Sétima.-Prazo.

As axudas previstas neste programa solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

Oitava.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración da empresa, no modelo da solicitude, en que se faga constar o número e provincia de localización dos centros de traballo da empresa en Galicia, así como do número de contratacións indefinidas polas cales se solicita subvención ao abeiro desta orde.

3. Declaración do cadro de persoal fixo de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores á transformación, así como da taxa de estabilidade acadada no mes da contratación (anexo VII-B).

   Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base 4ª deste anexo.

4. Relación nominal das persoas traballadoras contratadas polas cales se solicita subvención, con indicación do colectivo e tipo de axuda que se solicita (anexo VIII-B).

5. Copia simple do DNI dos traballadores contratados.

6. O contrato temporal de que trae causa e as súas prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social e nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, de ser o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais do dito mes.

7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

8. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XVII).

9. Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de non teren pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Novena.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

   a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o de persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras con contratos temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

   b) Declaración complementaria da establecida na base oitava do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo XV).

2. Non obstante o sinalado nos números anteriores, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décima.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das empresas beneficiarias:

1. Manter no seu cadro de persoal fixo o traballador subvencionado ao abeiro deste programa durante un período mínimo de 3 anos.

   No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo cal se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador, que deberá reunir os requisitos do traballador substituído, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda de fomento da contratación.

   Esta obriga manterase durante 3 anos desde a data de realización

do contrato indefinido obxecto de subvención.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización da transformación do contrato temporal en indefinido.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos 3 anos desde o mes en que se realice a transformación do contrato temporal en indefinido.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das transformacións dos contratos temporais en indefinidos, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados a partir do mes seguinte ao de realización das transformacións dos contratos temporais en indefinidos, así como o TC2 correspondente ao mes en que se efectuaron as ditas transformacións dos contratos temporais en indefinidos.

Décimo primeira.-Revogación e reintegro.

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base décima punto 1, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedita base, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora da que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base décima punto 2, o cálculo da contía que se ten que reintegrar farase de acordo á redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente do que se trate.

c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade mínima exixida para poder acceder aos incentivos establecidos neste anexo e que está establecida na base décima punto 3 se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que hai que reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos, se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

2. En todos os supostos de incumprimento de obrigas non previstos no punto 1 desta base procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

ANEXO C

Programa de axudas a empresarias e empresarios sen persoas asalariadas pola contratación da súa primeira persoa traballadora fixa

Primeira.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras dos incentivos á contratación indefinida, a tempo completo ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, da primeira persoa traballadora por parte do empresariado sen asalariados, coa finalidade de impulsar a capacidade de creación de emprego das pequenas empresas e favorecer a inserción laboral de persoas desempregadas.

Segunda.-Réxime das axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos neste anexo, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

Así mesmo, e para os efectos do cumprimento deste regulamento, todos os colectivos relacionados na base cuarta deste anexo deberan cumprir o requisito establecido no artigo 2.18º a) do dito regulamento, é dicir, non ter un emprego fixo remunerado nos 6 meses anteriores á data da contratación.

En virtude do dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Terceira.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Poderán ser obxecto de subvención as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación indefinida inicial e pertenzan a algún dos colectivos desfavorecidos relacionados na base 4ª deste anexo.

2. Os contratos indefinidos para que poidan ser obxecto de subvención deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos previstos nesta orde será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.

4. Para os efectos das axudas consideradas neste anexo, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Cuarta.-Colectivos desfavorecidos.

Para os efectos deste anexo terán a consideración de colectivos desfavorecidos con maiores desvantaxes para o acceso ao mercado de traballo os seguintes:

a) Titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou persoas desempregadas de unidades familiares en que ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

b) Demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratados nela.

c) Emigrantes retornados.

d) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións nas que estean subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro) para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino ou que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos, ou que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto.

e) Mulleres maiores de 30 anos demandantes de primeiro emprego.

f) Desempregadas maiores de 30 anos que non estean incluídas en ningún dos colectivos anteriores.

g) Persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social:

1. Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

2. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditadas ou autorizadas.

3. Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como persoas liberadas condicionais ou ex-reclusos e ex-reclusas que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

5. As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

6. Menores internos/as incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos/das menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os/as que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

7. Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

8. Persoas traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

9. Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

10. Mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral.

Quinta.-Requisitos.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que contraten con carácter indefinido á súa primeira persoa empregada para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que iniciasen a actividade cunha antelación mínima dun ano ao comezo da prestación de servizos pola traballadora ou traballador e que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste anexo e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para estes efectos, entenderase que se trata da primeira persoa empregada cando na empresa, nos 24 meses anteriores á contratación indefinida, non prestasen servizos traballadoras e traballadores por conta allea, agás con contratos de duración determinada ou temporal que, no seu conxunto, non superen os 180 días.

Sexta.-Exclusións e contratacións de familiares.

1. Exclúense dos beneficios do programa establecido neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de persoas traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

b) Traballadores e traballadoras que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 6 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

c) Non poderán acceder a estas axudas as cooperativas e sociedades laborais pola contratación da súa primeira persoa asalariada.

2. Sempre que se reúnan os requisitos e demais condicións exixidos neste anexo e poidan ter a consideración de asalariados, os incentivos establecidos na base 7ª tamén poderán ser de aplicación cando o empregador sexa un/unha traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea os/as fillos/as menores de 30 anos, e que pertenza a algún dos colectivos establecidos na base cuarta, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

Sétima.-Axudas.

1. As empresas que contraten con carácter indefinido á súa primeira persoa traballadora de acordo cos requisitos e condicións establecidos neste anexo, poderán obter unha axuda, pagadoira dunha soa vez, que consistirá nunha subvención por unha contía equivalente ao importe do 30% da base mínima do grupo de cotización a que pertenza a persoa traballadora contratada, establecida para o ano de cada convocatoria, calculada sobre tres anualidades, ata un máximo de 4.500 euros, se o contrato se realiza a xornada completa, ou a parte proporcional se se realiza a tempo parcial.

Cando a dita contratación se realice con mulleres o límite incrementarase ata 6.600 euros.

2. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Oitava.-Prazo.

As axudas previstas neste programa solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 15 de setembro de 2009 aínda que nesta data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

Novena.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Alta no imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda, e documentación que acredite que se trata da creación do primeiro posto de traballo de carácter fixo (vida laboral da empresa referida aos 24 meses anteriores á data da contratación indefinida da persoa traballadora pola que solicita a subvención, incluíndo todas as contas de cotización).

3. Copia simple do DNI da traballadora ou traballador.

4. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza ao correspondente colectivo.

5. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social e nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, de ser o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais do dito mes.

6. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

7. Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XVII).

8. Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Décima.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións, quedará condicionado á presentación no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

   a) Documento TC2 correspondente á mensualidade de contratación.

   b) Declaración complementaria da establecida na base novena deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, a opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeira.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións previstas neste anexo:

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras contratadas ao abeiro deste programa, por un período mínimo de 3 anos.

   No suposto de extinción da relación laboral da traballadora ou traballador por quen se concedese a subvención, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos que a persoa traballadora substituída, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

   Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

2. As empresas beneficiarias, co fin de garantir o mantemento do posto de traballo estable creado obxecto de subvención, deberán presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha declaración do mantemento do emprego xunto co TC2 do mes de decembro do ano anterior.

   Esta obriga manterase durante os tres anos seguintes a aquel en que se concedeu a axuda ou subvención.

ANEXO D

Programa de fomento da contratación indefinida inicial vinculada a proxectos I+D

Primeira.-Obxecto.

1. Este programa ten por obxecto favorecer a inserción laboral con carácter estable dos desempregados titulados mediante incentivos á contratación indefinida vinculada a proxectos I+D.

2. Poderán ser obxecto de subvención os contratos indefinidos iniciais a tempo completo ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, que se realicen con mozos e mozas con titulación universitaria ou de formación profesional de segundo grao ou de ciclo superior, desempregados e inscritos no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

   a) Que participasen en programas de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en universidades ou centros de investigación públicos ou privados e se lles asignen tarefas acordes coa súa preparación e titulación.

   b) Que se incorporen a un departamento de actividades innovadoras ou, no caso de que este non exista, se lles asignen tarefas que favorezan a innovación tecnolóxica ou técnica da empresa.

   c) Que se incorporen a proxectos empresariais de investigación e innovación acollidos ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico ou a empresas que participen ou participasen no programa IDIPEME.

   d) Que se incorporen a empresas de menos de 50 traballadoras e traballadores para a realización de tarefas relacionadas coa introdución de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

3. Os contratos de traballo deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

4. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade considerarásellе a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

Segunda.-Réxime das axudas.

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais que reúnan as condicións e requisitos establecidos neste anexo están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles con el mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento de exención por categorías).

Así mesmo, e para os efectos do cumprimento deste regulamento, todos os mozos e mozas contratados ao abeiro deste anexo deberan cumprir o requisito establecido no artigo 2.18º a) do dito regulamento, é dicir, non ter un emprego fixo remunerado nos 6 meses anteriores á data da contratación.

En virtude do dito regulamento quedan excluídas del as axudas concedidas a beneficiarios que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase a axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Terceira.-Requisitos.

Para poder acceder aos beneficios á contratación indefinida establecidos neste anexo, deberán cumprirse as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes de contratación polo que se solicita subvención deberá ser igual ou superior ao 75%.

   Para os efectos do anterior entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida inicial que se fomenta, ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

   Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo non se terán en conta as baixas das traballadoras e dos traballadores que se producisen pola súa propia vontade, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta, ten que incrementarse o cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral ou, se é o caso, na referencia que se estableza en plans de emprego pactados coa representación legal das traballadoras e dos traballadores no ámbito da empresa.

Cuarta.-Axudas.

1. As contratacións indefinidas a xornada completa vinculadas a proxectos I+D previstas neste anexo incentivaranse cunha axuda de ata 3.000 euros, incrementándose a unha contía de ata 5.000 euros cando se realicen con mulleres tituladas.

2. Cando a persoa traballadora contratada posúa o título universitario de doutor/a, os incentivos previstos no número anterior incrementaranse nunha contía de ata 600 euros se son homes, e de ata 1.000 euros cando se trate de mulleres.

3. Nas contratacións a tempo parcial a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

4. Estas contías veranse incrementadas nun 50% para o caso de empresas de menos de 10 traballadores.

5. En ningún caso, a contía destas axudas poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais do/da traballador/a contratado/a, calculada sobre dúas anualidades.

Quinta.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos no programa deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores e traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando o empregador sexa un traballador/a autónomo/a que contrate como traballador/a por conta allea os fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados/as, e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

c) Contratacións realizadas con traballadoras e traballadores que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadoras e traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 6 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

Sexta.-Prazo.

As axudas previstas neste programa solicitaranse nos 2 meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

Sétima.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación dos supostos e tipo de incentivo que se solicita (anexo XIV-D).

3. Certificado acreditativo da titulación e da data de terminación dos estudos e, se é o caso, título universitario de doutora ou doutor, así como copia simple do DNI de cada persoa traballadora contratada.

4. Copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social e nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación do traballador obxecto de solicitude de subvención ou, de ser o caso, declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais do dito mes.

5. Cando se trate de contratos vinculados a proxectos I+D, deberá xuntarse unha memoria na que se recolla unha definición precisa do posto de traballo que considere as tarefas que vai desenvolver o traballador ou traballadora, e unha breve descrición das actividades empresariais innovadoras máis relevantes que vai desenvolver o equipo ou departamento da empresa en que se integrará a traballadora ou traballador, ou das tecnoloxías da información e as comunicacións introducidas nas empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras e, de ser o caso, documentación acreditativa da participación da persoa traballadora contratada en programas de investigación. No suposto de que se trate da incorporación a proxectos empresariais de investigación e innovación acollidos ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico ou a empresas que participen ou participasen no programa IDIPEME, deberá achegarse, ademais, informe favorable da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

6. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos 12 meses anteriores ao inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación (anexo XIII-D).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas producidas polas causas previstas na base terceira.

7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

8. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade bancaria acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XVII).

9. Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

a) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución, agás que xunto coa solicitude se achegasen todos os boletíns correspondentes ao período de cómputo para o cálculo do incremento do cadro de persoal ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste o

número de persoas traballadoras con contrato indefinido e o das persoas traballadoras con contratos de interinidade, en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Declaración complementaria da establecida na base sétima deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo XV).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto, poderá tramitarse conxuntamente a fase de concesión e o pagamento das axudas.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras contratadas durante un período mínimo de tres anos.

No suposto de extinción da relación laboral da traballadora ou traballador por quen se concedese a subvención, a cobertura do posto por unha nova persoa traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos que a persoa traballadora substituída, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos 3 anos, que se contarán desde a data de realización do contrato indefinido.

3. Manter a estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75% no seu cómputo anual, durante polo menos 3 anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

4. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun período de 12 meses contados desde o mes de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao mes en que se efectuaron as ditas contratacións.

Décima.-Revogación e reintegro.

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base novena punto 1, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedita base, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base novena punto 2, o cálculo da contía que se ten que reintegrar farase de acordo á redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente de que se trate.

c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade mínima exixida para poder acceder aos incentivos establecidos neste anexo e que está establecida na base novena punto 3 se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que se deba reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de 5 puntos se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

2. En todos os supostos de incumprimento de obrigas non previstos no punto 1 desta base procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

Ver anexos pdf "53-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertidos erros na citada orde, publicada no Diario Oficial de Galicia do martes 17 de marzo de 2009, é necesario efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 5.625, o anexo XVI debe substituírse polo seguinte:

Ver anexos pdf "53-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no

emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertido erro na devandita corrección de erros, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 62, do 31 de marzo de 2009, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 6.518, onde di: «Na páxina 5.625, o anexo XVI debe substituírse polo seguinte:

ANEXO XV

Sectores de actividade en reestruturación»,

Ver anexos pdf "53-09.PDF"

54 Resolución do 28 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se publica a decisión da Comisión Europea de considerar o programa de incentivos a plans empresariais de incremento de estabilidade laboral compatible co Tratado da CE, en aplicación da excepción do seu artigo 87, punto 3, letra c.

(DOG nº 26, do 6.02.2009).

A Consellería de Traballo iniciou, o 25 de maio de 2007, o proceso de notificación á Comisión Europea do réxime de axudas a plans empresariais de incremento da estabilidade laboral para conseguir a súa aprobación.

Este programa de incentivos desenvolveuse a través de ordes de convocatoria de carácter anual. En concreto, no ano 2007, na Orde do 24 de maio de 2007 (DOG nº 104, do 31 de maio), no ano 2008, na Orde do 19 de maio de 2008 (DOG nº 100, do 26 de maio) e no ano 2009, na Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro).

En todas elas, no seu articulado, establécese, na súa adecuación ao dereito comunitario, o seu sometemento ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo ás axudas de minimis, mentres non se obtivese autorización da Comisión Europea do réxime de axudas notificado.

Resoltas as dúbidas, enviada a información adicional e as aclaracións solicitadas pola Comisión Europea respecto a este réxime de axudas, a Comisión decidiu o 10 de decembro de 2008 autorizar o réxime de axudas a plans empresariais de incremento da estabilidade laboral.

Consonte todo anterior e en virtude da facultade que se me confire, na disposición derradeira primeira das devanditas ordes de convocatoria, para ditar, no ámbito das miñas competencias, as resolucións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento,

RESOLVO:

Primeiro.-Comunicar a decisión da Comisión, do 10 de decembro de 2008, de considerar o réxime de axudas notificado (Axuda estatal N 332/2007-España. Axudas a plans empresariais para incrementar a estabilidade laboral en Galicia), compatible co Tratado CE en aplicación da excepción do artigo 87, punto 3, letra c), do Tratado CE.

Segundo.-As axudas polas contratacións indefinidas iniciais e polas transformacións en indefinidos dos contratos temporais reguladas nas ordes de convocatoria do 24 de maio de 2007, do 19 de maio de 2008 e do 30 de decembro de 2008 non queden sometidas ao réxime de minimis, ao estaren autorizadas pola Comisión Europea por decisión do 10 de decembro de 2008.

Terceiro.-Comunicarlles aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro das ordes de convocatoria do programa de incentivos aos plans empresariais de incremento da estabilidade laboral, que estas axudas non teñen a consideración de axudas de minimis, en canto aos efectos do cómputo dos importes do artigo 2.2º do Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2009.

Fomento do autoemprego e economía social

55 Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.

(DOG nº 6, do 9.01.2009).

A Constitución española, no seu artigo 9.2º, dispón que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas e, no seu artigo 35, recolle o deber de traballar e o dereito ao traballo de todos os españois, así como á promoción a través do traballo.

O artigo 4.2º do Estatuto de autonomía de Galicia reitera o devandito mandato constitucional e sinala, así mesmo, que lles corresponde remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Correspóndelle á Consellería de Traballo conforme o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a asunción e o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

A través do acceso ao mundo laboral alcánzase o progreso económico dunha sociedade, xa que o traballo, non só constitúe unha fonte de ingresos, senón que resulta unha fonte indispensable para a dignificación da persoa así como a prevención de situacións de exclusión social, rehabilitación e inserción daqueles cidadáns que abandonaron uns mínimos hábitos laborais e sociais. Nas últimas décadas, e co obxecto de favorecer a inserción dos colectivos en situación ou risco de exclusión social, desenvolveuse a figura xurídica das empresas de inserción laboral como estruturas produtivas que, cumprindo unha función social e económica, proporcionan aos máis desfavorecidos a oportunidade de entrar no sistema socioeconómico a través do emprego, e por tal motivo, merecen unha especial protección por parte dos poderes públicos.

A Orde do 6 de maio de 2008, pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo, desenvolvía o Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.

Atendendo a ese desenvolvemento, a orde recollía o sinalado na disposición transitoria do dito decreto, que concedía un período transitorio para aquelas entidades que xa viñan operando como de inserción.

Transcorrido o período transitorio fixado polo antedito decreto, procede fixar as bases que regulen o proceso de cualificación e o rexistro de empresas de inserción laboral dun xeito permanente, para facilitar o acceso ás empresas que teñan como finalidade do seu obxecto social a integración e formación sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

Co obxecto de garantir unha maior clarificación e comprensión, en aspectos tan salientables como é a definición de entidade cualificable é polo que se fai necesario eliminar toda referencia ao período transitorio fixado pola Orde do 6 de maio de 2008 e a publicación dunha nova orde que permita unha maior garantía e transparencia de cara aos cidadáns.

Esta orde estrutúrase en 3 capítulos, 13 artigos, 1 disposición adicional, 1 disposición derrogatoria e 2 disposicións derradeiras.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, así como establecer e determinar a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.

2. Esta Orde será de aplicación ás empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción socio laboral (DOG nº 153, do 8 de agosto).

Artigo 2º.-Concepto de empresa de inserción laboral.

Para os efectos desta orde, considéranse empresas de inserción laboral aquelas estruturas produtivas de bens ou servizos que teñan por finalidade básica do seu obxecto social a incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral común, sempre que reúnan os requisitos previstos no artigo 4º do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas

de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción socio laboral.

Capítulo II

Cualificación de empresa de inserción laboral

Artigo 3º.-Entidades cualificables.

Poderán ser cualificadas como empresas de inserción laboral:

As sociedades mercantís, sociedades laborais, sociedades cooperativas ou calquera tipo de organización societaria civil ou mercantil legalmente constituída e que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e nesta orde.

Artigo 4º.-Acto de cualificación.

A cualificación é o acto polo que unha entidade das indicadas no artigo 3º desta orde adquire, previa tramitación do correspondente expediente, a condición de empresa de inserción laboral en virtude de resolución motivada do director xeral de Promoción do Emprego unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nos artigos 3 e 4 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

Artigo 5º.-Procedemento de cualificación.

1. O procedemento iniciarase por instancia do interesado mediante solicitude cursada en modelo normalizado, conforme o anexo I desta orde. A solicitude poderá presentarse en calquera dos rexistros dos órganos administrativos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberá dirixirse á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo.

2. As solicitudes de cualificación irán acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

   - Denominación social da entidade solicitante.
   - Memoria que acredite a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto empresarial, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como o plan de investimentos e valoración das distintas fontes de financiamento con que conta o proxecto.
   - Número de identificación fiscal (NIF), así como escritura de constitución e estatutos ou calquera outra documentación identificativa das entidades promotoras que participen no capital social da empresa obxecto de cualificación.
   - NIF, así como escritura de constitución e estatutos da empresa obxecto de cualificación ou calquera outra documentación que a identifique. En todo caso, acompañarase xustificación da porcentaxe de participación no capital social de cada unha das persoas ou entidades participantes.
   - DNI do representante legal da empresa e, se é o caso, documentación acreditativa da representación coa que actúa.
   - Relación de traballadores/as en situación de alta no cadro de persoal pola que se xustifique o cumprimento do requisito exixido no artigo 4.c) do Decreto 156/2007.

   Calquera outra documentación que sexa requirida para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e no Decreto 156/2007.

Artigo 6º.-Instrución e tramitación.

1. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo dos Autónomos, Inserción Laboral e Calidade do Emprego da Consellería de Traballo.

2. Se a solicitude non se cubrise en todos os seus termos ou non se acompaña da documentación que se menciona no artigo 5.2º, requirirase o interesado para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Recibida toda a documentación, o órgano instrutor formulará proposta de resolución que elevará ao director/a xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 7º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para resolver as solicitudes de cualificación como empresa de inserción laboral corresponderá ao director/a xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de cualificación.

3. As empresas de inserción que obteñan a cualificación deberán incluír na súa denominación as palabras Empresa de Inserción Laboral ou a abreviatura correspondente EIL.

4. Contra as resolucións ditadas neste procedemento poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, desde a súa notificación, perante o conselleiro de Traballo.

Artigo 8º.-Obrigas das empresas de inserción laboral cualificadas.

1. As empresas de inserción laboral, unha vez inscritas, están obrigadas a presentar no rexistro administrativo de empresas de inserción laboral de Galicia:

   a) A documentación acreditativa das modificacións estatutarias que afecten a súa cualificación (composición e titularidade do capital social, denominación social, domicilio social ou obxecto social) no prazo de dous meses desde a súa inscrición no rexistro correspondente á súa forma xurídica.

   b) O plan de actividades e o orzamento anual con anterioridade ao inicio do exercicio económico correspondente.

   c) As contas anuais e o informe de xestión correspondente ao peche de cada exercicio económico.

d) Un balance social anual no que se informe dos resultados obtidos en materia de inserción sociolaboral dos traballadores ocupados nelas.

e) A documentación acreditativa da modificación da estrutura do cadro de persoal que afecte a porcentaxe mínima de traballadores/as en inserción. A comunicación deberase realizar no prazo dun mes desde que a dita modificación teña lugar.

2. O prazo para a elaboración e presentación dos documentos sinalados nos puntos c) e d) será de 6 meses, contados desde a data do peche do exercicio.

3. As empresas de inserción laboral deberán manter en cómputo anual, desde a súa cualificación, un mínimo do 30% de traballadores/as en proceso de inserción con respecto ao total do cadro de persoal, sen prexuízo dos límites establecidos pola normativa específica de sociedades cooperativas e de sociedades laborais en materia de contratación.

En ningún caso, o número de persoas en proceso de inserción debe ser inferior a dúas, salvo nas empresas de catro ou menos traballadores/as, en que polo menos deberán ter un traballador en proceso de inserción. Para acreditar a porcentaxe indicada computaranse tanto os/as traballadores/as por conta allea como os/as socios/as traballadores/as integrantes deste tipo de empresas. Os indicados mínimos deberán entenderse en cómputo horario a tempo completo.

Artigo 9º.-Perda da cualificación de empresa de inserción laboral.

1. Son causas de descualificación como empresa de inserción laboral:

a) O incumprimento da finalidade básica de integración sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

b) O incumprimento ou perda dalgún dos requisitos necesarios para ser considerada empresa de inserción.

c) O incumprimento de forma continuada das obrigas inherentes á súa propia natureza, incluídos os incumprimentos en materia de inscrición e constancia rexistral.

d) A transformación nunha sociedade doutra natureza, sen prexuízo do dereito da nova sociedade a solicitar a súa cualificación como empresa de inserción.

e) A transformación nunha nova sociedade, aínda que sexa da mesma natureza, por fusión de dúas ou máis entidades preexistentes ou por absorción, sen prexuízo do dereito da nova sociedade de solicitar a súa cualificación como empresa de inserción.

f) A creación dunha ou máis sociedades por segregación doutra preexistente, sen prexuízo do dereito das sociedades segregadas de solicitar a súa cualificación como empresa de inserción.

g) O peche da empresa ou a disolución da sociedade.

2. A descualificación como empresa de inserción debe ser acordada, logo de audiencia da entidade interesada, mediante resolución do director ou directora xeral de Promoción do Emprego, tras o expediente administrativo tramitado para o efecto.

3. A descualificación, unha vez esgotada a vía administrativa, produce de oficio efectos de baixa rexistral, pero non implica a disolución da sociedade.

4. Toda empresa de inserción pode, en calquera momento, solicitar a súa descualificación como tal, o que produce a perda desta condición e a baixa no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia, sempre que iso non comporte ningún prexuízo ás persoas en proceso de inserción.

Capítulo III

Rexistro de empresas de inserción laboral

Artigo 10º.-Creación e adscrición.

1. Créase o Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia adscrito ao centro directivo competente en materia de promoción do emprego, que terá por obxecto a inscrición das empresas que obtivesen a cualificación de empresas de inserción laboral.

2. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia é un rexistro público, gratuíto, autonómico e único que expide as certificacións que son da súa competencia.

Artigo 11º.-Efectos da inscrición rexistral.

1. A inscrición rexistral producirá o efecto da publicidade dos datos consignados.

2. A inscrición non terá efectos constitutivos das entidades cualificadas, non conferíndolles máis dereitos que a constancia dos actos e datos dos que trae causa.

3. A inscrición rexistral será condición previa necesaria para que unha empresa de inserción laboral acceda ás medidas de fomento e subvencións que realice a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12º.-Cancelación das inscricións.

1. As inscricións no Rexistro de Empresas de Inserción da Comunidade Autónoma de Galicia cancelaranse de oficio en todos os casos nos que se produza unha descualificación, nos termos recollidos no artigo 9º desta orde, logo de instrución do correspondente procedemento administrativo.

2. As inscricións poderán cancelarse, así mesmo, por instancia de parte.

Artigo 13º.-Funcionamento.

1. Unha vez cualificada unha empresa como de inserción laboral, o Servizo dos Autónomos, Inserción Laboral e Calidade do Emprego da Dirección Xeral de Promoción do Emprego procederá de oficio á súa inscrición no Rexistro de Empresas de Inserción Laboral.

2. As circunstancias previstas no artigo 8.1º serán debidamente inscritas na folla aberta á empresa no rexistro.

3. Nos casos de descualificación previstos no artigo 9º procederase a cancelar de oficio a inscrición rexistral e ao peche da corresponden-

te folla rexistral, unha vez firme en vía administrativa, notificándollelas aos interesados.

4. O rexistro levará un Libro de inscrición de empresas de inserción laboral, abríndose unha folla rexistral por cada empresa que se cualifique, na que se farán constar os seguintes datos:

a) Número de rexistro que se lle asigna.

b) Denominación da empresa, con indicación da súa forma xurídica.

c) Obxecto social.

d) Actividade.

e) Domicilio social.

f) Domicilio do centro ou centros de traballo con que conta a empresa en Galicia.

g) Capital social. Farase constar a identidade das persoas físicas e xurídicas, incluídas as entidades sen ánimo de lucro, que sexan socias, con indicación da súa participación no capital social.

5. As inscricións numeraranse correlativamente e constarán de nove díxitos, correspondendo os dous primeiros ao número de identificación da Comunidade Autónoma de Galicia, os tres seguintes expresarán a orde secuencial, e os catro últimos indicarán o ano no que se cualifica e inscribe a empresa de inserción e a continuación identificarase coas siglas EIL.

6. Na resolución pola que se cualifique o proxecto empresarial como EIL deberá constar expresamente o número de inscrición como empresa de inserción laboral.

Disposición adicional

Non poderán obter a cualificación como empresa de inserción laboral aquelas empresas que, cumprindo todos os requisitos exixidos no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral, e nesta orde, foran cualificados ou puidesen obter a cualificación como centros especiais de emprego.

Disposición derrogatoria

Única.-Queda derrogada a Orde do 6 de maio de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo (DOG nº 92, do 14 de maio), coa excepción do disposto na disposición transitoria primeira na súa aplicación ás entidades xa cualificadas provisionalmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "55-09.PDF"

56 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 9, do 14.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 28, do 10.02.2009).

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego.

Neste senso, o desenvolvemento das políticas activas de emprego na nosa comunidade autónoma, no marco de actuación sinalado, permite adecuar uns instrumentos que configuran o emprego como factor clave da política económica e social na procura de metas máis ambiciosas no progreso de Galicia.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Traballo, de acordo co disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. No obxectivo principal da creación de emprego é necesario establecer medidas coa finalidade de mellorar a situación laboral das persoas que traballan no agro e promover a creación do emprego no sector agrario de Galicia.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia establece, no seu artigo 31, que as políticas activas de emprego en Galicia terán en conta de xeito prioritario a situación das mulleres no medio rural. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras do medio rural.

A disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, estableceu unha redución durante tres anos do 30 por cento da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas cotitulares de explotacións agrarias, sempre que se trate de persoas de 40 ou menos anos de idade, e que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular dunha explotación agraria, estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.

A Lei 18/2007, do 4 de xullo, procede á integración dos traballadores e traballadoras por conta propia do réxime especial agrario no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, e crea, dentro deste réxime, un sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. Esta lei estableceu unha redución durante cinco anos do 30 por cento da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas de 40 ou menos anos de idade que sexan cónxuxes ou descendentes da persoa titular da explotación agraria, sempre que esta se atope dada de alta nos citados réxime e sistema especial.

Neste contexto normativo, e coa finalidade de facilitar a alta na Seguridade Social das persoas cotitulares de explotacións agrarias, en coordinación coa mellora introducida no ámbito estatal, a Consellería de Traballo desde o ano 2006 estableceu a regulación dun programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporando un complemento do 20 por cento á redución estatal do 30 por cento, de forma que coa complementariedade de ambos os incentivos se facilita a alta no réxime especial agrario das persoas cotitulares de explotacións agrarias de Galicia cunha redución total do 50 por cento na correspondente cotización á Seguridade Social.

Coa orde do ano 2007 foron introducidas as melloras recollidas no mandato do Parlamento de Galicia, mediante a proposición non de lei número 12.807 do ano 2006, aprobada pola unanimidade dos deputados e deputadas. A mellora do programa supuxo unha ampliación das persoas beneficiarias, para o caso das mulleres de ata os 45 anos, incluíndo nalgún suposto concreto o seu acceso á titularidade da explotación agraria. Nestes casos o incentivo do 50 por cento na cotización á Seguridade Social foi a cargo dos fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A orde do ano 2008 mellorou o programa coa ampliación das persoas beneficiarias para o suposto dos descendentes da persoa titular da explotación agraria, en concordancia coa Lei 18/2007, de 4 de xullo, sempre que a súa incorporación se producira desde o 1 de agosto de 2007, data da entrada en vigor da lei.

Esta orde establece a regulación do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias e á súa convocatoria para o ano 2009, dando continuidade aos incentivos e melloras introducidos neste programa desde o ano 2006.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sétima.

A subvención obxecto desta orde financiarase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente. Para o exercicio 2009 a dita determinación recóllese na disposición adicional sexta desta orde.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras, e a súa convocatoria para o ano 2009, do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias de Galicia, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias deste programa as persoas incorporadas á actividade agraria incluídas nalgún dos seguintes colectivos e que cumpran os requisitos previstos para cada suposto.

1. Persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

   a) Que a súa incorporación se producise a partir do 1 de xaneiro de 2006.

b) Ter corenta ou menos anos de idade no momento da dita incorporación.

c) Que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular da mesma explotación agraria, estea de alta no mesmo réxime especial.

d) Que sexan beneficiarias da redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social establecida na disposición adicional primeira da Lei 18/2007.

2. Persoas incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, como traballadores por conta propia, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a súa incorporación se producise no período do 1 de agosto de 2007 e ata o 31 de decembro de 2007.

b) Que teñan corenta ou menos anos de idade no momento da dita incorporación.

c) Que sexan cónxuxes ou descendentes do titular da mesma explotación agraria, sempre que este se atope incluído no citado réxime especial.

d) Que sexan beneficiarias da redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social establecida na disposición adicional primeira da Lei 18/2007.

3. Persoas incorporadas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de xaneiro de 2008.

b) Ter corenta ou menos anos de idade na data da dita incorporación.

c) Que sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria, sempre que este se atope dado de alta nos citados réximes e sistema especiais.

d) Que sexan beneficiarias da redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social establecida na disposición adicional primeira da Lei 18/2007.

4. Mulleres incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, a partir do 1 de xaneiro de 2006, ou incorporadas a partir do 1 de xaneiro de 2008 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter corenta e un e ata corenta e cinco anos de idade na data da dita incorporación.

b) Que sexan cónxuxes ou parentes da persoa titular da mesma explotación agraria, sempre que esta se atope dada de alta nos citados réximes e sistemas especiais.

5. Mulleres de corenta e cinco ou menos anos de idade na data de alta na Seguridade Social, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social a partir do 1 de xaneiro de 2006, ou incorporadas a partir do 1 de xaneiro de 2008 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, titulares de explotacións agrarias nos seguintes supostos:

a) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria en funcionamento que lles fose atribuída tras un proceso de separación ou divorcio.

b) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria tras o falecemento, xubilación ou incapacidade recoñecida do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive.

c) Mulleres que se incorporen a unha explotación familiar en marcha, cando o seu cónxuxe cause baixa no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, por dedicarse a outra actividade e mentres este permaneza en situación de alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social.

6. Será requisito para percibir as axudas establecidas nesta orde que as persoas beneficiarias estean incluídas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

7. Non poderán ser beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no punto 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Axuda.

1. A axuda para as persoas beneficiarias incluídas no colectivo do artigo 2º, números 1, 2 e 3 desta orde consistirá no aboamento do 20 por 100 da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar, calculada en función da base de cotización que corresponda e o tipo de cotización do 18,75 por cento.

Conforme o anterior, a axuda correspondente ao ano 2008 será de 30,65 euros mensuais, e a axuda correspondente ao ano 2009 será de 31,25 euros mensuais.

2. A axuda para as mulleres incluídas nos supostos do artigo 2º números 4 e 5 desta orde consistirá no aboamento do 50 por 100 da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar, calculada en función da base de cotización que corresponda e o tipo de cotización do 18,75 por cento.

Conforme o anterior, a axuda correspondente ao ano 2008 será de 76,62 euros mensuais, e a axuda correspondente ao ano 2009 será de 78,13 euros mensuais.

3. Procederá este aboamento polas mensualidades desde outubro do ano 2008, ou desde a data de efectos da obriga de cotización, se esta é posterior, e ata setembro do ano 2009, esta incluída.

Artigo 4º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalle ao director xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo.

Artigo 5º. -Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano com-

petente para resolver, e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo, dirixidas ao director xeral de Promoción do Emprego (edificio administrativo San Lázaro s/n, Santiago de Compostela, 15781 A Coruña), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A persoa beneficiaria da axuda regulada nesta orde deberá presentar unha única solicitude.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro de 2009.

4. A axuda correspondente ás mensualidades do ano 2010, e do último trimestre do ano 2009 deberá solicitarse conforme o que se estableza na orde pola cal se proceda á convocatoria deste programa para o ano 2010.

5. A presentación da solicitude de subvención por parte interesada comportará a autorización expresa ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na disposición adicional cuarta desta orde.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as devanditas certificacións.

6. A solicitude e anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo http//traballo.xunta.es.

7. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente á Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

Artigo 6º.-Documentación.

1. A solicitude deberá presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I a esta orde e deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante.

b) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados, segundo o modelo anexo IV desta orde. Ou, de ser o caso, unha declaración na solicitude de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións segundo o anexo I desta orde.

c) Ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta bancaria que indica, segundo o anexo III desta orde.

Este certificado debe estar a nome da persoa solicitante, non sendo válido a nome da explotación.

2. As mulleres solicitantes incluídas no suposto do artigo 2º.4 desta orde, ademais da documentación indicada no número 1 anterior, deberán achegar a seguinte:

a) Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no réxime especial agrario por conta propia (modelo TA.0721), ou fotocopia compulsada do documento de alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.

b) Fotocopia simple do DNI da persoa cotitular da explotación agraria.

c) Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco.

d) No caso de non figurar o titular da explotación no documento da alta na Seguridade Social, fotocopia compulsada do documento acreditativo de quen é o titular da explotación agraria.

3. As mulleres solicitantes incluídas nos supostos do artigo 2º.5 desta orde, ademais da documentación indicada no número 1 anterior, deberán achegar a seguinte:

a) Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no réxime especial agrario por conta propia (modelo TA.0721), ou fotocopia compulsada do documento de alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.

b) Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco co anterior titular.

c) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2º.5, letra a): fotocopia compulsada da sentenza de separación ou divorcio e fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

d) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2º.5, letra b): fotocopia compulsada do certificado ou certificados de defunción ou fotocopia compulsada da resolución de xubilación ou incapacidade do cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

e) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2º.5, letra c): copia da baixa no réxime especial agrario ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, e alta noutro réxime ou réxime da Seguridade Social do cónxuxe.

4. As persoas beneficiarias deste programa durante o ano 2008 soamente deberán presentar a solicitude no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde.

No anexo I deberá constar a declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións, ou noutro caso, deberá achegarse a declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma

finalidade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados, segundo o modelo anexo IV desta orde.

No suposto de solicitar o cambio da conta bancaria para o ingreso da axuda, deberá achegarse a ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta bancaria que indica, segundo o anexo III desta orde.

5. Ás solicitudes dos interesados xuntaránselles os documentos sinalados neste artigo, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 7º.-Procedemento de concesión, tramitación e instrución.

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Apoio a Emprendedores da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán da persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola respectiva intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo.

2. As resolucións que se diten neste procedemento seranlles notificadas ás persoas interesadas, e deberanse motivar axeitadamente.

3. Os expedientes completos referidos ás solicitudes formalizadas no mesmo trimestre acumularanse, e ditarase unha única resolución, na cal consten os datos básicos correspondentes a todas as persoas beneficiarias.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que subsista a obriga legal de ditar resolución expresa sobre a solicitude presentada.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Xustificación do pagamento e pagamentos parciais.

1. O pagamento da axuda quedará condicionado á acreditación do ingreso das cotas no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, polas mensualidades establecidas na resolución de concesión.

2. Poderá acordarse o pagamento parcial á conta da liquidación definitiva a medida que a persoa beneficiaria xustifique os libramentos anteriores ata unha porcentaxe non superior ao 80% da subvención concedida.

Artigo 10º.-Incompatibilidades e concorrencia.

O importe das axudas reguladas nesta orde non poderá ser, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de tal contía que supere o 50 por cento do custo da cotización á Seguridade Social satisfeita pola persoa beneficiaria.

Artigo 11º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspec-

ción que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Modificación da resolución da concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente a súa revogación.

Artigo 13º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedecencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá a revogación parcial da axuda concedida polas mensualidades que non foran obxecto de cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Artigo 14º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, polo tanto non poderán exceder os límites cuantitativos (7.500 euros nun período de tres exercicios fiscais) establecidos no Regulamento CE nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector agrario da produción de produtos agrícolas (DOUE nº L 337, do 21 de decembro de 2007).

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e o seguimento destes programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios e as beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A Consellería de Traballo e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais asinaron, con data do 30 de outubro de 2007, o convenio de cesión de datos entre a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Traballo, en aplicación do protocolo de colaboración asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Secretaría de Estado da Seguridade Social, para a posta en marcha dunha liña de axudas aos cotitulares de explotacións agrarias, co obxecto de facilitar a acreditación nas persoas solicitantes das axudas desta orde da súa condición de persoas beneficiarias da redución de cotas á Seguridade Social, segundo o establecido no artigo 2º desta orde, da súa alta no réxime especial agrario por conta propia ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, así como para a acreditación da efectiva cotización xustificativa do pagamento das axudas, segundo o establecido no artigo 9º.1 desta orde.

Quinta.-As referencias ao cónxuxe do titular da explotación agraria contidas nesta orde entenderanse tamén realizadas á persoa ligada de forma estable con aquel por unha relación de afectividade análoga á conxugal unha vez que se regule, no ámbito do campo de aplicación do sistema da Seguridade Social e dos réximes que o conforman, o alcance do encadramento da parella de feito do empresario/a ou do titular ou da titular do negocio industrial ou mercantil ou da explotación agraria ou marítimo-pesqueira.

Sexta.-A concesión das axudas reguladas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O pagamento das axudas reguladas nesta orde financiarase con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que mediante disposición complementaria se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

En virtude do anterior, no exercicio 2009 o financiamento das axudas recollidas nesta orde realizarase con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 16.02.322C.480.0, código de proxecto 2009 01007, cun importe de 500.000 euros. Esta contía está recollida no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposición transitoria

Única.-Poderán atenderse con cargo aos créditos que financian esta orde aquelas solicitudes en que, presentadas en prazo e cumprindo

todos os requisitos establecidos para a súa concesión, conforme o establecido na orde de convocatoria do programa regulado nesta orde do ano 2008, non constase a información da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme o convenio asinado para o efecto, sobre o cumprimento de requisitos e a acreditación da cotización no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "56-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertido erro na citada orde, publicada no Diario Oficial de Galicia do mércores 14 de xaneiro de 2009, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Os anexos incluídos nas páxinas 793 e 794 deben substituírse polos que se insiren a continuación.

Ver anexos pdf "56-09.PDF"

57 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumíu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. A través dos decretos 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo (DOG núm. 200, do 18 de outubro), modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro (DOG núm. 46, do 6 de marzo) e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro (DOG núm. 32, do 14 de febreiro), a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

As transformacións que se veñen experimentando nos últimos anos no contorno social, económico, organizativo e tecnolóxico configuran algunhas das múltiples causas de exclusión social, definida esta como a imposibilidade de exercer os dereitos sociais, fundamentalmente o dereito ao traballo, o que provoca numerosos efectos colaterais, tales como a desmotivación persoal e o abandono de hábitos sociais e laborais.

Para paliar estas situacións establécense os procesos de integración social que teñen unha innegable relación co ámbito do emprego. Deste xeito, aquelas actuacións que amplíen as posibilidades de inserción no mercado laboral supoñen para estas persoas unha forma eficaz para seren parte activa da sociedade a que pertencen.

As políticas de inserción laboral consolidan o crecemento e o emprego e son un elemento esencial para combater a pobreza e atender as persoas máis necesitadas da sociedade. O feito de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas, e socialmente máis vulnerables, é unha forma de loitar contra a discriminación, conseguindo que estas persoas adquiran confianza nas súas propias capacidades e habilidades.

No acordo sobre obxectivos e medidas de emprego en Galicia subscrito o 5 de febreiro de 2007 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, dedícase o capítulo oitavo ás medidas para acadar os obxectivos de inserción laboral dos demandantes en risco de exclusión, establecendo medidas concretas en apoio a este colectivo, ás cales responde esta orde.

No capítulo V do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, créase o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción sociolaboral onde se enuncian as medidas de fomento que a Administración poderá destinar ás em-

presas de inserción laboral. Esta orde desenvolve, polo que respecta á Consellería de Traballo, o dito capítulo.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 80 por cento a través do Programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004 aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas respectivas resolucións de concesión.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño), e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 238, do 11 de decembro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro), no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo). Ademais, tramítase como expediente anticipado de gasto ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro) modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), ao existir crédito adecuado e suficiente no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG núm. 23, do 21 de marzo), modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (DOG núm. 72, do 13 de abril),

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Finalidade e principios de xestión.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral e proceder a súa convocatoria para o ano 2009, coa finalidade de promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas de inserción laboral, unha vez cualificadas e rexistradas como tales no rexistro habilitado para tal efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en virtude do establecido no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (DOG núm. 153, do 8 de agosto), e na Orde do 29 de decembro do 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas e non incorran nas circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).

2. Poderán solicitar e ser beneficiciarias das axudas aquelas empresas que solicitasen, conforme o procedemento establecido para o efecto, a súa cualificación como empresa de inserción laboral. Non obstante, non poderá procederse ao pagamento da axuda en canto non obtivese esa cualificación.

Artigo 3º.-Suxeitos e beneficiarios da inserción sociolaboral por medio de empresas de inserción laboral.

1. A inserción sociolaboral por medio de empresas de inserción laboral vai dirixida a persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, nas cales concorran un ou varios factores de exclusión relacionados neste artigo.

2. Para os efectos desta orde son factores de exclusión sociolaboral os seguintes:

a) A discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou a enfermidade mental, en graos que dificulten pero non imposibiliten a súa inserción laboral común.

b) A condición de persoa en proceso de rehabilitación e socialización normalizada, por proceder dunha situación de desestruturación persoal e familiar, de conflito co contorno, ou de rexeitamento social, tales como adicción a drogas ou ao alcol, exercicio da

prostitución, cumprimento de penas privativas de liberdade etc.

c) A situación de cargas familiares non compartidas agravadas por outros factores ou carencias persoais ou familiares.

d) A condición de inmigrante ou emigrante retornado, cando, polas súas características ou circunstancias persoais, presenten especiais dificultades de integración no mercado laboral.

e) A condición de persoa sen fogar.

f) A procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores.

g) A condición de muller vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, implique especiais dificultades de integración laboral.

h) A pertenza a determinadas minorías étnicas cando tal condición implique especiais problemas de integración laboral.

i) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais no contexto persoal, familiar e social da persoa, se considere que condiciona gravemente a súa empregabilidade.

3. Ademais poderán ser beneficiarios da inserción laboral a través de empresas de inserción:

a) As persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou prestación de natureza equivalente e outros usuarios e usuarias do Plan galego de inclusión social, así como as persoas perceptoras das axudas a vítimas de violencia de xénero xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As persoas que non accedan a esta prestación por falta do período de residencia ou empadroamento, características das unidades de convivencia, obriga de alimentos, idade ou tempo máximo de percepción.

c) As persoas que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estivesen sen traballo e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fosen maiores de 25 anos e menores de 45 anos.

d) As persoas admitidas no programa que recolle a axuda específica denominada renda activa de inserción que o soliciten e que, por criterio do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidades asociadas, requira a súa inclusión nun proceso de inserción a través dunha empresa de inserción laboral e que, en todo caso, se encontren en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 4º.-Contratos de traballo subvencionables.

Os contratos de traballo celebrados entre os/as traballadores/as en risco ou en situación de exclusión social, cualificados de acordo co procedemento establecido no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e as empresas de inserción laboral deberán reunir as seguintes características para poderen ser subvencionables:

a) Deberán formalizarse por escrito aceptándose calquera das modalidades de contratación existentes na normativa laboral vixente.

b) A súa duración non poderá ser inferior a 6 meses nin superior a 24 meses.

c) A xornada de traballo non poderá ser inferior ao 50% da establecida no convenio colectivo de aplicación, ou na súa falta, da xornada ordinaria legalmente establecida.

d) Con carácter previo ao contrato, deberán subscribir a persoa seleccionada, a empresa de inserción e os servizos sociais o convenio de inserción, nos termos sinalados no artigo 13 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

Artigo 5º.-Actuacións subvencionables.

Poderán ser obxecto das axudas destinadas ao sostemento das empresas de inserción laboral as seguintes actuacións:

1. A contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social.

2. A contratación de xerentes ou técnicos necesarios para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción.

3. A contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción.

4. A realización de labores de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario.

5. A formalización de préstamos con entidades financeiras.

6. A creación e ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

Artigo 6º.-Subvención pola contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social.

1. Subvencionaranse parcialmente os custos do contrato de traballo celebrados con persoas en situación ou en risco de exclusión social, de acordo co artigo 3º desta orde, desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, e cubertos segundo a tramitación establecida no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e no marco dos convenios individuais de inserción, co fin de facilitar a adquisición de habilidades sociolaborais e o tránsito cara a un medio laboral totalmente normalizado.

2. A contía máxima da subvención será o 50% do salario mínimo interprofesional mensual por cada traballador/a subvencionable. Esta subvención reducirase proporcionalmente á duración da xornada de traballo.

3. Ao abeiro desta axuda subvencionaranse as mensualidades desde outubro de 2008 ata setembro de 2009 correspondentes aos contratos de traballo formalizados con traballadores/as en proceso de inserción.

4. Para os efectos da axuda recollida neste artigo terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e pola súa vez carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no momento da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

5. Para a subvención pola contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social deberá presentarse unha única solicitude que comprenderá as mensualidades do ano 2008 non percibidas e a previsión das mensualidades ata setembro de 2009. O prazo para a presentación da solicitude finalizará o 31 de marzo de 2009. As empresas de inserción laboral que, por seren de nova creación, inicien a súa actividade con posterioridade ao 31 de marzo de 2009, poderán presentar a solicitude ata o 30 de setembro de 2009.

Artigo 7º.-Subvención pola contratación de xerentes ou técnicos.

1. Para facilitar a contratación de xerentes ou técnicos que sexan necesarios para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción, poderá concederse unha subvención equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, calculada sobre 24 mensualidades cun límite máximo de 18.000 euros.

2. Esta subvención poderá solicitala cada empresa de inserción laboral e estará condicionada á xustificación pola empresa de que coas contratacións obxecto de subvención se suplan carencias para o desenvolvemento da actividade empresarial e o seu bo fin.

3. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

Artigo 8º.-Subvención pola contratación de técnicos en orientación e acompañamento á inserción.

1. As empresas de inserción laboral poderán acceder a unha subvención para a contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción.

2. Esta subvención será equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social, calculada sobre 24 mensualidades e terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 18.000 euros. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

3. Non poderán solicitar esta subvención aquelas empresas de inserción laboral que a recibisen e non esgotasen o período máximo da subvención.

4. O persoal técnico en accións de orientación deberá posuír unha titulación universitaria axeitada aos labores que se van realizar ou unha experiencia acreditada de dous anos en programas de orientación e acompañamento de persoas desfavorecidas desde a perspectiva laboral e social.

Artigo 9º.-Subvención pola realización de labores de mediación laboral.

1. Subvencionarase a empresa de inserción laboral cunha axuda de 6.000 euros pola incorporación indefinida e a xornada completa á empresa ordinaria dun/dunha traballador/a en proceso de inserción xestionada pola empresa de inserción laboral. Se o contrato subscrito é de carácter temporal e ten unha duración inferior a dous anos e superior a 6 meses, a subvención reducirase proporcionalmente. No suposto de contratos de traballo a tempo parcial, a subvención experimentará unha redución proporcional á xornada laboral realizada.

   O prazo entre a baixa na empresa de inserción laboral e a data de alta na empresa ordinaria non poderá ser superior a un mes.

2. Subvencionarase cunha axuda de 6.000 euros a empresa de inserción laboral que asesore, apoie e acompañe un/unha traballador/a en proceso de inserción na súa iniciativa de autoemprego individual.

3. Esta subvención poderá solicitarse transcorridos 6 meses desde a formalización do contrato coa empresa ordinaria ou desde a alta no réxime especial de traballadores autónomos, respectando pola súa vez o prazo xeral establecido no artigo 14º desta orde.

4. As empresas de inserción laboral beneficiarias desta subvención asumen a obriga de realizar o seguimento laboral das persoas inseridas no mercado ordinario.

Artigo 10º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade facilitar o emprego nas empresas de inserción laboral mediante a redución dos xuros dos préstamos para financiar investimentos en activo fixo, concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e solicitado a nome da empresa de inserción laboral. Non obstante, poderase destinar ata un 25% do préstamo para financiar o activo circulante.

2. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será como máximo o equivalente á redución de seis puntos do xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo sen que, en ningún caso, o xuro que deba satisfacer a entidade beneficiaria, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se xerase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia.

3. A contía máxima desta axuda non poderá ser superior a 3.000 euros por emprego creado ao abeiro desta orde e para os colectivos definidos no artigo 3º desta orde.

Artigo 11º.-Subvención pola creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

1. As empresas de inserción laboral de nova creación ou as que amplíen o seu cadro de persoal creando novos empregos para persoas en proceso de inserción poderán beneficiarse dunha axuda cuxo importe se calculará en función do investimento en activo fixo.

2. A contía desta subvención será equivalente ao 60% do custo total do investimento en activo fixo, excluídos os impostos que gravan a adquisición, que se realicen e xustifiquen ata o 30 de novembro de 2009. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo creados e ocupados por persoas en procesos de inserción ata un máximo de 12.000 euros por posto de traballo ocupado por persoas en proceso de inserción.

3. Para os efectos desta axuda unicamente serán subvencionables

aqueles novos postos de traballo que sendo cubertos por persoas en proceso de inserción supoñan incremento de persoal respecto das persoas en situación ou risco de exclusión social que tiver a empresa de inserción laboral no derradeiro expediente de axudas á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

4. Os activos fixos que se imputen para o cálculo da subvención deben estar directamente relacionados coa actividade principal desenvolvida pola empresa de inserción.

Artigo 12º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

c) As contratacións realizadas con traballadores ou traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa mediante un contrato de carácter indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Traballadores e traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 13º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde correspóndelle, por delegación do conselleiro de Traballo, ao director xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 14º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas presentaranse no rexistro da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro) e dirixiranse ao director xeral de Promoción do Emprego.

2. O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 30 de setembro de 2009, respectando, en todo caso, os prazos específicos previstos nesta orde para cada tipo de axuda.

3. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

Artigo 15º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e deberá achegar coas solicitudes as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC, como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro).

3. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, do 14 de xuño), publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

Artigo 16º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Documentación común para todas as modalidades de axuda:

a) Se o solicitante é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

b) Certificación da relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita.

c) Alta no imposto de actividades ecónomicas ou, se for o caso, no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda, así como escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.

d) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

e) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VI).

f) Se o solicitante denegase expresamente a autorización para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, deberá presentar a documentación acreditativa de se encontrar ao día das súas obrigas tributarias - estatais e autonómicas - e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma.

2. Documentación específica:

a) Contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social:

- Relación nominal dos traballadores e traballadoras polos que se solicita subvención (anexo III).
- Copia simple do DNI, documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo, convenios de inserción e altas na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras polos cales se solicita subvención e, de ser o caso, documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandantes de emprego na oficina pública de emprego.
- Boletíns oficiais de cotización á Seguridade Social (TC2), recibos de salarios e documento bancario de transferencia acreditativo do pagamento das mensualidades.
- Descrición detallada do posto de traballo que se vai cubrir e a súas características técnicas.

b) Subvención á contratación de xerentes ou técnicos:

- Relación nominal dos traballadores e traballadoras polos/as que se solicita subvención (anexo III).
- Memoria explicativa da necesidade da contratación de xerentes ou técnicos para o desenvolvemento da actividade, na cal conste o número e perfís profesionais destes, o orzamento desagregado por conceptos, a proposta de servizos que van desenvolver e o calendario previsto para a súa realización.
- Copia simple do DNI do xerente ou técnico, o contrato de traballo e a alta na Seguridade Social.
- Declaración dos custos laborais totais a cargo da empresa referidos ao primeiro ano.

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción:

- Relación nominal dos traballadores e traballadoras polos/as que se solicita subvención (anexo III).
- Memoria descritiva da necesidade da contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción, na cal conste o número e perfís profesionais destes, as funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais e os custos laborais totais.
- Copia simple do DNI do técnico, o contrato de traballo e a alta na Seguridade Social.
- Declaración dos custos laborais totais a cargo da empresa referidos ao primeiro ano.
- E, se é o caso, certificación académica de terminación dos estudos ou copia compulsada do título universitario, ou documentación acreditativa da súa experiencia laboral.

d) Subvención pola realización de labores de mediación laboral:

- Copia simple do DNI do traballador/a contratado/a.
- Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Declaración da empresa contratante de que o contrato se realiza por medio da empresa de inserción laboral.

e) Subvención financeira:

- Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimentos e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da subvención.
- Contrato de préstamo ou, na súa falta, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, no cal figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (anexo IV).
- Plan de investimentos xunto coas facturas, facturas proforma ou orzamentos dos activos fixos.
- Relación nominal das persoas con indicación daquelas que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

f) Subvención á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral:

- Memoria descritiva da actividade.
- Detalle do plan de investimentos en activos fixos e calendario para a súa execución, xunto coas facturas pro forma e orzamentos.
- Estudo económico-financeiro da viabilidade do proxecto.
- Relación nominal das persoas con indicación daquelas que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

Artigo 17º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo dos Autónomos, Inserción Laboral e Calidade do Emprego da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, o Servizo dos Autónomos, Inserción Laboral e Calidade do Emprego encargado da tramitación do expediente, requirirá o interesado, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Artigo 18º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo Servizo dos Autónomos, Inserción Laboral e Calidade do Emprego, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e da cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/20006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 19º.-Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte documentación común para todo tipo de axudas:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.
- Declaración complementaria da establecida no artigo 16º.1 d) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

2. E a seguinte documentación específica para cada tipo de axuda:

a) Subvención pola contratación de persoas en situación de risco ou exclusión social:

- Relación nominal de traballadores/as polos/as que se solicita o pagamento parcial.
- Recibos de salarios e documento bancario de transferencia que acredite o seu pagamento.
- Documento TC2 do último mes ingresado, conforme as normas de cotización da Seguridade Social, inmediatamente anterior ao da mensualidade pola cal se solicita o pagamento parcial.
- De ser o caso, copia simple do DNI, documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo, convenios de inserción e altas na Seguridade Social correspondentes ao novo persoal traballador, así como documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandantes de emprego na oficina pública de emprego.

b) Subvención á contratación de xerentes ou técnicos:

- Informe da actuación desenvolvida.
- Nóminas, transferencias bancarias do seu pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do persoal subvencionado, correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción:

- Informe da actuación de apoio desenvolvida.
- Nóminas, transferencias bancarias do seu pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do persoal subvencionado, correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

d) Subvención financeira:

- Copia do contrato de préstamo, no caso de non se xuntar á solicitude.
- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputa-

dos á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

e) Subvención á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos tidos en conta para o cálculo da subvención, mediante as facturas e os documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

3. As empresas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo sinalado na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro do 2009. Excepcionalmente este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e debidamente xustificada.

4. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a entidade beneficiaria non se encontre ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

5. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

6. Pagamento da subvención pola contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social:

6.1. Poderán realizarse pagamentos á conta da subvención concedida que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, ata unha porcentaxe non superior ao 80% da subvención concedida.

6.2. O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación exixida neste artigo referida aos meses pendentes de pagamento.

6.3. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para o pagamento quedase xustificada outra contía de subvención da inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria ou complementaria de concesión.

Capítulo III

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 20º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Estas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

3. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

1. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse logo de que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

4. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e presentar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo/a que se concedese a subvención, ao abeiro dos artigos 7º e 8º desta orde, procederá a cobertura do posto por un novo traballador ou unha nova traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos do contrato inicial e terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola entidade beneficiaria ao órgano competente que concedeu a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

6. No caso de concesión da subvención financeira, a entidade beneficiaria da subvención acreditará, no primeiro trimestre natural do seguinte exercicio e ata a súa completa xustificación, mediante facturas, escrituras públicas ou contratos, así como os correspondentes xustificantes de pagamento, que o importe do préstamo subvencionado foi destinado a financiar os investimentos obxecto da subvención.

A entidade beneficiaria, no prazo de 30 días, desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

7. Cumprir aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

Artigo 22º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 23º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 xuño).

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE número 189, do 8 de agosto).

Artigo 24º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 25º.-Réxime de axudas.

1. Estas axudas quedan sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicicitudes de subvención. Por tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000, do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderán concederse axudas para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles documentos que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra d), terán a consideración de retornados/as aqueles emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Quinta.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio económico 2009, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros e 16.02.322C.472.6, código de proxecto 2009 01 079, cun crédito de 875.000 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e constitúen o importe global para o financiamento desta orde e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e economía social, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "57-09.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Ver páxina 180

58 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009).

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, cómpre adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear empresas e emprego.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, correspondéndolle o seu exercicio, hoxe en día, á Consellería de Traballo, ao abeiro do disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polos decretos 20/2007, do 22 de febreiro e 14/2008, do 7 de febreiro.

En consecuencia, e dentro do ámbito funcional da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, correspóndelle a convocatoria, regulación específica, xestión e control das axudas e subvencións ás iniciativas de emprego antes xestionadas polo Instituto Nacional de Emprego e reguladas na actualidade pola Orde ministerial do 15 de xullo de 1999.

O Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, asinado o 5 de febreiro de 2007 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, dedica o capítulo décimo aos obxectivos e medidas en materia emprendemento, creación e desenvolvemento de empresas de innovación e emprego, e empresas vinculadas aos viveiros de emprego, estableccéndose medidas concretas en apoio do emprendemento e o autoemprego, ás que responde esta orde.

Así mesmo, esta orde tamén responde ao mandato do artigo 38º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, que establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinadas a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

O necesario desenvolvemento e diversificación do tecido empresarial galego no contorno territorial xustifican o deseño de programas dirixidos a fomentar a iniciativa emprendedora co fin de potenciar o crecemento económico e do emprego especialmente no ámbito local e no medio rural, articulando unha colaboración entre a Xunta de Galicia, as administracións locais de carácter territorial e a iniciativa privada, coa finalidade de facilitar e fomentar a aparición de empresas xeradoras de emprego.

O Programa de apoio ás iniciativas locais de emprego (ILE), agás a axuda ao inicio e posta en marcha da actividade, está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo plurirrexional de adaptabilidade e emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 15 de decembro de 2007, no marco de programación 2007-2013. A axuda para o inicio e posta en marcha da actividade está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola

decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

Como novidades, nesta orde increméntanse as contías das axudas para os desempregados de longa duración, no contexto global do apoio específico da Consellería de Traballo a prol deste colectivo, así como para os desempregados procedentes de empresas de sectores de actividade inmersas en procesos de reestruturación dos seus cadros de persoal, como consecuencia do menor crecemento económico.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; á Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, é ao existir crédito axeitado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional oitava.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2009 das subvencións establecidas pola Consellería de Traballo, en desenvolvemento do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral, coa finalidade de fomentar e promover na Comunidade Autónoma de Galicia a creación de empresas innovadoras, económica e financeiramente viables, que xeren emprego estable no ámbito local e no medio rural, mediante o financiamento parcial dos custos necesarios para a posta en marcha daqueles proxectos empresariais previamente cualificados como iniciativas locais de emprego (ILE) e inscritas no rexistro administrativo habilitado para o efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego e nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; á Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; á Orde ministerial do 15 de xullo de 1999, pola que se establecen as bases de concesión de subvencións públicas para o fomento do desenvolvemento local e impulso dos proxectos e empresas cualificados como I+E; á orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecúan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións as normas reguladoras de subvencións que concedan o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e de formación profesional ocupacional, e nesta orde.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas privadas constituídas e que iniciaran a súa actividade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos/as e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que obtiveran a cualificación como iniciativa de emprego, local ou rural, e non transcorresen máis dun ano desde a notificación da resolución de cualificación, ou, de ser o caso, no prazo que se estableza na resolución de cualificación, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

   No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario/a. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

2. Entenderase que unha empresa está constituída desde o momento da súa inscrición no correspondente Rexistro Mercantil ou, de ser o caso, no Rexistro de Cooperativas. Cando se trate de empresario ou empresaria individual ou comunidade de bens, cando cause alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

3. Entenderase que inicia a súa actividade empresarial cando cause alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

Capítulo II

Modalidades de axuda

Artigo 4º.-Tipos de axuda.

1. Ao abeiro deste programa poderán solicitarse os seguintes tipos de axudas:

a) Subvención á creación directa de emprego estable.

b) Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación.

c) Apoio á función xerencial.

d) Subvención financeira.

e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

2. Terán a consideración de accións subvencionables as que se produzan no primeiro ano de actividade empresarial e sempre que observen as previsións específicas contidas nos artigos seguintes para os diferentes tipos de axuda.

3. Para os efectos das axudas recollidas neste programa, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, e pola súa vez, carezan de ocupación, segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no momento da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Artigo 5º.-Subvención á creación directa de emprego estable.

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os dos propios promotores e promotoras, que sexan ocupados por desempregados e desempregadas inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego incentivaranse cada un deles cunha subvención de 4.800 euros. A subvención incrementarase no suposto dunha muller desempregada ata 5.400 euros. Estes incentivos xerais terán un incremento de 300 euros no suposto dun mozo ou dunha moza desempregada menor de 30 anos. Para o suposto dunha persoa desempregada con discapacidade, a subvención acadará a contía de 6.000 euros.

Terán dereito a estes incentivos as cooperativas ou sociedades laborais, cualificadas como iniciativas de emprego, pola incorporación de persoas desempregadas como socios/as traballadores/as ou de traballo.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo, en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

2. Cando a dedicación inicial se realice a tempo parcial e se transforme con posterioridade a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que a dita modificación se produza dentro do primeiro ano da actividade.

3. Cando se trate de contratacións indefinidas de traballadores ou traballadoras por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato obxecto de subvención.

4. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados ata o 30 de abril de 2009.

5. Non se poderá conceder esta axuda cando se trate de traballadores ou traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

Artigo 6º.-Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación.

Para a contratación de expertos ou expertas técnicos/as de alta cualificación, poderá concedérselles ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego unha subvención equivalente ao 50 por 100 dos custos salariais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, segundo a duración do contrato, cun máximo de doce mensualidades.

Quedan excluídos deste tipo de axudas as contratacións ou incorporacións dos titulares ou socios e socias da empresa cualificada como iniciativa de emprego, así como do cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estas persoas citadas.

A subvención, que se concederá por unha soa vez, terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 18.000 euros, e estará condicionada á xustificación pola empresa de que, coas contratacións obxecto de subvención, se suplan carencias ben identificadas para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela.

Esta subvención é incompatible, para o mesmo traballador ou traballadora, coa establecida no artigo 5º, e é compatible, se é o caso, coas bonificacións de cotas á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 60% do custo salarial anual.

Artigo 7º.-Apoio á función xerencial.

1. Para o acompañamento na instalación da empresa, poderase financiar o apoio ás funcións xerenciais para axudar á persoa promotora ou empresario/a na toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa. O dito apoio poderá consistir nas seguintes modalidades:

a) Axuda por titoría, entendéndose por tal o acompañamento técnico que unha persoa experta allea á empresa, persoa física ou xurídica que reúna garantías de solvencia e profesionalidade, lle preste á persoa promotora ou empresario/a nas súas actividades xerenciais durante un prazo de tempo determinado.

b) Axuda por formación, que incluirá os cursos que a persoa promotora ou empresario/a poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

c) Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade para que a persoa promotora ou empresario/a poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

2. O gasto orixinado polo apoio á función xerencial deberá producirse no período establecido no artigo 4º punto 2 e deberá ser efectivamente xustificado, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 31 de outubro de 2009.

3. A contía da subvención de apoio á función xerencial, que se pagará por unha soa vez, será de ata o 75 por 100 do custo dos servizos recibidos cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

Artigo 8º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade promover a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como iniciativas de emprego. Non obstante, poderase destinar ata un 25 por cento importe do préstamo para financiar o activo circulante.

2. Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo, e deberanse formalizar no período comprendido entre o inicio da actividade e o 31 de outubro de 2009 ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión. En todo caso, a entidade beneficiaria debe acreditar o investimento en activo fixo sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e realizar tal investimento no período establecido no artigo 4º punto 2 e, en todo caso, ata 30 de novembro de 2009. Non se admitirá, para efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios. No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse esta subvención para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

3. Esta subvención, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata seis puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes sen que, en ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer o beneficiario, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo se esta é anterior.

A persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

4. Esta subvención ten como límite a contía máxima de 5.100 euros por emprego estable creado para persoas desempregadas ata o 30 de abril de 2009, segundo o previsto no artigo 4º.3 e no artigo 5º.1 desta orde.

Artigo 9º.-Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

1. Para que unha iniciativa de emprego poida beneficiarse da axuda prevista neste artigo ten que supoñer, cando menos, a creación directa de emprego estable para unha persoa desempregada, segundo o previsto no artigo 4º.3 e no artigo 5º.1 desta orde.

2. Esta axuda consistirá nunha subvención para o financiamento dos gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables que se van crear ata o 30 de abril de 2009, de acordo coa seguinte escala:

- De 1 a 2 postos de traballo: 18.000 euros.
- De 3 a 10 postos de traballo: 30.000 euros.
- De 11 a 20 postos de traballo: 42.000 euros.
- 21 ou máis postos de traballo: 54.000 euros.

O importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables, e a contía de 6.000 euros por posto de traballo estable creado, agás no suposto de que sexa ocupado por un mozo ou moza menor de 30 anos ou por unha muller, que poderá acadar a contía de 9.000 euros.

3. Esta axuda irá destinada a sufragar os gastos necesarios derivados da posta en marcha da actividade e do funcionamento da empresa, que se produzan antes de que transcorra un ano desde o inicio da súa actividade, sempre que se realicen no período establecido no artigo 4º punto 2 e sexan efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, se é o caso, ata o 31 de outubro de 2009.

Os gastos subvencionables serán os gastos de constitución da empresa, a compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local e maquinaria, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións.

En ningún caso serán subvencionables, a través da axuda regulada nesta base, os gastos que poidan ser considerados como investimento en activo fixo.

Artigo 10º.-Actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego.

1. As empresas cualificadas como iniciativas de emprego terán dereito a un incremento do 10 por cento da contía das subvencións reguladas nesta orde, cando a súa actividade produtiva principal se inscriba dentro dos ámbitos dos viveiros de emprego que a conti-

nuación se relacionan:

a) Servizos da vida diaria:

- Os servizos a domicilio (preparación e distribución de comidas a domicilio; acompañamento e prestación doutros servizos a persoas maiores no seu domicilio; servizos a persoas enfermas no seu domicilio; servizos de limpeza e pasada de ferro; servizos administrativos).

- Coidado dos nenos e nenas (coidado e educación de nenos e nenas por debaixo da idade escolar, actividades deportivas, recreativas e culturais para nenos e nenas en idade escolar).

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación (como servizos a particulares no eido da cultura, da saúde, da comunicación, do lecer, como telemedecina, formación a distancia, teletraballo; servizos ás empresas: información económica, servizos comerciais, contabilidade a distancia, asistencia especializada, ou como servizos públicos: teleservizos, acceso a bases de datos, servizos administrativos de información).

- Axuda para a inserción da mocidade en dificultades e con desarraigamento social (axudas nos deberes escolares; centros de inserción profesional; educación na rúa; empresas de inserción).

b) Servizos de mellora do marco de vida:

- Mellora da vivenda (rehabilitación de vivendas deterioradas; mantemento das vivendas).

- A seguridade (servizos de vixilancia e acollida; instalación de materiais de seguridade; aparcadoiros; televixilancia).

- Transportes colectivos locais (novas formas de organización dos transportes colectivos; servizos especializados con determinados colectivos de persoas usuarias).

- A revalorización dos espazos públicos urbanos (rehabilitación de espazos públicos e barrios; mantemento de espazos públicos; iniciativas económicas e comerciais en zonas vellas das cidades).

- Os comercios de proximidade (comercios en zonas rurais; comercios nos barrios urbanos non céntricos; puntos comerciais multiservizo en zonas desfavorecidas).

c) Servizos culturais e de lecer:

- O turismo (turismo rural e cultural e outros novos fenómenos turísticos; servizo de acompañamento e acollida turística; novos servizos turísticos telemáticos).

- O sector audiovisual (produción e distribución de películas; produción e distribución de emisións televisivas; televisión interactiva; acceso a distancia a bibliotecas e museos).

- A valorización do patrimonio cultural (creación e restauración de lugares de interese cultural; servizos de difusión da cultura e acollida turística).

- O desenvolvemento cultural local (actividades de valorización dos recursos e actividades culturais locais como música, folclore, teatro, gastronomía, artesanía).

d) Servizos de ambiente:

- A xestión dos residuos (recollida selectiva e tratamento dos residuos; actividades de investigación para a reutilización dos materiais recuperados; novas técnicas de automatización do tratamento dos residuos).

- A xestión da auga (realización e xestión de infraestruturas de xestión da auga; servizos de investigación tecnolóxica e transferencia de saber facer; asistencia á xestión de infraestruturas locais; explotación turística e deportiva das reservas hidráulicas).

- A protección e o mantemento das zonas naturais (actividades de protección e mantemento das zonas rurais; actividades de investigación agronómica; creación e xestión de parques e reservas naturais).

- A normativa, o control da contaminación e as instalacións correspondentes (produción de bens e servizos ligados a tecnoloxías menos contaminantes; desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías de economía da enerxía; mellora da xestión dos sistemas de control da contaminación e o ruído).

2. O incremento do 10 por cento establecido no punto anterior, en todos os tipos de axuda previstos nesta orde, aplicarase sobre o importe que correspondería de tratarse doutra actividade, con independencia de que, como consecuencia da aplicación do incremento, se superen ou non os límites porcentuais ou cuantitativos previstos para cada tipo de axuda.

Artigo 11º.-Incremento dos incentivos.

As contías das axudas reguladas nos artigos 5º, 8º e 9, e, se é o caso, co incremento establecido no artigo 10º desta orde, incrementaranse nun 10 por cento, nos casos de persoas desempregadas que, téndose en conta para o cálculo da subvención, no momento da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social, concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) Traballadores e traballadoras desempregados/as procedentes de empresas en crise, aqueles traballadores e traballadoras cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ben a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores, ou ben cando a extinción do contrato de traballo sexa polas causas obxectivas recollidas no artigo 52 c) do Estatuto dos traballadores.

b) Persoas desempregadas en situación de risco de exclusión social pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aqueles que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes coa debida acreditación ou autorizados.

- Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten proble-

mas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

- As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
- Mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en proceso de reasignación sexual.
- Menores internos/as incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos/as.
- Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.
- Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
- Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

c) Persoas desempregadas de longa duración.

d) Traballadores ou traballadoras procedentes de empresas dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde.

Estes incrementos aplicaranse con independencia de que, como consecuencia da súa aplicación, se superen ou non os límites porcentuais ou cuantitativos previstos para cada tipo de axuda.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 12º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as axudas e subvencións previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

a) Aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo, cando a actividade para a que se solicita subvención se vaia desenvolver no respectivo ámbito provincial.

b) Ao director xeral de Promoción do Emprego, cando a actividade para a que se solicita subvención se vaia desenvolver en máis dunha provincia desta comunidade autónoma e/ou cando se trate de iniciativas de emprego apoiadas por un departamento da Xunta de Galicia.

Artigo 13º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, de ser o caso, no rexistro xeral da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación das solicitudes de todos os tipos de axudas do programa regulado nesta orde finalizará o 30 de abril de 2009.

3. En todo caso poderán solicitarse as axudas no prazo máximo dun ano desde que se iniciou a actividade empresarial. Cando este prazo finalice fóra do prazo xeral establecido no número anterior, poderán solicitarse as correspondentes subvencións dentro do prazo de vixencia da próxima convocatoria deste programa.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. Cando se concedese ao abeiro do artigo 9º desta orde un importe de subvención que non acadara a contía máxima prevista, a persoa ou entidade beneficiaria poderá formular outra solicitude ao abeiro da seguinte convocatoria deste programa. Neste caso, a contía que se vai conceder non poderá superar, en concorrencia coa aboada ao abeiro da orde de convocatoria do ano anterior, a contía máxima por posto de traballo estable creado.

5. As iniciativas locais de emprego para as que, en virtude da data da súa constitución e do inicio da súa actividade, finalizase o prazo de presentación de solicitude de axudas entre o 16 de setembro do ano 2008 e a data de publicación desta orde, poderán acollerse ás modalidades de axudas previstas nesta orde. Neste suposto deberán presentar as solicitudes de axudas no mesmo prazo xeral establecido no número 2 deste artigo.

6. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http//traballo.xunta.es

Para cubrir as solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, no punto de axudas e subvencións.

7. Para a presentación de solicitudes de axudas as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento dos e das axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 14º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, con expresión da persoa ou entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Artigo 15º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

b) De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas, alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.

c) Se é o caso, documentos acreditativos das circunstancias que determinen a pertenza aos colectivos establecidos no artigo 11º desta orde.

d) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo V).

e) Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

f) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo o modelo do anexo VII).

g) De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, a persoa interesada deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase, de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. Documentación específica:

a) Subvención á creación directa de emprego estable:

- Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles, con indicación da data de incorporación efectiva (segundo o modelo anexo IV).

- Copia simple do DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social actualizados na data de alta na Seguridade Social.

- Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.

- Declaración da empresa na que se faga constar os custos salariais totais anuais de cada traballador/a polo/a que se solicita subvención.

b) Subvención para a contratación de expertos ou expertas técnicos/as de alta cualificación.

- Memoria descritiva da necesidade da contratación de expertos/as, número e perfís profesionais deles, funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais e custos laborais totais.

- Contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

- Declaración da empresa na que se faga constar os custos salariais totais anuais de cada traballador e traballadora polo/a que se solicita subvención e recibos dos salarios xa aboados á data da solicitude e TC1 e TC2 dos meses xa ingresados.

c) Subvención ao apoio á función xerencial:

- Memoria descritiva da medida de apoio solicitada na que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para

o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, a proposta dos servizos que se van desenvolver e o calendario previsto para súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que vai prestar o apoio e a aceptación do solicitante.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional da empresa, entidade física ou xurídica, que prestará ou xa prestase o servizo de apoio.

- Se é o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento das medidas de apoio xa recibidas á data da solicitude.

d) Subvención financeira:

-Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimentos e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da subvención.

- Contrato de préstamo ou, no seu defecto, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, no que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo VI).

- Plan de investimentos xunto coas facturas proforma ou orzamentos dos activos fixos e, se é o caso, facturas efectivamente aboadas á data da solicitude dos investimentos en activos fixos que se financian co préstamo.

- Declaración do número de empregos estables que se van crear ata o 30 de abril de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daqueles polos que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo IV).

e) Axuda para o inicio e a posta en marcha da actividade:

- Memoria descritiva da actividade e orzamento dos gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade, con indicación daqueles aos que se vai destinar a subvención, así como das fontes de financiamento.

- Declaración do número de postos de traballo estables que se van crear ata o 30 de abril de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención (segundo o modelo anexo IV).

- De ser o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento dos gastos obxecto de subvención.

Artigo 16º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Promoción do Emprego das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ou o Servizo de Apoio a Emprendedores da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

4. O órgano competente para emitir o informe de avaliación será a Comisión de Avaliación que terá a seguinte composición:

Presidente: o secretario ou secretaria da respectiva delegación provincial ou a persoa titular da subdirección xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores, segundo o correspondente ámbito de competencias.

Vogais: o xefe ou xefa do servizo de Promoción do Emprego da respectiva delegación provincial, ou do servizo de Apoio a Emprendedores, segundo o correspondente ámbito de competencias, e un técnico ou técnica dos ditos servizos que actuará como secretaria ou secretario.

5. A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Creación de postos de traballo de carácter estable. Ata 10 puntos.

b) Pertenza do persoal da empresa aos colectivos definidos no artigo 11º desta orde. Ata 10 puntos.

c) Integración da dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no proxecto empresarial e/ou no destino das subvencións. Ata 10 puntos.

d) Creación de postos de traballo de carácter estable para mozos. Ata 10 puntos.

e) Proxectos cuxa actividade empresarial estea vinculada aos novos viveiros de emprego. 5 puntos.

f) Empresas que teñan o seu domicilio social e centro de traballo nun concello galego de menos de 20.000 habitantes, segundo as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2007, resultantes da revisión do Padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real decreto 1683/2007, do 14 de decembro (BOE nº 311, do 28 de decembro). 2 puntos.

g) Emprego da lingua galega na elaboración e desenvolvemento do proxecto. 1 punto.

6. Non obstante, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado nesta convocatoria fose suficiente atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación, conforme ao previsto no artigo 55 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. O órgano instrutor elevaralle o informe da Comisión de Avaliación

xunto coa proposta de concesión ao órgano de resolución.

Artigo 17º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses que se computará desde a data de finalización do prazo xeral de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento.

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento o documento bancario acreditativo do seu aboamento.

4. As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 31 de outubro de 2009. Excepcionalmente este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e debidamente xustificado.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención, segundo o tipo de axuda.
- Declaración complementaria da establecida no artigo 15º.2, letra d) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo V).

B. Documentación específica:

a) Subvención ao apoio á función xerencial:

- Facturas da empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.
- Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, para o caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia del.
- Certificación da empresa, entidade ou persoa física, da finalización do servizo de apoio prestado, coa aceptación ou conformidade da empresa solicitante cos servizos recibidos.

b) Subvención financeira:

- Copia do contrato de préstamo, de non se xuntar á solicitude.
- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.
- Copia simple do DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas incorporadas á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.
- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.
- DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

6. Cando concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación do pagamento.

7. A documentación exixida para a fase de pagamento, xeral e específica, poderá presentarse xunto coa solicitude, a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

8. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día

do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora, en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Capítulo IV

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 19º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80% do custo da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

3. As subvencións reguladas nesta orde serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio a iniciativas de emprego de base tecnolóxica, de promoción do emprego autónomo, de iniciativas emprendedoras e de emprego, de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, así como no programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, agás que se trate da axuda para o acceso á condición de socio ou socia traballador/a dunha cooperativa de traballo asociado, convocados pola Consellería de Traballo.

4. A axuda á creación directa de emprego estable e a subvención por asistencia técnica para a contratación de expertos/as técnicos/as de alta cualificación serán incompatibles coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, coas axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 20º.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas beneficiarias destas subvencións deberán cumprir, respecto dos distintos tipos de axuda, as seguintes obrigas:

a) Subvencións á creación directa de emprego estable: cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgún traballador ou traballadora polo que se concedeu a subvención, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

Para o suposto da cobertura destas vacantes poderán admitirse as transformacións de contratos temporais en indefinidos de traballadores ou traballadoras vinculados/as temporalmente á empresa con anterioridade, sempre que a baixa do traballador

ou traballadora substituído/a se realice unha vez transcorrido o primeiro ano desde a súa incorporación á empresa.

As empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, deberán presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito. Esta obriga manterase durante os tres anos seguintes a aquel no que se concedeu a axuda ou subvención.

b) Subvencións para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación: as empresas deberán manter no seu cadro de persoal a persoa experta técnica contratada, como mínimo, polo tempo subvencionado, e se se produce o cesamento do traballador ou traballadora, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

Ademais, deberán presentar no prazo de dous meses desde a finalización do período subvencionado:

- Unha memoria das actividades realizadas polos expertos ou expertas.
- Recibos dos salarios e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) dos expertos e expertas técnicos/as, correspondentes ao período subvencionado.

Artigo 21º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 22º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario, respecto da obriga establecida no artigo 20º.1, de manter a actividade empresarial durante cando menos tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal o ter mantido a actividade durante cando menos dous anos e acredite o beneficiario unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

4. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas pola persoa traballadora da que se trate, cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 20º punto 2 letra a), por cada contratación subvencionada e non substituída. Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando o/a traballador/a substituto/a sexa dun colectivo diferente ao substituído e lle correspondese unha subvención inicial inferior.

5. No suposto da subvención financeira entenderase que se produce un incumprimento total cando o préstamo se cancele antes de transcorreren dous anos contados desde a data da formalización do préstamo, e parcial cando, transcorridos os dous anos, o beneficiario solicite autorización ao órgano concedente para a súa cancelación e os xuros devengados sexan inferiores á subvención concedida.

Artigo 23º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecidos nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que, nos 24 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas, nas que participasen persoas ou entidades, que pola súa vez, sexan promotoras da empresa solicitante.

b) Os promotores e promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social.

c) Así mesmo, serán excluídos os solicitantes que incorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) As empresas que desenvolvan actividades empresariais que non coincidan coas do proxecto previamente cualificado como iniciativa local de emprego.

Artigo 24º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 25º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de minimis, establecidos no regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Polo tanto a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exer-

cicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada e non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, os axentes de emprego e desenvolvemento local que realizan os labores de acompañamento e asesoramento colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas subvencionadas ao abeiro desta orde, unha vez iniciada a súa actividade.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda previstas nesta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outras administracións distintas da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. (BOE nº 300, do 16 de decembro).

Sexta.-Para os efectos do sinalado no artigo 11º, terán a consideración de retornados/as aqueles emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Para os efectos desta orde terán a consideración de persoas desempregadas de longa duración, aquelas que, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social, estivesen sen traballo, e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregadas na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fosen maiores de 25 e menores de 45.

Sétima.-A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O pagamento das subvencións reguladas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

Oitava.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias: 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01003, cun crédito de 2.000.000 euros; 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016, cun crédito de 600.000 euros; 16.02.322C.470.6; código de proxecto 2009 01025, cun crédito de 300.000 euros; 16.02.322C.472.2, código de proxecto 2009 01047, cun crédito de 800.000 euros, e 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01073, cun crédito de 50.000 euros. Estas contías están recollidas na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións finais

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

ANEXO I

Sectores de actividade en reestruturación

CNAE	Denominación
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas
10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba
13	Extracción de minerais metálicos
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas
18	Industria da confección e da peletaría
19	Preparación, curtume e acabamento do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe; artigos de albardaría, talabartaría e zapataría
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría
21	Industria do papel
24	Industria química
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
27	Metalurxia
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras
41	Captación, depuración e distribución de auga
45	Construción
66	Seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria
70	Actividades inmobiliarias
71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos
91	Actividades asociativas
93	Actividades diversas de servizos persoais

Ver anxos pdf "58-09.PDF"

59 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009, DOG nº 189, do 25.09.2009, DOG nº 216, do 4.11.2009, DOG nº 219, do 9.11.2009, DOG nº 222, do 12.11.2009, DOG nº 244, do 16.12.2009 e DOG nº 253, do 30.12.2009).

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego; nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia; e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Extratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, en especial dos mozos e mozas, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á comunidade autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título V da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo (BOE do 12 de xullo), dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo, establécese que os poderes públicos adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia. Na aplicación destas políticas de fomento tenderase ao logro da efectividade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prestarase especial atención aos colectivos de persoas desfavorecidas, entre as cales as persoas con discapacidade ocupan un lugar preferente.

Impulsado polo Goberno o proceso de diálogo social de Galicia, e como resultado deste, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia subscribiron o 5 de febreiro de 2007 o novo marco de relacións laborais en Galicia: acordo polo emprego, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego na liña de converxencia co Estado e con Europa, e as medidas e recursos que se implementarán cara a consecución destes obxectivos, iniciando unha nova etapa no marco das relacións laborais. En concreto, no acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, dedícase o capítulo 10 aos obxectivos en materia de emprendemento, establecendo medidas concretas ás que responde esta orde.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, establece no seu artigo 31 que, no marco da consideración como colectivo prioritario, as políticas activas de emprego valorarán as circunstancias das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos transferidos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axuda, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, e de acordo co disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio destas competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións do programa de promoción do emprego autónomo regulado na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula o Programa de promoción do emprego autónomo, segundo a disposición adicional primeira da citada orde.

Neste contexto de actuación nesta orde regúlase o Programa de promoción do emprego autónomo e procédese á súa convocatoria para o ano 2009. Increméntanse, en función das dificultades de inserción laboral do colectivo a que pertenza o traballador ou traballadora desempregada, as contías das axudas tanto da subvención financeira como da axuda polo establecemento, concedéndolle maior contía cando a persoa beneficiaria sexa unha muller. Establécese a axuda pola asistencia técnica e para formación co obxecto de cubrir as carencias xerenciais que algúns traballadores e traballadoras autónomas presentan contribuíndo, deste xeito, á supervivencia da iniciativa empresarial.

No Programa de promoción do emprego autónomo, regulado nesta orde, establécense para as persoas con discapacidade unhas contías superiores na axuda polo establecemento, na subvención financeira e na axuda excepcional, dada a súa consideración de colectivo prioritario das políticas activas de emprego, e ao constituír o autoemprego un elemento eficaz para a inserción socioprofesional das persoas con discapacidade.

O Programa de promoción do emprego autónomo, establecido na normativa estatal, mellórase na Comunidade Autónoma de Galicia coa introdución da axuda excepcional para o financiamento dos primeiros gastos da actividade ás persoas desempregadas de colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Outro aspecto que cómpre salientar é a regulación do reintegro parcial das axudas, respondendo ao principio de proporcionalidade, sempre que se mantivera a actividade un mínimo de dous anos.

Como novidades, nesta orde increméntanse as contías das axudas para os desempregados de longa duración, no contexto global do apoio específico da Consellería de Traballo a prol deste colectivo, así como para os desempregados procedentes de empresas de sectores de actividade inmersas en procesos de reestruturación dos seus cadros de persoal, como consecuencia do menor crecemento económico.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas, se realizá pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

O programa de promoción do emprego autónomo está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo plurirexional de adaptabilidade e emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 15 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar nas resolucións de concesión.

A axuda excepcional está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar nas resolucións de concesión.

Estas axudas están sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito adecuado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional cuarta.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e

da súa presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito, principios de xestión e definicións

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do Programa de promoción do emprego autónomo, coa finalidade de promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

   Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 16 de setembro de 2008 ata o 15 de setembro de 2009, ambos inclusive.

2. As solicitudes, tramitación e concesión das axudas do Programa de promoción do emprego autónomo axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula o Programa de promoción do emprego autónomo, no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, sempre que:

   - Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
   - Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.
   - Non percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
   - Non desenvolvesen como traballadores ou traballadoras autónomos/as a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

2. Os traballadores e traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarios/as das axudas deste programa cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís sempre que as soliciten a título persoal. Quedan excluídos disto os socios de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

3. Para os efectos deste programa, entenderase como data de inicio de actividade laboral a da alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nesta orde as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias sinaladas no número 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No suposto de subvencións solicitadas por persoas traballadoras con discapacidade, ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberán ter recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Artigo 3º.-Definicións.

1. Para os efectos desta orde entenderase por:

   I. Persoa desempregada, aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

   A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

   II. Persoa con discapacidade, aquela que teña recoñecido pola administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso considerararanse afectados por unha

discapacidade igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de discapacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra administración, distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. Traballadores ou traballadoras desempregadas de longa duración: aqueles/as que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional estivesen sen traballo, e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fosen maiores de 25 e menores de 45.

IV. Emigrantes retornados/as, aqueles/as emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos, entre a data do retorno e a data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

V. Traballadores e traballadoras desempregados/as procedentes de empresas en crise, aqueles traballadores e traballadoras cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ben a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores, ou ben cando a extinción do contrato de traballo sexa polas causas obxectivas recollidas no artigo 52 c) do Estatuto dos traballadores.

VI. Persoa responsable dunha familia monoparental e con cargas familiares, aquela persoa solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillos/as menores de 26 anos ou persoas maiores incapacitadas, ou menores acollidos, que non obteñan ingresos de ningunha natureza superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional vixente no momento da solicitude.

2. Para os efectos deste programa terán a consideración de colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

a) Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

e) As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

f) Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.

g) Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

h) Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

i) Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

j) Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

k) Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Capítulo II

Tipos de axuda

Artigo 4º.-Subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia.

1. Poderá concederse ás persoas desempregadas, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado fixo necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e se realice no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, o investimento mínimo exixido será por cada socio/a individual da sociedade, sexa ou non beneficiario/a da subvención, e en proporción á súa participación nela.

2. As contías desta subvención serán as seguintes:

A. 5.000 euros para desempregados en xeral.

B. 6.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.

C. 7.000 euros para mulleres desempregadas.

D. 7.500 euros para emigrantes retornados/as e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas en crise, persoas desempregadas de longa duración, e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde.

E. 8.000 euros para persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

F. 10.000 euros para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social.

G. No suposto de demandantes de primeiro emprego as cantidades dos puntos A, B, e C incrementaranse en 500 euros.

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondéndolle a opción á persoa solicitante.

3. O prazo de presentación de solicitudes de subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia será de dous meses desde a data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 10º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 5º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade facilitar a creación do seu propio posto de traballo mediante a redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia, tendo en conta que, como mínimo, o 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmobilizado fixo e pode destinarse ata un 25% a financiar o activo circulante. Este investimento deberá realizarse no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio. En todo caso, a persoa beneficiaria debe acreditar un investimento en inmobilizado fixo por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Non se admitirá, para os efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios. No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse esta subvención para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e deberán formalizarse entre os tres meses anteriores ao inicio da actividade e o 31 de outubro de 2009 ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, o investimento mínimo exixido será por cada socio/a individual da sociedade, sexa ou non beneficiario/a da subvención, e en proporción á súa participación nela.

Esta subvención, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes sen que en ningún caso o tipo de xuro que deba satisfacer o beneficiario, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se xerase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomando como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo se esta é anterior.

O beneficiario/a, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

No caso de microcréditos concedidos polo Instituto de Crédito Oficial ou por outras entidades de crédito a persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social, a subvención poderá ser o custo total dos gastos financeiros, cos límites máximos sinalados no número seguinte.

2. A subvención financeira terá como límite máximo as contías seguintes:

A. 5.000 euros para desempregados en xeral.

B. 6.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.

C. 7.000 euros para mulleres desempregadas.

D. 7.500 euros para emigrantes retornados/as e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas en crise, persoas desempregadas de longa duración, e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde.

E. 8.000 euros para persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

F. 10.000 euros para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social.

G. No suposto de demandantes de primeiro emprego as cantidades dos puntos A, B, e C incrementaranse en 500 euros.

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante.

3. A solicitude da subvención financeira deberá presentarse nos dous meses seguintes á data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 10º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 6º.-Subvención para asistencia técnica.

1. O obxecto desta subvención é o financiamento parcial da contratación durante a posta en marcha da empresa dos servizos externos necesarios para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial, así como para a realización de estudos de viabilidade, organización, comercialización, diagnose ou outros de natureza análoga.

Deberá acreditarse na solicitude a necesidade desta asistencia. Non se considerarán necesarios os servizos externos que consistan no asesoramento e tramitación das axudas nin os servizos periódicos e recorrentes na xestión empresarial.

2. Os servizos de asistencia técnica deberán ser prestados:

- Polas asociacións de traballadores e traballadoras autónomas con carácter intersectorial e con suficiente implantación no ambito territorial de Galicia.
- Por outras persoas xurídicas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantías de solvencia profesional.

3. A contía desta subvención será do 75 por cento do custo dos servizos prestados, ata un máximo de 1.000 euros.

4. Esta subvención concederase por unha única vez, ben que serán subvencionables todos os servizos de asistencia técnica que recibise e contrate a persoa beneficiaria e se iniciasen e desenvolvesen integramente nos tres meses anteriores e nos seis meses seguintes ao inicio da actividade e sempre que sexan efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do pagamento destas, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

5. A subvención para asistencia técnica deberá presentarse nos dous meses seguintes á data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 10º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 7º.-Subvención para formación.

1. O obxecto desta subvención é o financiamento parcial de cursos relacionados coa dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información e comunicación, co fin de cubrir as necesidades de formación do traballador ou traballadora autónoma, durante a posta en marcha da empresa.

2. Esta formación deberá ser prestada:

- Polas asociacións de traballadores e traballadoras autónomas con carácter intersectorial e con suficiente implantación no ámbito territorial de Galicia.
- Por outras persoas xurídicas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantías de solvencia profesional.

3. A contía desta subvención será do 75 por cento do custo dos cursos recibidos, ata un máximo de 3.000 euros.

4. A subvención para formación concederase por unha única vez, ben que serán subvencionables todas as accións de formación que recibise a persoa beneficiaria e se desenvolvesen integramente nos tres meses anteriores e nos seis meses seguintes ao inicio da actividade e sempre que sexan efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

5. A subvención para formación deberá presentarse nos dous meses seguintes á data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 10º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 8º.-Axuda excepcional.

1. Poderáselles conceder unha axuda para o financiamento dos primeiros gastos da actividade ás persoas desempregadas dos colectivos relacionados nos seguintes puntos deste artigo, sempre que cumpran os requisitos para ser beneficiarias deste programa, de acordo co previsto no artigo 2º desta orde.

A través desta axuda serán subvencionables os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, gastos de constitución, publicidade, arrendamento de local e maquinaria e seguros do local, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, se for o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, realizados nos tres meses anteriores e nos seis meses seguintes ao inicio da actividade e sempre que sexan efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

2. A contía máxima desta subvención será de 2.000 euros para os seguintes colectivos:

A. Mozos desempregados menores de 30 anos.

B. Mulleres desempregadas.

C. Persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade.

3. A contía máxima desta subvención será de 2.400 euros para os seguintes colectivos:

A. Persoas traballadoras demandantes do primeiro emprego.

B. Persoas desempregadas que realizasen, no ano da presentación da solicitude ou nos dous anos naturais anteriores, cursos de formación profesional para o emprego destinados prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, directamente relacionados coa actividade empresarial.

C. Persoas desempregadas que participasen, no ano de presentación da solicitude ou nos dous anos anteriores, como alumnos e alumnas en escolas obradoiro, casas de oficios ou en obradoiros de emprego directamente relacionados no seu contido coa actividade empresarial.

D. Mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado laboral tras unha ausencia non inferior a 24 meses.

E. Mulleres desempregadas que creen o seu posto de traballo naquelas actividades económicas con menor índice de emprego feminino, de acordo co disposto na orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro).

F. Persoas desempregadas responsables dunha familia monoparental e con cargas familiares.

G. Traballadores e traballadoras desempregados/as procedentes de empresas en crise, ou dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde.

H. Emigrantes retornados/as.

I. Persoas desempregadas que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación directamente relacionada no seu contido coa actividade empresarial.

4. A contía máxima desta subvención será de 3.600 euros para os seguintes colectivos:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas pertencentes a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social.
- Persoas con discapacidade.

5. o suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondéndolle a opción á persoa solicitante.

6. O prazo de presentación de solicitudes da axuda excepcional será de dous meses desde a data de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 10º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 9º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo, no respectivo ámbito provincial onde o solicitante desenvolva a súa actividade empresarial ou profesional, segundo consta na alta do imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda. Cando a actividade se desenvolva en máis dunha provincia desta comunidade autónoma será competencia do delegado ou delegada provincial da Consellería de Traballo da provincia en que a persoa solicitante se dea de alta na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

Artigo 10º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que non transcorresen os prazos específicos previstos para cada tipo de axuda.

Nos prazos específicos para a presentación das solicitudes de axudas, establecidos nos artigos 4º.3, 5º.3, 6º.5, 7º.5, e 8º.5 desta orde, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. As actuacións subvencionables ao abeiro do Programa para a promoción do emprego autónomo regulado nesta orde, realizadas entre o 16 de setembro do ano 2008 e a data da súa publicación, poderán acollerse ás axudas desta, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional. O prazo para a presentación destas solicitudes remata o 31 de marzo de 2009.

4. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo http://traballo.xunta.es.

Para a cumprimentación das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. Para a presentación de solicitudes os beneficiarios poderán contar co asesoramento dos axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 11º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, entón deberá presentar as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención, a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia con expresión da convocatoria, o

programa e o crédito orzamentario con que se imputan, a persoa beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

Artigo 12º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

1. Documentación común.

a) DNI ou NIE e acreditación do NIF da persoa solicitante e, no caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil, escritura de constitución e CIF da entidade.

b) Anexo IV asinado no cal se indicará a subvención ou subvencións que se solicitan e o colectivo polo que se opta.

c) Documentación acreditativa da pertenza ao colectivo polo que se opta.

d) Documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, actualizado na data de alta no réxime especial da Seguridade Social que corresponda, ou en mutualidade do colexio profesional.

De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade, e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

e) Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.

f) Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.

g) Memoria económica do proxecto empresarial asinada pola persoa solicitante que inclúa orzamento de investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo do anexo V, ou aqueloutra que repectando o seu contido mínimo quera presentar a persoa solicitante.

h) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime de minimis ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo VII).

i) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (segundo o modelo do anexo VIII).

j) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas-e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

k) Declaración responsable asinada pola persoa solicitante, segundo o modelo do anexo VI.

2. Documentación específica.

a) Subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia:

- Facturas co seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmobilizado fixo que se vaia realizar.

b) Subvención financeira:

- O compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo IX) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo xa formalizado.

- Facturas co seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmobilizado fixo que se vaia realizar e o destino do préstamo.

c) Subvención para asistencia técnica:

- Memoria descritiva da medida de asistencia solicitada, na cal consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, dos servizos desenvolvidos ou por desenvolver.

- Documento acreditativo da contratación do servizo en que conste o seu importe ou, se é o caso, facturas pro forma ou orzamento.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional e especialización da entidade física ou xurídica que prestou ou vai prestar o servizo de apoio.

- Facturas efectivamente aboadas co seu correspondente xustificante bancario do pagamento dos servizos prestados na data da solicitude.

d) Subvención para formación:

- Memoria descritiva do curso, na cal consten, entre outros, o contido do curso, o seu calendario de realización, o seu custo e a xustificación da necesidade de formación da persoa solicitante.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional e especialización da entidade física ou xurídica, que imparta o curso de formación.

- De ser o caso, documento acreditativo da matriculación no curso e o xustificante bancario do seu pagamento.

e) Axuda excepcional:

- Facturas co seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos dos gastos que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención.

Artigo 13º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun unico procedemento.

2 O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Promoción do Emprego da correspondente delegación provincial da Consellería de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 14º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas interesadas. As resolucións concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rRexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 15º.-Xustificación e pagamento.

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

4. A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde deberá realizarse mediante xustificante bancario acreditativo do seu aboamento.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común e específica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación xeral:

a) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención, segundo o tipo de axuda.

b) Declaración complementaria do establecido no artigo 12º alínea h) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime de minimis. Ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VII.

B. Documentación específica:

a) Cando se trate da subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia, facturas xustificativas da realización do investimento en inmobilizado fixo e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

b) Cando se trate da subvención financeira de redución de xuros, facturas xustificativas da realización do investimento en inmobilizado fixo e documento bancario acreditativo do seu pagamento e, de ser o caso, copia do contrato de préstamo.

c) Cando se trate da subvención para asistencia técnica:

- Facturas da entidade, persoa física ou xurídica, xustificativas do custo do servizo recibido e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

- Informe escrito dos servizos recibidos e, no caso de consistir na realización dun estudo de viabilidade, organización, comercialización, diagnose ou análogo, presentarase copia del.

d) Cando se trate da subvención para formación, factura da entidade impartidora do curso xustificativa do seu custo e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, xunto con certificación da entidade en que conste o contido e a duración do curso e a asistencia do solicitante a el.

e) Cando se trate da axuda excepcional, facturas xustificativas da realización dos gastos obxecto da subvención e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

6. Malia o sinalado nos puntos anteriores, a documentación exixida para a fase de pagamento común ou específica, poderá presentarse xunto coa solicitude, á opción da persoa interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

7. Cando concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación.

8. Os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento sinalada neste artigo no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e por causas debidamente xustificadas.

9. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Capítulo IV

Obrigas e incompatibilidades

Artigo 16º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizaren a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar fidedignamente. No suposto de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano concedente nos dous meses posteriores á dita baixa. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria comportará o reintegro da totalidade das axudas percibidas ao abeiro desta orde.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e ao Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deste programa deberán manter durante un período mínimo de dous anos a forma xurídica elixida pola que se lles concedeu as axudas ou subvencións.

k) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa beneficiaria.

2. As axudas e subvencións establecidas neste programa son incompatibles coas establecidas nos programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade.

3. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de

axuda previstos neste programa, agás nos supostos de subvencións para o establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia, en que só se terán en conta para a comprobación do requisito exixido no artigo 4º.

Artigo 18º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 19º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedecencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Procederá o reintegro parcial das axudas concedidas ao abeiro dos artigos 4º e 5º desta orde cando ao non cumprir a obriga establecida no artigo 16º de manter a actividade durante tres anos, se aproxime de xeito significativo a ela, entendendo como tal ter mantida a actividade durante polo menos dous anos e a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

3. No suposto de cancelación do préstamo con anterioridade aos dous anos da súa formalización procederá o reintegro da totalidade da subvención. Se se realizase con posterioridade á dita data e logo de autorización do órgano concedente, deberá reintegrarse a parte da subvención financeira non xerada.

4. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto-lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 20º.-Seguimento e control.

1. As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

2. Os/as solicitantes das axudas e subvencións previstas nesta orde, no suposto de teren a condición de beneficiario/a e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, autorizan a Consellería de Traballo para que, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social lle poida facilitar a información sobre a situación de alta no sistema da Seguridade Social.

Artigo 21º.-Réxime das axudas.

1. Estas axudas están sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se prevé no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e ao funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que deriven, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

No exercicio económico 2009 as axudas recollidas nesta orde finan-

ciaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001, cun crédito de 11.278.080 euros; 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072, cun crédito de 995.000 euros; 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01018, cun crédito de 6.200.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2009 01019, cun crédito de 7.581.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2009 01025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.472.0, código de proxecto 2009 01038, cun crédito de 1.746.252 euros; 16.02.322C.472.2, código de proxecto 2009 01047, cun crédito de 1.876.608 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea, actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os créditos consignados nesta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou polas disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Quinta.-O Programa de promoción do emprego autónomo está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo plurirexional de adaptabilidade e emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 15 de decembro de 2007, no marco de programación 2007-2013.

A axuda excepcional está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, no marco de programación 2007-2013, polo que está cofinanciada esta axuda regulada na Orde do 1 de marzo de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº48, do 8 de marzo), e na Orde do 21 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 81, do 28 de abril).

Sexta.-De acordo co disposto no artigo 8 do Real decreto 5/2008, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as medidas para facilitar a adaptación laboral do sector téxtil e da confección aos cambios estruturais no comercio mundial, as contías establecidas nos artigos 4º e 5º desta orde incrementaranse nas porcentaxes indicadas no dito artigo respecto aos traballadores e traballadoras beneficiarias das medidas deste real decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

ANEXO I

Sectores de actividade en reestruturación

CNAE	Denominación
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas
10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba
13	Extracción de minerais metálicos
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas
18	Industria da confección e da peletaría
19	Preparación, curtidoría e acabamento do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe; artigos de albardaría, talabartaría e zapataría
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría
21	Industria do papel
24	Industria química
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
27	Metalurxia
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras
41	Captación, depuración e distribución de auga
45	Construción
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria
70	Actividades inmobiliarias
71	Alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos
91	Actividades asociativas
93	Actividades diversas de servizos persoais

Ver anexos pdf "59-09.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Ver páxina 180

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) establece na súa disposición adicional cuarta que os créditos que financian esta orde poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. Esta orde recolle un crédito inicial de 995.000 euros na aplicación orzamentaria 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072, para financiar subvencións do programa de promoción do emprego autónomo con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

Pola Orde TIN/381/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións para financiar o custo imputable a 2009 do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, aprobado polo acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 30 de decembro de 2008, con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro de 2009), con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072, polo importe de 1.269.063,06 euros.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 450 polo importe de 425.880 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 12, do 19 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2002 14 438 polo importe de 11.721 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 451 polo importe de 3.508 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Orde TIN/380/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 3.150.840,56 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 12, do 19 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.481.0, código de proxecto 2009 01075 polo importe de 8.654,93 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 637.155,83 euros.

Artigo 2º

Esta modificación non afectan o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día de súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Orde do 10 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072 polo importe de 2.389.064,00 euros, con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 2.715.625,69 euros.

Artigo 2º

Esta modificación non afectan o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día de súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2009.

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, en que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da dita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 1.678.535,63 euros.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

60 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 11, do 16.01.2009 e orde de ampliación no DOG nº 175, do 7.09.2009).

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear empresas e emprego.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, correspondéndolle o seu exercicio, hoxe en día, á Consellería de Traballo, ao abeiro do disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polos decretos 20/2007, do 22 de febreiro e 14/2008, do 7 de febreiro.

O Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, asinado o 5 de febreiro de 2007 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, dedica o capítulo décimo aos obxectivos e medidas en materia de emprendemento, creación e desenvolvemento de empresas de innovación e emprego, e empresas vinculadas aos viveiros de emprego, establecéndose medidas concretas en apoio do emprendemento e o autoemprego, ás que responde esta orde.

Así mesmo, esta orde tamén responde ao mandato do artigo 38 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, que establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinadas a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións e actuacións de

discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

A conxuntura actual de desaceleración económica está tendo especial incidencia en determinados sectores produtivos de Galicia. Co obxecto de afrontar este novo problema a Consellería de Traballo aposta, entre outras medidas, polo apoio ao emprendemento para os demandantes procedentes destes sectores. Por iso, dentro dos programas de incentivos de apoio ao autoemprego da Consellería de Traballo, mediante o programa das Iniciativas Emprendedoras e de Emprego (I+E+E), preténdese apoiar especialmente aquelas empresas que se implanten nos territorios rurais e, pola súa vez, xeren emprego de mozos e mulleres, promovidas e/ou que xeren emprego para os demandantes de emprego procedentes dos devanditos sectores.

Como novidades, nesta orde increméntanse as contías das axudas para os desempregados de longa duración, no contexto global do apoio específico da Consellería de Traballo a prol deste colectivo, así como para os desempregados procedentes de empresas de sectores de actividade inmersas en procesos de reestruturación dos seus cadros de persoal, como consecuencia do menor crecemento económico.

O Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E) está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; á Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto deste réxime non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, é ao existir crédito axeitado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional oitava.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 do programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego, coa finalidade xerar emprego estable, principalmente de mozos e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais, na Comunidade Autónoma de Galicia, promovidas por persoas desempregadas con especial atención aos concellos do rural galego, e aquelas promovidas e/ou que xeren emprego para demandantes procedentes de empresas de sectores de actividade en reestruturación.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; á Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo; e nesta orde.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste programa as empresas privadas calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas que concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación.

b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia.

e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os/as socios/as promotores/as non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

g) Que, como mínimo, o 50 por cento do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Artigo 4º.-Definicións.

Para os efectos deste programa entenderase por:

a) Persoas desempregadas: as que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

b) Empregos subvencionables: os postos de traballo creados con carácter estable e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluídos os dos promotores e promotoras.

c) Socios promotores: os que figuren como tales nos estatutos sociais.

d) Empresas de nova creación: aquelas que inicien a actividade empresarial desde a data do 16 de setembro de 2008.

e) Inicio de actividade empresarial: a data en que se cause alta no imposto de actividades económicas, ou de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

f) Período subvencionable: poderán ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa as actuacións subvencionables que cumprindo os requisitos de cada tipo de axuda se desenvolvesen desde o 16 de setembro de 2008.

g) Concello rural: aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes. Para computar o número de habitantes dos concellos galegos, tomarase como referencia as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2007, resultantes da revisión do padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real decreto 2124/2008, do 26 de decembro (BOE nº 312, do 27 de decembro).

Capítulo II

Tipos de axuda

Artigo 5º.-Tipos de axuda.

O programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), inclúe os seguintes tipos de axudas:

a) Subvención á xeración de emprego estable.

b) Subvención financeira.

c) Subvención para asistencia técnica.

d) Subvención para o inicio da actividade.

e) Subvención para a conciliación da vida profesional e persoal dos/das promotores/as.

Artigo 6º.-Subvención á xeración de emprego estable.

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os dos propios promotores e promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas incentivaranse ata un máximo de dez, cada un deles cunha subvención de 3.000 euros. A subvención incrementarase no suposto dunha muller desempregada ata 4.000 euros. Estes incentivos xerais terán un incremento de 500 euros no suposto dun mozo ou dunha moza desempregada menor de 30 anos. Para as persoas desempregadas de longa duración e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde, a contía desta subvención será de 5.000 euros. Para o suposto dunha persoa desempregada con discapacidade, a subvención acadará a contía de 6.000 euros.

   Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo, en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

2. Cando se trate de contratacións indefinidas de traballadores ou traballadoras por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato obxecto de subvención.

3. Non se poderá conceder esta axuda cando se trate de traballadores ou traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

4. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 16 de setembro de 2008 e ata o 15 de setembro de 2009.

5. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses desde a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social. Non obstante, deberá ser respectado o prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde, aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a data de alta na Seguridade Social.

Artigo 7º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha destas empresas. Non obstante, poderase destinar ata un 25% do importe do préstamo para financiar o activo circulante.

   Os préstamos, para seren subvencionados, deberán ser concedidos por entidades financeiras que teñan subscrito un convenio, para tal fin, coa Consellería de Traballo, e deberán formalizarse no

período comprendido entre o inicio da actividade e o 31 de outubro de 2009, ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión. En todo caso, a entidade beneficiaria debe acreditar o investimento en activo fixo sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e realizar o dito investimento no período comprendido entre o inicio de actividade e ata o 30 de novembro de 2009. Non se admitirá, para efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios. No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse esta subvención para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

2. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será como máximo o equivalente á reducción de ata seis puntos do xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos da súa vixencia sen que, en ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer a persoa ou entidade beneficiaria, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo, se esta é anterior.

A persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

3. Esta subvención terá como límite máximo as contías establecidas no artigo 6º desta orde para cada colectivo. Para os efectos do cálculo da contía desta axuda, só se terán en conta os postos de traballo creados desde o 16 de setembro de 2008 e ata o 15 de setembro de 2009.

4. A solicitude da subvención financeira deberá presentarse nos tres meses seguintes ao inicio da actividade respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os tres meses anteriormente citados.

Artigo 8º.-Subvención para asistencia técnica.

1. Para axudar á persoa promotora ou empresario/a na toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa poderase financiar a asistencia técnica necesaria que poderá consistir nas seguintes modalidades:

a) Axuda por formación, que incluirá os cursos que a persoa promotora poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

b) Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade para que a persoa promotora ou empresario/a poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

2. O gasto orixinado pola asistencia técnica deberá producirse no período subvencionable e deberá ser efectivamente xustificado, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

3. A contía da subvención, que se poderá solicitar unha soa vez, será de ata o 75 por 100 do custo dos servizos recibidos cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

4. As solicitudes de subvención para asistencia técnica deberanse presentar no prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde.

Artigo 9º.-Subvención para o inicio da actividade.

1. Poderá concederse para o financiamento dos primeiros gastos da actividade unha subvención de ata 2.400 euros por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez. Para as persoas desempregadas de longa duración, traballadores ou traballadoras procedentes de empresas dos sectores de actividade en reestruturación, segundo a lista recollida no anexo I desta orde, e persoas desempregadas con discapacidade a contía desta subvención será de ata 3.600 euros.

2. A través desta axuda, que se concederá por unha soa vez, serán subvencionables os gastos realizados con posterioridade ao inicio da actividade empresarial e xustificados ata o 30 de novembro de 2009 nos seguintes conceptos: gastos de constitución da empresa, compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local e maquinaria, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións. Os gastos poderán ser computados, sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algún dos promotores da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgún dos promotores.

3. As solicitudes de axuda para o inicio da actividade deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde.

Artigo 10º.-Subvención para a conciliación da vida profesional e persoal dos promotores.

1. Co obxecto de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das persoas emprendedoras concederase unha subvención do 75% do custo dos servizos de gardaría, ata un máximo de 3.000 euros, para aqueles/as promotores/as que sendo titulares dunha familia teñan fillos/as menores de tres anos.

2. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas polos promotores ou promotoras que obtendo a subvención establecida no artigo 6º desta orde, sexan titulares de familias monoparentais ou na que os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

3. Serán subvencionables os gastos da gardaría correspondentes aos tres meses anteriores ao inicio de actividade, sempre que estean dentro do período subvencionable e ata o mes de novembro de 2009.

4. As solicitudes de axuda para a conciliación da vida laboral e familiar deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 13º.2

desta orde.

Artigo 11º.-Incremento dos incentivos.

As contías máximas das axudas do programa regulado nesta orde incrementaranse nun 20 por 100, nos casos de que a empresa teña o seu domicilio social e centro de traballo nun concello rural.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 12º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as subvencións previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

a) Aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo, cando a actividade para a que se solicita subvención se vaia a desenvolver no respectivo ámbito provincial.

b) Ao director xeral de Promoción do Emprego, cando a actividade para a que se solicita subvención se vaia desenvolver en máis dunha provincia desta comunidade autónoma.

Artigo 13º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, de ser o caso, no rexistro xeral da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes das axudas dos distintos programas desta orde finalizará o 15 de setembro de 2009 respectándose, en todo caso, os prazos específicos previstos para cada tipo de subvención.

   Nos prazos específicos para a presentación das solicitudes de subvencións, establecidos nos artigos 6º.5 e 7º.4 desta orde, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Non obstante, as solicitudes de axudas do programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego, regulado nesta orde, polas actuacións realizadas entre o 16 de setembro do ano 2008 e a data de publicación desta orde, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a alta na Seguridade Social ou desde o inicio da actividade empresarial, poderán presentarse ata o 31 de marzo de 2009.

4. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http//traballo.xunta.es.

   Para a formalización das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. Para a presentación de solicitudes de axudas as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento dos e das axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 14º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, con expresión da persoa ou entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Artigo 15º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

   a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

   b) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, alta

no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.

c) Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada polo representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o currículo dos promotores, o número de empregos creados e que se crearán, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial.

d) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo o modelo do anexo V).

e) Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

f) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo o modelo do anexo VII).

g) De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, a persoa interesada deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

- Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles, con indicación da data de incorporación efectiva (segundo o modelo do anexo IV).

- Copia simple do DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social actualizados na data de alta na Seguridade Social das persoas polas que se solicita subvención.

- Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.

- Declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais totais anuais de cada traballador/a polo/a que se solicita subvención.

b) Subvención financeira:

- Contrato de préstamo ou, no seu defecto, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo VI).

- Plan de investimentos xunto coas facturas pro forma ou orzamentos dos activos fixos e, se é o caso, facturas efectivamente aboadas na data da solicitude dos investimentos en activos fixo que se financien co préstamo.

- Declaración do número de empregos estables que se crearán ata o 15 de setembro de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daqueles polos que se solicita a subvención (segundo o modelo do anexo IV).

c) Subvención para asistencia técnica.

- Memoria descritiva da medida de apoio solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, a proposta dos servizos que se van desenvolver e o calendario previsto para a súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que vai prestar o apoio e a aceptación do solicitante.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional da empresa, entidade física ou xurídica, que prestase ou prestará o servizo de apoio.

- De ser o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento das medidas de apoio xa recibidas na data da solicitude.

d) Axuda para o inicio de actividade:

- Orzamento dos gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade, con indicación daqueles aos que se vai destinar a subvención, así como das fontes de financiamento.

- Declaración do número de postos de traballo estables que se crearán ata o 15 de setembro de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polos cales se solicita a subvención (segundo o modelo do anexo IV).

- De ser o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento dos gastos obxecto de subvención.

e) Subvención para a conciliación da vida profesional e persoal dos promotores:

- Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e fillas menores de tres anos. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.

- Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardaría.

Artigo 16º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Promoción do Emprego das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ou o Servizo de Apoio a Emprendedores da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 17º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento.

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento o documento bancario acreditativo do seu aboamento.

4. As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente, este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e debidamente xustificado.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A. Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

- Declaración complementaria da establecida no artigo 15º.2 letra d) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo V).

B. Documentación específica:

a) Subvención financeira:

- Copia do contrato de préstamo, de non se xuntar á solicitude.

- Facturas xustificativas da realización do investimento en activo fixo e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

- DNI, documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social e do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

b) Subvención para asistencia técnica:

- Facturas da empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.

- Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, para o caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia del.

c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.
- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.
- DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

d) Subvención para a conciliación da vida profesional e persoal dos promotores:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.
- DNI e documentos acreditativos do tempo de permanencia en situación de desemprego segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos promotores e promotoras tidos en conta para o cálculo da subvención.

6. Cando concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude, a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

8. Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Capítulo IV

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 19º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. En ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80% do custo da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos neste programa.

3. As subvencións reguladas nesta orde serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio a iniciativas de emprego de base tecnolóxica, de iniciativas locais de emprego (ILES) e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego convocados pola Consellería de Traballo.

4. A axuda pola xeración de emprego estable será incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, coas axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 20º.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade, o que deberá acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento

(CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello,polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A empresa beneficiaria da subvención á xeración de emprego estable, cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgún traballador ou traballadora polo/a que se concedeu a subvención, está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer o novo traballador ou traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

As empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, deberán presentar dentro do primeiro trimestre de cada ano unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito. Esta obriga manterase durante os tres anos seguintes a aquel en que se concedeu a axuda ou subvención.

3. As empresas beneficiarias das axudas e subvencións do programa de iniciativas emprendedoras e do emprego regulado nesta orde deberán manter a forma xurídica pola que se lles concedeu as axudas ou subvencións durante un tempo mínimo de tres anos desde que se iniciou a actividade.

4. Deberá manterse a achega ao capital social e, como mínimo, a súa porcentaxe de participación no capital social durante o mesmo período, referido aos promotores ou promotoras que creasen o seu propio posto de traballo na empresa. A transmisión voluntaria por actos intervivos de participacións sociais ou accións do capital social soamente poderá facerse a favor de persoas físicas, e sen que, neste caso, se supere o máximo de cinco persoas físicas socios/as da empresa. Esta transmisión deberá ser comunicada por escrito ao órgano concedente da subvención.

Co obxecto de acreditar o cumprimento desta obriga, a empresa beneficiaria das subvencións, transcorridos tres anos desde o inicio da súa actividade, achegará ao órgano concedente certificación do Rexistro Mercantil sobre as variacións no capital social desde a data da constitución da sociedade, e declaración do órgano da administración da sociedade, con relación á información que conste no libro de socios/as, respecto á titularidade e as alteracións producidas desde a data da constitución.

Artigo 21º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 22º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario, respecto da obriga establecida no artigo 20º punto 1, de manter a actividade empresarial durante polo menos tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dous anos e o beneficiario acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas pola persoa traballadora da que se trate, cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 20º punto 2, por cada contratación subvencionada e non substituída. Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando o traballador/a substituto/a sexa dun colectivo diferente ao substituído e lle corresponda unha subvención inicial inferior.

4. No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 20º puntos 3 e 4, de manter a forma xurídica e a porcentaxe do capital social durante polo menos tres anos, procederá o reintegro parcial das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos, sempre que o incumprimento se producise transcorridos dous anos.

5. No suposto da subvención financeira entenderase que se produce un incumprimento total cando o préstamo se cancele antes de transcorrer dous anos a contados desde a data da formalización do prestamo, e parcial cando, transcorridos os dous anos, o beneficiario solicite autorización ao órgano concedente para a súa cancelación e os xuros devengados sexan inferiores á subvención concedida.

Artigo 23º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios dos programas establecidos nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que nos 24 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas, en que participasen persoas ou entidades, que pola súa vez sexan promotoras da empresa solicitante.

b) Os promotores e promotoras que nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social.

c) Así mesmo, serán excluídos os solicitantes que incorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) As persoas ou empresas que percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, iniciativas locais de emprego ou iniciativas de emprego de base tecnolóxica nos catro anos anteriores a data do inicio da nova actividade.

Artigo 24º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 25º.-Axudas baixo condicións de mínimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, establecidos no regulamento CE nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada e non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se prevé no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, os axentes de emprego e desenvolvemento local que realizan os labores de acompañamento e asesoramento colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas subvencionadas ao abeiro desta orde unha vez iniciada a súa actividade.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir, en todo momento, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda previstas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outras administracións distintas da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

Sexta.-Para os efectos desta orde terán a consideración de persoas desempregadas de longa duración aquelas que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estivesen sen traballo, e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregadas na oficina de emprego de 180 días, se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días, se fosen maiores de 25 e menores de 45.

Sétima.-A concesión das subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Oitava-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias: 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.6; código de proxecto 2009 01025, cun crédito de 3.256.177 euros; 16.02.322C.472.0, código de proxecto 2009 01038, cun crédito de 1.746.252 euros; 16.02.322C.472.2, código de proxecto 2009 01047, cun crédito de 1.876.608 euros e 16.02.322C.472.5, código de proxecto 2009 01055, cun crédito de 424.000 euros. Estas contías están recollidas na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídas no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada pola orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "60-09.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Ver páxina 180

61 Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 41, do 27.02.2009 e orde de ampliación no DOG nº 252, do 29.12.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) configúrase como un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora e para aproveitar o potencial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con titulación universitaria como xestores dos seus proxectos empresariais innovadores, así como apoiar e fomentar a transferencia do amplo coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

A estrutura normativa do programa das IEBT desenvólvese no Decreto 56/2007, do 15 de marzo (DOG nº 65, do 2 de abril) polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica e se regulan os instrumentos e mecanismos de apoio e de avaliación técnica, así como os requisitos e condicións que deben reunir os proxectos e o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro de IEBT. Esta orde establece as bases reguladoras do programa de axudas ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) e procede á súa convocatoria para o ano 2009, que se axusta ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e no que resulte de aplicación na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Nesta orde establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar nun único procedemento a comparación e prelación das solicitudes presentadas, senón que a concesión das axudas se realiza pola com-

probación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención delegada, e en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de impulsar e facilitar a posta en marcha de iniciativas de base tecnolóxica en la Comunidad Autónoma de Galicia, a través do financiamento parcial dos custos iniciais necesarios para a posta en marcha destes proxectos empresariais innovadores de contido científico e/ou tecnolóxico, esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas previamente cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica e inscritas no rexistro administrativo habilitado para o efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en virtude do establecido no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

2. As solicitudes, tramitación e concesión desta axuda axustarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Persoas e entidades beneficiarias.

1. Poderán beneficiarse das axudas previstas nesta orde as empresas privadas, incluíndo as autónomas e os autónomos, que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT ou, de ser o caso, no que se estableza na resolución de cualificación, segundo o disposto nos artigos 3 e 12 do Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

2. Entenderase que unha empresa está constituída desde o momento da súa inscrición no correspondente rexistro mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas. Se se tratar de empresaria ou empresario individual, cando cause alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

3. Entenderase que unha empresa inicia a súa actividade produtiva cando cause alta no imposto de actividades económicas ou ben cando cause alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

Capítulo II

Modalidades de axuda

Artigo 3º.-Tipos de axuda.

1. No programa de promoción de iniciativas de emprego de base tecnolóxica recóllense os seguintes tipos de axudas:

a) Axuda á creación de emprego estable.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.

c) Apoio á función xerencial.

d) Subvención financeira.

e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

2. Para os efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no momento da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

3. Para os efectos de determinar a contía máxima da subvención financeira e da axuda para o inicio e posta en marcha da actividade, teranse en conta as transformacións en indefinidos dos contratos temporais, calquera que for a súa modalidade, de traballadores e/ou traballadoras que na data da celebración do contrato temporal estiveren en situación de desemprego de acordo coa definición do parágrafo 2 anterior, e sempre que a transformación do contrato temporal en indefinido se realice no mesmo ano natural que o contrato temporal da que deriva.

Entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar no día se-

guinte ao do termo da vixencia do contrato temporal.

No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser a tempo completo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

4. Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta orde as empresas resultantes dos proxectos empresariais cualificados como IEBT ao abeiro do Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

5. O cadro de persoal no momento de iniciar a súa actividade produtiva deberá estar constituído nun 25%, como mínimo, por persoas con titulación universitaria, e deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa a persoa contratada e a categoría profesional pola que se contrata.

Artigo 4º.-Axuda á creación de emprego estable.

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, xa por conta propia ou allea, que sexan ocupados con carácter indefinido por persoas desempregadas de acordo coa definición do artigo 3º, parágrafo 2 , incentivarase cada un deles cunha subvención de 6.300 euros. No suposto de que sexa ocupado por unha traballadora, o incentivo incrementarase nunha contía de 600 euros.

Cando o posto de traballo creado o ocupe unha persoa desempregada con título universitario, o incentivo será de 6.600 euros e, de tratarse dunha muller con titulación universitaria, de 7.200 euros.

Cando as contratacións se realicen con mozos e mozas menores de 30 anos, os incentivos anteriores incrementaranse en 300 euros.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

2. As contratacións indefinidas, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito no modelo oficial que facilite o Servizo Público de Emprego, e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3. Nos postos de traballo creados e polos cales se solicite subvención deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa a persoa contratada e a categoría profesional por que se contrata.

4. Cando se trate de contratacións indefinidas de traballadoras e/ou traballadores por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os beneficios poidan superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato obxecto de subvención.

5. Poderán ser obxecto da axuda prevista neste artigo os postos de traballo estables de carácter indefinido creados antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade, e son subvencionables ao abeiro desta orde as contratacións realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009.

6. Non se concederá esta axuda cando se trate de traballadores ou traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

7. As solicitudes deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 10º.6 desta orde.

Artigo 5º.-Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.

1. Para a contratación de persoal técnico de alta cualificación poderá concedérselles ás empresas cualificadas como IEBT unha subvención cuxa contía será equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, segundo a duración do contrato, cun máximo de 12 mensualidades.

2. Quedan excluídos desta modalidade de axuda os contratos realizados coas persoas titulares ou socias da empresa, co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive. Non será de aplicación esta exclusión cando o empregador/a sexa un traballador/a autónomo/a que contrate con traballador/a por conta allea os fillos/as menores de trinta anos, tanto se conviven ou non con el/a, ou cando se trate dun traballador/a autónomo/a sen asalariados, e contrate un só familiar menor de corenta e cinco anos, que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. A subvención terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 30.000 euros, e estará condicionada á xustificación pola empresa de que, coas contratacións obxecto de subvención, se suplan carencias para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela.

4. Poderán ser obxecto da modalidade de axuda prevista neste artigo as contratacións realizadas antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade, sendo subvencionables as contratacións realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009.

5. Esta modalidade de axuda é incompatible, para a mesma persoa traballadora, coa establecida no artigo 4º desta orde, e é compatible, se é o caso, coas bonificacións de cotas á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que entre ambas poidan superar o 60% do custo salarial anual.

6. As persoas expertas técnicas que sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego e se contraten con carácter indefinido poderán computarse para os efectos do cálculo da subvención financeira e da axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

7. As solicitudes deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 10º.6 desta orde.

Artigo 6º.-Apoio á función xerencial.

1. Para o acompañamento no lanzamento da empresa e coa finalidade de favorecer a permanencia dos novos empregos creados, poderán ser obxecto de apoio as funcións xerenciais para axudar á persoa promotora ou empresaria/o na toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa.

2. Este apoio poderá revestir as seguintes modalidades:

a) Axuda por titoría, entendéndose por tal o acompañamento técnico que unha persoa experta allea á empresa, persoa física ou xurídica que reúna garantías de solvencia e profesionalidade, presta á persoa promotora ou empresaria/o nas súas actividades xerenciais durante un prazo de tempo determinado.

b) Axuda por formación, que incluirá os cursos que a persoa promotora ou empresaria/o poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

c) Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade para que a persoa promotora ou empresaria/o poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

3. Poderá ser obxecto desta modalidade de axuda o gasto orixinado polo apoio á función xerencial producido no primeiro ano de actividade, que deberá ser efectivamente xustificado mediante facturas e documentos acreditativos do pagamento.

4. A contía do incentivo para o apoio á función xerencial, que se pagará por unha soa vez, será do 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

5. A solicitude deberá presentarse no décimo segundo mes contado desde o inicio da actividade.

Artigo 7º.-Subvención financeira.

1. A axuda financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros dos préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como IEBT. Cómo mínimo, o 75% do importe do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmobilizado fixo e poderase destinar ata un 25% do préstamo para financiar o activo circulante.

Non se admitirá, para os efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo aos préstamos obxecto da axuda agás no suposto de traspaso de negocios.

Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos por entidades financeiras que teñan subscrito un convenio para tal fin coa Consellería de Traballo e deberán formalizarse entre os tres meses anteriores ao inicio da actividade e os seis meses posteriores.

2. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata seis puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes sen que en ningún caso o tipo de xuro que deba satisfacer a empresa beneficiaria, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se xerase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención, o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención, ou vixente na data da sinatura do contrato do préstamo, se esta é anterior.

A contía máxima desta axuda non poderá ser superior a 6.300 euros por emprego estable creado durante o primeiro ano de actividade para os colectivos definidos no artigo 3º, parágrafos 2 e 3 desta orde. Para os efectos desta axuda, só se terán en conta os postos de traballo creados desde o 16 de setembro de 2008 ata o 15 de setembro de 2009.

3. Para os efectos da xustificación desta axuda, teranse en conta os investimentos realizados a partir da formalización do préstamo, e sempre co límite temporal de 12 meses desde o inicio da actividade.

4. A solicitude de subvención financeira deberá presentarse nos dous meses seguintes ao inicio da actividade, respectando, pola súa vez, o prazo xeral establecido no artigo 10º.6 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses antes citados.

Artigo 8º.-Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

1. Esta axuda ten por finalidade financiar parcialmente os custos dos gastos necesarios derivados da posta en marcha da actividade e do funcionamento da empresa. Serán subvencionables, a través desta axuda, os gastos de constitución, os gastos pola compra de mercadorías, as materias primas e outros aprovisionamentos, o arrendamento do local, gastos do seguro do local, a man de obra empregada na reforma ou na adecuación do local, o arrendamento de equipos informáticos e maquinaria, a publicidade e a subministracións. En ningún caso serán subvencionables, a través da axuda regulada neste artigo, os gastos que poidan ser considerados como investimento en activo fixo.

2. Poderán ser obxecto de subvención os gastos realizados no primeiro ano de actividade. Estes gastos deberán xustificarse mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

3. O importe máximo desta modalidade de axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables creados durante o primeiro ano de actividade para os colectivos definidos no artigo 3º, parágrafo 2 desta orde, de acordo coa seguinte escala:

- De 1 a 2 postos de traballo: 18.000 euros.
- De 3 a 10 postos de traballo: 30.000 euros.
- De 11 a 20 postos de traballo: 42.000 euros.
- 21 ou máis postos de traballo: 54.000 euros.

En ningún caso o importe desta axuda poderá superar a contía de 9.000 euros por posto de traballo estable creado, nin superar o custo dos gastos subvencionables.

Para os efectos desta axuda, só se terán en conta os postos de traballo creados desde o 16 de setembro de 2008 ata o 15 de setembro de 2009.

4. A solicitude deberá presentarse no décimo segundo mes contado desde o inicio da actividade.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 9º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro desta orde corresponderalle, por delegación do conselleiro de Traballo, ao director xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 10º.-Solicitudes, autorizacións, prazo e período de vixencia.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao director xeral de Promoción do Emprego, e presentaranse no rexistro da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, quen solicita poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar coas solicitudes as devanditas certificacións.

3. Mediante a presentación da solicitude de subvención, a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluir e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC, como responsable dos ficheiros, con domicilio na Rúa Domingo Fontán, 9 - 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Coa presentación da solicitude de subvención, a persoa ou entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario co que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

5. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http://traballo.xunta.es.

6. Para o ano 2009, o prazo xeral de presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro de 2009.

Para o cómputo dos prazos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da contratación. Se o último día de prazo for inhábil, enténdese prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

7. De acordo co previsto no artigo 4º do Decreto 56/2007, do 15 de marzo, na presentación das solicitudes, os solicitantes poderán contar co asesoramento dos e das axentes con especialización en IEBT, da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 11º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Documentación común para todas as modalidades de axuda:

a) Se quen solicita é persoa física, DNI e acreditación do número de identificación fiscal, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante que actúa en nome da entidade e NIF da empresa.

b) Alta no imposto de actividades económicas, ou ben alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.

c) Declaración abranguente do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo V) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (no modelo de solicitude).

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade bancaria acreditativa de que quen solicita é titular da conta (anexo VI).

e) Documentación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa ou entidade solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

2. Documentación específica:

a) Axuda á creación de emprego estable:

- Unha declaración do número de empregos estables de carácter indefinido polos cales se solicita subvención, indicando se son ocupados ou non por persoas con titulación universitaria, e expresando a data de incorporación efectiva á empresa (anexo III).

- Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas, os contratos de traballo e as altas na Seguridade Social, e, se é o caso, certificación académica de terminación dos estudos ou copia compulsada do título universitario.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación:

- Memoria descritiva da necesidade da contratación dos técnicos de alta cualificación, número e perfís profesionais e funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais polas cales

se contratan. Os custos laborais totais de cada un deles.

- Copia simple do DNI da persoa técnica pola cal se solicita subvención, contratos de traballo e as altas na Seguridade Social.

c) Subvención ao apoio á función xerencial:

- Memoria descritiva da medida de apoio solicitado, na cal debe constar, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, os servizos que se desenvolven e o calendario da súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que prestou o apoio e a aceptación da persoa ou entidade solicitante.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional da empresa que prestou o servizo de apoio.

d) Subvención financeira:

- Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimentos e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da subvención.

- Contrato de préstamo ou, na súa falta, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, no cal figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (anexo IV).

- Plan de investimentos xunto coas facturas, facturas proforma ou orzamentos dos activos fixos.

- Declaración do número de empregos estables creados e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, indicando aqueles que haxa que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- Memoria descritiva da actividade e relacion detallada dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención.

- Se é o caso, facturas e documentos acreditativos do gasto, así como documentos bancarios acreditativos do pagamento.

- Declaración do número de postos de traballo estables creados e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daqueles que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

Artigo 12º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Programación e Xestión da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se presentar a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

4. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e da cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo públicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 13º.-Procedemento de concesión, resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo dito servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, de concesión ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen se ditar a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1º e 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Xustificación e pagamento.

1. De non terse achegado, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación no prazo, nos termos e na forma que se sinale na resolución de concesión da documentación común e específica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A. Documentación común para todos os tipos de axuda:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

- Declaración complementaria da establecida no artigo 11º.1 c)

desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións (anexo V).

B. Documentación específica:

a) Subvención ao apoio á función xerencial:

- Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas do custo do servizo recibido.
- Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, no caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia deste.
- Certificación da empresa, entidade ou persoa física, da finalización do servizo de apoio prestado, coa aceptación ou conformidade da empresa solicitante cos servizos recibidos.

b) Subvención financeira:

- Copia do contrato de préstamo, caso de non se xuntar á solicitude.
- Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas tidas en conta para o cálculo da contía da subvención.
- No caso de contratacións iniciais, os contratos de traballo e as altas na Seguridade Social.
- -No caso de transformacións, o contrato temporal de que deriva e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

c) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos acreditativos do pagamento delas.
- Copia simple do DNI das persoas traballadoras contratadas.
- No caso de contratacións iniciais, os contratos de traballo e as altas na Seguridade Social.
- No caso de transformacións, o contrato temporal de que deriva e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

2. Non obstante o sinalado no artigo 11º e no punto 1 deste artigo, a documentación exixida para a fase de pagamento, común e específica, que sexa de posible achega poderá presentarse xunto coa solicitude á opción da persoa ou entidade interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Cando concorran varias modalidades de axudas, só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación do pagamento.

4. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a persoa ou entidade beneficiaria non se ache ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

5. Os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo sinalado na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente, o dito prazo poderá ser prorrogado por un período de 15 días.

Capítulo IV

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 15º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os incentivos económicos establecidos nesta orde serán complementarios e compatibles entre si, agás no disposto no artigo 5º.4, e con calquera outra axuda da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos para as distintas modalidades da axuda previstas nesta orde, agás naqueles casos en que só se toman como referencia para o cálculo da contía do incentivo.

3. As subvencións reguladas nesta orde serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de iniciativas locais de emprego e de iniciativas de emprego rural, de promoción do emprego autónomo, de integración laboral das persoas afectadas de diversidade funcional en centros especiais de emprego e de promoción do emprego autónomo das persoas afectadas de diversidade funcional, así como no programa de promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais, agás que se trate da axuda para a adquisición da condición de socio ou socia traballador/a dunha cooperativa de traballo asociado ou dunha sociedade laboral, convocados pola Consellería de Traballo.

4. A axuda á creación de emprego estable e a subvención para a contratación de persoal experto técnico de alta cualificación serán incompatibles coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, con axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 16º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que nos 24 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas en que participasen persoas ou entidades que, pola súa vez, sexan promotoras da empresa solicitante.

b) As persoas promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta como traballadoras autónomas ou traballadores autónomos en calquera réxime da Seguridade Social.

c) Así mesmo, serán excluídas as persoas ou entidades solicitantes que incorran nalgunha das prohibicións que aparecen recollidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade, o que deberán acreditar de maneira que faga fe.

c) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas ou entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L371, do 27 de decembro).

e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e fornecer canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Crear, no primeiro ano de actividade, emprego estable para persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, respectando a proporción dunha persoa con titulación universitaria por cada 4 postos de traballo.

g) As empresas deberán manter os postos de traballo creados e que serviron de cálculo para as distintas modalidades de axuda durante un período mínimo de tres anos.

h) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde deberán cumprir respecto das distintas modalidades de axuda as seguintes obrigas:

a) Axuda á creación de emprego estable: as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, deberán presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito.

Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización da contratación indefinida obxecto de subvención.

Cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora subvencionada, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes e, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo reunir o novo traballador ou nova traballadora o requisito de pertencer a algún colectivo beneficiario polo cal se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa e, de ser o caso, a condición de posuír titulación universitaria, o que deberá ser comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda por creación de emprego.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación: manter no cadro de persoal a persoa técnica contratada, como mínimo, polo tempo subvencionado, e presentar no prazo de dous meses desde a finalización do período subvencionado:

- Unha memoria das actividades realizadas polos técnicos subvencionados.
- Nóminas e transferencias bancarias e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do persoal técnico contratado, correspondentes ao período subvencionado.

No suposto de cesamento da persoa técnica contratada, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes e, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, o que deberá ser comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

c) Subvención financeira:

1. A persoa ou entidade beneficiaria da subvención acreditará, no primeiro trimestre natural de cada ano e ata a súa completa xustificación, mediante facturas, escrituras públicas ou contratos, así como os correspondentes xustificantes de pagamento, que o importe de préstamo subvencionado foi destinado a financiar os investimentos obxecto da subvención.

A persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

2. As empresas deberán manter os postos de traballo tidos en conta para o cálculo da axuda durante un período mínimo de tres anos desde a data de realización da contratación indefinida.

Cando no período de tres anos desde a data da contratación

indefinida se producir o cesamento dalgunha persoa traballadora, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo reunir o novo traballador ou nova traballadora o requisito de pertencer a algún colectivo beneficiario, o que deberá ser comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda por creación de emprego.

d) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade: as empresas deberán manter os postos de traballo tidos en conta para o cálculo da axuda durante un período mínimo de tres anos desde a data de realización da contratación indefinida.

Cando no período de tres anos desde a data da contratación indefinida se producir o cesamento dalgunha persoa traballadora, a empresa beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, debendo reunir o novo traballador ou nova traballadora o requisito de pertencer a algún colectivo beneficiario, o que deberá ser comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda por creación de emprego.

Artigo 18º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 19º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. No caso de incumprimentos parciais, o órgano competente determinará a cantidade que reintegrará polo beneficiario respondendo ao principio de proporcionalidade en función dos custos xustificados e as actuacións acreditadas. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario respecto da obriga establecida no artigo 17.1º b) de manter a súa actividade empresarial e a súa alta na Seguridade Social ou equivalente durante polo menos tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dous anos, e acredite o beneficiario unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

Artigo 20º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 21º.-Réxime de axudas.

1. Estas axudas están sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas de minimis. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Por tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderán concederse axudas para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

f) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, os e as axentes con especialización en IEBT que realizan os labores de acompañamento e asesoramento, colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas cualificadas como IEBT, unha vez iniciada a súa actividade.

As empresas beneficiarias das axudas recollidas nesta orde terán a obriga de cubrir anualmente un cuestionario elaborado polos e polas axentes con especialización en IEBT, para os efectos da realización dun seguimento anual delas.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda previstas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se encontre en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio 2009 as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01 016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2009 01 039, cun crédito de 5.343.345 euros; 16.02.322C.472.2, código de proxecto 2009 01 047, cun crédito de 1.876.608 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de promoción do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Sétima.-Os incentivos ao programa de axudas ás empresas cualificadas como IEBT está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea, do 18 de decembro de 2007, no marco da programación 2007-2013, polo que están cofinanciadas as axudas deste programa reguladas na Orde do 2 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas ás empresas cualificadas como IEBT cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº 88, do 8 de maio) e as axudas deste programa reguladas na Orde do 25 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas ás empresas cualificadas como IEBT cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 61, do 31 de marzo).

Disposición transitoria

Aquelas IEBT para as cales en virtude da data de inicio da súa actividade finalizase o prazo de presentación de solicitude de axudas entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde poderán acollerse ás modalidades de axudas previstas nesta orde; neste caso o prazo para a presentación destas solicitudes rematará o 31 de marzo de 2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas cualificadas como IEBT.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "61-09.PDF"

Orde do 23 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (Diario Oficial de Galicia nº 41, do 27 de febreiro), establece na súa disposición adicional sexta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Co obxecto de poder amparar un maior número de solicitudes, e dado que a dotación inicial resulta insuficiente, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas subvencións.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe do crédito destinado ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (Diario Oficial de Galicia nº 41, do 27 de febreiro).

Artigo 2º

O incremento da dotación será de 220.641,87 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 48.04.322C.472.2 código de proxecto 2009 01047 e que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 3º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2009.

62 Orde do 16 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio ás iniciativas emprendedoras promovidas por persoas traballadoras que esgotasen as súas prestacións por desemprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 208, do 23.10.2009).

A Xunta de Galicia, no exercicio da competencia en materia de emprego atribuída en virtude do disposto nos artigos 29.1º e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, e logo da asunción de funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado no ámbito do traballo, o emprego e a formación, en virtude dos sucesivos reais decretos de transferencias, vén desenvolvendo un conxunto integral de medidas activas de emprego dirixidas á xeración de novos postos de traballo e ao fomento da iniciativa emprendedora, en consonancia cos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

A conxuntura actual de crise económica está tendo especial incidencia nas persoas traballadoras que esgotaron as súas prestacións e subsidios por desemprego e ás que van dirixidas a maioría das medidas aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 30 de xullo deste ano. Co obxecto de dar solucións a estas situacións laborais e persoais, a Consellería de Traballo e Benestar aposta, entre outras medidas, polo apoio ao emprendemento para as persoas demandantes de emprego en que concorran estas circunstancias. Por iso, dentro dos programas de incentivos de apoio ao autoemprego da Consellería de Traballo e Benestar preténdese apoiar aquelas iniciativas emprendedoras que sexan promovidas por persoas traballadoras que esgotasen as súas prestacións por desemprego e xeren emprego, así mesmo, para demandantes de emprego.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007, CCI 2007ESO51PO004. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 16/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e obxecto deste réxime non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 do programa de apoio ás novas iniciativas empresariais promovidas por persoas desempregadas que esgotasen as súas prestacións por desemprego e que, pola súa vez, xeren emprego estable para persoas demandantes de emprego.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 16/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nesta orde.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste programa as empresas privadas calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación.

b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia.

e) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

f) Que como mínimo o 51 por cento do seu capital social sexa de titularidade de tres promotores e promotoras desempregadas que esgotasen a súa prestación por desemprego, e que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Artigo 4º.-Definicións.

Para os efectos deste programa entenderase por:

a) Persoas desempregadas: as que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

b) Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego: as que, concorrendo as circunstancias da letra a), extinguisen por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou o subsidio de desemprego e non desempeñasen ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data de esgotamento.

c) Empregos subvencionables: os postos de traballo creados con carácter estable e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluídos os dos promotores e promotoras.

d) Socios/as promotores/as: os/as que figuren como tales nos estatutos sociais.

e) Empresas de nova creación: aquelas que inicien a actividade empresarial desde a data do 30 de xullo de 2009.

f) Inicio de actividade empresarial: a data en que se cause alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

g) Período subvencionable: poderán ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa as actuacións subvencionables que, cumprindo os requisitos de cada tipo de axuda, se desenvolvesen desde o 30 de xullo de 2009.

Capítulo II

Tipos de axuda

Artigo 5º.-Tipos de axuda.

O programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E) inclúe os seguintes tipos de axudas:

a) Subvención á xeración de emprego estable.

b) Subvención financeira.

c) Subvención para asistencia técnica.

d) Subvención para o inicio da actividade.

Artigo 6º.-Subvención á xeración de emprego estable.

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os dos propios promotores e promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas incentivaranse cunha subvención de 4.200 euros. A subvención será de 5.000 euros no suposto dunha muller desempregada. Para as persoas desempregadas que esgotasen a súa prestación por desemprego, a contía desta subvención será de 7.500 euros.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo, en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de

aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

2. Cando se trate de contratacións indefinidas de persoas traballadoras por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato obxecto de subvención.

3. Non se poderá conceder esta axuda cando se trate de persoas traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

4. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 30 de xullo de 2009 ata o 30 de novembro de 2009.

Artigo 7º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en activo fixo que sexan necesarios para a creación e posta en marcha destas empresas. Non obstante, poderase destinar ata un 25% do importe do préstamo para financiar o activo circulante.

   Os préstamos, para seren subvencionados, deberán ser concedidos por entidades financeiras que teñan subscrito un convenio, para tal fin, coa Consellería de Traballo e Benestar, e deberán formalizarse no período comprendido entre o inicio da actividade e o 15 de novembro de 2009 ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión. En todo caso, a entidade beneficiaria debe acreditar o investimento en activo fixo sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e realizar este investimento no período comprendido entre o inicio de actividade e ata o 30 de novembro de 2009. Non se admitirá, para efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios. No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse esta subvención para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorias por estrada.

2. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será como máximo o equivalente á redución de ata seis puntos do xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos da súa vixencia sen que, en ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer a persoa ou entidade beneficiaria, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo se esta é anterior.

   A persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

3. Esta subvención terá como límite máximo as contías establecidas no artigo 6º desta orde para cada colectivo. Para os efectos do cálculo da contía desta axuda, só se terán en conta os postos de traballo creados desde o 30 de xullo de 2009 e ata o 30 de novembro de 2009.

Artigo 8º.-Subvención para asistencia técnica.

1. Para axudar á persoa promotora ou empresario/a na toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa poderase financiar a asistencia técnica necesaria, que poderá consistir nas seguintes modalidades:

   a) Axuda por formación, que incluirá os cursos que a persoa promotora poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

   b) Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade para que a persoa promotora ou empresario/a poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

2. O gasto orixinado pola asistencia técnica deberá producirse no período subvencionable e deberá ser efectivamente xustificado, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

3. A contía da subvención, que se poderá solicitar unha soa vez, será de ata o 75 por 100 do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

Artigo 9º.-Subvención para o inicio da actividade.

1. Poderá concederse para o financiamento dos primeiros gastos da actividade unha subvención de ata 2.400 euros por cada emprego subvencionable. Para as persoas desempregadas que esgotasen a súa prestación por desemprego a contía desta subvención será de ata 4.800 euros.

2. A través desta axuda, que se concederá por unha soa vez, serán subvencionables os gastos realizados con posterioridade ao inicio da actividade empresarial e xustificados ata o 30 de novembro de 2009 nos seguintes conceptos: gastos de constitución da empresa, compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local e maquinaria, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións. Os gastos poderán ser computados, sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algún dos promotores ou das promotoras da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 10º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 11º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, de ser o caso, no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar, dirixidas ao director ou directora xeral de Promoción do Emprego (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela, 15781 A Coruña), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo para a presentación de solicitudes ao abeiro desta orde será dun mes.

   Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no Diario Oficial de Galicia desta orde. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

3. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: http//traballo.xunta.es.

   Para a formalización das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo e Benestar na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

4. Para a presentación de solicitudes de axudas as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento dos e das axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 12º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención, a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC, como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, con expresión da persoa ou entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Artigo 13º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas, do orixinal ou fotocopia compulsada da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

   a) Poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade solicitante e NIF da empresa.

   b) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.

   c) Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada polo representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o currículo dos promotores ou promotoras, o número de empregos creados e que se crearán, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial.

   d) Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e data de remate da súa percepción.

   e) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo IV).

   f) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamen-

te no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

g) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo modelo anexo VI).

h) De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, a persoa interesada deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

- Declaración do número de empregos estables que se crearán ata o 30 de novembro de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daqueles polos que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

- Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.

- Copia da nómina e declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención.

b) Subvención financeira:

- Contrato de préstamo ou, no seu defecto, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo V).

- Plan de investimentos xunto coas facturas pro forma ou orzamentos dos activos fixos e, se é o caso, facturas efectivamente aboadas á data da solicitude dos investimentos en activos fixo que se financien co préstamo.

- Declaración do número de empregos estables que se crearán ata o 30 de novembro de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

c) Subvención para asistencia técnica.

- Memoria descritiva da medida de apoio solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, a proposta dos servizos que se van desenvolver e o calendario previsto para súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que vai prestar o apoio e a aceptación do solicitante.

- Documentación acreditativa da solvencia profesional da empresa, entidade física ou xurídica, que prestase ou que prestará o servizo de apoio.

- De ser o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento das medidas de apoio xa recibidas na data da solicitude.

d) Axuda para o inicio de actividade:

- Orzamento dos gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención, así como das fontes de financiamento.

- Declaración do número de postos de traballo estables que se crearán ata o 30 de novembro de 2009 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

- Facturas pro forma ou orzamentos dos gastos obxecto de subvención ou, de ser o caso, facturas efectivamente aboadas coa súa correspondente xustificación bancaria do pagamento.

Artigo 14º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Apoio aos Emprendedores e á Integración Laboral das Persoas con Discapacidade da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 15º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención delegada das propostas emitidas polo servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, e deberán serlles notificadas ás persoas ou

entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido o cal sen que producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Dado que as axudas do programa regulado nesta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase á entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das entidades beneficiarias, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 16º.-Xustificación e pagamento.

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considerararanse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento o documento bancario acreditativo do seu aboamento.

4. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente este prazo poderá ser prorrogado en quince días de forma extraordinaria e debidamente xustificado.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A. Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

- Declaración complementaria da establecida no artigo 13º.2, letra e) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de minimis obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo IV).

B. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

b) Subvención financeira:

- Copia do contrato de préstamo, de non se xuntar á solicitude.

- Facturas xustificativas da realización do investimento en activo fixo e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

c) Subvención para asistencia técnica:

- Facturas da empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.

- Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, para o caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia del.

d) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

- Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas traballadoras que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

6. Cando concorran varias subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude, a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

8. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención

mentres a entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Capítulo IV

Incompatibilidades e obrigas

Artigo 17º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80% do custo da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos neste programa.

3. As subvencións reguladas nesta orde serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio a iniciativas de emprego de base tecnolóxica, de iniciativas locais de emprego (ILES), iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E) e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.

4. A axuda pola xeración de emprego estable será incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo e Benestar. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, coas axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 18º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar fidedignamente.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, se fora o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A empresa beneficiaria das subvencións concedidas ao abeiro deste programa, cando no período de tres anos desde a data da incorporación á empresa se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, está obrigada a cubrir a vacante no prazo dun mes, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer a nova persoa traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

As empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, deberán presentar dentro do primeiro trimestre de cada ano unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito. Esta obriga manterase durante os tres anos seguintes a aquel en que se concedeu a axuda ou subvención.

3. As empresas beneficiarias das axudas e subvencións do programa de iniciativas emprendedoras e do emprego regulado nesta orde deberán manter a forma xurídica pola que se lles concedeu as axudas ou subvencións durante un tempo mínimo de tres anos desde que se iniciou a actividade.

4. Deberá manterse a achega ao capital social e, como mínimo, a

súa porcentaxe de participación no capital social durante o mesmo período, referido aos promotores ou promotoras que creasen o seu propio posto de traballo na empresa. A transmisión voluntaria por actos inter vivos de participacións sociais ou accións do capital social soamente poderá facerse a favor de persoas físicas. Esta transmisión deberá ser comunicada por escrito ao órgano concedente da subvención.

Co obxecto de acreditar o cumprimento desta obriga, a empresa beneficiaria das subvencións, transcorridos tres anos desde o inicio da súa actividade, achegará ao órgano concedente certificación do Rexistro Mercantil sobre as variacións no capital social desde a data da constitución da sociedade, e declaración do órgano da administración da sociedade, con relación á información que conste no libro de socios/as, respecto á titularidade e as alteracións producidas desde a data da constitución.

Artigo 19º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 20º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade da entidade beneficiaria, respecto da obriga establecida no artigo 18º punto 1, de manter a actividade empresarial durante polo menos tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal ter mantido a actividade durante alomenos dous anos e que a entidade beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial de todas as axudas percibidas en función da persoa traballadora da que se trate, cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 18º punto 2, por cada contratación subvencionada e non substituída. Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando a persoa traballadora substituta sexa dun colectivo diferente á substituída e lle corresponda unha subvención inicial inferior.

4. No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 18º puntos 3 e 4, de manter a forma xurídica e a porcentaxe do capital social durante polo menos tres anos, procederá o reintegro parcial das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos, sempre que o incumprimento se producise transcorridos dous anos.

5. No suposto da subvención financeira entenderase que se produce un incumprimento total cando o préstamo se cancele antes de transcorrer dous anos contados desde a data da formalización do préstamo, e parcial cando, transcorridos os dous anos, a entidade beneficiaria solicite autorización ao órgano concedente para a súa cancelación e os xuros devengados sexan inferiores á subvención concedida.

Artigo 21º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios dos programas establecidos nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que, nos vinte e catro meses anteriores á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas, nas cales participasen persoas ou entidades que, pola súa vez, sexan promotoras da empresa solicitante.

b) Os promotores e promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social.

c) Así mesmo, serán excluídos os solicitantes que incorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) As persoas ou empresas que percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, iniciativas locais de emprego, iniciativas emprendedoras e de emprego ou iniciativas de emprego de base tecnolóxica, nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

Artigo 22º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 23º.-Axudas baixo condicións de mnimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, establecidos no Regulamento CE nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada e non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000, do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

Artigo 24º.-Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nos departamentos territoriais da consellería competente en materia de facenda, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, as persoas axentes de emprego e desenvolvemento local que realizan os labores de acompañamento e asesoramento colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas subvencionadas ao abeiro desta orde unha vez iniciada a súa actividade.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda previstas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas súas entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias, de que traen causas, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social das persoas traballadoras, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, a comprobación de carecer de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social, das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

Quinta.-A concesión das subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 48.04.322C.472.2, código de proxecto 2009 01047, cun crédito de 250.000 euros. Esta contía está recollida na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

Ver anexos pdf "62-09.PDF"

Integración laboral de persoas con discapacidade

63 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 12, do 19.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 216, do 4.11.2009 e DOG nº 219, do 9.11.2009).

No marco establecido nos artigos 40 e 49 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Extratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego, en especial para aquelas persoas cuxa integración laboral supón máis dificultades.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á comunidade autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título VII da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, establécese como finalidade primordial da política de emprego de traballadores e traballadoras con discapacidade, a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante fórmulas especiais de traballo protexido, como son os centros especiais de emprego.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións á contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade, reguladas no Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, e na Orde do 13 de abril de 1994, que desenvolve o capítulo II do mencionado real decreto, no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, e das axudas e subvencións para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, segundo a disposición adicional terceira da orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de outubro de 1998.

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade nun sentido amplo. A Consellería de Traballo, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e, na execución das políticas activas de emprego, establece accións específicas para a inserción deste colectivo, que teñen por obxecto a mellora da súa empregabilidade e, coordinadamente, o establecemento de medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo.

Como resultado do diálogo social de Galicia, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o sindicato nacional de CC.OO. de Galicia subscribiron o 5 de febreiro de 2007 o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa. En concreto, no acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, dedícase o capítulo 7 ás medidas para acadar os obxectivos de inserción laboral das persoas con discapacidade, establecéndose medidas concretas en apoio a este colectivo, ás que responde a presente orde.

Nesta orde agrúpanse os programas que teñen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade, regulando nos seus anexos A, B, respectivamente, os programas de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

O programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Plurirexional de Adaptabilidade e Emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea con data do 15 de decembro de 2007. Esta cofinanciación do Fondo Social Europeo farase constar nas resolucións de concesión.

No programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria para avanzar na estratexia dirixida a promover a integración laboral das persoas con discapacidade en Galicia, establécense incentivos autonómicos adicionais co obxecto de incidir máis favorablemente no emprego das mulleres con discapacidade e daquelas persoas cunha discapacidade que as afecte máis severamente.

As bases reguladoras dos programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e

obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas realizarase pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

As bases reguladoras e a convocatoria destes programas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

De conformidade co disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e ao existir crédito axeitado para o dito fin no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas na disposición adicional sétima.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do día 30 de decembro de 2008, a concesión de anticipos regulada nesta orde, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito e principios de xestión

Artigo 1º.-Finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traballo, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos seguintes programas:

   - Programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria (anexo A).
   - Programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (anexo B).

2. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

   c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. As bases específicas de cada un dos programas regúlanse nos correspondentes anexos A e B desta orde e forman parte integrante dela.

Artigo 2º.-Concepto de persoa con discapacidade e persoa desempregada.

1. Para os efectos das axudas previstas nesta orde, terán a condición de persoas con discapacidade as que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha minusvalidez nun grao igual ou superior ao 33%.

   De acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso, consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme ao previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

2. Para os efectos das axudas previstas nesta orde, terán a consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nesta orde.

Capítulo II

Normas comúns: competencia e procedemento

Artigo 4º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

a) Aos delegados e delegadas provinciais da Consellería de Traballo, cando a actividade pola cal se solicita subvención se vaia desenvolver no respectivo ámbito provincial.

b) Ao director xeral de Promoción do Emprego cando se trate de solicitudes de axudas para a creación ou ampliación, para o saneamento financeiro e para o equilibrio orzamentario de centros especiais de emprego.

Artigo 5º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se for o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas e subvencións dos distintos programas desta orde, finalizará o 15 de setembro de 2009 respectaranse, en todo caso, os prazos específicos previstos nos anexos desta orde.

3. As actuacións subvencionables dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade, realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde, poderán acollerse ás súas axudas, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a contratación ou se tivese iniciado a execución do proxecto de investimento. O prazo para a presentación destas solicitudes remata o 31 de marzo de 2009.

   Poderá solicitarse neste mesmo prazo a subvención do custo salarial, polo mantemento dos centros especiais de emprego, que tendo a cualificación, non percibisen a subvención no exercicio 2008.

4. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http//traballo.xunta.es.

   Para a cumprimentación das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, no punto de axudas e subvencións.

5. Para a presentación de solicitudes os beneficiarios poderán contar co asesoramento do persoal técnico de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es).

Artigo 6º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación, xeral e específica, que nos anexos A e B se estableza para cada programa ou tipo de axuda.

2. As solicitudes de axudas desta orde deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

   a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

   b) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo modelo anexo XII).

   c) Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

      Non obstante, quedan exentas de presentar as devanditas certificacións aquelas entidades recollidas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

   d) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo modelo anexo XIII).

3. As solicitudes das persoas ou entidades interesadas acompañarán os documentos sinalados no número anterior, e a establecida nos anexos A e B desta orde, para cada programa ou tipo de axuda, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

   Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 7º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón as devanditas certificacións.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións

e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, con expresión da persoa ou entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Artigo 8º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Promoción do Emprego das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ou o Servizo de Apoio a Emprendedores da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debese formular a proposta de resolución.

   No programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, regulado no anexo B desta orde, esta fase completarase incorporando ao expediente a información que conste na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo, sobre as autorizacións administrativas e inscricións no rexistro como centros especiais de emprego, así como o seu recoñecemento e inscrición como centro especial de emprego sen ánimo de lucro, conforme o previsto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG nº 138, do 19 de xullo, corrección de erros DOG nº 147, do 2 de agosto).

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 9º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas ou entidades interesadas propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

5. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á entidade ou persoa beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento.

1. A xustificación, por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda ou subvención e da aplicación dos fondos percibidos, realizarase nos termos e condicións establecidos nos anexos A e B desta orde.

2. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nos correspondentes anexos desta orde.

Para os efectos da subvención do custo salarial, os centros especiais de emprego que, obtendo a cualificación no ano 2008, non percibiran a dita subvención no exercicio 2008, terán a consideración de gastos subvencionables os realizados no ano 2008.

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberá acreditarse mediante transferencia bancaria.

5. As empresas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2009. Excepcionalmente, este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e por causas debidamente xustificadas.

6. Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias - estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

7. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións, quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

- Declaración complementaria da establecida no artigo 6º.2, letra b) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo anexo XII).

8. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

Artigo 11º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

2. As axudas e subvencións establecidas para cada programa son incompatibles coas establecidas para os demais programas previstos nesta orde.

3. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos en cada programa desta orde.

Artigo 12º.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo, caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

i) No suposto da subvención financeira, a persoa ou entidade beneficiaria acreditará, no primeiro trimestre natural do ano seguinte á súa percepción, mediante facturas, escrituras públicas ou contratos, así como os correspondentes xustificantes de pagamento, que o importe do préstamo subvencionado foi destinado a financiar os investimentos obxecto da subvención.

Así mesmo, a persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da

subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

j) Ter levado a cabo a organización preventiva, a auditoría se procede, e o plan de prevención, de acordo co previsto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 14º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 15º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios e beneficiarias, respecto das resolucións concesorias das que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que for recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras con discapacidade, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Para o caso de que se soliciten os incentivos previstos no anexo A desta orde pola transformación en indefinido dun contrato en prácticas que fose obxecto de subvención ao abeiro dos programas de fomento da contratación en prácticas, convocados pola Consellería de Traballo, e a súa conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2009 nesta orde estará limitada aos créditos das aplicacións orzamentarias establecidas na disposición adicional sétima desta orde. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 00996, cun crédito de 2.050.000 euros; 16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 01002, cun crédito de 7.750.000 euros; 16.02.322C.470.2, código proxecto 2009 01016, cun crédito de 5.085.208 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2009 01017, cun crédito de 7.250.000 euros; 16.02.322C.481.0, código proxecto 2009 01074, cun crédito de 5.000 euros; 16.02.322C.481.0, código proxecto 2009 01075, cun crédito de 5.000 euros; e 16.02.322C.481.1, código proxecto 2009 01073, cun crédito de 50.000 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de outubro de 2008, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e integración laboral das persoas con discapacidade, incluídas no programa orzamentario 322C.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financia-

mento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co disposto no artigo 3.3º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Oitava.-Os incentivos establecidos no programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, establecidos no regulamento CE nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Polo tanto, a axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Novena.-O programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego, número 2007 ES 05 UPO 001, aprobado pola decisión da Comisión Europea con data do 15 de decembro de 2007, no marco de programación 2007-2013.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

ANEXO A

Programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria

Ámbito e réxime das axudas

Primeira.-Obxecto.

1. Este programa ten por obxecto incentivar a contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade desempregados/as, coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

2. Os contratos indefinidos iniciais e as transformacións de contratos temporais en indefinidos para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito, comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, e ter data de inicio comprendida entre o 16 setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009, ambas inclusive.

Segunda.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos/as, sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadores e traballadoras con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste anexo e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Terceira.-Exclusións e requisitos.

1. Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

   a) As contratacións realizadas con traballadores e traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido. Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou traballadora con empresas ás cales a solicitante dos beneficios sucedese, en virtude do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

   b) Traballadores e traballadoras que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou por despedimento colectivo.

2. As exclusións previstas no punto 1. a) e b) non serán de aplicación cando a contratación indefinida se realice cun traballador ou traballadora con discapacidade procedente dun centro especial de emprego e no suposto da incorporación ás empresas colaboradoras dos traballadores e traballadoras con discapacidade procedentes dun enclave laboral.

3. Para que poidan ser de aplicación os incentivos previstos neste anexo, as contratacións deberán realizarse para ocupar postos de traballo que non quedasen vacantes como consecuencia dun despedimento declarado improcedente.

4. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de minimis,

establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro), non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

5. As empresas que teñan cincuenta ou máis traballadores deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dá ocupación, polo menos, ao 2 por cento de traballadores con discapacidade sobre o total dos traballadores ou, no seu defecto, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 38 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración laboral das persoas con discapacidade, e regulado no Real decreto 364/2005, do 8 de abril.

Cuarta.-Axudas.

1. As empresas que contraten con carácter indefinido a traballadores ou traballadoras cunha minusvalidez igual ou superior ao 33% que estean en situación de desemprego e inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación poderán obter as seguintes axudas:

a) Unha subvención de 3.907 euros por cada traballador ou traballadora con discapacidade contratado ou contratada por tempo indefinido a xornada completa.

b) Un incentivo adicional ao previsto na alínea a) desta base de 600 euros, no caso da contratación indefinida de persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 49% ou no suposto das persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

c) Cando se trate da contratación indefinida dunha muller con discapacidade, establécese un incentivo adicional aos anteriores de 600 euros, calquera que sexa o seu grao de minusvalidez.

d) Unha subvención, compatible coas anteriores, que poderá alcanzar os 902 euros, para a adaptación dos postos de traballo ou para a dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais ao traballador ou traballadora con discapacidade contratado/a, ou para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo dos traballadores/as con discapacidade. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar co informe favorable da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Esta axuda, se non é solicitada pola empresa, poderá ser solicitada polo propio traballador ou traballadora.

2. Serán obxecto das subvencións e, se é o caso, dos incentivos adicionais establecidos no número 1 desta base, as transformacións en indefinidos de contratos formativos e de contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade.

3. As empresas colaboradoras que contraten con carácter indefinido un traballador ou traballadora con discapacidade do enclave laboral, segundo o previsto no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, que presente especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, por ser persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33 por 100, ou por ser persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65 por 100, poderán obter as seguintes axudas:

a) Unha subvención de 7.814 euros por cada traballador ou traballadora con discapacidade contratado ou contratada a xornada completa. Esta subvención poderá ser destinada pola empresa colaboradora, total ou parcialmente, a servizos de apoio do/a traballador/a.

b) A subvención prevista no número 1, alínea d), desta base.

Para ter dereito ás axudas previstas neste número, a contratación deberá realizarse sen solución de continuidade e transcorrido, polo menos, un prazo de tres meses desde o inicio do enclave ou desde a incorporación do traballador ou traballadora, se esta for posterior ao inicio do enclave.

No caso da contratación doutros traballadores ou traballadoras con discapacidade do enclave non incluídos nos supostos do parágrafo primeiro deste número, as axudas serán as establecidas no número 1 desta base.

4. Cando o contrato por tempo indefinido se realice a tempo parcial, as subvencións e os incentivos adicionais, se é o caso, reduciranse proporcionalmente á xornada pactada.

5. A subvención prevista no número 1, alínea d), desta base será aplicable ás empresas que celebren contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, de acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, ou, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses, contratos en prácticas ou para a formación, ou contratos de duración determinada ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Quinta.-Prazos de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de axuda á contratación deberán presentarse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral en virtude dunha contratación inicial ou se produza a transformación do contrato en indefinido, respectando en todo caso o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento, non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes de axuda para a adaptación de postos de traballo deberán presentarse antes do inicio desta adaptación, respectando,

en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Sexta.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde e deberán ir acompañadas, ademais da documentación común establecida no artigo 6º da orde, do orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, da seguinte documentación:

a) Relación nominal dos traballadores ou traballadoras por quen se solicita subvención, (segundo modelo anexo III-A).

b) Copia simple do DNI do traballador ou traballadora.

c) No caso de contratación inicial, documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, agás no caso de que se trate dun traballador ou traballadora que proveña dun centro especial de emprego, así como contrato de traballo e alta na Seguridade Social.

d) Cando se trate de transformacións de contratos temporais en indefinidos realizados con traballadores/as con discapacidade, o contrato temporal do cal trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación da variación de datos á Seguridade Social.

e) Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios.

f) Descrición detallada do posto de traballo que se vai cubrir e as súas características técnicas.

g) No suposto de empresas colaboradoras en enclaves laborais, contrato celebrado co centro especial de emprego, nos termos e condicións establecidas no artigo 5º do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro.

h) Declaración da empresa sobre os custos salariais anuais do traballador ou traballadora contratada, xunto con copia da nómina.

i) No caso de axudas para adaptación dos postos de traballo ocupados por traballadores/as con discapacidade, se é o caso, memoria descritiva da necesidade de adaptación ou dotación de medios de protección persoal con indicación do seu custo e calendario de execución.

j) No caso de empresas que teñan cincuenta traballadores ou máis, declaración responsable do cumprimento da cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme o establecido na base terceira, número 5 deste anexo, (segundo o modelo do anexo IV-A).

k) De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Sétima.-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar, xunto coa declaración complementaria establecida no artigo 10º desta orde, a seguinte:

   A xustificación para a percepción da subvención para a adaptación do posto de traballo requirirá a presentación da documentación xustificativa da súa realización e do seu efectivo pagamento.

2. Non poderá realizarse a proposta de pagamento da subvención concedida ata a incorporación, no caso de que non conste no expediente, dos seguintes informes que solicitará a Delegación Provincial da Consellería de Traballo na fase de instrución:

   - Dos equipos multiprofesionais, sobre a adecuación do posto de traballo á discapacidade dos traballadores ou traballadoras contratados/as.
   - Da Inspección de Traballo, sobre a necesidade de adaptación ou de medios especiais de protección persoal, para o suposto de solicitude de subvención de adaptación de postos de traballo.

Incompatibilidades e obrigas.

Oitava.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os diferentes tipos de axuda previstos neste programa serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego.

2. As axudas establecidas á contratación indefinida neste programa serán compatibles coas bonificacións nas cotas á Seguridade Social establecidas na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego e non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

Novena.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas neste anexo, ademais das xerais recollidas no artigo 12º desta orde, as seguintes:

1. As persoas ou entidades beneficiarias da subvencións pola contratación indefinida de persoas con discapacidade deberán manter no seu cadro de persoal fixo aos traballadores e traballadoras contratados/as ao abeiro deste programa, por un período mínimo de tres anos, non podendo despedir estes traballadores/as sen causa xustificada, e, no caso de despedimento procedente, deberán substituílos por outros traballadores/as con discapacidade.

   Para o suposto de despedimento procedente ou baixa voluntaria destes traballadores, se non puidesen substituírse por non existir candidato idóneo no servizo público de emprego, procederá o reintegro parcial da subvención correspondente ao período de tempo que quedou sen cubrir o posto de traballo.

   No suposto de despedimento declarado ou recoñecido improcedente do traballador ou traballadora subvencionada, procederá o reintegro das subvencións percibidas polos ditos traballadores e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do

pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando se produza unha baixa deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á correspondente delegación provincial da Consellería de Traballo, dentro dos quince días seguintes. A substitución deberá realizarse no prazo dun mes desde a data da baixa. Una vez realizada a substitución, deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á delegación provincial, dentro dos quince días seguintes, achegando a documentación sinalada na base sexta, letras b), c), d) e f) deste anexo.

2. Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas deberán presentar anualmente, dentro do primeiro trimestre, á Delegación Provincial da Consellería de Traballo unha relación dos traballadores ou traballadoras polos cales se lles concederon axudas para efectos de acreditar a súa permanencia na empresa e, no caso de despedimento procedente, dos traballadores ou traballadoras que os/as substituíron; esta obriga esténdese durante os tres anos seguintes á data de concesión da axuda.

3. As persoas ou entidades beneficiarias da subvención á adaptación de postos de traballo deberán manter o destino dos bens subvencionados polo mesmo tempo que están obrigados a manter o posto de traballo a cuxa adaptación aqueles bens serven, que non será inferior ao período mínimo de amortización do ben subvencionado.

ANEXO B

Programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego

Obxecto e beneficiarios

Primeira.-Obxecto.

O obxecto deste programa é incentivar a creación, ampliación e mantemento de emprego nos centros especiais de emprego mediante o financiamento parcial de iniciativas ou proxectos técnica, económica e financeiramente viables que xeren emprego, preferentemente estable para traballadores e traballadoras con discapacidade.

Segunda.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios os centros especiais de emprego que figuren inscritos como tales no Rexistro de Centros Especiais de Emprego desta comunidade autónoma, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste anexo para cada tipo de axuda e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Tipos de axuda.

Neste programa recóllense as accións subvencionables e tipos de axudas seguintes:

a) Proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.

- Axudas para asistencia técnica.
- Subvención financeira.
- Subvención en función do investimento en activo fixo.

b) Mantemento de centros especiais de emprego.

- Subvención do custo salarial.
- Subvención para a adaptación de postos de traballo.
- Subvención para o saneamento financeiro.
- Subvención para o equilibrio orzamentario.

Cuarta.-Proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.

1. As axudas para creación e ampliación de centros especiais de emprego reguladas neste anexo teñen por finalidade apoiar proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade, a través da creación de novos postos de traballo para persoas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego non ocupadas no servizo público de emprego ou da transformación de contratos temporais en indefinidos, sempre que se xustifique adecuadamente o investimento que implica o proxecto para algunha ou algunhas das seguintes accións:

a) Axudas para asistencia técnica.

Poderanse subvencionar os gastos ocasionados pola asistencia técnica necesaria para a creación ou ampliación de centros especiais de emprego.

Esta asistencia técnica só poderá solicitarse durante o primeiro ano, contado desde a data de constitución do centro, e deberán prestala empresas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantía de solvencia profesional e poderá consistir nalgunha das modalidades seguintes:

- Estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.
- Contratación de directores/as, xerentes ou técnicos/as, por un período máximo dun ano.
- Auditorías e informes económicos, sempre que estes non se realicen de xeito obrigatorio por unha disposición que así o exixa.
- Labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial, excluídas as tarefas que, pola súa natureza, teñan carácter ordinario e continuado na actividade da empresa.

A asistencia técnica poderá ser subvencionada ata o 50% do seu custo.

b) Subvención financeira.

A subvención financeira ten por finalidade facilitar o emprego nos centros especiais de emprego, mediante a redución dos xuros dos préstamos para financiar investimentos en activo fixo, concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e solicitados a nome dos centros especiais de emprego. Non obstante, no caso de constitución do centro especial de emprego, poderase destinar ata un 25% do préstamo a financiar o activo circulante.

Esta subvención será, como máximo, de seis puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, pagadoira dunha soa vez, en contía calculada como se a subvención se xerase cada ano da duración deste, incluído o posible período de carencia.

En ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer a entidade beneficiaria, despois de calculado o subsidio, poderá resultar inferior a un punto.

c) Subvención en función do investimento en activo fixo.

Aqueles centros especiais de emprego que se consideren proxectos de recoñecido interese social poderán beneficiarse dunha axuda calculada en función do investimento en activo fixo que se realice durante o ano natural, excluídos os impostos que graven a adquisición.

2. As iniciativas e proxectos referentes aos centros especiais de emprego que soliciten os beneficios recollidos no número anterior, deberán reunir viabilidade técnica, económica e financeira e supoñer a creación de emprego estable. A subvención polos tres tipos de axudas poderá acadar a contía de 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido para traballadores e traballadoras con discapacidade inscritas como demandantes de emprego non ocupados no servizo público de emprego ou a través da transformación de contratos temporais en indefinidos.

Para os efectos destas subvencións unicamente serán subvencionables aqueles novos postos de traballo que, sendo cubertos con persoas con discapacidade con carácter estable, sexan creados a partir do 16 de setembro de 2008 e supoñan incremento respecto ao cadro de persoal fixo de persoas con discapacidade que tiña o centro no derradeiro expediente de axudas a proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal de centros especiais de emprego.

Para a determinación da contía das axudas aplicaranse os criterios de gradación seguintes:

a) A porcentaxe de traballadores e traballadoras con discapacidade respecto do total do cadro de persoal do centro especial de emprego. Só se poderá acadar a contía máxima da subvención cando o número de traballadores e traballadoras con discapacidade supere o 90% do cadro de persoal. Se o número de traballadores e traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego está comprendido entre o 70% e o 90% do total do seu cadro de persoal a subvención por posto de traballo creado con carácter estable, poderá ser de ata o 90% da contía máxima.

Tamén se poderá acadar a contía máxima cando o número de persoas con discapacidade supere o límite mínimo legal (70%) e se complete o cadro de persoal ata superar o 90% coa contratación doutros colectivos en risco de exclusión social. A situación de exclusión social deberá acreditarse documentalmente e, para os efectos, entenderase por colectivos na dita situación os seguintes:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

- -Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado após un período de privación de liberdade.

- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

- As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

- Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral, e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.

- Menores internos/as incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

- Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

- Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súas posibilidades de integración social.

- Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

- Traballadores e traballadoras cunha discapacidade acreditada inferior ao 33%.

Para os efectos de determinar a porcentaxe de traballadores e traballadoras con discapacidade, non se computará o persoal sen discapacidade dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social, así como o que preste servizos naquelas actividades ou postos de traballo específicos que, pola súa propia natureza ou complexidade, non poidan ser desempeñados por persoas con discapacidade.

Entenderanse por servizos de axuste persoal e social os de rehabilitación, terapéuticos, de integración social, culturais e deportivos que procuren ao traballador ou traballadora con discapacidade do centro especial de emprego unha maior rehabilitación persoal e mellor adaptación da súa relación social.

b) Grao de minusvalidez dos traballadores e traballadoras contratados/as: as contías máximas das axudas, unha vez aplicado o criterio da alínea a) anterior poderán ser acadadas cando o grao de minusvalidez destes traballadores/as sexa igual ou maior do 49%. No caso de que sexa inferior, a contía máxima da subvención poderá ser de ata o 90%.

c) Grao de minusvalidez da totalidade dos traballadores e traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego: as contías máximas das axudas, unha vez aplicados os criterios das

alíneas a) e b) anteriores, poderán ser acadadas no caso de que máis da metade do cadro de persoal discapacitado do centro teña unha minusvalidez igual ou superior ao 49%. No caso de que sexa inferior, a contía máxima da subvención será do 90%.

No caso de tratarse de centros sen ánimo de lucro, segundo a cualificación rexistral do artigo 10 do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, soamente será de aplicación o criterio de gradación establecido na alínea a) anterior.

No caso de contratacións indefinidas a tempo parcial, os importes das axudas serán proporcionais á duración da xornada estipulada no contrato.

As contías das subvencións a que se fai referencia neste número teñen carácter de máximo.

Quinta.-Mantemento de centros especiais de emprego.

Para o mantemento de postos de traballo, ocupados por persoas con discapacidade, establécense as seguintes axudas:

a) Subvención do custo salarial correspondente aos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade que realicen unha xornada de traballo laboral normal e que estean en alta na Seguridade Social, ata un importe do 50% do salario mínimo interprofesional, correspondente, como máximo, a doce mensualidades e dúas pagas extraordinarias.

No suposto de contratos de traballo a tempo parcial, a subvención experimentará unha redución proporcional á xornada laboral realizada.

No suposto de que nun mesmo mes se produzan variacións na duración da xornada laboral do traballador ou da traballadora con discapacidade, soamente terase en conta para calcular a contía a conceder nesa mensualidade a porcentaxe da xornada laboral inferior.

Cando o traballador ou traballadora se atope en situación de incapacidade temporal, o importe da subvención salarial referirase exclusivamente aos días en que o pagamento sexa por conta, obrigatoriamente, do centro especial de emprego, de conformidade co que dispoña a normativa da Seguridade Social.

Subvencionaranse dúas pagas extraordinarias ao ano, correspondentes ao período e xornada en alta na Seguridade Social, incluído o período no que o traballador ou traballadora con discapacidade se atope en situación de incapacidade temporal. Igualmente será subvencionable o período de vacacións anuais retribuído e cotizado, no que se incluirá así mesmo o período no que o traballador ou traballadora con discapacidade se atope en situación de incapacidade temporal.

Non se concederá a subvención do custo salarial correspondente á mensualidade na que o traballador ou traballadora con discapacidade estivese prestando servizos a través de dous ou máis contratos de natureza temporal.

Non se subvencionará a contratación de novos traballadores ou traballadoras con discapacidade cando os postos de traballo que ocupen quedaran vacantes como consecuencia dun despedimento declarado ou recoñecido improcedente.

b) Subvención para adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras arquitectónicas por un importe non superior ao custo real e, en todo caso, cunha contía máxima de 1.800 euros por posto de traballo.

c) Subvención por unha soa vez destinada a equilibrar e sanear financeiramente aos centros especiais de emprego co fin de lograr a súa reestruturación para alcanzar niveis de produtividade e rendibilidade que garantan a súa viabilidade e estabilidade.

d) Subvención dirixida a equilibrar o orzamento nos centros especiais de emprego que carezan de ánimo de lucro e sexan de utilidade pública e imprescindibles polo labor que realizan.

Non se poderán conceder subvencións para o equilibrio orzamentario cando os resultados económicos adversos deriven dunha xestión deficiente do centro.

Para a concesión e determinación da contía desta subvención aplicarase o disposto no artigo 12 do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, polo que se terá en conta:

- A actividade, dimensión, estrutura, titularidade e xerencia do centro.
- A composición do seu cadro de persoal, con especial atención á proporción de traballadores e traballadoras con discapacidade respecto do total no centro especial de emprego, así como á natureza e grao de minusvalidez dos seus compoñentes, en relación coa súa capacidade produtiva e de adaptación ao posto de traballo que desempeñen.
- A modalidade e condicións dos contratos subscritos.
- As variables económicas que concorran no centro en relación co seu obxecto e función social.
- Os servizos de axuste persoal e social que lles preste o centro aos seus traballadores e traballadoras con discapacidade.

Solicitudes, documentación e xustificación.

Sexta.-Prazos de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de asistencia técnica, subvención financeira e subvención en función do investimento en activo fixo deberán presentarse respectando en todo caso o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

2. Para a subvención do custo salarial deberá presentarse unha única solicitude que comprenderá as mensualidades do ano 2008 non percibidas e a previsión dos custos salariais polas mensualidades ata setembro de 2009, esta incluída. O prazo para a presentación desta solicitude finalizará o 30 de abril. Para os centros especiais de emprego que soliciten a súa cualificación e inicien á súa actividade por seren de nova creación, a solicitude poderá presentarse ata o 15 de setembro.

Para cubrir a da solicitude de subvención do custo salarial e dos seus pagamentos fraccionados poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

3. As solicitudes de subvención para adaptación de postos de tra-

ballo presentaranse con anterioridade á realización da adaptación, respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

4. As solicitudes de axudas para o saneamento financeiro e o equilibrio orzamentario dos centros especiais de emprego deberán presentarse respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 5º.2 da orde.

Sétima.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos á orde e deberán ir acompañadas, ademais da documentación común establecida no artigo 6º da orde, do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se relaciona:

1. Documentación común para todos os tipos de axudas:

a) Certificación da inscrición do centro especial de emprego ou, no seu defecto, solicitude de inscrición.

b) Memoria que recolle a titularidade do centro, enderezos dos centros de traballo, actividades, cumprimento ou non dos seus obxectivos económicos e de axuste persoal e social, e as causas que as motivaron. No caso de centros que realicen contratos previstos no Real decreto 346/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor de traballadores e traballadoras con discapacidade, a memoria conterá a tipoloxía das accións realizadas e os recursos aplicados de acordo co artigo 4.1º do citado real decreto.

Para as solicitudes de subvención do custo salarial, agás os centros de nova creación, e para adaptación do posto de traballo non será necesario a presentación desta memoria.

c) Certificación da relación nominal dos traballadores e traballadoras do cadro de persoal do centro especial de emprego con indicación da relación dos/as traballadores/as con discapacidade contratados/as e daqueles e daquelas polos cales se solicita a subvención, a relación dos/as traballadores/as de axuste persoal e social que teña o centro e daqueles e daquelas traballadores/as non afectados/as por discapacidade, con indicación dos/as que realizan servizos e/ou ocupan postos que, pola súa especificidade non pode realizalos o persoal con discapacidade, (segundo o modelo do anexo VII-B) , agás no caso da subvención ao custo salarial e para adaptación de postos de traballo en que se xuntará unha relación nominal dos/aas traballadores/as con discapacidade polos cales se solicita subvención.

2. Documentación específica para a axuda de asistencia técnica:

a) Memoria explicativa do contido da modalidade de asistencia solicitada.

b) Cando se trate da modalidade de contratación o curriculum vitae da persoa que vai prestar o servizo.

c) Cando se trate de estudos ou de asesoramento, o orzamento detallado e un índice do seu contido, así como a memoria da entidade ou o curriculum vitae da persoa que realice o estudo ou asesoramento.

3. Documentación específica para a subvención financeira:

a) Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimento e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da axuda e xustificación da súa necesidade.

b) Compromiso da entidade financeira sobre a súa concesión, en que figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo XIV) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo.

c) Facturas proforma ou orzamentos dos activos fixos e, se é o caso, xustificantes dos activos circulantes que se financiarán co préstamo.

4. Documentación específica para as subvencións en función do investimento en activo fixo:

a) Memoria ampliada do proxecto e antecedentes.

b) Detalle do plan de investimentos en activos fixos e calendario para a súa execución xunto con facturas proforma e orzamentos.

c) Estudo económico-financeiro de viabilidade do proxecto.

d) Balance de situación e conta de perdas e ganancias dos dous últimos exercicios e provisionais para os dous próximos exercicios.

5. Documentación específica para a subvención do custo salarial:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade por quen se solicita a subvención e contía solicitada (segundo o modelo do anexo X-B).

b) Documentación do cadro de persoal de novos/as traballadores e traballadoras con discapacidade: contratos de traballo, altas e variacións de datos na Seguridade Social e, de ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) en que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2, correspondentes ao mes de outubro do ano anterior ou ao primeiro mes polo que se solicita a subvención, para o caso de centros que inician a súa actividade por ser de nova creación, e solicitan a súa cualificación como centros especiais de emprego.

d) Recibos de salarios e documento bancario de transferencia que acredite o seu pagamento, dos traballadores e traballadoras con discapacidade, correspondentes ao mes de outubro do ano anterior, ou ao primeiro mes polo cal se solicita a subvención, para o caso de centros que inician a súa actividade por seren de nova creación.

6. Documentación específica para a subvención de adaptación de postos de traballo:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade por quen se solicita a subvención (segundo o modelo do anexo X-B).

b) Memoria explicativa do obxecto da axuda e xustificación da súa necesidade.

c) Orzamento ou facturas proforma do investimento que se vai realizar.

7. Documentación específica para as subvencións de saneamento fi-

nanceiro ou equilibrio orzamentario:

a) Memoria explicativa do desequilibrio económico ou orzamentario e a súa orixe: antecedentes do centro.

b) Estudo económico-financeiro de viabilidade.

c) Balances de situación e conta de perdas e ganancias dos dous últimos exercicios e provisionais para os dous próximos exercicios.

Oitava.-Pagamento e xustificación.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común e da especifica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar, xunto coa declaración complementaria establecida no artigo 10º.7 da orde, a relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación común:

a) Certificación da inscrición da entidade no Rexistro de Centros Especiais de Emprego, de non achegarse con anterioridade.

b) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

B. Documentación específica:

a) Cando se trate de asistencia técnica na súa modalidade contractual, xuntarase copia do contrato e alta na Seguridade Social. Para as outras modalidades de asistencia técnica, xuntaranse as facturas acreditativas do custo do servizo recibido e, para o caso da elaboración de estudos ou informes, presentarase copia del.

b) Cando se trate da subvención financeira, xuntarase copia do contrato de préstamo.

c) Cando se trate da subvención en función do investimento en activo fixo, xuntaranse documentos xustificativos da súa realización e do seu efectivo pagamento mediante transferencia bancaria.

d) Cando se trate dalgunha das axudas recollidas na base cuarta deste anexo, achegarase documentación acreditativa da contratación e alta na Seguridade Social das persoas con discapacidade que ocupan os novos postos de traballo creados con carácter estable.

De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

2. Cando se soliciten e concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación.

3. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento, no prazo sinalado na resolución de concesión, ou en todo caso, ata o 30 de novembro de 2009.

Novena.-Pagamentos da subvención do custo salarial.

1. Unha vez emitida a resolución da subvención do custo salarial, en función do cadro de persoal con discapacidade acreditado coa solicitude, o pagamento quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, xustificativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención.

2. Poderán realizarse pagamentos a conta da subvención concedida, que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, ata unha porcentaxe non superior ao 80 por cento da subvención concedida.

Para os efectos de proceder ao pagamento fraccionado, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade polos que se solicita o pagamento fraccionado e a contía solicitada (segundo o modelo do anexo XI-B).

b) Recibos de salarios e documentos bancarios de transferencia que acrediten o seu pagamento.

c) Documentos TC1 e TC2 ingresados da mensualidade ou mensualidades polas cales se solicita o pagamento a conta.

d) De ser o caso, copia dos contratos de traballo e partes de alta á Seguridade Social, correspondentes aos novos traballadores contratados no mes obxecto de pagamento a conta, así como todas as variacións de datos á Seguridade Social realizadas no dito mes.

De ser o caso, resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) que recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa que recoñeza unha pensión por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

e) Nos supostos de incapacidade temporal, achegarase parte de baixa e alta.

3. O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación relacionada na base anterior, referida aos meses pendentes de pagamento.

4. Co pagamento final da subvención farase unha única resolución revogatoria ou complementaria, se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para o pagamento quedase xustificada outra contía de subvención da inicialmente concedida.

Se coa documentación xustificativa para o pagamento final da subvención concedida no exercicio 2008 for necesario emitir unha resolución complementaria, o seu pagamento poderá efectuarse con cargo aos créditos que financian esta orde.

Décima.-Pagamentos anticipados da subvención do custo salarial.

1. No suposto de que as entidades beneficiarias estean recoñecidas como centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, conforme

o previsto no artigo 10º do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, (DOG nº 138, do 19 de xullo de 2005), poderá realizarse un pagamento anticipado do 50 por cento do total da subvención concedida, con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

2. O pagamento anticipado poderá solicitarse expresamente pola entidade beneficiaria unha vez notificada a resolución de concesión, e xunto coa solicitude deberá presentarse a xustificación da constitución da garantía a favor da Consellería de Traballo (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado pola entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, conforme co previsto no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Unha vez que as cantidades xustificadas superen ás anticipadas, aboaranse o resto das mensualidades conforme o pagamento fraccionado e final establecido na base novena deste anexo.

Ver anexos pdf "63-09.PDF"

Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 450 polo importe de 425.880 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 12, do 19 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2002 14 438 polo importe de 11.721 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 451 polo importe de 3.508 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do empre-

go autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Orde TIN/380/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 3.150.840,56 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 12, do 19 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.481.0, código de proxecto 2009 01075 polo importe de 8.654,93 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

64 Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 36, do 20.02.2009 e orde de ampliación no DOG nº 153, do 6.08.2009).

No título VII da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, establécese como finalidade primordial da política de emprego para os traballadores e as traballadoras con discapacidade, a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante fórmulas especiais de traballo protexido, como son os centros especiais de emprego.

O artigo 42 da Lei 13/1982 define os centros especiais de emprego como aqueles cuxo obxectivo principal é realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores e as súas traballadoras con discapacidade, ao tempo que é un medio de integración do maior número de traballadores con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Os servizos de axuste persoal e social, segundo o previsto no artigo 42.2º da Lei 13/1982, son os de rehabilitación, terapéuticos, de integración social, cultural e deportivos que procuren ás persoas traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego unha maior rehabilitación persoal e unha mellor adaptación da súa relación social.

Os servizos de axuste persoal e social poden resultar un instrumento moi útil, sobre todo se orientan as súas funcións, sen descoidar os aspectos culturais, físicos ou de rehabilitación, cara a un axuste laboral que permita facer fronte e superar as barreiras, os obstáculos ou as dificultades que as traballadoras e os traballadores con discapacidade teñen no proceso de incorporación plena a un posto de traballo, así como na permanencia e progresión neste, e en particular para traballadoras e traballadores con especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, como son as persoas afectadas polas discapacidades máis graves.

O Real decreto 469/2006, do 21 de abril, regula as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego (BOE nº 96, do 22 de abril). Esta norma regula os contidos esenciais do programa, como son a definición do concepto das unidades de apoio á actividade profesional, as funcións que deben desenvolver e a súa composición, as persoas destinatarias finais do programa e o tipo e a contía das subvencións, posibilítalles ás comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de xestión, o seu desenvolvemento posterior mediante a regulación dos aspectos do procedemento e da adecuación ás súas peculiaridades organizativas.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, segundo a disposición adicional terceira do Real decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego.

Dadas as características e tipoloxía dos centros especiais de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, nesta orde duplícanse as contías das subvencións establecidas na normativa estatal, coa finalidade de favorecer a constitución de unidades de apoio á actividade profesional naqueles centros que conten con persoas con discapacidade grave no seu cadro de persoal, facendo un tratamento especial aos centros especiais de emprego de pequena dimensión que teñen maiores dificultades para o financiamento dos custos do persoal profesional destas unidades. Este incremento de subvención financiarase con cargo aos créditos de fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito e principios de xestión

Artigo 1º.-Finalidade.

1. Coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade grave na Comunidade Autónoma de Galicia, esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2009 do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, previstos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, como instrumentos de modernización destes servizos de axuste.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; no Real decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e nesta orde.

Artigo 3º.-Concepto de unidade de apoio á actividade profesional.

Enténdese por unidades de apoio á actividade profesional os equipos multiprofesionais enmarcados dentro dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, que, mediante o desenvolvemento das funcións e dos cometidos previstos no artigo 4º desta orde, permiten axudar a superar as barreiras, obstáculos ou dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos ditos centros teñen no proceso de incorporación a un posto de traballo, así como a permanencia e progresión neste.

Artigo 4º.-Funcións das unidades de apoio á actividade profesional.

O persoal integrado nas unidades de apoio á actividade profesional definidas no artigo anterior desenvolverá as seguintes funcións:

a) Detectar e determinar, logo de valoración de capacidades da persoa e análise do posto de traballo, as necesidades de apoio para que a persoa traballadora con discapacidade poida desenvolver a súa actividade profesional.

b) Establecer as relacións precisas co contorno familiar e social das persoas traballadoras con discapacidade, para que este sexa un instrumento de apoio e estímulo ao/á traballador/a na incorporación a un posto de traballo e á estabilidade neste.

c) Desenvolver cantos programas de formación sexan necesarios para a adaptación da persoa traballadora ao posto de traballo así como ás novas tecnoloxías e procesos produtivos.

d) Establecer apoios individualizados para cada traballadora ou traballador e posto de traballo.

e) Favorecer e potenciar a autonomía e independencia das persoas traballadoras con discapacidade, principalmente, no seu posto de traballo.

f) Favorecer a integración de novas persoas traballadoras ao centro especial de emprego mediante o establecemento dos apoios adecuados para tal fin.

g) Asistir á persoa traballadora do centro especial de emprego no proceso de incorporación a enclaves laborais e ao mercado ordinario de traballo.

h) Detectar e intervir nos posibles procesos de deterioración evolutiva das persoas traballadoras con discapacidade co fin de evitar e atenuar os seus efectos.

Artigo 5º.-Persoal destinatario final.

1. O persoal destinatario final deste programa serán as traballadoras e os traballadores con discapacidade dos centros especiais de emprego que se encontren nalgún dos supostos que se describen a seguir:

   a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%.

   b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

2. As unidades de apoio á actividade profesional poderán prestar servizo tamén aos traballadores e traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego que non inclúa o punto anterior, sempre e cando a dedicación a este persoal traballador non menoscabe a atención do persoal incluído no punto anterior.

3. De acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

Capítulo II

Subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional

Artigo 6º.-Entidades beneficiarias das subvencións.

Poderán ser beneficiarios das subvencións que se regulan nesta orde os centros especiais de emprego que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Figurar inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG nº 138, do 19 de xullo de 2005).

b) Que formen parte do seu cadro de persoal traballadores e/ou traballadoras co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no punto 1 do artigo 5º desta orde.

c) Dispoñer ou ter previsto dispoñer nos prazos correspondentes de unidades de apoio á actividade profesional, que desenvolvan as funcións descritas no artigo 4º e teñan a composición establecida no artigo 8º desta orde.

d) Non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Subvencións e a súa contía.

1. As subvencións establecidas nesta orde destinaranse a financiar os custos salariais e da Seguridade Social por conta da empresa derivados da contratación indefinida do persoal traballador das unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego, para o desenvolvemento das funcións descritas para estas no artigo 4º.

2. A contía da subvención establécese en 2.400 euros anuais por cada traballadora ou traballador co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez indicados no punto 1 do artigo 5º con contrato por tempo indefinido ou mediante contrato temporal de duración igual ou superior a seis meses.

A subvención de 2.400 euros reducirase proporcionalmente en función da duración dos contratos das persoas traballadoras con discapacidade, que sendo tidos en conta para o cálculo da subvención segundo o punto anterior, teñan unha duración inferior ao ano, así como en función da duración da xornada no suposto de que o contra-

to sexa a tempo parcial.

Non obstante, aqueles centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, conforme o previsto no artigo 10 do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, que teñan no seu cadro de persoal 5 ou menos traballadores e/ou traballadoras con discapacidade indicados no punto 1 do artigo 5º desta orde, cun contrato indefinido e a xornada completa, poderán percibir unha subvención de ata o 50 por cento dos custos da unidade de apoio á actividade profesional, segundo o previsto no punto 1 deste artigo.

3. Estas subvencións concederanse por períodos anuais, logo de solicitude por parte do centro especial de emprego, e terase en conta para o cálculo da contía destas o número de traballadoras e traballadores con discapacidade que se encontren nos supostos indicados no punto 1 do artigo 5º e a composición da unidade de apoio á actividade profesional acreditados no momento da presentación da solicitude.

4. Serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social correspondentes ás mensualidades desde outubro de 2008 ata setembro de 2009, ambas inclusive. Non obstante, serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social desde o 3 de maio de 2008 para aqueles centros especiais de emprego que constituísen unha unidade de apoio á actividade profesional ou comezasen a desenvolver as súas funcións desde esa data.

No suposto de traballadores e traballadoras con discapacidade con contratos temporais de duración igual ou superior a seis meses, este período debe estar comprendido dentro do período subvencionable.

5. A contía da subvención en ningún caso poderá exceder o fixado no convenio colectivo de aplicación para o posto de traballo do persoal traballador da unidade de apoio á actividade profesional.

Artigo 8º.-Composición das unidades de apoio á actividade profesional.

1. Os centros especiais de emprego que accedan a estas subvencións, deberán dispoñer de unidades de apoio á actividade profesional cuxa composición se establecerá de acordo cos módulos que se indican a seguir:

a) Ata 15 persoas traballadoras con discapacidade das indicadas no punto 1 do artigo 5º, 1 persoa profesional técnica de grao medio ou superior, ou con coñecementos e/ou experiencia equiparables, polo menos ao 20% da súa xornada, e 1 persoa encargada de apoio á produción a tempo completo, ou o número de persoas que correspondan proporcionalmente se a contratación se realiza a tempo parcial.

b) De 16 a 30 persoas traballadoras, 1 persoa profesional técnica de grao medio ou superior, ou con coñecementos e/ou experiencia equiparables, polo menos ao 80% da súa xornada, e 2 persoas encargadas de apoio á produción a tempo completo, ou os que correspondan proporcionalmente se a contratación se realiza a tempo parcial.

c) De 31 a 45 persoas traballadoras, 2 persoas profesionais técnicas de grao medio ou superior, ou con coñecementos e/ou experiencia equiparables, unha delas a tempo completo e a outra polo menos ao 50% da súa xornada, e 3 persoas encargadas de apoio á produción a tempo completo, ou o número de persoas que correspondan proporcionalmente se a contratación se realiza a tempo parcial.

d) De 46 a 60 persoas traballadoras, 2 persoas profesionais técnicas de grao medio ou superior, ou con coñecementos e/ou experiencia equiparables, a tempo completo e 4 persoas encargadas de apoio á produción a tempo completo, ou o número de persoas que correspondan proporcionalmente se a contratación se realiza a tempo parcial.

e) De 61 a 75 persoas traballadoras, 3 persoas profesionais técnicas de grao medio ou superior, ou con coñecementos e/ou experiencia equiparables, dúas delas a tempo completo e a outra polo menos ao 50% da súa xornada, e 5 persoas encargadas de apoio á produción a tempo completo, ou o número de persoas que correspondan proporcionalmente se a contratación se realiza a tempo parcial.

f) Para máis de 75 persoas traballadoras, establecerase o cadro de persoal da unidade de apoio á actividade profesional proporcionalmente, segundo os criterios anteriormente expresados.

2. Cando o número de persoas traballadoras co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no punto 1 do artigo 5º a que se dirixe o servizo non se corresponda cos topes de cada módulo, o tempo de dedicación do persoal das unidades de apoio á actividade profesional será proporcional ao número das ditas persoas traballadoras con discapacidade.

3. A entidade beneficiaria deberá acreditar o mantemento da proporcionalidade exixida na composición dos módulos establecidos neste artigo durante todo o período subvencionado. Cando por causas xustificadas se produzan vacantes do persoal que integra estas unidades, deberán ser cubertas co fin de manter a proporcionalidade establecida anteriormente.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 9º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta orde, por delegación da conselleira ou conselleiro de Traballo, corresponderalle á directora ou director xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 10º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse no rexistro da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. No mesmo prazo deberán presentar a solicitude aqueles centros especiais de emprego que constituísen unha unidade de apoio á actividade profesional ou comezasen a desenvolver as súas funcións desde o 3 de maio de 2008.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose

inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: http//traballo.xunta.es.

4. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e debe achegar entón as devanditas certificacións.

5. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. Coa presentación da solicitude de subvención, a entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, do programa e do crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención. Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial, nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-Documentación.

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada da documentación que se relaciona:

a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e CIF da empresa.

b) Certificación da inscrición do centro especial de emprego.

c) Memoria que recolla a titularidade do centro, enderezos dos centros de traballo, actividades, cumprimento ou non dos seus obxectivos económicos e de axuste persoal e social e as causas que o motivaron.

d) Certificación da relación nominal dos traballadores e traballadoras do cadro de persoal do centro especial de emprego, con indicación daquelas persoas traballadoras con discapacidade polas cales se solicita a subvención, a relación dos/as traballadores/as de axuste persoal e social que teña o centro e daquelas persoas traballadoras non discapacitadas, con indicación das que realizan servizos e/ou ocupan postos que pola súa especificidade non pode realiza o persoal con discapacidade (segundo o modelo do anexo III).

e) Documentación acreditativa do cadro de persoas traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego: contrato de traballo e certificación de minusvalidez.

f) Memoria descritiva das funcións que vai desenvolver a unidade de apoio á actividade profesional, e cada un dos traballadores e traballadoras que a integran, segundo o previsto no artigo 4º desta orde. Esta memoria deberá incluír, cando menos, os obxectivos, recursos, orzamento, fases de implantación e sistemas de avaliación dos resultados.

g) Documentación relativa á unidade de apoio á actividade profesional: certificación da relación nominal do persoal traballador que a compón, segundo o modelo anexo IV, e contratos de traballo e curriculum vitae suficientemente acreditado.

h) Orzamento de gastos relativos aos custos salariais e de Seguridade Social das persoas traballadoras con contrato indefinido das unidades de apoio á actividade profesional polos que se solicita a subvención, referido ao período subvencionable, xunto con copia das nóminas, e documento de transferencia bancaria que xustifique o pagamento destas, correspondentes ás mensualidades xa aboadas na data da solicitude.

i) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2, correspondentes aos meses polos que se solicita a subvención xa ingresados, conforme as normas da Seguridade Social, na data da solicitude.

j) Documentación acreditativa, se é o caso, dos traballadores e traballadoras con discapacidade procedentes do centro especial de emprego, contratados indefinidamente ou con contrato de traballo de, polo menos, seis meses, por empresas do mercado ordinario de traballo nos últimos dous anos.

k) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo V).

l) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo o modelo do anexo VI).

m) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita denegase expresamente a autorización ao órgano concedente para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, quedan exentas de presentar a devandita documentación as entidades sen ánimo de lucro, conforme o previsto no artigo 48º un, da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

2. Ás solicitudes xuntaránselles os documentos sinalados no número anterior, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 12º.-Instrución, tramitación e procedemento de concesión.

1. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Apoio a Emprendedores da Subdirección Xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

4 O órgano competente para emitir o informe de avaliación será a Comisión de Avaliación que terá a seguinte composición:

Presidencia: a subdirectora ou subdirector xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores.

Vogais: a xefa ou xefe de servizo de Apoio a Emprendedores e unha funcionaria ou funcionario do servizo que actuará como secretaria ou secretario.

5. A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Porcentaxe de traballadores e traballadoras con discapacidade con contrato indefinido respecto do total de traballadores e traballadoras con discapacidade do cadro de persoal do centro especial de emprego.

b) Porcentaxe de traballadores e traballadoras co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez descritos no artigo 5º.1 desta orde, sobre o total de traballadores e traballadoras do centro especial de emprego.

c) Porcentaxe de mulleres co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez descritos no artigo 5º.1 desta orde, sobre o total de traballadores e traballadoras co dito tipo de discapacidade e grao de minusvalidez do centro especial de emprego.

d) Número de traballadores e traballadoras con discapacidade procedentes do centro especial de emprego, con contrato indefinido ou con contrato de traballo de, polo menos, seis meses, subscrito por empresas do mercado ordinario de traballo nos últimos dous anos.

e) Emprego da lingua galega na elaboración da memoria e no desenvolvemento da unidade de apoio á actividade profesional.

Estes criterios terán a mesma importancia con independencia da orde en que figuran recollidos.

6. Non obstante, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado nesta convocatoria fose suficiente atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación, conforme o previsto no artigo 55 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. O órgano instrutor elevaralle o informe da Comisión de Avaliación xunto coa proposta de concesión ao órgano de resolución.

Artigo 13º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola respectiva intervención da proposta emitida polo órgano instrutor, as resolucións serán ditadas pola directora ou director xeral de Promoción do Emprego, por delegación da conselleira ou conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órga-

no que ditou a resolución impugnada, da acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Pagamento e xustificación.

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada da documentación que se exixa de forma expresa na resolución de concesión xustificativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención.

2. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento, no prazo sinalado na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de novembro de 2009.

3. Poderán realizarse pagamentos á conta da subvención concedida, que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada, ata unha porcentaxe non superior ao 80 por cento da subvención concedida.

Para os efectos de proceder ao pagamento fraccionado, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida ás mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

a) Orzamento de gastos relativos aos custos salariais e de Seguridade Social do persoal traballador indefinido das unidades de apoio á actividade profesional polo que se concedeu a subvención, xunto con copia das nóminas e documento de transferencia bancaria que xustifique o pagamento destas.

b) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2.

c) Documentación acreditativa do cadro de persoas traballadoras con discapacidade do centro especial de emprego incluídas no punto 1 do artigo 5º: certificación da permanencia ou variacións deste persoal, mediante o modelo anexo III desta orde. Para o suposto de novas contratacións, contratos de traballo e certificacións de minusvalidez.

d) Declaración complementaria do establecido no artigo 11º.1 letra k) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo modelo anexo V).

4. O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación relacionada no número anterior, referida a todo o período subvencionado, xunto coa memoria xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos pola unidade de apoio á actividade profesional no desenvolvemento das súas funcións.

5. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria quedase xustificada unha contía inferior de subvención da inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria.

Capítulo IV

Obrigas e seguimento

Artigo 15º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas dos beneficiarios das subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Traballo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou sexa control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo.

i) Manter os postos de traballo obxecto da subvención polo período subvencionable. Cando se produzan vacantes do persoal que integra as unidades de apoio á actividade profesional, deberán ser cubertas co fin de manter a proporcionalidade establecida no artigo 8º desta orde. A cobertura do novo posto terá que realizarse no prazo dun mes desde a data da baixa, feito que deberá ser comunicado pola entidade beneficiaria á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, dentro dos quince días seguintes á substitución.

j) Manter no seu cadro de persoal o número de persoas con discapacidade, en función dos que se concedeu a subvención, segundo o establecido no artigo 7º.2 desta orde. No suposto de diminución

deste número de persoas traballadoras con discapacidade, ou da duración dos contratos ou da súa xornada de traballo, procederá o reintegro parcial da subvención concedida.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 17º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18º.-Incompatibilidade e concorrencia de axudas.

As subvencións reguladas neste programa serán compatibles con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non poderán subvencionarse ao abeiro do programa regulado nesta orde os custos dos profesionais das unidades de apoio á actividade profesional que estean subvencionados polo programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere os custos de salarios e de Seguridade Social a cargo da empresa, derivados da contratación dos traballadores e das traballadoras da unidade de apoio á actividade profesional no desenvolvemento das funcións descritas no artigo 4º desta orde, durante o período subvencionado.

Artigo 19º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Aos centros especiais de emprego que perciban as subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación, para os efectos de seguimento e control, o disposto no artigo 13 do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, e deberán achegar a memoria anual conforme o previsto no artigo 8 do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa regulado nesta orde, tanto no seu aspecto cualitativo como cuantitativo.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira ou conselleiro de Traballo na directora ou director xeral de Promoción do Emprego para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que derivan, ditadas por delegación da conselleira ou do conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra Administración, distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O pagamento das subvencións reguladas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

Sexta.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.1 código de proxecto 2009 01002, cun crédito de 250.000 euros; 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016, cun crédito de 250.000 euros; 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01073, cun crédito de 100.000 euros e 16.02.322C.481.0, código de proxecto 2009 01075, cun crédito de 20.000 euros. Estas contías están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009.

Estes créditos poderán ser modificados como consecuencia da

asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a conferencia sectorial de asuntos laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora ou director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "64-09.PDF"

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 12 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro) establece na súa disposición adicional sexta que os créditos que financian esta orde poderán ser modificados como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a conferencia sectorial de asuntos laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 12 de febreiro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de entidades beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2009, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01002 polo importe de 20.100 euros.

48.04.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016 polo importe de 30.200 euros.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2009.

65 Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 129, do 3.07.2009).

O artigo 37.1º, da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, establece que a finalidade primordial da política de emprego dos traballadores e das traballadoras con discapacidade debe ser a súa integración, en condicións que garantan a aplicación do principio de igualdade no trato, no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante a fórmula especial de traballo protexido, a través dos centros especiais de emprego.

As dificultades de acceso ao Mercado laboral das persoas con discapacidade exixe un compromiso do conxunto da sociedade, en especial do tecido produtivo, e unha actuación conxunta das administracións públicas, os interlocutores sociais e as entidades do movemento asociativo da discapacidade, para conseguir a integración sociolaboral das persoas con discapacidade mediante o acceso a un emprego.

No obxectivo da integración laboral das persoas con discapacidade, veñen articulándose un conxunto integral de políticas activas de emprego, que recollen desde accións formativas, de intermediación e orientación laboral, así como actuacións específicas de promoción do emprego, como son o fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria, o fomento da integración laboral nos centros especiais de emprego, as subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, os enclaves laborais e o fomento do emprego autónomo para persoas con discapacidade.

A intensificación das políticas activas de emprego dirixidas aos traballadores e traballadoras con discapacidade debe continuarse e ampliarse buscando novas fórmulas cuxa prioridade sexa a inserción laboral no mercado de traballo ordinario.

No deseño e xestión das políticas activas de emprego debe terse en conta a diversidade e a pluralidade que caracteriza a poboación con discapacidade, que se debe atender de forma diferente segundo as

demandas e as necesidades que cada grupo de traballadores con discapacidade presenta. Dentro do conxunto das persoas con discapacidade, existen grupos que, debido ao tipo de deficiencia concreta que teñen, como por exemplo parálise cerebral ou trastornos do espectro autista, ou ao seu grao de minusvalidez, se encontran con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo. Esta realidade exixe a adopción de medidas específicas, que poderían considerarse de acción positiva dentro do grupo das persoas con discapacidade, xa que se trata de tratamentos máis intensos e diferenciados para estimular a empregabilidade destes grupos de traballadores con discapacidade que teñen máis dificultades de inserción laboral.

Unha das medidas que pode favorecer de modo máis importante a inserción das persoas con discapacidade grave no mercado de traballo ordinario é o emprego con apoio. Este consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral que realizan a súa actividade en empresas normalizadas, do mercado ordinario de traballo, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares.

A necesidade de regular o emprego con apoio era unha demanda das entidades do movemento asociativo das persoas con discapacidade. Nos resultados do programa de emprego con apoio resulta fundamental o papel das entidades promotoras que poñen en marcha estes proxectos de emprego con apoio e das empresas do mercado ordinario que realizan a contratación das persoas con discapacidade grave grazas a esta nova fórmula de apoio a través dos preparadores laborais.

O Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo (BOE nº 168, do 14 de xullo). Esta norma establece os contidos esenciais do programa, como son a definición das accións que constitúen un proxecto de emprego con apoio, así como as persoas destinatarias finais e as entidades promotoras daquelas. Tamén regula a subvención de custos laborais e de Seguridade Social derivados da contratación de preparadores laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio, e posibilita ás comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de xestión, o seu desenvolvemento posterior mediante a regulación dos aspectos procedementais e da adecuación ás súas peculiaridades organizativas.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das subvencións do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, segundo a disposición adicional cuarta do Real decreto 870/2007, do 2 de xullo.

O procedemento de concesión das subvencións do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo queda sometido ao réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nesta orde establécense incentivos complementarios que melloran na Comunidade Autónoma de Galicia os establecidos con carácter xeral na regulación estatal do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. Deste xeito, e coa finalidade de promover a posta en marcha de proxectos de emprego con apoio, subvenciónanse actuacións complementarias como son a prospección laboral e o período de formación da persoa apoiada previa á súa contratación na empresa. Así mesmo, tendo en conta a posible adecuación dos proxectos de emprego con apoio á dispersión do tecido produtivo galego subvenciónanse os custos de desprazamento dos preparadores laborais cando teñan que prestar apoios en centros de traballo de distintos concellos.

Tamén terán a consideración de persoas destinatarias deste programa as persoas con discapacidade incorporadas xa á empresa cando se produzan cambios na súa prestación laboral que precisen o desenvolvemento de novas accións de emprego con apoio.

Coa finalidade de facilitar o financiamento dos proxectos de emprego con apoio en Galicia, nesta orde inclúese a posibilidade de realizar pagamentos anticipados con carácter previo á xustificación da subvención concedida.

Para facilitar a difusión e coñecemento do programa, establécese nesta orde que as entidades beneficiarias autorizarán a Consellería de Traballo e Benestar para difundir as accións desenvolvidas nos proxectos de emprego con apoio e, se é o caso, para publicar as memorias, estudos ou outros traballos derivados das accións desenvolvidas nos proxectos.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 16/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral da Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade e ámbito de actuación

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, mediante a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos promotores de proxectos con apoio, para favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción nos centros de traballo de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2009.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; no Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e nesta orde.

Artigo 3º.-Definición de emprego con apoio.

1. De acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, enténdese por emprego con apoio o conxunto de accións de orientación e acompañamento individualizado no posto de traballo, prestadas por preparadores laborais especializados, que teñen por obxecto facilitar a adaptación social e laboral de traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos equivalentes.

2. As accións de emprego con apoio desenvolveranse no marco de proxectos de emprego con apoio, nos cales deberán recollerse, polo menos, as seguintes accións:

a) Orientación, asesoramento e acompañamento á persoa con discapacidade, elaborando para cada traballador un programa de adaptación ao posto de traballo.

b) Labores de achegamento e mutua axuda entre o traballador beneficiario do programa de emprego con apoio, o empregador e o persoal da empresa que comparta tarefas co traballador con discapacidade.

c) Apoio ao traballador no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias, de modo que poida relacionarse co contorno laboral nas mellores condicións.

d) Adestramento específico do traballador con discapacidade nas tarefas inherentes ao posto de traballo.

e) Seguimento do traballador e avaliación do proceso de inserción no posto de traballo. Estas accións terán por obxecto a detección de necesidades e a prevención de posibles ameazas ou riscos, tanto para o traballador como para a empresa que o contrata, que poñan en perigo o obxectivo de inserción e permanencia no emprego.

f) Asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e procesos de adaptación do posto de traballo.

Artigo 4º.-Persoas destinatarias finais.

1. As persoas destinatarias finais do programa de emprego con apoio serán traballadores e traballadoras con discapacidade inscritas nos servizos públicos de emprego como demandantes de emprego non ocupados, así como traballadores e traballadoras con discapacidade contratados/as por centros especiais de emprego, sempre que, en ambos os dous casos, se atopen nalgún dos supostos que se describen a continuación:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

c) Persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33 por cento.

2. Os devanditos traballadores deberán ser contratados por unha empresa do mercado ordinario de traballo para ser empregados efectivamente na organización produtiva da empresa mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración do contrato sexa, neste caso, como mínimo de seis meses. No suposto de contratación a tempo parcial, a xornada de traballo será polo menos do 50% da xornada dun traballador a tempo completo comparable.

3. A inscrición dos traballadores e das traballadoras con discapacidade nos servizos públicos de emprego como demandantes de emprego non ocupados, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social, comprobarase mediante os documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego e do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. Poderán ser persoas destinatarias finais do programa regulado nesta orde as sinaladas nas letras a), b) e c) do parágrafo 1 deste artigo que, estando empregadas mediante un contrato de carácter indefinido, requiran o desenvolvemento das accións de emprego con apoio previstas no artigo 3º desta orde, como consecuencia dunha

alteración das condicións da prestación do seu traballo ou do seu contorno laboral que produzan agudos problemas de adaptación que ameacen a continuidade da súa actividade produtiva.

Artigo 5º.-Promotores de proxectos de emprego con apoio e entidades beneficiarias das subvencións.

Poderán promover proxectos de emprego con apoio e seren beneficiarias das correspondentes subvencións reguladas nesta orde, as seguintes entidades:

1. As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade aos que se lles vai prestar o emprego con apoio e que cumpran os seguintes requisitos:

   a) Ter por obxecto social, entre outros, a inserción laboral ou a creación de emprego a favor de persoas con discapacidade.

   b) Contar no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8º ou comprometerse a incorporalos, así como dispoñer dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

   c) Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade.

   d) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a traballadores ou empresarios.

2. Os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales no rexistro correspondente, que subscriban un convenio de colaboración coa empresa que vai contratar traballadores con discapacidade procedentes do cadro de persoal do mesmo centro ou doutros centros especiais de emprego. Estes centros especiais de emprego deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

   a) Contar no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8º ou comprometerse a incorporalos, así como dispoñer dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

   b) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a traballadores ou empresarios.

3. As empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos os traballadores autónomos, que contraten os traballadores con discapacidade beneficiarios das devanditas accións, sempre que conten no seu cadro de persoal con preparadores laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8º ou se comprometan a incorporalos, e que dispoñan dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

4. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nesta orde as persoas ou entidades nas cales concorra algunha das circunstancias sinaladas nos números 2º e 3º do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-Requisitos e duración dos proxectos de emprego con apoio.

1. Os proxectos de emprego con apoio deberán facer constar, polo menos, os seguintes extremos:

   a) Identificación da empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade que van recibir apoio, así como o seu compromiso de contratación dos devanditos traballadores.

   b) Identificación da entidade promotora que vai levar a cabo as accións de emprego con apoio a través dos preparadores laborais que ten contratados ou que vai contratar, en cuxo caso deberá expresar o seu compromiso de contratación.

   c) Número de traballadores con discapacidade que van recibir as accións de emprego con apoio, con indicación do tipo de discapacidade e grao de minusvalidez, tipo e duración de contrato que se lles vai formalizar e do centro ou centros de traballo en que van efectuar a prestación laboral, así como a descrición de cada un dos postos de traballo.

   d) Relación dos preparadores laborais que van prestar o apoio aos traballadores con discapacidade con indicación do tipo e duración do contrato de traballo formalizado, ou que van formalizar coa entidade promotora do emprego con apoio.

   e) Descrición detallada das accións de emprego con apoio que cada preparador vai prestar a cada un dos traballadores con discapacidade que lle corresponda atender, especificando a duración das devanditas accións e a distribución temporal prevista nelas.

   f) Nomeamento, por parte da empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade que van recibir apoio, entre o seu persoal, da figura do coordinador/a do proxecto con apoio, que desenvolverá accións para facilitar as relacións entre as persoas con discapacidade, os preparadores laborais, e o persoal da empresa, así como o seguimento e avaliación por parte da empresa.

   g) Convenio ou convenios de colaboración a que se refire o artigo 7º, no caso de que a entidade promotora sexa distinta da empresa que contrata os traballadores con discapacidade.

2. As accións de emprego con apoio desenvolveranse no marco de proxectos de emprego con apoio que, para os efectos desta orde, terán unha duración entre seis meses e un ano, prorrogable ata outro ano máis.

   Non obstante, no caso de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no artigo 4.1º a), o prazo máximo de dous anos poderá ampliarse ata seis meses máis, sempre e cando se detecten situacións de especial dificultade que exixan necesidades específicas de apoio.

3. As accións de emprego con apoio que teñan por persoas destinatarias finais as recollidas no suposto sinalado no artigo 4º. 4 desta orde poderán desenvolverse en proxectos de emprego con apoio cunha duración entre un e seis meses.

Artigo 7º.-Convenio de colaboración entre a entidade promotora do emprego con apoio e a empresa empregadora.

As entidades promotoras de emprego con apoio sinaladas nos números 1º e 2º do artigo 5, deberán subscribir un convenio de colabo-

ración coa empresa que vaia contratar o traballador ou traballadores con discapacidade destinatarios do emprego con apoio, co seguinte contido mínimo:

1. Identificación de ambas as dúas partes, facendo constar a denominación social, domicilio e o número de identificación fiscal.

2. Compromiso da entidade promotora de levar a cabo todas as accións de adaptación ao posto de traballo de cada traballador con discapacidade incluídas no proxecto de emprego con apoio, para o cal a empresa tamén deberá comprometerse a permitir e facilitar a tarefa do preparador laboral e favorecer os apoios internos ao longo do proceso de inserción.

3. Compromiso de ambas as dúas partes de que as accións de emprego con apoio se prestarán de forma gratuíta.

Artigo 8º.-Preparadores laborais.

1. As accións de emprego con apoio serán levadas a cabo por preparadores laborais, os cales deberán estar en posesión dunha titulación mínima de formación profesional de grao medio ou equivalente e acreditar unha experiencia previa de polo menos un ano en actividades de integración laboral de persoas con discapacidade que os capacite para a realización das funcións propias do seu posto.

2. O tempo de atención a cada traballador con discapacidade non poderá ser inferior á porcentaxe da xornada de traballo do dito traballador que se relaciona a continuación:

a) Un terzo, no caso de traballadores con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

b) Un quinto, no caso de traballadores con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%.

c) Un oitavo, no caso de traballadores con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 65%.

d) Un oitavo, no caso de persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%.

Cando un mesmo preparador laboral preste atención a máis dun traballador con discapacidade, o tempo de atención conxunto será a suma dos tempos de atención de cada un dos ditos traballadores. En ningún caso un preparador laboral poderá atender simultaneamente a máis de 3, 5 ou 8 traballadores con discapacidade dos grupos a), b), c) e d) antes sinalados, respectivamente, ou os equivalentes cando os traballadores atendidos pertenzan a distintos grupos.

Capítulo II

Subvencións do programa de emprego con apoio

Artigo 9º.-Subvencións aos promotores de proxectos de emprego con apoio.

1. As subvencións establecidas neste artigo destinaranse a financiar custos laborais e de Seguridade Social que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio, derivados da contratación dos preparadores laborais a que se refire o artigo anterior, polas entidades promotoras de emprego con apoio sinaladas no artigo 5º. A devandita contratación poderase realizar tanto durante o desenvolvemento do proxecto como con anterioridade ao seu inicio.

2. A contía das devanditas subvencións establécese en función do número de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez indicados no artigo 8.º2 destinatarios das accións de emprego con apoio, contratados para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondendo:

a) 6.600 euros anuais por cada traballador/a incluído/a na alínea a).

b) 4.000 euros anuais por cada traballador/a incluído/a na alínea b).

c) 2.500 euros anuais por cada traballador/a incluído/a nas alíneas c) e d).

Estas subvencións reduciranse proporcionalmente en función da duración do contrato de cada traballador con discapacidade así como en función da súa xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.

3. Estas subvencións concederanse por períodos máximos dun ano, prorrogables nos termos establecidos no artigo 6º.2, logo da solicitude por parte de entidades interesadas indicadas no artigo 5º, tramitada de acordo co procedemento establecido na correspondente orde anual de convocatoria.

Para o cálculo das subvencións dos proxectos de emprego con apoio terase en conta unicamente o período en que cada traballador con discapacidade permaneza contratado e recibindo apoio durante o desenvolvemento do proxecto.

4. Non se poderán outorgar subvencións conforme o previsto nesta orde referidas a un mesmo traballador con discapacidade, aínda que correspondan a distintos proxectos de emprego con apoio, por tempo superior a dous anos ou, no suposto de traballadores co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez establecido no artigo 4.1º a), e se detecten situacións de especial dificultade que exixan necesidades específicas de apoio, por tempo superior a trinta meses, agás no suposto previsto no artigo 6º.3 desta orde.

5. Serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social por conta da empresa correspondentes ás mensualidades desde outubro de 2008 ata setembro de 2009, ambas inclusive.

A contía da subvención en ningún caso poderá exceder o fixado no convenio colectivo de aplicación.

6. No suposto das entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio sinaladas nos números 1 e 2 do artigo 5º, cando un mesmo preparador ou preparadora laboral teña que prestar apoios a persoas con discapacidade en centros de traballo ou empresas de distintos concellos, poderá concederse unha subvención en concepto de custos de desprazamento nunha contía de 2.500 euros por entidade, ou a parte proporcional que corresponda por períodos inferiores ao ano en que se presten os apoios.

Artigo 10º.-Subvencións para o fomento de novos proxectos de emprego con apoio.

1. Coa finalidade de apoiar a posta en marcha de novos proxectos de emprego con apoio na Comunidade Autónoma de Galicia, subvencionanse as federacións de asociacións de persoas con discapacidade, as confederacións destas e as persoas xurídicas de interese social sen ánimo de lucro que integren a asociacións de persoas con discapacidade e centros especiais de emprego, para o desenvolvemento de plans de prospección laboral e dos apoios ás persoas con discapacidade no proceso de formación práctica na empresa previa á contratación.

2. O desenvolvemento do plan de prospección de emprego con apoio incluirá actuacións de promoción, difusión, asesoramento, busca activa, selección, entrevista, consulta e información aos potenciais empregadores dos traballadores e traballadoras con discapacidade cuxa inserción laboral se persegue mediante os proxectos de emprego con apoio.

   A subvención destinarase a financiar os custos laborais e de Seguridade Social de dous prospectores ou prospectoras de emprego con apoio por entidade e cunha duración máxima anual de catro meses. A subvención incrementarase nunha contía de 375 euros por prospector/a e mes para financiar os custos de desprazamento.

3. Subvencionarase os custos laborais e de Seguridade Social derivados da contratación dos preparadores ou preparadoras laborais no proceso de formación práctica na empresa previa á contratación das persoas con discapacidade inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupadas, que se atopen en algún dos supostos que se describen nas letras a), b) e c) do parágrafo 1 do artigo 4º desta orde.

   O período de formación poderá variar en función da dificultade do posto e das características concretas das persoas con discapacidade participantes e terá unha duración máxima dun mes e cunha xornada de ata catro horas diarias.

   A contía da subvención será proporcional ao período en que cada traballador ou traballadora con discapacidade estea recibindo apoio durante o desenvolvemento da formación práctica na empresa previa á contratación e ao número de traballadores ou traballadoras con discapacidade atendidos/as, sen que o importe máximo da subvención por cada traballador ou traballadora con discapacidade poida ser superior a un cuarto dos custos do preparador ou preparadora laboral.

   Estas prácticas non supoñerán en ningún caso a existencia de relación laboral entre as persoas con discapacidade e as empresas ou organismos da Administración.

4. Os prospectores ou prospectoras de emprego con apoio e os preparadores ou preparadoras laborais que presten o apoio no período de formación práctica na empresa previa á contratación deberán estar en posesión dunha titulación mínima de formación profesional de grao medio ou equivalente e acreditar unha experiencia previa de polo menos un ano en actividades de integración laboral de persoas con discapacidade que os capacite para a realización das funcións propias do seu posto.

5. Serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social a cargo da empresa correspondentes ás mensualidades desde outubro de 2008 ata setembro de 2009, ambas inclusive.

   A contía das subvencións establecidas neste artigo en ningún caso poderá exceder o fixado no convenio colectivo de aplicación.

Capítulo III

Competencia e procedemento

Artigo 11º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 12º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar, dirixidas ao director ou directora xeral de Promoción do Emprego (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela, 15781 A Coruña), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

   Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

3. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: http//traballo.xunta.es

Artigo 13º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

   Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

   Conforme o previsto no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no caso de que a entidade solicitante sexa unha institución sen ánimo de lucro, a obriga de presentar a devandita certificación poderá ser substituída pola declaración responsable da entidade solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención, o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no Diario Oficial de Galicia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención. Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial, nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 14º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

1. Documentación común:

a) Se a persoa solicitante é persoa física, DNI, e se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e CIF da empresa.

b) Documento constitutivo da entidade promotora do proxecto de emprego con apoio e as súas posibles modificacións, xunto cos estatutos sociais.

c) Documentos acreditativos da inscrición da entidade no rexistro correspondente.

d) Memoria que permita valorar a competencia, experiencia e capacidade da entidade promotora, con indicación dos recursos materiais de que dispoñen para desenvolver as actuacións polas que se solicita subvención.

e) Curriculum vitae dos preparadores ou preparadoras laborais e/ou prospectores ou prospectoras, suficientemente acreditado da súa formación e experiencia profesional para a realización das accións de emprego con apoio. No caso de ter formalizada a contratación, contratos de traballo e documentos de alta na Seguridade Social.

f) Orzamento de gastos relativos aos custos salariais e de Seguridade Social por conta da entidade promotora dos preparadores laborais, en función da duración do apoio e da xornada realizada, e/ou dos prospectores ou prospectoras de emprego con apoio, referido ao período polo que se solicita a subvención, xunto con copia das nóminas, e documento de transferencia bancaria que xustifique o pagamento destas, correspondentes ás mensualidades xa aboadas na data da solicitude.

g) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2 correspondentes aos meses polos que se solicita a subvención xa ingresados, conforme as normas da Seguridade Social, na data da solicitude.

h) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VI.

i) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta, segundo o modelo do anexo VII.

j) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita denegase expresamente a autorización ao órgano concedente para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que a entidade solicitante sexa unha institución sen ánimo de lucro, declaración responsable da entidade solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

k) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo do anexo VIII.

2. Documentación específica para a subvención aos promotores de proxectos de emprego con apoio:

a) Copia do proxecto de emprego con apoio, que incluirá as accións que se vaian desenvolver, segundo o previsto no artigo 3º desta orde, así como os requisitos e duración, establecidos no artigo 6º desta orde, e recollerá os obxectivos, recursos, orzamento, fases de implantación e sistemas de avaliación dos resultados.

b) Relación nominal dos traballadores e das traballadoras con discapacidade que van recibir as accións de emprego con apoio, con indicación do tipo de discapacidade e grao de minusvalidez, tipo, duración e xornada do contrato que se lles vai formalizar e do centro ou centros de traballo en que van efectuar a prestación laboral, segundo o modelo do anexo III.

c) No caso de ter formalizada a contratación, contratos de traballo e documentos de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras con discapacidade.

d) Descrición de cada un dos postos de traballo que van ocupar os traballadores ou traballadoras con discapacidade, segundo o modelo do anexo IV, ou aqueloutro que respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa ou entidade solicitante.

e) Relación nominal dos preparadores e preparadoras laborais que van prestar o apoio aos traballadores con discapacidade con indicación do tipo, duración e xornada do contrato de traballo

formalizado, ou que van formalizar coa entidade promotora do emprego con apoio, caso en que deberá expresar o seu compromiso de contratación, segundo o modelo anexo V.

f) Descrición detallada das accións de emprego con apoio que cada preparador ou preparadora vai prestar a cada un dos traballadores con discapacidade que lle corresponda atender, especificando a duración das devanditas accións e a súa distribución temporal prevista.

g) De ser o caso, acreditación das circunstancias que requiran a prestación das accións de emprego con apoio ás persoas con discapacidade no suposto dunha alteración das condicións da prestación do seu traballo, ou do seu contorno laboral, que produzan agudos problemas de adaptación que ameacen a continuidade da súa actividade produtiva.

3. Documentación específica para a subvención para o desenvolvemento de plans de prospección de emprego con apoio:

a) Plan de prospección laboral de emprego con apoio asinado pola persoa que posúa a representación da entidade solicitante, e que incluirá as accións que se desenvolverán, ámbito xeográfico e temporal de actuación, orzamento, recursos materiais e persoais, obxectivos cuantitativos e cualitativos e indicadores de seguimento.

b) Relación nominal dos prospectores ou prospectoras de emprego con apoio que van desenvolver o plan de prospección laboral de emprego con apoio, con indicación do tipo, duración e xornada do contrato de traballo formalizado, ou que van formalizar coa entidade promotora, caso en que deberá expresar o seu compromiso de contratación (segundo o modelo anexo V).

4. Documentación específica para a subvención no proceso de formación práctica na empresa previa á contratación:

a) Relación nominal dos traballadores e traballadoras con discapacidade que van recibir a formación previa na empresa, con indicación do tipo de discapacidade e grao de minusvalidez, duración e xornada da formación e do centro ou centros de traballo en que se vai efectuar (segundo o modelo do anexo III).

b) Descrición de cada un dos postos de traballo que van ocupar os traballadores ou traballadoras con discapacidade nas prácticas non laborais, segundo o modelo do anexo IV, ou aqueloutro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a entidade solicitante.

c) Convenio asinado entre a entidade promotora e a empresa en que se realizarán as prácticas non laborais, en que constarán as datas, lugar de realización, horario e duración destas.

d) Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.

e) Relación nominal dos preparadores ou preparadoras laborais que van prestar o apoio aos traballadores ou traballadoras con discapacidade no período de formación previa na empresa, con indicación do tipo, duración e xornada do contrato de traballo formalizado, ou que van formalizar coa entidade promotora, caso en que deberá expresar o seu compromiso de contratación, segundo o modelo anexo V.

5. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos sinalados nos números anteriores, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 15º.-Instrución, tramitación e procedemento de concesión.

1. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Apoio aos Emprendedores e á Integración Laboral das Persoas con Discapacidade da Subdirección Xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

4. O órgano competente para emitir o informe de avaliación será a comisión de avaliación que terá a seguinte composición:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo.

Vogais: a persoa titular da xefatura do Servizo de Apoio aos Emprendedores e á Integración Laboral das Persoas con Discapacidade e unha funcionaria ou funcionario do servizo, que actuará como secretaria ou secretario.

5. A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos criterios e coa ponderación seguinte:

Subvencións aos promotores de proxecto de emprego con apoio:

a) Calidade do proxecto presentado: obxectivos, recursos técnicos, metodoloxía, tipoloxía dos apoios. Ata 25 puntos.

b) Porcentaxe de traballadores e traballadoras co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez descritos no artigo 4.1º a) desta orde. Ata 25 puntos.

c) Número de traballadores e traballadoras con discapacidade contratados no marco do proxecto con apoio. Ata 20 puntos.

d) Integración da dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no destino das subvencións, nas persoas desti-

natarias finais e nas accións do proxecto de emprego con apoio. Ata 15 puntos.

e) Resultados cuantitativos e cualitativos de proxectos de emprego con apoio na convocatoria do ano anterior da mesma entidade promotora. Ata 10 puntos.

f) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización do proxecto de emprego con apoio. Ata 5 puntos.

Subvencións para o fomento de novos proxectos de emprego con apoio:

a) Calidade do plan de prospección de emprego con apoio presentado: obxectivos, accións para desenvolver, recursos materiais e persoais, metodoloxía. Ata 20 puntos.

b) Ámbito territorial de actuación do plan de prospección: autonómico 20 puntos, provincial 10 puntos, e superior a municipal 5 puntos.

c) Proceso de formación práctica na empresa previa á contratación: número de traballadores e traballadoras con discapacidade participantes, ata 15 puntos; porcentaxe de persoas co tipo de discapacidade e grao de minusvalidez descritos no artigo 4º.1 a) desta orde, ata 15 puntos; calidade da formación desde o punto de vista da adecuación da discapacidade ao emprego na empresa, ata 5 puntos; perspectivas de emprego das persoas participantes, ata 5 puntos. Máximo ata 40 puntos.

d) Resultados cuantitativos e cualitativos de proxectos de emprego con apoio na convocatoria do ano anterior da mesma entidade promotora. Ata 10 puntos.

e) Integración da dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no destino das subvencións, nas persoas destinatarias finais e nas accións que desenvolverán. Ata 5 puntos.

f) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización do proxecto de emprego con apoio. Ata 5 puntos.

6. Non obstante, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado nesta convocatoria fose suficiente atendendo ao número de solicitudes, unha vez finalizado o prazo de presentación, conforme o previsto no artigo 55º do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. O órgano instrutor elevaralle o informe da comisión de avaliación xunto coa proposta de concesión ao órgano de resolución.

En calquera caso, a concesión das subvencións estará condicionada á existencia de dispoñibilidades orzamentarias para o dito fin segundo o consignado anualmente na correspondente orde de convocatoria.

Artigo 16º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola respectiva intervención da proposta emitida polo órgano instrutor, as resolucións serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, que se computarán a partir da conclusión do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen se producir manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-Pagamento e xustificación.

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, da documentación que se exixa de forma expresa na resolución de concesión xustificativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención.

2. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento, no prazo sinalado na resolución de concesión, ou de ser o caso, ata o 15 de novembro de 2009.

3. Poderán realizarse pagamentos á conta da subvención concedida, que supoñan a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior a unha porcentaxe do 80 por cento da subvención concedida.

Para realizar pagamentos á conta o beneficiario estará obrigado á constitución de garantías segundo o disposto no artigo 67º do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Non obstante, conforme o previsto no artigo 65.4º do devandito regulamento, quedan exonerados da constitución de garantía:

- As entidades sen ánimo de lucro.
- Os beneficiarios das subvencións concedidas cuxos pagamentos á conta non superen os 18.000 euros.

Para os efectos de proceder ao pagamento fraccionado, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida ás mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

a) Orzamento de gastos relativos aos custos salariais e de Seguridade Social dos preparadores ou preparadoras laborais e/ou dos prospectores ou das prospectoras de emprego con apoio polos

que se concedeu a subvención, xunto con copia das nóminas, e documento de transferencia bancaria que xustifique o pagamento destas.

b) Fotocopia compulsada dos documentos TC-1 e TC-2.

c) Relación nominal dos traballadores con discapacidade que recibiron as accións de emprego con apoio ou a formación práctica na empresa previa á contratación: certificación da permanencia ou variacións deste persoal no período, mediante o modelo anexo III desta orde.

Para o suposto de proxectos de emprego con apoio en que se realicen novas contratacións, contratos de traballo, certificacións de minusvalídez e descricións do posto de traballo.

d) Declaración complementaria do establecido no artigo 14.1º, letra h) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo modelo anexo VI.

4. Para efectuar o primeiro pagamento fraccionado, no caso de non terse presentado coa solicitude, a entidade beneficiaria deberá presentar, ademais da documentación sinalada no número anterior, unha certificación do inicio das accións, os contratos e documentos de alta na Seguridade Social dos preparadores e preparadoras laborais e/ou dos prospectores e prospectoras de emprego con apoio e dos traballadores e traballadoras con discapacidade contratados no proxecto de emprego con apoio.

5. O pagamento final da subvención concedida realizarase unha vez presentada a documentación relacionada nos números anteriores, referida a todo o período subvencionado, xunto coa seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos no proxecto de emprego con apoio no plan de prospección laboral de emprego con apoio, ou no proceso de formación práctica na empresa previa á contratación, e a avaliación dos seus resultados.

b) Descrición detallada das accións de emprego con apoio que cada preparador prestou a cada un dos traballadores con discapacidade que lle correspondeu atender, especificando a duración das ditas accións e a distribución temporal destas.

6. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

7. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria quedase xustificada unha contía inferior de subvención á inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria.

Artigo 18º.-Pagamentos anticipados.

No suposto das entidades beneficiarias do artigo 5.1º e 10.1º desta orde poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, no momento en que a entidade subvencionada presente unha certificación do inicio das accións, os contratos e documentos de alta na Seguridade Social dos preparadores laborais e dos traballadores con discapacidade.

Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros poderán concederse pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros poderán concederse, ademais, pagamentos anticipados dun 10 por cento adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros.

Estas entidades beneficiarias quedan exoneradas da constitución de garantía conforme co disposto no artigo 65.4º letra f) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Capítulo IV

Obrigas, compatibilidade das axudas, seguimento e control

Artigo 19º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Son obrigas dos beneficiarios das subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

i) Manter os postos de traballo dos preparadores laborais polo período subvencionado. Cando se produza unha baixa dun/a preparador/a laboral deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, dentro dos quince días seguintes. A substitución do preparador/a laboral deberá realizala outro profesional que reúna os mesmos requisitos exixidos para a concesión da subvención e terá que realizarse no prazo dun mes desde a data da baixa.

Una vez realizada a substitución deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, dentro dos quince días seguintes, achegando a seguinte documentación:

- Curriculum vitae do preparador laboral, suficientemente acreditado, da súa formación e experiencia profesional para a realización das accións de emprego con apoio, xunto co contrato de traballo e documento de alta na Seguridade Social.

- Descrición detallada das accións de emprego con apoio que o preparador laboral vai prestar a cada un dos traballadores con discapacidade que lle corresponda atender, especificando a duración das ditas accións e a distribución temporal prevista destas.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As entidades beneficiarias da subvención para a realización dos procesos de formación práctica na empresa deberán comunicar o inicio das prácticas á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, con dez días naturais de antelación á data prevista para a súa realización. Xunto coa comunicación achegarase a seguinte documentación:

a) Documento que acredite a contratación dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas non laborais na empresa. Esta póliza deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas.

b) Escrito de comunicación da entidade promotora á Inspección de Traballo e de Seguridade Social, en que se incluirá unha relación das persoas con discapacidade que van realizar as prácticas non laborais, a identificación da/s empresas en que van realizar as prácticas, localidades, datas e horario de realización.

Unha vez comunicadas as prácticas, as entidades deberán poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

Artigo 20º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 21º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Será causa de reintegro total das subvencións percibidas pola contratación do preparador/ laboral ou prospector/a de emprego con apoio o seu despedimento declarado ou recoñecido improcedente.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 22º.-Incompatibilidade e concorrencia de axudas.

As subvencións reguladas neste programa serán compatibles con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere os custos laborais e de Seguridade Social por conta da empresa, correspondentes á contratación dos preparadores laborais durante o desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio, ou á contratación dos prospectores ou prospectoras de emprego con apoio durante o desenvolvemento do plan de prospección.

Estas subvencións son compatibles coas reguladas na orde da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o centro especial de emprego, tanto a través da unidade de apoio á actividade profesional, como do proxecto de emprego con apoio preste as accións de apoio previstas aos traballadores con discapacidade contratados e atendidos en cada programa, coas limitacións en canto ao tempo de atención e número de traballadores para atender establecidas para os ditos programas.

b) Que os custos laborais e de Seguridade Social xerados pola contratación laboral do preparador ou preparadores laborais a que se refire o punto 1 do artigo 9º desta orde e os correspondentes ao período de contratación dos traballadores e traballadoras da unidade de apoio á actividade profesional, se imputen proporcionalmente en función da dedicación á unidade de apoio á actividade profesional

ou ao proxecto de emprego con apoio, sempre que a suma total das dúas subvencións non supere tales cust0s.

Artigo 23º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Aos centros especiais de emprego que perciban as subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación, para os efectos de seguimento e control, o disposto no artigo 13 do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, e deberán achegar a memoria anual conforme o previsto no artigo 8º do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no rexistro administrativo de centros especiais de emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

Artigo 24º.-Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa regulado nesta orde, tanto no seu aspecto cualitativo como cuantitativo.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean a disposición da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro ou conselleira.

Cuarta.-A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra administración, distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso consideraranse afectados por unha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de minusvalidez realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social dos traballadores e traballadoras con discapacidade, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Coa finalidade de difundir o coñecemento do programa as entidades beneficiarias autorizan a Consellería de Traballo e Benestar para difundir as accións desenvolvidas nos proxectos de emprego con apoio e, de ser o caso, para publicar as memorias, estudos, ou outros traballos derivados das accións desenvolvidas nos proxectos.

Sexta.-A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O pagamento das subvencións reguladas nesta orde financiarase con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

Sétima.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2009, as subvencións reguladas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.1 código de proxecto 2009 00996, cun crédito de 100.000 euros; 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016, cun crédito de 100.000 euros; 16.02.322C.481.0, código de proxecto 2009 01074, cun crédito de 25.000 euros; 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01073, cun crédito de 100.000 euros. Estas contías están recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

A distribución inicial de créditos por subvencións é a seguinte:

Subvencións aos promotores de proxectos de emprego con apoio, ao abeiro do artigo 9º desta orde:

Aplicacións orzamentarias	Importe crédito (en euros)
16.02.322C.470.1, código de proxecto 2009 00996	100.000
16.02.322C.470.2, código de proxecto 2009 01016	100.000
16.02.322C.481.0, código de proxecto 2009 01074	25.000
16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01073	20.000

Subvencións para o fomento de novos proxectos de emprego con apoio, ao abeiro do artigo 10º desta orde:

Aplicacións orzamentarias	Importe crédito (en euros)
16.02.322C.481.1, código de proxecto 2009 01073	80.000

De producirse remanentes de crédito na asignación inicial para o financiamento de cada tipo de subvención, procederase á reasignación das contías sobrantes entre os restantes.

Estes créditos poderán ser modificados como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a conferencia sectorial de asuntos laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Ver anexos pdf "65-09.PDF"

Programas de cooperación

66 Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 7, do 12.01.2009, corrección de erros no DOG nº 12, do 19.01.2009, resolución de establecemento de criterios no DOG nº 120, do 22.06.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 124, do 26.06.2009, DOG nº 162, do 19.08.2009, DOG nº 216, do 4.11.2009 e DOG nº 218, do 6.11.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 1 de xaneiro de 1998 e mediante o Decreto 289/1997, ten asumida a transferencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mais o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

A aplicación das políticas activas de emprego segue as Directrices Europeas de Emprego elaboradas pola Comisión Europea co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos xacigos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local donde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Coa implementación destas medidas activas de emprego trátase de articular o establecemento dun conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, a mellora do sector primario, a política industrial e de innovación e o benestar

e a cohesión social, co obxecto de situar a Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis da taxa de emprego; de calidade e estabilidade no emprego; de desemprego; de sinistralidade laboral; de integración laboral da xuventude; de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Así, os programas de cooperación tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen nestes, en coherencia co segundo grande obxectivo fixado para o novo modelo de Servizo Público de Emprego, cal é a mellora das posibilidades de colocación das persoas desempregadas, e estarían incardinadas dentro das actividades previstas no Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia, en concreto nos Programas combinados de formación e emprego, prácticas profesionais e programas de experiencia no ámbito privado.

Porén, a actual situación de dificultades económicas e financeiras, que implica un aumento importante na perda de postos de traballo, demanda unha actuación específica dos poderes públicos que, cando menos intente senón frenar, polo menos paliar ou mitigar os efectos da coxuntura económica nas traballadoras e nos traballadores galegos.

Neste contexto e para dar resposta a esta demanda da sociedade a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, pon en funcionamento O Plan contigo que xira en torno á consecución de catro obxectivos fundamentais:

1. Fomentar o emprego mediante a potenciación do emprendemento e dos incentivos á contratación, atendendo á creación de emprego de calidade e ao tamaño da empresa, especialmente en empresas de menos de dez traballadores;

2. Dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego agudizadas pola coxuntura actual do mercado de traballo en relación coa súa empregabilidade, favorecendo a súa rápida adaptación aos cambios.

3. Facilitar a mobilidade profesional desde os sectores máis castigados pola situación actual a outros con necesidades de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen unha demanda de traballo.

4. Potenciar a competitividade dos nosos sectores estratéxicos e a innovación, especialmente nas pemes e no emprego autónomo.

Este plan contén dez actuacións específicas que abranguen o conxunto de situacións xurdidas no noso mercado laboral ao abeiro da actual coxuntura económica.

Dentro desas dez actuacións previstas, na presente convocatoria, recóllense aquelas dirixidas ás persoas que sexan paradas de longa duración co obxecto de proporcionarlles unha readaptación nos seus hábitos co fin de acadar unha readaptación ao ámbito laboral, o programa reincorpora daráselles unha oportunidade de emprego, a través dos programas de cooperación, de seis meses de duración ás persoas que sexan paradas de longa duración e que se atopan con máis dificultades de inserción.

A outra das actuacións que se recolle nesta orde é o programa de creación de axentes dinamizadores da innovación dependentes das organizacións empresariais, a través da figura dos axentes de emprego.

Tendo en conta o exposto, nesta convocatoria recóllense aquelas liñas de axuda que, integradas nos anteditos programas, se dirixen tanto ás entidades locais como ás administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. Así, a orde estrutúrase en tres capítulos: o capítulo I recolle as disposicións comúns ás distintas liñas de axuda desta orde; o capítulo II, as normas específicas que rexen o outorgamento das subvencións dirixidas ás entidades locais - contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e fomento do desenvolvemento local-; mentres que o capítulo III, dirixido ás administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, recolle aquelas liñas de axuda que se dirixen especificamente a este tipo de entidades -contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e de axentes de emprego e unidades de apoio para a creación de emprego.

Continuando coa práctica de exercicios anteriores mantéñense criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos, establécense, as porcentaxes indicativas dos colectivos preferentes de beneficiarios/as das políticas activas de emprego e priorizaranse aqueles proxectos que xurdan como consecuencia de Pactos Territoriais de Emprego, entendidos como un terceiro ámbito de participación para a planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha área xeográfica determinada, en coherencia co Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Diálogo Social en Galicia, que establece os obxectivos a acadar en materia de emprego, na liña da converxencia coa media do Estado e coa de Europa e as medidas e recursos que se implementarán cara á consecución dos obxectivos.

Nesta orde inclúense medidas tendentes a garantir o cumprimento das disposicións previstas nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ; Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, no relativo á publicación das axudas concedidas.

Cómpre destacar, tamén, que ao longo do texto articulado se recolle o acceso preferente a estes programas das mulleres vítimas de violencia, co que se dá cumprimento ao mandato previsto no artigo 35 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Así mesmo, dáse cumprimento ao establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e priorízanse aqueles servizos que teñan por obxecto o establecemento ou desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade ou outras medidas municipais de concialiación de promoción autonómica, que cumpran as previsións establecidas na precitada Lei.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparen-

cia, obxectividade igualdade e non discriminación na concesión das axudas e tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1º.1 da orde da Consellería de Economía e Facenda, de 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, ao existir crédito axeitado e suficiente no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008.

De conformidade co previsto na citada normativa, o financiamento das axudas previstas no capítulo II desta orde, realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322A.460.0 e 16.02.322A.460.1 (códigos de proxecto 200901010 e 200901013), por un importe global de 32.471.082 e 2.424.423 euros, respectivamente e as previstas no capítulo III financiaranse de igual xeito, con cargo ás aplicacións 16.02.322A.400.0, 16.02.322A.402.0, 16.02.322A.403.0, 16.02.322A.439.0, 16.02.322A.440.0, 16.02.322A.441.0, 16.02.322A.442.0 16.02.322A.443.0, 16.02.322A.444.0, 16.02.322A.445.0 e 16.02.322A.481.1 (códigos de proxecto 200901010 e 200901012), por un importe de 180.000, 50.000, 380.000, 350.000, 320.000, 160.000, 210.000, 885.000, 3.450.000, 300.000 e 18.297.591 euros, respectivamente.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada, e, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

Dispoño:

Capítulo primeiro

Disposicións comúns

Artigo 1º.-Obxecto e financiamento.

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva como a execución dos programas de axudas da Consellería de Traballo sinalados nos parágrafos seguintes, que baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais, administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

2. No ámbito dos programas de cooperación con entidades locais establécense subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

3. No ámbito dos programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro establécense as seguintes liñas de axuda:

a) Subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

b) Subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.

4. O financiamento destes programas efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, a través dos créditos consignados nas aplicacións 16.02.322A.400.0, 16.02.322A.402.0, 16.02.322A.403.0, 16.02.322A.439.0, 16.02.322A.440.0, 16.02.322A.441.0, 16.02.322A.442.0 16.02.322A.443.0, 16.02.322A.444.0, 16.02.322A.445.0 , 16.02.322A.460.0 16.02.322A.460.1 e 16.02.322A.481.1, polos importes globais de 180.000, 50.000, 380.000, 350.000, 320.000, 160.000, 210.000, 885.000, 3.450.000, 300.000, 32.471.082, 2.424.423 e 18.297.591 euros, respectivamente.

5. A distribución de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas no capítulo II desta orde será directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2004-2008 e inversamente coa evolución da poboación no citado período.

6. As axudas concedidas ao abeiro desta orde, poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, agás as previstas na Sección Segunda do Capítulo III, debéndose someter as entidades ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo Regulamento da comisión (CE) número 1828/2006, do 8 de decembro.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas no capítulo II da presente orde, as entidades locais ou entidades públicas dependendentes ou vinculadas a unha Administración local que dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

2. Poderán ser beneficiarios/as das axudas e subvencións previstas no capítulo III da presente orde, os órganos, organismos, entidades e sociedades públicas dependentes ou vinculadas ás administracións públicas distintas da local e as universidades, así como as entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de recoñecida solvencia e capacidade técnica e de xestión suficientes para a correcta execución dos correspondentes proxectos.

En ningún caso serán obxecto de subvención aquelas solicitudes de subvención presentadas polas entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de executar obras.

3. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Presentación de solicitudes e procedemento.

1. As solicitudes cubriranse no modelo oficial que figuran como anexos I desta orde, que para todos os efectos se entenderán como parte integrante desta, e se dirixirán aos órganos competentes para

a súa resolución de conformidade co disposto no artigo 4º.1, podendo presentarse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e das súas delegacións provinciais, así como en calquera outro rexistro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado, dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan subscrito o oportuno Convenio (Portelo Único) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta orde, poden atoparse na web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego Axudas e Subvencións.

2. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I a entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Consellería de Economía e Facenda.

3. O último día hábil para a presentación de solicitudes será o 15 de febreiro, agás as solicitudes de axudas e subvencións para a contratación de mulleres vítimas de violencia, que poderán presentarse ao longo de todo o ano.

4. As solicitudes, que en todo caso deberán ser subscritas pola persoa titular ou representante legal da entidade beneficiaria, coa debida acreditación, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

I. Axudas reguladas no capítulo II. Programas de cooperación con entidades locais:

a) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

b) Ficha de transferencia bancaria debidamente asinada polo representante da entidade solicitante e da entidade bancaria, no modelo que se publica como anexo VI.

c) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, no modelo que se publica como anexo VII.

d) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no modelo que se publica como anexo VIII.

e) Certificación do secretario ou secretaria da entidade local na que consten os seguintes extremos:

- A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.
- A aprobación da solicitude de subvención.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela.
- As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial do Convenio colectivo que resulte de aplicación, segundo o modelo que se publica como anexo III.

f) Memoria explicativa, redactada polo/a axente de emprego e desenvolvemento local da entidade local, se o hai, na que necesariamente debe figurar:

- -Un estudo actualizado da estrutura do paro por colectivos do seu ámbito territorial.
- -A vinculación dos programas de cooperación solicitados coa estrutura do paro do ámbito territorial, cos colectivos aos que van dirixidos e cos recursos e potencialidades da zona, apuntando os aspectos positivos que, previsiblemente, terá a posta en práctica dos programas no desenvolvemento económico e social do territorio.

g) Unha memoria de cada obra ou servizo, no modelo que se publica como anexo II, xunto co proxecto e planos cando o tipo de obra así o exixa.

II. Axudas reguladas no capítulo III. Programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro:

A) Documentación común:

a) Acreditación da representación que desempeña a persoa que asina a solicitude, fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade e, no caso de entidades sen ánimo de lucro, ademais fotocopia compulsada da documentación do apoderamento.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

c) Fotocopia compulsada da escritura pública e/ou dos estatutos de constitución da entidade solicitante nos que resulte acreditada a ausencia de ánimo de lucro, para os supostos en que tivese esa natureza.

d) Ficha de transferencia bancaria, debidamente asinada polo representante da entidade solicitante e da entidade bancaria no modelo que se publica como anexo VI.

e) Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, no modelo que se publica como anexo VII.

f) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no modelo que se publica como anexo VIII.

B) Documentación específica:

B.1) Sección I. Contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as:

a) Unha memoria de cada obra ou servizo que se vai realizar, no modelo que se publica como anexo II, acompañada do proxecto e planos cando o tipo de obra así o exixa.

b) Un certificado dos custos salariais dos traballadores que se pretenden contratar para a realización do proxecto para o que se solicita a subvención, axustándose ao modelo que se publica como anexo III.

B.2) Sección II. Contratación de axentes de emprego e unidades de apoio: unha memoria, no modelo que se publica como anexo IV e/ou V, segundo proceda, fundamentando a solicitude, incluíndo unha descrición dos obxectivos perseguidos coa contratación, as tarefas que teña que desempeñar o/a axente de emprego e, se é o caso, a composición e funcións que vai desempeñar a unidade de apoio.

5. Cando os documentos exixidos nos puntos I.a) e II.A) a), b) e c) do artigo 3.4, xa estivesen en poder da Dirección Xeral de Promoción do Emprego e non se producisen modificacións no seu contido, a entidade solicitante, poderá acollerse ao establecido na epígrafe f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar esta circunstancia especificando o ano en que remitise a dita documentación o número de expediente correspondente, e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

6. Se do exame do expediente se compróbase que non reúne os requisitos necesarios ou non achega a totalidade da documentación exixida, requiriráse á entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, terase por desistida a súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

Artigo 4º.-Competencia e resolución.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

a) Aos delegados e ás delegadas provinciais as previstas no capítulo II refiradas á contratación, por parte das entidades locais, de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia.

b) Ao director xeral de Promoción do Emprego as previstas no capítulo III refiradas á contratación, por parte de administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, de traballadores e traballadoras desempregados/as, mulleres vítimas de violencia, axentes de emprego e unidades de apoio.

2. O procedemento de concesión de axudas será o de concorrencia competitiva.

3. O órgano instrutor dos expedientes será o servizo competente en materia de emprego da respectiva delegación provincial ou da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, segundo o ámbito de competencia establecido no parágrafo primeiro.

4. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta, nun acto único, proceda a súa avaliación e informe, en que se concretará o resultado da avaliación efectuada á totalidade dos expedientes, tendo en conta que as resolucións se poderán tramitar en diversas fases, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Aqueles expedientes dos que nas primeiras fases non se formule proposta de resolución favorable á súa aprobación, non se considerarán desestimados e teranse en consideración polo órgano instrutor en futuras propostas de concesión de conformidade co informe da Comisión de Valoración.

Para estes efectos a Comisión de Valoración estará composta por:

a) Axudas reguladas no capítulo II, polo secretario ou a secretaria provincial da respectiva delegación, que a presidirá e, como vogais, o xefe ou a xefa de servizo de Promoción do Emprego e un xefe ou unha xefa de sección do dito servizo, que actuará como secretario ou secretaria.

b) Axudas reguladas no capítulo III desta orde, polo subdirector xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, que a presidirá e, como vogais a xefa de servizo de Programas de Cooperación e un funcionario ou unha funcionaria do dito servizo, que actuará como secretario ou secretaria.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algúnha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se designe polo órgano competente para resolver.

5. O órgano instrutor elevará o informe da Comisión de Valoración xunto coa proposta de resolución ao delegado/a provincial ou director xeral de Promoción do Emprego, segundo proceda, quen resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada.

6. O prazo de resolución será de seis meses contados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Se no prazo indicado non existe resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. A resolución pola que se conceda a subvención determinará, como mínimo, a denominación do proxecto aprobado, se é o caso, a referencia á porcentaxe de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, a data de inicio, o tempo de realización da obra ou servizo, a contía da subvención que se vai outorgar, e demais requisitos exixibles para a súa percepción e seguemento.

8. A determinación da contía da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica das beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia que reúnan os requisitos para percibilo, realizarase mediante resolución complementaria do órgano competente segundo o disposto polo punto primeiro deste artigo.

9. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade

co disposto no artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para quen solicite e outras persoas ou entidades posibles interesadas, a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Nos casos en que proceda o requirimento regulado nos tres primeiros puntos do artigo 44º da devandita lei, o prazo contarase desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso ou se entenda presuntamente rexeitado.

10. Os incrementos de crédito, así coma o crédito liberado polas renuncias ou revogacións das subvencións outorgadas, destinarase á concesión de subvencións, se é o caso, para a contratación de mulleres vítimas de violencia solicitadas con posterioridade ao remate do prazo sinalado no artigo 3.3º, sempre que se cumpran as condicións previstas na disposición adicional cuarta, e daquelas obras e servizos que, por insuficiencia de crédito, non chegaron a obter subvención.

11. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Consellería de Traballo e no rexistros de Subvencións de acordo co disposto na Lei xeral de subvencións, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 6º.-Xustificación e pagamento.

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación, nos prazos que se indican, da seguinte documentación:

1. Para o caso da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, polas entidades locais e polos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio:

   a) Orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo, na modalidade de contrato de duración determinada de interese social, agás no caso de axentes de emprego e unidades de apoio, en que poderá utilizarse a modalidade contractual máis axeitada, formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego.

   b) Orixinais ou copias compulsadas dos partes de alta na Seguridade Social.

   c) Un certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego, punto axudas e subvencións - enlaces relacionados, no que conste a formulación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador desta e a relación nominal dos traballadores e traballadoras desempregados/as facilitados/as por aquel, así como das persoas candidatas finalmente seleccionadas e contratadas. No caso de nova contratación de axentes de emprego ou unidades de apoio, non será necesaria a certificación dado que se realizará previamente o trámite de viabilidade establecido no artigo 25 desta orde.

   d) Certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego, apartado "axudas e subvencións - enlaces relacionados, no que consten as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social.

   e) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego epígrafe axudas e subvencións - enlaces relacionados.

   f) Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización, nos termos sinalados no artigo 7.2º b) facendo mención expresa ao cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

   O prazo para remitir a documentación exixida será dun mes desde a data de inicio efectivo da obra ou servizo, agás autorización expresa de ampliación do mesmo polo órgano competente para resolver, logo de solicitude motivada da entidade beneficiaria, en todo caso, antes do 1 de decembro de 2009.

2. O aboamento da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica das traballadoras contratadas beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, farase efectivo unha vez comprobado que reúnen os requisitos para acceder a el e ditada a correspondente resolución complementaria de concesión de subvención, logo de fiscalización da proposta pola respectiva intervención.

Artigo 7º.-Incompatibilidades e obrigas dos/as beneficiarios/as. Revogación.

1. Con carácter xeral, o importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

2. As entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde estarán

obrigadas a:

a) Para efectos do cumprimento do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, no prazo de dous meses desde o remate da obra ou servizo, remitirlle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego ou á delegación provincial da Consellería de Traballo, segundo proceda, a seguinte documentación:

- Unha memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polos traballadores e traballadoras contratados/as. No caso da contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, a memoria que será descritiva das actividades realizadas por estes, remitirase polas entidades beneficiarias, ao remate do período subvencionado.

- Un certificado de fin de obra ou servizo segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego punto axudas e subvencións - enlaces relacionados.

- Copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores e traballadoras que se contraten e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2), así como os documentos bancarios correspondentes (extractos ou cargos bancarios) e mais o resumo anual de retencións sobre os rendementos do traballo (modelo 190 IRPF).

b) Para efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as obras ou servizos, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego na web web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de Emprego, no que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo e polo Fondo Social Europeo, se é o caso.

c) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Realizar, cando proceda e por requirimento dos órganos competentes da Consellería de Traballo, unha valoración do nivel de competencia profesional, así como un informe global no que se describan tanto os puntos fortes como as carencias dos mozos e mozas demandantes de emprego sen titulación de tipo profesional que se incorporen ao mercado de traballo a través dos programas regulados nesta orde.

e) Acreditar ante a Consellería de Traballo a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou desfrute da axuda.

f) Sometemento ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Traballo e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas e ás que poidan corresponder, se é o caso, á Comisión e ao Tribunal de Contas Europeo.

g) Comunicarlle á Consellería de Traballo a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.

h) Cando proceda, satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que se deriven do funcionamento das obras ou servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

i) Comunicarlle á Consellería de Traballo aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as traballadoras e traballadores contratados, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

j) Cumprir as demais obrigas que se poidan derivar destas bases e das resolucións e instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

3. O incumprimento total ou parcial de calquera das obrigas, condicións ou finalidades establecidas nesta orde orixinará, á vista da natureza e causas do incumprimento, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 8º.-Colectivos prioritarios.

O colectivo prioritario para o presente exercicio serán persoas paradas de longa duración co obxecto de proporcionarlles unha readaptación nos seus hábitos á fin de acadar unha readaptación ao ámbito laboral e, con carácter orientativo e, na medida en que o permita o paulatino establecemento dos itinerarios de inserción profesional, que permitan relacionar a persoas demandantes coas respectivas medidas e programas, de acordo coa finalidade de cada medida establecerase unha orde de preferencia coa seguinte proporción:

a) As mulleres deberán supoñer, no seu conxunto, cando menos, o 62% das persoas beneficiarias.

b) As persoas demandantes de primeiro emprego serán un 22%, das que serán mulleres o 55%.

c) Os e as demandantes sen formación de tipo profesional serán o 78% das persoas beneficiarias, das que serán mulleres o 59%.

Capítulo segundo

Programas de cooperación con entidades locais

Das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Artigo 9º.-Definición.

Este programa ten por obxecto o fomento do emprego, no ámbito da colaboración coas entidades locais, a través da subvención da contratación, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, de traballadores e traballadoras desempregados/as e de mulleres vítimas de violencia.

Artigo 10º.-Contía.

1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será:

a) Para efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada traballador ou traballadora desempregado/a contratado/a. En ningún caso será subvencionable o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores.

b) Para efectos de incentivo á mobilidade xeográfica, será de 180 mensuais por cada beneficiaria do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia contratada que reúna os requisitos para percibilo.

2. A contía da subvención prevista na letra a) do punto anterior, reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

Artigo 11º.-Requisitos e criterios para a selección das obras ou servizos.

1. As obras ou servizos que se van realizar deberán ser de interese xeral e social e competencia das entidades locais e cumprir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polas empresas ás que se adxudique a súa execución.

b) Que na súa execución ou prestación se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.

c) Que a porcentaxe mínima de traballadores e traballadoras desempregados/as que se vaian ocupar na realización da obra ou servizo sexa do 75 por 100.

d) Que a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos.

2. De entre as obras e servizos que cumpran os anteditos requisitos farase unha selección ao obxecto de outorgarlle as correspondentes subvencións, dándolles preferencia aos proxectos que:

a) Se axusten ás características das persoas demandantes de emprego do territorio e teñan en conta, se é o caso, os seus itinerarios de inserción. Ata 10 puntos.

b) A elaboración do seu contido e posterior desenvolvemento conten coa participación dos axentes económicos e sociais con presencia no territorio, ou cando estivesen vinculados ou xurdisen en aplicación dun pacto territorial de emprego. Ata 10 puntos.

c) Sendo de maior interese xeral e social, se realicen preferentemente nalgunha das seguintes actividades relacionadas cos novos xacigos de emprego. Ata 10 puntos:

1. Servizos de utilidade colectiva, tales como mellora da vivenda, vixilancia e seguridade, revalorización de espazos públicos urbanos, transportes colectivos, comercios de proximidade, así como actividades que afecten a xestión de residuos, xestión de augas, protección e mantemento de zonas naturais, así como aquelas que incidan, directa ou indirectamente, no control da enerxía.

2. Servizos de ocio ou culturais, tales como promoción do turismo, desenvolvemento cultural local, promoción do deporte e sector audiovisual.

3. Servizos personalizados de carácter cotián, tales como coidado de nenos e nenas, prestación de axuda a domicilio a persoas con discapacidade ou maiores, axuda a familias e mozos en dificultade e/ou con desarraigamento social.

d) Establezan servizos dirixidos as persoas xoves e ás mulleres, tendentes a favorecer a súa participación social e laboral. Ata 10 puntos.

e) Teñan por obxecto o establecemento ou desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade ou outras medidas municipais de concialiación de promoción autonómica, que cumpran as previsións establecidas na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e no Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamiento. Ata 10 puntos.

f) Vaian dirixidos á contratación, durante un período de seis meses, de persoas traballadoras desempregadas paradas de longa duración. Ata 10 puntos.

g) Vaian dirixidos á contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as pertencentes a algún dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Ata 10 puntos. Cando vaian dirixidos á contratación de mulleres, a dita puntuación incrementarase en 5 puntos, e en 10 puntos cando estas sexan vítimas de violencia.

h) Aos proxectos que na súa realización permitan e apoien a creación permanente de maior número de postos de traballo estables. Ata 10 puntos.

i) Aos proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores e traballadoras á entidade local á finalización do proxecto ou no prazo que se acorde entre a entidade beneficiaria e o órgano competente para resolver, ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral que, sendo obxectivable, este considere suficiente. Ata 10 puntos.

j) Aos proxectos que conten, se é o caso, co financiamento das entidades solicitantes para realizar accións complementarias que melloren a eficacia deste programa. Para estes efectos terase en conta o esforzo investidor para cada suposto. Ata 10 puntos.

k) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 5 puntos.

3. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 115 puntos, co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Artigo 12º.-Selección dos traballadores e das traballadoras.

1. Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

   Con carácter xeral, os traballadores e traballadoras que, no marco dos programas previstos nesta orde, fosen contratados por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos contados desde o remate do último contrato subvencionado no dito marco.

2. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e traballadoras desempregados/as que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina de emprego correspondente, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

   A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no parágrafo seguinte.

3. Recibida a oferta realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas, tendo preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, polo seguinte orde de preferencia:

   1º.-Persoas discapacitadas e pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

   2º.-Demandantes que teñan incluída no seu itinerario personalizado de inserción a realización dunha acción de adquisición de experiencia profesional que sexan parados/as de longa duración.

   3º.-Mulleres, mozos e homes, por esta orde, parado/as de longa duración.

   4º.-Demandantes que teñan incluída no seu itinerario personalizado de inserción a realización dunha acción de adquisición de experiencia profesional.

   5º.-Mulleres, mozos e homes, por esta orde, que non teñan a condición de parados/as de longa duración.

4. Así mesmo, teranse en conta os seguintes criterios:

   a) O nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.

   b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

5. Excepcionalmente e logo de autorización expresa da delegación provincial, poderán utilizarse ofertas especiais, cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia.

6. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Artigo 13º.-Contratación dos traballadores e traballadoras.

1. Efectuada a selección dos traballadores e traballadoras desempregados/as, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2009, nos termos expresados na resolución de concesión.

2. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as, comunicaránselle á oficina de emprego correspondente coa indicación de programas de cooperación Xunta de Galicia-Entidades locais.

Artigo 14º.-Inicio das obras ou servizos.

1. Con carácter xeral, a obra ou servizo iniciarase no prazo dun mes, contado a partir da data de inicio prevista na resolución, tendo en conta o prazo máximo para a remisión da documentación xustificativa previsto no artigo 6º.

2. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, o delegado ou a delegada provincial da Consellería de Traballo poderá autorizar o inicio da obra ou servizo con posterioridade ao devandito prazo, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria, tendo en conta os límites establecidos no parágrafo primeiro do artigo anterior.

Capítulo terceiro

Programas de Cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Sección I

Das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Artigo 15º.-Definición.

O presente programa ten por obxecto o fomento do emprego, no ámbito da colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, a través da subvención, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e de mulleres vítimas de violencia.

Artigo 16º.-Contía.

1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será:

a) Para efectos salariais, a equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos traballadores e das traballadoras que se van contratar nos termos previstos nos seguintes puntos.

b) Para efectos de incentivo á mobilidade xeográfica, será de 180 mensuais por cada beneficiaria do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia contratada que reúna os requisitos para percibilo.

2. A contía máxima da subvención que percibirán para efectos salariais as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de traballadores e traballadoras desempregados/as contratados/as polo número de meses de duración do contrato e polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social do traballador ou traballadora que se contrate, conforme o establecido no parágrafo seguinte, ou a cantidade prevista no convenio colectivo que resulte de aplicación de ser esta inferior. En ningún caso será subvencionable o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores.

3. A citada contía máxima reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

4. Os módulos correspondentes a cada grupo de cotización das persoas traballadoras contratadas serán os seguintes:

Módulo A: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM- e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada nos grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11.

Módulo B: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, mais a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM- e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 9 ao 5, ambos inclusive.

Módulo C: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM- e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 4 ó 1, ambos inclusive.

Artigo 17º.-Requisitos e criterios para a selección das obras ou servizos.

1. As obras ou servizos que se van realizar deberán ser de interese xeral e social e deberán cumplir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executados ou prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.

b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.

2. De entre as obras e servizos que cumpran os anteditos requisitos, farase unha selección dando maior preferencia aos proxectos que:

a) Sexan de maior interese xeral e social. Ata 10 puntos.

b) Acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores e das traballadoras á entidade beneficiaria á finalización do proxecto ou no prazo que se acorde entre a entidade beneficiaria e o órgano competente para resolver ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral que, sendo obxectivable, este considere suficiente. Ata 10 puntos.

c) Teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución a outros organismos ou entidades do contorno, así como aos actores sociais presentes no territorio, ou xurdan en aplicación dun pacto territorial de emprego. Ata 10 puntos.

d) Correspondan a entidades cunha mellor valoración en relación ás actuacións levadas a cabo ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores. Ata 10 puntos.

e) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 3 puntos.

3. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 43 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Artigo 18º.-Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras.

1. Os traballadores e as traballadoras que sexan contratados/as para a realización das obras e servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Con carácter xeral, os traballadores e traballadoras que, no marco dos programas previstos nesta orde, foran contratados por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos contados desde o remate do último contrato subvencionado no dito marco.

2. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego e da resolución e anexos de concesión de subvención nas oficinas de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non

responda aos criterios preferenciais establecidos no parágrafo seguinte.

3. Recibida a oferta realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas, tendo preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego, demandantes con máis de seis meses en desemprego ou aqueles e aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas en paro de longa duración.

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución como medio de vida.

Así mesmo, teranse en conta os seguintes criterios:

a) O nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

4. Excepcionalmente e, logo de autorización expresa da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán utilizarse ofertas especiais cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia.

5. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Artigo 19º.-Contratación dos traballadores e traballadoras.

1. Efectuada a selección dos traballadores e traballadoras na forma prevista no artigo anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2009, nos termos expresados na resolución de concesión.

2. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as comunicaránselle á oficina de emprego correspondente coa indicación de programas de cooperación Xunta de Galicia-Outras administracións ou entidades.

Artigo 20º.-Inicio das obras ou servizos.

1. Con carácter xeral, a obra ou servizo iniciarase dentro do prazo máximo previsto na resolución de concesión.

2. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, o director xeral de Promoción do Emprego poderá autorizar o inicio das obras ou servizos con posterioridade ao devandito prazo, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

Sección II

Das subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.

Artigo 21º.-Definición.

1. Este programa ten por obxecto o fomento do emprego a través da concesión de axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

2. Os e as axentes de emprego na súa colaboración na implantación das políticas activas de emprego realizarán, entre outras, as seguintes funcións:

a) Xestionar axudas para favorecer o emprego, centrándose sobre todo naqueles colectivos con maiores dificultades á hora de conseguir emprego.

b) Informar as empresas dos instrumentos de promoción e fomento da competitividade empresarial dispoñibles, así como facilitar o seu acceso a estes.

c) Promover a cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais e apoiando novos proxectos de autoemprego individual ou colectivo informando das medidas de apoio existentes e poñendo en relación persoas emprendedoras e recursos.

d) Comunicar a empresas e persoas emprendedoras as subvencións para a formación e o emprego, así como facilitar o acceso a estas.

e) Facilitar a inserción laboral das persoas demandantes de emprego, en especial das participantes en políticas activas de emprego, identificando as necesidades de persoal das empresas a curto e medio prazo e propoñendo accións de mellora da empregabilidade da poboación desempregada.

f) Observación estratéxica do territorio e realización de estudos co fin de detectar necesidades formativas e educativas da poboación desempregada.

g) Contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do territorio mediante:

- -A prospección de recursos ociosos ou infrautilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.
- -A difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividade entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras.
- -O acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresa-

riais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

- -O apoio aos promotores e ás promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

3. Para o adecuado exercicio das súas funcións e actividades os e as axentes de emprego poderán contar coa axuda e asistencia de unidades de apoio que, compostas polo persoal necesario, serán coordinadas por aqueles/as.

4. A concesión e desfrute destas axudas para a contratación de axentes de emprego ou unidades de apoio non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

Artigo 22º.-Contía.

1. A subvención que percibirán as entidades beneficiarias será a equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos e das axentes de emprego e unidades de apoio que se van a contratar, nos termos expresados no parágrafo seguinte.

2. A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de traballadores e traballadoras desempregados/as que se contraten polo número de meses e polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social da persoa traballadora contratada, conforme o establecido no artigo 16.4º.

Artigo 23º.-Criterios de valoración.

1. Para efectuar a selección das entidades beneficiarias e das axudas a conceder, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios de preferencia:

a) As prórrogas de subvencións concedidas en exercicios anteriores. Ata 10 puntos.

b) Os proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, mediante a contratación indefinida dos/as técnicos/as. Ata 10 puntos.

c) Os proxectos que teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución a outros organismos ou entidades do contorno, así como aos axentes sociais presentes no territorio. Ata 10 puntos.

d) A valoración das actuacións levadas a cabo por ditas entidades, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores. Ata 10 puntos.

e) Os proxectos que, na súa realización, permitan e apoien a creación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas, sempre que dean resposta ao establecido nos apartados b) e c) deste artigo. Ata 10 puntos.

f) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 3 puntos.

2. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 53 puntos, co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Artigo 24º.-Selección dos/as axentes de emprego e dos/as integrantes das unidades de apoio.

1. A selección dos/as axentes de emprego e dos/as traballadores e traballadoras que formen parte da unidade de apoio corresponderalle á entidade beneficiaria da subvención, logo da presentación da correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego.

2. Para seren contratadas como axentes de emprego ou persoal integrante das unidades de apoio, cando proceda, as persoas candidatas deberán figurar como demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e, no caso dos e das axentes de emprego deberán, necesariamente, ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo universitario.

Artigo 25º.-Contratación.

1. Unha vez seleccionada a persoa candidata, se é o caso, e, necesariamente antes de proceder á súa contratación, as entidades beneficiarias deberán remitirlle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos previstos no artigo anterior, un certificado do órgano competente da entidade beneficiaria no que conste a formulación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador da mesma e a persoa candidata finalmente seleccionada de entre as remitidas por aquel.

2. En caso de que a persoa candidata seleccionada non cumprise os requisitos exixidos, a entidade beneficiaria poderá presentar unha nova persoa candidata no prazo máximo de 15 días na forma prevista no parágrafo anterior.

3. Comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego comunicarao á entidade beneficiaria que procederá á súa contratación antes do 1 de novembro de 2009.

4. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e as traballadoras seleccionados/as comunicaranse á oficina de emprego correspondente coa indicación de Programas de Cooperación Xunta de Galicia-outras administracións ou entidades.

Artigo 26º.-Prórroga da subvención.

1. As entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta sección ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007, poderán solicitar á Consellería de Traballo a prórroga da subvención concedida por cada axente contratado/a e/ou unidade de apoio, que competirán en réxime de concorrencia competitiva coas solicitudes novas, sempre que se dean simultaneamente as seguintes circunstancias:

a) Que o remate do período subvencionado se produza dentro do ano 2009 e,

b) Que non se interrompa a contratación dos/as axentes contratados, así como a prestación de servizos.

2. A solicitude e a documentación prevista no artigo 3 deberá ir acompañada, neste caso ademais, dunha memoria das actividades desenvolvidas especificando os obxectivos a levar a cabo no período para o que se solicita a prórroga e o tempo estimado da súa execución (anexo V).

3. A resolución que, se é o caso, aprobe a concesión da prórroga poderá ter efectos retroactivos, sempre que se den as circunstancias establecidas no parágrafo primero.

Artigo 27º.-Publicidade.

1. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realice o servizo, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, no modelo normalizado establecido no Manual de Identidade Corporativa da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, publicado na web institucional da Xunta de Galicia páxina de emprego, no que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo.

2. Para os efectos de ofrecer unha imaxe unificada e global da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, cara aos usuarios e ás usuarias dos seus servizos en toda a Comunidade Autónoma, que permita unha mellor e máis rápida identificiación destes, deberá utilizarse o conxunto de normas gráficas recollidas no Manual de Identidade Corporativa da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, para a utilización do logotipo da Rede, nos distintos elementos de comunicación, o que redundará nunha maior calidade das prestacións desenvolvidas polos e polas axentes.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta Orde estará supeditada á existencia de crédito orzamentario nas aplicacións 16.02.322A.400.0, 16.02.322A.402.0, 16.02.322A.403.0, 16.02.322A.439.0, 16.02.322A.440.0, 16.02.322A.442.0, 16.02.322A.443.0, 16.02.322A.444.0, 16.02.322A.445.0, 16.02.322A.460.0 16.02.322A.460.1 e 16.02.322A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As entidades sinaladas no artigo 2.2º desta orde poderán obter a concesión das referidas axudas e subvencións, logo da existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias que, polo carácter das ditas entidades, corresponda. Para tales fins, se é o caso, realizaranse as oportunas modificacións orzamentarias.

Segunda.-As axudas concedidas ao abeiro desta orde, poderán ser obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego PO 2007 ES 05U PO 001, imputable ao novo período de programación dos fondos estructurais 2007-2013.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados e nas delegadas provinciais e no director xeral de Promoción do Emprego, nos ámbitos competenciais respectivos, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaldas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-As solicitudes de subvención para a contratación de mulleres vítimas de violencia non estarán suxeitas ao prazo de presentación previsto no artigo 3.3º e terán sempre unha duración de doce meses, debendo iniciarse dentro do exercicio 2009.

En todo caso, as solicitudes presentadas unha vez rematado o citado prazo, estarán supeditadas á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e á existencia de mulleres vítimas de violencia cuxa contratación deba realizarse no ámbito territorial da solicitante.

Quinta.-Por resolución do director xeral de Promoción do Emprego poderanse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir-los obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Dialogo Social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Sexta.-Para os efectos do disposto no artigo 3.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción do Emprego para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instruccións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "66-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.

Advertido erro na citada orde, publicada no Diario Oficial de Galicia, do luns 12 de xaneiro de 2008, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 631, punto 3 do artigo 3º, onde di:

«O último día hábil para a presentación de solicitudes será o 15 de febreiro...»,

debe dicir:

«O último día hábil para a presentación de solicitudes será o 16 de febreiro...».

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas de cooperación e dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios.

As ordes do 29 e 30 de decembro de 2008 da actual Consellería de Traballo e Benestar establecen, respectivamente, as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As disposicións adicionais quinta e sétima, respectivamente, das ditas ordes establecen que por resolución do director xeral de Promoción do Emprego se poderán establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do dialogo social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia e as demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Pola súa banda, a exposición de motivos da Orde do 29 de decembro, de programas de cooperación, establece como un dos seus obxectivos facilitar a mobilidade profesional desde os sectores máis castigados pola situación actual a outros con necesidades de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen unha demanda de traballo, polo que, de acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), entidade que representa a todas as entidades locais que van contratar os traballadores e traballadoras desempregados, cómpre orientar a súa contratación naqueles programas e medidas pendentes de resolución cara a actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral.

Así, ante a grave situación actual do desemprego, debemos reforzar de maneira inmediata a protección dos traballadores desempregados afectados que consumisen xa as prestacións e subsidios por desemprego, de tal maneira que os ámbitos de actividade a través dos cales se desenvolven as accións de colaboración entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e organismos públicos ou entidades sen ánimo de lucro, sexan os máis susceptibles de xerar posibilidades de colocación para estes desempregados.

Coa finalidade de achegar a xestión dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego ao cumprimento dos obxectivos expostos; de mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego a través de contratos de traballo de entre 6 e 9 meses que lles facilite unha práctica profesional adecuada para a súa reinserción laboral, e no uso das facultades atribuídas nas disposicións derradeira primeira das anteditas ordes dítase as seguintes

Instrucións:

Primeira.-No marco dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego regulados nas ordes de 29 e 30 de decembro de 2008, respectivamente, e, para os efectos da selección dos traballadores e das traballadoras desempregados/as para participar nas accións previstas neles, considerararanse como colectivo prioritario, para este exercicio, as persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito.

Segunda.-A contratación dos traballadores e traballadoras desempregados naqueles programas e medidas pendentes de resolución realizarase en actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral, entre as cales estarán as dirixidas á prestación de servizos relacionados con:

a) Servizos ambientais, de medidas forestais e de ámbito rural.

b) Servizos sociais, educativos e relacionadas coa muller.

c) Servizos relacionados coa cultura, o turismo e o deporte.

d) Servizos de protección civil, seguridade e outras obras.

e) Servizos administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Orde do 24 de xuño de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 29 de decembro de 2008 (DOG nº 76, do 12 de xaneiro de 2009) establece que os créditos que financian as axudas previstas nelas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da

asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan en que están implicadas diversas consellerías, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquirir unha experiencia profesional e obter un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de transferencias de créditos, cómpre realizar unha primeira ampliación por un importe superior a 13,1 millóns de euros dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 de acordo coa seguinte desagregación:

a) Capítulo segundo (programas de cooperación con entidades locais- das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.02.322A.460.0: polo importe de 3.244.707,33 euros no código proxecto 2009 01 010.

16.02.322A.460.1: polo importe de 5.855.965,21 euros no código proxecto 2009 01 013.

b) Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.02.322A.481.1: polo importe de 2.000.000 euros código de proxecto 2009 01 010.

16.02.322A.481.1: polo importe de 2.000.000 euros código de proxecto 2009 01 012.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2009.

Orde do 13 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 29 de decembro de 2008 (DOG nº 7, do 12 de xaneiro de 2009) establece que os créditos que financian as axudas previstas nelas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan en que están implicadas diversas consellerías, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como por darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar

as súas competencias, e ao mesmo tempo adquirir unha experiencia profesional e obter un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de remanentes doutras convocatorias, incorporacións e ampliacións de créditos, cómpre realizar unha segunda ampliación por un importe superior a 20,2 millóns de euros dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 de acordo coa seguinte desagregación:

a) Capítulo segundo (programas de cooperación con entidades locais-das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.460.3: polo importe de 4.139.718,69 proxecto 2006 00 481 modalidade 3010.

48.04.322A.460.0: polo importe de 4.989.749 proxecto 2009 01 013 modalidade 1010.

b) Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.481.1: polo importe de 11.100.000 proxecto 2009 01 012 modalidade 1010.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2009.

Orde do 28 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 29 de decembro de 2008 (DOG nº 7, do 12 de xaneiro de 2009) establece que os créditos que financian as axudas previstas nelas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan en que están implicadas diversas consellerías, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como por darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquiriren unha experiencia profesional e obteñen un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias.

En consecuencia, como existen dotacións que poden ser utilizadas para o programa de contratación de traballadoras e traballadores desempregados en colaboración con entidades distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro procedentes de remanentes doutras convocatorias e de incorporacións de créditos, cómpre realizar unha terceira ampliación de case medio millón de euros dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 de acordo coa seguinte desagregación:

Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.403.0: polo importe de 17.753,40 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.440.0: polo importe de 666,72 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.441.0: polo importe de 139,08 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.443.0: polo importe de 26.433,72 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.481.1: polo importe de 105.245,79 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.481.2: polo importe de 327.769,79 € proxecto 2006 00 481 modalidade 3011.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009.

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas nas ordes da Consellería de Traballo do 29 de decembro e do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen, respectivamente, as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e dos programas de cooperación.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo. Neste sentido, a Xunta de Galicia ten posto en marcha un plan de choque contra a crise no cal están implicadas diversas consellerías e no cal a de Traballo e Benestar se compromete a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquirir unha experiencia profesional, e para que obteñan un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias, polo que se destina un importe adicional de 3 millóns de euros para os programas mixtos de formación e emprego.

Dado que ambas as ordes establecen que os importes fixados nas aplicacións previstas nelas poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se puidesen establecer na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou nas disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e que se autorizaron os correspondentes expedientes de incorporación e de xeración de créditos de fondos finalistas que afectan os importes das citadas aplicacións, procede darlles a oportuna publicidade, en cumprimento do disposto nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, na sección I do capítulo terceiro, Programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, nunha contía de 26.006,28 na aplicación 48.04.322A.442.0, código de proxecto 2009 01 010.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na precitada Orde do 29 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, código de proxecto 2009 01 010:

48.04.322A.403.0 increméntase nun importe de 184.542,82 €.

48.04.322A.442.0 increméntase nun importe de 115.203,09 € .

Artigo 2º

1. Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de

emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento nunha contía de 3.163.229,95 na aplicación 48.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na precitada Orde do 30 de decembro de 2008, código de proxecto 2001 14 440, na aplicación 48.04.322A.441.1, incrementándose nun importe de 506.812,55 €.

Artigo 3º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

67 Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009.

(DOG nº 182, do 16.09.2009).

Desde o 1 de xaneiro de 1998 a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumida, mediante o Decreto 289/1997, a transferencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, que recolle, entre outras materias obxecto de traspaso, as subvencións reguladas pola orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 15 de xullo de 1999 (modificada pola Orde do 27 de decembro de 1999, a Orde TAS/49/2005, do 14 de xaneiro, e a Orde TAS/360/2008, do 6 de febreiro), pola que se establecen as bases de concesión de subvencións públicas para o fomento do desenvolvemento local e impulso dos proxectos e empresas cualificadas como I+E.

A través dos decretos 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e mais o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, esta asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

A aplicación das políticas activas de emprego segue as directrices europeas de emprego elaboradas pola Comisión Europea co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, e é no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Consecuentemente con estas previsións, os programas de cooperación, en xeral, tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen neles.

A constitución dun contorno local propicio á creación de emprego require o desenvolvemento dun conxunto de funcións esenciais como son a animación, o estímulo e a innovación. Para que estas funcións se poñan en práctica é fundamental a presenza de axentes de emprego e desenvolvemento local, coa formación e experiencia adecuada que lles permita utilizar unha metodoloxía común e que poidan desempeñar diversas tarefas como promotores de actividade, prospectores de mercado e asesores puntuais de proxectos de empresa.

Por outra banda, a necesidade que as corporacións locais teñen que contar coa figura do axente de emprego e desenvolvemento local, xunto coa oportunidade de aproveitar ao máximo a experiencia dos técnicos cuxas contratacións foron obxecto de subvención, durante os anos de implantación deste programa, poñen de manifesto a necesidade de consolidar a modificación introducida en 2008, na mesma liña que a Administración estatal (Orde TAS/360/2008, de febreiro, BOE núm. 40, do 15 de febreiro), cal é, suprimir o período máximo de 4 anos durante o que se pode conceder a subvención pola contratación do mesmo técnico. Esta modificación amósase fundamental á hora de aproveitar de maneira plena a experiencia e o saber facer dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

Desde esta perspectiva cómpre potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego e apoiar decididamente a constitución de pequenas e medianas empresas, dado que a súa existencia favorece un tecido empresarial máis estable, a diversificación de actividades e, sobre todo, un crecemento económico sostido.

Por outra banda, a creación de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia require dunha permanente innovación nos recursos e medidas establecidos desde a Administración autonómica para a consecución deste fin, así como dun eficaz aproveitamento dos mecanismos que ofrecen as novas tecnoloxías e a sociedade da información.

Neste enfoque, un dos principais instrumentos impulsados pola Xunta de Galicia foi a Rede de Técnicos de Emprego de Galicia cuxa posta en marcha supuxo, no seu momento, unha clara aposta da Xunta de Galicia por promover o desenvolvemento empresarial do territorio, desde unha perspectiva local, especialmente nas zonas menos favorecidas en termos socioeconómicos, a través do asesoramento a emprendedores e empresarios individuais, pero tamén, un apoio a aqueles colectivos relacionados coa promoción económica e do emprego en ámbitos específicos.

A rede, como infraestrutura especializada na promoción do emprego, adquire precisamente o seu maior potencial, grazas á súa distribución por todo o territorio da comunidade autónoma.

Porén, esta vantaxe estratéxica precisa de canles de comunicación axeitadas que confiran fluidez ao intercambio de experiencias e de

información interna, para converter en sinerxias colectivas o traballo individual realizado por cada técnico, así como unha ferramenta que permita realizar unha avaliación cualitativa da actuación dos seus membros.

Por estas razóns, ponse en funcionamento a plataforma web dos técnicos de emprego de Galicia, concebida como unha rede telemática de servizos de valor engadido relacionados coa promoción do emprego local, e supón un novo instrumento de traballo para os membros da rede que vai modificar en boa parte a súa operativa, imprimindo maior axilidade e capacidade de resposta ao seu labor de asesoramento. Mediante este novo soporte na internet, achegaranse máis eficaz e rapidamente os servizos da rede aos emprendedores galegos e facilitarase de forma extraordinaria a transmisión de información entre os propios técnicos para contribuír ao reforzamento do efecto rede.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas.

De conformidade co previsto no citado texto refundido, o financiamento destas axudas realizarase con cargo aos créditos que figuran na aplicación orzamentaria 48.04.322A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (código de proxecto 200901011), por un importe de 6.347.169,71 . Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Finalmente, nesta orde inclúense medidas tendentes a garantir o cumprimento das disposicións previstas nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, no relativo á publicación das axudas concedidas.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe favorable da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada e, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e financiamento.

1. Esta orde ten por finalidade o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local.

2. As aplicacións orzamentarias e os créditos destinados ás axudas e subvencións establecidas nesta convocatoria, serán os que establece a Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, na aplicación 48.04.322A.460.0 (código de proxecto 200901011) e polo importe de 6.347.169,71 .

3. Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

4. A distribución de créditos para o financiamento destas axudas e subvencións será directamente proporcional ao número de persoas desempregadas e á evolución do paro rexistrado no período 2004-2008 e inversamente coa evolución da poboación no citado período.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta norma as entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local que non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Definición e funcións dos Axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Os AEDL configúranse como traballadores das entidades locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial.

   Esta colaboración na implantación das políticas activas de emprego desenvolverase conxuntamente entre a entidade contratante e a Consellería de Traballo e Benestar para o que os AEDL contratados analizarán a evolución e repercusión das medidas activas de emprego na súa zona de actuación, facilitándolle información puntual a aquela e colaborarán co resto dos integrantes da rede, na procura da mellora da súa calidade, intercambiando coñecementos e experiencias, así como desenvolvendo actividades e proxectos conxuntos.

2. Os AEDL realizarán as seguintes funcións:

   a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.

   b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os desempregados, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara a promoción dunha maior conciencia em-

presarial como oportunidade de emprego.

c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

d) Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

Artigo 4º.-Contía da subvención e período subvencionable.

1. A contía máxima das subvencións que se concederán por cada axente de emprego e desenvolvemento local será a equivalente ao 80 por 100 dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, co límite máximo de 27.046 euros anuais por cada contratación subvencionada.

2. A subvención prevista no parágrafo anterior concederase por un período dun ano, podendo prorrogarse a subvención para a contratación do axente de emprego e desenvolvemento local por iguais períodos, precisándose para cada ano unha nova solicitude e concesión de subvencións.

3. A subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local prevista nesta orde será incompatible con outras subvencións ou axudas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de subvención realizaranse no modelo oficial que figura como anexo I desta orde, que para todos os efectos se entenderá como parte integrante desta.

2. As solicitudes, en modelo oficial e dirixidas ao/á xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a súa resolución, de conformidade co disposto no artigo 6º, poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar e dos seus departamentos territoriais, así como en calquera outro rexistro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado, dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan subscrito o oportuno convenio (Portelo Único) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo e con independencia da súa publicación como anexos a esta convocatoria, os modelos de solicitude poden atoparse na páxina web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/portada_ayudas).

3. No caso en que se optase por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada, segundo o establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

4. O prazo para a presentación das solicitudes para a obtención das axudas e subvencións reguladas por esta orde será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

5. As solicitudes, que en todo caso deberán ser subscritas polo titular ou representante legal da entidade local beneficiaria, debidamente acreditado, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

I. Certificación do secretario da entidade solicitante en que conste:

a) A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.

b) A disposición de financiamento para pagar a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) A aprobación, polo órgano competente, do proxecto para o que se solicita a subvención.

d) As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación no modelo que se publica como anexo V.

II. Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

III. Memoria-proxecto que desenvolverá cada AEDL ou grupo de AEDL en que se especifique:

1. Breve diagnose socioeconómica da zona de actuación.

2. Definición do proxecto global.

3. Fases de desenvolvemento do proxecto.

4. Obxectivos operativos de cada fase e tempos estimados de execución.

5. Instrumentos e infraestrutura que se posúe para a súa posta en práctica.

6. Número de AEDL que se contrate.

7. Accións e actividades que desenvolven os axentes.

8. Tempo previsto para a realización do proxecto e duración estimada dos contratos.

9. Custos laborais totais anuais dos contratos.

10. Plan de adaptación dos axentes ao posto de traballo.

IV. Declaración da entidade solicitante en que se recolla o conxunto de todas as axudas ou subvencións que teña solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes no modelo que se publica como anexo II.

V. Declaración responsable acreditativa de que a entidade solicitante

non se encontra incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiarios/as, sinaladas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no modelo que se publica como anexo III.

VI. Ficha de solicitude de transferencia bancaria, no modelo que se publica como anexo IV.

6. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I, a entidade interesada préstalle expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 6º.-Procedemento.

1. O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Promoción do Emprego do respectivo departamento territorial quen, no suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos exixidos ou a documentación achegada conteña erros ou fose insuficiente, requirirá o solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa petición, cos efectos previstos no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, logo da correspondente resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42º desta lei.

2. Revisados os expedientes, e completados, de ser o caso, remitiranse á comisión de valoración para a súa avaliación e informe técnico, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

3. Para os efectos previstos nesta orde, a comisión de valoración estará composta polos seguintes membros: o/a xefe/a do Servizo de Promoción do Emprego ou quen o substitúa, que exercerá as funcións de presidente/a, e dous técnicos ou técnicas do dito servizo, actuando un destes como secretario ou secretaria con voz e voto.

Artigo 7º.-Criterios de valoración das solicitudes.

1. Sempre que se cumpran os requisitos establecidos nesta orde, a Comisión de Valoración prevista no artigo anterior, valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non-discriminación dentro das disponibilidades orzamentarias, perseguindo a maior repercusión posible das subvencións no ámbito territorial, e tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos:

a) A existencia de AEDL contratados ao abeiro da Orde do 21 de agosto de 2008 (de 0 a 10 puntos).

b) Número de desempregados existentes no ámbito territorial da entidade solicitante (de 0 a 7 puntos).

c) Poboación susceptible de ser atendida (de 0 a 5 puntos).

d) Grao de participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio na elaboración do contido e posterior desenvolvemento do plan de acción para o emprego que desenvolverá cada axente ou grupo de AEDL e vinculación dos ditos plans de accións, con pactos locais ou territoriais de emprego (de 0 a 5 puntos).

e) O grao de incidencia que na creación de postos de traballo terán as actividades que desenvolverán os AEDL (de 0 a 5 puntos).

f) O establecemento de obxectivos operativos relacionados coa creación de empresas e o fomento da cultura emprendedora (de 0 a 5 puntos).

g) Solicitudes que agrupen máis dun concello ou que se dirixan a importantes núcleos poboacionais (de 0 a 5 puntos).

h) Proxectos que na súa realización posibiliten a integración laboral dos colectivos máis desfavorecidos no mercado laboral (de 0 a 5 puntos).

i) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos (de 0 a 3 puntos).

2. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 50 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración establecidos no parágrafo anterior e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios. As entidades solicitantes terán que obter como mínimo 20 puntos para acceder ás subvencións reguladas nesta orde.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. O órgano instrutor elevará o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución ao xefe/a territorial que corresponda quen, unha vez fiscalizada a proposta pola respectiva intervención territorial, resolverá a concesión ou denegación da axuda, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, mediante resolución motivada e individualizada, que se lles deberá notificar aos interesados, nos termos previstos no artigo 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A resolución pola que se conceda a subvención que será motivada e individualizada, e que se lles deberá notificar aos interesados, nos termos previstos no artigo 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, determinará, como mínimo, a denominación do proxecto aprobado, duración e data de inicio, a contía da subvención que se vai outorgar, e demais requisitos exixibles para a súa percepción e seguimento.

3. O prazo de resolución e notificación será de seis meses, computados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Transcorrido o prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución estimatoria ou desestimatoria, ditada polo/a xefe/a territorial, esgota a vía administrativa, polo que de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa; se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, agás nos casos en que procedera o requirimento regulado nos tres primeiros puntos do artigo 44 da devandita lei, en que o prazo se contará desde o día seguinte a aquel en que se reciba a comunicación do acordo expreso ou se entenda presuntamente rexeitado.

5. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, na forma que determine o órgano competente de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación, respectivamente, da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Selección dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Os AEDL seleccionaranos as entidades beneficiarias das subvencións logo da presentación de oferta na oficina de emprego correspondente, entre demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia que superasen con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria, e valorarán a experiencia profesional, así como os coñecementos extraacadémicos adquiridos en cursos monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego.

   A selección deberá realizarse tendo en conta a data limite para remitir a documentación xustificativa sinalada polo artigo 13º.2 desta orde.

2. Se ao tramitar a dita oferta, non se atopasen candidatos idóneos, a entidade beneficiaria poderá acudir a outros procedementos de selección, de conformidade coa normativa vixente na materia, sempre que se garanta a idoneidade e o cumprimento dos requisitos dos candidatos mencionados no parágrafo seguinte.

Artigo 11º.-Contratación dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Os AEDL seleccionados de conformidade co procedemento establecido no artigo anterior serán contratados a tempo completo pola entidade local ou entidade dependente ou vinculada, mediante a modalidade contractual máis adecuada, de acordo coa normativa vixente, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2009, nos termos expresados na resolución de concesión.

2. A concesión e desfrute destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

Artigo 12º.-Adaptación inicial e actualización permanente da súa formación.

1. As entidades beneficiarias garantirán a adaptación dos AEDL aos seus postos de traballo, facilitándolles o acceso á metodoloxía e cantas técnicas sexan necesarias para o mellor desenvolvemento das súas funcións, poñendo á súa disposición os equipamentos e medios materiais adecuados, tales como equipamentos informáticos precisos, así como acceso á internet e correo electrónico, ademais do acceso á formación que se estableza.

2. O departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar poderá comprobar, mediante visitas aos centros de traballo ou outros procedementos, a idoneidade dos mencionados procesos de adaptación.

3. Co fin de garantir a adecuada coordinación, formación e actualización permanente deste persoal técnico, a Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración con outros departamentos e/ou entidades públicas da Xunta de Galicia, organizará, con medios propios ou alleos, cantas actuacións considere conveniente, a través de reunións de coordinación, cursos ou xornadas de traballo, facilitando a este regularmente información sobre normativa, desenvolvemento de plans e outras cuestións que se consideren de interese.

4. A asistencia e participación nestas actividades de formación, coordinación, divulgación e actualización será obrigatoria, polo que as entidades beneficiarias da subvención deberán facilitar a participación dos AEDL nas citadas actuacións durante o horario de traballo.

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación:

   a) Orixinais ou copias compulsadas dos respectivos contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego.

   b) Orixinais ou copias compulsadas dos partes de alta ou certificación que acredite a alta na Seguridade Social dos traballadores contratados.

   c) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, segundo o modelo que se que se publica como anexo II e que estará á disposición na web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion).

   d) Os datos relativos á titulación e experiencia profesional do AEDL,

debidamente acreditados.

e) Se é o caso, certificación do secretario da entidade solicitante sobre os resultados da presentación de oferta ante o Servizo Público de Emprego e/ou os custos da contratación, indicando o salario bruto mensual desagregado por conceptos e a cotización empresarial á Seguridade Social, no modelo que se publica como anexo V, cando estes sexan inferiores aos custos certificados no momento da presentación da solicitude de subvención.

f) Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización, nos termos sinalados no artigo 18º.

2. A documentación xustificativa deberá remitirse ao respectivo departamento territorial no prazo dun mes desde o inicio da contratación e, con carácter xeral, como data límite o 1 de decembro do ano 2009, agás a documentación relativa ás prórrogas das subvencións concedidas que deban formalizarse con posterioridade á dita data, sen prexuízo do disposto no artigo 11º.1.

Artigo 14º.- Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Poñer á disposición dos AEDL todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipamentos informáticos precisos, así como acceso á internet e correo electrónico.

2. Utilizar as ferramentas informáticas postas á disposición dos técnicos, especialmente, o sistema telemático de elaboración e xestión da memoria de actividades que permita avaliar as actuacións levadas a cabo por aqueles.

3. No prazo de dous meses desde o remate do período subvencionado, remitirlle ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores e traballadoras que se contraten e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2), así como os documentos bancarios correspondentes (extractos ou cargos bancarios) e mais o resumo anual de retencións sobre os rendementos do traballo (modelo 190 IRPF).

4. Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e Benestar, e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

5. Darlle publicidade á actuación, así como a utilización do logotipo da rede de técnicos de emprego de Galicia, nos distintos elementos de comunicación, segundo establece o artigo 18º.

6. Comunicar, no prazo de 10 días, ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda:

a) As subvencións ou axudas solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

b) Aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que desenvolvan os AEDL contratados, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

7. Cumprir as demais obrigas que poidan derivar desta orde ou das resolucións e instrucións que, se é o caso, se diten para o seu desenvolvemento e execución.

Artigo 15º.-Avaliación das actividades levadas a cabo polos AEDL.

1. Co obxecto de ofrecer unha información detallada sobre a xestión e os resultados alcanzados para cada unha das actuacións e servizos promovidos polos AEDL, ponse en marcha un sistema telemático de elaboración e xestión da memoria de actividades que permita avaliar, en tempo real, as actuacións que están sendo levadas a cabo por aqueles.

2. Os datos e a información sobre os servizos e actuacións en que os axentes tomen parte deberán ser subministrados en tempo real, de xeito que, a Consellería de Traballo e Benestar poida, en calquera momento, ter coñecemento das distintas actuacións que están a levar cabo as/os axentes.

Artigo 16º.-Revogación.

1. O incumprimento total ou parcial de calquera dos requisitos, condicións, finalidades ou calquera outro incumprimento do réxime xurídico establecido nesta orde, na resolución de concesión, así como calquera das circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar á perda total ou parcial da subvención concedida e ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas pola entidade coa exixencia dos xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. En todo caso, dará lugar ao seu reintegro total:

a) Non cumprir cos requisitos exixidos na convocatoria.

b) Destino da subvención a unha finalidade diferente a aquela para a que foi concedida.

Artigo 17º.-Prórroga da subvención.

1. As entidades beneficiarias poderán solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a prórroga da subvención concedida por cada AEDL contratado ao abeiro da Orde do 21 de agosto de 2008, no prazo previsto no artigo 5.4º, xuntándolle á dita solicitude a documentación exixida con carácter xeral no artigo 5.5º. As solicitudes de prórroga competirán en réxime de concorrencia competitiva coas solicitudes novas.

2. A resolución que, de ser o caso, aprobe a concesión da prórroga, poderá ter efecto retroactivo, sempre que non se interrompese a contratación e a prestación dos servizos polo AEDL.

3. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Se é o caso, prórroga do contrato formalizada e debidamente comunicada á oficina de emprego correspondente.

b) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, segundo o modelo que se que se publica como anexo II e que estará á disposición na web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion).

c) Certificación do secretario da entidade local sobre os custos da contratación, indicando o salario bruto mensual desagregado por conceptos e a cotización empresarial á Seguridade Social, no modelo que se publica como anexo V, cando estes sexan inferiores aos certificados no momento da presentación da solicitude de subvención.

d) Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización, nos termos sinalados no artigo 18º.

4. A comprobación da permanencia en alta na Seguridade Social realizaraa o Servizo de Promoción do Emprego do respectivo departamento territorial a través das correspondentes aplicacións informáticas.

5. A documentación xustificativa deberá remitirse ao respectivo departamento territorial no prazo dun mes desde o inicio do novo período de contratación e, con carácter xeral, como data límite o 1 de decembro do ano 2009.

Artigo 18º.-Publicidade.

1. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realice o servizo, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, no modelo normalizado establecido no Manual de identidade corporativa da rede de técnicos de emprego de Galicia, publicado na web institucional da Xunta de Galicia http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/sec_ayudas_carteles_informativos, no que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo e Benestar.

2. Para os efectos de ofrecer unha imaxe unificada e global da Rede de Técnicos e Técnicas de Emprego de Galicia, cara aos usuarios e ás usuarias dos seus servizos en toda a comunidade autónoma, que permita unha mellor e máis rápida identificación deles, deberá utilizarse o conxunto de normas gráficas recollidas no Manual de identidade corporativa da rede de técnicos de emprego de Galicia, para a utilización do logotipo da rede, nos distintos elementos de comunicación, o que redundará nunha maior calidade das prestacións desenvolvidas polos e polas axentes.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario tendo como límite global a cantidade de 6.347.169,71 euros prevista na aplicación 48.04.322A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (código de proxecto 200901011).

Segunda.- Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nos/as xefes/as territoriais, no ámbito dos seus respectivos territorios, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde; para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, ditadas por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

Terceira.-Se, por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o/a xefe/a territorial.

Cuarta.-As entidades beneficiarias destas axudas están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2009.

Ver anefxos pdf "67-09.PDF"

Programas mixtos de formación e emprego

68 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 9, do 14.01.2009, resolución de establecemento de criterios no DOG nº 120, do 22.06.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 218, do 6.11.2009 e DOG nº 226, do 18.11.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e mais o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Correspóndelle agora a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están os programas mixtos de formación-emprego, financiados integramente con fondos finalistas procedentes da Administración do Estado.

Dunha banda están as escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego que se conciben como programas mixtos de formación e emprego que, promovidos por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores ou menores de vinte e cinco anos, segundo proceda, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Pola outra temos as unidades de promoción e desenvolvemento, entendidas como módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que, promovidos por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro con tal carácter, teñen por obxectivo final descubrir as potencialidades de desenvolvemento e emprego na súa área de actuación, investigando as oportunidades de creación de emprego, mediante unha axeitada avaliación dos recursos dispoñibles, facilitando información sobre emprego e desenvolvemento, ademais de apoiar e dinamizar proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e de obradoiros de emprego e da posta en práctica de estratexias e metodoloxías dirixidas á inserción laboral das persoas participantes nos ditos programas de fomento do emprego. Constitúen un instrumento básico e fundamental na dinamización e detección de novas expectativas de emprego e de iniciativas emprendedoras no ámbito local, especialmente as relacionadas cos novos filóns de emprego.

Coa implementación destas medidas trátase de articular o establecemento dun conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, a mellora do sector primario, a política industrial e de innovación e o benestar e a cohesión social, co obxecto de situar Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis da taxa de emprego, de calidade e estabilidade no emprego, de desemprego; de sinistralidade laboral, de integración laboral da xuventude, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Así, estes programas mixtos de formación e emprego están dirixidos á mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas que participen neles, a través da súa cualificación profesional, en coherencia co segundo grande obxectivo fixado para o novo modelo de Servizo Público de Emprego, cal é a mellora das posibilidades de colocación das persoas desempregadas e estarían integradas dentro das actividades previstas no Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, en concreto nos Programas combinados de formación e emprego, prácticas profesionais e programas de experiencia no ámbito privado.

Continuando coa práctica de exercicios anteriores, mantéñense criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos e establécense as porcentaxes indicativas dos colectivos preferentes de beneficiarios/as das políticas activas de emprego e priorizaranse aqueles proxectos que xurdan como consecuencia de pactos territoriais de emprego, entendidos como un terceiro ámbito de participación para a planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha área xeográfica determinada, en coherencia co Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do diálogo social en Galicia, que establece os obxectivos que hai que acadar en materia de emprego, na liña da converxencia coa media do Estado e coa de Europa e as medidas e recursos que se implementarán para a consecución dos obxectivos.

Nesta orde inclúense medidas tendentes a garantir o cumprimento das disposicións previstas nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, no relativo á publicación das axudas concedidas.

Consólidase a novidade introducida no exercicio do 2007, como consecuencia da especial sensibilidade da Consellería de Traballo, en particular, e da Xunta de Galicia, en xeral, de incluír dentro da formación complementaria que hai que impartir nos proxectos, dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero que, por outra banda, vén dar cumprimento ao establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Cómpre destacar, tamén, que ao longo do texto articulado se contempla o acceso preferente a estes programas das mulleres vítimas de violencia, co que se dá cumprimento ao mandado previsto no artigo 35 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación na concesión das axudas e tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1º.1 da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, ao existir crédito adecuado e suficiente no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008.

De conformidade co previsto na normativa anterior, o financiamento, entre outras, das axudas e subvencións previstas nesta orde, realizarase con cargo aos créditos das aplicacións 16.02.322A.440.1, 16.02.322A.444.1, 16.02.322A.460.2, e 16.02.322A.481.0 (código de proxecto 200114440) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe de 331.609,38; 800.000; 21.045.408,64 e 3.598.105,43 euros, respectivamente. Para exercicios futuros, as subvencións financiaranse con cargo ás mesmas aplicacións polos importes respectivos, en 2010, de 500.000, 2.000.000, 30.000.000 e 5.000.000 de euros; e, en 2011, polos de 400.000, 1.500.000, 20.000.000 e 3.000.000 de euros, respectivamente. Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que puideren establecerse na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Consecuentemente co exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo dos informes da Asesoría Xurídica, Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 30 de decembro de 2008, a concesión de anticipos, a forma de pagamento das axudas e subvencións reguladas nesta orde, así como o seu carácter plurianual; e no exercicio das facultades que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2009, das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Finalidade.

1. Os programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado traballador a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional ocupacional recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza á súa inserción laboral.

2. A programación das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego integrarase, na medida do posible e conforme os itinerarios de inserción profesional que se definan, en plans integrais de emprego que dean resposta ás demandas do mercado de traballo e sexan capaces de activar o desenvolvemento territorial, xerar riqueza e, consecuentemente, postos de traballo.

Capítulo II

Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego

Sección primeira

Definición e beneficiarios/as

Artigo 3º.-Escolas obradoiro e casas de oficios.

1. As escolas obradoiro son unidades de carácter temporal en que a aprendizaxe e a cualificación se alternan cun traballo produtivo, en actividades relacionadas coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural; coa rehabilitación de contornos urbanos ou do ambiente; coa recuperación e acondicionamento de infraestruturas de titularidade pública que sirvan de base para os centros de iniciativas empresariais, así como con calquera outra actividade de carácter público ou social que permita a inserción a través da profesionalización e da adquisición de experiencia das persoas participantes.

2. As casas de oficios conceptúanse como centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil de carácter temporal, con implantación principalmente nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e a cualificación altérnanse cun traballo produtivo, en actividades relacionadas co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do ambiente, coa mellora das condicións de vida nas vilas e cidades a través da dotación de servizos sociais e comunitarios así como con

calquera outra actividade de utilidade pública ou social relacionada co seu contorno, que permita a súa inserción laboral, recuperando, ao mesmo tempo, oficios artesanais ou tradicionais, preferentemente mediante a incorporación de novas tecnoloxías.

Artigo 4º.-Obradoiros de emprego.

Os obradoiros de emprego configúranse como un programa mixto que combina accións de formación e emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de vinte e cinco ou máis anos de idade, coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo.

Artigo 5º.-Beneficiarios/as dos programas.

1. Poderán ser beneficiarios/as destes programas os mozos e mozas que, estando desempregados/as e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia, sexan menores de vinte e cinco anos, no caso das escolas obradoiro e casas de oficios, ou teñan unha idade igual ou superior no caso dos obradoiros de emprego.

2. Para poder participar nestes programas é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación, co obxecto de estar vinculado/a mediante un contrato de tales características á escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia.

3. O colectivo prioritario para este exercicio serán persoas paradas de longa duración co obxecto de proporcionarlles unha readaptación nos seus hábitos co fin de acadar unha readaptación ao medio laboral e, con carácter orientativo e, na medida en que o permita o paulatino establecemento dos itinerarios de inserción profesional, que permitan relacionar as persoas demandantes coas respectivas medidas e programas; de acordo coa finalidade de cada medida establecerase unha orde de preferencia coa seguinte proporción:

   a) As mulleres deberán supoñer, no seu conxunto, cando menos, o 62% das persoas beneficiarias.

   b) As persoas demandantes de primeiro emprego serán un 22%, das cales serán mulleres o 55%.

   c) Os e as demandantes sen formación de tipo profesional serán o 78% das persoas beneficiarias, das cales serán mulleres o 59%.

Artigo 6º.-Beneficiarios/as da subvención: entidades promotoras.

1. Os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego poden ser promovidos por:

   a) Organismos autónomos e entes e sociedades públicas e de dereito público da Comunidade Autónoma de Galicia.

   b) Órganos, organismos autónomos e entes e sociedades públicas e de dereito público da Administración xeral do Estado.

   c) Entidades locais e os seus organismos autónomos ou entidades que exerzan as competencias daquelas en materia de promoción do emprego ou de formación dos traballadores e traballadoras, dependentes ou asimiladas a elas, cuxa titularidade corresponda integramente ás ditas entidades locais.

   d) Consorcios.

   e) Universidades.

   f) Fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

2. As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos.

3. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Etapas e duración.

1. Os proxectos de escolas obradoiro e casas de oficios constarán de dúas etapas: unha de carácter formativo de iniciación, e outra de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, dirixidas á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

2. Nas escolas obradoiro a duración de ambas as dúas etapas non será inferior a un ano nin superior a dous, sendo a duración da primeira de seis meses. As casas de oficios terán a duración dun ano, dividido en dúas etapas de seis meses.

3. Os obradoiros de emprego terán unha duración máxima dun ano, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

4. Transcorrido o prazo de duración previsto na resolución de aprobación do proxecto, a escola obradoiro, casa de oficios ou o obradoiro de emprego considerarase finalizado.

Sección segunda

Contidos formativos

Artigo 8º.-Etapa formativa en escolas obradoiro e casas de oficios. Bolsas.

1. Durante a primeira etapa formativa, os alumnos/as-traballadores/as dunha escola obradoiro ou casa de oficios recibirán formación profesional ocupacional, segundo o plan formativo incluído na memoria exixida na letra c) do artigo 31º.2. A formación adecuarase, na medida do posible e en función do oficio ou posto de traballo que se vai desempeñar, aos contidos mínimos establecidos nos reais decretos que regulen os certificados de profesionalidade das correspondentes ocupacións, de acordo co establecido no número 1 do artigo 11 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

2. Durante esta etapa, os alumnos/as-traballadores/as terán dereito a percibir unha bolsa de 9 euros por día lectivo con asistencia. Esta axuda será aboada mensualmente pola entidade promotora e financiada pola Consellería de Traballo nos termos previstos no artigo 42º.5.

   As faltas de asistencia non xustificadas darán lugar ao desconto correspondente no pagamento das bolsas, sen prexuízo do previsto no número 4 deste artigo.

3. A percepción da bolsa será incompatible coa de prestacións ou subsidios por desemprego e coa realización de traballos por conta propia ou allea. Os alumnos/as-traballadores/as que perciban as prestacións ou subsidios manterán a súa percepción e, unha vez esgotados, poderán percibir, a partir desa data, a bolsa correspondente. Así mesmo, os alumnos/as-traballadores/as que cesen no seu traballo por conta propia ou allea, poderán percibir, a partir da data de cesamento, a bolsa correspondente, sempre que non teñan dereito a obter prestacións ou subsidios por desemprego. Neste suposto, seralles de aplicación o sinalado anteriormente.

4. Os alumnos/as-traballadores/as terán a obriga de asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas que poidan recibir, sendo causa de exclusión do proxecto formativo incorrer en tres faltas de asistencia non xustificadas nun período dun mes ou nove faltas de asistencia non xustificadas en toda a fase, así como non seguir con aproveitamento as anteditas ensinanzas a xuízo da persoa responsable da escola obradoiro ou casa de oficios.

5. No suposto de producirse as causas de exclusión previstas no punto anterior, a persoa responsable do proxecto poralle de manifesto por escrito ao alumno ou alumna os feitos que fundamenten a proposta da súa exclusión, dispoñendo este ou esta dun prazo de tres días hábiles para alegar o que considere pertinente. Transcorrido este prazo, e vistas as alegacións formuladas polo alumno/a-traballador/a, a persoa responsable da escola obradoiro ou casa de oficios resolverá o que considere procedente, debéndolle notificar a decisión adoptada á correspondente delegación provincial da consellería.

6. A partir da comunicación ao alumno ou alumna do inicio do procedemento de exclusión, producirase a súa suspensión preventiva, e non poderá asistir á escola obradoiro ou casa de oficios ata que se resolva este procedemento. Se a resolución é favorable á exclusión, esta producirase con efectos desde a mesma data de recepción da comunicación do inicio do procedemento. Se non proceder a exclusión, o alumno ou alumna reincorporarase ao proxecto, tendo dereito a percibir as bolsas correspondentes ao período de suspensión preventiva.

Artigo 9º.-Etapa de formación en alternancia coa práctica profesional en escolas obradoiro e casas de oficios.

1. Durante a segunda etapa formativa, que se subdividirá en fases ou períodos semestrais, o alumnado-traballador complementará a súa formación en alternancia co traballo e a práctica profesional e será contratado pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación, polo que deberán reunir no momento da formalización do dito contrato, os requisitos establecidos no artigo 11.2º do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, segundo a redacción dada pola Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Durante esta etapa o alumnado-traballador percibirá as retribucións salariais que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa aplicable e nesta orde.

3. A duración dos contratos de traballo subscritos co alumnado-traballador non poderá exceder a data de remate da escola obradoiro ou casa de oficios.

Artigo 10º.-Formación e etapa en alternancia nos obradoiros de emprego.

1. Durante o desenvolvemento do obradoiro de emprego, o alumnado-traballador, ao igual que o de escolas obradoiro e casas de oficios, recibirá formación profesional ocupacional, segundo o plan formativo incluído na memoria exixida no artigo 31º, alternándoa coa práctica profesional. A formación adecuarase ás previsións establecidas no inciso final do número 1 do artigo 8.

2. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, o alumnado-traballador será contratado pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación, polo que deberá reunir, para formalizar o dito contrato, os requisitos a que alude o artigo 11.2º do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, segundo a redacción dada pola Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, e nas súas normas de desenvolvemento.

3. Durante esta etapa o alumnado-traballador percibirá as retribucións salariais que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa aplicable e nesta orde.

4. A duración dos contratos de traballo subscritos co alumnado-traballador non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego.

Artigo 11º.-Formación complementaria.

Nos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego impartirase a formación complementaria que determine o Servizo Público de Emprego, incluíndo, en todo caso, as materias de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero. Así mesmo, impartirase a formación en materia de prevención de riscos laborais correspondente á ocupación que hai que desempeñar, téndose en conta, se é o caso, os contidos recollidos no correspondente certificado de profesionalidade.

O contido dos ditos módulos incluirase dentro do plan formativo exixido no artigo 31º.2º c), de acordo cos contidos e tempo de impartición que, se é o caso, estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e respectando o disposto no artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Artigo 12º.-Orientación, información profesional, formación empresarial e asistencia técnica.

1. O alumnado-traballador, durante todo o proceso formativo, recibirá orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial, para o cal as escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego deberán contar co persoal e métodos axeitados.

2. Ao final da actividade da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego, as entidades promotoras prestaranlles asistencia técnica aos alumnos/as-traballadores/as participantes, tanto para a busca de emprego por conta allea como para o establecemento por conta propia. Para iso actuarán, se é o caso, mediante as súas propias unidades ou organismos de orientación e asesoramento, en colaboración coa Consellería de Traballo. No caso de existiren iniciativas emprendedoras de autoemprego, poderase promover a

súa inclusión en viveiros de empresas ou en actuacións similares. Con esta finalidade, as entidades promotoras poderán solicitar á antedita consellería e a outras administracións públicas as axudas establecidas para os distintos programas de apoio á creación de emprego.

Artigo 13º.-Educación básica.

1. Para o alumnado-traballador participante que non acadase os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e de conformidade co disposto no artigo 11.2º letra e) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, organizaranse programas específicos coa finalidade de proporcionarlles unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguir os seus estudos nas distintas ensinanzas reguladas na antedita lei orgánica e, especialmente, mediante as probas de acceso correspondentes.

2. O disposto no parágrafo anterior tamén será aplicable ás persoas que non posúan o título de graduado escolar, por ter este os mesmos efectos profesionais que o de graduado en educación secundaria, segundo establece a disposición adicional trixésimo primeira da referida lei orgánica.

Artigo 14º.-Certificacións e diplomas.

1. Finalizada a súa participación na escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego o alumnado-traballador recibirá un certificado expedido pola entidade promotora, nos termos recollidos no artigo 11.2º letra g) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, no cal constará a duración en horas da súa participación no programa, así como o nivel de formación teórico-práctica adquirido e os módulos formativos cursados.

2. Este certificado poderá servir, total ou parcialmente, se é o caso, e logo dos requisitos que se determinen, para ser validado no seu momento polo certificado de profesionalidade previsto no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

3. A Consellería de Traballo concederalles aos alumnos/as-traballadores/as participantes uns diplomas en que se recollerá a duración da súa participación no proxecto, de conformidade co modelo e as instrucións que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Sección terceira

Selección e contratación

Artigo 15º.-Normas xerais: grupo de traballo mixto.

1. A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e de apoio participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Traballo e da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá na persoa representante da consellería que para o efecto sexa designada pola respectiva delegación provincial.

2. A este grupo corresponderalle establecer os criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego de acordo co previsto nesta orde e nas instrucións e circulares da Dirección Xeral de Promoción do Emprego que a desenvolvan, procurando a maior adaptabilidade das persoas seleccionadas ás ocupacións e ás particulares circunstancias de dificultade destas.

3. Finalizados os procedementos de selección, o grupo de traballo mixto preparará a relación das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, persoal directivo, docente e de apoio, elaborando acta, por duplicado exemplar, de todo o actuado, e remitiralle un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á delegación provincial da Consellería de Traballo.

Artigo 16º.-Procedemento de selección dos alumnos/as-traballadores/as.

1. Para a selección do alumnado-traballador, o grupo de traballo mixto determinará o perfil das persoas candidatas, os baremos e probas que poidan aplicarse, se é o caso, e os requisitos mínimos que aquelas deben cumprir, con suxeición ao previsto nos parágrafos seguintes.

2. En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego ou actividade pola correspondente oficina de emprego, debendo esta observar, como requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, os de:

a) No suposto de escolas obradoiro e casas de oficios, ser menores de vinte e cinco anos. Para os obradoiros de emprego, ter vinte e cinco ou máis anos de idade.

b) Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características á escola obradoiro ou casa de oficios, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, ou ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 5º, 9º e 10º desta orde.

3. Terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, reunindo os requisitos xerais antes establecidos e, se é o caso, teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

a) En escolas obradoiro e casas de oficios: as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, as persoas paradas de longa duración, as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia e mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución como medio de vida.

b) En obradoiros de emprego: as persoas mozas menores de trinta anos, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, as

persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución como medio de vida.

4. O grupo de traballo mixto practicará a selección de entre as relacións de persoas desempregadas confeccionadas pola oficina de emprego que deberán conter, no posible, tres persoas candidatas por posto.

5. Os alumnos/as-traballadores/as que se seleccionen deberán manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Artigo 17º.-Procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio.

1. Na selección do persoal directivo, docente e de apoio, o grupo de traballo mixto establecerá o procedemento selectivo, podendo utilizar oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ambas.

2. Así mesmo, corresponderalle ao grupo de traballo mixto:

a) Determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas.

b) Elaborar as convocatorias.

c) Establecer os baremos e, se é o caso, as probas que poidan aplicarse.

d) Preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procedese.

e) Difundir as convocatorias a través dos medios de comunicación que se determinen, se é o caso.

3. A selección definitiva deberase realizar entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública, se é o caso, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos ou candidatas por posto.

Artigo 18º.-Contratación do alumnado-traballador e do persoal directivo, docente e de apoio.

1. Os alumnos/as-traballadores/as que se seleccionen incorporaranse á escola obradoiro ou casa de oficios ao inicio da primeira etapa de formación e, ao seu remate, a entidade promotora contratará as persoas que a finalizasen con aproveitamento para comezar a segunda etapa formativa. Nos obradoiros de emprego as persoas seleccionadas como alumnado-traballador serán contratadas desde a súa incorporación ao proxecto.

2. A entidade promotora contratará o persoal directivo, docente e de apoio que fose seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.

3. Os contratos de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza ao programa de escolas obradoiro e casas de oficios ou de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de escolas obradoiro e casas de oficios ou de obradoiros de emprego co indicador xenérico de grupo E. Ademais, cada contrato dunha escola obradoiro ou casa de oficios deberá codificarse coas seguintes claves: T01 (alumnado de escola obradoiro), T02 (docente e persoal de apoio de escola obradoiro), O01 (alumnado de casa de oficios) e O02 (docente e persoal de apoio de casa de oficios). Para os contratos dos obradoiros de emprego utilizaranse as claves E01 (alumnado-traballador participante) e E02 (persoal directivo, docente e de apoio).

Artigo 19º.-Baixas.

1. De producirse a baixa dalgunha persoa do alumnado-traballador, poderá ser substituída por outra sempre que esta teña unha base formativa suficiente para continuar o proceso formativo en que consiste o proxecto, non podendo exceder a data de finalización do novo contrato da de remate da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego.

2. A selección do alumnado-traballador para a cobertura das vacantes que se produzan, ao igual que a do persoal directivo, docente e de apoio que se contrate unha vez iniciado o proxecto, efectuarase polo procedemento que determine o grupo de traballo mixto para cubrir baixas, respectando, en todo caso, os trámites e requisitos establecidos nesta orde.

Artigo 20º.-Incidencias e reclamacións.

1. As incidencias e reclamacións que se puideren suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas polo grupo de traballo mixto sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

2. Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego ou actividade, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

Capítulo III

Unidades de promoción e desenvolvemento

Sección primeira

Definición e entidades promotoras

Artigo 21º.-Concepto.

As unidades de promoción e desenvolvemento configúranse como módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que colaboran na preparación, acompañamento e avaliación

dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, descubrindo as potencialidades de desenvolvemento e emprego do seu territorio, elaborando plans integrais de intervención das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego e proxectos de desenvolvemento e fomentando, ben directamente ben en colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia e as entidades promotoras, a inserción laboral das persoas participantes nos ditos proxectos.

Artigo 22º.-Funcións.

1. As unidades de promoción e desenvolvemento, seguindo as directrices, orientacións e prioridades fixadas pola Consellería de Traballo, realizarán as seguintes funcións:

   a) Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de accións e estratexias de políticas activas de emprego, fundamentalmente vinculadas aos novos viveiros de emprego.

   b) Facilitar información sobre emprego e desenvolvemento, a través da súa organización, sistematización e divulgación aos axentes de emprego e desenvolvemento local, ás escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego e ás entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.

   c) Apoiar, dinamizar e avaliar proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

   d) Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego das persoas desempregadas e, especialmente, das persoas participantes en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego, así como noutros programas de cooperación.

   e) Coordinar, se é o caso e sen prexuízo do establecido no punto seguinte, as actuacións dos/as axentes de emprego e desenvolvemento local que desenvolvan a súa misión no seu ámbito de actuación cando a entidade á cal se subvenciona a súa contratación estea integrada na entidade promotora da unidade de promoción e desenvolvemento.

   Estas funcións axustaranse aos plans concretos de actuación do ámbito territorial de cada unidade de promoción e desenvolvemento.

2. As unidades de promoción e desenvolvemento colaborarán na implantación das políticas activas de emprego no seu territorio de actuación, en coordinación cos e coas axentes de emprego e desenvolvemento local.

Artigo 23º.-Entidades promotoras.

1. Os proxectos de unidades de promoción e desenvolvemento poderán ser promovidos polas mesmas entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que o artigo 6º desta orde contempla para escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

2. En todo caso, as entidades interesadas en promoveren un proxecto de unidade de promoción e desenvolvemento deberán ter un ámbito de actuación de carácter supramunicipal, ser competentes para a execución dos servizos que pretenden prestar a través da dita unidade de promoción e desenvolvemento, así como dispoñer da suficiente capacidade técnica e de xestión para garantir o seu adecuado desenvolvemento.

3. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24º.-Duración.

1. A duración das unidades de promoción e desenvolvemento será de dous anos e estará dividida en fases de seis meses.

2. Transcorrido o prazo de duración previsto na resolución de aprobación do proxecto, a unidade de promoción e desenvolvemento considerarase finalizada.

Sección segunda

Selección e contratación

Artigo 25º.-Persoal.

1. Para a realización das funcións encomendadas ás unidades de promoción e desenvolvemento, as súas entidades promotoras deberán contratar persoal directivo e técnico, especialista nas materias obxecto de estudo e actuación, así como o persoal de apoio necesario, baixo a modalidade contractual máis adecuada en cada caso ás actividades e tarefas que se van desenvolver.

2. A súa selección e contratación levarase a cabo de conformidade co previsto nos artigos seguintes.

Artigo 26º.-Normas xerais: grupo de traballo mixto.

1. A selección do persoal directivo, técnico e de apoio será realizada por un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Traballo e da entidade promotora. A este grupo corresponderalle establecer os criterios de selección de todo o persoal da unidade de promoción e desenvolvemento.

2. A súa composición e funcionamento, os procedementos de selección aplicables e as demais actividades selectivas regularanse polo establecido nos artigos 15º, 16º e 17º desta orde.

Artigo 27º.-Contratación do persoal.

1. A entidade promotora contratará o persoal directivo, técnico e de apoio que fora seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.

2. Os contratos de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza á unidade de promoción e desenvolvemento, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Así mesmo, os ditos contratos serán rexistrados na oficina de emprego e codificados coa clave T02.

Artigo 28º.-Baixas.

A selección do persoal directivo, técnico e de apoio que se contrate para a cobertura das vacantes que se produzan unha vez iniciado o proxecto, efectuarase polo procedemento que para os efectos determine o grupo de traballo mixto, respectando, en todo caso, os trámites e requisitos establecidos nesta orde.

Artigo 29º.-Incidencias e reclamacións.

Será de aplicación ás incidencias e reclamacións que poidan derivar dos procesos de selección do persoal da unidade de promoción e desenvolvemento o previsto no artigo 20º desta orde.

Capítulo IV

Procedemento para a concesión de subvencións

Artigo 30º.-Solicitudes. Prazo de presentación.

1. As entidades previstas nos artigos 6º ou 23º que desexen promover un proxecto de escola obradoiro, casa de oficios, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento, e obter as axudas e subvencións establecidas nesta orde, deberán formalizar a correspondente solicitude, por exemplar duplicado, de conformidade co disposto no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nun dos modelos que se publican como anexos I-E, I-O e I-U a esta orde, e que estarán ao seu dispor na sección de emprego da web institucional da Xunta de Galicia (http://www.xunta.es/emprego), subscrita pola persoa representante legal, xunto coa documentación sinalada no artigo seguinte.

2. As solicitudes dirixiranse ás delegacións provinciais da Consellería de Traballo e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, no artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I a entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Consellería de Economía e Facenda.

4. O prazo de presentación de solicitudes para a obtención das axudas e subvencións reguladas por esta orde, tendo en consideración o previsto no artigo 34º.2, finalizará o 15 de xuño de 2009.

Artigo 31º.-Documentación.

1. De carácter xeral: xunto coa solicitude, a documentación que se presentará, sempre por duplicado exemplar e en orixinais ou en copias compulsadas, será a seguinte:

a) A que acredite a personalidade xurídica da entidade solicitante, tendo en conta que:

- Se é un órgano da Administración xeral do Estado, ente ou sociedade pública ou de dereito público desta ou da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismo autónomo estatal, autonómico ou local, universidade, mancomunidade, consorcio ou algunha das entidades con competencias en materia de promoción do emprego a que alude o artigo 6º.1 letra c), deberá achegarse, segundo proceda, norma ou acordo de creación ou estatutos publicados no diario oficial correspondente, podendo substituírse por unha certificación expedida para tal efecto.

- Se é unha fundación, asociación ou outra entidade sen ánimo de lucro, achegarase, segundo proceda, escritura pública de constitución ou acta fundacional outorgada en documento público ou privado, así como os seus estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, que acrediten a súa condición de entidade sen ánimo de lucro e, de ser o caso, o seu ámbito territorial de actuación.

b) Tarxeta de identificación fiscal.

c) A que acredite a personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante. Esta circunstancia farase constar mediante copia da norma ou acordo de nomeamento publicada no correspondente diario oficial ou mediante certificación expedida para o efecto.

d) As entidades locais, os seus organismos autónomos e as entidades con competencias en materia de promoción do emprego, a que alude o inciso final do artigo 6º.1 letra c), deberán achegar certificación expedida polo secretario ou secretaria, na que se recolla o acordo de aprobación do proxecto e de solicitude de subvención á Consellería de Traballo, adoptado polo órgano competente.

As demais entidades solicitantes deberán achegar a documentación que acredite que os seus órganos de goberno ou administración aprobaron o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Traballo.

e) Declaración da persoa representante legal en que se recolla o conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais, segundo un dos modelos que se acompañan como anexos II-E, II-O e II-U.

f) Certificado en que consten as fontes de financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Traballo.

g) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios/as, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Documentación específica. Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: ademais da indicada no punto anterior, as entidades promotoras de escolas obradoiro, casas de oficios e obra-

doiros de emprego deberán xuntar a seguinte documentación:

a) A que acredite a titularidade xurídica de cada un dos obxectos de actuación e a súa dispoñibilidade para realizar as obras ou a prestación dos servizos previstos no proxecto. No caso de titularidade privada, documento de cesión para o seu uso público por un período de tempo non inferior a vinte e cinco anos.

Non será necesaria a achega do documento de cesión cando a titular dos bens sexa unha das entidades sinaladas no artigo 6º.1 desta orde ou así o considere a Consellería de Traballo polo carácter social da obra ou servizo que se vaia realizar ou prestar. Nestes casos, será suficiente unha autorización por escrito das persoas titulares dos obxectos de actuación.

b) As autorizacións administrativas que sexan exixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto. De non seren necesarias, achegarase certificación en tal sentido.

c) Proxecto para o cal se solicita a subvención e que, como mínimo, constará dunha memoria, segundo un dos modelos que se xuntan como anexos III-E e III-O, na cal se recollerán os seguintes aspectos:

- Descrición detallada da obra ou servizo que se vai realizar ou prestar, indicando o destino previsto para a súa utilización posterior. No caso de que a obra que se vai executar o requira, achegarase proxecto básico asinado por persoal técnico competente. O dito proxecto básico constará, cando menos, de memoria descritiva, planos xerais e orzamento con estimación global por capítulos.

- Plan formativo por especialidades en relación co proxecto de obra ou servizo que se vai desenvolver, de xeito que se estableza a correspondencia entre o plan formativo por especialidades e as unidades de obra ou servizos. Os itinerarios formativos adecuaranse, na medida do posible, ao establecido nos reais decretos dos correspondentes certificados de profesionalidade ou, na súa falta, especificaranse os módulos formativos da ocupación, indicando o número de horas e os seus contidos teórico-prácticos.

Cada itinerario formativo deberá incluír a denominación dos módulos que o integran e a súa duración, o obxectivo xeral do módulo e os contidos teórico-prácticos.

- Orzamento e financiamento do proxecto, detallado segundo o disposto no artigo 32º.

- Datas previstas de comezo e finalización da actividade e de cada unha das fases en que se divide.

- Informe sobre as estratexias de desenvolvemento e perspectivas de emprego, con inclusión das previsións, o máis concretas posible, de inserción laboral do alumnado-traballador ao final da súa participación no proxecto.

3. Documentación específica. Unidades de promoción e desenvolvemento: ademais da indicada no punto 1, as entidades promotoras de unidades de promoción e desenvolvemento deberán xuntar a seguinte documentación:

a) Certificado das retribucións que, segundo o convenio colectivo aplicable, lle corresponderán ao persoal directivo, técnico e de apoio que sexa contratado con cargo ás axudas e subvencións que se solicitan para o funcionamento do proxecto.

b) Proxecto para o cal se solicita a subvención e que, como mínimo, constará dunha memoria, segundo o modelo que se publica como anexo III-U, na cal se recollerán os seguintes aspectos:

- Identificación da entidade promotora (denominación, ámbito territorial e demais datos de localización), así como a estrutura, servizos e experiencia con que, en principio, conta ao respecto.

- Contido do proxecto de unidade de promoción e desenvolvemento que incluirá a súa finalidade e obxectivos, metodoloxía que se vai utilizar, estratexias previsibles de fomento do emprego, principais colectivos afectados e calendario de actuacións.

- Data prevista de comezo e duración do proxecto.

- Orzamento de gastos, expresando os custos máximos, periodificados por fases semestrais desde a data prevista de comezo e derivados da contratación do persoal técnico e de apoio así como do funcionamento da unidade de promoción e desenvolvemento.

- Orzamento de ingresos, indicando a parte financiada pola entidade promotora e por outros posibles organismos ou entidades colaboradoras e a parte para a cal se solicita financiamento á Consellería de Traballo.

Artigo 32º.-Contido do orzamento das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Para os efectos do previsto na letra c) do artigo 31º.2, o orzamento do proxecto presentarase subdividido en:

1. Orzamento de gastos: periodificado por fases ou períodos semestrais, segundo o seguinte detalle:

a) Custos máximos totais derivados da contratación do persoal directivo, docente, administrativo ou de apoio e do alumnado-traballador.

b) No caso de escolas obradoiro ou casas de oficios, custos máximos derivados do aboamento das bolsas aos alumnos/as-traballadores/as durante a primeira fase.

c) Custos máximos totais derivados do funcionamento e da xestión da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego:

- Medios e materiais didácticos e de consumo para a formación.

- Amortización de instalacións e equipamentos. Cando a entidade promotora achegue, para o desenvolvemento do proxecto, bens (equipamentos e instalacións) amortizables, xuntarase relación valorada destes, incluíndo as cotas de amortización que deriven da aplicación das táboas de coeficientes de amortización anualmente establecidas.

- Viaxes do alumnado-traballador para a súa formación.

- Material de oficina.

- Aluguer de instalacións, maquinaria e equipamentos, excluído o leasing.

- Gastos xerais.

- No caso de escolas obradoiro ou casas de oficios, primas de

seguro de accidentes dos alumnos/as-traballadores/as durante a primeira fase.

- Se é o caso, o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da actuación profesional do persoal da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego durante todo o funcionamento do proxecto.

- Outros gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

2. Orzamento de ingresos: expresará a parte financiada pola entidade promotora e por outros posibles organismos ou entidades colaboradoras, así como a parte para a cal se lle solicita financiamento á Consellería de Traballo. De ser o caso, tamén se farán constar os posibles ingresos previstos como consecuencia, e sempre que se cumpra o establecido no artigo 46º, do alleamento de bens producidos ou servizos prestados pola escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego.

Artigo 33º.-Instrución e emenda.

1. O órgano instrutor dos expedientes será o servizo competente en materia de emprego da delegación provincial da Consellería de Traballo competente por razón do territorio.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos exixidos ou a documentación presentada conteña erros ou fosen insuficiente, o órgano instrutor do expediente, requirirá a entidade solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, considerarase desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co estipulado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 34º.-Avaliación de solicitudes. Comisión Central de Valoración.

1. Os expedientes, unha vez completos, serán remitidos, no prazo de quince días, xunto co informe técnico emitido pola delegación provincial e no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego á Comisión Central de Valoración para o seu estudo e informe.

2. Con carácter xeral, a avaliación dos ditos expedientes pola referida comisión terá lugar en dúas fases:

a) Para os recibidos ata o día 1 de marzo: a partir da segunda quincena do dito mes.

b) Para os recibidos ata o día 15 de xuño: a partir do mes de setembro.

3. Aquelas solicitudes sobre as cales na primeira fase de concesión non se formulase proposta de resolución non se considerarán expresamente desestimadas e poderán ser obxecto de ulterior avaliación na seguinte fase.

4. A Comisión Central de Valoración estará composta polo director xeral de Promoción do Emprego, que a presidirá; e serán vogais os delegados e as delegadas provinciais da Consellería de Traballo, actuando como secretario, con voz pero sen voto, o subdirector xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación.

Se por calquera causa, no momento que a Comisión Central de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que sexa designada polo conselleiro de Traballo.

5. Cando a Comisión Central de Valoración propoña unha variación do número de alumnos/as-traballadores/as ou do tempo de duración solicitados, a entidade promotora, no prazo de quince días desde a súa notificación, deberá realizar os axustes e modificacións pertinentes no proxecto presentado, para os efectos da súa aprobación segundo o previsto no artigo 36º.

Artigo 35º.-Criterios de valoración dos proxectos.

1. Na valoración dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Número de persoas desempregadas, dentro do segmento de idade de beneficiario do proxecto, existentes no ámbito territorial en que se desenvolva: ata cinco puntos.

b) Perspectivas de emprego do colectivo participante, especialmente en orde á creación de maior número de postos de traballo estables: ata dez puntos.

c) Adaptabilidade do proxecto para a participación dos colectivos sinalados como preferentes polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo co que establezan as directrices de emprego europeas e o Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, subscrito como resultado do diálogo social en Galicia: ata cinco puntos.

d) Carácter innovador do proxecto: ata dez puntos, tendo en consideración a súa incidencia en novos viveiros de emprego como:

- Servizos de utilidade colectiva: rehabilitación do patrimonio artístico, histórico, cultural ou natural, revalorización de espazos públicos e urbanos, xestión de residuos, xestión de augas, protección e mantemento de zonas naturais e aqueles que incidan directa ou indirectamente no control da enerxía.

- Servizos de ocio e culturais: promoción do turismo e desenvolvemento cultural e local.

- Servizos personalizados de carácter cotián: coidado de nenas e nenos, prestación de servizos a domicilio a persoas con discapacidade ou persoas maiores, axuda a mozos e mozas en dificultades e/ou con desarraigamento social.

e) Calidade do proxecto, atendendo ás actuacións que se van realizar e a súa adecuación para a cualificación e adquisición de experiencia profesional do alumnado-traballador e dos beneficios sociais que se prevexa xerar: ata quince puntos.

f) Calidade do plan formativo cara á obtención do certificado de profesionalidade e a súa adecuación entre as especialidades propostas e as ocupacións máis ofertadas no mercado de traballo: ata quince puntos.

g) Ámbito de actuación superior ao municipal e que implique, no seu deseño, financiamento e execución a outras entidades locais do contorno: ata cinco puntos.

h) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, especialmente cando estas achegas diminúan a sub-

vención que poida conceder a Consellería de Traballo: ata cinco puntos. Para tal efecto, terase en conta o esforzo investidor en cada caso.

i) Número de proxectos de escolas obradoiros, casas de oficios ou obradoiros de emprego promovidos con anterioridade pola entidade solicitante, así como resultados cualitativos e cuantitativos: ata dez puntos. Para estes efectos, valoraranse en concreto:

- Non ter promovido proxectos durante os catro anos inmediatamente anteriores.
- A inserción das persoas participantes no mercado laboral.
- A formación e experiencia profesional adquirida.
- O resultado socioeconómico derivado da realización de proxectos de utilidade pública e social acollidos a esta orde.

l) Participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio na elaboración do contido e posterior desenvolvemento do proxecto ou cando estiver vinculado ou xurdir en aplicación dun pacto local ou territorial de emprego: ata cinco puntos.

m) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 2 puntos.

A puntuación mínima exixible para a aprobación dos proxectos e concesión da correspondente subvención será de trinta e catro puntos.

2. Na valoración dos proxectos de unidades de promoción e desenvolvemento teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Número de persoas desempregadas existente no ámbito territorial en que se desenvolva o proxecto: ata cinco puntos.

b) Carácter innovador do proxecto: ata dez puntos.

c) Calidade do proxecto, atendendo á súa finalidade e obxectivos e á metodoloxía e estratexias previstas de fomento do emprego, inserción laboral das persoas desempregadas e dos beneficios sociais que se prevexa xerar: ata quince puntos.

d) Achegas da entidade promotora ou doutras entidades colaboradoras, tendo en conta o esforzo investidor en cada caso: ata cinco puntos.

e) Resultados cualitativos e cuantitativos de anteriores unidades de promoción e desenvolvemento, escolas obradoiros, casas de oficios ou obradoiros de emprego promovidos ou impulsados pola entidade solicitante: ata dez puntos.

f) Participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio na elaboración do contido e o desenvolvemento do proxecto, ou cando este estiver vinculado ou xurdir en aplicación dun pacto local ou territorial de emprego: ata cinco puntos.

g) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 2 puntos.

A puntuación mínima exixible para a aprobación dos proxectos e concesión da correspondente subvención será de vinte puntos.

Artigo 36º.-Resolución.

1. Dentro dos nove meses seguintes á entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, cumpridos os trámites previstos no artigo 34º, emitida a proposta de resolución polo órgano instrutor e fiscalizada esta pola respectiva intervención, o/a delegado/a provincial, por delegación do conselleiro de Traballo, ditará e notificaralle á entidade solicitante a resolución que proceda.

2. A resolución favorable conterá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Finalidade e obxectivos básicos do proxecto, número e características das persoas beneficiarias, e, se é o caso, especialidades que se impartirán.

b) Subvención outorgada con cargo aos orzamentos da Consellería de Traballo para o financiamento dos custos sinalados no artigo 40º, debendo facerse constar que o seu importe ten o carácter de estimado.

c) Duración do proxecto e datas previstas para o seu comezo e para cada unha das súas fases.

d) Referencia a que a Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo e mediante o correspondente programa operativo, poderá cofinanciar a subvención concedida na porcentaxe alí indicada.

e) Calquera outra especificación que se coide oportuna en cada caso concreto.

3. Transcorrido o prazo de nove meses sen que se notificase resolución expresa entenderase desestimada a solicitude, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 57º desta orde, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para a solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, cando a recorrente sexa Administración pública poderá facer uso do requirimento previo a que alude o artigo 44 da antedita Lei 29/1998.

Potestativamente, de non ser a entidade solicitante Administración pública, con anterioridade á interposición do antedito recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, se dito acto for expreso; se non o for, o prazo será de tres meses e contarase, para a entidade solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día

seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e doutros/as posibles interesados/as.

6. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Consellería de Traballo e no rexistros de subvencións, de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 37º.-Modificacións do proxecto.

1. Calquera modificación que implique un cambio de titularidade da entidade promotora ou dos obxectivos e actuacións básicas do proxecto que sexan considerados como substanciais, deberá ser solicitada segundo o procedemento indicado anteriormente.

2. De teren as modificacións o dito carácter de substanciais, as delegacións provinciais remitirán as solicitudes, cando o informe técnico sexa favorable, á Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que esta ditamine sobre a procedencia da modificación pretendida. A súa resolución correspóndelles aos delegados e delegadas provinciais, por delegación do conselleiro de Traballo.

Os mencionados cambios deberán responder a causas excepcionais debidamente xustificadas que así o exixan.

3. Para a tramitación do cambio de titularidade, a entidade promotora titular deberá presentar ante a correspondente delegación provincial a seguinte documentación:

a) Solicitude de aceptación da súa renuncia e de cambio de titularidade do proxecto, debidamente xustificada.

b) Escrito de aceptación do cambio de titularidade pola nova entidade, xunto coa documentación exixible segundo o teor do previsto no artigo 31º.

c) Balances dos dereitos e obrigas que se transfiren e de situación e xustificación das subvencións percibidas da Consellería de Traballo.

d) Acta conxunta en que se acepta a liquidación e transferencia dos dereitos e obrigas co visto e prace do delegado ou da delegada provincial da Consellería de Traballo.

As solicitudes de modificacións non esenciais non precisarán do ditame da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para seren resoltas pola delegación provincial. Da resolución que se dite enviarase copia á dita dirección xeral para a súa constancia.

Capítulo V

Financiamento e xustificación de subvencións

Artigo 38º.-Financiamento da subvención.

1. Os programas de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento serán financiados con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma a través das axudas e subvencións que conceda a Consellería de Traballo ou ben directamente con medios propios con cargo ás partidas orzamentarias correspondentes.

2. As aplicacións orzamentarias coas que se financiarán, entre outras, as anteditas axudas e subvencións son as 16.02.322A.440.1, 16.02.322A.444.1, 16.02.322A.460.2 e 16.02.322A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009 polos importes de 331.609,38; 800.000; 21.045.408,64 e 3.598.105,43 de euros, respectivamente. Para exercicios futuros, as subvencións financiaranse con cargo ás mesmas aplicacións polos importes respectivos, en 2010, de 500.000, 2.000.000, 30.000.000 e 5.000.000 de euros; e, en 2011, polos de 400.000, 1.500.000, 20.000.000 e 3.000.000 euros, respectivamente. Estes importes poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que puideren establecerse na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

3. A distribución de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas no capítulo II desta orde será directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2004-2008, e inversamente proporcional á evolución da poboación no citado período.

Artigo 39º.-Convenios de colaboración.

As entidades promotoras poderán subscribir convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante os cales se comprometan a achegar parte ou a totalidade do custo do proxecto, descontándose estas achegas da subvención que poida conceder a Consellería de Traballo. Esta circunstancia farase constar na memoria prevista no artigo 31º.

Sección primeira

Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego

Artigo 40º.-Obxecto da subvención.

1. As axudas e subvencións que conceda a Consellería de Traballo para cada escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego, e que se determinarán na resolución que aprobe o proxecto, destinaranse exclusivamente a sufragar os seguintes custos:

- Os de formación profesional ocupacional e, se é o caso, educación básica durante todas as etapas do proxecto.
- As bolsas do alumnado-traballador durante a primeira etapa formativa das escolas obradoiro e casas de oficios.
- Os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado-traballador.

2. En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de

tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto.

Artigo 41º.-Subvención para custos de formación ocupacional e educación básica. Bolsas.

1. Considerararanse como custos de formación ocupacional e, se é o caso, de educación básica, susceptibles de seren subvencionados:

   - Os custos derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio.
   - As bolsas do alumnado-traballador durante a primeira etapa formativa das escolas obradoiro e casas de oficios.
   - Os medios e materiais didácticos e de consumo para a formación.
   - As amortizacións de instalacións e equipamentos. Para o seu cálculo utilizaranse as táboas de coeficientes anuais de amortización oficialmente establecidas.
   - As viaxes para a formación do alumnado-traballador.
   - Os materiais de oficina.
   - O aluguer de instalacións, maquinaria e equipamentos, excluído o leasing.
   - Os gastos xerais.
   - Durante a primeira etapa formativa das escolas obradoiro e casas de oficios, compensarase o custo do seguro de accidentes do alumnado-traballador, así como, se é o caso, o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da actuación profesional do persoal da escola obradoiro ou casa de oficios durante todo o funcionamento do proxecto.
   - Outros gastos de funcionamento que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Non poderán financiarse con cargo á subvención concedida:

   - As indemnizacións por morte e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos, cesamentos ou finalizacións de contratos.
   - Os gastos de investimento tales como a adquisición de inmobles, instalacións, maquinarias e equipamentos.
   - Os alugamentos de edificios, locais, naves, aulas ou o seu acondicionamento, sempre que non sexa resultado da práctica profesional do alumnado-traballador participante.
   - Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.

Artigo 42º.-Cálculo da subvención para custos de formación ocupacional e educación básica e bolsas.

1. Para os efectos do previsto no artigo anterior, o cálculo da subvención efectuarase por hora/alumno/a de formación e por módulos e fases:

   - Módulo A: mediante este módulo compensaranse os custos salariais do persoal directivo, docente e de apoio que fose seleccionado e contratado, incluídos os orixinados polas cotas da Seguridade Social por conta da persoa empregadora, derivados de continxencias comúns e profesionais, Fondo de Garantía Salarial, desemprego e formación profesional.
   - Módulo B: con este módulo compensaranse os demais gastos enumerados no número 1 do artigo anterior. Dado que os/as alumnos/as-traballadores/as reciben formación teórica ou teórico-práctica durante toda a xornada, considerararanse horas formativas as correspondentes á súa totalidade, tanto na primeira fase de formación como nas demais fases de formación en alternancia.

2. Para o ano 2009 establécense os seguintes importes:

   - Primeira fase ou etapa de formación inicial en escolas obradoiro e casas de oficios:
     - Módulo A: 3,07 euros/hora/alumno/a.
     - Módulo B: 1,76 euros/hora/alumno/a.
   - Segunda etapa de formación en alternancia en escolas obradoiro e casas de oficios, e obradoiros de emprego, durante todo o proxecto:
     - Módulo A: 3,07 euros/hora/alumno/a.
     - Módulo B: 0,86 euros/hora/alumno/a.

   O incremento destes módulos para anos sucesivos será do 3% anual, mentres non se dite disposición en contrario.

3. A contía dos anteditos módulos é única para cada fase, aínda que se desenvolva en dous exercicios anuais distintos, e será a que corresponda á data de inicio da fase.

4. O importe do módulo A ten en consideración a relación dun ou dunha docente a xornada completa por cada oito alumnos/as.

   O importe da subvención prevista para gastos de formación e funcionamento en cada fase será o equivalente ao resultado de multiplicar o valor dos módulos A e B polo número de alumnos/as e polo total de horas considerando a xornada completa.

5. A subvención correspondente ás bolsas nas escolas obradoiro e casas de oficios será o resultado de multiplicar 9 euros por 125, número de días lectivos estimados como correspondentes á primeira fase, e polo número de alumnos/as participantes previstos no proxecto.

Artigo 43º.-Subvención para custos salariais do alumnado-traballador das escolas obradoiro e casas de oficios.

Nos contratos para a formación que a entidade promotora subscriba co alumnado traballador participante nas escolas obradoiro e casas de oficios durante a segunda etapa formativa, a Consellería de Traballo subvencionará o 75% do salario mínimo interprofesional anualmente establecido, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Así mesmo, tamén subvencionará a totalidade das cotas por conta da persoa empregadora correspondentes á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional previstas para os

ditos contratos na súa normativa específica.

Artigo 44º.-Subvención para custos salariais do alumnado-traballador dos obradoiros de emprego.

Nos contratos para a formación que a entidade promotora subscriba co alumnado-traballador participante nos obradoiros de emprego, a Consellería de Traballo subvencionará o 150% do salario mínimo interprofesional anualmente establecido, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Así mesmo, tamén subvencionará a totalidade das cotas por conta da entidade empregadora correspondentes á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional previstas para os ditos contratos na súa normativa específica.

Artigo 45º.-Actualización da subvención.

1. O importe das cantidades efectivas que se aboarán en cada fase estará en función do incremento anual do valor dos módulos, do salario mínimo interprofesional e das cotizacións á Seguridade Social vixentes, do número de alumnos e alumnas-traballadores/as participantes en cada fase e da xustificación dos gastos subvencionados na fase anterior.

2. A actualización prevista no punto anterior non será de aplicación ás cantidades correspondentes a bolsas.

Artigo 46º.-Produción de bens e servizos.

Cando as escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego, no desenvolvemento da súa actividade, produzan bens que sexan susceptibles de comercialización, poderán allearse, sempre que non se incorra en competencia desleal e se dispoña das autorizacións necesarias. Os ingresos procedentes de tales alleamentos ou da prestación de servizos deberán aplicarse ás actividades da escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego, debendo quedar constancia documental e contable tanto dos ingresos obtidos como do seu destino.

Sección segunda

Unidades de promoción e desenvolvemento

Artigo 47º.-Obxecto da subvención.

1. As axudas e subvencións que conceda a Consellería de Traballo para cada unidade de promoción e desenvolvemento, e que se determinarán na resolución que aprobe o proxecto, destinaranse exclusivamente a sufragar os seguintes custos:

   - Os salariais derivados dos contratos que se subscriban co persoal directivo, técnico e de apoio previstos no artigo 25º.

   - Os derivados do funcionamento da unidade de promoción e desenvolvemento.

2. En ningún caso o importe da subvención concedida pola Consellería de Traballo poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto.

Artigo 48º.-Subvención para custos salariais.

1. A contía da subvención prevista para a contratación do persoal técnico das unidades de promoción e desenvolvemento, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social, estímase, para o ano 2009, en 34.001,10 euros por xornada completa, ano e persoa traballadora, reducíndose proporcionalmente, de ser o caso, en función da xornada e da duración de cada contrato. A dita subvención incrementarase nun 20% para a contratación do director ou directora da unidade de promoción e desenvolvemento.

2. O importe da subvención para custos salariais, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social, derivados da contratación do persoal de apoio será, en 2009, de 18.478,84 euros por xornada completa, ano e persoa traballadora, reducíndose proporcionalmente, de ser o caso, en función da xornada e da duración de cada contrato.

3. As referidas cantidades considéranse subvencións máximas por custos salariais e cotas patronais derivadas da contratación do persoal da unidade de promoción e desenvolvemento, pero non condicionarán os salarios efectivamente pactados entre ese persoal e a entidade promotora.

4. Non serán susceptibles de financiarse con cargo á subvención concedida as indemnizacións por morte e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos, cesamentos ou finalizacións de contratos.

Artigo 49º.-Subvención para gastos de funcionamento.

1. Os gastos derivados do funcionamento das unidades de promoción e desenvolvemento establécense, para 2009, en 3.400,60 euros por persoa traballadora e ano, reducíndose proporcionalmente, se é o caso, en función da xornada e duración de cada contrato.

2. Consideraranse como gastos de funcionamento susceptibles de seren subvencionados:

   - Os medios e materiais de consumo e oficina.

   - As amortizacións de instalacións e equipamentos. Para o seu cálculo utilizaranse as táboas de coeficientes anuais de amortización oficialmente establecidas. Cando a entidade promotora achegue para o desenvolvemento do proxecto, bens (equipamentos e instalacións) amortizables, xuntarase ao orzamento de gastos relación valorada destes, incluíndo as cotas de amortización que deriven da aplicación das táboas de coeficientes de amortización anualmente establecidas.

   - O alugamento de instalacións, maquinaria e equipamentos, excluído o leasing.

   - Os gastos xerais.

   - De ser o caso, a póliza de responsabilidade civil para lles facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da actuación profesional do persoal participante durante todo o funcionamento do proxecto.

   - Outros gastos de funcionamento necesarios para o desenvolve-

mento do proxecto.

3. Non poderán financiarse con cargo á subvención concedida:

- Os gastos de investimento, tales como a adquisición de inmobles, instalacións, maquinaria e equipamentos.
- O alugamento de edificios, locais ou similares.
- Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.

Artigo 50º.-Actualización da subvención.

1. As cantidades previstas nos artigos 48º e 49º en concepto de subvención para custos salariais e gastos de funcionamento serán obxecto dun incremento anual equivalente a un 3%, mentres non se dite disposición en contrario.

2. En todo caso, a contía da subvención é única para cada fase, aínda que se desenvolva en dous exercicios anuais distintos e será a que corresponda á data de inicio da fase.

Sección terceira

Pagamento e xustificación da subvención

Artigo 51º.-Pagamento da subvención.

1. Correspóndelles ás delegacións provinciais da Consellería de Traballo o pagamento das subvencións concedidas, logo da solicitude da entidade promotora, no modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, por períodos semestrais e en función das fases do proxecto que se indiquen na resolución de concesión.

2. Unha vez iniciada a primeira fase, e despois da xustificación do comezo mediante a oportuna certificación emitida en tal sentido pola entidade promotora, aboaráselle a esta, en concepto de anticipo, unha cantidade equivalente ao custo subvencionado correspondente a ese período, que en ningún caso poderá superar:

- o 35% do importe total da subvención da escola obradoiro ou casa de oficios;
- o 50% do importe total da subvención do obradoiro de emprego;
- o 30% do importe total da subvención da unidade de promoción e desenvolvemento.

Rematada a fase anterior, e logo da xustificación de gastos, no prazo dun mes contado desde a data da súa solicitude, aboaráselle ao promotor ou promotora, en concepto de pagamento a conta da liquidación definitiva e a medida que o/a beneficiario/a xustifique os gastos, unha cantidade equivalente ao custo subvencionado correspondente á nova fase, sen que en ningún caso se supere o límite do 80% do importe dos libramentos non xustificados pola entidade promotora, de acordo co establecido no artigo 53º.

3. Cando un obradoiro de emprego conste dunha fase, e unha vez acreditado o seu inicio na forma prevista no parágrafo segundo, aboaráselle á entidade promotora, en concepto de anticipo, unha cantidade equivalente ao 50% do importe total da subvención para o conxunto do proxecto.

Neste caso, despois de recibida a súa solicitude, poderá aboarse ao promotor ou promotora, en concepto de pagamento á conta e a medida que o/a beneficiario/a xustifique os gastos, unha cantidade equivalente ao 30% do importe total da subvención para o conxunto do proxecto.

4. O 20% ou, se é o caso, o 50% restante aboaráselle á entidade promotora unha vez rematado o proxecto, xustificados todos os gastos e presentada a acta de liquidación do expediente nos termos dispostos nos artigos 53º e 55º.

5. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o/a beneficiario/a presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Artigo 52º.-Garantías.

1. No suposto de que as entidades promotoras teñan a condición xurídica de ente de dereito privado, con carácter previo á recepción dos libramentos previstos no artigo anterior, deberán constituír a favor da Consellería de Traballo garantía para responder da correcta aplicación da subvención concedida, na forma e condicións previstas no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A garantía será liberada cando sexa acreditado que a subvención concedida se aplicou á finalidade prevista e que foron xustificadas correctamente as cantidades percibidas en tal concepto.

Artigo 53º.-Forma de xustificación.

1. A xustificación realizarase de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A entidade promotora, dentro do mes seguinte ao remate de cada fase, remitirá á correspondente delegación provincial da Consellería de Traballo os xustificantes dos pagamentos efectuados con cargo aos fondos recibidos. A xustificación presentarase segundo o detalle indicado nos modelos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, non podendo efectuarse compensacións entre os distintos conceptos. Así mesmo, xuntarase relación dos pagamentos realizados con identificación das persoas perceptoras e detalle das cantidades aboadas.

Unha vez verificada a xustificación por gastos efectuados, e cumprido o requisito establecido no artigo seguinte, axustarase o correspondente saldo na próxima transferencia que se vaia efectuar.

2. A xustificación por horas realizadas nas escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, deberá efectuarse mediante unha relación do alumnado-traballador participante no período que se xustifica, con expresión das súas datas de alta e baixa, xunto coas copias dos seus contratos de traballo, prórrogas e partes de baixa na Seguridade Social.

Para a xustificación dos custos salariais do alumnado-traballador participante, que se efectuará en función dos contratos efectiva-

mente formalizados e pola duración correspondente en cada fase, será necesario achegar a documentación indicada no parágrafo anterior.

A antedita documentación deberá xuntarse á solicitude de transferencia de fondos correspondentes á seguinte fase, segundo o modelo que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. As entidades beneficiarias presentarán os documentos xustificativos, individualizados, dos pagamentos efectuados xunto cos documentos bancarios correspondentes (extracto ou cargo bancario), así como unha certificación expedida pola persoa competente en que se relacionen todos os xustificantes, individualizados, dos pagamentos realizados.

4. No caso de que non se xustifique segundo o previsto nos puntos anteriores, non se realizarán novas provisións de fondos, e procederase á reclamación das cantidades non xustificadas de conformidade co procedemento establecido para o efecto.

5. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores e da ulterior xustificación ao final da fase, a entidade promotora dunha escola obradoiro ou casa de oficios, antes do día 15 do mes en que aboe as bolsas, deberá remitir á delegación provincial unha relación de perceptoras e perceptores destas, indicando as cantidades que lles serán aboadas en tal concepto e o número de días lectivos asistidos.

Artigo 54º.-Subvención máxima xustificable das escolas obradoiro, casas de oficios e dos obradoiros de emprego.

A subvención máxima que en cada fase se pode admitir como xustificada, por gastos de formación e funcionamento, para cada un dos módulos A e B e sen prexuízo das bolsas previstas no artigo 8º, non poderá exceder o que resulte de multiplicar o número de horas realizadas polo importe de cada módulo. Para estes efectos, tamén serán consideradas como horas efectivas as do alumnado-traballador que abandone o proxecto e polo tempo comprendido entre a data da súa baixa e o remate da fase ou, se é o caso, a data de alta do alumno ou alumna-traballador/a que substitúa a dita baixa e as correspondentes aos días lectivos non asistidos.

Igualmente, asimilaranse a horas de formación efectivamente impartidas as correspondentes aos períodos de vacacións anuais retribuídos desfrutados polo alumnado-traballador participante, establecidos legal ou convencionalmente.

Artigo 55º.-Liquidación do expediente.

1. Dentro do mes seguinte ao remate do proxecto, a entidade promotora remitirá á delegación provincial da Consellería de Traballo, nos modelos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, a seguinte documentación:

a) Xustificación dos pagamentos efectuados con cargo aos fondos correspondentes á segunda ou sucesivas fases, segundo proceda.

b) Relación de gastos realizados e os correspondentes xustificantes de pagamento.

c) Acta de liquidación e cadro-resumo de xustificantes de gastos.

2. Despois de verificada a xustificación presentada, e en caso de acordo, a delegación provincial da Consellería de Traballo dará a súa conformidade aos documentos antes sinalados, procederá ao aboamento das cantidades previstas no artigo 51º.4 e, se é o caso, expedirá o certificado necesario para liberar a garantía constituída.

No suposto de desconformidade ou discrepancia, a delegación provincial descontará do pagamento do 20% restante as cantidades non xustificadas.

3. Revisada a xustificación, e de existir un saldo positivo a favor da Consellería de Traballo, a delegación provincial iniciará o procedemento establecido para o reintegro das cantidades non xustificadas.

4. En todo caso, no prazo de tres meses posteriores á finalización da actividade do proxecto, a delegación provincial da Consellería de Traballo remitirá á Dirección Xeral de Promoción do Emprego a documentación sinalada na letra c) do punto 1 deste artigo.

Capítulo VI

Obrigas, seguimento e control

Artigo 56º.-Obrigas.

As entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán:

a) Realizar as actividades para as que se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas nesta orde e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.

b) Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do proxecto.

c) Se é unha escola obradoiro, casa de oficios ou obradoiro de emprego, contratar o alumnado-traballador participante, na modalidade contractual e pola duración prevista nos artigos 9º e 10º desta orde, e formalo nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais ou oficios obxecto do programa. Se é unha unidade de promoción e desenvolvemento, contratar o persoal directivo, técnico e de apoio que se determine.

d) Acreditar ante a Consellería de Traballo a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.

e) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as bolsas e as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

f) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e ás da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e ás que poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, á Comisión e Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, de acordo co establecido no artigo 3.1º

do Regulamento da Comisión 68/2001, do 12 de xaneiro.

g) Comunicar á Consellería de Traballo a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público nacional ou internacional, no momento de presentar a solicitude así como con ocasión da xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do derradeiro pagamento.

h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, a sede do proxecto así como as actividades e as obras e servizos que se realicen, tendo en conta que as súas actividades de publicidade e divulgación se adecuarán á normativa correspondente e ás previsións do Fondo Social Europeo. Así mesmo, nas realizacións de carácter permanente que leven a cabo as escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego colocarase una placa identificativa, seguindo os modelos e características que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 57º.-Incumprimento de obrigas. Reintegro da subvención.

1. O incumprimento total ou parcial por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas nesta orde así como na demais normativa aplicable aos programas de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento e, con carácter xeral, ás axudas e subvencións públicas que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, orixinará, tendo en consideración a natureza e causas do incumprimento e, se é o caso, a súa incidencia na formación e cualificación profesional do alumnado-traballador participante, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de axudas ou subvencións máis os xuros de demora nas condicións e de conformidade co establecido Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo do establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. As delegacións provinciais da Consellería de Traballo facilitarán información aos comités provinciais de emprego dos incumprimentos das entidades promotoras que dean lugar ao reintegro total ou parcial das axudas concedidas.

Artigo 58º.-Asistencia, seguimento e avaliación.

1. As delegacións provinciais da Consellería de Traballo son os órganos encargados de realizar as tarefas de supervisión, coordinación, asistencia técnica, seguimento e control da xestión das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, así como das axudas e subvencións concedidas.

2. Ademais de tramitar e resolver o expediente de solicitude e, de ser o caso, transferir os fondos correspondentes, deben realizar, na forma e cos procedementos que estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, as seguintes actuacións:

a) Asistencia, apoio e asesoramento técnico e administrativo, tanto á entidade promotora na preparación do proxecto como á propia escola obradoiro, casa de oficios, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento na realización das actividades para as que se concede a subvención, para conseguir o éxito do proxecto: creación de emprego, cualificación, adquisición de experiencia e inserción laboral, así como a correcta realización e desenvolvemento do traballo e actividades previstas.

b) Seguimento da xestión, obtendo das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento a información referente ao seu alumnado-traballador, persoal directivo, docente e de apoio e calquera outro dato que se considere de interese para o seguimento puntual da xestión, especialmente daqueles que serviron de base para a concesión da subvención.

c) Control das axudas e subvencións concedidas e liquidación do expediente.

d) Control dos resultados obtidos. Para estes efectos,

- As entidades promotoras de escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego, aos seis e doce meses da súa finalización, remitirán, debidamente cuberto, o cuestionario de inserción laboral, ademais de estaren obrigadas a proporcionar calquera outra información que se considere pertinente con tal finalidade.

- as entidades promotoras de unidades de promoción e desenvolvemento remitirán, dentro do mes seguinte ao final de cada unha das fases, unha memoria na que se reflictan as actuacións desenvolvidas durante o dito período e as previstas para o novo semestre. Con ocasión do remate do proxecto, presentarán unha memoria final das actividades e resultados obtidos. Así mesmo, estarán obrigadas a proporcionar calquera outra información que se considere pertinente con tal finalidade.

Disposicións adicionais

Primeira.-As axudas e subvencións aos programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento poderán ser cofinanciadas pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, mediante o Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, 2007 ES 05U PO 001, nunha porcentaxe do 80%.

Segunda.-A concesión das axudas e subvencións reguladas por esta orde, estará supeditada á existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias 16.02.322A.440.1, 16.02.322A.444.1, 16.02.322A.460.2 e 16.02.322A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

As entidades sinaladas no artigo 6º, alíneas a) e b), desta orde poderán obter a concesión das referidas axudas e subvencións, coa existencia previa de crédito nas aplicacións orzamentarias que, polo carácter das ditas entidades, corresponda. Para tales fins, se é o caso, realizaranse as oportunas modificacións orzamentarias, sen que en ningún caso se supere o importe total consignado nesta orde.

Terceira.-Os créditos correspondentes a subvencións que conteñan fases que se inicien en exercicios futuros, terán o carácter de plurianuais, de conformidade co preceptuado polo artigo 58.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado na súa sesión do día de 30 de decembro de 2008.

Cuarta.-Os créditos previstos para o financiamento das axudas e subvencións que se concedan ao abeiro desta orde, poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da re-

distribución dos fondos destinados a pagar os programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. A asignación de créditos que, como consecuencia das posibles modificacións que puidesen producirse, resulte definitiva para o financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia.

Quinta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos/as delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, aprobación ou denegación das modificacións dos proxectos así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaldas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.-As entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta orde están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.-Por resolución do director xeral de Promoción do Emprego poderanse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do diálogo social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Oitava.-Paro os efectos do disposto no artigo 3º.3º da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, na súa redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, a concesión das axudas ou subvencións estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposición transitoria

As escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento en funcionamento á entrada en vigor desta orde, continuarán rexéndose pola normativa ao abeiro da que foron aprobadas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "68-09.PDF"

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas de cooperación e dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios.

As ordes do 29 e 30 de decembro de 2008 da actual Consellería de Traballo e Benestar establecen, respectivamente, as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As disposicións adicionais quinta e sétima, respectivamente, das ditas ordes establecen que por resolución do director xeral de Promoción do Emprego se poderán establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do dialogo social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia e as demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Pola súa banda, a exposición de motivos da Orde do 29 de decembro, de programas de cooperación, establece como un dos seus obxectivos facilitar a mobilidade profesional desde os sectores máis castigados pola situación actual a outros con necesidades de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen unha demanda de traballo, polo que, de acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), entidade que representa a todas as entidades locais que van contratar os traballadores e traballadoras desempregados, cómpre orientar a súa contratación naqueles programas e medidas pendentes de resolución cara a actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral.

Así, ante a grave situación actual do desemprego, debemos reforzar de maneira inmediata a protección dos traballadores desempregados afectados que consumisen xa as prestacións e subsidios por desemprego, de tal maneira que os ámbitos de actividade a través dos cales se desenvolven as accións de colaboración entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e organismos públicos ou entidades sen ánimo de lucro, sexan os máis susceptibles de xerar posibilidades de colocación para estes desempregados.

Coa finalidade de achegar a xestión dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego ao cumprimento dos obxectivos expostos; de mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego a través de contratos de traballo de entre 6 e 9 meses que lles facilite unha práctica profesional adecuada para a súa reinserción

laboral, e no uso das facultades atribuídas nas disposicións derradeira primeira das anteditas ordes dítase as seguintes

Instrucións:

Primeira.-No marco dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego regulados nas ordes de 29 e 30 de decembro de 2008, respectivamente, e, para os efectos da selección dos traballadores e das traballadoras desempregados/as para participar nas accións previstas neles, considerararanse como colectivo prioritario, para este exercicio, as persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito.

Segunda.-A contratación dos traballadores e traballadoras desempregados naqueles programas e medidas pendentes de resolución realizarase en actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral, entre as cales estarán as dirixidas á prestación de servizos relacionados con:

a) Servizos ambientais, de medidas forestais e de ámbito rural.

b) Servizos sociais, educativos e relacionadas coa muller.

c) Servizos relacionados coa cultura, o turismo e o deporte.

d) Servizos de protección civil, seguridade e outras obras.

e) Servizos administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas nas ordes da Consellería de Traballo do 29 de decembro e do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen, respectivamente, as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e dos programas de cooperación.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo. Neste sentido, a Xunta de Galicia ten posto en marcha un plan de choque contra a crise no cal están implicadas diversas consellerías e no cal a de Traballo e Benestar se compromete a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquirir unha experiencia profesional, e para que obteñan un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias, polo que se destina un importe adicional de 3 millóns de euros para os programas mixtos de formación e emprego.

Dado que ambas as ordes establecen que os importes fixados nas aplicacións previstas nelas poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se puidesen establecer na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou nas disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e que se autorizaron os correspondentes expedientes de incorporación e de xeración de créditos de fondos finalistas que afectan os importes das citadas aplicacións, procede darlles a oportuna publicidade, en cumprimento do disposto nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, na sección I do capítulo terceiro, Programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, nunha contía de 26.006,28 € na aplicación 48.04.322A.442.0, código de proxecto 2009 01 010.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na precitada Orde do 29 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, código de proxecto 2009 01 010:

48.04.322A.403.0 increméntase nun importe de 184.542,82 €.

48.04.322A.442.0 increméntase nun importe de 115.203,09 € .

Artigo 2º

1. Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento nunha

contía de 3.163.229,95 € na aplicación 48.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na precitada Orde do 30 de decembro de 2008, código de proxecto 2001 14 440, na aplicación 48.04.322A.441.1, incrementándose nun importe de 506.812,55 €.

Artigo 3º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Orde do 11 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na orde da Consellería de Traballo do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo. Neste sentido, a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de choque contra a crise en que están implicadas diversas consellerías e no cal a de Traballo e Benestar se compromete a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquirir unha experiencia profesional, e para que obteñan un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias, polo que xa se destinan un importe adicional de tres (3) millóns de euros para os programas mixtos de formación e emprego.

Dado que esta orde establece que os importes fixados nas aplicacións previstas nela poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas e subvencións que efectivamente se concedan, e como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se puidesen establecer Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou nas disposicións aplicables ás axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e que se autorizaron os correspondentes expedientes de incorporación e de transferencia de créditos de fondos finalistas que afectan os importes das citadas aplicacións, procede darlles a oportuna publicidade, en cumprimento do disposto nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento nunha contía de 31.287,49 € na aplicación 48.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

2. Como consecuencia das baixas tramitadas nas aplicacións en que existían remanentes, modifícase o importe dos créditos para o financiamento das axudas previstas na dita Orde do 30 de decembro de 2008, código de proxecto 2001 14 440, na aplicación 48.04.322A.460.2, incrementándose nun importe de 2.174.703,21 €.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograms de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

CAPÍTULO III.- FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Formación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupados

69 Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.

(DOG nº 34, do 18.02.2009, orde de ampliación no DOG nº 73, do 17.04.2009 e orde de substitución dos fondos no DOG nº 125, do 29.06.2009).

A formación profesional para o emprego ten como finalidade proporcionarlles ás persoas traballadoras ocupadas a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a ocupados: o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento; a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación das persoas traballadoras ocupadas no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea; a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

O Regulamento (CE) nº 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo, polo que se aproban as disposicións de aplicación relativas ao Fondo Social Europeo, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral. Así mesmo, o Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, regula a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

O II Plan Galego de Formación Profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 recolle entre os seus obxectivos o de proporcionarlle ás persoas traballadoras ocupadas a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvecións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

O Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

O obxecto desta orde é a regulación das accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas subvencionadas todas elas pola Xunta de Galicia e cofinanciadas pola Unión Europea (Fondo Social Europeo).

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo ao crédito do programa 16.03.323B.471.0, 2.997.569 euros que figura na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, rexistrado co código de proxecto 2009 01023 e que constitúe o importe global máximo que se destina para estas subvencións. Destas cantidades o 20% achégao a Xunta de Galicia e o 80% a Unión Europea (Fondo Social Europeo).

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por obxecto regular as iniciativas de formación dirixidas á reciclaxe e recualificación de traballadores dos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción e metal (preferentemente do sector de automoción) e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda da afiliación a Seguridade Social superior ao 1%, no momento da publicación desta orde, correspondentes ao exercicio de 2009, xestionadas pola Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 2º.-Finalidade e principios.

1. As accións de formación dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas obxecto de financiamento nesta convocatoria terán como finalidade tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas, calquera que sexa o sector ou rama de actividade en que a persoa traballadora presta os seus servizos.

2. A concesión das subvencións correspondentes realizarase atendendo aos principios de concorrencia, publicidade e obxectividade.

3. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser entidades beneficiarias da concesión desta subvención para a formación dos seus traballadores/as: as empresas e agrupacións de empresas dos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción e metal (preferentemente do sector de automoción) e aqueles outros que poidan xurdir como consecuencia da crise económica e que sirvan para paliar os seus efectos.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias recollidas no 27.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, tendo dereito os beneficiarios a facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do número 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

5. Igualmente, publicaránse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

6. Os beneficiarios das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e mais o de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006 co contido e a forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 4º.-Axudas.

1. Todas as accións formativas serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución na proporción e contía que se determine nesta orde, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifiquen de acordo co establecido neste orde e no resto de normativa de aplicación.

2. Nas accións formativas dirixidas especificamente a alumnos disca-

pacitados incrementarase o importe total da acción formativa nun 35%, co obxecto de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico que sexa necesario para garantir a adquisición de competencias por parte destes alumnos.

3. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública da mesma natureza e para a mesma acción.

Artigo 5º.-Destinatarios das accións formativas.

1. Serán destinatarias das accións formativas as persoas traballadoras ocupadas das empresas beneficiarias e as persoas desempregadas que tiveran unha relación laboral coa empresa beneficiaria desde xaneiro de 2008, cun límite máximo dun 25% do total de participantes en cada acción formativa.

Considerarase o participante ocupado ou desempregado en función da situación laboral que teña o día de inicio da acción formativa.

2. Terán prioridade para participar como alumnos:

a) Os traballadores desfavorecidos, de conformidade co establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto do 2008.

b) Os traballadores discapacitados, de conformidade co establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto do 2008.

3. As entidades impartidoras deberán acreditar documentalmente que os alumnos están incluídos nalgún dos grupos das alíneas anteriores.

4. O persoal ao servizo das administracións públicas está excluído do ámbito de aplicación desta orde, xa que poderá participar a través dos plans específicos que se promovan de acordo co procedemento que establezan os acordos de formación continua das administracións.

Artigo 6º.-Custos subvencionables.

De acordo co que se establece no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión das Comunidades Europeas, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (CE) ás axudas á formación, e sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) nº 1828/2006, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo, serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Custos do persoal docente, así como os gastos de desprazamento deste persoal fóra do centro de formación, cando teña lugar por motivos directamente relacionados coa acción formativa. O pagamento aos docentes deberá ser, en todo caso, proporcional ás horas impartidas, tendo en conta o módulo económico da acción formativa.

b) Os gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

c) Outros gastos correntes tales como materiais e subministracións. Poderase incluír nesta epígrafe o conxunto de gastos non directamente vinculados ao obxecto último pero indispensables para impartir a acción formativa, como gastos de limpeza, auga, electricidade, teléfono, combustibles, seguros e pólizas de responsabilidade civil, publicidade... Poderán incluírse, así mesmo, os gastos de alugueres, tanto de instalacións como de maquinaria.

d) A amortización dos instrumentos e equipamentos en proporción á súa utilización exclusiva para o proxecto de formación de que se trate.

e) Os custos dos servizos de asesoría en relación coa acción de formación. Poden imputarse nesta epígrafe os gastos de asesoría legal como informes xurídicos ou consultas xurídicas; gastos de notaría e rexistros; gastos de asesoramento técnico tales como informes técnicos, peritaxes e taxacións; gastos de asesoramento financeiro como consultoría financeira, así como gastos de xestión e coordinación das accións formativas. As entidades impartidoras non poderán imputar por este concepto un importe superior ao 15% do importe total dos gastos de docencia. Estes gastos soamente serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

f) Custos de persoal dos beneficiarios da formación e custos indirectos xerais (gastos administrativos, alugueres...) ata un importe equivalente aos demais custos subvencionables indicados nas epígrafes anteriores. Para os custos de persoal dos beneficiarios de formación, só poderán terse en conta as horas en que as persoas traballadoras participasen realmente na formación, logo de dedución das horas produtivas.

Artigo 7º.-Contía das axudas e subvencións.

1. O importe das axudas recollidas nestes programas dirixidas ás empresas que formen os seus propios traballadores/as non poderá exceder dos límites establecidos no Regulamento (CE) número 800/2008, do 6 de agosto de 2008, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación. A intensidade das axudas establecerase de acordo cos seguintes criterios:

a) Formación específica: aquela que inclúe un ensino teórico e práctico aplicable directamente no posto de traballo actual ou futuro da persoa traballadora na empresa beneficiaria e que ofrece cualificacións que non son transferibles, ou só de forma moi restrinxida, a outras empresas ou a outros ámbitos laborais.

- Non excederá o 25% dos custos subvencionables.

b) Formación xeral: aquela que inclúe un ensino que non é único ou principalmente aplicable no posto de traballo actual ou futuro do traballador/a na empresa beneficiaria, senón que proporciona cualificacións na súa maior parte transferibles a outras empresas ou a outros ámbitos laborais.

- Non excederá o 60% dos custos subvencionables.

Estas intensidades incrementaranse ata un máximo do 80% dos custos subvencionables, nos seguintes casos:

- 10% se a formación se dispensa a persoas traballadoras/as discapacitadas ou desfavorecidas.

- 10% se a axuda se concede a medianas empresas e 20% se son pequenas empresas.

Enténdese por mediana empresa a que empregue menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non exceda os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda os 43 millóns de euros.

Enténdese por pequena empresa a que empregue menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non exceda os 10 millóns de euros.

c) Casos particulares: cando o proxecto de axuda consta de compoñentes de formación xeral e específica que non se poidan deslindar para os efectos do cálculo da intensidade da axuda, e cando non se poida determinar o carácter específico ou xeral do proxecto de axuda á formación, serán de aplicación as intensidades aplicables á formación específica.

d) A valoración das solicitudes e a determinación da contía da subvención fixaraa a comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos polo FSE. No caso de existir límite de financiamento, na resolución de concesión especificarase a porcentaxe que se subvenciona, en función dos criterios citados anteriormente.

2. Valoración económica das accións formativas:

a) O módulo económico aplicable para os efectos de liquidación das subvencións concedidas para o financiamento das accións formativas incluídas nesta orde será como máximo 20 €, para os conceptos recollidos nas alíneas a) a e) do artigo 6º desta orde. Este módulo poderase incrementar ata un importe equivalente no caso de que se xustifiquen custos recollidos na alínea f) do mesmo artigo.

A entidade deberá acreditar, mediante certificación, o número de horas da xornada laboral dedicadas á formación e o custo salarial por hora.

b) As accións formativas terán sempre carácter presencial.

c) O importe da subvención concretarase no produto das horas da acción formativa polo número de alumnos e polo módulo económico.

3. Segundo o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias do programa regulado nesta orde poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, os subcontratistas deberán facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade adxudicataria. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% da acción formativa.

En ningún momento se poderá subcontratar coas persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

Artigo 8º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas deberán:

1. Requirir de cada alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá arquivarse separadamente por cada acción formativa:

- Copia simple do DNI.

- Ficha individual.

2. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación e á delegación provincial correspondente:

a) Como mínimo cinco días antes do inicio da acción formativa:

- As datas de inicio e remate e o horario de impartición.

- A planificación temporal dos módulos da acción formativa.

- O enderezo completo do lugar de impartición.

- A relación nominal dos docentes especificando os seus DNI.

b) O día de inicio de cada acción formativa:

- Certificación xustificativa do seu comezo e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados na alínea anterior.

3. Enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

a) Dentro dos 10 días seguintes ao inicio da acción formativa, a seguinte documentación:

Informaticamente.

- Ficha de inicio que se cubrirá na aplicación informática Sifo na alínea de seguimento de cursos.

Documentalmente.

- Relación nominal dos alumnos, especificando número do DNI.

- Copia simple dos seus DNI.

- Copia da póliza de seguros contratada co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.

- Copia da última nómina do alumno.

A entidade impartidora arquivará unha copia desta documentación separadamente por cada acción formativa.

b) Mensualmente:

- Fotocopia do parte de asistencia, que poderá xerarse no Sifo unha vez cuberta a información necesaria.

4. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes dos alumnos e da entidade impartidora, así como a relación dos docentes e o horario. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa, así como á porcentaxe que cofinancia cada un deles.

5. Aboar mensualmente aos docentes a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

6. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Traballo, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

7. Contratar un seguro de accidentes para os alumnos, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente na parte presencial cando a acción formativa se desenvolva fóra da propia empresa.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

- No caso de morte: 36.000 €.
- No caso de invalidez permanente: 42.000 €.
- Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

8. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, que deberán ser autorizadas polo director xeral de Formación e Colocación cando non figuren no programa formativo, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

9. Velar por que todos os alumnos dunha acción formativa reciban a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

10. Comunicarlle á Dirección Xeral de Formación e Colocación calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

11. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días de antelación, autorización para realizar calquera modificación substancial no desenvolvemento das accións formativas.

12. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

13. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, e someterse ás actuacións de comprobación e control financieiro que poidan realizar os órganos de control autónomicos, estatais ou comunitarios.

14. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

15. Informar os alumnos do cofinanciamento das accións formativas por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

16. Financiar os gastos que excedan os límites da intensidade permitida no Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, cando sexan de aplicación.

17. Todas as entidades beneficiarias de subvencións deberán acreditar, con independencia da súa contía, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que o beneficiario xunte á solicitude a debida autorización para que a citada información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

A presentación da solicitude de concesión pola persoa interesada das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

18. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación das resolucións de concesión.

19. A entidade beneficiaria deberá comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

Artigo 9º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Segundo o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidads para a súa concesión.

2. O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas, suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. No caso de incumprimento parcial das accións realizadas, a cantidade que percibirá o beneficiario da subvención quedará reducida de forma proporcional as accións non realizadas.

Artigo 10º.-Pagamento e liquidación das subvencións.

A. Documentación que hai que presentar.

- As entidades beneficiarias deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro dos 15 días seguintes ao remate da acción formativa, a xustificación dos custos inherentes a el, a través da seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:
- Cubrir a ficha SIFO de finalización.
- Solicitude de liquidación final.
- Relación de facturas.

- Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa, que estean xustificados mediante facturas pagadas ou outros documentos contables de valor probatorio equivalente.

- Certificación dos gastos.

- Declaración resumo anual do IVE (modelo 390) correspondente ao último exercicio en que figure, de ser o caso, a porcentaxe de dedución (rateo) que aplicará a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

- Unha memoria final de actividades en que se faga constar, segundo os casos, unha descrición detallada da execución da acción formativa e dos colectivos atendidos.

- As entidades beneficiarias das axudas reguladas nesta orde deberán acreditar, con independencia da súa contía e antes de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas na lei anual de orzamentos.

- Os custos das accións formativas só se poderán imputar a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

B. Sistemas de pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 65% do total do orzamento de gastos de cada acción formativa, en concepto de anticipo, no momento en que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade impartidora en que se notifique o inicio de cada acción formativa, así como a documentación sinalada neste artigo, de ser o caso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificados os gastos realmente efectuados en cada unha.

c) Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida.

d) Poderanse aboar anticipos de ata o 65% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio da primeira das accións formativas, sempre que se constitúa garantía a favor da Consellería de Traballo (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

2. No caso de que non inicien a acción formativa o total dos alumnos para os que se aprobou, ratearase o importe que se deba aboar ata o número máis alto de alumnos acadado no seu primeiro cuarto.

3. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde ou na súa normativa de desenvolvemento, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación Ocupacional e Continua da Dirección Xeral de Formación e Colocación emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

Artigo 11º.-Seguimento, control, calidade e avaliación das accións formativas.

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, as delegacións provinciais ou o persoal que se contrate para o efecto, aplicarán un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas a alumnos e docentes, e emitirase un informe respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento.

2. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

3. As entidades beneficiarias deberán destinar para a avaliación e control da calidade da formación ata un 5% da subvención concedida. A avaliación desenvolverase tendo en conta os seguintes criterios:

As persoas participantes avaliarán a calidade das accións a través dun cuestionario de avaliación de calidade que cubrirá, polo menos, os seguintes ámbitos específicos de información:

Valoración xeral da acción formativa.

- Contidos: a súa adecuación ás expectativas e necesidades de formación, así como utilidade dos contidos para a traxectoria profesional da traballadora ou traballador.

- Profesorado: o seu nivel de preparación, de especialización e de comunicación.

- Medios didácticos: valoración dos medios utilizados e a súa adecuación aos contidos.

- Medios técnicos: a súa dispoñibilidade, adecuación e estado de funcionamento.

- Instalacións: luminosidade, amplitude, ventilación, condicións climáticas e accesibilidade.

- Organización: composición e homoxeneidade do grupo de formación, número de alumnas e alumnos, información previa recibida, horarios e duración.

Teñen a obriga de cubrir o cuestionario todos os alumnos que participen nas accións formativas reguladas esta orde. Será cuberto polos participantes ao remate das accións.

As entidades beneficiarias son as responsables do proceso de avaliación da calidade das accións formativas, tanto da distribución, gravación e explotación dos cuestionarios, como da realización dun informe de resultados que conterá unha tabulación coa totalidade destes e que se empregará para análise da calidade das accións executadas.

Poderase realizar calquera outra actuación que se considere axei-

tada para a avaliación da calidade das accións formativas.

4. Sen prexuízo da utilidade que estas avaliacións teñen para as entidades beneficiarias e os centros ou institucións impartidoras da formación, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir destas a achega dos correspondentes cuestionarios, ou ben o resultado da súa tabulación, co fin de analizar a calidade das accións no marco dos convenios regulados nesta orde.

5. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá realizar unha avaliación externa das accións formativas impartidas ao abeiro desta orde que terá os seguintes obxectivos mínimos:

a) A adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral.

b) A incidencia e impacto da formación continua no mantemento do emprego e na promoción das traballadoras e dos traballadores.

c) O acceso á formación profesional continua, especialmente das persoas traballadoras de pemes e dos restantes colectivos prioritarios.

d) A eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

e) Os niveis de aprendizaxe e a súa aplicación no posto de traballo.

Capítulo II

Das accións formativas

Artigo 12º.-Accións formativas.

1. Defínense como accións formativas aquelas dirixidas á adquisición de competencias profesionais, teórico ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagógica con obxectivos, contados e duración propios, comúns a todos os participantes. As accións formativas non poderán ter en ningún caso unha duración inferior a 10 horas e a participación dun traballador ocupado en accións formativas non poderá superar as 8 horas diarias.

2. As accións formativas estarán formadas pola especialidade formativa e polo módulo transversal regulado no número seguinte deste artigo, e terán unha duración máxima de 250 horas. Excepcionalmente, o director xeral poderá autorizar a impartición de accións formativas de duración superior ás 250 horas pola peculiaridade da propia acción formativa ou do colectivo ao cal vai dirixida.

3. Segundo o artigo 39 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres de Galicia, introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

4. A data límite para o remate e xustificación das accións formativas será o 30 de novembro de 2009.

5. As accións formativas poderanse executar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. De non concederse a subvención solicitada para as ditas accións formativas os custos serán a cargo da entidade solicitante, sen que comporte obriga ningunha para a Consellería de Traballo.

Artigo 13º.-Selección de alumnos.

1. Como norma xeral, a selección dos alumnos/as participantes nas accións formativas realizaraa a entidade adxudicataria entre os seus propios/as traballadores/as.

2. Nas accións formativas en que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnos, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50% do número programado, poderán ser canceladas pola Consellería de Traballo. En caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 18º e aprobada polo conselleiro de Traballo, calculada de acordo co principio de proporcionalidade.

3. Os alumnos que resulten seleccionados para unha acción formativa poderán asistir simultaneamente a outra incluída dentro da programación recollida nesta orde sempre que haxa total compatibilidade horaria entre elas. Salvo autorización expresa do director xeral de Formación e Colocación, por causas excepcionais debidamente xustificadas, os alumnos non poderán causar baixa nunha para acceder a outra dentro desa programación.

4. No caso de que se produzan baixas durante o desenvolvemento da acción formativa, as entidades impartidoras poderán incorporar alumnos dentro do seu primeiro cuarto.

Artigo 14º.-Dereitos e deberes do alumnado.

1. A formación será gratuíta en todo caso para todos/as os/as alumnos/as das accións formativas incluídas nesta orde.

2. Terán a obriga de asistir e/ou seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora. No caso de que as faltas de asistencia sen xustificar dalgún alumno superen o 25% das horas lectivas, poderá ser dado de baixa na acción formativa.

3. Os alumnos que rematen as accións formativas con aproveitamento, e asistisen ou realizasen como mínimo o 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma que será xerado na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

4. Os alumnos que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e módulos aos que asistisen.

5. No suposto de ter xa cursado o módulo de formación para igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica da Dirección Xeral de Formación e Colocación non será necesario que volvan a realizalo sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

Artigo 15º.-Modalidades de impartición das accións formativas.

As accións formativas terán carácter presencial, e poderán organizarse en grupos cun máximo de 25 participantes.

Capítulo III

Da convocatoria pública

Artigo 16º.-Solicitudes.

1. As entidades que desexen colaborar na impartición das accións formativas previstas nesta orde deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde, e que se subministrará nas delegacións provinciais da consellería, na Dirección Xeral de Formación e Colocación ou en calquera das oficinas administrativas de información ao cidadán, subscrita polo titular ou representante legal da entidade debidamente acreditado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da capacidade legal para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

b) Declaración responsable do representante legal da empresa en que se faga constar que os lugares de impartición dos cursos son aptos para a formación (deberá axustarse ao anexo III desta orde).

c) Convenio de agrupación de empresas, se é o caso.

d) Declaración, se é o caso, de non ter aprobado ningún expediente de regulación de emprego ao abeiro do estipulado no artigo 47 do Estatuto dos traballadores nos últimos seis meses contados desde a publicación desta orde.

e) Certificación do número de persoas traballadoras que teña contratadas por conta allea na data de publicación desta orde.

f) Certificación da inversión en formación realizada desde o 1 de xaneiro de 2008.

g) Certificación do volume de negocio anual da empresa ou, se é o caso, agrupación de empresas.

h) Informe das accións formativas, da representación legal dos traballadores/as das empresas. O informe deberá ser favorable no caso de empresas que tivesen presentado un expediente de regulación de emprego.

i) Unha ficha por cada unha das accións formativas no modelo normalizado segundo o anexo II.

j) Unha memoria-proxecto en que se fará referencia, polo menos, aos seguintes extremos:

- Descrición da acción formativa, en que se especificará o programa formativo curricular así como a xustificación do programa.
- Xustificación documental da experiencia da entidade solicitante na impartición de accións formativas de semellante natureza.

k) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

l) Declaración responsable de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións.

2. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro de Traballo e poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 17º.-Prazo.

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o seguinte á publicación desta orde.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou de que a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 18º.-Instrución do procedemento.

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións que se establecen nos seguintes puntos.

3. Recibidas as solicitudes procederase ao estudo e a cualificación destas pola comisión de valoración que, unha vez analizada a documentación achegada polas entidades solicitantes, emitirá informe sobre os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde

4. Unha vez puntuados os expedientes pola comisión de valoración, serán informados pola Comisión Galega de Formación Continua.

5. Á vista dos expedientes e dos informes preceptivos que se emitan, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, como órgano instutor, formulará proposta de resolución.

6. Para os efectos previstos neste artigo, a comisión de valoración estará composta pola subdirectora xeral de Formación Ocupacional e Continua, que a presidirá, e serán vogais a xefe/a do servizo de Planificación de Formación Ocupacional e Continua, que actuará como secretario ou secretaria, e dúas persoas que sexan técnicos da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

7. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o director xeral de Formación e Colocación.

Artigo 19º.-Criterios de valoración.

1. Terán preferencia as empresas que non teñan aprobado ningún expediente de regulación de emprego ao abeiro do estipulado no artigo 47 do Estatuto dos traballadores nos últimos seis meses contados desde a publicación desta orde.

2. Teranse en consideración para a valoración técnica das accións formativas, os seguintes criterios de puntuación:

a) En relación cos contidos das accións formativas, ata 35 puntos:

- Accións formativas que incorporen algún módulo de tecnoloxía da información e a comunicación, sensibilidade ambiental, formación para a seguridade e saúde laboral cuxa duración non poderá exceder as 10 horas, ata 15 puntos.

- Carácter xeral da formación. Considerarase xeral aquela formación que proporcione cualificacións para varias empresas, ata 20 puntos.

b) Inclusión das accións formativas no sistema de cualificacións, 10 puntos.

c) Capacidade acreditada da entidade solicitante para impartir a acción formativa, tendo en conta experiencias anteriores e os medios persoais e materiais propios ou alleos postos a disposición para a execución, ata 35 puntos.

d) Ter realizada formación dos seus propios traballadores/as desde o 1 de xaneiro de 2008, 10 puntos.

e) O emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións formativas, 10 puntos.

3. Serán financiados as accións formativas que superen a puntuación da valoración técnica que, en función das solicitudes presentadas e recursos dispoñibles, sexa aprobada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 20º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas, unha vez emitido informe pola comisión galega de Formación Continua, e fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada, corresponderalle ao director xeral de Formación e Colocación por delegación do conselleiro de traballo, e deberá ser notificada aos interesados no prazo de 10 días desde que se produzan. As entidades deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 14.1º c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Todo isto sen prexuízo das excepcións que estableza a Lei de orzamentos para 2009.

2. As axudas previstas nesta orde poderán materializarse a través de convenios de colaboración subscritos pola consellería con cada unha das entidades beneficiarias.

3. A resolución dos expedientes deberá producirse no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e deberá ser notificada aos interesados no prazo de 10 días desde que se diten. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados entenderán desestimada a súa solicitude.

4. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a aceptación da subvención, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

5. Contra as resolucións ditadas ao amparo desta orde, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

6. Non obstante, poderase optar por interpor contra estas resolucións recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente no programa 16.03.323B.471.0, rexistrado co código de proxecto 2009 01023 que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde do 24 do outubro de 2008 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento das accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediate a subscrición de convenios de ámbito autonómico, na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no que sexa de aplicación, quedando os beneficiarios das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Terceira.-As axudas recollidas nesta orde estarán suxeitas ao que dispón o Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación, publicado no Diario Oficial de las Comunidades Europeas do 13 de xaneiro de 2001.

Cuarta.-Poderán efectuarse resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma que deberá provir de transferencias, incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito, e deberan ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Quinta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para ditar as correspondentes resolucións de concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "69-09.PDF"

Orde do 8 de abril de 2009 pola que

se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.

A Orde do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 34, do 18 de febreiro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán efectuar resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma, que deberán provir de transferencias, incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 13 de febreiro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 13 de febreiro de 2009, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.03.323B.471.0 polo importe de 16.981.054,47 euros; código proxecto 200600481.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2009.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se fai pública a substitución dos fondos existentes para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.

A través da Orde do 8 de abril de 2009 (DOG nº 73, do 17 de abril) fíxose pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para as accións formativas subvencionadas pola Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009. A dotación dos fondos da antedita ampliación proveñen do I Plan Integral de Emprego de Galicia (PIEG).

Neste momento existen novas dotacións que, polo tipo de fondos de que se trata, só poden ser utilizados para conceder as axudas previstas na Orde do 13 de febreiro de 2009.

Porén os fondos procedentes do PIEG, si poden ser utilizados para a realización de diversas actuacións que favorezan a xeración de emprego nos sectores económicos menos desenvolvidos, actuacións absolutamente imprescindibles no momento sociolaboral no que se atopa a nosa comunidade autónoma.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Substitúense 3.662.390 euros da aplicación 16.03.323B.471.0, código de proxecto 200600481 do orzamento para as axudas previstas na Orde do 13 de febreiro de 2009, que se financiará con cargo aos créditos que a continuación se relacionan e que figuran dotados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.03.323B.471.0 polo importe de 3.622.390 euros, código proxecto 200901023.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

70 Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

(DOG nº 192, do 30.09.2009 e corrección de erros no DOG nº 200, do 13.10.2009).

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlles ás persoas traballadoras, especialmente ás ocupadas, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a persoas traballadoras ocupadas o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento, a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación dos traballadores e traballadoras no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea, a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (CE) 396/2009, do 6 de maio de 2009, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación dos traballadores/as ocupados nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, ten como obxecto ofrecer aos traballadores, tanto ocupados como desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego. Entre as iniciativas que recolle o citado real decreto figuran os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, que se regulan nesta orde de convocatoria.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolve a formación de oferta co obxectivo de integrar e dar un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta dirixida ao conxunto dos traballadores, ocupados e desempregados, e regula as bases que deben rexer a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar a dita formación polas diferentes administracións públicas no seu ámbito de xestión.

O II Plan Galego de Formación Profesional defínese, basicamente, como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Acordo Galego de Formación Profesional Continua asinado o 29 de marzo de 2004 entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos de Galicia ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 recolle, entre os seus obxectivos, o de proporcionarlle aos traballadores a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa nesta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

O Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocato-

ria farase con cargo aos créditos do programa 48.05.323b.481.0, 15.000.000 € que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009 e 660.000 € para o ano 2010 e do programa 48.05.323b.471.0, 27.000 € que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009 e 3.000 € para o ano 2010, rexistrados co código de proxecto 2009.01009. Este importe será obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo. Segundo a distribución feita pola Comisión Galega de Formación Profesional e Continua do financiamento previsto destinarase a plans de formación intersectoriais dirixidos a persoas traballadoras 13.950.000 €, para plans de formación intersectoriais dirixidos a persoas traballadoras autónomas 870.000 €, e para plans intersectoriais dirixidos a traballadores e socios de economía social 870.000 €.

As axudas previstas nesta orde estarán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e pola Administración xeral do Estado, e están incluídas no Programa Operativo Plurirrexional «Adaptabilidade e Emprego» número 2007ESO5UPO001, imputables o novo período de programación dos fondos estruturais 2007-2013. De acordo coas disposicións xerais establecidas no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello do 11 de xullo de 2006, a achega do Fondo Social Europeo á actividade cofinanciada será do 80% do seu custo.

Na súa virtude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Esta orde ten por obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico.

Artigo 2º.-Finalidade e principios que rexen a concesión das subvencións.

1. As subvencións que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán como finalidade financiar os plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, que ofrezan unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores.

2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Artigo 3º.-Prazo de execución dos plans de formación.

Os plans de formación poderán executarse desde o día 1 de setembro de 2009 ata o 31 de agosto de 2010 e deberán estar xustificados todos os gastos no prazo dun mes desde o seu remate.

Artigo 4º.-Accións formativas.

1. Para os efectos desta norma enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos, duración e metodoloxía propia. Unha acción formativa poderá impartirse a un ou varios grupos, segundo o número de veces que se repita a dita acción.

   As accións formativas non poderán ter unha duración inferior a 10 horas nin superior a 270 horas salvo autorización expresa do/a director/a xeral de Formación e Colocación por causas debidamente xustificadas.

   A participación do/a traballador/a en accións formativas de formación para o emprego non será superior a 8 horas diarias, calquera que sexa a modalidade de impartición.

2. Segundo o artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na totalidade das actividades formativas de formación profesional para o emprego ou de inserción laboral activa financiadas pola Consellería de Traballo e Benestar introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, dos incluídos na relación anexa, cunha duración de cinco horas nas accións formativas de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nas accións formativas de duración superior a cincuenta horas.

Código	Descrición	Horas
FCOXXX01	Formación para a igualdade	5
FCOXXX05	Formación para a igualdade	10

(A documentación de referencia destes módulos poderá consultarse en http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados/sec_modulos_ficheros).

3. Coa finalidade de seguir as recomendacións do Fondo Social Europeo sobre módulos transversais poderanse financiar dentro das accións formativas módulos de sensibilización ambiental e alfabetización informática: internet, que se atopen dentro da relación anexa.

Código	Descrición	Horas
FCOA02	Sensibilización ambiental	9
FCOI01	Alfabetización informática: internet	10

(A documentación de referencia destes módulos poderase consultar en http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados/sec_modulos_ficheros).

4. As modalidades de impartición poderán ser as seguintes:

   - Presenciais.
   - Distancia convencional.
   - Teleformación.
   - Mixtas.

Cando as accións formativas inclúan, en todo ou en parte, formación a distancia, esta deberá realizarse con soportes didácticos que supoñan un proceso de aprendizaxe sistematizado para a persoa participante, que necesariamente será complementado con asistencia titorial.

A modalidade de teleformación entenderase aplicada cando o proceso de aprendizaxe das accións formativas se desenvolva co apoio de tecnoloxías de información e comunicación.

As accións formativas presenciais poderán organizarse en grupos cun máximo de 25 participantes, salvo autorización expresa do/a director/a xeral de Formación e Colocación, logo de petición da entidade impartidora, naquelas accións formativas nas que participen como docentes profesionais de alto prestixio e que por motivos de economía sexa conveniente agrupar o alumnado en grupos máis numerosos. Nas accións de formación a distancia (incluídas as desenvolvidas mediante teleformación) disporase, como mínimo, dunha titora ou titor por cada 80 participantes. Nas accións mixtas respectaranse os citados límites, segundo a respectiva modalidade formativa.

En todo caso, no anexo II da solicitude deberá especificarse expresamente a modalidade pola que optan, e, se é mixta, indicarán as horas de cada unha delas.

En todas as modalidades de impartición se deberán incluír evidencias necesarias para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida.

Na modalidade de teleformación programarase como mínimo, un control periódico de aprendizaxe cada 10 horas de formación ou fracción, entendendo como fracción cada unidade inferior ou igual a 10 horas.

As accións formativas poderán iniciarse cando conten cun mínimo de 8 alumnas/os. No caso da modalidade a distancia ou teleformación non se aplicará este límite.

Artigo 5º.-Participación das persoas traballadoras.

1. Poderán solicitar a súa participación nos plans de formación aprobados nesta convocatoria, ante as entidades beneficiarias, os seguintes colectivos:

a) As persoas traballadoras asalariadas que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional.

b) As persoas traballadoras que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

Persoas traballadoras fixas descontinuas nos períodos de non ocupación.

Persoas traballadoras que accedan a situación de desemprego cando se encontren en período formativo.

Persoas traballadoras acollidas a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

c) As persoas traballadoras incluídas nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional.

d) As persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades da economía social.

e) O persoal ao servizo das administracións públicas, cun límite máximo dun 10% do total de participantes de cada plan.

f) As persoas traballadoras desempregadas, cun límite máximo dun 40% do total de participantes de cada plan. Neste caso, os traballadores poderán ser beneficiarios das bolsas e axudas previstas no artigo 8º desta orde.

Considerarase que o participante está ocupado ou desempregado en función da situación laboral que teña o día no que inicie a acción formativa.

2. Colectivos prioritarios:

a) Coa finalidade de garantir o acceso os traballadores/as coa maior dificultade de inserción ou de mantemento no mercado de traballo, poderán ter prioridade para participar nas accións formativas os traballadores ocupados pertencentes aos seguintes colectivos: traballadores de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, maiores de 45 anos, traballadores con baixa cualificación e persoas con discapacidade.

b) A taxa de participación de mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de, polo menos, 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial sempre que esa taxa sexa inferior ao 50% e aplicarase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50%.

c) Para os efectos desta orde, terán a consideración de pequenas e medianas empresas (pemes) as que empreguen a menos de 250 persoas, cun volume de negocio anual que non exceda os 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda os 43 millóns de euros e que cumpran o criterio de independencia. Consideraranse empresas independentes aquelas en que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertenzan a outra empresa, ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME.

Artigo 6º.-Selección de alumnado.

A selección do alumnado participante nas accións formativas será realizada pola entidade adxudicataria entre as persoas traballadoras que soliciten a súa participación en cada acción formativa. As solicitudes de participación deberán ser custodiadas polas entidades beneficiarias das subvencións e estar á disposición dos órganos de control.

A selección dos/as traballadores/as que van participar no plan de formación realizaraa a entidade beneficiaria, atendendo ás prioridades do plan de formación e a criterios de igualdade e de obxectividade e, en todo caso, tendo en conta a seguinte orde de prelación:

Primeiro.-Persoas traballadoras ocupadas pertencentes aos colectivos prioritarios.

Segundo.-Persoas traballadoras ocupadas pertencentes a colectivos non prioritarios.

Terceiro.-Persoas traballadoras desempregadas.

No caso de formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade ou de acreditacións parciais, corresponderalle á entidade beneficiaria comprobar os requisitos de acceso do alumnado

aos módulos formativos que se determinen nos correspondentes certificados de profesionalidade.

As entidades beneficiarias poderán realizar convocatoria pública, que deberá publicarse, como mínimo, nun dos xornais de maior tiraxe da comunidade autónoma. No anuncio en prensa os logotipos deberán figurar coa seguinte distribución: na parte superior esquerda o da Xunta de Galicia, na parte superior dereita o da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e na parte inferior dereita o do centro impartidor.

As entidades beneficiarias poderán incorporar alumnado dentro do seu primeiro cuarto.

Se durante a impartición dunha acción formativa sobrevén unha redución do alumnado, sen que se poidan dar novas altas, nunha cantidade superior ao 50% do número programado, a entidade beneficiaria poderá solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a súa suspensión. No caso de suspensión, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración e aprobada polo/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que nunca será superior aos gastos efectivamente xustificados.

Sempre que non se supere o número máximo de alumnas e alumnos por curso establecido no artigo 4º.4 desta orde, poderán asistir a unha acción formativa un número maior de alumnado que o inicialmente aprobado. O incremento de alumnado non supoñerá incremento da contía económica inicialmente prevista para cada acción.

Artigo 7º.-Dereitos e deberes do alumnado.

1. A formación será gratuíta, en todo caso, para todo o alumnado das accións formativas incluídas nesta orde.

2. Terán a obriga de realizar e seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade beneficiaria. Na modalidade presencial, no caso de que as faltas de asistencia dalgún alumno ou alumna superen o 25% das horas lectivas, deberá ser dado/a de baixa na acción formativa. Na modalidade a distancia, teleformación ou na parte correspondente a calquera destas dúas modalidades para a formación mixta serán dados de baixa cando a alumno ou alumna non superen o 25% das avaliacións.

3. Para ter dereito a diploma o/a alumno/a deberá cumprir os seguintes requisitos:

   - Modalidade presencial: superar con aproveitamento o 75% da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización.
   - Modalidade a distancia ou teleformación: superar con aproveitamento o 75% das avaliacións da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización.
   - Modalidade mixta, superar o 75% das avaliacións non presenciais da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización. Na parte presencial do curso deberá asistir e superar con aproveitamento un 75% da acción formativa. No caso de que o número de sesións presenciais sexa menor de catro, a porcentaxe de asistencia obrigada reducirase para permitir unha única falta de asistencia (66% se hai tres sesións ou 50% se hai dúas). En calquera caso, nun curso mixto o alumno deberá asistir polo menos a unha sesión presencial.

   A Dirección Xeral de Formación e Colocación determinará o modelo do diploma e nel deberá constar:

   a) Nome, apelidos e DNI da alumna ou alumno.

   b) Denominación da acción formativa.

   c) Horas de impartición con especificación das horas presenciais, a distancia e teleformación, se é o caso.

   d) Lugar e datas de realización.

   e) Programa do curso extractado por módulos.

   f) Logotipo da Xunta de Galicia e da Unión Europea (FSE).

   g) Módulo de igualdade, agás que estea exento.

4. O alumnado que non teña dereito a diploma recibirá, se o solicita, unha certificación polas horas e módulos que realizase.

5. Cando a formación que se vai impartir conduza á obtención dun certificado de profesionalidade ou de acreditacións parciais, teranse en conta os módulos formativos e requisitos que se determinen nos correspondentes certificados, aprobados en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño.

   Esta formación certificarase nos termos establecidos na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento, e sempre que se cumpran estritamente os requisitos de alumnado, profesorado, instalacións e avaliación recollidos nos reais decretos que regulan as correspondentes certificacións.

6. No suposto de ter xa cursado calquera dos módulos da Dirección Xeral de Formación e Colocación relacionados no artigo 4º.2 e 4º.3 desta orde, non será necesario que volvan a realizalo sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

Artigo 8º.-Bolsas e axudas.

1. Para ter dereito a calquera das bolsas e axudas reguladas neste artigo será requisito imprescindible que o curso teña unha duración igual ou superior a catro horas diarias e vinte semanais.

Estas axudas só se percibirán cando os traballadores desempregados deban trasladarse ás sesións formativas.

2. O prazo para a solicitude das bolsas é de dez días naturais desde a incorporación do alumno/a á acción formativa. A non formalización en tempo e forma desta solicitude dará lugar á perda do dereito á axuda.

3. As axudas reguladas neste artigo son todas compatibles entre si, agás a de transporte público coa de transporte privado, e a de transporte privado con aloxamento e manutención.

4. As axudas reguladas neste artigo son compatibles coa percepción de prestacións do Servizo Público Estatal de Emprego, agás no suposto da bolsa de asistencia vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas nos itinerarios personalizados de inserción.

5. Os alumnos terán dereito a percibir as seguintes bolsas e axudas:

   5.1. Poderán percibir unha bolsa consistente no 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia, os alumnos/as con discapacidade e aqueles demandantes non perceptores de prestacións de Servizo Público

de Emprego Estatal que participen nunha acción formativa vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas no seu itinerario de inserción, sempre que non se negasen a participar en actividades recollidas no seu IPI, segundo certificación da oficina de emprego.

Só poderá cobrarse unha axuda por este concepto, con independencia de que o/a alumno/a pertenza aos dous colectivos.

5.2. Axudas de transporte, manutención e aloxamento:

a) Axuda de transporte:

a.1. Transporte público urbano: os alumnos que utilicen a rede de transportes públicos urbanos para asistir á formación terán dereito a percibir unha axuda consistente en 1,5 por alumno/día de asistencia. Para ter dereito á súa percepción deberán facer unha declaración xurada de que utilizan o transporte público urbano para asistir ao curso.

a.2. Transporte público interurbano: os alumnos que residan nun concello distinto ao da impartición do curso terán dereito a percibir unha axuda consistente en 6 € por alumno/día de asistencia. Para ter dereito á súa percepción deberán facer unha declaración xurada de que utilizan o transporte público interurbano para asistir ao curso, xunto cunha certificación municipal de residencia.

a.3. No caso de que a distancia entre o domicilio do alumno/a e o lugar de impartición dos cursos sexa como mínimo de 50 quilómetros, os alumnos/as, cando non exista medio de transporte público entre o seu domicilio e o do centro ou este transporte non teña un horario regular que permita compatibilizalo co da acción formativa, poderán ter dereito á axuda en concepto de transporte en vehículo propio, logo de autorización do/a director/a xeral de Formación e Colocación ou do/a correspondente xefe/a territorial. A axuda de transporte en vehículo propio terá unha contía máxima por día de asistencia de 0,10 euros por quilómetro.

A acreditación de atoparse nos supostos de concesión realizarase a través de certificación municipal que acredite o seu empadroamento no concello de residencia, como mínimo, seis meses antes do inicio do curso así como de calquera outra documentación que o órgano competente considere necesaria para probar a veracidade da residencia.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de transporte en vehículo propio, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a acción formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar, e aquelas outras accións formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

b) Axuda de aloxamento e manutención cando a distancia entre o seu domicilio e o lugar de impartición sexa, como mínimo, de 50 quilómetros. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior. A acreditación de atoparse nos supostos de concesión realizarase a través de certificación municipal que acredite o seu empadroamento no concello de residencia, como mínimo, seis meses antes do inicio do curso, así como de calquera outra documentación que o órgano competente considere necesaria para probar a veracidade da residencia.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de aloxamento e manutención deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a asistencia ao curso implique que o alumno deba aloxarse no lugar de impartición. O gasto real de aloxamento xustificarase por medio do contrato de arrendamento ou factura de hospedaxe.

- Que a acción formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e aquelas otras accións formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

A axuda de aloxamento e manutención aboarase por mes natural, e a súa contía será o importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) fixado para o ano 2009, rateándose a parte correspondente aos meses de inicio e finalización cando non sexan completos.

5.3. Axudas á conciliación: as axudas previstas neste parágrafo teñen por obxecto permitir ás persoas desempregadas conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao, sempre que ao inicio da acción formativa cumpran os requisitos seguintes:

- Non ter rexeitado ofertas de traballo axeitadas nin terse negado a participar en actividades de promoción, formación ou reconversión profesional no ano anterior ao inicio da acción formativa.

- Carecer de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Entenderase por unidade familiar: en caso de matrimonio o pai, a nai e os fillos menores de 18 anos, con excepción dos que con consentimento dos seus pais vivan independentes deles, ou os maiores incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada. En defecto de matrimonio ou en supostos de separación legal, o pai ou nai e a totalidade dos fillos que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos sinalados no parágrafo anterior. No suposto de que o suxeito causante da axuda sexa un familiar ata segundo grao, este entenderase incluído na unidade familiar para o cómputo de rendas.

Deberá achegarse certificado de convivencia ou, no seu defecto, de empadroamento e copia do libro de familia. Para os estranxeiros que non teñan libro de familia, calquera documentación que acredite de forma suficiente o parentesco.

As rendas calcularanse tendo en conta o seguinte:

Para os traballadores por conta allea:

- Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso.

- As pagas extraordinarias rateranse mensualmente.
- As horas extraordinarias correspondentes a ese mes computaranse na súa totalidade.
- As axudas de custo non se terán en conta (agás naqueles casos en que o seu volume e periodicidade mostren que se trate dunha forma habitual de pagamento dunha parte do salario).

Para os autónomos:

- Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso.
- Dividirase o importe total por tres, para obter as rendas mensuais.

Para estes efectos, computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola comunidade autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

A contía da axuda á conciliación será do 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia.

Capítulo II

Tipos de plans de formación e entidades solicitantes

Artigo 9º.-Tipos de plans de formación intersectoriais.

Poderanse subscribir convenios de ámbito autonómico para a execución dos seguintes tipos de plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados:

a) Plans de formación intersectoriais, dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, integrados por accións formativas dirixidas a aprendizaxe de competencias transversais a varios sectores da actividades económica ou de competencias específicas dun sector para a reciclaxe e recualificación de traballadores/as de outros sectores, incluída a formación dirixida a capacitación para a realización de funcións propias da representación legal dos/as traballadores/as. Cada plan formativo deberá incorporar un mínimo do 10% para accións formativas relacionadas coas novas tecnoloxías e/ou un mínimo do 10% para formación en especialidades industriais. Ambas porcentaxes deberán identificarse en cada plan de formación, ambas porcentaxes deberán vir identificadas na memoria xustificativa.

b) Plans de formación intersectoriais dirixidos a traballadores/as e socios/as da economía social sempre que acheguen actividade económica.

c) Plans de formación intersectoriais dirixidos a persoas traballadoras autónomas.

Artigo 10º.-Entidades beneficiarias: requisitos e acreditación.

1. Poderán ser beneficiarias da concesión de subvencións para a execución dos distintos tipos de plans sinalados no artigo anterior as seguintes entidades:

a) Para os plans de formación intersectoriais, as organizacións empresariais e sindicais representativas no ámbito autonómico con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Para a execución de plans de formación intersectoriais dirixidos especificamente aos colectivos de traballadores e socios de economía social, sempre que acheguen actividade económica, as confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas de economía social, todas elas de carácter intersectorial e con suficiente implantación no ámbito autonómico.

No caso de solicitudes de asociacións, empresariais ou sindicais, integradas noutra que sexa tamén solicitante, considerarase unicamente a daquela que teña a maior representatividade na comunidade autónoma.

c) Para a execución de plans de formación intersectoriais dirixidos especificamente ao colectivo de autónomos, poderán ser solicitantes as asociacións representativas de traballadores autónomos de carácter intersectorial e, así mesmo, as organizacións recollidas no artigo 21.5º da Lei 20/2007, de 11 de xullo, do estatuto do traballo autónomo, con representatividade no ámbito autonómico. Terán prioridade as asociacións representativas de autónomos con maior implantación no territorio da comunidade autónoma.

No caso de solicitudes de asociacións, empresariais ou sindicais, integradas noutra que sexa tamén solicitante, considerarase unicamente a daquela que teña a maior representatividade na comunidade autónoma.

As entidades beneficiarias das letras b) e c) deberán acreditar a suficiente implantación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditando os seguintes extremos:

Un.-Presenza de sedes permanentes, como mínimo, nunha provincia da comunidade autónoma e cun ano anterioridade á publicación da orde.

Dous.-Recursos humanos e materiais suficientes para desenvolver a súa actividade, coa especificación dos domicilios sociais e o número de traballadores que presta os seus servizos nas confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas de economía social e nas asociacións representativas de traballadores autónomos.

Tres.-Número de membros das confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas de economía social e nas asociacións representativas de traballadores autónomos.

Catro.-Declaración do solicitante sobre a veracidade da información e os datos achegados.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios. Tamén terán dita consideración as agrupacións formadas polas entidades previstas no punto 1 deste artigo con entidades vinculadas a elas, que teñan entre os seus fins o desenvolvemento das actividades a

que se refire esta orde.

O representante ou a persoa apoderada única da agrupación deberá pertencer a algunha das entidades beneficiarias previstas no punto 1 deste artigo.

3. Non poderán obter a condición de beneficiaria as entidades en que concorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 8 do regulamento que desenvolve a lei, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario ao que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

6. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

7. Os beneficiarios das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis o de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006 co contido e a forma que regulamentariamente se determine.

Capítulo III

Iniciación, instrución e resolución do procedemento.

Artigo 11º.-Solicitudes.

1. Co obxecto de axilizar os procesos de recepción e valoración dos plans de formación presentados polas entidades solicitantes, a Dirección Xeral de Formación e Colocación dispón dunha aplicación de solicitudes de concesión de subvencións, http://traballo.xunta.es/formacionparaoemprego/intersectorial. É un sistema que permite elaborar e tramitar as solicitudes de plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores/as ocupados/as mediante apoio das novas tecnoloxías de información.

A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar, San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela, nos seus departamentos territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e será subscrita pola persoa titular ou representante legal da entidade coa debida acreditación, dirixida á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. As entidades solicitantes deberán presentar tanto a solicitude como o plan de formación anexo.

3. A presentación da solicitude de concesión pola persoa interesada das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. A documentación que deberá acompañar á solicitude é a seguinte:

a) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade e do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante.

b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, debidamente legalizados.

c) Documentación acreditativa de representatividade suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

d) Documentación acreditativa da inscrición da entidade no rexistro administrativo correspondente e de reunir os requisitos establecidos no artigo 10 desta orde para ser entidade beneficiaria da subvención.

e) Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 2º e 3º, da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para a mesma acción formativa, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

g) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que faga constar que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esa finalidade.

h) Para a execución de plans de formación intersectoriais dirixidos especificamente aos colectivos de traballadores e socios de economía social, das confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais, e para a execución de plans de formación intersectoriais dirixidos a persoas traballadoras autónomas, a acreditación do requisito de notable implantación realizarase cubrindo debidamente o anexo IV, no que deberán constar os seguintes datos:

- As sedes permanentes, que teña a entidade, na comunidade autónoma cun ano de anterioridade á publicación da orde. Deberá presentar documentación que xustifique a titularidade dos locais onde se atopan as sedes.

- Recursos humanos e materiais suficientes para desenvolver a súa actividade, coa especificación dos domicilios sociais e o número de traballadores que presta os seus servizos nas confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas de economía social e nas asociacións representativas de traballadores autónomos (TC2 dos doce meses anteriores á publicación da orde).

- Número de afiliados das confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas de economía social e nas asociacións representativas de traballadores autónomos.

- Se a entidade está integrada noutra de ámbito superior deberá indicar o seu nome. A entidade de ámbito superior deberá certificar que a de ámbito inferior está integrada nela.

Se a entidade solicitante é unha federación ou confederación deberán presentar unha relación das entidades que a integran.

Nas confederacións, federacións e asociacións de autónomos, as entidades integrantes que se terán en conta para os efectos de representatividade serán as que representen exclusivamente a autónomos.

- Declaración do solicitante sobre a veracidade da información e os datos aportados.

5. De conformidade co artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, aquelas entidades que presenten máis dunha solicitude deberán unicamente achegar a documentación orixinal ou copia cotexada nunha delas.

6. No impreso de solicitude deberanse facer constar, polo menos, os seguintes datos:

- Nome e razón social da solicitante, acreditado mediante fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

- Identificación ou sinatura da persoa representante legal autorizada que formula a solicitude, acreditándose esa representación mediante escritura notarial de poderes ou por calquera outro medio válido en dereito.

- Declaración do/a representante legal da entidade solicitante sobre a veracidade da información e dos datos achegados na solicitude e certificación desta.

- Contía da subvención solicitada.

Artigo 12º.-Documentación técnica.

Sen prexuízo da documentación que fai referencia o artigo 11º desta orde coa solicitude presentarase a seguinte documentación técnica:

1. Plan de formación que deberá conter, polo menos, a seguinte información:

a) Ámbito de aplicación do plan.

b) Obxectivos, contidos, metodoloxía e modalidade.

c) Accións formativas que se van desenvolver, con indicación, se é o caso, das vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e, dentro destas, a que certificado ou certificados de profesionalidade van dirixidos. Deberán incluír os módulos transversais, se é o caso.

d) Número de alumnas/os por acción formativa.

e) Colectivos destinatarios, desagregados por colectivos prioritarios do FSE, categorías ou grupos profesionais.

f) Custo estimado das accións formativas.

g) Calendario previsto de execución.

h) Lugar, instalación e medios previstos para impartir as accións formativas, que no caso de accións conducentes á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais destes deberán cumprir os requisitos que se establecen no real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

Deberá presentarse unha relación priorizada das accións formativas solicitadas por grupos e accións.

2. Memoria xustificativa sobre a capacidade técnica do solicitante para a xestión do plan que solicita, indicando os recursos técnicos e materiais de que dispón a entidade solicitante e, de ser o caso, os da entidade que participa no desenvolvemento do plan formativo.

Artigo 13º.-Requirimentos.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirá á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 14º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 15º.-Proposta de resolución.

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. Recibidas as solicitudes procederase ao estudo e á cualificación destas polas comisións de valoración que, unha vez analizada a documentación achegada polas solicitantes, informarán os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde.

3. Unha vez puntuados os expedientes polas comisións de valoración, serán informados pola Comisión Galega de Formación Profesional Continua.

4. As entidades deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co artigo 11 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

5. Á vista dos expedientes e dos informes preceptivos que se emitan, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, como órgano instrutor, formulará proposta de resolución.

6. A comisión de valoración para os convenios de execución de plans de formación intersectoriais, de plans formativos dirixidos a persoas

traballadoras autónomas e plans de economía social, estará composta polo/a subdirector/a xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e serán vogais o xefe ou xefa do servizo de Planificación de Formación para o Emprego, que actuará como secretario ou secretaria, e unha persoa membro do persoal da Subdirección de Formación para o Emprego.

7. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o/a director/a xeral de Formación e Colocación.

Artigo 16º.-Criterios de valoración.

Teranse en consideración para a valoración técnica dos plans de formación profesional para o emprego que se van executar a través da subscrición de convenios, os seguintes criterios de puntuación:

a) En relación coas accións formativas que integran o plan, ata 50 puntos:

- Contidos das accións formativas, ata 20 puntos:

Terán maior valoración as accións formativas incluídas no anexo III desta orde, 10 puntos.

Outorgarase maior valoración ás accións formativas que incorporen algún módulo de tecnoloxía da información e a comunicación, sensibilidade ambiental, formación para a seguridade e saúde laboral cuxa duración non poderá exceder as 10 horas, ata 10 puntos.

- Instalacións, medios didácticos e material previsto, ata 10 puntos.
- Certificación das accións formativas. Outorgarase maior valoración a aquelas especialidades que, estando incluídas nalgún dos certificados de profesionalidade publicados, inclúan módulos que se poidan considerar complementarios deles, é dicir, que pertenzan á mesma área ou ocupación pero que non estean desenvolvidos, 10 puntos.
- Mecanismos de seguimento, avaliación e control do aprendizaxe, ata 10 puntos.

b) Adecuación das accións formativas do plan ás necesidades do ámbito intersectorial, axustado ás necesidades do mercado de traballo, ata 30 puntos.

c) Capacidade acreditada da entidade solicitante para impartir o plan presentado, tendo en conta experiencias anteriores e os medios persoais e materiais propios ou alleos postos a disposición para a execución do plan, ata 15 puntos.

d) O emprego da lingua galega na realización das accións formativas, 5 puntos.

Para a valoración das letras a) e c) terase en conta a información dispoñible na memoria xustificativa do convenio.

Terase en conta o grao de execución e o cumprimento das condicións en que se outorgou a subvención acreditados polo solicitante na última convocatoria de plans de oferta liquidada, podéndose reducir polas ditas causas ata un 10% de valoración técnica.

Serán financiados os plans de formación que superen a puntuación da valoración técnica que, en función das solicitudes presentadas e os recursos dispoñibles, sexa aprobada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 17º.-Determinación do importe da subvención.

1. Para os convenios de execución de plans de formación intersectoriais, a subvención que se vai conceder determinarase tendo en conta:

a) Conxunto das subvencións solicitadas tanto polas organizacións empresariais como polas organizacións sindicais representativas.

b) A valoración técnica obtida polo respectivo plan de formación, segundo os criterios recollidos no artigo 16º desta convocatoria.

c) Así mesmo, teranse en conta os módulos económicos máximos establecidos nesta orde, e o volume da actividade formativa que a/o solicitante se compromete a realizar no marco do cofinanciamento do Fondo Social Europeo, de xeito que a subvención resultante sexa maior canto maior sexa o número de participantes pertencentes aos colectivos prioritarios a que fai referencia o artigo 5º desta convocatoria.

2. Para os convenios de execución de plans de formación dirixidos a persoas traballadoras e persoas socias de cooperativas, sociedades laborais e outras empresas e entidades de economía social e a persoas traballadoras autónomas, a subvención que se vai conceder determinarse tendo en conta:

a) Conxunto das subvencións solicitadas.

b) A valoración técnica obtida polo respectivo plan de formación, segundo os criterios recollidos no artigo 16º desta convocatoria.

c) Así mesmo, teranse en conta os módulos económicos máximos establecidos nesta orde, e o volume da actividade formativa que a/o solicitante se compromete a realizar no marco da cofinanciamento do Fondo Social Europeo, de maneira que a subvención resultante sexa maior canto maior sexa o número de participantes pertencentes aos colectivos prioritarios a que fai referencia o artigo 5º desta convocatoria.

3. En casos excepcionais, cando as circunstancias concorrentes o aconsellen, poderase aplicar o establecido no artigo 9.2º da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, que desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e o artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As axudas previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 18º.-Módulos económicos máximos.

1. Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables para efectos de liquidación das subvencións concedidas para o financiamento dos convenios, serán os que a continuación se establecen en función da modalidade de impartición e

nivel da formación:

Modalidade de impartición	Nivel de formación	
	Básico	Medio-superior
Presencial	8 euros	12 euros
A distancia	5 euros	
Teleformación	6,75 euros	
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia ou teleformación que teña a acción formativa	

2. Excepcionalmente, o/a director/a xeral de Formación e Colocación poderá autorizar un incremento de ata un 50% do módulo económico superior da modalidade presencial de formación, en función da singularidade de determinadas accións formativas que pola súa especialidade e características técnicas precisen un financiamento superior.

3. Na modalidade de impartición presencial, o módulo de nivel básico aplicarase cando se trate de impartir formación en materias transversais ou xenéricas que capaciten para desenvolver competencias e cualificacións básicas.

4. O módulo de nivel medio-superior aplicarase cando a formación incorpore materias que impliquen especialización e/ou capacite para desenvolver competencias de programación e/ou dirección.

Artigo 19º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalle ao director/a xeral de Formación e Colocación, por delegación do/a conselleiro/a e deberá ser notificada ás persoas interesadas no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas entenderán desestimada a súa solicitude.

2. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

3. Á resolución de concesión xuntarase cada un dos convenios e o correspondente plan de formación.

4. Ao abeiro do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe da subvención na proposta de resolución sexa inferior á solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable. Posteriormente, as entidades poderán facer, como máximo, dúas reconfiguracións do plan, tendo en conta que a primeira, de ser o caso, deberá facerse, como mínimo, dous meses despois da notificación da resolución e a última deberá facerse, como máis tarde, cando falten dous meses para o remate do prazo de execución das accións formativas do plan.

5. A priorización das accións formativas derivadas da reconfiguración do plan executarase ata o importe concedido. Calquera modificación desa priorización deberá ser autorizada polo/a director/a xeral de Formación e Colocación.

6. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Capítulo IV

Execución, xustificación de custos e liquidación

Artigo 20º.-Custos financiables e criterios de imputación.

1. Os custos das accións formativas poderán imputarse dende o 1 de setembro de 2009.

2. Custos directos da acción formativa.

a) As retribucións das persoas formadoras internas e externas, podéndose incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables ás persoas formadoras no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade que se imputen.

b) Os gastos de amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o seu aluguer ou arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, soportados na execución do plan formativo.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

c) Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas do plan, incluíndo o material de protección e seguranza. Así mesmo, no caso da teleformación, os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre persoal formador e participantes.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

d) Os gastos de aluguer, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento do plan de formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da

acción.

Os gastos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas, sendo aplicable o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo regulamento do imposto de sociedades.

e) Seguro de accidentes dos participantes.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

f) Gastos de transporte, manutención e aloxamento para os traballadores ocupados que participen nas accións formativas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

g) Gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa.

h) Custos de avaliación e control da calidade da formación segundo o artigo 27º desta orde.

3. Custos asociados á actividade formativa:

a) Consideraranse custos financiables os de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución do plan.

b) Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a súa adecuada preparación ou execución. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

c) Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos non especificados anteriormente, asociados á execución do plan.

Estes custos deberán imputarse á beneficiaria da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

En calquera caso, os custos asociados, igual que os custos directos, deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os gastos de asesoría xurídica, así como os custos notariais, rexistrais, periciais e de administración só serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

A suma dos custos asociados do plan non poderá superar o 20% dos custos da actividade formativa.

Artigo 21º.-Pagamento e liquidación das subvencións.

1. Non poderá realizarse o pagamento da subvención cando a entidade sexa debedora por resolución firme de procedencia de reintegro.

2. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a beneficiarias/os nos supostos previstos no punto 6º, parágrafo terceiro, do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Documentación que hai que presentar:

- As entidades beneficiarias deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro do mes seguinte ao do remate da última acción formativa de cada convenio, a xustificación dos custos inherentes a el, a través da seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:
- Ficha de finalización.
- Solicitude de liquidación final.
- Relación de facturas.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa.
- Certificación dos gastos.
- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. A/o beneficiaria/o deberá, así mesmo, cubrir e remitir nos impresos normalizados e conforme as instrucións que se establezan para o efecto naquelas, os seguintes documentos:

a) A certificación de finalización do plan, con especificación de cada acción formativa realizada da cal se comunicase o seu inicio no momento oportuno.

b) A documentación xustificativa que acredite, como mínimo, os custos relativos ás accións formativas subvencionadas.

c) Xustificante de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, é dicir, cando o anticipo sexa superior á cantidade xustificada.

d) A documentación relativa ás actuacións de avaliación e control da calidade da formación.

e) As entidades beneficiarias deberán acreditar, con independencia da súa contía e antes de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais.

5. Cando non se presentase a documentación xustificativa a que se refiren os puntos anteriores ou a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, a Dirección Xeral de Formación e Colocación porá en coñecemento das/os beneficiarias/os as insuficiencias observadas para que no prazo de dez días sexan rectificadas.

Examinada a documentación xuntada para a corrección das insuficiencias detectadas, ou transcorrido deste prazo sen que se presentasen, o órgano concedente procederá á liquidación final a partir dos xustificantes de gastos elixibles que consten no expediente.

6. Sistemas de pagamento.

O aboamento da subvención ás/os beneficiarias/os farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80% do total do orzamento de gastos do convenio, en concepto de anticipo, no momento no que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade beneficiaria en que se notifique o inicio dunha acción formativa, así como a documentación sinalada neste artigo, de ser o caso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificados os gastos realmente efectuados en cada unha.

c) Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

Artigo 22º.-Execución.

A execución do plan de formación realizaraa a/o beneficiaria/o tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, así como que a subvención outorgada terá o carácter de importe máximo e destinarase á realización das accións formativas obxecto do convenio. En todo caso, durante a execución do plan de formación non se poderán incluír accións formativas non aprobadas, nin modificar a duración nin a modalidade delas, salvo autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 23º.-Instrucións de xustificación de custos e liquidación.

A xustificación de custos e a liquidación económica das subvencións realizarase do seguinte xeito:

1. Os datos de xestión do curso deberanse introducir en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros.

2. A/o beneficiaria/o deberá xustificar os custos en que incorresen na execución das accións formativas obxecto do convenio e que o gasto xustificado será o efectivamente pagado.

3. Os custos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio, en orixinal ou fotocopia compulsada despois de selar o orixinal, co detalle suficiente para acreditar a correcta aplicación dos fondos. Estes documentos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.

4. Cando de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas se admita a xustificación de custos mediante notas de cargo, estas deberán acompañarse cos documentos xustificativos que soportan o gasto ou as súas imputacións.

5. Ao abeiro do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias do programa regulado nesta orde poderán subcontratar, logo de autorización do/a director/a xeral de Formación e Colocación, por unha soa vez, e ata o 100% da acción formativa, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, os subcontratistas deberán facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade adxudicataria.

A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

En ningún momento se poderá subcontratar coas persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43º do regulamento que desenvolve a lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. No caso de subcontratación, as facturas que emitan as/os subcontratistas deberán conter unha desagregación suficiente para identificar os custos imputados a cada acción formativa.

7. Cando as actividades formativas fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

8. A/o beneficiaria/o da subvención estará obrigado a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 4 anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da/o beneficiaria/o. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

9. As entidades que, sen que transcorrese o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación á Dirección Xeral de Formación e Colocación.

10. O control da Consellería de Traballo e Benestar, como órgano concedente, esténdese á comprobación de que por parte da/o beneficiaria/o se tiveron en conta as previsións do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Para o cálculo do importe que se lles aboará ás entidades efectuaranse dous rateos:

Primeiro rateo. No caso de que inicien a acción formativa un número de alumnas e alumnos inferior aos orzamentados, ratearase a cantidade para pagar en función do alumnado que iniciase. Non obstante, non se aplicará penalización orzamentaria se se produce unha desviación do número de alumnos e alumnas, como máximo, do 15% sobre o alumnado orzado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 15%, aboarase pola cantidade real de

alumnado iniciado. Para estes efectos enténdese por alumnado iniciado o número máximo que haxa no primeiro cuarto da acción formativa.

Segundo rateo. Se se producen abandonos de participantes na acción formativa, admitiranse desviacións de ata o 30% do número de alumnado orzado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 30%, aboarase pola cantidade real de alumnado finalizado.

O importe para aboar calcularase en función das cantidades resultantes dos dous rateos.

Nas modalidades de teleformación e para distancia, para efectos de finanzamento soamente se terán en conta os alumnos e alumnas que realizaran polo menos o 25% dos controis de aprendizaxe.

Artigo 24º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Sen prexuízo das obrigas establecidas nesta orde, na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, constitúen así mesmo obrigas da beneficiaria:

1. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea e polo Servizo Público de Emprego Estatal, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo Inviste no teu futuro da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

3. Requirir de cada alumna ou alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá arquivarse separadamente por cada acción formativa:

   - Copia simple do DNI.
   - Ficha individual na que acredite a súa pertenza a algún dos grupos preferentes que se recollen no artigo 5º, de ser o caso.
   - Acreditación da súa condición de persoa ocupada ou desempregada.
   - Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado que establezan os programas formativos ou, de ser o caso, o real decreto que regule os correspondentes certificados de profesionalidade.
   - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais, no caso de que a acción formativa completase un certificado de profesionalidade.
   - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, de ser o caso.

4. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

a) Como mínimo cinco días naturais antes do inicio da acción formativa:

   - As datas de inicio e remate e o horario de impartición.
   - O enderezo completo do lugar de impartición e teléfono de contacto.

b) Dentro do primeiro cuarto do curso e sempre que non supere os 10 días seguintes ao inicio da acción formativa, a seguinte documentación:

   - Relación nominal dos alumnos e alumnas, especificando o número do DNI e número de afiliación á Seguridade Social.
   - A identificación da persoa coordinadora ou responsable da acción formativa.
   - Identificación dos docentes e, no caso de accións conducentes á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais deles, acreditación do cumprimento dos requisitos dos docentes que se establezan para cada módulo formativo no real decreto que regula o correspondente certificado de profesionalidade.
   - Autorización da persoa traballadora para a utilización dos seus datos persoais para o control e seguimento do curso no marco da Lei de protección de datos.
   - Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado que establezan os programas formativos ou, de ser o caso, o real decreto que regule os correspondentes certificados de profesionalidade.
   - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais, no caso de que a acción formativa completase un certificado de profesionalidade.
   - Copia da póliza de seguros contratado co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.
   - Declaración xurada da persoa traballadora de que os documentos que achega son auténticos.

c) Mensualmente:

   - Partes de asistencia.
   - Comunicación de incidencias.

d) A entidade beneficiaria arquivará separadamente por cada acción formativa a seguinte documentación:

   - Copia simple dos DNI do alumnado.
   - Fichas de inicio.
   - A planificación temporal dos módulos da acción formativa.
   - Ficha individual de cada alumna ou alumno.
   - Documento que acredite que a persoa traballadora está ocupada ou desempregada na data de incorporación ao curso, de ser o caso.
   - Os modelos de solicitude de inscrición recibidos.
   - Os controis de aprendizaxe.

A non comunicación nos prazos establecidos implicará que o correspondente grupo de formación se considerará non realizado para

efectos da liquidación económica da subvención, salvo que a non comunicación en prazo se deba a causas imprevistas, debidamente xustificadas e comunicadas no momento en que se produzan.

5. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, por medio telemático ou en soporte dixital, os seguintes datos referidos a cada control de aprendizaxe na modalidade de teleformación:

a) Plan de formación.

b) Acción formativa.

c) Grupo.

d) Documento de identidade do alumno ou alumna.

e) Código que permita identificar a proba e os resultados conseguidos polo/a participante. Estes datos deben ser almacenados polo sistema de teleformación empregado para a execución da acción formativa.

f) Indicativo de se o/a participante realizou a proba. En caso afirmativo consignarase:

-Data e hora en que foi desenvolvido o control.

-Tempo empregado para o desenvolvemento do control de aprendizaxe.

-Resultado obtido. A cualificación traducirase a: superado/non superado.

g) No caso de formación a distancia e teleformación conducente á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais deles especificaranse os contidos que se impartirán a distancia e, en todo caso, requirirán a realización de, polo menos, unha avaliación final de carácter presencial.

6. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes do alumnado e da entidade beneficiaria, así como a relación dos e das docentes e o horario. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa.

7. Aboar mensualmente ás e aos docentes a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión, control e comprobación que poida efectuar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio de actuacións anteriores.

9. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado no caso das accións formativas de modalidade presencial e na parte presencial da modalidade mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa coma os do traxecto ao lugar de impartición das clases teóricas e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que se poida admitir restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente na parte presencial cando a acción formativa se desenvolva fóra da propia empresa.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

- En caso de morte: 36.000 €.
- En caso de invalidez permanente: 42.000 €.
- Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

10. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

11. Velar por que todo o alumnado dunha acción formativa reciba a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

12. Velar por que as e os docentes reciban unha contraprestación proporcional ás horas impartidas en cada curso e ao seu modulo económico.

13. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

14. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días naturais de antelación, autorización para realizar calquera modificación substancial no desenvolvemento das accións formativas, salvo en casos de forza maior, que se notificará en canto sexa posible.

15. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

16. Informar o alumnado do cofinanciamento das accións formativas por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

17. Realizar a actividade formativa que fundamenta a concesión da subvención, de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais que se establecen nesta orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a valoración técnica e a subvención que se vaia conceder.

18. Achegar a información e documentación que se requira durante a fase de instrución do procedemento e execución do plan formativo, así como ter á disposición dos órganos de control competentes os documentos acreditativos da asistencia das persoas participantes ás accións formativas, debidamente asinados por elas mesmas e segundo os requisitos mínimos que se establezan.

19. Respectar a obrigatoriedade da gratuidade para as persoas participantes das accións formativas comprendidas no plan de formación.

20. Presentar a xustificación do cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como da realización e dos custos da actividade que fundamenta a concesión.

21. Ter realizado ou, de ser o caso, garantido as devolucións de cantidades concedidas e pagadas en convocatorias anteriores e cuxa devolución lle fose exixida mediante reclamación previa á vía execu-

tiva ou mediante resolución de procedencia de reintegro, salvo que se aplicase a suspensión do acto.

22. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/o beneficiaria/o en cada caso coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común a todos eles de formación para o emprego.

23. Comunicarlle á Administración autonómica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Estes ingresos serán incompatibles coa subvención que corresponda, polo que esta será minorada na cantidade xa percibida.

24. Non incorrer no falseamento de datos contidos na solicitude ou nos documentos e certificados presentados aos órganos competentes na tramitación das solicitudes e na concesión das subvencións.

25. Os datos da xestión das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá a disposición dos centros. Para que este proceso en liña poida realizarse, os centros solicitantes deberán dispoñer de saída á internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

26. A entidade beneficiaria informará aos participantes en situación de desemprego das axudas e bolsas que poidan solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación segundo o artigo 8º desta orde, facilitaralles os modelos de solicitude normalizada así como remitirá á citada dirección xeral nos dez primeiros días de cada mes a correspondente documentación de solicitude xunto coa xustificación de asistencia á formación.

27. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación das resolucións de concesión.

28. As entidades beneficiarias de subvención deberán acreditar, con independencia da súa contía, tanto antes de ditar resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 25º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas, suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. A gradación dos posibles incumprimentos determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No incumprimento total dos fins para que se concedeu a subvención ou da súa obriga de xustificación dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente considérase que existe incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non alcanza o 35% dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado polo número de alumnos.

b) No incumprimento parcial dos fins para que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación da mesma dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendido entre o 35% e o 100%, a subvención concedida minorarase na porcentaxe que deixou de cumprirse, sempre que os gastos foran debidamente xustificados.

Capítulo V

Avaliación da formación

Artigo 26º.-Control e seguimento das accións formativas.

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, os departamentos territoriais da consellería ou o persoal que se contrate para o efecto aplicarán o sistema de seguimento e control que estimen conveniente. Estas actuacións poderán consistir na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas a alumnado e docentes, información respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento, así como de control da elixibilidade dos custos imputados a cada acción formativa.

2. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puideran ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

Artigo 27º.-Avaliación da calidade das accións formativas.

As entidades beneficiarias deberán avaliar a calidade das accións formativas nos seguintes termos:

1. A mostra seleccionada cubrirá polo menos o 5% dos grupos comunicados a partir da subscrición do convenio. Esta mostra incluirá grupos de accións formativas de todas as modalidades de impartición do plan de formación.

2. As entidades beneficiarias deberán destinar para a avaliación e control da calidade da formación ata un 5% da subvención concedida. A avaliación desenvolverase tendo en conta os seguintes criterios:

As persoas participantes avaliarán a calidade das accións a través dun cuestionario de avaliación de calidade que cubrirá, polo menos, os seguintes ámbitos específicos de información:

Valoración xeral da acción formativa.

- Contidos: a súa adecuación ás expectativas e necesidades de formación, así como utilidade dos contidos para a traxectoria profesional da traballadora ou traballador.
- Profesorado: o seu nivel de preparación, de especialización e de comunicación.
- Medios didácticos: valoración dos medios utilizados e a súa adecuación aos contidos.
- Medios técnicos e instalacións: adecuación ao desenvolvemento do curso.
- Organización: composición e homoxeneidade do grupo de formación, número de alumnas e alumnos, información previa recibida, horarios e duración.

Teñen a obriga de cubrir o cuestionario todos os alumnos que participen nas accións formativas reguladas por esta orde. Os participantes cubrirano ao remate.

As organizacións ou entidades beneficiarias son as responsables do proceso de avaliación da calidade das accións formativas, tanto da distribución, gravación e explotación dos cuestionarios, como da realización dun informe de resultados que conterá unha tabulación coa totalidade deles e que se empregará para a análise da calidade das accións executadas.

Poderase realizar calquera outra actuación que se considere axeitada para a avaliación da calidade das accións formativas.

3. Ademais da utilidade que estas avaliacións teñen para as entidades beneficiarias e os centros ou institucións impartidoras da formación, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir destas a achega dos correspondentes cuestionarios, ou ben o resultado da súa tabulación, co fin de analizar a calidade das accións no marco dos convenios regulados nesta orde.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá realizar unha avaliación externa das accións formativas impartidas ao abeiro desta orde, que terá os seguintes obxectivos mínimos:

a) A adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral.

b) A incidencia e impacto da formación continua no mantemento do emprego e na promoción das traballadoras e dos traballadores.

c) O acceso á formación profesional continua, especialmente das persoas traballadoras de pemes e dos restantes colectivos prioritarios.

d) A eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

e) Os niveis de aprendizaxe e a súa aplicación no posto de traballo.

5. No caso de formación conducente á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais destes aplicarase, en todo caso, ademais do establecido neste artigo, sistemas de control da calidade que estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación, que incluirán os seguintes aspectos para controlar:

- Cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado.
- Cumprimento dos requisitos dos formadores.
- Cumprimento dos requisitos de espazos formativos.
- Cumprimento dos requisitos de equipamentos.
- Elaboración, desenvolvemento e/ou aplicación de guías didácticas de aprendizaxe e avaliación.
- Desenvolvemento das accións formativas: planificación, métodos e ferramentas. (mediante visitas ao centro).
- Desenvolvemento do sistema de avaliación continua e final: planificación, métodos e ferramentas; informes parciais e finais de probas teóricas e prácticas, e actas de avaliación (mediante visitas ao centro).
- Cuestionarios a alumnos, docentes e coordinadores ou responsables da acción formativa.

Artigo 28º.-Rexistro dos convenios.

1. As accións formativas inscribiranse, en galego, no rexistro da Dirección Xeral de Formación e Colocación, en que constarán as accións formativas impartidas ao abeiro de cada convenio co seu programa, a entidade beneficiaria, con especificación do número de alumnado de cada acción formativa, horas de duración, lugar de impartición, e especificación, de ser o caso, das horas presenciais e a distancia.

2. Os diplomas emitidos ao alumnado destas accións tamén serán rexistrados, e neles deberán constar os contidos establecidos no artigo 7.3º da orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente nos programas 48.05.323B 481.0 e 48.05.323b.471.0 que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para os anos 2009 e 2010.

Segunda.-Poderán efectuarse resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma, que deberá provir de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito, e deberán ser obxecto de publicación no DOG. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Terceira.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolva o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no que sexa de aplicación e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, quedando as/os beneficiarias/os das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar no/a director/a xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento de obrigas, propostas de pagamento das subvencións reguladas nesta orde e resolver os procedementos de reintegros das subvencións indebida-

mente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que traen causa, ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009.

Ver anexos pdf "70-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Advertidos erros na antedita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 192, do mércores 30 de setembro de 2009, é necesario efectuar as seguintes correccións no anexo III:

- Onde aparece a familia profesional «Agr Agraria» debe dicir «Agr Agro-alimentaria».
- Na relacion de accións prioritarias, deben engadirse as seguintes:

Ver anexos pdf "70-09.PDF"

71 Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

(DOG nº 211, do 28.10.2009 e corrección de erros no DOG nº 213, do 30.10.2009).

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlles ás persoas traballadoras, especialmente ás ocupadas a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que, en cada momento, precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a persoas traballadoras ocupadas: o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento; a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación dos traballadores e traballadoras no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea; a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo regulamento (CE) 396/2009, do 6 de maio, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación dos/as traballadores/as ocupados nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego ten como obxecto ofrecer ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas,

unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos/as traballadores/as, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego. Entre as iniciativas que recolle o citado real decreto, figuran os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores/as ocupados/as, que se regulan nesta orde de convocatoria.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolve a formación de oferta co obxectivo de integrar e dar un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta dirixida ao conxunto das persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, e regula as bases que deben rexer a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar a dita formación polas diferentes administracións públicas no seu ámbito de xestión sen prexuízo das competencias de autoorganización recoñecidas as comunidades autónomas.

O II Plan galego de formación profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden, na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Acordo Galego de Formación Profesional Continua asinado o 29 de marzo de 2004 entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 recolle entre os seus obxectivos o de proporcionarlle aos/ás traballadores/as a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia obxectividade, igualdade e non discriminación, a que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa nesta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

O Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos do programa 48.05.323b.481.0, 11.100.000 que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009 e 500.000 para o ano 2010, rexistrados co código de proxecto 2009.01009. Este importe será obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

As axudas previstas nesta orde estarán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e pola Administración xeral do Estado, e están incluídas no Programa operativo plurirregional Adaptabilidade e Emprego número 2007ESO5UPO001, imputables co novo período de programación dos fondos estruturais 2007-2013. De acordo coas disposicións xerais establecidas no regulamento (CE) 1083/2006, do Consello do 11 de xullo, a achega do Fondo Social Europeo á actividade cofinanciada será do 80% do custo desta.

Na súa virtude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Esta orde ten por obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a traballadores/as ocupados/as mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico.

Artigo 2º.-Finalidade e principios que rexen a concesión das subvencións.

1. As subvencións que se concedan ao amparo desta convocatoria terán como finalidade financiar os plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, que ofrezan unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos/as traballadores/as.

2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Artigo 3º.-Prazo de execución dos plans de formación.

Os plans de formación poderanse executar desde o día 1 de setembro de 2009 ata o 31 de agosto de 2010, e deberán estar xustificados todos os gastos no prazo dun mes desde o seu remate.

Artigo 4º.-Accións formativas.

1. Para os efectos desta norma enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos, duración e metodoloxía propia. Unha acción formativa poderá impartirse a un ou varios grupos, segundo o número de veces que se repita a dita acción.

As accións formativas non poderán ter unha duración inferior a 10 horas nin superior a 270 horas salvo autorización expresa do/a director/a xeral de formación e colocación por causas debidamente xustificadas.

A participación do/a traballador/a en accións formativas de formación para o emprego non será superior a 8 horas diarias, calquera que sexa a modalidade de impartición.

2. Segundo o artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na totalidade das actividades formativas de formación profesional para o emprego ou de inserción laboral activa financiadas pola Consellería de Traballo e Benestar introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, dos incluídos na relación anexa, cunha duración de cinco horas nas accións formativas de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nas accións formativas de duración superior a cincuenta horas.

Código	Descrición	Horas
FCOXXX01	Formación para a igualdade	5
FCOXXX05	Formación para a igualdade	10

(A documentación de referencia destes módulos poderá consultarse en http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados/sec_modulos_ficheros)

3. Coa finalidade de seguir as recomendacións do Fondo Social Europeo sobre módulos transversais, poderanse financiar dentro das accións formativas módulos de sensibilización ambiental e alfabetización informática: internet, que se atopen dentro da relación anexa.

Código	Descrición	Horas
FCOA02	Sensibilización ambiental	9
FCOI01	Alfabetización informática: internet	10

(A documentación de referencia destes módulos poderase consultar en http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados/sec_modulos_ficheros)

4. As modalidades de impartición poderán ser as seguintes:

- Presenciais.
- Distancia convencional.
- Teleformación.
- Mixtas.

Cando as accións formativas inclúan, en todo ou en parte, formación a distancia, esta deberá realizarse con soportes didácticos que supoñan un proceso de aprendizaxe sistematizado para a persoa participante, que necesariamente será complementado con asistencia titorial.

A modalidade de teleformación entenderase aplicada cando o proceso de aprendizaxe das accións formativas se desenvolva co apoio de tecnoloxías de información e comunicación.

As accións formativas presenciais poderán organizarse en grupos cun máximo de 25 participantes, salvo autorización expresa do/a director/a xeral de Formación e Colocación, logo de petición da entidade impartidora, naquelas accións formativas nas que participen como docentes profesionais de alto prestixio e que por motivos de economía sexa conveniente agrupar ao alumnado en grupos máis numerosos. Nas accións de formación a distancia (incluídas as desenvolvidas mediante teleformación) disporase, como mínimo, dunha titora ou titor por cada 80 participantes. Nas accións mixtas respectaranse os citados límites, segundo a respectiva modalidade formativa.

En todo caso, no anexo II da solicitude deberá especificarse expresamente a modalidade pola que optan e, se é mixta, indicarán as horas de cada unha delas.

En todas as modalidades de impartición deberanse incluír evidencias necesarias para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida.

Na modalidade de teleformación programarase como mínimo un control periódico de aprendizaxe cada 10 horas de formación ou fracción, entendendo como fracción cada unidade inferior ou igual a 10 horas.

As accións formativas poderán iniciarse cando conten cun mínimo de 8 alumnas/os. No caso da modalidade a distancia ou teleformación non se aplicará este límite.

Artigo 5º.-Participación dos traballadores/as.

1. Poderán solicitar a súa participación nos plans de formación aprobados nesta convocatoria, ante as entidades beneficiarias, os seguintes colectivos:

a) As persoas traballadoras asalariadas que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional.

b) As persoas traballadoras que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

Persoas traballadoras fixas descontinuas nos períodos de non ocupación.

Persoas traballadoras que accedan a situación de desemprego cando se encontren en período formativo.

Persoas traballadoras acollidas a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

c) As persoas traballadoras incluídas nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional.

d) As persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades da economía social.

e) Os coidadores non profesionais poderán participar na formación de oferta sectorial de referencia nos ámbitos de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción

da autonomía persoal, centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, acción e intervención social e sanidade.

f) Os/as traballadores/as desempregados/as, cun límite máximo dun 40% do total de participantes de cada plan. Neste caso os/as traballadores/as poderán ser beneficiarios das bolsas e axudas previstas no artigo 8º desta orde.

Considerarase que o participante está ocupado ou desempregado en función da situación laboral que teña o día no que inicie a acción formativa.

2. Colectivos prioritarios:

1. Coa finalidade de garantir o acceso os/as traballadores/as coa maior dificultade de inserción ou de mantemento no mercado de traballo, poderán ter prioridade para participar nas accións formativas os/as traballadores/as ocupados/as pertencentes aos seguintes colectivos: traballadores/as de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, maiores de 45 anos, traballadores/as con baixa cualificación e persoas con discapacidade.

2. A taxa de participación de mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de, polo menos, 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial/sectorial -con exclusión do sector público- sempre que esa taxa sexa inferior ao 50% e aplicarase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50%.

3. Para os efectos desta orde, terán a consideración de pequenas e medianas empresas (pemes), as que empreguen a menos de 250 persoas, cun volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda de 43 millóns de euros e que cumpran o criterio de independencia. Considerararanse empresas independentes aquelas en que o 25 por cento ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertenzan a outra empresa, ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME.

Artigo 6º.-Selección de alumnado.

A selección do alumnado participante nas accións formativas será realizada pola entidade adxudicataria entre as persoas traballadoras que soliciten a súa participación en cada acción formativa. As solicitudes de participación deberán ser custodiadas polas entidades beneficiarias das subvencións e estar á disposición dos órganos de control.

A selección dos/as traballadores/as que van participar no plan de formación será realizado pola entidade beneficiaria, atendendo ás prioridades do plan de formación e a criterios de igualdade e de obxectividade, e en todo caso, tendo en conta a seguinte orde de prelación:

Primeiro.-Persoas traballadoras ocupadas pertencentes aos colectivos prioritarios.

Segundo.-Persoas traballadoras ocupadas pertencentes a colectivos non prioritarios.

Terceiro.-Persoas traballadoras desempregadas.

No caso de formación conducente á obtención dun certificado de profesionalidade ou de acreditacións parciais, corresponderalle á entidade beneficiaria comprobar os requisitos de acceso do alumnado aos módulos formativos que se determinen nos correspondentes certificados de profesionalidade.

As entidades beneficiarias poderán realizar convocatoria pública, que deberá publicarse, como mínimo, nun dos xornais de maior tiraxe da comunidade autónoma. No anuncio en prensa os logotipos deberán figurar coa seguinte distribución: na parte superior esquerda o da Xunta de Galicia, na parte superior dereita o da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e na parte inferior dereita o do centro impartidor.

As entidades beneficiarias poderán incorporar alumnado dentro do seu primeiro cuarto.

Se durante a impartición dunha acción formativa sobrevén unha redución do alumnado, sen que se poidan dar novas altas, nunha cantidade superior ao 50 por 100 do número programado, a entidade beneficiaria poderá solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a súa suspensión. No caso de suspensión, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración e aprobada polo/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que nunca será superior aos gastos efectivamente xustificados.

Sempre que non se supere o número máximo de alumnas e alumnos por curso establecido no artigo 4º.4 desta orde, poderán asistir a unha acción formativa un número maior de alumnado que o inicialmente aprobado. O incremento de alumnado non supoñerá incremento da contía económica inicialmente prevista para cada acción.

Artigo 7º.-Dereitos e deberes do alumnado.

1. A formación será gratuíta en todo caso para todo o alumnado das accións formativas incluídas nesta orde.

2. Terán a obriga de realizar e seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade beneficiaria. Na modalidade presencial, no caso de que as faltas de asistencia dalgún alumno ou alumna superen o 25% das horas lectivas, deberá ser dado/a de baixa na acción formativa; na modalidade a distancia, teleformación ou na parte correspondente a calquera destas dúas modalidades para a formación mixta serán dados de baixa cando a alumna ou alumno non supere o 25% das avaliacións.

3. Para ter dereito a diploma o/a alumno/a deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Modalidade presencial: superar con aproveitamento o 75% da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización.

- Modalidade a distancia ou teleformación: superar con aproveitamento o 75% das avaliacións da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización.

- Modalidade mixta, superar o 75% das avaliacións non presenciais da acción formativa e o 75% do módulo de igualdade, agás que estea exento da súa realización. Na parte presencial do curso deberá asistir e superar con aproveitamento un 75% da acción formativa. No caso de que o número de sesións presenciais sexa menor de catro, a porcentaxe de asistencia obrigada reducirase para permitir unha única falta de asistencia (66% se hai tres sesións ou 50% se hai dúas). En calquera caso, nun curso mixto o alumno deberá asistir polo menos a unha sesión presencial.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación determinará o modelo do diploma e nel deberá constar:

a) Nome, apelidos e DNI da alumna ou alumno.

b) Denominación da acción formativa.

c) Horas de impartición con especificación das horas presenciais, a distancia e teleformación, se é o caso.

d) Lugar e datas de realización.

e) Programa do curso extractado por módulos.

f) Logotipo da Xunta de Galicia e da Unión Europea (FSE).

g) Módulo de igualdade, agás que estea exento.

4. O alumnado que non teña dereito a diploma recibirá, se o solicita, unha certificación polas horas e módulos que realizase.

5. Cando a formación que se vai impartir conduza á obtención dun certificado de profesionalidade ou de acreditacións parciais, teranse en conta os módulos formativos e requisitos que se determinen nos correspondentes certificados, aprobados en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño.

Esta formación certificarase nos termos establecidos na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento, e sempre que se cumpran estritamente os requisitos de alumnado, profesorado, instalacións e avaliación recollidos no reais decretos que regulan as correspondentes certificacións.

6. No suposto de ter xa cursado calquera dos módulos da Dirección Xeral de Formación e Colocación relacionados no artigo 4º.2 e 4º.3 desta orde, non será necesario que volvan realizalo sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

Artigo 8º.-Bolsas e axudas.

1. Para ter dereito a calquera das bolsas e axudas reguladas neste artigo será requisito imprescindible que o curso teña unha duración igual ou superior a catro horas diarias e vinte semanais.

Estas axudas só se percibirán cando os traballadores desempregados deban trasladarse ás sesións formativas.

2. O prazo para a solicitude das bolsas é de dez días naturais desde a incorporación do alumno/a á acción formativa. A non formalización en tempo e forma desta solicitude dará lugar á perda do dereito á axuda.

3. As axudas reguladas neste artigo son todas compatibles entre si, agás a de transporte público coa de transporte privado, e a de transporte privado con aloxamento e manutención.

4. As axudas reguladas neste artigo son compatibles coa percepción de prestacións do Servizo Público Estatal de Emprego, agás no suposto da bolsa de asistencia vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas nos itinerarios personalizados de inserción.

5. Os alumnos terán dereito a percibir as seguintes bolsas e axudas:

5.1. Poderán percibir unha bolsa consistente no 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia, os alumnos/as con discapacidade e aqueles demandantes non perceptores de prestacións de Servizo Público de Emprego Estatal que participen nunha acción formativa vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas no seu itinerario de inserción, sempre que non se negasen a participar en actividades recollidas no seu IPI, segundo certificación da oficina de emprego.

Só poderá cobrarse unha axuda por este concepto, con independencia de que o/a alumno/a pertenza aos dous colectivos.

5.2. Axudas de transporte, manutención e aloxamento:

a) Axuda de transporte:

a.1. Transporte público urbano: os alumnos que utilicen a rede de transportes públicos urbanos para asistir á formación terán dereito a percibir unha axuda consistente en 1,5 € por alumno/día de asistencia. Para ter dereito á súa percepción deberán facer unha declaración xurada de que utilizan o transporte público urbano para asistir ao curso.

a.2. Transporte público interurbano: os alumnos que residan nun concello distinto ao da impartición do curso terán dereito a percibir unha axuda consistente en 6 € por alumno/día de asistencia. Para ter dereito á súa percepción deberán facer unha declaración xurada de que utilizan o transporte público interurbano para asistir ao curso, xunto cunha certificación municipal de residencia.

a.3. No caso de que a distancia entre o domicilio do alumno/a e o lugar de impartición dos cursos sexa como mínimo de 50 quilómetros, os alumnos/as, cando non exista medio de transporte público entre o seu domicilio e o do centro ou este transporte non teña un horario regular que permita compatibilizalo co da acción formativa, poderán ter dereito á axuda en concepto de transporte en vehículo propio, logo de autorización do/a director/a xeral de Formación e Colocación ou do/a correspondente xefe/a territorial. A axuda de transporte en vehículo propio terá unha contía máxima por día de asistencia de 0,10 euros por quilómetro.

A acreditación de atoparse nos supostos de concesión realizarase a través de certificación municipal que acredite o seu empadronamento no concello de residencia como mínimo seis meses antes do inicio do curso así como de calquera outra documentación que o órgano competente considere necesaria para probar a veracidade da residencia.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de transporte en vehículo propio, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a acción formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar, e aqueloutras accións formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

b) Axuda de aloxamento e manutención cando a distancia entre o seu domicilio, e o lugar de impartición sexa, como mínimo, de 50 quilómetros. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior. A acreditación de atoparse nos supostos de concesión realizarase a través de certificación municipal que acredite o

seu empadronamento no concello de residencia como mínimo seis meses antes do inicio do curso, así como de calquera outra documentación que o órgano competente considere necesaria para probar a veracidade da residencia.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de aloxamento e manutención deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a asistencia ao curso implique que o alumno deba aloxarse no lugar de impartición. O gasto real de aloxamento xustificarase por medio do contrato de arrendamento ou factura de hospedaxe.

- Que a acción formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar e aqueloutras accións formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

A axuda de aloxamento e manutención aboarase por mes natural, e a súa contía será o importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) fixado para o ano 2009, rateándose a parte correspondente aos meses de inicio e finalización cando non sexan completos.

5.3. Axudas á conciliación: as axudas previstas neste parágrafo teñen por obxecto permitir ás persoas desempregadas conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao, sempre que ao inicio da acción formativa cumpran os requisitos seguintes:

- Non ter rexeitado ofertas de traballo axeitadas nin terse negado a participar en actividades de promoción, formación ou reconversión profesional no ano anterior ao inicio da acción formativa.

- Carecer de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Entenderase por unidade familiar: en caso de matrimonio o pai, a nai e os fillos menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos seus pais vivan independentes deles, ou os maiores incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada. En defecto de matrimonio ou en supostos de separación legal, o pai ou nai e a totalidade dos fillos que convivan cun ou outro e reúnan os requisitos sinalados no parágrafo anterior. No suposto de que o suxeito causante da axuda sexa un familiar ata segundo grao, este entenderase incluído na unidade familiar para o cómputo de rendas.

Deberá achegarse certificado de convivencia ou, no seu defecto, de empadronamento e copia do libro de familia. Para os estranxeiros que non teñan libro de familia, calquera documentación que acredite de forma suficiente o parentesco.

As rendas calcularanse tendo en conta o seguinte:

Para os/as traballadores/as por conta allea:

- Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso.

- As pagas extraordinarias rateáranse mensualmente.

As horas extraordinarias correspondentes a ese mes computaranse na súa totalidade.

- As axudas de custo non se terán en conta (agás naqueles casos en que o seu volume e periodicidade mostren que se trate dunha forma habitual de pagamento dunha parte do salario).

Para os autónomos:

- Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso.

- Dividirase o importe total por tres, para obter as rendas mensuais.

Para estes efectos, computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola comunidade autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

A contía da axuda á conciliación será do 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia.

Capítulo II

Tipos de plans de formación e entidades beneficiarias

Artigo 9º.-Tipos de plans de formación sectoriais.

Poderanse subscribir convenios de ámbito autonómico para a execución de plans de formación sectoriais integrados por accións formativas dirixidas á formación de traballadores/as dun sector produtivo concreto, coa finalidade de desenvolver accións formativas de interese xeral para o mencionado sector e satisfacer as necesidades específicas de formación deste.

O financiamento elévase a 11.600.000 € segundo a proposta de desagregamento seguinte, que ten en conta a poboación ocupada en Galicia nas diferentes ramas de actividade económica agrupadas en sete ámbitos sectoriais de referencia.

Sectores	Asignación por ámbito sectorial de referencia
Metal	1.523.511,69 €
Comercio, hostalaría e agro-pesqueira	2.806.409,76 €
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía e química e enerxía	887.465,63 €
Servizos á comunidade	2.832.097,12 €
Transporte	624.361,33 €
Administración e novas tecnoloxías	1.402.103,92 €
Construción e madeira	1.524.050,55 €

Cada plan sectorial deberá ser dirixido, para os efectos de execución, a unha destas agrupacións sectoriais.

Artigo 10º.-Entidades beneficiarias: requisitos e acreditación.

1. Poderán solicitar subvencións para financiar a execución dos plans de formación sectoriais sinalados no artigo 9º, as seguintes entidades:

   As organizacións empresariais e sindicais con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, representativas no correspondente sector de actividade dentro do ámbito territorial desta.

   As entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial, representativas no ámbito autonómico. (As entidades solicitantes achegarán o acta, acordo ou calquera outro documento ou medio admitido en dereito que acredite a súa creación ao abeiro da negociación colectiva).

   As organizacións empresariais e sindicais que participan na negociación colectiva sectorial no ámbito autonómico, provincial ou estatal no caso de que só exista negociación colectiva de ámbito estatal, directamente ou a través das organizacións que a integran ou nas que se integran.

   No caso de solicitudes de asociacións, empresariais ou sindicais, integradas noutra que sexa tamén solicitante, considerarase unicamente a daquela que desempeñe a maior representatividade na comunidade autónoma.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios. Tamén terán a dita consideración as agrupacións formadas polas entidades previstas no punto 1 deste artigo con entidades vinculadas a elas, que teñan entre os seus fins o desenvolvemento das actividades a que se refire esta orde.

   O representante ou a persoa apoderada única da agrupación deberá pertencer a algunha das entidades beneficiarias previstas no punto 1 deste artigo.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as entidades nas que concorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación con artigo 8 do Regulamento que desenvolve a lei, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

6. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

7. Os beneficiarios das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e mais o de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006 co contido e a forma que regulamentariamente se determine.

Capítulo III

Iniciación, instrución e resolución do procedemento

Artigo 11º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 12º.-Solicitudes.

1. Co obxecto de axilizar os procesos de recepción e valoración dos plans de formación presentados polas entidades solicitantes, a Dirección Xeral de Formación e Colocación dispón da aplicación de solicitudes de concesión de subvencións http://traballo.xunta.es/formacionparaoemprego/sectorial. É un sistema que permite elaborar e tramitar as solicitudes de plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores/as ocupados/as mediante apoio das novas tecnoloxías de información.

   A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, nos seus departamentos territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e será subscrita pola persoa titular ou representante legal da entidade coa debida acreditación, dirixida ao/á conselleiro/a de Traballo e Benestar.

2. As entidades solicitantes deberán presentar tanto a solicitude como o plan de formación anexo.

3. A presentación da solicitude de concesión pola persoa interesada das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

   Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. A documentación que se deberá presentar coa solicitude é a seguinte:

   a) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade e do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante.

   b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, debidamente

legalizados.

c) Documentación acreditativa de representatividade suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

d) Documentación acreditativa de reunir os requisitos establecidos no artigo 10º desta orde para ser entidade solicitante da subvención (xustificante de ter participado na mesa de negociación dun convenio colectivo).

e) Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2º e 3º, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para a mesma acción formativa, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade no que faga constar que os lugares de impartición das accións son aptos para esa finalidade.

h) Anexo IV, debidamente cuberto, firmado e selado, no que consten os seguintes datos:

- Nº de traballadores/as aos que representa a entidade solicitante (poboación ocupada da entidade).
- No caso de confederacións e federacións, relación das entidades de ámbito inferior que integran a entidade solicitante.
- Se a entidade está integrada noutra de ámbito superior deberá indicar o seu nome; a entidade de ámbito superior deberá certificar que a de ámbito inferior está integrada nela.
- Declaración do solicitante sobre a veracidade da información e os datos achegados.

5. De conformidade co artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, aquelas entidades que presenten máis dunha solicitude deberán unicamente achegar a documentación orixinal ou copia cotexada nunha delas.

6. No impreso de solicitude deberanse facer constar, polo menos, os seguintes datos:

- Nome e razón social da solicitante, acreditado mediante fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Identificación ou sinatura da persoa representante legal autorizada que formula a solicitude, acreditándose esa representación mediante escritura notarial de poderes ou por calquera outro medio válido en dereito.
- Declaración do/a representante legal da entidade solicitante sobre a veracidade da información e dos datos achegados na solicitude e certificación desta.
- Contía da subvención solicitada.

Artigo 13º.-Documentación técnica.

Sen prexuízo da documentación a que fai referencia o artigo 12º desta orde coa solicitude presentarase a seguinte documentación técnica:

1. Plan de formación que deberá conter, polo menos, a seguinte información:

a) Ámbito de aplicación do plan.

b) Obxectivos, contidos, metodoloxía e modalidade.

c) Accións formativas a desenvolver, con indicación, se é o caso, das vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e, dentro destas, a que certificado ou certificados de profesionalidade van dirixidos. Deberán incluír os módulos transversais, de se o caso.

d) Número de alumnas/os por acción formativa.

e) Colectivos destinatarios, desagregados por colectivos prioritarios do FSE, categorías ou grupos profesionais.

f) Custo estimado das accións formativas.

g) Calendario previsto de execución.

h) Lugar, instalación e medios previstos para impartir as accións formativas, que no caso de accións conducentes á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais destes deberán cumprir os requisitos que se establecen no real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

Deberá presentarse unha relación priorizada das accións formativas solicitadas por grupos e accións.

2. Memoria xustificativa sobre a capacidade técnica do solicitante para a xestión do plan que solicita, indicando os recursos técnicos e materiais de que dispón a entidade solicitante, e de ser o caso, os da entidade que participa no desenvolvemento do plan formativo.

Artigo 14º.-Requirimentos.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 15º.-Proposta de resolución.

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo e á cualificación destas polas comisións de valoración que, unha vez analizada a documentación achegada polas solicitantes, informarán os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde.

3. Unha vez puntuados os expedientes polas comisións de valoración serán informados pola Comisión Galega de Formación Profesional Continua.

4. As entidades deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que están ao día no cumprimento

das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co artigo 12.4º e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

5. Á vista dos expedientes e dos informes preceptivos que se emitan, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, como órgano instrutor formulará proposta de resolución.

6. A comisión de valoración para os convenios de execución de plans de formación sectoriais estará composta polo/a subdirector/a xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e serán vogais o xefe ou xefa do Servizo de Planificación de Formación para o Emprego, que actuará como secretario ou secretaria e unha persoa membro do persoal da Subdirección de Formación para o Emprego.

7. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o/a director/a xeral de Formación e Colocación.

Artigo 16º.-Criterios de valoración.

Teranse en consideración para a valoración técnica dos plans de formación profesional para o emprego que se executarán a través da subscrición de convenios, os seguintes criterios de puntuación:

a) En relación coas accións formativas que integran o plan, ata 50 puntos:

- Contidos das accións formativas, ata 20 puntos:

  *Terán maior valoración as accións formativas incluídas no anexo III desta orde, 10 puntos.

  *Outorgarase maior valoración as accións formativas que incorporen algún módulo de tecnoloxía da información e a comunicación, sensibilidade ambiental, formación para a seguridade e saúde laboral cuxa duración non poderá exceder das 10 horas, ata 10 puntos.

- Instalacións, medios didácticos e material previsto, ata 10 puntos.

- Certificación das accións formativas. Outorgarase maior valoración a aquelas especialidades que, estando incluídas nalgún dos certificados de profesionalidade publicados, inclúan módulos que se poidan considerar complementarios deles, é dicir, que pertenzan á mesma área ou ocupación pero que non estean desenvolvidos, 10 puntos.

- Mecanismos de seguimento, avaliación e control da aprendizaxe, ata 10 puntos.

b) Adecuación das accións formativas do plan ás necesidades do ámbito sectorial, axustado ás necesidades do mercado de traballo, ata 30 puntos.

c) Capacidade acreditada da entidade solicitante para impartir o plan presentado, tendo en conta experiencias anteriores e os medios persoais e materiais propios ou alleos postos a disposición para a execución do plan, ata 15 puntos.

d) O emprego da lingua galega na realización das accións formativas, 5 puntos.

Para a valoración das letras a) e c) se terá en conta a información dispoñible na memoria xustificativa do convenio.

Terase en conta o grao de execución e cumprimento das condicións nas que se outorgou a subvención acreditados polo solicitante na última convocatoria de plans de oferta liquidada, podéndose reducir polas ditas causas ata un 10% de valoración técnica.

Serán financiados os plans de formación que superen a puntuación da valoración técnica que, en función das solicitudes presentadas e recursos dispoñibles, sexa aprobada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 17º.-Determinación do importe da subvención.

1. Para os convenios de execución de plans de formación regulados nesta orde, a subvención que se concederá determinarase tendo en conta:

   a) O conxunto das subvencións solicitadas polas organizacións empresariais e sindicais representativas.

   b) A valoración técnica obtida polo respectivo plan de formación, segundo os criterios recollidos no artigo 16º desta convocatoria.

   c) Así mesmo, teranse en conta os módulos económicos máximos establecidos nesta orde, e o volume da actividade formativa que o solicitante se compromete a realizar no marco do cofinanciamento do Fondo Social Europeo, de xeito que a subvención resultante sexa maior canto maior sexa o número de participantes pertencentes aos colectivos prioritarios a que fai referencia o artigo 5º desta convocatoria.

2. En casos excepcionais, cando as circunstancias concorrentes o aconsellen, poderase aplicar o establecido no artigo 9.2º da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, que desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e o artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As axudas previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 18º.-Módulos económicos máximos.

Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables para os efectos de liquidación das subvencións concedidas para o financiamento dos convenios, serán os que a continuación se establecen en función da modalidade de impartición e nivel da formación:

Modalidade de impartición	Nivel de formación	
	Básico	Medio-superior
Presencial	8 euros	12 euros

A distancia	5 euros
Teleformación	6,75 euros
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia ou teleformación que teña a acción formativa

2. Excepcionalmente o/a director/a xeral de Formación e Colocación, poderá autorizar un incremento de ata un 50% do módulo económico superior da modalidade presencial de formación naquelas accións formativas nas que participen como docentes profesionais de alto prestixio así como aquelas que, pola súa singularidade, especialidade e características técnicas precisen un financiamento maior, logo de informe da Comisión Galega de Formación Profesional Continua e logo de solicitude ao/á director/a xeral.

3. Na modalidade de impartición presencial, o módulo de nivel básico aplicarase cando se trate de impartir formación en materias transversais ou xenéricas, que capaciten para desenvolver competencias e cualificacións básicas.

4. O módulo de nivel medio-superior aplicarase cando a formación incorpore materias que impliquen especialización e/ou capacite para desenvolver competencias de programación e/ou dirección.

Artigo 19º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalle ao/á director/a xeral de Formación e Colocación, por delegación do/a conselleiro/a e deberá ser notificada ás persoas interesadas no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas entenderán desestimada a súa solicitude.

2. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

3. Á resolución de concesión axuntarase cada un dos convenios e o correspondente plan de formación.

4. Ao abeiro do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe da subvención na proposta de resolución sexa inferior á solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable. Posteriormente, as entidades poderán facer, como máximo, dúas reconfiguracións do plan, tendo en conta que a primeira, de ser o caso, deberá facerse, como mínimo, dous meses despois da notificación da resolución e a última deberá facerse, ao máis tardar, cando falten dous meses para o remate do prazo de execución das accións formativas do plan.

5. A priorización das accións formativas derivadas da reconfiguración do plan executarase ata o importe concedido. Calquera modificación desa priorización deberá ser autorizada polo/a director/a xeral de Formación e Colocación.

6. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Capítulo IV

Execución, xustificación de custos e liquidación

Artigo 20º.-Custos financiables e criterios de imputación.

1. Os custos das accións formativas poderán imputarse desde o 1 de setembro de 2009.

2. Custos directos da acción formativa:

a) As retribucións das persoas formadoras internas e externas, podéndose incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables ás persoas formadoras no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade que se imputen.

b) Os gastos de amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o seu aluguer ou arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, soportados na execución do plan formativo.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

c) Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas do plan, incluíndo o material de protección e seguridade. Así mesmo, no caso da teleformación, os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre persoal formador e participantes.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

d) Os gastos de aluguer, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento do plan de formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Os gastos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas, sendo aplicable o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo Reglamento do imposto de sociedades.

e) Seguro de accidentes dos participantes.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación será feita polo número de participantes.

f) Gastos de transporte, manutención e aloxamento para os traballadores/as ocupados/as que participen nas accións formativas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

g) Gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa.

h) Custos de avaliación e control da calidade da formación segundo o artigo 27º desta orde.

3. Custos asociados á actividade formativa:

a) Considerararanse custos financiables os de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución do plan.

b) Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución desta. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

c) Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos, non especificados anteriormente, asociados á execución do plan.

Estes custos deberán imputarse á beneficiaria da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

En calquera caso, os custos asociados, igual que os custos directos, deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os gastos de asesoría xurídica, así como os custos notariais, rexistrais, periciais e de administración so serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

A suma dos custos asociados do plan non poderá superar o 20% dos custos da actividade formativa.

Artigo 21º.-Pagamento e liquidación das subvencións.

1. Non poderá realizarse o pagamento da subvención cando a entidade sexa debedora por resolución firme de procedencia de reintegro.

2. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a beneficiarias/os nos supostos previstos no punto 6, parágrafo terceiro, do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Documentación que hai que presentar:

- As entidades beneficiarias deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro do mes seguinte ao remate da última acción formativa de cada convenio, a xustificación dos custos inherentes a el, a través da seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:
- Ficha de finalización.
- Solicitude de liquidación final.
- Relación de facturas.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa.
- Certificación dos gastos.
- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. A/o beneficiaria/o deberá así mesmo cubrir e remitir nos impresos normalizados e conforme as instrucións que se establezan para o efecto naquelas, os seguintes documentos:

a) A certificación de finalización do plan, con especificación de cada acción formativa realizada da que se comunicase o seu inicio no momento oportuno.

b) A documentación xustificativa que acredite, como mínimo, os custos relativos ás accións formativas subvencionadas.

c) Xustificante de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, é dicir, cando o anticipo sexa superior á cantidade xustificada.

d) Documentación relativa ás actuacións de avaliación e control da calidade da formación.

5. Cando non se presentase a documentación xustificativa a que se refiren os puntos anteriores ou a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, a Dirección Xeral de Formación e Colocación porá en coñecemento das/os beneficiarias/os as insuficiencias observadas para que no prazo de 10 días sexan rectificadas.

Examinada a documentación xuntada para a corrección das insuficiencias detectadas, ou transcorrido o dito prazo sen que se presentasen, o órgano concedente procederá á liquidación final a partir dos xustificantes de gastos elixibles que consten no expediente.

6. Sistemas de pagamento.

O aboamento da subvención ás/os beneficiarias/os farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80% do total do orzamento de gastos do convenio, en concepto de anticipo, no momento no que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade beneficiaria na que se notifique o inicio dunha acción formativa, así

como a documentación sinalada neste artigo, de ser o caso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificados os gastos realmente efectuados en cada unha.

7. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación, emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

Artigo 22º.-Execución.

A execución do plan de formación realizarase pola/o beneficiaria/o tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, así como que a subvención outorgada terá o carácter de importe máximo e destinarase á realización das accións formativas obxecto do convenio. En todo caso, durante a execución do plan de formación non se poderán incluír accións formativas non aprobadas, nin modificar a duración nin a modalidade delas, salvo autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 23º.-Instrucións de xustificación de custos e liquidación.

A xustificación de custos e a liquidación económica das subvencións realizarase do seguinte xeito:

1. Os datos de xestión do curso deberanse introducir en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros.

2. A/o beneficiaria/o deberá xustificar os custos en que incorresen na execución das accións formativas obxecto do convenio e que o gasto xustificado sexa o efectivamente pagado.

3. Os custos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio, en orixinal ou fotocopia compulsada logo de selado do orixinal, co detalle suficiente para acreditar a correcta aplicación dos fondos. Os ditos documentos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

4. Cando, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas, se admita a xustificación de custos mediante notas de cargo, estas deberán acompañarse cos documentos xustificativos que soportan o gasto ou as súas imputacións.

5. Ao abeiro do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias do programa regulado nesta orde poderán subcontratar, previa autorización do/a director/a xeral de Formación e Colocación, por unha soa vez, e ata o 100% da acción formativa, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, os subcontratistas deberán facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade adxudicataria.

A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

En ningún momento se poderá subcontratar coas persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño de 2007, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Regulamento que desenvolve a lei, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. No caso de subcontratación, as facturas que emitan as/os subcontratistas deberán conter unha desagregación suficiente para identificar os custos imputados a cada acción formativa.

7. Cando as actividades formativas fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

8. A/o beneficiaria/o da subvención estará obrigado a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 4 anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da/o beneficiaria/o. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

9. As entidades que, sen que transcorrese o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación á Dirección Xeral de Formación e Colocación.

10. O control da Consellería de Traballo e Benestar, como órgano concedente, esténdese á comprobación de que por parte da/o beneficiaria/o se tiveron en conta as previsións do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Para o cálculo do importe que lles aboará ás entidades efectuaranse dous rateos:

Primeiro rateo. No caso de que inicien a acción formativa un número de alumnas e alumnos inferior aos orzamentados, ratearase a cantidade para pagar en función do alumnado que iniciase. Non obstante, non se aplicará penalización orzamentaria se se produce unha desviación do número de alumnos e alumnas, como máximo, do 15% sobre o alumnado orzamentado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 15%, aboarase pola cantidade real de alumnado iniciado. Para estes efectos enténdese por alumnado iniciado o número máximo que haxa no primeiro cuarto da acción formativa.

Segundo rateo. Se se producen abandonos de participantes na acción formativa, admitiranse desviacións de ata o 30% do número de alumnado orzamentado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 30%, será aboada pola cantidade real de alumnado finalizado.

O importe para aboar calcularase en función das cantidades resultantes dos dous rateos.

Nas modalidades de teleformación e a distancia, para os efectos de financiamento soamente se terán en conta os alumnos e alumnas que realizaran cando menos o 25% dos controis de aprendizaxe.

Artigo 24º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Sen prexuízo das obrigas establecidas nesta orde, na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, constitúen, así mesmo, obrigas da beneficiaria:

1. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea e polo Servizo Público de Emprego Estatal, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo «Inviste no teu futuro» da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

3. Requirir de cada alumna ou alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá arquivarse separadamente por cada acción formativa:

   - Copia simple do DNI.
   - Ficha individual na que acredite a súa pertenza a algún dos grupos preferentes que se recollen no artigo 5º, de ser o caso.
   - Acreditación da súa condición de persoa ocupada ou desempregada.
   - Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado que establezan os programas formativos, ou se é o caso, o real decreto que regule os correspondentes certificados de profesionalidade.
   - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais, no caso de que a acción formativa completase un certificado de profesionalidade.
   - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, de ser o caso.

4. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

   a) Como mínimo cinco días naturais antes do inicio da acción formativa:

      - As datas de inicio e remate e o horario de impartición.
      - O enderezo completo do lugar de impartición e teléfono de contacto.

   b) Dentro do primeiro cuarto do curso e sempre que non supere os 10 días seguintes ao inicio da acción formativa, a seguinte documentación:

      - Relación nominal dos alumnos e alumnas, especificando o número do DNI e número de afiliación á Seguridade Social.
      - A identificación da persoa coordinadora ou responsable da acción formativa.
      - Identificación dos docentes, e, no caso de accións conducentes á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais destes, acreditación do cumprimento dos requisitos dos docentes que se establezan para cada módulo formativo no real decreto que regula o correspondente certificado de profesionalidade.
      - Autorización da persoa traballadora para a utilización dos seus datos persoais para o control e seguimento do curso no marco da Lei de protección de datos.
      - Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado que establezan os programas formativos, ou se é o caso, o real decreto que regule os correspondentes certificados de profesionalidade.
      - Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais, no caso de que a acción formativa completase un certificado de profesionalidade.
      - Copia da póliza de seguros contratado co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.
      - Declaración xurada da persoa traballadora de que os documentos que achega son auténticos.

   c) Mensualmente:

      - Partes de asistencia.
      - Comunicación de incidencias.

   d) A entidade beneficiaria arquivará separadamente por cada acción formativa a seguinte documentación:

      - Copia simple dos DNI do alumnado.
      - Fichas de inicio.
      - A planificación temporal dos módulos da acción formativa.
      - Ficha individual de cada alumna ou alumno.
      - Documento que acredite que a persoa traballadora está ocupada ou desempregada na data de incorporación ao curso, de ser o caso.
      - Os modelos de solicitude de inscrición recibidos.
      - Os controis de aprendizaxe.

   A non comunicación nos prazos establecidos implicará que o correspondente grupo de formación se considerará non realizado para os efectos da liquidación económica da subvención, salvo que a non comunicación en prazo se deba a causas imprevistas, debidamente xustificadas e comunicadas no momento no que se produzan.

5. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, por medio telemático ou en soporte dixital, os seguintes datos referidos a cada control de aprendizaxe na modalidade de Teleformación:

   a) Plan de formación

   b) Acción formativa.

   c) Grupo.

   d) Documento de identidade do alumno ou alumna.

   e) Código que permita identificar a proba e os resultados conse-

guidos polo/a participante. Estes datos deben ser almacenados polo sistema de teleformación empregado para a execución da acción formativa.

f) Indicativo de se o/a participante realizou a proba. En caso afirmativo cumprimentarase:

- Data e hora en que foi desenvolvido o control.
- Tempo empregado para o desenvolvemento do control de aprendizaxe.
- Resultado obtido. Sendo traducida a cualificación a: superado/ non superado.

g) No caso de formación a distancia e teleformación conducente á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais destes especificaranse os contidos que se impartirán a distancia, e, en todo caso, requirirán a realización de, cando menos, unha avaliación final de carácter presencial.

6. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes do alumnado e da entidade beneficiaria, así como a relación dos e das docentes e o horario. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa.

7. Aboar mensualmente ás e aos docentes a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión, control e comprobación que poida efectuar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio de actuacións anteriores.

9. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado no caso das accións formativas de modalidade presencial e na parte presencial da modalidade mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases teóricas e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente na parte presencial cando a acción formativa se desenvolva fóra da propia empresa.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

- En caso de morte: 36.000 euros.
- En caso de invalidez permanente: 42.000 euros.
- Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

10. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que se poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

11. Velar por que todo o alumnado dunha acción formativa reciba a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

12. Velar por que as e os docentes reciban unha contraprestación proporcional ás horas impartidas en cada curso e ao seu módulo económico.

13. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

14. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días naturais de antelación, autorización para realizar calquera modificación substancial no desenvolvemento das accións formativas, salvo en casos de forza maior, que se notificará en canto sexa posible.

15. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

16. Informar o alumnado do cofinanciamento das accións formativas por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

17. Realizar a actividade formativa que fundamenta a concesión da subvención, de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais que se establecen nesta orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a valoración técnica e a subvención que se vai conceder.

18. Achegar a información e documentación que se requira durante a fase de instrución do procedemento e execución do plan formativo, así como ter á disposición dos órganos de control competentes os documentos acreditativos da asistencia das persoas participantes ás accións formativas, debidamente asinados por estas e segundo os requisitos mínimos que se establezan.

19. Respectar a obrigatoriedade da gratuidade para as persoas participantes das accións formativas comprendidas no plan de formación.

20. Presentar a xustificación do cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como da realización e dos custos da actividade que fundamenta a concesión.

21. Ter realizado ou, se é o caso, garantidas as devolucións de cantidades concedidas e pagadas en convocatorias anteriores e cuxa devolución lle fose exixida mediante reclamación previa á vía executiva ou mediante resolución de procedencia de reintegro, salvo que se aplicase a suspensión do acto.

22. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/o beneficiaria/o, en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común a todos eles de formación para o emprego.

23. Comunicarlle á Administración autonómica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Estes ingresos serán incompatibles coa subvención que corresponda, polo que esta será minorada na can-

tidade xa percibida.

24. Non incorrer no falseamento de datos contidos na solicitude ou nos documentos e certificados presentados aos órganos competentes na tramitación das solicitudes e na concesión das subvencións.

25. Os datos da xestión das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición das entidades beneficiarias. Para que este proceso en liña poida realizarse, os centros solicitantes deberán dispoñer de saída a internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

26. A entidade beneficiaria informará os participantes en situación de desemprego das axudas e bolsas que poidan solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo o artigo 8º desta orde, facilitarlles os modelos de solicitude normalizada, así como remitir á citada dirección xeral, nos dez primeiros días seguintes a cada mes, a correspondente documentación de solicitude xunto coa xustificación da asistencia á formación.

27. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar a modificación ou revogación das resolucións de concesión.

28. As entidades beneficiarias de subvención deberán acreditar, con independencia da súa contía, tanto antes de ditar resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 25º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas, suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. A gradación dos posibles incumprimentos determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro do 100 % da subvención concedida. Igualmente considérase que existe incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non alcanza o 35% dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado polo número de alumnos.

b) No incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendido entre o 35% e o 100% a subvención concedida minorarase na porcentaxe que deixou de cumprirse, sempre que os gastos fosen debidamente xustificados.

Capítulo V

Avaliación da formación

Artigo 26º.-Control e seguimento das accións formativas.

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, os departamentos territoriais da consellería ou o persoal que se contrate para o efecto aplicarán o sistema de seguimento e control que estimen conveniente. Estas actuacións poderán consistir na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas a alumnado e docentes, información respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento, así como de control da elixibilidade dos custos imputados a cada acción formativa.

2. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

Artigo 27º.-Avaliación da calidade das accións formativas.

As entidades beneficiarias deberán avaliar a calidade das accións formativas nos seguintes termos:

1. A mostra seleccionada cubrirá polo menos o 5% dos grupos comunicados a partir da subscrición do convenio. A dita mostra incluirá grupos de accións formativas de todas as modalidades de impartición do plan de formación.

2. As entidades beneficiarias deberán destinar para a avaliación e control da calidade da formación ata un 5% da subvención concedida. A avaliación desenvolverase tendo en conta os seguintes criterios:

As persoas participantes avaliarán a calidade das accións a través dun cuestionario de avaliación de calidade que cubrirá, polo menos, os seguintes ámbitos específicos de información:

Valoración xeral da acción formativa.

- Contidos: a súa adecuación ás expectativas e necesidades de formación, así como utilidade dos contidos para a traxectoria profesional da traballadora ou traballador.
- Profesorado: o seu nivel de preparación, de especialización e de comunicación.
- Medios didácticos: valoración dos medios utilizados e a súa adecuación aos contidos.
- Medios técnicos e instalacións: adecuación ao desenvolvemento do curso.
- Organización: composición e homoxeneidade do grupo de for-

mación, número de alumnas e alumnos, información previa recibida, horarios e duración.

Teñen a obriga de cubrir o cuestionario, todos os alumnos que participen nas accións formativas reguladas pola presente orde. Será cuberto polos participantes ao remate destas.

As organizacións ou entidades beneficiarias son as responsables do proceso de avaliación da calidade das accións formativas, tanto da distribución, gravación e explotación dos cuestionarios, como da realización dun informe de resultados que conterá unha tabulación coa totalidade destes e que se empregará para análise da calidade das accións executadas.

Poderase realizar calquera outra actuación que se considere axeitada para a avaliación da calidade das accións formativas.

3. Sen prexuízo da utilidade que estas avaliacións teñen para as entidades beneficiarias e os centros ou institucións impartidoras da formación, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir destas a achega dos correspondentes cuestionarios, ou ben o resultado da súa tabulación, co fin de analizar a calidade das accións no marco dos convenios regulados nesta orde.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá realizar unha avaliación externa das accións formativas impartidas ao abeiro desta orde que terá os seguintes obxectivos mínimos:

a) A adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral.

b) A incidencia e impacto da formación para o emprego no mantemento deste e na promoción das traballadoras e dos traballadores.

c) O acceso á formación profesional para o emprego, especialmente das persoas traballadoras de pemes e dos restantes colectivos prioritarios.

d) A eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

e) Os niveis de aprendizaxe e a súa aplicación no posto de traballo.

5. No caso de formación conducente á obtención dos certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais dos mesmos aplicarase, en todo caso, ademais do establecido neste artigo, sistemas de control da calidade que estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación, que incluirán os seguintes aspectos que se van controlar:

- Cumprimento dos requisitos de acceso do alumnado.
- Cumprimento dos requisitos dos formadores.
- Cumprimento dos requisitos de espazos formativos.
- Cumprimento dos requisitos de equipamentos.
- Elaboración, desenvolvemento e/ou aplicación de guías didácticas de aprendizaxe e avaliación.
- Desenvolvemento das accións formativas: planificación, métodos e ferramentas (mediante visitas ao centro).
- Desenvolvemento do sistema de avaliación continua e final: planificación, métodos e ferramentas; informes parciais e finais de probas teóricas e prácticas, e actas de avaliación (mediante visitas ao centro).
- Cuestionarios a alumnos, docentes e coordinadores ou responsables da acción formativa.

Artigo 28º.-Rexistro dos convenios.

1. As accións formativas inscribiranse, en galego, no rexistro da Dirección Xeral de Formación e Colocación no que constarán as accións formativas impartidas ao abeiro de cada convenio co seu programa, a entidade beneficiaria, con especificación do número de alumnado de cada acción formativa, horas de duración, lugar de impartición, e especificación, se é o caso, das horas presenciais e a distancia.

2. Os diplomas emitidos ao alumnado destas accións tamén serán rexistrados, e neles deberán constar os contidos establecidos no artigo 7.3º da orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente no programa 48.05.323B.481.0 que figura nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para os anos 2009 e 2010.

Segunda.-Poderán efectuarse resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma que deberá provir de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito, e deberan ser obxecto de publicación no DOG. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Terceira.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolvemento o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no que sexa de aplicación e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, quedando as/os beneficiarias/os das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar no/a director/a xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento de obrigas, propostas de pagamento das subvencións reguladas nesta orde e resolver os procedementos de reintegros das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que traen causa, ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o/a director/a xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

Ver anexos pdf "71-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Advertidos erros e omisións na publicación da devandita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 211, do mércores, 28 de outubro de 2009, cómpre facer as oportunas correccións:

Primeira.-O anexo que figuran na páxina 16.768 e seguintes coa denominación: «ANEXO Accións formativas priorizadas-sectoriais», debe figurar co nome: «ANEXO III Accións formativas priorizadas-sectoriais».

Segunda.-Publicar a seguir os anexos I, II e IV:

Ver anexos pdf "71-09.PDF"

72 Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

(DOG nº 225, do 17.11.2009).

O obxecto dos proxectos que se van financiar neste exercicio mediante esta orde de convocatoria ademais de mellorar a calidade das accións formativas e estender o subsistema de formación profesional para o emprego cara a ámbitos en que aínda non está plenamente introducido, especialmente ás pequenas e medianas empresas co fin de facilitar o acceso á formación dos seus traballadores.

Preténdese con isto facilitar a adaptación e evolución das profesións e os contidos dos postos de traballo, así como conseguir unha mellora nas competencias e cualificacións, indispensables para manter e fortalecer a situación competitiva das empresas e a cualificación das persoas traballadoras ocupadas.

O Regulamento (CE) nº 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (CE) nº 396/2009, do 6 de maio do 2009, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación dos traballadores/as ocupados/as nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

De conformidade co disposto no novo marco competencial, en concreto da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia para a xestión das accións de apoio e de acompañamento á formación que se desenvolvan exclusivamente no seu ámbito territorial.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo , polo que se regula

o subsistema de formación profesional para o emprego ten como obxecto ofrecer aos traballadores, tanto ocupados/as como desempregados/as, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores/as, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego. Entre as iniciativas que recolle o citado real decreto, figuran as accións de apoio e de acompañamento á formación, que se regulan nesta orde de convocatoria.

A Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización das accións de apoio e de acompañamento á formación.

O II Plan Galego de Formación Profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiaria deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan articúlase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Acordo galego de formación continua asinado o 29 de marzo de 2004 entre a conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e os axentes sociais ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

O Acordo do diálogo social en Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 recolle entre os seus obxectivos proporcionarlle aos traballadores a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, aos cales se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, polo que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

Polo Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, créase a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, como órgano tripartito e paritario entre a Administración autonómica e os axentes sociais máis representativos de Galicia, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

Son obxecto de subvención nesta convocatoria as accións de prospección e análise, as accións destinadas á elaboración e experimentación de produtos, técnicas e ferramentas de carácter innovador para a mellora da formación profesional para o emprego, e accións de avaliación da formación profesional para o emprego.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos do programa 48.05.323b.481.0, 1.081.716 que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009 e 600.000 para o ano 2010 e do programa 48.05.323b.471.0, 1.645.000 que figura nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009 e 300.000 para o ano 2010, rexistrados co código de proxecto 2009.01009.

As axudas previstas nesta orde estarán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e pola Administración xeral do Estado, e están incluídas no Programa operativo plurirrexional Adaptabilidade e emprego número 2007ESO5UPO001, imputables ao novo período de programación dos fondos estruturais 2007-2013. De acordo coas disposicións xerais establecidas no Regulamento (CE) Nº 1083/2006, do Consello do 11 de xullo de 2006, a achega do Fondo Social Europeo á actividade cofinanciada será do 80% do custo da mesma.

Na súa virtude, consultada a Comisión Galega de Formación Profesional Continua e o Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

1. Esta orde ten como obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións destinadas á realización de accións de apoio e acompañamento á formación, de ámbito autonómico.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por accións de apoio ou de acompañamento á formación aquelas que teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos, a análise da repercusión da formación para o emprego na competitividade das empresas e na cualificación dos/as traballadores/as, a elaboración de produtos e ferramentas innovadores relacionados coa formación para o emprego e, en definitiva, a determinación das necesidades de formación precisas para coadxuvar ao progreso económico dos sectores produtivos no conxunto da economía.

Artigo 2º.-Finalidade e principios que rexen a concesión de subvencións.

1. Os proxectos obxecto de financiamento nesta convocatoria terán como finalidade o desenvolvemento de accións de investigación, prospección do mercado do traballo, determinación das necesidades de formación, análise da repercusión da formación profesional para o emprego na competitividade das empresas e dos/as traballadores/as, a realización de estudos de carácter sectorial e multisectorial, e produtos e ferramentas innovadores relacionados coa formación para o emprego, dirixidas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os proxectos financiados por esta convocatoria deberán estar destinados á mellora e eficacia da formación profesional para o emprego, e non poderán dirixirse especificamente ao ámbito da Administración pública.

3. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Artigo 3º.-Requisitos das entidades solicitantes, acreditación e límites de participación.

1. Poderán ser solicitantes das subvencións, as empresas, entidades ou organizacións sen ánimo de lucro inscritas na Seguridade Social, que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades tipificadas como accións financiables ou relacionadas coa formación para o emprego e que, observando as bases e criterios establecidos, se axusten ás modalidades de accións financiables e requisitos que regula esta norma.

Non poderán ser solicitantes destas subvencións as administracións públicas.

2. A entidade solicitante deberá acreditar experiencia na realización de estudos, investigacións ou proxectos de natureza similar aos solicitados durante un período de polo menos tres anos, coa realización dalgún traballo semellante ou relacionado co proposto.

3. No caso de que a entidade solicite a realización dunha acción de apoio e acompañamento que implique o seguimento e a avaliación doutras accións de apoio, a entidade só poderá realizar unha única solicitude.

4. De conformidade co establecido no artigo 8.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a beneficiaria sexa unha persoa xurídica, os membros asociados da beneficiaria que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios/as. Tamén terán a dita consideración as agrupacións formadas polas entidades previstas no punto 1 deste artigo con entidades vinculadas a elas, que teñan entre os seus fins o desenvolvemento das actividades a que se refire esta orde.

O representante ou a persoa apoderada única da agrupación deberá pertencer a algunha das entidades beneficiarias previstas no punto 1 deste artigo.

5. Non poderán obter a condición de beneficiaria as entidades en que concorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 8 do regulamento que desenvolve a lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Dirección Xeral de Formación e Colocación publicará no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario ao cal se imputan, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

8. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

9. As beneficiarias das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006 co contido e a forma que regulamentariamente se determine.

Capítulo II

Accións financiables e documentación técnica

Artigo 4º.-Accións financiables.

a) Accións de prospección e análise. Estas accións estarán destinadas a afondar no coñecemento dos factores que configuran as demandas de formación, dos problemas e necesidades específicas de formación nos distintos sectores económicos ou ámbitos territoriais e outras materias que afectan de forma xeral á formación profesional para o emprego, co fin de anticiparse aos cambios nas cualificacións profesionais e adaptar os módulos formativos de acordo co que se estableza na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade. Así mesmo, facilitarán aos axentes implicados a información necesaria para que a formación profesional proporcione aos/ás traballadores/as desempregados/as e ocupados/as os coñecementos e prácticas adecuados ás competencias profesionais requiridas no mercado de traballo. Igualmente, estas accións terán entre os seus fins coñecer as necesidades formativas dos/as traballadores/as con maior dificultade de inserción ou de mantemento no mercado de traballo, aos cales se refire o artigo 5.3º do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e das pequenas e medianas empresas.

b) Accións para a elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador de interese para a mellora da formación profesional para o emprego. Estarán destinadas a facilitar ás empresas e aos distintos axentes que participan na xestión da formación dos/as traballadores/as desempregados/as e ocupados/as os instrumentos que lles permitan mellorar a súa organización, planificación e desenvolvemento. Terán especial consideración aquelas accións referidas a ferramentas e metodoloxías de aprendizaxe baseadas en novas tecnoloxías de información e comunicación que estendan a formación aos traballadores de pequenas empresas.

c) Accións de avaliación da formación profesional para o emprego. Estas accións estarán destinadas a realizar procesos de avaliación da formación dos diferentes sectores de actividade económica ou ámbitos territoriais e a desenvolver metodoloxías e ferramentas de avaliación para que poidan ser aplicados por quen participa e xestiona a formación, co fin de mellorar a súa calidade.

Os estudos e accións realizaranse prioritariamente nos sectores e ámbitos que se relacionan no anexo I desta convocatoria.

Artigo 5º.-Xornadas técnicas de difusión dos produtos finais.

1. Todos os proxectos subvencionados con cargo a esta orde poderán incluír a realización dunha xornada técnica que teña por obxecto a difusión dos seus produtos finais, así como a xeración de propostas, alternativas e suxestións sobre os seus resultados. Os proxectos deberán comprometer a súa realización na solicitude, de acordo coas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. A Dirección Xeral de Formación e Colocación coordinará a realización de xornadas de difusión conxuntas ou simultáneas, de forma que optimicen os seus obxectivos e alcancen mellores cotas de difusión.

Capítulo III

Iniciación do procedemento

Artigo 6º.-Prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes para o financiamento de accións de apoio e de acompañamento á formación con cargo a esta convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 7º.-Solicitudes.

1. As solicitudes faranse no modelo normalizado que se publica como anexo II a esta orde e que se subministrará nos departamentos territoriais da consellería, na Dirección Xeral de Formación e Colocación ou en calquera das oficinas administrativas de información ao cidadán, subscritas polo titular ou representante legal da entidade debidamente acreditado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

   a) Documentación acreditativa da capacidade legal para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito)

   b) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade e do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante.

   c) Copia compulsada dos estatutos da entidade debidamente legalizados.

   d) Unha ficha por cada unha das accións no modelo normalizado, segundo o anexo III.

   e) Unha memoria-proxecto en que se fará referencia, polo menos, aos seguintes extremos:

   - Xustificación da proposta.
   - Obxectivos xerais e específicos.
   - Descrición da planificación e desenvolvemento do proxecto.
   - Descrición do ámbito sectorial, territorial e do colectivo destinatario.
   - Metodoloxía
   - Xustificación da capacidade técnica da entidade solicitante para a xestión da acción que solicita e descrición da súa experiencia en traballos semellantes.
   - Experiencia e cualificación dos recursos humanos presentando os perfís profesionais detallados e así mesmo unha descrición do equipamento técnico que a entidade solicitante utilizará para o desenvolvemento da acción ou, se é o caso, os da entidade ou entidades que participan no desenvolvemento do proxecto.
   - Principais resultados ou produtos finais previstos.
   - Orzamento

   f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para a mesma acción de apoio, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

   g) Documentos acreditativos da inscrición da entidade na Seguridade Social correspondente e de reunir os requisitos establecidos para ser entidade beneficiaria da subvención que solicita.

   h) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2º e 3º, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

   i) Declaración responsable do compromiso do desenvolvemento das accións en galego, de ser o caso.

   l) No caso de solicitudes presentadas para accións do anexo I relacionadas coa avaliación e seguimento doutras accións de apoio, declaración de non ter relación ningunha, directa ou indirecta, con ningunha outra acción solicitada ao abeiro desta orde.

2. A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar, San Lázaro s/n 15781 Santiago de Compostela, nos seus departamentos territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e será subscrita pola persoa titular ou representante legal da entidade coa debida acreditación, dirixida á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

3. A presentación pola entidade interesada da solicitude de concesión das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente

4. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se presentase a documentación, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirá a entidade solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos

preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Capítulo IV

Instrución do procedemento

Artigo 8º.-Procedemento.

1. Recibidas as solicitudes a comisión de valoración estudiaraas e cualificaraas, e, unha vez analizada a documentación achegada polas entidades solicitantes, emitirá informe sobre os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde.

2. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá solicitar de entidades independentes a realización de informes técnicos previos que contribúan á mellora da baremación das solicitudes, sen que os informes resulten vinculantes para a comisión de valoración.

3. Unha vez baremados os expedientes pola comisión de valoración, a Comisión Galega de Formación Profesional Continua emitirá informe sobre eles.

4. As entidades deberán acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co artigo 11 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2009.

5. Á vista do expediente e dos informes preceptivos que se emitan, o órgano instrutor, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, formulará proposta de resolución.

6. A comisión de valoración estará composta pola subdirectora xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e serán vogais os/as xefes/as dos servizos de Planificación de Formación para o Emprego e do Observatorio Ocupacional, actuando o primeiro como secretario/a, e dous/dúas técnicos/as da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

7. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora xeral de Formación e Colocación.

Artigo 9º.-Valoración técnica das solicitudes.

1. A Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá á valoración técnica das solicitudes que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria para o ese tipo de acción, propoñendo a denegación daquelas que non os cumpran.

2. A selección das solicitudes que se van financiar realizarase segundo a puntuación obtida logo de valoración técnica e económica do proxecto, tendo en conta que primeiro se resolverán as accións incluídas no anexo I previsto no artigo 4º, e a continuación o resto das accións presentadas.

3. Para os efectos da valoración técnica e para garantir a concorrencia, só se terá en conta a información incluída no expediente no prazo de presentación de solicitudes.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá propoñer non financiar ningún proxecto para algún dos tipos de accións, se ningunha das solicitudes acada a valoración técnica mínima que determine a comisión de valoración.

5. Os criterios de valoración técnica serán os seguintes:

Bloque 1: presentación xeral e deseño da acción (ata 45 puntos).

a) Presenta unha metodoloxía rigorosa e axeitada ao obxecto da investigación especificando as técnicas de análise que se van utilizar (20 puntos).

b) Describe con claridade os obxectivos e estes coinciden cos fins descritos no artigo 2º para as accións de apoio (10 puntos).

c) Os resultados teñen utilidade e posibilidade de transferencia aos territorios e aos sectores (10 puntos).

d) O proxecto presenta propostas novas e de actualidade, ou que implican melloras sobre aspectos xa coñecidos (5 puntos).

Bloque 2: entidades que desenvolven o proxecto e equipo técnico (ata 50 puntos).

a) Adecuación do perfil do persoal técnico da entidade solicitante ou dos seus membros asociados, de existiren estes, e cumprir cos requisitos para a súa participación (ata 20 puntos). Para a valoración deste punto é imprescindible presentar currículos, ou perfís profesionais perfectamente detallados.

b) Proxectos de iguais ou semellantes características realizados pola entidade solicitante ou os seus membros asociados, de existiren estes, e cumprir cos requisitos para a súa participación (ata 10 puntos).

c) Proxectos que supoñan unha continuidade dos realizados en convocatorias anteriores pola entidade solicitante (ata 10 puntos).

d) Experiencia en traballos similares do persoal técnico que vai desenvolver o proxecto (ata 10 puntos).

Bloque 3: emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións. (5 puntos).

5. Teranse en conta os resultados do seguimento e control da calidade das accións de apoio que realizou o solicitante na última convocatoria, podéndose reducir polas ditas causas ata un 10% da valoración técnica.

6. No caso de que dúas ou máis propostas para o desenvolvemento do mesmo produto final obteñan igual valoración técnica total, seleccionarase a que solicitase menor financiamento, e se este fose idéntico, a que obtivese maior puntuación no segundo bloque de valoración.

7. Unha mesma entidade non poderá ser beneficiaria de máis de tres accións en cada unha das modalidades comprendidas no artigo 4º. No caso de que algunha entidade reunise os requisitos para ser beneficiaria dalgún proxecto máis, seleccionaranse os tres de financiamento máis elevado.

Artigo 10º.-Determinación da subvención.

1. Unha vez ordenadas as solicitudes, as que superen a puntuación mínima establecida pola comisión de valoración serán resoltas de acordo co establecido no artigo 9º, en función da súa valoración, ata esgotar a dispoñibilidade orzamentaria.

2. Das accións financiables reguladas no artigo 4º, serán excluídos aqueles proxectos que se encontren nalgunha das situacións seguintes:

   - Que o produto non reúna as características esixidas na documentación técnica correspondente.
   - Que exista un produto formativo similar.
   - Que se solicite un produto similar no mesmo prazo de presentación e obteña maior valoración técnica.

3. As axudas previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 11º.-Custos subvencionables.

A. Custos directos das accións de apoio:

1. As retribucións de persoal interno e externo en que se poderán incluír salarios, seguros sociais e, en xeral, todos os custos imputables ao persoal no exercicio das actividades de que forman parte da execución das accións aprobadas.

2. Os gastos de amortización de equipos e plataformas tecnolóxicas utilizados, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o seu alugamento ou arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, soportados na execución das accións aprobadas.

3. Os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións aprobadas, incluíndo o material de protección e seguridade.

4. Os gastos de alugamento, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización dos locais utilizados expresamente no desenvolvemento das accións aprobadas.

5. Gastos de transporte, manutención e aloxamento que se realicen no territorio nacional imputables ao persoal que participa na execución das accións aprobadas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisan os gastos de locomoción e axudas de custo no IRPF. Poderanse incluír neste punto os custos de transporte, manutención e aloxamento fora do territorio nacional cando sexa necesario para o desenvolvemento dalgunha das accións subvencionables e así estea establecido na correspondente convocatoria.

6. Custos directamente ocasionados pola execución das accións de apoio, que non se recollan no resto dos puntos, tales como publicidade, difusión, comunicación, entre outros, cando estas actividades estean recollidas na correspondente convocatoria.

B. Custos asociados das accións de apoio:

1. Custos asociados ao desenvolvemento de accións de apoio, en particular luz, auga, calefacción, teléfono, mensaxaría, correo, limpeza e seguridade, e outros custos non especificados anteriormente, asociados á execución da actividade subvencionada.

2. En calquera caso, os custos asociados deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

3. A suma dos custos asociados non poderá superar o 10% do total dos custos directos das accións de apoio.

Capítulo V

Terminación do procedemento

Artigo 12º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalle á directora xeral de Formación e Colocación, por delegación da conselleira e deberá ser notificada ás persoas interesadas no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o citado prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas interesadas entenderán desestimada a súa solicitude.

2. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Unha vez ditada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a súa modificación cando afecte o contido da actividade subvencionada, á forma ou prazos da súa execución ou de xustificación dos correspondentes gastos. A solicitude de modificación deberá fundamentarse suficientemente e deberá formularse con carácter inmediato cando aparezan as circunstancias que a xustifiquen e, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución da actividade subvencionada.

As solicitudes de modificación someteranse aos órganos competentes para a instrución do procedemento de concesión, logo do informe do órgano colexiado previsto no artigo 8º.6 desta orde, e serán resoltas polo órgano que ditou a resolución de concesión. A modificación só poderá autorizarse no caso de que aparezan circunstancias excepcionais de forza maior que alteren, dificulten ou imposibiliten o desenvolvemento da actividade subvencionada tal e como foi aprobada e, en todo caso, sempre que non se produzan danos a terceiros.

O órgano debe ditar resolución aceptando ou denegando a modificación proposta no prazo dun mes desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramita-

ción. Transcorrido o dito prazo sen notificar a resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 13º.-Pagamento das subvencións.

1. O aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

   a) Ata o 80 por 100 do total do orzamento de gastos de cada acción subvencionada, en concepto de anticipo, no momento en que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade beneficiaria en que se notifique o inicio da acción.

   b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións subvencionadas e xustificados os gastos realmente efectuados en cada unha.

2. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias, e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación, emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

3. As entidades beneficiarias deberán presentar, antes do aboamento da liquidación final, declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para a mesma acción, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. No caso de que a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida.

5. As entidades beneficiarias deberán acreditar, con independencia da súa contía e antes de proceder ao cobramento das subvencións que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 14º.-Condicións para adquirir e conservar o dereito á subvención.

1. A adquisición e conservación do dereito á subvención implica para a entidade beneficiaria cumprir coas seguintes obrigas:

   a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais desta orde, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a valoración técnica e a subvención que se vai conceder.

   b) Achegar a información e documentación que se requira durante a fase de instrución do procedemento e execución do proxecto.

   c) Presentar a xustificación do cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como da realización da actividade que fundamenta a concesión e dos seus custos.

   d) Ter realizado ou, se é o caso, garantido as devolucións de cantidades concedidas e pagadas en convocatorias anteriores e cuxa devolución lle fose exixida mediante reclamación previa á vía executiva ou mediante resolución de procedencia de reintegro, salvo que se acordase a suspensión do acto.

   e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica de todos os ingresos e gastos de execución das accións de apoio e de acompañamento á formación profesional para o emprego.

   f) Comunicarlle á Administración competente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Estes ingresos serán incompatibles coa subvención que corresponda, polo que esta será minorada na cantidade xa percibida.

   g) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

   h) Non incorrer no falseamento de datos contidos na solicitude ou nos documentos e certificados presentados aos órganos competentes na tramitación das solicitudes e na concesión das subvencións.

   i) Facer constar o carácter público do financiamento da actividade subvencionada e o cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

   j) A entidade beneficiaria deberá asumir, en todo caso, a execución do deseño da acción subvencionada, a elaboración final de resultados e informes, así como a coordinación de todas as fases de realización do proxecto, e non poderá delegar nin contratar con terceiros o desenvolvemento total nin parcial destas actividades. A execución de calquera outra actividade necesaria para o desenvolvemento do proxecto poderá ser subcontratada con outra entidade.

2. As entidades beneficiarias das subvencións deberán incluír nos produtos finais, nas accións de difusión e información do proxecto aprobado e nas publicacións que deriven destes, o logotipo do Fondo Social Europeo co eslogan Inviste no teu futuro e o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

3. A entidade beneficiaria de cada proxecto será responsable do cumprimento das obrigas anteriormente mencionadas.

Capítulo VI

Execución, xustificación de custos e liquidación

Artigo 15º.-Prazo para a realización das accións.

As accións de apoio e de acompañamento á formación que se financien con cargo a esta convocatoria deberán executarse nos doce meses seguintes contados a partir do mes da publicación desta orde

e deberán estar xustificados todos os gastos no prazo dun mes desde o seu remate.

Artigo 16º.-Execución da acción.

1. A subvención outorgada destinarase á realización do proxecto nos termos establecidos na solicitude e na resolución da conselleira de Traballo e Benestar. A súa percepción e contía quedarán suxeitas ao cumprimento de cantos requisitos, condicións e obrigas correspondan ao solicitante de acordo co previsto na Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, nesta convocatoria e na correspondente resolución de concesión da subvención.

2. Para manter o financiamento concedido será necesario que non se alteren a natureza do produto final nin as condicións que motivaron a aprobación da solicitude. O incumprimento das ditas condicións, ou do contido da solicitude, poderá supoñer a minoración da cantidade correspondente na liquidación do expediente.

Artigo 17º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Contar con recursos humanos e materiais propios para a realización das funcións que lle corresponden e, en todo caso, asumir a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración, debendo asegurar, tanto aquela como a entidade colaboradora, o desenvolvemento satisfactorio das funcións dos organismos de seguimento e control.

2. Para o obxecto de garantir o efecto transferible dos proxectos subvencionados, a entidade beneficiaria da subvención deberá ceder á Xunta de Galicia os dereitos de explotación do material elaborado como resultado da acción financiada, con reserva destes a favor da entidade beneficiaria, dentro dos termos establecidos polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

   A cesión de dereitos anteriormente descrita entenderase referida aos resultados ou produtos da acción subvencionada. Non se poderá obter beneficio económico ningún da utilización nin do exercicio dos dereitos da súa explotación.

3. Facilitar á Consellería de Traballo e Benestar o acceso á plataforma e software necesarios para a utilización dos produtos formativos durante o seguimento e a comprobación do desenvolvemento de todas as fases do proxecto.

4. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación calquera incidencia ou cambio, respecto do indicado na solicitude de financiamento que se produza no desenvolvemento do proxecto e que supoña unha adaptación nos procesos sen alterar as condicións da resolución de concesión. Estas incidencias deberán comunicarse en todo caso cunha antelación mínima dun mes á finalización do prazo de execución establecido.

5. Os datos da xestión das accións de apoio e de acompañamento á formación deberán introducirse en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros. Para que este proceso en liña se poida realizar, os centros solicitantes deberán dispoñer de saída á internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

   No caso de detectarse desviacións de carácter non admisible na execución, serán comunicadas á entidade beneficiaria e o proxecto deberá reaxustarse ás condiciones iniciais de aprobación.

6. Con independencia do anterior, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación cantos datos e documentos lle sexan solicitados sobre o proxecto durante a súa execución e unha vez finalizado este, co obxecto de permitir a adecuada verificación do seu desenvolvemento, o uso do financiamento concedido e a avaliación dos resultados obtidos.

7. Os datos e informes obtidos durante a realización das accións así como os seus resultados finais, terán para a entidade solicitante o carácter de confidencial. Cando a citada entidade desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa difusión ou publicación como artigo, conferencia, etc., deberá solicitar a conformidade da Dirección Xeral de Formación e Colocación por escrito.

8. Someterse ás actuacións de supervisión, control e comprobación que poida efectuar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio de actuacións anteriores.

9. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación das resolucións de concesión.

10. As entidades beneficiarias de subvención deberán acreditar, con independencia da súa contía, tanto antes de ditar resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 18º.-Xustificación dos custos.

1. A entidade beneficiaria deberá xustificar os custos en que incorra á hora de executar as diferentes fases do proxecto aprobado desde a aceptación da proposta de resolución e que o gasto xustificado será o efectivamente pagado. Para isto deberá ter en conta a relación de custos financiables e os seguintes criterios de xustificación:

   a) Deberá xustificar os custos en que incorra na execución das accións de apoio e de acompañamento á formación. Para isto, deberá ter en conta a relación de custos financiables establecidos no artigo 11º desta orde.

   b) Os custos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio, en orixinal ou fotocopia compulsada logo de selado do orixinal, co detalle suficiente para acreditar a correcta aplicación dos fondos. Estes documentos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as

obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 87/2005, do 31 de xaneiro.

Cando de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas se admita a xustificación de custos mediante notas de cargo, estas deberán ir acompañadas cos documentos xustificativos que soportan o gasto ou as súas imputacións.

c) A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de cinco anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da beneficiaria. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

As entidades que, sen ter transcorrido o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación á Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. Cando o importe do gasto subvencionable por subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultaría o asistencia técnica supere a contía de 12.000 euros, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía.

Xunto coa xustificación dos custos do proxecto deberán presentarse as ofertas indicadas no parágrafo anterior e unha memoria xustificativa da elección. Nos caso de que polas especiais características dos bens ou servizos contratados non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren ou presten, deberá xustificarse tal circunstancia.

3. As entidades beneficiarias deberán asumir, en todo caso, a execución do deseño da acción subvencionada, a elaboración final de resultados e informes, así como a coordinación de todas as fases de realización do proxecto, non podendo delegar nin contratar con terceiros o desenvolvemento total nin parcial destas actividades. A execución de calquera outra actividade necesaria para o desenvolvemento do proxecto poderá ser subcontratada con outra entidade, logo de autorización da directora xeral de Formación e Colocación, e sempre axustándose ao artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de subcontratación, as facturas que emitan os subcontratistas deberán conter unha desagregación suficiente para identificar os custos imputados a cada acción de apoio e acompañamento á formación.

Artigo 19º.-Liquidación das subvencións.

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar ante a Dirección Xeral de Formación e Colocación dentro do prazo máximo dun mes tras a finalización do prazo de execución correspondente ao proxecto a súa realización cubrindo e remitindo a seguinte documentación:

a) Produtos finais íntegros, que dán cumprimento ao obxecto para o que foi concedida a subvención conforme esta convocatoria.

b) Documentación xustificativa dos custos relativos á execución do proxecto aprobado e documentos normalizados, facilitados para o efecto, cubertos, de conformidade cos custos financiables e criterios establecidos.

c) Xustificante de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, de ser o caso.

d) Acreditación da participación das entidades que colaboraron no proxecto e na súa difusión.

2. A entidade beneficiaria deberá presentar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, cantos datos e documentos lle sexan solicitados, no prazo de 10 días, para o obxecto de permitir a adecuada verificación do desenvolvemento da acción, o uso do financiamento concedido, a avaliación dos resultados obtidos e a mellor adecuación dos produtos aos obxectivos da convocatoria.

3. A Dirección Xeral de Formación e Colocación practicará a proposta de liquidación, baseada nos custos xustificados da acción subvencionada así como na cantidade certificada, unha vez examinada a documentación presentada e avaliados os resultados obtidos e a calidade do produto final.

4. Cando a documentación xustificativa presentada fose suficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, ou se emendasen as insuficiencias detectadas, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá á ordenación do pagamento correspondente.

Artigo 20º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e xustificación da subvención.

2. O incumprimento por parte da beneficiaria do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas, suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. A gradación dos posibles incumprimentos determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) O incumprimento total dos fins para os que foi concedida a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida.

b) O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. A subvención e orzamento financiable que se vai xustificar minorarase na porcentaxe que deixe de cumprirse, sempre que os gastos sexan debidamente xustificados.

Capítulo VII

Seguimento, control e avaliación das accións de apoio

Artigo 21º.-Seguimento, control e avaliación.

1. A Dirección Xeral de Formación e Colocación realizará, directamente ou a través de entidades que colaboren con ela, as actuacións de seguimento, control e avaliación que garantan o establecido nesta orde, tanto no referido á execución como á transferencia de resultados.

2. A avaliación das accións de apoio irá destinada a verificar a súa calidade respecto dos seus obxectivos, metodoloxía, orixinalidade, innovación, produtos ou resultados finais e transferibilidade.

Disposicións adicionais

Primeira.

A realización das accións previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente nas aplicacións 48.05.323b.481.0 e 48.05.323b.471.0 que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009 e nas aplicacións 48.05.323b.481.0 e 48.05.323b.471.0 dos orzamentos xerais para o ano 2010.

Segunda.

En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde TIN/2805/2008 do 26 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización das accións de apoio e de acompañamento á formación, e que desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no que sexa de aplicación, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, quedando as/os beneficiarias/os das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Terceira.

Poderán efectuarse resolucións de apoio no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma que deberá provir de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito, e deberán ser obxecto de publicación no DOG. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non se poderán ter en conta outras solicitudes distintas das que se tiveron en conta para a resolución inicial.

Cuarta.

Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar na directora xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento de obrigas, propostas de pagamento das subvencións reguladas nesta orde e resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias, das que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro/a.

Quinta.

1. A información contida nas comunicacións realizadas polas entidades solicitantes, e por aquelas que resulten beneficiarias, á Dirección Xeral de Formación e Colocación, ao amparo desta convocatoria, quedará sometida á normativa vixente en materia de protección de datos.

2. Os datos identificativos das entidades solicitantes, beneficiarias e participantes, integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, e poderán os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento.

Sexta.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación publicará as contías das subvencións que se outorguen ao amparo desta convocatoria, así como as súas entidades beneficiarias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Formación e Colocación a ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

ANEXO I

1. División dos contidos asociados ás unidades formativas en que se estruturan os novos certificados de profesionalidade de acordo coa metodoloxía facilitada polo Instituto Galego das Cualificacións. Esta acción abranguerá o total dos certificados de profesionalidade publicados no BOE desde o 1 de novembro de 2008 ata o 31 de outubro de 2009.

2. Avaliación, valoración e difusión das accións de apoio e acompañamento á formación desenvolvidas na convocatoria 2008-2009 e seguimento e control da calidade das que se realicen a través desta orde.

3. Elaboración dunha correlación entre a formación profesional (formación para o emprego e formación regrada) e as ocupacións SISPE (a oito díxitos) relacionadas coas familias profesionais do Catálogo nacional das cualificacións profesionais de agraria e marítimo-pesqueira. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

4. Elaboración dunha correlación entre a formación profesional (formación para o emprego e formación regrada) e as ocupacións SISPE (a oito díxitos) relacionadas coas familias profesionais do Catálogo nacional das cualificacións profesionais de sanidade, química e seguridade e ambiente. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

5. Elaboración dunha correlación entre a formación profesional (formación para o emprego e formación regrada) e as ocupacións SISPE (a oito díxitos) relacionadas coas familias profesionais do Catálogo nacional das cualificacións profesionais de hostalaría e turismo, servizos socioculturais e á comunidade e imaxe persoal. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

6. Aplicación da experiencia do proxecto DETECTA ás necesidades formativas dos traballadores/as das pemes galegas.

7. Aplicación de xestión do catálogo de expertos docentes para a impartición de formación para o emprego nos centros de formación dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

8. Aplicación para levar o rexistro de documentos da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

9. Aplicación de xestión da calidade dos centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

10. Aplicación para a unificación do sistema de impresión de diplomas da formación para o emprego

11. Aplicación para a unificación do sistema de seguimento dos cursos de formación para o emprego.

12. Aplicación para rexistrar as solicitudes das accións de apoio e de acompañamento á formación e os entregables destas.

13. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de agricultura ecolóxica (Real decreto 1965/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

14. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de xardinaría e restauración da paisaxe (Real decreto 1375/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

15. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de aproveitamentos forestais (Real decreto 1211/2009), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

16. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas (Real decreto1967/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

17. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas (Real decreto 1215/2009), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

18. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de recepción en aloxamentos (Real decreto 1376/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

19. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de servizos de bar e cafetaría (Real decreto 1256/2009) nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

20. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de operacións básicas de pisos e aloxamentos (Real decreto 1376/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

21. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de mecanizado de madeira e derivados (Real decreto 1968/2008), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

22. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de fabricación e montaxe de instalacións de tubería industrial (Real decreto 1216/2009), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada.

23. Elaboración das guías e materiais didácticos que vai utilizar o profesorado e o alumnado na impartición da formación do certificado de profesionalidade de operacións auxiliares de mantemento e transporte interno na industria alimentaria (Real decreto 1380/2009), nas modalidades de formación presencial e teleformación. O proxecto incluirá o desenvolvemento da metodoloxía utilizada

24. Elaboración ou experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas para mellorar os sistemas organizativos e de xestión da formación para o emprego.

25. Formación en eficacia enerxética de edificios: solucións prácticas para a optimización e racionalización sustentable no parque de vivendas anteriores á normativa de aplicación do código de edificabilidade.

26. Retos ante a integración dos sistemas de formación para o emprego.

27. Catalogación e distribución de materiais didácticos ligados aos certificados de profesionalidade.

28. A implantación do teletraballo: ferramentas para a súa posta en marcha nas pemes galegas.

29. O desenvolvemento de ferramentas para a mellora da xestión documental empresarial.

30. A elaboración dunha Guía de boas prácticas de formación na empresa: formación de acollida.

31. O desenvolvemento dunha ferramenta para a xestión dun cadro de mandos para o seguimento dos resultados e indicadores da formación.

Ver anexos pdf "72-09.PDF"

Formación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregados

73 Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.

(DOG nº 11, do 16.01.2009, corrección de erros no DOG nº 43, do 3.03.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 73, do 17.04.2009, DOG nº 140, do 20.07.2009 e DOG nº 175, do 7.09.2009).

Advertidos erros na devandita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 245, do 18 de decembro de 2008, cómpre efectuar as seguintes correccións no anexo IV:

Anular como prioritarias as especialidades «Auxiliar de enfermaría xeriátrica» SAN30 e »Técnico de control de calidade alimentaria» INAN50 por non estaren vixentes.

Incluír a existencia de centro homologado nas seguintes especialidades e comarcas: «Axudante de cociña» HOTR70 na comarca de Vigo; «Instalacións de enerxías renovables en edificios», ELEL13 na comarca de Pontevedra; «Instalador de sistemas de enerxía solar térmica», ENAE20, na comarca do Salnés; «Informática de usuario», IFCI23, na comarca de Terra de Celanova; «Condutor de vehículos clases C1-C», TMVC31, na comarca da Mariña Oriental e «Coidador de discapacitados físicos e psíquicos», SSCS01, na comarca de Santiago.

Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 245 do xoves 18 de decembro de 2008, cómpre efectuar a seguinte corrección:

No preámbulo, páxina 22.558, onde di: «que figuran no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009, con códigos de proxecto 200700645, 200114421, 200114422, 200214461», debe dicir: «que figuran no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009, con código de proxecto 200901008».

Orde do 8 de abril de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.

A Orde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 245, do 18 de decembro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
16.03.323A.471.0	200901008	2.653.840,20
16.03.323A.481.0	200901008	3.225.385,68
16.03.323A.440.0	200700645	42.925,17
16.03.323A.439.0	200700645	70.000,00
16.03.323A.460.1	200901008	2.376.738,13

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2009.

Orde do 16 de xullo de 2009 pola que

se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.

A Orde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 245, do 18 de decembro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
48.05.323A.460.1	200901008	99.727,52
48.05.323A.471.0	200901008	649.520,19
48.05.323A.481.0	200901008	579.341,03

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2009.

Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e ás traballadoras desempregrados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.

A Orde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 245, do 18 de decembro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Aplicación: 48.05.323A.481.0.

Proxecto: 200901008.

Importe (€): 1.212.925,17.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2009.

74 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.

(DOG nº 12, do 19.01.2009 e ordes de ampliación no DOG nº 176, do 8.09.2009 e no DOG nº 194, do 2.10.2009).

No Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, establécese o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a

formación, e a asunción das funcións e os servizos transferidos mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro.

As directrices de emprego da Unión Europea e os plans nacionais de acción para o emprego, recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información, a formación, a orientación profesional e a práctica laboral.

Con este obxectivo, a Consellería de Traballo, articulou programas experimentais de emprego, dirixidos a explorar novas alternativas de inserción laboral cos demandantes que se atopan con especiais dificultades de acceso ao emprego.

A Orde TAS 2643/2003, do 18 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego, sinala na súa disposición adicional que «as comunidades autónomas que asumiran o traspaso da xestión realizada polo Inem no ámbito do traballo, o emprego e a formación, exercerán as funcións que esta orde atribúe a aquel, e que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso... de acordo coas particularidades derivadas da organización propia delas».

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio de competencias, entre outras, en materia de formación ocupacional, intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

En virtude do exposto, e co fin de aumentar as posibilidades de inserción laboral en Galicia, establécese unha vía de colaboración, dirixida á inserción laboral de demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, márcanse obxectivos cuantificados e responsabilízanse deles a entidades sen ánimo de lucro a través da concesión de subvencións dirixidas á posta en marcha de programas integrados para o emprego.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia asinado o 5 de febreiro de 2007 recolle entre os seus obxectivos o de proporcionarlle aos traballadores e traballadoras programas combinados de información, orientación, formación e inserción laboral.

Por outra banda, e co obxectivo de favorecer a inserción laboral e o mantemento da vida activa daqueles traballadores que pasaran a unha situación de desemprego como consecuencia dunha situación de crise empresarial, favorecerase a posta en marcha de programas de emprego especificamente destinados aos ditos traballadores.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º. da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 16.03.322B.481.0 e 16.03.322B.460.0, código de proxecto 2002 14460 que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 correspondentes a fondos procedentes do Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego 2007ESO5UPO00I - Período de Programación 2007-2013.

Consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e obtidos os informes preceptivos na tramitación, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades que me son conferidas de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súaPpresidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

As subvencións reguladas nesta orde terán por obxecto a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.

Artigo 2º.-Definición de programa integrado.

Considerarase programa integrado de emprego, o que ten por obxecto o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións de diversa natureza, como: información, orientación e asesoramento; formación; práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Nestes plans integrais estableceranse obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral dos desempregados participantes neles.

Artigo 3º.-Destinatarios.

1. As accións a que se refire este programa, orientaranse, con carácter xeral, á mellora da ocupación e integración dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego sinalados como prioritarios na definición anual do Plan de acción para o emprego:

   a) Persoas con discapacidade.

   b) Persoas inmigrantes.

   c) Mulleres con problemas de integración laboral.

   d) Persoas desempregadas en risco de exclusión social.

   e) Perceptores de subsidios e prestacións por desemprego, da Renda Activa de Inserción ou da Renda de Integración Social de Galicia.

   f) Colectivo de persoas desempregadas de longa duración.

   Todos eles deberán figurar inscritos como demandantes de emprego.

   Consonte o establecido na Orde TAS 2643/2003, do 18 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para poñer en práctica programas integrados en materia de emprego, considerararanse destinatarios específicos destes programas aqueles traballadores que se atopen en situación de desemprego como consecuencia dunha crise empresarial, que provoque a extinción da relación laboral dos traballadores dunha empresa por algunha das causa sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

2. Con carácter xeral, polo menos o 60 % dos beneficiarios das accións que configuren estes plans experimentais de emprego deberán ser perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego. Esta porcentaxe será menor se o número de beneficiarios de prestacións ou subsidios inscritos como demandantes de emprego na localidade na que se vaia desenvolver o plan non acada a citada porcentaxe.

Quedarán excluídos deste requisito aqueles programas experimentais nos que os seus participantes sexan na súa totalidade desempregados previamente admitidos ao programa de Renda Activa de Inserción ou beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia.

3. O Servizo Público de Emprego seleccionará os demandantes de emprego dispoñibles para a súa incorporación aos plans integrais, conforme os criterios xerais deste artigo, e a entidade beneficiaria poderá participar no proceso de selección nos termos que se acorden no correspondente convenio de colaboración.

Artigo 4º.-Obxectivos.

1. Os programas establecerán obxectivos cuantificados de inserción laboral das persoas desempregadas participantes nestes de polo menos o 35% dos demandantes de emprego atendidos durante o desenvolvemento do programa.

Estes obxectivos reduciranse ao 30% cando todos os participantes no programa sexan desempregados previamente admitidos ao programa de Renda Activa de Inserción, e subscribisen o compromiso de actividade e/ou perceptores da Renda de Integración Social de Galicia.

2. Con carácter xeral, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do plan, o desempregado sexa contratado como traballador por conta allea por unha duración non inferior a 6 meses.

Igualmente, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do plan e, durante un período dun ano como mínimo, se acredite a constitución en traballadores autónomos ou por conta propia, das persoas desempregadas participantes no dito plan.

3. O prazo de execución dos plans integrados para o emprego será como máximo de 12 meses.

Artigo 5º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento dos programas regulados nesta orde, as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia na realización de accións dirixidas ao acompañamento aos desempregados en procesos de inserción laboral por conta allea ou propia.

Non poderán ser entidades beneficiarias ou colaboradoras aquelas en que concorra algunha das causas expresadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando as entidades beneficiarias teñan que recorrer á subcontratación, deberán cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que cumprir as obrigas establecidas nos artigos 11 e 31.7º da Lei 9/2007. Estarán exentas da acreditación das citadas obrigas as entidades relacionadas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

As entidades beneficiarias ten que comunicar a obtención doutras subvencións tal e como establece o artigo 11 d) da Lei 9/2007.

Artigo 6º.-Contía das subvencións.

1. Para o desenvolvemento dos plans integrais de emprego, o financiamento total determinarase no correspondente convenio de colaboración, en función do número de persoas que se van atender e os obxectivos previstos de inserción, e será a cantidade máxima que se van percibir de 1.800 euros por persoa atendida e 5.400 euros por persoa atendida e inserida no mercado de traballo. En ningún caso, tendo en conta ambos os parámetros, poderá percibirse unha cantidade superior a 2.400 euros de media por desempregado participante do plan.

No convenio de colaboración que se subscriba establecerase unha redución no importe total da subvención se non se conseguen os obxectivos previstos. Esta redución calcularase en función dos demandantes de emprego inseridos, tendo en conta, non obstante, os demandantes atendidos.

As cantidades, por persoa atendida ou inserida, determinaranse en función das características dos desempregados que haxa que atender e inserir, e a súa dificultade para integrarse no mercado de traballo.

En todo caso, garantirase que as entidades beneficiarias poidan imputar os gastos efectivamente executados.

2. En ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade para desenvolver pola entidade solicitante.

Artigo 7º.-Gastos imputables.

1. A subvención determinada na resolución destinarase a cubrir os gastos da entidade relativos a:

a) Os custos salariais e de Seguridade Social do persoal necesario para o apoio e/ou formación dos demandantes de emprego, ademais do persoal que presta servizos na entidade beneficiaria e aqueloutro que puidera contratarse para tal fin, ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador. No primeiro caso, imputaránselle ao programa as partes proporcionais do tempo efectivamente dedicado ao proxecto.

As retribucións refírense á prestación de servizos a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamento do dito persoal e dos demandantes que participen no plan.

c) Gastos derivados da contratación de medios externos dirixidos á formación dos desempregados participantes no plan, así como, as pólizas de seguros para a formación técnica e prácticas ocupacionais deles, en caso necesario.

d) Gastos de amortización de materiais e equipos técnicos necesarios para impartir a formación, co límite do 10% do custo total do proxecto.

e) Gastos xerais, materiais e técnicos, co límite do 25% do custo total do proxecto. Estes gastos inclúen os seguintes:

1) Gastos de execución de material técnico (guías, documentación para o participante...) e de execución en material de oficina.

2) Gastos xerais necesarios para a execución das accións na parte correspondente á dita execución:

- Arrendamento (leasing excluído): edificios, mobiliario, efectos e equipos de arrendamento.
- Mantemento (se non está incluído no arrendamento).
- Subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento).
- Comunicacións (teléfono, correos...).
- Limpeza.
- Seguridade e vixilancia.
- Seguros de responsabilidade civil.

2. Todos os proxectos e produtos que se elaboren con cargo ás subvencións concedidas deberán utilizar axeitadamente as identificacións que estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación e, en todo caso, incluír en toda a documentación o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

3. Os dereitos de explotación dos proxectos e produtos financiados cederánse á Dirección Xeral de Formación e Colocación, que será a garante da súa difusión e transferibilidade.

Neste sentido, e sempre que lle sexa requirido, o representante legal da entidade solicitante da subvención comprometerase por escrito a realizar esa cesión, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Quedan excluídas da previsión establecida neste artigo, as actuacións sometidas ao ámbito de aplicación do réxime xurídico das contratacións coas administracións públicas.

Artigo 8º.-Requisitos da solicitude.

1. Todas as solicitudes presentaranse segundo modelo oficial recollido no anexo I desta orde.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do proxecto. Considerase requisito imprescindible para a valoración da solicitude. Esta memoria referirase aos seguintes aspectos, na orde que se indica:

- Denominación do programa ou proxecto.
- Descrición do proxecto, que inclúa unha enumeración detallada de cada unha das accións que o compoñen, e atenda aos distintos tipos e programas onde se enmarcan as ditas accións.
- Duración total do programa e número de meses indicando a data de inicio e fin de cada unha das accións propostas.
- Lugar onde se van desenvolver as accións, co enderezo completo.
- Colectivos a que vai dirixido o proxecto.
- Número de participantes.
- Valoración económica do custo total do proxecto, e determinar os conceptos de gastos subvencionables e a estimación por persoa atendida e inserida, conforme o previsto nesta orde, así como o cofinanciamento da entidade subvencionada.
- Actividades, sectores e ámbito territorial nos que se pretende actuar.
- Relación de medios materiais e recursos humanos dos que se dispón ou dos que se dotará o solicitante, na que se especifiquen as condicións daqueles, o seu historial formativo e laboral, e as súas capacidades, con indicación dos que se van afectar para levar a cabo as accións propostas.
- Obxectivos de inserción laboral previstos, que deberán ser polo menos os indicados no artigo 4º.1 desta orde.

b) Copia compulsada da escritura pública de constitución e dos estatutos, onde conste que a entidade solicitante dispón de personalidade xurídica e carece de fins lucrativos. Quedan exceptuadas da presentación destos documentos as corporacións locais.

c) Orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa da capacidade do representante legal da entidade solicitante, para actuar en nome e representación dela.

d) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

e) Documentación que acredite a experiencia da entidade solicitante en actuacións de acompañamento da inserción laboral e mellora da ocupabilidade dos demandantes de emprego.

f) Datos bancarios onde se desexe percibir a subvención (anexo II).

g) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo III).

h) Declaración de non estar incursa en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As entidades que xa tiveran participado con anterioridade nestas accións, estarán exentas de presentar a documentación exixida nas letras b), c), d), e f) do punto 3 deste artigo. No suposto de que se producise algunha modificación na documentación que consta en poder da Administración, estas entidades deberán remitir a dita documentación convenientemente modificada.

5. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

6. De conformidade co establecido no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ás entidades solicitantes poderanlles requirir, se é caso, o órgano competente para a instrución, para que completen ou reparen os requisitos preceptivos sinalados nas epígrafes anteriores no prazo de 10 días hábiles, a partir do seguinte á recepción da notificación correspondente.

7. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Prazo.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 10º.-Criterios de valoración dos programas.

Nos plans experimentais de emprego valoraranse os seguintes aspectos:

1. O número e as características dos colectivos desempregados para atender, tendo en conta as especiais dificultades da súa inserción laboral. 22 puntos.

2. Recursos humanos e materiais axeitados para a atención aos colectivos correspondentes. 12 puntos.

3. Os compromisos adquiridos en materia de inserción laboral no mercado de traballo dos demandantes para atender. 18 puntos.

4. O maior esforzo inversor da entidade solicitante na financiamento total do proxecto. 10 puntos, non se valora cofinanciación inferior o 10%.

5. A experiencia acreditada da entidade solicitante en actuacións de acompañamento da inserción laboral e mellora da ocupabilidade dos demandantes de emprego en xeral e, particularmente, respecto das ditas actuacións sobre colectivos de desempregados con especiais dificultades nos ditos procesos. 14 puntos.

6. Carácter innovador do programa para desenvolver. 12 puntos.

7. O emprego da lingua galega na realización das accións do programa integración para o emprego. 12 puntos.

Artigo 11º.-Procedemento de concesión de subvencións.

1. O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. A instrución dos expedientes realizarase na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

3. Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, os expedientes serán sometidos ao informe dunha comisión de valoración composta polo subdirector xeral de colocación e dúas persoas que formen parte do funcionariado adscrito á citada subdirección, unha das cales actuará como secretario ou secretaria.

4. O director xeral de Formación e Colocación, á vista do informe emitido pola comisión de valoración ditará a proposta de resolución motivada que deberá ser fiscalizada pola intervención delegada.

5. O procedemento de concesión finalizará coa resolución do conselleiro e sinatura dos correspondentes convenios de colaboración. As resolucións deberán ser notificadas ás entidades interesadas no prazo de 10 días desde que se diten.

6. A resolución dos expedientes deberá producirse nun prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no correspondente rexistro. Transcorrido o devandito prazo, esta entenderase desestimada.

Os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

7. A devandita resolución esgota a vía administrativa, polo que contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazo previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

9. No caso de que unha vez resolto o procedemento de concesión das subvencións non se atenderán as necesidades de actuación detectadas e existiran dispoñibilidades orzamentarias suficientes, a Consellería de Traballo poderá abrir un novo prazo de presentación de solicitudes.

10. As resolucións de concesión serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 12º.-Xustificación.

A acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvecionables realizarase presentando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

- Copia compulsada do contrato.
- Copia compulsada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.
- Copia compulsada das nóminas correspondentes aos meses imputados.
- Copia compulsada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de axudas de custo e desprazamentos, contratación de medios externos, gastos de amortización de materiais ou equipos e gastos xerais, materiais e técnicos necesarios.

A acreditación deste bloque de gastos farase mediante as facturas correspondentes, orixinais ou copias compulsadas acompañadas dos xustificantes de pagamento destas. Todas as facturas presentadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

Artigo 13º.-Forma de pagamento.

1. O pagamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

Procederase ao aboamento do 50% do total da subvención concedida para os anos 2009 e 2010, a partir do momento en que a entidade subvencionada presente a seguinte documentación:

a) Certificado de inicio das accións (anexo IV).

b) Copia compulsada do contrato ou contratos do persoal que realizará as accións.

c) Certificado de alta en Seguridade Social do dito persoal.

d) Copia compulsada dos DNI das persoas que van a participar nas accións.

e) Copia das tarxetas de demanda de emprego das persoas que van participar nas accións.

f) Ficheiro informático, en formato de folla de cálculo, no que figure o nome, apelidos e o NIF de cada unha das persoas que van a participar nas accións.

g) Fichas de control de accións, correspondentes ao seu inicio, asinadas por cada un dos desempregados participantes no Plan.

2. O anticipo mencionado no parágrafo 1 deste artigo non poderá superar en ningún caso o importe da subvención concedida para o ano 2009.

3. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique os gastos e os pagos realizados. Estes pagamentos parciais nunca poderán superar o orzamento asignado para cada anualidade, nin serán superiores ao 80% do total da subvención concedida para os anos 2009 e 2010.

As entidades subvencionadas deberán efectuar a liquidación parcial da subvención no mes de xaneiro de 2010, polo que deberán presentar a xustificación de todos os gastos realizados con cargo á subvención ata o 31 de decembro de 2009, e por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo á xustificación presentada e aos anticipos percibidos pola entidade correspondentes coa subvención concedida para o ano 2009.

4. Unha vez presentada a documentación requirida para a liquidación final, e comprobadas as actuacións sinaladas no artigo 15 desta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá á liquidación da subvención, tendo en conta que os gastos correspondentes a cada anualidade deberán ser imputados aos orzamentos concedidos para cada ano.

5. En todo caso, as certificacións e xustificacións presentadas polas entidades participantes nos programas integrados deberán axustarse ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e xustificar de modo fidedigno os pagamentos realizados con cargo á subvención (certificacións bancarias, transferencias bancarias ou cheque nominativo que xustifique o pagamento de nóminas, etc.).

Artigo 14º.-Requisitos para o aboamento final.

1. Unha vez finalizadas as actividades, as entidades beneficiarias deberán acreditar mediante certificación selada e asinada polo representante da entidade, a realización das accións descritas.

2. Así mesmo, finalizadas as accións, e antes de proceder ao último pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.

Artigo 15º.-Liquidación final.

1. Durante o mes seguinte ao de finalización da execución das accións obxecto da subvención, a entidade subvencionada presentará liquidación final dos gastos realizados, que conterá polo menos, os seguintes datos:

a) Relación dos demandantes de emprego atendidos e dos inseridos. A dita relación remitirase nun ficheiro informático, en formato de folla de cálculo, no que figure o nome e apelidos de cada usuario así como o seu NIF.

b) Copia dos contratos de traballo dos usuarios inseridos, ou alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, colexio profesional e mutualidade que corresponda.

c) Fichas de control de accións, que se corresponden coa finalización delas, asinada por cada un dos desempregados participantes no Plan.

d) Certificación de gastos realizados (anexo V), onde deberán constar os gastos de persoal e a relación de facturas, acompañada da documentación especificada no artigo 12 desta orde.

2. Xunto coa xustificación sinalada na epígrafe anterior, a entidade beneficiaria deberá presentar ao Servizo Público de Emprego, unha memoria final de actividades, onde se faga constar unha descrición detallada da execución do programa, dos colectivos atendidos e a identificación das persoas atendidas e/ou inseridas no mercado de traballo.

3. O Servizo Público de Emprego verificará o nivel de inserción efectivo que a entidade beneficiaria certifica, de acordo cos termos establecidos no convenio de colaboración. Se nesa verificación se comprobase que a porcentaxe de inserción laboral dos usuarios atendidos é menor do obxectivo previsto no programa, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a realizar o desconto correspondente, de tal xeito que as cantidades resultantes, segundo

corresponda, ben deixarán de ser aboadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ben serán reintegradas pola entidade beneficiaria, consonte o disposto no artigo 19 desta orde.

4. Ás entidades que, transcorrido o prazo dun mes desde a finalización das accións, non presentasen a documentación de xustificación final dos gastos, poderá exixírselles o reintegro das cantidades percibidas en concepto de anticipo, consonte o disposto no artigo 19 desta orde.

No caso de que a xustificación fose incorrecta, requiriráselle á entidade que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, e advertiráselle de que, de non facelo, procederase, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Contido do convenio.

O convenio de colaboración especificará necesariamente:

a) O ámbito de aplicación.

b) O obxectivo xeral do programa e as diferentes liñas de actuación que desenvolverá a entidade beneficiaria para acadalo.

c) O número de desempregados que se van atender non será, con carácter xeral inferior a 100, salvo nos casos que non se alcance a porcentaxe de perceptores de prestacións por desemprego. En ningún caso será inferior a 60.

d) Os dereitos e obrigas das partes asinantes do convenio entre as que figurarán: os obxectivos de inserción, a definición da inserción por conta allea, a subvención outorgada con especificación das cantidades que van ser percibidas por persoa atendida e persoa inserida e as cláusulas de redución da subvención no caso de incumprimento dos obxectivos.

e) No convenio poderán facerse constar as cláusulas que, en cada caso, sexan necesarias para asegurar o seu perfecto desenvolvemento, así como as accións de control por parte da consellería. Para os citados efectos crearase unha comisión mixta de seguimento do convenio.

f) A documentación necesaria para acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables.

g) Requisitos para o aboamento e liquidación final.

Artigo 17º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. As entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde están obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. Deberán someterse ao establecido no artigo 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Igualmente, as entidades beneficiarias están obrigadas a lle comunicar á oficina de emprego correspondente os datos básicos das persoas desempregadas que se incorporan ao programa experimental, así como as baixas e as novas incorporacións a el.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, o incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta orde, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 18º.-Seguimento das accións.

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativas vixentes que resulten de aplicación.

2. Así mesmo, a Consellería de Traballo poderá realizar comprobacións e verificacións, presenciais e aleatorias co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas nesta orde en calquera das entidades beneficiarias da subvención.

No caso de realizarse visitas de seguimento por parte da Consellería de Traballo, as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, facilitarán o acceso ás instalacións nas que se realizan as accións, así como a toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

Nas visitas de seguimento elaborarase un informe que asinarán o responsable da visita e o responsable da entidade. A sinatura do responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

Artigo 19º.-Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.

b) Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.

c) Incumprimento por parte da entidade subvencionada das obrigas sinaladas nesta orde.

d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nesta orde.

e) Obstaculización das actuacións de seguimento e control polas institucións facultadas, e incumprimento da obriga de información de datos.

2. Así mesmo, procederá o reintegro por parte da entidade subvencionada das cantidades que excedan da contía que se vai percibir polas accións realizadas, unha vez deducidas outras subvencións ou axudas recibidas pola entidade subvencionada para a mesma finalidade e, en todo caso, haberá que aterse ao disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Transcorridos seis meses desde a finalización do prazo previsto para a execución dos proxectos, o Servizo Público de Emprego poderá comprobar, se non for posto en coñecemento neses momentos pola entidade beneficiaria da subvención, se o nivel de inserción laboral se corresponde co acreditado na liquidación da subvención e

exixirá, no caso contrario, a devolución proporcional da subvención indebidamente percibida. O procedemento de reintegro axustarase ao previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No caso de que as insercións certificadas pola entidade beneficiaria correspondan a traballadores inseridos por conta propia, a comprobación sinalada no punto anterior levarase a cabo transcorrido un ano desde a finalización do prazo previsto para a execución dos proxectos.

Artigo 20º.-Participación institucional.

A participación dos axentes sociais para os efectos do Servizo Público de Emprego efectuarase a través do Comité Autonómico de Emprego.

Disposicións adicionais

Primeira.-As accións incluídas nesta orde, financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 nas seguintes aplicacións: 16.03.322B.481.0, cun importe de 1.000.000 euros na anualidade de 2009, de 1.400.000 euros na anualidade de 2010, e 16.03.322B.460.0, cun importe de 500.000 euros na anualidade de 2009, e de 800.000 na anualidade de 2010.

As ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

Segunda.-De conformidade coas epígrafes 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo a Consellería de Economía e Facenda publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde; e incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Terceira.-A concesión das subvencións terá como límite global o crédito asignado para este fin nos orzamentos xerais da comunidade autónoma de cada ano, e o límite dos compromisos plurianuais que se adquiran, ao abeiro do artigo 58.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, logo de autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Formación e Colocación para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos.

Quinta.-En todo o non previsto nesta disposición, será de aplicación a normativa do Ministerio de Traballo e Inmigración relativa a programas intregados en materia de emprego (Orde TAS/2643/2003 do 18 de setembro e Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo), así como o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "74-09.PDF"

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.

A Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 12, do 19 de xaneiro), establece na súa disposición adicional primeira que as accións incluídas nesta orde se financiarán con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e que as ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 30 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.05.322B.481.1 polo importe de 1.075.000 euros, código proxecto 2006 00481.

48.05.322B.460.0 polo importe de 925.000 euros, código proxecto 2006 00481.

Segundo.-Esta modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2009.

Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación

do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.

A Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG número 12, do 19 de xaneiro) establece na súa disposición adicional primeira que as accións incluídas nesta orde se financiarán con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e que as ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades que están a pasar os galegos e galegas como consecuencia directa dos efectos da actual crise.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral de Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta, entre outras políticas activas, por proporcionarlles aos traballadores e traballadoras programas combinados de información, orientación, formación e inserción laboral.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de remanentes doutras convocatorias, incorporacións e ampliacións de créditos, cómpre realizar unha segunda ampliación do importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 30 de decembro de 2008, coa finalidade de facelas chegar ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.05.322B.481.0 polo importe 1.600.000 euros, código proxecto 2009 01289.

48.05.322B.460.0 polo importe 800.000 euros, código proxecto 2009 01289.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

75 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

(DOG nº 13, do 20.01.2009 e orde de modificación no DOG nº 208, do 23.10.2009).

A evolución do mercado de traballo e a persistencia do desemprego fan necesario articular medidas que inclúan accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos con dificultades de inserción laboral. O permanente cambio, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, comporta unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego e fanse necesarios, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados que lles presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara ao mercado laboral. As directrices de emprego da Unión Europea e os plans nacionais de acción para o emprego recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información e a orientación profesional personalizada.

Con este obxectivo, no ano 1998 o Instituto Nacional de Emprego estableceu un sistema de orientación laboral, baseado en accións de información, orientación e busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego. Este sistema prevé a colaboración de entidades especializadas para incrementar a capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento aos usuarios e a atención a colectivos específicos. No Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, estableceuse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, asumíndose as funcións e os servizos transferidos mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro. Pola súa banda, o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

En virtude do exposto, e co fin de promover a inserción laboral en Galicia, resulta conveniente manter a colaboración en materia de información e orientación laboral dos usuarios do Servizo Público de Emprego de Galicia con aquelas entidades que conten cos recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento deste tipo de accións, segundo o previsto no artigo 8.3º da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia, asinado o 5 de febreiro de 2007, recolle entre os seus obxectivos un novo modelo do Servizo Público de Emprego de Galicia, que establece itinerarios de inserción e procedementos de comprobación da profesionalidade dos demandantes de emprego.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde

da Consellería de Econonomía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembre de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 16.03.322B.481.0, 16.03.322B.460.0 e 16.03.322B.444.0, código de proxecto 2002 14460, correspondente a fondos finalistas transferidos: P.O. adaptabilidade e emprego 2007ESO5UPO00I - período 2007-2013, 16.03.322B.481.2, 16.03.322B.461.0, código de proxecto 2009 01024, e 16.03.322B.461.0, código de proxecto 2009 01026, correspondentes a fondos procedentes do Fondo Social Europeo, a través do Programa operativo de Galicia 2007-2013, cun cofinanciamento do 80% correspondente ao Fondo Social Europeo e do 20% correspondente á Xunta de Galicia. Todos eles figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e emitidos os informes preceptivos na tramitación desta orde, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ás entidades que realicen accións de información, orientación e busca de emprego articuladas, en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos e, en concreto, as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con diminucións físicas, psíquicas ou sensoriais, que realicen accións de información e orientación profesional de acordo co previsto nestas bases reguladoras.

No caso das asociacións empresariais e sindicais de carácter sectorial e das confederacións, só se considerarán as solicitudes de maior ámbito territorial, é dicir, denegaranse aquelas solicitudes das entidades mencionadas cando existan solicitudes susceptibles de resolución favorable presentadas por asociacións ou confederacións dun ámbito territorial máis amplo ás que pertenzan ou estean asociadas.

Tamén poderán ser beneficiarias destas subvencións as fundacións dependentes das organizacións empresariais e sindicais de Galicia especializadas na realización de accións de información e orientación laboral.

Artigo 3º.-Accións subvencionables.

As accións a que se refire o artigo 1º desta orde realizaranse de xeito personalizado, coa finalidade de avaliar o perfil curricular de cada demandante de emprego, actuando ao mesmo tempo sobre as súas aptitudes e capacidades e establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo.

Tamén se poderán desenvolver accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que lles permitan aos demandantes articular itinerarios activos e eficaces na busca de emprego. Estas accións deberá autorizalas previamente a Dirección Xeral de Formación e Colocación, que determinará a súa duración, o número de usuarios de cada acción e a metodoloxía que se vai empregar.

Igualmente, poderán ser obxecto de subvención aquelas accións que, mediante a información, a motivación, o asesoramento ou outros procedementos, faciliten a detección e dinamización de iniciativas de autoemprego entre os demandantes de emprego.

As accións especificadas neste artigo deberán ser realizadas polo persoal seleccionado de conformidade co previsto no artigo 11º desta orde.

Artigo 4º.-Destinatarios das accións de información, orientación e busca de emprego.

Serán destinatarios das accións previstas nesta orde todos os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, ben cando o soliciten expresamente, ou ben cando lles sexa ofertado polo dito servizo a través de calquera dos seus departamentos.

Artigo 5º.-Requisitos das entidades solicitantes.

1. As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer de locais con despacho ou despachos axeitados para a atención individual aos demandantes de emprego.

b) Dispoñer dun fax con numeración autónoma, independentemente do tipo de acceso utilizado (liña analóxica, acceso básico RDSI ou outros), co fin de garantir a comunicación cos servizos centrais do Servizo Público de Emprego de Galicia.

c) Conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia. A conexión poderase facer de tres formas diferentes:

- Acceso básico dedicado RDSI.

2. Acceso á rede corporativa por liña dedicada ADSL.

3. Acceso á rede corporativa vía internet.

d) En calquera das tres opcións, o hardware de comunicación que posibilite a conexión á rede corporativa da Xunta de Galicia terá que cumprir os estándares definidos polo organismo xestor da dita rede.

e) Dispoñer dun ordenador persoal con protocolo TCP/IP. A conexión do ordenador á rede corporativa da Xunta de Galicia deberá ser exclusiva. Unha vez establecida esta, non se poderá acceder a ela a través doutras canles de comunicación por elementos situados

en redes alleas á propia entidade. Queda expresamente prohibido o uso de técnicas NAT, proxy ou similares na canle de comunicación, que oculten a identidade única da estación de traballo. O enderezo IP da estación de traballo debe ser fixo en calquera das tres modalidades de conexión. En calquera das modalidades de acceso, os diferentes elementos da rede de comunicación permitirán a apertura de sockets TCP dende os servizos centrais do Servizo Público de Emprego de Galicia ata a estación de traballo do usuario. Tanto o software de base instalado como as características do hardware da estación de traballo deberán posibilitar o correcto funcionamento do aplicativo cliente do Servizo Público de Emprego de Galicia.

f) Dispoñer de acceso á internet e correo electrónico.

g) A entidade terá que aplicar medidas de seguridade de nivel medio no tratamento da información de carácter persoal. Ademais, deberá contar con software antivirus debidamente actualizado e con mantemento periódico en todas as estacións de traballo que teñan acceso á rede corporativa da Xunta de Galicia.

2. Ademais dos requisitos especificados na epígrafe anterior, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización de accións de información profesional deberán acreditar experiencia en tarefas de intermediación no mercado laboral e xestión de bolsas de traballo.

3. Pola súa parte, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización de accións de orientación laboral e busca de emprego deberán acreditar experiencia en materia de orientación profesional e laboral, motivación cara ao emprego, técnicas de busca de emprego, acompañamento para a inserción, selección de persoal e/ou valoración de postos de traballo.

4. As entidades que colaboren coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización das accións previstas no artigo 3º desta orde deberán levar a cabo as ditas accións cos seus medios propios e nas instalacións habilitadas por cada entidade para o seu desenvolvemento.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que incorran nalgunha das prohibicións que establece o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-Solicitude.

1. As entidades que, reunindo os requisitos establecidos no artigo anterior, desexen colaborar co Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información, orientación e busca de emprego deberán formalizar a correspondente solicitude, segundo o modelo oficial que se xunta como anexo I á esta orde, subscrita polo titular ou representante legal da entidade, debidamente acreditado, e dirixida ao director xeral de Formación e Colocación.

2. A presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, as entidades recollidas no artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, quedarán exentas de achegar os xustificantes a que se refire ese precepto.

3. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia compulsada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade.

b) Tarxeta de identificación fiscal.

c) Documentación acreditativa de representatividade suficiente para asinar a solicitude.

d) Título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes.

e) Licenza municipal de apertura.

f) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 5º desta orde:

- Planos do local, selados e asinados polo representante legal da entidade, en que debe figurar o enderezo do centro ou centros a que corresponden, e con indicación expresa do despacho ou despachos que se dedicarán á realización das accións de información, orientación e busca de emprego, tendo en conta que a entidade solicitante deberá dispor de tantos despachos como persoas se dediquen a estas accións.

- Facturas conformadas ou documentos que acrediten a existencia dun fax con liña dedicada, conexión ADSL, RDSI ou equivalente, protocolo de comunicación TCP/IP e acceso á internet.

g) Proxecto-memoria das accións que se van realizar, en que deberán figurar, de xeito claro e facilmente identificables os seguintes puntos:

1º. Recursos humanos, técnicos e materiais da entidade, con indicación expresa do número de técnicos de información, orientación e busca de emprego propostos para a realización das accións.

2º. Documentación que acredite a experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas, detallando o tipo de accións realizadas, a metodoloxía empregada e o número de usuarios atendidos.

3º. Xustificación da necesidade das accións.

4º. Sistemas de avaliación das medidas de apoio que se lles van prestar aos demandantes de emprego.

5º. Porcentaxe de inserción laboral dos usuarios das accións de información, orientación e busca de emprego que a entidade prevexa acadar.

6º. Estudo organizativo do servizo, metodoloxía dos traballos ou outros documentos, como manuais de procedemento, relativos ás accións incluídas na colaboración, funcións do persoal propio da entidade, maneira de desenvolvelas, criterios de desenvolvemento e ordenación do traballo e cadea de mando existente na entidade.

h) Orzamento de gastos relativo ao custo do persoal técnico e do persoal de apoio, referido a un período de 12 meses, con indicación do número de persoas que realizarán as accións.

i) No caso de que a entidade solicitante desenvolva outras medidas de carácter ocupacional (formación profesional ocupacional, es-

colas obradoiro, obradoiros de emprego ou asesoramento a emprendedores), a documentación suficiente que o acredite.

j) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, segundo o modelo recollido no anexo II desta orde.

k) Datos da conta bancaria onde se desexe percibir a subvención, segundo o modelo recollido no anexo III desta orde.

l) Declaración da entidade de non estar incursa en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As entidades que no momento de presentar a súa solicitude posúan a condición de entidades colaboradoras do Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información e/ou orientación e busca de emprego estarán exentas de presentar a documentación indicada nas letras a) b), c), d) e e) da epígrafe 3 deste artigo. No suposto de que se producise algunha modificación na documentación que consta en poder da Administración, estas entidades deberán remitir esa documentación convenientemente modificada.

Así mesmo, as entidades dependentes dunha Administración pública estarán exentas da presentación do documento indicado na letra a) da epígrafe 3 deste artigo.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos establecidos nesta orde, faráselle un único requirimento á entidade para que, no prazo de 10 días hábiles, enmende o erro ou xunte os documentos preceptivos. De non facelo así, considerarase que desiste da súa petición, logo de resolución ditada de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 7º.-Prazo.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 8º.-Criterios de valoración para a concesión das subvencións.

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde realizarase conforme os seguintes criterios:

a) Cobertura existente dentro do Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a área funcional e/ou concello en que se sitúe a entidade, en relación co número de habitantes e demandantes de emprego de cada zona: 10 puntos.

b) Experiencia acreditada da entidade no desenvolvemento das accións que solicite realizar: 8 puntos.

c) No caso de que a entidade solicitante posúa no momento da solicitude a condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia, valoración do traballo desenvolvido: 8 puntos.

d) Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, de forma habitual e ordinaria, de tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa: 8 puntos.

e) Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, doutras medidas de carácter ocupacional complementarias ás definidas nesta orde, de xeito que unha mesma entidade lles poida ofrecer aos demandantes de emprego a maior oferta de actuacións ocupacionais necesarias co fin de lograr a inserción e/ou mellorar as posibilidades de emprego dos usuarios atendidos, con realización de IPIs :12 puntos; sen IPIs : 6 puntos.

f) Porcentaxe de inserción acadada cos usuarios no período anterior: 10 puntos.

g) Ter abordado a prospección e o estudo do mercado de traballo da área funcional en que se sitúa a entidade: 8 puntos.

h) Recursos humanos, técnicos e materiais, así como procedementos de xestión e seguimento das accións que presenten as entidades: 10 puntos.

i) Sistemas de avaliación dos servizos aos demandantes de emprego, que poñan de manifesto a súa calidade: 10 puntos.

j) O emprego da lingua galega na realización das accións de información, orientación e busca de emprego: 10 puntos.

k) Procedementos de xestión e seguimento das accións que aseguren un fluxo adecuado de participantes, garantan a puntulidade e exactitude da información e que non impliquen un aumento de cargas de traballo para o Servizo Público de Emprego de Galicia: 6 puntos.

A valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 25 puntos.

Artigo 9º.-Procedemento de concesión de subvencións.

1. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, e outorgaranse, dentro do crédito dispoñible a aquelas entidades que obteñan maior valoración en aplicación dos criterios previstos nas epígrafes do punto 1 do artigo anterior.

2. A tramitación e instrución dos expedientes realizarase na Dirección Xeral de Formación e Colocación, conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Unha vez analizadas as solicitudes presentadas e á vista do informe da comisión de valoración, o director xeral de Formación e Colocación, por delegación do conselleiro de Traballo, ditará resolución motivada, que lles será notificada aos interesados.

4. A comisión de valoración estará formada polo subdirector xeral de Colocación e dúas persoas que formen parte do funcionariado adscrito á citada subdirección.

5. A resolución e notificación deberanse producir nun prazo de tres meses, que se contará dende o día seguinte ao da entrada da solicitude no correspondente rexistro.

Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

Os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

6. A resolución que finaliza os procedementos regulados nesta orde esgota a vía administrativa, polo que contra ela se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazo previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

7. As resolucións de concesión serán obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Obrigas das entidades beneficiarias das subvencións.

a) Manter as condicións relativas ás instalacións e medios dedicados á realización das accións de información e/ou orientación e busca de emprego e poñer á disposición dos técnicos todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos precisos, o acceso á internet e o correo electrónico.

b) Presentarlle trimestralmente á Dirección Xeral de Formación e Colocación a información relativa ás accións realizadas, na cal constará sempre a sinatura dos participantes e do técnico/a orientador/a.

c) Facilitar, no prazo máximo de 10 días, os datos que a Dirección Xeral de Formación e Colocación requira sobre o desenvolvemento e resultado das accións realizadas.

d) Manter á disposición do Servizo Público de Emprego de Galicia e custodiar durante o período en que se executen as accións de información e/ou orientación e busca de emprego o expediente completo de cada usuario. En caso de cesamento das súas actividades ou de perda da súa condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información, orientación e busca de emprego, a entidade remitirá os expedientes dos usuarios á oficina de emprego que lle indique a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

e) Obter o consentimento dos usuarios para o tratamento automatizado dos seus datos persoais.

f) Facilitarlles información aos usuarios do estado dos seus datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros automatizados en calquera das formas expresadas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

g) Adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal dos usuarios e evitar a súa alteración, perda ou o tratamento non autorizado, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

h) Gardar o segredo profesional respecto dos datos contidos nos ficheiros automatizados de titularidade da Consellería de Traballo ou rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá cando a entidade finalice a súa colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación. Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

i) Utilizar axeitadamente as identificacións segundo as instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación e, en todo caso, incluír en toda a documentación relativa ás accións de información, orientación e busca de emprego os logotipos da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

j) Obter autorización previa por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación para a difusión publicitaria das accións previstas no artigo 3º desta orde, así como respectar as instrucións e utilizar o modelo de anuncio ou cartel publicitario que determine esta dirección xeral.

k) Informar os usuarios dos servizos de información, orientación e busca de emprego do cofinanciamento das accións por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

l) Non percibir retribución económica ningunha dos usuarios pola realización das accións de información e/ou orientación e busca de emprego desenvolvidas en colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no marco desta disposición.

m) Informar a Dirección Xeral de Formación e Colocación e, se é o caso, solicitar autorización, previamente e por escrito, sobre calquera cambio que se puidese producir nos datos expresados pola entidade no inicio da súa colaboración.

n) Informar a Dirección Xeral de Formación e Colocación sobre se perciben axudas ou subvencións doutras administracións por levar a termo accións iguais ou análogas ás reguladas nesta orde.

o) Comunicarlle á Dirección Xeral de Formación e Colocación calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

p) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 11º.-Selección e contratación do persoal para a realización das accións de información, orientación e busca de emprego.

1. As entidades beneficiarias, unha vez ditada resolución estimatoria, realizarán a preselección dos técnicos, en todo caso titulados medios ou superiores, necesarios para o desenvolvemento das accións referidas no artigo 3º desta orde.

Unha vez realizada a dita preselección, a entidade remitiralle á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou á delegación provincial correspondente, segundo o caso, os currículos das persoas preseleccionadas, suficientemente acreditados.

Os técnicos da Consellería de Traballo avaliarán os currículos presentados de acordo co seguinte baremo:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo: -Titulación media ou superior -Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos	
Titulación académica (máximo 2,5 puntos)	Puntuación
Titulacións preferentes: -Psicoloxía -Pedagoxía -Psicopedagoxía -Socioloxía -Educación social -Traballo social -Diplomatura de relacións laborais	 2,5 puntos 2,5 puntos 2,5 puntos 2,5 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos
Outra titulación media ou superior	1,0 punto
Formación complementaria (máximo 2 puntos)	Puntuación
Másters, cursos, etc, en materias relacionadas coa: análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.	0,1 puntos por cada 30 horas formativas
Experiencia profesional (máximo 5 puntos) A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditase mediante certificación de organismos oficiais.	Puntuación
Por cada período de 6 meses realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/ profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,4 puntos por cada mes
Por cada período de 6 meses realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe)	0,1 puntos por cada mes
Outros méritos (máximo 0,5 puntos)	Puntuación
Título de iniciación en lingua galega*	0,15 puntos
Título de perfeccionamento en lingua galega*	0,25 puntos
Coñecementos de informática	0,25 puntos

*(No caso de que o candidato/a posúa os títulos de iniciación e perfeccionamento, só se valorará o de perfeccionamento)

A acta de selección asinarase conxuntamente co representante da entidade.

Unha vez asinada a acta de selección do persoal que realizará as accións e información, orientación e busca de emprego, a entidade pode proceder á contratación do persoal.

O establecido nos puntos anteriores non será de aplicación ás entidades que xa colaboraran co Servizo Público de Emprego de Galicia no programa de información, orientación e busca de emprego no exercicio 2007-2008, sempre que propoñan os mesmos técnicos que desenvolveron as accións descritas nesta orde no pasado exercicio e así o fagan constar no momento da solicitude de subvención.

2. O procedemento descrito na epígrafe 1 deste artigo non será de aplicación para a contratación de persoal de apoio, por considerarse este auxiliar administrativo.

3. Os técnicos seleccionados a que alude a epígrafe 1 deste artigo poderán ter relación contractual previa coa entidade colaboradora ou non e, en todo caso, deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en psicoloxía, psicopedagoxía, pedagoxía, socioloxía, educación social, traballo social ou relacións laborais.

A entidade beneficiaria asume a súa condición de empregadora respecto ao seu propio persoal técnico de emprego contratado e o compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación.

4. As entidades beneficiarias deberanlles facilitar aos seus traballadores os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo e achegar a súa propia dirección e xestión para a articulación da colaboración, conservando a estrutura de mando sobre o seu persoal, conforme as liñas definidas no proxecto-memoria.

Serán os responsables das entidades beneficiarias os que lles impartirán todas as ordes e criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores. A entidade beneficiaria será a responsable da calidade técnica das tarefas que desenvolva.

Artigo 12º.-Contía das subvencións.

1. As contías previstas nesta orde terán por obxecto subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos do persoal necesario para a execución das accións.

a) Para os técnicos, titulados superiores ou medios, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 30.688,29 euros por ano.

b) Para o persoal de apoio, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 21.480,29 euros por ano.

2. Igualmente, subvencionarase ata un 15% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de custo e desprazamentos que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3. As retribucións refírense á prestación de servizos a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada

que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

4. En ningún caso, o importe da subvención que se outorgue ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

Artigo 13º.-Gastos imputables.

1. En relación co artigo anterior, a acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvecionables realizarase achegando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondentes aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de gastos xerais, materiais e técnicos necesarios.

Considéranse gastos imputables neste capítulo:

- Gastos de elaboración de material técnico.
- Gastos en material de oficina, impresos e material funxible.
- Gastos xerais para a realización das accións: alugamentos (leasing excluído), seguros de responsabilidade civil, mantemento (se non está incluído no alugamento), subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no alugamento), comunicacións (teléfonos, correos...), limpeza, seguranza e vixilancia.
- Gastos que se orixinen por axudas de custo e desprazamentos necesarios para o desenvolvemento das accións, ata o máximo establecido para ambos os conceptos pola Xunta de Galicia, ou polas normas legais ou regulamentarias, nos correspondentes convenios colectivos de aplicación, ou contrato de traballo. Se as ditas contías foran superiores, as máximas subvencionables con cargo a esta orde serán as estipuladas nas normas regulamentarias da Xunta de Galicia.

A acreditación deste bloque de gastos farase mediante as facturas correspondentes, orixinais ou copias compulsadas e xustificación do pagamento destas a través de transferencia bancaria ou cheque nominativo, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

2. Non terán a consideración de gastos imputables ás subvencións que se concedan con cargo á presente orde, os seguintes:

a) Gastos financeiros.

b) Gastos de asesoría.

c) Gastos relacionados co cumprimento dos requisitos para obter a subvención.

d) Gastos de formación e/ou obtención de títulos ou cotas de colexios profesionais.

e) Os gastos imputados que foran documentados con facturas que non cumpran os requisitos legais aplicables.

f) Calquera outro tipo de gasto que pola súa natureza ou relación co programa subvencionado non se corresponda co establecido nas epígrafes a) e b) do punto 1 deste artigo.

Artigo 14º.-Forma de pagamento.

1. O aboamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez presentado por parte da entidade beneficiaria o certificado de inicio das accións segundo o anexo IV e a copia compulsada do contrato ou contratos do persoal que realizará as accións e o certificado de alta na Seguridade Social do dito persoal e descontado, se é o caso, o período que a entidade non puidese xustificar por ter contratado con posterioridade á data establecida como inicio na resolución de concesión, aboarase o 35 por 100 da suma das subvencións do ano 2009 e 2010, en concepto de anticipo á conta da xustificación.

b) Cando a entidade beneficiaria teña certificado e xustificado conforme o previsto no artigo 13º.1 desta orde o 20 por 100 da suma das subvencións de 2009 e 2010 da anualidade correspondente, transferirase un 20% da cantidade total, sempre e cando a suma do anticipo anterior (35%) e o que se solicita (20%), sexa inferior ao importe da subvención concedida para o ano 2009.

c) As entidades beneficiarias disporán ata o 20 de novembro de 2009 para presentar a liquidación parcial da subvención, polo que deberá presentar a xustificación de todos os gastos realizados con cargo á subvención ata o 31 de outubro de 2009, conforme o previsto no artigo 13º.1 desta orde. Por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e os anticipos percibidos pola entidade, correspondentes á subvención concedida.

d) Unha vez finalizadas as accións, a entidade beneficiaria presentará liquidación final conforme o establecido no artigo 17º desta orde, tendo en conta que só deberá xustificar o período comprendido entre o 1-11-2009 e o 31-1-2010. Por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada pola entidade, correspondente á subvención concedida para o ano 2010.

2. En todo caso, as certificacións e xustificacións presentadas polas entidades beneficiarias deberanse axustar ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Unha vez xustificado o importe total do anticipo concedido conforme o previsto no artigo 15º desta orde e, en todo caso, durante o mes seguinte ao de finalización das execucións das accións obxecto da subvención, a entidade beneficiaria presentará liquidación final dos gastos realizados, no modelo que dispoña a Dirección Xeral

de Formación e Colocación, consonte ao establecido no artigo 17º desta orde.

Artigo 15º.-Requisitos para o aboamento.

1. Unha vez finalizadas todas as actividades, as entidades beneficiarias deberán acreditar, mediante certificación selada e asinada polo representante da entidade, a realización das accións descritas.

2. Así mesmo, finalizadas as accións, e antes de proceder ao último pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, segundo o anexo II desta orde.

Artigo 16º.-Prazo de execución das accións.

1. As accións poderanse executar desde o 1 de febreiro de 2009 ata o 31 de xaneiro do ano 2010. O proxecto conxunto de accións deberase ter iniciado antes do 30 de setembro do ano 2009.

2. No suposto anterior, procederase a imputar á anualidade futura as accións e gastos que se xeren desde o 1 novembro de 2009 ao 31 de xaneiro do ano 2010.

Artigo 17º.-Liquidación final.

1. Antes do 20 de novembro de 2009, as entidades beneficiarias a que se refire no artigo 14º presentarán liquidación dos gastos realizados ata o 31-10-2009 no modelo que figura como anexo V a esta orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13º.1 desta orde.

2. Antes do 1 de marzo de 2010, as entidades beneficiarias a que se refire o artigo 14º presentarán liquidación dos gastos realizados correspondente á subvención concedida para o ano 2010 no modelo que figura como anexo V a esta orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13º.1 desta orde.

   Igualmente, deberán presentar memoria das accións realizadas durante a totalidade do período subvencionado, con especificación dos demandantes de emprego atendidos en cada unha delas.

3. Ás entidades que, transcorridos os prazos especificados nas epígrafes 1 e 2 anteriores, non presentasen a documentación de xustificación final dos gastos, poderalles ser exixido o reintegro das cantidades percibidas en concepto de anticipo, consonte o disposto no artigo 19º desta orde.

   En caso de que calquera das xustificacións presentadas fora incorrecta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Seguimento e control das accións.

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativas vixentes que resulten de aplicación.

   Así mesmo, as delegacións provinciais da Consellería de Traballo poderán realizar comprobacións e verificacións presenciais e aleatorias en calquera das entidades beneficiarias da subvención, co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas nesta orde.

   No caso de levarse a cabo visitas de seguimento por parte da Consellería de Traballo, as entidades beneficiarias na área de información e/ou orientación e busca de emprego facilitarán o acceso ás instalacións en que se realizan as accións, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

   Nas visitas de seguimento elaborarase un informe que asinarán o responsable da visita e o responsable da entidade. A sinatura do responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, o incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º.-Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

   a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.

   b) Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.

   c) Incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas sinaladas nesta orde.

   d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nesta orde.

2. Así mesmo, procederá o reintegro por parte da entidade beneficiaria das cantidades que excedan da contía que se vai percibir polas accións realizadas, unha vez deducidas outras subvencións ou axudas recibidas pola entidade beneficiaria para a mesma finalidade e, en todo caso, observarase o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-Participación institucional.

A participación dos axentes sociais para os efectos do Servizo Público de Emprego efectuarase a través do Comité Autonómico de Emprego.

Disposicións adicionais

Primeira.-As accións incluídas nesta orde financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009: 16.03.322B.481.0

cun importe de 4.456.562 euros na anualidade de 2009, e 1.650.000 euros na anualidade de 2010, código do proxecto 2002 14460, 16.03.322B.460.0 cun importe de 1.108.490 euros na anualidade de 2009, e 375.000 euros na anualidade de 2010, código do proxecto 2002 14460, 16.03.322B.444.0 cun importe de 514.207 euros na anualidade de 2009, e 175.000 euros na anualidade de 2010, código de proxecto 2002 14460, 16.03.322B.481.2 cun importe de 512.185 euros na anualidade de 2009, e 200.000 euros na anualidade de 2010, código do proxecto 2009 01024, 16.03.322B.461.0, cun importe de 1.167.230 euros na anualidade de 2009 e 400.000 euros na anualidade de 2010, código do proxecto 2009 01026, 16.03.322B.461.0 cun importe de 237.560 euros na anualidade de 2009, e 100.000 euros na anualidade de 2010, código de proxecto 2009 01024.

As ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á Comunidade Autónoma pola Administración do Estado.

Segunda.-Poderán ditarse resolucións complementarias das solicitudes presentadas dentro de prazo, cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado. Os incrementos serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.-A concesión das subvencións terá como límite global o crédito asignado para este fin nesta orde, e o límite dos compromisos plurianuais que se adquiran ao abeiro do artigo 58.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, logo da autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Formación e Colocación para conceder, autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para exixir do beneficiario o reintegro da subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-En todo o non disposto nesta disposición, será de aplicación a normativa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais relativa ao programa de información, orientación e busca de emprego, en concreto a Orde do 20 de xaneiro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego e a orde TAS 816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecúan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Empleo Estatal nos ámbitos do emprego e de formación profesional ocupacional.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instruccións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "75-09.PDF"

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (Diario Oficial de Galicia número 13, do 20 de xaneiro de 2009).

A Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (Diario Oficial de Galicia nº 13, do 20 de xaneiro de 2009), establece na súa disposición adicional primeira que as accións incluídas na dita se orde financiarán con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, previndo tamén futuros para o ano 2010 nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías: 48.05.322B.481.0 cun importe de 1.650.000 euros, código de proxecto 2002 14460; 48.05.322B.481.2 cun importe de 200.000 euros, código de proxecto 2009 01024; 48.05.322B.460.0 cun importe de 375.000 euros, código de proxecto 2002 14460: 48.05.322B.461.0 cun importe de 400.000 euros, código de proxecto 2009 01026; 48.05.322B.461.0 cun importe de 100.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

As contías de futuros sinaladas amósanse insuficientes co fin de completar as contías concedidas para o ano 2010 ao abeiro da dita orde polo que compre amplian o importe dos créditos de futuros.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Primeiro.-Amplíase o importe do límite dos compromisos orzamentarios para o ano 2010 fixados na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías:

- 48.05.322B.481.0 cun importe de 140.000 euros, código de proxecto 2002 14460.
- 48.05.322B.481.2 cun importe de 70.000 euros, código de proxecto 2009 01024.
- 48.05.322B.460.0 cun importe de 170.000 euros, código de proxecto 2002 14460.
- 48.05.322B.461.0 cun importe de 240.000 euros, código de proxecto 2009 01026.
- 48.05.322B.461.0 cun mporte de 10.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

Segundo.-As cantidades totais para o ano 2010 previstas na Orde

do 30 de decembro de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego por aplicacións serán as seguintes:

- 48.05.322B.481.0 cun importe de 1.790.000 euros, código de proxecto 2002 14460.
- 48.05.322B.481.2 cun importe de 270.000 euros, código de proxecto 2009 01024.
- 48.05.322B.460.0 cun importe de 545.000 euros, código de proxecto 2002 14460.
- 48.05.322B.461.0 cun importe de 640.000 euros, código de proxecto 2009 01026.
- 48.05.322B.461.0 cun importe de 110.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na dita orde de convocatoria para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

76 Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións en réxime de concesión directa dirixidas aos traballadores e ás traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

(DOG nº 175, do 7.09.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 1 de xaneiro de 1998, a través do Decreto 289/1997, asumiu a transferencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

O Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica, no seu capítulo II do Plan extraordinario de medidas de orientación, formación profesional e inserción laboral, establece as medidas destinadas a incrementar a contratación laboral e o reforzamento da estabilidade profesional tanto das persoas desempregadas, coma das expostas á súa exclusión do mercado laboral.

A Orde TIN/1940/2008, do 4 de xullo, establece a repartición por comunidades autónomas e os dous bloques de gastos, das subvencións para financiar o custo imputable a 2008 do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008, en desenvolvemento do dito Real decreto lei 2/2008.

De acordo co artigo 13 do Real decreto lei 2/2008 corresponde aos servizos públicos de emprego competentes, a determinación da forma e prazos de presentación das solicitudes, así como a tramitación do procedemento, o pagamento das subvencións e a realización dos controis necesarios.

Consonte o anterior, corresponde á Consellería de Traballo e Benestar a xestión destas subvencións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que procede, mediante esta orde, determinar os procedementos para a concesión de subvencións aos demandantes de emprego que participen no proceso de procura de emprego e de subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica.

O financiamento das axudas previstas nesta orde farase con cargo ao crédito da aplicación 48.05.322B.480.0, código de proxecto 2008 00766 que figura na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e obtidos os informes preceptivos na tramitación, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades que me son conferidas, de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto determinar a forma e prazos de presentación das solicitudes e da tramitación de concesión de subvencións durante o proceso de procura de emprego e para facilitar a mobilidade xeográfica, de acordo co previsto no capítulo II do Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica e no Plan extraordinario de medidas de orientación, formación profesional e inserción laboral aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008.
2. Esta orde será de aplicación no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego de Galicia, nos termos previstos no artigo 12 do Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril. Para os efectos da xestión das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica, entenderase ámbito territorial de realización do itinerario personalizado, o correspondente á oficina de emprego onde estivese inscrito o/a traballador/a previamente á súa contratación.

Artigo 2º.-Réxime de concesión.

1. O procedemento de concesión das subvencións contempladas nesta orde tramitarase en réxime de concesión directa, atendendo ao seu carácter singular, polo seu interese público, económico e social derivado das particularidades, circunstancias económicas e sociais do colectivo de traballadores/as desempregados/as segundo o establecido no artigo 11 do Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, e no artigo 19.4 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As subvencións serán compatibles con outras axudas que teñan a mesma finalidade, tendo en conta que o importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo obxecto de subvención. As subvencións por procura de emprego serán compatibles coa percepción das bolsas e axudas por asistencia a accións de formación para o emprego.

Artigo 3º.-Beneficiarios/as.

1. Serán beneficiarios/as das subvencións recollidas nesta orde as persoas desempregadas, considerándose como tales para os efectos desta norma, as inscritas como demandantes de emprego, en situación laboral de non ocupados, nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia e que cumpran os requisitos establecidos para cada subvención.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario/a aquelas persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Subvencións durante o proceso de procura de emprego.

1. A finalidade destas subvencións é reforzar e facilitar a dedicación dos traballadores/as desempregados/as durante o proceso de desenvolvemento do seu itinerario personalizado de inserción e de procura de emprego, compensando os gastos que se puidesen xerar neste proceso.

Terán dereito a estas subvencións, os/as traballadores/as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que sexan desempregados/as rexistrados/as no Servizo Público de Emprego de Galicia, que teñan experiencia laboral e graves problemas de empregabilidade, que participen en accións de orientación desenvoltas polo Servizo Público de Emprego de Galicia ou polas entidades que colaboran con este nas tarefas de orientación e procura de emprego ao abeiro das ordes de convocatorias de axudas financiadas con cargo ao Plan extraordinario, e que no seu itinerario personalizado de inserción se determine a necesidade de participar en grupos específicos de procura de emprego que impliquen a súa dispoñibilidade e especial dedicación para a súa presentación a ofertas de emprego e participación nas demais actuacións dirixidas a lograr a súa inserción no mercado de traballo que determinen os/as orientadores/as. O establecemento e desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inserción, incluíndo os grupos específicos de procura de emprego, deberán ser titorizados por técnicos/as orientadores/as.

O/a técnico/a orientador/a prestaralles unha atención individualizada, realizará o seguimento e actualización do seu itinerario de inserción laboral, determinará a súa inclusión nos grupos específicos de procura de emprego antes referidos, coordinará estes grupos, proporá e avaliará as accións de mellora da súa ocupabilidade e informará sobre o cumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para o acceso e mantemento das subvencións por procura de emprego previstas nesta orde.

b) Que non sexan beneficiarios/as de ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego, renda agraria ou renda activa de inserción.

c) Que carezan de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento. Computaranse como rendas o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas concedidas por outras administracións públicas. Para a apreciación deste requisito será de aplicación, referido en todo caso ao IPREM mensual vixente en cada momento, o establecido no parágrafo segundo do artigo 2.1.d) do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados/as con especiais necesidades económicas e dificultades para atopar emprego.

2. Para os efectos desta orde entenderase que os desempregados teñen experiencia laboral e graves problemas de empregabilidade cando:

a) Figuren inscritos como traballadores/as desempregados/as ininterrompidamente no Servizo Público de Emprego de Galicia durante os 6 meses inmediatamente anteriores á entrada en vigor desta orde.

b) Perderan o seu emprego nos 24 meses inmediatamente anteriores á data de entrada en vigor desta orde.

Artigo 5º.-Subvención para facilitar a mobilidade xeográfica.

1. Estas subvencións teñen por obxecto facilitar a contratación estable dos/das traballadores/as desempregados/as rexistrados/as no Servizo Público de Emprego de Galicia suxeitos a un itinerario personalizado de inserción, cando esta contratación implique desprazamentos e traslado de residencia dentro do territorio español.

2. Serán beneficiarios/as das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica os/as traballadores/as desempregados/as cuxa contratación implique mobilidade xeográfica, considerándose que existe mobilidade xeográfica cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, como consecuencia da contratación, se produza un traslado efectivo da residencia habitual do/da traballador/a.

b) Que a localidade de destino onde se sitúe o posto de traballo se atope a máis de 100 quilómetros da localidade de orixe.

c) Que a contratación sexa mediante un contrato indefinido ou temporal, cunha duración efectiva do contrato igual ou superior a seis meses.

Artigo 6º.-Importes das subvencións.

1. Para o proceso de procura de emprego, a contía da subvención será de 350 euros por mes, ou parte proporcional por períodos inferiores, durante un período máximo de tres meses. O período de tres meses computarase de forma continuada desde o inicio da primeira acción de orientación, que para estes efectos considerarase a de incorporación ao grupo específico de procura de emprego.

Para o acceso e mantemento do dereito a estas subvencións os/as traballadores/as deberán manter os requisitos do artigo 4º,

a condición de desempregado/a inscrito/a nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, buscar activamente emprego, participar en todas as accións e programas de emprego determinados polos/as orientadores/as e incluídos no seu itinerario personalizado de inserción, presentarse a cubrir as ofertas de emprego facilitadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e aceptar a colocación adecuada que lles sexa ofrecida.

2. As axudas outorgaranse ata esgotar o crédito dispoñible, segundo a orde na que a solicitude tivera entrada en calquera dos rexistros aos que se fai referencia no artigo seguinte, sempre que concorran os requisitos e se presentase a documentación esixida para cada tipo de subvención.

3. Para o fomento da mobilidade xeográfica, poderán concederse as seguintes subvencións:

a) Gastos de desprazamento. Estas subvencións destinaranse a cubrir os gastos de desprazamento do/a beneficiario/a, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con el/ela, desde a localidade de orixe ao novo destino.

Cando o desprazamento se realice en liña regular de transporte público, a contía máxima da axuda será o importe do billete ou pasaxe dentro da tarifa correspondente á clase segunda, turista ou equivalente.

Se se utiliza para o desprazamento o vehículo particular a contía máxima da axuda será a establecida para o efecto nas administracións públicas como indemnización por uso de vehículo particular, á que se engadirá o importe das peaxes que se xustifiquen.

En todo caso, estas subvencións non poderán superar a contía de catro veces o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente.

b) Gastos de transporte de mobiliario e utensilios. Polo traslado de mobiliario e utensilios do/da traballador/a, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con el/ela, desde a localidade de orixe á do novo destino, a contía da axuda será a do custo do dito traslado, ata un máximo de catro veces o IPREM mensual vixente.

c) Gastos de aloxamento. Estas subvencións destinaranse a cubrir os gastos xerados durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato polo aloxamento, incluíndo o alugamento ou adquisición de vivenda ou outros gastos de hospedaxe do/da beneficiario/a e dos familiares ao seu cargo que convivan con el/ela, na localidade de novo destino. A contía máxima da axuda será de dez veces o IPREM mensual vixente.

d) Gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes. Estas subvencións destinaranse a cubrir gastos xerados pola asistencia a gardarías ou outros centros durante o primeiro ciclo de educación infantil, dos fillos/as do/da beneficiario/a que dependan económicamente deste/a ou por atención das persoas dependentes ao seu cargo, durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será 4 veces o IPREM mensual vixente.

Artigo 7º.-Solicitude e prazos de presentación.

1. O procedemento iniciarase por instancia de parte, mediante solicitude da persoa interesada (modelo anexo I) dirixida á directora xeral de Formación e Colocación e será presentada no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, das correspondentes delegacións territoriais ou oficinas de emprego. Así mesmo, poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os prazos para solicitar as subvencións serán os seguintes:

a) Para as subvencións durante o proceso de procura de emprego desde a súa selección como posible beneficiario/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia ou polas entidades colaboradoras e ata tres meses desde a incorporación ao grupo específico de procura de emprego, segundo o disposto no artigo 6º, sendo o último pagamento a data do 10 de decembro de 2009.

b) Nas subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica, desde a data da contratación e ata o 10 de decembro de 2009.

Artigo 8º.-Documentación.

1. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia compulsada:

a) DNI da persoa solicitante ou documento que acredite a súa identidade.

b) Acreditación de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se realizará mediante declaración responsable da persoa beneficiaria.

c) Certificado da conta bancaria da persoa beneficiaria onde desexe percibir a subvención (modelo anexo II).

d) Autorización á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a verificación e cotexo de calquera outro dato de carácter persoal ou económico que sexa necesario para a concesión das subvencións ou para o mantemento da súa percepción.

e) Declaración na que se fagan constar as subvencións, axudas, ingresos ou recursos obtidos ou solicitados para a mesma finalidade ou, se é o caso, unha declaración expresa de non telos solicitado. A persoa solicitante deberá, así mesmo, comunicar por escrito a concesión ou nova solicitude de subvencións, axudas, ingresos ou recursos ou ás novas situacións que poidan producirse respecto disto.

2. No suposto de subvención por procura de emprego achegarase, ademais, declaración de rendas e, se é o caso, dos membros que compoñen a súa unidade familiar, para os efectos de acreditación do requisito de carencia de rendas previsto no artigo 4º c). A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá exixir, se é o caso, copia dos documentos acreditativos das rendas percibidas.

3. No suposto de subvención para facilitar a mobilidade xeográfica achegarase, ademais, a seguinte documentación:

a) Para efectos de acreditar o cambio de domicilio habitual, certificado de empadroamento ou outra documentación acreditativa da residencia na localidade de orixe. Respecto da localidade de destino, o/a interesado/a deberá achegar certificado de empadroamento. En todo caso, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir a achega doutros medios acreditativos do domicilio.

b) Copia do contrato de traballo. No suposto de contratos de duración determinada nos que non conste a data de terminación, certificación da empresa de que a duración prevista é igual ou superior a seis meses.

c) Para gastos de desprazamento: billetes de transporte ou documentos acreditativos do traxecto realizado e do seu importe ou, se é o caso, declaración de utilización de vehículo particular e xustificantes das peaxes aboadas, debendo acreditarse, en todo caso, o seu pagamento.

d) Para gastos de transporte de mobiliario e utensilios: facturas efectivamente aboadas ou outros documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos ou outra documentación acreditativa dos gastos efectivamente realizados, debendo acreditarse en todo caso o seu pagamento.

e) Para gastos de aloxamento: contratos de adquisición ou aluguer de vivenda ou outra documentación acreditativa dos gastos que se van realizar, debendo acreditarse, en todo caso, o seu pagamento.

f) Para gastos de gardaría e atención a persoas dependentes: libro de familia e documentación identificativa dos/das fillos/as ou menores acollidos do/da beneficiario/a e das persoas dependentes ao seu cargo. Matrículas, inscricións ou outra documentación acreditativa dos gastos que se van realizar, e debe acreditarse, en todo caso, o seu pagamento.

4. A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e debe presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da persoa beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 9º.-Procedemento de concesión de subvención.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación que previamente á resolución, verificará o cumprimento dos requisitos establecidos para cada subvención e requirirá a persoa interesada, se é o caso, a achega da documentación que fose precisa, no prazo de 10 días.

2. Corresponde á directora xeral de Formación e Colocación, por delegación da conselleira e despois da fiscalización pola Intervención delegada, resolver sobre a concesión ou denegación das subvencións e, no suposto de subvencións por procura de emprego organizadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, a incorporación do/da traballador/a a estas accións.

A resolución ditarase e notificarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase resolución expresa, poderá entenderse desestimada por silencio administrativo a solicitude presentada.

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispondrán dun prazo de dez días para su aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde, esgotarán a vía administrativa e, contra elas, caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Artigo 10º.-Forma de xustificación e pagamento.

1. Con carácter previo ao pagamento da subvención a persoa beneficiaria deberá xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos e realizar a actuación que fundamente a concesión da subvención, segundo o disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na resolución de concesión.

2. As subvencións durante o proceso de procura de emprego aboaranse por meses vencidos, mediante o sistema de nóminas mensuais, logo de verificación pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, ou acreditación pola persoa interesada, se é o caso, do mantemento dos requisitos para o acceso a estas subvencións recollidos no artigo 4º.

No primeiro pagamento aboaranse as cantidades pendentes ata o mes vencido anterior á data do devandito pagamento. O ultimo realizarase a 10 de decembro de 2009.

3. O pagamento das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica efectuarase previa presentación da conta xustificativa, integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente correspondentes aos gastos efectuados, co detalle suficiente para

acreditar a correcta aplicación dos fondos, e deberá acreditarse, en todo caso, o seu pagamento.

a) O pagamento das subvencións por gastos de desprazamento e por transporte de mobiliario e utensilios efectuarase dunha soa vez, pola contía aprobada na resolución de concesión. A xustificación dos gastos realizados achegarase xunto coa solicitude, de acordo co previsto nas alíneas d) e e) do artigo 8º.3.

b) O pagamento das subvencións por aloxamento e por gastos de gardería efectuarase por meses vencidos, logo de verificación pola Direccion Xeral de Formación e Colocacion, ou acreditación pola persoa interesada, se é o caso, do mantemento dos requisitos para o acceso a estas subvencións e dos gastos reais efectivamente pagados, nos termos recollidos na resolución de concesión. No primeiro pagamento aboaranse as cantidades pendentes ata o mes anterior á data de devandito pagamento. No caso de que os gastos xustificables superasen os topes máximos establecidos, na resolución de concesión da subvención poderase determinar a contía que se vai percibir en cada pagamento.

4. De acordo co disposto no artigo 48.1 alínea h) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, os beneficiarios/as estarán exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

5. Nas subvencións para gastos de aloxamento e para gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes, o prazo máximo de presentación e xustificación dos gastos realizados será desde a data de contratación e ata o 10 de decembro de 2009.

Artigo 11º.-Obrigas dos/das beneficiarios/as.

Os/as beneficiarios/as das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, específicamente o seguinte:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención, de acordo coas condicións e requisitos establecidos na normativa aplicable e, se é o caso, na resolución de concesión.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, se é o caso, así como a cualquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estataiss ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.

e) Achegar a información e documentación que se lles requira tanto durante a instrución do procedemento, como durante o desenvolvemento da actividade e a xustificación das subvencións, para efectos de acreditar os requisitos exixidos para os acceder ás subvencións e manter, se é o caso, o dereito á percepción delas.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Suspensión e perda do dereito á percepción das subvencións.

1. Darán lugar á suspensión ou perda do dereito á percepción das subvencións os seguintes supostos:

a) Subvencións durante o proceso de procura de emprego: a colocación do/da traballador/a suporá a suspensión da percepción da subvención, deixándose de percibir a parte proporcional correspondente aos días traballados. Se o tempo de contratación superase o de percepción da subvención, considerarase extinguido o dereito ao cobramento desta.

O incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4º e, en especial, o rexeitamento dunha oferta de colocación adecuada, o rexeitamento a participar en accións de orientación ou promoción de emprego ofertados, ou non devolver en prazo o xustificante de comparecer ás ofertas de traballo facilitadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, dará lugar, salvo causa xustificada, á perda do dereito ao cobramento da subvención, mediante resolución ditada pola directora xeral de Formación e Colocación. Previamente á resolución, darase un prazo de 10 días á persoa interesada para que formule as alegacións que considere oportunas.

b) Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica: no caso de que o contrato subscrito se extinga antes de transcorrer seis meses desde a súa data de efectividade por causas imputables a persoa interesada, salvo a consignada no artigo 49.1.m) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, perderase o dereito ao cobramento das subvencións e procederá o reintegro das xa percibidas, cos correspondentes xuros de demora. Exceptuarase o suposto de que o/a traballador/a formalice unha nova contratación, cos mesmos requisitos, no prazo dun mes.

c) Nas subvencións para gastos de aloxamento e para gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes, a extinción do contrato, con independencia da causa, dará lugar á perdida do dereito ao cobro das subvencións a partir da data de extinción. Poderase renovar o dereito ao cobramento, ata a extinción do período de doce meses inicialmente recoñecido, se o/a traballador/a formaliza unha nova contratación, cos mesmos requisitos, no prazo dun mes.

2. No caso de incumprimentos parciais o órgano competente determinará a cantidade que se vai reintegrar polo/a beneficiario/a, respondendo ao principio de proporcionalidade en función dos custos xustificados e as actuacións acreditadas, de acordo coa gradación dos posibles incumprimentos recollida no número 1 anterior.

Artigo 13º.-Reintegro das subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora xerados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial da actividade.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nesta orde.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento da actividade ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se realiza a actividade ou cando do incumprimento derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

Procederá a revogación da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora nos casos e nas formas previstas nos artigos 32, 33, 37 e 38 da dita Lei 9/2007 e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2008, do 8 de xaneiro.

Artigo 14º.-Seguimento e avaliación.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e a avaliación das actividades subvencionables tanto no seu aspecto cualitativo como cuantitativo, e, para tal fin, os/as beneficiarios/as comprométense a facilitar a tarefa de seguimento.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-As accións incluídas nesta orde financiaranse con cargo aos fondos finalistas incorporados na aplicación 48.05.322B.480.0 cun importe de 750.000,00 euros para o ano 2009, código proxecto 2008 00766.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na directora xeral de Formación e Colocación, para resolver a concesión, denegación ou modificación das subvencións prevista nesta orde, para autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus/súas beneficiarios/as, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación da conselleira.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto no Real decreto lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica, na Orde TIN/1940/2008, do 4 de xullo, o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2008, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Segunda.-Autorízase a directora xeral de Formación e Colocación para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2009.

Ver anexos pdf "76-09.PDF"

77 Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010.

(DOG nº 253, do 30.12.2009).

O obxecto desta orde pola que se convoca a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregado/as é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para os cursos de formación profesional para o emprego, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras.

Todas estas accións de formación profesional para o emprego conforman un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego, como medida de mellora da empregabilidade dos desempregados dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo extraordinario de Luxemburgo, e da estatal, de

acordo co Plan Nacional de Acción para o Emprego.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (CE) 396/2009, do 6 de maio do 2009, sinala que o fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, prevé a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitar ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda os requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, capacitándoas para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de oferta, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Entre as distintas modalidades de formación de oferta que regula a antedita orde inclúense as accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados, cuxa execución se realizará mediante a convocatoria do órgano competente de cada comunidade autónoma conforme as bases que na orde se establecen.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que ser regulan os certificados de profesionalidade, inclúe aspectos relativos á impartición e avaliación das ofertas de formación profesional para o emprego correspondentes aos novos certificados de profesionalidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional mediante o Decreto 69/1993, do 10 de marzo.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, relativas á formación profesional para o emprego.

O II Plan Galego de Formación Profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artéllase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5º.2. que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición. Tamén será de aplicación o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria. Tamén será de aplicación o R.D. 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regulan a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, en canto vía de proxectos con compromiso de contratación inmediata.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 12.05.323A.440.0 (300.000 €) 12.05.323A.444.0 (150.000 €), 12.05.323A.460.1 (10.222.458 €) 12.05.323A.471.0 (19.846.485 €), 12.05.323A.481.0 (20.182.451 €) que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010, con códigos de proxecto 201000817, incluídos no Programa Operativo Adaptabilidad y Empleo 2007ES05UP0001. Destas cantidades o 80% será achegado polo Fondo Social Europeo e o 20% pola Administración do Estado.

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Título I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública como a execución das accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregados, correspondentes ao exercicio de 2010, xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través dos seus departamentos territoriais e da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva, agás nos seguintes casos:

   - As vías de convenios de colaboración vencellados a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e que se consideren de interese social a que se refire o punto 2 do artigo 14º, que se tramitarán segundo o previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Os proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata a que se refire o número 3 do artigo 14º desta orde, que se tramitarán en réximen de concesión directa, de conformidade coa normativa estatal.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán participar nesta convocatoria:

a) Na vía de programación 1a do artigo 14º: todos aqueles centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, naquelas especialidades que teñan homologadas na data de publicación desta orde.

b) Na vía de programación 1b do artigo 14º: as persoas físicas, as entidades xurídicas e as institucións que desenvolvan unha actividade que teña relación directa coa formación e os centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, agás as entidades da Administración local e as corporacións de dereito público.

c) Na vía de programación 2 do artigo 14º: administracións locais e outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre o seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores/as aos/ás que se dirixen estes programas.

d) Na vía de programación 3 do artigo 14º: as empresas, as súas asociacións ou outras entidades que presenten un proxecto formativo específico para elas con compromiso de contratación inmediata.

2. Non poderán ser beneficiarias das subvencións aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Título II

Procedemento de tramitación das subvencións para a realización das accións de formación profesional para o emprego

Capítulo I

Do procedemento de tramitación das subvencións

Artigo 3º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As entidades que desexen participar nesta convocatoria preferentemente empregarán a aplicación de solicitudes dispoñible no enderezo https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes. Mediante esta aplicación poderán cubrir a información relativa á solicitude das axudas (anexos I, II, III, V e VI) e presentala telematicamente no rexistro telemático da Xunta de Galicia.

Non obstante, o resto da documentación referida no punto 2, así como a copia do anexo I, presentarase nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar que correspondan ao domicilio do solicitante ou na Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo o caso, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando para eso os modelos normalizados que se publican como anexos a esta orde.

Cada entidade presentará un único anexo I por vía de programación, en que se incluirán todas as accións formativas solicitadas pola vía elixida de acordo co artigo 14º, indicando expresamente a vía de programación elixida.

As solicitudes tamén se poderán presentar en papel, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Todas as solicitudes deberán vir acompañadas pola seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude.

b) Copia compulsada do CIF ou NIF da entidade.

c) Unha ficha por cada un dos cursos solicitados no modelo normalizado (anexo II), agás as solicitudes que se presentasen por rexistros telemáticos.

d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa nas distintas administracións públicas competentes ou noutros entes públicos.

e) Declaración responsable de non atoparse incurso nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 13, punto 2º e 3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10, punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que impiden obter a condición de beneficiario.

f) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia; excepto as entidades que se recollan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

g) Declaración responsable do compromiso do desenvolvemento das accións formativas en galego, de ser o caso.

h) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a novos certificados de profesionalidade, entendendo por novo certificado de profesionalidade para os efectos desta orde aqueles publicados a partir do ano 2008, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

- Programa formativo elaborado pola propia entidade, tomando como base para a súa elaboración o contido do correspondente certificado de profesionalidade e segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.

- Convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluída no certificado de profesionalidade, se é o caso.

i) Cando as especialidades formativas que se soliciten sexan como proxectos experimentais ou innovadores e, polo tanto, non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas, ou se concedan

ao abeiro do artigo 14º.2 e estean vencelladas a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

- Informe motivado das necesidades de formación nesa especialidade en relación co mercado de traballo.
- Programa formativo elaborado pola propia entidade segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.
- Valoración estimada do custo da formación de acordo co sistema de cálculo establecido pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.
- Planos e unha descrición dos inmobles e instalacións: aulas e talleres onde se vai realizar a acción formativa, concretando as respectivas superficies en metros cadrados, así como a relación de equipamentos e material que se vai empregar.

l) Xustificación documental de ter inserido laboralmente alumnos formados da convocatoria anterior ou de ter cumprido na execución das accións formativas concedidas na convocatoria anterior co compromiso de inserción laboral ou de prácticas profesionais non laborais nas empresas, de ser o caso, para os efectos do establecido no artigo 4º.4 d).

3. Nas vías de programación 1b e 2 reguladas no artigo 14º, as entidades solicitantes, segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño, polo que se regula o procedemento para a homologación de especialidades formativas e para a inscrición no censo de centros colaboradores de formación ocupacional, para a homologación das instalacións, deberán achegar, ademais:

- Xustificante de propiedade, arrendamento ou título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes, equipamento didáctico, talleres ou campos de práctica. No caso de que a parte práctica do curso se vaia desenvolver en empresas, achegarase o compromiso da empresa co centro colaborador para que se realicen naquela as prácticas.
- Licenza municipal de apertura ou, de ser o caso, o disposto no artigo 27º desta orde.
- Planos oficiais dos inmobles e instalacións.
- Memoria de inmobles e instalacións identificando no plano cada espazo físico e a súa superficie e as aulas e talleres/campos de prácticas que se van utilizar.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG para as vías de programación 1a e 1b establecidas no artigo 14º.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de xuño para as vías de programación 2 e 3 establecidas no artigo 14º.

A obtención da subvención quedará condicionada á existencia de crédito dispoñible, de acordo co establecido no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

6. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

8. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

9. Os beneficiarios das axudas concedidas incluiranse no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

Artigo 4º.-Procedemento.

1. Os órganos instructores do procedemento serán:

a) Para a vía de programación regulada no artigo 14º.1 a):

- A Dirección Xeral de Formación e Colocación, para as confederacións empresariais e sindicais de ámbito provincial ou autonómico e as entidades con centros homologados en máis dunha provincia,
- Os correspondentes departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, para as entidades con centros homologados nunha soa provincia.

b) Para a vía de programación prevista no artigo 14º.1 b) e 14º.3: os correspondentes departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

c) Para as vías de programación recollidas no artigo 14º.2: a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes:

a) Para a vía de programación recollida no artigo 14º.1 a):

- No ámbito provincial, os expedientes remitiránselle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto co informe da Dirección Xeral de Formación e Colocación e coa proposta de resolución realizada polo Servizo de Formación e Colocación, será elevada ante o xefe/a do departamento territorial para a súa resolución.
- Nos expedientes de resolución centralizada, remitiráselle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto coa proposta

de resolución realizada pola Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, será elevada ao director/a xeral de Formación e Colocación para a súa resolución.

b) Para a vía de programación recollida no artigo 14º.1 b):

Os expedientes remitiránselle á comisión de valoración para o seu informe que, xunto co informe da Dirección Xeral de Formación e Colocación e coa proposta de resolución realizada polo Servizo de Formación e Colocación, será elevada ante o xefe/a do departamento territorial para a súa resolución.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, as comisións de valoración estarán compostas polos seguintes membros:

a) Nos departamentos territoriais, polo xefe/a do Servizo de Formación e Colocación, que a presidirá, e por dous vogais, dos cales un actuará como secretario, designados de entre o persoal do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar polo xefe/a do departamento.

b) Nos servizos centrais, polo subdirector/a xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e por dous vogais, dos cales un actuará como secretario, designados de entre o persoal da Dirección Xeral de Formación e Colocación polo director/a xeral de Formación e Colocación.

c) Se, por calquera causa, no momento en que as comisións de valoración teñan que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o respectivo xefe/a do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar ou o director/a xeral de Formación e Colocación, segundo proceda.

4. Para avaliar as solicitudes das vías de programación 1a e 1b, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Se a programación se axusta á prevista no anexo IV ou a especialidade formativa se considera experimental: 20 puntos.

b) Se as solicitudes presentan un proxecto formativo cunha metodoloxía innovadora ou que introduza de forma significativa as novas tecnoloxías para a imparticion da acción formativa: ata 15 puntos.

c) Por comprometerse a facer prácticas profesionais non laborais nas empresas ata 10 puntos. O compromiso de realización de prácticas deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo V.

As prácticas profesionais non laborais nas empresas que se valoran son as realizadas fóra do programa formativo do curso, sempre que se ateñan ao previsto no artigo 24º.B.

d) Pola inserción laboral dos/as alumnos/as formados ou polo compromiso de inserción; valorarase da seguinte forma cun máximo de 30 puntos:

Entenderase por inserción laboral a contratación laboral dos alumnos/as formados da convocatoria de 2009.

d.1) Para as solicitudes de especialidades formativas da mesma familia profesional que as impartidas ao abeiro da convocatoria de 2009, valoraranse:

- Os/as alumnos/as formados e inseridos en ocupacións relacionadas coa familia profesional das especialidades impartidas ao abeiro da convocatoria do ano 2009: ata 30 puntos.

- Os/as alumnos/as formados e inseridos noutras ocupacións: ata 10 puntos.

d.2) Para as solicitudes doutras familias profesionais distintas das impartidas ao abeiro da convocatoria de 2009: valorarase o compromiso de inserción para a acción formativa solicitada neste exercicio. O compromiso de inserción deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo VI: ata un máximo de 30 puntos.

O compromiso de inserción laboral de alumnos formados valorarase só respecto daqueles alumnos que non tivesen ningún tipo de relación laboral nin co centro de formación nin coa empresa onde se realizará a inserción.

e) Certificación do sistema de xestión de calidade ISO 9001 ou plan de mellora EFQM, se se achegase: 5 puntos.

f) Experiencia e xestión do centro: valorarase da seguinte forma, cun máximo de 15 puntos:

Para os centros que impartiron formación nalgunha das convocatorias da programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas:

-Informe técnico de seguimento: ata 10 puntos.

-Xestión administrativa e contable: ata 5 puntos.

g) O emprego da lingua galega na realización das accións formativas puntuarase con 5 puntos.

As comisións de valoración determinarán o número de cursos que se realizarán en cada comarca, en función da poboación desempregada, e o número de cursos que se realizarán por especialidade formativa atendendo ás necesidades do mercado de traballo e á diversificación da oferta formativa.

Para poder acceder á programación será necesario unha puntuación mínima de 35 puntos.

5. Para a vía de programación recollida no artigo 14º.2 o procedemento será o abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, para a vía de programación recollida no artigo 14º.3, o regulado no artigo 26 da devandita lei.

Formularase a proposta de concesión ao director/a xeral tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, sen que interveña a comisión de valoración.

Artigo 5º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas da vía de programación 1a, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderalle:

a) Ao/a director/a xeral de Formación e Colocación, por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, cando se trate das confederacións empresariais e sindicais de ámbito provincial ou autonómico e as entidades con centros homologados en máis dunha provincia , e

b) Aos/as respectivos xefes/as dos departamentos territoriais, por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar, para as enti-

dades con centros homologados nunha soa provincia.

2. A resolución dos expedientes de axudas da vía de programación 1b, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderalles aos/as respectivos/as xefes/as dos departamentos territoriais por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar.

3. A resolución dos expedientes de axudas das vías de programación 2 e 3, unha vez fiscalizadas pola intervención delegada, correspóndelle ao director/a xeral de Formación e Colocación.

4. As resolucións dos expedientes comunicaranse ao Consello Galego de Formación Profesional ou aos comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral, segundo o caso.

5. As resolucións deberán ser notificadas aos interesados e deberán ditarse no prazo de seis meses contados desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano instrutor. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimada.

6. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

7. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contia total concedida e incorporará, de ser o caso, as condicións, o compromiso de inserción ou de prácticas non laborais dos/as alumnos/as asumido, as obrigas e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

8. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral para todos os centros colaboradores no artigo 12 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas deberán enviar a documentación que se indica a continuación e nos prazos sinalados, tendo en conta que os datos da xestión do curso deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros. Para que este proceso en liña poida realizarse, os centros colaboradores deberán dispoñer de saída á internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

Deste modo, as entidades beneficiarias deberán:

1. Requirir de cada alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá arquivarse separadamente por cada curso:

- Copia simple do DNI.
- Ficha individual.
- Documentación acreditativa de ter dereito á percepción das axudas reguladas no artigo 21º e, de ser o caso, o número de conta bancaria.
- Para os cursos de novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso.
- De ser o caso, a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.
- Copia do diploma do módulo transversal ou obrigatorio, de ser o caso.

2. Como mínimo cinco días antes do inicio do curso:

- Introducir na aplicación informática na ficha de SIFO de inicio os seguintes datos:
- Planificación temporal.
- Programa completo, agás naquelas especialidades que teñen programación modular.
- Enderezo completo.
- Profesorado.
- Documentalmente: remitirase á Dirección Xeral de Formación e Colocación e/ou ao departamento territorial correspondente a seguinte documentación:

*A planificación temporal dos módulos do curso, indicando a previsión das visitas didácticas ao longo do curso.

*A relación dos docentes que van impartir o curso. Farase constar a súa formación metodolóxica e relación dos módulos que impartirá cada un deles.

*A documentación acreditativa da formación e experiencia do profesorado cando esta non estea en poder da Consellería de Traballo e Benestar.

*A identificación do persoal de dirección, seguimento e control da actividade docente.

3. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación e/ou ao correspondente departamento territorial, segundo proceda:

a) No momento da solicitude de candidatos/as á oficina de emprego

Introducir na aplicación informática SIFO as datas de inicio e de finalización do curso.

b) O día de inicio de cada curso

Documentalmente:

- Certificación xustificativa do comezo do curso e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no punto anterior.

c) Nos 10 días lectivos seguintes ao inicio do curso:

Documentalmente:

- As datas de inicio e remate do curso, así como o horario de imparticion.

- O enderezo completo do lugar de impartición.
- Copia simple do DNI dos/as alumnos/as.
- Documentación acreditativa das axudas a que teñen dereito os/as alumnos/as.
- Certificación asinada polo responsable do centro, en que se relacionen os/as alumnos/as, especificando os que teñen dereito a algunha axuda ou bolsa.
- A solicitude de anticipo, de ser o caso.

d) Mensualmente:

- A folla de control de asistencia, asinada polos docentes.
- As nóminas dos/as alumnos/as perceptores de axudas. Poderá optarse por enviar documentalmente a orde de transferencia de fondos ás súas contas bancarias.

Estes dous documentos deberán ser os xerados pola aplicación SIFO unha vez cuberta a información necesaria, e deberán arquivarse os orixinais asinados, separadamente, por cada curso.

e) No prazo de 15 días desde o remate de cada curso:

- Completar a información relativa á finalización do curso na aplicación SIFO.
- Proceder á xustificación dos custos de cada curso, mediante a seguinte documentación, que deberá presentarse selada e asinada:
- Solicitude de liquidación final.
- Certificación do gasto.
- Relación de nóminas e facturas.

Estes tres documentos deberán xerarse na epígrafe de Solicitude de pagamentos do SIFO.

- Orixinal ou fotocopia compulsada das facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables ao curso.
- Amortizacións, de ser o caso.
- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para a mesma acción formativa ás distintas administracións públicas competentes ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Exceptúanse do cumprimento deste prazo de 15 días as entidades que teñan un mínimo de 15 cursos programados, que poderán presentar a xustificación dos gastos de todos os cursos de maneira conxunta.

A data límite para a presentación da xustificación final dos cursos será o 30 de novembro de 2010, agás os que rematen con posterioridade por autorización do órgano competente, nos cales a data límite de xustificación será o día seguinte ao da finalización do curso.

Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación, nos servizos centrais, ou o Servizo de Formación e Colocación, nos respectivos departamentos territoriais, emitirán certificacións para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

4. Acreditar, con independencia da contía da subvención, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Exceptúanse desta obriga as entidades que se recollan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

A presentación da solicitude de concesión de axudas ou subvencións pola entidade interesada comportará autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

6. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo do curso temporizado por módulos, os dereitos e deberes dos/as alumnos/as e dos centros colaboradores, así como a relación dos docentes e o horario do curso. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores do curso, e seguiranse os criterios de publicidade establecidos nos puntos 15 e 16 deste artigo.

7. Aboar mensualmente aos/as alumnos/as as axudas previstas no artigo 21º e aos profesores a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, someterse ás actuacións de avaliación, seguimento e control, internas e externas, segundo o Plan Anual de Avaliación, previsto no artigo 18.2º do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

9. Contratar un seguro de accidentes para os/as alumnos/as, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado.

10. Contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas, cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Esta póliza deberá incluír tamén as prácticas.

11. Comunicar aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos cursos programados, no

prazo de cinco días desde que se produza.

12. Solicitar aos departamentos territoriais ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, con cinco días de antelación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos cursos.

13. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

14. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15. Incluír en toda a documentación relativa ao curso o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo O FSE inviste no teu futuro) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

16. Informar os/as alumnos/as do cofinanciamento dos cursos por parte da Administración do Estado e da Unión Europea (Fondo Social Europeo), así como dos obxectivos destes fondos.

17. Remitir un informe individualizado de cada alumno cualificando os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais da acción formativa.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, remitir acta da avaliación dos alumnos por módulos, e de ser o caso, por unidades formativas, así como a documentación que se requira para os procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas, segundo o establecido nos artigo 14 e 18 do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

18. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente, autorización previa para a realización de viaxes didácticas. Esta solicitude deberá ser presentada con dez días hábiles de antelación á súa realización.

19. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, as entidades, no momento da selección, deberán pedir aos/as alumnos/as documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. Esta documentación deberán remitila, xunto coa acta de selección, á oficina de emprego para a súa validación.

Capítulo II

Das subvencións á formación profesional para o emprego

Artigo 7º.-Determinación das subvencións para a acción formativa.

1. As accións formativas impartidas ao abeiro desta orde serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución.

2. Os módulos económicos aplicables para os efectos de determinación e xustificación das subvencións destinadas ao financiamento das accións formativas desta convocatoria son os que figuran na web da Consellería de Traballo e Benestar, en cada unha das especialidades do ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, e non poderán superar os máximos determinados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais mediante a Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o R.D. 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta.

3. O importe das accións formativas concretarase no produto de horas do curso polo número de alumnos/as e polo importe do módulo que lle correspondan á especialidade.

4. Cando a media de alumnos/as subvencionados no primeiro cuarto do curso sexa inferior a 15, o importe máximo da acción formativa reducirase na porcentaxe resultante de multiplicar por tres a diferenza entre 15 e a media de alumnos/as subvencionados do primeiro cuarto. Para estes efectos non terá a consideración de baixa cando esta se produza por colocación ou cando un alumno, coa preceptiva autorización, cause baixa nun curso para incorporarse a outro.

5. No caso de cursos que teñan un mínimo dun alumno con certificación de minusvalidez e a entidade impartidora o solicite expresamente, poderase incrementar o importe que se pode imputar nos seguintes conceptos:

a) Para persoal de apoio, ata un máximo de 9 por hora lectiva

b) Para a adaptación curricular ou do material didáctico necesario: pola contía do gasto realmente efectuado.

Para o aboamento deste importe ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados por estes conceptos.

6. As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 8º.-Remate das accións.

O remate dos cursos terán como data límite o 30 de novembro de 2010. Excepcionalmente, por causas xustificadas, e sempre logo de autorización do órgano competente, os cursos poderán rematar ata o 15 de decembro de 2010.

Artigo 9º.-Custos subvencionables.

I. Custos directos da actividade formativa:

1. Docencia: as retribucións dos formadores internos e externos, entre as que se poden incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables no exercicio das actividaddes de preparación, impartición, titoría e ava-

liación aos participantes das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade a que se imputen.

Establécese un custo mínimo en concepto de docencia. O antedito estipúlase como mínimo no 35% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. En ningún caso este custo poderá ser superior ao prezo de mercado.

A xustificación dos pagamentos das retribucións aos docentes dos cursos deberá facerse, en todo caso, mediante apuntamento bancario.

Teranse en conta as seguintes indicacións:

1.A. Docente contratado por conta allea: considerararanse elixibles, por unha banda, os soldos e honorarios do profesorado e, por outra, os gastos de Seguridade Social, aceptándose en ambos os casos unica e exclusivamente o custo das horas lectivas correspondentes á acción formativa referida. Deberá achegarse:

a) Contrato laboral do docente.

b) Nóminas dos docentes como xustificante de gasto ou o certificado de haberes individual asinado polo representante legal e cos datos dos docentes.

c) Documentos da Seguridade Social (TC-1 e TC-2), incluíndo o selo de imputación. O custo da Seguridade Social tamén poderá ser reflectido no selo das nóminas ou certificados de haberes, sempre e cando no dito selo se desagregue convenientemente qué porcentaxe se refire á Seguridade Social e qué porcentaxe se refire á retribución ao docente. Isto non exime da achega dos documentos da Seguridade Social.

1.B. Docente contratado por contrato mercantil: considerarase elixible unicamente o custo derivado dos seus honorarios, non podendo imputarse custos por Seguridade Social. Deberá achegarse:

a) Contrato realizado co traballador.

b) Facturas emitidas relativas á acción formativa como xustificante de gasto, nas cales se inclúa a denominación da acción formativa, o número de horas impartidas, o custo por hora e o importe correspondente.

1.C. Contratación con empresas docentes. Deberá achegarse:

a) Contrato realizado coa empresa docente, onde se detalle a acción formativa, período ou número de horas que se impartirán, persoal docente interveniente, custo da acción e forma de pagamento.

b) Facturas emitidas pola empresa docente como xustificante de gasto.

1.D. Docente que conste como socio da entidade: cando o beneficiario da subvención sexa persoa xurídica e o seu socio impute custos como docente será necesario achegar:

a) Factura onde se reflicta a denominación da acción formativa, número de horas impartidas, custo por horas e importe que se percibirá.

b) Alta de socio no I.A.E.

c) Boletín de cotización ao réxime especial de traballadores autónomos (TC-1/15) do período de execución formativa, non supoñendo este un custo elixible.

d) En caso de cotizar no réxime xeral da Seguridade Social, deberá presentar as nóminas compulsadas do período formativo e os documentos da Seguridade Social (TC-1 e TC-2) do antedito período.

2. Preparación e titorías: aceptaranse os custos de preparación, seguimento, control da actividade docente, avaliación da impartición e titorías imputadas polos docentes da actividade formativa e/ou persoal que realice estas funcións. Os criterios de xustificación deste punto seguirán as mesmas directrices establecidas para o persoal nos puntos anteriores, reflectindo de maneira separada nos xustificantes de gasto os custos derivados dos diferentes conceptos imputables. En ningún caso estes custos poderán superar o 20% dos gastos xustificados en docencia. Así mesmo, o persoal imputado neste punto non poderá ser imputado no apartado de persoal de apoio dos custos asociados.

3. Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas, incluíndo o material de protección e seguridade.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

Considerararanse textos e materiais dun só uso polo/a alumno/a e os materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación.

4. Os gastos de amortización de equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, aulas, talleres e demais superficies calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

As amortizacións rexeranse polos seguintes criterios:

1º Amortización do mobiliario e material inventariable: poderá amortizarse durante os 5 anos sucesivos á súa adquisición. Para o cálculo do importe que se pretende amortizar, dividirase o custo do ben entre 60 meses e o resultado multiplicarase polo número de meses que dure a acción formativa.

2º Amortización de material informático e instrumentos de precisión e laboratorio: poderá realizarse durante os 3 anos sucesivos á súa adquisición. Para o cálculo do importe que se pretende amortizar, dividirase o custo do ben entre 36 meses e o resultado multiplicarase polo número de meses que dure a acción.

3º Para que se poidan aboar os gastos previstos neste artigo, será imprescindible a posesión da correspondente factura orixinal de compra dos bens que se pretendan amortizar.

4º Amortización de instalacións: enténdese por instalación o lugar onde se imparte o curso máis a porcentaxe dos elementos comúns.

Período de amortización: 20 anos. Non deben transcorrer máis

de 20 anos desde a construción ou adquisición do elemento que se pretende amortizar:

Deberán acompañar a amortización:

- Copia do título de propiedade ou escritura de compra ou certificación da obra.
- Certificado do responsable da entidade de que a obra non se realizou con subvención de ningunha Administración. No caso de que unha parte fose subvencionada, só se poderá solicitar a amortización da parte non subvencionada.
- Só serán amortizables:

*Os metros cadrados onde se imparta o curso.

*A porcentaxe de elementos comúns.

- Contía que se vai amortizar: a porcentaxe correspondente do importe da factura de construción do edificio ou instalación.
- Fórmula:

Porcentaxe utilizada do importe da compra ou do importe da obra / 240 meses = custo mensual.

(custo mensual) x (número de meses de acción) = importe amortización.

Non se amortizarán en ningún caso instalacións construídas ou adquiridas con anterioridade a 20 anos, contados desde a resolución de concesión do curso de que se trate.

5º Os materiais didácticos de traballo susceptibles de usos continuados por diferentes grupos de alumnos/as poderán ser amortizados (a tres anos) sempre que non sexan entregados aos/as alumnos/as primeiros usuarios.

5. Os gastos de aluguer e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, dos equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, así como das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Os alugueres rexeranse polos seguintes criterios:

- O importe dos gastos de alugueres de instalacións non poderá superar o 15% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. Para a xustificación deste concepto as entidades impartidoras deberán achegar fotocopias compulsadas das facturas ou dos recibos correspondentes. O cálculo do importe do aluguer dos locais realizarase segundo o número de meses de duración do curso e proporcionalmente á aula ou aulas utilizadas.
- Cando os gastos de alugueres se refiran a maquinaria necesaria para a impartición dos cursos, o seu importe non poderán superar o 15% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as. Non obstante, o órgano encargado da resolución dos cursos poderá autorizar excepcionalmente que se poida superar esa porcentaxe, tras a previa petición da entidade impartidora. Na solicitude deberá figurar unha memoria explicativa en que se fagan constar os motivos alegados para solicitar esta excepcionalidade, acompañada de tres orzamentos de tres empresas diferentes.
- Terase en conta que a imputación de alugueres entre os conceptos de instalacións e maquinaria non poderá superar o 20% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

6. Gastos de seguro de accidentes dos participantes e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización de actividades relacionadas co curso, incluídas as prácticas. O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

-No caso de morte: 36.000 €.

-No caso de invalidez permanente: 42.000 €.

-Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

7. Os gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

II. Custos asociados:

1. Custos de persoal de apoio: os custos de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución da actividade formativa.

2. Gastos financeiros: os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Neste punto poderanse incluír os seguintes gastos:

a) Gastos de apertura dunha conta bancaria e o seu mantemento.

b) Gastos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro que estean ligados á preparación e execución da actividade formativa. Para a xustificación dos anteditos gastos deberase achegar o contrato coa empresa asesora ou notario e as facturas ou documentos contables de valor probatorio correspondentes.

c) Aval bancario, para cuxa xustificación deberanse achegar os documentos de contitución do antedito aval ou contrato e cotas deste.

3. Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos, non especificados anteriormente, asociados á execución da actividade formativa.

No caso de que non se dispuxese dunha factura independente por tratarse de gastos compartidos con outras actividades, asignaranse a pro rata de acordo cun método equitativo, debidamente xustificado, de maneira que poida ser verificado, tanto a porcentaxe de imputación como o método de cálculo, cando así se requira. Xustificarase o gasto mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio.

De conformidade co artigo 29, número 9, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario deberá imputar estes custos á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos co-

rrespondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

A suma dos custos asociados non poderá superar o 20% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

III. Outros custos subvencionables:

Os custos de avaliación e control da calidade da formación, ata o 5% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

IV. En todo caso, os custos subvencionables deberán responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os pagamentos poderanse realizar polos seguintes medios:

- Transferencia bancaria.
- Cheque nominativo co seu xustificante de movemento de fondos
- Pagos en efectivo: condicións para a correcta acreditación do pagamento: debe presentar un recibo asinado e selado polo provedor en que estea suficientemente identificada a empresa que recibe o importe e no cal consten o número e a data de emisión do xustificante de pagamento, así como o nome e o NIF da persoa que o asina. No suposto de que o pagamento se acredite mediante recibín consignado no mesmo documento xustificativo do gasto, este deberá conter a sinatura lexible indicando a persoa que o asina, o seu NIF e o selo do provedor.Os pagamentos a docentes deberanse facer obrigatoriamente por transferencia ou cheque.

V. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificados é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento. Por exemplo, que apareza especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non e garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamento corrixidos con notas á man, rectificando calquera equivocación.

Artigo 10º.-Subcontratación.

A execución das accións formativas reguladas nesta orde será realizada directamente pola entidade beneficiaria. A contratación do persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

Artigo 11º.-Pagamento.

1. Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80 por 100 do total do orzamento de gastos do curso, en concepto de anticipo, no momento en que o departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, ou a Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo proceda, reciban comunicación da entidade impartidora en que se notifique o inicio do curso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificados os gastos realmente efectuados en cada unha, mediante certificación da persoa responsable da entidade por conceptos orzamentarios e remitida a documentación referida no artigo 6º.3 d). A xustificación realizarase curso a curso dentro dos quince días seguintes ao da súa finalización.

2. Para o caso de que se subvencionen varios cursos a unha mesma entidade, poderanse aboar anticipos de ata o 80% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio do primeiro dos cursos, sempre que se constitúa garantía a favor da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

Artigo 12º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se estableceran na correspondente resolución de concesión ou, se é o caso, convenio ou acordo de colaboración, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. A gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no punto anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 35% dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de alumnos/as formados.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga da súa xustificación dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendida entre o 35% e o 100% da subvención concedida, minorarase na porcentaxe que se deixase de cumprir, sempre que os gastos fosen debidamente xustificados.

Artigo 13º.-Infraccións e sancións.

A obriga de reintegro establecida no artigo 10 entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se concorresen as accións e omisións tipificadas na antedita lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e levarán aparelladas as sancións que en cada caso corresponda de acordo co previsto na antedita lei.

Título III

Normas relativas ás vías de programación

Capítulo I

Das vías de programación

Artigo 14º.-Vías de programación.

1. As accións formativas pódense solicitar por as seguintes vías de programación:

1a. Os centros colaboradores homologados polo procedemento previsto no Decreto 158/2001, do 29 de xuño, poderán solicitar calquera das especialidades do catálogo de familias da formación profesional para o emprego.

1b. As especialidades formativas recollidas no anexo IV, onde non exista centro homologado, poderán ser solicitadas polas entidades recollidas no artigo 2º b). Para isto, deberán solicitar a homologación provisional segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño.

2. A través de convenios de colaboración vencellados a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e que se consideren de interese social. Neste suposto as entidades deberán solicitar a homologación provisional segundo o artigo 9 do Decreto 158/2001, do 29 de xuño.

3. Proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata.

Capítulo II

Das accións formativas

Artigo 15º.-Accións formativas.

1. O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas nesta orde é a inserción e reinserción laboral das traballadoras e traballadores desempregados naqueles empregos que require o sistema produtivo.

2. As accións formativas estarán constituídas polas especialidades formativas e polo/os módulo/os transversais.

Artigo 16º.-Destinatarios/as da formación:

1. As accións formativas irán dirixidas prioritariamente aos traballadores/as desempregados/as. Para tal efecto, a consideración de desempregado virá determinada pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia con data anterior á súa incorporación ao curso. Se durante o desenvolvemento dun curso algún alumno/a é contratado, poderá continuar asistindo á acción formativa sempre que haxa total compatibilidade entre o horario formativo e o laboral.

2. Terán preferencia para a participación nos cursos as persoas desempregadas de longa duración, as mulleres, especialmente aquelas que sufran violencia de xénero, persoas desempregadas con baixa cualificación, persoas discapacitadas, emigrantes retornados, persoas en risco de exclusión social e persoas desempregadas que estean nun itinerario personalizado. Para estes efectos enténdese por persoas en risco de exclusión as persoas desempregadas nas cales concorran algún dos factores ou situacións enumeradas no artigo 2 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, sempre que tal situación a certifiquen os servizos sociais públicos correspondentes.

3. Poderán participar, así mesmo, ata un 25% de persoas traballadoras ocupadas en cada unha das accións.

4. Os traballadores ocupados que queiran participar nas accións formativas deberán solicitalo ante as entidades e centros de formación que impartan as anteditas accións.

Artigo 17º.-Selección de alumnos/as.

Os/as alumnos/as que asistan aos cursos de formación profesional para o emprego, tanto de programación ordinaria como con compromiso de contratación inmediata, deberán ser seleccionados a través do seguinte procedemento:

a) Con 15 días hábiles de antelación á realización da proba de selección, os centros colaboradores beneficiarios solicitaranlle directamente á oficina de emprego que corresponda, mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha lista de desempregados que se adecuen ao perfil requirido para a realización de cada curso, en función dos requisitos de acceso do/a alumno/a ao curso especificados no certificado de profesionalidade ou ben no programa do curso aprobado polo Consello Xeral da Formación Profesional ou, nos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata, no programa aprobado polo departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, de ser o caso.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego, seleccionará dúas persoas por praza vacante en cada curso e convocará, mediante carta certificada ou telegrama con xustificante de recepción, os demandantes preseleccionados para que asistan á proba de selección que deberá realizar o centro colaborador. Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego. O centro colaborador non debe predeterminar o colectivo a que vai dirixido o curso; limitarase a identificar os requisitos de acceso do alumnado.

c) Remitida a lista á entidade solicitante, esta procederá á selección dos/as alumnos/as preseleccionados mediante a realización das probas que estime pertinentes, de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que deberán poñerse en coñecemento dos/as candidatos/as antes da súa realización. Tamén poderán participar nestas probas, aqueles traballadores e traballadoras ocupados que solicitasen a súa participación na acción formativa ante a entidade. Da selección levantarase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para o efecto. Exceptúanse da realización desta proba aqueles candidatos que os servizos de orientación determinen como asinantes dun itinerario personalizado de inserción que inclúa a especialidade formativa obxecto da proba, candidatos que serán seleccionados directamente, agás en dous supostos:

- No caso dos compromisos de contratación, en que estes candi-

datos tamén deberán realizar a proba.

- No suposto de que entre os/as candidatos/as figuren máis de quince que os servizos de orientación determinen como asinantes dun itinerario personalizado de inserción que inclúa a especialidade formativa obxecto do curso, haberá que seleccionar os participantes do curso de entre eles, logo da realización da correspondente proba entre todos os candidatos/as.

Na realización das probas poderá estar presente un representante da Consellería de Traballo e Benestar.

A acta de selección, cuberta en todas as epígrafes do modelo normalizado, remitirase á oficina de emprego, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos criterios de acceso para os supostos de especialidades correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, e non será posible iniciar o curso ata que a antedita oficina dea o visto e prace á selección realizada.

d) Os/as demandantes propostos pola oficina de emprego só poderán ser rexeitados para a realización do curso cando concorran causas que así o determinen e sexan fidedignamente xustificadas pola entidade e neste sentido o aprecie a oficina de emprego propoñente. Se se detecta o inicio dun curso sen que a selección dos/as alumnos/as fose autorizada pola oficina de emprego, este será cancelado.

e) No caso de que transcorran 15 días desde a petición de candidatos/as por parte do centro colaborador e a oficina de emprego non remitise demandantes, ou os enviados fosen insuficientes, deberase realizar a correspondente convocatoria pública mediante anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia. Estes anuncios deberán cumprir cos seguintes requisitos:

i. Todas as convocatorias públicas para a selección de alumnos que se fagan mediante anuncio en prensa deberán publicarse en domingo. Excepcionalmente, estes anuncios poderán publicarse en día distinto a domingo, logo de autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación ou do correspondente departamento territorial, segundo proceda.

ii. Os anuncios cubriranse en modelo normalizado, en que necesariamente deberá facerse constar o financiamento da acción por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar e do Fondo Social Europeo, debendo figurar neles os logotipos de ambos os organismos. Especificarase claramente, como mínimo: a institución ou centro ofertante, as vacantes existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido dos/as alumnos/as, o enderezo e teléfono do lugar de realización das probas de selección, así como a data.

iii. O custo dos anuncios que non se adapten aos requisitos establecidos nesta orde, ou a calquera outros que puidese establecer a Dirección Xeral de Formación e Colocación, non será aboado con cargo ás axudas previstas.

iv. Todos os anuncios deberán ser visados e autorizados pola oficina de emprego correspondente. Calquera excepción a esta norma deberá ser autorizada polo órgano competente en cada caso.

f) Da selección daráselle conta á oficina de emprego encargada da preselección dos/as alumnos/as.

g) Cada nova alta ou baixa de alumnos que se produza no curso deberá ser comunicada á oficina de emprego correspondente no prazo máximo de 3 días hábiles desde que se produza.

h) Aqueles alumnos que realizasen un curso e teñan dereito a diploma non poderán volver realizar outro curso da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dados de baixa.

2. O número máximo de alumnos participantes en cada curso será de 15, e non poderá iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10 alumnos presentes o primeiro día.

No suposto de que o curso se inicie con 10 ou máis alumnos e menos de 15, deberá completarse ese número dentro do primeiro cuarto deste; no caso contrario, deduciranse do cómputo da subvención os/as alumnos/as que falten para completalo, de conformidade co disposto no artigo 7º.4. Consideraranse como número mínimo o número máis alto de alumnos asistentes acadado nos tres primeiros días do curso.

3. Se non se incorporan os/as alumnos/as seleccionados ou se producen baixas dentro do primeiro cuarto do curso, poderán substituírse por novos/as alumnos/as, sempre que a xuízo dos responsables da entidade de formación as persoas que se incorporen poidan seguir as clases con aproveitamento, unha vez superadas as probas de nivel correspondente, e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial. Unha vez transcorrido o primeiro cuarto, só poderán incorporarse ao curso aqueles alumnos/as que teñan pendentes unha ou varias unidades de competencia para finalizar a súa formación. A persoa responsable da súa impartición deberá comprobar, mediante as probas e/ou a xustificación documental pertinente, o nivel do/a alumno/a.

4. Nos cursos en que, malia se intentar completar o número de alumnos, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 por 100 do número programado, agás que as baixas se produzan por colocación dos/as alumnos/as, poderán ser cancelados polo órgano competente da Consellería de Traballo e Benestar. No caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, calculada de acordo co principio de proporcionalidade,que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 4º desta orde e aprobada pola director/a xeral de Formación e Colocación ou, de ser o caso, polo respectivo xefe/a do departamento territorial por delegación do/a conselleiro/a.

5. Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar a Dirección Xeral de Formación e Colocación a autorización para a selección directa dos/as alumnos/as, con base nas peculiaridades dos colectivos as que se dirixe a acción formativa.

Artigo 18º.-Calidade, avaliación, seguimento e control dos cursos.

1. As entidades deberán realizar unha avaliación e control de calidade da formación que executen. Deberán destinar a esa finalidade ata un 5% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa, excluídas as axudas aos alumnos/as.

2. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación e os departamentos territoriais aplicarán un sistema de seguimento e control propio.

3. As entidades impartidoras deberán remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ao departamento territorial correspondente, segundo proceda, xunto co resto da documentación esixida

nesta orde, a folla de control de asistencia debidamente asinada polos técnicos de seguimento que visiten o curso. No caso de que non coincida a folla de control de asistencia que conste en poder dos técnicos coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

Para os cursos de novos certificados de profesionalidade remitirán a acta de avaliación cos resultados obtidos polos alumnos, indicando se adquiriron ou non as capacidades en cada módulo formativo, no prazo máximo de 3 meses, segundo o establecido no artigo 14 do R.D. 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

Artigo 19º.-Especialidades formativas.

1. Os cursos serán de carácter presencial e a súa duración e horario non se poderá modificar respecto do solicitado no anexo II, salvo autorización expresa do director/a xeral de Formación e Colocación, ou xefe/a do departamento territorial, de ser o caso.

2. As especialidades formativas poderán programarse ben completas, ben por unidades de competencia no caso de especialidades incluídas polo Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal na programación modular, sempre que se completen unha ou varias unidades de competencia. Nas especialidades formativas que dean lugar á obtención de novos certificados de profesionalidade, cando se programen todos os módulos dun certificado deberase incluír obrigatoriamente o módulo de prácticas non laborais en empresas e non se poderá impartir o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas se non vai asociada a algunha das outras unidades de competencia do curso.

3. Con carácter xeral, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de formación para o emprego deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades formativas do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado, de acordo co nivel e o grao de dificultade establecido.

4. Con carácter excepcional, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá autorizar a impartición , como proxectos experimentais ou innovadores, de especialidades formativas que non estean incluídas no ficheiro sinalado no punto anterior así como dos módulos formativos asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

5. O programa que se impartirá en cada curso será o previamente incluído no ficheiro de especialidades formativas do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal, salvo nos proxectos formativos con compromiso de contratación, nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade e nas accións formativas experimentais e innovadoras, cando sexan expresamente autorizados.

Artigo 20º.-Módulos transversais.

1. En cumprimento do establecido no artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres de Galicia, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas (FCOXXX01) e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas (FCOXXX05).

2. Así mesmo, será obrigatorio o Curso básico de prevención de riscos laborais nas familias profesionais AR, EL, EN, EO, FM, IM e MA que figuran na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, xunto co contido do módulo e o procedemento que deben seguir os centros para homologarse e poder impartir esta formación, sendo optativo para as restantes familias.

3. Ademais do módulo de igualdade, todas as entidades, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, que teñan que impartir obrigatoriamente o curso básico de prevención de riscos, terán a obriga de impartir o módulo de formación complementaria que elas escollan entre os que se sinalan a continuación:

Código	Denominación	Horas
FCOXXX02	Creación de empresas	20
FCOA02	Sensibilización ambiental	9
FCOI01	Alfabetización informática: internet	10
FCOI02	Alfabetización informática: informática e Internet	25
FCOM01	Manipulador de alimentos	10
FCOO01	Inserción laboral: técnicas de busca de emprego	15
FCOA03	Medio ambiente en agricultura	25
FCOXXX03	Habilidades comunicativas en galego para o mundo laboral	20
FCOXXX04	Básico de prevención en riscos laborais	60

4. As entidades, no momento de solicitar os cursos, deberán indicar no anexo II desta orde os módulos transversais que desexan impartir.

5. A valoración económica dos módulos transversais será a mesma dos módulos do curso de formación en que se inclúan.

6. O material para a impartición dos módulos Formación para a igualdade, Creación de empresas, Habilidades comunicativas, Básico de prevención de riscos laborais e Sensibilización ambiental será facilitado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

7. Nos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata non será obrigatoria a impartición de ningún dos módulos previstos nos parágrafos 2 e 3 deste artigo.

8 Os/as alumnos/as que, segundo conste na aplicación infórmatica SIFO, teñan xa cursado algún módulo transversal da Dirección Xeral de Formación e Colocación, non poderán volver realizalo.

No suposto de que non figure recollida na aplicación informática SIFO a súa realización, poderán non realizalo, sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

9 Os/as alumnos/as que acrediten documentalmente estar en posesión do diploma de técnico intermedio ou superior de riscos laborais estarán exentos da realización do módulo transversal de Prevención de riscos laborais.

10 Os/as alumnos/as que acrediten documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de igualdade de duración igual ou superior a 10 horas estarán exentos da realización do módulo transversal de Formación para a igualdade.

Capítulo III

Das axudas dos/as alumnos/as

Artigo 21º.-Axudas para os/as alumnos/as desempregados.

1. Para ter dereito a calquera das bolsas e axudas reguladas neste artigo será requisito imprescindible que o curso teña unha duración igual ou superior a catro horas diarias e vinte semanais.

2. Terán dereito ás axudas os/as alumnos/as que teñan a condición de desempregados, inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, na data de inicio do curso. No suposto de que a situación de desemprego teña lugar con posterioridade ao inicio do curso, terán dereito a percibir as axudas a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar esta situación.

3. O prazo para a solicitude de bolsas será de dez días naturais desde a incorporación do/a alumno/a á acción formativa ou desde que teña lugar a nova situación que dea dereito a ela. A non formalización en tempo e forma desta solicitude dará lugar á perda do dereito á axuda.

4. As axudas reguladas neste artigo son todas compatibles entre si, agás a de transporte público coa de transporte privado e a de transporte privado con aloxamento e manutención.

5. Os/as alumnos/as terán dereito a percibir as seguintes bolsas e axudas:

5.1. Poderán percibir unha bolsa consistente no 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia, os/as alumnos/as con discapacidade e aqueles demandantes que participen nunha acción formativa vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade incluídas no seu itinerario de inserción, sempre que non se negasen a participar en actividades contempladas no seu IPI, segundo certificación da oficina de emprego

Só poderá cobrarse unha axuda por este concepto, con independencia de que o/a alumno/a pertenza aos dous colectivos.

No suposto de que o recoñecemento da discapacidade teña lugar con posterioridade ao inicio da acción formativa, terán dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar este recoñecemento, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo de dez días naturais desde que ese recoñecemento tivo lugar.

Para ter dereito a esta bolsa, os/as alumnos/as deberán acreditar documentalmente que carecen de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Entenderase por unidade familiar: en caso de matrimonio, o pai, a nai e os fillos menores de 18 anos, con excepción dos que con consentimento dos seus pais vivan independentes deles, ou os maiores incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada. En defecto de matrimonio ou en supostos de separación legal, o pai ou nai e a totalidade dos fillos que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos sinalados no parágrafo anterior. Deberá achegarse certificado de convivencia ou, no seu defecto, de empadroamento e copia do libro de familia. Para os estranxeiros que non teñan libro de familia, calquera documentación que acredite de forma suficiente o parentesco.

As rendas calcularanse tendo en conta o seguinte:

Para os traballadores por conta allea:

- Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.

- As pagas extraordinarias ratearanse mensualmente.

- As horas extraordinarias correspondentes a ese mes computaranse na súa totalidade.

- As axudas de custo non se terán en conta (agás naqueles casos en que o seu volume e periodicidade mostren que se trate dunha forma habitual de pagamento dunha parte do salario).

Para os autónomos:

- Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.

- Raterase o importe mensualmente, para obter as rendas mensuais.

Para estes efectos, computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola Comunidade Autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

5.2. Axudas de transporte, manuntención e aloxamento:

a) Axuda de transporte: 7 por alumno/día de asistencia para aqueles alumnos/as que utilicen a rede de transportes públicos para asistir á formación.

b) No caso de que a distancia entre o domicilio do alumno/a, considerado este o que figure como domicilio de intermediación na súa demanda de emprego, e o lugar de impartición dos cursos sexa como mínimo de 50 quilómetros, e sempre que a especialidade formativa se imparta nun centro propio da Consellería de Traballo e Benestar ou sexa algunha das recollidas no parágrafo seguinte, os/as alumnos/as/as, cando non exista medio de transporte público entre o seu domicilio e o do centro ou este transporte non teña un horario regular que permita compatibilizalo co da acción formativa, poderán ter dereito á axuda en concepto de transporte en vehículo propio, logo da autorización do/a directora/a xeral de Formación e Colocación ou do/a correspondente xefe/a do departamento territorial. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior. A axuda de transporte en vehículo propio terá unha contía máxima por día de asistencia de 0,10 euros por quilómetro.

Esta axuda será incompatible coa de aloxamento e manutención e coa de transporte regulada no parágrafo anterior.

c) Axuda de aloxamento e manutención cando a distancia entre

o seu domicilio, considerado este o que figure como domicilio de intermediación na súa demanda de emprego, e o lugar de impartición sexa, como mínimo, de 50 quilómetros. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de aloxamento e manutención deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a asistencia ao curso implique que o/a alumno/a deba aloxarse no lugar de impartición. O gasto real de aloxamento xustificarase por medio do contrato de arrendamento ou factura de hospedaxe.

- Que a especialidade formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar ou que sexa algunha das relacionadas a continuación:

  - AGAX0108 Actividades auxiliares en gandaría.
  - AGAX0208 Actividades auxiliares en agricultura.
  - ELEE0108. Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas.
  - ELEL13. Instalacións de enerxías renovables en edificios.
  - ELES0108. Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios.
  - ENAE0108 Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.
  - ENAE0208 Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas.
  - FMEE0108 Operacións auxiliares de fabricación mecánica.
  - FMEE0208 Montaxe e posta en marcha de bens de equipamento e maquinaria industrial.
  - FMEM60 Preparador-programador de máquinas ferramentas con CNC.
  - HOTI0108 Promoción turística local e información ao visitante.
  - IEXD0308 Operacións auxiliares en plantas de elaboración de pedra natural e de tratamento e beneficio de minerais e rochas.
  - INAQ0108 Operacións auxiliares de mantemento e transporte interno da industria alimentaria.
  - MAMR0308 Mecanizado de madeira e derivados.
  - SSCM0108 Limpeza de superficies e mobiliario en edificos e locais.
  - Todas aquelas outras especialidades formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, en atención a súa especificidade, considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

A axuda de aloxamento e manutención aboarase por mes natural, e a súa contía será o importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) fixado para o ano 2010, rateándose a parte correspondente aos meses de inicio e finalización cando non sexan completos.

5.3. Axudas á conciliación: as axudas previstas neste parágrafo teñen por obxecto permitir ás persoas desempregadas conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao, sempre que ao inicio da acción formativa ou no momento en que teña lugar o feito causante que dea dereito á axuda cumpran os requisitos seguintes:

- Non ter rexeitado ofertas de traballo axeitadas nin terse negado a participar en actividades de promoción, formación ou reconversión profesional nos tres meses anteriores ao inicio da acción formativa.

- Acreditar documentalmente que se carece de rendas de calquera clase superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75% do IPREM.

Para os efectos de determinar a unidade familiar e para o cómputo de rendas, terase en conta o disposto no punto 5.1 deste artigo.

No suposto de que o suxeito causante da axuda sexa un familiar ata segundo grao, este entenderase incluído na unidade familiar para o cómputo de rendas.

No suposto de que o fillo naza ou se acredite a dependencia con posterioridade ao inicio da acción formativa, terán dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar o feito causante, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo de dez días naturais desde que ese feito tivo lugar.

No suposto de desaparición do feito causante, perderán o dereito á percepción da axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que esta teña lugar.

A dependencia acreditarase a través de certificado da dependencia emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou por resolución xudicial.

A contía da axuda á conciliación será do 75% do importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) diario por día de asistencia.

Artigo 22º.-Dereitos e deberes dos/as alumnos/as.

1. A formación será gratuíta para todos os/as alumnos/as das accións formativas derivadas desta orde.

2. Dentro da programación de formación profesional para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar, os/as alumnos/as que resulten seleccionados para un curso non poderán asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderán causar baixa nun curso para acceder a outro, salvo autorización expresa do director/a xeral de Formación e Colocación ou do respectivo/a xefe/a do departamento territorial, por causas excepcionais debidamente xustificadas.

3. Terán a obriga de asistir e de seguir con aproveitamento os cursos e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora, segundo o artigo 6º, dentro dos 10 primeiros días lectivos.

4. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. De ser o caso, tamén deberán presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.

5. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas nun mes ou non seguir o curso con aproveitamento segundo criterio do seu responsable.

A xustificación das faltas deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia. Os/as alumnos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar no centro colaborador os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar. As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de cinco ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo.

Mediante resolución do/a director/a xeral de Formación e Colocación ou do xefe/a do departamento territorial correspondente, segundo proceda, os/as alumnos/as, logo de audiencia, poderán ser excluídos das accións formativas, por petición das entidades de formación, cando non sigan con suficiente aproveitamento a acción formativa ou dificulten o seu normal desenvolvemento. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada.

6. Os/as alumnos/as deberán acudir á súa oficina de emprego, unha vez rematado o curso, para cancelar a suspensión da demanda.

7. Os/as alumnos/as deberán comunicar calquera cambio que afecte as circunstancias que deron lugar ao recoñecemento das distintas axudas reguladas no artigo 21º.

Artigo 23º.-Diplomas.

1. Cursos non modulados.

Os/as alumnos/as que rematen os cursos con aproveitamento, sempre que asistisen como mínimo ao 75% da especialidade formativa, recibirán un diploma oficial, no modelo que se elaborará na Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación, cando o docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso e asistisen, como mínimo, ao 75% das horas lectivas.

2. Cursos modulados.

Os/as alumnos/as que rematen con aproveitamento unha ou varias unidades de competencia dun curso, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente, e sempre que asistan como mínimo ao 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia, que será elaborado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación, cando o docente coide que teñen os coñecementos e capacidades correspondentes ao nivel de cada unidade de competencia e asistisen, como mínimo, ao 75% das horas lectivas. No caso dos novos certificados de profesionalidade tamén terán que ter superado coa calificación de apto a avaliación continuada da unidade de competencia realizada polo docente.

3. Nos dous casos anteriores, os/as alumnos/as que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e módulos aos cales asistisen.

4 Dentro do programa do curso, que debe figurar na parte posterior do diploma, figurará separadamente do resto do programa a realización do módulo Formación para a igualdade e os módulos de formación complementaria elixidos pola entidade en cada curso, así como a súa duración e horas, no caso de que o/a alumno/a teña a obriga de facer estes módulos.

Capítulo IV

Das prácticas non laborais

Artigo 24º.-Prácticas en empresas.

No curso de formación profesional para o emprego poderán desenvolverse dous tipos de prácticas en empresas: as que están incluídas no programa formativo do curso e aquelas que teñen lugar a maiores das súas horas lectivas.

A. Prácticas incluídas no programa formativo do curso.

1. Esta modalidade poderá desenvolverse, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración, en empresas ou en entidades públicas. Poderanse realizar en calquera especialidade e a súa externalización terá carácter voluntario para os centros impartidores e obrigatorio para os/as alumnos/as, no caso de que o centro opte pola súa realización. Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento do curso en que están incluídas.

O procedemento que se seguirá para a súa xestión é o seguinte:

Con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas, o centro impartidor presentará a correspondente comunicación ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar e/ou á Dirección Xeral de Formación e Colocación, debendo xuntar a seguinte documentación:

- Convenio asinado entre o centro impartidor e á/s empresa/s ou organismo público onde se realizarán ou, no seu defecto, documento acreditativo do responsable da empresa ou organismo público en que se faga constar a súa autorización para realizalas.
- Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.
- Datas, lugar de realización, horario e duración.
- Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes dos/as alumnos/as que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerase estritamente durante o período de duración das prácticas.
- Documento que acredite a contratación por parte da entidade impartidora dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da

realización das prácticas en empresas.

- Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas, no caso de centros públicos.
- Xustificación de que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.

2. As empresas onde teñan lugar as prácticas deberán reunir os requisitos establecidos no programa da especialidade da que se van realizar as prácticas.

3. Os centros deberán imputar os gastos por este concepto como custos directos.

4. Os/as alumnos/as terán dereito exclusivamente á percepción das axudas ou bolsas que, de ser o caso, lles correspondan.

5. A duración das prácticas non pode exceder en ningún caso da duración da parte práctica que se fixa no programa formativo, e non poderán rematar con posterioridade á finalización do curso.

6. A impartición do módulo de prácticas profesionais non laborais correspondentes aos novos certificados de profesionalidade axustarase aos requisitos antes mencionados e ao estipulado no real decreto regulador de cada certificado de profesionalidade.

B. Prácticas a maiores das horas lectivas do curso.

Poderán realizarse en calquera especialidade e terán carácter voluntario tanto para os centros impartidores como para os/as alumnos/as.

Terán que ter unha duración mínima do 5% e máxima do 20% das horas totais da especialidade formativa, cun máximo de 180 horas.

No caso de realización, os centros interesados deberán facer constar esta circunstancia na solicitude de programación de cursos, segundo o anexo V, e será valorada polas correspondentes comisións de valoración na baremación dos expedientes dos cursos.

Deberán ter unha duración mínima de catro horas diarias, salvo que se compatibilicen, segundo o disposto no punto 3 deste punto, coa impartición do curso. Neste suposto a duración máxima será de tres horas diarias.

O procedemento que se seguirá para a súa xestión é o seguinte:

1. O centro impartidor deberá presentar, con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas, unha comunicación ao órgano competente da Consellería de Traballo e Benestar, debendo xuntar a seguinte documentación:

- Convenio asinado entre o centro impartidor e a/s empresa/s ou organismo público onde se realizarán ou, no seu defecto, documento acreditativo do responsable da empresa ou organismo público en que se faga constar a súa autorización para realizalas.
- Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.
- Datas, lugar de realización, horario e duración.
- Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes dos/as alumnos/as que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerase estritamente durante o período de duración das prácticas.
- Documento que acredite a contratación por parte da entidade impartidora dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas.
- Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas, no caso de centros públicos.
- Xustificación de que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.

2. Durante o período das prácticas os/as alumnos/as terán dereito á percepción das mesmas axudas que percibiran durante a formación teórica, sempre que manteñan as condicións que deron dereito a elas. Só se terá dereito á percepción das axudas por este concepto cando se realicen un mínimo de catro horas diarias de prácticas.

3. As prácticas terán lugar unha vez finalizado o curso. Deberán iniciarse antes do transcurso dun mes desde a finalización do curso, e deberán estar rematadas, en todo caso, antes do 30 de novembro de 2010. Non obstante, permitirase a compatibilidade destas prácticas coa impartición do curso cando se dean as dúas circunstancias seguintes: que a data de remate do curso teña lugar a partir do 1 de outubro e que estea realizada polo menos a metade das horas lectivas do curso.

C. Disposicións comúns ás dúas modalidades de prácticas.

1. Antes do comezo das prácticas a entidade beneficiaria da subvención porá en coñecemento da Inspección de Traballo unha relación dos/as alumnos/as que van realizar as prácticas, e o/s nome/s da/s empresa/as en que realizarán as prácticas, localidades, datas e horario de realización.

2. As empresas en que se realicen as prácticas comunicarán aos representantes legais dos traballadores na empresa unha relación dos/as alumnos/as que van realizar as prácticas, as datas e horario de realización.

3. As prácticas que realicen os/as alumnos/as de formación profesional para o emprego non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre os/as alumnos/as e as empresas ou organismos da Administración.

4. Unha vez comunicadas as prácticas, as entidades deberán comunicar ao órgano competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

Capítulo V

Dos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata

Artigo 25º.-Proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata.

1. As subvencións para xestionar as accións formativas recollidas neste capítulo outorgaranse en réxime de concesión directa, de acordo

co previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbito do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcial ou totalmente, por unha soa vez e nos termos recollidos na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, a realización da actividade formativa, previa autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación. A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

3. A impartición dos proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata previstos no artigo 14º.3 regularase polo establecido nesta orde, tendo en conta as peculiaridades recollidas nos artigos seguintes.

Artigo 26º.-Requisitos.

1. As entidades solicitantes deberán ser empresas, as súas asociacións ou outras entidades que se comprometan a contratar polo menos o 60% dos/as alumnos/as que inicien o curso, por un período mínimo inicial de seis meses a xornada completa, ou tempo equivalente no caso de que a contratación non sexa a xornada completa. Neste último caso non se admitirán contratos inferiores ás catro horas diarias.

   No compromiso de contratación deberá figurar a categoría profesional e a localidade onde se vai contratar os/as alumnos/as.

   No momento da selección deberá informase os/as alumnos/as destes extremos.

2. Só poderán acudir a este procedemento aquelas empresas que non reducisen o número total de traballadores, nin o número total de traballadores con contrato indefinido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude do curso, agás que se trate de empresas que tiveran un expediente de regulación de emprego nese período; ou que supoña a recuperación do nivel de emprego dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude do curso e a contratación indefinida do 20% dos/as alumnos/as que inicien o curso; ou que o compromiso de contratación sexa superior ao 90%. Así mesmo deberán xustificar que non reduciron o número de traballadores con contrato indefinido nin o número total de traballadores da empresa durante a realización do curso.

3. A maiores da acreditación dos requisitos formais exixidos para o compromiso de contratación inmediata nesta orde e no resto da normativa aplicable, o órgano competente da Consellería de Traballo e Benestar poderá facer as indagacións e comprobacións necesarias e solicitar da entidade solicitante ou dos organismos públicos competentes a documentación que considere axeitada para garantir a viabilidade do proxecto formativo, sinaladamente o grao de cumprimento de contratación e mantemento do emprego en proxectos formativos impartidos anteriormente, de ser o caso; balances da empresa; documentación de Seguridade Social etc. Esta documentación e informes, xunto co resto da documentación exixida, servirán para valorar a concesión do proxecto formativo á entidade solicitante.

Artigo 27º.-Lugar de impartición.

No caso de que a entidade careza de instalacións axeitadas para a impartición do proxecto formativo, poderá autorizarse a súa impartición nas instalacións dun centro inscrito no Censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional, ou en calquera outro centro, que deberá homologarse previamente con carácter provisional, de acordo cos requisitos e tramitación regulados no Decreto 158/2001, do 29 de xuño. Os centros impartidores deberán estar en posesión da licenza municipal de apertura da actividade de que se trate. No seu defecto, este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición.

Se os cursos teñen lugar en espazos cedidos por outras entidades, a licenza de apertura poderá ser substituída por algún dos documentos seguintes:

a) Centros de titularidade municipal: certificación do secretario municipal en que se acredite que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esta finalidade.

b) Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios etc.): calquera outro documento que acredite a súa idoneidade para impartir formación.

En calquera dos casos, esta circunstancia deberá acreditarse tanto nos locais onde se imparta a parte teórica como a práctica.

Artigo 28º.-Obrigas.

A acreditación de estar ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia deberán facela por todas as empresas que participen no proxecto. Así mesmo, as empresas vinculadas a unha mesma dirección deberán achegar a documentación relativa ás súas diferentes razóns sociais.

Artigo 29º.-Pagamento.

Para o aboamento de anticipos de ata o 80% da subvención concedida, as entidades impartidoras deberán achegar, en todo caso, xunto co resto da documentación exixida no artigo 11º, garantía a favor da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

Artigo 30º.-Contratos de traballo.

1. A contratación realizarase dentro do exercicio orzamentario de 2010.

2. Non se aboará a liquidación final mentres a empresa non remita as copias dos contratos de traballo rexistrados que supoñan unha relación indefinida ou temporal de seis meses como mínimo, e acredite que se mantén a ratio desde a data da solicitude entre traballadores/as, con contrato indefinido e sen contrato indefinido.

3. Se algún traballador/a contratado a través do proxecto formativo causa baixa antes dos seis primeiros meses de contrato, a entidade terá a obriga de comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Formación e Colocación no prazo de sete días desde que se produza. No comunicado deberá incluírse toda a documentación acreditativa relativa á baixa producida e a Dirección Xeral de Formación

e Colocación resolverá, en virtude das circunstancias, se procede o reintegro da subvención.

Artigo 31º.-Remate dos proxectos formativos.

A data límite para a finalización e xustificación dos cursos será o 30 de novembro de 2010. Excepcionalmente, por causas xustificadas, e sempre logo de autorización do órgano competente, os proxectos formativos poderán rematar con posterioridade a esa data, en todo caso dentro do ano 2010.

Artigo 32º.-Solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de xuño de 2010.

2. A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

a) Anexos I, II e III que figuran nesta orde de convocatoria debidamente cubertos.

b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.

c) Código de identificación fiscal (CIF) ou número de identificación fiscal (NIF).

d) Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.

e) Xustificante da propiedade, arrendamento ou título lexítimo que habilite para a utilización de inmobles e instalacións correspondentes, equipamento didáctico, talleres ou campos de práctica.

f) Licenza municipal de apertura da actividade que se trate ou, no seu defecto, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se vai desenvolver tanto a parte teórica como a práctica.

g) Compromiso de contratación asinado polo/s representante/s da/s empresa/s vinculada/s inicialmente no proxecto presentado.

h) Declaración responsable de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións.

i) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Para todas as especialidades, relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres indicando metros cadrados, condicións de luminosidade, de seguridade etc., xuntando planos.

m) Cando as especialidades formativas solicitadas non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas, as entidades solicitantes deberán achegar un programa formativo elaborado pola propia entidade co seguinte esquema:

- Denominación do curso.
- Duración total do curso e de cada un dos seus módulos.
- Descrición dos módulos.
- Medios, materiais e maquinaria de que dispoñen.
- Requisitos dos docentes.
- Valoración económica.
- Importe da subvención económica solicitada en función do número de alumnos/as para os que se solicita o proxecto formativo.
- Os programas deberán ser remitidos inescusablemente en soporte informático, e virán redactados polo menos en lingua castelá, para o seu posterior envío ao Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa aprobación previa ao inicio da acción formativa.

n) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a novos certificados de profesionalidade, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

- Programa formativo elaborado pola propia entidade, tomando como base para a súa elaboración o contido do correspondente certificado de profesionalidade e segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.
- Convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais incluída no certificado de profesionalidade, se é o caso.

o) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

3. A xustificación do cumprimento do compromiso de contratación inmediata realizarase no momento en que se proceda á xustificación final dos custos do curso mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais visados polo Servizo Público de Emprego.

4. O cumprimento do requisito de non redución do número total de traballadores da empresa, nin do número total de traballadores con contrato indefinido, acreditarase do seguinte xeito:

a) No momento da solicitude da acción formativa presentarase o anexo III debidamente cuberto, en que figurará o número de traballadores/as da empresa, tanto con contrato indefinido como totais, dos 13 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude do curso.

b) Cando se presente a solicitude de liquidación final do curso, achegaranse os documentos TC-2 dos trece meses anteriores ao inicio do curso e o do mes en que consten os/as alumnos/as da acción formativa contratados en virtude do compromiso adquirido.

c) No caso de empresas que non tivesen traballadores nos trece meses anteriores, por ser de nova creación ou por crearse durante ese período, presentarán os TC-2 dos meses dos cales teñan eses documentos ou, no seu defecto, xustificante da data de creación da empresa.

Artigo 33º.-Número de alumnos/as.

O número de alumnos/as participantes nos cursos poderá variar entre un mínimo de 10 e un máximo de 20, aínda que a subvención máxima será a considerada para 15 alumnos/as.

Artigo 34º.-Gastos de amortización.

As empresas ou grupos de empresas que impartan proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata non poderán recoller como custo aboable gastos de amortización.

Artigo 35º.-Resolución.

A resolución, que lle corresponderá ditar, en todo caso, ao/a director/a xeral de Formación e Colocación, deberá producirse no prazo de tres meses desde que a solicitude do interesado, teña entrada no rexistro correspondente. Transcorrido o citado prazo sen que se ditase resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

Artigo 36º.-Comezo anticipado.

Poderán financiarse con cargo ás axudas e subvencións reguladas nesta orde os proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata, aínda que as accións formativas se inicien, por razóns excepcionais debidamente acreditadas e xustificadas pola entidade solicitante, antes de que se dite a correspondente resolución de concesión, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a solicitude fose presentada con anterioridade ao inicio das accións.

b) Que as accións formativas se inicien e rematen dentro do ano 2010.

c) Que se cumpran todos os requisitos formais e de procedemento, aínda que sexa a posteriori, previstos nesta orde.

d) Que a entidade solicite autorización de inicio á Dirección Xeral de Formación e Colocación, expoñendo as razóns excepcionais polas cales pretenden comezar anticipadamente. No caso de autorización, a empresa deberá comunicar o inicio do proxecto formativo ao departamento territorial correspondente con cinco días de antelación ao seu comezo.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos programas 12.05.323A.440.0, 12.05.323A.444.0, 12.05.323A.460.1, 12.05.323A.471.0, 12.05.323A.481.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010.

Segunda.-Non se autorizarán cambios de titularidade de centros no tempo que transcorra entre o inicio dun curso e o seu remate.

Terceira.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cuarta.-Poderán ditarse resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado, ou doutros remanentes dos módulos. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes nin outras homologacións distintas ás tidas en conta para a resolución inicial.

Quinta.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar no director/a xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para resolver a concesión, denegación, modificación, reintegro ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde, e nos xefes/as dos departamentos territoriais provinciais da Consellería de Traballo e Benestar, no ámbito das súas respectivas competencias, para resolver a concesión, denegación, modificación, reintegro, ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

Sexta.-En todo o non disposto nesta orde será de aplicación o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, así como a súa normativa de desenvolvemento e, de ser o caso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o resto da normativa que lle sexa de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o/a director/a xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

Ver anexos pdf "77-09.PDF"

Outras normas

78 Orde do 3 de abril de 2009 pola que se constitúen os pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo e se adscriben os concellos de Monfero e Calvos de Randín aos pactos territoriais de Ferrol e A Limia-Verín respectivamente.

(DOG nº 71, do 15.04.2009).

O Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego, configura estes como órganos de carácter colexiado, de participación institucional e de concertación entre os seus integrantes, para a xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego no ámbito territorial do pacto e adscritos ao departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de emprego.

O citado decreto establece no seu artigo 3 parágrafo primeiro que poderán crearse ata un máximo de quince pactos territoriais de emprego que, no seu conxunto, abranguerán a totalidade do territorio de Galicia.

Pola disposición adicional segunda do Decreto 98/2008, do 15 de maio, constitúense os pactos territoriais de emprego da Costa da Morte, de Lugo, de Valdeorras e do Salnés, e consonte o establecido no parágrafo segundo do artigo 3 do citado decreto, que establece que corresponde ao titular do departamento con competencias en materia de traballo dispoñer mediante orde a creación dos pactos territoriais, pola Orde do 3 de xuño de 2008 constitúense os pactos territoriais de emprego da Barbanza, Ferrol, da Mariña, de Lemos, de Ourense, da Limia-Verín e de Deza-Tabeirós.

Procede agora a creación dos catro pactos territoriais restantes ata completar os quince previstos.

É polo que, en virtude das competencias outorgadas polo artigo 3.2º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego, tendo en conta o ditame do Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Constitución dos pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo.

1. Créanse catro pactos territoriais de emprego, co que se completa o mapa de pactos de Galicia, cuxo ámbito territorial abranguerá os concellos que se sinalan:

- Pacto Territorial de Emprego da Coruña.

  Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cerceda, Cesuras, Coirós, A Coruña, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Sada, Sobrado dos Monxes, Vilarmaior e Vilasantar.

- Pacto Territorial de Emprego de Santiago.

  Abranguerá o territorio dos seguintes concellos : Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, Dodro, Frades, Melide, Mesía, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

- Pacto Territorial de Emprego de Pontevedra.

  Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas e Vilaboa.

- Pacto Territorial de Emprego de Vigo.

  Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Ponteareas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

2. Os pactos territoriais de emprego creados ao abeiro desta orde rexeranse polas normas contidas no Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

Artigo 2º.-Modificación de pactos existentes.

1. O concello de Monfero inclúese no Pacto Territorial de Ferrol.

2. O concello de Calvos de Randín, que pertencía ao Pacto Territorial de Ourense, inclúese no Pacto Territorial da Limia-Verín.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2009.

79 Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 244, do 16.12.2009).

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional establece no seu artigo 1 que esta lei ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de cualificacións, formación profesional e acreditación. Para iso créase o Catálogo Nacional de Cualificacións, para promover e desenvolver a integración das ofertas de formación profesional que xestionan as administracións educativas e laborais. Neste sentido no artigo 8 establécese que as cualificacións se acreditarán mediante títulos de formación profesional, expedidos pola Administración educativa ou certificados de profesionalidade, expedidos pola Administración laboral. Ambos acreditan con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional as competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación no emprego.

Tomando como referente común o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais renovarase todo o actual Catálogo de Títulos de Formación Profesional e elaborarase tamén o novo Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade. Sobre a base das unidades de competencia das cualificacións establecerase un sistema de correspondencias, validacións e/ou exencións entre as distintas ofertas formativas, e entre estas e o mundo laboral a través do procedemento de avaliación e acreditación da competencia profesional adquirida a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os novos certificados de profesionalidade asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, establece que o subsistema de formación profesional para o emprego preverá nas súas ofertas formativas, tanto as dirixidas a traballadores desempregados como ocupados, a realización de accións formativas dirixidas á adquisición das cualificacións e competencias profesionais recollidas nos correspondentes certificados de profesionalidade.

Neste real decreto defínese o novo Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade como o conxunto dos certificados de profesionalidade ordenados sectorialmente en 26 familias profesionais e de acordo cos niveis de cualificación 1, 2 e 3, sendo o nivel 1 o máis básico e o 3 o máis complexo atendendo á competencia profesional requirida polas actividades produtivas de acordo con criterios de coñecementos, iniciativa, autonomía, responsabilidade e complexidade, entre outros, da actividade que se vai desenvolver.

O artigo 5.5º c) do dito real decreto indica que en todos e cada un dos módulos formativos que conformen os novos certificados de profesionalidade se determinarán os criterios de acceso dos alumnos e que aos alumnos que accedan ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 1 de cualificación non se lles exixirán requisitos académicos nin profesionais.

Así pois, para fomentar a calidade e a integración da formación profesional en cada un destes módulos formativos que compoñen os novos certificados de nivel 2 e 3 establécense uns criterios de acceso para o alumnado, baseados no dominio de determinados coñecementos e capacidades básicas que aseguren a formación mínima necesaria para cursar o módulo con aproveitamento. Estes coñecementos e capacidades refírense a contidos xerais de formación básica, que se denominan competencias clave.

As competencias clave proporcionan unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes idóneas ao contexto, que facilitarán ás persoas avances no seu perfil profesional. Tamén perseguen motivar para progresar no mundo do emprego e na formación, e que lles sirvan así ás persoas para a súa realización e desenvolvemento profesional e persoal.

A nivel estatal establecéronse 9 competencias clave en cada un dos dous niveis de cualificación, que se basean nos ámbitos establecidos na Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea sobre competencias clave e no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Galicia establécese unha nova competencia clave: comunicación na lingua galega, que será criterio de acceso para todos os certificados de profesionalidade que se vaian cursar dentro do territorio da comunidade.

Estas competencias clave pódense demostrar ou acreditar:

1. Estando en posesión de determinadas titulacións ou acreditacións oficiais de formación básica.
2. Superando as probas específicas que demostren o seu dominio.
3. Realizando a formación específica para a súa adquisición dentro do ámbito da formación profesional para o emprego.

Así pois, estas competencias clave poderanse demostrar a través da superación das probas que organice a administración laboral en que se avaliará o candidato en cada un dos ámbitos e niveis establecidos nos criterios de acceso.

Por iso, procede agora, no marco normativo descrito, fixar as disposicións de carácter xeral que na Comunidade Autónoma de Galicia rexerán as probas de avaliación en competencias clave de nivel 2 e 3 para o acceso aos cursos de certificados de profesionalidade dentro da formación profesional para o emprego, cuxo ámbito de xestión corresponde á Consellería de Traballo e Benestar.

Consonte o exposto, facendo uso das facultades conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura da Consellería de Traballo e Benestar; tendo en conta os preceptivos informes e os ditames do Consello Galego de Formación Profesional, do Consello de Relacións Laborais, e demais disposicións de xeral aplicación.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por obxecto regular as probas de avaliación en competencias clave da formación profesional para o emprego, na Comu-

nidade Autónoma de Galicia e no ámbito de xestión da Consellería de Traballo e Benestar, conforme o artigo 5.5º c) do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os novos certificados de profesionalidade, que establece que, para os módulos formativos dos certificados de nivel 2 e 3, se establecerán os criterios de acceso dos alumnos, que asegurarán que estes posúen as competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación.

Artigo 2º.-Finalidade.

1. Considérase que unha persoa posúe as competencias clave establecidas no artigo 5.5º c) do Real decreto 34/2008 polo que se regulan os novos certificados de profesionalidade asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais se posúe determinadas titulacións ou acreditacións oficiais de formación básica, se cursa dentro da formación profesional para o emprego a formación asociada a estas competencias clave ou se supera as probas específicas en competencias clave que organice a Administración laboral.

2. As probas de avaliación en competencias clave teñen por finalidade facilitar ás persoas que non posúan as titulacións e acreditacións oficiais de formación básica establecidas para cada nivel, que poidan demostrar, mediante un proceso de avaliación específico, que posúen os coñecementos e capacidades básicas que se requiren para cursar os correspondentes módulos dos novos certificados de profesionalidade. A superación destas probas, que se realizarán previamente ao inicio do curso do correspondente certificado de profesionalidade, facilita así ás persoas a posibilidade de continuar coa súa formación, garantindo o acceso a estes cursos en condicións suficientes para cursalos con aproveitamento e madurez, contribuíndo así ao desenvolvemento persoal e profesional das persoas e facendo realidade a aprendizaxe ao longo da vida.

Artigo 3º.-Contido das probas de competencias clave.

1. En cada un dos reais decretos que regulan os novos certificados de profesionalidade nas distintas ocupacións establécese ao final de cada módulo formativo os criterios de acceso para os alumnos e alumnas, que serán, en todo caso, algunha/s das seguintes competencias clave:

   - Comunicación en lingua castelá.
   - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés, francés ou alemán).
   - Competencia matemática.
   - Competencias en ciencia.
   - Competencia en tecnoloxía.
   - Competencia dixital.
   - Competencias sociais (xeografía).
   - Competencias sociais (historia).
   - Conciencia e expresión culturais.

2. Ademais na Comunidade Autónoma de Galicia establécese unha nova competencia clave: comunicación en lingua galega, que será necesaria a súa acreditación para todos os certificados de profesionalidade que se vaian cursar dentro do territorio da comunidade.

3. Nas distintas convocatorias as persoas poderán inscribirse en tantas competencias clave como estean interesadas, en función dos criterios de acceso aos módulos de certificados de profesionalidade que desexen cursar posteriormente.

4. Realizarase unha proba por cada competencia clave de cada nivel de cualificación e nela a persoa deberá demostrar que posúe os coñecementos e capacidades básicas suficientes para cursar con aproveitamento todos aqueles módulos de certificado de profesionalidade do nivel de cualificación correspondente á citada competencia clave.

Artigo 4º.-Destinatarios.

1. As probas de avaliación en competencias clave están dirixidas a aquelas persoas que, sen estar en posesión das titulacións ou certificacións oficiais de formación básica establecidas, cumpran dezaseis anos no ano de realización da proba, e desexen cursar un certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3.

2. Non poderán presentarse a estas probas de avaliación aquelas persoas que na data de finalización do prazo de presentación de solicitude de inscrición estean a cursar unha acción formativa conducente á obtención da mesma competencia clave para a que se convoca a correspondente proba de avaliación.

Artigo 5º.-Exencións da proba de avaliación de competencias clave.

1. Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 considérase que posúen a formación básica, e polo tanto, estarán exentas da realización de probas de avaliación en competencias clave, excepto da competencia clave de lingua galega, as persoas que acrediten estar en posesión das seguintes titulacións ou acreditacións oficiais:

   a) Certificado de profesionalidade de nivel 2.

   b) Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional que o curso ao que se desexa acceder.

   c) Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

   d) Técnico auxiliar.

   e) Técnico.

   f) Segundo curso superado de bacharelato unificado e polivalente.

   g) Segundo curso superado do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias.

   h) Terceiro curso superado do Plan de 1963 ou segundo de comúns experimental, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.

   i) Estudos declarados equivalentes a efectos académicos con algún dos anteriores.

   j) Probas de acceso superadas aos ciclos formativos de grao medio reguladas polas administracións educativas.

   k) Proba de acceso superada á universidade para maiores de 25 anos.

2. Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de

nivel 3 considérase que posúen a formación básica, e polo tanto, estarán exentas da realización de probas de avaliación en competencias clave, excepto da competencia clave de lingua galega, as persoas que acrediten estar en posesión das seguintes titulacións ou acreditacións oficiais:

a) Certificado de profesionalidade de nivel 3.

b) Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.

c) Título de bacharelato.

d) Título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.

e) Titulación universitaria ou equivalente.

f) Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de bacharelato.

g) Ter superado as correspondentes probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior reguladas polas administracións educativas.

h) Proba de acceso superada á universidade para maiores de 25 anos.

3. Estarán exentas da realización da proba de avaliación na competencia clave Comunicación en lingua galega as persoas que acrediten estar en posesión das seguintes titulacións ou acreditacións oficiais:

3.1. Para o nivel 2: as persoas que posúan o certificado de lingua galega 3 (Celga 3) ou as correspondentes validacións (Orde do 16 xullo 2007):

a) Certificado de aptitude dos cursos iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1 de abril de 2005).

b) O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

c) O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.

d) Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

3.2. Para o nivel 3: as persoas que posúan o certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou as correspondentes validacións (Orde do 16 xullo 2007):

a) Certificado de aptitude dos cursos de perfeccionamento de lingua galega (segundo Orde do 1 de abril de 2005).

b) O título de bacharelato (LOGSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de manera oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

c) Certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

Artigo 6º.-Coordinación e xestión das probas de avaliación.

O Instituto Galego das Cualificacións adscrito a Dirección Xeral de Formación e Colocación será o órgano encargado da coordinación e xestión do proceso e desenvolvemento das probas na nosa comunidade autónoma. As súas funcións serán:

a) Elaborar as convocatorias anuais sobre probas de avaliación en competencias clave.

b) Planificar e coordinar o desenvolvemento das probas de avaliación.

c) Realizar a xestión das probas, impulsando o seu desenvolvemento e calidade.

d) Elaborar e publicar as listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos ás probas en cada orde de convocatoria.

e) Propoñer os centros e o persoal para a realización das probas.

f) Designar as comisións de avaliación, que serán nomeadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

g) Supervisar o seu desenvolvemento, a través da designación do persoal técnico do Instituto Galego das Cualificacións que ocupará a secretaría en cada unha das comisións de avaliación.

h) Rexistrar as acreditacións expedidas.

i) Custodiar e arquivar todos os documentos que correspondan relacionados coa celebración das probas.

Artigo 7º.-Convocatoria.

1. A Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través do Instituto Galego das Cualificacións convocará, polo menos unha vez ao ano, probas de avaliación sobre as competencias clave requiridas para cursar os módulos formativos dos novos certificados de profesionalidade.

2. En cada convocatoria fixarase as competencias clave que se convocan, a data, o horario de realización das probas e a duración de cada unha delas, así como os centros onde terán lugar, que serán, preferentemente, centros propios da Consellería de Traballo e Benestar ou centros integrados de formación profesional da Xunta de Galicia, así como centros de referencia nacional.

3. O momento e lugar de realización das probas de avaliación sobre competencias clave serán determinados pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, en función das previsións de programación formativa de certificados de profesionalidade, do volume de persoas que demanden estas probas na nosa comunidade autónoma e de calquera outro aspecto que esta dirección xeral considere oportunos dentro do eido das súas competencias, coa finalidade de facilitar que cada persoa avance no seu itinerario de formación profesional.

Artigo 8º.-Inscrición nas probas de avaliación en competencias clave.

1. A inscrición para participar nestas probas efectuarase mediante solicitude dirixida ao Instituto Galego das Cualificacións, axustada ao modelo de solicitude que figura no anexo I desta orde, dentro do prazo e nos lugares que se especifiquen na correspondente orde de convocatoria.

Artigo 9º.-Probas de avaliación de competencias clave adaptadas ás persoas que acrediten discapacidades.

1. As persoas con necesidades específicas derivadas de discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais poderán solicitar as medidas ou os recursos adicionais necesarios para desenvolver as probas de avaliación.

2. Quen solicite proba adaptada deberá facelo constar expresamente no momento da inscrición e presentar o correspondente certificado acreditativo de minusvalidez emitido polo organismo competente, así como o seu ditame técnico facultativo.

3. A adaptación ás probas que deban superar estas persoas deberá respectar o esencial dos referentes de avaliación establecidos para cada unha das competencias clave.

Artigo 10º.-Comisións de avaliación.

1. Para a elaboración, organización, aplicación, avaliación e cualificación das probas de avaliación, crearanse comisións de avaliación, cuxo número e sedes fixaranse na orde da convocatoria.

2. Cada comisión de avaliación estará formada por un/unha presidente/a e polo menos tres vogais con coñecementos suficientes para valorar as probas.

3. Actuará como secretario/a en cada unha das comisións de avaliación un/unha técnico/a do Instituto Galego das Cualificacións, que actuará con voz pero sen voto.

4. O/a presidente e os vogais deberán cumprir os requisitos de titulación, experiencia profesional e competencia docente que se indican no artigo 11º.

5. A cada comisión de avaliación poderá incorporarse tanto persoal de apoio (vixilantes e/ou correctores/as) como se considere necesario, en función das características das probas e do número de persoas inscritas.

6. Os membros das comisións de avaliación, o/a secretario/a, así como o persoal de apoio que se puidese designar, serán nomeados polo/a director/a xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar por proposta do/a director/a do Instituto Galego das Cualificacións.

7. Os membros das comisións de avaliación están suxeitos ás causas de abstención e recusación que prevén os artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As comisións de avaliación terán as seguintes funcións:

a) Colaborar na organización das probas co Instituto Galego das Cualificacións, para tal fin participarán nas reunións de planificación e organización que se establezan.

b) Establecer as probas, así como os criterios de corrección, en coordinación e segundo as directrices establecidas polo Instituto Galego das Cualificacións.

c) Aplicar as probas aos candidatos, atendendo e resolvendo as incidencias que poidan orixinarse durante a súa realización, en colaboración, se é o caso, co persoal de apoio.

d) Corrixir e cualificar as probas, en colaboración, se é o caso, co persoal de apoio.

e) Cubrir a acta coas cualificacións definitivas, que remitirán ao Instituto Galego das Cualificacións, para o seu arquivo.

f) Resolver, en primeira instancia, as reclamacións que poidan presentarse.

8. Os membros das comisións de avaliación, secretarios/as e persoal de apoio percibirán as cantidades establecidas para o efecto na normativa vixente.

Artigo 11º.-Requisitos dos membros das comisións de avaliación.

O/a presidente, vogais e persoal de apoio que realice funcións de avaliación nas probas en competencias clave reunirán os requisitos de titulación, experiencia profesional e competencia docente que se detallan neste artigo.

1. Titulación requirida:

Titulo de grao, licenciatura ou diplomatura no ámbito da competencia clave de que se trate, segundo se especifica no anexo II.

2. Competencia docente:

Estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos. Do antedito requisito estarán exentos as persoas que:

a) Estean en posesión das titulacións de licenciatura en pedagoxía, en psicopedagoxía ou o título de mestre/a en todas as súas especialidades.

b) Posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no punto anterior e ademais se encontren en posesión do título de especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.

c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 200 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego o do sistema educativo.

Artigo 12º.-Resultado e efectos das probas.

1. Ás persoas que participen nas probas de avaliación correspondentes a unha ou varias competencias clave expediráselles un documento acreditativo, que certificará o resultado obtido en termos de apto/non apto. Este documento conterá os aspectos sinalados no anexo III desta orde.

2. As competencias clave demostradas mediante a superación da correspondente proba servirán para o acceso a todos os módulos formativos que requiran esas competencias clave como criterio de acceso.

3. Cando non se superasen as probas de avaliación nunha/s competencia/s clave, poderase acceder, con carácter preferente, aos cursos en competencias clave que se determinen dentro da formación profesional para o emprego que xestiona a Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 13º.-Reclamacións e recursos.

1. Poderanse presentar reclamacións contra as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas ante o Instituto Galego das Cualificacións, e contra a cualificación provisional nas probas ante a Comisión de Avaliación, na forma e prazos que se determinen na orde de convocatoria.

2. A publicación das listas provisionais e definitivas terá os efectos de comunicación ás persoas reclamantes.

3. Contra as listas e cualificacións definitivas, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a director/a xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da correspondente lista ou cualificación definitiva, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificacións da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Expedición e rexistro.

1. A expedición das acreditacións en competencias clave realizaraa a Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar.

2. O Instituto Galego das Cualificacións levará un rexistro nominal e por especialidades de todas as acreditacións de competencias clave expedidas.

3. Para os efectos de garantir a transparencia do mercado de traballo e facilitar a libre circulación de traballadores instrumentaranse os mecanismos necesarios para que as inscricións efectuadas no rexistro a que se refire o parágrafo anterior se trasladen ao Rexistro Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. A superación das probas de avaliación sobre competencias clave ten validez a nivel estatal para o acceso á formación de novos certificados de profesionalidade dentro da oferta de formación profesional para o emprego que xestionan as administracións laborais.

Artigo 15º.-Arquivo de documentación das probas de competencias clave.

O Instituto Galego das Cualificacións conservará toda a documentación xerada durante este proceso durante os 3 meses seguintes a súa finalización. Transcorrido este período sen que se produza reclamación algunha, poderá proceder a súa destrución. No caso de exames reclamados e dos impugnados, a documentación conservarase durante un período de 5 anos.

Artigo 16º.-Protección de datos.

Na xestión dos procesos a que se refire esta orde respectarase a normativa sobre protección de datos, consonte a lexislación vixente.

Disposición adicional

Primeira.-Vixencia das certificacións en competencias clave.

A certificación de ter superada a proba sobre unha determinada competencia clave de nivel 2 ou de nivel 3 manterá a súa vixencia ata que non se modifique o contido da dita competencia clave.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorizacións.

Autorízase a Dirección Xeral de Formación e Colocación para ditar as instrucións que se consideren necesarias para a aplicación do previsto nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrara en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Ver anexos pdf "79-09.PDF"

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadeProgramas de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadeProgramas de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadeProgramas de cooperaciónProgramas mix-

CAPÍTULO IV.- RELACIÓNS LABORAIS

Consello Galego de Relacións Laborais

80 Resolución do 31 de xullo de 2009 pola que se convoca a vixésima edición do curso superior de relacións laborais.

(DOG nº 160, do 17.08.2009).

A Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), publicada no DOG do 11 de xuño de 2008, establece entre as funcións do CGRL, no seu artigo 3.2º.h), a de xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

O Pleno do CGRL, integrado pola Confederación de Empresarios de Galicia e polas organizacións sindicais UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG, en xuntanza ordinaria que tivo lugar o 2 de marzo de 2009, acordou a realización do Curso superior de relacións laborais na súa vixésima edición, co obxecto de afondar e promocionar as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e especialización de profesionais nesta materia, e para iso solicita da Universidade de Santiago de Compostela a súa colaboración para o referido curso.

Conscientes da demanda pola sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no marco das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos, procédese a convocar a vixésima edición do Curso superior de relacións laborais, que se desenvolverá segundo as seguintes bases:

1ª. Obxecto: o curso pretende ser un foro de exposición e debate sobre os profundos cambios producidos anualmente na lexislación laboral, que afectan, ademais de ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do contrato de traballo), á negociación colectiva, á representación dos/das traballadores/as na empresa, á seguridade social e á seguridade e hixiene no traballo. Así mesmo, non cabe esquecer a incidencia que está a ter o dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos estados membros da Unión Europea.

2ª. Destinatarios: diríxese o curso a todas as persoas que están interesadas en adquirir unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, facilitando a súa capacitación para resolver as cuestións suscitadas polas relacións laborais e a xestión de recursos humanos e, en especial, ás persoas licenciadas en dereito, ciencias económicas e empresariais, ou a diplomados/as en relacións laborais, responsables de recursos humanos, xefes/as de relacións laborais, asesores/as e cadros de persoal das organizacións sindicais e empresariais, etc.

3ª. Contido e horas lectivas: o curso contará cun total de 200 horas lectivas distribuídas nos seguintes módulos formativos:

Módulo I	Política e xestión integrada dos recursos humanos	40 horas
Módulo II	Relación individual de traballo	50 horas
Módulo III	Relacións colectivas de traballo	40 horas
Módulo IV	Dereito administrativo do traballo. Saúde laboral. Dereito penal do traballo	24 horas
Módulo V	Seguridade social	20 horas
Módulo VI	Dereito social comunitario	8 horas

Para as sesións de inauguración e clausura así como para as mesas redondas e outras actividades lectivas, está previsto un total de 18 horas.

4ª. Calendario: a inauguración do curso terá lugar o 20 de novembro de 2009 e rematará o 4 de xuño de 2010. Os días lectivos figuran

detallados no programa que se entregará aos alumnos.

As clases impartiranse nas aulas da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela e o horario normal de actividades será en sesión de tarde, desde as 16.30 ata as 20.30 horas.

A dirección do curso poderá modificar o programa de desenvolvemento por circunstancias eventuais que afecten a súa organización. Estas variacións seranlles anunciadas aos asistentes coa suficiente antelación. Cada mes natural entregarase unha relación dos temas que se vaian impartir e dos seus correspondentes relatores.

5ª. Inscrición e solicitudes: a) Información: as persoas que desexen matricularse no curso deberán poñerse en contacto coa Secretaría Técnica, no Consello Galego de Relacións Laborais, Algalia de Abaixo, 24, 15781 Santiago de Compostela, telf.: 981 95 74 89; telefax: 981 54 16 10; e-mail: maria.jesus.diaz.lorenzana@xunta.es, que lles facilitará a información necesaria, o programa do curso e os modelos oficiais de solicitude de admisión e de matrícula. Poderán tamén acceder á información a través da web: http://cgrl.xunta.es.

b) Prezo: o prezo que deberá satisfacer o alumnado en concepto de matrícula será de mil douscentos noventa e dous euros con dezaoito céntimos (1.292,18 €), que deberá ser aboado na conta da entidade bancaria que figura no impreso de pagamento de prezos públicos que se enviará ao alumnado unha vez formalizada a súa matrícula na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo da Universidade de Santiago de Compostela.

O importe da matrícula poderá ser satisfeito nos prazos e contías que a continuación se dispoñen e que lles será facilitado pola Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo da USC nos ditos períodos:

1º prazo: 691,18 euros, ata o 19 de novembro de 2009.

2º prazo: 601 euros, ata o día 15 de xaneiro de 2010.

c) Número de prazas: establécese un límite máximo de 75 alumnos/as nesta edición.

d) Forma: as solicitudes de inscrición faranse por escrito, no modelo oficial que se facilita co programa do curso, e deberán ser remitidas ao Consello Galego de Relacións Laborais.

e) Prazo de admisión: o prazo de admisión de solicitudes de inscrición comezará o 21 de setembro e rematará o 20 de novembro de 2009 ou na data en que se cubra a totalidade das prazas ofertadas.

f) Matrícula: os/as alumnos/as admitidos/as deberán formalizar a súa matrícula cubrindo o formulario que se lles indicará desde o Consello Galego de Relacións Laborais e que se presentará na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo da USC no prazo que se indique, en todo caso antes do 20 de novembro, achegando copia do seu documento de identidade e copia compulsada da documentación acreditativa da titulación de acceso ao dito curso de especialización.

6ª. Asistencia, avaliación e diploma: é obrigatoria a asistencia regular a todas as actividades do curso. A asistencia quedará reflectida no correspondente parte, asinado polo alumnado ao comezo e ao remate de cada sesión.

Ao remate de cada módulo o alumnado deberá realizar unha proba sobre os contidos mínimos das materias impartidas naquel. A dita proba terá como finalidade a de verificar o aproveitamento das ensinanzas recibidas e potenciar o debate nas sesións.

A matrícula do curso, a asistencia regular ás ensinanzas programadas e a realización das probas dá dereito á expedición do oportuno título propio pola Universidade de Santiago de Compostela, así como a un diploma acreditativo da realización do curso.

A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, en máis do 20% das sesións académicas privará do dereito á obtención do diploma, sen prexuízo de que poida emitirse a correspondente certificación das sesións ás cales concorrese.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009.

Cooperativas e economía social

81 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

(DOG nº 6, do 9.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 201, do 14.10.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

A mesma lei prevé, así mesmo, a participación doutros ámbitos da Administración pública, establecendo que a Administración local procurará considerar dentro dos seus plans ou programas de actuación a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

Esta consellería, tendo en conta as potencialidades da fórmula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, a necesidade de que o labor de divulgación e fomento se realice tamén desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns, así como as sinerxias derivadas da cooperación entre as distintas administracións, quere estimular a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte das entidades locais.

A través desta orde regúlase o proceso de selección daquelas iniciativas que resulten de maior interese para o desenvolvemento do cooperativismo no ámbito local, co obxecto de contribuír ao seu financiamento mediante a concesión dunha subvención de ata o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades propostas por parte dos concellos seleccionados. Entre os criterios de selección, outórgaselle especial importancia á sintonía do proxecto co Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo.

A regulación axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e réxime das subvencións.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar parcialmente a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte dos concellos e doutras entidades locais de Galicia.

2. A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 16.04.324A460.0, código do proxecto 2009/01035 da Dirección Xeral de Relacións Laborais por un crédito polo importe de trescentos nove mil euros (309.000).

3. En todo caso o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin, no momento da resolución, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1999, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001

4. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nesta orde.

Artigo 2.-Beneficiarios e contía.

1. Poderán ser beneficiarios os concellos de Galicia, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local que, logo da solicitude, resulten seleccionados segundo o establecido nesta orde e realicen as devanditas actividades antes do 15 de novembro de 2009.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertenzan a unha mesma zona sen constituíren mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as subvencións que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión das subvencións e deberán designar de entre eles o que teña a representación conxunta e a consideración de beneficiario para efectos da tramitación da subvención.

3. Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión da solicitude individual de subvencións subscrita polo concello de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. No poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións previstas nesta orde as entidades que incorran nalgunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia

6. As actividades obxecto de subvención poderán consistir en calquera tipo de acción promocional e de fomento do cooperativismo dirixida ao ámbito territorial do concello ou concellos solicitantes e a súa área de influencia. A título de exemplo, poderán consistir na elaboración e publicación de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; celebración de feiras, mostras, congresos; organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios; así como actividades de fomento de viveiros cooperativos.

Coidarase especialmente o enfoque de carácter práctico e eficaz das actividades, así como a súa imbricación coa realidade do contorno socioeconómico local onde se desenvolven. Na medida en que resulte posible, procurarase a participación das asociacións de cooperativas representadas no Consello Galego de Cooperativas como xeito de contribuír á difusión dos valores e potencialidades do cooperativismo.

7. A contía das subvencións non poderá superar o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos, sen que en ningún caso excedan a contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

A contía máxima da subvención non poderá exceder de 20.000 por concello. No caso da actividade de fomento de viveiros cooperativos será subvencionable parte do importe do aluguer do local do viveiro durante o ano 2009, cun límite máximo de 3.000 por local e cooperativa.

Artigo 3º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes de subvencións deberán dirixirse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

* Memoria do proxecto que conteña:

- Identificación do concello ou entidade local solicitante e do seu ámbito de influencia.

- Indicación das actividades de fomento do cooperativismo que realizou en anos anteriores ou se é a primeira ocasión en que accede esta liña de axudas

- Director ou coordinador do proxecto.

- Descrición das actividades que se pretenden realizar, especificando a súa finalidade e as persoas destinatarias.

- Medios previstos para a súa realización, así como un informe relativo á capacidade profesional das persoas intervenientes, de ser o caso

- Orzamento detallado, cuantificado en todos os seus puntos, indicando a procedencia dos recursos non achegados pola consellería.

* Certificación expedida polo secretario da entidade local do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso o concello ou a mancomunidade de municipios nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

* Os concellos que se asocien para os efectos desta orde deberán achegar documento en que se acorde a colaboración dos concellos e a designación do que os representa, así como certificación dos/as secretarios/as, dos acordos do Pleno ou da Comisión de Goberno en que deleguen a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

* Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade ou proxecto polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

3. O prazo de presentación de solicitudes remata aos corenta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 4º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, por ser o órgano instrutor, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase ao interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 5º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que, unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que realizará a selección e informará ao órgano instrutor. Este órgano elevaralle proposta á persoa titular da Consellería de Traballo, quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que a presidirá, o/a subdirector/a xeral de Cooperativas e Economía Social, tres representantes dos concellos de Galicia nomeados pola Federación Galega de Municipios e Provincias, un/unha representante das asociacións de cooperativas con representación no Consello Galego de Coopera-

tivas e o xefe/a do Servizo de Cooperativas e Economía Social que actuará como secretario ou secretaria.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, o/a secretario/a e polo menos a metade dos seus membros. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos/as funcionarios/as que a compoñen non puider asistir, será substituído polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular Dirección Xeral de Relacións Laborais

3. A comisión de avaliación rexerase polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

4. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

1. A comisión realizará a estimación do número de beneficiarios e da contía da subvención, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias previstas para este fin e os límites fixados nesta orde, a comisión non terá en conta os proxectos que non se adapten a estas bases.

2. Como criterios de avaliación teranse en conta as seguintes características dos proxectos, ordenadas como se indica a seguir:

1º Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para cooperativismo, ata 30 puntos.

2º Por tratarse de concellos ou mancomunidades que presenten proxectos que impulsen a incorporación de mulleres como socias de cooperativas, ata 28 puntos.

3º Por accións encamiñadas a facilitar a posta en marcha de proxectos empresariais que dean saída profesional aos desempregados do ámbito territorial de influencia, mediante a creación de cooperativas ou a incorporación ás xa existentes, ata 26 puntos.

4º Por actuacións dirixidas á posta en valor e aproveitamento sustentable dos recursos locais, a través de proxectos empresariais cooperativos que agrupen titulares de explotacións agrarias (agrícolas, gandeiras, forestais e outras), pesqueiras (pesca, marisqueo, acuicultura e relacionadas), ou doutro tipo de actividades empresariais e profesionais, ata 24 puntos.

5º Por actuacións que tendan ao aproveitamento integral dos recursos humanos e materiais, que no devandito ámbito territorial teñan como obxectivo o impulso de proxectos empresariais, de promoción do emprego, de orientación de emprendedores e de actividades de asesoramento e formación relacionadas con elas, ata 22 puntos.

6º Por proxectos innovadores ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata 20 puntos.

7º Pola coordinación das actuacións entre distintos concellos, así como pola colaboración con sociedades cooperativas galegas e as súas asociacións, ata 18 puntos.

8º Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda ata un máximo de 18 puntos

Artigo 7º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución, que se notificará aos interesados. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva do concello ou mancomunidade solicitante, ben que a consellería debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de recadar a información complementaria que coide oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas. En todos os soportes, materiais ou publicacións e calquera medio de divulgación das actividades deberá constar de xeito destacado a colaboración da Consellería de Traballo.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; así como formular o requirimento previsto no artigo 44 desta lei.

5. De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a Consellería de Traballo publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro deste orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Traballo incluirá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela).

Artigo 8º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, os interesados dispo-

ñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

2. Ao remate da actividade, deberase presentar informe exhaustivo da súa realización, acompañado de copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública. O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor dos beneficiarios e logo de acreditación dos gastos e dos pagamentos realizados Unicamente se aboará ata o 80% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso a forma de xustificación deberá aterse o previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

3. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa, para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención, antes do 15 de novembro de 2009, nos termos e na forma que estableza a resolución da concesión. No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

4. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das subvencións as indicadas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público estatal ou internacional.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

Artigo 10º.-Modificación da resolución, revogación e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

Artigo 11º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde.

Disposición adicional

Única.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "81-09.PDF"

Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

En cumprimento do disposto no artigo 7 da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo (DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2009), resolvo que se publiquen as subvencións concedidas que

se indican no anexo, cun importe total de 309.000 euros, con cargo á aplicación 48.03.324A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2009.

Ver anexos pdf "81-09.PDF"

82 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.

(DOG nº 10, do 15.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 200, do 13.10.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

As axudas establecidas nesta orde para o fomento e consolidación do asociacionismo e para a realización de actividades de promoción do cooperativismo intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo. Como novidade con respecto a anteriores convocatorias, introdúcense novos criterios de avaliación, que reflicten, por unha banda, a importancia dos procesos de intercooperación entre asociacións e, pola outra, o necesario estímulo dos procesos de incorporación das mulleres á dirección das cooperativas.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto convocar as axudas para o fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo, principalmente as asociacións de cooperativas, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo.

2. Para estes efectos, pódense considerar como gastos normais de funcionamento:

   - Alugueres e gastos de mantemento de locais e equipamentos.
   - Gastos de persoal.
   - Gastos de comunicacións (teléfono, internet, correo, mensaxaría e similares), material de oficina, e publicacións diversas.
   - Mantemento da páxina web da asociación.
   - Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade autónoma galega.
   - Gastos de representación e participación en congresos, seminarios, xornadas e similares.
   - Realización de asembleas e reunións.
   - Servizos profesionais.

3. Poderanse considerar como actividades de promoción do cooperativismo a organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios; a elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; a elaboración de proxectos de intercooperación e integración; a asistencia a feiras, mostras e congresos, así como calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo, incluídas as dirixidas á realización de procesos formativos de persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos.

4. O período subvencionable tanto para os gastos normais de funcionamento, como para a realización de actividades de promoción do cooperativismo será o comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 30 de novembro de 2009.

Artigo 2º.-Financiamento e normativa reguladora.

1. A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 16.04.324A.481.1, código do proxecto 2009/01042 da Dirección Xeral de Relacións Laborais por un crédito por importe de cincocentos noventa e nove mil douscentos trinta e un euros (599.231 €).

   En todo caso, o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin, no momento da resolución, nos orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1999, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001.

2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo.

2. A contía das axudas previstas non poderá superar o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos sen que en ningún caso excedan da contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes presentaranse segundo o modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da persoa que teña a representación legal.
- Ficha de solicitude da transferencia bancaria segundo o anexo IV desta orde.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.
- Memoria, asinada polo órgano competente, segundo modelo que figura como anexo II desta orde.
- Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.
- Proposta das actividades de promoción do cooperativismo para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervenientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

3. A presentación da solicitude de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

4. O prazo de presentación de solicitudes remata aos corenta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 5º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, por ser o órgano instrutor, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase a entidade interesada para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Esta fase completarase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 6º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que, unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que informará o órgano instrutor. Este órgano elevará proposta á persoa titular da Consellería de Traballo, quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que a presidirá; o/a subdirector/a xeral de Cooperativas e Economía Social e o/a xefe/a do servizo de Cooperativas e Economía Social, que actuarán como vogais; e un funcionario/a designado/a pola persoa titular da Dirección Xeral, que actuará como secretario/a. Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa na que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo/a funcionario/a que, para o efecto, designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor ava-

liación das solicitudes.

Artigo 7º.-Criterios de avaliación.

1. A concesión e contía das axudas para os gastos normais de funcionamento serán fixada en función da representatividade que teñan as asociacións solicitantes, en primeiro lugar, e tendo en conta os niveis de actividade que desenvolvan, en segundo lugar, de acordo co seguinte baremo:

   1º Polo número de cooperativas asociadas, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia: 1 punto por cada entidade asociada.

   Neste suposto, se a cooperativa asociada é de segundo grao, computaranse as cooperativas integradas a través dela sempre e cando non estean asociadas directamente.

   2º Polo nivel de actividade da asociación outorgaranse:

   - 8 puntos por cada local en funcionamento.
   - 5 puntos pola participación no Consello Galego de Cooperativas.
   - 4 puntos por cada traballador ou traballadora.
   - 4 puntos pola existencia de páxina web operativa.
   - 2 puntos pola integración da asociación nunha entidade de intercooperación e 2 puntos adicionais cando estea integrada en máis dunha.

2. Para as subvencións de actividades de promoción do cooperativismo teranse en conta os seguintes criterios ordenados segundo a súa importancia:

   1º Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan Estratéxico para Cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos.

   2º Por propostas formativas ou divulgativas dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos consellos reitores das cooperativas e postos directivos en xeral, ata un máximo de 30 puntos.

   3º Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos.

   4º Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e cumprimento dos compromisos derivados das actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

   5º Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.

   6º Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 15 puntos.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

A contía máxima da subvención para actividades de promoción do cooperativismo non poderá exceder de 80.000 € por entidade beneficiaria.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente dictará a correspondente resolución, que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comenzará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a Consellería de Traballo publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro deste orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Traballo incluirá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela).

Artigo 9º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. As axudas materializaranse a través de convenios de colaboración subscritos pola consellería con cada unha das entidades beneficiarias. En concepto de anticipo poderase facer efectivo ata o 50% do total da contía da subvención, unha vez acreditada a súa aceptación coa subscrición do convenio.

2. Os convenios de colaboración deberán conter, como mínimo, os seguintes extremos:

   a) Obxecto da colaboración e asociación colaboradora.

   b) Normativa reguladora.

   c) Prazo de duración.

d) Requisitos que deben cumprirse nas diferentes fases do procedemento.

e) Prazo e forma da presentación da xustificación da subvención.

f) Determinación dos libros e rexistros contables específicos que deben levar as asociacións para facilitar a adecuada xustificación da subvención e comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

g) Obriga de reintegro da subvención no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos para a súa concesión e nos supostos previstos legalmente.

h) Obriga da asociación de someterse ás actuación de comprobación e control previstas legalmente.

i) Contía económica da subvención.

3. O pagamento das axudas efectuarase segundo se estableza no correspondente convenio de colaboración e quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa, para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, antes do 30 de novembro de 2009. Unicamente se aboará ata o 80% dos pagamentos realmente realizados, correspondentes aos gastos xustificados ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Artigo 10º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

A entidade solicitante non poderá atoparse incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

Artigo 11º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas as referidas no artigo 11 da Lei 9/2007 en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 12º.-Modificación da resolución, revogación e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 13º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e no convenio de colaboración.

Disposición adicional

Única.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "82-09.PDF"

Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.

En cumprimento do disposto no artigo 8 da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009), resolvo que se proceda á publicación das subvencións concedidas que se indican no anexo, cun importe total de 599.231 euros, con cargo á aplicación 48.03.324A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2009.

Ver anexos pdf "82-09.PDF"

83 Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 62, do 31.03.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativa en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Por outra banda, e tendo en conta o marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e a Declaración Institucional polo Diálogo Social en Galicia, asinada o 5 de novembro de 2005, entre a Xunta de Galicia, e as organizacións sindicais e empresariais, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego.

Segundo o establecido no artigo 29 do Estatuto de autonomía de Galicia e, de conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos transferidos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba o Fondo Nacional de Protección ao Traballo e, segundo a disposición adicional única da Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais, a xestión das axudas dos programas para a creación e o mantemento do emprego recollidas nela.

De acordo co disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

Para reforzar a visión integral do apoio á economía social na Comunidade Autónoma de Galicia esta orde agrupa os programas de promoción, divulgación e difusión do cooperativismo e o programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais que se adecúa á Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais 3501/2005, do 7 de novembro (BOE número 270, do 11 de novembro).

As distintas axudas e subvencións establecidas nesta orde, intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento en materia de economía social, tanto no que respecta ao fomento do emprego e mellora da competitividade como á promoción das cooperativas, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido económico e sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, establece un conxunto de axudas orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas, como socios e socias traballadores/as ou de traballo nas cooperativas ou sociedades laborais galegas, ao considerar as distintas fórmulas de autoemprego colectivo como medidas eficaces para a xeración de emprego, mobilización de recursos, corrección de desequilibrios comarcais e fixación de man de obra produtiva, establecendo vínculos de interese mutuo entre a poboación e o seu propio territorio. Así mesmo, preténdese mediante incentivos para o financiamento dos investimentos en inmobilizado material e inmaterial, aumentar a competitividade destas empresas co obxecto último de manter o seu emprego.

Os programas de promoción do cooperativismo establecen axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos, incluso na fase previa á súa constitución formal, potenciando singularmente os procesos de asesoramento e acompañamento das novas iniciativas e o seu acceso aos fondos de garantía; fomentan especificamente o acceso á condición de socios e socias traballadores/as para incentivar a plena integración na empresa cooperativa; recollen axudas para a realización de actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións, así como un programa específico de apoio ás cooperativas que prestan servizos de natureza social e á comunidade.

Este último programa ampliou a súa cobertura nesta convocatoria, incluíndo como posible beneficiarias as entidades que operan no ámbito da protección ambiental e do tempo libre. Outra novidade salientable é a introdución dun novo programa de fomento da prevención de riscos laborais no cooperativismo.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de Relacións Laborais e, de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Capítulo I

Finalidade, ámbito e réxime das axudas.

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traballo, coa finalidade de promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas, mediante unha mellora da súa competitividade, así como a promoción do cooperativismo a través dos seguintes programas:

   - Programa I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
   - Programa II: Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.
   - Programa III: Impulso de proxectos empresariais cooperativos.
   - Programa IV: Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.
   - Programa V: Actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.
   - Programa VI: Apoio ás cooperativas que prestan servizos de natureza social e á comunidade.
   - Programa VII: Fomento da prevención de riscos laborais no cooperativismo.

2. As bases reguladoras de cada un dos programas incorporaranse como anexo desta orde, que forma parte integrante dela.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

   - Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
   - Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
   - Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Persoas e entidades beneficiarias.

1. Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde:

   a) As cooperativas e sociedades laborais, tanto para as actuacións previstas no programa I de Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, como para as axudas previstas no programa II relativas á contratación de directores/as e os/as xerentes.

   b) As cooperativas con socios/as traballadores/as ou de traballo e as sociedades laborais para as actuacións previstas no programa II relativas á realización de investimentos.

   c) As cooperativas de nova creación ou as que acometan novos proxectos nos termos e para as actuacións previstas no programa III de Impulso de proxectos empresariais cooperativos, así como as persoas e entidades que presten os servizos de asesoramento e acompañamento nos termos previstos no punto 3 da base terceira.

   d) As persoas desempregadas e as que realicen unha xornada inferior á habitual, así como os asalariados/as das cooperativas, nos termos e para as axudas previstas no programa IV de fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

   e) As cooperativas para as actuacións previstas no programa V de actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións, así como no programa VII de fomento de prevención de riscos laborais no cooperativismo.

   f) As cooperativas que presten servizos de natureza social e á comunidade, nos termos previstos no programa VI.

2. Con carácter xeral os beneficiarios e as beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

   a) As entidades deberán estar legalmente constituídas e/ou inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia ou no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, ambos dependentes da Xunta de Galicia, e/ou no Rexistro Mercantil, se é o caso.

   b) Estar ao día das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

   c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

3. Esta orde non será de aplicación ás solicitudes formuladas polas empresas e para as actividades que se indican a seguir:

   a) Empresas que operan nos sectores da pesca e a acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) número 104 do Consello

(DO L 17 do 21 de xaneiro de 2000).

b) Empresas que operan na produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou Estados membros, é dicir, a axuda vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación ou funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Empresas activas no sector do carbón, segundo se define no Regulamento (CE) número 1407/2002.

e) Adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada, por empresas que realicen por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada.

f) Empresas en crise.

Artigo 3º.-Financiamento e normativa reguladora.

1. A concesión das axudas previstas nos programas desta orde estarán suxeitas á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás aplicacións 16.04.324A.471.0, código do proxecto 200901054 cunha contía inicial de 1.792.871 €; 16.04.324A.472.0 código proxecto 200901052 cunha contía inicial de 533.025 €; 16.04.324A.770.0 código proxecto 200901065 cunha contía inicial de 1.183.702 €, da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

A distribución inicial de créditos por programas é a seguinte:

- Programa I: 533.025 € (16.04.324A.472.0) e 942.871 € (16.04.324A.471.0).
- Programa II: 100.000 € (16.04.324A.471.0) e 983.702 € (16.04.324A.770.0).
- Programa III: 150.000 € (16.04.324A.471.0).
- Programa IV: 200.000 € (16.04.324A.471.0).
- Programa V: 200.000 € (16.04.324A.471.0) e 100.000 € (16.04.324A.770.0).
- Programa VI: 100.000 € (16.04.324A.471.0) e 100.000 €(16.04.324A.770.0).
- Programa VII: 100.000 € (16.04.324A.471.0).

De producirse remanentes de crédito nalgún dos devanditos programas, procederase á reasignación das contías sobrantes entre os restantes.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polos Fondos Europeos.

2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión, axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, na Lei de orzamentos xerais da Comunidades Autónoma de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da referida Lei 9/2007, publicarase mediante resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Capítulo II

Normas comúns, solicitudes, documentación e procedemento.

Artigo 4º.-Competencia.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nos programas I, II, IV e VI corresponderalle por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo aos respectivos delegados/as provinciais da consellería, en función do domicilio social da cooperativa ou sociedade laboral.

2. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nos programas III ,V e VII corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo.

Artigo 5º.-Solicitudes, prazo e documentación.

1. As solicitudes de axudas e subvencións recollidas nos distintos programas desta orde, deberán formalizarse por separado para cada un deles, dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude de subvención pola entidade comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas dos programas I, II, III, IV e VI finalizará o 15 setembro de 2009; respectaranse, en todo caso, os prazos específicos previstos para cada tipo de axuda.

O prazo de presentación de solicitudes da axuda pola incorporación de socios e socias traballadores/as ou de traballo será de tres meses contados desde a data de alta na Seguridade Social. No suposto dos/as traballadores/as con vinculación á empresa por un contrato temporal, o prazo de tres meses computarase desde a data de incorporación como socio/a traballador/a ou de traballo, comunicada á Seguridade Social. Non obstante, deberá ser respectado o prazo xeral establecido anteriormente aínda que nesta data non transcorresen tres meses desde a data de alta na Seguridade Social.

4. O prazo de presentación de solicitudes para o programa V e VII rematará aos corenta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

5. As actuacións subvencionables realizadas entre o 16 de setembro do ano 2008 e a data de publicación desta orde, poderán acollerse ás axudas previstas nesta, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a incorporación, a contratación, ou se tivese iniciado a execución do proxecto de investimento. O prazo para a presentación destas solicitudes rematará aos corenta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

6. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo II desta orde e deberán ir acompañadas da documentación xeral e específica citada no axexo III. As solicitudes e os anexos están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo http://traballo.xunta.es.

As entidades que soliciten máis dun programa dos previstos nesta orde, unicamente deberán xuntar un exemplar da documentación xenérica coa primeira das solicitudes presentadas, facendo constar tal circunstancia nas posteriores. En todo caso, todas as solicitudes se deberán presentar xunto coa documentación específica para o programa respectivo.

Artigo 6º.-Instrución.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas ao órgano competente para resolver, para que a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase ao/a interesado/a para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, considerarase desistido/a da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Esta fase completarase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante, segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Relacións Laborais, así como as certificacións indicadas no número 2 do artigo 5º.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da delegación provincial da Consellería de Traballo competente por razón do territorio, para os programas I, II, IV e VI.

O órgano instrutor dos expedientes relativos os programas III, V e VII será o Servizo de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 7º-Resolución e recursos.

1. A concesión das axudas previstas nos programas I, II, V e VII realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que, unha vez instruídos os expedientes, pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que aplicará os criterios de valoración sinalados nas bases reguladoras e informará o órgano instrutor. Este órgano elevaralle proposta ao delegado/a provincial da consellería ou a persoa titular da Consellería de Traballo, segundo o caso, que resolverán poñendo fin á vía administrativa.

2. A avaliación das solicitudes relativas aos programas I e II terá lugar en dúas fases:

a) Para os recibidos ata o día 1 de xullo, a partir da segunda quincena de dito mes.

b) Para os recibidos ata o 15 de setembro, a partir do mes de outubro.

3. Aquelas solicitudes sobre as que non se formulase proposta de resolución na primeira fase de concesión, non se considerarán expresamente desestimadas e poderán ser obxecto de ulterior avaliación na seguinte fase.

4. As solicitudes relativas aos programas V e VII serán obxecto dunha única avaliación específica, unha vez rematada a instrución dos correspondentes expedientes.

5. A comisión de avaliación das solicitudes presentadas aos programas I, II, V e VII estará formada polos seguintes membros: á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que a presidirá, a/o subdirector/a xeral de Cooperativas e Economía Social, os xefes e as xefas de servizo de Relacións Laborais das delegacións provinciais da consellería e un funcionario ou funcionaria designado/a pola persoa titular da dirección xeral, que actuará como secretario/a.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a el/a presidente/a, ou persoa na que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituído polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da dirección xeral.

6. Os programas III, IV e VI, tramitaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva. En consecuencia e, logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, o órgano competente ditará a resolución debidamente motivada que se lle deberá notificar ao/a interesado/a.

7. O prazo para resolver e notificar será de seis meses. En todo caso, para as solicitudes dos programas I, II, V e VII o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora

da xurisdición contencioso-administrativa.

9. De acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a Consellería de Traballo publicará no DOG e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do beneficiario/a, a contía e a súa finalidade.

10. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal a Consellería de Traballo incluirá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros- rúa Domingo Fontán 9-15702 Santiago de Compostela).

Os/as interesados/as teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do punto 2 do artigo 15 da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, os interesados disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor dos/as beneficiarios/as e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, antes do 30 de novembro de 2009, da documentación xeral e da específica que corresponda, relacionada nos puntos seguintes:

3.1. Documentación xeral:

a) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda, no prazo, nos termos e na forma que estableza a resolución de concesión.

b) No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

3.2. Documentación específica para cada programa:

a) No caso das axudas para a elaboración do plan empresarial, proxectos técnicos e estudos en xeral, deberá presentarse unha copia deles, previamente ao seu pagamento.

b) Cando se trate da subvención financeira, xuntarase copia do contrato do préstamo, facturas do total do investimento en inmobilizado material e inmaterial realizado e xustificantes dos pagamentos realizados, alta na Seguridade Social dos socios ou socias traballadores polos que se solicita subvención e alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda, de non telo presentado con anterioridade. Con posterioridade, a persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de trinta días, desde a data de pagamento da subvención, deberá presentar certificación da entidade financeira acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

c) No caso de subvención directa, facturas do total do investimento en inmobilizado material e inmaterial realizado, xustificantes dos pagamentos realizados, alta na Seguridade Social dos socios ou socias traballadores/as por quen se solicita subvención e alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda, de non telo presentado con anterioridade.

d) Cando se trate da axuda pola contratación de directores/as ou xerentes, xuntarase copia do contrato e alta na Seguridade Social.

e) No caso de asesoramento e acompañamento de proxectos deberá achegarse certificación dos servizos realizados expedida polos que o prestaron e conformada polos promotores, xunto cos documentos normalizados acreditativos da realización das distintas fases e copias dos documentos elaborados, de acordo co previsto na base terceira (programa III). Se o beneficiario é a cooperativa promotora do proxecto deberá acreditar o pagamento dos servizos.

f) Cando se trate da axuda excepcional de inicio da actividade, facturas xustificativas da realización do total destes gastos e xustificantes dos pagamentos realizados.

g) Nas axudas da base cuarta (programa IV) e, co obxecto de acreditar a adquisición da condición de socio/a e o recoñecemento do desembolso das achegas e cotas de ingreso, se é o caso, deberá presentarse certificado da cooperativa relativo ás anotacións realizadas no libro de achegas ao capital social así como no libro de socios e socias.

h) Cando se trate das incorporacións ou contratacións de profesionais, previstas na base sexta (programa VI), achegarase certificado da inscrición no libro de socios/as ou copia do contrato de traballo, así como xustificante da alta na Seguridade Social.

4. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento, xeral ou específica, poderá presentarse xunto coa solicitude a opción do/a interesado/a; neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

5. Cando concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación.

6. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres o/a beneficiario/a non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor/a, en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por cal-

quera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 9º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

1. A persoa ou entidade solicitante non poderá atoparse incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo II desta orde.

2. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria, no que se incluirán todos os custos directamente derivados dela, tales como custo total do activo e os custos de persoal calculados sobre o período que deban manterse os postos de traballo creados, de ser o caso.

3. As axudas e subvencións establecidas nesta orde serán incompatibles, agás a axuda por fomento de acceso á condición de socio/a traballador/a, coas axudas establecidas nos programas de apoio a iniciativas de emprego, de iniciativas de emprego de base tecnolóxica, de promoción do emprego autónomo, de centros especiais de emprego e de promoción do emprego autónomo das persoas afectadas por diversidade funcional, convocadas pola Consellería de Traballo.

4. Ademais, as axudas pola incorporación de socios e socias traballadores/as ou de traballo serán incompatibles con outras axudas ou subvencións que se poidan conceder pola mesma causa e concepto, ao abeiro doutros programas de fomento do emprego, agás as bonificacións de cotas á Seguridade Social que se establezan na normativa estatal.

5. Así mesmo, a axuda para contratación de directores/as ou xerentes poderá ser compatible coas bonificacións de cotas á Seguridade Social que se establezan na normativa estatal.

6. As subvencións para o financiamento de proxectos de investimento serán incompatibles con calquera outro tipo de axuda para igual finalidade.

7. As axudas previstas no programa III: Impulso de proxectos empresariais cooperativos, serán compatibles co resto das previstas nesta orde.

8. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

9. O importe máximo das axudas para cada finalidade deberá respectar os límites que se establecen nas bases reguladoras dos distintos programas.

Artigo 10º.-Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Son obrigas dos/as beneficiarios e beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención. As entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde estarán exentas de achegar os xustificantes do cumprimento destas obrigas.

b) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, ou cinco no caso das axudas aos investimentos do programa II desta orde, agás cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar fidedignamente.

c) As cooperativas e sociedades laborais beneficiarias destas axudas están obrigadas a manter á persoa pola que se concede a subvención, como socio ou socia traballador/a ou de traballo, polo menos durante tres anos. No suposto de baixa na sociedade no dito período, teñen a obriga de substituílo/a por outra persoa e polo período que reste ata completar os tres anos, ou a reintegrar as cantidades percibidas, cos seus xuros de demora, estando obrigadas a lle comunicar a baixa ao órgano concedente no prazo dun mes contado desde aquel en que esta se producise. Cando a axuda se concedese pola incorporación dunha persoa pertencente a un colectivo determinado, a substitución deberá ser realizada por outra persoa pertencente a algún dos colectivos polos que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa. Esta substitución deberá realizarse no prazo máximo de seis meses desde a data da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a subvención, no mes seguinte á substitución. Esta nova incorporación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

d) Manter, polo menos, durante un período de cinco anos unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiaria da subvención concedida.

e) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos/as beneficiarios/as e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, de ser o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1159/2000, da Comisión, do 30 de maio de 2000, sobre actividades de información e publicidade. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentes poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspec-

ción que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade á que se refire o artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto-lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 13º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da administración, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, os/as beneficiarios/as deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 14º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos establecidos no Regulamento (CE) número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006). Nos termos desta normativa, a axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros cando se trate dunha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo poderá requirir, en todo momento, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquelas que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo nos/as delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, nos programas I, II, IV e VI para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos. Apróbase, igualmente, a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo a favor da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos referidos aos programas III, V e VII.

Terceira.-Se, unha vez adxudicadas as axudas e subvencións, resultase remanente de crédito, esta consellería reserva para si a facultade de efectuar convocatorias complementarias ou reabrir o prazo de presentación de solicitudes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009.

ANEXO I

Bases reguladoras dos programas de promoción e divulgación do cooperativismo e de fomento do emprego en empresas de economía social

Base Primeira.-Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

1. Finalidade.

Este programa esta dirixido a fomentar a incorporación do persoal desempregado e traballadores/as con carácter temporal, como socios e socias traballadores/as ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

2. Beneficiarios/as.

2.1. Poderán acollerse ás axudas previstas neste programa as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios e socias traballadores/as ou de traballo as persoas que, no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

a) Mocidade menor de 25 anos.

b) Persoas maiores de 25 anos e menores de 30 que finalizasen a súa educación a tempo completo nos dous anos anteriores á súa incorporación e que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado.

c) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

d) Traballadores e traballadoras aos cales se lles recoñeceu o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

e) Mulleres desempregadas que se incorporen como socias traballadoras tras unha ausencia do mercado de traballo non inferior a 24 meses.

f) Mulleres desempregadas que se incorporen como socias traballadoras nos 24 meses seguintes á data do parto, adopción ou acollemento.

g) Mulleres desempregadas cando se incorporen para prestar servizos en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino, de acordo co disposto na Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro).

h) Persoas titulares de familias monoparentais e con responsabilidades familiares. Terá esta consideración, aquela persoa solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillos ou fillas menores de 21 anos ou persoas maiores incapacitadas que non obteñan ingresos de calquera natureza superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional vixente no momento da solicitude.

i) Mulleres maiores de 25 anos e menores de 45.

j) Persoas desempregadas que realizasen, no ano da presentación da solicitude ou nos dous anos naturais anteriores, cursos de formación profesional para o emprego destinados prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, directamente relacionados co posto de traballo ao que se incorporan.

k) Persoas desempregadas que participasen, no ano de presentación da solicitude ou nos dous anos anteriores, como alumnado en escolas obradoiro, casas de oficio ou en obradoiros de emprego directamente relacionadas no seu contido co posto de traballo ao que se incorporan; ou ben, que traballasen no ano da presentación da solicitude ou no ano natural anterior en obras ou servizos de interese xeral realizados en virtude doutros programas de fomento do emprego.

l) Persoas desempregadas de longa duración que estivesen sen traballo e inscritas na oficina de emprego durante, polo menos, 12 dos anteriores 16 meses, ou durante 6 dos anteriores 8 meses, se fosen menores de 25 anos.

m) Persoas desempregadas afectadas por diversidade funcional cun grao de minusvalía non inferior ao 33%.

n) Persoas desempregadas en situación de risco de exclusión social pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

- Perceptores/as da renda de integración social de Galicia ou aqueles/as que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.
- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes/as coa debida acreditación ou autorización.
- Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos e ex-reclusas que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
- Mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral.
- As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
- Menores internos/as incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos/as menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os/as ex-reclusos/as.
- A mocidade que estea ou estivo ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.
- Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
- Emigrantes retornados e retornadas con graves necesidades persoais ou familiares. Terán a consideración de retornados/as aqueles/as emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

o) Traballadores e traballadoras desempregados/as por mor dalgunha das causas previstas nos artigos 50, 51 e 52 b) e c) do Estatuto dos traballadores ou que procedan de empresas inmersas nalgún outro proceso de reestruturación ou reconversión, ou do peche da empresa de procedencia, polas causas previstas no artigo 49.1º g) do Estatuto dos traballadores, agás no caso de que na empresa a que se incorporen participe o empresario/a ou persoas que participaron no capital social da extinta empresa, directa ou indirectamente, ou os seus familiares ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

2.2. Para os efectos desta axuda, o requisito de estar desempregado/a e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego deberá cumprirse na data de alta do socio ou socia traballador/a no correspondente réxime da Seguridade Social.

2.3. Poderán resultar, así mesmo, beneficiarias as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios traballadores as persoas vinculadas á empresa por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de 6 meses á data da súa incorporación.

2.4. A incorporación deberá supoñer incremento do emprego fixo e do

número de socios e socias traballadores/as ou de traballo da entidade beneficiaria da axuda, respecto á media dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a axuda. Para os efectos do incremento do emprego, non se terán en conta os traballadores e traballadoras temporais.

Non poderá concederse esta axuda cando se trate da incorporación de socios ou socias traballadores/as ou de traballo que tiveron tal condición na mesma empresa nos dous anos anteriores a súa incorporación como socios/as.

3. Modalidades e contía das axudas.

3.1. Pola incorporación de socios e socias traballadores ou de traballo ás cooperativas ou sociedades laborais, a contía da axuda será:

- De ata 5.500 euros por cada persoa desempregada que se incorpore a xornada completa como socio ou socia traballador/a ou de traballo nunha cooperativa ou sociedade laboral pertencente aos colectivos das letras a, b, c, d, h, j, k, l, o do número 2 anterior, así como no suposto da incorporación como socio ou socia traballador/a ou de traballo das persoas vinculadas á empresa por un contrato temporal. Este incentivo incrementarase en 300 euros se a persoa incorporada é un mozo menor de 30 anos. Se a persoa incorporada pertence a calquera destes colectivos e é muller a contía da subvención será de ata 7.000 euros.
- De ata 7.000 euros, no suposto das letras e), f), g) e i).
- De ata 8.000 euros, no suposto da letra n).
- De ata 10.000 euros, no suposto da letra m).

No suposto de que a xornada de traballo do socio ou socia traballador/a ou de traballo incorporado/a sexa a tempo parcial, a contía da axuda será proporcional ao tempo efectivo de duración da xornada.

4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, estará en función dos seguintes criterios:

a) Emprego xerado.

b) Porcentaxe de mulleres no emprego xerado.

c) Actividades desenvolvidas no marco dos novos viveiros de emprego definidos pola Unión Europea.

d) Incorporación de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

e) Desenvolvemento de proxectos de I+D+i.

f) Incidencia na creación e mantemento do emprego no contorno xeográfico no que se desenvolva a actuación.

g) Contribución á mellora ambiental.

Estes criterios terán a mesma importancia, con independencia da orde na que figuran recollidos.

Base segunda.-Programa II: mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

1. Finalidade.

Este programa está dirixido a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización das empresas de economía social, mediante unha mellora da súa competitividade, facilitando así a súa consolidación, mediante subvencións financeiras e subvencións directas para financiamento e adquisición de inmobilizado e mediante axudas para a contratación de director/a ou xerente.

A subvención financeira e a subvención directa teñen por obxecto facilitar o financiamento dos investimentos realizados por cooperativas ou sociedades laborais en inmobilizado material ou inmaterial, que sexan necesarios para a súa posta en funcionamento ou ampliación así como para a incorporación, de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

A contratación de director/a ou xerente oriéntase a mellorar a xestión empresarial cara a procurar a viabilidade da empresa e a boa fin do proxecto de investimento.

2. Beneficiarios/as.

Poderán acollerse ás subvencións para a realización de investimentos previstos neste programa as cooperativas con socios e socias traballadores/as ou de traballo e as sociedades laborais. No caso das axudas para a contratación de director/a ou xerente, poderán resultar beneficiarias as cooperativas de traballo asociado e as sociedades laborais.

A solicitude deberá formalizarse con anterioridade ao inicio da execución dos proxectos de investimento ou á contratación do persoal de dirección ou xerencia, segundo o caso.

3. A subvención financeira.

Consistirá na redución de xuros de préstamos para financiar investimentos en inmobilizado material e inmaterial, concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo.

Esta subvención, pagadoira dunha soa vez, será, como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, sen que, en ningún caso, o tipo de xuro que deba satisfacer o beneficiario/a, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia.

A contribución do beneficiario/a ao financiamento dos investimentos deberá ser como mínimo do 25 por cento; en todo caso, o importe máximo desta subvención será de 3.000 euros por socio ou socia traballador/a ou de traballo, integrante da cooperativa ou sociedade laboral cun posto de traballo que non se tivese en conta con anterioridade para a concesión de axudas para financiar investimentos.

4. A subvención directa para a adquisición de inmobilizado material e inmaterial.

Poderá concederse para a realización de investimentos que contribúan á creación, consolidación ou mellora da competitividade de cooperativas e sociedades laborais, cun importe máximo de ata o 50 por cento do custo de adquisición dos activos, excluídos impostos.

A contribución do beneficiario/a ao financiamento dos investimentos deberá ser como mínimo do 25 por cento; en todo caso, o importe máximo desta subvención de 3.000 euros por cada socio ou socia traballador/a ou de traballo integrante da cooperativa ou sociedade laboral cun posto de traballo que non fose tido en conta con anterio-

ridade para a concesión de axudas para financiar investimentos. No suposto de que a adquisición dos activos se financie parcialmente mediante préstamos para os que se solicitou subvención de xuros, a determinación da subvención directa realizarase a partir do importe non financiado polos ditos préstamos.

5. Normas comúns á subvención financeira e á subvención directa para adquisición de inmobilizado material e inmaterial.

5.1. Poderán ser obxecto de subvencións os investimentos en terreos, construcións, instalacións técnicas, maquinaria, útiles, mobiliario, elementos de transporte e equipamentos para procesos de información, así como os activos inmateriais vinculados coas novas tecnoloxías da información e as comunicacións. O investimento obxecto de subvención deberá manterse durante un período mínimo de 5 anos, agás bens amortizables cun período inferior, neste caso, deberá manterse polo menos polo dito período.

5.2. Os investimentos realizaranse mediante a compra de activos novos. Non obstante, naqueles casos nos que os investimentos se realicen mediante a compra de equipamentos de segunda man deberán cumprirse os requisitos seguintes:

a) O vendedor ou vendedora do equipamento deberá facilitar unha declaración sobre a orixe do dito equipamento, confirmando que, durante os últimos sete anos, non se comprou con subvencións nacionais ou comunitarias.

b) Acreditar, mediante un certificado expedido por un perito/a independente, que o prezo dos equipamentos non é superior ao valor de mercado nin ao custo dun equipamento novo similar, que reúnan as características técnicas requiridas para a operación e que cumpran as normas aplicables.

5.3. A determinación dos gastos subvencionables axustarase ao disposto nesta orde e no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto do custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo, o/a beneficiario/a deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores/as, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. Axuda para a contratación de directores/as ou xerentes.

Poderanse subvencionar os gastos ocasionados pola contratación de directores/as ou xerentes que sexan necesarios para a viabilidade da empresa ou a boa fin do proxecto de investimento de que se trate. Dado o seu carácter excepcional para a súa concesión a sociedade deberá xustificar a súa necesidade e a dificultade da cooperativa de traballo asociado ou sociedade laboral para facer fronte ao custo correspondente cos seus propios recursos.

Esta contratación subvencionarase por un período máximo dun ano ata o 50% do custo total dela, sen que poida superar a contía de 20.000 euros por cooperativa de traballo asociado ou sociedade laboral. Deberase respectar o disposto para a contratación de persoal asalariado pola lexislación vixente de cooperativas e sociedades laborais e asumir a obriga de manter no cadro de persoal da entidade ao director/a ou xerente, como mínimo, polo tempo subvencionado.

7. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, estará en función dos seguintes criterios:

a) Emprego xerado.

b) Porcentaxe de mulleres no emprego xerado.

c) Actividades desenvolvidas no marco dos novos viveiros de emprego definidos pola Unión Europea.

d) Incorporación de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

e) Desenvolvemento de proxectos de I+D+i.

f) Incidencia na creación e mantemento do emprego no contorno xeográfico no que se desenvolva a actuación.

g) Contribución á mellora ambiental.

Estes criterios terán a mesma importancia, con independencia da orde na que figuran recollidos.

Base Terceira.-Programa III: impulso de proxectos empresariais cooperativos.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade esencial fomentar e promover o cooperativismo no ámbito da Comunidade Autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais que se articulen baixo a fórmula cooperativa, tanto para aqueles que sexan de nova creación como para os xerados polas entidades existentes. Poderán ter a consideración de proxectos subvencionables, entre outros, a constitución de novas cooperativas ou o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade polas cooperativas en funcionamento.

2. Beneficiarios/as.

As cooperativas de nova creación ou as que acometan novos proxectos empresariais, así como as persoas e entidades que presten os servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos nos termos previstos no punto 3 desta base. Unicamente se poderá presentar unha solicitude por cada proxecto empresarial. O período de realización das actividades obxecto de axuda ou subvención é o comprendido entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009.

3. Asesoramento e acompañamento de proxectos.

3.1. Poderán outorgarse subvencións para o asesoramento e acompañamento de proxectos, que comprenderá desde a realización de actividades previas ao inicio da actividade, tales como a orientación do proxecto e accións formativas e informativas dos promotores, ata a elaboración do plan empresarial da cooperativa, o seu seguimento

e asesoramento na execución. As solicitudes poderán ser formuladas ou ben pola cooperativa promotora ou ben polos que presten o servizo, neste último caso, poderá presentarse unha solicitude por cada un dos proxectos asesorados.

3.2. Será preceptiva a elaboración dun plan de traballo normalizado, por parte dos que presten o servizo, co seguinte contido mínimo:

O número de horas dedicadas ao acompañamento do proxecto, que non será inferior a 200 horas anuais, das cales deberán reservarse o número suficiente que permita o mantemento dunha reunión de seguimento quincenal, así como 100 horas para a realización de sesións especificas con todos/as os socios cooperativistas para o tratamento e análise das seguintes áreas:

- Formación cooperativa e habilidades sociais (20 horas).
- Económico financeira (20 horas).
- Comercial-Mercado (20 horas).
- Organizativa (40 horas).

Cada reunión ou actuación subvencionable deberá documentarse cos modelos normalizados facilitados pola Consellería de Traballo, que conterán como mínimo a súa duración e lugar de celebración, a relación de asistentes cos seus datos de identificación e sinaturas de conformidade, así como con copias dos documentos elaborados nas distintas fases.

3.3. O asesoramento e acompañamento subvencionable unicamente poderá ser prestado por persoas físicas ou xurídicas que conten con persoal, propio ou concertado, con coñecementos e formación especifica nas áreas que se indican:

- Cooperativismo: considerarase acreditado este requisito pola participación en actividades formativas, nas que a carga lectiva especifica sobre cooperativismo teña unha duración mínima de 60 horas.
- Xestión empresarial: considerarase acreditado este requisito polas persoas licenciadas en Administración e Dirección de Empresas, diplomadas en Ciencias Empresariais ou diplomadas en Relacións Laborais.
- Asesoría xurídica: considerarase acreditado este requisito polas persoas licenciadas en Dereito.
- Xestión societaria: considerarase acreditado este requisito pola participación en actividades formativas en materia de psicoloxía organizacional, habilidades sociais, traballo en equipo e solución de conflitos, xunto cunha experiencia mínima de 3 anos de asesoramento nesta área.

3.4. A contía da subvención ascenderá a 30 euros por hora de información, formación ou asesoramento por cada proxecto. O número mínimo de persoas asesoradas por proxecto será de tres. Establécense os seguintes límites máximos para a subvención, en función das persoas físicas promotoras directamente asesoradas:

- 3 persoas promotoras: ata 200 horas.
- Entre 3 e 5 persoas promotoras: ata 250 horas.
- Entre 5 e 10 persoas promotoras: ata 300 horas.
- Entre 10 e 15 persoas promotoras: ata 350 horas.
- Entre 15 e 25 persoas promotoras: ata 400 horas.
- Entre 25 e 50 persoas promotoras: ata 450 horas.
- Máis de cincuenta persoas promotoras: ata 500 horas.

Para estes efectos entenderase por persoas directamente asesoradas, aquelas que participen na totalidade das sesións específicas previstas no punto 3.2. O número total de horas xustificadas en concepto de preparación das actividades onde participen presencialmente os/as promotores/as, non poderá superar o 50% do total.

Se os/as promotores/as desisten do proxecto antes de finalizar o acompañamento previsto, resultarán subvencionables as actuacións realizadas ata ese momento, cos limites anteriormente indicados. A xustificación desta subvención realizarase mediante achega da documentación establecida no artigo 8.3º da orde de convocatoria.

4. Asistencia técnica e gastos de constitución.

Poderán ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo da posta en marcha dos proxectos que se indican a continuación, ata un máximo de 2.000 euros:

- Asistencias técnicas consistentes na elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes económicos.
- Asesoramento para a elaboración dos estatutos sociais e regulamentos de réxime interno.
- Formalización e inscrición da escritura pública e demais trámites derivados do proceso de constitución da cooperativa.

A asistencia técnica e o asesoramento deberán ser prestados por persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa solvencia profesional, por medio de titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo. No caso de persoas xurídicas, o/a posuidor/a da titulación debera acreditar o seu vínculo coa entidade.

5. Axuda excepcional para o lanzamento de actividade.

Poderá concederse unha axuda excepcional para o lanzamento de actividade a cooperativas de traballo asociado ou que asocien traballadores/as. O importe desta axuda que se concederá por unha soa vez a entidades de nova creación, consistirá nunha subvención de ata o 50% dos gastos necesarios para o inicio da actividade, cun máximo de ata 3.000 euros por cada socia ou socio traballador/a que, no momento da súa alta na Seguridade Social, fose desempregado/a con inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

Entenderase por entidade de nova creación aquela que inicie a súa actividade con posterioridade ao 15 de setembro de 2008, considerando como data de inicio a de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a de alta no censo de obrigados/as tributarios/as do Ministerio de Economía e Facenda. Serán subvencionables, a través desta axuda, os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local e maquinaria, publicidade, subministracións, sempre que se realicen no primeiro ano desde o inicio da actividade.

6. Concertación de financiamento a través de entidades de garantía recíproca.

Poderán ser obxecto de subvención ata o 75 % dos custos derivados da concertación de instrumentos financeiros a través de entidades de

garantía recíproca e a súa formalización, ata un máximo de 6.000 euros por proxecto.

Base cuarta.-Programa IV: fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

1. Finalidade.

Este programa ten como obxectivo o fomento do acceso á condición de socios e socias traballadores/as de cooperativas, como xeito de promocionar o cooperativismo facilitando a participación e plena integración na empresa, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio/a.

2. Beneficiarios/as.

Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que accedan á condición de socio/a dunha cooperativa de traballo asociado e as persoas asalariadas das sociedades cooperativas que accedan á condición de socio/a traballador/a. En ambos casos, cando a incorporación se produza no período comprendido entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009 e sempre que non tivesen percibido axuda para incorporación como socio/a traballador/a nos catro anos inmediatamente anteriores. Igualmente poderán resultar beneficiarias as persoas que teñan unha xornada inferior á habitual no sector da actividade na que traballan e figuren de alta no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de mellora de emprego.

Será necesario acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, respecto aos topes máximos de traballadores/as por conta allea, así como establecer un plan específico que recolla medidas que aseguren a progresiva incorporación dos/as asalariados/as á condición de socios/as, se é o caso.

3. Contía das axudas.

A contía das axudas poderá ascender ata 4.000 euros, sen que, en ningún caso, poida ser superior á contía que corresponda subscribir en concepto de achega de capital social e cota de ingreso, pola incorporación como socio ou socia traballador/a. A contía máxima da axuda, no momento do seu pagamento, non poderá ser superior aos importes efectivamente desembolsados en concepto de achega ao capital social e cota de ingreso.

O importe das axudas será recoñecido como achegas obrigatorias desembolsadas do/a novo/a socio/a ao capital social e non poderá ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos, durante un período mínimo de cinco anos. Non obstante, o socio ou socia que cause baixa obrigatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para substituílo/a nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo. Igualmente poderá ser recoñecido como cota de ingreso, incorporándose ao Fondo de Reserva Obrigatorio da entidade.

Base quinta.-Programa V: actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento do cooperativismo e a incorporación das cooperativas ás tecnoloxías da información e as comunicacións, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización e para o desenvolvemento dos procesos de adaptación necesarios.

2. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades cooperativas, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas dependentes da Xunta de Galicia, que realicen as devanditas actividades desde o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2009.

3. Modalidades e contía das axudas.

3.1. Na modalidade de fomento do cooperativismo, poderán considerarse actividades subvencionables:

- Organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios.
- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos.
- Elaboración de proxectos de intercooperación e integración.
- Presenza da cooperativa en ferias, mostras e congresos.
- Participación dos socios/as e traballadores/as en cursos de formación para a mellora da dirección e xestión cooperativa.
- Realización de actuacións de divulgación e promoción do emprendemento baixo a fórmula cooperativa.
- Calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo.

A contía das axudas previstas nesta modalidade non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 30.000 euros por beneficiario/a. Establécense, así mesmo, os seguintes límites subvencionables para as actividades que se indican a continuación:

- Actividades divulgativas ou formativas de duración inferior a 10 horas ata 2.000 €.
- Actividades divulgativas ou formativas de duración superior a 10 horas ata 3.000 €.
- Presenza en feiras e mostras ata 5.000 €.

3.2. Na modalidade de adaptación as tecnoloxías da información e as comunicacións, poderán ser obxecto de subvención os programas que recollan algunha das seguintes actuacións:

- Elaboración da paxina web da entidade cooperativa e a súa incorporación a redes informáticas, ata un máximo de 3.000 €.
- Implantación de sistemas telemáticos para a xestión empresarial e societaria, así como para comercio electrónico, ata un máximo de 10.000 €.

En todo caso, a contía das axudas previstas nesta modalidade non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 10.000 euros por beneficiario/a.

4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, estará en función dos seguintes criterios:

1º Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos. No caso da modalidade 3.2 esta puntuación outorgarase en función do carácter integral do proxecto presentado que fomente a inmersión da cooperativa nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

2º Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos. No caso da modalidade 3.2 esta puntuación outorgarase polo establecemento de canles áxiles e estables de comunicación interna cos socios e socias da cooperativa.

3º Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e o cumprimento dos compromisos derivados de actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

4º Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.

5º Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 15 puntos.

Base sexta.-Programa VI: apoio ás cooperativas que prestan servizos de natureza social e á comunidade.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade promover a prestación de servizos de natureza social e á comunidade en Galicia, a través de fórmulas cooperativas, mediante a concesión de axudas económicas que faciliten o desenvolvemento e mellora dos proxectos empresariais novos ou en curso.

2. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste programa as cooperativas de calquera clase que realicen as súas actividades na área dos servizos sociais, da integración social, da protección ambiental e do tempo libre, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia e que realicen as actividades obxecto deste programa durante o ano 2009.

Tamén poderán ser beneficiarias as cooperativas de segundo grao e outras formas de colaboración económica que poidan establecerse entre as referidas cooperativas.

3. Modalidades e contía das axudas.

Poderán ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo de:

a) Incorporación como socios/as ou contratación de traballadores/as sociais, psicólogos/as e outros/as profesionais de especial cualificación que resulten necesarios para a viabilidade da empresa e unha adecuada prestación do servizo. A subvención calcularase sobre o importe total da contratación ou incorporación computada para un período máximo dun ano, debendo respectar o disposto para a contratación de asalariados/as pola lexislación vixente de cooperativas, de ser o caso, e non poderá superar a contía de 18.000 euros por cooperativa. A xustificación desta subvención realizarase mediante achega da documentación establecida no artigo 8.3º da orde de convocatoria.

b) Organización de programas innovadores e de prestacións e servizos adicionais de proximidade, que complementen e melloren o servizo prestado pola cooperativa aos usuarios e á comunidade, así como a implantación de procesos e sistemas de xestión da calidade e a realización de actividades formativas dirixidas aos/ás socios/as e traballadores/as nas áreas directamente relacionadas coa prestación dos seus servizos profesionais e coa xestión empresarial cooperativa, ata un máximo de 10.000 euros por cooperativa.

c) Para as cooperativas prestadoras de servizos sociais ou de integración social, tamén poderán ser obxecto de subvención a adquisición dos medios materiais que resulten necesarios para a prestación dos servizos e redunden directamente na mellora da súa calidade, ata un máximo de 30.000 euros por cooperativa.

4. Requisitos para a incorporación de profesionais e para a prestación de servizos:

Debe garantirse a cualificación e solvencia profesional, tanto do persoal incorporado como dos servizos prestados, de ser o caso, acreditando os seguintes requisitos:

- Titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo.
- No caso de contratación de servizos externos, a persoa ou entidade contratada deberá exercer a actividade con caracter principal, e indicar os principais servizos realizados nos últimos tres anos. Tratándose de persoas xurídicas, o posuidor da titulación debera acreditar o seu vínculo coa entidade.

5. Contía máxima:

Con caracter xeral a contía máxima subvencionable neste programa non poderá superar os 40.000 euros por cooperativa. Se a beneficiaria é unha cooperativa de segundo grao ou algunha outra forma de colaboración económica, esta contía poderá ascender a un máximo de 100.000 euros.

Base sétima.-Programa VII: fomento da prevención de riscos laborais no cooperativismo.

1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento da cultura preventiva no ámbito do cooperativismo e para a mellora da seguridade e saúde laboral dos socios e traballadores vinculados ás cooperativas, subvencionando os gastos necesarios para a súa realización.

2. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades cooperativas, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas dependentes da Xunta de Galicia, que realicen as devanditas actividades desde o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2009.

3. Actividades subvencionables:

3.1. Poderán considerarse subvencionables as seguintes actividades relacionadas coa seguridade e saúde laboral:

- Organización de actividades formativas dirixidas aos socios da cooperativa e aos traballadores tanto da cooperativa como dos socios, se é o caso.

- Participación dos socios/as e traballadores/as en actividades formativas de cualificación para o desempeño de funcións de nivel superior.
- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes e traballos técnicos.
- Realización de actividades de divulgación e de transferencia de boas prácticas, tales como xornadas, seminarios e publicacións, entre outras.

A contía das axudas previstas nas devanditas actividades non poderá superar os gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 5.000 euros por beneficiaria. Se a beneficiaria é unha cooperativa de segundo grao ou algunha outra forma de colaboración económica, esta contía poderá ascender a un máximo de 12.000 euros.

4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, estará en función dos seguintes criterios:

1º Polo número de destinatarios das actividades ata un máximo de 30 puntos.

2º Pola participación da cooperativa no financiamento da acción, ata un máximo de 20 puntos.

3º Pola metodoloxía e recursos empregados para o desenvolvemento das actividades, ata un máximo de 20 puntos.

4º Pola realización de actividades a través de mecanismos de intercooperación, ata un máximo de 15 puntos.

5º Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 15 puntos.

Ver anexos pdf "83-09.PDF"

84 Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo para o ano 2009.

(DOG nº 172, do 2.09.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que ampliou a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e dispón que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

As axudas establecidas nesta orde para o apoio á creación e funcionamento de cooperativas de carácter non lucrativo intégranse dentro das actuacións que a Consellería de Traballo e Benestar leva a cabo para a consecución dos obxectivos previstos no Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo e que, neste caso, incide singularmente no ámbito da potenciación de actividades de carácter social e de fomento do emprendemento cooperativo realizadas por estas entidades.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade.

Esta orde ten como finalidade apoiar a creación e funcionamento de cooperativas de carácter non lucrativo, mediante a concesión de axudas económicas que contribúan á realización de actividades de carácter social e dinamizadoras das potencialidades de desenvolvemento cooperativo, durante o ano 2009.

Artigo 2º.-Financiamento e normativa reguladora.

1. A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 48.03.324A 481.2, código do proxecto 2009 01043, dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, ata un límite de cento tres mil euros (103.000).
2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste programa as sociedades cooperativas de carácter non lucrativo, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia.
2. Excepcionalmente e unicamente no caso previsto na disposición adicional segunda, poderán resultar beneficiarias outras entidades de economía social sen ánimo de lucro, agás as asociacións de cooperativas e as centrais sindicais.

Artigo 4º.-Modalidades e contía das axudas.

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados con motivo de:

a) Organización e prestación de servizos sociais, ata un máximo de 20.000 euros.

b) Creación e mantemento de gabinetes especializados no apoio á creación de cooperativas e impulso de proxectos, formados por persoas con titulación académica oficial suficiente e especialmente cualificadas na área de asesoramento na xestión e dirección empresarial cooperativa, ata un máximo de 20.000 euros.

Para estes efectos, considerarase que contan coa titulación académica oficial suficiente as persoas que posúan calquera das seguintes titulacións:

- Licenciatura ou grao en:

  Economía.

  Administración e dirección de empresas.

  Dereito.

  Ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan.

- Diplomatura en:

  Ciencias empresariais.

  Relacións laborais.

- Masters en xestión e dirección empresarial cooperativa.

c) Constitución de grupos promotores de iniciativas cooperativas, ata un máximo de 100 euros por persoa incorporada, que poderán incrementarse ata 200 euros máis por cada un deles que adquira a condición de socio/a traballador/a ou de traballo. A contía máxima subvencionable nesta modalidade non poderá exceder de 20.000 euros.

d) Elaboración de materiais divulgativos como soporte e ferramenta das actuacións de difusión e materiais didácticos de apoio a programas formativos e de capacitación, especificamente dirixidos ao emprendemento cooperativo, tales como:

- Publicacións, vídeos e outros materiais audiovisuais con enfoque accesible e didáctico, referido á difusión das posibilidades, utilidades, experiencias e obxectivos do cooperativismo.

- Guías de actividade empresarial para emprendedores en réxime cooperativo e outros produtos de capacitación.

O seu contido deberá supoñer unha innovación respecto á oferta existente na actualidade. A contía máxima subvencionable nesta modalidade non poderá exceder dos 20.000 euros.

2. A contía das subvencións non poderá superar o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos, sen que en ningún caso excedan da contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

O límite máximo de subvención a unha entidade por todas as modalidades será de 30.000 , reducíndose proporcionalmente os límites de subvención por modalidades no caso de que unha entidade resulte beneficiaria en máis dunha delas.

Artigo 5º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes de axudas dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes e os anexos deste programa de axudas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar:

http://traballoebenestar.xunta.es

2. As solicitudes presentaranse segundo o modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da persoa que teña a representación legal.

- Certificación da entidade financeira acreditativa de que a persoa solicitante é titular da conta corrente que indica (segundo o modelo do anexo III).

- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, e/ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo o anexo II desta orde.

- Memoria descritiva das características e obxecto social da entidade, así como das actividades previstas para o ano 2009, asinada polo órgano competente.

- Proposta individualizada das actividades para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervenientes e un orzamento detallado cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

3. A presentación da solicitude de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. O prazo de presentación de solicitudes remata aos corenta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 6º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, por ser o órgano instrutor, para que o servizo de Cooperativas e Economía Social comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformida-

de co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase á entidade interesada para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Esta fase completarase incorporando ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Relacións Laborais, así como as certificacións indicadas no número 3 do artigo 5º.

Artigo 7º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que informará ao órgano instrutor. Este órgano elevará a proposta á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que a presidirá, o/a subdirector/a xeral de Cooperativas e Economía Social, o/a xefe/a do Servizo de Cooperativas e Economía Social, que actuarán como vogais, e un/unha funcionario/a designado/a pola persoa titular da dirección xeral, que actuará como secretario/a. Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da dirección xeral.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 8º.-Criterios de avaliación.

Para a concesión das axudas, teranse en conta os seguintes criterios de avaliación ordenados segundo a súa importancia:

1. Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos.

2. Pola organización da prestación de servizos de natureza social baixo a fórmula cooperativa, acordes co obxecto das cooperativas de integración social nos termos previstos no artigo 125 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ata un máximo de 28 puntos

3. Por tratarse de proxectos ou entidades que impulsen a incorporación de mulleres como socias de cooperativas, ata un máximo de 26 puntos.

4. Por actuacións que tendan ao aproveitamento integral dos recursos humanos e materiais, o impulso de proxectos empresariais, de promoción do emprego, de orientación de emprendedores/as e de actividades de asesoramento e formación relacionadas con elas, ata un máximo de 24 puntos.

5. Por proxectos innovadores ou que pola súa singularidade dean novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata un máximo de 22 puntos.

6. Polo número de potenciais beneficiarios/as dos servizos prestados pola cooperativa, ata un máximo de 20 puntos

7. Polo establecemento de mecanismos de colaboración con outras sociedades cooperativas galegas e as súas asociacións, ata un máximo de 18 puntos.

8. Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e o cumprimento dos compromisos derivados de actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 16 puntos.

9. Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade das actividades propostas, ata un máximo de 14 puntos.

10. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 12 puntos.

11. Pola realización de servizos asistenciais a persoas en risco de exclusión social, engadiranse 10 puntos máis á puntuación obtida.

12. Pola integración de persoas en risco de exclusión social no mercado laboral, engadiranse 10 puntos máis á puntuación obtida.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

Artigo 9º-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comenzará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do/a beneficiario/a, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal a Consellería de Traballo e Benestar incluirá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros -rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela-).

As persoas beneficiarias teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do punto 2º do artigo 15 da Lei 9/2007

Artigo 10º.-Forma de pagamento e xustificación.

Unha vez notificada a resolución definitiva, os/as interesados/as dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Ao remate da actividade deberase presentar informe exhaustivo da súa realización, acompañado de copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública. O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor dos/as beneficiarios/as e logo de acreditación dos gastos e dos pagamentos realizados. Unicamente se aboará ata o 80% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa, para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, antes do 15 de novembro de 2009, nos termos e na forma que estableza a resolución da concesión.

No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Artigo 11º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

A entidade solicitante non poderá atoparse incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

As axudas reguladas nesta orde son compatibles con outras procedentes de entidades públicas ou privadas.

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

Artigo 12º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas as referidas no artigo 11 da Lei 9/2007 en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.

c) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

Artigo 13º.-Modificación da resolución, revogación e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación

da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o art. 14.1º n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 14 º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Segunda.-Se unha vez avaliadas as solicitudes presentadas por sociedades cooperativas de carácter non lucrativo, resultase remanente de crédito, poderase adxudicar o sobrante a outras entidades de economía social sen ánimo de lucro, agás as asociacións de cooperativas e as centrais sindicais, de acordo co procedemento e segundo as condicións previstas con carácter xeral nesta orde. Para estes únicos efectos instruiranse os correspondentes expedientes, que serán postos á disposición da comisión de avaliación, para a súa toma en consideración, no caso de que proceda.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2009.

Ver anexos pdf "84-09.PDF"

85 Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se dispón a publicación do acordo do Consello Galego de Cooperativas sobre premios á cooperación.

(DOG nº 1, do 2.01.2009).

O Consello Galego de Cooperativas, na súa sesión plenaria do 12 de novembro de 2008, acordou aprobar as bases reguladoras dos premios á cooperación para o ano 2009.

En uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

DISPOÑO:

A publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo referido.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

Acordo do Consello Galego de Cooperativas do 12 de novembro de 2008 polo que se convocan os VIII premios á cooperación

A Constitución española, no seu artigo 129.2º, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma galega asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En uso da referida competencia ditouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, a cal recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, creando o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, coa encomenda de velar polo cumprimento dos principios cooperativos, pola axeitada aplicación da lei e polo respecto das regras dunha xestión correcta e democrática das cooperativas de Galicia.

Coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo na comunidade autónoma, así como para recompensar publicamente o labor que as cooperativas e outras institucións e persoas veñen realizando neste sentido, o Consello Galego de Cooperativas considerou axeitado instituír con periodicidade anual os premios á cooperación.

Polo que antecede, o Pleno do Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do 12 de novembro de 2008,

ACORDOU:

Único.-Aprobar as bases polas que se regulan os premios á cooperación para o ano 2009, segundo o anexo que se xunta.

ANEXO

Bases polas que se rexerá a convocatoria dos premios á cooperación 2009

Primeira.-Destinatarios.

Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizasen un destacado labor no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma galega.

Segunda.-Modalidade.

Os premios á cooperación convócanse baixo as seguintes modalidades:

-Premio aos valores cooperativos.

-Premio ao mellor proxecto cooperativo.

-Premio á promoción do cooperativismo.

Terceira.-Premio aos valores cooperativos.

1. Outorgarase á cooperativa, entidade ou persoa que máis teña destacado no impulso dos valores cooperativos na Comunidade Autónoma galega.

2. O xurado valorará a traxectoria dos/as candidatos/as, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Cuarta.-Premio ao mellor proxecto cooperativo.

1. Outorgarase ao proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia, tanto de cooperativas de nova creación como das previamente existentes.

2. O xurado terá en conta a especial relevancia do proxecto, que pode vir determinada tanto polo seu carácter innovador ou de intercooperación ben como por outras características singulares e pola súa repercusión no contorno, especialmente nos eidos económico, social e laboral.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Quinta.-Premio á promoción do cooperativismo.

1. Outorgarase á persoa ou entidade que teña destacado especialmente no fomento do cooperativismo, tanto pola súa traxectoria como por actuacións de carácter puntual que resulten particularmente significativas.

2. O xurado terá en conta a actividade ou actividades realizadas polos/as candidatos/as e a súa repercusión na implantación e desenvolvemento do cooperativismo en Galicia, tanto nos seus aspectos cualitativos como cuantitativos, e valorará especialmente os persoeiros do cooperativismo como xeito de recoñecer as súas traxectorias neste eido.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Sexta.-Candidaturas, documentación e prazo.

As candidaturas poderán presentarse, asinadas polo/a candidato/a ou persoa que o propoña, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela) acompañada de memoria explicativa e documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.

Poderase requirir dos interesados aquela información e documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados, particularmente en relación coa aplicación práctica dos principios e valores cooperativos.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de maio de 2009.

Sétima.-Xurado.

Para efectos de concesión dos premios, actuará como xurado a Comisión Permanente do Consello Galego de Cooperativas e a súa decisión será inapelable.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Oitava.-Entrega dos premios.

Todos os premios serán outorgados polo xurado e procederase á súa entrega no transcurso do acto público que se celebrará con motivo do día do cooperativismo.

Novena.

A participación nestes premios supón a aceptación incondicional destas bases.

86 Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se fan públicas as bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 1, do 2.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 133, do 9.07.2009).

A Constitución española no seu artigo 129.2º encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, tendo entre as súas funcións a promoción da educación e a formación cooperativa.

Con esta finalidade o Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do pleno do 12 de novembro de 2008, acordou a convocatoria

do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia, correspondente ao ano 2009. A súa concreción e realización levarase a cabo de xeito coordinado entre as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, e de Traballo.

Polo que antecede, en uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

DISPOÑO:

A publicación das bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia e a súa convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As bases reguladoras recóllense nos anexos I e II.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

ANEXO I

Certame Cooperativismo no ensino dirixido a centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo.

Modalidade de actividades cooperativizadas.

Primeira.-Poden participar neste certame, nas modalidades que se indican, todos os centros educativos da nosa comunidade autónoma con alumnado de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

Na modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo poden participar as seguintes categorías:

- A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.
- B: alumnos/as de 1ºe 2º de educación primaria.
- C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.
- D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria

Na modalidade de actividades cooperativizadas poderán concursar os/as alumnos/as de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, nas seguintes categorías:

- E: alumnos/as do primeiro ciclo da ESO.
- F: alumnos/as do segundo ciclo da ESO.

Establécense dúas fases:

- 1ª fase: actividades de fomento do cooperativismo no centro escolar.
- 2ª fase: presentación dos traballos dos/as alumnos/as ao concurso.

Segunda.-1ª fase: actividades de fomento do cooperativismo no centro escolar.

Os centros que desexen participar deberán desenvolver no seu centro educativo actividades de fomento do cooperativismo, tales como xornadas sobre o cooperativismo, xogos cooperativos, visitas a cooperativas e calquera outra actividade que divulgue a fórmula empresarial cooperativa entre o alumnado do centro educativo.

Tendo en conta que o cooperativismo é recoñecido como a expresión práctica de importantes valores sociais e que a súa aplicación fomenta actitudes e valores sociais como a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva e a solución de conflitos de forma pactada; as actividades que se realicen deberán potenciar e propiciar estes valores.

Como soporte de apoio ás actividades propostas contarase con material divulgativo en formato electrónico na páxina web www.cooperativasdegalicia.com.

Terceira.-Cada un dos centros educativos participantes poderá contar cunha compensación económica para os gastos derivados da realización das actividades de fomento do cooperativismo e da elaboración dos traballos ou memorias, ata un máximo de 2.000 euros. Os centros que desexen obter a reserva orzamentaria para as súas actividades poderán solicitar a validación do seu programa e orzamento antes do 28 de febreiro de 2009. Os restantes centros tamén poderán contar coa referida compensación económica, ben que no caso de que a dotación orzamentaria prevista para este fin non resulte suficiente para satisfacer os gastos realizados, a súa contía será distribuída entre todos eles en proporción ao gasto realizado.

Para solicitar o pagamento da devandita compensación económica, os centros participantes neste certame deberán presentar antes do 31 de maio de 2009 certificación emitida polo órgano competente comprensiva do informe das actividades realizadas e relación das facturas dos gastos, presentando copias compulsadas destas, copia do CIF do centro escolar e certificación bancaria en orixinal do número de conta do centro. Os documentos deberán presentarse na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela).

Cuarta.-2ª fase: Presentación dos traballos dos/as alumnos/as ao concurso.

Os centros que realizasen as devanditas actividades poderán presentar a este concurso os traballos realizados polos/as seus/súas alumnos/as en calquera das seguintes modalidades:

- Debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo.
- Actividades cooperativizadas.

En cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos/as.

Quinta.-Na modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo exixiranse as seguintes condicións técnicas:

- Os traballos de debuxo e pintura presentaranse en formato e soporte libre, empregando as técnicas que o alumnado decida. No reverso do debuxo ou pintura consignarase, en letras maiúsculas, os datos do/a autor/autora, autores: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar, así como a categoría en que participan.
- Os traballos de fotografía presentaranse en formato dixital, arquivos JPG, RAW ou TIFF, en alta resolución para a súa posible publicación, de 2.000 píxeles como mínimo no seu lado máis reducido. A resolución recomendada é de 300 ppp.

Enviaranse copias en papel, xunto co arquivo en soporte CD. Cada

fotografía (copia impresa), así como o correspondente CD coas copias dos arquivos, deberán levar unha inscrición no reverso indicando con letra lexible os datos identificativos dos/as autores/as: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar, así como a categoría en que participan e título.

- No caso de vídeos, as producións presentaranse nun DVD estándar, reproducible en calquera reprodutor convencional de DVD, podendo conter menú de inicio. O formato será MPEG2 PAL, configurado como zona 2 ou como zona libre. As locucións e grafismos deberán utilizar o galego. A súa duración non poderá exceder de 10 minutos. O DVD non poderá conter máis dun programa e deberá estar identificado cos datos dos/as autores/as: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar e a categoría en que participan, título da creación presentada, así como ficha técnica.

- Non se admitirá ningún traballo en soporte distinto dos anteriores ou que non respecte as condicións indicadas.

Sexta.-Na modalidade de actividades cooperativizadas, poderanse presentar as memorias dos traballos realizados cooperativamente por grupos de alumnos/as, tales como unha viaxe de ampliación de estudos, un festival de fin de curso, un campionato deportivo, un xornal, unha páxina web, un programa de radio ou unha obra de teatro.

A memoria describirá o proceso de elaboración e realización da actividade de xeito que indique:

- Definición dos obxectivos. Cómpre aclarar as metas que se pretenden acadar, que beneficios de tipo cooperativo vai reportar a actividade, así como poñer un título ao traballo que resuma as súas intencións.

- Asignación de tarefas. Débese dividir o traballo en partes e decidir que persoa ou persoas se encargan de cada unha delas. Para isto é importante ter en conta os intereses de cadaquén, as súas posibilidades, coñecementos, preferencias, etc.

- Tarefas desenvolvidas. Especificar que tipo de materiais se precisan para levar a cabo a actividade e cales deles se utilizan. Estes poden ser de tipo documental, gráficos, sonoros, económicos, etc. Tamén é necesario precisar a maneira de obtelos.

- Dinámica das reunións. Para que o traballo estea coordenado hai que celebrar reunións periódicas para poñer en común o realizado, así como para establecer cales son as seguintes tarefas, os prazos, os/as encargados/as de realizalas, e calquera decisión sobre a marcha do proxecto. Para este fin débense elaborar actas das reunións en que se deixe constancia de todo isto.

- Realización final. O traballo debe plasmarse finalmente nun produto dos establecidos para esta modalidade.

Esta memoria terá unha extensión máxima de 6 follas DIN A4 escritas por unha soa cara editadas en Times New Roman cun corpo de 12 puntos e unhas marxes de 15 mm en cada bordo. Teñen que entregarse dúas copias en papel e o seu soporte en sistema informático. Deberanse engadir, como anexos; o resultado final e os documentos precisos para xustificar a realización do proxecto, nas súas diferentes etapas, tales como fotografías da realización, documentos, materiais realizados e actas das reunións, debidamente identificados co nome do centro e o título do proxecto.

Sétima.-Os traballos que participen neste certame serán avaliados por un xurado composto polos seguintes membros: dous representantes nomeados/as polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas, un/unha técnico/a especialista nas materias de debuxo e pintura e un/unha técnico/a especialista en audiovisual nomeados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o/a titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a. As decisións do xurado serán inapelables.

O xurado valorará nos traballos presentados a orixinalidade e a representación dos valores e actitudes que fomenta o cooperativismo. Particularmente, para a modalidade de actividades cooperativizadas terase en conta o número de persoas participantes, a orixinalidade do tema elixido, a organización do grupo para a realización do traballo de maneira cooperativa e a calidade final do produto elaborado.

Oitava.-Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:

Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo:

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os/as autores/as do traballo premiado en cada categoría recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.

- Un accésit por cada categoría: os/as autores/as de cada traballo premiado recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor de 1.700 euros.

Modalidade de actividades cooperativizadas:

- Un premio ao mellor traballo por categoría: os/as autores/as do traballo premiado en cada categoría recibirán material audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.

Todos os premios serán outorgados polo xurado e procederase á súa entrega no transcurso do acto público que se celebrará con motivo do día do cooperativismo. A relación de premiados/as e o lugar e data de entrega dos premios, publicarase no Diario Oficial de Galicia e na paxina web www.cooperativasdegalicia.com.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Novena.-Os traballos dos/as alumnos/as debidamente identificados deberán entregarse, así mesmo, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas. O prazo de presentación finaliza o día 31 de maio de 2009. Poderase utilizar calquera tipo de envío sempre que garanta a entrega no lugar e prazo referidos anteriormente. Os centros educativos serviranse dos medios necesarios (mensaxaría urxente e outros) para garantir que os traballos se reciban na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas na data indicada.

Décima.-O outorgamento dos premios establecidos neste certame implica, sen necesidade de declaración ningunha por parte dos/as autores/as, o recoñecemento do dereito exclusivo a favor do Consello Galego de Cooperativas, a reproducir, traducir e difundir os traballos premiados nas condicións, cos medios, a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos, así como a cesión do dereito da propiedade no caso dos debuxos, pinturas, fotografías e vídeos gañadores.

O Consello Galego de Cooperativas reserva para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes dos/as gañadores/as, polos medios e formas

de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considerase que os/as participantes no certame prestaron o seu consentimento ao presentaren os traballos.

Os/as concursantes exoneran de toda responsabilidade o Consello Galego de Cooperativas no caso de que os traballos resultasen danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estivesen en poder deste. Os centros poderán recoller os traballos que non resulten premiados nun prazo de tres meses a partir do día da entrega dos premios.

Décimo primeira.-A participación neste certame implica a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo; os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, na súa falta, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos destas que poidan xurdir acudirase ao Consello Galego de Cooperativas.

ANEXO II

Certame Cooperativismo no ensino dirixido a centros de formación profesional.

Modalidade de proxectos empresariais cooperativos.

Primeira.-Poden participar neste certame e modalidade todos os centros educativos de Galicia que impartan formación profesional específica.

Establécense dúas fases:

- 1ª fase: actividades de fomento do cooperativismo no centro escolar.
- 2ª fase: concurso de proxectos empresariais cooperativos.

Segunda.-1ª fase: actividades de fomento do cooperativismo no centro escolar.

Os centros que desexen participar deberán desenvolver no seu centro educativo actividades de fomento do cooperativismo, tales como xornadas sobre o cooperativismo, visitas a cooperativas e calquera outra actividade que divulgue a fórmula empresarial cooperativa entre o alumnado do centro educativo.

Tendo en conta que o cooperativismo é recoñecido como a expresión práctica de importantes valores sociais e que a súa práctica fomenta actitudes e valores sociais como a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva e a solución de conflitos de forma pactada; as actividades que se realicen deberán potenciar e propiciar estes valores, así como promocionar o cooperativismo como saída laboral dos/as alumnos/as de formación profesional.

Como soporte de apoio ás actividades propostas contarase con material divulgativo en formato electrónico na páxina web www.cooperativasdegalicia.com.

Terceira.-Cada un dos centros educativos participantes poderá contar cunha compensación económica para os gastos derivados da realización das actividades de fomento do cooperativismo e da elaboración dos proxectos, ata un máximo de 2.000 euros. Os centros que desexen obter a reserva orzamentaria para as súas actividades poderán solicitar a validación do seu programa e orzamento antes do 28 de febreiro de 2009. Os restantes centros tamén poderán contar coa referida compensación económica, ben que no caso de que a dotación orzamentaria prevista para este fin non resulte suficiente para satisfacer os gastos realizados, a súa contía será distribuída entre todos eles en proporción ao gasto realizado.

Para solicitar o pagamento da devandita compensación económica, os centros participantes neste certame deberán presentar antes do 31 de maio de 2009 certificación emitida polo órgano competente comprensiva do informe das actividades realizadas e relación das facturas dos gastos, presentando copias compulsadas delas, copia do CIF do centro escolar e certificación bancaria en orixinal do número de conta do centro. Os documentos deberán presentarse na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela).

Cuarta.-2ª fase: concurso de proxectos empresariais cooperativos.

Os centros que realizasen as devanditas actividades poderán presentar un ou varios proxectos empresariais cooperativos a este concurso. En cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos/as, que deberán estar dirixidos na elaboración deste proxecto por un profesor/a-director/a.

Os proxectos deberán estar redactados en galego e presentaranse en formato papel e formato electrónico que permita a súa posterior publicación, acompañados dunha ficha resumo segundo o modelo que pode obterse na web www.cooperativasdegalicia.com.

Quinta.-Os proxectos presentados serán avaliados por un xurado composto polos seguintes membros: dous/dúas representantes nomeados/as polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas, un/unha representante nomeado/a pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, un/unha técnico/a especialista en cooperativismo nomeado/a pola Consellería de Traballo e a directora xeral de Relacións Laborais, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.

Avaliarase a coherencia, orixinalidade e viabilidade económica dos proxectos empresariais cooperativos, así como a súa relación co contorno onde se desenvolven. As decisións do xurado serán inapelables.

Sexta.-Os proxectos empresariais cooperativos presentados optarán aos seguintes premios:

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo, coa seguinte dotación:

- O/s autor/es ou a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 6.000 euros, dos cales 3.000 euros se entregarán tras a resolución do xurado, e 3.000 euros se entregarán tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión.
- Unha viaxe para visitar experiencias cooperativas, por valor máximo de 1.500 euros, para o profesor/a-director/a do proxecto.

Dous accésit aos proxectos finalistas, coa seguinte dotación:

- 2.000 euros para cada proxecto finalista, que se repartirán entre os/as alumnos/as que elaboraron cada un dos proxectos finalistas.

- 500 euros en cheques para libros para cada un/unha dos/as profesores/as-directores/as dos proxectos finalistas.

Todos os premios serán outorgados polo xurado e procederase á súa entrega no transcurso do acto público que se celebrara con motivo do día do cooperativismo. A relación de premiados/as e o lugar e data de entrega dos premios publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web www.cooperativasdegalicia.com.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Sétima.-Os proxectos empresariais cooperativos deberán entregarse, así mesmo, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas. Deberá xuntarse aos proxectos o currículun do grupo (nomes, apelidos, idades, estudos dos/as integrantes do grupo, así como do/a profesor/a-director/a).

O prazo de presentación finaliza o día 31 de maio de 2009. Poderase utilizar calquera tipo de envío sempre que garanta a entrega do proxecto no lugar e prazo referidos anteriormente. Os centros educativos serviranse dos medios necesarios (mensaxaría urxente e outros) para garantir que os traballos se reciban na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas na data indicada.

Oitava.-O outorgamento dos premios establecidos neste certame implica, sen necesidade de ningunha declaración por parte dos/as autores/as, o recoñecemento do dereito exclusivo a favor do Consello Galego de Cooperativas, a reproducir, traducir e difundir os proxectos premiados nas condicións, cos medios e a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.

O Consello Galego de Cooperativas reserva para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes dos/as gañadores/as polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que os/as participantes no certame prestaron o seu consentimento ao presentaren o proxecto.

Os/as concursantes exoneran de toda responsabilidade o Consello Galego de Cooperativas, no caso de que os proxectos resultasen danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estiveren en poder deste. Os centros poderán recoller os proxectos que non resulten premiados, nun prazo de tres meses a partir do día da entrega dos premios.

Novena.-A participación neste certame implica a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo, os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, na súa falta, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos delas que poidan xurdir acudirase ao Consello Galego de Cooperativas.

Resolución do 10 de xuño de 2009 pola que se fai pública a concesión dos premios sobre cooperativismo no ensino dirixido aos centros educativos de Galicia.

Por Resolución do 12 de novembro de 2008 (DOG número 1, do 2 de xaneiro de 2009), o Consello Galego de Cooperativas fixo públicas as bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia. No anexo I establecéronse as modalidades de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo e de actividades cooperativizadas, dirixidas aos centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria. No anexo II, estableceuse a modalidade de proxectos empresariais cooperativos dirixida a centros de formación profesional.

Nas bases reguladoras destes premios establecíase que os traballos participantes neste concurso serían examinados e valorados por un xurado e que a súa concesión se publicaría no DOG.

Os xurados dos premios, na súa reunión do día 10 de xuño de 2009, resolveron a súa concesión.

Polo que antecede, e no uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

DISPOÑO:

A publicación da resolución dos premios acordados polos xurados, en cada unha das modalidades dos anexos I e II.

A entrega dos premios terá lugar o día 4 de xullo de 2009 nos actos públicos previstos con motivo da conmemoración do día do cooperativismo, que se celebrarán nas instalacións de Amegrove de Cooperativa Galega, no Grove (Pontevedra).

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.

ANEXO I

Certame cooperativismo no ensino dirixido a centros educativos de educación primaria e secundaria obrigatoria

1. Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e vídeo:

Categoría A:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.

O conto dos tres porquiños e o lobo.

CEIP Virxe do Portal.

Sobrado-A Coruña.

Accésit: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.

O Mar.

CEIP Domaio.

Moaña-Pontevedra.

Categoría B:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Coopera.

CEIP San Miguel de Reinante.

San Cosme de Barreiros-Lugo.

Accésit: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Recreos cooper-activos.

CEIP ADR Castelao.

Ordes-A Coruña.

Categoría C.

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

Construímos un xardín botánico traballando en equipo.

CEIP do Domaio.

Moaña-Pontevedra.

Accésit: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

Unión=Forza.

CEIP San Miguel de Reinante.

San Cosme de Barreiros-Lugo.

Categoría D:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

Diccionario visual de los valores cooperativos.

CEIP Virxe do Portal.

Sobrado-A Coruña.

Accésit: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

O noso horto cooperativo.

CEIP San Miguel de Reinante.

San Cosme de Barreiros-Lugo.

2. Modalidade de actividades cooperativizadas:

Categoría E:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as do 1º ciclo da ESO.

Cooperativa de traballos asociado Illasport.

IES Illa de San Simón.

Redondela-Pontevedra.

Categoría F:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as do 2º ciclo da ESO.

O xurado acordou outorgar o premido compartido:

Revista escolar Alborada.

Colexio Alborada.

Vigo-Pontevedra.

A semana da paisaxe.

IES Xesús Taboada Chivite.

Verín-Ourense.

ANEXO II

Certame Cooperativismo no ensino dirixido a centros de formación profesional

Modalidade de proxectos empresariais cooperativos:

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo:

Aproagro, S. Coop. Galega.

I.E.S. As Mercedes-Lugo.

Accésit aos dous proxectos empresariais finalistas:

Forestal Galicia, S.Coop. Galega.

CPR Caixa Galicia-A Coruña.

Mercadotecnia S. Coop. Galega.

IES A Sangriña-A Guarda (Pontevedra).

87 Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se convoca o concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais.

(DOG nº 3, do 6.01.2009)

A Constitución española, no seu artigo 129.2º, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, asignándolle entre as súas funcións a de facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo.

Tendo en conta que as sociedades cooperativas teñen amosado o seu importante potencial para o impulso do desenvolvemento, local en xeral e rural en particular, cómpre apoiar o seu aproveitamento integral como elementos dinamizadores da economía local e singu-

larmente creadores de riqueza e emprego, a través do estimulo aos axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, particularmente aqueles máis ligados ao ámbito local.

Vistas as experiencias derivadas de anteriores edicións do concurso de iniciativas cooperativas e coa finalidade de fomentar o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia, o Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do 12 de novembro de 2008, acordou aprobar a convocatoria do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais correspondente ao ano 2009.

Polo que antecede, en uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

DISPOÑO:

A publicación das bases do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais correspondente ao ano 2009, e a súa convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As bases reguladoras recóllense no anexo.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

ANEXO

Bases do concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais 2009

Primeira.-O obxecto deste concurso é estimular e apoiar os axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, en especial nos proxectos ligados ao ámbito local, para que no seu labor de técnicos/as no asesoramento e impulso de proxectos fomenten o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia.

Segunda.-Poderán participar neste concurso as persoas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos/as de emprego, técnicos/as de grupos de acción local, orientadores/as educativos e laborais, técnicos/as das consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Rural e Traballo, así como técnicos/as das asociacións de cooperativas, etc. Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten proxectos orixinais e inéditos escritos en galego ou castelán.

Terceira.-Os proxectos terán por obxecto o impulso e aproveitamento integral dos recursos locais no ámbito galego, a través da fórmula cooperativa, de xeito que poidan incentivar o desenvolvemento local en xeral, e rural en particular. Ademais, deben terse en conta as liñas de acción definidas no Plan estratéxico para o cooperativismo.

Cuarta.-Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. A participación en máis dun proxecto unicamente será admisible cando sexan proxectos de diferente modalidade (individual e colectivo).

Quinta.-Os proxectos presentaranse antes do 31 de maio de 2009 na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela). Os textos entregados fóra de prazo non serán admitidos no concurso.

Deberá presentarse unha copia de cada proxecto escrita en galego, en papel formato A4 (DIN-A4, 210×297), claramente impresa a espazo simple en Century Gothic 12 ou tipo de letra similar e nunha soa das caras da folla. A extensión máxima dos proxectos será de 20 follas (incluíndo no cómputo os anexos). Ademais, será obrigatorio enviar os proxectos en formato electrónico de forma complementaria ao envío en papel.

Sexta.-Cada proxecto presentarase asinado cun pseudónimo na carátula e acompañado por un sobre, debidamente pechado; na súa fronte indicarase o pseudónimo usado polo/s autor/es ou autora/as. No interior dese sobre deben figurar os datos persoais e de contacto do autor/a para os proxectos individuais e de cada un dos compoñentes do grupo de traballo nos proxectos colectivos: nome e apelidos, DNI ou número de pasaporte, domicilio, teléfono, e enderezo de correo electrónico, se o tivese. O dito sobre permanecerá invariablemente pechado, a excepción dos correspondentes proxectos que acaden os premios e daqueles que sexan seleccionados para formar parte dun catálogo de referencia.

Cada proxecto entregado estará acompañado, ademais, dunha nota escrita polo/s autor/es ou autora/as e asinado co seu pseudónimo, na cal aceptará expresamente as bases e condicións do concurso e declarará que a obra é da súa autoría, inédita, que non foi presentada a outro concurso pendente de resolución e que non ten cedidos ou prometidos os dereitos de edición e/ou reprodución en calquera forma con terceiros. No sobre pechado indicado anteriormente, incluirase unha certificación asinada co nome e apelido do/a autor/a, na cal este se fai expresamente responsable da veracidade e exactitude da declaración mencionada neste parágrafo. No caso de faltar este requisito, o proxecto quedará excluído do concurso.

Sétima.-Os proxectos presentados serán avaliados por un xurado composto polos seguintes membros: un/unha representante nomeado/a polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas, un/unha representante nomeado/a pola Federación Galega de Municipios e Provincias, un/unha orientador/a técnico/a profesional nomeado/a pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, un/unha representante nomeado/a pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un/unha representante nomeado/a pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, un/unha técnico/a especialista en cooperativismo nomeado/a pola Consellería de Traballo e a directora xeral de Relacións Laborais, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.

Avaliarase a coherencia e viabilidade económica dos proxectos, o seu carácter innovador, a súa achega á posta en valor e aproveitamento sustentable dos recursos locais do contorno e a súa adecuación aos obxectivos e ás liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo.

Todos os premios serán outorgados polo xurado, a decisión tomarase por unanimidade ou, no seu defecto, por maioría de votos e serán inapelables. A resolución darase a coñecer no transcurso do acto público que se realizará con motivo do día do cooperativismo, en que se procederá á entrega de premios.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Oitava.-O/s autor/es ou a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 7.000 euros, dos cales 4.000 euros se entregarán tras a resolución do xurado, e 3.000 euros entregaranse tras a

presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión.

Ademais outorgaránselles dous accésit de 2.000 euros cada un aos/ás autores/as dos proxectos considerados como segundo e terceiro mellores. Os proxectos de maior interese incorporaranse a un catálogo de referencia.

Novena.-O outorgamento dos premios establecidos neste concurso implica, sen necesidade de ningunha declaración por parte dos/as autores/as, o recoñecemento do dereito exclusivo a favor do Consello Galego de Cooperativas, a reproducir, traducir e difundir os proxectos premiados nas condicións, cos medios a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.

O Consello Galego de Cooperativas reservará para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes dos/as gañadores/as, polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que os/as participantes no concurso prestan o seu consentimento ao presentar o proxecto.

Os/as concursantes exoneran de toda responsabilidade o Consello Galego de Cooperativas, no caso de que os proxectos resultasen danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estiveren no seu poder. Os materiais presentados non serán devoltos.

Décima.-A presentación dun proxecto neste concurso implica a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo, e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos delas que poidan xurdir, acudirase ao Consello Galego de Cooperativas.

Seguridade e saúde laboral

88 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009.

(DOG nº 6, do 9.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 143, do 23.07.2009).

A Constitución española de 1978 recolle, dentro dos principios rectores da política social e económica, que os poderes públicos velarán pola seguridade e hixiene no traballo.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29, epígrafe 1, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

Mediante o Real decreto 2381/1982, do 24 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia recibiu o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de gabinetes técnicos provinciais do Instituto de Seguridade e Hixiene no Traballo.

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, modificada polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, relativas á prevención de riscos laborais.

Na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, recóllese o mandato de que as administracións públicas competentes promoverán a prevención e o asesoramento, incluídas a asistencia e a cooperación técnica, a información, divulgación, formación e investigación en materia preventiva, coa finalidade de promover melloras nas condicións de traballo dirixidas a elevar o nivel de protección e da seguridade e saúde laboral das traballadoras e dos traballadores.

A Lei 54/2003, do 12 de decembro, que modifica a Lei 31/1995, establece o obxectivo de combater dun xeito activo a sinistralidade laboral así como o de reforzar a necesidade de integrar a prevención de riscos laborais nos sistemas de xestión da empresa. Isto fai preciso instrumentar mecanismos para as empresas galegas que lles faciliten dar cumprimento ao novo marco normativo e á normativa de desenvolvemento existente en materia de prevención de riscos laborais como actividade integrada no conxunto de actuacións e decisións da empresa.

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para fomento da prevención de riscos laborais entre as traballadoras e os traballadores de Galicia mediante actividades de

formación (xornadas técnicas, seminarios, cursos de prevención, etc.), así como de promoción, difusión e comunicación sobre a normativa e aspectos máis relevantes da seguridade e saúde laboral entre os distintos sectores afectados, co obxecto de impulsar a presenza de recursos preventivos na empresa e fomentando unha auténtica cultura de prevención de riscos laborais no traballo.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 16.04.324B. 444.0 (60.000 €) código de proxecto 2009 01030 e 16.04.324B. 481.1 (2.062.000 €) código de proxecto 2009 01032.

En todo caso, o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001.

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito e réxime de axudas

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública como a execución das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais en Galicia, correspondentes ao exercicio de 2009, xestionadas pola Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. As entidades beneficiarias das axudas recollidas nesta orde de convocatoria estarán incluídas en dous programas:

A. Entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia e que polos seus fins teñan vocación de fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e as traballadoras e os traballadores de Galicia.

B. Universidades situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas:

a) Aquelas entidades en que concorra algunha das circunstancias a que se refire o artigo 10, puntos 2º e 3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción subvencionada, e que deberá ser realizada consonte o establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Ademais, os/as subcontratistas deberán facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% do importe da acción.

Capítulo II

Modalidades de axuda

Artigo 3º.-Gastos que se subvencionarán.

1. As actividades de fomento da prevención de riscos laborais recollidas nesta orde serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución, incluíndo os custos indirectos recollidos no artigo 29.9º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo cos criterios que se recollen no artigo 9.3º e sen prexuízo de que a entidade solicitante achegue unha parte do orzamento total da actividade solicitada.

2. Serán subvencionables as seguintes actuacións:

- De formación, destinadas aos traballadores/as galegos/as.
- Estudos e traballos técnicos relacionados coa seguridade e saúde laboral.
- Realización de ferramentas prácticas para implantación de actuacións en seguridade e saúde laboral.
- De investigación e de prospección dirixidas á mellora da prevención de riscos laborais, así como estudos de condicións de traballo en sectores concretos de actividade económica.
- De difusión, sensibilización e intercambio de experiencias (conferencias, xornadas, seminarios e publicacións):

a) De difusión normativa e técnica, en relación coa Lei de prevención de riscos laborais e normativa de desenvolvemento.

b) De sensibilización empresarial para investimento específico en prevención de riscos laborais.

c) De intercambio de experiencias e boas prácticas en seguridade e saúde laboral.

3. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza para a mesma actuación.

Artigo 4º.-Período de imputación de gastos.

Poderanse financiar con cargo a esta orde de convocatoria os gastos derivados de accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2009 ata que rematen, conforme o sinalado no artigo seguinte.

Artigo 5º.-Remate e xustificación das accións.

Todas as accións deberán estar rematadas e xustificadas, como data límite, o 31 de outubro de 2009.

Capítulo III

Da convocatoria pública

Artigo 6º.-Solicitudes.

1. As entidades incluídas no artigo 2º que desexen participar nas actuacións que se regulan nesta orde de convocatoria deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde e que se subministrará nas delegacións provinciais da consellería, na Dirección Xeral de Relacións Laborais, en calquera das oficinas administrativas de información ao cidadán e na páxina web da Consellería de Traballo, subscrita pola persoa ou representante legal da entidade e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

   a) Documentación acreditativa da representación legal suficiente para asinar a solicitude.

   b) Copia dos estatutos ou escritura pública de constitución da entidade.

   c) Copia compulsada do CIF ou NIF da entidade.

   d) Unha ficha por cada unha das accións solicitadas no modelo normalizado (anexo II).

   e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma acción perante as distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

   f) Declaración responsable de non estar incursa en supostos de prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria de subvencións (anexo III).

   g) Memoria das actividades que se realizarán para as que solicita a subvención, especificando o seu custo e desagregando os ingresos e gastos da acción solicitada. Indicarase, así mesmo, se a entidade colabora no financiamento da acción solicitada e, de ser o caso, a cantidade que achega.

2. As solicitudes presentaranse na Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artículo 7º.-Publicidade das axudas.

1. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, autorizando a inclusión destas axudas no dito rexistro e, de ser o caso, no de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

   Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 8º.-Prazo.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a entidade para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 9º.-Procedemento.

1. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes.

3. A comisión de valoración, para avaliar as solicitudes, terá en conta os seguintes criterios:

   - Representatividade da entidade solicitante (de 0 a 2 puntos).
   - Número de persoas destinatarias a que van dirixidas as accións (de 0 a 3 puntos).
   - Dimensión plurisectorial ou galega da acción proposta (de 0 a 2 puntos).
   - Transferibilidade da actuación ou ferramentas a outros colectivos, sectores ou territorios (de 0 a 2 puntos).
   - Achega de elementos innovadores (de 0 a 1 puntos).
   - Maior índice de sinistralidade laboral en Galicia sobre o sector en que se pretende actuar (de 0 a 3 puntos).
   - Metodoloxía e recursos empregados para o desenvolvemento dos proxectos (de 0 a 2 puntos).
   - Participación da entidade no financiamento da acción (de 0 a 2 puntos).
   - Participación no proxecto de organizacións sindicais e empresariais (de 0 a 5 puntos).
   - Experiencia da entidade solicitante no desenvolvemento de acción de fomento da prevención de riscos laborais (de 0 a 3 puntos).
   - Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (artigo 20.lº da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) (0 a 3 puntos).

4. Para os efectos do previsto neste artigo, a comisión de valoración

estará composta polos seguintes membros: a/o xefa/e de servizo de Seguridade e Saúde Laboral, que a presidirá, e serán vogais a/o xefa/e de sección de Seguridade e Saúde Laboral e dúas persoas compoñentes do funcionariado adscrito á Dirección Xeral de Relacións Laborais; unha delas actuará como secretario ou secretaria.

5. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe a directora xeral de Relacións Laborais.

6. A contía máxima que se subvencionará determinarase do seguinte xeito:

- A entidade solicitante da subvención xuntará á súa solicitude unha valoración detallada e razoada do custo previsto da acción solicitada, na cal indicará, así mesmo, a cantidade que achega, de ser o caso, para o seu financiamento.
- A comisión de valoración, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta orde, elevaralle informe ao órgano competente para resolver as solicitudes presentadas.

O importe total das axudas percibidas non poderá superar o custo das actividades subvencionadas.

7. O xefe de servizo de Seguridade e Saúde Laboral, tendo en conta o informe da comisión de valoración, elevará proposta de resolución ante o órgano competente para resolver.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderalle á directora xeral de Relacións Laborais, por delegación do conselleiro de Traballo.

As resolucións deberán ser notificadas ás entidades interesadas no prazo de 10 días desde que se diten; estas disporán dun prazo de 10 días para comunicar a aceptación da subvención concedida.

2. A resolución dos expedientes deberá producirse no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao de remate de prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase denegada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Xustificación do pagamento.

1. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación polas entidades beneficiarias da seguinte documentación:

- Certificación expedida polo/a responsable legal da entidade na cal figure a mención das actividades realizadas, o importe que se xustifica e a relación de facturas.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción subvencionada.
- Documentos acreditativos do aboamento de tales facturas e dos demais documentos xustificativos dos pagamentos realizados.
- Memoria xustificativa da actuación realizada e obxecto da subvención, nos termos e na forma que se sinale na resolución de concesión.
- Xustificante da cantidade achegada pola entidade para o financiamento da acción realizada, de ser o caso.
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, incluíndo as resolucións correspondentes.

2. A data límite para a presentación desta documentación será o 31 de outubro de 2009.

3. Tras a recepción da documentación recollida neste artigo procederase á revisión e valoración dos documentos xustificativos da execución e, se é o caso, da documentación adicional solicitada. En función dos resultados acadados realizarase proposta de pagamento, axuste ou revogación das subvencións.

4. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Relacións Laborais emitirá certificacións para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

5. Poderán acordarse pagamentos parciais a medida que a entidade beneficiaria xustifique os pagamentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida.

Artigo 12º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións:

a) Comunicarlle ao órgano competente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ou a outros órganos que proceda, así como a obriga de facilitar información, tal como establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan necesarios, coa finalidade de garantir o adecuado

exercicio das facultades de comprobación e control.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos; en concreto, deberá consignarse o anagrama da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo, Dirección Xeral de Relacións Laborais, en todas as actividades de difusión así como no material que se realice con motivo das actuacións realizadas ao abeiro desta orde de convocatoria, así como calquera outra das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As entidades adxudicatarias de subvencións deberán estar, con independencia da súa contía, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, non terán que acreditar esta circunstancia aquelas entidades exentas pola Lei de orzamentos para o exercicio de 2009.

Artigo 13º.-Incumprimento das condicións.

O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas, suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

No caso de incumprimento parcial das accións realizadas, a cantidade que percibirá o beneficiario da subvención quedará reducida de forma proporcional ás accións non realizadas.

Artigo 14º.-Modificación de resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 15º.-Revogación.

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 16º.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establecen nesta orde e axustar a execución das accións á resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-A resolución das axudas previstas nesta orde estará supeditada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos programas 16.04.324B.444.0 código de proxecto 2009 01030 e 16.04.324B.481.1 (2.062.000 €) código de proxecto 2009 01032.

Poderán ditarse resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, ou doutros remanentes. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas ás tidas en conta para a resolución inicial.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo na directora xeral de Relacións Laborais para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas entidades beneficiarias, respecto das resolucións de concesión de que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

Terceira.-En todo o non disposto nesta orde será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na antedita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais, en canto lle sexa de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "88-09.PDF"

Resolución do 29 de xuño de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009.

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 7º da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da devandita orde para o ano 2009.

Obxecto da axuda: as axudas teñen como obxecto subvencionar as actividades de fomento da prevención de riscos laborais recollidas no punto 2 do artigo 3º da orde de referencia, que establece como actuacións subvencionables as seguintes:

- De formación, destinadas aos traballadores/as galegos/as.
- Estudos e traballos técnicos relacionados coa seguranza e saúde laboral.
- Realización de ferramentas prácticas para implantación de actuacións en seguranza e saúde laboral.
- De investigación e de prospección dirixidas á mellora da prevención de riscos laborais, así como estudos de condicións de traballo en sectores concretos de actividade económica.
- De difusión, sensibilización e intercambio de experiencias (conferencias, xornadas, seminarios e publicacións):

a) De difusión normativa e técnica, en relación coa Lei de prevención de riscos laborais e normativa de desenvolvemento.

b) De sensibilización empresarial para investimento específico en prevención de riscos laborais.

c) De intercambio de experiencias e boas prácticas en seguranza e saúde laboral.

Norma reguladora: Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009 (Diario Oficial de Galicia nº 6, do 9 de xaneiro).

Crédito orzamentario: 2.122.000 € (Dous millóns cento vinte e dous mil euros) recollido na aplicación orzamentaria 16.04.324B.481.1 (2.062.000 €) e na aplicación orzamentaria 16.04.324B.444.0 (60.000 €) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Beneficiarios da subvención e importe desta: véxase anexo.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2009.

Ver anexos pdf "88-09.PDF"

89 Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

(DOG nº 52, do 16.03.2009).

Para os efectos previstos no artigo 15.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acórdase darlle publicidade ao acordo entre a Consellería de Traballo e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e que recolle no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

ANEXO

Acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

Reunidos:

Dunha parte, Ricardo Jacinto Varela Sánchez, conselleiro de Traballo, en nome e representación da consellería en virtude do Decreto 213/2005, do 3 de agosto, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E, de outra parte Miguel Martínez Losada, director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), en nome e representación deste, en virtude do Decreto 21/2008, do 21 de febreiro, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 3 do Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Manifestan:

O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención no seu artigo 29, parágrafos 3º e 4º, regula as condicións das exencións de auditorías, o seu procedemento de notificación polas empresas e a resposta da autoridade laboral.

Coa Lei 14/2007, do 30 de outubro, créase e regúlase o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Esta lei créao como organismo autónomo adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, e configúrao como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais. A súa entrada en vigor supuxo a integración dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral no ISSGA.

Os centros provinciais de seguridade e saúde laboral, que dependían orgánica e funcionalmente da consellería competente en materia de traballo, viñan realizando actividades relacionadas coa tramitación das exencións de auditorías.

Tendo en conta as tarefas que estes centros provinciais viñan desenvolvendo, e que a Lei 14/2007 inclúe no seu artigo 4 f) entre as funcións do instituto a de prestarlle colaboración, asesoramento técnico e coordinación á autoridade laboral, por razóns de eficacia na súa xestión, considérase conveniente que os devanditos centros continúen a desenvolver este labor. Xa que agora non dependen organicamente da autoridade laboral, cómpre establecer os mecanismos da dita colaboración.

Por todo o exposto, acordan a sinatura dun acordo, conforme as seguintes

Cláusulas:

Primeira.-Encomendarlle ao ISSGA o desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención , no seu artigo 29, parágrafos 3º e 4º, nos termos que a seguir se indican:

a) Recepción e rexistro das notificacións de exencións e da documentación procedente.

b) Revisión da documentación presentada, e reclamación de documentación pendente ou incorrecta.

c) A elevación á autoridade laboral da proposta para que o delegado/a provincial da consellería substantiva requira a realización da auditoría de acordo co previsto no paragrafo 4º do artigo 29 do Real decreto 39/1997.

Segunda.-Esta encomenda establécese con carácter indefinido.

Terceira.-A Dirección Xeral de Relacións Laborais e as delegacións provinciais da Consellería de Traballo prestarán toda a colaboración que sexa precisa en relación coas actuacións que se recollen neste acordo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais poderá supervisar cando o considere conveniente a efectividade do cumprimento das cláusulas que contén esta resolución.

Esta encomenda ao ISSGA non supón a cesión da titularidade das competencias que ten atribuídas a autoridade laboral nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio na data e lugar arriba indicados.

90 Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

(DOG nº 58, do 25.03.2009).

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, como marco xeral, persegue ante todo a prevención e inclúe o propósito de fomentar unha auténtica cultura preventiva, mediante a promoción da mellora da formación na devandita materia.

O Estatuto de autonomía de Galicia define as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de execución de relacións laborais e canto á súa capacidade de autoorganización para a consecución dos seus fins.

En Galicia asinouse o 5 de febreiro de 2007 un conxunto de acordos entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT de Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia, no marco do diálogo social. Nove acordos que definen un novo marco das relacións laborais en materia de prevención de riscos laborais, de emprego, de formación para o emprego, de negociación colectiva e de participación institucional.

Entre os acordos acadados, inclúense dous relativos á prevención de riscos laborais en Galicia, que foron precisamente os dous primeiros que se rematararon no tempo.

Un deles é o Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010. Dentro deste plan defínese un conxunto de accións para mellorar as condiciones de seguridade e saúde nas empresas e reducir a sinistralidade laboral.

No plan estratéxico establécense os obxectivos operativos ou estratéxicos que pretenden abordar os problemas antes descritos cos instrumentos con que conta actualmente a Administración e con aqueloutros que, como consecuencia do propio plan, teñan que achegarse. Cada un dos obxectivos estratéxicos desenvólvense nunha serie de actuacións e programas específicos para levar a cabo no período de referencia do plan, é dicir, ata o ano 2010.

Así, no obxectivo estratéxico 8. Desenvolvemento de accións de control integrado. Cooperación institucional, na súa acción 1. Plan galego formativo integral: inclúese a necesidade de analizar, coordinar, integrar e desenvolver formación específica de coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción, de acordo cun programa unitario.

O Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, que establece disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción,

introduce e regula no seu capítulo II a figura do coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante as fases de proxecto e execución de obras e establece no seu artigo 3.1º que, cando na elaboración do proxecto de obra interveñan varios proxectistas, o promotor/a nomeará un coordinador/a en materia de seguridade e de saúde durante a elaboración do proxecto de obra, e no número 2º do mesmo artigo prescribe que, cando na execución da obra interveñan máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, o/a promotor/a, antes do inicio dos traballos ou cando se constate esta circunstancia, designará un coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

O Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, establece na súa disposición adicional primeira que as instrucións a que está obrigado o/a empresario/a titular do centro, en virtude do artigo 8 deste real decreto, entenderanse cumpridas polo/a promotor/a mediante as impartidas polo/a coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra, cando tal figura exista.

O/a coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto de obra é a persoa técnica competente designada polo/a promotor/a para coordinar, durante a fase do proxecto de obra, a aplicación dos principios xerais da prevención.

O/a coordinador/a en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra é a persoa técnica competente integrada na dirección facultativa, designada polo promotor/a para levar a cabo as tarefas definidas na citada normativa.

A Orde do 27 de xuño de 1997 pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, en relación coas condicións de acreditación das entidades especializadas como servizos de prevención alleos ás empresas, de autorización ás persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas e de autorización das entidades públicas ou privadas para desenvolver e certificar actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais establece no seu capítulo III os requisitos mínimos que deben reunir as entidades formativas para ser autorizadas.

Así mesmo, o Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, recolle a necesidade de acreditación da formación e a validación e os contidos formativos mínimos para coordinadores/as en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

O obxecto deste regulamento é o establecemento dos requisitos mínimos que deben cumprir as entidades públicas e privadas interesadas en colaborador coa Consellería de Traballo para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, coa finalidade de garantir a calidade dos medios materiais e docentes que se destinen á cualificación dos/as profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción, así como para promocionar a súa formación na materia.

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento que se deberá seguir para obter a acreditación como entidade formativa para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, que poida ser impartida en centros acreditados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo.

Artigo 2º.-Requisitos.

1. Poderán solicitar a acreditación como entidade formativa para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, de acordo co procedemento establecido nesta orde, as persoas físicas, as entidades xurídicas e as institucións que desexen colaborar na impartición deste curso, sempre que cumpran os requisitos establecidos nos parágrafos seguintes.

2. Os requisitos que deben reunir os centros para obter esta acreditación por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo son de dous tipos: de carácter xeral e específicos. Estes requisitos serán os seguintes:

De carácter xeral.

a) As condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade, exixidas pola lexislación vixente.

b) Licenza municipal de apertura.

c) Un espazo para dirección, sala de profesores e actividades de coordinación, que deberá diferenciarse claramente do espazo docente.

d) Servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro.

e) Dispoñer dun equipamento informático que permita a transmisión de datos en liña á Consellería de Traballo.

Específicos.

a) Aulas de clases teórico-prácticas:

- Deberán contar cunha superficie mínima de 30 m2 equipada con mobiliario docente para 15 alumnos/as e profesorado, ademais de elementos auxiliares.

- O acondicionamento eléctrico deberá cumprir as normas de baixa tensión e estar preparado de forma que permita realizar as prácticas.

A parte práctica poderá desenvolverse no propio centro ou, con carácter excepcional en función do interese para a correcta cualificación profesional do alumnado, en empresas que se comprometan ou asinen un convenio ca entidade formativa acreditada correspondente.

b) Equipamento e material:

As entidades formativas acreditadas deberán destinar á impartición deste curso os equipamentos e materiais mínimos que se relacionan a continuación:

b.1. Equipamento:

- Documentación relativa á utilización de elementos de protección individuais e colectivos.
- Mesas e cadeiras en número suficiente para a totalidade de alumnos e alumnas.
- Mesas auxiliares para a realización de prácticas: curas, análise de planos e esbozos, etc.
- Exemplos de plans empresariais de Seguridade e Saúde no traballo.
- Encerados.
- Equipamentos informáticos multimedia.
- Equipamentos de imaxe e son.

b.2. Material didáctico:

Proporcionaránselle ao alumnado os medios didácticos e o material imprescindible para o desenvolvemento do curso, así como exemplares de documentos coa normativa aplicable ao obxecto do curso.

b.3. Elementos de protección:

No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e hixiene no traballo, e observaranse as normas legais ao respecto.

c) O profesorado.

Deberá ser experto neste ámbito formativo e terá que acreditar documentalmente a súa formación. Especialmente, deberá contar con:

- Nivel académico mínimo de arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.
- Experiencia acreditada como técnico de seguridade de, como mínimo, 12 meses.
- Certificado de aptitude pedagóxica, formación metodolóxica ou experiencia docente.

Deberá manterse unha relación máxima profesor-alumno de 1/20 durante a impartición.

O conxunto do profesorado debe garantir, en canto a súa especialización, a totalidade das materias a impartir.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As entidades que, reunindo os requisitos establecidos no artigo anterior, desexen obter a acreditación como entidade formativa para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, deberán formalizar a correspondente solicitude en exemplar triplicado no modelo normalizado que se xunta como anexo, subscrita polo titular ou representante legal da entidade, debidamente acreditado.

2. As solicitudes presentaranse nos servizos centrais da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes de acreditación quedará aberto permanentemente desde a entrada en vigor desta orde.

4. O cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2º acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

4.1. De carácter xeral:

a) Memoria identificativa do centro.

b) Código de identificación fiscal (CIF) ou número de identificación fiscal (NIF).

c) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para a sinatura da solicitude, de ser o caso.

d) Estatutos ou normas debidamente legalizadas polas que se rexe a entidade.

e) Planos oficiais dos inmobles e instalacións.

f) Memoria de inmobles e instalacións, identificando no plano cada espazo físico e a súa superficie.

g) Xustificante da propiedade, arrendamento ou título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes, equipamento didáctico, talleres ou campos de práctica. No caso de que a parte práctica do curso se vaia desenvolver en empresas, achegarase compromiso da empresa coa entidade formativa acreditada para que se realicen naquela as prácticas.

h) Licenza municipal de apertura.

i) Descrición do equipamento informático de que dispón para a transmisión de datos en liña á Consellería de Traballo.

4.2. Específica para o curso:

a) Programa do curso detallado e coñecementos profesionais estructurados por módulos, xuntando a descrición da metodoloxía docente e a tipoloxía das probas de avaliación que se vaian efectuar.

O programa deberá axustarse ao que establece o anexo I do Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, no que se establece o contido mínimo do programa formativo de carácter presencial autorizado pola Consellería de Traballo para coordinadores/as en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

b) Relación de maquinaria, utensilios, material de consumo, textos e material didáctico que se utilizará en cada curso, que deberá ser suficiente e adecuado para que o alumnado poida realizar as prácticas simultaneamente, salvo que se desenvolvan en empresas.

Artigo 4º.-Tramitación.

1. A Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo examinará as solicitudes e comprobará que a documentación achegada é correcta e suficiente.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados no artigo 3º ou a documentación achegada contivese erros ou fose insuficiente, requirirase do solicitante que, nun prazo de dez días,

emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare, que deberá ser ditada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 5º.-Resolución.

1. A terminación do expediente de acreditación corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, mediante resolución motivada que deberá serlles notificada aos interesados.

2. A resolución dos expedientes deberá producirse no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da recepción da solicitude nos servizos centrais da Consellería de Traballo. Transcorrido o antedito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase que esta é estimatoria da acreditación por silencio administrativo. O transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución poderá suspenderse, de acordo co establecido no artigo 42.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Contra as resolucións do directora/or xeral de Relacións Laborais que poñan fin ao procedemento de acreditación poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Traballo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución que se pretenda impugnar.

Artigo 6º.-Censo de entidades formativas acreditadas.

1. A acreditación para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción implicará a inclusión da entidade no censo de entidades formativas acreditadas pola Consellería de Traballo para a impartición deste curso, constituído para o efecto na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

2. A cada entidade asignaráselle un número de censo e ás que dispoñan de máis dun centro na mesma ou distinta localidade, asignáraselles un número distinto para cada un deles.

3. A Consellería de Traballo publicará e manterá actualizada na súa páxina web unha relación das entidades formativas acreditadas para realizar os cursos.

Artigo 7º.-Procedemento administrativo para a impartición dos cursos.

As entidades formativas acreditadas para impartir o curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, deberán seguir o procedemento administrativo descrito a continuación para os efectos de control, por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, da permanencia das condicións de acreditación e do cumprimento dos requisitos prestablecidos:

1. Comunicación do inicio do curso.

A data prevista de seu inicio de cada curso deberase comunicar por escrito cun prazo mínimo de 15 días previos ao seu inicio. Esta deberá ir acompañada dunha programación e cronograma do curso e todos os datos necesarios para o efectivo seguimento da actividade formativa por parte do persoal técnico da Consellería de Traballo, tales como o lugar de realización, o horario ou o lugar das titorías.

Deberase comunicar calquera cambio que se produza no programa presentado. A Dirección Xeral de Relacións Laborais asignará un número ao curso que se vai iniciar e notificarallo á entidade formativa acreditada, co fin de que apareza en todas as comunicacións posteriores para a súa mellor identificación.

2. Inicio do curso.

O mesmo día de inicio do curso deberá remitirse polos medios que determine a Dirección Xeral de Relacións Laborais (fax, correo electrónico ou outros) a relación do alumnado que inicia a formación con indicación do seu DNI. A partir desa data quedará pechado o listado de alumnos/as e non se poderán producir novas altas.

Por outra banda, deberá comunicarse calquera baixa de alumnos/as que se produza durante o transcurso do curso ou calquera outra incidencia que afecte ao seu desenvolvemento.

3. Documentación do alumnado.

É necesario que o alumnado que acceda a esta formación posúa titulación universitaria de arquitectura, arquitectura técnica, enxeñaría ou enxeñaría técnica, a cal deberá quedar acreditada no expediente administrativo. Con tal motivo, a entidade deberá remitir a documentación acreditativa-orixinais ou copias cotexadas dos títulos universitarios e do DNI- no prazo de cinco días posteriores á comunicación do listado de alumnado.

4. Fin do curso.

Unha vez finalizado o curso, presentarase ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais a seguinte documentación:

- Memoria descritiva do curso.
- Certificado do director/a do curso co visto e prace do representante legal da entidade relativo ao cumprimento dos requisitos preestablecidos na normativa e no proxecto aprobado que motivou a resolución de autorización da entidade, incluíndo as avaliacións.
- Acta final do curso, na que se recolla a identidade do alumnado, os seus DNI e a cualificación obtida, asinada en todas as súas páxinas.

Artigo 8º.-Obrigas das entidades formativas acreditadas.

As entidades que obteñan a condición de entidade formativa acreditada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo para a impartición do curso coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, terán as seguintes obrigas:

1. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan realizar os técnicos da Consellería de Traballo quedando obrigados a facilitar canta información se lles solicite.

2. Manter as instalacións e estrutura de medios con base nas que se produciu a inscrición como entidade formativa acreditada, e adaptalas aos requisitos mínimos que en cada momento se exixan para

este curso formativo.

3. Facer constar na súa publicidade a condición de entidade formativa acreditada pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo nas accións para o desenvolvemento do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construcción e non usar tal condición cando se trata de cursos doutra natureza impartidos pola entidade formativa.

4. Solicitar autorización expresa para continuar como entidade formativa acreditada cando se produza un cambio na titularidade do propietario ou responsable xurídico.

Artigo 9º.-Revogación da condición de entidade formativa acreditada.

1. A Dirección Xeral de Relacións Laborais, mediante resolución motivada e logo do trámite de audiencia ao titular do centro, poderalles revogar a autorización como entidade formativa acreditada cando:

a) Incumpran calquera dos preceptos contidos nesta orde.

b) Subcontraten cun terceiro a execución dos cursos dos que teñan concedida a súa realización.

2. Contra as resolucións de revogación previstas neste artigo poderase interpor recurso de alzada ante a Consellería de Traballo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución que se pretenda impugnar.

Artigo 10º.-Recoñecemento da formación preventiva especializada.

1. Para os efectos do sinalado no artigo 12.1 do Decreto 153/2008, as entidades que desexen validar as accións formativas impartidas con anterioridade a publicación do citado decreto, deberán presentar ante a dirección xeral de relacións laborais a solicitude correspondente na que xuntarán a seguinte documentación:

a) CIF/NIF da entidade.

b) Memoria do curso impartido, en que deberá constar, como mínimo a seguinte información: datas e lugar de impartición, programa do curso, modalidade formativa e relación do alumnado coa súa cualificación final.

c) Relación do profesorado e o seu currículo.

2. Unha vez recibida a citada documentación, e logo de solicitude dos informes que considere oportunos, correspóndelle ao titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais a resolución da dita solicitude conforme o especificado no artigo 5º.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2009.

Ver anexo pdf "90-09.PDF"

91 Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a Pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

(DOG nº 153, do 6.08.2009 e orde de ampliación do prazo no DOG nº 223, do 13.11.2009).

O 5 de febreiro de 2007 asinábase o acordo denominado Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia. Acordo polo Emprego, como froito do proceso de Diálogo Social en Galicia, iniciado coa sinatura da Declaración Institucional do 5 de novembro de 2005.

O referido acordo é, pola súa vez, un compendio de nove acordos entre os que se atopa o denominado Acordo a prol da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia.

A responsabilidade social das empresas recollíase no Libro verde da UE (2001), documento xurdido do Consello Europeo de Lisboa de marzo do ano 2000, como un concepto segundo o cal as empresas deciden voluntariamente contribuír á consecución dunha sociedade mellor e un ambiente máis limpo, definición que o Foro de Expertos ampliaba e, por consenso, establecía que a RSE é a integración voluntaria no seu goberno e xestión, nas súas estratexias políticas e procedementos, das preocupacións sociais, laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparentes cos seus grupos de interese, responsabilizándose así das consecuencias e impactos que derivan das súas accións.

Seguindo a propia definición do Libro Verde da Comisión Europea, é necesario falar da responsabilidade social empresarial na súa vertente interna e externa. Dentro da empresa, as prácticas responsables afectan, en primeiro lugar ás traballadoras e traballadores, en cuestións, entre outras, como a contratación laboral, a adaptación das empresas ante os cambios no mercado laboral, a procura de solucións ante as situacións de inestabilidade laboral minorando os efectos negativos destas sobre o emprego e o contorno social no que se desenvolven as empresas. A reestruturación de empresas polo peche de centros de traballo e os recortes de man de obra provocan preocupación entre as traballadoras e traballadores polo que sería recomendable que as empresas incorporasen ás súas estratexias de responsabilidade social plans e medidas para promover a estabilidade no emprego, aí como plans sociais e de recolocación das súas traballadoras e traballadores para aqueles sectores con circunstancias que así o demanden.

No que se refire á Comunidade Autónoma galega, enténdese que a idea de RSE está necesariamente cinguida a un contorno sociolaboral e ambiental que, unida ao desenvolvemento económico, configura os parámetros de calidade de vida que desexamos e que responde ao concepto de desenvolvemento sustentable e de competencia responsable.

Por iso, no proceso de diálogo social, as partes asinantes do Acordo a prol da Responsabilidade Social en Galicia, acordaban apostar polo fomento da responsabilidade social empresarial no noso país, para o cal amosaban a súa conformidade para que as políticas, medidas e plans que se desenvolverán na materia na nosa comunidade autónoma pivotasen sobre diversos principios ou liñas de actuación dirixidos, de xeito directo, ao tecido empresarial composto na súa maioría, por pequenas e medianas empresas (Peme).

Entre outras liñas de actuación en materia de RSE recollidas no referido acordo e destinadas ás empresas atópanse, o fomento da formación, da transparencia informativa, o impulso da implantación nas empresas de sistemas de xestión, a mellora das condicións laborais dos traballadores e traballadoras, a promoción dos valores da RSE e a creación de liñas de axuda.

Así mesmo, e á vista da actual situación económica, resulta imprescindible centrar as medidas de RSE na creación e mantemento do emprego na nosa comunidade autónoma, motivo polo que se modifican estas bases e se refunde o seu contido coas publicadas no exercicio 2008 (Orde do 28 de xullo de 2008, DOG nº 149, do 4 de agosto).

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

Capítulo I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ao impulso de actuacións de fomento, difusión e sensibilización no ámbito da responsabilidade social empresarial, así como para a incorporación de plans e medidas de responsabilidade social da empresa que promovan a estabilidade no emprego e a reinserción laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o financiamento dos gastos que as pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas leven a cabo neste eido durante o ano 2009.

Artigo 2º.-Financiamento e normativa reguladora.

A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase no exercicio 2009 con cargo á aplicación 48.03. 324A 474.0 código de proxecto, 200901036 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por importe total de trescentos vinte e oito mil quiñentos trinta e cinco euros (328.535).

Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de setembro de 2007; este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión.

As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en canto non se opoña ao establecido na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas con domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que reúnan a condición de pequena e mediana empresa (Peme).

Para os efectos desta orde, considérase Peme a empresa que empregue menos de 250 traballadores e que non supere os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.

Artigo 4º.-Actuacións e gastos subvencionables.

As actuacións subvencionables desagréganse nas seguintes liñas de actuación:

Liña I: actividades para o fomento, difusión e sensibilización da responsabilidade social da empresa tanto de xeito interno coma externo.

Para estes efectos terán a consideración de gastos subvencionables:

- A organización ou participación das traballadoras e traballadores e do persoal directivo da empresa, en congresos, seminarios, cursos, xornadas, simposios ou similares no eido da RSE.
- Os gastos derivados da edición de folletos, enquisas, boletíns, publicacións, campañas publicitarias ou calquera outra actividade promocional que fomente a responsabilidade social da empresa de xeito interno ou externo.

Liña II: actividades para incorporar plans e medidas de responsabilidade social da empresa que promovan o emprego estable e a reinserción laboral, ante situacións que así o demanden.

Para estes efectos terán a consideración de gastos subvencionables, os gastos derivados da contratación de persoal cualificado, a dedicación do persoal da empresa con cualificación ou os gastos de asesoramento ou consultoría para:

- A elaboración de plans sociais e de recolocación que recollan medidas que a empresa pode adoptar para evitar ou reducir os efectos negativos sobre as traballadoras e traballadores dos posibles necesidades de axustes de persoal, tales como, as dirixidas á readaptación ou á reconversión das traballadoras e traballadores ou á súa integración noutros postos de traballo da empresa, entre outras de análoga natureza.
- A implantación na empresa de sistemas ou medidas que favorezan a estabilidade das traballadoras e traballadores nos seus postos de traballo, tales como o incremento de postos de traballo de carácter indefinido ou a redistribución da xornada de traballo entre as traballadoras ou traballadores, entre outras de análoga natureza.

Artigo 5º.-Contía das axudas.

A contía das axudas previstas non poderán superar o 60% dos gastos necesarios para a realización das actividades, ata un máximo de 3.000 euros por beneficiaria, se se trata de axudas previstas na liña I, e ata un máximo de 8.000 euros por beneficiaria na liña II.

Polo que respecta á liña II se a actividade se desenvolve mediante a contratación de persoal cualificado a contía da axuda consistirá no 100% dos gastos necesarios, ata o límite de 10.000 euros por beneficiaria.

Segundo o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso serán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Capítulo II

Competencia e procedemento

Artigo 6º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta orde, por delegación do/a conselleiro/a competente en materia de traballo, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 7º.-Solicitudes, prazo e documentación.

1. Solicitudes.

As solicitudes de axudas e subvencións recollidas nesta orde, deberán formalizarse por separado para cada unha das liñas, dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A presentación da solicitude de subvención pola entidade comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto).

Segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: http://traballo.xunta.es

2. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas rematará no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da norma no Diario Oficial de Galicia.

3. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde, e deberán ir acompañadas da documentación xenérica e específica que a seguir se relaciona:

3.1. Documentación xenérica.

- Modelo de declaración responsable segundo anexo I desta orde.
- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da persoa ou persoas que teñan a representación legal.
- Fotocopia compulsada do documento que acredite a dita representación.
- Ficha de solicitude da transferencia bancaria segundo o anexo III desta orde.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como as axudas solicitadas ou concedidas sometidas ao réxime de minimis nos tres últimos anos, segundo anexo IV desta orde.
- Memoria das actividades realizadas pola empresa solicitante en anos anteriores en materia de RSE.
- Orzamento detallado dos gastos para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.
- Certificación na que se relacione o cadro de persoal de todos os centros da empresa nos doce meses anteriores á solicitude, con indicación do tipo de contrato e antigüidade na empresa.
- Copia cotexada dos documentos TC2 da empresa solicitante, referidos ao mes inmediatamente anterior á presentación da solicitude.
- Balance e conta de resultados da entidade solicitante do último exercicio pechado anterior á data da solicitude.
- Declaración da lingua que se vai empregar na realización da actividade para a que se solicita a subvención.

3.2. Documentación específica.

Liña I:

a) Proposta de actividades para as que se solicita a subvención, especificando os medios previstos para a súa realización e as persoas ás que vai dirixidas.

b) No caso de organización de actividades, data e lugar de celebración das actividades formativas, informe dos contidos que se van incluír na actividade, nome das persoas relatoras e ti-

tulación e currículo que acredite a especial cualificación para impartir as actividades de formación obxecto da axuda. No caso de prestación do servizo por persoas xurídicas deberase xuntar o contrato que une ao/á relator/a coa empresa prestadora do servizo de formación.

c) No suposto de participación en actividades, diploma, certificado ou outra documentación que acredite a asistencia a estas, expedidos pola entidade organizadora, así como os seus contidos.

Liña II:

a) Memoria detallada na que se deberá facer referencia aos seguintes aspectos:

- Proposta das actividades para as que se solicita a subvención.
- Número de persoas destinatarias das accións.
- Necesidade ou conveniencia da execución das medidas.
- Obxectivos perseguidos.

b) Indicación dos medios previstos para o desenvolvemento da actividade:

- Se a actividade se realiza mediante a contratación de persoal ou destinando persoal da empresa: currículo que acredite a capacidade profesional da/s persoa/s para a realización da actividade obxecto da subvención.
- Se a actividade se realiza mediante consultoría ou asistencia: documentación acreditativa de capacidade profesional da empresa que realiza os traballos obxecto da subvención incluíndo relación dos traballos semellantes realizados nos tres últimos anos.

Artigo 8º.-Instrución.

1. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para comprobar os datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Avaliación das solicitudes.

1. Unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que emitirá informe ao órgano instrutor. Este órgano elevará a proposta ao/á conselleiro/a competente en materia de traballo, ou persoa en quen delegue, quen resolvera poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Traballo, quen presidirá, o/a xefe/a do Servizo de Relacións Laborais e o/a xefe/a de sección de Relacións Laborais, que actuarán como vogais, e un/unha funcionario/a designado/a pola presidencia, que actuará como secretario/a. A dita comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela a presidenta, ou persoa na que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento no que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo/a funcionario/a que para os efectos designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 10º.-Criterios de avaliación.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos criterios e a ponderación que a continuación se relacionan:

1º Adecuación ás políticas e medios de actuación no eido da RSE en Galicia conforme o Acordo polo Emprego asinado no marco do diálogo social en Galicia. Máximo 15 puntos.

2º Ámbito de repercusión territorial e social das actuacións, valorando o número de traballadoras e traballadores que resulten beneficiarias da acción. Máximo 15 puntos.

3º A taxa de estabilidade do cadro de persoal nos doce meses anteriores á solicitude, é dicir, a porcentaxe de traballadores fixos sobre o total do cadro de persoal, sempre que esta sexa superior ao 50%. Máximo 15 puntos.

4º Integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no proxecto presentado e nas persoas destinatarias deste. Máximo 15 puntos.

5º Certificación acreditativa da existencia de sistemas de calidade ou excelencia, políticas de igualdade, ambientais ou de calquera outro eido en materia de RSE. Máximo 10 puntos.

6º Actuacións en materia de RSE realizadas con anterioridade. Máximo 10 puntos.

7º Os elementos innovadores do proxecto presentado. Máximo 10 puntos.

8º Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda. Máximo 10 puntos.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

Artigo 11º-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación do/a conselleiro/a.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o antedito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1º e no artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dictou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 12º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas interesadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase de xeito nominativo e pagamento único, pola súa totalidade, a favor das beneficiarias e logo da acreditación dos gastos e pagamentos realizados. Unicamente se aboará ata o 60% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope da contía inicialmente concedida como subvención, agás no suposto de contratación de persoal para a realización das actividades da liña II que se aboará o 100% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope da contía inicialmente concedida.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, antes do 30 de setembro de 2009, da documentación que corresponda, relacionada nos puntos seguintes:

- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda, no prazo, nos termos e na forma que estableza a notificación da resolución de concesión.

- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos así como as axudas solicitadas ou concedidas sometidas ao réxime de minimis nos tres últimos anos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Capítulo III

Obrigas, compatibilidades, seguimento e control

Artigo 13º.-Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.

1. A entidade solicitante non poderá atoparse incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

2. Estas axudas son compatibles con outras outorgadas para o mesmo fin pero, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axudas previstos nesta orde.

Artigo 14º.-Obrigas das beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonó-

micas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade á proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento.

b) Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ou axudas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 15º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 16º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 17º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento das liñas de actuación.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos as beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 18º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos establecidos no Regulamento (CE) número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro). Nos termos desta normativa, a axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros cando se trate dunha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquelas que de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a competente en materia de traballo na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2009.

Ver anexos pdf "91-09.PDF"

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsa-

bilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

O 6 de agosto de 2009 publicouse no DOG nº 153 a citada Orde do 28 de xullo de 2009.

O artigo 12 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención, dispoñendo como data límite para a presentación o 30 de setembro de 2009.

Non obstante, por causas sobrevidas o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que co fin da garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a súa xustificación.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliación do prazo de xustificación.

Amplíase ata o día 30 de novembro de 2009 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 12 da Orde do 6 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

92 Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se actualiza a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

(DOG nº 228, do 20.11.2009).

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dedica o seu capítulo I ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e establece como os seus órganos de dirección e xestión a Dirección e a Comisión de Goberno. Concretamente, nos seus artigos 7 e 8 regula a Comisión de Goberno, as súas funcións, a composición e o procedemento de nomeamento dos seus membros.

Así mesmo, o Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, regula no seu artigo 4 a Comisión de Goberno como máximo órgano de dirección do instituto, establecendo a súa composición e funcións.

Pola Orde do 8 de setembro de 2008 nomeáronse os membros da Comisión de Goberno do Issga (DOG nº 176, do 11 de setembro).

Con motivo da publicación do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 77, do 22 de abril) e da proposta de novos representantes realizadas por algunhas organizacións sindicais, cómpre efectuar, facendo uso da autorización prevista no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, a actualización da composición da Comisión de Goberno do instituto, cos seguintes novos nomeamentos.

DISPOÑO:

Artigo 1º

Actualizar a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, deixando sen efecto os nomeamentos realizados por Orde do 8 de setembro de 2008, publicada no DOG nº 176, do 11 de setembro.

Artigo 2º

1. A Comisión de Goberno está formada por:

a) Presidencia da comisión, que será o director ou directora xeral con competencias en materia de relacións laborais.

b) Dúas vicepresidencias:

- O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade, en representación e por proposta desta consellería.
- O director ou directora da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, en representación da Consellería de Economía e Industria e por proposta desta.

c) Tres vogais en representación da Administración:

- O director ou directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).
- A persoa titular da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación do Instituto.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta do titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais.

2. Como vogais da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta das súas correspondentes organizacións sindicais, noméanse as persoas que se relacionan a seguir:

2.a) Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia: Carlos Bellas Cebreiro.

2.b) Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras: Ascensión Esteban Ceballos.

2.c) Pola Confederación Intersindical Galega: Fernando Sabio Ma-

roño.

3. Noméanse como vogais do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta da organización empresarial, as persoas que se relacionan a seguir:

Pola Confederación de Empresarios de Galicia:

Antón Arias Díaz-Eimil.

Ovidio Pérez Reñones.

José Antonio Neira Cortés.

Artigo 3º

Realizará as funcións da secretaría da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, con voz pero sen voto, a persoa titular da Subdirección Xeral de Administración e Persoal do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, actuando como suplente a persoa titular da xefatura do Servizo de Administración xeral deste organismo, nomeadas para o efecto pola dirección do instituto.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2009.

93 Resolución do 9 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

(DOG nº 182, do 16.09.2009).

De conformidade co acordado pola Comisión de Persoal da Xunta de Galicia na reunión realizada o día 7 de agosto de 2009 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na comisión, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, esta dirección

RESOLVE:

Dar xeral coñecemento do acordo acadado entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, que figura como anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

ANEXO

Acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2009.

Dunha parte, Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, nomeada para o cargo polo Decreto 361/2009, do 30 de xullo, en exercicio das facultades que ten atribuídas pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Doutra parte, os representantes das organizacións sindicais na Comisión de Persoal:

Manuel Gallardo Canitrot, en nome e representación da Confederación Intersindical Galega.

José Emilio Doforno Guzmán, en nome e representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.

José Francisco Núñez Rodríguez, en nome e representación do Sindicato Unión Xeral de Traballadores de Galicia.

Amador Villaverde Castiñeiras, en nome e representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios.

As partes recoñécense, mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste documento e para o efecto,

EXPOÑEN:

A especial preocupación xerada en torno aos accidentes de traballo e o interese por impulsar unha cultura preventiva no conxunto da sociedade levan a que desde a Administración, e xunto cos axentes sociais implicados, se poñan en marcha distintos mecanismos e fórmulas de loita contra a sinistralidade.

No seu día manifestouse a necesidade de mellorar os mecanismos de actuación das administracións públicas en xeral en relación aos accidentes de traballo e optimizar o apoio e asesoramento necesarios á Fiscalía e á xudicatura para a investigación dos posibles delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como a necesidade de reforzar os mecanismos para a execución efectiva das sancións administrativas e das sentenzas xudiciais condenatorias. E así, co obxectivo de establecer mecanismos eficaces de investigación

de accidentes de traballo, asinouse un protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade dos traballadores.

Conscientes de que para facer efectiva a dita colaboración é necesaria a presenza inmediata no lugar do accidente da Inspección de Traballo e dos órganos técnicos competentes en materia de seguridade e saúde laboral da comunidade autónoma, instrumentouse, a través dun acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais, a regulación da dispoñibilidade dos técnicos dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, mediante a definición dun sistema de gardas permanente, que asegurase a dispoñibilidade dos técnicos para acudir, a calquera hora do día e todos os días do ano ao lugar do accidente en canto este se coñeza.

O dito acordo foi asinado polas partes o 22 de xuño de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 132, do 9 de xullo), que sería modificado o 12 de xuño de 2008 e rematada a súa vixencia o 31 de decembro de 2008.

Logo da súa creación, mediante a Lei 14/2007, do 30 de outubro, e da súa posta en funcionamento mediante a Orde do 24 de xuño de 2008, é ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral ao que lle corresponde, como órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, regular a dispoñibilidade do devandito persoal técnico e establecer o sistema de gardas permanente, polo que, á vista do acordado na Comisión de Persoal que tivo lugar o 7 de agosto de 2009,

ACORDAN:

1. Ámbito de aplicación.

1.1. Territorial: este acordo será de aplicación en toda a comunidade autónoma.

1.2. Persoal: este acordo será de aplicación ao persoal técnico, que sexa necesario, dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, respectando sempre o carácter voluntario do servizo, de tal xeito que se garanta a dispoñibilidade dun técnico por provincia.

2. Condicións de traballo.

O persoal técnico, con carácter voluntario, realizará a prestación de servizos extraordinarios no marco dun protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade dos traballadores, baseado nunha maior dispoñibilidade.

Esta maior dispoñibilidade tradúcese na prestación do seguinte servizo:

Unha quenda semanal de dispoñibilidade que comprenderá de luns a venres, das 15.15 ás 7.45 horas do día seguinte e os sábados, domingos e festivos as 24 horas, con desempeño das funcións relacionadas no punto 4. As quendas poderán organizarse por períodos distintos aos semanais, logo de acordo co persoal técnico afectado e segundo necesidades do servizo.

A dispoñibilidade enténdese como presenza localizada, por teléfono, e disposición inmediata de desprazamento ao lugar da provincia necesario.

3. Persoal afectado.

O sistema de gardas pretende garantir a dispoñibilidade dun técnico por provincia e será de carácter voluntario e rotatorio entre o persoal que reúna os coñecementos e experiencia necesarios na investigación de accidentes consonte coas funcións que desempeñará definidas no punto 4. Este carácter rotatorio fixarase a través dos correspondentes cuadrantes que se elaborarán trimestralmente.

O persoal será técnico con capacidade e experiencia, designado polo/a director/a do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As características do feito ou accidente que desencadee a necesidade de intervención do técnico de garda poden requirir coñecementos especializados, pero é loxicamente imposible manter de garda técnicos especialistas das diferentes situacións. Os técnicos de garda, ademais da súa propia especialidade, deberán ter capacidade suficiente para poder realizar as funcións de primeiras actuacións técnicas definidas no punto seguinte referidas a calquera situación.

4. Funcións que desempeñarán durante a prestación dos servizos de garda.

- Estar en situación de dispoñibilidade horaria durante o período da quenda e manterse localizable por teléfono móbil, desenvolvendo as actuacións correspondentes mediante os medios facilitados polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Desprazarse ao lugar do accidente nos casos previstos no protocolo de actuación coa Fiscalía, para o suposto de accidentes mortais ou casos significativos ou relevantes.
- Desprazarse ao lugar do accidente e coordinarse coa Inspección de Traballo.
- Realizar as primeiras actuacións técnicas relativas á investigación do accidente, incluíndo medicións, realizacións de fotos ou vídeos, entrevistas, requirimentos e demais recollidas de datos.
- Recadar da Policía Xudicial ou da Garda Civil a precintaxe ou inmobilizacións pertinentes.

A continuación, e como remate das actuacións técnicas, a elaboración dos oportunos informes será realizada polo técnico actuante en horario normal, ou, no caso de necesitarse a actuación dun técnico especialista diferente, serán realizadas por este técnico especialista coa información e o apoio que lle traslade o técnico de garda. A coordinación destas actuacións mixtas será realizada polo xefe/a do centro de seguridade e saúde laboral correspondente.

5. Aspectos retributivos.

O persoal técnico mencionado, polo cumprimento destas condicións especiais de traballo, percibirá as seguintes contías retributivas, en concepto de complemento de produtividade.

Dispoñibilidade día laborable: 31,13 /día.

Dispoñibilidade sábado, domingo e festivo: 74,29 /día.

Dispoñibilidade día de especial significación: 100,15 día.

Para estes efectos considéranse como días de especial significación para o ano 2009 os días 1 e 6 de xaneiro, 9 e 10 de abril, 1 de maio e 24, 25 e 31 de decembro.

As cantidades sinaladas serán actualizadas anualmente segundo a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O tempo dedicado aos desprazamentos e ás actuacións no lugar de intervención compensarase mediante redución do tempo de traballo en xornada normal en contía horaria equivalente, co obxectivo de non exceder a xornada horaria semanal de trinta e sete horas e trinta minutos.

A compensación horaria realizarase dentro dos trinta días hábiles seguintes ao día da súa realización, descontados os días de garda, e poderán acumularse as ditas compensacións, por petición do persoal técnico e segundo as necesidades do servizo, ata completar xornadas completas.

No caso de que as actuacións as que se fai referencia no parágrafo anterior se producisen de luns a venres despois das 22.00 horas, ou en calquera hora en xornada de sábado, domingo ou festivo, a compensación horaria será de dúas horas por cada hora efectivamente traballada. Esta compensación nunca poderá ser superior á dunha xornada completa.

6. Comisión de seguimento.

Créase unha comisión paritaria para o seguimento do recollido neste acordo, integrada polos seus asinantes coa composición que se determine.

7. Vixencia.

A vixencia deste acordo esténdese desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2009, prorrogable por períodos anuais de xeito automático, salvo denuncia expresa dalgunha das partes cunha antelación mínima de tres meses.

E, en proba de conformidade, asinan cinco copias deste acordo no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torroja García.

Pola Confederación Intersindical Galega, Manuel Gallardo Canitrot.

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia, José Francisco Núñez Rodríguez.

Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, José Emilio Doforno Guzmán.

Pola Central Sindical Independiente de Funcionarios, Amador Villaverde Castiñeiras.

94 Resolución do 20 de febreiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no último cuadrimestre de 2008.

(DOG nº 43, do 3.03.2009).

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esta obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral no último cuadrimestre de 2008, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "94-09.PDF"

95 Resolución do 21 de setembro de 2009 sobre delegación de sinatura de determinados actos administrativos da súa competencia.

(DOG nº 194, do 2.10.2009).

O artigo 16 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que os titulares dos órganos administrativos poderán, en materia da súa propia competencia, delegar a sinatura das súas resolucións e actos administrativos aos titulares dos órganos ou unidades administrativas que deles dependan, dentro dos límites sinalados no artigo 13 da dita lei.

Unha vez publicado o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar; de acordo co artigo 4º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, convén por motivos de axilidade administrativa e de organización do traballo, facer uso da facultade conferida polo artigo 16 da Lei 30/1992.

En consecuencia, no uso das facultades que me confire a Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

DISPOÑO:

Delegar, nas persoas que ocupan os postos de xefe/a dos centros provinciais do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, a sinatura para autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización que afecten ao persoal do centro respectivo, dentro dos límites sinalados no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2009.

96 Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA).

(DOG nº 208, do 23.10.2009).

A Constitución española, no seu artigo 18.4º, dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Neste sentido, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei orgánica, regulan o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

O artigo 20.1º da dita lei establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente. Así mesmo, o artigo 52 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei, dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderá facerse por medio de disposición xeral ou acordo publicado no BOE ou diario oficial correspondente, e permite no seu artigo 53 que, no caso dos organismos, a disposición revista a forma de resolución do seu titular.

Na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire o artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Mediante esta resolución créanse os ficheiros de datos de carácter persoal que se especifican no anexo.

Artigo 2º.-Contido.

A información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 54 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada lei para as disposicións de creación dos ficheiros, está contida no anexo desta resolución.

Artigo 3º.-Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral creados por esta resolución, só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-Cesión de datos.

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e nos especificados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas, terá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-Órgano responsable dos ficheiros.

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta resolución correspóndelle ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar.

No anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.

O nivel dos ficheiros creados por esta resolución establécese atendendo ao disposto no artigo 80 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a súa clasificación (nivel básico, medio ou alto).

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional

No caso de cesión dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas, deberá aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

ANEXO

Ficheiros de nova creación responsabilidade do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

1. Axenda.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos.

Datos de contacto de autónomos, empresas e outros interesados en calquera dos servizos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, reunidos para a xestión e tramitación de reclamacións, solicitudes, consultas ou suxestións realizadas por terceiros ao instituto.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos.

Profesionais, autónomos e outros interesados que manteñan relación co instituto. Persoas de contacto.

c) Procedemento de recollida de datos.

Formularios en papel, formularios web, fax, calquera medio documental ou telemático.

d) Procedencia dos datos.

O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas, entidades privadas.

e) Estrutura básica do ficheiro. Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos).

Datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, enderezo, teléfono, teléfono móbil, enderezo electrónico.

Outro tipo de datos: datos detalle de emprego.

f) Sistema de tratamento.

Mixto.

g) Comunicacións ou cesións de datos.

Non están previstas.

h) Transferencias internacionais de datos a países terceiros.

Non están previstas.

i) Órgano responsable do ficheiro.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

j) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Subdirección Xeral Técnica e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

k) Nivel do ficheiro.

Básico.

l) Encargado do tratamento.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Servizo Técnico e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

2. Formación.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos.

Xestión de datos persoais e profesionais de empresas, autónomos e outros usuarios que se adscriben a algún dos plans de formación impartidos polo instituto. Xestión de formación telemática e presencial, publicidade. Información aos interesados nalgunha acción formativa.

b) Colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos.

Solicitantes: profesionais, autónomos e outros interesados que realicen cursos de formación.

c) Procedemento de recollida de datos.

Formularios en papel, formularios web, fax, calquera medio documental ou telemático.

d) Procedencia dos datos.

O propio interesado ou o seu representante legal. Outras persoas físicas. Entidades privadas.

e) Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos).

Datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, teléfono, enderezo, enderezo electrónico.

Outro tipo de datos: titulación, estado laboral, CIF, empresa, teléfono profesional, fax, posto de traballo.

f) Sistema de tratamento.

Mixto.

g) Comunicacións ou cesións de datos.

Para efectos estatísticos. Comunicacións necesarias relacionadas coa formación.

h) Transferencias internacionais de datos a países terceiros.

Non están previstas.

i) Órgano responsable do ficheiro.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

j) Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

k) Nivel do ficheiro.

Básico.

l) Encargado do tratamento.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Servizo Técnico e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

3. RERA.

a) Descrición da súa finalidade e usos previstos.

Xestión de datos persoais e profesionais das empresas acreditadas e autorizadas para a manipulación de placas de fibrocemento ou similares que conteñan amianto. Rexistro de empresas para control e información pública da habilitación profesional. Control de seguridade no traballo de manipulación de amianto. Prevención de riscos laborais.

b) Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos.

Profesionais, autónomos, o propio interesado ou representantes legais que estean ou estiveran expostos a fibras de amianto.

c) Procedemento de recollida de datos.

Formularios en papel, formularios web, fax, calquera medio documental ou telemático.

d) Procedencia dos datos.

O propio interesado ou o seu representante legal, empresas e autónomos. Entidades privadas. Solicitantes.

e) Estrutura básica do ficheiro. Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos).

Datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, enderezo, outros datos de carácter identificativo, teléfono, número de afiliación á seguridade social/mutualidade, empresa.

Outro tipo de datos: datos de características persoais, datos de detalle de emprego.

f) Sistema de tratamento.

Mixto.

g) Comunicacións ou cesións de datos.

- Publicacións na páxina web do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e locais.
- Comunicacións necesarias para a tramitación e execución de actuacións.
- Persoas ou entidades interesadas na relación de empresas inscritas.

h) Transferencias internacionais de datos a países terceiros.

- Autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, de orixe ou de acollida, das empresas inscritas.

i) Órgano responsable do ficheiro.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

j) Servizos ou unidades ante os cales poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Servizo Técnico e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

k) Nivel do ficheiro.

Básico.

l) Encargado do tratamento.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Servizo Técnico e de Planificación. Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Traballo

97 Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 138, do 16.07.2009).

O artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

En virtude destas facultades, na nosa comunidade autónoma, e ao coincidir con domingo, o 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia, e o 15 de agosto, a Asunción, facendo uso da posibilidade establecida no artigo 45.3º do Real decreto 2001/1983, optouse pola súa substitución polos días 17 de maio, Día das Letras Galegas, e 19 de marzo, día de San Xosé, que pola súa significación xa foron implantadas como festas laborais noutras ocasións, seguindo, deste xeito, o criterio de festas laborais para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non se producir modificación no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 serán as seguintes:

1 de xaneiro Aninovo

6 de xaneiro Día de Reis

19 de marzo San Xosé

1 de abril Xoves Santo

2 de abril Venres Santo

1 de maio Festa do Traballo

17 de maio Día das Letras Galegas

12 de outubro Día da Hispanidade

1 de novembro Todos os Santos

6 de decembro Día da Constitución

8 de decembro A Inmaculada

25 de decembro Nadal

As festas mencionadas terán carácter retribuído e non recuperable.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas nos artigos precedentes terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil dez.

Santiago de Compostela, dous de xullo de dous mil nove.

98 Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2009.

(DOG nº 10, do 15.01.2009).

O marco xeral de subvencións destinadas ás centrais sindicais que no campo laboral convoca anualmente esta Administración autonómica está regulado no Decreto 106/1994, do 21 de abril, que no seu artigo 4 establece as seguintes: as destinadas ás centrais sindicais con representación na comunidade autónoma, para o desenvolvemento das súas actividades. Desde o ano 1991 vénse apoiando mediante subvencións a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, co fin de cooperar de forma efectiva co fomento, creación e funcionamento das diversas modalidades de economía social, en virtude do acordado na Mesa de Concertación Social; e desde o ano 1993, como consecuencia dos acordos Xunta de Galicia - sindicatos aprobados pola mesa xeral o 23 de outubro de 1992, estableceuse unha liña de axuda destinada aos sindicatos máis representativos coa finalidade de subvencionarlles plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais e gabinetes sindicais de formación.

Conforme o anterior anúncianse nesta orde os seguintes tipos de axudas:

Programa I. Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2009.

Programa II. Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Programa III. Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais.

O importe global das referidas axudas destinadas aos tres programas mencionados ascende a un total de dous millóns trescentos vinte e cinco mil novecentos cincuenta e oito euros (2.325.958) que figura no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Concluído o proceso de eleccións sindicais previsto na disposición transitoria oitava do actual texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en virtude do novo sistema de medición da representatividade das organizacións sindicais, para os efectos das axudas previstas nesta orde terase en conta a representatividade sindical a 31-12-2008 referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 habilítanse créditos para cumplir a finalidade dos anteditos programas ou accións.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña a antedita lei, establecen o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade e non discriminación.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, de conformidade coas atribucións que teño conferidas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios aos fins para os que foron establecidos,

DISPOÑO:

Capítulo I

Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria das axudas previstas no artigo 4 do Decreto 106/1994, do 21 de abril, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo que concederá a Consellería de Traballo ás centrais sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento das súas actividades durante o ano 2009, para a creación ou mantemento de gabinetes de economía social e para gabinetes técnicos de formación, e para plans de formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais.

   Para os efectos desta orde teranse en conta a representatividade sindical a 31-12-2008, referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en canto non se opoña a antedita lei, e na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009 a partir da súa entrada en vigor, así como no Decreto 106/1994, do 21 de abril, e nesta orde. O procedemento de concesión das axudas previstas nesta orde se tramitará en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co previsto no artigo 19.2º da Lei de subvencións de Galicia, axustándose a repartición aos criterios que se establecen nesta orde.

3. Tipos de axudas.

   Programa I. Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2009.

   Programa II. Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

   Programa III. Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais.

Capítulo II

Programas

Sección primeira

Programa I

Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2009.

Artigo 2º.-Finalidade.

Será a de facilitarlles axudas económicas ás centrais sindicais con representación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para as actividades que lle son propias, de acordo co disposto na normativa legal vixente de aplicación e que se desenvolvan no ano 2009.

Artigo 3º.-Financiamento.

Esta axuda financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 16.04.324A.481.6 da Dirección Xeral de Relacións Laborais cun crédito por importe de un millón cento oitenta e sete mil catrocentos oitenta e sete euros (1.187.487) co código de proxecto 2009/01046, recollida no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

En todo caso, o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001.

Artigo 4º.-Entidades beneficiarias e subvención.

O crédito que figura na citada aplicación orzamentaria será proporcionalmente distribuído entre as centrais sindicais a que se refire o artigo 2º, segundo a denominación con que se presentaron e o número de representantes que tivesen o 31 de decembro de 2008 en virtude das eleccións que tiveron lugar nas empresas e nas administracións públicas no ámbito de Galicia.

Non poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas neste programa aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sección segunda

Programa II

Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Artigo 5º.-Finalidade.

Será a de promover e apoiar a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Artigo 6º.-Requisitos.

Para poderen ser obxecto de subvención os gabinetes de asesoramento en materia de economía social deberán estar integrados, como mínimo, por dúas persoas con titulación superior, unha das cales deberá ser necesariamente licenciada en economía ou en administración e dirección de empresas, e unha persoa auxiliar administrativo, contratadas a xornada completa para a realización das actividades propias dos gabinetes.

Artigo 7º.-Financiamento.

Esta axuda financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 16.04.324A.481.8 da Dirección Xeral de Relacións Laborais cun crédito por importe de douscentos corenta e oito mil oitocentos setenta e dous euros (248.872 €) co código de proxecto 2009/01049, recollida no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En todo caso, o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001.

Artigo 8º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias desta axuda as centrais sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia segundo os resultados electorais referidos ao 31 de decembro de 2008.

Non poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas neste programa aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Subvención.

Do crédito que figura na citada aplicación orzamentaria poderá destinarse en concepto de axuda á creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social sesenta e sete mil oitocentos sesenta e sete euros (67.867) a cada unha das centrais sindicais máis representativas desta comunidade autónoma, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e en virtude da representatividade sindical ao 31 de decembro de 2008.

O resto do crédito, corenta e cinco mil douscentos setenta e un euros (45.271 €), dedicarase a atender as solicitudes das outras centrais con representación en Galicia, consonte aos resultados electorais que se sinalan no artigo 8º.

Se non se presentase ningunha solicitude ou o número das efectuadas fose escaso a criterio desta consellería, e unha vez atendidas estas, a consellería reserva para si a facultade de incrementar a contía das axudas do programa I, consonte o criterio de distribución previsto para el, ou efectuar convocatorias complementarias.

Sección terceira

Programa III

Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais.

Artigo 10º.-Finalidade.

Será a de fomentar os gabinetes técnicos de formación e a de facilitar e favorecer a formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais.

Artigo 11º.-Financiamento.

Esta axuda financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 16.04.324A.481.7 da Dirección Xeral de Relacións Laborais cun crédito por importe de oitocentos oitenta e nove mil cincocentos noventa e nove euros (889.599) co código de proxecto 2009/01048, recollida no proxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En todo caso, o gasto proxectado tramitarase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, segundo o disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001.

Artigo 12º.-Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias desta axuda as centrais sindicais máis representativas desta comunidade autónoma de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, en virtude da representatividade sindical referida ao 31 de decembro de 2008.

Non poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas neste programa aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Subvención.

A subvención para gabinetes técnicos de formación será, para cada unha das centrais sindicais a que se refire o artigo anterior e que a solicite, de trinta e un mil cincocentos oitenta euros (31.580) O resto do crédito que figura na citada aplicación orzamentaria, setecentos noventa e catro mil oitocentos cincuenta e nove euros (794.859) destinarase ás centrais sindicais máis representativas que o soliciten, para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais, en proporción ao número de representantes que tiveran o 31 de decembro de 2008.

Capítulo III

Procedemento

Artigo 14º.-Solicitudes.

1. As solicitudes, que deberán formalizarse por separado para cada un dos programas, presentaranse segundo o modelo que figura no anexo I, no rexistro xeral da Consellería de Traballo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 15º.-Documentación.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Acordo do órgano rector competente, debidamente acreditado, polo que se decida solicitar a subvención e poder suficiente que acredite a representación da persoa que actúe en nome da central sindical solicitante. No caso de que efectúe a solicitude unha federación ou confederación e reclame a subvención en nome doutros sindicatos con representatividade deberán xuntar documentación acreditativa en que conste a autorización dos sindicatos para que a confederación a solicite no seu nome.

b) Memoria explicativa da actividade ou actividades desenvolvidas ou que vaia desenvolver a central, ou o gabinete de asesoramento en materia de economía social, ou o gabinete técnico de formación e sobre o plan de formación de persoal e de delegadas e delegados sindicais, segundo o tipo de axuda que se solicite.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta de persoas xurídicas co número de identificación fiscal.

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

e) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que a central solicitante é a titular da conta corrente que indica.

f) Declaración expresa de submisión ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Traballo e ás de control financeiro que lle corresponda á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

g) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

h) Declaración expresa de non incorrer nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º

Cando se trate de axudas para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, ademais da documentación sinalada no artigo anterior, deberase xuntar copia compulsada dos contratos de traballo do persoal adscrito ao gabinete e documento que acredite figurar de alta na Seguridade Social como persoal traballador da central solicitante.

Artigo 17º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, para que o Servizo de Relacións Laborais comprobe se a solicitude ou a documentación presentada reúne os requisitos exixidos nos artigos anteriores, e no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase á entidade interesada para que nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. Unha vez realizado o trámite anterior os expedientes remitiranse á comisión de valoración para que emita informe previo á elevación ante o órgano competente para formular a proposta de resolución.

3. Para os efectos do disposto no número anterior a comisión de valoración estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, quen presidirá, a persoa titular da Subdirección Xeral de Traballo, o/a xefe/a do Servizo de Relacións Laborais e un/ha xefe/a de sección da Dirección Xeral de Relacións Laborais que actuará como secretario/a, por designación da persoa responsable da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais e, sempre que sexa posible, o nomeamento deberá recaer nunha persoa cuxo posto de traballo estea adscrito á dirección xeral.

Artigo 18º.-Resolución.

A resolución das axudas, logo do informe da comisión de valoración e da proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais e a fiscalización da Intervención Delegada da consellería, correspondéralle ao conselleiro de Traballo, e notificaráselles ás entidades interesadas no prazo de dez días a partir da data en que se dite a resolución. As resolucións deberán ser sempre motivadas.

O prazo para resolver e notificar será de catro meses contados desde que a solicitude da entidade interesada teña entrada no rexistro correspondente. A dita resolución poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que se dite resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo publicará na súa páxina web e no DOG a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Coa presentación da solicitude préstase expreso consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. Os datos de carácter persoal dos titulares de expedientes de axudas e subvencións están protexidos segundo o establecido na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal (artigo 5 da antedita lei) exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros (rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela).

Artigo 19º.-Forma de pagamento e xustificación.

1. Unha vez notificada a resolución de concesión de subvención e, previamente ao seu cobramento a entidade beneficiaria dispoñerá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada segundo o disposto no artigo 21.5-parágrafo 2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, o prazo de presentación da xustificación das axudas concedidas rematará o 15 de outubro do 2009.

2. Poderase facer efectivo para os tres programas, logo de solicitude e en concepto de anticipo, ata o 50% do total da contía da subvención, no momento en que se teña constancia da aceptación da subvención concedida.

3. As axudas, con carácter xeral, poderán facerse efectivas nunha ou varias fases. A Administración poderá efectuar un pagamento único ou varios pagamentos parciais á entidade beneficiaria segundo se xustifique a realización das actividades subvencionadas e os gastos delas derivados.

No caso de que a subvención concedida sexa superior a seis mil dez con doce euros, e de conformidade co disposto no artigo 16.2º.1, parágrafo terceiro do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, igualmente se poderán acordar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, a medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos, ata unha porcentaxe máxima do 80% da subvención concedida.

A xustificación das actividades subvencionadas e dos gastos delas derivados realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificacións, en que figuren a desagregación detallada dos gastos contraídos polas actividades obxecto de subvención, expedida pola persoa responsable da contabilidade da central sindical, con poder suficiente para o efecto, o que deberá acreditarse documentalmente.

b) Facturas orixinais ou copias compulsadas, debidamente conformadas pola persoa representante do sindicato, nas que figure o destino concreto do gasto, que deberá axustarse á finalidade da subvención. Ademais, deberanse presentar os xustificantes de pagamento das ditas facturas de acordo co disposto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Declaración de que as facturas e demais documentación que se presenten para o efecto de xustificar o gasto subvencionado non foron nin serán presentadas como xustificación para a concesión doutras axudas por calquera outra administración ou institución pública.

En todo caso, as ditas xustificacións poderanse complementar cos medios de xustificación previstos no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en canto non se opoña á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e terán que presentarse antes do 15 de outubro de 2009.

Transcorrido o antedito prazo, ás entidades beneficiarias que non presentasen a documentación de xustificación final dos gastos poderáselles exixir o reintegro das cantidades percibidas en concepto de anticipo así como os pagamentos parciais efectuados, consonte o disposto na disposición adicional segunda desta orde.

4. No momento da xustificación total da actividade subvencionada deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou ou percibiu outras axudas ou subvencións.

Esta comunicación deberá ser individualizada por programa e deberá efectuarse tan pronto se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. No momento da xustificación de execución total da actividade subvencionada e, en calquera caso, antes do último pagamento, deberase presentar unha memoria das actividades realizadas dentro de cada un dos programas obxecto de subvención.

Artigo 20º.-Compatibilidade e comprobación da aplicación das subvencións.

Estas axudas serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de que o importe das subvencións percibidas, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións non supere o custo da actividade que se vai desenvolver.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Cando se trate de axudas destinadas á creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, achegaranse antes do 10 de febreiro de 2010 os boletíns oficiais de cotización á Seguridade Social onde figuren os traballadores e traballadoras con adscrición ao gabinete durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 ou desde a data da súa creación, se esta fose posterior, ata o 31 de decembro de 2009.

Disposicións adicionais

Primeira.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o establecido no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro en tanto non se opoña a antedita lei.

Segunda.-No caso de que a entidade beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas nesta orde, a Consellería de Traballo procederá ao reintegro total ou parcial da subvención concedida, e solicitará a devolución das cantidades percibidas e os correspondentes xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, de habelos, segundo o disposto nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e nos artigos 33, 37 e 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non regulado nesta orde aplicarase de forma supletoria a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na antedita lei.

Segunda.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "98-09.PDF"

99 Orde do 2 de outubro de 2009 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas.

(DOG nº 211, do 28.10.2009).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, correspondéndolle o seu exercicio, hoxe en día, á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación, xestión e control do aboamento de cotas á Seguridade Social aos traballadores e traballadoras que percibisen a prestación de desemprego na súa modalidade de pagamento único, programa regulado na Orde ministerial do 13 de abril de 1994, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das subvencións consistentes no aboamento, aos traballadores e traballadoras que fixeran uso do dereito previsto no artigo 1 do Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, das cotas á Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 4.2º do dito real decreto, modificado pola Lei 22/1992, do 30 de xuño.

O Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, regula o aboamento da prestación de desemprego na súa modalidade de pagamento único como medida de fomento de emprego, en aplicación do disposto no punto 3º do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa finalidade de propiciar a iniciativa de autoemprego dos traballadores e traballadoras desempregados/as con dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo, facilitando a realización dun traballo por conta propia ou a incorporación como socios e socias traballadores/as ou de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral.

Polo seu encadramento no réxime económico da Seguridade Social, o recoñecemento e aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único é competencia da Administración central mais, polo seu carácter de política activa de emprego, intervén a Administración autonómica na súa xestión e tramitación, nos termos previstos no convenio subscrito entre o Inem e esta comunidade para a coordinación entre a xestión do emprego e a xestión das prestacións de desemprego.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4.2º do dito Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, aos perceptores e perceptoras da prestación de desemprego, na súa modalidade de pagamento único, concédeselles unha axuda consistente no aboamento das cotas á Seguridade Social durante o período polo que percibisen a prestación de desemprego, correspondéndolle a xestión desta última á Administración autonómica.

Na súa consecuencia, esta orde ten por obxecto regular o procedemento de aboamento das ditas cotas, co fin de contar cunha normativa autonómica adecuada e adaptada ás normas de procedemento, organización e xestión desta comunidade autónoma.

As axudas reguladas nesta orde exceptúanse do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva, posto que se trata dun dereito cuxo recoñecemento está vinculado á obtención da capitalización da prestación por desemprego, polo que serán tramitadas en réxime de concesión directa, conforme o previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, norma de obrigado cumprimento para esta comunidade autónoma, a teor do disposto na súa disposición adicional única.

O citado Real decreto 357/2006, en atención ás difíciles circunstancias de integración laboral dos colectivos afectados e apreciando a concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a súa convocatoria pública, autoriza a concesión directa, entre outras, das subvencións consistentes no aboamento de cotas á Seguridade Social aos perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, establecidas polo xa citado Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, e desenvolvidas pola orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994, e de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

As bases reguladoras destas axudas e a súa convocatoria axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A subvención obxecto desta orde financiarase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determine anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente. Para o exercicio 2009 a dita determinación recóllese na disposición adicional cuarta desta orde.

Polo exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Galego de Cooperativas, logo da autorización do seu carácter plurianual polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 27 de agosto de 2009, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, requisitos e principios de xestión.

1. O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2009 do procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social dos traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego, na súa modalidade de pagamento único, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

   a) Que percibisen a prestación por desemprego, de nivel contributivo, na súa modalidade de pagamento único.

   b) Que optasen polo aboamento, dunha soa vez, da totalidade da prestación por desemprego.

   c) Que adquirisen a condición de socio ou socia traballador/a ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con centro de traballo en Galicia; ou que se constituísen como traballador ou traballadora autónomo/a, sempre que se trate dunha persoa cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

   d) Que iniciasen a actividade dentro do mes seguinte á percepción da prestación de pagamento único ou atoparse en fase de iniciación.

   e) Estar dado/a de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

   a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

   b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

   c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios do aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, xustificándose este extremo mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Axuda.

Esta axuda consistirá no aboamento do 50% da cota ao réxime correspondente á Seguridade Social como traballador ou traballadora autónomo/a, calculada sobre a base mínima de cotización, ou o 100% da achega do traballador ou traballadora nas cotizacións ao correspondente réxime da Seguridade Social, durante o período polo que se percibiría a prestación por desemprego de non se ter percibido na súa modalidade de pagamento único, computándose, para efectos desta axuda, a partir da data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Artigo 3º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de aboamento de cotas á Seguridade Social previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalles aos respectivos xefes/as territorial da consellería en función do domicilio da persoa solicitante.

Artigo 4º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros dos respectivos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

   As solicitudes e os anexos deste programa de axudas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar http://traballo.xunta.es.

2. A persoa beneficiaria do aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde deberá presentar unha única solicitude por todas as mensualidades a que teña dereito no prazo de seis meses contado desde o último día do primeiro mes en que teña dereito ao aboamento.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 16 de novembro. Cando o prazo de seis meses, establecido no número 2 anterior, finalice con posterioridade ao 16 de novembro, a solicitude poderá presentarse a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte e ata o 31 de maio. Se as primeiras mensualidades polas que a persoa beneficiaria ten dereito ao aboamento son as correspondentes ao cuarto trimestre do ano, a solicitude poderá presentarse ata o 30 de xuño do ano seguinte.

Artigo 5º.-Documentación.

A solicitude deberá presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde e deberá ir acompañada do orixinal ou fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

a) Copia do DNI ou NIF do/da solicitante.

b) Copia da resolución do director ou directora provincial do Servizo Público de Emprego Estatal pola que se aproba o aboamento da totalidade da prestación contributiva por desemprego nun único pagamento.

c) Boletín de cotización á Seguridade Social da primeira mensualidade pola que se solicita o aboamento e, se é o caso, boletíns de cotización correspondentes ás mensualidades xa aboadas no momento da presentación da solicitude.

d) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (segundo o modelo do anexo III). Ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións, xustificándose este extremo mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

e) Certificación da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta corrente que indica (segundo o modelo do anexo II).

Artigo 6º.-Emenda da solicitude.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerarase que desiste da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 7º.-Resolución e recursos.

1. A concesión das axudas previstas nesta orde realizarase en réxime de concesión directa, en atención á existencia de razóns de interese público e social que dificultan as súa convocatoria pública, e de conformidade ao previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. Os procedementos de concesión das axudas serán tramitados polos servizos de relacións laborais dos departamentos territoriais competentes, e logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda, por delegación da persoa titular da consellería.

3. As resolucións que se diten neste procedemento serán notificadas ás persoas interesadas e deberán estar adecuadamente motivados.

   Os/as interesados/as propostos/as como beneficiarios/as disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada a subvención.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que subsista a obriga legal de ditar resolución expresa sobre a solicitude presentada.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. De acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do/a beneficiario/a, a contía e a súa finalidade.

7. A Consellería de Traballo e Benestar incluirá e fará públicos no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas, sen prexuízo do establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros -rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela). As persoas beneficiarias teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do número 2º do artigo 15 da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-Xustificación do pagamento e pagamentos parciais.

1. O pagamento da axuda quedará condicionado á presentación dos boletíns de cotización, a medida que a persoa beneficiaria vaia realizando o ingreso das súas cotas ao réxime da Seguridade Social correspondente e no prazo máximo de seis meses, contados desde a resolución de concesión ou desde o ingreso das cotas, de ser o caso .

2. Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a persoa beneficiaria xustifique os libramentos anteriores ata unha porcentaxe non superior ao 80% da subvención concedida.

3. Se coa presentación dos boletíns de cotización quedase xustificada unha contía distinta da inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revogatoria ou complementaria.

4. No momento da xustificación total e, en calquera caso, antes do último pagamento, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

5. Unha vez percibida a prestación, o traballador deberá iniciar no prazo máximo dun mes a actividade laboral para a que se lle concedera e darse de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou ben acreditar que está en fase de iniciación, o que deberá xustificar no dito prazo ante o órgano concedente da subvención.

   O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente comportará o seu reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Esta axuda será incompatible coa percepción trimestral do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo, na súa modalidade de pagamento único, para subvencionar a cotización do traballador ou traballadora á Seguridade Social.

2. O importe das axudas reguladas nesta orde non poderá ser, illa-

damente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, de tal contía que supere o custo da cotización á Seguridade Social satisfeita pola persoa beneficiaria.

Artigo 10º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 11º.-Modificación da resolución concesoria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo e Benestar, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela, que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa estean en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nos/as xefes/as territoriais, no ámbito dos seus respectivos departamentos, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos e para a resolución dos expedientes de reintegro.

Cuarta.-A concesión das axudas reguladas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O aboamento de cotas á Seguridade Social regulado nesta orde financiarase, no exercicio 2009, con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 48.03.324A.480.3, código de proxecto 2009 01084, cun importe de 80.000 euros dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009.

Nos exercicios futuros a concesión das axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación 48.03.324A.480.3, código de proxecto 2009 01084, polo importe de 80.000 euros para o ano 2010, e polo importe de 80.000 euros para o ano 2011, de conformidade co preceptuado no artigo 58.1º b), do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado na súa reunión do día 27 de agosto de 2009, estes importes poderán ser incrementados ou minorados en función das solicitudes que se presenten e das axudas que efectivamente se concedan. O referido incremento deberá proceder de xeracións, aplicacións ou incorporacións de crédito e deberá ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, sen que supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2009.

Ver anexos pdf "99-09.PDF"

100 Orde do 13 de outubro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2009.

(DOG nº 211, do 28.10.2009).

No marco do proceso do diálogo social e dentro da Mesa 3, de Desenvolvemento Económico, Industrial e I+D+i, con data do 21 de decembro de 2006 constituíuse a Submesa do Sector Téxtil. Posteriormente, pola súa especificidade, os representantes da Submesa do Sector Téxtil (UGT, CCOO, CEG, e Xunta de Galicia) con data do 7 de abril de 2008 acordan trasladar á Comisión de Seguimento e Avaliación sobre o Novo Marco de Relacións Laborais as cuestións relacionadas coa formación e co traballo, que forman parte integrante do Plan autonómico do Sector Téxtil-Confección e, con data do 20 de maio de 2008, tivo lugar a sinatura do acordo entre a Consellería de Traballo e os axentes sociais presentes na Mesa 3 do Diálogo Social, sobre o Programa de axudas para os traballadores/as das empresas do sector afectados por expedientes de suspensión.

A súa vez tense en conta o acordo, acadado con data do 7 de maio de 2007, no seo do Consello Galego de Relacións Laborais, ao abeiro da Orde do 23 de abril de 2007, pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade, e que establece para Galicia unhas porcentaxes iniciais por debaixo do 80% (que é o establecido no Acordo de Albaida de 2003 e no recollido Plan de apoio ao sector téxtil e da confección do 13 de xuño de 2006).

Con base no anterior, e dentro do ámbito das súas competencias, a Consellería de Traballo e Benestar, coa única finalidade de apoiar as persoas afectadas por expedientes de suspensión de contratos en empresas con niveis menores de estabilidade, e co obxectivo do que o Plan autonómico para o sector téxtil-confeción facilite a mellora das condicións laborais destas persoas e a súa empregabilidade, consolidando así a súa continuidade nun sector tan importante para a economía galega, asume o compromiso de desenvolver un acordo específico, mediante a convocatoria de axudas que se rexerán polos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia ao abeiro do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, para a concesión, se é o caso, de axudas ao abeiro do Acordo da Mesa do Sector Téxtil asinado o 7 de abril de 2008, que deu lugar ao asinamento, o 20 de maio de 2008, da acta do acordo entre a entón Consellería de Traballo e os axentes sociais presentes na Mesa 3 do Diálogo Social, para o programa de apoio ás/aos traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2009, para que estes poidan formarse durante os devanditos períodos de suspensión, de xeito que vexan mellorada a súa adaptabilidade aos cambios do contorno empresarial, tecnolóxico e produtivo, favorecendo así a creación de emprego estable e a empregabilidade destes traballadores e traballadoras.

Artigo 2º.-Contido.

As axudas reguladas nestas bases estarán distribuídas en tres programas.

Programa 1. Complemento da prestación de desemprego.

Subvención a fondo perdido, a cada un dos traballadores e traballadoras incluídos nos expedientes de suspensión de contratos, para complementar os importes das prestacións por desemprego, segundo os requisitos e condicións que nesta orde se establezan.

Programa 2. Reposición das prestación de desemprego consumidas.

Axudas para a reposición das prestacións de desemprego consumidas polos traballadores e traballadoras durante o período de suspensión dos contratos con ocasión dos ERE aquí recollidos, nas condicións que nesta orde se estableza, e que, con posterioridade a esta suspensión, vexan extinguidos os seus contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción sen teren xerado o período máximo de prestación por desemprego de carácter contributivo.

Este programa será de aplicación só cando non se teña dereito ás medidas recollidas, para o mesmo fin, no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas ou calquera outra análoga.

Programa 3. Financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación.

Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, das recollidas nesta orde, destinadas ao financiamento total ou parcial dos plans de formación levados a cabo polos traballadores e traballadoras beneficiarios desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos das empresas do sector.

Con independencia de quen sexa a persoa beneficiaria das axudas recollidas nestas bases, as empresas do sector téxtil e da confección a que pertenzan as persoas traballadoras suxeitas a ERE de suspensión, deben reunir os seguintes requisitos:

a) Desenvolver algunha das actividades industriais do sector téxtil e da confección a que se aplica o convenio colectivo da industria téxtil e da confección, ou que estean vinculadas a este, ou que estean

encadradas nas epígrafes 13 e 14.1 e da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 09).

b) Ter a súa sede social ou o establecemento de produción na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Ter unha media de traballadores e traballadoras fixos igual ou superior ao 45%, para as empresas de ata 40 traballadores/as, e do 70% para as que superen os 40 traballadores/as do cadro de persoal, nos seis meses anteriores á solicitude de suspensión de contratos de traballo.

d) Ter obtido resolución na que se autoriza a suspensión dos contratos de traballo, ditada pola autoridade laboral competente, a través dun expediente de regulación de emprego de suspensión de contratos vinculado (en adiante ERE vinculado) ao Acordo asinado entre os axentes económicos e sociais e a consellería competente en materia de traballo.

Artigo 4º.-Requisitos dos ERE de suspensión.

Os expedientes de suspensión dos contratos de traballo a que fai referencia esta orde teñen que reunir, ademais dos requisitos exixibles na normativa vixente, os seguintes:

1. Os ERE de suspensión non poderán supoñer a suspensión do contrato de traballo de cada traballador ou traballadora afectado por máis de 90 días naturais ao ano, que se poderán repartir, como máximo, en cinco períodos, cun tempo mínimo de suspensión ininterrompida de 14 días.

2. A empresa terá que acreditar que o cadro de persoal fixo medio dos últimos 6 meses anteriores á presentación do expediente foi dun mínimo do 45%, para as empresas de ata 40 traballadores/as, e do 70%, para as empresas de máis de 40 traballadores/as.

3. A empresa terá que achegar e garantir a execución dun plan de formación para os traballadores e traballadoras afectados pola suspensión dos contratos, cos requisitos exixidos pola Dirección Xeral de Formación e Colocación. Con carácter excepcional, e no caso de xustificar non ser posible acollerse ás convocatorias da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o plan formativo terá que reunir as características establecidas nestas bases, e neste caso, será obxecto de supervisión pola antedita dirección xeral.

4. Achegarase, así mesmo, á tramitación do ERE o informe da Comisión Bipartita Galega de Seguimento e Control do sector téxtil-confección, que se pronunciará, entre outras cuestións, sobre a conveniencia de aprobar o correspondente ERE de suspensión vinculado a estas axudas, informe que será transcrito na resolución, autorizando o expediente.

Artigo 5º.-Requisitos do plan de formación.

Os traballadores/as afectados/as polos ERE vinculados terán que ter asistido a cursos de formación incluídos nas convocatorias da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Con carácter excepcional, e no caso de xustificar non ser posible acollerse ás convocatorias da Dirección Xeral de Formación e Colocación, a empresa deberá acreditar e terá que achegar e garantir aos traballadores/as do sector téxtil a execución dun plan de formación para os/as traballadores/as afectados pola suspensión dos contratos. Este plan será obxecto de control por parte da Administración da comunidade autónoma e terá como obxectivo a mellora da formación e cualificación profesional dos/as beneficiarios/as, coa finalidade de que poidan dispoñer de medios de readaptación para novos procesos produtivos que poidan implantarse.

Deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Obxectivo do plan, coa denominación, descrición e programa de cada unha das accións formativas que se inclúen.

b) Indicación da entidade que será a encargada de desenvolvelo que deberá cumprir cos requisitos establecidos no programa 3 desta orde.

c) Duración mínima por persoa afectada, segundo os termos do acordo, 30 horas (para suspensións de 14 días); 45 horas (para suspensións de 21 días); 60 horas (para suspensións de 30 días) ou, de seren duracións distintas, nunha proporción do dobre de horas de formación que de días de suspensión.

d) Calendario ou temporización prevista para a súa execución, con detalle da distribución horaria prevista e das traballadoras e traballadores a que afecta cada acción formativa.

e) Perfil do profesorado previsto.

f) Metodoloxía do plan que se ten que seguir e medios pedagóxicos que se van utilizar, de modo que se garanta a adquisición dos coñecementos impartidos por parte das persoas beneficiarias.

g) Lugar previsto para impartir as accións formativas.

h) Aceptación expresa da representación dos/as traballadores/as ou, de non existir, dos traballadores e traballadoras afectados.

i) Sistema de valoración da formación por parte das persoas destinatarias. As destinatarias desta formación valorarán, do xeito que se indique, a formación recibida.

j) O plan deberá cumprir co obxectivo de mellorar cualitativamente no aspecto profesional as persoas traballadoras afectadas.

k) O plan deberá ser executado durante o período de suspensión de contratos.

l) A entidade encargada da formación deberá emitir a cada un dos/as alumnos/as un diploma ou certificado de asistencia, sempre e cando teñan asistido un mínimo do 90% do total das horas de que consta o curso en cuestión.

A Consellería de Traballo e Benestar, en calquera momento, poderá solicitar informes de seguimento e realizar inspeccións de control da formación levada a cabo.

Artigo 6º.-Financiamento.

A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias e códigos de proxecto que anualmente se designen na correspondente convocatoria, e financiaranse co límite orzamentario establecido na Lei de orzamentos da comunidade autónoma para cada exercicio.

A cantidade máxima destinada a axudas recollidas nos programas 1 e 2 desta orde para a convocatoria do exercicio 2009 é de 200.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 48.03.324A.480.4 código

de proxecto 2009/01040 do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio.

A cantidade máxima destinada as subvencións recollidas no programa 3 desta orde para a convocatoria do exercicio 2009 é de 250.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 48.03.324A.481.4 código de proxecto 2006/00481 do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio.

En todo caso, o outorgamento destas axudas quedará condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, polo que se concederán ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Artigo 7º.-Convocatorias.

Anualmente, en función da prórroga dos acordos polos que se establecen estas axudas e da dispoñibilidade orzamentaria, publicarase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria para a presentación de solicitudes, indicando o prazo para levala a cabo, as aplicacións orzamentarias a que se teñen que imputar e as contías máximas destinadas.

Para as suspensións que se aproben ou rematen ou para as prestacións de desemprego que rematen despois da data límite de presentación de solicitudes, poderán solicitarse as axudas no exercicio seguinte.

Artigo 8º.-Convocatoria para o exercicio 2009.

1. Convócanse as axudas para o exercicio 2009, podendo presentar a solicitude aquelas traballadoras e traballadores que reúnan os requisitos establecidos nesta orde, que estean afectados por expedientes de suspensión dos seus contratos de traballo desde o remate do prazo da convocatoria de axudas do exercicio anterior e que acrediten ter recibido a formación correspondente, como máximo, ata o 15 de outubro de 2009.

2. Así mesmo, no caso excepcional do programa 3 poderán solicitar as subvencións as entidades sen ánimo de lucro que impartan os plans de formación para os traballadores e traballadoras do punto 1 deste artigo, sempre que non tivesen outorgadas, para as mesmas accións, as axudas convocadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación ou organismo competente.

3. Convócanse as axudas para o exercicio 2009, podendo presentar a solicitude aquelas traballadoras e traballadores que reúnan os requisitos establecidos nesta orde, que estean afectados por expedientes de suspensión dos seus contratos de traballo e que rematen a súa suspensión e a formación, como data límite, o 15 de outubro de 2009.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte do último día de suspensión de contratos que figure na cronoloxía do ERE aprobado para os programas 1 e 3, e para o programa 2, desde o primeiro día do mes seguinte ao do remate do período de percepción da prestación por desemprego.

Para os ERE autorizados e que xa rematasen os seus períodos de suspensión (programas 1 e 3) ou para as prestacións de desemprego (programa 2) rematadas con anterioridade á data de publicación desta orde, o prazo de presentación das solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará un mes despois.

A data límite será, en todo caso, o 1 de novembro de 2009.

Os prazos previstos nesta orde por meses, computaranse de data a data, comezando a contar desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes e entendendo como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de remate do prazo de presentación. Se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes e, se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 9º.-Persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, deberán cumprir as obrigas establecidas nesta orde e, en todo caso, as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo, non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas, físicas ou xurídicas, nas que concorran algunha das prohibicións previstas no artigo 10 da referida Lei 9/2007. Estes compromisos quedarán reflectidos na declaración incluída no impreso de solicitude.

Así mesmo, terán a consideración de beneficiarias, para os efectos desta orde, as seguintes, segundo o programa ao que se acollan:

Programa 1. Complemento da prestación de desemprego.

As persoas traballadoras pertencentes ás empresas do sector téxtil e da confección, que teñan dereito á prestación por desemprego e estean afectadas por un ERE de suspensión, nas condicións requiridas nestas bases.

Programa 2. Reposición das prestación de desemprego consumidas.

Poderán ter a consideración de beneficiarias das axudas reguladas nestas bases, para os efectos deste programa, as persoas traballadoras que, non tendo dereito ás medidas aprobadas para o mesmo fin, no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, ou calquera outra análoga, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter sido beneficiarias do Programa 1, cos requisitos nel establecidos.

2. Que con posterioridade vexan extinguido o seu contrato de traballo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción sen teren xerado o período máximo de prestación por desemprego de carácter contributivo.

3. Así mesmo, antes de poderen acceder a estas axudas, deberán ter rematado de percibir as prestacións por desemprego contributivas a que tivesen dereito.

4. Só se poderá acceder a estas axudas se, unha vez rematadas as prestacións do punto anterior, continúan en situación de desemprego.

Programa 3. Financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación.

1. Poderán presentar solicitudes, con carácter excepcional e nos supostos previstos nesta orde, as:

   a) Organizacións empresariais representativas, constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, que agrupen empresas do sector téxtil, así como as fundacións sen fins de lucro por estas constituídas, que teñan entre as súas finalidades a formación, co fin de impartir as accións formativas dos traballadores e tra-

balladoras que teñan dereito ás axudas recollidas nesta orde.

b) Organizacións sindicais representativas no sector téxtil, así como as fundacións sen fins de lucro por estas constituídas, que teñan entre as súas finalidades a formación, co fin de impartir as accións formativas dos traballadores e traballadoras que teñan dereito ás axudas recollidas nesta orde.

2. Para os oportunos efectos, a maior representatividade das organizacións sindicais determinarase tendo en conta o establecido nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto. Pola súa vez, a representatividade das organizacións empresariais determinarase de conformidade co disposto na disposición adicional sexta do Estatuto dos traballadores.

3. Todas as entidades deberán acreditar a capacidade suficiente en medios materiais, humanos e organizativos, para cumprir cos obxectivos establecidos no programa.

4. As entidades beneficiarias deberán ter realizado os plans de formación dos traballadores e traballadoras susceptibles de seren beneficiarias do Programa 1, por iso, estas accións formativas deberán estar ligadas ás propostas polas empresas no ERE de suspensión, que deberán ter sido aprobadas xunto co referido ERE.

5. A entidade encargada da formación deberá comunicar o inicio e lugar de realización das accións formativas, así como calquera incidencia no calendario ou programación, cunha antelación mínima de 5 días.

6. Unha vez rematado o plan formativo a entidade deberá presentar un informe, asinado pola persoa responsable desta entidade no que se recolla, como mínimo o seguinte:

- Lugar e datas de realización da formación.
- Relación do profesorado e cualificación deste.
- Distribuídos por empresas para as que prestan servizos, relación nominal de alumnos e alumnas, con indicación do nome, apelidos, número de DNI e da porcentaxe de horas a que, cada un deles, asistiu á formación.
- Puntuación outorgada polos/as alumnos/as á formación recibida.
- Resumo dos custos ocasionados pola realización da formación, detallando conceptos e importes, así como xustificantes do gasto e do pagamento realizado.

Artigo 10º.-Importe das axudas.

As axudas aquí recollidas terán como límite os créditos orzamentarios establecidos para cada exercicio e o importe total das axudas percibidas non poderá superar o custo da actividade subvencionada (artigo 17.3º da Lei 9/2007).

Programa 1. Complemento das contías da prestación de desemprego.

As persoas beneficiarias percibirán unha axuda destinada a complementar a prestación por desemprego que perciban durante o período de suspensión dos seus contratos de traballo por un importe máximo do 100% dos seus salarios brutos calculados como a media efectiva dos últimos 3 meses anteriores á suspensión do contrato, mentres dure a situación de suspensión deste, establecendo un importe máximo mensual por persoa beneficiaria de 400 euros.

1. As axudas económicas devengaranse por xornada completa de suspensión do período autorizado, sempre que a persoa beneficiaria da axuda levase a cabo a formación proposta no plan establecido para o ERE e teñan dereito a prestación por desemprego.

No caso de que deba reincorporarse ao seu posto de traballo de xeito anticipado, para poder ter dereito ás axudas, deberá ter completada formación por un período igual ao dobre de horas ca de días de suspensión efectiva, sempre que supoña ter dereito a certificado de asistencia a algún curso completo.

2. Para establecer a contía das axudas deberanse facer os seguintes cálculos:

2.1. O importe das axudas será o que resulte da diferenza entre o importe bruto percibido pola prestación de desemprego e o importe bruto do salario do traballador coa parte proporcional das pagas extraordinarias, segundo a media dos tres últimos meses, excluídas horas extraordinarias, así como calquera outra percepción de carácter extraordinario, co límite máximo de 400 euros mensuais.

2.2. Deberase sumar o importe do salario bruto do/a traballador/a coa parte proporcional das pagas extraordinarias correspondente ás nóminas percibidas durante os tres meses anteriores á suspensión do seu contrato, excluíndo as horas extraordinarias e calquera outro concepto, distinto dos mencionados, que teña carácter extraordinario. Este total dividirase polo número de días a que corresponda.

2.3. O importe do salario bruto así calculado por día de cada traballador/a multiplicarase polos días efectivos de suspensión de contratos.

2.4. A contía da axuda será a que corresponda de calcular a diferenza entre a contía bruta percibida en concepto de desemprego durante ese período de suspensión e o resultado obtido no punto anterior.

3. A contía resultante nunca poderá superar, xunto coa prestación de desemprego percibida, a cantidade equivalente ao salario bruto, do/a traballador/a coa parte proporcional das pagas extraordinarias por xornada ordinaria, resultado da media dos tres meses anteriores á suspensión do contrato, con exclusión das horas extraordinarias e calquera outro concepto, distinto dos mencionados, que teña carácter extraordinario.

En todo caso, o importe da contía que se vai pagar por este programa non poderá ser superior a 400 euros mensuais por beneficiario.

4. Así mesmo, estas axudas serán compatibles con calquera outra que poida percibir a persoa beneficiaria polo mesmo concepto, pero o importe total destas non poderá superar, xunto coa prestación por desemprego, a contía do salario bruto do traballador/a segundo os cálculos antes indicado.

Programa 2. Reposición das prestacións de desemprego consumidas.

O importe das axudas deste programa será o correspondente ao do desemprego efectivamente consumido pola persoa beneficiaria durante o período ou períodos de suspensión obxecto do Programa 1.

Os importes corresponderanse cos efectivamente aboados no seu día polo Servizo Público de Emprego Estatal, segundo as certificacións e xustificantes de transferencias bancarias achegadas para o

expediente elaborado para o Programa 1.

O pagamento desta axuda, polos períodos que lle correspondan, realizarase de xeito conxunto nun só ingreso á persoa beneficiaria.

Así mesmo, a estas axudas só se poderá acceder no caso de que non se teña dereito ás medidas aprobadas para o mesmo fin, no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, e, polo tanto, serán incompatibles entre si e con calquera outra da mesma natureza.

Programa 3. Financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación.

O importe destas axudas calcularase en función dun módulo económico por traballador ou traballadora, das potenciais persoas beneficiarias das axudas do programa 1 desta orde que realizaron a formación con cada entidade, e hora de formación efectiva, módulo que se determinará anualmente.

Para o exercicio de 2009 o módulo económico que se vai aplicar será de ata oito euros por hora efectiva de formación por cada traballador/a.

No caso de que non inicien a acción formativa o total dos alumnos/as para os/as que se aprobou, ratearase o importe que se vai aboar ata o número máis alto de alumnos/as acadado no primeiro cuarto para cada acción formativa

As axudas deste programa son incompatibles coas outorgadas para a formación a través das ordes de convocatoria publicadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación ou organismo competente.

Serán subvencionables os seguintes gastos:

- Custos do persoal docente, así como os gastos de desprazamento deste persoal fóra do centro de formación, cando teña lugar por motivos directamente relacionados coa acción formativa. O pagamento aos docentes deberá ser, en todo caso, proporcional ás horas impartidas, tendo en conta o módulo económico da acción formativa.

- Os gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo aprobado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

- Outros gastos correntes tales como materiais e subministracións. Poderanse incluír neste punto o conxunto de gastos non directamente vinculados ao obxecto último pero indispensables para impartir a acción formativa, como gastos de limpeza, auga, electricidade, teléfono, combustibles, seguros e pólizas de responsabilidade civil, publicidade... Poderán incluírse, así mesmo, os gastos de alugueres, tanto de instalacións como de maquinaria.

- A amortización dos instrumentos e equipamentos en proporción á súa utilización exclusiva para o proxecto de formación de que se trate.

- Os custos dos servizos de asesoría en relación coa acción de formación. Poden imputarse neste punto os gastos de asesoría legal como informes xurídicos ou consultas xurídicas; gastos de notaría e rexistros; gastos de asesoramento técnico tales como informes técnicos, peritaxes e taxacións; gastos de asesoramento financeiro como consultoría financeira, así como gastos de xestión e coordinación das accións formativas. As entidades impartidoras non poderán imputar por este concepto un importe superior ao 15 por cento do importe total dos gastos de docencia. Estes gastos soamente serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

Artigo 11º.-Presentación de solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán dirixirse ao órgano competente para resolver (Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Traballo e Benestar, edificios administrativos San Lázaro, s/n planta 0, 15781 Santiago de Compostela), directamente ou a través de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A persoa ou entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Non obstante, en virtude do establecido no artigo 48.1º h) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para 2009, estas subvencións quedan exentas de achegar tales xustificantes.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

Programa 1. Complemento das contías da prestación de desemprego.

1. A solicitude, no impreso normalizado e debidamente cuberto, que figura como aanexo I.

2. A esta solicitude terase que xuntar a seguinte documentación:

2.1. Fotocopia compulsada do DNI do traballador/a solicitante ou documento que acredite a súa personalidade.

2.2. Certificado da empresa acreditativo do período de suspensión efectiva do traballador ou traballadora, e dos seus datos persoais, profesionais e de cotización.

2.3. Certificación emitida polo Servizo Público de Emprego Esta-

tal, relativa aos días de suspensión de emprego e prestación de desemprego recibida, con indicación dos importes brutos e os descontos.

2.4. Transferencias bancarias acreditativas dos importes recibidos en concepto dos salarios que sirvan de base para os cálculos e da prestación de desemprego polo traballador ou traballadora solicitante.

2.5. Certificado acreditativo da asistencia ao plan de formación establecido no ERE de suspensión.

2.6. Achegarase as follas de salario do traballador/a, que recollan os datos correspondentes ás retribucións netas e brutas correspondentes aos tres últimos meses, anteriores ao ERE de suspensión. Poderán ser substituídas pola listaxe de nóminas, facilitada pola empresa, da persoa ou persoas afectadas polo ERE, sempre que se detallen os importes das retribucións netas e brutas e os conceptos.

2.7. Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo IV.

2.8. Ficha de terceiros da persoa beneficiaria segundo o anexo V.

Programa 2. Reposición das prestacións de desemprego consumidas.

1. A solicitude, no impreso normalizado e debidamente cuberto, que figura como anexo I.

2. Á solicitude terase que xuntar a seguinte documentación:

2.1. Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante ou documento que acredite a súa personalidade.

2.2. Memoria explicativa dos motivos polos que non se ten dereito ás medidas aprobadas para o mesmo fin, no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, así como, calquera outra documentación que acredite tal circunstancia.

2.3. Copia da resolución da concesión, no seu día, das axudas do Programa 1, ou referencia do expediente correspondente.

2.4. Copia do documento que acredite a data na que se considera extinguido o contrato de traballo.

2.5. Certificación emitida polo Servizo Público de Emprego Estatal de teren rematado as prestacións contributivas así como do seu importe e duración, ou de non teren dereito a elas, e de que segue en situación de desemprego.

2.6. Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo IV.

2.7. Ficha de terceiros da persoa beneficiaria segundo o anexo V.

Programa 3. Financiamento total ou parcial dos custos dos plans de formación.

1. A solicitude, no impreso normalizado e debidamente cuberto, que figura como anexo II.

2. Á solicitude terase que xuntar a seguinte documentación:

2.1. Documentación acreditativa e identificativa da entidade solicitante e o seu representante legal.

2.2. Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

2.3. Informe acreditativo de ter capacidade suficiente en medios materiais, humanos e organizativos, para cumprir cos obxectivos establecidos no programa.

2.4. O informe sobre a formación outorgada segundo o establecido nesta orde, en soporte papel e informático.

2.5. Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo IV.

2.6. Ficha de terceiros da entidade beneficiaria segundo o anexo V.

Artigo 12º.-Instrución.

1. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común requirirá a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. En relación co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, este orde non estará sometida ao procedemento de concorrencia competitiva, xa que, as axudas:

- Para os programas 1 e 2 tramitaranse por estrita orde de chegada e concederanse ás persoas que teñan dereito por cumpriren os requisitos, mentres exista crédito.

- Para as axudas do programa 3, de entre aquelas entidades que teñan dereito por cumpriren os requisitos establecidos nesta orde, outorgaranse a aquelas que realizasen as accións formativas dos traballadores e traballadoras para os que se teña presentado solicitude do Programa 1.

Artigo 13º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación do/a conselleiro/a.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás persoas interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar a concesión de axudas será dun mes. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata o día seguinte ao do remate do prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido este sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e

do procedemento administrativo común.

Os prazos previstos nesta orde por meses, computarase de data a data, comezando a contar desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes e entendendo como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de remate do prazo de presentación. Se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes e, se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Ordenación do pagamento e xustificación dos gastos.

Unha vez se teñan comprobada a corrección da documentación que se achegue coa solicitude da axuda e o cumprimento dos requisitos que exixe esta orde, incluída a xustificación correspondente, xunto coa resolución de outorgamento da axuda, ordenarase o pagamento do 100% do importe destas axudas.

Artigo 15º.-Renuncia.

Segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei 9/2007, as persoas beneficiarias das axudas poderán renunciar de forma expresa, total ou parcialmente, á axuda outorgada no prazo de dez días desde a data da notificación. Para este efecto, o órgano responsable ditará a resolución correspondente.

Artigo 16º.-Modificación da resolución de concesión.

Segundo o establecido no artigo 17.4º da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 17º.-Revogación e reintegro.

Para os efectos do establecido no artigo 14.1º m) da Lei 9/2007, procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18º.-Axudas baixo condicións de minimis.

Os incentivos establecidos no Programa 3 desta orde quedan sometidos ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos establecidos no Regulamento (CE) número 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006). Nos termos desta normativa deberanse observar os seguintes requisitos:

1. A axuda total de minimis concedida por beneficiario final (empresa) non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

2. Antes de conceder a axuda as entidades solicitantes do Programa 3 deberán presentar unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida polos beneficiarios finais (empresas) durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

3. No momento da notificación da concesión da axuda informarase polo órgano xestor á entidade solicitante sobre o importe da axuda (expresado en equivalente bruto da subvención) e sobre o seu carácter de minimis, facendo expresa referencia ao Regulamento (CE) número 1998/2006 .

Disposicións adicionais

Primeira.-O órgano instrutor poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquelas que, de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Terceira.-Debido a que estas bases supoñen a modificación dos importes das axudas que se van outorgar, no caso dos ERE de suspensión autorizados despois do prazo establecido na orde anterior e antes da entrada en vigor desta orde, sempre que reunisen os demais requisitos nesta establecidos, os informes preceptivos aos que se fai referencia no artigo 4º deberán ser emitidos e achegados para a súa valoración no momento da solicitude das axudas aquí recollidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Ver anexos pdf "100-09.PDF"

101 Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se regulan e convocan para 2009 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.

(DOG nº 233, do 27.11.2009 e corrección de erros no DOG nº 240, do 10.12.2009).

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, ten entre os seus compromisos o apoio a aqueles traballadores e traballadoras que procedan de sectores que sufran procesos industriais recesivos, e que leven consigo o efecto negativo na actividade produtiva e no emprego.

É por isto que entre as medidas que se van adoptar se pretende apoiar non só as empresas inmersas en procesos de reestruturación senón tamén os traballadores/as afectados.

Por esta razón, esta convocatoria ten por finalidade conceder determinadas axudas sociais a traballadoras e traballadores que despois de ver extinguidos os seus contratos de traballo con motivo de procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas debido á actual situación de crise, se atopan nunhas circunstancias nas que reincorporarse a un posto de traballo lles resulta moi difícil ou imposible.

É así que con esta orde se trata de dar publicidade, concorrencia e obxectividade ao conxunto das referidas axudas, así como determinar os supostos e condicións nas que procede a concesión destas, as cales se realizarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do correspondente exercicio orzamentario.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto outorgar axudas, en concorrencia competitiva, de carácter extraordinario en procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que puidesen levar consigo o cesamento total ou parcial das súas actividades. A finalidade é axudar a traballadores e traballadoras destas empresas que, como consecuencia destes procesos, se atopan en situacións de urxencia e necesidade sociolaboral e, ao mesmo tempo, contribuír ao mantemento do emprego naqueles supostos en que sexa posible.

A extinción dos contratos de traballo dos posibles beneficiarios deben derivar de expedientes de regulación de emprego autorizados pola autoridade laboral competente ao abeiro do disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

Trátase, polo tanto, de compensar economicamente as persoas traballadoras as que se fai referencia naquelas situacións nas que estean afectadas por procesos de reestruturación e non acaden niveis de cobertura adecuados, segundo as circunstancias concretas de cada caso, ben cando non acaden durante a situación de desemprego un nivel de cobertura mínimo, ben cando tivesen que soportar perdas de salarios ou ben, cando se atopen en calquera outra situación de desprotección derivada da crise da empresa que non fose susceptible de ser cuberta por ningún outro mecanismo de garantía.

Esta compensación levarase a cabo, ou ben complementando a prestación de desemprego, ou, se é o caso, o subsidio de desemprego, ou ben concedendo unha cobertura económica en tanto non accedan ás prestacións por xubilación na súa modalidade contributiva.

No caso de que a axuda solicitada non teña como finalidade a xubilación, e polo tanto, a retirada do mercado laboral das persoas beneficiarias, as medidas que se adoptarán deberán estar ligadas a un plan de recolocación, a un itinerario de inserción ou a unha estratexia similar dirixida a promover ou facilitar a reincorporación ao mercado laboral das persoas afectadas.

Artigo 2º.-Financiamento e criterios de concesión.

A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde realizarase con cargo á partida 48.03.324 A 480.2, do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio, sendo o importe para 2009 de 125.360 euros. Este crédito poderá ser obxecto de ampliación dentro do mesmo exercicio orzamentario.

En todo caso, o outorgamento destas axudas quedará condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, e concederanse, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Atenderanse, en primeiro lugar, aquelas solicitudes cuxa finalidade sexa a de dar unha resposta que poida resolver, de xeito definitivo, a situación das persoas beneficiarias, tanto por conseguir a súa reinserción no mercado laboral como por supoñer a saída permanente deste mediante xubilacións.

Artigo 3º.-Convocatoria e prazos.

Convócanse as axudas para o exercicio 2009, podendo presentar a solicitude as traballadoras e traballadores que reúnan os requisitos establecidos nesta orde, tendo o prazo dun mes desde a publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Os prazos previstos nesta orde por meses, computaranse de data a data, comezando a contar desde o día seguinte da publicación no

DOG e entendendo como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 4º.-Persoas beneficiarias.

Serán beneficiarios os traballadores e traballadoras que reúnan os requisitos e obrigas establecidos nesta orde, e deberán cumprir, en todo caso, as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo, non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorran algunha das prohibicións previstas no artigo 10, agás a 10.2º b), da referida Lei 9/2007. Estes compromisos quedarán reflectidos na declaración incluída no impreso de solicitude.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

As axudas poderán ser solicitadas, en nome das persoas beneficiarias, de forma conxunta pola empresa e os representantes das traballadoras e traballadores, ou directamente polos propios traballadores e traballadoras ou os seus representantes, tendo en conta que as persoas beneficiarias serán sempre os traballadores e traballadoras afectados.

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir, de ser o caso, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da persoa beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (http://traballo.xunta.es).

Documentación que hai que achegar:

1. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- De ser o caso, documento que acredite a representación da persoa que actúe en nome das persoas beneficiarias ou poder de representación da empresa, de ser esta a que presente a solicitude en nome das persoas beneficiarias.
- Memoria explicativa na que farán constar, de xeito detallado, os motivos polos que se solicitan as axudas, o número de traballadoras e traballadores beneficiarios, a cobertura solicitada e o custo económico individualizado desta, xuntándose a documentación xustificativa, especificándose se existe concesión ou previsión de concesión doutras axudas de carácter análogo por parte doutras administracións ou entidades públicas.
- Documentación acreditativa da extinción dos seus contratos e das condicións nas que se produciu.
- Acordos acadados coa empresa para levar a cabo a extinción dos contratos.
- Plan de prexubilacións, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.
- Plan de recolocación, itinerario de inserción ou similar, de ser o caso, segundo o indicado no artigo 1º.
- Documentación acreditativa das indemnizacións percibidas ou que se vaian percibir pola extinción dos contratos.
- Certificación do Servizo Público de Emprego, acreditativa da situación, cobertura e dereitos das traballadoras e traballadores respecto das prestacións por desemprego.
- Declaración das axudas solicitadas ou percibidas polo mesmo concepto segundo o anexo III.
- Se a axuda vai destinada directamente aos traballadores, ficha de terceiros da persoa beneficiaria segundo o anexo IV.

Artigo 6º.-Importe das axudas.

1. O importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde corresponderase, como mínimo, coa prestación que lle correspondería como subsidio de desemprego de ter dereito a este, e como máximo, co 25% do importe da capitalización, polo período de tempo total que se solicite, da prestación para a xubilación anticipada ou de desemprego que corresponda.

2. Á vista dos motivos alegados e dos informes achegados nas solicitudes presentadas, así como, aqueloutros que o órgano encargado da súa tramitación considere estritamente necesarios para poder resolver, a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais resolverá a concesión das axudas podendo estimar a solicitude formulada, total ou parcialmente.

3. Na resolución que se dite farase constar a cantidade a que ascenda a dita axuda, a forma de pagamento e a súa ulterior xustificación.

4. Poderán non concederse estas axudas cando se concedesen ou tivesen previsto conceder axudas de análoga natureza, salvo que no marco do correspondente plan de reestruturación se acordase a súa concesión simultánea, de conformidade co previsto no artigo 3.3º da Orde do 5 de abril de 1995 pola que se determinan as axudas que poderá conceder o Ministerio de Traballo e Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas (BOE do 19 de abril).

5. No caso de solicitarse axudas de xubilación anticipada, ou medidas de similar natureza, estas axudas poderán complementarse por dis-

tintas administracións do xeito que estas determinen e serán capitalizadas segundo o procedemento estipulado pola Administración do Estado para este tipo de xubilacións ou medidas. Así mesmo, as persoas beneficiarias que percibisen indemnizacións pola rescisión dos seus contratos, deberán capitalizar estas indemnizacións para este fin, minorando así o importe a achegar pola Administración.

6. As axudas aquí recollidas terán como límite os créditos orzamentarios establecidos para este exercicio e o importe total das axudas percibidas para a mesma causa non poderá superar o custo total da acción obxecto de subvención (artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Artigo 7º.-Instrución e valoración.

1. O órgano instrutor e avaliador dos expedientes será o Servizo de Relacións Laborais da Subdirección Xeral de Traballo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

3. O órgano instrutor poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquelas que, de acordo co artigo 35º f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar por delegación do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás persoas interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar a concesión de axudas será de dous meses. Transcorrido este sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Ordenación do pagamento e xustificación dos gastos.

Unha vez que se teña comprobada a corrección da documentación que se achegue coa solicitude da axuda e o cumprimento dos requisitos que exixe esta orde, xunto coa resolución de outorgamento da axuda, ordenarase o pagamento do 100% do importe das axudas concedidas.

Artigo 10º.-Aceptación e renuncia.

Segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei 9/2007, as persoas beneficiarias das axudas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido ese prazo entenderanse tacitamente aceptadas. Nese mesmo prazo poderán renunciar de forma expresa, total ou parcialmente, á axuda outorgada. Para este efecto, o órgano responsable ditará a resolución correspondente.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión.

Segundo o establecido no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Para os efectos do establecido no artigo 14.1º m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no seu regulamento, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do/a conselleiro/a de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación do/a conselleiro/a.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Corrección de erros.-Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se regulan e convocan para 2009 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.

Advertido erro na Orde do 10 de novembro de 2009 publicada no Diario Oficial de Galicia nº 233, do venres 27 de novembro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Publicar os anexos I, II, III e IV.

Ver anexos pdf "101-09.PDF"

102 Resolución do 17 de decembro de 2008 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2008 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 11 de decembro de 2007).

(DOG nº 13, do 20.01.2009).

O artigo 18.4º da orde reguladora dispón: «...a Consellería de Traballo publicará na súa páxina web e no DOG a relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas…».

De acordo co exposto,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia das subvencións concedidas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

16.04.324A.481.6. Programa I: axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2008.

16.04.324A.481.8. Programa II: axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

16.04.324A.481.7. Programa III: axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "102-09.PDF"

103 Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 22, do 2.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 78, do 23.04.2009).

Advertidos erros na devandita resolución publicada no Diario Oficial de Galicia número 223, do 17 de novembro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

- No anexo I, provincia da Coruña, na páxina 20.749, onde di: «38. Fisterra: 24 de marzo, Festas; 8 de setembro, Festas», debe dicir: «38. Fisterra: 13 de abril, Luns de Pascua; 8 de setembro, Festas».
- No anexo I, provincia da Coruña, na páxina 20.749, onde di: «76. Sada: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque», debe dicir: «76. Sada: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Festas».
- No anexo I, provincia da Coruña, na páxina 20.750, onde di: «87. Trazo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de setembro, Santa Eufemia», debe dicir: «87. Trazo: 21 de maio, Ascensión; 21 de setembro, San Mateo».
- No anexo IV, provincia de Pontevedra, na páxina 20.753, onde di: «20. Fornelos de Montes: 24 de marzo, Luns de Pascua; 12 de agosto, San Lourenzo», debe dicir: «20. Fornelos de Montes: 13 de abril, Luns de Pascua; 12 de agosto, San Lourenzo».
- No anexo IV, provincia de Pontevedra, na páxina 20.754, onde di:

«45. Portas: 7 de xaneiro, San Xiao; 20 de abril, Luns de Pascua», debe dicir: «45. Portas: 7 de xaneiro, San Xiao; 13 de abril, Luns de Pascua».

Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita resolución publicada no Diario Oficial de Galicia número 223, do 17 de novembro de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

No anexo IV, provincia de Pontevedra, na páxina 20.754, onde di: «51. Salvaterra de Miño: 8 de xuño, Santísimo Cristo da Vitoria; 10 de agosto, San Lourenzo», debe dicir: «51. Salvaterra de Miño: 15 de xuño, Santísimo Cristo da Vitoria; 10 de agosto, San Lourenzo».

104 Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro.

(DOG nº 130, do 6.07.2009).

A Lei 45/1999, do 29 de novembro (BOE do 30 de novembro), sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación transnacional, establece, no seu artigo 5, que para os efectos de asegurar o cumprimento da referida lei, o empresario que desprace traballadores/as a España no marco dunha prestación de servizos transnacional deberá comunicar o desprazamento, antes do seu inicio e con independencia da súa duración, á autoridade laboral española competente por razón do territorio onde se vaian a prestar os servizos.

Esta comunicación, segundo o artigo 5.2º debe conter unha serie de datos que nas que se reciben habitualmente non se reflicten, motivo polo que se elaborou un impreso específico, para os efectos de facilitar esta obriga ás empresas e simplificar, ás persoas responsables da súa xestión, os labores de identificación e rexistro.

Por todo isto,

DISPOÑO:

A publicación do modelo de comunicación de desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro (BOE nº 286, do 30 de novembro).

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

Ver anexos pdf "104-09.PDF"

105 Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 227, do 19.11.2009 e corrección de erros no DOG nº 246, do 18.12.2009).

En cumprimento do disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, así como no artigo 2 do Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 138, do 17 de xullo), e segundo o procedemento establecido e en virtude das resolucións ditadas para o efecto, as xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar elaboraron o calendario laboral provincial no que se determinan as festas laborais de carácter local correspondentes aos concellos da respectiva provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

De conformidade co establecido no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 2 do Decreto 350/2009, do 2 de xullo, e ante a conveniencia de que se coñezan as festividades de ámbito local desta comunidade autónoma sen ter que consultar diferentes boletíns oficiais, é preciso que se lles dea publicidade nun único diario oficial.

En virtude do anterior, a Dirección Xeral de Relacións Laborais acorda o seguinte:

Primeiro.-Dar publicidade ás festas de carácter local, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, para o ano 2010, que serán para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra as que figuran -respectivamente- nos anexos I, II, III e IV.

Segundo.-Lembrar que, en virtude do establecido no artigo 34.6º do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto o calendario laboral nun lugar visible de cada centro de traballo, para coñecemento e consulta dos traballadores. O incumprimento do anterior constitúe infracción en materia laboral tipificada no artigo 6 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

ANEXO I

Calendario laboral 2010

Provincia: A Coruña.

1. Abegondo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

2. Ames: 13 de maio, Ascensión; 24 de xuño, San Xoán.

3. Aranga: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de maio, Santa Cruz.

4. Ares: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 25 de maio, Voto de Chanteiro.

5. Arteixo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, Santiago Apóstolo.

6. Arzúa: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Virxe do Carme.

7. Baña, A: 22 de xaneiro, San Vicenzo; 9 de setembro, Virxe do Bo Suceso.

8. Bergondo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, festas.

9. Betanzos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

10. Boimorto: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de maio, San Cidre.

11. Boiro: 16 de xullo, Virxe do Carme; 31 de agosto, San Ramón de Bealo.

12. Boqueixón: 22 de xaneiro, San Vicenzo; 13 de maio, Ascensión.

13. Brión: 13 de maio, Ascensión; 27 de setembro, Santa Minia.

14. Cabana de Bergantiños: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

15. Cabanas: 11 de novembro, San Martiño; 30 de novembro, Santo André.

16. Camariñas: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Virxe do Carme.

17. Cambre: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, festas.

18. Capela, A: 5 de agosto, Nosa Sra. das Neves; 16 de agosto, festas.

19. Carballo: 24 de xuño, San Xoán Bautista; 25 de xuño, San Xoán Bautista.

20. Cariño: 16 de xullo, Virxe do Carme; 24 de agosto, San Bartolomeu.

21. Carnota: 11 de outubro, Festas; 7 de decembro, festas.

22. Carral: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, festas.

23. Cedeira: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, Santa Ana.

24. Cee: 16 de xuño, Santo Adrán; 16 de agosto, San Roque.

25. Cerceda: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

26. Cerdido: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 28 de xuño, Festas.

27. Cesuras: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

28. Coirós: 7 de xaneiro, San Xiao; 16 de febreiro, Martes de Entroido.

29. Corcubión: 16 de xullo, Festas; 24 de setembro, festas.

30. Coristanco: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de agosto, festas.

31. Coruña, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de outubro, Virxe do Rosario.

32. Culleredo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de decembro, Santo Estevo.

33. Curtis: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Nosa Sra. dos Remedios.

34. Dodro: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de setembro, Virxe do Bo Parto e do Leite.

35. Dumbría: 24 de xuño, San Xoán; 10 de decembro, Santa Baia.

36. Fene: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 6 de agosto, San Salvador.

37. Ferrol: 7 de xaneiro, San Xiao; 5 de abril, Nosa Sra. de Chamorro.

38. Fisterra: 5 de abril, Luns de Pascua; 8 de setembro, festas.

39. Frades: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.

40. Irixoa: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, San Lourenzo.

41. Laracha, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Virxe dos Milagres de Caión.

42. Laxe: 16 de agosto, San Roque; 17 de agosto, Virxe do Carme.

43. Lousame: 24 de xuño, San Xoán; 10 de agosto, San Lourenzo.

44. Malpica de Bergantiños: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de xuño, Venres de Corpus.

45. Mañón: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de decembro, Festa do Marisco.

46. Mazaricos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de xuño, festas.

47. Melide: 29 de xuño, San Pedro; 16 de xullo, Virxe do Carme.

48. Mesía: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de agosto, San Sal-

vador.

49. Miño: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

50. Moeche: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de abril, San Xurxo.

51. Monfero: 15 de febreiro, Luns de Entroido; 16 de febreiro, Martes de Entroido.

52. Mugardos: 7 de xaneiro, San Xiao; 2 de xuño, Voto de Chanteiro.

53. Muros: 29 de xuño, San Pedro; 16 de xullo, Virxe do Carme.

54. Muxía: 5 de abril, Festas; 13 de setembro, festas.

55. Narón: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 23 de novembro, Día de Narón.

56. Neda: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Santa María.

57. Negreira: 9 de xullo, San Cristovo; 20 de setembro, Santa Margarida.

58. Noia: 16 de xullo, Virxe do Carme; 24 de agosto, San Bartolomeu.

59. Oleiros: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

60. Ordes: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, festas.

61. Oroso: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de setembro, Santa Eufemia.

62. Ortigueira: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xullo, Santa Marta de Ortigueira.

63. Outes: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 29 de setembro, San Miguel.

64. Oza dos Ríos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, San Isidro.

65. Paderne: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 18 de agosto, festas.

66. Padrón: 5 de abril, Luns de Pascua; 6 de maio, San Xoán do Raio.

67. Pino, O: 29 de xuño, San Pedro; 22 de xullo, A Magdalena.

68. Pobra do Caramiñal, A: 23 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros; 20 de setembro, Luns de Nazareno.

69. Ponteceso: 13 de setembro, Festas; 14 de setembro, festas.

70. Pontedeume: 8 de setembro, Festas; 10 de setembro, festas.

71. Pontes de García Rodríguez, As: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 19 de xullo, Virxe do Carme.

72. Porto do Son: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Festa do Loreto.

73. Rianxo: 16 de xullo, Virxe do Carme; 17 de setembro, Venres de Guadalupe.

74. Ribeira: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xullo, Festa da Dorna.

75. Rois: 5 de abril, Luns de Pascua; 15 de maio, San Isidro Labrador.

76. Sada: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

77. San Sadurniño: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 2 de xullo, Santa Isabel.

78. Santa Comba: 29 de xuño, San Pedro e San Paulo; 30 de xuño, San Marcial.

79. Santiago de Compostela: 13 de maio, Ascensión; 16 de agosto, San Roque.

80. Santiso: 24 de xuño, San Xoán; 15 de setembro, Santa Cruz.

81. Sobrado dos Monxes: 24 de maio, Luns de Pías; 29 de xuño San Pedro.

82. Somozas, As: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, festas.

83. Teo: 13 de maio, Ascensión; 11 de novembro, San Martiño.

84. Toques: 15 de maio, San Isidro Labrador; 2 de setembro, San Antolín.

85. Tordoia: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de maio, festas.

86. Touro: 5 de abril, Luns de Pascua; 24 de xuño, San Xoán.

87. Trazo: 16 de setembro, Santa Eufemia; 21 de setembro, San Mateo.

88. Val do Dubra: 6 de abril, Feira de Abril; 6 de agosto, Festa do Emigrante.

89. Valdoviño: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, festas.

90. Vedra: 20 de setembro, Día do Patio; 10 de decembro, Santa Baia.

91. Vilarmaior: 15 de febreiro, Luns de Entroido; 16 de febreiro, Martes de Entroido.

92. Vilasantar: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, festas.

93. Vimianzo: 22 de xaneiro, San Vicenzo; 9 de agosto, festas do verán.

94. Zas: 16 de xullo, Virxe do Carme; 26 de xullo, Santa Margarida.

ANEXO II

Calendario laboral

Provincia: Lugo.

1. Abadín: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de setembro, Santa María - festas locais.

2. Alfoz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de decembro, ponte da Constitución.

3. Antas de Ulla: 24 de xuño, San Xoán; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

4. Baleira: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de agosto, San Cristovo.

5. Baralla: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de agosto, San Vi-

torio.

6. Barreiros: 24 de agosto, San Bartolo; 27 de agosto, San Cosme.

7. Becerreá: 24 de xuño, San Xoán; 14 de setembro, Santo Ecce-Homo.

8. Begonte: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

9. Bóveda: 1 de setembro, San Xil; 15 de setembro, Divino Ecce-Homo.

10. Burela: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de xuño, luns das festas patronais.

11. Carballedo: 26 de xullo, San Xaquín; 16 de agosto, San Roque.

12. Castro de Rei: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, San Roque e Doce Nome de María.

13. Castroverde: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, Santiago Apóstolo.

14. Cervantes: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de maio, Os Remedios.

15. Cervo: 16 de xullo, Virxe do Carme; 16 de agosto, San Roque.

16. Corgo, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de outubro, San Froilán.

17. Cospeito: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Festas Virxe do Monte.

18. Chantada: 24 de agosto, Festa da Empanada; 18 de outubro, San Lucas.

19. Folgoso do Caurel: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de abril, Luns de Pascua.

20. Fonsagrada, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de setembro, festas patronais da Fonsagrada.

21. Foz: 16 de xullo, Festividade do Carme; 10 de agosto, San Lourenzo.

22. Friol: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de xullo, Santa Isabel.

23. Guitiriz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

24. Guntín: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de xullo, luns das festas.

25. Incio, O: 10 de maio, Santa Cruz; 15 de maio, Santo Eufrasio.

26. Láncara: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de agosto, Luns de San Roque.

27. Lourenzá: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 30 de agosto, Luns do Conde Santo.

28. Lugo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de outubro, San Froilán.

29. Meira: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto.

30. Mondoñedo: 13 de setembro, Festa dos Remedios; 18 de outubro, San Lucas.

31. Monforte de Lemos: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 21 de setembro, San Mateo.

32. Monterroso: 16 de febreiro, Martes de antroido; 29 de setembro, San Miguel.

33. Muras: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 28 de xuño, San Pedro.

34. Navia de Suarna: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de setembro, Virxe das Dores.

35. Negueira de Muñiz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, Nosa Sra. da Veiga.

36. Nogais, As: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, Festa do Turista.

37. Ourol: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de maio, Nosa Señora de Fátima.

38. Outeiro de Rei: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de xullo, Santa Isabel.

39. Palas de Rei: 28 de xaneiro, San Tirso; 14 de setembro, Festa do Ecce-Hommo.

40. Pantón: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de agosto, Festa de Ferreira.

41. Paradela: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.

42. Páramo, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de xuño, Feiras de Primavera.

43. Pastoriza, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 18 de outubro, San Lucas.

44. Pedrafita do Cebreiro: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Santa María a Real do Cebreiro.

45. Poboa do Brollón, A: 7 de xuño, luns seguinte ao Corpus Christi; 27 de agosto, San Vitorio.

46. Pol: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, Festa do Emigrante.

47. Pontenova, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de outubro, Luns das Feiras da Pontenova.

48. Portomarín: 30 de xuño, San Pedro; 6 de setembro, Luns das Festas do Cristo da Victoria.

49. Quiroga: 5 de abril, Luns de Pascua; 11 de novembro, San Martiño.

50. Rábade: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de agosto, Nosa Sra. da Asunción.

51. Ribadeo: 16 de agosto, San Roque; 8 de setembro, Sta. María do Campo.

52. Ribas de Sil: 16 de agosto, San Roque; 7 de decembro, San Ambrosio.

53. Ribeira de Piquín: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de abril, San Xurxo.

54. Riotorto: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

55. Samos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de xullo, San Benito.

56. Sarria: 24 de xuño, San Xoán Bautista; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

57. Saviñao, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de agosto, Festas Patronais.

58. Sober: 8 de setembro, Romaría de Cadeiras; 20 de setembro, Virxe do Carme.

59. Taboada: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, Luns das Festas Patronais.

60. Trabada: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

61. Triacastela: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, San Mamede.

62. Valadouro, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Sta. María.

63. Vicedo, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 2 de agosto, Santo Estevo.

64. Vilalba: 31 de agosto, San Ramón; 1 de setembro, Sta. María.

65. Viveiro: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

66. Xermade: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, Luns de Santa María.

67. Xove: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 30 de agosto, Festa Patronal de San Bartolo.

ANEXO III

Calendario laboral

Provincia: Ourense.

1. Allariz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de xuño, Venres do Boi.

2. Amoeiro: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

3. Arnoia, A: 15 de xaneiro, San Amaro; 30 de xullo, Festa do Pemento.

4. Avión: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, Luns de San Roque.

5. Baltar: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de maio, A Ascensión.

6. Bande: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de agosto, San Roque.

7. Baños de Molgas: 6 de agosto, San Salvador; 8 de setembro, Os Milagres.

8. Barbadás: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

9. Barco de Valdeorras, O: 24 de maio, Santa Rita; 14 de setembro, Día do Cristo.

10. Beade: 3 de febreiro, San Brais; 2 de xullo, Santa Isabel.

11. Beariz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

12. Blancos, Os: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de setembro, Nosa Señora das Dores.

13. Boborás: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de xuño, San Antón.

14. Bola, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de maio, Santa Cruz en Veiga.

15. Bolo, O: 16 de agosto; 13 de decembro.

16. Calvos de Randín: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 9 de agosto.

17. Carballeda de Avia: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de maio, Luns de Lodairo.

18. Carballeda de Valdeorras: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de abril, Nosa Señora da Encarnación.

19. Carballiño, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de setembro.

20. Cartelle: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de maio, Luns de Pentecoste-Festa das Marabillas.

21. Castrelo de Miño: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de agosto, A Virxe das Neves.

22. Castrelo do Val: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.

23. Castro Caldelas: 20 de xaneiro, San Sebastián; 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.

24. Celanova: 1 de marzo, San Rosendo; 16 de agosto, San Roque.

25. Cenlle: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

26. Chandrexa de Queixa: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de xullo, Romaría de Chandrexa de Queixa.

27. Coles: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

28. Cortegada: 26 de xullo, Santa Ana; 11 de novembro, San Martiño.

29. Cualedro: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 16 de xullo, O Carme.

30. Entrimo: 2 de agosto; 16 de agosto.

31. Esgos: 2 de febreiro, As Candelas, Patroa de Esgos;16 de febreiro, Martes de Entroido.

32. Gomesende: 13 de maio, Nosa Señora da Guía; 13 de agosto.

33. Gudiña, A: 25 de febreiro, Beato Sebastián de Aparicio; 24 de agosto, San Bartolomeu.

34. Irixo, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de maio, Virxe de Fátima.

35. Larouco: 8 de setembro, Santa María dos Remedios; 13 de decembro, Santa Lucía.

36. Laza: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 24 de xuño, San Xoán.

37. Leiro: 3 de maio, Santa Cruz; 29 de xuño, San Pedro.

38. Lobeira: 22 de xaneiro, San Vicente; 8 de setembro, Viso Pequeno.

39. Lobios: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de agosto.

40. Maceda: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, Festas Patronais de Maceda.

41. Manzaneda: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de agosto, As Neves.

42. Maside: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de agosto.

43. Melón: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de maio.

44. Merca, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 31 de maio, Espírito Santo.

45. Mezquita, A: 5 de agosto, A Virxe das Neves; 11 de novembro, San Martiño.

46. Montederramo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

47. Monterrei: 26 de xullo; 16 de agosto.

48. Muíños: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de outubro, San Francisco.

49. Nogueira de Ramuín: 16 de agosto, San Roque;11 de novembro, San Martiño.

50. Oímbra: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 26 de xullo, Santa Ana.

51. Ourense: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

52. Paderne de Allariz: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

53. Padrenda: 24 de xuño, San Xoán de Crespos; 16 de agosto, San Roque.

54. Parada de Sil: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 31 de agosto, San Ramón Nonato.

55. Pereiro de Aguiar, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

56. Peroxa, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

57. Petín: 18 de xaneiro, Santo Antón; 26 de xullo, Santa Ana.

58. Piñor: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

59. Pobra de Trives, A: 24 de agosto, San Bartolomeu; 14 de setembro, Santo Cristo da Misericordia.

60. Pontedeva: 1 de outubro, San Breixo; 11 de novembro, San Martiño.

61. Porqueira: 16 de xullo, O Carme; 11 de novembro, San Martiño.

62. Punxín: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de abril, San Wintila (luns).

63. Quintela de Leirado: 8 de setembro, A Virxe dos Remedios; 11 de novembro, San Martiño.

64. Rairiz de Veiga: 24 de xuño, San Xoán; 24 de setembro, Nosa Señora da Mercé (festa da Saínza).

65. Ramirás: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro.

66. Ribadavia: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro.

67. Riós: 16 de agosto, San Roque (patrón de Riós); 15 de setembro, Romaría da Virxe das Dores na Trepa.

68. Rúa de Valdeorras, A: 11 de xuño, San Antón; 9 de agosto, festas do verán.

69. Rubiá: 13 de maio, A Ascensión; 24 de agosto, San Bartolomeu.

70. San Amaro: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de xullo, San Amaro.

71. San Cibrao das Viñas: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

72. San Cristovo de Cea: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de setembro, Festas da Saleta.

73. San Xoán de Río: 24 de xuño, San Xoán; 6 de agosto, festa do verán.

74. Sandiás: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de abril, Luns de Pascua.

75. Sarreaus: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 13 de setembro, festas patronais.

76. Taboadela: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

77. Teixeira, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de novembro, Santa Catalina.

78. Toén: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

79. Trasmiras: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

80. Veiga, A: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro.

81. Verea: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

82. Verín: 12 de febreiro; 17 de febreiro, Mércores de Cinza.

83. Viana do Bolo: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 16 de agosto, San Roque.

84. Vilamarín: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

85. Vilamartín de Valdeorras: 23 de abril, San Xurxo; 22 de xullo, Santa María Magdalena.

86. Vilar de Barrio: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Natividade de María.

87. Vilar de Santos: 5 de abril, Luns de Pascua; 5 de agosto, Virxe

das Neves.

88. Vilardevós: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 16 de agosto, San Roque.

89. Vilariño de Conso: 15 de febreiro, Luns de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

90. Xinzo de Limia: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de xullo.

91. Xunqueira de Ambía: 29 de abril, San Pedro; 16 de agosto, San Roque.

92. Xunqueira de Espadañedo: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de xullo, luns seguinte á Festa Patronal Santa Isabel.

ANEXO IV

Calendario laboral

Provincia: Pontevedra.

1. Agolada: 29 de xuño; 30 de xuño, San Pedro e San Paulo.

2. Arbo: 3 de febreiro, San Brais; 16 de agosto, San Roque.

3. Baiona: 16 de xullo, Virxe do Carme; 20 de xullo, Santa Liberata.

4. Barro: 18 de xuño, Festa do Viño; 1 de outubro, Romaría de San Breixo.

5. Bueu: 16 de xullo, Virxe do Carme; 11 de novembro, San Martiño.

6. Caldas de Reis: 24 de xuño, San Xoán; 16 de agosto, San Roque.

7. Cambados: 16 de xullo, Virxe do Carme; 16 de agosto, San Roque.

8. Campo Lameiro: 29 de setembro, San Miguel; 30 de setembro, San Xerónimo.

9. Cangas: 26 de marzo, Venres das Dores; 30 de agosto, Luns do Cristo.

10. Cañiza, A: 24 de maio, Festa das Pascuiñas; 15 de outubro, Festa de Santa Tareixa

11. Catoira: 5 de xullo, San Pedro; 12 de xullo, Santo Antonio de Padua.

12. Cerdedo: 24 de xuño, San Xoán Bautista; 26 de xullo, Luns do Ecce-Homo.

13. Cotobade: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 23 de agosto, San Roque e Santo Antón.

14. Covelo: 24 de maio, Festa das Pascuiñas; 26 de xullo.

15. Crecente: 13 de maio, Virxe de Fátima; 29 de xuño, San Pedro.

16. Cuntis: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Virxe do Carme.

17. Dozón: 6 de agosto, San Salvador; 6 de setembro, Virxe da Pena de Francia.

18. Estrada, A: 24 de xuño, Festas Patronais de San Paio; 25 de xuño.

19. Forcarei: 30 de agosto, Luns das Dores; 11 de novembro, San Martiño.

20. Fornelos de Montes: 5 de abril, Luns de Pascua; 12 de agosto, San Lourenzo.

21. Gondomar: 12 de xullo, Santo Antonio; 16 de agosto, San Roque.

22. Grove, O: 16 de xullo, Virxe do Carme; 11 de novembro, San Martiño do Grove.

23. Guarda, A: 16 de xullo, Virxe do Carme; 23 de setembro, Santa Tegra.

24. Illa de Arousa, A: 7 de xaneiro, San Xulián; 16 de febreiro, Martes de Entroido.

25. Lalín: 20 de setembro; 21 de setembro, Festas patronais.

26. Lama, A: 28 de xullo, San Xoaquín e Santa Ana; 5 de agosto, Nosa Señora das Ermidas.

27. Marín: 16 de xullo, Virxe do Carme; 8 de setembro, Nosa Señora do Porto.

28. Meaño: 5 de abril, Luns de Pascua; 13 de decembro, Santa Lucía.

29. Meis: 5 de abril, Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas); 16 de agosto, San Roque.

30. Moaña: 16 de xullo, Nosa Señora do Carme; 11 de novembro, San Martiño.

31. Mondariz: 24 de maio, Virxe da Franqueira; 16 de agosto, San Roque.

32. Mondariz-Balneario: 11 de febreiro, Nosa Señora de Lurdes; 24 de maio, Romaría Santuario da Franqueira.

33. Moraña: 19 de xullo, Santa Xusta; 13 de decembro, Santa Lucía.

34. Mos: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de xuño.

35. Neves, As: 29 de xullo, Santa Marta; 5 de agosto, Nosa Señora das Neves.

36. Nigrán: 24 de xuño, San Xoán; 29 de xuño, San Pedro.

37. Oia: 24 de maio, Virxe do Mar; 29 de setembro, San Miguel.

38. Pazos de Borbén: 15 de xaneiro, San Amaro; 13 de abril, Luns de Pascua.

39. Poio: 24 de xuño, San Xoán; 24 de setembro, Nosa Sra. da Mercé.

40. Ponteareas: 7 de xuño, luns seguinte á Festa de Corpus Cristi; 29 de setembro, San Miguel Arcanxo.

41. Ponte Caldelas: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 1 de setembro, Mércores da Festa das Dores.

42. Pontecesures: 7 de xaneiro, San Xulián; 5 de xullo, Festa do Carme.

43. Pontevedra: 17 de febreiro, Mércores de Cinza; 5 de abril, San Cibrán.

44. Porriño, O: 12 de xullo, San Bieito; 27 de setembro, Santísimo Cristo da Agonía.

45. Portas: 7 de xaneiro, San Xiao; 5 de abril, Luns de Pascua.

46. Redondela: 12 de abril, Luns do Cristo; 3 de xuño, Xoves da Coca.

47. Ribadumia: 5 de abril, Luns de Pascua; 10 de decembro, Santa Eulalia.

48. Rodeiro: 14 de xuño, Santo Antonio; 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.

49. Rosal, O: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 26 de xullo, Santa Ana.

50. Salceda de Caselas: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 19 de xullo, Luns do Cristo.

51. Salvaterra de Miño: 14 de xuño, Santísimo Cristo da Vitoria; 10 de agosto, San Lourenzo.

52. Sanxenxo: 5 de abril, Luns de Pascua; 25 de agosto, San Xenxo.

53. Silleda: 12 de xullo, luns seguinte á Festa de Silleda; 23 de agosto, Festa da Empanada.

54. Soutomaior: 5 de abril, Luns de Pascua; 6 de agosto, San Salvador.

55. Tomiño: 16 de agosto, San Roque; 13 de setembro, Luns do Alivio.

56. Tui: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de abril, Luns de San Telmo.

57. Valga: 3 de febreiro, San Brais; 26 de xullo, Santa Ana.

58. Vigo: 29 de marzo, Reconquista da Cidade; 16 de agosto, San Roque.

59. Vilaboa: 16 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

60. Vila de Cruces: 9 de agosto; 10 de agosto, Festas Patronais da Nosa Sra. da Piedade.

61. Vilagarcía de Arousa: 22 de maio, Santa Rita; 16 de agosto, San Roque.

62. Vilanova de Arousa: 15 de xaneiro, Santo Amaro; 16 de setembro, Virxe da Pastoriza.

Corrección de erros.-Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita resolución publicada no Diario Oficial de Galicia número 227, do 19 de novembro de 2009, é necesario facer as seguintes correccións:

- No anexo II, provincia de Lugo, na páxina 18.018, onde di: «6. Barreiros: 24 de agosto, San Bartolo; 27 de agosto, San Cosme», debe dicir: «6. Barreiros: 24 de agosto, San Bartolo; 27 de setembro, San Cosme».

106 Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan, para o exercicio 2009, as axudas recollidas na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

(DOG nº 252, do 29.12.2009).

Mediante a Orde do 12 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 19 de xuño), ditábanse, con carácter permanente, as normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, e na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 (BOE nº 253, do 22 de outubro) sobre axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

As subvencións reguladas pola antedita orde teñen por obxecto facilitar unha cobertura económica ás persoas traballadoras afectadas por procesos de extinción de relacións de traballo, por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sempre que cumpran os requisitos e condicións nela exixidos, mentres non accedan á situación de xubilación, na súa modalidade contributiva no sistema da Seguridade Social.

Poderán acollerse a este tipo de axudas as empresas afectadas por procesos de reestruturación producidos por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, previstas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores, para aqueles traballadores e traballadoras que, afectados polos ditos procesos, vexan extinguida a súa relación de traballo, logo de conformidade expresa e individual de cada un deles, sempre que estes, ao alcanzar a idade ordinaria para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva, no réxime da Seguridade Social de encadramento, teñan ou puideran ter cuberto o período de cotización exixido para causar dereito á citada pensión de xubilación no dito réxime, estean en alta ou situación asimilada nel e teñan, como mínimo, 60 anos de idade, real ou teórica por aplicación dos coeficientes redutores da idade, cando accedan ao sistema destas axudas.

Segundo o establecido no artigo 6º.1 da referida Orde do 12 de xuño de 2008, as axudas solicitaranse nos catro meses seguintes á data en que se aprobe o expediente de regulación de emprego ou da data efectiva de despedimento, segundo o tipo de extinción do con-

trato de que se trate, indicando, ademais que a data límite para cada exercicio orzamentario será a do 15 de outubro de cada ano.

Así mesmo, segundo o estipulado na disposición adicional primeira, esta orde será de aplicación permanente e as axudas terán como límite global o crédito asignado a esta comunidade autónoma, para cada exercicio, na distribución territorial anual da Administración central do Estado, correspondente ás axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas. Polo tanto, os fondos con que se financia son fondos finalistas dos que non se obtén o importe total ata o último trimestre do ano en curso, logo da comunicación, por parte da Xunta de Galicia, das necesidades reais para ese ano en función das solicitudes recibidas.

Por este motivo, a convocatoria debe realizarse unha vez recibidos os fondos finalistas e xerado o correspondente crédito nos orzamentos da comunidade autónoma.

Por todo isto, segundo o establecido na disposición derradeira primeira da Orde do 12 de xuño de 2008, pola que se faculta a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da referida orde, así como para a súa convocatoria anual,

RESOLVO:

Convocar, para o exercicio de 2009, as axudas establecidas na Orde do 12 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 19 de xuño), pola que se ditan, con carácter permanente, as normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, e na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 (BOE nº 253, do 22 de outubro) sobre axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas, por importe de 1.929.686,12 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.03.324A.470.0, código de proxecto 2003/00554.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009.

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas
PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mix-

Centros

107 Decreto 16/2009, do 21 de xaneiro, polo que se crea o Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo).

(DOG nº 22, do 2.02.2009 e orde de autorización do inicio de actividades no DOG nº 51, do 13.03.2009).

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, en concordancia co artigo 148.1º20 da Constitución española, establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma no ámbito da asistencia social.

En virtude desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, pola que se ordenan e regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia, estruturado en dous niveis de atención, primaria e especializada.

A dita norma veu regular os servizos sociais de atención especializada dirixidos ao colectivo das persoas maiores, e establece determinados programas e equipamentos, entre os que figuran os centros de día, encamiñados a alcanzar a autonomía persoal e a integración social deste sector poboacional.

En desenvolvemento da lei, e co fin de garantir a adecuada prestación dos servizos, acreditar a calidade da atención e recoñecer os dereitos e deberes dos usuarios, aprobouse o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, de autorización e acreditación de centros de servizos sociais. Esta disposición regula a obrigatoriedade de obter autorización administrativa previa para a creación ou modificación dos equipamentos sociais así como para o inicio ou cesamento das súas actividades, especificando os requisitos xerais que deben cumprir.

Neste sentido, segundo o disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, de servizos sociais, e o artigo 6 do Decreto 143/2007, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, será necesaria unha norma con rango de decreto.

En consecuencia, e por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Créase, ao abeiro do previsto no artigo 6.c) do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, o Centro de Día de Burela, centro de atención diúrna a persoas maiores, no concello de Burela (Lugo).

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e un de xaneiro de dous mil nove.

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se autoriza o inicio de actividades do Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo).

De acordo co artigo 6 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, exixen unha norma con rango de decreto para a creación dos centros de día e posterior orde do departamento da Administración

autonómica competente para o inicio das súas actividades.

O centro de día de maiores de Burela creouse mediante o Decreto 16/2009, do 21 de xaneiro (DOG nº 22, do luns 2 de febreiro), polo que se procede agora, en cumprimento da normativa de aplicación, á autorización do inicio da súa actividade.

Ao abeiro do establecido na disposición derradeira primeira do antedito decreto e de conformidade co Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar,

DISPOÑO:

Artigo único.

Autorizar o inicio de actividades e a posta en funcionamento do Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo) conforme os datos que se relacionan no anexo desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

ANEXO

Provincia: Lugo.

Concello: Burela.

Enderezo: rúa Rosalía de Castro, s/n.

Denominación: Centro de Día de Maiores de Burela.

Tipoloxía: centro de día de maiores.

Área: maiores.

Número de prazas/unidades autorizadas: 40.

108 Decreto 22/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea o Centro Sociocomunitario de Burela e o Centro Sociocomunitario Torrente Ballester da Coruña, ambos encadrados na tipoloxía de centro social.

(DOG nº 31, do 13.02.2009).

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, en concordancia co artigo 148.1º 20 da Constitución española, establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma no ámbito da asistencia social.

En virtude desa atribución competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, pola que se ordenan e se regulan os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia, estruturado en dous niveis de atención, primaria e especializada.

A devandita norma regula os servizos sociais de atención primaria dirixidos a toda a poboación, e establece determinados programas e equipamentos, entre os cales figuran os centros sociais. Os centros sociais son centros de carácter polivalente dotados dos recursos materiais, humanos e financeiros a través dos cales se desenvolven os programas básicos de actuación do nivel de atención primaria dirixidos a toda a poboación dun ámbito territorial determinado.

En desenvolvemento da lei, e co fin de garantir a axeitada prestación dos servizos, acreditar a calidade da atención e recoñecer os dereitos e deberes dos usuarios, aprobouse o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. Esta disposición regula a obrigatoriedade de obter autorización administrativa previa para a creación dos equipamentos propios da Administración autonómica, así como para o inicio ou cesamento das súas actividades, especificando os requisitos xerais que deben cumprir.

Neste sentido, segundo o disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, de servizos sociais e o artigo 6 do Decreto 143/2007, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, será necesario un acto con rango de decreto.

En consecuencia, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, e logo da deliberación no Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Crear, ao abeiro do previsto no artigo 6º c) do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, os centros sociais denominados Centro Sociocomunitario Torrente Ballester, situado na rúa Nao Victoria nº 2 da Coruña e Centro Sociocomunitario de Burela, situado na rúa Rosalía de Castro, s/n, Burela (Lugo).

Disposición derradeira

Única.-O acto disposición producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xaneiro de dous mil nove.

109 Decreto 23/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crean os centros de día de alzhéimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra, integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

(DOG nº 31, do 13.02.2009).

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución española, establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma no ámbito da asistencia social.

Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (DOG nº 76, do 23 de abril), que ordena e regula os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita lei inclúe, no seu artigo 5.3º, entre as súas áreas de actuación, as dirixidas á vellez.

Dentro dos programas propios dos servizos sociais de atención especializada para a vellez, o Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, creou unha nova tipoloxía de centros de atención diúrna destinados a este colectivo de persoas.

Por outra banda, o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais, regula a obrigatoriedade de obter autorización administrativa previa para a creación ou construción dos centros de servizos sociais, especificando os requisitos xerais que deben cumprir.

Neste sentido, segundo o disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, de servizos sociais, e o artigo 6 do Decreto 143/2007, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, será necesario un acto con rango de decreto.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no uso das súas competencias e sendo consciente das elevadas necesidades asistenciais que teñen as persoas que padecen alzhéimer e outras síndromes funcionais de carácter neurodexenerativo, ademais do efecto que esta situación causa sobre as persoas afectadas e sobre os seus familiares, asumiu como compromiso prioritario o desenvolvemento dunha rede pública autonómica de centros de día de atención especializada, dirixido ás persoas enfermas de alzhéimer e outras demencias.

Dentro dos obxectivos sinalados, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende levar a cabo a posta en marcha dos centros de día de alzhéimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra, que formarán parte da antedita rede pública.

En consecuencia, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e logo de deliberación no Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Créanse, ao abeiro do previsto no artigo 6, letra c) do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, os seguintes centros:

- Centro de día de alzhéimer de Ferrol, sito na estrada alta do porto, s/n, da cidade de Ferrol, para un total de 40 prazas (expediente 2008/77).
- Centro de día de alzhéimer de Ourense, sito na rúa Bernardo González Cachamuíña, nº 18, baixo, da cidade de Ourense, para un total de 40 prazas (expediente 2008/29).
- Centro de día de alzhéimer de Pontevedra, sito na rúa Pedro Sarmiento de Gamboa, na cidade de Pontevedra, para un total de 40 prazas (expediente 2008/28).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este acto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xaneiro de 2009.

110 Orde do 10 de de setembro de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña.

(DOG nº 191, do 29.09.2009 e corrección de erros no DOG nº 201, do 14.10.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Traballo e Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, é o órgano responsable da dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

Con esta convocatoria preténdense dotar os bolseiros na formación sobre persoas con discapacidade, así como facilitarlles o estudo no campo educativo e asistencial, no centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo, dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Estes bolseiros como contrapartida gozarán de aloxamento e mantenza gratuíta nel durante o curso escolar 2009-2010, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento de matrícula académica e material escolar.

Neste marco xeral hai que incardinar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se convocan prazas de bolseiros, en réxime de concorrencia competitiva, para o centro de

asistencia e educación especial Santiago Apóstolo, da Coruña, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as posteriores modificacións, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, normativa na que se establecen os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financeira, normativa a cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Convocar a cobertura de tres prazas de bolseiros, polo réxime de concorrencia competitiva previsto no artigo 22.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o curso escolar 2009-2010 no centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 2º.-Condicións dos solicitantes.

Son requisitos para participar na convocatoria:

a) Idade comprendida entre os 18 e 28 anos na data en que remate o prazo para ditar resolución.

b) Estar cursando estudos superiores, medios, de formación profesional grao superior (FP2) e/ou técnicos superiores de formación profesional, nunha facultade, colexio universitario ou escola técnica, ou ter rematados estes estudos.

c) Non ter perdido con anterioridade a condición de bolseiro por causa imputable ao solicitante.

d) Non padecer enfermidade ou limitación física e psíquica que impida o desenvolvemento normal da actividade.

Artigo 3º.-Solicitudes.

Os interesados deberán presentar a súa solicitude en modelo normalizado (anexo á orde) no rexistro do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña; avenida Enrique Mariñas, s/n, edificio Proa, Matogrande, A Coruña, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Xunto coa solicitude presentarán a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI.

b) Certificación académica e, se é o caso, copia cotexada do título académico que capacite para participar ou xustificante de que se solicitou a súa expedición.

c) Curriculum vitae do solicitante, con xustificación do expediente académico, actuacións de voluntariado e formación non regrada.

d) Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria.

e) Declaración xurada de non desempeñar unha actividade profesional remunerada por conta propia ou allea, e de todas as solicitudes de subvencións efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entidades privadas.

f) Proxecto ou proposta de actividades de dinamización que se desenvolverá no centro de acordo coas funcións recollidas no artigo 7.2º. Este proxecto deberá incluír: obxectivos, metodoloxía, actividades e temporización conforme o período de desenvolvemento da bolsa. Como tal proxecto, deberá ter en conta a realidade do centro en que se pretende desenvolver e as peculiaridades dos destinatarios.

g) Xustificación de ingresos da unidade familiar, que deberá acreditarse mediante copia compulsada da declaración do IRPF, correspondente á última renda, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar. No caso de non ter obriga de declarar, certificación de Facenda da dita circunstancia.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Se a solicitude non cumpre os requisitos sinalados, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-Dereitos dos adxudicatarios.

1. Á concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos no centro desde o 1 de setembro de 2009 ata o 30 de xuño de 2010. O aloxamento será de tal xeito que lle permita ao bolseiro a normal realización dos seus estudos.

2. Ao pagamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar de ata 180 euros para gastos de matrícula, logo da xustificación do correspondente gasto.

3. Ao pagamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar de ata 120 euros para adquisición de libros relacionados cos estudos cursados polos bolseiros nas condicións fixadas na alínea 2.

4. O pagamento pola Consellería de Traballo e Benestar da contía de 300 euros mensuais, logo de certificación pola dirección do centro dos estudos e formación adquirida.

5. Ao rematar a estadía no centro, seralles entregado un diploma acreditativo polo órgano competente en materia de discapacidade, logo do informe favorable do director do centro das prácticas realizadas.

6. Á asignación dun profesional como titor que, en coordinación coa dirección do centro, oriente e asesore o bolseiro nas súas actividades.

Artigo 5º.-Duración da bolsa.

A duración da bolsa será do 1 de setembro de 2009 ao 30 de xuño do 2010.

Artigo 6º.-Financiamento.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312E.481.1 por un importe máximo de 9.900 euros, desagregado por anualidades do seguinte xeito:

- Ano 2009: 4.500 euros.
- Ano 2010: 5.400 euros.

Artigo 7º.-Obrigas dos bolseiros.

1. A condición de bolseiro obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa excepción do cumprimento da obriga de acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, conforme o previsto no artigo 48 h) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

2. A participar nas tarefas e cometidos relacionados coas actividades de dinamización e intervención psicosocial, correspondéndolle ao director do centro, en coordinación co titor, asignar estas tarefas en función do proxecto presentado previsto no artigo 3 f) e da programación do propio centro. Estas tarefas desenvolveranse en horario extraescolar coa finalidade de que resulten compatibles co aproveitamento académico do bolseiro.

3. A cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno do centro.

4. Os bolseiros teñen a obriga de facilitar por escrito toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. Antes do último pagamento, os bolseiros presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes. En todo caso, a concesión da bolsa é incompatible con calquera outra axuda para aloxamento e mantenza.

6. A incorporarse o día 1 de setembro, salvo causa de forza maior debidamente acreditada. En caso contrario, perderán o dereito á bolsa adxudicada, procedéndose a cubrir a vacante con base na lista de suplentes, conforme o sistema previsto no segundo parágrafo do artigo 8.3º desta orde.

Artigo 8º.-Procedemento de selección.

1. Unha vez presentadas as solicitudes ou emendadas, se é o caso, remitiranse á Comisión de Valoración, presidida polo xefe de servizo competente nesta materia, sendo vogais dous funcionarios, da dita unidade administrativa designados por aquel, o director do centro e o xefe de internado. A dita comisión rexerase no seu funcionamento polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e examinará as solicitudes, valorando os seguintes datos:

a) Expediente académico, dándolle prioridade aos solicitantes que estean cursando ou teñan finalizado os estudos de psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, profesorado de educación primaria, enfermaría, educación social, estimulador, fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, psicomotricidade, monitor ocupacional, técnicos superiores en integración social e educación infantil (FP) (de 0 a 50 puntos).

b) Actuacións de voluntariado nos campos de integración, animación sociocultural e deportiva, con persoas discapacitadas (de 0 a 10 puntos).

c) Proxecto de intervención/actividades presentado (de 0 a 10 puntos). O uso da lingua galega na redacción e desenvolvemento do proxecto valorarase cunha puntuación adicional de 5 puntos.

d) Situación económica da unidade familiar. A este respecto terase en conta a relación de ingresos/ número de membros da unidade familiar, podéndose incluír como membros da unidade familiar os fillos menores de 30 anos de idade na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos na lexislación tributaria. Este punto puntuarase segundo o seguinte baremo:

Inferior ao 50% do IPREM: 8 puntos.

Entre o 50% e o 75% do IPREM: 6 puntos.

Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 4 puntos.

Entre o 100% e o 125% do IPREM: 2 puntos.

Superior ao 125% do IPREM: 0 puntos.

2. A comisión confeccionará unha lista das solicitudes recibidas ordenada de xeito decrecente conforme as puntuacións asignadas, e elevaralle a proposta de adxudicación ou denegación ao xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar, antes de que pasen 20 días naturais, contados a partir do seguinte a aquel no que remate o prazo para presentar as instancias. A proposta de adxudicación poderá incluír a adxudicación de todas as bolsas, de parte delas ou de ningunha.

3. Correspóndelle ao xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar, por delegación da Conselleira de Traballo e Benestar e logo da fiscalización da Intervención, a competencia para a adxudicación das bolsas, mediante resolución que se comunicará tanto ao centro como a todos os solicitantes. O prazo para notificar a resolución expresa será de 3 meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se no devandito prazo non se ditase resolución expresa, entenderase que quedan desestimadas as solicitudes presentadas.

A resolución establecerá os bolseiros adxudicatarios e suplentes por orde de puntuación. Estes últimos serán chamados automaticamente e pola orde establecida, cando por algunha circunstancia algún dos adxudicatarios non acreditase os requisitos e condicións de adxudicación, non puidese formalizar a aceptación da bolsa, perdese a condición de bolseiro pola concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 10 ou, unha vez iniciadas as actividades, non continuase na execución delas.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. As resolucións ditadas en relación con estas prazas poñerán fin á vía administrativa podendo interpoñer contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da data da notificación da resolución, ante o mesmo órgano que as ditou ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados, así mesmo, desde a data da notificación.

Os seleccionados terán de prazo ata o 1 de novembro de 2009 para presentar a documentación requirida para o efecto polo xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña (datos da conta e entidade bancaria e xustificantes da matrícula e libros). A mora motivará que non se proceda ao aboamento correspondente, agás acreditación suficiente de imposibilidade de presentación en prazo.

Artigo 9º.-Natureza da relación bolseiros-Administración.

A solicitude da bolsa e a súa posterior aceptación, no caso de adxudicación, implicarán a aceptación do disposto nesta orde.

Os seleccionados adquirirán exclusivamente a condición de bolseiros, sen ningunha outra relación laboral ou administrativa.

Artigo 10º.-Revogación ou interrupción no goce das bolsas.

O xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, logo dos informes pertinentes, tras a audiencia ao interesado e motivando a resolución, procederá á revogación da resolución de outorgamento das bolsas nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como cando os adxudicatarios:

a) Incumprisen as condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nos artigos 2 e 7 desta orde.

b) Incorresen en ausencias reiteradas e inxustificadas.

c) Incumprisen a disciplina do centro.

O suposto de revogación obrigará o adxudicatario a reintegrarlle ao Tesouro Público as cantidades percibidas ata o momento de acordarse aquela, e o xuro de demora correspondente conforme o previsto nos artigos 33.1º e 34.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de interrupción do goce da bolsa, por vontade do bolseiro, O xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, apreciando as circunstancias concorrentes, resolverá, se procede, exixir a devolución total ou parcial das cantidades aboadas, ou suspender ou anular os pagamentos pendentes.

Os adxudicatarios quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título V da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-Publicidade de datos.

Conforme o previsto do artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano administrativo concedente publicará no Diario Oficial de Galicia as bolsas concedidas de acordo con esta convocatoria.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de competencias no xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o órgano competente nesta materia para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2009.

Ver anexo pdf "110-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 10 de setembro de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña.

Advertido un erro no anexo da devandita orde, publicada no DOG nº 191, do 29 de setembro, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 15.486, anexo de solicitude da orde, no cadro correspondente á autorización, onde di: «que autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar», debe dicir: «que autoriza a Consellería de Traballo e Benestar».

Así mesmo, no cadro do referido anexo engadir:

«Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia: SI: NON: ».

111 Orde do 5 de novembro de 2009 pola que se convocan cinco cursos para persoal directivo de centros xerontolóxicos e de discapacidade.

(DOG nº 224, do 16.11.2009).

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, correspóndenlle entre as súas funcións as de ordenación, coordinación, planificación e execución dos plans, equipamentos e servizos de atención especializada nas áreas de maiores e persoas con discapacidade, así como o desenvolvemento daquelas actuacións que redunden nun mellor funcionamento destes equipamentos.

Por iso, é de interese desta consellería o desenvolvemento de iniciativas que, como as accións formativas, favorezan e promovan unha mellora cualitativa na xestión dos centros integrados na rede pública galega de centros xerontolóxicos e de discapacidade, nos cales se inclúen tanto os centros de titularidade da Xunta de Galicia como os concertados ou conveniados coa Administración autonómica.

Como consecuencia, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria de cinco cursos de dirección de centros de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade.

Artigo 2º.-Obxectivos.

- Formar o persoal con responsabilidade na dirección e na xestión dos centros de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade da rede pública galega.
- Adquisición e mellora de habilidades nas diferentes áreas que incidan na xestión integral dun centro destas características.
- Presentar e coñecer as ferramentas máis habituais que se empregan en cada área de xestión.

Artigo 3º.-Persoal a que vai dirixido.

Persoal directivo ou responsables dos centros residenciais e de atención diúrna destinados a persoas maiores e a persoas con discapacidade, tanto de titularidade da Xunta de Galicia como os que teñan concerto ou convenio con esta Administración autonómica.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Na selección das solicitudes do alumnado, aplicaranse os seguintes criterios prioritarios, segundo a orde que se detalla a continuación:

- Persoal directivo ou responsables dos centros residenciais de persoas dependentes. Inclúense as residencias de carácter mixto (atenden persoas dependentes e persoas con autonomía persoal).
- Persoal directivo ou responsables de centros de día.
- Persoal directivo ou responsables de centros residenciais de persoas con autonomía.
- Persoal directivo ou responsables de centros ocupacionais de atención a persoas con discapacidade.

Así mesmo, dentro dos criterios anteriores, priorizarase o persoal dependente dos centros públicos, así como o persoal dos centros con maior número de prazas autorizadas.

Artigo 5º.-Desenvolvemento do curso.

O curso terá carácter presencial e a distancia. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente.

1. Duración, lugar, datas e horarios:

Duración: 120 horas, 60 presenciais e 60 a distancia en modalidade de teleformación.

Número de edicións: 5.

Os cursos desenvolveranse os venres, en horario de mañá e tarde, nas cidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense, entre os meses de decembro de 2009 e marzo de 2010.

Os datos relativos ao lugar, programa, datas e horarios de desenvolvemento de cada curso seranlle comunicados de forma individual ao alumnado seleccionado a través de correo electrónico.

Esta información, xunto coa relación do alumnado participante en cada edición, tamén estará dispoñible a partir do día 4 de decembro na seguinte páxina web: www.xunta.es/conselleriadetraballoebenestar/discapacidade/formacion.

2. Número de prazas: 125 (25 en cada edición).

Artigo 6º.-Contidos.

- Módulo 1: Dirección Técnica e Xestión Económica.

Os centros residenciais e os centros de día para persoas dependentes.

Recursos humanos.

Xestión económica e orzamentaria.

Fontes de financiamento.

- Módulo 2: equipos de traballo. Organización e motivación dos profesionais.

Organización e planificación da atención.

Delegación e responsabilidade.

A comunicación nos equipos e o tratamento de conflitos.

Motivación nos equipos de traballo.

Habilidades do traballo en equipo.

Crecemento persoal e profesional.

Demandas do persoal.

- Módulo 3: mellora na atención á persoa usuaria.

Funcións do persoal de dirección como responsable da atención.

Xestión do cambio para acadar o enfoque na xestión do usuario.

Principios básicos da atención ao usuario.

Xestión de queixas e reclamacións.

Implantación de boas prácticas.

- Módulo 4: sistemas de calidade. Implantación e xestión.

Metodoloxía para o deseño e a implementación dun sistema de xestión de calidade.

Xestión por procesos nos servizos sociais.

Control das prestacións do servizo.

Aspectos relacionados cos resultados da dirección.

-Módulo 5: adquisición de habilidades directivas.

A función directiva.

Mellora e potenciación das habilidades de lideralo.

Planificación e dirección de reunións.

Xestión e resolución de conflitos.

Xestión eficiente e produtiva do tempo.

- Módulo 6: riscos laborais. Prevención e intervención.

Introdución.

Seguridade laboral e hixiene industrial.

Medicina do traballo.

Ergonomía.

Factores psicosociais.

- Módulo 7: aspectos éticos e xurídicos. Sistema de atención á dependencia.

A bioética.

Alcance xurídico e legal.

Sistema de atención á dependencia.

Artigo 7º.-Solicitudes.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria deberán efectuar a solicitude segundo o modelo que se recolle no anexo. O modelo de solicitude tamén estará dispoñible na seguinte páxina web www.xunta.es/vicepresiencia/discapacidade/formacion.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 30 de novembro de 2009.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse á Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Poderán presentarse a través dos seguintes medios: rexistros oficiais da Xunta de Galicia, por fax ao 981 54 56 91 ou por correo electrónico ao enderezo: sxdiscapacidade@xunta.es.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

Outorgaráselle o correspondente diploma de asistencia ao alumnado que participe con regularidade no desenvolvemento dos cursos.

Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos, a Consellería de Traballo e Benestar poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

Así mesmo, o alumnado que supere todas as avaliacións accederá ao diploma universitario de aproveitamento de 120 horas, equivalente a 4,8 créditos de ECTS do Programa de posgrao en dependencia e xestión de servizos sociais.

É obrigatoria a asistencia e a puntualidade a todas sesións dos cursos. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo alumnado interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, en máis do 20% das horas lectivas presenciais programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida.

Artigo 9º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender os cursos se non houbese un mínimo de alumnado, así como modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos anunciados coa finalidade de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a ese curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

Ver anexo pdf "111-09.PDF"

Dependencia

112 Decreto 412/2009, do 12 de novembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas anciás e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e a favor de persoas con discapacidade beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

(DOG nº 232, do 26.11.2009).

O artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 18.1º c) inclúe as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias no catálogo de servizos sociais e o artigo 21.1º establece que son prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñan por finalidade, entre outras, paliar situacións transitorias de necesidade.

Con base na referida habilitación legal, a disposición adicional novena da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, recolle a creación dun fondo extraordinario de axudas económicas con destino ás persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

A referida disposición normativa habilita o Consello da Xunta de Galicia, logo de proposta do departamento competente en materia de benestar social e logo do informe da Consellería de Facenda, para a aprobación das normas de desenvolvemento necesarias para a determinación do importe, recoñecemento do dereito e pagamento das axudas que se establecen para este ano 2009.

En cumprimento do previsto na disposición adicional citada, o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia entende que as persoas beneficiarias das pensións non contributivas da Seguridade Social de invalidez e de xubilación, as do Fondo de Asistencia Social (FAS) e as do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM) se encontran nunha situación xeneralizada de precariedade económica, tendo en conta a contía da prestación que perciben e o seu baixo nivel de renda.

Por todo iso, e coa finalidade de contribuír á mellora da súa renda, considérase oportuno o establecemento de axudas sociais de carácter extraordinario e anual para as persoas que perciban en Galicia as devanditas pensións. Esta axuda será distinta das do sistema da Seguridade Social e das que poida outorgar a Administración xeral do Estado, e será compatible con elas.

En virtude do exposto, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de novembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto o establecemento de axudas sociais extraordinarias a favor dos beneficiarios e beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, do Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

Artigo 2º.-Carácter.

Estas axudas sociais, persoais e intransferibles, teñen carácter extraordinario e non se consolidarán para o futuro.

Artigo 3º.-Contía e pagamento.

A contía individual destas axudas fíxase en 200 euros, que se aboarán mediante un pagamento único a través de transferencia bancaria na conta onde teñan as persoas beneficiarias domiciliado a percepción ordinaria da súa prestación.

Artigo 4º.-Financiamento.

As obrigas que se recoñezan como consecuencia da aplicación deste decreto serán financiadas co cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312A.480.5 da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 5º.-Requisitos.

Serán beneficiarios e beneficiarias destas axudas sociais de carácter extraordinario as persoas que perciban pensións de invalidez e xubilación na súa modalidade non contributiva, do Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM), en que concorran os seguintes requisitos:

a) Estar en situación de alta na data de entrada en vigor deste decreto.

b) Ter a residencia habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-Suspensión e perda.

A suspensión e perda do dereito á percepción destas axudas de ca-

rácter extraordinario producirase nos mesmos supostos previstos para as pensións a que se refire o artigo 1º, correspondéndolle á persoa titular do correspondente departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar a declaración das ditas situacións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento deste decreto, dentro do ámbito das súas competencias.

Segunda.-Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, doce de novembro de dous mil nove.

113 Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

(DOG nº 22, do 2.02.2009).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, estableceu o sistema galego de servizos sociais como servizo público, orientado á prestación programada de servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e da participación das persoas, especialmente das que sofren carencias ou desatencións. Desta maneira desenvolvíase a previsión do artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, cando establecía que corresponde ao poder galego a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A dita lei ordena o sistema en dous niveis de atención, primaria e especializada, correspondéndolle aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia. Consonte co anterior, promulgouse o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como a Orde do 22 de xullo de 1996, que regulaba o servizo de axuda no fogar e que esta norma derroga. Esta ordenación normativa é coherente coa propia Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que inscribe a prestación de servizos sociais dentro do ámbito de competencias propias dos concellos, competencia que exercerán nos termos que estableza a lexislación da comunidade autónoma.

Resulta necesario agora, unha vez aprobada a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira que, sen prexuízo da autonomía municipal na configuración concreta e na xestión do servizo, se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal

Concretamente, no que atinxe ao desenvolvemento galego daquela norma estatal, cómpre realizar a adaptación da regulación do servizo de axuda no fogar, en canto que servizo incluído no catálogo da Lei 39/2006, ao disposto no Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Esta adaptación e integración efectiva é necesaria, ademais, de cara a garantir unha calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención establecidos na norma, así como nos criterios de participación económica das persoas usuarias no financiamento do servizo, así como unha harmonización nos criterios de xestión dos fondos que financian a atención á dependencia. Establécese desta maneira un marco normativo común que unifica o servizo de axuda no fogar como prestación básica dos servizos sociais de atención primaria e o derivado da Lei 39/2006, e normativa que a desenvolve, sen prexuízo de que en cuestións concretas se establezan diferenzas entre as dúas modalidades de acceso á prestación.

Dáse así cumprimento a un dos principios básicos da citada Lei 39/2006, enunciado no seu artigo 3.3º, e consistente na integración das prestacións establecidas nesta lei nas redes de servizos sociais das comunidades autónomas, no ámbito das competencias que teñen asumidas, e o recoñecemento e garantía da súa oferta mediante centros e servizos públicos ou privados concertados, principio concordante coa previsión do artigo 12 da propia lei, no que se establece que as entidades locais participarán na xestión dos servizos … de acordo coa normativa das respectivas comunidades autónomas. Estes preceptos foron recepcionados no Decreto 176/2007, concretamente no seu artigo 3, sobre integración das prestacións do sistema de dependencia no sistema galego de servizos sociais e, no que atinxe á materia regulada nesta orde, no seu artigo 4º.3, no que se fai referencia expresa a que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención á dependencia nos termos establecidos neste decreto e demais normativa autonómica en materia de servizos sociais.

Así mesmo, dada a posibilidade de que a prestación do servizo se realice por entidades de carácter privado, ben de iniciativa social ou de natureza mercantil, cómpre establecer os requisitos específicos exixibles nestes casos, todo de conformidade co disposto no Decreto 143/2007, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

En definitiva, esta orde desenvolve en primeiro lugar o Decreto 240/1995, tendo en conta o impacto da Lei 39/2006 e os reais decretos que a desenvolven, en particular o R.D. 727/2007; e, ademais, o Decreto 176/2007, complementando, para tal efecto, a Orde do 17 de decembro de 2007, así como o Decreto 143/2007, no que se refire aos requisitos específicos das entidades prestadoras do servizo que se regula.

En virtude do exposto e facendo uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de

outubro, 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

É obxecto desta orde a regulación xeral do servizo de axuda no fogar desenvolvido por calquera das entidades prestadoras de servizos sociais legalmente recoñecida.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O establecido nesta orde é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

2. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

f) Retardar ou evitar a institucionalización.

g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.-Contido do servizo.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 12º desta orde.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.-Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, as ordenanzas municipais reguladoras do servizo establecerán os sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á recollida no parágrafo anterior.

Artigo 6º.-Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

4. A coñeceren a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 7º.-Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 37 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

4. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 8º.-Causas de extinción e modificación do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

   a) A renuncia da persoa usuaria.

   b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

   c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

   d) Falecemento da persoa usuaria.

   e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

   f) A falta reiterada de pagamento do servizo.

   g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarase en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.-Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa

usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Capítulo II

Da prestación do servizo

Sección primeira

Disposicións comúns a todas as entidades prestadoras

Artigo 10º.-Réxime xeral de autorización e inspección.

1. Todas as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan o programa de axuda no fogar, deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

2. Así mesmo, estarán suxeitas á inspección e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

3. As entidades que presten servizos de atención a persoas en situación de dependencia deberán acreditarse de conformidade co disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos.

Artigo 11º.-Formas de prestación do servizo.

1. O servizo público de axuda no fogar prestarano as entidades locais, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

2. Ademais, as entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.

3. As entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

4. Ademais, sen prexuízo do establecido no número 1 deste artigo, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 12º.-Requisitos específicos.

1. O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200-399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. A entidade contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do programa, no cal se incluirá como mínimo a seguinte información:

a) Identificación da entidade titular, sede oficial e oficina base do programa.

b) Ámbito de actuación.

c) Dereitos e deberes da persoa usuaria e da entidade.

d) Descrición dos servizos que se prestan.

e) Procedemento para causar alta, baixa, modificación ou suspensión do servizo.

f) Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a/o auxiliar de axuda no fogar e a persoa usuaria do servizo.

g) Modelo do acordo de servizo entre persoa usuaria e entidade.

h) Horarios de atención ao público na oficina base do programa.

i) Límites horarios para a prestación do servizo.

j) Réxime de visitas aos domicilios do/a técnico/a que coordine ou supervise o programa.

k) Protocolo de actuación no caso de urxencias e de incidencias.

l) Protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo.

m) Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.

n) Cadro de persoal anexo.

o) Cadro de prezos anexo.

4. A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo, que recollerá como mínimo a información contida no anexo II desta orde.

c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo III desta orde.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Sección segunda

Da prestación do servizo polas entidades locais

Artigo 13º.-Modalidades de acceso ao servizo.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta orde e, se é o caso, na correspondente ordenanza municipal.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos números 2º e 3º deste artigo empregarase un baremo en que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida. En ausencia de baremo propio, poderase empregar o recollido no anexo I desta orde.

Artigo 14º.-Criterios de organización e procedemento.

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.

2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta orde.

b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que poden delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais de atención primaria do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo de servizo regulado no artigo 12.4º desta orde.

5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase

iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais de atención primaria e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

6. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: técnico superior en integración social, diplomado en educación social ou diplomado en traballo social.

Artigo 15º.-Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo anterior.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a), todos os días da semana.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

Artigo 16º.-Financiamento.

En desenvolvemento do establecido no título sétimo da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais e no artigo 7 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como do disposto nos artigos 12 e 33 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e do artigo 4.3º do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito de acceso ás prestacións económicas do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, o servizo de axuda no fogar financiarase mediante achegas da Administración xeral do Estado, da Xunta de Galicia, da entidade local titular do servizo e das súas persoas usuarias, tendo en conta o seguinte:

1. A contía da achega da Xunta de Galicia para o financiamento da prestación do servizo de axuda no fogar será, cando menos, equivalente á da Administración xeral do Estado.

2. Estableceranse anualmente, por orde do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais, os módulos económicos de financiamento do servizo, atendendo, se é o caso, ás posibles diferenzas de custo por grao e nivel de dependencia e outras tipoloxías que se considerarán.

3. O departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais garantirá con carácter xeral o cofinanciamento anual necesario para dar continuidade ao servizo prestado e certificado de acordo cos contidos e características establecidos nesta orde.

4. Os concellos consignarán nos seus orzamentos as cantidades necesarias para garantir a viabilidade dos servizos da súa competencia. O esforzo de cofinanciamento dos concellos no mantemento do servizo de axuda no fogar, alén dos mínimos legalmente establecidos, formará parte dos criterios para a determinación do financiamento autonómico para o mantemento do servizo de axuda no fogar municipal.

5. Os concellos aprobarán e xestionarán o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, de acordo co establecido nos artigos seguintes.

6. As deputacións provinciais proporcionarán apoio económico aos concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, para o mantemento do servizo de axuda no fogar, consonte o establecido no artigo 22 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, así como na lexislación vixente reguladora do réxime local.

Artigo 17º.-Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou

fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. As entidades locais titulares do servizo establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Artigo 18º.-Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, cada concello establecerá unha regulación progresiva do copagamento do servizo que deberá respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda o 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 61% do custo do servizo e un máximo do 65% do custo do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Sección terceira

Da prestación do servizo por entidades privadas

Artigo 19º.-Local de referencia.

As entidades privadas que presten estes servizos contarán cun local de referencia, que será a sede da base operativa do programa, e que en todo caso deberá estar situado no concello en que se presta o servizo ou en concello limítrofe. O referido local tamén poderá estar situado nun concello próximo non limítrofe, sempre que se cumpra que a agrupación de concellos a que se preste o servizo non supere os 100.000 habitantes.

Artigo 20º.-Financiamento.

As administracións públicas poderán financiar as entidades privadas de iniciativa social para a prestación de servizos de axuda no fogar que se presten de acordo cos criterios de prioridade expresados no anexo I desta orde para acceder ao servizo e tendo en conta criterios de calidade, innovación e complementariedade co servizo xestionado polo sector público.

Artigo 21º.-Da coordinación cos servizos sociais de atención primaria.

1. As entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais de atención primaria.

2. Para tal efecto establecerán un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos de atención primaria do concello ou entidade local que corresponda.

3. Así mesmo trasladarán aos servizos de atención primaria municipais das persoas usuarias copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento.

Disposición adicionais

Primeira.-Da prestación do servizo en áreas rurais de alta dispersión.

1. En áreas rurais de alta dispersión teranse en conta as especiais circunstancias sociais, demográficas e xeográficas e a necesidade de adaptar a prestación do servizo ás necesidades de comunidades rurais illadas e envellecidas.

2. Para estes efectos poderán impulsarse programas especiais xestionados polas administracións públicas ou por entidades de iniciativa social en que se desenvolvan actuacións das seguintes características:

a) Que complementen de maneira efectiva a rede pública de servizos sociais de proximidade.

b) Que sexan efectivamente prestados por persoas veciñas dos mesmos asentamentos ou de asentamentos próximos ás persoas usuarias.

c) Que promovan unha prestación integral que mellore a calidade de vida e de relación das persoas usuarias, adaptada as súas necesidades e ás pautas de vida rural.

d) Que favorezan a diversificación de rendas e a permanencia voluntaria da poboación maior no seu contorno.

3. Na autorización destes programas poderán excepcionarse requisitos expresados nos artigos 12.2º e 12.3º, sempre que se respecten

os dereitos das persoas beneficiarias, se estableza un plan de formación e se xustifique en memoria técnica a necesidade ou conveniencia de facer unha adaptación dos citados requisitos fundamentada na viabilidade e calidade do servizo, así como nos efectos positivos en relación coas estratexias de inclusión social e desenvolvemento rural.

Segunda.-Da prestación do servizos por mancomunidades de municipios.

Todas as referencias realizadas aos concellos no texto desta orde entenderanse realizadas ás mancomunidades de municipios para todos aqueles supostos en que a xestión do servizo de axuda no fogar lle estea encomendada a unha destas entidades.

Disposicións transitorias

Primeira.-Adaptación de ordenanzas municipais.

Os concellos disporán dun prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto nesta orde.

Segunda.-Cualificación do persoal.

1. As entidades prestadoras de servizos sociais disporán dun prazo de tres anos a partir da entrada en vigor desta orde para normalizar a cualificación profesional do cadro de persoal que presta servizos como auxiliar de axuda no fogar de acordo cos requisitos expresados no artigo 12º desta orde, sempre que poidan acreditar que ese persoal participou nalgún curso de formación específico.

2. Para os efectos do anteriormente establecido, as entidades prestadoras elaborarán un plan de formación continua para o conxunto dos seus traballadores.

Disposición derrogatoria

Queda derrogada a Orde do 22 de xullo de 1996, que regula o servizo de axuda no fogar.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o/a titular do centro directivo competente en materia de servizos sociais para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2009.

Ver anexos pdf "113-09.PDF"

114 Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 142, do 22.07.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º. asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18 de decembro), recolle no seu artigo 3º como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais «garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia», e no seu artigo 20.1º establece como unha das actuacións incluídas no catálogo de servizos sociais «as axudas técnicas e instrumentais, que permitan manter a autonomía da persoa para desenvolverse no seu medio».

A Consellería de Traballo e Benestar, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, é o órgano responsable da dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

Pola súa parte, a Orde do 17 de decembro de 2007 (DOG do 21 de decembro), pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidade das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece na disposición adicional primeira que o departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais poderá, de acordo ás súas dispoñibilidades orzamentarias, establecer acordos específicos para a concesión de axudas económicas co fin de facilitar a autonomía persoal, apoiando a persoa con axudas técnicas e facilitando a accesibilidade e as adaptacións do fogar.

Neste marco xeral hai que incardinar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas económicas non periódicas a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación dependencia para o ano 2009, destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as súas posteriores modificacións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desenvolta a través do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG nº 20, do 29 de xaneiro), e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade de Galicia para o ano 2009, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde tendo

en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas, e réxime de incompatibilidades.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de axudas individuais en réxime de concorrencia competitiva, de carácter non periódico, para persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia, empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A finalidade destas axudas é a de colaborar en determinados gastos, con efectos do 1 de xaneiro de 2009, destinados a:

- Apoiar a persoa con axudas técnicas ou produtos de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria.
- Facilitar as adaptacións funcionais do fogar e a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda que contribúan a mellorar a autonomía persoal e a previr situacións de dependencia maiores, así como mellorar a súa accesibilidade.
- Adquisición de próteses dentais e audífonos co obxecto de compensar as limitacións funcionais.

3. Unicamente poderán ser obxecto de financiamento para esta convocatoria as actuacións que se realicen no ano 2009.

4. Réxime de incompatibilidades:

As axudas recollidas nesta orde destinadas a persoas maiores e persoas con discapacidade serán incompatibles con outras de análoga natureza que poidan ser dispensadas por outros organismos públicos ou privados para o mesmo fin.

As axudas destinadas a persoas en situación de dependencia serán complementarias do catálogo de servizos e das prestacións económicas derivados do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia como consecuencia da aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e serán subsidiarias e, se é o caso, complementarias da carteira de servizos comúns de análoga natureza e finalidade do Servizo Galego de Saúde ou doutras liñas de actuación similares.

Artigo 2º.-Requisitos dos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde.

a) Persoas maiores de 65 anos na data de publicación desta orde, que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.

b) Persoas con discapacidade menores de 65 anos na data de publicación desta orde, que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% polo Equipo de Orientación e Valoración de Minusvalideces, conforme o establecido no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, por resolución anterior á data de publicación desta orde.

c) Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia polo órgano de valoración da dependencia, segundo o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, nos seguintes graos e niveis:

- Grao III, niveis 1 e 2.
- Grao II, nivel 1 e 2.

Tamén poderán optar a solicitar as axudas reguladas nesta convocatoria as persoas que teñan solicitado o recoñecemento da súa situación de dependencia con anterioridade á data de publicación desta convocatoria. Neste caso, o dereito á percepción da axuda quedará condicionada a que lles sexa recoñecida a situación de dependencia en calquera dos graos e niveis anteriores.

Cada solicitante só poderá solicitar a axuda correspondente a través dun dos supostos recollidos anteriormente, indicándoo así nos espazos reservados a esta finalidade no impreso de solicitude que se recolle no anexo III.

2. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a axuda solicitada derive da súa discapacidade ou grao e nivel de dependencia recoñecida ou ben se acredite a súa necesidade na forma indicada para cada tipo de actuación subvencionable no artigo 3º desta convocatoria.

c) Que a axuda solicitada non estea incluída no eido doutras liñas de protección social ou sanitaria, agás o disposto no punto 4º do artigo 1, para as axudas destinadas a persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia.

d) Que a renda per cápita da unidade familiar da que forma parte o solicitante, calculada conforme o previsto no artigo 9 letra a) desta convocatoria, non supere o 125% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), que para o ano 2009 está establecido en 7.381,33 euros, incluíndo as pagas extraordinarias. Cando a unidade familiar estea formada por dous membros ese límite elevarase ata o 150% do IPREM e cando estea constituída por un só membro ata o 175% do IPREM.

e) Non ter percibido nos dous últimos anos axudas para o mesmo fin, solicitadas ao abeiro das convocatorias referidas a esta orde, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa complementaria da anteriormente concedida, para os efectos de previr a situación de dependencia ou de promover a autonomía persoal do solicitante.
- Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa distinta das anteriormente concedidas e se deba a un agravamento da súa situación. Neste suposto, se a solicitude se debe a unha substitución da axuda técnica por agravamento da situación, para poder realizar a solicitude será necesario doar a axuda técnica/produto de apoio ao servizo de préstamos de axudas técnicas.

f) No caso de ter percibido axuda para distinto fin na convocatoria do ano anterior referida a esta mesma orde, deberá haberse xustificado en tempo e forma.

g) Os establecidos con carácter xeral para obter a condición de beneficiario de subvencións no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No momento de ditarse a resolución da axuda debe persistir a súa necesidade.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

A) Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda:

- Definición de adaptación funcional do fogar: a adquisición, instalación e adaptación daqueles mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual da persoa con discapacidade ou en situación de dependencia.

- Definición de barreira arquitectónica: entenderase por barreira arquitectónica calquera impedimento, traba ou obstáculo que limite ou impida o acceso, a liberdade de movemento, a estadía, a circulación das persoas con mobilidade reducida, a comunicación sensorial ou calquera outra limitación.

- Actuacións subvencionables: considéranse actuacións subvencionables aquelas accións destinadas a facilitar o acceso, a mobilidade, a comunicación e a realización das actividades básicas da vida diaria, tanto en vivendas unifamiliares como nas de propiedade horizontal, no interior do fogar.

No caso de que o obxecto da axuda sexa a eliminación de barreiras, será requisito que o gasto das obras non corresponda á comunidade de propietarios, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da Lei 49/1960, de propiedade horizontal, segundo redacción dada pola Lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

- Documentación específica: informe social emitido polos servizos sociais de atención primaria e/ou especializada comunitaria da rede pública sobre a necesidade da actuación obxecto da solicitude de axuda. Así mesmo, no dito informe farase constar, se é o caso, a concorrencia daquela/s circunstancia/s prevista/s no número 2 do anexo II desta orde. Este informe non será preciso no caso das persoas en situación de dependencia, salvo que lle sexa requirido pola comisión de valoración á que se fai referencia no artigo 8 desta convocatoria.

  *Contía máxima subvencionable:

  *Adaptación funcional do fogar: 3.000 euros.

- Eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda: 3.000 euros.

B) Adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos no sistema sanitario:

- Destinatarios e condicións específicas de acceso: solicitantes con alteracións na función e/ou na estrutura corporal que precisen dalgún destes dispositivos para compensar o déficit existente. Non poderán optar as axudas para audífonos os menores de 16 anos, ao ser unha prestación cuberta polo sistema sanitario.

- Documentación específica: informe médico dun facultativo especialista que, salvo para as próteses dentais, deberá ser da rede pública, no cal se especifique a necesidade deste tipo de dispositivo para restablecer ou compensar a perda/diminución na estrutura ou función corporal. Para estes efectos, utilizarase o espazo reservado a esta finalidade no propio impreso de solicitude que figura no anexo III.

- Contía máxima subvencionable:

  *Próteses dentais: 500 euros.

  *Audífonos, non previstos no sistema sanitario: 800 euros.

C) Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio:

- Definición de axudas técnicas ou produtos de apoio: calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía e software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións da participación.

- As axudas técnicas ou produtos de apoio que poidan ser obxecto de subvención deberán ser susceptibles de ser incluídas nalgún dos puntos da seguinte clasificación:

  1. Produtos de apoio para o aseo e hixiene persoal.

  2. Produtos de apoio para a alimentación.

  3. Produtos de apoio para a mobilidade, posicionamento e protección persoal.

  4. Produtos de apoio para a comunicación aumentativa e alternativa.

  5. Produtos de apoio para o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

  6. Produtos de apoio para persoas con discapacidade auditiva.

  7. Produtos de apoio para persoas con discapacidade visual.

Terán prioridade as solicitudes de subvención daquelas axudas técnicas/produtos de apoio que figuran no anexo I desta orde.

Só serán subvencionables aquelas axudas técnicas ou produtos de apoio que non sexan cubertos polo catálogo de prestacións ortoprotésicas do Servizo Galego de Saúde, ou calquera outra administración pública ou privada, debendo presentar documentación acreditativa da denegación desta axuda.

- Documentación específica: informe médico dun facultativo do sistema sanitario público no que se especifique a necesidade e tipo de axuda técnica solicitada. Para estes efectos, utilizarase o espazo reservado a esta finalidade no propio impreso de solicitude que figura no anexo III. Este informe médico non será preciso no caso das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia, salvo que lle sexa requirido pola comisión de valoración á que se fai referencia no artigo 8 desta convocatoria.

- Contía máxima subvencionable: 2.500 euros.

Artigo 4º.-Crédito orzamentario.

O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cun importe de 2.500.000 euros. Este orzamento global distribuirase da seguinte forma:

- Unha contía de 1.500.000 €, con cargo ao código de proxecto orzamentario 2009.00180, da que se dedicarán 550.000 € para persoas maiores, 550.000 € para persoas con discapacidade e 400.000 € para persoas en situación de dependencia. Con este crédito poderase financiar calquera tipo de actuación subvencionable das previstas no artigo 3º desta orde, coa excepción das sinaladas no parágrafo seguinte.

- Unha contía de 1.000.000 de euros, con cargo ao código de proxecto orzamentario 2009.00018, destinada ao financiamento das actuacións previstas na letra A do artigo 3º e no punto 3 b) do anexo I, e solicitadas por persoas en situación de dependencia (solicitantes previstos no artigo 2.1º c).

Non obstante, a dita asignación orzamentaria poderá ser incrementada nos termos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes.

1. A solicitude debidamente asinada polo solicitante da axuda ou o seu representante legal ou gardador de feito, formalizarase segundo o modelo que se xunta como anexo III e presentarase no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente á súa residencia, ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se a solicitude se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo persoal de correos antes de proceder á súa certificación.

2. O modelo oficial da solicitude estará á disposición dos interesados nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nos servizos sociais de atención primaria dos concellos e nas páxinas web da Consellería de Traballo e Benestar (http://www.xunta.es) e da rede de apoio á autonomía persoal (http://www.coidanet.com)

3. O prazo para a súa presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 6º.-Documentación.

1. As solicitudes virán acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI, partida de nacemento ou outro documento análogo do solicitante e, se é o caso, do seu representante legal ou gardador de feito.

b) Certificado de convivencia do padrón municipal de habitantes do concello de residencia, comprensivo de todos os convivintes.

c) Orzamento detallado do gasto que se vai realizar.

d) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado, no espazo destinado a esta finalidade que figura no propio modelo de solicitude.

e) Autorización do solicitante da axuda ou do seu representante legal ou gardador de feito e dos demais membros da unidade familiar cuxos ingresos son computables, conforme o modelo previsto no anexo IV desta orde, para que a Consellería de Traballo e Benestar realice as consultas necesarias de ficheiros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados, así como a obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria, directamente ou por medios telemáticos, a información correspondente para a determinación da renda da unidade familiar, segundo o establecido no artigo 9 letra a) desta orde.

Na medida en que, a través deste sistema, a Consellería de Traballo e Benestar poida dispoñer das ditas informacións, non se lles exixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polos organismos correspondentes, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación das súas declaracións tributarias.

f) Documentación xustificativa doutros ingresos do solicitante da axuda ou dos demais membros da unidade familiar que non poidan ser obtidos a través do sistema anterior.

g) Se é o caso, a documentación prevista no artigo 3º desta orde segundo o tipo de actuación para a que se solicita a axuda.

h) Se é o caso, informe social emitido polos servizos sociais de atención primaria e/ou especializada comunitaria da rede pública acreditativo das circunstancias previstas no punto 2 do anexo II desta orde.

i) No caso daqueles solicitantes que teñan solicitado o recoñecemento da súa situación de dependencia con anterioridade á data de publicación desta orde, e estea pendente de resolver, deberán achegar fotocopia da dita solicitude.

2. As persoas solicitantes destas axudas estarán obrigadas a achegar a documentación complementaria que lle demande o órgano xestor.

Artigo 7º.-Emenda de erros.

Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido, para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, con indicación de que se non o fixese se considerará desistido da súa petición e procederase ao arquivo do expediente, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión Provincial de Valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou denegación da axuda, segundo os criterios de concesión e o baremo recollidos no artigo 9º e no anexo II desta orde e nas demais normas de desenvolvemento que, se é o caso, se diten.

2. A Comisión Provincial de Valoración terá a seguinte composición:

a) Presidente: a persoa titular da xefatura do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal.

b) Vogais: a persoa que ocupe a xefatura da sección de axudas, un/unha médico/a, un/unha terapeuta ocupacional e un/unha

traballador/a social dos equipos de valoración e orientación ou dos equipos de valoración da dependencia do departamento territorial competente.

c) Secretario: o funcionario que para tal función designe o xefe do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Ás reunións da comisión convocarase un traballador social dos servizos de atención primaria e un representante da Intervención territorial, ambos os dous con voz pero sen voto.

Se por calquera causa algún dos seus compoñentes non puidese asistir ás reunións, será substituído polo que designe o órgano competente para o outorgamento da axuda, debendo recaer o nomeamento noutro traballador do mesmo perfil profesional que o substituído.

Artigo 9º.-Criterios de concesión.

Para a elaboración da proposta de concesión das axudas, a Comisión Provincial de Valoración terá en conta os criterios de concesión e baremos establecidos no anexo II e os seguintes:

a) Determinación da situación económica do beneficiario.

Calcularase como a renda per cápita da unidade familiar da que forma parte o solicitante, sumando os ingresos de todos os membros computables e dividindo o resultado polo número destes. Para estes efectos, teranse en conta as declaracións do IRPF correspondentes ao último exercicio do que a Administración tributaria dispoña de datos no momento de publicarse esta orde de convocatoria. No caso das pensións ou prestacións que estivesen exentas de tributación polo IRPF, tomaranse as relativas ao exercicio 2009.

Para os efectos da resolución desta convocatoria, entenderase por unidade familiar a constituída polo/a beneficiario/a, se é o caso, o seu cónxuxe ou parella estable, fillos menores de idade ou maiores de idade discapacitados, sempre que convivan no mesmo domicilio familiar. No caso de que o solicitante da axuda sexa un menor de idade, entenderase por unidade familiar a constituída polo beneficiario, os seus proxenitores e os seus irmáns menores de idade ou maiores de idade discapacitados, sempre que convivan no mesmo domicilio familiar.

b) Só poderá concederse, con cargo a esta convocatoria, unha axuda por solicitante.

c) No caso de que a actuación subvencionable fose susceptible de ser empregada por unha ou máis persoas beneficiarias que convivan no mesmo domicilio, concederase, se é o caso, unha única axuda da mesma natureza.

d) Atendendo ao criterio de individualidade establecido no artigo 1º da convocatoria, non se concederá axuda de eliminación de barreiras no acceso ao interior do fogar cuxa instalación se corresponda con zonas ou instalacións comunitarias e/ou de uso público.

e) No caso dos solicitantes en situación de dependencia, priorizaranse as solicitudes de axuda dirixidas ás actuacións previstas na letra A do artigo 3º e no punto 3 b) do anexo I. Para estes efectos, serán obxecto dunha baremación diferenciada en relación ás solicitudes de axuda para as demais actuacións subvencionables previstas no devandito artigo.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Unha vez emitido o informe da comisión, elevarase ao xefe do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no cal se delega a competencia para resolver a concesión ou denegación da axuda solicitada ao abeiro desta orde, de conformidade coa nova estrutura orgánica prevista no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

2. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A resolución da concesión determinará o importe da axuda concedida dentro dos límites establecidos no artigo 3 desta orde.

4. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, se é o caso, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir da notificación da resolución expresa, ou de tres meses a partir do día seguinte do que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdicional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da axuda, por instancia do beneficiario, de conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, se subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Xustificación, pagamento da axuda e obrigas do beneficiario.

1. O beneficiario deberá ter realizadas e xustificadas, consonte o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as actuacións que fosen obxecto da axuda antes do 10 de decembro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados ou asinados polo beneficiario.

Poderá aceptarse a xustificación do pagamento mediante recibo do provedor para gastos de importe inferior a 1.000 .

2. Os beneficiarios da axuda veñen obrigados a destinar o importe destas á finalidade para a que se lles foi concedida.

3. Os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar aboaranlles aos beneficiarios a contía da axuda concedida, logo da presentación da xustificación requirida.

4. No momento da xustificación da execución total da actuación, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma actuación, de calquera administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

6. A Administración concedente poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables por calquera dos medios previstos no artigo 30.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Os beneficiarios das axudas non poderán realizar ningún negocio xurídico que supoña alleamento ou gravame do ben obxecto da subvención.

8. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. Se non se efectuase a xustificación ou esta resultase insuficiente segundo o exixido nas bases reguladoras, acordarase o reintegro da subvención, conforme o establecido no artigo 75 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

9. Ademais, os beneficiarios das axudas están obrigados, conforme o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a:

a) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

b) Someterse as actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da citada lei.

Artigo 13º.-Reintegro da axuda.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se especifican a continuación:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 75 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto, ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención ou axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre e cando afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles compromisos distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actuación que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro efectuarase de acordo co procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 77 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a

consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 14º.-Infraccións e sancións.

Será de aplicación aos beneficiarios das axudas recollidas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Publicidade de datos.

Non será necesaria a publicidade da adxudicación da axuda de acordo co establecido no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13.6º a) da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no artigo 9.4º a) do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, ao poder ser contraria á salvagarda da intimidade persoal e familiar das persoas físicas.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de competencias nos xefes dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Para estes efectos, establécese a territorialización do crédito indicado no primeiro parágrafo do artigo 4º desta orde conforme á seguinte distribución:

- Delegación territorial da Coruña: 869.500 €.
- Delegación territorial de Lugo: 448.750 €.
- Delegación territorial de Ourense: 412.750 €.
- Delegación territorial de Vigo: 769.000 €.

Así mesmo, dentro da distribución do orzamento por delegacións territoriais indicada, deberase manter a proporción establecida no artigo 4º para o orzamento global en relación aos distintos colectivos destinatarios da axuda.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

ANEXO I

Produtos de apoio ou axudas técnicas con prioridade para a subvención

1. Axudas técnicas para aseo e hixiene persoal.

a) Para evacuación.

- Cadeira para WC.
- Alza para WC.
- Cadeira con inodoro.

b) Para baño e ducha.

- Cadeira de baño.
- Táboa de baño.
- Angarella para baño e ducha.
- Ducha para cama.

2. Axudas técnicas para alimentación.

- Cubertos adaptados.

3. Axudas técnicas para mobilidade, posicionamento e protección persoal.

a) Para mobilidade persoal.

- Cadeiras de rodas manual e eléctrica.
- Adaptacións de acceso ao vehículo.

b) Para mobilidade vertical.

- Plataforma sobe-escaleiras.
- Plataforma con raíl.
- Cadeira salvaescaleiras.

c) Para posicionamento.

- Cadeiras de brazos xeriátrico.
- Táboas e discos de trasferencia.
- Coxín e saba para xirar.
- Guindastre.
- Cama articulada.
- Chalecos e cintos de protección.

d) Para protección persoal.

- Colchón antiéscaras.
- Cintos de suxeición.
- Varandas de protección.

4. Axudas técnicas para comunicación.

a) Axudas técnicas para lectura e escritura.

b) Comunicación aumentativa e alternativa.

5. Produtos de apoio para o acceso ás tecnoloxías da información e

da comunicación (TIC).

- Dispositivos de entrada ás TIC.
- Dispositivos de saída ás TIC.

6. Produtos de apoio para persoas con discapacidade auditiva.

a) Sistemas de frecuencia modulada.

b) Axudas técnicas para comunicación telefónica.

c) Avisadores luminosos (reloxos, espertadores, timbres, etc.).

7. Produtos de apoio para persoas con discapacidade visual.

a) Axudas técnicas para comunicación telefónica.

b) Produtos de apoio para o fogar.

c) Instrumentos de lectura e acceso á información (lupas, prismáticos binoculares, telescopios, expansores do campo de visión, filtros de luz, etc.).

d) Dispositivos de audiodescrición.

e) Bastóns e accesorios para orientación e mobilidade.

f) Máquinas de escribir e impresoras Braille.

ANEXO II

Criterios de concesión e baremos para a valoración das solicitudes de subvención destinadas a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia para facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade

1) Situación económica (de aplicación para todos os solicitantes).

- Rendas per cápita que non superen o 50% do IPREM: 45 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 60% do IPREM: 35 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 70% do IPREM: 25 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 80% do IPREM: 15 puntos.
- Rendas per cápita que non superen o 90% do IPREM: 5 puntos.
- Rendas per cápita ata o 100% do IPREM ou superiores: 0 puntos.

2) Características da vivenda e condicións de habitabilidade (de aplicación para os solicitantes de axuda para adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda):

- Vivenda en condicións deficientes de habitabilidade por situacións de amoreamento, espazos reducidos, existencia de dispositivos de risco en relación coa súa saúde e/ou insalubridade: 10 puntos.
- Existencia de barreiras no interior da vivenda que dificulten notablemente o desenvolvemento da vida diaria: 15 puntos.
- Existencia de barreiras no acceso á vivenda: 10 puntos.

No caso de concorrer máis dunha condición das previstas nesta epígrafe, a puntuación máxima que se pode acadar é de 15 puntos.

Para os efectos de ter en conta para a súa baremación as circunstancias previstas neste apartado, deberase indicar a concorrencia destas no impreso de solicitude nos espazos reservados a esta finalidade, e deberán ser acreditadas a través do informe social emitido polos servizos sociais de atención primaria e/ou especializada comunitaria da rede pública. Este informe non será preciso achegalo no caso das persoas en situación de dependencia, salvo que lle sexa requirido pola comisión de valoración á que se fai referencia no artigo 8º desta convocatoria.

3) Recoñecemento da situación de dependencia (de aplicación para aqueles solicitantes que teñan recoñecida a situación de dependencia, comprendidos no artigo 2.1º c) desta orde)

- Grao III nivel 2: 45 puntos.
- Grao III nivel 1: 35 puntos.
- Grao II nivel 2: 25 puntos.
- Grao II nivel 1: 15 puntos.

4) No caso de igualdade de puntuación prevalecerá a solicitude con menor renda, no caso dos solicitantes considerados nos supostos previstos nas letras a) e b) do artigo 2.1º. No caso dos solicitantes previstos na letra c) dese artigo, prevalecerá a solicitude do solicitante que se encontre en maior situación de dependencia e, de manterse a igualdade de puntuación, a de menor renda.

Ver anexos pdf "114-09.PDF"

Familia e menores

115 Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

(DOG nº 17, do 26.01.2009 e corrección de erros no DOG nº 33, do 17.02.2009).

A Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado español o 26 de xaneiro de 1990, no seu artigo 9 establece, con respecto aos dereitos das nenas e nenos separados dun ou de ambos os proxenitores, que teñen dereito a manter relacións persoais e contacto directo coa nai e co pai de modo regular, agás se é contrario ao interese superior das e dos menores. Tamén a recomendación do Consello de Europa nº R (98) I sinala que se asegurará a protección dos intereses dos nenos e nenas e do seu benestar, especialmente nos problemas de custodia e dereito de visitas.

Neste sentido a Administración autonómica considera necesario regular os puntos de encontro familiar como recurso neutral que ten por finalidade facilitar o cumprimento do réxime de visitas e favorecer o dereito dos e das menores a relacionarse con ambos os proxenitores e coas súas familias.

A Constitución española, no seu artigo 39, establece que a familia será obxecto de especial atención polos poderes públicos en canto á súa protección social, económica e xurídica. Establece, ademais, que os nenos e as nenas gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

Pola súa parte, o Código civil e a Lei de protección xurídica do menor fan referencia ao dereito de visitas por parte dos proxenitores e familia extensa (artigo 94) e á primacía do interese superior das e dos menores sobre calquera outro interese lexítimo que puider concorrer (artigos 2 e 11.2º, alíneas a), b), c), respectivamente).

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sobre o Estatuto de autonomía de Galicia, lexitima a actuación lexislativa da comunidade autónoma no campo da protección da familia e da infancia no título competencial xenérico de asistencia social (artigo 27.23º).

Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, que ordena e regula os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A devandita lei inclúe, no seu artigo 5.3º, entre as súas áreas de actuación as dirixidas á familia, infancia e mocidade e ás mulleres; definindo no artigo 12 os servizos sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade como aqueles que atenden as necesidades específicas deste sector da poboación, desenvolvendo actuacións e programas encamiñados á prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, e no artigo 15 os servizos sociais de atención especializada para a muller como aqueles que lles facilitan atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, co obxecto de prever ou dar resposta a situacións de emerxencia, discriminación, maltrato ou desamparo.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito da protección á familia, á infancia e á adolescencia, establecendo no seu artigo 12 que a Xunta de Galicia, por si ou en colaboración coas corporacións locais e cos axentes sociais, se é o caso, desenvolverá actuacións que garantan a creación de servizos de información e asesoramento ás familias que, a través de persoal especializado, orienten e procuren a busca de solucións adecuadas ás distintas problemáticas que poden darse no seo das familias.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 53, que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a que terán que axustarse os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

A aplicación da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento a seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire á salvagarda do interese superior das e dos menores a manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura parental.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro situados nas sete principais cidades galegas, para garantir a existencia dun lugar axeitado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

Este servizo que vén funcionando desde o ano 2000, converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, incrementándose a súa demanda de forma crecente neste espazo de tempo.

De acordo co disposto no Decreto 517/2005, do 6 de outubro, de estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, correspóndelle a este departamento o estudo da realidade social, a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais nos distintos sectores, entre outros, os de familia, infancia e adolescencia.

Atribúenselle, así mesmo, co fin de garantir a calidade da prestación dos servizos e os dereitos das persoas, as competencias sobre homologación, rexistro e control de centros prestadores de servizos sociais neste ámbito.

En virtude de todo o anterior, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día quince de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Este decreto ten por obxecto a regulación dos puntos de encontro familiar que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Artigo 2º.-Definición.

1. Para os efectos deste decreto enténdese que un punto de encontro familiar é un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

2. Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Artigo 3º.-Tipoloxía.

1. Os puntos de encontro familiar poderán ser de titularidade das administracións públicas, que xestionarán estes servizos directamente ou a través da xestión indirecta.

2. Tamén poderán ser titulares de puntos de encontro familiar entidades privadas debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de conformidade co disposto na normativa de servizos sociais de Galicia.

Artigo 4º.-Obxectivos.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar teñen os seguintes obxectivos:

a) Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das e dos menores a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.

b) Facilitar o encontro das fillas e fillos co proxenitor/a non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

c) Acadar a normalización das relacións familiares, de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.

d) Garantir a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

e) Favorecer e potenciar nas e nos menores unha boa relación cos seus proxenitores, co contorno do proxenitor/a non custodio e coa súa familia extensa.

f) Potenciar que as e os menores expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambos os proxenitores.

g) Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.

h) Proporcionar, nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, axuda e asistencia directa ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás persoas dependentes delas.

i) Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

Artigo 5º.-Principios de actuación.

Nas súas intervencións os puntos de encontro familiar actuarán conforme os seguintes principios:

a) Interese das e dos menores. Ante calquera situación en que se dean intereses encontrados ou opostos, sempre será prioritaria a seguridade e o benestar da/do menor.

b) Voluntariedade. As actuacións dos puntos de encontro familiar só se poderán levar a cabo co consentimento das persoas usuarias, agás cando se trate do estrito cumprimento dunha resolución xudicial.

c) Imparcialidade. Respectaranse e teranse en consideración todos os membros da familia obxecto de intervención, especialmente as fillas e fillos, evitando posicionamentos a favor de calquera membro da familia en prexuízo ou detrimento doutros.

d) Neutralidade. Os puntos de encontro non estarán vinculados a ningún grupo ideolóxico, político ou relixioso. O equipo técnico non deixará influír nas súas intervencións os seus propios valores ou circunstancias persoais, actuando unicamente co fin de protexer o interese superior das e dos menores.

e) Confidencialidade. En cumprimento da lexislación vixente, nas intervencións que se realicen nos puntos de encontro familiar respectarase a necesaria confidencialidade dos datos e informacións a que se poida ter acceso, agás naqueles casos dos que se deduza a existencia de condutas delitivas ou que poidan supoñer un risco para a seguridade das e dos menores e das mulleres que sofren violencia de xénero e da información requirida polos xulgados ou polo Ministerio fiscal.

f) Non interferencia. As actuacións levadas a cabo polos puntos de encontro familiar respectarán outras intervencións efectuadas tanto por outros dispositivos de benestar social das que se puidesen beneficiar as persoas usuarias como polos órganos xudiciais.

g) Subsidiariedade e temporalidade: utilizarase este recurso só cando sexa o único medio para facilitar as relacións entre as e os menores e a súa familia, e orientado sempre cara a normalización das relacións.

Capítulo II

Persoas usuarias, tipos de intervención e sistema de acceso

Artigo 6º.-Persoas usuarias.

1. Poden ser persoas usuarias dos puntos de encontro familiar, sempre que así o estableza unha resolución xudicial ou administrativa, os membros das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas.

2. Tamén poden ser persoas usuarias dos puntos de encontro familiar os membros das familias en que existan situacións de violencia que supoñan risco para calquera dos seus membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

3. En todo caso, o acceso aos puntos de encontro familiar quedará condicionado a que a persoa que, de ser o caso, exerza a garda e/ou tutela, ou a persoa menor de idade, resida en Galicia.

Artigo 7º.-Dereitos das persoas usuarias.

Sen prexuízo do establecido na Lei reguladora dos servizos sociais de Galicia respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, os usuarios e usuarias dos puntos de encontro familiar gozarán dos seguintes dereitos:

a) Á protección da súa intimidade persoal e da súa propia imaxe, ao segredo profesional do seu historial e á protección dos seus datos persoais.

b) A ser informadas sobre o seu expediente persoal.

c) A ser informadas do Regulamento de réxime interno do punto de encontro familiar e a dispoñer del en calquera momento.

d) A presentar queixas e suxestións.

e) A acceder, permanecer e cesar na utilización do servizo por vontade propia, agás resolución xudicial.

f) Ao acceso integral, por parte das mulleres con discapacidade que sofran unha situación de violencia de xénero, á información sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes, nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Artigo 8º.-Deberes das persoas usuarias.

Sen prexuízo do previsto na Lei reguladora dos servizos sociais de Galicia respecto das obrigas das persoas usuarias dos servizos sociais, os usuarios e usuarias dos puntos de encontro familiar teñen os seguintes deberes:

a) Respectar as normas establecidas no Regulamento de réxime interno do punto de encontro familiar, asinando a súa aceptación antes do inicio das actuacións.

b) Cumprir os horarios establecidos polo punto de encontro familiar.

c) Achegar todo o necesario para o desenvolvemento das visitas.

d) Non presentar comportamentos violentos físicos ou verbais.

e) Non consumir ningunha substancia que poida alterar as súas facultades antes ou durante o desenvolvemento das visitas, nin introducir ningún obxecto que supoña risco para a integridade doutras persoas usuarias ou para o propio persoal.

f) Responsabilizarse da atención e coidado das e dos menores no transcurso da visita, coa colaboración e apoio das persoas profesionais do punto de encontro familiar.

g) Utilizar as instalacións soamente para o servizo que se presta e facer un bo uso delas.

Artigo 9º.-Protección de datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos puntos de encontro familiar respectará o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 10º.-Tipos de intervención.

1. Os principais tipos de intervención que se realizan nos puntos de encontro familiar, respecto da execución do réxime de visitas, son:

   a) Intercambio dos/das menores. Consiste na supervisión da entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar cando o réxime de visitas non se vai a executar no devandito centro.

   b) Visitas tuteladas. Son aquelas visitas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dunha persoa profesional do equipo técnico do centro.

   c) Visitas sen supervisión. Trátase de visitas que se desenvolven no punto de encontro familiar pero sen requirir a supervisión directa ou presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos en que o/a proxenitor/a que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

2. Ademais do cumprimento do réxime de visitas establecido, nos puntos de encontro familiar poderanse levar a cabo outras intervencións complementarias ao réxime de visitas:

   a) Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as/os menores, que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.

   b) Orientación e asesoramento familiar proporcionando información, atención e apoio a nais, pais e menores, favorecendo a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

   c) Aqueloutras intervencións encamiñadas a preparar as nais e os pais, e as súas fillas e fillos, para reducir o impacto da nova situación familiar e para que no futuro as relacións entre eles evolucionen de tal xeito que os encontros cheguen a realizarse de forma normalizada coas maiores garantías posibles.

Artigo 11º.-Procedemento de acceso.

1. O procedemento de acceso aos puntos de encontro familiar poderá realizarse a través das seguintes vías:

   a) Derivación dos órganos competentes en materia de servizos sociais nos supostos de menores sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

   b) Derivación dos órganos xudiciais competentes.

2. O órgano, administrativo ou xudicial, que derive o caso ao punto de encontro familiar deberá achegar, como mínimo, a seguinte información:

a) Datos identificativos dos proxenitores, familiares e das e dos menores, así como os datos necesarios para a súa localización.

b) Indicación das dificultades para o cumprimento do réxime de visitas que motivan a derivación ao punto de encontro familiar, así como daquelas circunstancias especiais que poidan incidir na relación dos proxenitores coas ou cos menores.

c) Familiares que poden acudir a estas visitas con cada proxenitor/a, de ser o caso.

d) Concreción do tipo de intervención solicitada ao punto de encontro familiar: intercambio, visita tutelada ou visita no centro sen supervisión.

e) Periodicidade e horario das visitas, considerando os períodos e horarios de apertura dos puntos de encontro familiar.

f) Periodicidade con que o punto de encontro familiar debe remitir informes sobre o cumprimento e o desenvolvemento das visitas.

g) Testemuña ou copia íntegra da resolución ditada polo órgano derivante onde se fixan as visitas e se acorda a derivación ao punto de encontro familiar, así como de novas resolucións que modifiquen ou afecten o réxime de visitas inicialmente establecido.

3. O punto de encontro familiar deberá poñer en coñecemento dos órganos derivantes o seu Regulamento de réxime interno.

4. As visitas deberán organizarse tendo en conta a superficie, a capacidade dos espazos e os horarios de cada punto de encontro. De non ser posible a visita na data e hora establecidos, as persoas responsables do punto de encontro familiar informarán o órgano que derivou o caso, propoñéndolle outra data/horario para a visita.

Artigo 12º.-Suspensión da intervención.

1. A intervención do punto de encontro familiar poderá suspenderse por resolución do órgano derivante, acordada de oficio ou por proposta motivada do equipo técnico do punto de encontro familiar.

2. A proposta de suspensión da actuación do punto de encontro familiar fundamentarase nunha ou varias das seguintes causas:

a) O restablecemento das relacións e ausencia de conflito entre os proxenitores que adquirisen as habilidades suficientes para realizar os encontros por si mesmos.

b) O incumprimento polas partes de calquera das obrigas establecidas no artigo 7º deste decreto.

c) O incumprimento das normas de funcionamento reguladas no artigo 17º deste decreto por parte dalgún dos proxenitores, familiares ou achegados.

d) En situacións de risco para o/a menor, a súa familia, usuarias/os e persoal do punto de encontro familiar.

e) Por entender que a situación emocional da/do menor require que non se continúe coa intervención.

f) Porque a actitude inmodificable dun dos proxenitores ou de ambos aconselle a súa suspensión ao non observar evolución positiva no seu comportamento ou interiorización das orientacións do equipo técnico.

3. O equipo técnico do punto de encontro familiar remitirá a proposta de suspensión ao órgano administrativo ou xudicial que fixo a derivación, acompañada do correspondente informe. A autoridade competente emitirá resolución sobre a proposta de suspensión.

4. No caso de rexistrarse unha situación que supoña un grave risco para a integridade das persoas, o equipo técnico poderá suspender cautelarmente a intervención, dando conta inmediata ao órgano derivante para a ratificación ou levantamento da suspensión provisional, mentres este resolve a correspondente proposta de suspensión da actuación do punto de encontro familiar.

Artigo 13º.-Finalización da intervención.

1. A intervención do punto de encontro familiar finalizará sempre por resolución do órgano derivante, e poderá ser adoptada de oficio, por proposta motivada do equipo técnico do punto de encontro familiar, ou por acordo das persoas titulares da custodia e do dereito de visitas debidamente fundamentado e subscrito.

2. A proposta de finalización da actuación do punto de encontro familiar fundamentarase nunha ou varias das seguintes causas:

a) A normalización das relacións e a ausencia de conflito entre os proxenitores que adquirisen as habilidades suficientes para realizar os encontros por si mesmos.

b) O incumprimento de calquera das obrigas establecidas no artigo 8º deste decreto.

c) O incumprimento reiterado das normas de funcionamento reguladas no artigo 17º deste decreto por algún dos proxenitores, familiares ou achegados.

d) En situacións de risco para a/o menor, a súa familia, usuarias/os e persoal do punto de encontro familiar.

e) A non utilización do punto de encontro familiar sen xustificación da dita circunstancia durante un período de seis meses.

f) Por petición de ambos os proxenitores debidamente fundamentada.

g) Ter adquirido habilidades parentais e acadado acordos que permitan o cumprimento do réxime de visitas de forma estable e independente do punto de encontro familiar.

h) Por entender que a situación emocional da/do menor require que non continúe a intervención.

i) Porque a actitude inmodificable dun dos proxenitores ou de ambos aconsella a súa cancelación non habendo unha evolución positiva do seu comportamento nin ningunha interiorización das orientacións proporcionadas polo equipo técnico.

3. O equipo técnico do punto de encontro familiar deberá remitirlle a proposta de finalización ao órgano administrativo ou xudicial que fixo a derivación acompañada do correspondente informe. A autoridade competente emitirá resolución sobre a proposta de finalización.

4. No caso de rexistrarse unha situación que supoña un grave risco para a integridade das persoas, o equipo técnico poderá suspender cautelarmente a intervención, dándolle conta inmediata ao órgano derivante para a ratificación ou levantamento da suspensión provisional, en tanto este resolve a correspondente proposta de finalización da actuación do punto de encontro familiar.

Capítulo III

Requisitos materiais e de funcionamento

Artigo 14º.-Requisitos.

1. Requisitos xerais.

Os puntos de encontro familiar deberán cumprir os requisitos xerais, tanto materiais como funcionais, establecidos no artigo 7 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, así como os requisitos específicos que se sinalan no punto seguinte.

2. Requisitos específicos.

2.1. Requisitos materiais.

O inmoble dedicado a punto de encontro familiar deberá cumprir, ademais dos requisitos xerais incluídos no artigo 7.1º.2 do Decreto 143/2007, os seguintes requisitos materiais:

a) Un mínimo de tres espazos para a realización dos intercambios e visitas, podendo utilizarse un deles como sala de usos múltiples. Estes espazos contarán cunha superficie suficiente para o desenvolvemento das actuacións que neles se leven a cabo, favorecendo un ambiente normalizado e o máis semellante posible a unha vivenda familiar.

b) Un mínimo dun despacho para realizar as entrevistas e as tarefas administrativas, equipado cos recursos materiais necesarios; debe dispor en todo caso de conexión á internet.

c) Un espazo para a recepción de persoas con capacidade suficiente para gardar material como maletas, bolsos de viaxe ou carriños de bebés.

d) De non dispor de cociña completa, o centro contará cunha zona específica de preparación de alimentos cos seguintes equipamentos mínimos: frigorífico, fregadeiro e placa vitrocerámica ou forno microondas.

e) Un baño completo e un aseo dotados de auga fría e quente con billas hidromexturadas. Nun deles incorporarase un cambiador e un colector de material de desfeito provisto de peche hermético.

f) Nas instalacións destinadas a prestar o servizo garantirase unha temperatura idónea.

g) Existirá unha zona de seguridade, desde o chan ata 1,50 metros de altura, sen saíntes, enchufes, espellos de cristal, ou calquera outro elemento que supoña un risco potencial para a seguridade dos e das menores. Todos aqueles elementos que poidan supor un risco para as/os menores deberán estar debidamente protexidos.

h) De ser posible, contarán cun espazo ao aire libre para que poidan xogar as e os menores. Este espazo ten que cumprir todos os requisitos de seguridade establecidos na normativa aplicable.

i) Os xoguetes serán atraumáticos, atóxicos, lavables, non sexistas e axeitados ás idades das e dos menores.

j) As portas de paso disporán da protección necesaria para evitar pillar os dedos.

k) Os aparellos de iluminación deberán incorporar difusores ou elementos que eviten o deslumbramento e a rotura e posterior caída das lámpadas.

l) Os vidros serán de seguridade.

m) En todas as dependencias deben instalarse detectores de fumes.

n) As estancias de convivencia, exceptuando os aseos, deben dispoñer dunha iluminación e ventilación directa.

o) Disporá dun teléfono fixo sen fíos.

p) Disporá dunha caixa de emerxencia con dotación básica.

2.2. Requisitos funcionais.

Todos os puntos de encontro familiar deberán cumprir, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 7.1º.1 do Decreto 143/2007, os seguintes requisitos funcionais:

a) Regulamento de réxime interno á disposición das persoas usuarias, que recollerá como mínimo: a actividade que se desenvolve, as normas de uso, os dereitos e deberes das persoas usuarias, a organización de persoal, os horarios de funcionamento, a capacidade máxima e, de ser o caso, os prezos públicos ou tarifas aplicables.

b) Libros de rexistro, un de entrada e outro de saída das persoas usuarias do punto de encontro familiar, que serán asinados polas nais, pais, titores ou gardadores/as no momento da entrada e saída das e dos menores.

2.3. Requisitos de persoal.

O equipo dos puntos de encontro familiar será multidisciplinar e estará composto, como mínimo, por tres profesionais con polo menos dous perfís formativos diferentes no eido psicosocioeducativo: licenciado/a en psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, dereito, diplomada/o en traballo social ou educación social, con experiencia acreditada na atención, intervención e orientación de menores e familias, e formación en igualdade.

Unha das persoas do equipo técnico desempeñará a función de coordinadora do traballo do equipo, coordinando igualmente as relacións coa Administración e cos xulgados.

Durante o horario de apertura deberán estar sempre presentes no centro, cando menos, dúas persoas do equipo técnico.

Artigo 15º.-Voluntariado.

O equipo técnico pode contar coa colaboración de persoal voluntario, de acordo co establecido na normativa vixente en materia de voluntariado.

Artigo 16º.-Calendario e horario de apertura.

Os puntos de encontro familiar funcionarán os doce meses do ano, durante un mínimo de oito horas diarias, en xornada partida ou continuada, e como mínimo 4 días á semana, que deberán incluír necesariamente o venres, sábado e domingo, excepto os días 25 de

decembro e 1 de xaneiro.

Respectando estes mínimos, cada punto de encontro familiar poderá determinar o seu calendario e horario en función da demanda existente.

Artigo 17º.-Normas comúns de funcionamento.

1. Todos os puntos de encontro familiar observarán as seguintes normas comúns, que recollerán no seu Regulamento de réxime interno:

a) As persoas usuarias deberán cumprir puntualmente as datas e os horarios acordados para as visitas ou para a entrega e recollida dos e das menores. A duración e periodicidade será a establecida polo órgano que realizou a derivación ou, de ser o caso, a acordada entre os proxenitores e o punto de encontro, tendo en conta a dispoñibilidade do centro.

b) O tempo de espera para anular unha visita é de 20 minutos. Transcorrido este tempo sen que acuda un dos proxenitores ou familiar sen ter avisado con anterioridade do seu posible retraso, suspenderase a visita e considerarase incumprida, deixando constancia de tal incidencia no expediente.

c) As persoas usuarias deberán poñer en coñecemento do punto de encontro, coa maior brevidade posible e coa correspondente xustificación e/ou acreditación, calquera alteración ou incidencia que modifique a cita prevista.

d) No momento en que o/a menor se reúne coa persoa ou persoas que o/a visita/n, o proxenitor/a custodio ou persoa autorizada que acompañou o/a menor debe abandonar o centro; volverá a recollelo á hora acordada como remate da visita. Os/as menores permanecerán no punto de encontro familiar en compañía dun dos proxenitores ou familiares, sendo estes responsables do seu coidado e atención.

e) Para os efectos de garantir o cumprimento das medidas de afastamento, o persoal integrante do equipo do punto de encontro familiar terá o deber de custodiar e coidar o menor no tempo que medie entre a súa chegada ao centro e o encontro co seu visitante ou visitantes.

f) Nos casos en que existan antecedentes por violencia dos que deducisen ordes de afastamento, o equipo técnico deberá garantir a non coincidencia nos locais do punto de encontro dos proxenitores, adaptando para estes casos as normas de funcionamento xerais.

g) O/a menor será entregado/a ao proxenitor/a ou familiar a quen lle corresponda a visita. Se segundo valoración do persoal do punto de encontro familiar, as condicións físicas ou psíquicas deste/a non son as axeitadas, o encontro co/a menor non se permitirá.

h) Só poderán acompañar ou substituír o proxenitor/a que realice a visita ou o intercambio no punto de encontro familiar outra persoas, familiares ou achegadas, si se recolle na resolución xudicial ou se existe consentimento escrito de ambas as partes, do que se deixará constancia no centro.

i) O equipo técnico velará pola seguridade tanto das instalacións como das persoas usuarias do punto de encontro familiar. De se producir incidentes significativos de alteración da convivencia procurará restablecer a normalidade a través do diálogo, de ser posible e, no caso de risco para a integridade das persoas, darán aviso á autoridade que corresponda.

j) Das alteracións significativas que poidan afectar o desenvolvemento das visitas o equipo técnico dará conta á autoridade que derivou o caso no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes de que transcorran 72 horas.

2. Estas normas constitúen un mínimo normativo, sen prexuízo de que cada punto de encontro familiar poida establecer unha regulación máis detallada do seu funcionamento interno, que debe ser aprobada en todo caso polo departamento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias na materia.

Capítulo IV

Autorizacións, inspección e réxime sancionador

Artigo 18º.-Autorizacións.

Os puntos de encontro familiar e os servizos que neles se desenvolven estarán sometidos ás autorizacións administrativas previstas no capítulo II do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. En todo caso, durante o procedemento de autorización do centro, o órgano competente na materia da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia emitirá un informe xustificativo da necesidade do equipamento no lugar específico de acordo coa planificación prevista na materia. Así mesmo, no caso de peche do centro, requiriráselle informe ao citado órgano, ao obxecto de comprobar que do cesamento da actividade non se poidan derivar prexuízos graves para as persoas usuarias.

Artigo 19º.-Inspección e réxime sancionador.

1. Os puntos de encontro familiar, como centros de servizos sociais, estarán suxeitos á inspección e ao réxime sancionador en materia de servizos sociais de conformidade co disposto na Lei reguladora dos servizos sociais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Como centros sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade rexeranse polo establecido en canto a infraccións e sancións no título V da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, e no título III do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Disposición transitoria

Única.-Os puntos de encontro familiar que á entrada en vigor deste decreto estean en funcionamento deberán solicitar o permiso de inicio de actividades no prazo máximo de 6 meses, podendo continuar co desenvolvemento das súas actividades ata a resolución do expediente.

Se á vista do expediente se apreciase que o centro non cumpre cos requisitos xerais e específicos exixidos segundo a súa tipoloxía, o órgano competente poderá exceptuar a súa exixencia sempre que non se observen deficiencias graves que poñan en perigo a seguridade das persoas usuarias ou que afecten o cumprimento dos fins propios

destes centros.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, quince de xaneiro de dous mil nove.

Corrección de erros.-Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Advertidos erros no mencionado decreto, publicado no Diario Oficial de Galicia número 17, do luns día 26 de xaneiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 1.668, no artigo 12º, punto 2, alínea b), onde di: «O incumprimento polas partes de calquera das obrigas establecidas no artigo 7º deste decreto»; debe dicir: «O incumprimento polas partes de calquera das obrigas establecidas no artigo 8º deste decreto».

116 Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 30, do 12.02.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º b), como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade; as competencias neste sector fóronlle atribuídas á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece, no seu artigo 15 a), como unha medida de prevención de posibles situacións de risco, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas técnicas dirixidas a cubrir as necesidades básicas e a mellorar o contorno familiar. Así mesmo, no artigo12 a) establece a obriga dos poderes públicos de desenvolver actuacións preventivas e asistenciais que garantan servizos de información e asesoramento ás familias que, entre outras cousas, busquen solucións adecuadas ás distintas problemáticas que se poden dar no seo da familia.

A mediación familiar regulouse en Galicia por medio da Lei 4/2001, do 31 de maio, como unha actividade de interese público promovida pola Xunta de Galicia en razón da indubidable utilidade pública que representa a axeitada organización e prestación deste servizo para as familias e as unidades de convivencia estable. O artigo 17 da lei determina que correspode exercer á consellería competente en materia de familia, entre outras funcións, a de facilitar o acceso a esta institución como medida de apoio ás familias nas situacións de conflito.

Posteriormente, o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, creou o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e estableceu o recoñecemento da mediación gratuíta, prevendo a posibilidade de asinar convenios de colaboración cos correspondentes colexios profesionais ou asociacións para atención da mediación gratuíta.

Despois da experiencia dos anos de funcionamento do programa de mediación familiar, e debido á súa insuficiente rendibilidade no que a número de casos atendidos se refire, faise necesario impulsar un maior coñecemento e aproveitamento social deste recurso e achegalo a toda a cidadanía, polo que cómpre establecer unha liña de subvencións de cobertura de custo dos procesos de mediación familiar (Mediagal) como medio de garantir os dereitos de todos os membros das familias.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo); así mesmo, adáptase ao disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como á Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As subvencións que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312A.481.1, na cal existe crédito adecuado e suficiente, recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, destinándose un importe de 24.000 euros, que poderá ser obxecto de incremento segundo a demanda e a dispoñibilidade orzamentaria.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o cal que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria, en réxime de concurren-

cia non competitiva, e a aprobación das bases polas que se rexen as subvencións para a cobertura dos custos dos procesos de mediación familiar que se celebren dentro do marco do programa Mediagal, de mediación familiar galega ao longo do ano 2009.

Artigo 2º.-Tipo de subvención.

A subvención convocada consiste na cobertura do custo dun proceso de mediación familiar cun máximo de seis sesións, mediante a adxudicación e entrega ás persoas beneficiarias de cheques de servizo gratuíto cun valor nominal de 60 euros por sesión de mediación e ata un máximo de 360 euros.

Artigo 3º.-Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias as persoas residentes en Galicia unidas por vínculo matrimonial ou que forman unha unión estable de parella, que se atopen nun proceso de separación, divorcio ou nulidade do matrimonio ou ben de ruptura da unión, así como en conflitos de convivencia e que teñan ou non iniciado ou solicitado a iniciación dun proceso de mediación a partir do 1 de xaneiro de 2009 con algún dos e das profesionais inscritos ou inscritas no Rexistro de Mediadores e Mediadoras de Galicia e que estean adheridos ao programa Mediagal de mediación familiar galega.

2. As persoas beneficiarias deberán reunir os requisitos que se determinan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de subvención presentarase mediante instancia segundo o modelo oficial (anexo I) debidamente cuberto e subscrito polas persoas solicitantes xunto coa seguinte documentación:

   a) Fotocopia do DNI ou NIE da persoa solicitante e do seu cónxuxe e/ou parella.

   b) Copia do libro de familia ou declaración xurada de convivencia.

   c) Certificado de empadroamento das persoas solicitantes.

   d) Declaración xurada de non percibir subvencións para igual ou análoga finalidade outorgadas por outras administracións públicas ou, de ser o caso, relación das solicitadas.

   e) A acreditación do inicio ou solicitude de inicio do proceso de mediación que xustifica a solicitude de subvención será comprobada de oficio pola Administración mediante a consulta das solicitudes de designación de profesionais mediadores.

2. No caso de que non estivese iniciado o proceso de mediación, as solicitudes de subvención presentarase xunto coa solicitude de designación de mediadores familiares mediante instancia segundo modelo oficial (anexo II), de conformidade co Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro (DOG nº 34, do 18 de febreiro) debidamente cuberta e subscrita polas persoas interesadas.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes poderán presentarse na oficina de Rexistro Único e Información, no complexo administrativo de San Caetano, ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo para a solicitude da subvención permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 31 de outubro de 2009.

3. Se a documentación exixida no artigo 5º desta orde non estivese completa, requiriranse os solicitantes para que, no prazo de dez (10) días, acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, considerará que desisten da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 30/1992.

Artigo 6º.-Resolución.

1. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade a resolución destas subvencións por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, de conformidade co establecido no artigo 7 Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

   A antedita resolución terá lugar no prazo de tres meses, contado a partir do día seguinte ao da recepción da solicitude no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes consideraranse desestimadas.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

   Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 7º.-Procedemento de materialización da subvención.

As persoas beneficiarias, xunto coa resolución de concesión, recibirán cheques de servizo cun valor nominal de 60 euros por sesión de mediación, ata un máximo de 360 euros.

Os cheques servizo correspondentes serán entregados polas persoas beneficiarias ao/a mediador/a designado/a para o proceso, pola súa intervención profesional.

A realización da mediación xustificarase coa factura do servizo e coa acta final que puxo fin á mediación asinada polo/a mediador/a

e polas partes solicitantes da mediación, que serán achegados polo mediador/a xunto cos cheques servizo para o seu aboamento á Secretaría Xeral da Igualdade ou, de ser o caso, ao seu colexio profesional cando tivese asinado convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o desenvolvemento do programa Mediagal de mediación familiar.

Os cheques servizo serán efectivos a partir da data que se fixe na resolución e terán unha validez limitada ao ano 2009.

Artigo 8º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

1. As persoas beneficiarias destas subvencións están obrigadas a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, entre outras obrigas:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. E, ademais, especificamente as persoas beneficiarias destas subvencións están obrigadas a:

a) Destinar os cheques servizo á finalidade para a cal se concede.

b) Comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu otorgamento.

Artigo 9º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións públicas, xunto cos xuros de demora xerados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG do 25 de xuño), de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non-adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 desta lei.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 desta lei, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na secretaria xeral da Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-A concesión destas subvencións terá como límite global as dispoñibilidade orzamentaria consignada para esta finalidade.

Terceira.-Sen prexuízo do disposto no título sexto da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, as persoas beneficiarias destas subvencións quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG do 25 de xuño), de subvencións de Galicia.

Cuarta.-As subvencións concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán por ser un dos supostos de excepción contidos no artigo

13.6º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "116-09.PDF"

117 Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 40, do 26.02.2009 e orde que a modifica no DOG nº 218, do 6.11.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Pola súa banda, o artigo 4º da antedita lei configura os servizos sociais como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora na calidade de vida e a participación de persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que estean na orixe daquelas situacións

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 12 g), como unha actuación preventiva e asistencial o desenvolvemento de programas de axuda a domicilio como medio de atender, desde unha perspectiva integral e normalizadora, as necesidades da familia no seu conxunto ou algún dos seus membros.

Deste xeito, considérase necesario desenvolver programas específicos de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo, co obxectivo de favorecer a incorporación ao mundo laboral das persoas responsables destas familias, posibilitándolles a conciliación da vida familiar e laboral, e facilitándolles aos menores unha atención especializada, tendo en conta, ademais, que as mulleres representan a maior porcentaxe entre estes proxenitores.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (BOE do 25 de xullo), tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, existindo crédito adecuado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o cal foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto convocar e aprobar as bases polas cales se rexe, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión das axudas para o financiamento de programas de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo.

Artigo 2º.-Entidades destinatarias.

Poderán concorrer a esta orde de axudas as entidades sen ánimo de lucro que presenten un programa de apoio a familias monoparentais, sempre que estean debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 3º.-Definición e obxectivos do programa.

O obxecto deste programa é a prestación de apoio ás familias formadas por un único proxenitor con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas, que teñan como finalidade os seguintes obxectivos:

- Potenciar a autonomía das familias monoparentais, eliminando ou mellorando a súa situación de vulnerabilidade e/ou precariedade.
- Axudar á crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización.
- Favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de forma-

ción laboral ou formación continua e posibilitar o autoemprego.

- Promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional.
- Facilitar que estes proxenitores sós poidan participar en igualdade de oportunidades e dispoñan de tempo para realizar actividades sociais e/ou culturais.
- Previr situacións de risco social.

Artigo 4º.-Contía e ámbito.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312A. 481.0, destinándose 150.000 euros para o seu financiamento.

   A contía establecida no punto anterior poderá ser incrementada en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso as actuacións que se subvencionen deberán realizarse dentro do exercicio económico de 2009.

2. A suma de subvencións outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados para a execución dos programas que desenvolvan en ningún caso poderá superar o 100% do importe total do gasto efectuado.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

Esta documentación presentarase na oficina do rexistro xeral do edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 6º.-Documentación.

As solicitudes das axudas presentaranse segundo o modelo oficial que se achega como anexo I a esta orde, e deberán acompañarse dos seguintes documentos:

- Proxecto do programa (anexo II).
- Copia do CIF da entidade solicitante.
- Certificación bancaria en que figure con 20 díxitos a conta en que se desexe percibir, se é o caso, a axuda concedida.
- Unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para este mesmo fin polas distintas administracións públicas competentes.

Artigo 7º.-Criterios de selección dos proxectos.

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da concesión e a contía das subvencións serán os seguintes:

- Pola viabilidade e perspectivas de continuidade do proxecto: ata 5 puntos.
- Por presentar un programa que inclúa un servizo de atención a fillos e fillas menores: ata 5 puntos.
- Polo emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita axuda: ata 4 puntos.
- Por ter colaborado anteriormente coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas de apoio a familias monoparentais: ata 4 puntos.
- Por incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións que configuren o obxecto do programa presentado: ata 4 puntos.
- Pola categoría profesional e titulación do persoal e pola súa dedicación: ata 4 puntos.
- Por potenciar a colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante o traballo en rede co fin de optimizar recursos e esforzos: ata 1 punto.

Artigo 8º.-Tramitación dos expedientes.

1. A Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano responsable da tramitación dos expedientes, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde e procederá, en caso contrario, a reclamar por escrito aos interesados/as para que emenden a falta ou xunten os documentos preceptivos para poder completar o expediente, co apercibimento de que, se así non se fixer nun prazo de dez días, se terán por desistidos da súa petición, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

   Presidente: o subdirector xeral de Familia.

   Vogais: dous representantes da Secretaría Xeral da Igualdade, designados/as por o/a secretario/a xeral da Igualdade de entre o persoal funcionario ou laboral.

   Actuará como secretaria/o unha/un dos dous representantes anteriormente mencionados.

3. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á comisión de valoración para que, unha vez baremados, dite a proposta de resolución, propoñendo ao órgano competente para a súa resolución a concesión ou denegación das axudas.

   Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola entidade interesada, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución provisoria, que se lles deberá notificar aos interesados para que no prazo de dez días presenten as alegacións que coiden pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos interesados tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 9º.-Resolución.

1. Correspóndelle á/o secretaria/o xeral de Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, e por proposta da comisión de valoración e despois da fiscalización pola Intervención das anteditas propostas, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita resolución terá lugar no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

2. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

   As entidades de iniciativa social, potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento.

Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, procederase á xustificación e pagamento dela na forma que se indica a seguir:

1. Para aquelas axudas que non superen o importe de 6.010,12 euros poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada, mediante a presentación por parte da entidade beneficiaria da correspondente certificación de inicio das actividades.

2. No caso de axudas de contía superior, poderanse facer pagamentos parciais ata completar o 80% da contía total concedida a medida que se presenten os xustificantes de gasto debidamente comprobados

3. As entidades de iniciativa social poderán recibir este 20% despois de presentadas as correspondentes certificacións de gastos realizados, xunto cos xustificantes destes debidamente comprobados.

Considerararanse medios de xustificación válidos as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico e mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes xustificantes deberán presentarse acompañados dunha relación valorada e ordenada cronoloxicamente onde se reflictan todas as facturas ou documentos equivalentes presentados como xustificación.

Coa última certificación ou xustificación do gasto deberán achegar a memoria xustificativa da execución do programa e a memoria financeira deste de acordo cos modelos que figuran como anexos III e IV, respectivamente.

Ademais, deberán presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas e concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo programa, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 11º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

a) Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión das subvencións

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

   Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 12º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas públicas, xunto cos xuros de demora producidos segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

   a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

   b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do

proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

2. No suposto previsto no número 3º do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

Artigo 13º.-Fiscalización e control.

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio de control financeiro por parte da Intervención xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das funcións que a Constitución española e as leis lles outorgan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia e do disposto no artigo 3 da dita lei.

2. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá inspeccionar en calquera momento as actuacións realizadas.

Artigo 14.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas na presente orde sancionaranse de conformidade co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15.-Publicidade.

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

Finalmente, as entidades beneficiarias coa presentación das solicitudes autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos correspondentes referidos á axuda recibida, así como as sancións impostas.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio económico 2009.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na/o secretaria/o xeral de Igualdade, ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións convocadas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos, así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non se opón á dita Lei, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a/o secretaria/o xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "117-09.PDF"

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que modifica a Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.

Por Orde do 3 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, regúlanse as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.

No seu artigo 4 precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das devanditas axudas, e no seu parágrafo 1º sinálase que o importe inicial se entenderá máximo sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Co obxecto de poder amparar todas as solicitudes, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, cómpre mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas subvencións.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, na contía de 191.857,20 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312A.481.0.

2. As entidades disporán para presentar as solicitudes do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. As entidades que xa presentasen unha solicitude con base na Orde do 3 de febreiro de 2009, só terán que presentar o seu anexo I.

4. As bases que rexen estas axudas son as establecidas na orde do 3 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro).

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

118 Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.

(DOG nº 40, do 26.02.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, no seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no seu artigo 1 atribúelle á devandita vicepresidencia a competencia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, prevé no seu artigo 11.3º c) a regulación de prestacións económicas ou técnicas que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar, e no artigo 15 a) establece, entre outras medidas preventivas, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas económicas ou técnicas dirixidas a cubrir as súas necesidades básicas e a mellorar o medio familiar co fin de garantir o dereito a desenvolverse, sempre que sexa posible, no seo da súa propia familia.

No Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financeira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación, ao abeiro do disposto no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas individuais de prevención e apoio á familia e atención ao menor, durante o exercicio económico do ano 2009, mediante o procedemento de concorrencia competitiva, e proceder á súa convocatoria.

2. A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico e profesional ás familias para garantirlles a atención adecuada aos seus fillos e favorecer que permanezan no seu medio, evitando os riscos de desestruturación familiar, así como facilitarlles ás unidades familiares a adquisición de habilidades de atención, coidado e educación dos menores así como a capacidade de autoorganización do núcleo familiar.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares con fillos maiores de tres anos e menores de idade que estean en circunstancias de risco social e precisen apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación familiar.

Para os efectos desta orde enténdese por unidade familiar a formada por pais e fillos menores de 18 anos ou a formada por pais e fillos menores de 18 anos e maiores de 18 con grao de minusvalidez recoñecido superior ou igual ao 33%.

Do mesmo xeito, entenderase por unidade familiar a conformada polos ascendentes ata 2º grao que, por vía xudicial, teñan outorgada a tutela ou garda e custodia e os menores respecto dos cales a exerzan.

No caso de unidades familiares monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Artigo 3º.-Contía das axudas.

A contía mínima e máxima da axuda está comprendida entre 100 € e 500 € mensuais por cada unidade familiar, sen que en ningún caso poida superarse a contía de 150 € por fillo. A determinación da contía total da axuda que se vai conceder por unidade familiar establecerase en función das circunstancias económicas e sociais que concorran en cada caso e abranguerá o ano 2009.

En caso de que o menor cumpra ou deixe de cumprir o requisito de idade ao longo do ano 2009 a axuda concederáselle de xeito proporcional desde a data en que cumpra ao 31 de decembro ou desde o 1 de xaneiro ata a data en que deixe de cumprir o requisito.

Artigo 4º.-Financiamento.

O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, reservándose para tal efecto un crédito de 1.738.705 €.

Porén o anterior, esta contía poderá incrementarse nos termos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Requisitos.

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

a) Cumprir os requisitos que se establecen no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

b) Residir e estar empadroado na Comunidade Autónoma galega polo menos con seis meses de antelación á data da publicación da convocatoria.

c) Que os menores, respecto dos que se solicita a axuda, teñan entre tres e dezaoito anos de idade cumpridos durante o ano 2009.

d) Que a unidade familiar non teña recibido a axuda á integración familiar nos últimos tres anos de xeito consecutivo.

e) Que a renda per capita da unidade familiar no ano en que se perciba a axuda non exceda dun terzo do IPREM establecido para o ano 2009, en cómputo anual.

f) Que a familia poida evolucionar cara á súa plena autonomía e integración social, sendo estas axudas un apoio temporal.

g) Que a situación do núcleo familiar non permita a cobertura de todas as necesidades básicas do menor no relativo á alimentación, hixiene, vestiario, atención médica, escolarización regularizada e coidados de carácter integral.

h) Que a unidade familiar teña aberto, polo menos con seis meses de antelación á data de publicación desta orde, un expediente polos servizos sociais de atención primaria ou especializados, por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor ou menores.

i) Que a unidade familiar cumpra co plan de traballo que estableza o servizo de atención primaria ou especializado.

j) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2008, que a unidade familiar cumprise co plan de traballo que establecera o servizo de atención primaria ou especializado e mellorase a situación de risco.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo representante da unidade familiar segundo o modelo oficial (anexo I).

Cada solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia e traballo do solicitante e do resto dos membros da unidade familiar obrigados a obtelo, ou no caso de telo/a solicitado/a documento que o acredite.

b) Fotocopia do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación e da unidade familiar. No caso dos ascendentes ata 2º grao, documentación acreditativa de que teñen outorgada, por vía xudicial, a tutela ou garda e custodia dos me-

nores.

c) Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o solicitante.

d) Certificado de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral.

e) Xustificación de ingresos: fotocopia completa da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas dos membros da unidade familiar sometidos ao dito imposto, ou no caso de non estaren obrigados a realizala, certificación negativa da correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Nóminas de todos os membros da unidade familiar que percibisen haberes no último exercicio e, de ser o caso, certificación positiva ou negativa da prestación económica do Inem nese mesmo exercicio. Xuntarase en todo caso unha declaración xurada de ingresos de acordo co modelo contido no anexo II.

f) Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

g) No caso de enfermidades crónicas graves informe médico emitido polo sistema público de saúde.

h) De ser o caso, certificado de minusvalidez se este non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Compromiso escrito por parte do solicitante (anexo III) de:

- Aplicar as axudas á finalidade para a cal sexan concedidas.
- Contribuír á normalización e integración social do núcleo familiar.
- Atender correctamente a educación dos menores ao seu cargo.
- Acadar canto antes a plena autonomía familiar.
- Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada.
- Comunicarlle, nun prazo non superior a 15 días, ao órgano competente que tramitou a solicitude, calquera modificación que afecte as características deste tipo de axudas.

j) Certificados de empadroamento e convivencia expedidos polo concello de residencia.

k) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2008, informe anual emitido polos servizos sociais do concello onde conste que cumpriu os obxectivos do plan de traballo de intervención educativa na familia.

2. Deberá xuntarse á documentación achegada polos solicitantes un informe dos servizos sociais do concello de residencia da unidade familiar ou do servizo especializado que tramite o expediente por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor, segundo o modelo que figura como anexo IV desta orde de convocatoria. O informe valorará e verificará os datos presentados, e proporá as medidas que se tomarán, especificando o tipo de supervisión que se realizará para garantir a correcta aplicación e procurar aos seus perceptores o apoio periódico que lles posibilite acadar a súa autonomía.

Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. A solicitude e a documentación requirida presentaranse na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente ao domicilio do solicitante, ou ben nos concellos que teñan subscrito o convenio oportuno, sendo de aplicación en todo caso o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 8º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas das delegacións provinciais comprobarán as solicitudes, e requirirán do interesado por escrito a emenda dos defectos que houber, con indicación de que, se así non o fixer no prazo de 10 días, se lle terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para a acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos nesta orde para a concesión da axuda.

3. Revisada a documentación e completada, se é o caso, remitirase á comisión provincial de valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou denegación das axudas, de acordo cos criterios obxectivos recollidos nesta orde.

4. A composición da comisión provincial de valoración será a que segue:

- Presidente: o xefe do Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores da delegación provincial. Nos casos de ausencia ou enfermidade deste será substituído por un funcionario do servizo designado polo delegado provincial.
- Vogais: o delegado provincial designará dous funcionarios, dos cales un actuará como secretario da comisión. Así mesmo, participará un representante da Intervención Territorial, que actuará con voz pero sen voto.

A comisión provincial de valoración reunirase nun máximo de tres sesións en que decidirá sobre as solicitudes presentadas tendo en conta o seu conxunto para a súa valoración.

5. Todos os actos de trámite efectuados nos expedientes de gasto regulados por esta orde entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos aqueles actos. Para estes efectos poderase solicitar dos interesados declaración xurada demostrativa.

6. Cando o número de solicitudes con dereito ás axudas exceda do crédito orzamentario destinado para tal fin, a comisión provincial de valoración determinará o límite superior de ingresos para os candidatos ás axudas en función do número de solicitudes recibidas.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

As solicitudes de axudas valoraranse segundo os seguintes criterios:

I. Duración da axuda.

- Non ter recibido a axuda: 6 puntos.
- Tela recibido con anterioridade polo período dun ano: 4 puntos.
- Tela recibido con anterioridade polo período de dous anos: 2 puntos.

II. Número de fillos.

- Por cada fillo maior de tres anos e menor de dezaoito: 3 puntos.
- Por cada fillo menor de tres anos: 1 punto.

III. Renda per cápita anual.

- De 0 a 500 €: 5 puntos.
- De 500,01 a 1.000 €: 4 puntos.
- De 1.000,01 a 1.500 €: 3 puntos.
- De 1.500,01 a 2.000 €: 2 puntos.
- De 2.000,01 ao límite de renda: 1 punto.

IV. Factores especiais.

- Cada membro da unidade familiar discapacitado cun grao de minusvalidez recoñecido superior ou igual ao 33% ou enfermidade crónica grave: 2 puntos.
- Deficiencias e carencias nas condicións de habitabilidade da vivenda, hixiene e/ou insalubridade, barreiras arquitectónicas, etc., que queden debidamente constatadas no informe social de valoración de situación que deberá achegarse de conformidade co establecido no artigo 6.2º desta orde: 2 puntos.
- Existencia de necesidades básicas non cubertas dos menores, de alimentación, vestido, educación ou outras que queden debidamente constatadas segundo o establecido no parágrafo anterior: 2 puntos.
- Existencia no núcleo familiar de convivencia de persoas con problemáticas específicas (desempregados de longa duración, con problemas de adicción, inmersos en situacións marxinais, persoas dependentes...) ou presenza de menores que presenten necesidades ou circunstancias especiais, existencia que debe quedar debidamente reflectida no informe social: 1 punto.

En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A concesión das axudas, unha vez fiscalizadas pola Intervención, corresponderalles, por delegación do Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, aos delegados provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar segundo o disposto no artigo 7.3º, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que, consonte o establecido no artigo 23.4º da mesma lei, deberán resolver e notificar no prazo máximo de nove meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención segundo o previsto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A duración, contía e condicións das axudas serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

3. Os delegados, igualmente por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, poderán modificar, suspender ou revogar as axudas concedidas, logo do informe proposta da comisión provincial de valoración, nos casos en que varíen as condicións que motivaron a concesión ou do incumprimento total ou parcial dos requisitos e condicións establecidos para ela.

4. As resolucións de concesión, denegación, modificación, suspensión ou revogación das axudas ditadas notificaránselles aos interesados e terán que ser motivadas.

5. A resolución esgota a vía administrativa, e contra ela pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva o recurso de reposición.

Artigo 11º.-Pagamento das axudas.

A contía da axuda concedida aboaráselles aos solicitantes en pagamentos por mensualidades vencidas, incluíndose no primeiro pagamento as mensualidades vencidas desde o primeiro día do ano ou aquel desde o que teñan dereito á súa percepción e ata a data da resolución de concesión.

Antes do derradeiro pagamento, o solicitante presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

No prazo máximo de 15 días, contados desde a finalización do período de percepción da axuda, o solicitante presentará unha declaración xurada na cal xustifique a axuda e que os fondos percibidos foron utilizados para os fins propostos.

Artigo 12º.-Supervisión das axudas.

A supervisión das axudas será realizada polos servizos sociais municipais ou polos servizos de menores da delegación correspondente ao domicilio da unidade familiar e consistirá en:

a) Avaliación técnica da súa aplicación, exixíndose un mínimo dun informe anual que se presentará antes do remate do ano, sobre a situación das familias beneficiarias e o grao de consecución dos obxectivos marcados.

b) Apoio e orientación ás familias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

c) Posta en coñecemento da comisión provincial de valoración das circunstancias que poidan motivar a modificación ou reintegro das axudas concedidas.

O seguimento e control das axudas serán realizados pola delegación provincial da Igualdade e do Benestar que corresponda.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 14º.-Reintegro das axudas.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora producidos desde o momento do seu pagamento nos casos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

Para os efectos do parágrafo anterior entenderase como causa de reintegro o incumprimento dalgún dos compromisos subscritos polo solicitante (anexo III) ou dos requisitos establecidos no artigo 4º desta orde.

Artigo 15º.-Actuacións de comprobación.

Os receptores das axudas ou subvencións quedan sometidos ás actuacións de comprobación que acorde a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Así mesmo, quedan obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 16º.-Publicidade das subvencións.

Non será necesaria a publicidade da adxudicación da axuda de acordo co establecido no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.6º a) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, por ser a publicación contraria ao respecto e salvagarda da honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Artigo 17º.-Compatibilidade das axudas.

A percepción desta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento para estes fins.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos así como o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do citado Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Secretaría Xeral do Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "118-09.PDF"

119 Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.

(DOG nº 47, do 9.03.2009, correccións de erros no DOG nº 59, do 26.03.2009 e no DOG nº 63, do 1.04.2009 e resolucións de publicidade no DOG nº 110, do 8.06.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á primeira infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Consonte o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.

Artigo 2º.-Requisitos para ser adxudicataria/o.

1. Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicataria/o de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

a) Que a/o nena/o teña a súa residencia en Galicia e teña nacido no momento de presentación da solicitude.

b) Idade da/o nena/o:

- Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso.
- Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2009.

Non obstante, poderán eximirse do límite de idade as nenas e os nenos de integración logo da emisión do ditame do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

2. No caso de integrarse nenas/os con necesidades de apoio específico, en ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena con estas necesidades por aula. Para os efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

Artigo 3º.-Criterios de prioridade para a adxudicación das prazas.

1. Procedemento ordinario.

As prazas adxudicaranse por esta orde:

1.a) Reserva de praza.

Co obxecto de dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2008/2009, gozan de preferencia para a adxudicación as solicitudes de praza de nenas/os matriculadas/os no curso 2008/2009 sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2º desta orde. As/os nenas/os matriculadas/os na xornada de tarde só poderán reservar praza nese mesmo horario.

1.b) Novo ingreso.

As prazas adxudicaranse por esta orde:

1. As/os fillas/os do persoal que preste servizo nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cando soliciten a praza para o centro onde prestan servizo a nai, pai, titora ou titor legal.

2. As/os solicitantes con irmá/án cunha praza renovada no centro para o que solicitan a praza.

3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ás/aos solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no anexo III. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas.

2. Procedemento extraordinario.

2.a) Ingresos urxentes.

Para os ingresos de máxima urxencia reservarase un 5% das prazas de cada centro.

Serán considerados ingresos urxentes os seguintes casos:

- As/os menores tuteladas/os pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- As/os fillas/os das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas da violencia de xénero.
- Aqueloutros en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

A adxudicación ou denegación da praza nestes supostos será resolta pola persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade nun prazo de 5 días desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen recaer resolución expresa a solicitude terase por desestimada. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor un recurso de alzada perante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes, que comezará a contar o día seguinte ao da notificación da resolución.

2.b) Solicitudes fóra de prazo.

Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido no punto 2 do artigo 9 nos seguintes casos:

a) Nacemento da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

b) Cambio de concello de residencia da unidade familiar.

c) Outras circunstancias que motivadamente aprecien as delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva. Así mesmo, estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para

o grupo de idade da/o nena/o no centro onde se solicita a praza.

Artigo 4º.-Horario e calendario das escolas.

1. Horario.

As escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar terán o horario de apertura que se establece no anexo IV.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar por xornadas de mañá ou de tarde, continuada ou partida. A xornada de tarde só se ofertará nos centros con horario ampliado, que veñen recollidos no anexo IV. A permanencia das/dos nenas/os no centro non pode superar as 8 horas diarias dentro da xornada pola que opte, agás cando por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas a/o nena/o teña que permanecer un tempo superior, que será autorizado pola delegación provincial da Igualdade e do Benestar correspondente.

2. Calendario.

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así como o 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 4 de setembro.

As/os usuarias/os poderán asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2009 a agosto de 2010.

Por causas debidamente xustificadas pódese admitir a asistencia da/o nena/o os 12 meses. En tales circunstancias deberán formular unha solicitude cunha antelación mínima dun mes, que será autorizada pola delegación provincial correspondente.

A apertura dos centros no mes de agosto implicará que exista demanda suficiente para crear unha unidade internivelar (15 nenos/as de entre 0-3 anos) e, de ser o caso, o seu peche diario realizarase ás 17.00 horas.

Artigo 5º.-Prestacións.

As/os usuarias/os poden optar por unha das seguintes modalidades de servizo:

a) Atención con comedor.

b) Atención sen comedor. O horario para as/os usuarias/os que opten pola atención sen comedor será o establecido polo centro para estes efectos.

c) Aquelas/es solicitantes que asistan ao centro sen opción a comedor poderán ter acceso ao comedor en días soltos sempre que o soliciten cunha antelación suficiente e xustificando a necesidade de acceder a este servizo de xeito puntual, aboando o prezo estipulado.

A opción dos servizos farase constar na solicitude e mantense para todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas, debidamente acreditadas, que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

Artigo 6º.-Prezos.

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os serán os establecidos no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG número 52, do 13 de marzo).

2. Todas/os as/os usuarias/os aboarán a contía de once mensualidades por curso, salvo as seguintes excepcións:

a) As/os usuarias/os inscritas/os en centros localizados en localidades onde non permaneza aberto un centro durante o mes de agosto, logo de xustificación documental de desfrute das vacacións anuais dos proxenitores durante outro período mensual.

b) No caso de que a/o nai/pai ou representante legal solicite a asistencia da/do nena/o ao centro durante os 12 meses do ano, debendo aboar neste caso a cota que corresponda polos doce meses de asistencia a el.

3. No caso de xornadas cunha duración máxima de 4 horas, o prezo que corresponda por asistencia reducirase nun 50 por cento.

4. Se por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días hábiles consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

5. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:

a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a/o delegada/o provincial da Igualdade e do Benestar.

b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento do prezo será desde o mes en que se lle concede a praza.

Artigo 7º.-Renda per capita mensual.

1. Para os efectos desta orde, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezaoito anos ou fillas/os maiores de dezaoito anos con minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para os efectos desta orde, ten a consideración de ingresos a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 8º.-Solicitudes e documentación.

1. As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados recollidos nesta orde:

a) Reserva de praza.

Para a reserva de praza as/os interesadas/os presentarán a solicitude segundo o modelo oficial anexo I.

b) Novo ingreso.

Para solicitudes de novo ingreso presentarase o modelo oficial (anexo II). Neste impreso pódese solicitar praza para dous centros indicando a orde de preferencia.

As/os interesadas/os en participar nas prazas de escolas infantís 0-3 conveniadas coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do programa Cheque infantil, dirixido a aquelas/es que non obteñan praza na 1ª e 2ª opción solicitadas, deberán cubrir o anexo VI, indicando por orde de preferencia ata un máximo de 5 centros dos que se relacionan no anexo VII. De non cubrir o anexo VI, entenderase que desisten desta opción e quedarán excluídas/os da candidatura ao referido cheque.

2. As/os solicitantes dunha praza achegarán xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

b) Unha fotocopia cotexada do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

c) Xustificación de ingresos:

A presentación de solicitude comportará a autorización á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para estes efectos todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar, deberán asinar o anexo V desta orde.

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten os recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica.

Naqueles casos en que por distintas razóns non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais con escasos recursos, será preciso un informe da traballadora ou traballador social do concello.

- No caso das solicitudes de novo ingreso, achegarán ademais:

d) No caso de nenas/os de integración: un informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

e) O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez, se é o caso, só cando non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Outros documentos, se procede, en que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

- As responsabilidades familiares.
- O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- As enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).
- A certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes), da nai, pai, titora ou titor legal.
- A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia).
- A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.
- O título de familia numerosa, só no caso de que non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

g) No caso de mulleres vítimas da violencia de xénero acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testimonio ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG número 152, do 7 de agosto).
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

h) De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas na alínea f), poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente.

3. Os impresos de solicitude -anexo I/anexoII- facilitaranse nos propios centros en que se solicite praza, nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar ou nos enderezos electrónicos http://vicepresidencia.xunta.es ou http://www.galescolas.net.

Artigo 9º.-Lugar e prazo das solicitudes.

1. As solicitudes coa documentación requerida presentarase nos

rexistros das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da provincia onde teña o seu domicilio o solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE número 16, do 19 de xaneiro e BOE número 30, do 4 de febreiro), en adiante LRX-PAC.

2. O prazo para a presentación das solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso será do 9 ao 31 de marzo, ambos os dous incluídos.

Cando a data de remate destes prazos coincida con día non laborable, prorrogarase automaticamente ata o primeiro día laborable.

Artigo 10º.-Tramitación dos expedientes.

As delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, como órganos responsables da tramitación dos expedientes, comprobarán que estes reúnen os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co artigo 71.1º da LRX-PAC, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

As delegacións provinciais e a Secretaría Xeral da Igualdade poderán reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

Artigo 11º.-Avaliación das solicitudes.

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no anexo III, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa, e tras a aplicación deste criterio, terán preferencia as solicitudes de atención con servizo de comedor, e as solicitudes de xornada completa (continuada ou partida) sobre a media xornada.

2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase, en cada unha das delegacións, unha comisión provincial de baremación e selección coa seguinte composición:

   - Presidencia: a/o xefa/e do Servizo de Igualdade.
   - Vogais: o/a director/a do centro, un/unha representante das/os nais/pais das/os nenas/os do centro do que se estean a baremar as solicitudes e un/unha funcionario/a da delegación provincial designado/a pola/o delegada/o provincial que actuará como secretario/a.

   Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. A dirección de cada centro convocará as/os nais/pais a unha reunión que terá lugar anualmente antes de rematar o prazo de solicitudes de reserva de praza, co fin de proceder á elección, mediante votación, e por maioría simple, do/a seu/súa representante na comisión de baremación e selección.

4. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á/ao delegada/o provincial.

A relación provisional de admitidas/os e lista de espera, coa puntuación obtida, poderase consultar nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, así como nas páxinas web http://vicepresidencia.xunta.es ou http://www.galescolas.net e nos respectivos centros.

Artigo 12º.-Reclamacións.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Artigo 13º.-Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a/o delegada/o provincial aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de espera coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso, que se fará pública antes do día 31 de maio.

Esta relación poderase consultar nas delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, así como nas páxinas web http://vicepresidencia.xunta.es ou http://www.galescolas.net e nos respectivos centros.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

2. As/os solicitantes admitidas/os disporán dun prazo de dez días naturais, desde o 1 ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web http://vicepresidencia.xunta.es e http://www.galescolas.net. Para os ingresos fóra do prazo os 10 días naturais contaranse desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza.

3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza . Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.

4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

5. Na relación definitiva de admitidas/os e lista de espera estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que teñan entrada con anterioridade a data de aprobación da antedita relación pola/o delegada/o provincial.

Artigo 14º.-Lista de espera.

1. A lista de espera estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza na 1ª e 2ª opción, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de espera.

3. As/os integrantes da lista de espera que se inscribisen como candidatas/os ao programa de cheque infantil, serán excluídas/os dela ao adxudicárselles as prazas participadas por este programa, aínda no caso de que renuncien a elas.

4. As solicitudes que por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, referidas no punto 2º b) do artigo 3, non se presentaran nos prazos fixados nesta convocatoria, serán tramitadas e baremadas polas comisións provinciais de selección e baremación, que no caso de non adxudicárselles unha praza incluiranse na lista de espera, segundo a puntuación obtida.

Artigo 15º.-Revisión do prezo.

Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

b) As variacións nos seus ingresos, que impliquen unha modificación sustancial na súa capacidade económica. Só se terán en conta as variacións de ingresos cando supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos ingresos declarados na solicitude da praza. Estas variacións deberán ter unha duración temporal dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dun informe dos servizos sociais do concello de residencia ou por calquera outra documentación que, a xuízo da delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, xustifique e permita un novo cálculo da renda per capita da unidade familiar.

Neste sentido a/o beneficiaria/o queda obrigada/o a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación do prezo, de ser o caso, resolveraa a/o delegada/o provincial e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

Artigo 16º.-Baixas.

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:

a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.

c) Polo non-pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.

d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.

e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

2. As baixas motivadas polo establecido na alínea e) resolveraas a Secretaría Xeral da Igualdade, por proposta da/o delegada/o provincial, unha vez escoitada a dirección do centro en que estea a/o nena/o matriculada/o. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da/do delegada/o provincial da Igualdade e do Benestar.

3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranas as/os solicitantes que figuren en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

Disposicións adicionais

Primeira.-No caso das escolas infantís localizadas en concellos limítrofes con outras comunidades autónomas, coa solicitude de praza presentarase o certificado de empadroamento en Galicia da/o nena/o con efecto do día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-As/os solicitantes de praza nas escolas infantís de Celeiro e Marín dependentes da Vicepresidencia que pertenzan ao Réxime Especial do Mar, tanto de reserva como de novo ingreso, aboarán os prezos públicos regulados polo ISM (Instituto Social da Mariña) para este tipo de servizos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "119-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG número 47, do día luns, 9 de marzo de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 4.922, columna dereita, artigo 8º.2 c), segundo parágrafo, cuarta alínea, onde di: «…que acrediten oficialmente a situación económica», debe dicir: «que acrediten oficialmente a situación económica, sempre e cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos ingresos declarados na solicitude da praza, variacións que deberán ter unha duración temporal dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta».

Na páxina 4.924, columna esquerda, artigo 13º.5, onde di: «Na relación definitiva de admitidas/os e lista de espera estarán incluídas...», debe dicir: «Na relación definitiva de admitidas/os estarán incluídas...».

Na páxina 4.924, columna esquerda, ao final do artigo 14º, debe engadirse un quinto parágrafo onde diga: «Na relación definitiva da lista de espera estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que teñan entrada con anterioridade á data de aprobación da antedita relación pola/o delegada/o provincial».

No anexo VII, páxina 4.932, despois do centro «155902 Santa Cristina...», débese engadir:

Ver anexos pdf "119-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG número 47, do luns 9 de marzo de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 4.920, columna esquerda, artigo 2.1.b), último parágrafo, onde di: «Non obstante, poderán eximirse do límite de idade as nenas e os nenos de integración logo da emisión do ditame do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.», debe dicir: «Non obstante, poderán eximirse do límite de idade as nenas e os nenos de integración logo da emisión do ditame do equipo de orientación para a súa posterior solicitude de flexibilización de escolarización á Inspección Educativa da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente.»

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.

Con data do 9 de marzo de 2009 publicouse a Orde do 2 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.

Publicada a relación provisoria das prazas e estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/xefe territorial, procedeuse á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros, de acordo co establecido no artigo 13 da citada orde.

As reclamacións presentadas ao abeiro do artigo 12 da orde contra as listas provisorias enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva de adxudicatarias/os de praza no departamento territorial, nas páxinas web mencionadas e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conormidade coa orde, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

A Coruña, 25 de maio de 2009.

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.

Con data do 9 de marzo de 2009 publicouse a Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.

Publicada a relación provisoria das prazas e estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/xefe territorial, publicouse a relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros, de acordo co establecido no artigo 13 da citada orde.

As reclamacións presentadas ao abeiro do artigo 12 da orde contra as listas provisorias enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva de adxudicatarias/os de praza no departamento territorial, nas páxinas web mencionadas e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse, presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Ourense, 27 de maio de 2009.

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.

Con data do 9 de marzo de 2009 publicouse a Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.

Publicada a relación provisoria das prazas e estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/xefe territorial, publicouse a relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros, de acordo co establecido no artigo 13 da citada orde.

As reclamacións presentadas ao abeiro do artigo 12 da orde contra as listas provisorias enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva de adxudicatarias/os de praza no departamento territorial, nas páxinas web mencionadas e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 25 de maio de 2009.

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.

Con data do 9 de marzo de 2009 publicouse a Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.

Publicada a relación provisoria das prazas e estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/xefe territorial, procedeuse á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros, de acordo co establecido no artigo 13 da citada orde.

As reclamacións presentadas ao abeiro do artigo 12 da orde contra as listas provisorias enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva de adxudicatarias/os de praza no departamento territorial, nas páxinas web mencionadas e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidde coa orde, para matricularse, presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (http://benestar.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Lugo, 25 de maio de 2009.

120 Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se convocan os cursos que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia.

(DOG nº 51, do 13.03.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, inclúe no seu artigo 5.3º, entre outras áreas de actuación, as relativas á familia, á infancia e á mocidade, e recolle no artigo 26.3º as competencias para a regulamentación das entidades, servizos e centros que presten servizos sociais, establecendo as condicións para o seu funcionamento, a capacitación do seu persoal e demais requisitos. O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, asígnalle as ditas competencias á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A visibilidade da crecente importancia da educación infantil 0-3 anos e a xeneralización progresiva de escolas para este ciclo por todo territorio galego, obríganos a trazar e construír canles que permitan crear nexos de unión e coordinación entre os centros públicos galegos cara ao modelo de educación infantil que queremos para Galicia.

A creación e posta en marcha da Comisión de coordinación pedagóxica para o ciclo 0-3, por resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 19 de agosto de 2008, responsable da organización e coordinación das actividades de formación do persoal, representa non só a materialización dunha necesidade longamente arrastrada senón tamén unha firme determinación para que a educación infantil 0-3 anos poida ao fin afianzarse como o primeiro tramo do sistema educativo máis aló dos textos legais que así o avalan.

A organización dun plan de formación permanente dirixido ao colectivo de profesionais da educación infantil 0-3 é un dos obxectivos desta Comisión de coordinación pedagóxica e un instrumento imprescindible para a definición dun modelo de educación infantil coherente, integrador e enraizado no medio en que nace.

Neste contexto, saíu á luz o Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 anos, enmarcado dentro do Plan de calidade das escolas infantís 0-3 anos 2006-2009, desenvolvido por vez primeira ao longo do ano 2008.

Nesta segunda convocatoria, as actividades formativas que integran o Plan de formación para o ano 2009, aínda que asentadas sobre a mesma estrutura que as ofertadas o pasado ano, experimentan os cambios necesarios para adaptarse ás demandas e suxestións dos e das profesionais que xa participaron nalgunhas actividades formativas do ano 2008.

Así mesmo, este ano 2009 amplíanse as modalidades de formación e ademais dos cursos de actualización científica e didáctica, dirixidos á formación individual dos/as profesionais da educación infantil, recóllense outras posibilidades como o asesoramento pedagóxico aos centros que así o soliciten ou a formación en centros, modalidade formativa dirixida fundamentalmente aos equipos educativos coa finalidade de afondar nalgún aspecto básico do seu traballo, evitando os desprazamentos e aproveitando os recursos do propio contorno.

Do mesmo xeito e igual que no pasado ano, a súa localización vinculada á demanda implica varias edicións en distintas localidades na maior parte das actividades formativas.

Finalmente cómpre salientar que este plan dirixido á actualización e adaptación da formación das e dos profesionais aos requirimentos de carácter socioeducativo que deben prever os centros de educación infantil no presente e no futuro inmediato configúrase, logo da experiencia do ano 2008, como un dos piares fundamentais sobre os que se asenta e que mellor representa a materialización do compromiso da Secretaría Xeral da Igualdade pola mellora da calidade da educación infantil en Galicia.

En virtude do exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é convocar os cursos e demais modalidades de formación que integran o Plan de formación permanente correspondente ao ano 2009.

Artigo 2º.-Modalidades de formación.

As modalidades de formación que se ofrecen neste plan son as seguintes:

1. Cursos de actualización científica e didáctica.

Nesta epígrafe inclúense todas as actividades formativas recollidas no anexo I desta orde.

2. Asesoramento pedagóxico aos centros.

Esta modalidade formativa ten por obxecto axudar os equipos educativos das escolas infantís 0-3 nos seus procesos de desenvolvemento curricular: tanto na elaboración, desenvolvemento e avaliación de programacións didácticas como na aplicación á aula das propostas xurdidas de actividades formativas ou en relación cos materiais didácticos.

Os centros participantes dirixirán a súa solicitude á Comisión de coordinación pedagóxica dependente da Secretaría Xeral da Igualdade. Unha vez aprobada a actividade, a persoa coordinadora de referencia tomará contacto co equipo do centro co fin de deseñar un plan de traballo e facilitar os recursos necesarios para o desenvolvemento do dito plan.

Poderán participar nesta modalidade formativa as escolas infantís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

3. Formación en centros.

Esta modalidade formativa está dirixida aos equipos educativos das escolas infantís que desexen iniciar unha dinámica de traballo conxunto, afondar nalgún aspecto considerado nuclear para o deseño e desenvolvemento da planificación didáctica ou para sensibilizalos cunha forma de traballo.

Nesta modalidade é condición recomendable para a súa realiza-

ción que participen a maior parte dos/as profesionais do centro. Así mesmo, cando se trata de grupos moi pequenos, poden agruparse dous ou tres equipos educativos de escolas próximas e con intereses comúns. Cada grupo de traballo estará constuído por un mínimo de cinco persoas e un máximo de dez, unha das cales asumirá a coordinación do grupo.

Os centros participantes dirixirán a solicitude á Comisión de coordinación pedagóxica dependente da Secretaría Xeral da Igualdade de acordo co modelo establecido no anexo III desta orde, debidamente cuberta e asinada pola persoa que vaia coordinar o traballo, así como o plan de traballo que vai desenvolver. A dita comisión estudará a súa viabilidade e, de ser o caso, colaborará co grupo na definición do proxecto e ofrecerá os apoios formais e materiais necesarios para o desenvolvemento do traballo previsto.

Poderán participar nesta modalidade formativa as escolas infantís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

4. Outras modalidades formativas.

Formarán parte do plan as actividades formativas organizadas baixo modalidades distintas ás previstas nos puntos anteriores como son seminarios en centros, sesións informativas, xornadas ou encontros, aprobadas pola Secretaría Xeral da Igualdade por proposta da Comisión de coordinación pedagóxica dependente dela.

Artigo 3º.-Requisitos dos/as participantes e preferencia no acceso aos cursos.

1. Poderán solicitar a súa participación nos cursos de actualización científica e didáctica convocados os/as profesionais que presten os seus servizos nas escolas infantís 0-3 de Galicia, financiadas total ou parcialmente con fondos públicos, e que se atopen en situación de servizo activo ou excedencia por coidado de fillo/a ou de familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos cursos relacionados no anexo I.

Toda persoa solicitante que no momento do inicio do curso correspondente se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da relación de admitidos/as.

2. O acceso ás actividades convocadas seguirá a seguinte orde de preferencia na adxudicación das prazas de acordo cos criterios de selección especificados para cada curso:

a) Profesionais que presten os seus servizos nas escolas infantís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

b) Profesionais que presten os seus servizos nas escolas infantís de titularidade municipal e nas dependentes de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos no anexo I para cada un dos cursos, desexen participar en calquera das actividades formativas, presentarán a súa solicitude de acordo co modelo establecido no anexo II, que poderán descargar na sección de formación da páxina web da Rede Galega de Escolas Infantís (www.galescolas.net).

Xunto co anuncio das actividades formativas concretarase o lugar e datas de realización de cada unha delas.

2. O prazo de inscrición para cada unha das actividades permanecerá aberto durante vinte (20) días naturais contados desde o anuncio da actividade correspondente na páxina web www.galescolas.net, anuncio que se publicará cunha antelación mínima de corenta (40) días á data de realización da actividade de que se trate.

A inscrición poderá realizarse por calquera das seguintes vías:

- Correo ordinario:

  Servizo de Infancia e Programas Especiais.

  Secretaría Xeral da Igualdade.

  Edificios administrativos San Caetano.

  15781 Santiago de Compostela.

- Fax:

  981 95 76 90.

- Vía telemática:

  Páxina web www.galescolas.net

3. As persoas que non estean rexistradas como solicitantes dos cursos do Plan de formación 2008 ou aqueloutras cuxa situación laboral sufriu cambios desde a data da súa inscrición, deberán presentar xunto coa súa solicitude unha certificación acreditativa da súa condición de persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou, de ser o caso, de persoal de escola infantil municipal ou de entidade de iniciativa social, con especificación da súa categoría profesional. No caso do persoal das escolas infantís dependentes da Vicepresidencia, comprobarase de oficio a súa condición e categoría.

Artigo 5º.-Criterios de selección para a modalidade de cursos.

1. Os criterios de selección aplicables no acceso ás actividades formativas na modalidade de cursos de actualización científica e didáctica serán os seguintes:

a) Pertenza á categoría profesional a que se dirixe a convocatoria do curso.

b) Orde de presentación das solicitudes por calquera das vías establecidas no artigo 4º desta norma.

c) En cada curso reservarase unha praza para solicitantes que presenten o certificado de recoñecemento do grao de minusvalidez. En todo caso, o número de cursos sobre os que estes/as solicitantes exercen o seu dereito preferente será de dous.

d) As persoas que teñan participado nalgún dos cursos da convocatoria do Plan de formación de 2008, no caso de presentar solicitude de participación para a mesma actividade formativa convocada neste plan quedarán automaticamente excluídas de tal actividade.

2. Cando o número de persoas solicitantes sexa superior ao número de prazas ofertadas elaborarase unha lista de espera. De quedaren

prazas vacantes para calquera dos cursos, procederase ao chamamento telefónico das persoas que figuren na dita lista.

3. O número máximo de cursos para os que poderá ser seleccionado/a cada solicitante será de dous (2). No caso de solicitar un número maior non se lle aplicará o criterio de preferencia.

Non obstante, estes/as solicitantes pasarán ao final da lista de espera para calquera das demais actividades formativas solicitadas.

4. A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso do plan de formación deste ano.

No caso de que o/a solicitante se atope en situación de incapacidade temporal no momento da realización do/s curso/s, deberá comunicar esa circunstancia por escrito co fin de cubrir a vacante producida e evitar a penalización que suporía a non comunicación.

Artigo 6º.-Publicación das listas de admitidos/as.

As listas de admitidos/as de cada curso serán publicadas na páxina web www.galescolas.net dentro dos dez (10) días seguintes ao remate do prazo de inscrición e sempre dez (10) días antes da realización da actividade correspondente.

As persoas seleccionadas recibirán unha notificación automática da súa admisión.

Artigo 7º.-Requisitos de asistencia ás actividades formativas.

1. É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións dos cursos. Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditara documentalmente ante a persoa responsable do curso nun prazo de máximo de 10 días despois de que este finalice e que, en ningún caso, poderá superar o 15% das horas lectivas. A ausencia, mesmo xustificada, superior ao 15% do total das horas lectivas suporá a perda do dereito á obtención do diploma.

A falta de asistencia dun número de horas superior ao 15% das horas lectivas sen xustificación ou a falta de acreditación documental da causa alegada determinará non só a perda do dereito ao certificado senón que poderá ser causa de exclusión das convocatorias dos restantes cursos do Plan de formación correspondente ao ano 2009.

2. Durante a realización das actividades formativas levarase un control permanente de asistencia a través dos sistemas que se establezan para o efecto e, así mesmo, constarán como incidencia as ausencias dentro de cada sesión. Isto implica que o persoal que participe nos cursos terá que anotar a hora de chegada ou saída, no caso de facelo durante a duración oficial do curso, para poder acreditar o tempo que faltou. De non facelo así e realizarse un control de asistencia extraordinario, perderá o dereito a recibir o certificado.

Artigo 8º.-Avaliación e certificados.

A avaliación dos coñecementos adquiridos polo alumnado realizarase segundo os criterios establecidos no deseño de cada unha das actividades que se reflicten no anexo I.

O certificado acreditativo do curso expedirase unicamente a aquelas persoas que o superen cunha avaliación positiva.

Artigo 9º.-Anulación da reserva.

Cando unha persoa seleccionada non poida asistir ao curso para o que está admitido/oa , deberá comunicar a súa renuncia por calquera das vías sinaladas no artigo 4º desta norma, cunha antelación mínima de tres (3) días hábiles á data de inicio do curso de que se trate.

De non facelo así, agás causa xustificada, non poderá ser admitida a ningunha das actividades formativas integradas neste Plan de formación.

A cobertura das prazas vacantes por baixas realizarase segundo a orde da listaxe de inscrición que para estes efectos constitúese en lista de agarda.

Artigo 10º.-Suspensión ou modificación das actividades formativas.

No suposto de que o número de solicitantes a unha actividade formativa sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a Administración reserva para si o dereito a suspender, modificar as datas ou agrupar varias edicións da mesma actividade. Neste suposto a comunicación ás/aos interesada/os farase a través da páxina web www.galescolas.net.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "120-09.PDF"

121 Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

(DOG nº 51, do 13.03.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro (DOG do 10 de outubro).

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Por outra banda, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte é o órgano da Administración do Estado ao que lle corresponde a promoción e o fomento dos programas sociais no marco das obrigas estatais e da cooperación coas comunidades autónomas, cofinanciando estas axudas en materia de primeira infancia (0-3) xunto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a ampliación e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 anos como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas, que contribúa tanto á corresponsabilidade como á conciliación da vida laboral e familiar. Neste sentido, a constitución dunha rede pública galega de centros de educación infantil 0-3 como proxecto artellado e de calidade na que participen as entidades privadas de iniciativa social, é peza fundamental para o logro diste obxectivo. Esta orde de axudas ten como finalidade materializar neste momento de redefinición do modelo da educación infantil 0-3 anos a contribución da Administración galega no sostemento dos centros existentes e fomentar a mellora da súa calidade.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na de Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As axudas que se establecen nos artigos desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312B.481.0 recollida na de Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.242.023,98 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas económicas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

2. Para efectos desta orde, enténdese por nenas/os de 0 a 3 anos, as/os nacidas/os con posterioridade a 31 de decembro de 2006.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

Poderán solicitar estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que estean debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de acordo co disposto no Decreto 291/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG do 14 de novembro), e teña en funcionamento unha/s escola/s infantil/ís 0-3 que desenvolva/n as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpra os requisitos xerais desta orde.

Artigo 3º.-Requisitos xerais.

1. Serán requisitos imprescindibles para resultar entidade beneficiaria das axudas:

   a) Que a escola infantil 0-3 cumpra os requisitos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG do 31 de xullo), e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG do 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se é o caso.

   b) A adaptación da tarifa de prezos da escola infantil 0-3 ao establecido no artigo 9º desta orde.

   c) A adaptación do proxecto educativo da escola infantil 0-3 á estrutura establecida no anexo VII desta orde.

   d) Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas na escola infantil 0-3 de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VI.

   e) Ter xustificado, nos prazos previstos e, en todo caso, no momento de presentar a solicitude de axuda, os gastos correspondentes ás axudas recibidas en anos anteriores con esta mesma finalidade.

2. Co fin de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais ou representantes legais dos usuarios, as escolas infantís 0-3 prestarán servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, e salvo causa xustificada logo de autorización da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Salvo causa de forza maior, as solicitudes para o peche temporal dos centros durante o ano 2009 presentaranse antes do 31 de maio.

3. O cumprimento dos obxectivos específicos establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega para a educación infantil 0-3.

Artigo 4º.-Tipo de axuda.

Nesta orde convócanse axudas para o mantemento dos centros que ten como finalidade compensar os gastos producidos nos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal.
- Gastos de alimentación.
- Outros gastos xerais de mantemento do centro.

Artigo 5º.-Criterios de valoración e concesión.

No caso de non poder atender o total de solicitudes, a adxudicación efectuarase, segundo a maior puntuación acadada, de acordo coa seguinte valoración:

a) As escolas infantís 0-3 que no ano anterior recibiron subvencións da Xunta de Galicia con igual obxecto e obtiveron unha valoración satisfactoria: 3 puntos.

A valoración satisfactoria a que se refire a alínea anterior acreditarase mediante o correspondente informe sobre a execución da actividade subvencionada emitido pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros.

b) As escolas infantís 0-3 que prestan servizo de comedor: 1 punto.

c) Segundo o tempo de funcionamento do centro desde a data do permiso de inicio de actividades:

- Inferior a 3 anos: 1 punto.
- Entre 3 e 5 anos: 2 puntos.
- Superior a 5 anos: 3 puntos.

En caso de empate nas puntuacións, daráselle prioridade ás solicitudes que obteñan máis puntuación na suma das alíneas a) e b).

Artigo 6º.-Módulos de referencia para o cálculo da axuda.

Os módulos de referencia para o cálculo da axuda anual para gastos de mantemento están en función do número de unidades da escola infantil 0-3 e da prestación do servizo de comedor. As contías anuais serán as seguintes:

	Centros con servizo de comedor			Centros sen servizo de comedor
	De 1 a 3 unidades	De 4 a 6 unidades	Con 7 ou máis unidades	
Contía anual por unidade en funcionamento	21.500 €	20.500 €	19.500 €	16.000 €

Para os efectos desta orde enténdese por servizo de comedor cando sexa prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos. En todo caso, este servizo incluirá o xantar e, opcionalmente, o almorzo e merenda e/ou cea. Así mesmo, deberá existir a disposición dos pais unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada á idades dos/das nenos/as.

Artigo 7º.-Límite das axudas.

1. O importe das axudas reguladas nesta convocatoria, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.

2. No caso de non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as entidades que resulten beneficiarias.

3. A contía que se subvencionará non poderá ser por importe superior á diferenza resultante entre os gastos correntes e os ingresos previstos para o exercicio 2009, segundo os datos económicos consignados na solicitude (anexo II).

Artigo 8º.-Renda per cápita mensual.

1. Para os efectos desta orde, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezaoito anos ou fillos maiores de dezaoito anos, cunha minusvalidez superior ao 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para efectos desta orde, ten a consideración de ingresos a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para os efectos desta orde considérase familia monoparental aquela formada pola nai ou o pai solteira/o, segundo corresponda, que non convivan, e os cónxuxes en situación de separación, divorcio ou viuvez.

Artigo 9º.-Prezos.

1. As entidades que sexan beneficiarias destas axudas deberan establecer os prezos por servizos prestados pola escola infantil 0-3, de acordo coas contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG do 13 de marzo), polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2. Os prezos que se establezan, de conformidade co disposto no punto 1 deste artigo, refírense aos servizos básicos prestados pola escola infantil 0-3 ás unidades familiares. Para estes efectos, enténdese por servizos básicos, a asistencia ao centro e o comedor.

3. Se algún centro presta outro tipo de servizo distinto aos especificados no punto anterior, o prezo deste servizo será establecido libremente pola entidade titular do centro e, en todo caso, a súa utilización será voluntaria pola unidade familiar.

Artigo 10º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes presentaranse, segundo modelo oficial (anexo I) acompañadas da seguinte documentación:

a) Datos do centro (anexo II).

b) Proxecto educativo adaptado á estrutura que figura como anexo VII desta orde (extensión máxima de 30 follas en formato DIN A4).

c) Memoria do centro do curso escolar 2007/2008.

d) Acreditación da personalidade e representación do solicitante.

e) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

f) Declaración de todas as subvencións efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entidades privadas (anexo IV).

g) Plan específico do centro sobre o Plan xeral de normalización da lingua galega.

h) Certificación bancaria da conta corrente na que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida agás no caso de entidades beneficiarias das mesmas axudas no ano 2008 e que indiquen unha conta xa certificada.

2. As entidades que no ano 2008 percibisen axudas para o mantemento da escola infantil 0-3 deberán presentar copia da tarifa de prezos vixente na escola infantil 0-3, adaptada ao disposto no artigo 9º. As entidades que soliciten por primeira vez as axudas desta orde, deberán enviar a tarifa de prezos adaptada ao disposto nesta orde, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución favorable. Así mesmo, no caso de que a tarifa de prezos sufra modificacións durante o ano 2009, deberán enviar información destas modificacións no prazo dun mes desde que estas tiveran lugar.

3. Non será necesario presentar documentos xa achegados en convocatorias anteriores, agás que se producisen modificacións ou variacións nestes, de acordo co previsto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Todos os documentos que se acheguen deben presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada.

5. De conformidade coa artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, se é o caso, a entidade beneficiaria autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida, así como ás sancións impostas.

Artigo 11º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

A solicitude e mais a documentación requirida presentaranse nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 12º.-Tramitación dos expedientes.

1. As delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, como órgano responsable da tramitación dos expedientes, realizarán os seguintes trámites:

a) Comprobar que estes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

b) Solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorizacións e Inspección de Centros da Secretaría Xeral sobre as condicións actuais dos centros solicitantes para efectos de constatar o cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como a data do permiso de inicio de actividades.

2. Revisados os expedientes, e completados, se for o caso, as delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar remitiranos ás comisións provinciais de valoración.

3. Unha vez avaliadas as solicitudes, as comisións provinciais de valoración emitirán informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4. As comisións provinciais de valoración elevarán o informe xunto coas propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución, propoñendo a concesión ou denegación das axudas.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola entidade interesada, poráselle de manifesto para que no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificación que coide pertinentes, de acordo co disposto no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidencia: xefa/e do Servizo de Igualdade.

Vogais: tres funcionarias/os da respectiva delegación provincial designados pola/o delegada/o provincial, unha/un dos cales actuará como secretaria/o.

Artigo 13º.-Resolución.

1. Facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución das axudas, por proposta da comisión de valoración, e despois da súa fiscalización pola intervención, correspóndelles por delegación ás/aos delegadas/os provinciais da Igualdade e do Benestar.

2. A solicitude das axudas deberá resolverse no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da data de publicación

desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

3. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 14º.-Pagamento e xustificación das subvencións.

1. No momento da xustificación da axuda, que será necesariamente antes do 1 de decembro de 2009, e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo o modelo que figura como anexo IV.

2. Unha vez ditada a resolución pola que se conceda a subvención procederase ao pagamento e xustificación da seguinte forma:

A) Para aquelas que non superen o importe de 6.010,12 euros poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada, librándose o 20% restante, unha vez presentada pola entidade a documentación xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto de axuda. En todo caso, o importe do gasto xustificado debe ser igual ou superior á axuda concedida.

B) Nos demais casos poderá facerse efectivo o pagamento da axuda do seguinte xeito:

a) Un primeiro prazo do 50% da totalidade da subvención, en concepto de anticipo, no momento da súa concesión.

b) O 50% restante, unha vez presentada pola entidade a documentación xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda. En todo caso, o importe do gasto xustificado debe ser igual ou superior á axuda concedida.

3. Para xustificar o gasto realizado, as entidades presentarán a seguinte documentación:

a) Orixinal ou ben copia compulsada ou cotexada de facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa. En todo caso, as facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o regulamento do imposto sobre o valor engadido (BOE do 29 de decembro).

b) Unha relación valorada e ordenada cronoloxicamente, por tipo de gasto, onde se reflicten as facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa.

Artigo 15º.-Outras obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais especificamente a:

A) En relación coas solicitudes de novo ingreso para o curso 2009/2010:

a) Facilitar unha copia do modelo de solicitude de axudas que figura como anexo V a esta orde aos solicitantes de praza, co obxecto de que poidan exercer a opción por unha praza do programa cheque infantil en caso de figurar en lista de espera no centro.

b) Remitirlle á delegación provincial da Igualdade e do Benestar, antes do 10 de xuño de 2009, a relación de solicitantes de prazas do centro que se atopen en lista de espera para o curso 2009/2010 e que, pola súa vez, estes optan polo programa cheque infantil. A esta relación xuntaranse as solicitudes de axuda do programa cheque infantil efectuadas polos solicitantes, segundo o modelo que figura no anexo V.

B) O cumprimento dos obxectivos específicos establecidos para a educación infantil 0-3 no Plan xeral de normalización da lingua galega.

C) O cumprimento pola escola infantil 0-3 do proxecto educativo establecido segundo a estrutura que figura no anexo VII desta orde.

D) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

E) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar respecto dos centros subvencionados.

F) Enviarlle á delegación provincial correspondente antes do 31 de xaneiro do exercicio a seguinte documentación:

a) Un balance de ingresos e gastos compresivo de todo o ano natural conforme o modelo establecido no anexo III.

b) Unha relación das/dos usuarias/os do centro onde se indique a seguinte información:

- Nome do pai, nai ou titor legal.
- Nome do/da neno/a.
- Cotas mensuais que aboaron.
- Meses de asistencia ao centro.

O cumprimento deste trámite considérase requisito previo para a concesión de subvencións nos exercicios seguintes.

G) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control

do destino das axudas.

H) As entidades que soliciten por primeira vez estas axudas, no caso de resultaren beneficiarias, deberán adaptar os prezos da escola infantil 0-3 ao disposto no artigo 9º, no prazo dun mes desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

Artigo 16º.-Reintegro.

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas, xunto cos xuros de demora devengados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. No suposto previsto no punto 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio económico 2009.

Segunda.-Sen prexuízo do disposto no título sexto, da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, así como as de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e as previstas na normativa do Consello de Contas.

Terceira.-As entidades beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Apróbase a delegación de competencias nas/nos delegadas/os provinciais da Igualdade e do Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "121-09.PDF"

122 Orde do 3 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, na escola infantil 0-3 de Vite, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e do persoal do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo para o curso 2009/2010.

(DOG nº 52, do 16.03.2009).

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á primeira infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Por outra banda, e dentro da política de fomento da acción social que está levando a cabo a Xunta de Galicia co seu persoal, inclúese, entre outras, a atención ás necesidades derivadas da situación familiar. Tales necesidades, apreciadas pola administración, foron, así mesmo, postas de manifesto en diversas ocasións polas organizacións sindicais con representación entre o citado colectivo.

Polo exposto e sendo consciente a administración das ditas necesidades e co ánimo de facilitar na medida do posible a conciliación laboral, persoal e familiar das traballadoras e traballadores dos servizos centrais da Xunta e do complexo administrativo da Xunta en Vigo, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon á disposición deste persoal en Galicia a escola infantil 0-3 de Vite e a escola infantil 0-3 do complexo administrativo da Xunta en Vigo, para a atención das/os súas/seus fillas/os de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos.

Por todo o exposto, en virtude das competencias que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia na escola infantil 0-3 de Vite da cidade de Santiago de Compostela e para fillas/os do persoal do complexo administrativo da Xunta en Vigo na escola infantil 0-3 do complexo administrativo da Xunta en Vigo, dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, tanto no relativo ás solicitudes de novo ingreso e de reserva de praza como á cobertura de vacantes que poidan producirse ao longo do curso 2009/2010.

Artigo 2º.-Requisitos.

Para a cobertura destas prazas establécense como requisitos:

- Ser filla/o do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia ou do persoal do complexo administrativo da Xunta en Vigo ou estar acollida/o legalmente por algunha/algún delas/es, sen prexuizo do disposto no artigo 7º.2.
- Que a/o nena/o estea nada/o no momento de presentación da solicitude.
- Ter como mínimo tres meses de idade na data de ingreso e non ter cumpridos os tres anos antes do 31 de decembro de 2009.

Artigo 3º.-Servizos.

3.1. Os servizos dos centros desagregándose en dúas opcións: asistencia con comedor e asistencia sen comedor. As/Os usuarias/os que opten polo servizo de asistencia sen comedor, ateranse aos horarios establecidos no centro para estes efectos.

A opción de servizos elixida farase constar nos impresos de solicitude de novo ingreso ou renovación de praza, e deberá manterse durante todo o curso salvo circunstancias sobrevidas, debidamente acreditadas, que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

3.2. A permanencia das/os nenas/os no centro será con carácter xeral dun máximo de oito horas diarias, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas que serán valoradas pola comisión de baremación a que se refire o artigo 8º desta orde.

Artigo 4º.-Solicitudes.

As solicitudes, por parte das/os nais/pais ou representantes legais das/os nenas/os, presentaranse segundo os modelos normalizados recollidos nesta orde:

Anexo I e I bis-Reserva de praza.

Anexo II e II bis-Novo ingreso.

Os impresos de solicitude para a escola infantil de Vite facilitaranse no propio centro, na Secretaría Xeral da Igualdade, no rexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e nos enderezos electrónicos (http://vicepresidencia.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

Os impresos de solicitude para a escola infantil do complexo administrativo da Xunta en Vigo facilitaranse no propio centro, no Servizo de Igualdade da Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra en Vigo e nos enderezos electrónicos (http://vicepresidencia.xunta.es) e (http://www.galescolas.net).

4.1. Reserva de praza.

As nais/pais ou representantes legais das/os nenas/os xa matriculadas/os no centro que desexen renovar praza nel, deberán cubrir o modelo oficial de reserva de praza recollido nesta orde -anexo I ou I bis, no que deberán figurar os ingresos económicos actualizados (última nómina e xustificación de ingresos segundo se establece no punto 2 deste artigo para o novo ingreso).

As variacións alegadas neste anexo serán cumpridamente xustificadas.

Non poderá renovar praza quen no momento de formalizar a súa solicitude teña sen pagar algunha mensualidade de calquera curso.

4.2. Novo ingreso.

A solicitude de novo ingreso formularase segundo o modelo oficial recollido nesta orde, anexo II ou II bis.

Xunto coa solicitude, achegaranse os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI da/o solicitante e, se é o caso, da/o representante legal.
- Fotocopia compulsada do libro de familia, no seu defecto doutro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Fotocopia compulsada da última nómina en que se acredite estar traballando nos servizos centrais da Xunta de Galicia ou no complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.
- Xustificación de ingresos:

A presentación de solicitude comportará a autorización á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para estes efectos todas/os as/os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar o anexo IV ou IV bis desta orde.

Considerarase unidade familiar, para estes efectos, a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de 18 anos, ou fillas/os maiores de 18 cunha minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros da unidade familiar.

- No caso de nenas/os con necesidades de apoio específico, informe do correspondente equipo de valoración e orientación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en que se indique a necesidade de integración da/o nena/o, se é o caso.
- O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez, se é o caso, só cando non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia. Esta circunstancia só se baremará no caso de ter un grao de minusvalidez recoñecido do 33% ou maior.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

5.1. O prazo de presentación das devanditas solicitudes será desde o día da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o día 8 de abril de 2009, ambos os dous incluídos.

Cando a data de remate deste prazo coincida con día non laborable, prorrogarase automaticamente ata o primeiro día laborable.

5.2. As solicitudes de reserva de praza e novo ingreso (anexos I e II) para a escola infantil 0-3 de Vite presentaranse no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as solicitudes para a escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo (anexos I bis e II bis) presentaranse no rexistro do complexo administrativo da Xunta en Vigo, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro e BOE nº 30, do 4 de febreiro).

5.3. Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido no punto 1 deste artigo nos seguintes casos:

a) Nacemento da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

b) Cambio de concello de residencia da unidade familiar.

c) Outras circunstancias que motivadamente aprecie a Secretaría Xeral da Igualdade para as/os solicitantes na escola infantil de Vite ou a delegación provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra para as/os solicitantes na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que a motiva. Así mesmo, estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade da/o nena/o.

Artigo 6º.-Emenda.

No caso de que as solicitudes de reserva de praza ou novo ingreso non reúnan os requisitos exixidos, a Secretaría Xeral da Igualdade, no caso das/dos solicitantes na escola infantil de Vite, ou a Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra para as/os solicitantes na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, requirirán a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, corrixa os defectos detectados, con indicación de que, se así non se fixer, terase por desistida a súa petición.

Artigo 7º.-Baremo de admisión.

7.1. Se a demanda supera a oferta de prazas, aplicaráselle a todas as solicitudes o baremo que a continuación se especifica:

a) As/Os solicitantes con irmá/án cunha praza renovada no centro para o que solicitan a praza terán prioridade na adxudicación de praza.

b) Criterios económicos:

Renda per cápita mensual (RPC) da unidade familiar (nais/pais e fillas/os), referida ao IPREM (indicador público de rendas de efectos múltiples) vixente:

- Inferior ao 50% do IPREM: 4 puntos.
- Entre o 50% e o 75% do IPREM: 3 puntos.
- Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 2 puntos.
- Igual ou superior ao 100% do IPREM: 1 punto.

Entenderase por RPC o resultado de dividir polo número de

persoas que compoñen a unidade familiar (nais/pais e fillas/os), o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para efectos desta orde ten a consideración de ingresos a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro previa á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Criterios familiares:

- Por ocupación laboral da nai: 1 punto.
- Por ocupación laboral do pai: 1 punto.
- Por familia numerosa: 2 puntos.
- Por familia monoparental: 2 puntos.
- Por ter nado a/o nena/o nun parto múltiple: 1 punto.
- Por ter formalizado un acollemento familiar: 1 punto.
- Outras circunstancias sociofamiliares susceptibles de valoración a xuízo da comisión de baremación: ata 3 puntos.

A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o devandito baremo.

Para estes efectos todos os extremos alegados se acreditarán documentalmente.

No caso de obter igual puntuación daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa, e tras a aplicación deste criterio, terán preferencia as solicitudes de asistencia con servizo de comedor.

7.2. Na escola infantil do complexo administrativo da Xunta en Vigo adxudicaranse as prazas conforme a orde de prelación que segue:

1. Persoal da Xunta de Galicia con destino no complexo administrativo de Vigo.
2. Persoal da Xunta de Galicia con destino noutras dependencias da cidade de Vigo.
3. Persoal de servizos do complexo administrativo.
4. Calquera outra persoa que o solicite.

Artigo 8º.-Comisión de Baremación.

A Comisión de Baremación para a escola infantil de Vite terá a seguinte composición:

- Presidente: subdirector xeral da Familia.
- Secretaria/o: xefa/e de sección de Relacións Laborais, dependente da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais.
- Vogais:

  2 técnicas/os da Secretaría Xeral da Igualdade.

  1 funcionaria/o da Secretaría Xeral da Igualdade.

  A directora ou director da escola infantil 0-3 de Vite.

  1 representante sindical do persoal funcionario.

  1 representante sindical do persoal laboral.

A Comisión de Baremación para a escola infantil do complexo administrativo da Xunta en Vigo:

- Presidente: secretaria/o provincial.
- Secretaria/o: xefa/e do Servizo de Igualdade.
- Vogais:

  1 técnica/o do Servizo de Igualdade.

  1 funcionaria/o do Servizo de Igualdade.

  A directora ou director da escola infantil 0-3 do complexo administrativo da Xunta en Vigo.

  1 representante da xunta de persoal.

Artigo 9º.-Relación provisional de admitidas/os.

9.1. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión fará pública a relación provisional de admitidas/os e a lista de espera, coa puntuación obtida por cada unha/un das/dos solicitantes. Esta relación poderase consultar nos servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no Servizo de Igualdade do complexo administrativo da Xunta en Vigo, nas páxinas web: (http://vicepresidencia.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros.

9.2. As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Artigo 10º.-Relación definitiva de admitidas/os.

10.1. Unha vez examinadas e resoltas as posibles reclamacións, farase pública a relación definitiva de admitidas/os e a lista de espera coa puntuación obtida en cada caso, antes do 31 de maio. Tales relacións exporanse nos servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no Servizo de Igualdade do complexo administrativo da Xunta en Vigo, nas páxinas web: (http://vicepresidencia.xunta.es) e (http://www.galescolas.net) e nos respectivos centros.

A comisión elaborará a proposta de selección e determinará a tarifa ou as exencións aplicables en cada caso, sempre de acordo coas tarifas en vigor segundo o disposto no artigo 13º. Resolverá, no caso da escola infantil de Vite, a/o secretaria/o xeral da Igualdade, e para as solicitudes na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo resolverá a/o delegada/o provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en Pontevedra.

10.2. As resolucións recaídas deberánselles notificar as/aos solicitantes admitidas/os. Estas/es terán que matricularse no centro en que obtivesen a praza segundo o disposto no artigo 11º.

Contra estas resolucións que non esgotan a vía administrativa caberá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

10.3. Con carácter xeral o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por

desestimadas.

Artigo 11º.-Matrícula.

As/Os solicitantes admitidas/os disporán dun prazo de dez días naturais, desde o día 1 de xuño ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto xunto co certificado médico da/do nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (http://vicepresidencia.xunta.es) e (http://www.galescolas.net). Para os ingresos fóra do prazo os 10 días naturais contaranse desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza.

A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.

Artigo 12º.-Lista de espera.

12.1. A lista de espera estará constituída polas solicitudes de praza correctamente formuladas que non acaden a puntuación necesaria para obter praza, ordenadas segundo a puntuación obtida.

12.2. As baixas producidas ao longo do curso escolar cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

12.3. As solicitudes que, por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, recollidas no artigo 5º.3, non se presentasen nos prazos fixados nesta convocatoria, serán tramitadas e baremadas para a súa inclusión na lista de espera, ocupando o lugar que lles correspondería segundo a puntuación obtida.

Artigo 13º.-Tarifas.

13.1. Para a determinación das tarifas aplicables procederase segundo o establecido no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG nº 52, do 13 de marzo).

13.2. O pagamento de tarifas será mensual e deberanse aboar nos dez primeiros días de cada mes.

13.3. Todas/os as/os usuarias/os aboarán a contía de once mensualidades por curso, salvo as excepcións recollidas na normativa reguladora destes centros.

13.4. No caso de xornadas con unha duración máxima de catro horas, o prezo que corresponda por asistencia reducirase nun 50 por cento.

13.5. Se por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días hábiles consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

13.6. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado non supón redución ningunha nin exención da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Non obstante, e con carácter excepcional, aquelas/es usuarias/os que por motivos de saúde deixen de asistir ao centro temporalmente estarán exentas/os de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención da tarifa durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a Secretaría Xeral da Igualdade se se trata da escola infantil de Vite na Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra en Vigo no caso da escola infantil do complexo administrativo da Xunta.

13.7. Ao longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) Modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

b) Variacións nos seus ingresos, soamente se terán en conta as variacións de ingresos cando supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos ingresos declarados na solicitude de praza. Estas variacións deberán ter unha duración temporal dun mínimo de catro meses para ser tidas en conta e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dun informe dos servizos sociais do concello de residencia ou por calquera outra documentación que, a xuízo da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou da Secretaría Xeral da Igualdade, se é o caso, xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

Neste senso, a/o beneficiaria/o queda obrigada/o a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación da tarifa, se é o caso, será resolta pola persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para a escola infantil de Vite e pola/o delegada/o provincial no caso da escola infantil do complexo administrativo da Xunta en Vigo e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

Artigo 14º.-Baixas.

Causarase baixa no centro por algunha das circunstancias seguintes:

1. Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

2. Por solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.

3. Por perda da condición de traballadora ou traballador da Xunta de Galicia.

4. Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.

5. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta da/o nena/o para permanecer no centro.

6. Por falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada.

7. Por falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refira a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.

As baixas na escola infantil de Vite serán resoltas pola Secretaría Xeral da Igualdade unha vez oídas/os a dirección do centro e mais a/o interesada/o, agás a reflectida no punto 2.

As baixas na escola infantil do complexo administrativo da Xunta en Vigo serán resoltas pola/o delegada/o provincial unha vez oídas/os a dirección do centro e máis/o interesada/o, agás a reflectida no punto 2. As baixas motivadas polo establecido no punto 5 serán resoltas pola Secretaría Xeral da Igualdade, por proposta da/o delegada/o provincial, unha vez oída a dirección do centro.

As baixas producidas ao longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

Disposición adicional

Primeira.-Considérase persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia o persoal que preste servizos na Presidencia, na Vicepresidencia, nas consellerías e nos organismos autónomos de carácter administrativo con sede en Santiago de Compostela.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "122-09.PDF"

123 Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual dos gastos derivados de actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 60, do 27.03.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, entre outras áreas de actuación, as relativas á familia, infancia e mocidade, e recolle no artigo 26.3º as competencias para a regulamentación das entidades, servizos e centros que presten servizos sociais, establecendo as condicións para o seu funcionamento, a capacitación do seu persoal e demais requisitos. Estas competencias sonlle atribuídas á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, que establece a súa estrutura orgánica.

No marco do Plan de calidade 2006-2009 das escolas infantís 0-3 anos que a Secretaría Xeral da Igualdade ven desenvolvendo, unha das liñas prioritarias de actuación que se pretende impulsar é a formación permanente do persoal das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia, así como tamén fomentar o recoñecemento profesional dos seus traballadores e traballadoras. Por iso, considérase necesario prestarlle todo o apoio para a súa formación, impulsando, promovendo e dando resposta ás súas demandas formativas co fin de ampliar os seus coñecementos e de fomentar a motivación de cara a mellorar o traballo cos nenos e nenas e coas súas familias.

Este plan de formación permanente faise efectivo nas programacións de actividades que a Secretaría Xeral da Igualdade realiza anualmente. Prevense, tamén, as actividades formativas organizadas por outras entidades, públicas ou privadas, que teñen a mesma finalidade, mellorar a calidade da educación na etapa infantil. Para facilitar a participación dos traballadores e traballadoras e que a súa asistencia ás ditas actividades non lles supoña un esforzo económico, a Secretaría Xeral da Igualdade considera necesario establecer unha liña de reintegros individuais para compensar, polo menos en parte, os gastos que delas deriven.

Os reintegros individuais que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05-30.311A.228, recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe total de 6.000 euros.

Esta orde adáptase ao disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, así como aos demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En virtude do exposto, no exercicio das atribucións que me foron conferidas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto desta orde é establecer o procedemento para o reintegro individual dos gastos derivados de actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia, organizadas por entidades públicas ou privadas -agás as programadas pola Secretaria Xeral da Igualdade e pola Escola Galega da Administración Pública- que teñen como finalidade mellorar a calidade da educación e dos servizos complementarios que se prestan nos ditos centros.

2. Os gastos que poderán ser reintegrados son os relativos á matrícula e ao desprazamento derivados de actividades de formación que non teñan un carácter regrado e se realicen durante o ano 2009.

Exclúense os gastos de aloxamento e mantenza.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

Poderán solicitar reintegros individuais por asistencia a actividades de formación as traballadoras e traballadores das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia que acrediten a súa relación funcionarial ou laboral no momento da presentación da solicitude.

Artigo 3º.-Modalidades e contidos das actividades de formación.

1. As actividades de formación para as que se pode solicitar o reintegro individual poden ser nas diferentes modalidades de cursos -presenciais ou telemáticos-, encontros, xornadas, congresos, conferencias, etc.

2. Todas as actividades formativas deberán estar relacionadas con algunha área da educación infantil e preverán os seguintes aspectos ou materias: a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das didácticas específicas da infancia, o coñecemento das tecnoloxías da información e da comunicación, as actividades relativas á normalización lingüística, a formación das didácticas en linguas estranxeiras vinculadas á área da educación infantil, así como aqueles aspectos relativos á organización, coordinación, orientación, titoría e tamén a atención educativa á diversidade, encamiñados todos eles a mellorar a calidade da educación e o funcionamento dos centros. Ocupará un lugar relevante a formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo 7 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Tamén se incluirán as actividades formativas que dalgunha maneira incidan na mellora dos servizos complementarios dos centros.

Artigo 4º.-Contías dos reintegros individuais.

1. A dotación orzamentaria para as actividades de formación será por un importe global de 6.000 euros e financiaranse con cargo á aplicación 05.30.311A.228, recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

2. Os límites dos reintegros individuais que se soliciten establécense en función do custo da matrícula e do lugar onde se realice a actividade:

   - En Galicia, ata un máximo de 300 euros.
   - No resto do territorio do Estado, ata un máximo de 500 euros.
   - No estranxeiro, ata un máximo de 1.000 euros.

3. Para unha mellor distribución do crédito establécense dúas quendas que terán carácter semestral en consonancia coas actividades que se realicen nese tempo. Cada unha delas terá unha dotación de 3.000 euros. De non esgotarse o orzamento do primeiro semestre poderá incrementarse ao da segunda quenda. Unha vez esgotado o orzamento total, serán denegadas as solicitudes que se presenten con posterioridade.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes dos reintegros individuais presentaranse conforme o modelo do anexo desta orde, xunto cos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI.

b) Fotocopia da convocatoria ou programa da actividade.

c) Informe da dirección do centro en que se xustifique a importancia e conveniencia de participar na actividade.

d) Breve memoria explicativa do/a interesado/a sobre os motivos da solicitude da actividade e da súa incidencia no desenvolvemento do seu traballo.

e) Orzamento da matrícula e/ou desprazamento derivados da actividade formativa.

f) Declaración xurada de non estar gozando de licenza remunerada por estudos durante o período de realización da actividade de formación.

g) Certificación bancaria da conta en que se desexe percibir, de ser o caso, o reintegro individual concedido.

Artigo 6.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes, dirixidas á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar -Secretaría Xeral da Igualdade-, presentaranse no rexistro da xeral do edificio administrativo San Caetano -directamente ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes será cunha antelación ao menos dun mes antes do comezo da actividade para a que solicita o reintegro individual.

Artigo 7º.-Tramitación dos expedientes e valoración das solicitudes.

1. Recibida a documentación, de non reunir os requisitos exixidos, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, requiriranse os/as interesados/as para que, nun prazo de dez días, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución nos termos establecidos no artigo 42.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade nomeará unha comisión para valorar as solicitudes que se reunirá periodicamente en función do seu volume, e que estará integrada polas seguintes persoas:

   - Presidente: o subdirector xeral de Familia ou persoa na que delegue.
   - Vogais: a xefa do Servizo de Familia e Programas Especiais e un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral da Igualdade que, pola súa vez, realizará as funcións de secretario/a.

3. As contías dos reintegros individuais fixaranse tendo en conta os obxectivos e características das actividades e a incidencia directa

que poidan ter no traballo da persoa que o solicita.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, á vista da proposta da comisión de valoración, resolverá a concesión ou denegación do reintegro individual no prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude. Entenderanse desestimadas as solicitudes de non existir resolución expresa no prazo de tres meses, contados a partir da data da súa entrada no rexistro xeral.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto, expresamente ou por desestimación presunta, o recurso de reposición.

Artigo 9º.-Xustificación e pagamento.

Unha vez finalizada a actividade, para poder facer efectivo o pagamento do reintegro individual que, en calquera caso, soamente se axustará aos gastos xustificados, as persoas interesadas deberán remitir á Secretaría Xeral da Igualdade, nun prazo de 20 días hábiles desde que finalizou a actividade, a seguinte documentación:

- Relación valorada dos gastos realizados que será conformada polo órgano xestor. Esta relación deberá vir acompañada dos correspondentes xustificantes: documento orixinal de pagamento da matrícula da actividade e/ou dos gastos de desprazamento, segundo corresponda (billete, factura ou declaración xurada de ter realizado o desprazamento en coche propio).
- Copia do certificado de asistencia.
- Breve memoria da actividade desenvolvida.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión dos reintegros individuais regulados nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin. En todo caso, as actividades formativas deberán realizarse dentro do exercicio económico 2009.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias dos reintegros individuais previstos nesta orde.

Disposición transitoria

Primeira.-Poderán acollerse aos reintegros individuais convocados nesta orde as persoas que realizaron actividades de formación durante o período comprendido entre o día 1 de xaneiro de 2009 e a data da publicación desta disposición. Neste caso, as solicitudes deberán presentarse durante os 20 días seguintes ao da súa entrada en vigor.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2009.

Ver anexo pdf "123-09.PDF"

124 Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2009.

(DOG nº 65, do 3.04.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia, establece, no seu artigo 3.2º, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia o impulso dunha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas e as dos seus membros, regulando, segundo o artigo 11.3º, aquelas prestacións económicas ou técnicas que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar.

O procedemento establecido nesta orde non se trata dun procedemento de concorrencia competitiva porque a percepción da prestación está únicamente condicionada polo requisito de non estar obrigado a presentar a declaración da renda por razón dos ingresos obtidos en 2007.

A Xunta de Galicia, co fin de paliar, na medida do posible, os gastos dos primeiros anos de crianza dun fillo/a, establece deducións da cota integra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas polo nacemento de fillos/as. Por outra banda, a Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, prevé na súa disposición adicional sétima que aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, tivesen fillos/as menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2007, nin eles nin ningún dos membros da súa unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período. A percepción desta

prestación axustarase ao procedemento que estableza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pero exixirá xustificación documental dos requisitos precisos para o seu gozo, sen que o mesmo fillo/a poida dar lugar a máis dunha prestación. Esta orde ten por obxecto regular os requisitos e o procedemento para a percepción desta prestación.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento; así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Con este fin, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, na aplicación 05.30.312B.480.0, existe partida orzamentaria consignada pola contía de 4.950.000 euros para as prestacións que se establecen no articulado desta orde. Este crédito poderá ser obxecto de ampliación, tal e como se establece no artigo 7.Un g) da referida Lei 16/2008, de orzamentos.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas cales se rexerá a concesión da prestación familiar por fillo/a menor de tres anos, así como a convocatoria destas axudas para este ano 2009.

Artigo 2º.-Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos na data do 1 de xaneiro de 2009 (nacidos entre o 2-1-2006 e o 1-1-2009, incluídos) e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2007, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período.

   Quedan excluídas aquelas unidades familiares cuxos ingresos, considerados de forma individual ou conxunta segundo a opción de tributación elixida, superasen no exercicio 2007 os 22.000 euros, sumadas as bases impoñibles xeral e do aforro da declaración do IRPF.

   No caso de fillos/as adoptados/as ou acollidos/as entre o 31 de decembro de 2007 e o 31 de decembro de 2008, a prestación concederase durante os tres anos posteriores á data da inscrición da adopción ou do acollemento no Rexistro Civil. Cando non sexa necesaria a inscrición, a prestación concederase a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

2. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.

3. En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

4. Os estranxeiros que residan en Galicia poderán beneficiarse desta prestación sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuíntes para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.

5. As persoas beneficiarias teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Requisitos.

Será requisito necesario para a concesión da prestación:

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que da documentación presentada se poida deducir que isto non é así, poderáselles requirir que presenten documentación complementaria que o demostre.
- Que na data da solicitude os nenos/as convivan coa persoa solicitante.

Artigo 4º.-Tipo de axuda e contía.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo/a menor de tres anos, sendo a contía da prestación de 360 euros por cada un dos fillos/as, sen que o mesmo fillo/a poda dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. Novas solicitudes:

   A solicitude formalizarase no modelo oficial que figura como anexo I desta orde, xunto coa seguinte documentación:

   a) Fotocopia do DNI/NIF ou NIE da persoa solicitante e do seu cónxuxe ou parella.

   b) Fotocopia do libro de familia ou certificación literal de nacemento do rexistro civil de cada un dos fillos/as menores de tres anos.

   c) Certificado de empadroamento conxunto de toda a unidade familiar.

   d) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.

   e) Nos supostos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela.

   f) Fotocopia da folla da libreta ou cartilla de aforros en que figure o número de conta en que se desexe recibir o ingreso, e na cal deberá figurar como titular a persoa que asina a solicitude. No caso de non dispoñer de cartilla ou libreta de aforros, poderá presentarse unha certificación bancaria que indique expresamente que a persoa solicitante é titular da conta a que se refire.

   g) Unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas por este mesmo concepto por calquera administración pública, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades

(anexo III).

Respecto do solicitante, a presentación da solicitude da prestación comportará a autorización da secretaría xeral da Igualdade para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda, e para o pagamento da prestación, sendo necesaria a autorización expresa do resto dos membros da unidade familiar, que deberán presentar debidamente cuberto o anexo II.

2. Solicitudes para persoas anteriormente beneficiarias:

Se a persoa solicitante recibiu a prestación familiar por fillo menor de tres anos no ano 2008 e non ten solicitadas nin concedidas outras axudas por este mesmo concepto, só terá que presentar a solicitude formalizada no modelo oficial (anexo I), sempre e cando non se modificasen as circunstancias persoais, xurídicas e económicas determinantes do dereito de prestación.

Neste caso, poderá obterse a solicitude debidamente cuberta no enderezo http://www.xunta.es/aplicacions/pfc.

Aquelas solicitudes que se presenten eliminando delas algún dos proxenitores que figuraba o ano anterior, deberán estar acompañadas da xustificación documental correspondente:

- En caso de separación, copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- No caso de parellas de feito, certificado de empadroamento conxunto de toda a unidade familiar, que poderá substituírse por un informe dos servizos sociais do concello.
- En caso de falecemento, certificado de defunción ou copia da folla do libro de familia onde figure esta circunstancia.

3. Solicitudes para persoas que non foron anteriormente beneficiarias e solicitaron a prestación.

Deberán achegar a documentación establecida no artigo 5.1º desta orde para as novas solicitudes.

En calquera dos tres casos, se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se presentar a documentación sinalada, requiriráse o interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Lugar e prazo para a presentación de solicitudes.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

2. A presentación da solicitude poderá facerse, á escolla da persoa solicitante, por vía escrita ou por vía telemática:

a) Vía escrita:

A solicitude mais a documentación requirida presentarase na oficina do Rexistro xeral do edificio administrativo San Caetano en Santiago de Compostela ou nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Vía telemática:

A vía telemática establécese como un mecanismo de presentación nun único trámite para aqueles solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

- A persoa solicitante deberá ter sido beneficiario/a destas axudas no ano 2008, e non ter variado as circunstancias persoais, xurídicas e económicas determinantes do dereito á prestación.
- A persoa solicitante non deberá ter solicitadas ou concedidas outras axudas por fillos/as menores de tres anos para esta mesma finalidade.
- As persoas solicitantes deberán posuír un certificado dixital baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, Real Casa da Moeda.

Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet http://www.xunta.es/aplicacions/pfc, onde se disporán os medios de axuda para a presentación de solicitudes.

Unha vez asinado co certificado dixital do solicitante o anexo I da solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

Artigo 7º.-Resolución.

1. Correspóndelle ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar a resolución destas axudas no prazo de 6 meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

2. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución. Neste caso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

Artigo 8º.-Compatibilidade.

As prestacións reguladas nesta orde serán compatibles con calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera enti-

dade privada.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 9º.-Pagamento.

O pagamento das prestacións reguladas nesta orde farase unicamente na conta que os solicitantes fixesen constar no anexo I. Esta conta ten que permanecer activa en canto non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas alleas á propia tramitación do expediente.

O pagamento axustarase ao establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, en todo o que non estea derrogado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios.

As persoas beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

a) Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión das subvencións.

b) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 11º.-Revogación da prestación.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas, xunto cos xuros de demora producidos segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Disposicións adicionais

Primeira.-As persoas beneficiarias encóntrase suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-As prestacións económicas concedidas non se publicarán no Diario Oficial de Galicia, por ser un dos supostos de excepción contidos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 9.3º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.-Facúltase o órgano competente desta vicepresidencia para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta norma.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "124-09.PDF"

125 Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 124, do 26.06.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3º, como un dos obxectivos do sistema galego de

servizos sociais, darlles protección e oportunidades sociais e educativas aos menores de idade.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á 1ª infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312G.470.0 recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. Dado que este programa se estende na súa execución a parte do ano 2010 trátase dun gasto plurianual, polo que o importe destinado ás axudas ascenderá á cantidade de 511.461 euros na anualidade de 2009 e de 1.193.409 euros na anualidade de 2010, correspondente ao curso 2009/2010.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria e regulación do proceso de concesión de axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos mediante o programa do cheque infantil.

Artigo 2º.-Tipo de axuda.

1. A axuda convocada consiste na provisión e cobertura total ou parcial do custo da praza adxudicada nunha escola infantil 0-3 non sostida con fondos públicos ás persoas solicitantes con nenas/os entre 0 e 3 anos a cargo que desexen acollerse aos beneficios do programa cheque infantil.

2. Para os efectos desta axuda establécese o custo máximo da praza segundo o horario e servizos nas seguintes contías:

   a) Praza ofertada durante 8 horas diarias: 130 €/mes.

   b) Praza ofertada durante 8 horas diarias con servizo de comedor: 215 €/mes.

   c) Praza ofertada en horario de tarde: 90 €/mes. Entendendo prazas con horario a partir das 15.00 horas durante catro horas.

   No custo máximo da praza exclúese o prezo de transporte, actividades extraescolares, material escolar, horas complementarias, matrículas e outros análogos, que deberán ser aboadas, cando proceda, pola persoa usuaria.

3. A persoa beneficiaria participará, se é o caso, no pagamento da contía da praza segundo os prezos e tramos de renda fixados no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia

   A contía máxima subvencionable será a diferenza resultante entre o importe máximo por praza segundo a modalidade e a achega que, se é o caso, corresponda aboar á persoa beneficiaria.

4. Como anexo I a esta orde especifícanse as achegas que corresponde aboar ás persoas beneficiarias, así como a contía máxima mensual da axuda por praza segundo a renda per cápita e circunstancias familiares.

5. Para os efectos desta orde, considérase que as/os nenas/os de integración ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo incrementarase na contía correspondente ao custo dunha praza (130 /mes para prazas con só asistencia, 215 €/mes para prazas con servizo de comedor e 90 /mes para prazas en horario de tarde). A unidade familiar aboará ao centro a achega que corresponda segundo o establecido no anexo I.

6. A dispoñibilidade horaria das prazas correspondentes á prestación do cheque infantil estará nas mesmas condicións que o resto de prazas que oferte o centro.

Artigo 3º.-Persoas beneficiarias.

1. Reserva de praza.

   Co obxecto de dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2008/2009, terán preferencia para a concesión das axudas previstas nesta orde as persoas con responsabilidade sobre nenas/os de 0 a 3 anos que no curso 2008/2009 tiveran recoñecida esta axuda. En todo caso, deberán cumprir os requisitos establecidos nesta orde para ser persoa beneficiaria e solicitar a reserva da praza adxudicada no ano anterior.

2. Novas solicitudes de praza.

   Así mesmo, poderán ser beneficiarias do programa cheque infantil, as persoas con responsabilidade sobre nenas/os de 0 a 3 anos:

   a) Solicitantes de prazas, nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, en escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e que non resultaran adxudicatarias/os dunha delas por falta de prazas dispoñibles. Considéraranse solicitantes sempre que exercesen a opción polo programa cheque infantil na solicitude da praza. Neste caso, estas persoas solicitantes en lista de agarda, non terán que presentar a solicitude da axuda regulada nesta orde.

   b) Solicitantes residentes en localidades onde non existan escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e desexen obter praza nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, nalgún centro partícipe do programa existente no concello de residencia, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen as/os nais/pais ou titores legais.

   c) Solicitantes de prazas en horario de tarde.

As persoas que se atopen nos supostos b) e c) anteriores, deberán presentar a solicitude e a documentación correspondente de acordo co establecido no artigo 6º.2 desta orde.

Para os efectos desta orde, enténdese por escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos: as escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, as galescolas dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as escolas infantís 0-3 e puntos de atención á primeira infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e as escolas infantís 0-3 dependentes das entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para mantemento do centro.

3. As persoas beneficiarias só poderán recibir a axuda correspondente a unha das modalidades establecidas.

4. As escolas infantís sostidas con fondos públicos que teñan en lista de agarda solicitantes que optaran polo programa do cheque infantil, deberán remitila ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar xunto coa documentación necesaria para a súa valoración (artigo 6 desta orde) antes do 10 de xullo de 2009. Se no prazo establecido non se presentasen as listas de agarda dos centros sostidos con fondos públicos non se procederá a súa tramitación.

Artigo 4º.-Requisitos das persoas beneficiarias.

1. Para ser persoa beneficiaria das axudas as/os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter unha/un nena/o a cargo nacida/o con posterioridade a 31 de decembro de 2006.

b) Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.

c) Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 1.000 euros.

2. As/os solicitantes que se atopen no suposto do artigo 3º.2 deberán acreditar ademais dos anteriores os seguintes requisitos:

a) Ter cumpridos a/o nena/o a cargo 3 meses na data de ingreso.

b) Ter presentada a solicitude de praza e quedar na lista de agarda para o ingreso nunha escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos, no suposto do artigo 3º.2 a).

c) Que existan prazas correspondentes ao grupo de idade da/do nena/o nos centros partícipes do programa no concello de residencia da persoa beneficiaria, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais ou titores legais.

Artigo 5º.-Renda per cápita mensual.

1. Para os efectos desta orde, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polas/polos nais/pais e fillos menores de dezaoito anos ou fillos maiores de dezaoito anos, cunha minusvalidez superior ao 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para os efectos desta orde, ten a consideración de ingresos, a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. Reserva de praza.

Aquelas/es beneficiarias/os que no curso 2008/2009 gozasen da axuda do programa Cheque infantil e continúen interesados na praza adxudicada no ano anterior, deberán presentar a solicitude simplificada que figura como anexo II a esta orde.

A esta solicitude xuntarase a documentación a que se refiren os puntos 6º.2 d) e 6º.2 e), así como a demais documentación no caso de producirse cambios nas circunstancias familiares.

2. Novas solicitudes de praza.

No caso das/dos interesadas/os que se atopen no suposto do artigo 3º.2 b), así como aquelas/es interesadas/os que soliciten prazas en horario de tarde (artigo 3º.2 c), as solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo oficial (anexo III) subscrita polas/os nais/pais ou representantes legais das/os nenas/os, na que se elixirá ata un máximo de cinco centros da lista de centros partícipes que figuran como anexo VIII a esta orde, detallándose por orde de preferencia. Xunto á solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Datos complementarios (anexo IV).

b) Fotocopia simple do documento nacional de identidade ou outro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

c) Fotocopia cotexada do libro de familia, ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

d) Declaración xurada de non percibir axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outras administracións públicas ou, de ser o caso, relación das solicitadas (anexo V).

e) Xustificación de ingresos:

A presentación de solicitude comportará a autorización ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar tal e como se establece no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar o anexo VI desta orde. Non obstante, a/o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten os recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que

acrediten oficialmente a situación económica.

Naqueles casos en que por distintas razóns non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais con escasos recursos, será preciso un informe da traballadora ou traballador social do concello.

f) Informe do equipo de valoración e orientación dos departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar, servizos especializados de atención temperá da Administración local ou autonómica, ou órganos competentes na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes comunidades autónomas, sobre a necesidade de integración no caso de nenas/os con necesidades de apoio específico.

g) Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

- Responsabilidades familiares.
- Certificado de recoñecemento do grao de minusvalidez alegado polos membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- Xustificante de ocupación ou de desemprego (últimas nóminas, vida laboral, certificación de empresa ou certificación de ser demandante de emprego) da nai, pai, titora ou titor legal.
- Condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia).
- Ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.
- Familia numerosa.

h) No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Calquera outra forma establecida regulamentariamente.

i) De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas na letra g), poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente.

3. No caso de que a documentación resulte incompleta ou defectuosa, o departamento territorial correspondente requirirá á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, achegue os documentos preceptivos ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co art. 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerarase que desistiu da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no art. 42 da citada lei.

Artigo 7º.-Lugar e prazo das solicitudes.

1. As solicitudes coa documentación requirida presentaranse no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde teña o seu domicilio a/o solicitante, sen prexuízo do disposto no art. 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes de reserva de praza, así como para as/os posibles beneficiarias/os do artigo 3.2º b) e 3.2º c), será dun mes desde a publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

3. Con carácter excepcional, poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido no punto 2 deste artigo cando se produza algunha das circunstancias que se indican a seguir:

a) Nacemento da/do nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

b) Fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero.

c) Cambio de concello de residencia da unidade familiar ou outras circunstancias que motivadamente aprecien os departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir acompañadas da xustificación acreditativa da circunstancia que a motiva. Así mesmo, estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade da/do nena/o e de orzamento suficiente para esta finalidade.

No caso das/dos posibles beneficiarias/os do artigo 3.2º a) non será precisa a presentación de solicitudes, considerándose como interesadas/os desde o momento en que formando parte das listas de agarda definitivas en centros sostidos con fondos públicos, exercesen a opción polo programa cheque infantil.

Artigo 8º.-Avaliación das solicitudes.

1. A avaliación das solicitudes e a correspondente proposta de resolución será efectuada pola comisión de avaliación de solicitudes, que se constituirá en cada departamento territorial.

2. A comisión de avaliación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidencia: a/o xefa/e do servizo con competencias na materia.
- Vogais: tres persoas traballadoras do respectivo departamento territorial, nomeadas pola/o xefa/e territorial competente na materia, unha das cales actuará como secretaria/o.

A esta comisión poderá asistir tamén, con voz per sen voto, un/unha representante da intervención competente.

Artigo 9º.-Criterios de valoración das solicitudes.

1. As comisións de avaliación, tendo en conta o orzamento asignado para este programa e a dispoñibilidade de prazas nos centros partícipes, elaborará a relación priorizada de persoas beneficiarias segundo os seguintes criterios:

   a) Terán prioridade as persoas beneficiarias que no ano anterior gozasen desta axuda e pola súa vez optasen por reservar a praza adxudicada no curso 2008/2009. Naqueles casos en que non fose posible adxudicarlles a mesma praza, adxudicaráselle outra de similares características no mesmo centro ou noutro, o máis próximo ao da praza do curso 2008/2009.

   b) Peticións de nenas/os con irmá/n, ás/ns con praza renovada para o curso 2009/2010 e opten polo mesmo centro.

   c) O resto das peticións que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4º, seleccionaranse de acordo co baremo que figura como anexo VII a esta orde.

   Unha vez avaliadas as solicitudes, as comisións territoriais de valoración emitirán informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

   As comisións de avaliación elevarán o informe xunto coas propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución, propoñendo a concesión ou denegación das axudas.

   Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola/o interesada/o, poráselle de manifesto para que no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificación que coide pertinentes, de acordo co disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Na proposta de resolución figurarán por separado a relación de beneficiarias/os que reservan a praza adxudicada no ano anterior e as/os novas/os beneficiarias/os indicando si se dan as circunstancias da letra b) do punto 1 deste artigo. Esta relación de persoas beneficiarias deberá indicar a correspondente puntuación e a asignación do centro no que se lle adxudica unha das prazas do programa do cheque infantil, con especificación, se é o caso, da axuda e da achega que lle corresponda. Na relación de persoas beneficiarias que reservan a praza non figurará a puntuación. No caso de que a demanda de axudas superase a oferta dispoñible, elaborarase unha lista de espera coa puntuación obtida en aplicación do baremo por cada unha delas.

   A/o solicitante que rexeite unha praza adxudicada polo procedemento establecido nesta orde, quedará excluído da lista de espera a que se refire o parágrafo anterior.

3. Con posterioridade á primeira comisión de avaliación de axudas, a dita comisión poderase reunir tantas veces como sexa preciso ao longo do curso 2009/2010, para realizar novas propostas de adxudicación de prazas, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria e prazas ofertadas polos centros partícipes.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución das axudas, por proposta da comisión de avaliación, e despois da súa fiscalización pola intervención, correspóndelles aos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

2. As/os xefas/es territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar, á vista da proposta da comisión de avaliación, ditarán a resolución pertinente, na que se fixará a praza correspondente nun centro partícipe e os termos da axuda, especificando, se é o caso, a parte de pagamento correspondente á persoa beneficiaria. O seu contido seralles notificado ás/aos interesadas/os de acordo co establecido no artigo 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude das axudas deberá resolverse no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da data da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

4. Notificada a resolución definitiva, as persoas beneficiarias do programa disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

   Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-Procedemento de materialización da axuda.

1. No prazo de 15 días posteriores á notificación da resolución da axuda, a persoa beneficiaria deberá confirmar a praza no centro asignado, doutro xeito considerarase decaída no seu dereito.

2. As persoas beneficiarias recibirán cheques infantís mensuais que entregarán ao centro partícipe xunto coa achega, se é o caso, nos dez primeiros días do mes das prestacións. O centro entregaralle á persoa beneficiaria o correspondente xustificante de pagamento e a factura polo total do servizo, con especificación da achega que lle corresponde aboar.

3. Os cheques serán efectivos a partir da data que se fixe na resolución de concesión da axuda, podendo ser esta data anterior á data

da resolución, sempre que a persoa beneficiaria comezase a gozar do servizo. En todo caso, o primeiro mes en que se realice a prestación, as/os beneficiarias/os non recibirán o cheque infantil que lles puidese corresponder, senón que este será aboado de oficio pola Administración ao centro partícipe.

O prazo máximo que se lle concede á persoa beneficiaria para comezar a gozar do servizo é de quince días contados desde a data na que o cheque comeza a ser operativo, salvo prórroga excepcional proposta pola comisión de avaliación cando se acredite causa xustificada de demora.

4. Unha vez realizada a prestación do servizo, o centro enviará á xefatura territorial correspondente unha relación certificada das persoas beneficiarias segundo os servizos prestados, xunto aos cheques infantís correspondentes.

Os centros partícipes, antes de que se proceda á tramitación da fase de proposta de pagamento, terán que acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Cambio de centro partícipe.

Durante o curso 2009/2010 as xefaturas territoriais, dentro do ámbito provincial, poderán autorizar á persoa beneficiaria o cambio de centro partícipe cando existan motivos excepcionais debidamente xustificados non previsibles no momento da solicitude. En todo caso, estas autorizacións estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade da/do nena/o.

As solicitudes para cambio de centro partícipe dirixiranse á xefatura territorial que corresponda acompañadas da xustificación acreditativa da circunstancia que motiva o cambio.

Artigo 13º.-Baixas.

Serán causas de baixa no programa do cheque infantil e na praza asignada no centro partícipe do dito programa, algunha das circunstancias seguintes:

1. Non acudir ao centro asignado dentro dos 15 días seguintes á data que figura na resolución para ser efectivo o cheque ou ben non poñerse en contacto co centro nese período.

2. A falta de asistencia continuada ao centro durante 15 días sen causa xustificada.

3. Incumprimento do deber establecido no artigo 11º.2 respecto da entrega do cheque infantil ao centro e pagamento, se é o caso, da achega correspondente.

Artigo 14º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais especificamente a:

a) Facilitarlles aos órganos competentes toda a información necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente a que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

b) Destinar o cheque infantil á finalidade para a que se concede.

c) Comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu outorgamento.

Artigo 15º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se execute o proxecto ou se adopte o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade

de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global as dispoñibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade e a dispoñibilidade de prazas nos centros partícipes do programa nas localidades en que se solicitan.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias nas/nos xefas/es territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos e ordenar os correspondentes pagamentos ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-No caso de nenas/os con irmá/n, ás/ns con praza reservada nun centro partícipe do programa cheque infantil e que resulten adxudicatarias/os dunha praza nunha escola infantil 0-3 dependente da Xunta de Galicia, se exercesen a opción establecida no artigo 3º.2 a) para este programa, continuarase a tramitación do expediente de solicitude da axuda regulada nesta orde. De ter prioridade para obter a axuda do programa cheque infantil para o centro no que reserva praza a/o irmá/an, a comisión de avaliación antes de elevar a proposta ao órgano competente para a súa resolución daralle o dereito de opción á/ao beneficiaria/o por unha das dúas prazas.

Quinta.-As axudas concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán por ser un dos supostos de excepción contidos no artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 9.3º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral de Familia e Benestar para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Ver anexos pdf "125-09.PDF"

126 Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 181, do 15.09.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3º e), como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal familiar e laboral, e no artigo 3º i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia no CAL se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar no título I, ámbito competencial e organización xeral da consellería, artigo 1º, recolle, entre outras, como competencias da Consellería de Traballo e Benestar os servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

A Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a ampliación e mellora das escolas infantís 0-3 anos como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, que contribúa tanto ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas, como á corresponsabilidade e á conciliación da vida laboral e familiar. A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil 0-3 anos, como proxecto articulado e de calidade, en cooperación cos concellos, é peza fundamental para o logro deste obxectivo.

Neste contexto a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, mediante o convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diversos concellos o 3 de xullo de 2006 (DOG do 7 de xullo), supón un importante cambio no sistema de xestión e financiamento deste tipo de servizos; xa que unha das finalidades deste ente é a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís 0-3, e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos. Polo tanto, aqueles concellos que participan como membros de pleno dereito do consorcio, e no que atinxe ao réxime de mantemento e mellora, observarán o pactado no marco do ente interadministrativo, quedando o réxime transitorio de financiamento establecido nesta orde para os concellos que non integran o consorcio ou que pertencendo ao consorcio non iniciasen o proceso de transferencia de

xestión dos centros ao consorcio.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312G.460.2, recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e o importe destinado a elas ascenderá a 2.523.844,00 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Capítulo I

Normas xerais

Parte xeral

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular as bases que rexerán o procedemento de concesión de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais de Galicia.

Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán solicitar estas axudas as corporacións locais galegas que, ademais dos requisitos xerais e específicos establecidos nesta orde, reúnan as seguintes condicións:

   a) Que teñan en funcionamento ou ben unha/s escola/s infantil/ís 0-3 ou ben un/s punto/s de atención á infancia (PAI) da súa titularidade.

   b) Que a corporación local non pertenza ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou, no caso de pertenza ao consorcio, que, tendo subscrita a súa adhesión, non iniciase o proceso de transferencia da xestión do/s centro/s da súa titularidade no momento de remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes, circunstancia esta última que se acreditará mediante a correspondente certificación da xerencia do consorcio.

2. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria aquelas nas cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

Artigo 3º.-Requisitos xerais.

Ademais dos requisitos específicos establecidos para cada tipo de centro, deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

1. Que o centro reúna os requisitos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG do 31 de xullo), e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG do 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se é o caso.

2. Co fin de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar das/os nais/pais ou representantes legais dos usuarios, os centros prestarán servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, e salvo causa xustificada, logo de autorización da Consellería de Traballo e Benestar.

3. Ter xustificado, nos prazos previstos, e en todo caso no momento de presentar a solicitude de axuda, os gastos correspondentes ás axudas recibidas en anos anteriores con esta mesma finalidade.

Artigo 4º.-Tipo de axuda.

Nesta orde convócanse axudas para o mantemento dos centros que teñen como finalidade compensar os gastos producidos nos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal.
- Gastos de alimentación.
- Outros gastos xerais de mantemento do centro.

Artigo 5º.-Criterios de valoración e concesión.

O procedemento de concesión das axudas solicitadas ao abeiro desta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade co disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de non poder atender o total de solicitudes, a adxudicación efectuarase segundo a maior puntuación acadada de acordo coa seguinte valoración:

a) Centros pertencentes a corporacións locais que en anos anteriores recibiron axudas ou subvencións da Xunta de Galicia con igual obxecto e obtiveron unha valoración satisfactoria: 3 puntos.

   A valoración satisfactoria a que se refire a alínea anterior acreditarase mediante o correspondente informe sobre a execución da actividade subvencionada emitido polo órgano administrativo competente en materia de autorización e inspección de centros de servizos sociais.

b) Segundo o tempo de funcionamento do centro desde a data do permiso de inicio de actividades:

- Inferior a 3 anos: 1 punto.
- Entre 3 e 5 anos: 2 puntos.
- Superior a 5 anos: 3 puntos.

Artigo 6º.-Financiamento.

As corporacións locais deberán participar no financiamento polo menos cun 30 por 100 do orzamento total do centro.

Artigo 7º.-Límite das axudas.

O importe das axudas reguladas nesta convocatoria en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

Artigo 8º.-Solicitude e documentación.

1. As solicitudes presentaranse segundo o modelo oficial (anexo I) xunto coa seguinte documentación:

   a) Datos do centro (anexo II).

   b) Certificación da contía establecida nos orzamentos da corporación local da cantidade específica destinada ao mantemento do centro.

   c) Certificación bancaria da conta corrente na cal se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida, agás no caso de corporacións locais beneficiarias das mesmas axudas no ano 2008 e que indiquen unha conta xa certificada.

   d) Memoria do centro do curso escolar 2007/2008.

   e) Declaración de todas as solicitudes de subvencións efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entidades privadas (anexo IV).

   f) Normativa municipal de prezos do centro ou no seu defecto certificación sobre a tarifa de prezos.

   g) No caso de escolas infantís 0-3, proxecto educativo adaptado á estrutura que figura como anexo VII desta orde (extensión máxima de 30 follas en formato DIN A4).

2. Os documentos que se acheguen deben presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada.

3. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a entidade solicitante indica que certa documentación exixida neste procedemento xa está en poder de calquera órgano da Administración actuante e desexa acollerse ao establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, debera facer constar a data e o órgano ou a dependencia en que foi presentada ou, se é o caso, emitidas e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

4. As corporacións locais que soliciten por primeira vez as axudas desta orde, no caso de resultar beneficiarias, deberán enviar a normativa municipal de prezos adaptada ao disposto no artigo 19º desta orde no prazo de catro meses desde a notificación da resolución favorable. Así mesmo, todas as corporacións locais beneficiarias das axudas deberán informar de todas as modificacións de prezos que se produzan durante o ano 2009.

Artigo 9º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. Segundo o establecido no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, de ser o caso, a entidade beneficiaria autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas.

Artigo 10º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. A solicitude e mais a documentación requirida presentaranse na Consellería de Traballo e Benestar, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

   Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 11º.-Tramitación dos expedientes.

1. A Secretaría Xeral de Familia e Benestar, como órgano responsable da tramitación dos expedientes, realizará os seguintes trámites:

   a) Comprobar que estes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previsto, no artigo 42 da mesma lei.

b) Solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais sobre as condicións actuais dos centros solicitantes para efectos de constatar o cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais.

c) Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiraos á comisión de valoración.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración para estes efectos.

A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a persoa titular da Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Vogais: tres funcionarios/as designados pola conselleira de Traballo e Benestar por proposta da/o secretaria/o xeral de Familia e Benestar, actuando un deles como secretario/a.

Á dita comisión poderá asistir tamén, con voz pero sen voto, unha/un representante da intervención competente.

3. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios e contías establecidos nos artigos 5º, 17º e 21º desta orde, a comisión de valoración emitirá informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A persoa titular da Secretaría Xeral de Familia e Benestar elevará o informe xunto coas propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución, propoñendo a concesión ou denegación das axudas.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas ás aducidas pola entidade interesada, formularase unha proposta de resolución provisional que se lle notificará á entidade interesada para que no prazo de 10 días presente as alegacións que crea pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta feitos nin outras alegacións que as aducidas pola entidade interesada, tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 12º.-Resolución.

1. A resolución das axudas, por proposta da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, e despois da súa fiscalización pola intervención, corresponderalle a Conselleira de Traballo e Benestar, no prazo máximo de seis meses contados a partir da data de publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo do establecido no artigo 44 de dita lei.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

4. Notificada a resolución definitiva, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. No momento da xustificación da axuda, que será necesariamente antes do 10 de decembro de 2009 e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a entidade beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (anexo IV), tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a seguir:

a) Para aquelas que non superen o importe de 18.000 € poderá anticiparse ata un 80 por 100 da contía outorgada, librándose o 20 por 100 restante unha vez presentada pola corporación local certificación expedida polo órgano competente na cal se especifique a cantidade exacta do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda.

b) Para aquelas que superen os 18.000 €, ademais da cantidade indicada no punto anterior, poderá anticiparse un 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 €, a cantidade restante librarase unha vez presentada pola corporación local certificación expedida polo órgano competente na que se especifique a cantidade exacta do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda.

A corporación local receptora deberá presentar antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, un balance de ingresos e gastos compresivo de todo o ano natural conforme o anexo III, no caso de centros con xestión indirecta xuntarase, así mesmo, unha conta de resultados cuberta pola empresa segundo o modelo anexo III bis.

Así mesmo, a dita corporación deberá emitir no prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que se rexistrou na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

Artigo 14º.-Reintegro.

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas, xunto cos xuros de demora xerados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se é o caso, nas normas

reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido no artigo 87 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

Artigo 15º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As corporacións locais beneficiarias das axudas están obrigadas a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais especificamente a:

1. Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar respecto dos centros subvencionados.

2. Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

4. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento da actividade obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

5. Informar a Secretaría Xeral de Familia e Benestar sobre a obtención doutras axudas ou sobre a modificación das circunstancias que incidan na concesión da subvención.

Capítulo II

Sección primeira

Parte específica de axudas a escolas infantís 0-3

Artigo 16º.-Requisitos específicos.

1. Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VI.

2. A adaptación do proxecto educativo á estrutura establecida no anexo VII desta orde.

Artigo 17º.-Módulos de referencia para o cálculo da axuda.

1. Os módulos de referencia para o cálculo da axuda anual para gastos de mantemento están en función do tipo de xestión, do número de unidades da escola infantil 0-3 e da prestación ou non do servizo de comedor. As contías anuais serán as seguintes:

Contía anual por unidade en funcionamento	Centros con servizo de comedor			Centros sen servizo de comedor
	De 1 a 3 unidades	De 4 a 6 unidades	Con 7 ou máis unidades	
Servizos prestados directamente pola corporación local	11.900 €	11.200 €	10.500 €	9.100 €
Servizos prestados de forma indirecta a través de contrato de xestión de servizos públicos	10.500 €	9.800 €	9.100 €	7.700 €

Para estes efectos enténdese por servizo de comedor cando sexa prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos. En todo caso este servizo incluirá o xantar e opcionalmente o almorzo e merenda e/ou cea. Así mesmo, deberá existir á disposición dos pais/nais unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada á idades dos/das nenos/as.

2. Para aqueles centros en que, logo de autorización da Consellería de Traballo e Benestar, non se preste servizo os doce meses anuais, poderá reducirse a contía que corresponda subvencionar na proporción correspondente ao tempo en que non estea o centro en

funcionamento.

3. A contía que se subvencionará non poderá ser por importe superior á diferenza resultante entre os gastos correntes e os ingresos previstos para o exercicio 2009 segundo os datos económicos consignados no anexo II (datos do centro).

4. A contía total da axuda terá como límite máximo o 50 por cento do orzamento do centro.

5. No caso de non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as entidades que resulten beneficiarias.

Artigo 18º.-Renda per cápita mensual.

1. Para efectos desta orde, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezaoito anos ou fillos maiores de dezaoito anos, cunha minusvalidez superior ao 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para efectos desta orde, teñen a consideración de ingresos a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para os efectos desta orde e para os efectos de cálculo da renda per cápita mensual teranse en conta os ingresos correspondentes ao ano 2007.

4. Para os efectos desta orde considérase familia monoparental aquela formada pola nai ou polo pai solteira/o, segundo corresponda, que non convivan, e os cónxuxes en situación de separación, divorcio ou viuvez.

Artigo 19º.-Prezos.

1. Sen prexuízo da autonomía municipal, as corporacións locais que sexan beneficiarias destas axudas deben asumir a obriga de establecer como prezos máximos para aboar polos/as usuarios/as das escolas infantís 0-3 as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG do 13 de marzo), polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Os prezos sinalados nos puntos anteriores refírense aos servizos básicos prestados pola escola infantil 0-3 ás unidades familiares. Para estes efectos, enténdese por servizos básicos a asistencia ao centro, o comedor e o transporte.

3. Se algún centro presta outro tipo de servizo distinto aos especificados no punto anterior, o prezo deste servizo será establecido libremente pola corporación local titular do centro, e en todo caso, a súa utilización será voluntaria pola unidade familiar.

Artigo 20º.-Obrigas específicas para as escolas infantís 0-3.

1. En relación coas solicitudes de novo ingreso na escola infantil 0-3:

A) Adaptar os modelos de solicitude de praza que conterán, como mínimo, a información do modelo que figura como anexo V desta orde. A/o solicitante de praza deberá achegar xunto coa solicitude a documentación que corresponda en cada caso.

B) Puntuar as solicitudes de novo ingreso de acordo co baremo que figura como anexo VI a esta orde.

C) Enviar aos departamentos territoriais competentes en materia de familia e benestar a relación de solicitantes que figuran en lista de espera para o curso 2009/2010 e que, pola súa vez, opten por unha praza do Programa cheque infantil. Esta relación deberá indicar a seguinte información:

a) Nome e apelidos do/a neno/a.

b) Nome e apelidos do/a solicitante.

c) Idade do/a neno/a.

d) Puntuación que corresponde en aplicación do baremo a que se fai referencia nesta epígrafe.

e) Renda per cápita da unidade familiar.

Xunto a esta relación enviarase copia das solicitudes en lista de espera e a documentación que se tiver en conta para puntualas.

2. Cumprimento do proxecto educativo establecido segundo a estrutura que figura no anexo VII desta orde.

3. Adxudicar praza na escola infantil 0-3, con carácter urxente, aos/ás fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. As corporacións locais que soliciten por primeira vez estas axudas, no caso de resultar beneficiarias, deberán adaptar os prezos da escola infantil 0-3 ao disposto no artigo 19º, no prazo de tres meses desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

Sección segunda

Parte específica de axudas a puntos de atención á infancia (PAI)

Artigo 21º.-Módulo de referencia para o cálculo da axuda.

1. O módulo de referencia para o cálculo da axuda para mantemento será de 14.000 euros anuais por centro.

2. Naqueles centros en que, logo de autorización da Consellería de Traballo e Benestar, non se preste servizo os doce meses do ano, poderá reducirse a contía que corresponda subvencionar na proporción correspondente ao tempo en que non estea o centro en funcionamento.

3. A contía que se subvencionará non poderá ser por importe superior á diferenza resultante entre os gastos correntes e os ingresos pre-

vistos para o exercicio 2009 segundo os datos económicos consignados no anexo II (datos do centro).

4. A contía total da axuda terá como límite máximo o 70 por cento do orzamento do centro.

5. No caso de non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as corporacións locais que resulten beneficiarias.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins. En todo caso, as actuacións que se subvencionen deberán realizarse dentro do exercicio económico 2009.

Segunda.-Sen prexuízo do disposto no título noveno da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, as corporacións locais beneficiarias quedan obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar a Consellería de Traballo e Benestar, así como ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería Facenda e as previstas na normativa do Consello de Contas.

Terceira-As corporacións locais beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral de Familia e Benestar para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2009.

127 Orde do 7 de setembro de 2009 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas entidades locais de Galicia.

(DOG nº 182, do 16.09.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais establece, no seu artigo 53, que nos orzamentos xerais da comunidade autónoma se consignarán as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, así como á súa participación no financiamento de servizos, programas e prestacións do sistema. Así mesmo, o artigo 54 expresa a obriga dos concellos de consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a creación, o mantemento, a xestión e o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia.

A Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e co Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia así como co Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outras consellerías.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece, no seu artigo 15 a), como unha medida de prevención de posibles situacións de risco, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas técnicas dirixidas a cubrir as necesidades básicas e a mellorar o contorno familiar.

A existencia dunha rede de profesionais que desenvolven os programas para a educación familiar nas entidades locais galegas ten un carácter estratéxico para as políticas públicas de familia, tanto polo labor de prevención como de orientación e asesoramento que prestan, rede coordinada pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, á que lle corresponde tamén o seguimento do programa, e segundo a distribución territorial, aos equipos de Tecendo redes sitos nas oficinas de Igualdade e Benestar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A Xunta de Galicia, en consecuencia, mediante esta orde de subvencións apoia a existencia, mantemento e coordinación desta rede en cooperación coas entidades locais.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

As subvencións que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312A.460.0, recollida na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e o importe destinado a elas ascenderá a 1.197.500 euros, que poderá verse incrementado con outras achegas da Administración pública para o mesmo fin. Este incremento non suporá resolucións a novos beneficiarios.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o cal foron establecidos.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva, e aprobar as bases polas que se rexe a concesión das subvencións para o financiamento de programas para a educación familiar que desenvolverán as entidades locais, a través de persoal técnico especializado que se incorporará ao equipo de servizos sociais comunitarios.

Artigo 2º.-Entidades destinatarias.

Poderán concorrer os concellos que presenten un programa para a educación familiar de forma individual ou as agrupacións de concellos que acorden desenvolver o programa de forma conxunta.

Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual. De darse o caso darase validez á solicitude realizada de forma conxunta.

Artigo 3º.-Obxectivos do programa.

1. O obxectivo do programa é a intervención social individualizada de carácter integral en núcleos familiares que se atopan en situación de dificultade social ou risco. Esta intervención recollerá tanto actuacións socioeducativas e asistenciais, como de inserción sociolaboral.

2. Os proxectos deberán ter un carácter integral, de xeito que se estableza unha diagnose individual de cada núcleo familiar obxecto da intervención, así como a planificación de actuacións encamiñadas á superación da situación que presente o núcleo familiar.

3. A intervención familiar terá un carácter continuado co fin de acadar os obxectivos propostos para cada núcleo familiar e dotará as familias das competencias necesarias para que acaden a súa plena autonomía na solución de problemas de cara ao futuro e á súa participación social.

4. Establecéranse mecanismos de coordinación cos recursos e servizos existentes na zona que interveñen nalgún aspecto da vida familiar, co fin de facilitar o carácter integral da intervención social realizada.

5. As actuacións de prevención, formación e sensibilización social abertas á comunidade tratarán de fomentar a participación da cidadanía, a creación de grupos e o desenvolvemento comunitario.

Artigo 4º.-Persoal.

1. O persoal técnico especializado, que contrate a entidade local para desenvolver o programa para a educación familiar, deberá ter preferentemente a titulación en educación social.

   Tamén poderán ser contratadas persoas con titulación de psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, traballo social, así como diplomadas en maxisterio que con anterioridade ao ano 2004 viñan desenvolvendo o programa.

2. O persoal técnico especializado que contrate de novo a entidade local para o desenvolvemento do programa deberá ser acreditado pola Comisión de Valoración.

3. A categoría profesional do persoal técnico especializado será, como mínimo, do grupo II corresponderá a diplomatura exixida.

4. A contratación de persoal realizaraa directamente a entidade local, excluíndo as formas de xestión indirecta.

Artigo 5º.-Funcións do persoal.

1. Os proxectos recollerán actuacións nas áreas de: funcións, roles e responsabilidades das familias, habilidades e competencias parenterais, educación para a saúde e afectivo-sexual, formación para o emprego, seguimento escolar e prevención do absentismo escolar, vivenda, etc. acordes coa diagnose realizada de cada núcleo familiar. Así mesmo, incluirán un sistema de indicadores que permita a valoración continua e final da intervención social realizada.

2. O persoal técnico especializado que desenvolve o programa realizará, entre outras, as seguintes funcións:

   a) Intervención personalizada con familias con diferentes necesidades, especialmente con aquelas que se atopen nunha situación social máis complexa.

   b) Intervención grupal para reforzar as competencias e habilidades traballadas nas actuacións individualizadas con diferentes membros das familias.

   c) Intervención educativa na comunidade, poñendo especial énfase na colaboración con outros programas comunitarios que primen a inserción social dos membros da familia en contextos de aprendizaxe.

   d) Detección temperá de necesidades educativas nas familias, atendendo á especial relación de coordinación coas escolas infantís e os centros educativos da zona.

   e) Deseño, posta en marcha e avaliación dos proxectos individualizados de intervención social coas familias e de programas preventivos e comunitarios en colaboración con entidades públicas e/ou de iniciativa social.

   f) Incorporación da perspectiva de xénero no traballo realizado coas familias.

   g) Emisión de informes sociofamiliares, en que se recollan os datos da intervención profesional levada a cabo coa familia.

   h) Coordinación con outros axentes que se relacionen coas familias desde outros ámbitos.

   i) Promoción do acceso das familias ás redes e recursos comunitarios.

Artigo 6º.-Contía da subvención.

1. A subvención determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de baremación establecidos no artigo 10, tendo en conta que a súa contía máxima anual non pode exceder de 18.000 euros por cada concello solicitante que desenvolva o programa ao longo de todo o ano, e pode chegar a subvención ata 36.000 euros no caso de agrupacións de concellos ou cando estes superen os 50.000 habitantes.

2. Os importes máximos anuais reduciranse á metade cando se trate de profesionais a media xornada. Para estes efectos, considérase media xornada aquela que non supere o 50% das horas establecidas para a xornada a tempo completo.

3. As entidades locais deberán participar no financiamento do progra-

ma cunha porcentaxe mínima do 25% do custo total do programa.

4. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde serán compatibles e complementarias coas convocadas para o financiamento dos gastos de persoal mediante a orde anual pola que se convocan as subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Artigo 7º.-Normas xerais sobre as subvencións.

1. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. O exceso obtido sobre o custo da actividade será causa de perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención ou, de ser o caso, de reintegro do percibido.

3. Unha vez notificada a concesión da subvención, as entidades locais disporán dun prazo de dez días para remitir aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar certificación acreditativa da retención no seu orzamento do 25%, ou porcentaxe maior, de ser o caso, do custo previsto para o programa.

Artigo 8º.-Presentación das solicitudes: documentación, lugar e prazo.

1. As solicitudes das subvencións presentaranse segundo o modelo oficial que se achega como anexo I a esta orde e deberán xuntarlles os seguintes documentos:

a) Proxecto do programa (anexo II).

b) No caso de solicitude de subvención por parte de agrupacións de concellos, deberán presentar certificación do acordo de colaboración entre os concellos e de delegación no concello que exercerá a representación.

c) Certificación da entidade local da continuidade da/o técnica/o en intervención familiar acreditada/o, coa expresión do tipo de contrato, categoría profesional e duración.

Enténdese por persoal técnico de continuidade aquel acreditado pola Comisión de Valoración en anos anteriores, sempre e cando non houbera unha interrupción no seu contrato de traballo maior a 3 meses, independentemente de que recibisen ou non subvención.

d) No caso de facer nova contratación, certificación da entidade local en que conste a relación das/os candidatas/os presentadas/os e, de ser o caso, a/o candidata/o seleccionada/o. E ademais, os curriculum vitae correspondentes (anexo III).

e) Unha declaración de todas as solicitudes de subvencións efectuadas ou concedidas, para este mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

f) Relación de postos de traballo da entidade local en que deberán figurar o/s posto/s de técnica/o en intervención familiar ou técnica/o do programa para a educación familiar, ou noutro caso copia compulsada do/s contrato/s de traballo do persoal técnico adscrito ao programa.

g) Certificación da entidade local acreditativa de que nos seus orzamentos existe partida orzamentaria suficiente para esta finalidade, segundo a porcentaxe indicada no proxecto do programa (anexo II), que será como mínimo do 25% do orzamento total previsto no programa.

h) Se é o caso, documento que exprese o compromiso de utilización da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) No seu caso, documentación que acredite a composición multidisciplinar do equipo.

2. Esta documentación poderá presentarse nos rexistros onde están sitos os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), ou ben en calquera dos rexistros establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

4. Segundo o artigo 15.1º de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, do programa e crédito orzamentario ao cal se imputen, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida, e a finalidade ou as finalidades da subvención.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará, na súa páxina web oficial, a relación das entidades beneficiarias co importe das subvencións concedidas; polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, se é o caso, a entidade beneficiaria autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a incluír e facer público, nos rexistros públicos de axudas, subvencións, convenios e de sancións regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á subvención recibida así como ás sancións impostas.

Artigo 9º.-Emenda de defectos.

As respectivas unidades administrativas das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar responsables da tramitación do procedemento de concesión de subvencións reguladas nesta orde comprobarán que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos. En caso contrario, procederán a reclamarlles por escrito ás entidades interesadas que emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos para poder completar o expediente, co apercibimento de que, se así non o fixesen nun prazo de dez días, se terán por desistidas da súa petición, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 10º.-Criterios de baremación das solicitudes.

As solicitudes recibidas serán valoradas seguindo os seguintes criterios:

a) Proxectos presentados por agrupacións de concellos: 1 punto.

b) Persoal adscrito ao programa:

Persoal xornada completa con contrato anual: 3 puntos.

Persoal xornada parcial con contrato anual: 2 puntos.

Persoal xornada completa contratado por un período inferior a un ano: 0,25 puntos por mes ou fracción.

Entendendo por contrato de traballo a xornada ou tempo parcial aquel en que o número de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano da prestación de servizos é inferior á xornada de traballo dunha/dun traballadora/or comparable coa xornada de tempo completo, segundo o Estatuto dos traballadores e as modificacións posteriores do Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, e da Lei 12/2001, do 9 de xullo.

c) Composición multidisciplinar do equipo (varias/os técnicas/os en intervención familiar con diferente titulación académica dentro do exixido no artigo 4.1º desta orde): 1 punto.

d) Achega económica municipal:

Superación do 45% do orzamento total previsto no programa: 4 puntos.

Entre o 36% e o 45% do orzamento total previsto no programa: 3 puntos.

Entre o 25% e o 35% do orzamento total previsto no programa: 2 puntos.

Artigo 11º.-Comisión de Valoración.

1. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

Presidenta/e: a/o xefa/e de servizo da área de familia e benestar

Vogais:

- Tres traballadoras/es da xefatura territorial designadas/os pola/o xefa/e territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Actuará como secretaria/o unha/un das/os traballadoras/es anteriormente mencionadas/os. En caso de empate dirimirá o voto de calidade da Presidencia.

Artigo 12º.-Resolución.

1. Correspóndelle á/ao xefa/e territorial da Consellería de Traballo e Benestar, por proposta da Comisión de Valoración, a resolución destas subvencións por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita resolución terá lugar no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e seralle notificada á entidade local pola/o xefa/e territorial da Consellería de Traballo e Benestar. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención (artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades locais beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. No momento da xustificación da subvención, que será necesariamente antes do 1 de decembro de 2009, e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, a entidade beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, procederase á xustificación e ao pagamento na forma que se indica a seguir:

2.1. As subvencións poderanse facer efectivas da seguinte forma: para aqueles que non superen o importe de 18.000 euros poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada, librándose o 20% restante unha vez presentada pola entidade local certificación expedida polo órgano competente, en que conste a cantidade exacta do gasto realizado na finalidade obxecto da subvención.

2.2. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros poderá anticiparse, ademais, un 10% adicional sobre o importe que excede os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

3. As actuacións que se subvencionan deberán efectuarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009 e, consecuentemente, os xustificantes de pagamento que soporten as ditas actuacións poderán referirse a custos cuxa xeración corresponda ao dito período. No entanto, e motivado polos prazos impostos polo peche do exercicio orzamentario, a documentación correspondente aos gastos previstos para o mes de decembro pode ser requirida con anterioridade ao seu pagamento efectivo, na forma que oportunamente se comunique, coa finalidade de ser realizada pola comunidade autónoma o correspondente recoñecemento da obriga.

4. As entidades locais deberán emitir, no prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que foi rexistrado na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando o destino final para o cal foi concedida.

5. Aquelas entidades locais que obtiveron subvención para o desenvolvemento do programa para a educación familiar, ao abeiro da Orde do 11 de xuño de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, deberán ter xustificado a totalidade da subvención conce-

dida para o ano 2008, para poder percibir o anticipo a que se refiren os puntos 2.2.1 e 2.2 deste artigo.

6. A entidade local deberá presentar antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, perante a xefatura territorial, a memoria xustificativa da execución do programa de acordo co modelo que figura no anexo IV desta orde. O cumprimento deste trámite considérase requisito previo para a concesión das subvencións nos exercicios seguintes.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades locais.

As entidades locais beneficiarias destas subvencións obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o recollido na súa letra e) de conformidade co artigo 48.1º f) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, no seu parágrafo un sinala que quedan exentos/as de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro as/os beneficiarias/os das subvencións seguintes... Na liña f) refírese ás libradas a favor das corporacións locais e dos seus organismos autónomos e ademais especificamente a:

a) Garantir o principio de transparencia na selección das/dos candidatas/os, dándolle a suficiente publicidade á convocatoria da dita selección.

b) Poñer á disposición das/dos técnicas/os en intervención familiar un espazo físico adecuado así como os medios materiais e tecnolóxicos necesarios para desenvolver con eficacia o seu labor.

c) Integrar o persoal responsable do programa nos servizos sociais comunitarios da entidade local.

d) Coordinarse cos servizos técnicos da Consellería de Traballo e Benestar e co persoal técnico responsable do programa Tecendo redes sito nas oficinas de Igualdade e Benestar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

e) Facilitar a inspección e o control dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar respecto dos programas de intervención familiar.

f) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

g) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 15º.-Reintegro da subvención.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, e no artigo anterior desta orde, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma lei.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das subvencións reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para este fin. En todo caso as actuacións que se subvencionan deberán realizarse dentro do exercicio económico de 2009.

Segunda.-As entidades locais beneficiarias destas subvencións quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, apróbase a delegación de competencias da conselleira de Traballo e Benestar nas/os xefas/es territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no ámbito das súas respectivas competencias, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer o gastos, o recoñecemento de obrigacións e a proposta de pagamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral de Familia e Benestar para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de setenbro de 2009.

Ver anexos pdf "127-09.PDF"

128 Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 202, do 15.10.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23º atribúelle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no seu artigo 1 atribúelle á devandita consellería, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo

co establecido no Estatuto de autonomía e coa constitución.

Esta convocatoria está destinada a estudantes con dificultades económicas, configurándose como medio de axuda para o desenvolvemento dos seus estudos de ciclos formativos de grao superior de formación profesional, universitarios e de doutoramento, así como os técnicos superiores de formación profesional, ao mesmo tempo que acadan experiencia no eido educativo e asistencial nos centros de atención de menores.

No Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade galega para o ano 2009, establécense os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financeira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Estas axudas imputaranse á aplicación orzamentaria 48.02.312B.481.0, que figura nos estados de gastos cun crédito inicial de 96.000 €. O compromiso plurianual adquirido para os exercicios 2009-2010 ascende a un total de 49.350 € distribuídos do xeito seguinte: 24.150 € para o exercicio corrente e 25.200 € para o ano 2010.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Proceder á convocatoria, mediante o procedemento de concorrencia competitiva, de 35 bolsas para a realización de prácticas nos centros de internado de menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar durante o curso escolar 2009-2010. O número e distribución das bolsas figura no anexo II desta convocatoria.

Artigo 2º.-Requisitos dos solicitantes.

Son requisitos para participar na convocatoria os seguintes:

- Ser español/a ou nacional de calquera país membro da Unión Europea, legalmente establecido en España e con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter cumpridos os 25 anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Estar cursando ou ter rematados estudos de formación profesional de grao superior en animación sociocultural, animación de actividades físicas e deportivas e integración social, ou estudos universitarios de psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, mestre de educación primaria ou educación física, traballo social e educación social.
- Non realizar actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea, nin recibir bolsas similares ás desta convocatoria.
- Non ter aproveitado en anteriores convocatorias estas ou outras bolsas de similares características por un período superior a un ano.
- Non padecer defecto físico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. Os interesados deberán presentar a solicitude, que figura como anexo I a esta orde de convocatoria, no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda ao lugar onde estea/n situado/s o/s centro/s nos que solicita a realización da bolsa, ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O solicitante poderá optar unicamente por centros radicados na mesma provincia.

2. A presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos nesta orde.

   Xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación:

   - Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do solicitante ou da tarxeta de residencia en réxime comunitario, no suposto de nacionais da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo legalmente establecidos en España.
   - Acreditación da residencia habitual ou temporal na Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Fotocopia compulsada da matrícula en facultades, escolas universitarias ou centros de formación profesional ou do título que acredite os estudos realizados.
   - Orixinal ou fotocopia compulsada do expediente académico.
   - Xustificación de ingresos da unidade familiar: dúas últimas nóminas, certificación positiva ou negativa de percepción da prestación económica do Inem e xustificación doutros ingresos familiares, se fora o caso.
   - Proxecto de obradoiro que se vai realizar cos menores residentes nos centros que se soliciten.
   - Acreditación, se é o caso, das solicitudes efectuadas e/ou da concesión destas ou similares bolsas en anos anteriores, de acordo co disposto no artigo 2º letra d) desta orde.
   - Certificado médico que acredite non padecer defecto físico que impida o normal desenvolvemento da actividade do centro.
   - Declaración de non realizar actividades profesionais remuneradas por conta propia ou allea, nin recibir bolsas similares ás desta convocatoria.
   - Certificado de minusvalidez, de ser o caso, que acredite un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a

partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento no houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se presentase a documentación a que se refire o punto 2 deste artigo requiriráse ao interesado por escrito a emenda dos defectos que houbese, con indicación de que, se así non o fixese no prazo de 10 días, teráselle por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

En todo caso, e ao abeiro do disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, (DOG nº 221, do 13 de novembro) non se lles exixirá a fotocopia do documento nacional de identidade, certificado de empadroamento e de documentos xerados pola Administración autonómica, nos termos que nos artigos 2, 3 e 4 do citado decreto se establecen.

Artigo 4º.-Contido da axuda.

A concesión da bolsa comporta para o beneficiario:

O aloxamento e mantenza gratuítos no centro durante todo o tempo de realización das prácticas, de tal xeito que se lle permita o/a bolseiro/a a normal realización dos seus estudos.

A asunción pola Consellería de Traballo e Benestar dos gastos seguintes:

- Custos de matrícula ata un importe máximo de 210 euros, logo da correspondente xustificación de terse matriculado nos estudos detallados no artigo 2º desta orde.
- Custos derivados da adquisición de libros relacionados cos estudos cursados, ata un importe máximo de 120 euros, logo da súa xustificación a través da presentación da correspondente factura no prazo de un mes desde que tivo lugar a adquisición.
- O pagamento dunha contía mensual de 120 euros durante nove meses en concepto de bolsa, logo da xustificación polo director do centro da realización das prácticas nos meses correspondentes.

A obtención, unha vez rematada a estadía no centro, dun diploma acreditativo das prácticas realizadas, que lles será entregado polo/a xefe/a territorial do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar logo do informe favorable do director do centro.

A posibilidade de solicitude ás universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, no caso de ser alumnos destas, do recoñecemento de 2 créditos de libre elección curricular.

Para o recoñecemento destes créditos, os alumnos deberán presentar na universidade correspondente a seguinte documentación:

- Diploma ou certificación acreditativa da superación das prácticas realizadas.
- Unha memoria da actividade realizada no centro.

Estes créditos recoñeceranse como de libre configuración curricular, sen que sexa posible superar os límites que, para estes efectos, establecen os correspondentes plans de estudos.

Artigo 5º.-Obrigas dos adxudicatarios.

A condición de bolseiro obriga ao seguinte:

Realizar as tarefas encomendadas pola dirección do centro que se consideren acordes coa natureza da bolsa en horario de actividade extraescolar, debéndose realizar de tal xeito que resulten compatibles co aproveitamento académico do propio bolseiro. Estes contarán co asesoramento e orientación dun titor encargado de coordinar, definir e dirixir as tarefas do bolseiro, papel que será desempeñado polo director do centro onde se realicen as prácticas.

Gardar absoluta confidencialidade sobre a documentación, datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades desenvolvidas consonte o previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Non facer públicos de ningún xeito e en ningún medio de comunicación público ou privado, agás autorización expresa da Consellería de Traballo e Benestar, os datos obtidos ou observados dos que se teña constancia por medio das prácticas realizadas, relativos ás diferentes materias xurídico-administrativas referentes aos centros (funcionamento, actividades, programas, persoal, etc.) que se puidesen coñecer e utilizar en traballos de natureza académica.

Presentar unha memoria da actividade realizada no centro ao termo do período de prácticas e estadía no centro, que lle será remitida ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde radique o centro no que o bolseiro teña desenvolvido as prácticas.

Realizar unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, polo mesmo concepto, das distintas administracións públicas competentes.

Cumprir todas as demais obrigas que se establecen no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 14.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A concesión e desfrute da bolsa non suporá vinculación contractual ou estatutaria algunha entre o bolseiro e o centro ao que quede adscrito, nin implicará ningún compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao cadro de persoal do centro, aínda que si a necesaria e natural coordinación co horario, normas e disciplina deste.

Artigo 6º.-Duración das prácticas.

A duración das prácticas e, polo tanto, as estadías nos centros dos adxudicatarios das bolsas, será do 1 de outubro de 2009 ao 30 de xuño de 2010.

Artigo 7º.-Procedemento para a avaliación das

solicitudes.

Para a adxudicación das bolsas procederase da seguinte maneira:

Constituirase unha Comisión Provincial de Valoración en cada departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, encargada da instrución do procedemento nos termos establecidos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A dita comisión estará presidida polo respectivo xefe do servizo do órgano administrativo responsable en materia de menores e na que actuarán como vogais, un funcionario designado polo xefe territorial e os directores dos centros que deban recibir os bolseiros.

2. A comisión examinará as solicitudes presentadas, valorando no seu conxunto os seguintes datos:

Expediente académico relativo á formación exixida (de 0 a 6 puntos).

Situación económica da unidade familiar (de 0 a 10 puntos).

Grao de coñecemento do idioma galego:

- Iniciación ao galego.
- Perfeccionamento do galego.
- Outros cursos, estudos ou titulacións de galego.

Só se lle concederá validez, no que se refire á acreditación do coñecemento do galego, aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano administrativo competente en materia de política lingüística (de 0 a 4 puntos).

A puntuación máxima total será de 20 puntos.

3. A comisión confeccionará unha lista, por orde de preferencia, das solicitudes recibidas para cada centro, correspondéndolle a esta comisión a realización dos actos de instrución que procedan nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A comisión elevará a correspondente proposta de resolución ao xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar no prazo máximo de quince días, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de que algún solicitante fose seleccionado para máis dun centro, seralle comunicada esta circunstancia, para que no prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da data de recepción da comunicación, opte por un dos centros para os que foi seleccionado.

4. Reservaranse tres bolsas a solicitantes que acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, sempre que, consonte o establecido no artigo 3.2º letra h) non padezan defecto físico que impida o normal desenvolvemento da actividade do centro. No caso de non seren cubertas, adxudicaranse xunto coas demais bolsas.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A concesión das bolsas, unha vez fiscalizadas pola Intervención, corresponderalles, por delegación do conselleiro de Traballo e Benestar, aos xefes territoriais dos departamentos territoriais, segundo o disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que, consonte ao establecido no artigo 23.4º da mesma lei, deberán resolver e notificar no prazo máximo de tres meses. O prazo computarase a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención segundo o previsto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Enténdese como último día do prazo para a interposición dos recursos o correspondente ao mesmo ordinal do día da notificación da resolución. Se o último día de prazo fuere inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

A resolución establecerá os bolseiros adxudicatarios e suplentes por orde de puntuación. Estes últimos serán chamados automaticamente e pola orde establecida, cando por calquera circunstancia algún dos adxudicatarios non puidese formalizar a aceptación da bolsa ou, unha vez iniciadas as actividades, non continuase coa súa execución.

Excepcionalmente, e por causas de índole académica debidamente xustificadas ponderadas pola Comisión Provincial de Valoración, como pode ser o traslado de matrícula a outra universidade, o aspirante poderá solicitar, nos casos en que isto sexa posible, a realización das prácticas en centros doutras provincias.

2. O beneficiario disporá dun prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión para remitir ao departamento territorial correspondente unha comunicación da aceptación da bolsa. De non facelo no prazo indicado, entenderase que se acepta esta.

Non obstante, dentro do prazo indicado, deberán achegar ao departamento territorial unha certificación bancaria comprensiva dun número de conta do que sexa titular para os efectos do pagamento da bolsa. Do mesmo xeito e no mesmo prazo deberá achegar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións ao abeiro do establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como calquera outra documentación alegada na solicitude, que lle fose requirida polo departamento territorial correspondente.

A non presentación en prazo da documentación referida no parágrafo anterior ou a falta de acreditación dos méritos alegados na solicitude suporá a perda do dereito á bolsa, procedéndose a adxudicar esta ao seguinte solicitante que figure por orde de puntuación como suplente na resolución de concesión.

3. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha renuncia ou baixa nas bolsas ofertadas.

4. No caso de que non houbese solicitudes para un centro ou as que houbese fosen valoradas negativamente a bolsa quedará sen adxudicar.

5. Unha vez sexa asignada a bolsa para a realización das prácticas nun centro determinado, deberase pór en marcha o proxecto presentado para ese centro.

6. O beneficiario deberá incorporarse ao centro adxudicado na data sinalada na notificación da resolución. A non incorporación nesa data implicará a perda automática dos dereitos inherentes á bolsa concedida. Non obstante, poderase autorizar un aprazamento de ata un máximo de 15 días hábiles, a partir do día seguinte ao da data sinalada na notificación da resolución, na incorporación á bolsa por petición expresa do beneficiario e por causa debidamente xustificada e acreditada.

   No suposto de incorporación tardía, aínda xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

7. O departamento territorial poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro/a ao destino adxudicado por motivos de enfermidade, accidente ou outras circunstancias, que deberán estar debidamente xustificadas. En todo caso, este tempo non poderá exceder do 20% do tempo total da duración da bolsa.

8. A renuncia, durante o período de goce da bolsa, inhabilitará o seu adxudicatario/a para efectos de presentación na seguinte convocatoria, agás nos casos de forza maior, que serán valorados polo departamento territorial.

Artigo 9º.-Concorrencia con outras axudas.

Consonte o establecido no artigo 2 letra d) desta orde a concesión dunha bolsa é incompatible co aproveitamento doutras bolsas similares ás desta convocatoria.

Artigo 10º.-Natureza da relación entre o bolseiro e a Xunta de Galicia.

A concesión da bolsa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra orde entre a Xunta de Galicia e o adxudicatario.

Artigo 11º.-Perda da condición de bolseiro.

A condición de bolseiro extínguese ao rematar o período ao que se fai referencia no artigo 6º desta convocatoria e por renuncia expresa do interesado.

O incumprimento por parte do bolseiro das súas obrigas, a ausencia inxustificada, ou o incumprimento da disciplina do centro, a obtención da bolsa sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou a súa utilización para finalidade distinta para a que foi concedida, serán causas da perda da condición de bolseiro para todos os efectos, logo de audiencia do interesado nos termos do artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2 A resolución pola que se acorde esta decisión correspóndelle aos xefes territoriais desta Consellería de Traballo e Benestar, logo de instrución do oportuno expediente, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida, e dos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento, nos casos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos do establecido no paragrafo anterior entenderase como causa de reintegro o non cumprimento dalgunha das obrigas establecidas no artigo 5º desta orde.

Artigo 13º.-Actuacións de comprobación.

Os bolseiros, como receptores de axudas, estarán sometidos a todas as actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Traballo e Benestar. Así mesmo, quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control no destino das axudas.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

No caso de obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais haberá que aterse ao disposto no artigo 9º desta orde.

Artigo 15º.-Publicidade das axudas.

De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluirá igualmente as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de competencias nos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co obxecto de resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos, dispoñer o crédito, ordenar os correspondentes pagamentos e o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-As persoas que teñan a condición de bolseiro, como re-

ceptores das axudas ou subvencións, estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Secretaría Xeral de Familia e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Ver anexos pdf "128-09.PDF"

129 Resolución do 19 de febreiro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia.

(DOG nº 55, do 20.03.2009).

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia.

Finalidade da axuda: as subvencións teñen por obxecto financiar programas de intervención familiar que desenvolverán as corporacións locais a través de persoal técnico que se incorporará ao equipo de servizos sociais de atención primaria.

Norma reguladora: Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia. (Diario oficial de Galicia nº 121, do 24 de xuño).

Crédito orzamentario: 2.055.346,92 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312A.460.0.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "129-09.PDF"

130 Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 23 de xullo de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, modificada pola Orde do 5 de decembro de 2008.

(DOG nº 160, do 17.08.2009).

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 23 de xullo de 2008 pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, modificada pola Orde do 5 de decembro de 2008.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG do 31 de xullo) e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e dos centros de atención á infancia (DOG do 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

Norma reguladora: Orde do 23 de xullo de 2008 pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporación locais. (Diario oficial de Galicia nº 149, do 4 de agosto de 2008), modificada pola Orde do 5 de decembro de 2008 (Diario oficial de Galicia nº 241, do 12 de decembro de 2008).

Crédito orzamentario: 2.990.691,17 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 05.30.312G.460.1 e 05.30.312G.460.2.

Estas actuacións están cofinanciadas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas expresado en euros recóllense no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2009.

Ver anexo pdf "130-09.PDF"

131 Resolución do 28 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de febreiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 17 de novembro de 2008.

(DOG nº 164, do 21.08.2009).

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 17 de novembro de 2008.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG do 31 de xullo) e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e dos centros de atención á infancia (DOG do 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

Norma reguladora: Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social (Diario Oficial de Galicia nº 38, do 22 de febreiro), modificada pola Orde do 17 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 232, do 28 de novembro).

Crédito orzamentario: 3.409.754,53 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312B.481.0.

Estas actuacións están cofinanciadas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas expresado en euros recóllense no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2009.

Ver anexo pdf "131-09.PDF"

Inclusión Social

132 Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 18, do 27.01.2009 e resolución de concesión no DOG nº 219, do 9.11.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, establece nos seus artigos 49, 53 e 57 b) que a Administración autonómica poderá establecer subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais para a promoción de actividades básicas ou innovadoras referentes a programas e servizos.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, é o órgano responsable da dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

De acordo coas directrices comunitarias definidas nos cumios europeos de Lisboa e Niza, en materia de protección social no marco de apoio ás políticas destinadas á mellora do emprego e da promoción da inclusión social, elaborouse o II Plan galego de inclusión social desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais.

Un dos principios orientadores na execución das medidas do Plan é o enfoque integrado e a implicación do tecido social, preténdese dar cabida dentro do Plan de inclusión ás entidades de iniciativa social, e ás ONG, aumentando así a súa capacidade de acción para loitar contra a exclusión social, sendo esta orde un dos instrumentos para a súa participación.

Hai que sinalar que esta orde se tramita ao abeiro do disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001, que posibilita a tramitación anticipada de expedientes de gasto, no exercicio anterior ao dos orzamentos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos do exercicio do ano seguinte aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario. O dito trámite de aprobación tivo lugar o día 16 de outubro.

A solicitude, tramitación e concesión das subvencións obxecto desta orde axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas que conceda a Administración autonómica, atendendo, en todo caso, aos principios básicos de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a debida aplicación dos créditos orzamentarios conforme o fin para a que foron establecidos.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións para o ano 2009 ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 2º.-Entidades e organizacións solicitantes.

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as referidas no artigo 32.2º c) da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais: entidades de iniciativa social, sempre e cando reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro, e pola Orde do 5 de febreiro de 1996, que desenvolve o anterior.

b) Carecer de fins de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na comunidade autónoma.

d) Non atoparse en algunha das situacións establecidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Artigo 3º.-Programas e actuacións subvencionables.

De acordo cos obxectivos establecidos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar no ámbito da Inclusión Social e, tendo en conta, as directrices marcadas pola Unión Europea no marco de apoio ás políticas destinadas a mellora do emprego e da promoción da inclusión social, esta orde subvencionará os seguintes programas e actuacións:

a) Actuacións que permitan a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais (mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal, técnicas de busca de emprego, etc.).

b) Actuacións de formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social, que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.

c) Programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral de persoas mozas, mulleres e colectivos con dificultades de inserción.

d) Programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e tutorización para mozos en situación ou risco de exclusión social.

e) Actuacións de acompañamento social, que consistirán na posta á disposición dos usuarios, de servizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento de itinerarios de inserción socio-laboral.

Artigo 4º.-Financiamento.

Na concesión das subvencións reguladas nesta orde destínase a cantidade de 850.000 euros cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312F.481.6 que figura no proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009. A citada contía poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e sempre que o incremento se derivase dos supostos contidos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

1. Serán gastos subvencionables en relación co artigo 3º desta orde os que deseguido se relacionan:

a) Gastos do persoal necesarios para a execución das actividades.

- Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, segundo a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos seus respectivos convenios colectivos.

- As retribucións de persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, modalidade que terá sempre carácter excepcional, nos casos en que polas especiais características da actividade non resulte adecuado a realización polo persoal suxeito á normativa laboral vixente. Estas retribucións quedarán afectadas polas limitacións sinaladas no parágrafo anterior.

- As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos, sempre que non superen no seu conxunto o 4 por 100 do importe total do programa subvencionado.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade.

c) Os gastos xerais serán subvencionados a condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada por esta orde e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

d) O aluguer debidamente xustificado. No caso de que este equipamento sexa destinado tamén a outras actividades, procederase

como no parágrafo anterior, asignando unha prorrata de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

e) Os gastos dos usuarios participantes nas accións incluirán: axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións de participantes y seguros sociais dos alumnos. As bolsas terán unha contía máxima de 7 euros día/lectivo.

f) Renting ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipos, vehículos, infraestruturas, bens inmobles e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación, e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á adquisición destes. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

g) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos, só serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta. No caso de que estes gastos comprendan tamén custos relacionados con actividades distintas das subvencionadas, deberá reflectirse na xustificación, só a parte que proporcionalmente corresponda.

2. Os gastos subvencionados por esta orde deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que se adecúen aos obxectivos e contidos do programa de traballo subvencionado.

b) Que exista constancia documental da súa realización de xeito que se poidan verificar.

3. As dúbidas ou controversias en relación coa elixibilidade dos gastos serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

4. Para os efectos previstos nesta convocatoria, está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. O beneficiario poderá subcontratar ata un límite máximo do 50% do importe da actividade subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a necesidade desta. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

5. Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrencia, estando os subcontratistas obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto a subcontratar supere a contía de 12.000 € no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas achegarase na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención e realizarase, de conformidade cos criterios de eficiencia e economía. Este extremo deberá xustificarse expresamente nunha memoria se a elección non recae na proposta económica máis ventaxosa.

Artigo 6º.-Selección de usuarios.

Serán beneficiarios dos programas ou actuacións subvencionadas os perceptores da renda de integración social de Galicia, persoas en situación ou risco de exclusión derivadas da rede de equipos de inclusión socio-laboral e, en xeral, persoas afectadas por factores de exclusión identificadas no II Plan galego de inclusión social. Na memoria do programa ou actuación (anexo IV) deberán quedar reflectidos os criterios de selección dos destinatarios e o perfil destes.

Artigo 7º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvencións formularanse no modelo publicado como anexo I desta orde, debendo relacionarse nel todos os programas para os que a entidade solicita subvención.

A solicitude e mais a documentación requirida presentaranse nos servizos periféricos ou servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sendo de aplicación en todo caso o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da orde no DOG.

3. A solicitude (anexo I) deberá ir acompañada ademais pola seguinte documentación:

3.1. Relativa á entidade solicitante.

a) Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante e documentación acreditativa suficiente para actuar en nome da entidade (escritura de apoderamento ou, no seu defecto, escritura de constitución ou modificación onde figure o dito nomeamento).

b) Copia compulsada do CIF da entidade.

c) Memoria da entidade segundo o modelo (anexo II).

d) Ficha da transferencia e certificación bancaria da conta corrente na que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida segundo o modelo (anexo III).

e) Declaración responsable de non atoparse incursa nalgunha das situacións establecidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo VII).

f) Declaración das axudas ou subvencións obtidas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou de entes públicos nacionais ou estranxeiros, ou negativa, se é o caso (anexo VIII).

3.2. Relativa aos programas.

a) Programa das actividades que se pretenden realizar (anexo IV). No programa deberanse concretar polo menos os seguintes puntos:

- Denominación de cada programa ou actuación.

- Descrición, fins e resumo do contido de cada programa ou actuación. No caso de acordarse o compromiso de contratación ou de formación laboral a que se refire o artigo 9.a desta orde, achegarase documento acreditativo asinado pola empresa.

- Perfil e criterios de selección dos destinatarios e número de usuarios previstos. Concretarase, se é o caso, unha relación nominal das problemáticas dos usuarios que se van atender.

- Período de execución. Localización territorial.

- Metodoloxía e instrumentos que se van utilizar para o desenvolvemento do programa.

b) Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento (anexo V).

4. Emenda de erros. Os servizos centrais da Vicepresidencia comprobarán que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirán aos interesados para que, no prazo de dez días hábiles, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixesen, se lles terá por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos e no artigo 14.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia comunicaralle ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e publicará na súa páxina web oficial e no Diario Oficial de Galicia, a relación das entidades beneficiarias, o importe das axudas concedidas e demais extremos exixidos na dita normativa. Para estes efectos, o solicitante prestará o seu consentimento expreso no anexo I para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias.

Artigo 8º.-Tramitación dos expedientes.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano encargado do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar emitirá unha certificación relativa das entidades inscritas, para os efectos de comprobar o disposto no artigo 2.a), b) e c).

2. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de valoración de subvencións, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, segundo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

3. A composición da Comisión de Valoración de subvencións será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Acción Social.

b) Vogais: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais e a xefa de Servizo de Inclusión Social. Ademais actuando como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do presidente.

4. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o presidente da Comisión de Valoración de subvencións e, sempre que fose posible, o dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma subdirección ou servizo que o substituído.

Artigo 9º.-Criterios de valoración das subvencións.

O procedemento de valoración terá en conta os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos que se pretenden acadar, en función do contido técnico do programa, así como o seu carácter innovador e especialmente aqueles relativos á inserción laboral prevista cando se trate de proxectos de formación para a inserción laboral. A devandita inserción será especialmente valorada se está avalada mediante o compromiso por parte dunha empresa, ou ben de contrato de traballo, ou ben de realización de prácticas como parte da formación laboral. Ata un máximo de 30 puntos.

b) O número e perfil das persoas usuarias, tanto no que se refire ás súas condicións obxectivas de vulnerabilidade, como especialmente ao feito de seren beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia, serán derivadas dos servizos sociais de atención primaria ou dos equipos de inclusión sociolaboral do II Plan galego de inclusión social. Ata un máximo de 20 puntos.

c) Experiencia na realización de programas de inserción socio-laboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, reflectida na memoria da entidade, así como ter xustificado adecuadamente as axudas económicas recibidas con anterioridade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (anexo II). Ata un máximo de 10 puntos.

d) Programas integrais de carácter transversal en dous ou máis ámbitos da inclusión social (educación e formación, inserción laboral, acción social, vivenda, sanidade). Ata un máximo de 15 puntos.

e) A cofinanciación por parte da entidade solicitante no orzamento total do programa ou actuación ou que reciban financiamento doutras administracións públicas. Ata un máximo de 5 puntos.

f) A coordinación e cooperación cos servizos sociais, equipos de inclusión sociolaboral do II Plan galego de inclusión social e outras entidades ou axentes sociais participantes. Esta coordinación será especialmente valorada se se estima que complementa as actuacións desenvolvidas por estes equipos no marco do territorio por eles atendido. Ata un máximo de 10 puntos.

g) O emprego da lingua galega na realización de actividades para a que se solicita a axuda. Ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación máxima será de 100 puntos.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta pola secretaria xeral do Benestar actuando por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e unha vez informado pola Comisión de Valoración e fiscalizada proposta pola Intervención Delegada.

2. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaranse aos interesados no prazo máximo de seis meses contados a partir do día

seguinte da publicación da presente orde. Se vencese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

3. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sé é o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte do que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdicional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso, ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que consideren oportuno.

4. En todo caso, unha vez recibida a resolución da concesión da subvención a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a aceptación da subvención, comprometéndose a executar o programa ou actuación subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. En aplicación do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe da axuda da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude, a Comisión de Valoración poderá instar nun prazo de dez días a reformulación da solicitude, que respectará o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, a instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións que conceda a Administración autonómica.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e con carácter excepcional poderanse efectuar resolucións complementarias fóra do prazo establecido, cando non fose posible efectualas dentro del, por existir fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou doutro tipo de remanentes. Neste caso, salvo que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas ás consideradas para a resolución inicial.

4. Serán de aplicación aos beneficiarios das subvencións recollidas nesta orde, o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no procedemento previsto no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de subvencións que conceda a Administración autonómica.

Artigo 12º.-Obrigas das entidades subvencionadas.

As entidades que sexan subvencionadas deberán:

a) Acreditar a realización da actividade ou servizo que fundamenta a concesión da subvención, o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativas aos programas e actuacións concedidos, a condición de subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

c) Informar os alumnos que as actuacións nas que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar), así como dos obxectivos dos ditos fondos.

d) O importe das subvencións, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para estes efectos, comunicará a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública, de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución dos programas. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e proceso de datos de seguimento de beneficiarios ás fórmulas que, se é o caso, propoña a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, se así é requirido, incorporaranse como usuarios da aplicación informática deseñada e implantada para o II Plan galego de inclusión social. Para estes efectos, a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar asignaralle á entidade beneficiaria un equipo de inclusión sociolaboral de referencia pertenecente ao II Plan galego de inclusión social.

f) Remitir, como mínimo con catro días de antelación, a data de inicio e remate da actividade, así como o horario, a planificación e o enderezo de realización desta.

g) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

h) Facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Acción Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

i) Contratar un seguro de accidentes para os alumnos ou beneficiarios que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades, como os do traxecto ao lugar onde se impartan as prácticas, se é o caso.

j) Remitir ao remate da actividade unha ficha rexistro de actividades.

k) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Pagamento e forma de xustificación das subvencións.

Respecto á forma de pagamento haberase que aterse ao disposto na Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e ao establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a continuación:

1. Poderán realizarse anticipos de pagamento de ata o 10% logo de solicitude deste, xunto coa presentación da certificación do director ou representante da entidade do inicio da actividade, aceptación da subvención e xustificante de ter gastado e pagado o seguro a que se refire a letra i do artigo anterior. A este anticipo aplicarase o disposto no artigo 17.5º da Lei 7/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Poderán realizarse pagamentos parciais de ata o 80% do importe total, ou ata o 70% no caso de ter solicitado o anticipo a que se refire o punto anterior da subvención concedida, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente. Para facer efectivos estes pagamentos parciais, deberá presentarse a seguinte documentación:

   a) Certificación asinada e selada polo representante da entidade na que se acredite a realización das actividades así como o seu importe.

   b) Relación numerada de facturas con expresión do seu número, data, concepto e importe, acompañada das facturas orixinais que soporten o gasto certificado, ou documento contable de valor probatorio equivalente. Así mesmo, no caso de non ter solicitado o anticipo a que se refire o punto anterior, deberá achegarse co primeiro pagamento parcial o xustificante do pagamento do seguro, nos termos establecidos anteriormente. As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro. Establecerase un sistema de carimbaxe dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións.

   c) Xunto co anterior, as entidades subvencionadas deberán presentar documentos xustificativos de ter realizados os pagamentos do gasto que se certifica.

3. O 20% restante farase efectivo, unha vez xustificada a aplicación da totalidade da subvención e presentada a documentación sinalada no apartado anterior e a que se relaciona a continuación:

   a) Balance de ingresos e gastos, referido ao custo total do programa, segundo o modelo proporcionado no anexo VI, asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención.

   b) Memoria do programa ou actuacións desenvolvidas.

   c) Declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas por esta orde.

4. As actuacións que se subvencionan deberán efectuarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009, e consecuentemente, os xustificantes de pagamento que soporten as ditas actuacións poderán referirse a custos cuxo devengo corresponda ao dito período. No entanto, e motivado polos prazos impostos polo peche do exercicio orzamentario, a documentación correspondente aos gastos previstos para o mes de decembro pode ser requirida con anterioridade ao seu pagamento efectivo, na forma que oportunamente se comunique, coa finalidade de ser realizada pola comunidade autónoma o correspondente recoñecemento da obriga. O pagamento da contía farase efectivo en futuras datas, segundo o establecido nos puntos 2º e 3º deste artigo.

Artigo 14º.-Reintegro das subvencións concedidas.

Para os efectos de reintegro das subvencións, estarase ao disposto no título 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

   a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.

   b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

   c) Incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención.

   d) Incumprimento das obrigas sinaladas nesta orde.

2. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro realizarase, de acordo co procedemento establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e no capítulo II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei 11/1992, de réxime económico e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 15º.-Control.

1. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

2. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. Autorizar a inspección dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aplicará un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás actividades subvencionadas aprobadas para comprobar o grao de cumprimento do destino para o que foi concedida a subvención, e emitirá o correspondente informe.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase expresamente a secretaria xeral do Benestar para actuar por delegación do vicepresidente da Igualdade e o Benestar na resolución das axudas reguladas por esta orde.

Segunda.-Autorízase o director xeral de Acción Social para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2009.

Ver anexos pdf "132-09.PDF"

Resolución do 13 de outubro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas de incorporación sociolaboral que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Norma reguladora: Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (Diario Oficial de Galicia nº 18, do 27 de xaneiro).

Crédito orzamentario: 850.000 euros, na aplicación orzamentaria 02.48.312F.481.6.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Ver anexos pdf "132-09.PDF"

133 Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 44, do 4.03.2009, ordes que a modifican no DOG nº 126, do 30.06.2009, DOG nº 140, do 20.07.2009, DOG nº 152, do 5.08.2009 e DOG nº 228, do 20.11.2009 e resolución de concesión no DOG nº 248, do 22.12.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asigna á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

En virtude dese título competencial aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia (DOG nº 76, do 23 de abril), que recolle no seu artigo 49 a posibilidade de que a Administración autonómica estableza subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro (DOG nº 195, do 10 de outubro), é o órgano ao que lle corresponde o exercicio como propias das competencias e funcións en materia de políticas autonómicas de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, solidariedade, voluntariado, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos menores.

Entre as competencias da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar figura a de realizar a planificación xeral dos servizos sociais e a coordinación dos servizos sociais de titularidade pública con aqueles que prestan as entidades de iniciativa social sostidos con fondos públicos, coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, garantir

a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura da participación da sociedade e dos propios afectados como elemento esencial na provisión de servizos sociais.

Na procura deses obxectivos, considérase axeitado o establecemento de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para a prestacións de servizos sociais, sempre que se axusten á tipoloxía e requisitos legalmente establecidos e se adecúen á planificación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Resulta ademais necesario asegurar a adaptación dos centros que optan a prestar servizos sociais aos requisitos xerais expresados no Decreto 143/2007, do 12 de xullo (DOG nº 147, do 31 de xullo), polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, e aos requisitos específicos de cada unha das tipoloxías, polo que para as subvencións de investimento e equipamento, os proxectos que se presenten deberán acreditar a súa viabilidade con carácter previo á concesión da axuda.

Por outra parte, refúndense nunha soa orde subvencións de diversos tipos e programas de acción social e recóllese expresamente a posibilidade de incrementar os créditos previstos como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Por último, sinálase que a solicitude, tramitación e concesión destas subvencións se axustará ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro (BOE nº 276, do 18 de novembro) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño); e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas que conceda a Administración autonómica (DOG nº 238, do 11 de decembro) en tanto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (DOG nº 23, do 21 de marzo), e polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 4 de agosto) e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a debida aplicación dos créditos orzamentarios conforme o fin para a que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e os regulamentos que a desenvolven, levan a cabo programas e prestan servizos sociais nos seguintes niveis de atención e áreas de actuación:

a) Servizos sociais de atención primaria. Que comprenden os programas de orientación, asesoramento e información; de axuda no fogar; de inserción social; de animación, prevención e fomento da cooperación social; de convivencia alternativa ou calquera outro que dea cumprimento ao obxecto deste nivel de atención, segundo se recolle no Decreto 240/1995, do 28 de xullo (DOG nº 157, do 17 de agosto), que consiste prioritariamente nunha acción social globalizadora e polivalente dirixida ao conxunto da poboación dun ámbito xeográfico determinado. Para estes efectos, consideraranse centros propios deste nivel de atención os centros sociais, centros de día, centros ocupacionais, centros de acollida, albergues e outros nos que se desenvolvan os programas antes citados de atención primaria.

b) Servizos sociais especializados na área de atención as persoas con discapacidade, co obxecto de que estas acaden a súa máxima autonomía e independencia, impulsando a súa participación social e asociativa e facendo efectiva a igualdade de oportunidades a través de accións de apoio de carácter específico, destinadas a previr ou compensar as desvantaxes ou especiais dificultades que teñen as persoas con discapacidade, atendendo os diferentes tipos e graos de discapacidade.

c) Servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores, orientados á consecución do seu benestar, autonomía e integración social.

d) Servizos sociais especializados na área de atención aos menores de protección.

Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as entidades de iniciativa social referidas no artigo 32.2º c) da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, que desenvolvan programas e presten os servizos establecidos no artigo anterior, sempre que se atopen debidamente inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro (DOG nº 218, do 14 de novembro), e pola Orde do 5 de febreiro de 1996 (DOG nº 35, do 19 de febreiro), que desenvolve o anterior, e cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Será requisito previo ao outorgamento das subvencións de investimento para a construción ou modificación substancial de centros de servizos sociais, sempre que se trate de centros que deban obter autorización administrativa para a súa posta en funcionamento, de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, a obtención dun informe favorable sobre a súa viabilidade, emitido pola Subdirección Xeral de Proxectos e Obras.

   En todo caso, a comisión de valoración verificará que a entidade solicitante ten concedida a autorización con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

3. Será requisito previo ao outorgamento das subvencións a entidades para o mantemento de centros nos que se presten servizos sociais a obtención da autorización para o inicio de actividades, prevista no Decreto 143/2007, do 12 de maio (DOG nº 147, do 31 de xullo), polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

   Para solicitar a subvención abondará coa presentación, antes do remate do prazo de presentación das instancias desta orde, da copia da solicitude do permiso de inicio de actividades na que conste o rexistro de entrada e coa que se acredite que se ten iniciado o procedemento. A solicitude do permiso de inicio de actividades presentarase en modelo normalizado e irá acompañada da documentación prevista no artigo 20 do devandito decreto e irá dirixida á unidade administrativa competente para tramitala.

   En todo caso, a comisión de valoración verificará que a entidade

solicitante ten concedido o mencionado permiso con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

4. No suposto de entidades que no exercicio anterior recibisen subvención para mantemento de centros ou promoción de actividades ou asinasen convenios de colaboración coa Xunta de Galicia que tivesen un obxecto semellante ao recollido nesta orde, será requisito previo para a concesión da subvención a presentación do balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural, ao que se refire o artigo 17º (anexo VII) e, no caso das subvencións para promoción de actividades, da correspondente memoria. Ademais, as entidades que percibisen no anterior exercicio unha subvención para mantemento de centros de servizos sociais condicionada ao outorgamento do permiso de inicio de actividade, deberán acreditar que o obtiveron ou que se manteñen as condicións que determinaron ese outorgamento pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

5. As entidades que accedan a esta convocatoria deberán dedicarse con carácter preferente, en concordancia cos seus estatutos, á realización de actuacións recollidas no artigo 1º.

6. As subvencións para mantemento de centros e promoción de actividades de servizos sociais especializados reguladas nesta orde non son compatibles coa reserva de prazas efectuada mediante calquera das modalidades de contratación administrativa entre a entidade solicitante e a Xunta de Galicia nin co mantemento de centros efectuado a través de convenios de colaboración especificamente asinados para tal efecto.

Artigo 3º.-Tipos de subvencións.

Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son os seguintes:

A. De investimento en centros de servizos sociais de atención primaria.

Son gastos elixibles para este tipo:

- A adquisición de inmobles.
- A construción, ampliación, reforma e mellora da accesibilidade de inmobles.
- O equipamento e a moblaxe.

B. De mantemento en centros, equipamentos e servizos sociais de atención primaria.

Inclúense neste tipo aqueles centros, equipamentos e servizos que complementen os ámbitos de intervención social da rede pública concertada de servizos sociais neste nivel de atención. Os contidos dos centros e servizos elixibles para seren subvencionados con cargo a esta orde axustaranse ao tipificado nos artigos 2, 3, e 8 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regula este nivel de atención do sistema de servizos sociais.

C. De promoción de actividades e programas básicos, innovadores e complementarios de atención primaria.

Inclúense neste tipo o desenvolvemento de actividades e programas que complementen, amplíen ou innoven os programas básicos de actuación dos servizos sociais de atención primaria referidos no artigo 9 do Decreto 240/1995, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de tres, e indicarase a orde de prioridade entre eles.

D. De investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

Son gastos elixibles para este tipo de subvención:

- A adquisición de inmobles.
- A construción, ampliación, reforma e mellora dos inmobles en xeral.
- A adaptación dos edificios ás condicións de accesibilidade establecidas na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 166, do 29 de agosto) e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, que a desenvolve (DOG nº 41, do 29 de febreiro).
- A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte.

E. De mantemento de centros e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade.

Inclúense, neste tipo, as que teñen por obxecto a colaboración para o desenvolvemento da actividade ordinaria de entidades e centros a través do financiamento de gastos de persoal e de gastos xerais de funcionamento do centro.

F. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de dous, e indicarase a orde de prioridade entre eles.

G. De investimento en centros de servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

Son gastos elixibles para este tipo:

- Reforma e mellora dos inmobles en xeral.
- Adaptación ás condicións de accesibilidade establecidas na Lei 8/1997.
- Equipamentos e moblaxe.

H. De mantemento de centros en centros, equipamentos e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores.

Inclúense, neste tipo, as que teñen por obxecto a colaboración para o desenvolvemento da actividade ordinaria de entidades e centros a través do financiamento de gastos de persoal e de gastos xerais de funcionamento do centro.

I. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados de atención ás persoas maiores, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

Inclúense neste tipo o desenvolvemento de actividades e programas que teñan por finalidade previr a aparición ou o agravamento

de enfermidades ou dependencias e das súas secuelas, mediante o desenvolvemento de actuacións de promoción de condicións de vida saudables, programas específicos de carácter preventivo e de rehabilitación dirixidos ás persoas maiores, programas baseados no envellecemento activo e programas de dinamización, atención e promoción social das persoas maiores.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de tres, e indicarase a orde de prioridade entre eles.

J. De investimento en centros e servizos especializados na área de atención aos menores de protección.

Son gastos elixibles para este tipo de subvención os seguintes:

- A adquisición de inmobles.
- A construción, ampliación, reforma e mellora da accesibilidade de inmobles.
- O equipamento e a moblaxe e as melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal.
- O equipamento tecnolóxico (ordenadores, modems, impresoras, etc.) e comunicacións (acceso á rede, software, etc.).
- A implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores de protección.

O importe mínimo do proxecto para o que se solicita a subvención, será de 18.000 €, de xeito que non se valorarán as solicitudes cuxo importe global polo proxecto presentado sexa inferior ao sinalado.

Artigo 4.º-Normas de carácter xeral para todo tipo de subvención.

a) Tanto nas subvencións de investimento na modalidade de implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores, incluída na área de atención a menores, como nas de mantemento de centros e promoción de actividades, a subvención poderá significar o financiamento total ou parcial do gasto, sen que, en ningún caso, implique duplicidade de financiamento.

b) No caso das subvencións de investimento, o importe da subvención que se conceda poderá alcanzar como máximo o 75% do orzamento presentado.

c) En calquera caso, a suma dos fondos obtidos de calquera administración pública e das subvencións concedidas por todo tipo de organismos privados, percibidas coa mesma finalidade, non poderá superar o importe total do gasto efectuado. Así mesmo, a subvención reducirase proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do gasto para o que foi concedida.

d) Os servizos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento por parte das entidades de iniciativa social participantes dos requisitos exixidos pola Lei de servizos sociais de Galicia e pola súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán solicitar informes dos servizos da rede pública concertada de servizos sociais en canto os aspectos de complementariedade, oportunidade e eficacia dos servizos e programas das entidades solicitantes recollidos nesta orde.

e) As entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica independente que desenvolvan actuacións nun mesmo ámbito territorial, provincial ou supraprovincial, estarán facultadas para solicitar subvencións dirixidas á realización conxunta de actividades con idéntica finalidade, o que se fará constar na correspondente solicitude. As instancias cursaranse individualmente e cada entidade solicitará unha parte proporcional da axuda, de xeito que a suma resultante das subvencións solicitadas por todas elas non poderá superar o custo total da actividade. En todo caso, a presentación dunha solicitude conxunta impedirá a presentación de solicitudes individuais para outra finalidade.

Artigo 5º.-Financiamento.

1. Para a concesión das subvencións, e sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias, que se tramitarán como modificacións da mesma de acordo co previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, existe crédito adecuado e suficiente con cargo á Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, por un importe máximo de 6.653.444 euros, nas aplicacións seguintes:

a) Gastos correntes:

05.41.312A.481.3 polo importe de 2.450.000 euros.

05.41.312F.481.0 polo importe de 32.802 euros.

05.41.312F.481.2 polo importe de 60.282 euros.

05.41.312F.481.5 polo importe de 26.326 euros.

05.41.312E.481.4 polo importe de 1.170.176 euros.

05.41.312A.481.1 polo importe de 900.000 euros.

b) Gastos de investimento:

05.41.312F.781.1 polo importe de 390.000 euros.

05.41.312E.781.0 polo importe de 728.189 euros.

05.41.312A.781.0 polo importe de 245.669 euros.

05.41.312B. 781.0 polo importe de 650.000 euros.

2. De ser o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, consonte ao establecido no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, con cargo ás aplicacións e contías seguintes:

Ano 2010: 2010.05.41.312E.781.0 polo importe de 884.232 euros.

Ano 2011: 2011.05.41.312E.781.0 polo importe de 1.921.913 euros.

3. No caso de que calquera beneficiario das subvencións, de carácter plurianual, para adquisición, construción, reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2007, así como da Orde do 8 de febreiro de 2008, renuncie á subvención que lle foi concedida, os créditos non aplicados e destinados a estas incorporaranse na presente orde na aplicación orzamentaria 05.41.312E.781.0.

4. En calquera caso, a concesión das subvencións reguladas nesta orde limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación requirida.

As solicitudes presentaranse nos modelos publicados como anexos desta orde. Ademais dos modelos comúns a todo tipo de subvención, xunto á solicitude deberanse achegar os documentos específicos para cada tipo de subvención, consonte co seguinte:

A. Documentación común a todo tipo de subvención:

a) Solicitude (anexo I).

b) Memoria da entidade que se axustará ao modelo do (anexo II), contendo os datos básicos de identificación e unha presentación da entidade que recolla, como mínimo, as epígrafes sinaladas neste anexo.

c) Datos financeiros da entidade solicitante (anexo III), que inclúe a ficha bancaria e a declaración relativa á non percepción doutras axudas.

d) Certificación expedida pola entidade bancaria sobre a titularidade da conta corrente na que se ingresará a subvención.

e) Acreditación da personalidade e representación do solicitante. Para a acreditación da personalidade deberá achegarse fotocopia do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

f) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

g) Ficha de entidades, de centros ou de fundacións e establecementos, segundo corresponda (anexos VIII, IX ou X).

As entidades que solicitasen subvención no exercicio anterior quedarán exentas de presentar a documentación prevista nas epígrafes d), e) e f), sempre que non se producisen modificacións no seu contido, circunstancia que será acreditada mediante certificación simple expedida polo representante da entidade.

B. Documentos específicos para as subvencións de investimento (subvencións do tipo A, D, G e J das relacionadas no artigo 3º desta orde):

Deberase achegar o anexo IV, que se presentará para todo tipo de solicitude de investimento, no que se identifica o centro, o tipo de axuda, a área de atención e o proxecto. No suposto de subvencións que supoñan un custo superior a 3.000 euros, presentaranse certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para os efectos de obtención de axudas e subvencións públicas, así como o certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa comunidade autónoma.

Ademais, segundo os casos, os seguintes documentos:

B.1. Subvencións para adquisición de inmobles:

a) Certificado do Rexistro da Propiedade no que figuren as cargas que puidese ter o inmoble, así como a titularidade deste a favor do vendedor. No suposto de adquisición sobre plano, certificado do Rexistro da Propiedade no que conste a titularidade do soar a favor do vendedor.

b) Documento de opción de compra, no que se indicará a data de caducidade desta, así como o prezo e a forma de pagamento.

c) Informe técnico sobre o estado do inmoble. No caso de adquisición de inmobles destinados a centros de servizos sociais que deban obter autorización administrativa para a súa posta en funcionamento, de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, deberá achegarse informe de viabilidade emitido pola Subdirección Xeral de Proxectos e Obras no que se incluirá o lugar, a superficie, a tipoloxía de centro prevista e as prazas estimadas.

d) Declaración responsable na que se faga constar o compromiso de dedicación do inmoble á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante, polo menos, vinte anos.

B.2. Subvencións para construción, reforma, ampliación ou mellora de inmobles:

a) Certificado do Rexistro da Propiedade que acredite o dominio do inmoble polo solicitante ou, se está en aluguer ou cedido, declaración do propietario na que faga constar as condicións nas que se efectuou e a súa conformidade coas obras que se pretenden realizar.

b) Certificado do concello correspondente no que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta e que esta cumpre cos requisitos establecidos na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, ou licenza urbanística.

c) Memoria xustificativa da necesidade do investimento, coa indicación do número e características dos futuros usuarios e ámbito territorial de cobertura.

d) Proxecto arquitectónico das obras que se van realizar, incluíndo o orzamento, o plan das obras e o calendario de execución material, plurianual se é o caso.

e) Plan de financiamento da obra, con distribución plurianual, se é o caso, e fontes de financiamento.

f) Declaración responsable na que se faga constar o compromiso de dedicación do inmoble á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante, polo menos, vinte anos. Cando a subvención solicitada para obras de construción ou reforma non supere os 60.000 euros, o compromiso de dedicación exixible será dun mínimo de dez anos; e cando non supere os 12.000 euros, será dun mínimo de cinco anos.

g) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 30.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes posibles contratistas emitidas con carácter previo á contratación, agás cando, polas especiais características do investimento, non existan suficientes empresas capaces da súa execución ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

B.3. Subvencións para equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal:

a) Orzamento do importe das adquisicións ou melloras que se pretenden realizar, axustándose a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros en cada un dos conceptos (equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade) deste tipo de subvención, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes empresas e/ou provedores emitidas con carácter previo á contratación,

agás cando, polas especiais características do equipamento e/ou mellora de confortabilidade, non exista un número suficiente delas, ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

c) Declaración responsable da dedicación á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante un período mínimo de cinco anos.

B.4. Subvencións para equipamento tecnolóxico:

a) Orzamento do importe das adquisicións que se pretenden realizar, que se axustará a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores emitidas con carácter previo á contratación, agás cando, polas especiais características do equipamento, non existan suficientes empresas subministradoras ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

c) Declaración responsable de que o equipamento se dedicará á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante un período mínimo de cinco anos.

B.5. Subvencións para a implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores:

a) Orzamento da implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade dos servizos que se pretenden realizar, axustándose a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes empresas emitidas con carácter previo á contratación, agás cando polas especiais características do proxecto, non exista un número suficiente delas.

c) Memoria detallada do programa, medida innovadora ou proxecto de mellora da calidade dos servizos de protección a menores que se vai desenvolver e obxectivos que se pretende conseguir, especialmente con referencia á calidade dos servizos.

C. Documentos específicos para todas as subvencións de mantemento de centros, equipamentos e servizos: (subvencións dos tipos B, E e H das relacionadas no artigo 3º desta orde).

Unha ficha de identificación do centro (anexo V) para o que se solicita a subvención, que deberá informar dos seguintes extremos:

- Identificación do centro e do seu responsable.
- Capacidade e réxime económico aplicado aos usuarios.
- Cadro de persoal voluntario e profesional.
- Servizos prestados e actividades ofertadas con carácter regular.
- Descrición das características técnicas do centro.
- Relación de usuarios.
- Orzamento de funcionamento do servizo.
- Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha Administración pública.

No caso das solicitudes de subvención para o mantemento de entidades, só será preciso cubrir no anexo V os recadros relativos a:

- Cadro de persoal voluntario e profesional.
- Descrición dos servizos que presta.
- Descrición das características do local.
- Orzamento de funcionamento da entidade.
- Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha Administración pública.

Esta información mínima requirida no (anexo V) poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

Cando se trate de actividades de carácter puntual e aberto nos que non sexa posible achegar unha relación concreta dos participantes, considerarase suficiente para estes efectos unha certificación do director do centro ou programa, co visto e prace do presidente da institución, na que se indique o número de usuarios ou a frecuencia dos servizos que se prestan, segundo proceda. O anterior será igualmente de aplicación no suposto de programas nos que, pola natureza da atención prestada, sexa conveniente asegurar a confidencialidade e privacidade dos usuarios.

D. Documentos específicos para todas as subvencións de promoción de actividades e programas (subvencións do tipo C, F e I das relacionadas no artigo 3 desta orde).

Unha ficha (anexo VI) por cada programa con custo diferenciado para o que se solicita subvención. Esta ficha, coa información mínima requirida, deberá expresar o seguinte:

- Identificación da entidade.
- Identificación do programa, área de actuación e custo.
- Cooperación con outras entidades, se procede.
- Resume do contido.
- Obxectivos e descrición xeral do programa.
- Actuacións e calendario previstos.
- Metodoloxía.
- Sistemas de avaliación e seguimento.
- Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos para o desenvolvemento do programa, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento.
- Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha administración pública.
- No caso de que a actividade subvencionada supoña unha prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores emitidas con carácter previo á contratación, agás cando non existan suficientes empresas subministradoras ou cando o gasto se realice con anterioridade á

solicitude de subvención.

- Compromiso expreso de comunicación á Xunta de Galicia dos resultados obtidos, cando da natureza da actividade subvencionada, como é o caso de congresos, reunións científicas, estudios, publicacións ou outras análogas, se desprenda algún producto final de carácter intelectual.

A información mínima requirida no anexo VI poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

Artigo 7º.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde.

Artigo 8º.-Lugar de presentación das solicitudes e documentación.

A solicitude e a documentación requirida, que irá dirixida ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar ou aos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar, presentarase no rexistro único nos servizos centrais ou nos servizos periféricos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar segundo o disposto nos artigos seguintes desta orde, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e o disposto na orde do 16 de outubro de 2008 pola que entra en funcionamento a oficina de rexistro único e información no complexo administrativo de San Caetano.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a publicación da relación de beneficiarios e do importe das axudas concedidas na páxina web oficial da Xunta de Galicia. Así mesmo, a solicitude inclúe a autorización para facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

Artigo 9º.-Normas xerais da tramitación dos expedientes.

1. Os expedientes serán tramitados polas correspondentes unidades administrativas dos servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou das súas delegacións provinciais de acordo cos criterios establecidos no artigo 10º.

2. Os servizos da Vicepresidencia encargados da xestión de cada subvención comprobarán que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirán aos interesados para que, no prazo de dez días, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terá por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión de Valoración correspondente de conformidade co disposto no artigo 11, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos para cada tipo de subvención. A Comisión de Valoración que corresponda poderá solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros acerca do grao de cumprimento da normativa en materia de inscrición de entidades e autorización dos centros e/ou programas de servizos sociais.

4. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o presidente da respectiva comisión e, sempre que fose posible, o dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma subdirección ou servizo ao que pertenza o substituído.

Artigo 10º.-Responsables da tramitación para cada tipo de subvención.

Serán responsables da tramitación dos expedientes:

A) Subvencións de investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais de atención primaria (subvencións do tipo A, B e C das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620A):

- Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais.

- Nas delegacións provinciais: o Servizo de Prestacións.

B) Subvencións de investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620B).

- A Subdirección Xeral de Discapacidade, Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade.

C) Subvencións de mantemento e promoción de actividades de servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo E e F das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620B):

- Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Discapacidade.

- Nas delegacións provinciais: o Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores.

D) Subvencións de investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo G das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620C):

- A Subdirección Xeral de Maiores.

E) Subvencións de mantemento e promoción de actividades de servizos sociais especializados na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo H e I das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620C):

- Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Maiores.

- Nas delegacións provinciais: o Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores.

F) Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na

área de atención a menores de protección (subvencións do tipo J das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620D):

- A Subdirección Xeral de Menores.

Artigo 11º.-Comisións de valoración.

A composición das comisións de valoración será a seguinte:

A. Nos servizos centrais:

A.1. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de Atención Primaria:

- Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais e o xefe de servizo de Prestacións. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.2. a) Para a concesión de subvencións de investimento en centros e servizos de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: o subdirector xeral de Discapacidade e o xefe de servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social. Poderase convocar, con voz pero sen voto, a un representante da Intervención Delegada.

A.2.b) Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: o subdirector xeral de Atención a Persoas con Discapacidade e o xefe de servizo de Programas para Persoas con Discapacidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.3. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

- Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: o subdirector xeral de Maiores e o xefe de servizo de Programas para Maiores. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.4. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a menores de protección:

- Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: o subdirector xeral de Menores e o xefe de servizo de Defensa do Menor. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

B. Nos servizos periféricos:

B.1. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención primaria:

- Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Prestacións. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, a un representante da Intervención Territorial.

B.2. Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

B.3. Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

- Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

Artigo 12º.-Criterios de valoración das solicitudes de subvencións.

1. Subvencións para servizos, centros e programas na área da atención primaria (subvencións do tipo A, B, C das relacionadas no artigo 3º):

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos, dos que 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

1. A. Criterios xerais: (ata un máximo de 40 puntos).

1.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a: potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta, impacto social das actividades desenvolvidas e, se é o caso, número de socios ou afiliados se os tivese, e demais datos relevantes que poidan desprenderse da documentación achegada xunto coa solicitude ou, de ser o caso, da memoria presentada no ano

anterior. (Ata un máximo de 15 puntos).

1.A.2. Solvencia técnica (ata un máximo de 8 puntos), que se determinará en función de:

- A experiencia previa acreditada na prestación de servizos sociais e na xestión e xustificación dos programas subvencionados en exercicios anteriores.
- Os medios técnicos dos que dispón a entidade.
- Os seus recursos humanos.

1.A.3. A complementariedade coas actuacións do sistema público de servizos sociais (ata un máximo de 8 puntos).

1.A.4. A diversificación de fontes de financiamento (primarase a obtención de fondos de fontes distintas á subvencións públicas (ata un máximo de 9 puntos).

1.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 60 puntos):

1.B.1. Subvencións de investimento en centros de servizos sociais de atención primaria:

- A insuficiencia de equipamentos e servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).
- A calidade do proxecto construtivo ou de dotación presentado e a adecuación e dimensión da solicitude ao servizo para o que está concibido (ata un máximo de 40 puntos).

1.B.2. Subvencións de mantemento de centros e equipamentos de servizos sociais de atención primaria:

- A insuficiencia de servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).
- A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia dos servizos para os que se solicita a subvención (ata un máximo de 30 puntos).
- A integración operativa nos servizos prestados da perspectiva da igualdade de xénero (ata un máximo de 10 puntos).

1.B.3. Subvencións de promoción de actividades e programas básicos, innovadores e complementarios de atención primaria:

- A complementariedade coas accións desenvolvidas polos servizos sociais de atención primaria e os plans de inclusión social das diversas administracións, especialmente por medio do desenvolvemento dos programas descritos nos epígrafes 3 (Programa de inserción social) e 4 (Programa de animación, prevención e cooperación social) do artigo 9 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais neste nivel de atención. (Ata un máximo de 25 puntos).
- O carácter innovador das metodoloxías e estratexias de intervención propostas (ata un máximo de 20 puntos).
- A integración operativa no programa da perspectiva de igualdade de xénero (ata un máximo de 10 puntos).
- O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

2. Subvencións para servizos, centros e programas na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D, E e F das relacionadas no artigo 3º).

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos. No caso das subvencións para investimento (subvencións do tipo D das relacionadas no artigo 3º), 30 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 70 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico.

No caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades (subvencións do tipo E e F das relacionadas no artigo 3º), 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

2.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 30 puntos no caso das subvencións para investimento, e 40 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a: potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta, impacto social das actividades desenvolvidas e, se é o caso, número de socios ou afiliados (ata un máximo de 10 puntos no caso das subvencións para investimento, e 20 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.A.2. A complementariedade da entidade coas actuacións do sistema público de servizos sociais (ata un máximo de 10 puntos).

2.A.3. Solvencia técnica (ata un máximo de 10 puntos), que se determinará en función da experiencia previa acreditada, os medios técnicos e os recursos humanos dos que dispón a entidade.

2.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 70 puntos no caso das subvencións para investimento, e 60 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.B.1. Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

- O déficit ou insuficiencia de recursos na zona de influencia ou a necesidade das melloras propostas para a continuidade e autorización de servizos existentes (ata un máximo de 40 puntos).
- A adecuación dos investimentos propostos para a cobertura das necesidades, tendo en consideración as características dos usuarios e as atencións específicas requiridas (ata un máximo de 15 puntos).
- A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (ata un máximo de 15 puntos).

2.B.2. Subvencións de mantemento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

- A necesidade de consolidación das accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 20 puntos).

- A incidencia na calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

- A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 20 puntos).

2.B.3. Subvencións de promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias en servizos sociais especializados na área de atención as persoas con discapacidade:

- A necesidade de consolidación das accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 20 puntos).

- A incidencia na calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

- A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (primarase a obtención de fondos de fontes distintas ás subvencións públicas) (ata un máximo de 10 puntos).

- A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actividades para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

- O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

3. Subvencións para servizos, centros e programas na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo G, H e I das relacionadas no artigo 3º):

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos, dos que 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

3.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 40 puntos).

3.A.1. Natureza, dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a que na súa composición e órganos de goberno só participen as persoas maiores e/ou xubiladas, ao número de socios ou afiliados, o potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta e impacto social das actividades desenvolvidas (ata un máximo de 15 puntos).

3.A.2. Solvencia técnica (ata un máximo de 8 puntos), que se determinará en función de:

- A experiencia previa acreditada na prestación de servizos sociais e na xestión e xustificación dos programas subvencionados en exercicios anteriores.

- Os medios técnicos dos que dispón a entidade.

- Os seus recursos humanos.

3.A.3. A complementariedade coas actuacións do sistema público de servizos sociais na promoción do avellentamento activo (ata un máximo de 8 puntos).

3.A.4. A diversificación de fontes de financiamento (primarase a obtención de fondos de fontes distintas á subvencións públicas) (ata un máximo de 9 puntos).

3.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 60 puntos).

3.B.1. Subvencións de investimento en centros de servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

- O déficit ou insuficiencia de equipamentos e servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

- A adecuación dos investimentos propostos para a cobertura das necesidades, tendo en conta as características dos usuarios e as atencións específicas requiridas (ata un máximo de 20 puntos).

- A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (ata un máximo de 20 puntos).

3.B.2. Subvencións de mantemento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

- O volume de gasto xerado no centro en función do número dos seus usuarios, dimensionamento e/ou adecuación, incluíndo os custos derivados do réxime posesorio do local, gastos correntes de mantemento, gastos de persoal e outros gastos de análoga índole (ata un máximo de 25 puntos).

- A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 15 puntos).

- A insuficiencia de servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

3.B.3. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados de atención ás persoas maiores:

- Impacto dos programas e/ou actuacións e actividades baseadas nos principios de avellentamento activo, así como dos programas que fomenten a que se desenvolvan na atención ou prevención da dependencia e apoio ás súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

- Impacto dos programas e/ou actuacións e actividades que se desenvolvan na promoción da autonomía persoal, así como dos programas que fomenten a participación social e o voluntariado (ata un máximo de 20 puntos).

- A necesidade de consolidación de accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 10 puntos).

- O desenvolvemento doutros programas innovadores e de novas tecnoloxías que redunden nunha maior calidade de vida dos maiores (ata un máximo de 5 puntos).

- O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

4. Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na área de atención a menores de protección:

As solicitudes serán baremadas ata un máximo posible de 100 puntos, dos que 30 puntos corresponderán á valoración dos criterios

de carácter xeral e os 70 puntos restantes á valoración obtida da aplicación dos criterios de carácter específico.

4.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 30 puntos).

4.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, con consideración a: potencial número anual de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta e impacto social das actividades desenvolvidas (ata un máximo de 10 puntos).

4.A.2. A complementariedade das accións desenvolvidas pola entidade coas actuacións do sistema público da Xunta de Galicia para a atención aos menores (ata un máximo de 10 puntos).

4.A.3. Solvencia técnica, que se determinará en función da experiencia previa acreditada, os medios técnicos e os recursos humanos dos que dispón a entidade (ata un máximo de 10 puntos).

4.B. Criterios específicos: (ata un máximo de 70 puntos).

4.B.1. Para adquisición de locais e inmobles, de acordo co número de prazas que se van crear (ata un máximo de 20 puntos).

4.B.2. Para construción, ampliación e reforma nos centros de menores, segundo a necesidade e mellora na calidade do servizo que implique o proxecto presentado (ata un máximo de 20 puntos).

4.B.3. Para o equipamento, a moblaxe do centro e as melloras de confortabilidade que non precisan autorización municipal, segundo a necesidade e mellora na calidade dos servizos (ata un máximo de 15 puntos).

4.B.4. Para equipamento tecnolóxico (ordenadores, modems, impresoras, etc.) e comunicacións (acceso á rede, software, etc.), segundo a necesidade e mellora na calidade dos servizos (ata un máximo de 5 puntos).

4.B.5. Para os proxectos de carácter innovador, valorando as innovacións propostas e a calidade dos servizos que supón a execución do proxecto (ata un máximo de 25 puntos).

4.B.6. Dispoñibilidade para atender grupos de irmáns e/ou dispoñibilidade para atender necesidades de atención urxente que supoñan eventualmente unha sobreocupación do centro. Esta dispoñibilidade deberá acreditarse mediante declaración responsable (ata un máximo de 5 puntos).

Para estes efectos, especifícase que os puntos 4.B.1 e 4.B.2 son incompatibles entre si e, polo tanto, non son acumulables.

Artigo 13º.-Resolución.

1. Serán resoltas pola secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, as seguintes solicitudes de subvención:

- As destinadas a investimento, mantemento e promoción de actividades no nivel de atención primaria, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

- As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas con discapacidade, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

- As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas maiores, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial, e as presentadas por entidades que conten con máis de mil socios.

- As destinadas a investimento en centros de servizos especializados na área de atención a persoas con discapacidade, maiores e a menores de protección, con independencia do ámbito territorial de actuación da asociación ou entidade solicitante.

2. Nos demais casos non previstos no apartado anterior, delégase a competencia para resolver a concesión das subvencións solicitadas ao abeiro desta orde nos delegados ou delegadas provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo o seu respectivo ámbito territorial, e de acordo coas correspondentes desconcentracións que se fagan dos créditos da orde unha vez fiscalizadas polas intervencións competentes.

3. Tanto a concesión como a determinación do importe das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos criterios de prioridade establecidos nesta orde.

4. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades que vaia desenvolver o solicitante e o importe da proposta de subvención sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, a Comisión de Valoración correspondente poderá instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos.

5. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaranse aos interesados para a execución da axuda outorgada no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Se vencese o prazo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

6. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, se é o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte do que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdicional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE nº 167, do 14 de xullo), no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que estimen oportuno.

7. En todo caso unha vez recibida a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a aceptación da subvención. Transcorrido o anterior prazo, sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións que conceda a Administración autonómica.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e con carácter excepcional, se poderán efectuar resolucións complementarias por existir fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou cando se produza unha ampliación do financiamento pola achega de novos fondos dispoñibles, tal e como se establece no artigo 5º. Nestes supostos, só poderán atenderse ás solicitudes presentadas dentro do prazo establecido no artigo 7º desta orde.

Artigo 15º.-Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

Artigo 16º.-Obrigas das entidades subvencionadas.

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007), os beneficiarios destas subvencións deberán:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás previstas na lexislación do Consello de Contas. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

f) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 17º.-Pagamento e xustificación das subvencións.

1. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención procederase ao pagamento e xustificación segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da forma establecida nos apartados seguintes.

2. De conformidade co establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, só estarán obrigadas a acreditar que se atopan ao día das obrigas estatais e autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa comunidade autónoma, aquelas entidades que sexan beneficiarias de subvencións para investimento por unha contía superior aos 3.000 euros.

2.1. Subvencións de mantemento e promoción de actividades:

O pagamento destas subvencións poderá facerse segundo se establece a continuación:

2.1.1. Para aquelas subvencións que non superen o importe de 6.010,12 euros, poderá acordarse no momento da concesión, por petición da entidade beneficiaria, un anticipo de pagamento de ata o 60%, e librarase o 40% restante no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións para as que foi concedida, mediante un balance de ingresos e gastos asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflectirá que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da axuda no caso das subvencións de mantemento, ou da totalidade do proxecto no suposto das subvencións de promoción de actividades, xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

2.1.2. Para aquelas subvencións que superen o importe de 6.010,12 euros o pagamento das subvencións axustarase ao seguinte:

a) Poderá efectuarse, por petición da entidade beneficiaria, un pagamento de ata o 10% da totalidade da subvención, con ca-

rácter de anticipo a conta da liquidación, que poderá acordarse no momento da súa concesión a instancia do interesado.

Para facer efectivo este anticipo deberán presentarse os seguintes medios documentais provisionais de xustificación:

-Para as subvencións de mantemento unha certificación do director ou responsable da entidade dos gastos xa realizados durante o presente exercicio e as cantidades pendentes de pagamento.

-Para as subvencións de promoción de actividades unha certificación do director ou responsable da entidade do inicio das actividades.

b) Ata o 80% do total da subvención concedida poderán acordarse ata tres pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do director ou responsable da entidade xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

c) O 20% restante (ou o 10% no caso de realizarse anticipo) farase efectivo, unha vez xustificada a aplicación da totalidade da subvención para o fin para o que foi concedida, mediante un balance de ingresos e gastos asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da axuda no caso das subvencións de mantemento, ou da totalidade do proxecto no suposto das subvencións de promoción de actividades, xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

En todo caso, a xustificación final das subvencións de mantemento e promoción de actividades poderá presentarse ata o 10 de decembro, e a entidade deberá achegar, ademais, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte ante a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou delegación provincial respectiva, un balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural conforme o anexo VII de cada modelo, así como unha memoria no caso de promoción de actividades que, como mínimo, deberá incluír todas as actividades realizadas e o gasto desagregado realizado.

2.2. Subvencións de investimento:

No suposto de subvencións para gastos de investimento, o aboamento da subvención efectuarase unha vez presentada ante os servizos centrais ou periféricos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo proceda, a seguinte documentación xustificativa:

a) Subvención para adquisición de inmobles.

- Copia da escritura pública de compravenda, que recollerá unha cláusula na que se faga constar que o inmoble obxecto da subvención deberá manterse, polo menos durante vinte anos, destinado á finalidade que serviu de fundamento á petición.

b) Subvencións para construción, reforma, ampliación ou mellora de inmobles:

- Certificación asinada e selada pola entidade receptora da axuda, na que se faga constar a realización das obras e a conformidade con elas. Xunto coa xustificación de execución da obra, será obrigatoria a presentación da licenza urbanística, no caso de que esta sexa exixible.

- Certificado ou factura orixinal expedida pola empresa ou contratista individual que realizou a obra.

- Nas subvencións para a construción de nova planta, presentarase compromiso asinado polo representante legal da entidade beneficiaria de que o inmoble se destinará, durante vinte anos, á finalidade que serviu de fundamento á petición.

c) Subvención para equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal:

- Certificado do representante da entidade no que conste a realización da subministración e a súa conformidade con ela.

- Facturas orixinais, debidamente conformadas, de cada unha das casas subministradoras.

d) Subvencións para equipamento tecnolóxico e comunicacións:

- Certificado do representante da entidade no que conste a realización da subministración e a súa conformidade con ela.

- Facturas orixinais, debidamente conformadas, de cada unha das casas subministradoras.

e) Subvencións para implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores de protección:

- Certificado do representante da entidade no que conste a implantación do programa, medida innovadora ou realización do proxecto de mellora na calidade dos servizos e a súa conformidade con ela.

- Facturas orixinais, debidamente conformadas, que acrediten o exposto no parágrafo anterior.

- Memoria de realización das actividades previstas que deberá conter como mínimo a descrición do proxecto desenvolvido contendo as accións executadas, o número de beneficiarios, e os obxectivos acadados.

A documentación xustificativa dos gastos realizados, no caso das subvencións de investimento, poderá presentarse ata o 24 de novembro do ano 2009. Igualmente, os beneficiarios das subvencións de carácter plurianual, para adquisición, construción, reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008, e das ordes que as modifican, poderán presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados, correspondente á anualidade 2009, ata o día 24 de novembro deste mesmo ano.

3. Nos puntos anteriores, as facturas cumprirán o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, ten a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Non obstante, os gastos de persoal e outros aos que se lle practique retención en concepto de imposto sobre a renda das persoas físicas entenderanse efectivamente pagados coa satisfación dos haberes líquidos e xustificados co ingreso nos organismos acreedores da Seguridade Social e da Facenda Pública.

5. Considéranse dentro dos gastos subvencionables os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de Administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

6. De acordo co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá contratar parcialmente a actividade que constitúa o obxecto da subvención, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. En ningún caso, poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

7. No momento da xustificación final do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como doutros entes públicos ou privados, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións desta orde.

Artigo 18º.-Reintegro das subvencións concedidas.

1. De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro total ou parcial da contía da subvención percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención mediante o falseamento das condicións requiridas para iso ou o ocultamento das que impedisen obtela.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3º do artigo 15 da Lei 9/2007.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 Lei 9/2007, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ou cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais da Unión europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que derive unha necesidade de reintegro.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, concedidas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade que se vai desenvolver. Así mesmo, cando exista unha resolución administrativa firme pola que se impón á entidade unha sanción en materia de servizos sociais, en relación co centro ou programa específico que se quere subvencionar.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro realizarase de conformidade ao procedemento establecido no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e seralle de aplicación para a súa cobranza o disposto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na secretaria xeral do Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas no artigo 13º.1.

Segunda.-Coas excepcións previstas no punto 1 do artigo 13º, apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar nos delegados/as provinciais da Igualdade e do Benestar, no seu respectivo ámbito territorial, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Acción Social para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "133-09.PDF"

Orde do 19 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Con data do 4 de marzo de 2009, publicouse no DOG a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Correspóndenlle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 5, establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 6.653.444 euros, destinado ao financiamento das subvencións, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias que se tramitarán como modificacións desta, de acordo co previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2009, destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 23 de febreiro de 2009, na contía adicional de 6.013.610 , para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

   - 2009.05.41.312E.781.0, por importe de 6.013.610 .

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2009.

Orde do 15 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Con data do 4 de marzo de 2009, publicouse no DOG a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 5, establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 6.653.444 euros, destinado ao financiamento das subvencións, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias que se tramitarán como modificacións desta, de acordo co previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2009 destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 23 de febreiro de 2009, na contía adicional de 3.730.939 euros, para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

- 2009.48.06.312E.781.0, por importe de 3.730.939 .

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2009.

Orde do 23 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais, e se procede á súa convocatoria.

No Diario Oficial de Galicia nº 44, do 4 de marzo de 2009, publicouse a orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais, e se procede á súa convocatoria.

Coa finalidade de adecuar a citada orde aos cambios producidos na estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, coa aprobación do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, resulta urxente aboar as modificacións que sexan necesarias na composición das comisións de valoración e nas delegacións de competencias para resolver as diferentes modalidades de subvención recollidas na orde de convocatoria, que aínda non tivesen acadada a fase de resolución, co fin de que conforme os principios de eficacia e celeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa, poida procederse á resolución das diferentes convocatorias.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Modificación do artigo 11 da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais, e se procede á súa convocatoria.

Modifícase o artigo 11 da orde mencionada sobre as comisións de valoración, que queda redactado como segue:

A composición das comisións de valoración será a seguinte:

A. Nos servizos centrais:

A.1 Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención primaria:

- Presidente: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións ou persoa designada para substituílo.

- Vogais: a xefa de servizo de Prestacións e un funcionario do servizo de Prestacións. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta da secretaria xeral de Familia e Benestar.

A.2 a) Para a concesión de subvencións de investimento en centros e servizos de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidenta: a directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal ou persoa designada para substituíla.

- Vogais: o subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal e o xefe de servizo de Promoción da Accesibilidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta da directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Delegada.

A.2 b) Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidenta: a directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal ou persoa designada para substituíla.

- Vogais: o subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal e o xefe de servizo de Equipamentos e Servizos para Persoas con Discapacidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta da directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal.

A.3 Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

- Presidenta: a directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal ou persoa designada para substituíla.

- Vogais: o subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal e o xefe de servizo de Programas de Promoción da Autonomía Persoal. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta da directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal.

A.4 Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a menores de protección:

- Presidente: o subdiretor xeral de Familia e Menores ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: a xefa de servizo de Defensa do Menor e un funcionario do Servizo de Defensa do Menor. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta da secretaria xeral de Familia e Benestar.

B. Nos servizos periféricos:

B.1 Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención primaria:

- Presidente: o xefe de Servizo de Prestacións e Inclusión nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios do servizo de Prestacións e Inclusión. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

B.2 Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

- Presidente: o xefe de servizo da Dependencia e Autonomía Persoal nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios do servizo da Dependencia e Autonomía Persoal. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

B.3 Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

- Presidente: o xefe de servizo da Dependencia e Autonomía Persoal nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou persoa designada para substituílo.
- Vogais: dous funcionarios do servizo da Dependencia e Autonomía Persoal. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

Artigo 2º

Modificación dos puntos 1 e 2 do artigo 13 da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícanse os apartados 1 e 2 do artigo 13 da orde mencionada, que quedan redactados como segue:

1. Serán resoltas pola secretaria xeral de Familia e Benestar, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, as seguintes solicitudes de subvención:

- As destinadas a investimento, mantemento e promoción de actividades no nivel de atención primaria, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.
- As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas con discapacidade, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.
- As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas maiores, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial, e as presentadas por entidades que conten con máis de mil socios.
- As destinadas a investimento en centros de servizos especializados na área de atención a persoas con discapacidade, maiores e a menores de protección, con independencia do ámbito territorial de actuación da asociación ou entidade solicitante.

2. Nos demais casos non previstos no punto anterior, delégase a competencia para resolver a concesión das subvencións solicitadas ao abeiro da presente orde nos xefes ou xefas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o seu respectivo ámbito territorial, e de acordo coas correspondentes desconcentracións que se fagan dos créditos da orde unha vez fiscalizadas polas intervencións competentes.

Artigo 3º

Modificación das disposicións adicionais primeira e segunda da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícanse as disposicións adicionais primeira e segunda da orde mencionada que quedan redactadas como segue:

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar na secretaria xeral de Familia e Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas no artigo 13.1º.

Segunda.-Coas excepcións previstas no punto primeiro do artigo 13, apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar nos xefes/as territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no seu respectivo ámbito territorial, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73a) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 4º

Modificación da redacción da disposición derradeira primeira da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Modifícase a redacción da disposición derradeira da orde mencionada que queda como segue:

Primeira.- Autorízase a secretaria xeral de Familia e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2009.

Orde do 17 de novembro de 2009 pola que se modifican as ordes do 23 de febreiro de 2009, do 8 de febreiro de 2008 e do 19 de febreiro de 2007, polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

As ordes do 23 de febreiro de 2009 (DOG do 4 de marzo), do 8 de febreiro de 2008 (DOG do 22 de febreiro) e do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo), polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, establecen que o pagamento e xustificación das subvencións de investimento se aboarán unha vez presentada a documentación xustificativa ante os servizos centrais ou periféricos da consellería competente en materia de benestar.

Sendo que as entidades beneficiarias, de iniciativa social, non dispoñen de financiamento para facer fronte aos pagamentos derivados da realización dos investimentos subvencionados, para a realización de proxectos de investimento en centros e servizos de atención ás persoas con discapacidade, prevese a necesidade de que estas entidades puidesen contar con financiamento previo, derivado de pagamentos anticipados.

A necesidade de financiamento previo, á parte de afectar as subvencións de capital concedidas ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, afecta tamén os pagamentos parciais do exercicio 2009 e futuros das subvencións concedidas con carácter plurianual ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo) e do 8 de febreiro de 2008 (DOG do 22 de febreiro). A modificación que se propón refírese ao artigo 17.2º.2 da Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria e o artigo 17.2º.2 da Orde do 19 de febreiro de 2007 (DOG do 2 de marzo).

O artigo 63.1º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permite a realización de pagamentos anticipados, nas subvencións de capital, de ata un 50% da subvención concedida, cando o investimento exixa pagamentos inmediatos, sen que se supere a anualidade prevista no exercicio.

Por outra banda, estímase que é necesaria a modificación do artigo 17 da Orde do 23 de febreiro de 2009, engadindo un parágrafo ao final do punto 2, de xeito que a xustificación das subvencións de investimento en centros e servizos para persoas con discapacidade, con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.41.312E.781.0, poderá presentarse ata o día 10 de decembro do ano 2009; igualmente os beneficiarios das subvencións de carácter plurianual, para adquisición, construción reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008.

Polo exposto e en uso das facultades que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo 1º

Modificación do artigo 17.2º.2 relativo ao pagamento e xustificación das subvencións reguladas polas Ordes do 23 de febreiro de 2009, do 8 de febreiro de 2008 e do 19 de febreiro de 2007 polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Poderán realizarse pagamentos anticipados, nas subvencións de capital, que teñan un importe superior aos 18.000 euros, nos termos establecidos no artigo 63.1º.2 do Decreto 11/2007, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 50% da subvención concedida, cando o investimento exixa pagamentos inmediatos, sen que se supere a anualidade prevista no exercicio. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, por instancia da entidade solicitante, logo de xustificación da necesidade de contar con financiamento previo para realizar a actividade.

As entidades beneficiarias de subvencións afectadas por esta modificación, por seren entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, quedarán exoneradas de presentar garantías, conforme o artigo 65.4º h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º

Adición dun novo parágrafo ao artigo 17 punto 2.2 da Orde do 23 de febreiro de 2009.

Ao final do punto 2.2 do artigo 17 da Orde do 23 de febreiro de 2009, que leva por título Subvencións de investimento, debe engadirse o seguinte parágrafo:

A documentación xustificativa dos gastos realizados, no caso das subvencións de investimento en centros e servizos para persoas con discapacidade, que teñan un importe superior a 18.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.41.312E.781.0, poderá presentarse ata o día 10 de decembro do ano 2009. Igualmente, os beneficiarios das subvencións de investimento de carácter plurianual,

en centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes de 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008, poderán presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados, correspondentes á anualidade 2009, ata a data devandita.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela 17 de novembro de 2009.

Resolución do 13 de novembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (Diario Oficial de Galicia nº 121, do 25 de xuño), procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.

Finalidade da axuda. As axudas teñen por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e os regulamentos que a desenvolven, levan a cabo programas e prestan servizos sociais nos seguintes niveis de atención e áreas de actuación:

a) Servizos sociais de atención primaria. De conformidade co Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais correspondentes a este nivel de atención, inclúense nel os programas de orientación, asesoramento e información; de axuda no fogar; de inserción social; de animación, prevención e fomento da cooperación social; de convivencia alternativa ou calquera outro que dea cumprimento aos obxectivos contidos no devandito decreto. Para estes efectos, considerararanse centros propios deste nivel de atención os centros sociais, centros de día, centros ocupacionais, centros de acollida, albergues e outros en que se desenvolvan os programas antes citados de atención primaria.

b) Servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade.

c) Servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores.

d) Servizos sociais especializados na área de atención a menores.

Norma reguladora: Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia nº 44, do 4 de marzo).

Crédito orzamentario:

2.450.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312A.481.3.

32.802 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312F.481.0.

60.282 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312F.481.2.

26.326 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312F.481.5.

1.170.176 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312E.481.4.

900.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312A.481.1.

390.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312F.781.1.

10.472.738 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312E.781.0.

245.669 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.06.312A.781.0.

650.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312B.781.0.

Se é o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, con cargo ás aplicacións e contías seguintes:

Ano 2010: 884.232 euros con cargo á aplicación 2010.48.06.312E.781.0.

Ano 2011: 1.921.913 euros con cargo á aplicación 2011.48.06.312E.781.0.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Ver anexos pdf "133-09.PDF"

134 Orde do 1 de abril de 2009 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009.

(DOG nº 76, do 21.04.2009 e orde que a modifica no DOG nº 153, do 6.08.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais establece, no seu artigo 53, que nos orzamentos xerais da comunidade autónoma se consignarán as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, así como á súa participación no financiamento de servizos, programas e prestacións do sistema. Así mesmo, o artigo 54 expresa a obriga dos concellos de consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a creación, o mantemento, a xestión e o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de conformidade co establecido no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da dita vicepresidencia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outras consellerías.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións previstas nesta orde nos estados de gastos correspondentes á Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Esta orde regula a convocatoria de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento de programas sociais comunitarios incluídos no Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, dun primeiro nivel de atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, de proxectos destinados a garantir a accesibilidade e supresión de barreiras, de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de investimentos en equipamentos de servizos sociais e de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, todos eles executados polas corporacións locais de Galicia, de conformidade co establecido na normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará a esta orde, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e igualdade e non-discriminación.

Prevese nesta orde o financiamento necesario para a xestión por parte dos servizos sociais dos concellos dos servizos de competencia municipal orientados á atención a persoas en situación de dependencia, nomeadamente o servizo público de axuda no fogar regulado na Orde do 22 de xaneiro de 2009. Este servizo está incluído no catálogo de prestacións e servizos establecidos como dereito na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, prestacións que se integran no sistema galego de servizos sociais mediante o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e mais o Decreto 517/2005, do 6 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular as bases polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento dos servizos sociais da súa competencia e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-Servizos sociais subvencionables.

Terán o carácter de subvencionables os seguintes servizos sociais:

1. Servizos sociais comunitarios de competencia municipal, nas súas modalidades de:

1.1. Servizos sociais básicos, de carácter polivalente, que garantan o acceso universal ao sistema de servizos sociais. Mediante estes servizos, prestados desde os centros municipais de servizos sociais, asegurarase o exercicio das seguintes funcións:

a) O estudo e diagnóstico social.

b) A elaboración dun plan de intervención comunitario.

c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

d) A atención das situacións individuais, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso.

e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.

f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

g) A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.

h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros municipais de servizos sociais, serán obxecto de financiamento os programas básicos de información, orientación e asesoramento; de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia; de prevención e inserción social; de aloxamento alternativo; de fomento de cooperación social e todos aqueles que se leven a cabo para o exercicio das funcións anteriormente enumeradas.

1.2. Servizos sociais comunitarios específicos mediante os que se desenvolvan programas e xestionen centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, tales como persoas maiores, persoas con discapacidade, colectivos en risco de pobreza e exclusión social, etc... procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Os ditos servizos poderán prestarse nos seguintes equipamentos:

- Centros de servizos sociais.
- Centros de acollida.
- Albergues e outros equipamentos de inclusión social.
- Outros equipamentos de apoio ao traballo social comunitario.

Ademais, para os efectos de garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a xestión dos servizos de competencia municipal incluídos no catálogo establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, financiarase especificamente o servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada de acordo co procedemento establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas que o desenvolven.

En todo caso a organización do servizo de axuda no fogar municipal rexerase polo disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009.

2. Proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados polas corporacións locais de Galicia, que se financiarán de forma autónoma e separada respecto das actuacións enumeradas nos puntos anteriores.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións que se regulan nesta orde as corporacións locais galegas que desexen implantar ou teñan a titularidade dos centros ou servizos que se mencionan no artigo anterior, para o que deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Artigo 4º.-Tipos de subvencións.

Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son os seguintes:

1. Para financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nas seguintes modalidades:

a) Gastos derivados da retribución do persoal adscrito aos ditos servizos.

b) Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, comprendendo exclusivamente os gastos de desprazamento do persoal técnico por razóns de servizo, os gastos derivados da súa formación continua, e os gastos de funcionamento de centros directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos a persoas usuarias do sistema, tales como albergues, casas de acollida, vivendas comunitarias, centros ocupacionais, etc... Exclúese o financiamento dos gastos de mero mantemento de instalacións e equipamentos (auga corrente, enerxía eléctrica, subministracións de materiais consumibles, etc...) correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais comunitarios, que en todo caso correrán por conta da corporación.

c) Gastos de xestión e realización de programas sociais comunitarios, tanto os de carácter básico ou polivalente, destinados á poboación en xeral, como os de carácter específico ou sectorial, destinados aos sectores de poboación con problemáticas diferenciadas. Inclúese aquí a modalidade do programa de axuda no fogar dirixida a atender unidades familiares ou usuarios individuais que non teñan un dereito recoñecido polos órganos competentes no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia. Ademais deste programa, terán consideración prioritaria para o seu financiamento durante 2009 os que desenvolvan as actuacións relacionadas no anexo XI.

d) Gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes de acordo co procedemento establecido.

e) Investimentos de capital, comprendendo:

- Adquisición de inmobles.
- Construción de nova planta.
- Reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de edificios e instalacións.
- Accesibilidade e supresión de barreiras.
- Equipamento mobiliario, financiándose exclusivamente os equipamentos directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos sociais e excluíndose o financiamento dos equipamentos para oficinas municipais de servizos sociais comunitarios (mobiliario de oficina, equipamentos informáticos, material de arquivo, etc...), por entender que deben ser asumidos polas corporacións locais titulares dos ditos servizos.

2. Para financiamento da execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

3. As corporacións locais beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde unicamente poderán subcontratar a xestión e realización dos programas e a prestación dos servizos sociais aos que se refiren as alíneas c) e d) do punto 1, así como a execución dos investimentos de capital relacionados na alínea e) do mesmo punto 1, agás a adquisición de inmobles, e a execución de proxectos de desenvolve-

mento do pobo xitano do punto 2, podendo subcontratar o 100% do importe de cada un dos correspondentes programas, investimentos ou proxectos subvencionados, de conformidade co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, consonte o establecido no artigo 43.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a administración concedente poderá realizar as actuacións necesarias para comprobar o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Artigo 5º.-Compatibilidade con outras subvencións.

1. As subvencións para o financiamento de gastos de persoal concedidas ao abeiro desta orde son incompatibles coas subvencións para o financiamento dos gastos de persoal dos centros de información á muller.

2. Así mesmo, as subvencións para o financiamento de gastos de persoal concedidas ao abeiro desta orde só serán compatibles coas axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar por corporacións locais no suposto en que a través desta orde se subvencione a contratación dun técnico a media xornada e a corporación local achegue a axuda para o desenvolvemento de programas de educación familiar co fin de financiar a súa contratación a xornada completa.

3. Nos demais supostos o único límite á compatibilidade con outras subvencións vén dado pola regra xeral do artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 6º.-Renovación de subvencións.

Considérase obxectivo de financiamento prioritario para o exercicio 2009 o da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio 2008 para os gastos de persoal e do servizo de axuda no fogar, sempre que fosen adecuadamente xustificadas no seu día, e de conformidade coas seguintes condicións:

a) A contía referente aos gastos de persoal calcularase en función da concedida para o ano 2008, cun incremento igual ao sinalado na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, respecto ao persoal ao seu servizo.

b) Na renovación das subvencións para o financiamento do servizo de axuda no fogar diferénciase entre as dúas modalidades de acceso ao servizo establecidas no artigo 13 da Orde do 22 de xaneiro de 2009.

- Consonte co disposto no artigo 16 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, as subvencións concedidas en 2008 para o financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes renovaranse para o exercicio 2009 aplicando os seguintes módulos económicos, que corresponden ás intensidades máximas para cada grao e nivel de dependencia segundo a modalidade de asignación do recurso (servizo de axuda no fogar como recurso idóneo con dedicación completa, servizo de axuda no fogar como recurso idóneo con dedicación compartida e servizo de axuda no fogar como respiro):

Grao e nivel de dependencia	Módulo económico
Grao 3 nivel 2 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	10.368,00 €
Grao 3 nivel 1 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	7.560,00 €
Grao 2 nivel 2 (SAF recurso idóneo-dedicación completa)	5.544,00 €
Grao 3 nivel 2 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	5.184,00 €
Grao 3 nivel 1 (SAF recurso idóneo-dedicación media)	3.780,00 €
Grao 2 nivel 2 (SAF recurso idóneo dedicación media)	2.772,00 €
Grao 3 nivel 2 (SAF respiro)	3.456,00 €
Grao 3 nivel 1 (SAF respiro)	2.160,00 €
Grao 2 nivel 2 (SAF respiro)	1.512,00 €

-

- As subvencións concedidas en 2008 para o financiamento do servizo de axuda no fogar a familias e a persoas non incluídas na alínea anterior (programa básico de axuda no fogar) renovaranse para o exercicio 2009 por contía non inferior á concedida e adecuadamente xustificada no pasado exercicio para esta mesma finalidade. Con carácter xeral non se concederán incrementos para axuda no fogar a familias e persoas que non estean valoradas como dependentes. Ademais, na formulación da solicitude de subvención, deberán terse en conta as economías xeradas por razón da mudanza de modalidade de servizo de persoas que xa eran usuarias deste á nova modalidade de servizo de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes.

c) Para a concesión da subvención no exercicio 2009 será necesaria a presentación, con carácter previo, da avaliación do ano 2008, segundo o modelo establecido, dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar). O dito modelo segue as clasificacións do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS), ficha social informatizada que deberán implantar de forma progresiva todas as corporacións locais galegas, para o que contarán co apoio técnico da Dirección Xeral de Acción Social. Será indispensable para obter a renovación das subvencións para axuda no fogar outorgadas no exercicio 2008 dar conta do cumprimento do programa mediante relacións específicas das persoas usuarias de cada unha das modalidades do servizo de axuda no fogar, que se incluirán na ficha de avaliación xustificativa da execución dos programas realizados durante o ano 2008. No caso da modalidade de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes incluirase, en todo caso, na dita documentación, a información relativa ao seu grao, nivel e plan individualizado de atención de acordo co formulario contido no anexo II da propia ficha de avaliación.

d) A renovación da subvención queda condicionada á continuidade das circunstancias que fundamentaron a súa concesión en anos anteriores, nomeadamente á continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nas mesmas condicións de dotación de persoal.

Artigo 7º.-Prestación de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia valorada.

1. Ademais do financiamento consolidado de acordo co establecido no artigo anterior, poderá solicitarse incremento de financiamento para atender novas incorporacións ao servizo de axuda no fogar durante 2009 de persoas con valoración da dependencia dos graos e niveis que correspondan de conformidade co calendario legal de implantación do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia: grao 3 nivel 2, grao 3 nivel 1, grao 2 nivel 2 e grao 2 nivel 1.

2. As corporacións locais titulares do servizo xestionarán e recadarán as contías que, en concepto de participación no financiamento do custo do servizo, lles correspondan ás persoas usuarias, de acordo coa súa capacidade económica, en aplicación das regras establecidas na Orde de 22 de xaneiro de 2009 de axuda no fogar.

Artigo 8º.-Financiamento.

Para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, existe crédito adecuado e suficiente previsto nos orzamentos xerais da comunidade autónoma:

a) Para o ano 2009, por un importe total de 44.628.997,50 , sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, de conformidade coa seguinte distribución:

- Transferencias correntes, cap. IV (para financiamento de gastos de persoal, mantemento e xestión de programas de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano):

  Servizos sociais comunitarios de titularidade municipal:

  *05.41.312D.460.0, por importe de 12.138.780,00 €.

  *05.41.312E.460.2, por importe de 20.474.668,00 €.

  *05.41.313C.460.3, por importe de 10.363.446,00 €.

  Proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano:

  *05.41.312F.460.2, por importe de 850.000,00 €.

- Transferencias de capital, cap. VII (para financiamento de investimentos de capital: adquisición de inmobles, obras, accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas, equipamento mobiliario):

  *05.41.312E.760.0, por importe de 202.021,50 €.

  *05.41.312E.761.0, por importe de 440.000,00 €.

  *05.41.313C.760.2, por importe de 160.082,00 €.

b) Se é o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual de acordo co establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con cargo aos anos e aplicacións orzamentarias que se citan:

- Ano 2010:

  *05.41.312E.760.0, por importe de 778.540,00 €.

  *05.41.312E.761.0, por importe de 350.000,00 €.

  *05.41.313C.760.2, por importe de 1.006.408,90 €.

- Ano 2011:

  *05.41.312E.760.0, por importe de 667.320,00 €.

  *05.41.312E.761.0, por importe de 300.000,00 €.

  *05.41.313C.760.2, por importe de 862.636,20 €.

- Ano 2012:

  *05.41.312E.760.0, por importe de 556.100,00 €.

  *05.41.312E.761.0, por importe de 250.000,00 €.

  *05.41.313C.760.2, por importe de 718.863,50 €.

- Ano 2013:

  *05.41.312E.760.0, por importe de 556.100,00 €.

  *05.41.312E.761.0, por importe de 250.000,00 €.

  *05.41.313C.760.2, por importe de 718.863,50 €.

Artigo 9º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais normalizados que se publican como anexo I e anexo II desta orde:

   - Anexo I, para solicitudes de financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico (aberto á comunidade) como de carácter específico (centrados en grupos con problemáticas identificadas e singulares).

   - Anexo II, para solicitudes de financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados por corporacións locais.

2. Todas as peticións de subvencións para servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, incluídas as de renovación de subvencións concedidas no exercicio anterior reguladas no artigo 6º, realizaranse nunha única solicitude, á cal se xuntará unha memoria individualizada, asinada polo técnico competente, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 4.1.b).

3. Todas as peticións de subvencións para a execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano realizaranse nunha única solicitude, á cal se xuntará unha memoria, asinada polo técnico competente, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención.

4. As solicitudes e a documentación requirida presentaranse, de conformidade cos modelos oficiais normalizados, nas oficinas de rexistro da Administración autonómica ou en calquera rexistro público, sen prexuízo da resolución ulterior do expediente polo órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Publicidade.

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará

no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. De acordo coa disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a corporación local solicitante consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións.

Artigo 11º.-Documentación.

1. As solicitudes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, deberán ir acompañadas da documentación seguinte.

1.1. Documentación xeral:

a) Certificacións do órgano correspondente da corporación local, en que conste o seguinte:

- A contía total da achega da corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) destinada ao cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, tanto de carácter básico como de carácter específico, e dos investimentos de capital en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención (segundo o modelo do anexo III).

  Terase en conta, en todo caso, o disposto no artigo 54 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais.

- Acordo do órgano competente da corporación local de solicitude da subvención e, no caso de continuidade, declaración expresa de que se seguen a prestar os servizos, cando menos nas mesmas condicións do ano anterior.

- Se a dita solicitude se fixese mediante resolución da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, deberá achegarse certificación acreditativa de que lle deu conta ao pleno da corporación local do contido da solicitude ou, subsidiariamente, certificación acreditativa de que se fixo entrega dunha copia da acta de sesión da Xunta de Goberno Local ou da Resolución da Alcaldía en que se acordou a solicitude a todos os membros da corporación.

b) Relación, certificada polo órgano correspondente da corporación local acreditativa da natureza da vinculación, laboral ou funcionarial, do persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, e do seu grao de estabilidade, fixo ou temporal, no seu posto de traballo.

c) Declaración do peticionario da subvención en que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV).

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria xunto coa certificación bancaria das contas correntes en que se ingresará, de ser o caso, o importe da subvención concedida (segundo o modelo do anexo V).

e) Declaración do presidente ou representante legal da corporación local que dea conta da plena incorporación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) á xestión dos servizos sociais comunitarios da dita corporación (segundo o modelo do anexo VI).

f) Memoria individualizada, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 4.1.b).

g) A memoria financeira e a ficha de avaliación xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2008, cando non estivese xa presentada.

1.2. Documentación específica para as solicitudes de subvencións en que se inclúan gastos de investimento de capital:

a) Adquisición de bens inmobles:

- Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite a súa participación no orzamento da adquisición (segundo o modelo do anexo VII).

- Certificación do rexistro da propiedade en que se acredite que o inmoble obxecto de adquisición está libre de cargas, así como a titularidade deste por parte do vendedor.

- Documento de opción de compra, en que se indicará a data de caducidade da devandita opción, así como o seu prezo.

- Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, segundo o previsto no artigo 28.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

b) Construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento (incluídos os proxectos de obra destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas):

- Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite a súa participación no orzamento da obra que se vaia realizar (segundo o modelo do anexo VII).

- Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se acredite o dominio do solicitante sobre o inmoble ou, se este é alugado ou cedido, certificación en que se fagan constar as condicións da cesión ou aluguer, así como a conformidade do propietario coas obras que se pretenden realizar. Para financiamento de obras é necesario que a cesión ou aluguer teña unha duración mínima de 20 anos de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se

regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

- Certificación do órgano correspondente da corporación local en que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta.

- Proxecto básico das obras que se van realizar ou, no seu defecto, cando a súa redacción non resulte necesaria de acordo coas normas específicas aplicables en función da propia envergadura da obra, memoria e orzamento detallado, asinados por técnico competente, debendo xustificar, en todo caso: a necesidade das obras, o cumprimento da legalidade vixente en materia de accesibilidade e de seguridade e do resto da lexislación de xeral aplicación, nomeadamente do disposto no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, en especial, as previsións do seu artigo 7 relativos aos requisitos xerais que deben cumprir os centros de servizos sociais, así como a inexistencia no contorno da obra proxectada de actividades insalubres, molestas, nocivas ou perigosas ou doutras circunstancias que puidesen condicionar o bo funcionamento do centro proxectado.

- Plano da parcela, con indicación de superficie, topografía, orientación, servidumes e infraestruturas existentes.

- Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

c) Equipamento mobiliario (incluídos os destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas):

- Certificación da corporación en que se acredite a súa participación no orzamento do equipamento mobiliario que proxecte adquirir (segundo o modelo do anexo VII).

- Certificación do órgano correspondente da corporación local que acredite o dominio do solicitante sobre o centro ou inmoble que se vai equipar ou, se este é alugado ou cedido, certificación en que se fagan constar as condicións da cesión ou aluguer. Para o financiamento da adquisición do equipamento mobiliario dun centro é necesario que a cesión ou aluguer deste teñan unha duración mínima de cinco anos de conformidade ao establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

- Orzamento das adquisicións que se pretendan realizar elaborado por unha empresa subministradora.

- Memoria, asinada por técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade do equipamento mobiliario solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

2. As solicitudes para o financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano deberán ir acompañadas da documentación seguinte:

a) Certificación do órgano correspondente da corporación local, en que conste a contía da achega da corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) destinada á execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano (segundo o modelo do anexo VIII).

b) Certificación do órgano correspondente da corporación local, en que conste o acordo do órgano competente da corporación local para solicitar a subvención.

c) Declaración do peticionario da subvención en que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso previsto que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV).

d) Memoria, asinada polo técnico do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención, que deberán adecuarse ás actuacións prioritarias para o 2009 relacionadas no anexo IX.

Artigo 12º.-Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 13º.-Emenda da solicitude.

As unidades administrativas da Dirección Xeral de Acción Social responsables da tramitación dos procedementos de concesión de subvencións regulados nesta orde comprobarán que as solicitudes reúnen todos os requisitos exixidos. Se unha solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, requirirase o interesado, para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, e procederase conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Tramitación e comisión de valoración.

1. Unha vez revisados os expedientes, e formalmente completos, remitiranse, no caso de solicitudes relativas a servizos sociais comunitarios de titularidade municipal en xeral, á comisión de valoración das solicitudes para o financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e, no caso de solicitudes relativas a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, á comisión de valoración do plan xitano.

A composición das comisións de valoración será a seguinte:

a) Comisión de valoración das solicitudes para o financiamento de

servizos sociais comunitarios de titularidade municipal:

- Presidente: director xeral de Acción Social.
- Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.
- Vogais: dous funcionarios da dirección xeral designados pola secretaria xeral do Benestar por proposta do director xeral de Acción Social, a ser posible, entre os funcionarios adscritos ao Servizo de Cooperación coas Corporacións Locais. Actuará como secretario un dos vogais.

b) Comisión de valoración dos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano:

- Presidente: director xeral de Acción Social.
- Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.
- Vogais: dous funcionarios da dirección xeral designados pola secretaria xeral do Benestar por proposta do director xeral de Acción Social, a ser posible, entre os funcionarios adscritos ao Servizo de Inclusión Social. Actuará como secretario un dos vogais.

2. Se por calquera causa, no momento en que a correspondente comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para os efectos designe o seu presidente.

Artigo 15º.-Criterios de valoración das solicitudes.

1. Para a valoración das solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, despois de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio 2008 para os conceptos de persoal e axuda no fogar dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nos termos previstos no artigo 6 desta orde, a correspondente comisión de valoración aplicará os seguintes criterios, entre os que se inclúen as condicións establecidas polo artigo 7 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, regulador da atención primaria, para a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos servizos sociais de titularidade municipal, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

- A adecuación dos servizos á planificación e aos ratios de cobertura da Xunta de Galicia: 45%.
- O cumprimento da normativa en materia de equipamentos e programas básicos: 10%. Para facilitar a valoración deste extremo, con anterioridade á reunión da comisión de valoración, o director xeral de Acción Social, como presidente desta, poderá solicitar informe ao respecto da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. En particular, para a concesión de subvencións para o financiamento de investimentos de capital, terase en conta a situación dos expedientes de autorización e permiso de inicio de actividade dos centros destinados á prestación de servizos sociais dependentes das corporacións solicitantes.
- Os resultados da avaliación do desenvolvemento das actividades dos servizos sociais comunitarios: 10%.
- O esforzo orzamentario das corporacións locais en materia de servizos sociais: 10%.
- A estabilidade no seu posto de traballo do persoal municipal que presta servizos adscrito aos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal: 10%.
- O grao de implantación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) na xestión dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal da corporación local solicitante, como indicador do bo funcionamento deles: 10%.
- O emprego da lingua galega na realización das actividades para a que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º 1) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.

2. Para a valoración das solicitudes de subvencións para execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, a correspondente comisión de valoración aplicará os seguintes criterios, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

- A adecuación dos proxectos ás actuacións prioritarias para o 2009, dentro do plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, que se relacionan no anexo IX: 30%.
- O número de destinatarios potenciais do proxecto residentes dentro do termo municipal: 20%.
- A continuidade dos proxectos desenvolvidos en anos anteriores e os resultados da súa avaliación: 15%.
- O carácter integral dos proxectos, de maneira que se aborden conxuntamente actuacións en máis dunha das áreas sinaladas no anexo IX: 10%.
- O esforzo orzamentario das corporacións locais, medido polo peso relativo da achega do corporación local no orzamento global do proxecto: 10%.
- A coordinación dos proxectos das corporacións locais cos desenvolvidos por outras entidades, evitando crear redes paralelas de atención e duplicación de recursos: 10%.
- O emprego da lingua galega na realización das actividades para a que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.

Artigo 16º.-Resolución.

1. A resolución de concesión das subvencións, por proposta da comisión de valoración correspondente e despois da preceptiva fiscalización pola Intervención Delegada, corresponderalle á secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar.

Estas subvencións poderán formalizarse, de ser o caso, a través de convenios de cooperación coas corporacións locais. A sinatura destes convenios corresponderalle á secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, mesmo naqueles supostos en que a súa sinatura deba de ser previamente autorizada polo Consello da Xunta de Galicia.

2. As resolucións de concesión de subvencións serán motivadas e noti-

ficaranse ás corporacións locais no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non o fose, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante, e de conformidade co disposto no artigo 44 da referida lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase requirir previamente ao órgano que ditou a resolución no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non fose contestado no mes seguinte á súa recepción.

Artigo 17º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou outros ingresos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. A suma das subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidesen obter as corporacións locais beneficiarias para o mesmo concepto ou finalidade que as concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar en ningún caso o 100% do custo total dos proxectos desenvolvidos.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión da subvención, por solicitude do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias, cando non fose posible resolver de maneira unitaria ou cando se produza unha ampliación do financiamento con cargo a fondos adicionais procedentes de renuncias de subvencións concedidas ou debido a un incremento dos créditos dispoñibles, nos termos establecidos polo artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste suposto só poderán atenderse solicitudes presentadas dentro do prazo establecido no artigo 11 desta orde.

En todo caso, estas resolucións complementarias outorgaranse consonte a valoración realizada no seu día á vista de todas as solicitudes validamente presentadas e formalmente completas, aplicando criterios de proporcionalidade, e destinaranse á cobertura das necesidades de financiamento adicionais xa constatadas na referida valoración das solicitudes, que non puideron ser cubertas polas resolucións iniciais de concesión de subvencións.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Para gastos correntes:

1.1. Ao abeiro do establecido no artigo 63.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de marzo de 2009, o pagamento das subvencións destinadas ao cofinanciamento de gastos correntes poderá realizarse:

a) O primeiro, do 50% da totalidade da subvención, no momento da súa concesión. Para facer efectivo este anticipo deberá presentarse certificado da corporación local da achega municipal.

b) O seguinte 30% da subvención, sempre que se presente certificación, emitida polo órgano competente (segundo modelo do anexo X), de que os gastos realizados en persoal, mantemento, axuda no fogar-prestación básica, axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes e xestión e realización doutros programas igualan ou superan o 80% da cantidade concedida para cada concepto, agás no caso de que nesa data se poida xustificar que a corporación local realizou un gasto igual ou superior á cantidade concedida para cada concepto; neste caso procederase ao aboamento do 100% da subvención, tal como se especifica no punto seguinte.

c) O 20% restante, unha vez presentada pola corporación local certificación, emitida polo órgano competente (segundo modelo do anexo X), do gasto total realizado en cada un dos conceptos subvencionados, acompañada, en todo caso, dunha declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV) a que se fai referencia no punto 3 deste artigo, para os fins de acreditar que o gasto total realizado en cada un dos conceptos subvencionados é igual ou superior ao total de subvencións, axudas, ingresos ou recursos recibidos pola corporación local para a mesma finalidade.

1.2. As actuacións obxecto destas subvencións deberán ser realizadas dentro do exercicio orzamentario 2009. O prazo de xustificación de subvencións para gastos correntes concedidos ao abeiro desta orde remata o 15 de novembro de 2009. En todo caso, a documentación xustificativa dos gastos subvencionados deberá ser recibida nos servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Dirección Xeral de Acción Social) con anterioridade o cerramento do exercicio orzamentario 2009, podendo ser imputadas os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2009 polas corporacións locais polas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde. Cando algunha das prestacións de servizos sociais non se desenvolva na súa totalidade por circunstancias que se acreditarán nos documentos correspondentes á ficha de avaliación do proxecto financiado, os remanentes de crédito que puidesen existir ao remate do exercicio quedarán adscritos ao mesmo programa de actuación de forma improrrogable para o exercicio seguinte.

2. Para gastos de investimento de capital:

2.1. O prazo de xustificación de subvencións para os investimentos de capital remata o 15 de novembro de 2009 para as subvencións referidas unicamente á anualidade de 2009 e, de ser o caso, o 15 de novembro da anualidade correspondente para subvencións de carácter plurianual que se estendan á anualidades de exercicios futuros.

2.2. Para a xustificación de subvencións para investimentos de capital que comprendan a realización de obras de construción, reforma, mellora, acondicionamento ou eliminación de barreiras arquitectónicas, deberase presentar, ademais: certificación ou certificacións de obra, factura ou facturas e certificación expedida polo órgano correspondente da corporación acreditativa da súa aprobación polo órgano competente. Nos supostos en que a corporación local beneficiaria executase a obra subvencionada pola administración, deberanse achegar facturas xustificativas dos gastos derivados da adquisición de materiais, así como certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente e, de ser o caso, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa dos custos derivados da execución da obra por medio de persoal da corporación local.

2.3. Para a xustificación das demais subvencións para investimentos de capital (adquisición de inmobles ou equipamento mobiliario), abondará con presentar facturas xustificativas dos correspondentes gastos realizados e certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente ou, alternativamente, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da realización dos mencionados investimentos, dos importes investidos ou executados na acción subvencionada, e do destino dos investimentos subvencionados á finalidade de servizos sociais para a que foron solicitados.

2.4. Para os distintos conceptos relativos a gastos de investimento de capital non se realizarán anticipos. Porén, poderán realizarse pagamentos á conta, ata o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, a medida que a corporación local beneficiaria presente certificacións acreditativas dos gastos realizados na execución das actividades obxecto de financiamento, de conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta xustificación poderán incluírse os gastos realizados polas corporacións locais desde o 1 de xaneiro de 2009 nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro da desta orde.

2.5. En todo caso, no momento da xustificación da execución total do investimento subvencionado e antes do derradeiro pagamento, as corporacións locais beneficiarias deberán presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente da corporación local, que faga constar expresamente que o importe da subvención concedida foi destinado á finalidade obxecto de subvención, acompañada, para o caso de subvencións para execución de obras, dun informe do técnico municipal competente en materia de obras ou arquitecto director de obra, en que se certifique expresamente que a obra se executou segundo o proxecto aprobado que serviu de base á subvención e que cumpre coa legalidade vixente en materia de seguridade, accesibilidade, e co resto da lexislación de xeral aplicación ou para subvencións para adquisición de equipamento mobiliario, informe do técnico municipal de servizos sociais en que se dea conta do equipamento adquirido e se certifique que se corresponde co que foi obxecto de subvención. Estes informes deberán ser visados polo alcalde-presidente da corporación.

3. No momento da xustificación da execución total do obxecto da subvención concedida e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, as corporacións locais beneficiarias, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto das subvencións concedidas ao abeiro desta orde (segundo o modelo do anexo IV).

4. Transcorrido o prazo de xustificación sen se ter presentado esta, requirirase a corporación local beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades, e ocasionará, ademais, a perda da posibilidade de renovación das subvencións para futuros exercicios nas condicións previstas no artigo 6 desta orde.

5. Unha vez finalizado o exercicio 2009 e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2010, todas as corporacións locais beneficiarias deberán presentar unha memoria financeira e unha ficha de avaliación, xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2009, segundo os modelos establecidos, dispoñibles na páxina web da Xunta de Galicia (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar) e, de ser o caso, unha certificación acreditativa do número, grao e nivel de persoas en situación de dependencia valorada atendidas a través do servizo de axuda no fogar municipal ao longo do exercicio.

Artigo 19º.-Obrigas das corporacións locais beneficiarias da subvención.

1. As corporacións locais beneficiarias destas subvencións terán que cumprir coas obrigas xerais que, para os beneficiarios das subvencións, establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en particular as de:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades

subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Incluír, de ser o caso, os equipamentos adquiridos con cargo ás subvencións concedidas ao abeiro desta orde no inventario de bens e dereitos da corporación local beneficiaria.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Tratar os datos de carácter persoal a que se teña acceso no desenvolvemento das actuacións subvencionadas ao abeiro desta orde segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Non obstante, en virtude do previsto no artigo 48.Un.f) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e ao abeiro do inciso final do primeiro parágrafo do artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como do inciso final do primeiro parágrafo do artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, pola propia natureza das subvencións reguladas por esta orde, as corporacións locais que resulten beneficiarias destas subvencións quedarán exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 20º.-Infracción e sancións.

Será de aplicación aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-Reintegro das subvencións concedidas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido en supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada.

3. A tramitación do correspondente procedemento de reintegro levarase a cabo conforme o disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto

lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. Así mesmo, estas cantidades tamén poderán facerse efectivas mediante a aplicación da compensación de débedas.

Artigo 22º.-Control e seguimento.

1. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o seguimento dos proxectos aprobados, co fin de garantir que as prescricións contidas no convenio-programa do Plan concertado para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais e as finalidades perseguidas polos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano sexan respectadas.

2. As corporacións locais beneficiarias de subvencións quedan obrigadas a remitir á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes desde que se lles requirise, cantos informes e documentos se consideren precisos para acreditar o cumprimento da finalidade obxecto da subvención concedida.

3. Así mesmo, as corporacións locais beneficiarias quedan sometidas ao control financeiro que lle corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das funcións que a Constitución española e as leis lles outorgan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.

4. Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio da súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na secretaria xeral do Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para asinar os convenios que poidan derivar da tramitación destas subvencións, e para autorizar e dispoñer os gastos que deriven da tramitación desta orde e propoñer o recoñecemento de obrigas e a ordenación dos correspondentes pagamentos.

Segunda.-As corporacións locais comunicarán os servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a aprobación da normativa municipal reguladora do servizo de axuda no fogar en aplicación do establecido na disposición transitoria primeira da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o dito servizo. Así mesmo, deberán solicitar a correspondente autorización deste servizo de conformidade co disposto no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral do Benestar para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Ver anexos pdf "134-09.PDF"

Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009.

A Orde do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009 (DOG nº 76, do 21 de abril) establece, no seu artigo 8, un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 44.628.997,50 , destinado ao financiamento das subvencións que, ao abeiro desta, poderán ser concedidas aos solicitantes, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

En consecuencia, como existen dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes dunha xeración de créditos, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida orde na contía adicional de 3.159.382,04 para o exercicio 2009, coa finalidade de facer chegar estas subvencións ao maior número de beneficiarios posible e en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais por parte das corporacións locais.

Así mesmo, introdúcense outras modificacións destinadas a adaptar esta orde á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia e, en particular, ao novo Decreto 335/2009, do 11 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, así como a clarificar as regras de complementariedade financeira e funcional entre estas subvencións destinadas ao financiamento dos servizos sociais comunitarios en xeral e as destinadas ao financiamento do desenvolvemento do programa de educación familiar por corporacións locais, e a mellorar o sistema de xustificación e pagamento das subvencións para adaptalo á función das corporacións locais como entidades prestadoras de servizos destinados a atender persoas en situación de dependencia, a través do correspondente servizo municipal de axuda no fogar, no marco do sistema de autonomía e atención á dependencia, creado pola Lei estatal básica 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Modificación do artigo 5 Compatibilidade con outras subvencións.

Modifícase o número 2º do artigo 5, que queda coa seguinte redacción:

2. Así mesmo, as subvencións para o financiamento de gastos de per-

soal concedidas ao abeiro desta orde só serán compatibles coas axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar por corporacións locais no suposto en que a través desta orde se subvencione a contratación dun técnico a media xornada e a corporación local achegue a axuda para o desenvolvemento de programas de educación familiar co fin de financiar a súa contratación a xornada completa. En calquera caso a execución do programa de educación familiar deberá axustarse ás especificacións técnicas e aos requisitos de información e coordinación regulados na orde anual pola que se convocan axudas para o desenvolvemento dos ditos programas polas corporacións locais.

Artigo 2º.-Modificación do artigo 8 Financiamento.

Modifícase a alínea a) do artigo 8, incrementándose o importe total destinado ao financiamento das subvencións para transferencias de capital na seguinte contía, aplicación orzamentaria e anualidade:

Ano 2009:

48.02.312E.760.0 por importe de 3.159.382,04 €.

Artigo 3º.-Modificación do artigo 18 Xustificación e pagamento das subvencións.

Modifícanse os números 1º e 2º do artigo 18, que quedan coa seguinte redacción:

1. Para gastos correntes:

1.1. Ao abeiro do establecido no artigo 63.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xullo de 2009, o pagamento das subvencións destinadas ao cofinanciamento de gastos correntes poderá realizarse:

a) Mediante un anticipo do 100% da subvención, no momento do seu outorgamento, sempre que a achega da corporación local destinada ao cofinanciamento dos servizos e proxectos subvencionados acade, como mínimo, o 6% do orzamento total proposto polo solicitante. Para facer efectivo este pagamento anticipado, será necesario incorporar ao correspondente expediente de gasto a seguinte documentación:

- A certificación acreditativa da dita achega da corporación local.

- A declaración das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV).

As corporacións locais que perciban este anticipo deberán presentar, en todo caso, antes do 31 de xaneiro do ano seguinte ao da execución das actuacións subvencionadas, certificación do órgano correspondente da corporación local na que se faga constar, a exercicio cerrado, a contía total do gasto realizado para cada un dos conceptos obxecto de subvención, especificando, ademais, os ingresos, recursos, axudas e subvencións efectivamente percibidos para a mesma finalidade, así como a memoria financeira e a ficha de avaliación xustificativas da execución dos programas realizados durante o ano 2009, segundo os modelos establecidos, dispoñibles na páxina web da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

b) No caso de que a achega da corporación local destinada ao cofinanciamento dos servizos e proxectos subvencionados non acade o 6% do orzamento total proposto polo solicitante, poderán realizarse pagamentos á conta, ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, a medida que a corporación local beneficiaria presente certificacións acreditativas dos gastos realizados na execución das actividades obxecto de financiamento, de conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xullo de 2009. Nesta xustificación poderán incluírse os gastos realizados polas corporacións locais desde o 1 de xaneiro de 2009 nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde.

Neste suposto o prazo de xustificación das subvencións remata o 15 de novembro de 2009. En todo caso, para o derradeiro pagamento deberá presentarse certificación acreditativa da totalidade do gasto executado para o desenvolvemento da actuación subvencionada, por contía igual ou superior á subvención concedida máis a achega da corporación local, e do seu destino ao fin para o que foi outorgada, acompañada dunha nova declaración complementaria das subvencións e axudas solicitadas, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade cofinanciar as actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV). Esta documentación xustificativa dos gastos correspondentes ao ano 2009 deberá ser recibida nos servizos centrais da Consellería de Traballo e Benestar (Secretaría Xeral de Familia e Benestar) con anterioridade ao cerramento do exercicio orzamentario 2009.

1.2. As actuacións obxecto destas subvencións deberán ser realizadas dentro do exercicio orzamentario 2009. Cando algunha das prestacións de servizos sociais non se desenvolva na súa totalidade por circunstancias que se acreditarán nos documentos correspondentes á ficha de avaliación do proxecto financiado, os remanentes de crédito que puidesen existir ao remate do exercicio quedarán adscritos ao mesmo programa de actuación de forma improrrogable para o exercicio seguinte.

2. Para gastos de investimento de capital:

2.1. O prazo de xustificación de subvencións para os investimentos de capital remata o 15 de novembro de 2009 para as subvencións referidas unicamente á anualidade de 2009 e, de ser o caso, o 15 de novembro da anualidade correspondente para subvencións de carácter plurianual que se estendan a anualidades de exercicios futuros.

2.2. Para a xustificación de subvencións para investimentos de capital que comprendan a realización de obras de construción, reforma, mellora, acondicionamento ou eliminación de barreiras

arquitectónicas, deberase presentar, ademais: certificación ou certificacións de obra, factura ou facturas e certificación expedida polo órgano correspondente da corporación acreditativa da súa aprobación polo órgano competente. Nos supostos en que a corporación local beneficiaria executase a obra subvencionada por administración, deberanse achegar facturas xustificativas dos gastos derivados da adquisición de materiais, así como certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente e, de ser o caso, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa dos custos derivados da execución da obra por medio de persoal da corporación local.

2.3. Para a xustificación das demais subvencións para investimentos de capital (adquisición de inmobles ou equipamento mobiliario), abondará con presentar facturas xustificativas dos correspondentes gastos realizados e certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente ou, alternativamente, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa da realización dos mencionados investimentos, dos importes investidos ou executados na acción subvencionada, e do destino dos investimentos subvencionados á finalidade de servizos sociais para a que foron solicitados.

2.4. Para os distintos conceptos relativos a gastos de investimento de capital non se realizarán anticipos. Porén, poderán realizarse pagamentos á conta, ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, a medida que a corporación local beneficiaria presente certificacións acreditativas dos gastos realizados na execución das actividades obxecto de financiamento, de conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xullo de 2009. Nesta xustificación poderán incluírse os gastos realizados polas corporacións locais desde o 1 de xaneiro de 2009 nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde.

2.5. En todo caso, no momento da xustificación da execución total do investimento subvencionado e antes do derradeiro pagamento, as corporacións locais beneficiarias deberán presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente da corporación local, que faga constar expresamente que o importe da subvención concedida foi destinado á finalidade obxecto de subvención, acompañada, para o caso de subvencións para execución de obras, dun informe do técnico municipal competente en materia de obras ou arquitecto director de obra, en que se certifique expresamente que a obra se executou segundo o proxecto aprobado que serviu de base á subvención e que cumpre coa legalidade vixente en materia de seguranza, accesibilidade, e co resto da lexislación de xeral aplicación ou para subvencións para adquisición de equipamento mobiliario, informe do técnico municipal de servizos sociais en que se dea conta do equipamento adquirido e se certifique que se corresponde co que foi obxecto de subvención. Estes informes deberán ser visados polo alcalde-presidente da corporación.

Disposicións adicionais

Primeira.-Determinación de competencias.

Todas as referencias realizadas na Orde do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009 á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e ao seu titular entenderanse realizadas á Consellería de Traballo e Benestar e á súa titular.

Así mesmo, todas as referencias realizadas na dita orde á Dirección Xeral de Acción Social e á Secretaría Xeral de Benestar entenderanse todas realizadas á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, incluíndo a delegación de atribucións para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas na dita orde, así como para asinar os convenios que poidan derivar da tramitación destas subvencións, e para autorizar e dispoñer os gastos que deriven da tramitación desta orde e propoñer o recoñecemento de obrigas e a ordenación dos correspondentes pagamentos.

Segunda.-Prazo de presentación de solicitudes.

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009.

135 Resolución do 16 de febreiro de 2009 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 63, do 1.04.2009).

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publícanse as subvencións concedidas en virtude da Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as bases por que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria (DOG nº 60, do 28 de marzo), modificada pola Orde do 17 de xuño de 2008 (DOG nº 122, do 25 de xuño), pola Orde do 3 de novembro de 2008 (DOG nº 216, do 6 de novembro) e pola Orde do 1 de decembro de 2008 (DOG nº 236, do 4 de decembro).

O importe total destinado ao financiamento destas subvencións correspondentes ao exercicio 2008 ascendeu a 43.743.937,13 €, repartidos nas seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da comunidade autónoma galega para o ano 2008:

- 181.523,51 € con cargo á aplicación orzamentaria

05.41.312F.460.0;

- 544.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312F.460.2;
- 18.164.206,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312E.460.2;
- 12.138.780,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.460.0;
- 4.950.398,86 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.460.3;
- 691.684,83 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.460.5;
- 963.071,99 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.460.6;
- 4.300.255,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312E.760.0;
- 472.026,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.312E.761.0;
- 2.070,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.760.0;
- 499.909,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.760.1;
- 836.011,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.41.313C.760.2.

Ademais, con cargo aos créditos correspondentes á anualidade 2009 das aplicacións orzamentarias 05.41.312E.760.0, 05.41.312E.761.0 e 05.31.313C.760.2, concedéronse subvencións de carácter plurianual pola contía total de 1.547.823,50 € para o exercicio 2009.

Destas subvencións, as destinadas a financiar os gastos correntes de mantemento e realización de programas básicos de servizos sociais de atención primaria correspondentes ao exercicio 2008 foron cofinanciadas con fondos finalistas procedentes da Administración xeral do Estado (Ministerio de Educación, Política Social e Deporte) nunha contía de 7.937.745,91 €, a través do denominado Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais e, por outra banda, as destinadas a financiar os proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano correspondentes ao exercicio 2008 foron cofinanciadas con fondos finalistas procedentes da Administración xeral do Estado (Ministerio de Educación, Política Social e Deporte) nunha contía de 213.488,39 €.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "135-09.PDF"

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

CAPÍTULO VI.- XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Voluntariado e participación

136 Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 22, do 2.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 34, do 18.02.2009).

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, establécese a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. No seu artigo 6 número 2.2º b) establécese que lle corresponde á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, a xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de voluntariado, así como a elaboración e o seguimento do Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria e a xestión do sistema de Rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria. Tamén será a súa función o desenvolvemento das actuacións de promoción, investigación, asistencia e formación en materia de voluntariado e todas aquelas segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Esta convocatoria tramítase como anticipada de gasto, de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998, polo que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 28 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001; de acordo co disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 16 de outubro de 2008.

Na tramitación anticipada deste expediente poderá chegarse ata o momento inmediatamente anterior ao da disposición ou compromiso de gasto, sempre que se fagan constar nas bases reguladoras ou convocatoria a circunstancia de que o gasto que se proxecta queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

En virtude do exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, e a Lei 12/2007, do 27 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas cales se rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado durante o ano 2009.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

3. Serán subvencionables os programas e actuacións presentados polos concellos e mancomunidades de municipios sempre que desenvolvan proxectos de acción voluntaria e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nalgunha das seguintes áreas:

a) Área de sensibilización: o obxectivo destes programas será o de difundir entre toda a sociedade galega a importancia e valor da participación solidaria de carácter voluntario. Trátase de fomentar o voluntariado a través de actividades de sensibilización como:

- - Desenvolvemento de xornadas, seminarios, charlas e actividades dirixidas a dar a coñecer a realidade das entidades de acción voluntaria, así como a promoción e captación de voluntariado.

- - Realización de campañas que fomenten a sensibilización da sociedade galega cara ao voluntariado e ás súas organizacións.

- - Estudos encamiñados a coñecer a realidade do voluntariado galego nos seus diferentes niveis de actuación (local, comarcal, etc.).

b) Área de formación: perséguese unha modernización e adaptación permanente dos entes locais á realidade social a través destas liñas fundamentais:

- - Formación de persoas responsables de voluntariado e das persoas voluntarias.

- - Fomento e incorporación de novas tecnoloxías dentro das entidades como, por exemplo, o deseño e mantemento de páxinas web.

c) Área de coordinación: as accións fomentarán o traballo en rede e a coordinación entre os diferentes concellos e mancomunidades incorporando de xeito transversal as actuacións desenvolvidas nos diferentes eidos do voluntariado.

Artigo 2º.-Beneficiarias/os.

As/os beneficiarias/os das axudas serán os concellos e mancomunidades de municipios de Galicia que realicen proxectos de voluntariado durante o ano 2009, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro, e que se desenvolvan dentro das áreas de actuación da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

Artigo 3º.-Requisitos das/os beneficiarias/os.

1. Para poder ser beneficiarias/os destas axudas serán condicións imprescindibles:

- Que os concellos e mancomunidades de municipios estean inscritos no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia na data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

- Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e accidentes de todas as persoas voluntarias para o ano en curso e na data de presentación da solicitude, acompañando esta coa copia das pólizas correspondentes.

2. Polo contrario, non poderán solicitalas aquelas entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Deberán manter os requisitos exixidos durante todo o período de realización do programa subvencionado.

Artigo 4º.-Contía máxima da axuda.

As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.460.0 (proxecto 2009 00038) por un importe 300.000 € segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 16 de outubro de 2008, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Artigo 5º.-Conceptos subvencionables.

1. Serán conceptos subvencionables os gastos correntes que deriven da realización das actividades de voluntariado realizadas e recollidas no proxecto presentado e que se leven a cabo desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2009, entre os que se inclúen a contratación laboral de persoal técnico, gastos derivados de desprazamentos do persoal voluntario, gastos de actividades inherentes ao desenvolvemento do proxecto, contratación de persoal experto, formación de persoal técnico ou voluntario, adquisición de material funxible pero non inventariable, servizos de comunicación (telefónicos, postais e telegráficos) e seguros de voluntarias ou voluntarios.

2. Non se subvencionarán os gastos en bens inventariables e de investimento; os xuros debedores das contas bancarias, recargas e sancións administrativas nin gastos de procedementos xudiciais.

3. A contía máxima da axuda por proxecto non poderá ser maior á cantidade de 10.000 €.

Artigo 6º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar, presentaranse no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, nas delegacións provinciais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes cubertas, segundo o modelo do anexo I, presentaranse xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI da/o representante legal do concello ou da mancomunidade.

b) Fotocopia compulsada do CIF do concello ou da mancomunidade.

c) Certificación orixinal dunha entidade bancaria da conta do concello ou da mancomunidade onde se fará o ingreso da subvención.

d) Certificación expedida pola/o secretaria/o do concello ou da man-

comunidade co visto e prace do representante legal (anexo II), que recolla: o acordo do órgano que teña asumida a competencia en virtude da cal se solicita a subvención, a acreditación da persoa que teña o cargo do representante legal, así como o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como os fondos propios que achega a entidade.

e) Proxecto tal e como se recolle no anexo III, admitíndose un só proxecto por municipio ou mancomunidade.

3. No caso de que algún dos documentos relacionados no punto a), b), e c) fosen presentados na Administración, deberán facelo constar, así como o expediente para o que foron presentados, e queda, deste xeito, exento de presentación.

4. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde, o interesado será requirido para que, nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistido na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Artigo 7º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

Presidenta/e: subdirectora ou subdirector xeral de Solidariedade e Participación.

Secretario: unha/un funcionaria/o da Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación a/o cal participará con voz pero sen voto.

Vogais: a/o xefa/e de Servizo de Solidariedade, dúas/dous técnicas/os da Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación, as/os xefas/es dos Servizos de Xuventude e Solidariedade das catro delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3. A dita comisión poderá solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

4. As solicitudes admitidas remitiránselle á comisión de valoración para que, unha vez avaliadas, proceda a propor a concesión ou denegación das axudas, seguindo os criterios de valoración establecidos no artigo 8º desta orde.

5. A comisión proporá a contía das axudas correspondentes a cada concello ou mancomunidade de municipios que, en ningún caso, superarán o 80% do orzamento total ata esgotar o crédito dispoñible.

6. A comisión poderá establecer un mínimo de puntuación a partir do cal non se valoren os proxectos por considerarse que non se adecúan á calidade exixida nas bases.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7º.

No devandito procedemento teranse en conta os seguintes criterios:

a) Coherencia xeral do proxecto (ata 35 puntos).

- Calidade técnica analizada a través da coherencia entre os obxectivos, programación, metodoloxía da intervención, adecuación de recursos e actividades aos obxectivos do proxecto e criterios de avaliación. Deberán acreditarse os resultados previstos, a oportunidade e interese social do proxecto expresados nunha relación descritiva clara de toda a secuencia do proxecto e de cada unha das actividades que se van desenvolver, así como o número de beneficiarias/os e voluntarias/os que participan no proxecto.

- Información precisa e detallada de cada unha das actividades e contías que se deberán destinar a cada unha das accións debidamente desagregadas, así como descrición dos recursos propios da entidade.

- Secuencia lóxica da intervención: situación da que se parte e a onde se quere chegar detalladamente, información precisa dos recursos existentes e os necesarios, cos que conta e os que terán que incrementar.

- Importancia da actuación en áreas de especial sensibilidade, de acordo coas necesidades reais da sociedade.

b) Viabilidade do proxecto e sustentabilidade da organización de voluntariado na Comunidade Autónoma galega previndo, entre outras medidas, a inclusión nos seus proxectos da figura da/o responsable de voluntariado e a participación de voluntarias/os da organización (ata 15 puntos).

c) Capacidade da entidade e solvencia (ata 10 puntos).

- Se a entidade xestionou con anterioridade algún proxecto de igual ou superior contía ao que presenta.

- Achega financeira da entidade ao proxecto.

- Concorrencia doutras fontes de financiamento do programa de caracter privada.

d) Proxectos innovadores que introduzan novas prácticas no fomento de experiencias de solidariedade e voluntariado no ámbito educativo, empresarial, medios de comunicación, traballo en rede e promoción dos novos espazos de intervención para o voluntariado (ata 10 puntos).

e) Participación do voluntariado nas actividades do proxecto, acreditado mediante xustificación bancaria de aboamento da prima das pólizas dos seguros correspondentes (ata 10 puntos).

f) Proxecto conxunto con outras entidades (ata 10 puntos).

g) Consonancia entre a formación recibida polas/os voluntarias/os da entidade e a actividade desenvolvida nesta (ata 5 puntos).

h) Garantir na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación, o uso do galego. Así mesmo, facer constar en toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada, o seu contido en galego e a colaboración deste organismo incorporando de xeito visible o seu logotipo (ata 5 puntos).

Artigo 9º.-Resolución.

1. Analizadas as solicitudes pola Comisión de Valoración, esta levantará acta na que se recollerá a proposta de resolución para a súa elevación ao director xeral de Xuventude e Solidariedade quen resolverá a concesión ou denegación das solicitudes presentadas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3. Se a resolución non foi notificada os interesados no prazo ao que se refire o punto anterior, poderá entenderse desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

4. Notificada a resolución polo órgano concedente, a/o beneficiaria/o disporá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada tal como dispón o artigo 21.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra ela caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Xustificación da axuda concedida.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento é o 15 de outubro de 2009. Para isto o beneficiario deberá presentar na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, a seguinte documentación por duplicado:

   1.1. Certificación expedida pola/o secretaria/o da entidade co visto e prace da/o representante legal (anexo IV), na que se farán constar:

   a) Conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como os fondos propios do concello ou mancomunidade.

   b) A relación de actividades realizadas.

   c) O importe da subvención concedida (en cifras e letra).

   d) Cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

   1.2. Memoria descritiva das actividades realizadas de acordo co proxecto presentado.

2. Os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos. No caso de que a/o beneficiaria/o non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á axuda.

Artigo 12º.-Concorrencia de subvencións públicas e modificacións da resolución.

1. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo do proxecto subvencionable.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia da/o beneficiaria/o. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras. Procederá tamén a modificación da resolución naqueles supostos nos que se produza a ampliación da contía orzamentaria destinada a mesma finalidade.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditada polo órgano concedente logo da instrución do correspondente expediente.

Artigo 13º.-Anticipos e pagamentos.

Unha vez ditada a resolución de concesión e aceptada poderase facer un anticipo de pagamento de ata o 10%, nos supostos do artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo co artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos demais casos o importe da subvención concedida farase efectiva nun único pagamento tras a aceptación pola entidade solicitante e presentación de xustificantes de ter realizadas as actividades segundo o proxecto presentado. Non obstante, poderanse facer pagamentos parciais, de acordo co artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ata un máximo do 80% da contía total concedida na medida en que se vaia xustificando. O restante 20% aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións coas que lle foi concedida a subvención.

Artigo 14º.-Obrigas das/os beneficiarias/os.

Os concellos ou mancomunidades de municipios que reciban a subvención deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. As obrigas das entidades beneficiarias das axudas, serán:

   a) Cumprir o proxecto de voluntariado que fundamenta a concesión de subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Estar sometidos ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente así como calquera outra actuación que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada os fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Dar a axeitada publicidade do caracter público do financiamento dos proxectos. Facer constar na publicidade e difusión que se xere, así como en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as entidades deberán comunicarlle por escrito certificado, nun prazo de 20 días antes da realización, calquera actividade coa publicidade escrita, á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo ao control financeiro de subvencións e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 16º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que son as seguintes:

- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións requiridas.
- Incumprimento total ou parcial do proxecto obxecto de subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nesta orde.
- Incumprimento da obriga de adoptar medidas de difusión.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa as actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa vixente, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado os fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a regularidade das actividades e a concorrencia doutras axudas.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios cando se derive a imposibilidade de conseguir o obxecto, sempre que afecten o modo no que se conseguen os obxectivos ou cando do incumprimento se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou ao cumprimento do obxecto.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación levará aparellada a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 17º.-Publicidade.

1. Unha vez ultimada a concesión das axudas, publicarase no Diario Oficial de Galicia a relación das concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia a concesión indicando a relación de beneficiarias/os, e o importe das axudas, ao abeiro do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade, para desenvolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Poderase acordar, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade co artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos

xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de aplicación.

Cuarta.-Coa presentación da solicitude (anexo I) a/o beneficiaria/o dá a súa conformidade a que os datos facilitados para concesión da subvención figuren no Rexistro Público de Subvención coas salvidades do artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

A relación de beneficiarios será publicada no Diario Oficial de Galicia, na páxina web e no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 26 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

Ver anexos pdf "136-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertidos erros na Orde do 31 de decembro de 2008, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 22, do 2 de febreiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

- Na páxina 2.145, no terceiro parágrafo da parte expositiva, onde di: «...proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008...», debe dicir: «...proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009...».

- Na páxina 2.145, no artigo 4º.-Contía máxima de axuda, onde di: «As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.460.0 (proxecto 2009 00038) por un importe 300.000 € segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. ...» debe dicir: «As axudas faranse efectivas con cargo a aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.460.0 (proxecto 2009 00/666) por un importe 300.000 € segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, ...».

137 Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

(DOG nº 53, do 17.03.2009).

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, establécese a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. No seu artigo 6, punto 2º.2 b), establécese que lle corresponde á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de voluntariado, así como a elaboración e o seguimento do Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria e a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria. Tamén será a súa función o desenvolvemento das actuacións de promoción, investigación, asistencia e formación en materia de voluntariado e todas aquelas, segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Esta convocatoria tramítase de acordo co disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En virtude do exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, e a Lei 12/2007, do 27 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria, agás ás universidades galegas.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

3. Serán subvencionables os programas e actuacións presentados polas entidades sen ánimo de lucro sempre que desenvolvan proxectos de acción voluntaria e que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nalgunha das seguintes áreas:

a) Área de sensibilización: o obxectivo destes programas será o de difundir entre toda a sociedade galega a importancia e o valor da participación solidaria de carácter voluntario. Trátase de fomentar o voluntariado a través de actividades de sensibilización como:

- - Desenvolvemento de xornadas, seminarios, charlas e actividades dirixidas a dar a coñecer a realidade das entidades de acción voluntaria, así como á promoción e captación de voluntariado.

- - Realización de campañas que fomenten a sensibilización da sociedade galega cara o voluntariado e as súas organizacións.

- - Estudos encamiñados a coñecer a realidade do voluntariado galego nos seus diferentes niveis de actuación (local, comarcal, etc.).

b) Área de formación: persegue unha modernización e adaptación permanente das entidades de acción voluntaria á realidade social a través destas liñas fundamentais:

- - Formación de persoas responsables de voluntariado e das persoas voluntarias.

- - Fomento e incorporación de novas tecnoloxías dentro das entidades como, por exemplo, o deseño e mantemento de páxinas web.

c) Área de coordinación: as accións fomentarán o traballo en rede e a coordinación entre as diferentes entidades, incorporando de xeito transversal as actuacións desenvolvidas nos diferentes eidos do voluntariado.

Artigo 2º.-Beneficiarias/os.

As/os beneficiarias/os das axudas serán as entidades de acción voluntaria de Galicia, agás as universidades galegas, que realicen proxectos de voluntariado durante o ano 2009, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro, e que se desenvolvan dentro das áreas de actuación da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

Artigo 3º.-Requisitos das/os beneficiarias/os.

1. Para poder ser beneficiarias/os destas axudas serán condicións imprescindibles:

- Que as entidades estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia na data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

- Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas subvencionables na Comunidade Autónoma galega a través de voluntarias ou voluntarios e profesionais.

- Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e accidentes de todas as persoas voluntarias para o ano en curso e na data de presentación da solicitude, acompañando esta da copia das pólizas correspondentes.

2. Polo contrario, non poderán solicitalas aquelas entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 puntos 2º e 3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10, puntos 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades deberán manter os requisitos exixidos durante todo o período de realización do programa subvencionado.

4. As solicitudes presentadas por unha agrupación de entidades farán constar no proxecto a parte executada por cada unha delas, así como o orzamento destinado ao dito proxecto.

As solicitudes de entidades que conteñan propostas de proxectos conxuntos deberán asumir, cada unha delas por escrito, a responsabilidade solidaria do proxecto debidamente asinada e designarán unha ou un responsable e un enderezo único para os efectos de notificacións administrativas.

Artigo 4º.-Contía máxima da axuda.

As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.481.0 (proxecto 2009 00167) por un importe de 500.000 € segundo o establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 5º.-Conceptos subvencionables.

1. Serán conceptos subvencionables os gastos correntes que deriven das actividades de voluntariado realizadas e recollidas no proxecto presentado e que se leven a cabo desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2009, entre os que se inclúen a contratación laboral de persoal técnico, gastos derivados de desprazamentos do persoal voluntario, gastos de actividades inherentes ao desenvolvemento do proxecto, contratación de persoal experto, formación de persoal técnico ou voluntario, adquisición de material funxible pero non inventariable, servizos de comunicación (telefónicos, postais e telegráficos) e os seguros de voluntarias ou voluntarios.

2. Non se subvencionarán os gastos en bens inventariables e de investimentos; os xuros debedores das contas bancarias, recargas e sancións administrativas nin gastos de procedementos xudiciais.

3. A contía máxima da axuda por proxecto non poderá ser maior da cantidade de 10.000 €.

Artigo 6º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar, presentaranse no rexistro xeral do edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, nas delegacións provinciais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes cubertas segundo o modelo do anexo I presentaranse xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI do representante legal da entidade.

b) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

c) Certificación orixinal dunha entidade bancaria da conta da entidade onde se fará o ingreso da subvención.

d) Certificación expedida polo secretario da entidade co visto e prace do representante legal (anexo II), que recolla: o acordo do órgano que teña asumida a competencia en virtude da cal se solicita a subvención, a acreditación da persoa que ten o cargo de representante legal, así como o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como os fondos propios que achega a entidade.

e) Proxecto tal e como se recolle no anexo III, admitíndose un só proxecto por entidade ou agrupación de entidades.

3. No caso de que algún dos documentos relacionados nas alíneas a), b) e c) fosen presentados na Administración, deberán facelo constar, así como o expediente para o que foron presentados, quedando deste xeito exento de presentación.

4. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde, o interesado será requirido para que, nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Artigo 7º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

Presidenta/e: subdirectora ou subdirector xeral de Solidariedade e Participación.

Secretario: unha/un funcionaria/o da Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación o que participará con voz pero sen voto.

Vogais: a xefa/e de Servizo de Solidariedade, dúas/os técnicas/os da Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación, as/os xefas/es dos servizos de Xuventude e Solidariedade das catro delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3. A dita comisión poderá solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

4. As solicitudes admitidas remitiránselle á comisión de valoración para que, unha vez avaliadas, proceda a propor a concesión ou denegación das axudas seguindo os criterios de valoración establecidos no artigo 8º desta orde.

5. A comisión proporá a contía das axudas correspondentes a cada entidade ata esgotar o crédito dispoñible.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7º. No devandito procedemento teranse en conta os seguintes criterios:

a) Coherencia xeral do proxecto (ata 35 puntos).

- Calidade técnica analizada a través da coherencia entre os obxectivos, programación, metodoloxía da intervención, adecuación de recursos e actividades aos obxectivos do proxecto e criterios de avaliación. Deberán expresarse os resultados previstos, a oportunidade e interese social do proxecto expresados nunha relación descritiva clara de toda a secuencia do proxecto e de cada unha das actividades que se van desenvolver, así como o número de beneficiarias/os e voluntarias/os que participan no proxecto.

- Información precisa e detallada de cada unha das actividades e contías que se deberán destinar a cada unha das accións debidamente desagregadas, así como descrición dos recursos propios da entidade.

- Secuencia lóxica da intervención: situación da que se parte e a onde se quere chegar detalladamente, información precisa dos recursos existentes e os necesarios, cos que conta e os que terán que incrementar.

- Importancia da actuación en áreas de especial sensibilidade, de acordo coas necesidades reais da sociedade.

b) Viabilidade do proxecto e sustentabilidade da organización de voluntariado na Comunidade Autónoma galega prevendo, entre outras medidas, a inclusión nos seus proxectos da figura da/o responsable de voluntariado e a participación de voluntarias ou voluntarios da organización (ata 15 puntos).

c) Capacidade da entidade e solvencia (ata 10 puntos).

- Se a entidade xestionou con anterioridade algún proxecto de igual ou superior contía ao que presenta.

- Achega financeira da entidade ao proxecto.

- Concorrencia doutras fontes de financiamento do programa de carácter privado.

d) Proxectos innovadores que introduzan novas prácticas no fomento de experiencias de solidariedade e voluntariado no ámbito educativo, empresarial, medios de comunicación e promoción dos novos

espazos de intervención para o voluntariado (ata 10 puntos).

e) Participación do voluntariado nas actividades do proxecto, acreditado mediante xustificación bancaria de aboamento da prima das pólizas do seguro correspondente (ata 10 puntos).

f) Proxecto conxunto con outras entidades de acción voluntaria e traballo en rede (ata 10 puntos)

g) Consonancia entre a formación recibida polas/os voluntarias/os da entidade e a actividade desenvolvida nesta (ata 5 puntos).

h) Garantir na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación, o uso do galego. Así mesmo, facer constar en toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada, o seu contido en galego e a colaboración deste organismo, incorporando de xeito visible o seu logotipo (ata 5 puntos).

Artigo 9º.-Resolución.

1. Analizadas as solicitudes pola Comisión de Valoración, esta levantará acta na que se recollerá a proposta de resolución para a súa elevación ao director xeral de Xuventude e Solidariedade quen resolverá a concesión ou denegación das solicitudes presentadas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3. Se a resolución non foi notificada aos interesados no prazo o que se refire o punto anterior, poderá entenderse desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

4. Notificada a resolución polo órgano concedente, a/o beneficiaria/o disporá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada tal como dispón o artigo 21.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa resolución, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-Xustificación da axuda concedida.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento é o 15 de outubro de 2009. Para isto o beneficiario deberá presentar, no rexistro xeral do edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou nas delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a seguinte documentación por duplicado:

1.1. Certificación expedida polo secretario da entidade co visto e prace do representante legal (anexo IV), na que se farán constar:

a) Conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como os fondos propios da entidade.

b) A relación de actividades realizadas.

c) O importe da subvención concedida (en cifras e letra).

d) Cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

1.2. Memoria descritiva das actividades realizadas de acordo co proxecto presentado.

1.3. Acreditar a realización das actividades mediante a entrega dos orixinais ou copias cotexadas de facturas que deberán ir acompañadas dunha relación nominal delas (anexo V), nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, certificacións bancarias e demais medios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.4. A xustificación dos gastos realizarase do seguinte xeito:

- - Comprobación dos gastos correspondentes ao persoal (achegaranse necesariamente as copias compulsadas das nóminas xunto cos boletíns oficiais da cotización á Seguridade Social e o modelo 110).

- - As partidas que se refiran a colaboracións de carácter temporal (figurarán os recibos onde consten os datos da perceptora ou perceptor, o seu DNI, o concepto polo que se retribúe e a retención correspondente ao IRPF).

- - No caso de persoas que colaboren en programas a cambio dunha gratificación, deberán presentarse os recibos ou facturas, de ser o caso, xustificativos do gasto, nos que constará o nome do programa ou actividade así como os datos persoais identificativos da persoa colaboradora.

- - En canto aos fondos propios a entidade deberá acreditar na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

2. Os órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos. No caso de que o beneficiario non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á axuda.

Artigo 12º.-Concorrencia de subvencións públicas

e modificacións da resolución.

1. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo do proxecto subvencionable.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras. Procederá tamén a modificación da resolución naqueles supostos nos que se produza a ampliación da contía orzamentaria destinada a mesma finalidade.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditada polo órgano concedente logo da instrución do correspondente expediente.

Artigo 13º.-Anticipos e pagamentos.

Unha vez ditada a resolución de concesión e aceptada pola entidade, poderase facer un anticipo de pagamento de ata o 10%, nos supostos do artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo co artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos demais casos o importe da subvención concedida farase efectiva nun único pagamento tras a aceptación pola entidade solicitante e unha vez achegados os xustificantes de ter realizadas as actividades segundo o proxecto presentado. Non obstante, poderanse facer pagamentos parciais, de acordo co artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ata un máximo do 80% da contía total concedida na medida en que se vaia xustificando. O restante 20% aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións coas que lle foi concedida a subvención.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades de acción voluntaria que reciban a subvención deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. As obrigas das entidades beneficiarias das axudas, serían:

   a) Cumprir o proxecto de voluntariado que fundamenta a concesión de subvención.

   b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

   c) Estaren sometidos ás actuacións de comprobación que poidan efectuar o órgano concedente, así como calquera outra actuación que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios.

   d) Comunicarlle ao órgano concedente a solicitude e/ou a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada os fondos percibidos.

   e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

   f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

   g) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos proxectos. Facer constar na publicidade e difusión que se xere, así como en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que as actividades foron subvencionadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

   h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as entidades deberán comunicarlle por escrito certificado, nun prazo de 20 días antes da realización, calquera actividade coa publicidade escrita, á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo ao control financeiro de subvencións, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 16º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións requiridas.
- Incumprimento total ou parcial do proxecto obxecto de subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nesta orde.
- Incumprimento da obriga de adoptar medidas de difusión.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa vixente, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais

ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado os fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a regularidade das actividades e a concorrencia doutras axudas.

- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios cando se derive a imposibilidade de conseguir o obxecto, sempre que afecten o modo no que se conseguen os obxectivos ou cando do incumprimento se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación levará aparellada a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 17º.-Publicidade.

1. Unha vez ultimada a concesión das axudas, publicarase no Diario Oficial de Galicia a relación das concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia a concesión indicando a relación de beneficiarios e o importe das axudas, ao abeiro do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade para desenvolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer o gasto, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Poderase acordar, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade co artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se subvencións de Galicia. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de aplicación.

Cuarta.-Coa presentación da solicitude (anexo I) a/o beneficiaria/o dá a súa conformidade a que os datos facilitados para concesión da subvención figuren no Rexistro Público de Subvención coas salvidades do artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

A relación de beneficiarios será publicada no Diario Oficial de Galicia, na páxina web e no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 26 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago Compostela, 4 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "137-09.PDF"

Xuventude e programas

138 Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia para o ano 2009.

(DOG nº 23, do 3.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 40, do 26.02.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

Por outra banda, o Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre, dispón que terán dereito a ser usuarios das residencias traspasadas todos os traballadores españois e os seus familiares, calquera que sexa o lugar do seu domicilio.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais de familia, infancia e mocidade, competencias atribuídas neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dispón de dous centros destinados ao gozo do ocio e o lecer das familias, as residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, ás que se lles quere dar un fondo contido social, posibilitando o acceso de familias con baixos recursos a un período vacacional nas residencias de tempo libre de Galicia.

Mediante esta orde ofértanse quendas de estadías nas devanditas residencias, co fin de favorecer a comunicación e participación persoal e socio-familiar, cumprindo unha importante función social.

Neste sentido, esta orde recolle aspectos tales como a determinación das persoas destinatarias, distribución de prazas, servizos ofertados, solicitudes e tramitación, adxudicacións, prezos e pagamento, contribuíndo con isto a reforzar a confianza da cidadanía no funcionamento do sistema.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación de estadías e servizos das residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño para o ano 2009, sitas nas localidades de Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense), respectivamente e dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 2º.-Persoas destinatarias.

Poderán ser destinatarias todas as persoas maiores de idade, ou menores sempre que vaian acompañados dos seus proxenitores ou titores legais, que teñan a súa residencia en territorio español. Igualmente, poderán acollerse a esta orde os galegos residentes no exterior.

Artigo 3º.-Distribución das prazas.

A distribución das prazas será compartida nun 50% entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as centrais sindicais en razón da súa representatividade na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos resultados obtidos nas derradeiras eleccións sindicais.

Artigo 4º.-Tipos de servizo.

1. Servizo de residencia.

O servizo de residencia consistirá no aloxamento e mantenza en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias.

As quendas e tempadas ofertadas detállanse no anexo II desta orde.

2. Servizos para non residentes.

Poderán gozar do servizo de comedor os familiares e amigos das persoas residentes que veñan visitar a instalación, segundo as normas para a provisión de prazas que determine o/a director/a de cada residencia, e sen prexuízo da lóxica prioridade que se outorgue e se garanta ás persoas aloxadas.

Artigo 5º.-Os prezos.

Os prezos, tanto para os servizos de residencia como para os non residentes, establécense no Decreto 169/2003, do 13 de febreiro, polo que se fixan as tarifas de prezos relativas ás residencias de tempo libre.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

Polo que respecta ás prazas adxudicadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, farase unha única solicitude por unidade familiar.

Non se admitirán as solicitudes que inclúan persoas que gozasen dalgunha quenda na mesma residencia nalgún dos dous anos anteriores.

1. Solicitantes da quenda de familias numerosas deberán presentar:

Solicitude segundo modelo oficial (anexo I).

Copia do DNI do solicitante.

Copia do libro de familia.

2. Resto de familias:

Solicitude segundo modelo oficial (anexo I).

Fotocopia do DNI da persoa solicitante.

Artigo 7º.-Presentación de solicitudes: lugar e prazo.

1. As solicitudes de estadías na residencia de tempo libre de Panxón presentaranse no rexistro de Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Pontevedra e as solicitudes de estadías na residencia de tempo libre do Carballiño presentaranse no rexistro da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Ourense, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes abrirase o mesmo día da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o 31 de marzo de 2009.

Artigo 8º.-Requirimento de emenda.

Os directores das respectivas residencias comprobarán que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde, en caso contrario procederán a reclamarlles por escrito ás persoas interesadas os documentos preceptivos para poder resolver o expediente, co apercibimento de que se así non se fixese nun prazo de 10 días, se terán por desistidas da súa petición de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución do/a delegado/a provincial competente que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Artigo 9º.-Adxudicación de estadías.

A adxudicación das prazas correspondentes á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar efectuarase por sorteo de datas, que será público e terá lugar ante o/a delegado/a da Igualdade e do Benestar correspondente á cadansúa provincia en que están localizadas as residencias. Á data e ao lugar en que se realice o sorteo daráselles publicidade mediante anuncio nas páxinas web http://vicepresidencia.xunta.es/ e igualdadegaliza.org. No antedito sorteo teranse en conta todas aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido, tanto as remitidas directamente ás residencias de tempo libre coma as presentadas ao abeiro do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todas as datas do prazo establecido no artigo 7º.2 entran en sorteo e delas sairá unha, que será pola que se iniciará a adxudicación das prazas, ata cubrir o total de cuartos dispoñibles. As prazas que queden vacantes por renuncias posteriores á súa adxudicación ofertaranse ás persoas solicitantes que non obtivesen praza, seguíndose, para estes efectos, a orde de adxudicación establecida no sorteo.

A primeira quenda do mes de agosto en ambas as dúas residencias queda reservada ás familias que acrediten a súa condición de numerosas, podendo estas, non obstante, solicitar calquera outra das datas que se recollen no anexo II. A adxudicación desta quenda farase igualmente por sorteo de datas, sendo as sobrantes incluídas, de ser o caso, no procedemento xeral de adxudicación. As familias numerosas que se presenten ao resto das quendas entrarán no sorteo xeral e non terán preferencia algunha.

Non se adxudicarán prazas por máis dunha quenda durante a tempada de verán.

Artigo 10º.-Resolución.

Correspóndelle ao delegado/a provincial competente por razón de territorio a resolución das adxudicacións das estadías, levantando acta do devandito sorteo e remitindo o resultado aos respectivos director/a das residencias. Estes notificarán aos interesados a quenda e tempada concedida ou a non adxudicación, de ser o caso.

Contra as anteditas resolucións, poderase interpoñer recurso de alzada perante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 11º.-Pagamento do prezo da estadía.

As persoas beneficiarias realizarán, no prazo de dez días desde a recepción da confirmación da reserva por parte da residencia, un depósito de 30 € por cuarto en concepto da dita reserva, e outro depósito, 30 días antes do inicio da quenda adxudicada, pola cantidade restante ata completar a totalidade do prezo da estadía.

Artigo 12º.-Anulación de estadías e reintegro de pagamentos.

No caso de que a persoa adxudicataria anulase as estadías, perderase a cantidade depositada en concepto de reserva, salvo causas de forza maior debidamente acreditadas. As cantidades depositadas con posterioridade seranlle devoltas, logo da reclamación da persoa interesada, unha vez instruído e resolto o expediente correspondente, de acordo coas porcentaxes que se detallan a continuación:

- Anulación ata 20 días antes da data do comezo do gozo das estadías 100%.
- Anulación entre 19 e 10 días antes da data de comezo do gozo das estadías 75%.
- Anulación entre 9 e 3 días antes da data de comezo do gozo das estadías 50%.
- Anulación con menos de 3 días ou unha vez comezado o gozo das estadías 25%.

A anulación de reservas efectuarase por carta certificada e para calcular a porcentaxe da devolución de cantidades tomarase como data de referencia a de rexistro de entrada na residencia, non facéndose en ningún caso, responsable a residencia dos eventuais atrasos que poidan producirse no envío da devandita documentación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2009.

Ver anexos pdf "138-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o ano 2009.

Advertido erro na Orde do 19 de xaneiro de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 23, do 3 de febreiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 2.276, no artigo 9º. Adxudicación de estadías, no punto primeiro, onde di: «No antedito sorteo teranse en conta todas aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido, tanto as remitidas directamente ás residencias de tempo libre coma as presentadas ao abeiro do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común», debe dicir: «No antedito sorteo teranse en conta todas aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido».

139 Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos e mozas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 29, do 11.02.2009 e corrección de erros no DOG nº 42, do 2.03.2009).

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, establécese a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. No seu artigo 6, punto 2º.2 a), establécese que lle corresponde á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e especificamente o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento e participación da xuventude na vida social.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar entende que para facilitar a formación da xuventude, reducir os obstáculos lingüísticos e acadar a súa autonomía persoal, é fundamental promover o coñecemento de idiomas dos países da Unión Europea, por ser este ámbito xeográfico unha ampliación da nosa sociedade e, polo tanto, unha ampliación das posibilidades onde acadar a integración e a autonomía persoal da nosa mocidade.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca anualmente unha liña de subvencións similares co obxecto desta orde, dirixida aos estudantes que estean matriculados nalgún centro universitario. Para cubrir o colectivo da xuventude que non cumpre este requisito excluínte, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar entende que para darlles igualdade de oportunidade a todos os mozos e mozas, os destinatarios desta orde de subvencións deben ser aqueles que non estean matriculados nun centro universitario.

Esta convocatoria axústase ao disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta disposición ten por obxecto establecer as bases para regular a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a mozos e mozas para realizar un curso de idiomas en calquera Estado membro da Unión Europea, agás España, e proceder á súa convocatoria.

2. O curso terá, polo menos, tres semanas de duración, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais entre o 1 de xuño e o 30 de outubro do ano 2009.

Artigo 2º.-Finanzamento e contía das axudas.

1. As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 05.42.313A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por unha contía de 100.000 euros.

2. A contía ascenderá a 1.400 euros para o curso de tres semanas, 1.650 euros para o curso de catro semanas e 1.800 euros para o curso de cinco semanas ou máis.

Artigo 3º.-Incompatibilidade das axudas.

Estas axudas son incompatibles co aproveitamento de calquera outro tipo de axudas ou bolsas de institucións públicas destinadas a actividades similares.

Artigo 4º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar as axudas as mozas e mozos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia e ademais reúnan os seguintes:

a) Ter entre 18 e 30 anos ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

b) Residir en Galicia.

c) Non estar matriculado no curso académico 2008/2009 en ningún centro universitario.

2. Quedan excluídos os solicitantes aos cales se lles concedese axuda

no ano 2008 e non xustificasen a realización do curso.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. Os mozos e mozas que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán petición, por medio de instancia dirixida ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, e poderán presentala na Oficina de Rexistro Único e Información, nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

2. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

Artigo 6º.-Documentación.

1. Deberá presentar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante.

b) Programa do curso en que constará:

b.1. Centro de estudos en que se realizará.

b.2. Localidade e país.

b.3. Horario das clases e materia que se impartirá.

b.4. Número de semanas e data de comezo e finalización.

b.5. Número de horas lectivas semanais.

c) Xustificación de ingresos da unidade familiar (anexo II).

d) Certificado de empadroamento da unidade familiar. Se está emancipado e figura empadroado no domicilio da unidade familiar dos pais, deberá presentar ademais, fotocopia do contrato de aluguer da vivenda ou documento similar.

e) Fotocopia compulsada do libro de familia numerosa, de ser o caso.

f) Declaración responsable do solicitante conforme non percibe ningún outro tipo de bolsa ou axuda de ningunha outra entidade pública para cursos similares aos que son obxecto desta orde.

g) Declaración responsable de non estar matriculado en ningún centro universitario, galego ou de fóra de Galicia, no curso académico 2008/2009.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos ou a documentación sinalada, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. De non facelo, daráselle por desistido da súa petición, segundo o disposto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Instrución e resolución.

1. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

2. As axudas serán adxudicadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade por proposta dunha comisión avaliadora integrada por:

2.1. Presidenta: a subdirectora xeral de Programas.

2.2. Vogais:

2.2.1. A xefa do Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

2.2.2. A xefa do Servizo de Programas.

2.2.3. O xefe do Servizo de Promoción de Actividades e Servizos.

2.3. Secretario/a: un/ha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

3. Terán preferencia para obtención destas axudas aqueles solicitantes que non fosen beneficiarios delas no ano 2008, concedéndose as axudas segundo a puntuación obtida, ordenados de maior a menor. A continuación, concederanse as axudas aos restantes solicitantes ordenados igualmente segundo a puntuación obtida. Esta adxudicación terá o carácter de concorrencia competitiva, polo tanto, non será suficiente para a obtención da axuda reunir todos os requisitos exixidos, senón tamén obter un número de orde que o sitúe dentro do total das axudas que se van conceder, tendo en conta o límite do orzamento consignado no artigo 2º desta orde. Para estes efectos, aprobaranse tres relacións: unha, en que se incluirán os candidatos que resulten adxudicatarios das axudas; unha segunda, en que se incluirán os candidatos que cumpran os requisitos pero non alcancen un número de orde que lles permita obter a axuda; e unha terceira, en que se incluirán os candidatos aos cales lles sexa denegada a axuda. Os solicitantes incluídos na segunda relación quedarán ordenados de acordo coa puntuación obtida e constituirán a lista de reserva coa cal se irán substituíndo, por rigorosa orde, os adxudicatarios que renuncien á axuda.

4. A comisión avaliadora dirimirá os posibles empates, en primeiro lugar, dando preferencia aos solicitantes que sexan membros dunha asociación xuvenil ou entidade de acción voluntaria inscrita no censo de entidades xuvenís ou entidades de acción voluntaria dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e en segundo lugar aos solicitantes de maior idade.

5. De acordo co artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, no prazo de quince días, aleguen e presenten os documentos e xustificantes que coiden pertinentes. Non obstante, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta para a resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

6. No prazo máximo de catro meses, desde a publicación desta orde, o director xeral de Xuventude e Solidariedade resolverá motivadamente o procedemento, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar. A resolución seralles notificada a todos os solicitantes. Unha vez notificada a resolución, os adxudicatarios terán un prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mes-

mo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

7. Unha vez feita a proposta de resolución, non se permitirán modificacións no curso que se vai realizar, debendo suxeitarse o beneficiario ao solicitado. Non obstante, cando por causa xustificada, teña que modificarse a data de realización do curso, o director xeral de Xuventude e Solidariedade poderá autorizar a modificación deste extremo unicamente, tendo en conta o límite establecido no artigo 1.2º.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Os criterios de valoración que se terán en conta para conceder estas axudas serán os seguintes:

1. Menores ingresos da unidade familiar en renda per cápita (ata 50 puntos).

2. Maior duración do curso en número de horas lectivas (ata 45 puntos).

3. Ser membro de familia numerosa (5 puntos).

4. O cálculo de menores ingresos en renda per cápita será igual ao resultado de dividir suma os ingresos anuais da unidade familiar entre o número de persoas que a forman. Os solicitantes que estean emancipados e figuren empadroados na unidade familiar dos seus pais, deberán acreditar uns ingresos anuais, durante o ano 2008, superiores a 6.500,00 euros. Os solicitantes non emancipados, e os emancipados cuns ingresos inferiores aos 6.500,00 euros, que non presenten o anexo II con todos os membros da unidade familiar terán unha puntuación de 0 puntos. Igualmente terán 0 puntos cando a renda per cápita sexa igual ou superior a 30.000,00 euros.

Artigo 9º.-Xustificación da axuda e pagamento.

1. O período que se establece para xustificar estas axudas rematará o día 15 de novembro de 2009 inclusive.

2. Os beneficiarios presentarán para xustificar a axuda:

2.1. Unha declaración complementaria de non ter percibido outras axudas para a mesma actividade, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2.2. Certificado emitido polo centro de idiomas en que constará a efectiva realización do curso así como o período en que se desenvolveu e o número de horas lectivas por semana.

2.3. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos derivados da realización do curso. Son gastos subvencionables:

2.2.1. A matrícula do curso.

2.2.2. A estadía.

2.2.3. Os gastos de viaxe e transporte.

2.2.4. O material funxible necesario para a realización do curso.

3. Unha vez concedida a subvención e notificada a resolución, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade poderá efectuar proposta de pagamento anticipado dun 80% sobre a subvención concedida, por petición do beneficiario. Para efectuar o pagamento anticipado, é imprescindible presentar xustificante do pagamento da matrícula do curso, a través de factura orixinal ou fotocopia compulsada desta, así como documentación que acredite o período de realización do curso.

4. En calquera caso, o aboamento destes anticipos e pagamentos suxeitarase ao disposto no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo co artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Obrigas do beneficiario.

O beneficiario está obrigado:

1. A realizar o curso subvencionado.

2. A xustificar os gastos incorridos na realización do curso.

3. A achegar canta información lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, así como a que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios.

4. Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Artigo 11º.-Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro da subvención concedida, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no caso de que se comprobe o incumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Entenderase que se dá o incumprimento a que se refire o paragrafo anterior cando o adxudicatario da axuda non realice, por calquera causa, o curso subvencionado ou non xustifique fidedignamente os gastos do curso.

Artigo 12º.-Renuncias.

Se por calquera circunstancia o beneficiario non puidese realizar o curso de idiomas, deberá presentar unha renuncia á subvención concedida; a renuncia deberá formalizarse antes do 15 de agosto de 2009. Se o beneficiario procede da lista de reserva e a comunicación da resolución é posterior á dita data a renuncia formalizarase coa maior brevidade.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pa-

gamento, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-En todo caso, a concesión das axudas terá como límite global a cantidade consignada na correspondente aplicación orzamentaria para o ano 2009.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de aplicación.

Cuarta.-De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

Quinta.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2009.

Ver anexos pdf "139-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos e mozas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos Estados membros da Unión Europea e se procede á súa convocatoria.

Advertido erro na devandita orde, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 29, do 11 de febreiro de 2009, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 2.781, anexo II, parágrafo terceiro, onde di: «Información tributaria: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2006», debe dicir: «Información tributaria: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2007».

140 Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 33, do 17.02.2009 e orde que a modifica no DOG nº 130, do 6.07.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.22º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 1º a estrutura básica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que conta coa Secretaría Xeral do Benestar á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, desenvolvido polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

As entidades xuvenís desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada representando os intereses da mocidade ante os poderes públicos e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible na política de xuventude, para o cal a lei prevé o outorgamento de axudas e subvencións por parte das diferentes administracións públicas conforme o marco legal e regulamentario de carácter xeral que as recolle.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia considera como obxectivos prioritarios contribuír á promoción da participación da mocidade desta comunidade e á súa inserción na vida social de forma participativa, mediante a dotación de axudas económicas para a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas e programas, que incidan na consecución destes obxectivos, ao mesmo tempo que se promove a calidade das accións destas entidades favorecendo a utilización de ferramentas de planificación.

Neste sentido, nesta orde establécense as bases que deberán rexer as convocatorias de axudas ás asociacións xuvenís e ás entidades prestadoras de servizos á xuventude, distinguíndose en cada unha delas as finalidades e beneficiarios a que van destinadas. Esta diferenciación vén xustificada pola necesidade de cubrir obxectivos de diversa consideración, sendo todos eles de capital importancia para o desenvolvemento do tecido asociativo xuvenil e da participación e dinamización da mocidade que se resumen nos seguintes:

* Fomentar a vida asociativa das organizacións especificamente xuvenís como recursos idóneos de expresión dos intereses da xuventude e de aprendizaxe de valores de cooperación, solidariedade e civismo, a través da concesión de axudas a asociacións e federacións xuvenís para o seu plan de actividades anual e para a adquisición de bens inventariables.

* Potenciar a realización de proxectos dirixidos á mocidade que contribúan á mellora das condicións sociais, culturais e educativas desta, favorecendo a súa participación activa como elemento pedagóxico, a través da concesión de axudas a asociacións xuvenís e a entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións e no establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, así como ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que deberán rexer os procedementos de concesión de axudas a asociacións xuvenís e a entidades prestadoras de servizos á xuventude da Comunidade Autónoma de Galicia para os seguintes fins:

Modalidade A: realización do programa anual de actividades e gastos de funcionamento, entendido como o conxunto de actividades planificadas con coherencia co fin de acadar os obxectivos estatutarios dunha asociación xuvenil ou federación de asociacións xuvenís.

Modalidade B: adquisición de equipamento e material inventariable.

Modalidade C: realización de proxectos de promoción xuvenil, entendidos como aqueles proxectos con carácter puntual e extraordinario que unha entidade realiza co obxectivo xeral da promoción da mocidade e como obxectivos específicos os descritos no artigo 5º, punto 3 b) desta orde.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para o financiamento destas axudas existe crédito suficiente e adecuado na Lei 16/2008, de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, consignado nas aplicacións orzamentarias 05.42.313A.481.0, cunha contía de 450.000 euros, que financiará as axudas para a realización do programa anual de actividades e gastos de funcionamento, así como para a realización de proxectos de promoción xuvenil e na 05.42.313A.781.0, cunha contía de 200.000 euros, que financiará a adquisición de equipamento e material inventariable.

Estas contías distribuiranse segundo o órgano competente para a tramitación e resolución dos expedientes do seguinte xeito, que se materializará nas correspondentes ordes de desconcentración de crédito:

Distribución capítulo IV (05.42.313A.481.0)

Ámbito provincial	A Coruña	65.000 €
	Lugo	60.000 €
	Ourense	85.000 €
	Pontevedra	70.000 €
Ámbito autonómico	Servizos centrais	170.000 €

Distribución capítulo VII (05.42.313A.781.0)

Ámbito provincial	A Coruña	45.000 €
	Lugo	16.000 €
	Ourense	33.000 €
	Pontevedra	26.000 €
Ámbito autonómico	Servizos centrais	80.000 €

Artigo 3º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar a axuda, ao abeiro destas bases reguladoras, as asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude da Comunidade Autónoma de Galicia que carezan de interese lucrativo.

1.1. Cando se trate da realización do programa anual de actividades e gastos de funcionamento:

a) As asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

b) As federacións de asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

1.2. Cando se trate de adquisición de equipamento e material inventariable:

a) As asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

b) As federacións de asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

1.3. Cando se trate da realización de proxectos de promoción xuvenil:

a) As asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

b) As federacións de asociacións xuvenís constituídas conforme a lexislación vixente.

c) As entidades prestadoras de servizos á xuventude.

d) As federacións de entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Artigo 4º.-Requisitos.

Para ser beneficiarios das axudas a que se refire esta orde, os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Estar inscritas no censo oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, regulado no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, o día da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, e cumprir a legalidade vixente no referente ás idades nas asociacións xuvenís (Real decreto 397/1988).

2. Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Será requisito imprescindible para poder solicitar a axuda ter xustificadas debidamente as axudas recibidas no último ano, se é o caso.

Artigo 5º.-Actividades e bens subvencionables.

As actividades e bens para os que se solicite axuda deberán responder aos seguintes criterios:

1. Para a realización do programa anual de actividades, estas deberán ter coherencia cos fins establecidos nos estatutos da entidade solicitante e que se realicen no ano en que se efectúe a convocatoria correspondente.

2. Bens subvencionables na solicitude de adquisición de equipamento e material inventariable da sede social:

a) Poderase subvencionar a adquisición de equipamento e/ou material inventariable de uso necesario para o funcionamento interno da entidade e para o desenvolvemento das actividades habituais, sempre e cando se xustifique convenientemente a necesidade.

b) Cando o gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros, a entidade deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores.

c) En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Para optar á adquisición de equipamento e/ou material inventariable é condición indispensable presentar declaración xurada de que a asociación ten local propio, sexa por arrendamento, cesión, doazón, compra, etc.

3. Para a realización de proxectos de promoción xuvenil, estes deberán cumprir algunha das seguintes finalidades:

a) Promover a participación social da xuventude na súa comunidade, mediante actividades que potencien a educación para a participación e que fomenten valores cívicos e democráticos.

b) Fomentar a aprendizaxe intercultural, educación en valores, coeducación, igualdade, dereitos humanos, autoestima persoal e colectiva; tamén intercambios con asociacións xuvenís doutras comunidades autónomas ou países estranxeiros.

As asociacións xuvenís poderán solicitar un máximo dun proxecto e as entidades prestadoras de servizos á xuventude un máximo de dous.

4. Quedan excluídos, para os efectos de axuda os programas docentes e deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo.

5. Subvencionaranse as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2009, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13º.

Artigo 6º.-Solicitude e prazo de presentación.

1. A solicitude, segundo o modelo oficial que figura no anexo I desta orde, poderá presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto no artigo 50 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. Se o expediente se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de proceder á súa certificación.

4. A presentación da solicitude comportará a autorización á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e ás delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para solicitaren as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Artigo 7º.-Documentación.

As solicitudes deberán acompañarse, con carácter xeral, de:

a) Fotocopia do DNI da persoa que subscribe a solicitude e acreditación da súa lexitimación como representante da entidade, mediante certificación do secretario da entidade ou fotocopia compulsada da acta en que se recolla a composición do órgano de dirección.

b) Certificado dunha conta bancaria aberta a nome da entidade.

c) Declaración de non estar incurso nas prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (anexo II).

d) Os anexos III, IV e V correspondentes á modalidade solicitada (A, B ou C) debidamente cubertos.

e) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo II).

f) Declaración xurada de que a asociación ten local propio, sexa por aluguer, cesión, doazón, compra, etc. (só para a modalidade B).

g) Cando o gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros, a entidade deberá achegar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores (só para a modalidade B).

Artigo 8º.-Emenda de defectos.

1. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou as delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar requirirán o solicitante para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que será ditada nos termos do artigo 42 da referida lei.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou as delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar poderán demandar do solicitante a modificación ou mellora voluntaria dos termos contidos na solicitude. Deles levantarase acta sucinta, que se incorporará ao procedemento.

Artigo 9º.-Contía máxima da axuda.

1. O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do gasto subvencionable que legalmente se estableza.

2. A contía da axuda concedida non poderá superar o 75% do orzamento total das actividades subvencionadas.

Artigo 10º.-Comisión de avaliación.

1. No caso de entidades de ámbito autonómico a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros:

a) Presidenta: a subdirectora xeral de Programas ou persoa en quen delegue.

b) Secretario/a: un/ha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

c) Vogais:

- - A xefa do Servizo de Asociacionismo.

- - Un/ha técnico/a da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

- - Un/ha representante do Consello da Xuventude de Galicia.

1.1. A comisión de avaliación poderá solicitar dos interesados a achega de cantos datos e documentos se consideren necesarios ou convenientes para a avaliación.

1.2. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión de avaliación elaborará un informe proposta de resolución que elevará ao director xeral de Xuventude e Solidariedade. Con anterioridade a ditar a proposta de resolución, deberase acreditar que os beneficiarios que superen os 1.500 euros, para a adquisición de equipamento e material inventariable, están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee.

2. No caso de entidades de ámbito provincial ou inferior, a devandita comisión terá a seguinte composición:

a) O/a secretario/a da delegación provincial da Igualdade e do Benestar que actuará como presidente/a.

b) O/a xefe/a do Servizo de Xuventude e Solidariedade.

c) Un/ha representante do Servizo de Administración e Contratación.

d) Un/ha representante do Consello da Xuventude de Galicia.

e) Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a da delegación provincial.

2.1. A comisión de avaliación poderá solicitar dos interesados a achega de cantos datos e documentos se consideren necesarios ou convenientes para a avaliación.

2.2. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión de avaliación elaborará un informe proposta de resolución que elevará ao/á delegado/a provincial da Igualdade e do Benestar. Con anterioridade a ditar a proposta de resolución, deberase acreditar que os beneficiarios que superen os 1.500 euros para a adquisición de equipamento e material inventariable están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee.

Artigo 11º.-Criterios de avaliación.

A concesión da axuda tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para acceder á axuda requirirase unha puntuación mínima en cada un dos puntos sinalados nos criterios, que será establecida pola comisión de avaliación unha vez baremados todos os proxectos. A comisión de avaliación aplicará os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes:

Modalidade A. Cando se trate da realización do programa anual de actividades:

1. Criterios cualitativos:

1.1. Fundamentación das actividades: ata 10 puntos.

1.2. Obxectivos. Adecuación entre estes e as actividades que se van desenvolver: ata 10 puntos.1.3. Metodoloxía. Emprego da lingua galega, aspectos innovadores e participación activa da mocidade na organización das actividades: ata 10 puntos.

1.4. Participación de mozos/zas desfavorecidos/as ou con menos oportunidades: ata 10 puntos.

1.5. Beneficiarios: se as actividades se dirixen exclusivamente a membros da asociación valorarase ata 5 puntos. Se as actividades

se dirixen a mozos/as en xeral e as realizan os membros da asociación valorarase ata 20 puntos.

2. Criterios cuantitativos:

2.1. Número de beneficiarios directos: ata 5 puntos.

2.2. Recursos económicos. Existencia doutras achegas para o cofinanciamento do proxecto: ata 5 puntos.

Modalidade B. Cando se trate da adquisición de equipamento e material inventariable da sede social:

- O maior número de socios da entidade, acreditado con certificación desta: ata 5 puntos.
- A existencia de cofinanciamento para a adquisición do equipamento: ata 5 puntos.
- As actividades realizadas pola entidade no ano natural anterior á súa solicitude: ata 5 puntos.
- A accesibilidade doutras asociacións ou público en xeral a este material: ata 5 puntos.
- Que a asociación dispoña de local propio: ata 5 puntos.

Modalidade C. Cando se trate da realización de proxectos de promoción xuvenil:

1. Criterios cualitativos:

1.1. Análise da situación e fundamentación da actuación que xustifiquen o seu interese social: ata 15 puntos.

1.2. Adecuación dos obxectivos específicos do proxecto á finalidade e obxectivos xerais expostos no artigo 5º desta orde: ata 5 puntos.

1.3. Programa detallado de actividades. Coherencia entre estas e os obxectivos formulados: ata 15 puntos.

1.4. Metodoloxía. Emprego da lingua galega, desenvolvemento de procesos de participación da xuventude na realización do proxecto, incluídas as fases de elaboración, execución e avaliación. Neste sentido, considerarase imprescindible que os/as mozos/as participen na toma de decisións: ata 20 puntos.

1.5. Impacto local. Repercusión na comunidade. Implicación doutras entidades e colectivos sociais no desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos.

1.6. Avaliación. Obxecto, técnicas e indicadores: ata 10 puntos.

2. Criterios cuantitativos:

2.1. Número de mozos/as que interveñan na realización do proxecto e distribución de responsabilidades e tarefas: ata 10 puntos.

2.2. Número de beneficiarios directos e indirectos: ata 5 puntos.

2.3. Recursos económicos. Existencia doutras achegas para o cofinanciamento do proxecto: ata 5 puntos.

Artigo 12º.-Resolución.

1. Serán órganos competentes para resolver, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar:

a) No caso de entidades de ámbito autonómico: o director xeral de Xuventude e Solidariedade.

b) No caso de entidades de ámbito provincial ou inferior: os/as delegados/as provinciais da Igualdade e do Benestar.

2. A resolución da solicitude de axuda seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de nove meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar reserva para si o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e comprobar a súa execución, cando o considere conveniente, así como de divulgar e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

4. As entidades solicitantes ás cales non lles fose concedida a axuda disporán dun mes de prazo, contado a partir da recepción da notificación, para retiraren a documentación presentada. Transcorrido este prazo, arquivarase.

Artigo 13º.-Xustificación.

Unha vez notificada a resolución de concesión da axuda, os beneficiarios procederán -antes do 31 de outubro de 2009- á xustificación da totalidade do proxecto avaliado pola comisión, na forma en que se indica a continuación, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Anexo VI das modalidades A, B ou C debidamente cuberto.

b) Facturas orixinais. As entidades que teñan concedida axuda para máis dunha modalidade (programa de actividades, proxecto de promoción xuvenil ou equipamento e material inventariable), deberán facer unha xustificación para cada unha delas e cada factura só valerá para unha modalidade, tendo en conta ademais que as facturas de compra de material inventariable ou equipamento só son válidas para a modalidade B descrita no artigo 1º.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo programa de actividades e gastos de funcionamento, adquisición de equipamento ou material inventariable ou proxecto de promoción xuvenil, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Modelo no anexo VI.

Artigo 14º.-Pagamento da axuda.

1. Unha vez recibida e comprobada a documentación poderase proceder ao pagamento da axuda concedida. No caso de que o gasto

certificado, mediante facturas ou documento equivalente, sexa inferior ao orzamento do proxecto valorado, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.

1.1. Nos casos das axudas concedidas para o programa anual de actividades e gastos de funcionamento e para os proxectos de promoción xuvenil:

a) Poderánselles facer anticipos de pagamento do 50%, a aquelas entidades que non superen de importe concedido os 6.010,12 euros, e librarase o importe restante no momento da completa xustificación.

b) Para as entidades que superen os 6.010,12 euros, poderá acordarse un pagamento parcial de ata o 50%, sempre que xustifiquen a realización da actividade e o gasto realizado segundo se especifica nas alíneas a) e b) do artigo 13º e librarase o importe restante no momento da completa xustificación.

1.2. Nos casos das axudas concedidas para a adquisición de equipamento e material inventariable, poderá acordarse un pagamento parcial de ata o 50%, sempre que xustifique o investimento segundo se especifica nas alíneas a) e b) do artigo 13º e librarase o importe restante no momento da completa xustificación. Non obstante, naquelas axudas que superen os 30.050,60 euros, a realización destes pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva quedará condicionada a que concorran as circunstancias especificadas no artigo 16.Dous.2 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en especial a que se xustifique non só o investimento senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto da axuda concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

No caso de que o importe concedido supere os 30.050,60 euros, o beneficiario está obrigado á presentación dunha garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, no que cubrirá o importe do anticipo xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación. A presentación da garantía realizarase perante o órgano concedente no prazo de quince días a partir da notificación da resolución de concesión. Unha vez xustificada a axuda, a garantía será liberada.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán obrigadas a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda.

b) Acreditar perante a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou a delegación provincial da Igualdade e do Benestar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o desfrute da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras desta orde.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou a delegación provincial da Igualdade e do Benestar, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou á delegación provincial da Igualdade e do Benestar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3. do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Incluír en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda a referencia de que esta está subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, mediante a inclusión da súa imaxe corporativa, así como realizar todo este material (folletos, carteis, cartas, circulares, etc.) en galego.

i) Comunicar á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou aos respectivos servizos provinciais, con 15 días de antelación, a realización das actividades para as que se pide axuda.

j) Figurar ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, non ser debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro e non ter ningunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda.

Artigo 16º.-Control e reintegro da axuda.

1. Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no establecido nesta orde.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou da axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda ou daqueles distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade

e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo anterior.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste artigo, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, comportará a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.

3. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 17º.-Modificación da axuda.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da axuda de conformidade co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposicións adicionais

Primeira.-No caso de que unha vez ditada a resolución de concesión de axudas amparadas nesta orde quedase crédito sen adxudicar, poderase publicar unha segunda orde de convocatoria de axudas. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade e nos/nas delegados/as provinciais, en función do seu respectivo ámbito competencial, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude autoriza expresamente para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, coa presentación da solicitude o beneficiario autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de axudas, subvencións e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas concedidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "140-09.PDF"

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

No Diario Oficial de Galicia nº 33, do 17 de febreiro de 2009, publicouse a Orde do 6 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

Debido aos cambios na estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia coa aprobación do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e segundo o disposto no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e a Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribucións de competencias nos órganos superiores da Consellería

de Traballo e Benestar, cómpre modificar a composición da comisión de avaliación no caso de entidades de ámbito provincial ou inferior.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o punto 2º do artigo 10 da Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria, que queda redactado como segue:

«2. No caso de entidades de ámbito territorial ou inferior, a devandita comisión terá a seguinte composición:

a) O/a xefe/a de servizo competente en materia de xuventude que actuará como presidente/a.

b) O/a xefe/a de Sección de Xuventude.

c) Un/ha representante do servizo competente en materia de xestión económica.

d) Un/ha representante do Consello da Xuventude de Galicia.

e) Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do departamento territorial.

2.1. A comisión de avaliación poderá solicitar dos interesados a achega de cantos datos e documentos se consideren necesarios ou convenientes para a avaliación.

2.2. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión de avaliación elaborará un informe-proposta de resolución que elevará ao/á xefe/a territorial competente por razón de materia da Consellería de Traballo e Benestar. Con anterioridade a ditar a proposta de resolución, deberase acreditar que os beneficiarios que superen os 1.500 euros para a adquisición de equipamento e material inventariable están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee».

Disposición adicional

Única.-As referencias xenéricas que se fagan na Orde do 6 de febreiro de 2009 aos delegados provinciais, entenderanse referidas aos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

141 Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para programas de actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 34, do 18.02.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.22º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da mocidade e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 1 a estrutura básica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que conta coa Secretaria Xeral do Benestar, á que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de mocidade, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, desenvolvido polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

Ante a importancia que hoxe adquire a organización de actividades de tempo libre e de utilización do lecer polos mozos e mozas, así como a axeitada formación dos responsables e técnicos de actividades de animación sociocultural, debe apoiarse o traballo que realizan as escolas de tempo libre existentes na nosa comunidade autónoma, en tanto que son centros recoñecidos oficialmente pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para impartir esa formación específica.

A realización de cursos ordinarios para a obtención dos títulos establecidos oficialmente en materia de tempo libre e animación sociocultural, como aqueloutros máis específicos de perfeccionamento e actualización para as persoas xa tituladas, así como outras actividades formativas nesa materia, é cometido das escolas de tempo libre, entidades que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, pretende promocionar coa convocatoria destas axudas.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións e no establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, así como ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta disposición ten por obxecto establecer as bases que rexen as axudas para actividades realizadas, desde o 1 de xaneiro de 2009 por escolas de tempo libre, sen ánimo de lucro. Para efectos de xustificación os gastos subvencionables serán os realizados ata o 15 de outubro, data límite de xustificación da axuda.

2. Poderá ser obxecto de subvención as seguintes actividades do programa académico anual da escola:

   a) Cursos de monitores e directores de actividades de tempo libre e directores de campos de traballo.

   b) Cursos monográficos de formación sobre educación e tempo libre, oferta complementaria dos cursos regrados.

   c) Cursos de formación sobre promoción da participación social e o asociacionismo da mocidade.

   d) Organización de conferencias, xornadas, congresos e calquera outro tipo de actividade formativa no campo da mocidade e a educación no tempo libre, dirixida ás persoas responsables de actividades, ben de tempo libre educativo e/ou de actividades de carácter xuvenil.

   e) Publicacións periódicas, investigacións e edición de recursos educativos para o tempo libre.

   f) Actividades de formación permanente dirixidas ao persoal responsable e docente da escola, participación en congresos, xornadas e calquera outro tipo de actividade formativa.

   g) Participación en redes organizadas, intercambios técnicos con outras escolas de tempo libre, ou entidades similares, en calquera ámbito, autonómico, estatal ou internacional.

3. Quedan excluídos, para os efectos de subvención, os programas docentes e deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo. Tamén estarán excluídos os gastos derivados do normal funcionamento da escola. Igualmente, en concordancia coa aplicación orzamentaria que financia estas axudas, os posibles gastos das escolas que se consideren investimento ou sexan destinados á merca de material inventariable.

4. En todo caso, canto aos gastos subvencionables, observarase o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para o financiamento destas axudas, existe crédito suficiente e adecuado na Lei 16/2008, de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, consignado na aplicación orzamentaria 05.42.313A.481.1, cunha contía de 75.000 euros.

Artigo 3º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar subvención as escolas de tempo libre sen ánimo de lucro inscritas, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, no rexistro oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, regulado no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (Diario Oficial de Galicia nº 49, do 10 de marzo) e que non estean incursas en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Será requisito imprescindible para poder solicitar a subvención ter xustificado debidamente as axudas recibidas no último ano.

3. As escolas de tempo libre que sexan promovidas por persoas físicas ou xurídicas con ánimo de lucro non poderán ser beneficiarias destas axudas.

Artigo 4º.-Documentación.

1. As solicitudes, co formato do impreso de solicitude (anexo), serán dirixidas ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, podendo presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se o expediente se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada pola funcionaria de correos antes de proceder á súa certificación.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

   a) Fotocopia do DNI da persoa que subscribe a solicitude e acreditación da súa lexitimación como representante da entidade, mediante certificación do secretario da entidade ou fotocopia compulsada da acta en que se recolla a composición do órgano de dirección.

   b) Memoria explicativa dos programas de actividades que se pretende realizar, segundo o exposto no artigo 1º punto 2.

   c) Orzamento de ingresos e gastos de cada programa de actividades.

   d) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para calquera dos programas de actividades, ante as administracións públicas competentes.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto no artigo 50 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

4. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade requirirá o solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que será ditada nos termos do artigo 42 da referida lei.

5. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade poderá demandar do solicitante a modificación ou mellora voluntaria dos termos contidos na solicitude. Deles levantarase acta sucinta, que se incorporará ao procedemento.

Artigo 5º.-Contía máxima de subvención.

1. A contía da axuda concedida non poderá superar o 75% do orzamento total das actividades subvencionadas.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do gasto subvencionable que legalmente se estableza.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

A avaliación dos proxectos presentados farase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Criterios cualitativos:

a) Coherencia do programa en si e cos obxectivos e o proxecto educativo da escola: ata 10 puntos.

b) Viabilidade do programa de acordo coas capacidades e cos recursos da escola: ata 10 puntos.

c) Ámbito xeográfico, valorándose especialmente a realización de actividades formativas no rural e en zonas onde non exista oferta formativa permanente e habitual: ata 10 puntos.

d) Destinatarios das actividades formativas, valorándose especialmente as actividades dirixidas ao movemento asociativo xuvenil e de colectivos con especial dificultade para a participación social: ata 10 puntos.

e) Galeguización do tempo libre realizada a través de toda a súa intervención educativa: ata 10 puntos.

f) A colaboración e o traballo en rede con outras entidades e escolas de tempo libre: ata 5 puntos.

g) Calidade e coherencia do plan formativo dirixido ao persoal docente da escola: ata 5 puntos.

h) Calidade, coherencia e difusión do material educativo publicado: ata 5 puntos.

2. Criterios cuantitativos:

a) Número de cursos de monitores e directores de actividades de tempo libre e directores de campos de traballo que se van realizar: ata 10 puntos.

b) Número de cursos monográficos de formación sobre educación e tempo libre, oferta complementaria dos cursos regrados, organizados pola escola e non como servizos a terceiros: ata 5 puntos.

c) Número de actividades e cursos formativos que promovan a participación social, especialmente da mocidade: ata 5 puntos.

d) Número de conferencias, xornadas, congresos e calquera outro tipo de actividade formativa no campo da mocidade e a educación no tempo libre, dirixida ás persoas responsables de actividades, ben de tempo libre educativo e/ou de actividades de carácter xuvenil: ata 5 puntos.

e) Número de actividades coorganizadas con outras escolas, intercambios técnicos: ata 5 puntos.

f) Número de materiais didácticos sobre a educación no tempo libre e a promoción da participación xuvenil publicados: ata 5 puntos.

Artigo 7º.-Comisión de avaliación.

As solicitudes admitidas a trámite serán avaliadas pola comisión de avaliación, que terá a seguinte composición:

Presidenta: a subdirectora xeral de Programas ou persoa en quen delegue.

Secretaria: a xefa da Sección de Asociacións e Escolas de Tempo Libre.

Vogal: a xefa do Servizo de Asociacionismo.

Vogal: un/ha técnico/a da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Vogal: un/ha funcionario/a da Sección de Asociacións e Escolas de Tempo Libre da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión elaborará unha proposta de resolución en virtude da puntuación alcanzada pola aplicación do baremo.

3. A proposta será elevada pola comisión de avaliación ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, que resolverá por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar.

4. A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de nove meses (artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño), contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto for expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, se o acto for expreso, e de seis meses, se for presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar reserva para si o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución, cando o considere conveniente, así como de divulgar e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

6. Os solicitantes aos que non lles fose concedida subvención disporán dun prazo dun mes, contado a partir da recepción da notifi-

cación, para retirar a documentación presentada. Transcorrido este prazo, arquivarase.

Artigo 9º.-Xustificación da subvención.

1. O período que se establece para xustificar as axudas será ata o 15 de outubro de 2009, inclusive.

2. As escolas de tempo libre presentarán para xustificar a axuda:

a) Facturas orixinais referentes a todos os gastos subvencionables realizados para o desenvolvemento dos programas que a entidade levou a cabo. Non se admitirán facturas que xustifiquen gastos en investimentos, material inventariable ou gastos de administración e funcionamento da entidade.

As facturas deberán ser relacionadas, agás que sexa só unha. Na relación figurarán os seguintes datos:

- - Nome do que emite a factura, que deberá ser persoa allea á entidade receptora do servizo, e NIF.

- - Actividade e programa subvencionado a que corresponde.

- - Importe, impostos incluídos.

b) Breve memoria, asinada polo representante da entidade, en que se deixará constancia do resultado dos programas de actividades realizados e que foron obxecto de subvención.

3. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para os mesmos programas de actividades, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 10º.-Pagamento.

1. Unha vez recibida e comprobada a documentación poderase proceder ao pagamento da axuda concedida. No caso de que o gasto certificado, mediante facturas ou documento equivalente, sexa inferior ao orzamento do proxecto valorado, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.

2. A aquelas escolas que non superen no importe concedido os 6.010,12 euros, poderáselles realizar un anticipo de pagamento do 50%, e librarase o importe restante no momento da completa xustificación.

3. Para aquelas escolas que superen os 6.010,12 euros, poderá acordarse un pagamento parcial ata o 50%, cando a escola xustifique a realización da actividade e o gasto realizado segundo se recolle no artigo 9º.2 e librarase o importe restante no momento da completa xustificación.

Artigo 11º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados a:

a) Realizar o programa de actividades que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a realización do programa de actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o gozo da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras desta orde.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e fornecer canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Incluír en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que está subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, mediante a inclusión da súa imaxe corporativa, así como realizar todo este material (folletos, carteis, cartas, circulares, etc.), en galego.

i) Figurar ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, non ser debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro e non ter algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma. En caso contrario, non se fará o pagamento da subvención.

Artigo 12º.-Control e reintegro da subvención.

1. Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no establecido nesta orde.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedirían.

c) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou da axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente

a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo anterior.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste artigo, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.

3. As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 13º.-Modificación da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, de conformidade co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-No caso de que unha vez ditada a resolución de concesión de axudas amparadas nesta orde quedase crédito sen adxudicar, poderase publicar unha segunda orde de convocatoria de axudas. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude autoriza expresamente para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, coa presentación da solicitude o beneficiario autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de axudas, subvencións e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas concedidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "141-09.PDF"

142 Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009.

(DOG nº 36, do 20.02.2009).

Dando cumprimento ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, procede actualizar os prezos dos servizos prestados nos campamentos, albergues, residencias e demais instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ata agora fixados pola Orde do 10 de xaneiro de 2008 (DOG nº 18, do 25 de xaneiro), así como establecer os prezos dos diferentes carnés dirixidos á xuventude que se expiden a través dos servizos de xuventude, casas da xuventude, oficinas TIVE e outras entidades colaboradoras.

A Lei 6/2003 dispón no seu artigo 51 que a contía destes acordarase por orde da consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda. Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Os prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, son os que se fixan no anexo I desta orde.

2. Os prezos relativos á expedición do Carné Xove, carnés de albergueista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE recóllense no anexo II.

3. Estes prezos enténdense, se é o caso, co IVE incluído. A xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Artigo 2º

1. Os prezos recollidos no anexo I desta orde serán expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro en función do tipo de instalación e do uso ou non da enerxía eléctrica.

2. Os grupos que usen unha instalación xuvenil terán preferencia para o uso de todas as súas dependencias. Non aboarán suplemento polo uso das pistas polideportivas descubertas, pero terán a obriga de aboar as tarifas establecidas no anexo I desta orde pola utilización dos polideportivos cubertos ou calquera material dos que alí figuran.

3. Calquera material, incluído nesta orde, que sexa usado polos grupos devolverase no mesmo estado en que lles foi cedido e reporase ao mesmo lugar en que se atopaba. Así mesmo, serán responsables tanto das deterioracións que se causen no material como da responsabilidade civil en que puidesen incorrer por posibles danos a terceiros.

Para o emprego do material, que pola súa especificidade así o exixa, os grupos deberán contar con persoal especializado e coas titulacións necesarias para a súa utilización.

Os grupos deberán presentar no momento en que vaian facer uso do material que pola súa especializade así o requira, tanto o seguro que cubra a realización da actividade coma a acreditación das titulacións referidas no parágrafo anterior.

Artigo 3º

Os membros de familia que teñan o título de familia numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos relativos ás actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no programa Campaña de Verán.

Para estes efectos, o beneficiario do desconto deberá presentar, xunto coa documentación que proceda en cada caso, unha fotocopia compulsada do título de familia numerosa onde figure.

Artigo 4º

Os usuarios do Carné Xove gozarán en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, dun desconto como mínimo do 10% e como máximo do 50%. A porcentaxe de desconto aplicable en cada caso especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se leven a cabo.

Disposición derrogatoria

Queda derrogada a Orde do 10 de xaneiro de 2008 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís, expedición de carnés dirixidos á xuventude e participación en actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude, durante o ano 2008.

Malia o disposto no punto anterior, segue vixente o prezo do servizo (por praza e mes) nas residencias xuvenís para estudantes contido na alínea C da Orde do 10 de xaneiro de 2008, durante o curso 2008/2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2009.

ANEXO I

Prezos relativos á utilización e os servizos prestados nos campamentos, albergues e residencias xuvenís titularidade da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar

A. Pola utilización dos campamentos e albergues xuvenís durante a campaña de verán, establécense os seguintes prezos por praza:

A.1. En réxime de oferta concertada (dirixida a grupos).

A.1.1. Campamentos:

Por quenda de quince días: 114 euros.

Por quenda de doce días: 92 euros.

Por día: 11 euros.

A.1.2. Albergues e residencias:

Por quincena: 153 euros.

Por día: 16,30 euros.

Estes prezos abranguen os seguintes servizos: o aloxamento, a alimentación en réxime de pensión completa, o uso das instalacións e material de conformidade co establecido no artigo 2º.2 e 2º.3, o consumo de auga, electricidade e combustible, agás o material de actividades específicas de animación.

Aqueles grupos que figuren inscritos no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar como entidades prestadoras

de servizos sociais, gozarán dun desconto do 50% sobre os prezos deste apartado.

A.2. En actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

A.2.1. Campamentos:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 168 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 143 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 82 euros.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 168 euros.

A.2.2. Albergues:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 188 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 180 euros.

Actividades ao aire libre/ambiente, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 92 euros.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 180 euros.

A.2.3. Campos de traballo:

Ámbito autonómico e nacional (por quenda): 72 euros.

Ámbito internacional (por quenda): 72 euros.

B. Por servizos nos albergues e residencias integrados na Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ), establécense os seguintes prezos por persoa:

Servizos	Ata 30 anos	Maiores de 30 anos
Pensión completa	16,50	21,50
Aloxamento	7,50	11
Almorzo	2,50	2,50
Xantar ou cea	6,70	6,70

Para facer uso destes servizos deberase posuír o carné de albergueista en calquera das súas modalidades.

C. Servizo nas residencias xuvenís para estudantes (por praza e mes), durante o curso 2009/2010, que abrangue do 15 de setembro de 2009 ao 30 de xuño do 2010.

Residentes internos: 263 euros.

D. Pola utilización das instalacións recreativo-deportivas.

D.1. Uso de pavillón polideportivo cuberto/hora:

- - Sen enerxía eléctrica: 11 euros.
- - Con enerxía eléctrica: 20 euros.

D.2. Uso de pistas polideportivas descubertas/hora:

- - Sen enerxía eléctrica: 5 euros.
- - Con enerxía eléctrica: 8 euros.

D.3. Uso de pistas de tenis/hora: 3,50 euros.

D.4. Uso de piscina non climatizada/hora: 2,50 euros.

D.5. Uso de material náutico. A gasolina será por conta do solicitante:

Un barco de vela media xornada: 6 euros.

Un barco de vela unha xornada: 11 euros.

Unha embarcación pneumática de motor media xornada: 11 euros.

Unha embarcación pneumática de motor unha xornada: 21 euros.

Unha canoa media xornada: 4 euros.

Unha canoa unha xornada: 7 euros.

D.6. Uso de bicicletas:

Unha bicicleta media xornada: 4 euros.

Unha bicicleta unha xornada: 7 euros.

D.7. Uso de rocódromo:

Uso do rocódromo media xornada (por grupo de 5 persoas): 3 euros.

Uso do rocódromo unha xornada (por grupo de 5 persoas): 6 euros.

E. Polo uso de locais:

Media xornada: 7 euros.

Unha xornada: 11 euros.

Media xornada é unha mañá ou unha tarde cun máximo de catro horas.

O réxime de pensión completa para grupos xa inclúe o uso das dependencias necesarias para o desenvolvemento do programa.

F. Pola utilización dos campamentos e albergues para actividades recreativas ao aire libre:

F.1. Acampadas (con tendas da entidade): 3 euros/día e persoa.

F.2. Actividades recreativo-culturais en albergues (convivencia):

15 euros/día/grupo de ata 50 usuarios.

22 euros/día/grupo de 51 a 100 usuarios.

37 euros/día/grupo de 101 a 200 usuarios.

71 euros/día/grupo de 201 a 300 usuarios.

ANEXO II

Prezos pola expedición dos diferentes carnés dirixidos á xuventude

Carné Xove: 6 euros.

Carné alberguista xove: 5 euros.

Carné alberguista adulto: 12 euros.

Carné alberguista grupo: 15 euros.

Carné alberguista familiar: 24 euros.

Carné alberguista para estranxeiros (completo): 21 euros.

Carné alberguista para estranxeiros (cupón): 3,50 euros.

Carné teacher (ITIC): 8 euros.

Carné internacional xove (IYTC): 6 euros.

Carné student (ISIC): 6 euros.

143 Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 47, do 9.03.2009).

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, leva a cabo a promoción e organización de actividades de animación sociocultural destinadas á xuventude no ámbito do tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, e consciente esta Vicepresidencia da importancia que ten facilitar canles polas que a xuventude poida participar neste tipo de actividades, é polo que este ano, ao igual que en anos anteriores, se convoca a Campaña Verán-2009.

A oferta da Campaña Verán-2009 comprende, ademais daquelas que se desenvolven na Comunidade Autónoma galega, actividades de ámbito nacional, tendo lugar a súa celebración noutras comunidades autónomas de España.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, pretende desta forma atender a demanda individual, cada día máis crecente, de mozos e mozas no eido do tempo libre.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Co obxectivo de facilitarlle á mocidade a participación en actividades de tempo libre, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, oferta un plan xeral de actividades que se detalla no anexo I desta orde.

   As diferentes actividades que integran esta oferta xeral levaranse a cabo tanto en Galicia como nas comunidades autónomas de España, en diferentes quendas de entre unha semana e quince días de duración durante os meses de xullo e agosto.

2. A información sobre a convocatoria desta campaña, así como de cada actividade e instalación xuvenil onde se desenvolverá, atoparase detallada na páxina web www.xuventude.net. Ademais, os interesados poden solicitar folletos informativos da convocatoria na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, nos servizos e oficinas locais de xuventude das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, nas oficinas e puntos de información xuvenil da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, nas oficinas de información administrativa e atención ao cidadán e no teléfono xove (902 15 25 35).

3. Para lograr a efectiva difusión desta campaña para vindeiras convocatorias e, co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e eficiencia na organización e xestión pública (artigo 2 b da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega), e de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2 c) recolleranse experiencias e mesmo fotografías das instalacións e dos participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como en páxinas web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 2º.-Servizos ofertados.

1. A participación na oferta da Campaña Verán-2009 realizarase a través de inscrición individual ou múltiple (para os supostos de dous, tres ou catro irmáns). Os participantes disporán dos seguintes servizos:

   a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da/o moza/o.

   b) Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.

   c) Manutención en réxime de pensión completa.

   d) O material necesario para a actividade.

   e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, se é o caso.

   f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

   g) Nas actividades desenvolvidas noutras comunidades autónomas inclúese o transporte desde Santiago de Compostela ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela.

2. A incorporación aos campamentos e albergues de Galicia será por conta do interesado o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 e as 19.00 horas. Non se admitirá ningún participante despois deste límite.

   Cabe destacar, que nas actividades que se leven a cabo noutras comunidades autónomas, será por conta do interesado o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, tanto o día de saída para a actividade como o día de chegada desta. No suposto de expulsión da/o participante, os gastos ocasionados para o regreso deste ao seu domicilio serán por conta dos pais ou titores.

Artigo 3º.-Participantes.

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os mozos e mozas nados no ano sinalado no anexo I para cada actividade.

2. En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de Verán 2009, compre destacar o seguinte:

   - Os nados no ano 1991 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.

   - Os nados no ano 2000 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

3. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión da solicitude.

Artigo 4º.-Discapacitados.

Co obxecto de acadar unha adecuada distribución de prazas nos campamentos de integración organizados pola Xunta de Galicia, aqueles mozos e mozas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán participar neste programa a través da convocatoria que realiza todos os anos a Dirección Xeral de Acción Social -Subdirección Xeral de Discapacidade, non podendo presentar solicitudes de participación no sorteo que se celebrará o día 22 de abril.

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior, os/as rapaces/as non serán aceptados o día de incorporación ao campamento.

Artigo 5º.-Tipos de solicitude.

1. A solicitude pode ser individual ou múltiple (para o suposto de dous, tres e ata catro irmáns).

   A solicitude múltiple só se poderá empregar para o suposto de solicitude de irmáns que pidan a mesma instalación e quenda. Todos os interesados que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade exixidos para as instalacións e quendas solicitadas.

   O incumprimento do disposto no parágrafo anterior por un dos participantes, suporá a exclusión de todos os que figuren nesa mesma solicitude.

   Estas solicitudes teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera, pero no momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

2. Presentación de solicitudes.

   A presentación da solicitude poderá facerse, por elección do solicitante, por vía escrita ou por vía telemática:

   a) Vía escrita:

      As solicitudes deberán formularse no impreso que se indica no anexo II desta orde, que se poderá solicitar nos servizos que especifica o artigo 1.2º, ou ben descargar e cubrir directamente desde a páxina web www.xuventude.net, para logo presentar a través de rexistro.

      A dita solicitude e mais a documentación requirida dirixirase ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, e poderá presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todas aquelas persoas que presenten a súa solicitude a través do procedemento do Portelo Único dos concellos ou por correo ordinario deberán remitir, unha vez rexistrada, unha copia desta por fax ao número 981 54 58 43.

      Non serán admitidas aquelas solicitudes presentadas unicamente vía fax.

   b) Vía telemática:

      A vía telemática establécese como un mecanismo de presentación nun único trámite para aqueles solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

      - - Os solicitantes deberán posuír un certificado dixital baixo a norma X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, Real Casa da Moeda.

      Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet http://www.xunta.es/servizos, onde se disporán os medios de axuda para a presentación de solicitudes.

      Unha vez asinada a solicitude co certificado dixital do solicitante, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

3. Formalización da solicitude.

   Os impresos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

   a) Cada mozo ou moza só poderá cubrir unha solicitude elixindo, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. (Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no anexo I desta orde).

   b) Os datos do solicitante deben ser os da moza ou mozo que opta a participar nas actividades. No caso de solicitudes múltiples deberán cubrirse os datos de todos os irmáns que soliciten a súa participación.

   c) As solicitudes deberanas asinar os/as pais/nais ou titores/as dos menores solicitantes.

   d) Se o solicitante é galego non residente en Galicia, na súa solicitude debe figurar, para as comunicacións, un enderezo nesta comunidade autónoma.

   e) A duplicidade dunha solicitude dará lugar á non-admisión de ambas, quedando o solicitante fóra do sorteo.

   A partir do 6 de abril, o interesado deberá comprobar a recepción da súa solicitude na páxina web www.xuventude.net, así como os posibles erros de mecanización que se cometesen, co obxecto de proceder á súa corrección. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes, deberase incluír o número do DNI do pai/nai ou titor/a que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. Se os interesados atopan

algún erro nos datos da solicitude ou non a atopan, deben chamar a calquera dos números de teléfono da Dircción Xeral de Xuventude e Solidariedade que aparecen no anexo IV, antes do día 20 de abril, incluído. Unha vez transcorrido ese día, contra os erros ou omisións de solicitudes, non procederá reclamación ningunha.

Artigo 6º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 24 de marzo de 2009.

Artigo 7º.-Adxudicación de prazas.

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

2. Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

   Neste caso o sorteo realizarase, ante notario, o día 22 de abril de 2009, ás 12.00 horas, no salón de actos número un, sito na planta baixa das dependencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Santiago de Compostela.

   Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I desta orde. Destacar que se lle dará prioridade no sorteo a aqueles solicitantes que non obtiveron praza na campaña de verán do ano pasado.

   Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das actividades. Esta lista xerarase dunha forma aleatoria, mediante sistema informático, unha vez realizado o sorteo e colocando a cada participante unicamente nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre os que solicitou entre as cinco opcións. O número de reservas en cada actividade será do 50% das prazas convocadas.

3. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e confeccionará a correspondente lista de admitidos para cada quenda e actividade. A comunicación do resultado do sorteo para os participantes seleccionados levarase a cabo vía sms e correo electrónico ao número de teléfono e conta de correo especificados na solicitude, e a lista de admitidos será exposta a partir do día 23 de abril de 2009 na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros e servizos de Xuventude e Solidariedade das súas delegacións provinciais, no Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán de Santiago de Compostela, no teléfono xove (902 15 25 35) e na páxina web www.xuventude.net.

Artigo 8º.-Documentación.

Os participantes seleccionados deberán presentar, desde o día seguinte ao da data de exposición das listas e ata o día 7 de maio de 2009, na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, no caso das actividades que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- Xustificación de pagamento.
- Fotocopia do DNI ou da folla correspondente do libro de familia.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.
- Cuestionario médico -sanitario (anexo III).
- Declaración responsable de que sabe nadar.
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.
- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.

Artigo 9º.-Adxudicación de prazas ás listas de espera.

1. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofertadas desde o día 25 de maio aos solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou o servizo de xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde de lista, cos suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas que quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar co interesado, este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte na lista de espera. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8º nun prazo de 48 horas.

2. No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado a praza será ofertada ao seguinte da lista de espera.

Artigo 10º.-Adxudicación das prazas de resultas.

1. As prazas vacantes que non se cubrisen polos procedementos de adxudicación establecidos nos artigos 7º e 9º desta orde, serán ofertadas a partir do día 8 de xuño. Estas prazas estarán expostas na páxina web www.xuventude.net.

   Para estes efectos, poderán solicitar as prazas vacantes toda persoa que cumpra os requisitos do ano de nacemento a que se fai mención no artigo 3º desta orde.

2. Para solicitar as prazas de resultas, o interesado poderá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, por teléfono a través de calquera servizo de Xuventude e Solidariedade das delegacións provinciais ou da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

   Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

   A reserva de prazas poderase efectuar en horario de 9.00 a 14.00 horas, en días laborables agás os sábados.

3. Unha vez efectuada a reserva de praza, o interesado disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar o impreso que se indica no anexo II desta orde, debidamente cuberto, e a documentación relacionada no artigo 8º.

Esta documentación poderá presentarse en calquera das oficinas anteriormente relacionadas. En caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

4. No anexo IV indícanse os enderezos e teléfonos das oficinas administrativas a través das que se pode efectuar a oportuna reserva de praza, para os efectos do disposto neste artigo.

Artigo 11º.-Prezos.

1. Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda aparecen detallados no anexo I desta orde, de acordo co sinalado na Orde do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 36, do 20 de febreiro).

2. Os membros de familia que teñan o título de numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia compulsada do título de familia numerosa vixente.

3. Os usuarios do Carné Xove gozarán dun desconto do 25% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia do Carné Xove vixente.

4. Os descontos citados nos dous puntos anteriores en ningún caso serán acumulables.

Artigo 12º.-Devolucións de cotas.

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente o interesado non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando, por causas non imputables ao interesado, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade (Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto lexislativo 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan normas para a xestión da liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia).

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflexa no punto anterior, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.

3. Para estes efectos os interesados dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo V), que tamén poderán solicitar na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e nos servizos de Xuventude e Solidariedade das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

4. A solicitude deberá dirixirse ao delegado/a provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou ao director xeral de Xuventude e Solidariedade no caso das actividades que se desenvolvan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán os órganos encargados de resolver en cada caso.

Artigo 13º.-Protección de datos.

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, compilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para previr situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente expresamente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade» no enderezo edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lopd.xuventude@xunta.es.

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "143-09.PDF"

144 Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.

(DOG nº 47, do 9.03.2009 e corrección de erros no DOG nº 49, do 11.03.2009).

As instalacións xuvenís son un instrumento ao servizo da mocida-

de, e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é consciente da precariedade e insuficiencia de medios e instalacións axeitadas de que dispoñen as asociacións xuvenís e demais entidades públicas e privadas que realizan actividades coa infancia e a xuventude. En consecuencia, co obxecto de facilitar o uso de instalacións axeitadas a estas entidades para a realización de actividades xuvenís no ámbito do lecer durante o verán deste ano, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon á disposición destas e regula, a través desta orde e baixo a denominación de oferta concertada, o réxime de utilización das súas instalacións xuvenís durante a campaña verán-2009, que abrangue o período do 15 de xuño ao 30 de setembro.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar convoca esta oferta de uso das súas instalacións xuvenís para a campaña de verán do ano que corre, que comprende do 15 de xuño ao 30 de setembro, nos termos que se establecen nesta orde e de acordo coa distribución de prazas que se recolle no anexo I.

Artigo 2º.-Servizos ofertados.

O uso das instalacións ofertadas suporá dispoñer:

- Dos servizos de auga, gas, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.
- Do material (excepto o correspondente ás actividades específicas) que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.
- Xerencia e persoal de servizo.

Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderán solicitar o uso das instalacións de referencia:

1. As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e ás escolas de tempo libre, debidamente constituídas e legalizadas.
2. O Consello da Xuventude de Galicia e os consellos locais e municipais de xuventude.
3. Corporacións locais.
4. Outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude.

Artigo 4º.-Solicitude.

As solicitudes, subscritas por persoa suficientemente acreditada, presentaranse conforme o modelo normalizado recollido no anexo II desta orde, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 5º.-Criterios de adxudicación.

1. Para a adxudicación do uso das instalacións ofertadas establécese a seguinte orde de preferencia:

   1) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e escolas de tempo libre domiciliadas na Comunidade Autónoma galega, e censadas ou rexistradas no correspondente censo ou rexistro dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

   2) Consello da Xuventude de Galicia.

   3) Corporacións locais.

   4) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e escolas de tempo libre domiciliadas noutras comunidades autónomas.

   5) Outras entidades públicas ou privadas que o soliciten con fins asistenciais.

2. Pola súa banda, dentro do previsto no parágrafo anterior, terán prioridade:

   a) As que soliciten un maior número de prazas e/ou de días ata o tope máximo de cada instalación fixado no citado anexo I.

   b) As solicitudes das entidades que cubran as prazas por convocatoria aberta e non reservadas exclusivamente aos seus membros ou asociados.

   c) As entidades domiciliadas na Comunidade Autónoma galega.

   d) As entidades que soliciten instalacións das que non gozaron nos dous últimos anos.

   e) As que subvencionen o total ou parte da cota que teñen que pagar os participantes.

3. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2 deste artigo, as entidades que en anos anteriores non fixeron uso das instalacións unha vez adxudicadas, sen presentar causa xustificada no seu momento, pasarán a ocupar o último lugar dentro dos criterios de prioridade descritos nos puntos anteriores.

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

As solicitudes presentadas serán examinadas por unha comisión de valoración constituída para o efecto, e que estará integrada por:

- A xefa de servizo de Programas, que será a súa presidenta.
- Os catro xefes de servizo de xuventude e solidariedade das delegacións provinciais ou o funcionario en quen deleguen.
- Un representante do Consello da Xuventude de Galicia.
- Un funcionario da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade designado polo director xeral, que actuará como secretario.

Esta comisión, valoradas as solicitudes conforme os criterios establecidos no artigo 5º desta orde, elevará proposta de resolución ao

director xeral de Xuventude e Solidariedade, que deberá ditar a correspondente resolución nun prazo de 10 días.

A resolución seralles notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses, contados desde a publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. A dita resolución non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. De ser o caso, será de aplicación o artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A antedita resolución publicarase nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 7º.-Reserva de prazas e primeiro pagamento.

1. Recibida a resolución os beneficiarios están obrigados no prazo de 10 días:

   - A ingresar, en concepto de reserva de prazas, o 25% do importe correspondente ás prazas adxudicadas. A dita cantidade non será reintegrable, nin descontable no seguinte pagamento, en caso de que decaese a adxudicación realizada por incumprimento das obrigas expresadas neste artigo, se a entidade adxudicataria anulase a reserva de utilización da instalación, reducise o número de usuarios previstos ou os días de uso solicitado.

   - A presentar, no Servizo de Xuventude e Solidariedade da delegación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia en que estea a instalación adxudicada, a seguinte documentación:

     a) Breve proxecto de actividades que se van realizar.

     b) Acreditación da persoa que subscribiu a solicitude como representante da entidade solicitante.

     c) Xustificante do aboamento do 25% expresado anteriormente.

2. Se transcorrido o prazo de 10 días desde a notificación da adxudicación non se cumprisen os requisitos anteriores, declararase expresamente, a través da oportuna resolución, o desestimento da solicitude efectuada, ofertándose as prazas ao seguinte solicitante proposto pola comisión de valoración. En caso de non cubrirse as prazas desta forma, a delegación provincial correspondente reservarallas a quen as demande.

Artigo 8º.-Autorización de uso temporal.

1. Transcorridos 15 días desde a finalización do prazo establecido no artigo anterior, a entidade beneficiaria deberá formalizar o documento de aceptación das condicións particulares de uso da instalación e aboar o 75% do importe correspondente ás prazas que confirme. A dita cantidade ou a parte proporcional non será reintegrable se o número de usuarios ao inicio da actividade é menor ao confirmado.

O documento de aceptación das condicións particulares de uso e o xustificante do segundo ingreso presentaranse no Servizo de Xuventude e Solidariedade da delegación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia na que estea a instalación adxudicada.

Así mesmo, presentarán a relación dos responsables que dirixan a actividade e a acreditación das titulacións exixidas en materia de tempo libre, tendo en conta o disposto no artigo 47 do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (DOG nº 49, do 10 de marzo).

Cumpridas as condicións anteriores, a delegación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente facilitaralle á entidade beneficiaria o documento de autorización de uso temporal da instalación.

Se transcorridos os diferentes prazos establecidos neste artigo non se fixesen os pagamentos correspondentes polas entidades beneficiarias, procederase de acordo co disposto no parágrafo segundo do artigo 7º desta orde.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os adxudicatarios estarán obrigados:

1. A cumprir os requisitos que exixe a lexislación vixente e a observar as normas de réxime interior da instalación e as indicacións da persoa responsable da mesma no referente a aqueles aspectos non recollidos expresamente nas citadas normas.

2. A responder dos actos que se realicen nas instalacións concedidas e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.

3. A aboar o importe das deterioracións que produzan no material e nos equipamentos da instalación durante o período de uso desta.

Artigo 10º

Os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no anexo I da Orde do 4 de febreiro de 2009, pola que se fixan as tarifas e prezos en servizos de xuventude nas instalacións xuvenís para o ano 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro).

Aqueles grupos que figuren inscritos no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar como entidades prestadoras de servizos sociais gozarán dun desconto do 50% sobre os prezos sinalados no apartado anterior.

O aboamento dos diferentes pagamentos regulados nesta orde efectuarase utilizando os impresos destinados para o efecto, que se atoparán á disposición dos interesados na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou en calquera delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 11º

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de protección de datos persoais, a través dos datos recompilados nos diferentes anexos desta orde, préstase o seu consentimento á incorporación dos datos persoais achegados a un ficheiro titularidade da Dirección Xeral de

Xuventude e Solidariedade e inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxas finalidades son: obter unha base de datos co obxecto de resolver posteriormente as solicitudes de praza nas mencionadas instalacións e recompilar os datos bancarios co obxecto de proceder á devolución das cantidades aboadas polo interesado en caso de renuncia á actividade e/ou ingreso erróneo. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, como responsable do ficheiro, comprométese a respectar a confidencialidade da información de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que se poden exercer mediante comunicación escrita, acompañada dunha copia do DNI ou pasaporte, dirixida ao seguinte enderezo: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque-III 1º, 15781 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: lopd.xuventude@xunta.es.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2009.

Ver anexos pdf "144-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 47, do 9 de marzo de 2009, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 4.918, débese substituír o anexo I polo que figura a continuación.

Ver anexos pdf "144-09.PDF"

145 Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se convoca un curso de formación básica en información, orientación e asesoramento á xuventude coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.

(DOG nº 60, do 27.03.2009).

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

Neste contexto a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinou o día 9 de febreiro de 2009 un acordo de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública para a organización de dúas edicións dun curso de formación básica en información, orientación e asesoramento á xuventude.

Como consecuencia do devandito convenio, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso básico de información, orientación e asesoramento á xuventude.

Artigo 2º.-Obxectivos.

Formar o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil a nivel teórico-práctico sobre a información e as distintas asesorías que se poden levar a cabo nas oficinas de información xuvenil.

Artigo 3º.-Persoal a que vai dirixido.

Informadores xuvenís da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Terán prioridade os informadores xuvenís da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, e por antigüidade. En caso de empate terá preferencia o persoal fixo.

Artigo 5º.-Desenvolvemento do curso.

O curso terá carácter semipresencial. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado.

1. Duración: 80 horas.

Número de edicións: 2.

2. Lugar e datas:

Santiago de Compostela.

O curso realizarase dous meses despois da publicación desta orde no DOG. O lugar e as datas cos horarios seranlles comunicados individualmente ás alumnas e aos alumnos seleccionados.

3. Número de prazas: 20.

Artigo 6º.-Contidos.

1. Análise dos procesos de información, orientación e asesoramento xuvenil.

Procesos de información, orientación e asesoramento no ámbito da mocidade. Historia da información xuvenil. Sociedade da información e coñecemento. O proceso do coñecemento. O proceso da comunicación. Fundamentos e principios da información xuvenil. Orixe e evolución dos servizos de información xuvenil. Novas necesidades informativas da mocidade e políticas de información. Breve historia da información xuvenil. A información xuvenil dentro das políticas de mocidade. A Carta europea de información xuvenil. A sociedade da información. Organización dos servizos de información xuvenil. A Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil. Antecedentes. Lexislación galega en materia de mocidade. Posta en funcionamento dun SIX. INXUVE. A coordinadora estatal de información xuvenil. As políticas de información xuvenil. Estrutura e deseño dun servizo de información xuvenil. Xestión dunha oficina de información xuvenil.

2. Organización dos servizos de información xuvenil (SIX).

A información xuvenil nas políticas de mocidade. Marco lexislativo e normativo da información xuvenil: Tipoloxía de SIX. Redes de información xuvenil. Estrutura da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade.

3. Xestión dos servizos de información xuvenil (SIX).

Recursos materiais nos SIX: elementos físicos. Organización de espazos informativos. Recursos económicos: o orzamento. Subvencións. Recursos humanos nos SIX: perspectiva profesional. Coordinación entre profesionais. Actividades formativas. Sinerxías na información xuvenil: transversalidade, cooperación e traballo en rede. Recursos relacionais da información xuvenil. Recursos de intervención no traballo con mozos: formación, información, equipamentos e actividades. A calidade nos servizos de información xuvenil.

4. Elaboración e difusión da información para a mocidade.

Metodoloxía de elaboración da información para mozas: linguaxes expresivas. Ficha informativa. Difusión de información xuvenil: soportes, publicacións físicas e virtuais na información para a mocidade. Dinamización e mercadotecnia da información para a mocidade. Innovación nos proxectos de información e intervención socioeducativa coa mocidade: técnicas de creatividade, técnicas de motivación. A difusión e transferencia de boas prácticas.

Artigo 7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, da Secretaría Xeral do Benestar, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia ao longo do curso, e ao remate levarase a cabo unha proba avaliativa presencial nas instalacións da EGAP, ou onde se indique no seu momento.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, encontros e/ou congresos que organice a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade con temática relacionada coa xuventude durante a duración do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de apto a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-Modificacións.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Ver anexo pdf "145-09.PDF"

146 Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se convoca o programa Gzcrea 2009.

(DOG nº 63, do 1.04.2009).

O Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, especifica no seu anexo I.B.3.h que aquela asume as competencias de promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico, artesanal, turístico e de aire libre, dirixidas aos sectores da xuventude, infancia, terceira idade e sectores marxinados.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en virtude do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano competente da Administración autonómica ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Polo exposto, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar consciente da importancia que ten facilitar vías polas cales se poida manifestar a inquedanza artística individual e colectiva da xuventude galega convoca unha serie de actividades que abranguen un amplo abano de manifestacións de carácter artístico e que constitúen o programa Gzcrea 2009.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Capítulo I

Parte xeral

Artigo 1º-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que rexen o programa Gzcrea 2009, que convoca a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que inclúe as especialidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis e deseño de xoias.

Artigo 2º-Orzamento.

As actividades que impliquen o desenvolvemento deste programa serán custeadas con cargo á partida orzamentaria 05.42.313A.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cunha contía de 118.066 euros.

Artigo 3º-Destinatarios.

1. Poderán solicitar a participación os mozos ou mozas galegos ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2009, agás o establecido no capítulo II segundo cada especialidade.

2. Non poderán participar nunha especialidade aquelas persoas que gañasen o primeiro premio desa mesma especialidade na edición do ano anterior.

3. Enténdese por profesional para os efectos desta disposición, aquela persoa que mantén unha relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade concreta en que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que está dado de alta como autónomo nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

4. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual.

5. A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nesta disposición, e unicamente a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas, así como para decidir a suspensión dunha especialidade no caso de non acadarse unha participación mínima de dez solicitantes logo de comunicárllelo a estes.

6. A información contida neste artigo debe ser complementada co disposto no capítulo II. (Parte específica).

Artigo 4º-Inscricións.

1. A solicitude dos participantes deberá facerse no impreso de solicitude (anexo I).

2. Esta solicitude irá acompañada:

2.1. Se é o caso, da obra ou da documentación que corresponda, de acordo co disposto na parte específica para cada especialidade concreta. Tanto na obra como na documentación citada non figurarán datos que identifiquen o autor ou autora.

2.2. Dun sobre pechado en cuxo exterior figurará exclusivamente o título e o pseudónimo do autor ou da autora, e no que irá o boletín de inscrición (anexo II) debidamente cuberto, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI polas dúas caras ou de documento oficial que acredite suficientemente a identidade (se o participante é un grupo será a de todos os membros do grupo). No caso da especialidade de teatro, achegarase ademais a fotocopia do CIF do grupo.

- No caso de que o participante sexa menor de idade autorización do pai/nai ou titor/a legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada.

- No caso dos mozos e mozas non galegos, residentes en Galicia, ademais do documento oficial que acredite suficientemente a identidade, certificado de empadroamento.

- Declaración responsable en que quede constancia de que non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa vinculada á especialidade concreta na cal solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que non está dado de alta como autónomo nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

- Declaración responsable en que quede constancia de que a obra non foi premiada en ningún outro certame ou concurso no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, e de que é inédita no caso das especialidades de relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti e carteis.

- No caso de teatro, moda, música e graffiti, certificación orixinal acreditativa do número de conta bancaria (vinte díxitos) do seu titular, que no caso do teatro terá que corresponder co titular do CIF do grupo.

- Calquera soporte audiovisual que se envíe (CD, DVD...) deberá ter as óptimas condicións de visionado e gravado.

3. As solicitudes poderán presentarse xunto co resto da documentación nos rexistros das seguintes dependencias administrativas:

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

  Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

  Edf. administrativo San Caetano.

  15781 Santiago de Compostela.

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

  Delegación Provincial da Coruña.

  R/ Enrique Mariñas s/n (Edf. Proa).

  Matogrande.

  15009 A Coruña.

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

  Delegación Provincial de Lugo.

  Rolda da Muralla 70.

  27071 Lugo.

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

  Delegación Provincial de Ourense.

  Camiño Prado Lonia s/n.

  32872 Ourense.

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

  Delegación Provincial de Pontevedra.

  R/ Concepción Arenal 8.

  36201 Vigo.

- Oficina Local de Pontevedra.

  R/ Fernández Ladreda 43, 2º andar.

  36003 Pontevedra.

- Oficina Local de Ferrol.

  Edif. administrativo.

  Praza Camilo José Cela 1º.

  15403 Ferrol.

Todo isto, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A información contida neste artigo debe ser complementada co disposto no capítulo II. (Parte específica).

Artigo 5º.-Prazo de presentación das solicitudes e emenda de defectos.

1. O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte ao da publicación desta disposición no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 5 de xuño de 2009.

2. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 6º.-Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informase que os datos recollidos ao abeiro desta disposición, que se consideran exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados, serán incorporados ao ficheiro «GZCREA», do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cuxa finalidade é «a convocatoria, xestión e difusión do contido e resultado do programa así como das obras e artistas premiados». Os datos recollidos non serán cedidos a terceiros, agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias e en caso de que algunha lei o previse. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento «Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade» no enderezo: Edificio administrativo San Caetano s/n, bloque III, 1º-15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 7º.-Comisión de selección.

Constituirase unha comisión de selección, cuxos membros serán nomeados polo Vicepresidente da Igualdade e do Benestar para cada especialidade, por proposta do director xeral de Xuventude e Solidariedade, e estará integrada por un presidente, un secretario e un máximo de sete vogais. Actuará como presidente o director xeral de Xuventude e Solidariedade ou a persoa en quen delegue, como vogais actuarán profesionais e expertos de recoñecido prestixio na especialidade concreta que se valore, e a secretaría recaerá nun funcionario da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar con voz, pero sen voto.

Os nomes dos integrantes de cada unha das comisións de selección serán publicados na páxina web www.gzcrea.com con anterioridade

ás reunións que se levarán a cabo.

As decisións da comisión de selección serán inapelables.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 5 desta disposición, as solicitudes dos mozos e mozas que non cumpran os requisitos establecidos nesta disposición non serán admitidas a trámite, e ditarase para o efecto a oportuna resolución.

2. As demais solicitudes remitiranse á comisión de selección, que examinará e valorará as diferentes obras en función da súa calidade, proporá a adxudicación de tres premios por especialidade e redactará a proposta de resolución.

Corresponderá ditar a resolución ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, por delegación do Vicepresidente da Igualdade e do Benestar.

3. A resolución será notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditara no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A relación de premiados de cada especialidade será publicada na páxina web www.gzcrea.com

Artigo 9º.-Obras e premios.

1. Cada participante poderá presentar unha obra por especialidade ou por modalidade.

2. As obras presentadas polos participantes non poderán ter sido premiadas, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, noutros certames ou concursos.

3. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente que en materia de propiedade intelectual puidesen incorrer os participantes.

4. Establécense os seguintes premios por especialidade (teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis e deseño de xoias):

Un primeiro premio de 3.000 €.

Un segundo premio de 1.500 €.

Un terceiro premio de 1.000 €.

Poderanse outorgar mencións de honra, que carecerán de dotación económica, nas diferentes especialidades a aquelas obras que, a xuízo da comisión seleccionadora, acaden a suficiente calidade.

5. Cada participante non poderá recibir máis que un premio por especialidade.

6. Estes premios serán complementados de acordo co disposto na parte específica de cada especialidade.

7. As contías dos premios obxecto desta convocatoria serán únicos e estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

8. Entregaranse diplomas a todos os premiados e aos finalistas.

9. Segundo a calidade das obras poderían ser declarados desertos ou compartidos algúns dos premios. Neste último caso, a contía do premio que se repartirá, será de xeito directamente proporcional ao número de obras premiadas.

Artigo 10º.-Destino e devolución das obras.

1. As obras dos participantes premiados quedarán en posesión da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade poderá desenvolver as accións que considere oportunas encamiñadas á difusión dos traballos seleccionados de todas as especialidades incluídas nesta convocatoria.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso de traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade dos dereitos de edición.

O feito de participar nesta convocatoria supón a autorización dos participantes a favor da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, para montar exposicións e/ou para a exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

3. Os autores e as autoras quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os arquivos de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

4. As obras dos participantes non premiados ou, de ser o caso, calquera outro material presentado no seu lugar, deberán ser retiradas por eles ou pola persoa autorizada no lugar que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación coa decisión da comisión de selección.

Transcorrido este prazo, as obras non retiradas quedarán á disposición da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade que poderá darlles o destino que coide oportuno.

Capítulo II

Parte específica

Sección primeira

Teatro

Artigo 11º.-Condicións xerais.

1. Poderán concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegos ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2009. Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre os 14 e 16 anos.

   En calquera caso, tanto os integrantes da dirección como o do equipo técnico non se verán afectados polo disposto no artigo 3º, parágrafo 1º desta disposición.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os grupos participantes presentarán:

   - Listaxe dos compoñentes do grupo, indicando a idade e a función.
   - Unha síntese da obra (título, autor/a e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa...).
   - DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2008.

   En todo caso a gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para a súa correcta visión.

3. As representacións serán en lingua galega.

4. As obras poderán ser de autores ou autoras galegos, españois ou estranxeiros.

5. Poderán presentarse obras orixinais.

6. A duración da representación de cada obra non poderá exceder dunha hora e corenta e cinco minutos.

Artigo 12º.-Desenvolvemento.

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de seis grupos que serán os que representen as obras ante esta, no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, que asumirá os gastos orixinados polas representacións por un importe máximo de 650 € por grupo.

2. A xuízo da comisión de selección un dos grupos premiados estará obrigado a representar a obra no lugar e na data que se indique desde a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, se fose requirido para iso, e que en calquera caso será no último trimestre do ano. No caso do incumprimento desta obriga o grupo requirido quedará desposuído do premio outorgado. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade asumirá os gastos orixinados pola representación por un importe máximo de 1.200 €.

Sección segunda

Artes plásticas

Artigo 13º.-Condicións xerais.

1. Establécense as seguintes modalidades: pintura, escultura, fotografía e instalacións.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada destas. As obras orixinais serán requiridas aos participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando a xuízo da comisión sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.
   - Declaración responsable de que a obra presentada, non forma parte doutra exposición e está en propiedade do autor ou autora.
   - Ficha técnica da obra en que se indicará o título, o ano de realización, a técnica empregada, as dimensións reais, así como o seu peso (isto último só no caso da escultura).
   - No proxecto de instalación achegarase ademais a seguinte documentación: memoria explicativa do traballo artístico, planos, bosquexos e todo o material informativo que facilite a comprensión da obra.

Artigo 14º.-Desenvolvemento.

1. Para a exposición a comisión seleccionará as obras que acaden a maior calidade artística, que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no seu momento, porase en contacto cos autores e autoras das obras seleccionadas para a exposición, co fin de establecer as mellores condicións de entrega e recollida en cada caso, e ademais comunicará o lugar e a data na que terá lugar a exposición, todo isto sen prexuízo do disposto no punto 8 deste artigo.

3. Os participantes seleccionados para a exposición presentarán as súas obras en perfecto estado e cos elementos necesarios para realizar a montaxe. Cando a súa complexidade o requira a montaxe faraa o autor ou autora.

4. As obras seleccionadas para a exposición serán enviadas empregando unha embalaxe cun material ríxido e suficientemente sólido que asegure a súa integridade.

5. As obras presentadas serán orixinais.

6. O tema e as técnicas serán libres.

7. As pinturas deberán levar marco ou bastidor.

8. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras, aínda que a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade subscribirá unha póliza que asegure, única e exclusivamente, as obras que sexan seleccionadas para a exposición e durante o tempo que esta dure, de ata un máximo de 600 € por obra.

Sección terceira

Moda

Artigo 15º.-Condicións xerais.

1. As coleccións deben ser orixinais.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Unha colección coherente de cinco modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.

   - Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

Artigo 16º.-Desenvolvemento.

1. A comisión seleccionará para a fase final 10 participantes que confeccionarán a colección de cinco modelos obrigatorios, tendo en conta preferentemente os seguintes criterios: creatividade, experimentación formal nos deseños, selección de tecidos, colorido, patronaxe, volumes e texturas, e que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

2. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade asumirá os gastos derivados da confección dos modelos por un importe máximo de 1.000 euros para cada un dos 10 seleccionados.

Artigo 17º.-Premios.

Sen prexuízo do disposto no artigo 9º desta disposición, cada un dos tres premiados terá un premio complementario de 3.000 euros para a súa formación no ámbito téxtil.

Sección cuarta

Música

Artigo 18º.-Condicións xerais.

1. Poderán concorrer solistas e grupos de pop, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea.

   Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical cos participantes que se presenten como solistas.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Maqueta en CD debidamente identificada, co pseudónimo e título, e gravada polos compoñentes inscritos, con dous temas, que serán os que avaliará a comisión de selección, e unha duración máxima de dez minutos. Valorarase positivamente a utilización do galego, e en calquera caso un dos temas deberá ser en galego.

   - Ficha técnica en que se detalle o título, duración e autoría dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.

   - Fotografía recente do grupo ou solista.

   - Relación nominal mecanografada dos/as compoñentes do grupo, con indicación da idade e do instrumento que tocan.

   - Letras, se as houber, dos temas incluídos na maqueta, debidamente mecanografadas.

   - Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación na fase final do certame, no suposto de resultar seleccionado.

   - Declaración responsable acreditativa de que o participante dispón dun repertorio dun mínimo de 30 minutos.

   Toda esta documentación deberá presentarse en soporte papel e tamén en CD.

3. Os temas serán de creación propia e nunca antes editados comercialmnte.

Artigo 19º.-Desenvolvemento.

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de seis participantes que serán os que actuarán ante esta, no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, que asumirá os gastos ocasionados pola actuación por un importe máximo de 600 no caso de grupos ou de 300 no caso de solistas.

2. Para as actuacións da fase final os participantes levarán os seus propios instrumentos, agás a batería, que será proporcionada pola organización.

3. O equipo técnico de son e luces proporcionarao a organización en coordinación cos grupos finalistas e será manexado polos técnicos da organización.

4. A xuízo da comisión de selección, un dos grupos ou solistas premiados estarán obrigados a actuar no lugar e data que se indique desde a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, se fose requirido para iso. No caso do incumprimento desta obriga o grupo requirido quedará desposuído do premio outorgado. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade asumirá os gastos orixinados pola actuación por un importe máximo de 600 .

Sección quinta

Relato breve

Artigo 20º.-Condicións xerais.

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

2. O tema será libre.

3. As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión máxima de 30 páxinas, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4, e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

Sección sexta

Poesía

Artigo 21º.-Condicións xerais.

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

2. O tema e a técnica serán libres.

3. As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 250 versos a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

Sección sétima

Videocreación

Artigo 22º.-Condicións xerais.

1. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

2. Quedan excluídas deste certame todas as obras que teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. O tema será libre, máis deberá dar prioridade aos contados artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fóra dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

4. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Unha ficha técnica da obra en que se inclúa o título, un breve argumento, a data e o lugar de realización, unha fotografía da videocreación e datos técnicos e artísticos de interese.

5. As obras poderán ser producidas en calquera formato de vídeo, pero deberán presentalo en DVD, onde figurará o título e o pseudónimo do autor ou autora.

   En todo caso a gravación deberá estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe como de son, para a súa correcta visión, xa que en caso contrario a obra será rexeitada.

6. A duración de cada obra non poderá exceder de 12 minutos.

7. A realización das obras debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2008.

8. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade reserva para si dereito a solicitar aos participantes unha copia en formato orixinal para a súa proxección pública.

9. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade reserva para si a posibilidade de utilizar un fragmento da obra de ata un máximo de tres minutos, para a súa posible difusión nos medios de comunicación.

Sección oitava

Banda deseñada

Artigo 23º.-Condicións xerais.

1. As obras serán orixinais e inéditas.

2. A temática será libre, con textos en galego.

3. A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.

4. O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais.

5. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

6. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Sección novena

Graffiti

Artigo 24º.-Condicións xerais.

1. As obras serán orixinais, inéditas e, de ter texto, este estará en galego.

2. O tema e a técnica serán libres.

3. Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de tres membros.

4. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Proxecto orixinal da obra que se vai realizar en formato DIN A-3 (realizado a man e presentado a cor).

   - Fotografías dos graffitis realizados máis recentemente polo solicitante (ou enderezo da internet onde se poidan ver os traballos).

Artigo 25º.-Desenvolvemento.

1. A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de nove participantes, que serán requiridos para realizar un mural de aprox. 4 m x 2 m ante esta, no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, que asumirá os gastos de material por un importe máximo de 350 por participante individual ou grupo. A selección realizarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: deseño, estrutura, tema e colorido (que deberán responder á maior calidade).

2. A xuízo da comisión, será motivo de descualificación a realización

de graffitis fóra dos espazos e horarios asignados pola organización.

Sección décima

Carteis

Artigo 26º.-Condicións xerais.

1. A participación será a título individual.

2. As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

3. O tema do cartel será «Os camiños de Santiago e o Xacobeo».

4. A técnica será libre dentro dos límites usuais, para permitir unha normal reprodución fotomecánica.

5. As obras deberán presentarse sobre cartón, cartón pluma ou similar, en formato vertical, cunhas medidas máximas de 47 x 64 cm e presentaranse suficientemente protexidas e montadas sobre un soporte ríxido e desmontable que permita a súa perfecta exposición.

   Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

6. En ningún caso se admitirán obras cuxo soporte supoña perigo para o seu almacenamento ou montadas con materiais que poidan danar a súa integridade.

Artigo 27º.-Desenvolvemento.

1. A comisión poderá seleccionar para a exposición as obras que acaden maior calidade artística, e serán exhibidas no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

2. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Sección décimo primeira

Deseño de xoias

Artigo 28º.-Condicións xerais.

1. A colección debe ser orixinal e estará composta por tres xoias.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 4º desta disposición, e no mesmo sobre, os participantes presentarán:

   - Unha fotografía de cada unha das tres xoias que poderán ser tanto para home como para muller.

   As fotografías das xoias deberán presentarse sobre unha folla de álbum de fotos, tamaño DIN A-4 e mostrarse na escala máis próxima á real 1:1. Deben estar sen asinar e sen ningunha identificación do autor ou da autora.

   - Na parte posterior da folla do álbum de fotos incluirase unha ficha técnica da colección, onde se explicarán os materiais utilizados e todos os datos que sexan de interese na colección.

   Sen prexuízo do anterior, as fotografías das xoias presentaranse tamén en CD.

Artigo 29º.-Desenvolvemento.

A comisión poderá seleccionar para a fase final ata un máximo de 10 participantes, tendo en conta preferentemente os seguintes criterios: creatividade, selección de materiais, terminacións e acabamentos, e estas obras exhibiranse ante esta comisión no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, se fosen requiridos para iso.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do Vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar as oportunas resolucións no ámbito desta disposición.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta disposición.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009.

Ver anexos pdf "146-09.PDF"

147 Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.

(DOG nº 119, do 19.06.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 79/2009, do 20 de abril, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 83/2009, do 21 de abril, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 8 a estrutura básica da Consellería de Traballo e Benestar. A dita consellería conta cunha Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en ma-

teria de xuventude, en virtude da Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

Neste senso a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado desenvolve o programa fomento da actividade xuvenil, para o que dispón dunha serie de instalacións, entre as que se atopan as residencias xuvenís.

Como é habitual, as citadas instalacións póñense á disposición dos/as mozos/as estudantes durante o curso académico, ofreceéndolles aloxamento e mantenza, desenvolvéndose nelas unha serie de actividades convivenciais e educativas, a través das que se intenta fomentar os valores sociais, culturais e deportivos dos/as mozos/as residentes e de calquera outro que puidesen beneficiarse do labor sociocultural nas actividades que se programan.

Por todo isto, en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar esta oferta de prazas para mozos e mozas estudantes nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2009/2010, no réxime de internado, e establecer as bases para a súa concesión.

O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias son as seguintes:

Réxime de internado.

Cidade	Residencia	Prazas
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	76 home/muller
Ourense	Florentino L. Cuevillas	50 home/muller
Vigo	Altamar	94 home/muller

Para os efectos do uso das instalacións, o curso académico 2009/2010 abarcará desde o 18 de setembro de 2009 ao 15 de xullo de 2010, condicionado a que os estudos oficiais comecen e rematen nestas datas.

Artigo 2º.-Requisitos dos solicitantes.

Poderán optar ás prazas obxecto desta convocatoria os/as mozos e mozas estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

-Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude de praza.

- Que non supere os 30 anos de idade antes da data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres no se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos que o solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima exixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.
- Non ter perdido a condición de residente por causa imputable ao/á solicitante.

Artigo 3º.-Solicitude.

3.1. A solicitude efectuarase utilizando o impreso normalizado que figura no anexo I que, en caso de que o/a solicitante sexa menor de idade, deberá ir asinada polo pai/nai ou titor/a legal.

3.2. Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI para españois ou equivalente para estranxeiros da Unión Europea, ou tarxeta de residencia do solicitante no caso de naturais doutros países.

- Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia na que figuren os membros da unidade familiar, ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.
- Acreditación, a través dun certificado de empadroamento, no que figurará a composición da unidade familiar á que pertenza o/a solicitante, de posuír a residencia familiar en Galicia ou ser fillo de emigrantes.
- Acreditación da condición de orfandade, se é o caso.
- Acreditación da condición de minusvalidez igual ou superior ao 33% de calquera membro da unidade familiar.
- Certificación académica orixinal ou copia compulsada na que figure as notas das disciplinas correspondentes ao último curso. No caso de que fose o último curso de bacharelato LOXSE, xuntarase certificación académica da selectividade. No caso de non ser requisito necesario realizar a selectividade certificación académica do último curso do bacharelato LOXSE.
- Fotocopia compulsada da preinscrición na facultade ou escola universitaria, ou ciclo formativo de grao superior ou grao medio correspondente para os alumnos que vaian cursar o 1º ano de estudos universitarios de grao medio ou superior, ou 1º ano do ciclo formativo de grao superior ou grao medio. No caso de tratarse de estudantes de bacharelato, solicitude de praza no centro no que pretenda cursar estudos, condicionado a que no seu momento presente a formalización da matrícula.
- Xustificación de ingresos da unidade familiar: copia compulsada da declaración do IRPF, correspondente ao último exercicio, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar. No caso de non ter obriga de declarar, certificación de Facenda da dita circunstancia. No suposto de que non sexa posible achegar a devandita certificación na data de presentación da solicitude, por non estar dispoñible, a selección quedará condicionada á presentación desta certificación con anterioridade á incorporación no centro.

- Acreditación da situación de desemprego sen prestación económica do pai e da nai.

3.3. A solicitude, xunto coa restante documentación, deberá presentarse en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.4. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta orde.

3.5. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o departamento territorial correspondente requirará o/a solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Cando o número de solicitudes para cada residencia supere a dispoñibilidade de prazas, estas serán asignadas segundo o seguinte baremo:

a) Aqueles que xa foron residentes no anterior curso, e cuxo comportamento e rendemento académico os fagan merecentes: 2 puntos.

Este criterio preferente non se terá en conta para o caso daqueles residentes que abandonasen a residencia xuvenil antes de rematar o curso académico, agás por enfermidade persoal ou dalgún familiar cos que conviva, debidamente xustificado.

A admisión de persoas que xa fosen residentes en cursos anteriores, queda condicionada á inexistencia dun informe desfavorable por parte da comisión cualificadora prevista no artigo 5º, baseado no incumprimento das normas de réxime interno ou inadaptación á normal convivencia e mínimo respeto cívico que debe rexer nestes centros.

b) Cursar estudos universitarios: 1 punto.

- Cursar ciclos formativos de grao superior, medio ou bacharelato: 2 puntos.

c) Rendemento académico segundo a nota media obtida no último curso ou na proba de selectividade. A puntuación neste caso corresponderase coa dita nota media.

d) Renda da unidade familiar. Terase en conta a relación de ingresos/nº de membros da unidade familiar. Para estes efectos, poderanse incluír como membros da unidade familiar os fillos menores de 30 anos de idade, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos na lexislación tributaria. Puntuarase segundo o seguinte baremo:

Inferior ao 50% do IPREM: 4 puntos.

Entre o 50% e o 75% do IPREM: 3 puntos.

Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 2 puntos.

Entre o 100% e o 125% do IPREM: 1 punto.

Superior ao 125% do IPREM: 0 puntos.

e) Situación de familia numerosa:

Categoría xeral: 0,25 puntos.

Categoría especial: 0,50 puntos.

f) Condición de orfandade: 0,50 puntos.

g) Minusvalidez de calquera membro da unidade familiar: 0,50 puntos.

h) Situación laboral de desemprego sen prestación económica do pai e nai: 1 punto por cada situación.

i) Ter a súa residencia familiar en Galicia: 1 punto.

j) Por calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión cualificadora e axeitadamente acreditada como a condición de familia monoparental, ou por irmán/á-áns/ás con praza renovada na residencia: 1 punto.

Artigo 5º.-Comisión cualificadora.

5.1. A valoración das solicitudes para cada residencia efectuarase no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde radica aquela, mediante unha comisión cualificadora creada para tales efectos e constituída polo xefe/a do Servizo de Xuventude e Voluntariado, un xefe/a de sección do citado servizo, e os directores das residencias xuvenís situadas nesa provincia. Actuará como secretario un funcionario nomeado polo xefe territorial correspondente.

5.2. A comisión cualificadora resérvase o dereito de solicitar a documentación que estime necesaria para aclarar a valoración das solicitudes.

Artigo 6º.-Resolución da convocatoria.

6.1. Cada comisión cualificadora confeccionará una lista por orde de preferencia das solicitudes recibidas para a respectiva residencia e elevará proposta de resolución no prazo máximo de 2 meses contados desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes ao/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar, que será o que resolva.

6.2. Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.3. Unha vez resolta esta convocatoria para cada unha das residencias xuvenís, os servizos de xuventude dos departamentos territoriais respectivos notificaranlles aos interesados a resolución de adxudicación. Así mesmo, as listas dos admitidos serán expostas nas residencias xuvenís, no rexistro xeral e nos rexistros dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e no Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán de Santiago de Compostela.

6.4. No caso de non ditar resolución expresa nun prazo de 4 meses desde a data de publicación da orde no DOG, poderá entenderse desestimada a solicitude correspondente.

6.5. No caso de seren admitidos terán que presentar os seguintes documentos:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria, ou, no seu defecto, calquera outro documento de asistencia médica e farmacéutica.
- Certificado de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e de vacinacións.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Xustificante bancario de pagamento de dúas mensualidades (outubro/2009 e xuño/2010). O pagamento dos meses de setembro e xullo quedará condicionado aos días de estancia do residente.
- Fotocopia compulsada do xustificante de matrícula correspondente aos estudos que vai cursar ou, no caso dos alumnos de 3º ciclo, certificado do xefe do departamento universitario correspondente conforme o interesado está realizando o doutoramento naquel.

A dita documentación terán que presentala no Servizo de Xuventude do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde radique a residencia xuvenil correspondente, no prazo de 10 días hábiles contados desde aquel en que reciban a comunicación de admisión, agás a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula ou o certificado do xefe do departamento universitario correspondente, que poderán presentala ata o 31 de outubro de 2009, con excepción do establecido no artigo 3.º2 punto 7 para o caso de alumnos de 1º curso. No caso de que o interesado non poida presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no referido prazo por causa imputable ao centro no que vaia cursar os seus estudos, deberá comunicar esta circunstancia por escrito, presentando unha fotocopia compulsada da preinscrición na facultade ou escola universitaria correspondente, debendo non obstante presentar a fotocopia compulsada do resgardo de matrícula no momento en que a faga.

Artigo 7º.-Renuncia.

7.1. A renuncia dunha praza da que foran adxudicatarios deberase facer por escrito enviado á delegación correspondente. Esta renuncia producirá os efectos económicos do artigo 8.2º.

En todo caso, aqueles adxudicatarios que non presenten a documentación requirida no prazo establecido, entenderase decaídos no seu dereito.

7.2. En ambos os casos, a praza que resulte vacante cubrirase conforme a lista de espera confeccionada pola comisión cualificadora. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha vacante nas prazas ofertadas.

Artigo 8º.-Condicións económicas.

8.1. De acordo co estipulado na letra C do anexo I da Orde do 4 febreiro de 2009, pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro) a cota que haberá que aboar por mes será:

Residentes internos: 263 €.

A cota poderase aboar por trimestre ou por mes. Os pagamentos faranse nos cinco primeiros días de cada trimestre ou mes, segundo a modalidade de pagamento escollida, durante a duración do curso, desde o 18 de setembro de 2009 ao 15 de xullo de 2010, non habendo descontos por vacacións, permisos, etc.

8.2. Unha vez comunicada a admisión, farase unha entrega de dúas mensualidades en concepto de pagamento polo primeiro e o derradeiro mes do curso (outubro/2009 e xuño/2010). A renuncia voluntaria que se comunique despois do 15 de outubro dará lugar á perda da devandita cantidade entregada, e a que se comunique ata a dita data dará lugar á devolución da cantidade entregada agás da parte proporcional a media mensualidade, debendo neste caso solicitar a devolución da cantidade correspondente no impreso que figura no anexo II desta orde.

Artigo 9º.-Servizos ofertados.

9.1. Ademais dos servizos de aloxamento e mantenza, as residencias xuvenís ofrecen con carácter xeral os seguintes:

- Aula de estudo-biblioteca.
- Salas de xogos.
- TV e vídeo.
- Actividades culturais e deportivas.
- Información aos pais sobre o comportamento do/a seu/súa fillo/a cando os pais o soliciten ou cando a dirección da residencia o considere necesario.

9.2. A asistencia médica e gastos farmacéuticos será por conta do residente, debendo traer ao día da incorporación a fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou calquera outra documentación do seguro médico do que sexa beneficiario (Muface, Sanitas, Adeslas, etc.). Con todo, en cada residencia haberá un caixa de primeiros auxilios.

9.3. As fins de semana e festivos non se prestarán servizos de comedor.

Artigo 10º.-Obrigas dos residentes.

10.1. Os residentes comprometeranse a respectar e cumprir as normas de réxime interno da residencia xuvenil. O seu incumprimento, logo de tramitación do expediente disciplinario no que se respectará, en todo caso, o trámite de audiencia, poderá dar lugar, de ser o caso, á perda da condición de residente.

10.2. Os residentes deberán deixar os cuartos libres inescusablemente o día 15 de xullo. No caso de que o residente sexa menor de idade deberá abandoar a residencia as fins de semana e días non lectivos.

10.3. Os desperfectos ocasionados polo mal uso das instalacións, material e utensilios, serán de responsabilidade individual dos seus autores ou colectivamente de quen teña asignadas as dependencias concretas ao seu uso, tendo que aboar o seu custo.

10.4. Os adxudicatarios poderán incorporarse ás residencias xuvenís a partir do 18 de setembro e sempre antes do 5 de outubro, salvo causa de forza maior debidamente acreditada. No seu defecto entenderase que renuncia á praza adxudicada, perdendo os seus dereitos, e procederase a cubrir a vacante conforme o disposto no artigo 6º desta orde.

10.5. O estado de saúde do residente deberá en todo momento permitir o normal desenvolvemento da vida residencial, debendo, en caso contrario e, por prescrición facultativa, abandoar a residencia ata a súa recuperación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

Ver anexos pdf "147-09.PDF"

148 Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 124, do 26.06.2009 e corrección de erros no DOG nº 148, do 30.07.2009).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, parágrafos 22, 23 e 24, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, aplicándose entre outros ao ámbito da xuventude.

Así mesmo, mediante o Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 79/2009, do 20 de abril, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co Decreto 83/2009, do 21 de abril, a dos seus departamentos, que establece no seu artigo 8 a estrutura básica da Consellería de Traballo e Benestar. A dita consellería conta cunha Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, en virtude da Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

A Consellería de Traballo e Benestar dispón dunha serie de instalacións xuvenís entre as cales figuran as residencias xuvenís, que, ademais do aloxamento e mantenza, ofrecen aos/ás mozos/as estudantes residentes unha serie de servizos e actividades convivenciais e educativas complementarias.

Coa realización desta convocatoria preténdese favorecer o acceso ao ensino universitario dos estudantes con escasos recursos e, ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial as residencias xuvenís que se relacionan nesta orde.

Neste marco xeral hai que incardinar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se convocan prazas de colaboradores-bolseiros, en réxime de concorrencia competitiva, para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as posteriores modificacións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, e na normativa de desenvolvemento na cal se establecen os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financeira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por todo isto, en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar en réxime de concorrencia competitiva esta oferta de prazas de colaboradores-bolseiros nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2009/2010, e establecer as bases para a súa concesión.

O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias é a seguinte:

Residencia	Prazas
Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo)	4 home/muller
F.L. Cuevillas (Ourense)	5 home/muller
Altamar (Vigo)	6 home/muller

Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán solicitar as residencias todas as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento

da solicitude de praza.

b) Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria ou ciclo formativo de grao superior que admitan, polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

d) Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador por causa imputable ao solicitante.

e) Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

Artigo 3º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes, debidamente asinadas polo solicitante e segundo o modelo oficial que figura no anexo desta orde, xunto coa restante documentación, deberán presentarse en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

3. O/a interesado/a presentará exclusivamente unha única solicitude, na cal poderá optar por un centro. No caso de presentar máis dunha solicitude, non será admitida a trámite e ditarase para o efecto a oportuna resolución.

4. Deberá xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI para españois ou equivalente para estranxeiros da Unión Europea, ou tarxeta de residencia do solicitante no caso de naturais doutros países.

b) Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia onde figuren os membros da unidade familiar, ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.

c) Certificación académica orixinal ou copia compulsada na cal figuren as notas das disciplinas correspondentes ao último curso universitario ou ciclo formativo de grao superior.

d) Xustificación de ingresos da unidade familiar: copia compulsada da declaración do IRPF correspondente á última renda, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar. No caso de non ter obriga de declarar, certificación de Facenda da dita circunstancia. No suposto de que non sexa posible achegar a devandita certificación na data de presentación da solicitude, por non estar dispoñible, a selección quedará condicionada á presentación desta certificación con anterioridade á incorporación no centro.

e) Certificado médico no que se faga constar que o/a solicitante non padece enfermidade infecto-contaxiosa, nin defecto físico ou psíquico, que impida o normal desenvolvemento da súa actividade no centro.

f) Proxecto de actividades que pretenda desenvolver o bolseiro para a residencia xuvenil de acordo coas funcións recollidas no artigo 10.3º. Este proxecto deberá incluír: obxectivos, metodoloxía, actividades, temporalización e custos destas. Como tal proxecto, deberá ter en conta a realidade, o centro en que se pretende desenvolver e as peculiaridades dos destinatarios.

g) Documentación acreditativa de todos aqueles méritos alegados conforme os criterios de selección establecidos no artigo 5º para a súa consideración e valoración pola comisión de avaliación.

h) Declaración de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

5. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o departamento territorial correspondente requirirá o/a solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 4º.-Comisión de avaliación.

A selección de beneficiarios realízaa unha comisión de avaliación, en cada unha das provincias, integrada por:

1. Polo/a xefe do Servizo de Xuventude e Voluntariado, que actuará como presidente, un/unha xefe de sección do citado servizo e os directores das residencias xuvenís situadas nesa provincia. Actuará como secretario un funcionario nomeado polo xefe territorial correspondente.

2. A dita comisión examinará as solicitudes presentadas, reservando para si o dereito de solicitar a documentación que considere necesaria para aclarar o expediente.

Artigo 5º.-Criterios de avaliación e adxudicación de prazas.

Os criterios de avaliación que se terán en conta para conceder estas axudas serán os seguintes:

- Proxecto de actividades. Este proxecto puntuarase de 1 a 5 puntos.

- Situación económica da unidade familiar. A este respecto terase en conta a relación de ingresos/número de membros da unidade familiar. Para estes efectos, poderanse incluír como membros da unidade familiar os fillos menores de 30 anos de idade, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos na lexislación tributaria. Puntuarase segundo o seguinte baremo:

  Inferior ao 50% do IPREM: 4 puntos.

  Entre o 50% e o 75% do IPREM: 3 puntos.

  Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 2 puntos.

  Entre o 100% e o 125% do IPREM: 1 punto.

  Superior ao 125% do IPREM: 0 puntos.

- Rendemento académico segundo a nota media obtida no último curso ou na proba de selectividade. A puntuación neste caso co-

rresponderase coa dita nota media.

- Ter a súa residencia familiar en Galicia: 1 punto.
- Por calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión de avaliación e adecuadamente acreditada como a condición de familia monoparental, ou por irmán/á-áns/ás con praza renovada na residencia: 1 punto.
- A comisión de avaliación poderá citar os solicitantes para a realización dunha entrevista persoal que se valorará de 1 a 5 puntos.

Artigo 6º.-Dereitos dos adxudicatarios.

1. A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil durante o seu período de funcionamento. O aloxamento será de tal xeito que lle permita ao bolseiro a normal realización dos seus estudos.
2. O recoñecemento da súa condición de colaborador-bolseiro ante o resto dos residentes.
3. Contar coa asistencia dun titor que coordine e dirixa a actividade que desenvolva como bolseiro na residencia.

Artigo 7º.-Financiamento.

As actuacións recollidas nesta orde constitúen unha subvención en especie, regulada na disposición adicional 3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, que se financiará con cargo aos gastos correntes da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. Unha vez avaliadas todas as solicitudes, a comisión elaborará unha proposta de resolución en virtude da puntuación alcanzada pola aplicación do baremo.
2. A proposta será elevada pola comisión de avaliación ao/á xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, que resolverá por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.
3. A resolución da solicitude de axuda seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Xustificación da axuda.

Os seleccionados están obrigados a presentar fotocopia compulsada do xustificante de matrícula correspondente aos estudos que van cursar ou, no caso dos alumnos do 3º ciclo, certificado do xefe do departamento universitario correspondente conforme o interesado está realizando o doutoramento naquel, antes do 31 de outubro de 2009. No caso de que o interesado non poida presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no referido prazo, por causa imputable ao centro en que vaia cursar os seus estudos, deberá comunicar esta circunstancia por escrito, presentando unha fotocopia compulsada da preinscrición na facultade ou escola universitaria correspondente, e deberá, non obstante, presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no momento en que a faga.

Artigo 10º.-Obrigas dos colaboradores-bolseiros.

1. A condición de colaborador-bolseiro obriga a este nos termos previstos no artigo 14.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.
2. Obriga de incorporarse ás residencias xuvenís o día 18 de setembro, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

   En caso contrario perderán o dereito á praza adxudicada, procedéndose a cubrir a vacante conforme a lista confeccionada pola comisión de avaliación. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha vacante nas prazas ofertadas.
3. A condición de colaborador-bolseiro obriga a este a participar en todas as tarefas e cometidos relacionados coa dinamización do centro en actividades de: información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras, e correspóndelle ao director da residencia asignar estas tarefas en función do proxecto de actividades previsto no artigo 3.4º f) da orde.

Artigo 11º.-Natureza da relación bolseiros-Administración.

A solicitude da bolsa e a súa posterior aceptación, no caso de adxudicación, implicarán a aceptación do disposto nesta orde.

Os seleccionados adquirirán exclusivamente a condición de bolseiros, sen ningunha relación laboral ou administrativa.

Artigo 12º.-Revogación ou interrupción no desfrute das bolsas.

O/a xefe territorial, logo dos informes pertinentes, tras a audiencia ao interesado e motivando a resolución, procederá á revogación da resolución de outorgamento das bolsas nos casos previstos no capítulo I do título II da Lei de subvencións de Galicia, así como cando os adxudicatarios:

a) Incumprisen as condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nos artigos 2 e 10 desta orde.

b) Incorresen en ausencias reiteradas e inxustificadas.

c) Incumprisen a disciplina do centro.

Os adxudicatarios quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar nos/nas xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia na Lei de subvencións de Galicia, e demais normas de procedente aplicación.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Cuarta.-De acordo co establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a persoa beneficiaria autorizará a Consellería de Traballo e Benestar a incluír e facer público, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Ver anexo pdf "148-09.PDF"

Corrección de erros.-Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Advertido un erro no anexo da devandita orde, publicada no DOG nº 124, do 26 de xuño de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 11.194, anexo de solicitude da orde, no cadro correspondente á declaración do solicitante debe entenderse incluído o texto que a continuación se relaciona:

«En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos na presente solicitude serán incorporados ao ficheiro «residencias xuvenís», do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento e non serán cedidos a terceiros, agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias e en caso de que unha lei o establecese. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e oposición ante o responsable do tratamento «Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado» no enderezo: edificio administrativo San Caetano s/n, bloque III 1º- 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)».

149 Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 125, do 29.06.2009 e orde de ampliación do prazo DOG nº 211, do 28.10.2009).

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e intégrase nela a Consellería de Traballo e Benestar.

No Decreto 83/2009, do 21 de abril, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e na Consellería de Traballo e Benestar un dos órganos superiores é a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Na Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar, establécese que as estruturas e funcións correspondentes á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade manteranse, mentres non se estableza a nova estrutura de consellería, na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Polo que lle corresponde á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a xestión e coordinación das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e especificamente o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento e participación da xuventude na vida social.

A Consellería de Traballo e Benestar entende que, para acadar os obxectivos de participación efectiva da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual, facilitándolle a súa integración social e laboral e o acceso por parte dela a unha información axeitada ás súas demandas informativas en igualdade de oportunidades en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, é fundamental promover o feito asociativo xuvenil así como as actuacións e canles dirixidas

a consolidar e garantir o acceso a unha información ampla, obxectiva e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso da mocidade na utilización das novas tecnoloxías, prestándolles apoio ás accións que neste sentido emprendan os concellos dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos ao cidadán e coñecedores das necesidades e da problemática xuvenil propia de cada un deles.

Entre as tarefas propias da competencia dos concellos referidas a este sector da poboación, a Consellería de Traballo e Benestar considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción das actuacións dirixidas a garantir o acceso a unha información orientada á xuventude e ás súas necesidades de actividades formativas e educativas no ámbito do tempo libre e na potenciación do asociacionismo xuvenil e utilización por parte da xuventude das novas tecnoloxías, actuacións que necesariamente deben de influír no desenvolvemento comunitario e na súa formación integral.

Esta convocatoria axústase ao disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa de desenvolvemento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexe a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais de Galicia, para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar estas axudas os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da comunidade autónoma validamente constituídas.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertenzan a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados no punto 1 poderá:

   a) Presentar solicitude de subvención se o fixo unha entidade local en que estean integrados ou da cal dependan.

   b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva das que sinala o punto 2.

   c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas pola entidade de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

Artigo 3º.-Finalidade da subvención.

1. Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede Galega de Información Xuvenil.

2. Fomentar as actividades formativas e educativas no ámbito do ocio e tempo libre, o asociacionismo xuvenil e a utilización das novas tecnoloxías por parte da xuventude.

Artigo 4º.-Período subvencionable e contía das axudas.

1. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2009.

2. A contía máxima que se concederá será de 7.500 euros. Quedando por conta da entidade local a diferenza de financiamento necesario para a total execución do programa subvencionado.

3. As entidades locais deberán participar no financiamento cun mínimo do 25% do orzamento total.

Artigo 5º.-Conceptos subvencionables e requisitos para a concesión.

1. Serán obxecto de axuda:

   a) Os custos derivados do normal funcionamento dun Servizo de Información Xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.

   b) As actividades formativas e educativas, as actividades relacionadas coa creación xuvenil, os programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre, os programas que fomenten a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías e, en xeral, todas aquelas actividades relacionadas co fomento da participación e o asociacionismo xuvenil.

2. Non son subvencionables os gastos contemplados no artigo 29.7º da Lei de subvencións de Galicia e ademais:

   a) A adquisición de bens mobles ou inmobles.

   b) A merca de instrumentos musicais, uniformes, traxes, etc.

   c) O custo dos grupos de música e baile para festas.

   d) Os actos que teñan lugar fóra de Galicia.

   e) Os actos dun día de duración.

3. Serán requisitos para a concesión:

   a) Ter xustificadas as axudas concedidas no exercicio anterior.

   b) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

   c) Que as mancomunidades ou agrupacións de concellos estean constituídas antes da presentación da solicitude.

Artigo 6º.-Orzamento.

As subvencións que se vai conceder nesta convocatoria pola Consellería de Traballo e Benestar, financiaranse con cargo á partida

orzamentaria 05.42.313A.460.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, sendo o crédito destinado ás subvencións de 1.200.000 euros.

Artigo 7º.-Compatibilidade con outras subvencións.

1. A obtención desta subvención é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados, sempre que a suma delas en ningún caso supere o importe do programa.

2. A obtención doutras axudas para o programa subvencionado, deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado tan pronto se coñezan.

Artigo 8º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. Os concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán petición, por medio de instancia dirixida ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, e poderán presentar esta na Oficina de Rexistro Único e Información, nos rexistros dos departamentos territoriais de Traballo e Benestar ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

3. A solicitude poderá formalizala:

   a) O alcalde-presidente ou persoa en quen delegue.

   b) O presidente da mancomunidade ou persoa en quen delegue.

   c) O representante que se estableza no acordo de cooperación, para os supostos previstos no artigo 2º.2 desta orde, soamente un deles en representación dos demais, logo de delegación de cada un dos concellos.

4. En calquera dos casos, o solicitante deberá ser autorizado e designado polo Pleno, Comisión de Goberno da entidade peticionaria ou decreto da Alcaldía.

5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

Artigo 9º.-Documentación.

1. Os concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos deberán enviar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

   a) Certificación da intervención sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para facer fronte ao financiamento que debe asumir o concello, mancomunidade ou agrupación.

   b) Memoria explicativa do proxecto para o que se solicita subvención.

   c) Orzamento estimado do proxecto e o custo do mantemento do servizo de información xuvenil, se é o caso. Para facer o pagamento será obrigatorio xustificar a totalidade do proxecto presentado, con independencia da contía concedida.

   d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, perante as distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

   e) Para os municipios que se acollan á fórmula de solicitude regulada no artigo 2º.2 desta orde, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos secretarios, dos acordos do Pleno ou Comisión de Goberno en que delegan a petición da subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

2. A memoria describirá individualmente as actividades que se van realizar, cos obxectivos perseguidos, recursos humanos, lugar e datas de realización, técnicas, estratexias ou dinámicas que se utilizarán na súa execución.

3. Calquera cambio que se produza nos datos contidos na documentación que se xunte á solicitude, ou nesta, seralle comunicado á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que poderá recadar do solicitante, en todo caso, cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente.

4. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado comprobará que as solicitudes e a documentación reúnen os requisitos exixidos e procederá, en caso contrario, a requirir ao solicitante para que, no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 10º.-Publicidade.

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias co importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

2. De acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, os datos relevantes referidos á axuda recibida.

3. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na solicitude de axuda, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión do procedemento. Non obstante, os/as interesados/as poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo escrito á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ou a través do correo electrónico: lopd. xuventude@xunta.es

4. As entidades locais beneficiarias deberán dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

Artigo 11º.-Criterios de avaliación.

1. A concesión da subvención realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos seguintes criterios:

   a) Terá carácter prioritario o bo resultado e a incidencia positiva que se desprenda do informe técnico realizado polos servizos provinciais de Xuventude ás oficinas municipais de Información Xuvenil, ata 40 puntos.

   b) Características das actividades previstas no proxecto, ata 25 puntos, tendo en conta o carácter innovador, a aplicabilidade e congruencia coa zona de influencia, a súa viabilidade e o compoñente formativo fronte ao lúdico.

   c) Número de beneficiarios potenciais e proxección social das actividades programadas, ata 15 puntos.

   d) Pertenza a zonas do medio rural, ata 15 puntos.

   e) O emprego da lingua galega na realización de actividades para as que se solicita a axuda, ata 5 puntos.

2. A presentación da solicitude por unha mancomunidade ou agrupación de concellos terá 20 puntos máis por cada un dos concellos que a integre.

3. O crédito distribuirase entre aquelas solicitudes que teñan unha puntuación igual ou maior que 40 puntos. A distribución efectuarase directamente proporcional á puntuación obtida. No caso de mancomunidades ou agrupacións de concellos, e unicamente para a obtención deste mínimo de 40 puntos, non se terán en conta os 20 puntos obtidos a maiores por cada un dos concellos que as integren.

Artigo 12º.-Instrución e resolución.

1. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. As axudas serán adxudicadas polo director xeral de Xuventude e Voluntariado, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, no prazo máximo de catro meses, desde a publicación desta orde por proposta dunha comisión avaliadora integrada por:

   2.1. Presidenta: a subdirectora xeral de Programas.

   2.2. Vogais:

      2.2.1. O subdirector xeral de Centros e Servizos á Xuventude.

      2.2.2. A xefa de servizo de Programas.

      2.2.3. A xefa de servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

   2.3. Secretario/a: un/nha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que avaliar as solicitudes algún dos compoñentes non puidesen asistir, será substituído pola persoa que para o efecto nomee o director xeral de Xuventude e Voluntariado.

4. No prazo máximo de quince días, desde a proposta de resolución, o director xeral de Xuventude e Voluntariado por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, ditará resolución motivada, que lles será comunicada aos interesados. Transcorrido o prazo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

5. Unha vez notificada a resolución, os adxudicatarios terán un prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 13º.-Réxime de recursos.

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Non obstante, e de conformidade co disposto no artigo 44 da referida lei, poderase requirir previamente ao órgano que ditou o acto no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte á súa recepción non fose contestado.

Artigo 14º.-Xustificación e pagamento.

1. Unha vez notificada a resolución da concesión de subvención e realizada a actividade, remitirase á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a súa xustificación, cunha data límite do 20 de outubro de 2009 inclusive. Para a xustificación achegarase:

   a) Certificación da intervención do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Lémbrase a obriga de xustificar a totalidade do programa subvencionado.

   b) Certificado da secretaría da realización do programa obxecto de subvención.

   c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. O pagamento da subvención realizarase nun único pagamento, despois de recibida e comprobada a xustificación presentada.

3. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma, correspondéndolle, en todo caso, a carga da proba á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15º.-Modificación da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

Artigo 16º.-Obrigas.

1. As entidades locais beneficiarias de subvencións están obrigadas a:

a) Xustificar na súa totalidade o proxecto presentado.

b) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Xustificar ante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e ou sexa control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo seguinte.

2. Segundo o artigo 48 da Lei 16/2008, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, as corporacións locais e os seus organismos autónomos quedan exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedores por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 17º.-Control e reintegro da subvención.

1. A competencia para exercer o control de subvencións correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das funcións que ten o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e se é o caso, no establecido nesta orde.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 8º desta orde.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 8º desta orde, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades locais, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades locais, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

3. Igualmente, no suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

4. Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste artigo, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as cantidades percibidas.

5. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra algunha das causas de reintegro previstas neste artigo.

6. As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar no director xeral de Xuventude e Voluntariado, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Cando se trate de agrupacións non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

Ver anexo pdf "149-09.PDF"

Orde do 28 de setembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.

O 29 de xuño publicouse no DOG nº 125 a citada Orde do 11de xuño de 2009.

O artigo 14 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención dispoñendo como data límite para a súa presentación o 20 de outubro de 2009.

Non obstante, por causas sobrevidas, o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que, co fin da garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a súa xustificación.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliación do prazo de xustificación.

Amplíase ata o día 10 de novembro de 2009 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 14 da Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

150 Orde do 1 de xullo de 2009 polo que se convoca un curso de formación sobre especialista en información xuvenil coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.

(DOG nº 146, do 28.07.2009).

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

Neste contexto o órgano competente en materia de xuventude asinou o 9 de febreiro de 2009, un acordo de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública para a organización de tres edicións dun curso de especialista en información xuvenil.

Como consecuencia do devandito convenio, e no uso das atribu-

cións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de especialista en información xuvenil.

Artigo 2º.-Obxectivos.

Afondar na capacitación das persoas que traballan no ámbito da información xuvenil, co obxecto de que obteñan unha formación que lles permita organizar e xestionar servizos de información de interese para a mocidade, accións de dinamización da información para mozas e mozos, intervir, apoiar e acompañar na creación e desenvolvemento do tecido asociativo e organizar accións socioeducativas dirixidas á mocidade no marco da información educativa.

Artigo 3º.-Persoal a quen vai dirixido.

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como as persoas que fixesen o curso básico de información xuvenil pola Resolución reitoral código 2007/87 e a Resolución reitoral código 2008/131 da Universidade de Santiago.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Terá prioridade o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil que fixese o curso básico de información, orientación e asesoramento á mocidade ou o curso básico de información xuvenil.

Artigo 5º.-Desenvolvemento.

5.1. Duración: 490 horas, das cales ata o 30% serán prácticas nun SIX, e para a elaboración dunha memoria sobre a posta en marcha dun servizo de información xuvenil xeral ou especializado.

Número de edicións: tres.

5.2. Lugar e datas:

A data da primeira sesión presencial das distintas edicións do curso seralles comunicada aos alumnos e alumnas seleccionados, indicándolles, o lugar, o día e a hora de comenzo.

A fase teórica do curso desenvolverase en modalidade semipresencial e de carácter modular. A parte presencial será obrigatoria, e terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, en Santiago de Compostela.

As prácticas realizaranse en centros e servizos de información xuvenil unha vez rematada a parte teórica.

5.3. Nº de prazas: 25 por edición.

Artigo 6º.-Contidos.

A) Organización e xestión de servizos de información de interese para a mocidade.

* Módulo I.

1. Análise dos procesos de información, orientación e asesoramento xuvenil.
2. Organización dos Servizos de Información Xuvenil (SIX).
3. Xestión dos Servizos de Información Xuvenil (SIX).
4. Elaboración e difusión da información para a mocidade.

* Módulo II.

Selección e tratamento da información e documentación nos espazos físicos e virtuais. Técnicas de información e documentación xuvenil.

* Módulo III.

1. O perfil sociolóxico da realidade xuvenil.
2. Observatorios de mocidade. O observatorio galego da mocidade.

* Módulo IV.

A planificación da información xuvenil: plan, programa, proxecto.

* Módulo V.

Técnicas de investigación social no ámbito da mocidade.

* Módulo VI.

Animación sociocultural.

B) Organización e xestión de accións de dinamización da información para á mocidade.

* Módulo VII.

1. A Participación dos mozos nos servizos de Información Xuvenil (SIX).
2. Intervención en espazos virtuais nun servizo de Información Xuvenil (SIX).
3. Mocidade e medios de comunicación.
4. Deseño e organización de campañas informativas para a mocidade.
5. A emancipación xuvenil desde o ámbito da información xuvenil.

C) Organización de accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación.

* Módulo VIII.

1. Contexto da información xuvenil no ámbito da educación.
2. Planificación de actividades formativas no ámbito da información xuvenil.
3. Coordinación con outros axentes formativos.
4. Avaliación da formación non formal para a xuventude.

D) Fomento e apoio asociativo.

* Módulo IX.

1. Intervención, apoio e acompañamento na creación e desenvolvemento do tecido asociativo.

2. Organizacións non gobernamentais (ONGs), fundacións e asociacións de carácter social.

3. O papel do profesional no apoio asociativo de carácter sociocomunitario.

Artigo 7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia ao longo de cada módulo, e ao remate de cada módulo levarase a cabo unha proba avaliativa presencial nas instalacións da EGAP, ou onde se indique no seu momento. Así mesmo, ao remate do curso as/os alumnas/os deberán realizar un traballo ou memoria final do curso.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, encontros e/ou congresos que organice a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa xuventude durante a duración do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Consellería de Traballo e Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de APTO a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-Validacións.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá validar aqueles módulos que coincidan en contidos e horas, e fosen organizados polo órgano competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia.

Aos asistentes ao curso que leven máis de dous anos traballando nun SIX seranlle validada a parte práctica, tendo que realizar soamente a memoria.

Artigo 10º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non hai un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 11º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Ver anexo pdf "150-09.PDF"

151 Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso de formación en hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.

(DOG nº 230, do 24.11.2009).

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

É un dos obxectivos da Unión Europea en materia da xuventude a mellora do acceso dos mozos á sociedade e a súa plena participación nela. Por iso un dos campos é a saúde e o deporte (campo de acción 4).

A estratexia sanitaria da UE (2008-2013) considera unha prioridade de acción a saúde dos mozos, aspecto que confirma unha resolución do consello. A tensión, unha mala alimentación, e a falta de exerci-

cio físico constitúen unha ameaza para a saúde de moitos mozos e mozas. A mala saúde, que impide, á súa vez, a participación activa, pode deberse tamén a factores ambientais e socioeconómicos máis amplos. O deporte, además de mellorar a saúde física e o benestar psicolóxico da mocidade, ten unha dimensión educativa e desempeña unha importante función social.

Como consecuencia, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.

Artigo 2º.-Obxectivos.

Formar técnicos, profesionais e demais persoas que traballan ou queiran traballar no ámbito da mocidade sobre aspectos básicos da saúde e o deporte desde a óptica dos trastornos alimenticios e coñecer os beneficios dunha alimentación e da actividade física adecuada para a mocidade.

Artigo 3º.-Persoal a quen vai dirixido.

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como universitarios e TASOC interesados na temática.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como universitarios e TASOC interesados na temática.

Artigo 5º.-Desenvolvemento.

5.1. Duración: 75 horas, equivalente a 3 créditos ECTS.

O curso ten carácter semipresencial, e nel inclúense clases expositivas, estudo de material entregado no curso e exercicios presenciais e a distancia.

Número de edicións: 2.

5.2. Lugar e datas:

A data da primeira sesión presencial terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, ás 10.00 horas, vinte días despois de que remate o prazo de solicitude, agás que sexa domingo, caso en que que pasará ao día seguinte.

5.3. Nº de prazas: 25 por edición.

Artigo 6º.-Contidos.

Políticas de promoción de hábitos saudables entre a mocidade.

Trastornos alimenticios propios das sociedades occidentais.

Prevención dos trastornos de alimentación: da insatisfacción corporal aos trastornos da alimentación na mocidade. Anorexia nerviosa. Bulimia. Obesidade.

Beneficios dunha alimentación adecuada e do exercicio. As dietas. Pautas para unha alimentación saudable.

Beneficios do exercicio físico e do deporte. Pautas adecuadas.

Hábitos do exercicio físico e do deporte.

Hábitos de alimentación na mocidade.

Artigo 7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento do curso. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia e presenciais ao longo de cada módulo.
2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, que poida organizar a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa materia do curso, durante a súa duración. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Consellería de Traballo e Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de apto a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Ver anexo pdf "151-09.PDF"

152 Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a Nordesía, Escola de Lecer.

(DOG nº 237, do 3.12.2009).

O Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, establece no seu artigo 59.1º que o recoñecemento das escolas de tempo libre, a determinación das ensinanzas que se poderán impartir nelas, a aprobación dos seus programas de formación e a expedición dos títulos acreditativos correspóndelle á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

A estrutura actual da Xunta de Galicia desenvólvese a través dos seguintes decretos:

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

O Decreto 81/2009, do 19 de abril, nomea a Beatriz Mato Otero conselleira de Traballo e Benestar.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. O seu artigo 8 estrutura os órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, establece a estructura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. O seu artigo 1 establece o ámbito competencial da Consellería de Traballo e Benestar, as políticas de xuventude, e no artigo 36 recolle as funcións propias da Escola Galega de Lecer encargada de programar, ordenar e promocionar as ensinanzas nesta materia de lecer e tempo libre.

Polo exposto, correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar o recoñecemento das escolas de tempo libre e a aprobación dos seus programas de formación.

Examinado o expediente promovido por Eduardo Penabad Ramos, en nome e representación da Federación Scouts de Galicia-ECG, en que solicita o recoñecemento e a aprobación dos programas de formación de Nordesía, Escola de Lecer, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado efectúa a proposta favorable ao recoñecemento solicitado por ser conforme coa lexislación vixente, vistas as normas reguladoras desta materia (Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro). Por todo isto,

DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecerlle a Nordesía, Escola de Lecer a condición de escola de tempo libre e aprobar os programas de formación propostos para os niveis primeiro (monitores/as de actividades de tempo libre) e segundo (directores/as de actividades de tempo libre e directores/as de campos de traballo) fixados no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro.

Segundo.-Ordenar a inscrición de Nordesía, Escola de Lecer no Rexistro de Escolas de Tempo Libre dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspondéndolle o número G-39.

Terceiro.-A Consellería de Traballo e Benestar expedirá os títulos acreditativos correspondentes ás materias impartidas por Nordesía, Escola de Lecer, sempre de acordo co establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, quedando esta supeditada á supervisión e inspección ordenadas no artigo 59.2º do dito decreto.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009.

153 Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a escola de tempo libre Lecer.

(DOG nº 237, do 3.12.2009).

O Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, establece no seu artigo 59.1º que o recoñecemento das escolas de tempo libre, a determinación das ensinanzas que se poderán impartir nelas, a aprobación dos seus programas de formación e a expedición dos títulos acreditativos correspóndelle a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

A estrutura actual da Xunta de Galicia desenvólvese a través dos seguintes decretos:

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

O Decreto 81/2009, do 19 de abril, nomea a Beatriz Mato Otero conselleira de Traballo e Benestar.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. O seu artigo 8 estrutura os órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. O seu artigo 1 establece o ámbito competencial da Consellería de Traballo e Benestar, as políticas de xuventude, e no artigo 36 recolle as funcións propias da Escola Galega de Lecer encargada de programar, ordenar e promocionar as ensinanzas nesta materia de lecer e tempo libre.

Polo exposto, correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar o recoñecemento das escolas de tempo libre e a aprobación dos seus programas de formación.

Examinado o expediente promovido por Alejandro Núñez Alonso, en nome e representación da escola, no cal solicita o recoñecemento e a aprobación dos programas de formación da escola de tempo

libre Lecer, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado efectúa a proposta favorable ao recoñecemento solicitado por ser conforme coa lexislación vixente, vistas as normas reguladoras desta materia (Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro). Por todo isto,

DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecerlle á escola de tempo libre Lecer a condición de escola de tempo libre, aprobando os programas de formación propostos para os niveis primeiro (monitores/as de actividades de tempo libre) e segundo (directores/as de actividades de tempo libre e directores/as de campos de traballo) fixados no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro.

Segundo.-Ordenar a inscrición da escola de tempo libre Lecer no Rexistro de Escolas de Tempo Libre dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspondéndolle o número G-38.

Terceiro.-A Consellería de Traballo e Benestar expedirá os títulos acreditativos correspondentes ás materias impartidas pola escola de tempo libre Lecer, sempre de acordo co establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, quedando esta supeditada á supervisión e inspección ordenadas no artigo 59.2º do dito decreto.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009.

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións IgualadeOutras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograms de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

Índice cronolóxico

Nº de disposición

Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se dispón a publicación do acordo do Consello Galego de Cooperativas sobre premios á cooperación.
(DOG nº 1, do 2.01.2009). 85

Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se fan públicas as bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 1, do 2.01.2009). 86

Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se convoca o concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais.
(DOG nº 3, do 6.01.2009). 87

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.
(DOG nº 6, do 9.01.2009). 20

Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.
(DOG nº 6, do 9.01.2009). 55

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.
(DOG nº 6, do 9.01.2009). 81

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009.
(DOG nº 6, do 9.01.2009). 88

Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 7, do 12.01.2009). 66

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009). 47

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009). 56

Nº de disposición

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 9, do 14.01.2009). *68*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *48*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *49*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *50*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *57*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *58*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *59*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas. (
DOG nº 10, do 15.01.2009). *82*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2009.
(DOG nº 10, do 15.01.2009). *98*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida dos parados de longa duración, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009). *51*

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009). *60*

Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.
(DOG nº 11, do 16.01.2009). *73*

Nº de disposición

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 12, do 19.01.2009). 63

Corrección de erros.-Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 12, do 19.01.2009). 66

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.
(DOG nº 12, do 19.01.2009). 74

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.
(DOG nº 13, do 20.01.2009). 75

Resolución do 17 de decembro de 2008 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2008 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 11 de decembro de 2007).
(DOG nº 13, do 20.01.2009). 102

Orde do 15 de decembro de 2008 pola que se crea un ficheiro que contén datos de carácter persoal na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 14, do 21.01.2009). 31

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.
(DOG nº 16, do 23.01.2009). 20

Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 16, do 23.01.2009). 32

Resolución do 8 de xaneiro de 2009, [SGI] pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.
(DOG nº 17, do 26.01.2009). 25

Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.
(DOG nº 17, do 26.01.2009). 115

Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 18, do 27.01.2009). 132

Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 22, do 2.02.2009). 103

Decreto 16/2009, do 21 de xaneiro, polo que se crea o Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo).
(DOG nº 22, do 2.02.2009). 107

Nº de disposición

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
(DOG nº 22, do 2.02.2009). *113*

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 22, do 2.02.2009). *136*

Orde do 26 de xaneiro de 2009 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 1 de marzo de 2009 polo Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro.
(DOG nº 23, do 3.02.2009). *33*

Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia para o ano 2009.
(DOG nº 23, do 3.02.2009). *138*

Resolución do 28 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se publica a decisión da Comisión Europea de considerar o programa de incentivos a plans empresariais de incremento de estabilidade laboral compatible co Tratado da CE, en aplicación da excepción do seu artigo 87, punto 3, letra c.
(DOG nº 26, do 6.02.2009). *54*

Resolución do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 27, do 9.02.2009). *26*

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 28, do 10.02.2009). *56*

Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos e mozas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 29, do 11.02.2009). *139*

Resolución do 22 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 14 de outubro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 201, do 16 de outubro) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de plans de programación do tempo na cidade.
(DOG nº 30, do 12.02.2009). *27*

Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 30, do 12.02.2009). *116*

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia.
(DOG nº 31, do 13.02.2009). *6*

Decreto 22/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea o Centro Sociocomunitario de Burela e o Centro Sociocomunitario Torrente Ballester da Coruña, ambos encadrados na tipoloxía de centro social.
(DOG nº 31, do 13.02.2009). *108*

Decreto 23/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crean os centros de día de alzhéimer de Ferrol, Ourense e Pontevedra, integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.
(DOG nº 31, do 13.02.2009). *109*

Nº de disposición

Corrección de erros.-Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.
(DOG nº 33, do 17.02.2009). 115

Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 33, do 17.02.2009). 140

Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.
(DOG nº 34, do 18.02.2009). 69

Corrección de erros.-Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 34, do 18.02.2009). 136

Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para programas de actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 34, do 18.02.2009). 141

Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.
(DOG nº 35, do 19.02.2009). 19

Resolución do 27 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo e terceiro cuadrimestre de 2008.
(DOG nº 36, do 20.02.2009). 43

Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 36, do 20.02.2009). 64

Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009.
(DOG nº 36, do 20.02.2009). 142

Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Encontro.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). 11

Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). 117

Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). 118

Corrección de erros.-Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadías nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o ano 2009.
(DOG nº 40, do 26.02.2009). 138

Nº de disposición

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 41, do 27.02.2009). 61

Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008.
(DOG nº 42, do 2.03.2009). 44

Corrección de erros.-Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos e mozas para a realización de cursos de idiomas en calquera dos Estados membros da Unión Europea e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 42, do 2.03.2009). 139

Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 43, do 3.03.2009). 52

Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.
(DOG nº 43, do 3.03.2009). 73

Resolución do 20 de febreiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no último cuadrimestre de 2008.
(DOG nº 43, do 3.03.2009). 94

Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 44, do 4.03.2009). 133

Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 47, do 9.03.2009). 119

Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 47, do 9.03.2009). 143

Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.
(DOG nº 47, do 9.03.2009). 144

Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo.
(DOG nº 48, do 10.03.2009). 34

Corrección de erros.-Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2009.
(DOG nº 49, do 11.03.2009). 144

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se autoriza o inicio de actividades do Centro de Día de Maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo).
(DOG nº 51, do 13.03.2009). 107

Nº de disposición

Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se convocan os cursos que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia.
(DOG nº 51, do 13.03.2009). 120

Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.
(DOG nº 51, do 13.03.2009). 121

Resolución do 2 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases e o procedemento para a concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta, ao abeiro do previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). 28

Orde do 9 de marzo de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais á Asociación Medioambiental Río Orza.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). 35

Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). 89

Orde do 3 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, na escola infantil 0-3 de Vite, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e do persoal do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na escola infantil do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo para o curso 2009/2010.
(DOG nº 52, do 16.03.2009). 122

Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 53, do 17.03.2009). 53

Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 53, do 17.03.2009). 137

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión dunha bolsa de formación en planificación e prospectiva en materia de igualdade no ámbito da ciencia.
(DOG nº 54, do 18.03.2009). 21

Resolución do 19 de febreiro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas corporacións locais de Galicia.
(DOG nº 55, do 20.03.2009). 129

Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 57, do 24.03.2009). 29

Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
(DOG nº 58, do 25.03.2009). 36

Nº de disposición

Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
(DOG nº 58, do 25.03.2009). *90*

Corrección de erros.-Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 59, do 26.03.2009). *119*

Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *30*

Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual dos gastos derivados de actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *123*

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se convoca un curso de formación básica en información, orientación e asesoramento á xuventude coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.
(DOG nº 60, do 27.03.2009). *145*

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 62, do 31.03.2009). *53*

Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 62, do 31.03.2009). *83*

Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *22*

Corrección de erros.-Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *119*

Resolución do 16 de febreiro de 2009 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *135*

Orde do 25 de marzo de 2009 pola que se convoca o programa Gzcrea 2009.
(DOG nº 63, do 1.04.2009). *146*

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 64, do 2.04.2009). *53*

Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2009.
(DOG nº 65, do 3.04.2009). *124*

Nº de disposición

Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se modifica a Orde do 9 de outubro de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia.
(DOG nº 66, do 6.04.2009). *23*

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Vicepresidencia da Igualdade e do Benerstar.
(DOG nº 69, do 13.04.2009). *36*

Orde do 3 de abril de 2009 pola que se constitúen os pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo e se adscriben os concellos de Monfero e Calvos de Randín aos pactos territoriais de Ferrol e A Limia-Verín respectivamente.
(DOG nº 71, do 15.04.2009). *78*

Orde do 8 de abril de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.
(DOG nº 73, do 17.04.2009). *69*

Orde do 8 de abril de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.
(DOG nº 73, do 17.04.2009). *73*

Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
(DOG nº 75, do 20.04.2009). *1*

Orde do 1 de abril de 2009 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009.
(DOG nº 76, do 21.04.2009). *134*

Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.
(DOG nº 77, do 22.04.2009). *2*

Resolución do 14 de abril de 2009 pola que se fai pública a concesión de tres bolsas para a formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia, convocadas pola Orde do 9 de outubro de 2008, modificada pola Orde do 31 de marzo de 2009.
(DOG nº 77, do 22.04.2009). *23*

Orde do 6 de abril de 2009 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal existente na Consellería de Traballo.
(DOG nº 77, do 22.04.2009). *37*

Resolución do 1 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade acadados ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade.
(DOG nº 77, do 22.04.2009). *49*

Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 78, do 23.04.2009). *103*

Resolución do 14 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade acadados ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos necesarios para acadar os acordos sobre a taxa de estabilidade en sectores de actividade.
(DOG nº 79, do 24.04.2009). *49*

Nº de disposición

Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.
(DOG nº 84, do 1.05.2009). 3

Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 87, do 6.05.2009). 7

Corrección de erros.-Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 89, do 8.05.2009). 7

Orde do 18 de maio de 2009 pola que se determina a composición das comisións de valoración de determinadas ordes de subvencións na área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 100, do 25.05.2009). 8

Orde do 22 de maio de 2009 pola que se regula o exercicio do dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento Europeo, convocadas para o día 7 de xuño de 2009 polo Real decreto 482/2009, do 3 de abril.
(DOG nº 104, do 29.05.2009). 38

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.
(DOG nº 110, do 8.06.2009). 119

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.
(DOG nº 110, do 8.06.2009). 119

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.
(DOG nº 110, do 8.06.2009). 119

Resolución do 25 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se procede a darlle publicidade á aprobación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2009/2010 nas escolas infantís 0-3 dependentes deste departamento.
(DOG nº 110, do 8.06.2009). 119

Orde do 18 de maio de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públics e Xustiza, pola que se clasifica de interese social a Fundación Misael Prieto.
(DOG nº 118, do 18.06.2009). 12

Orde do 25 de maio de 2009 pola que se acorda a cesión en propiedade de catro ordenadores persoais e unha impresora á Asociación de Jubilados de Taboada.
(DOG nº 118, do 18.06.2009). 39

Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2009/2010.
(DOG nº 119, do 19.06.2009). 147

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas de cooperación e dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios.
(DOG nº 120, do 22.06.2009). ..... 66 e 68

Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 123, do 25.06.2009). 4

Nº de disposición

Orde do 24 de xuño de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 124, do 26.06.2009). 66

Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 124, do 26.06.2009). 125

Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 124, do 26.06.2009). 148

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se fai pública a substitución dos fondos existentes para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.
(DOG nº 125, do 29.06.2009). 69

Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 125, do 29.06.2009). 149

Orde do 19 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 126, do 30.06.2009). 133

Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.
(DOG nº 127, do 1.07.2009). 45

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 129, do 3.07.2009). 65

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro.
(DOG nº 130, do 6.07.2009). 104

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 130, do 6.07.2009). 140

Corrección de erros.-Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.
(DOG nº 131, do 7.07.2009). 45

Resolución do 10 de xuño de 2009 pola que se fai pública a concesión dos premios sobre cooperativismo no ensino dirixido aos centros educativos de Galicia.
(DOG nº 133, do 9.07.2009). 86

Decreto 350/2009, do 2 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 138, do 16.07.2009). 97

Nº de disposición

Orde do 16 de xullo de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.
(DOG nº 140, do 20.07.2009). *73*

Orde do 15 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 140, do 20.07.2009). *133*

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 142, do 22.07.2009). *114*

Resolución do 29 de xuño de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2009.
(DOG nº 143, do 23.07.2009). *88*

Orde do 1 de xullo de 2009 polo que se convoca un curso de formación sobre especialista en información xuvenil coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.
(DOG nº 146, do 28.07.2009). *150*

Resolución do 29 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola suprimida Consellería de Traballo no primeiro cuadrimestre de 2009.
(DOG nº 148, do 30.07.2009). *46*

Corrección de erros.-Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 148, do 30.07.2009). *148*

Orde do 23 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 152, do 5.08.2009). *133*

Orde do 29 de xullo de 2009 pola que se clasifica de interese social a Fundación Michel Salgado.
(DOG nº 153, do 6.08.2009). *13*

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 153, do 6.08.2009). *64*

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a Pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 153, do 6.08.2009). *91*

Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009.
(DOG nº 153, do 6.08.2009). *134*

Nº de disposición

Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Ourensana Hosteser e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 157, do 12.08.2009). *14*

Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 158, do 13.08.2009). *24*

Resolución do 31 de xullo de 2009 pola que se convoca a vixésima edición do curso superior de relacións laborais.
(DOG nº 160, do 17.08.2009) *80*

Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 23 de xullo de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, modificada pola Orde do 5 de decembro de 2008.
(DOG nº 160, do 17.08.2009). *130*

Orde do 13 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 162, do 19.08.2009). *66*

Resolución do 28 de xullo de 2009 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de febreiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 17 de novembro de 2008.
(DOG nº 164, do 21.08.2009). *131*

Orde conxunta do 7 de agosto de 2009, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se crea o comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia.
(DOG nº 168, do 27.08.2009). *9*

Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 172, do 2.09.2009). *10*

Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo para o ano 2009.
(DOG nº 172, do 2.09.2009). *84*

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos incentivos ao autoemprego e á contratación por conta allea, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.
(DOG nº 175, do 7.09.2009). ..... *48, 49, 50, 57, 59 e 60*

Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e ás traballadoras desempregrados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.
(DOG nº 175, do 7.09.2009). *73*

Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións en réxime de concesión directa dirixidas aos traballadores e ás traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.
(DOG nº 175, do 7.09.2009). *76*

Nº de disposición

Orde do 28 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.
(DOG nº 176, do 8.09.2009). 74

Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 181, do 15.09.2009). 126

Orde do 24 de agosto de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Misael Prieto e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 15

Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 67

Resolución do 9 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 93

Orde do 7 de setembro de 2009 pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas entidades locais de Galicia.
(DOG nº 182, do 16.09.2009). 127

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 189, do 25.09.2009). 59

Orde do 10 de de setembro de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña.
(DOG nº 191, do 29.09.2009). 110

Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación para el Desarrollo Laboral e Integración Social (Fundelis) e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 192, do 30.09.2009). 16

Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 192, do 30.09.2009). 70

Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego.
(DOG nº 194, do 2.10.2009). 74

Resolución do 21 de setembro de 2009 sobre delegación de sinatura de determinados actos administrativos da súa competencia.
(DOG nº 194, do 2.10.2009). 95

Nº de disposición

Corrección de erros.-Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 200, do 13.10.2009). *70*

Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.
(DOG nº 200, do 13.10.2009). *82*

Resolución do 18 de setembro de 2009 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.
(DOG nº 201, do 14.10.2009). *81*

Corrección de erros.-Orde do 10 de setembro de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña.
(DOG nº 201, do 14.10.2009). *110*

Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 202, do 15.10.2009).128
Orde do 16 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio ás iniciativas emprendedoras promovidas por persoas traballadoras que esgotasen as súas prestacións por desemprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 208, do 23.10.2009). *62*

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (Diario Oficial de Galicia número 13, do 20 de xaneiro de 2009).
(DOG nº 208, do 23.10.2009). *75*

Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA).
(DOG nº 208, do 23.10.2009). *96*

Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *71*

Orde do 2 de outubro de 2009 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *99*

Orde do 13 de outubro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2009.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *100*

Nº de disposición

Orde do 28 de setembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 211, do 28.10.2009). *149*

Corrección de erros.-Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 213, do 30.10.2009). *71*

Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.
(DOG nº 216, do 4.11.2009). ..... *59 e 63*

Orde do 28 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 216, do 4.11.2009). *66*

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas nas ordes da Consellería de Traballo do 29 de decembro e do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen, respectivamente, as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e dos programas de cooperación.
(DOG nº 218, do 6.11.2009). ..... *66 e 68*

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que modifica a Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 218, do 6.11.2009). *117*

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.
(DOG nº 219, do 9.11.2009). ..... *59 e 63*

Resolución do 13 de outubro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.
(DOG nº 219, do 9.11.2009). *132*

Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 222, do 12.11.2009). *5*

Nº de disposición

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 222, do 12.11.2009). 59

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 223, do 13.11.2009). 24

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.
(DOG nº 223, do 13.11.2009). 91

Orde do 5 de novembro de 2009 pola que se convocan cinco cursos para persoal directivo de centros xerontolóxicos e de discapacidade.
(DOG nº 224, do 16.11.2009). 111

Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
(DOG nº 225, do 17.11.2009). 72

Resolución do 12 de novembro de 2009 pola que se modifica a do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 226, do 18.11.2009). 29

Orde do 11 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación e a modificación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na orde da Consellería de Traballo do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento.
(DOG nº 226, do 18.11.2009). 68

Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 227, do 19.11.2009). 105

Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se actualiza a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).
(DOG nº 228, do 20.11.2009). 92

Orde do 17 de novembro de 2009 pola que se modifican as ordes do 23 de febreiro de 2009, do 8 de febreiro de 2008 e do 19 de febreiro de 2007, polas que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.
(DOG nº 228, do 20.11.2009). 133

Nº de disposición

Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que terá lugar os días 23 e 24 de novembro de 2009.
(DOG nº 229, do 23.11.2009). 40

Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso de formación en hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.
(DOG nº 230, do 24.11.2009). 151

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Michel Salgado e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
(DOG nº 231, do 25.11.2009). 17

Decreto 412/2009, do 12 de novembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas anciás e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e a favor de persoas con discapacidade beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.
(DOG nº 232, do 261109). 112

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se regulan e convocan para 2009 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.
(DOG nº 233, do 27.11.2009). 101

Resolución do 30 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro Galego de Solidariedade-Proxecto Home.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). 18

Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a Nordesía, Escola de Lecer.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). 152

Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se recoñece a escola de tempo libre Lecer.
(DOG nº 237, do 3.12.2009). 153

Corrección de erros.-Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se regulan e convocan para 2009 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos.
(DOG nº 240, do 10.12.2009). 101

Resolución do 13 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 6, do 9 de xaneiro de 2009) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.
(DOG nº 244, do 16.12.2009). 20

Orde do 10 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 244, do 16.12.2009). 59

Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 244, do 16.12.2009). 79

Nº de disposición

Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
(DOG nº 245, do 17.12.2009). *41*

Corrección de erros.-Resolución do 2 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2010, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
(DOG nº 246, do 18.12.2009). *105*

Resolución do 13 de novembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.
(DOG nº 248, do 22.12.2009). *133*

Orde do 4 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións desta consellería.
(DOG nº 251, do 28.12.2009). *42*

Orde do 23 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 252, do 29.12.2009). *61*

Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan, para o exercicio 2009, as axudas recollidas na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.
(DOG nº 252, do 29.12.2009). *106*

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
(DOG nº 253, do 30.12.2009). *59*

Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010.
(DOG nº 253, do 30.12.2009). *77*

PRESENTACIÓNCONSELLERÍAEstrutura orgánica e funcionamentoFundacións Igualade Outras normasPROMOCIÓN DO EMPREGOFomento da contratación e da estabilidade laboralFomento do autoemprego e economía socialIntegración laboral de persoas con discapacidadePrograma de cooperaciónProgramas mixtos de formación e empregoFORMACIÓN E COLOCACIÓNFormación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupadosFormación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregadosOutras normas RELACIÓNS LABORAISConsello Galego de Relacións LaboraisCooperativas e economía socialSeguridade e saúde laboralTraballoBENESTAR SOCIALCentrosDependenciaFamilia e menoresInclusión SocialXUVENTUDEVoluntariado e participaciónXuventude e programas

Instrucións de navegación

Para navegar polo documento pode desprazarse ben polos distintos marcadores, ben polo índice do documento, pulsando na disposición que interese.

Para ir a disposición editada polo DOG (pdf da norma e os seus anexos): pulsar sobre o recadro azul situado ao inicio de cada disposición.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA